RAMÓN MÁIZ SUÁREZ (Sta. Cruz de Tenerife, 1953) é Profesor de Teoría do Estado e Dereito Constitucional na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago, onde se licenciou con Premio Extraordinario no ano 1975.

E autor de diversas publicacións verbo da problemática política, xurídica e histórica de Galicia e o galeguismo. Publicou recentemente o ensaio *Alfredo Brañas. O Ideario do Rexionalismo católico-tradicionalista*, Galaxia, 1983. Asimesmo, e conxuntamente cos Profesores Portero Molina e Blanco Valdés do Departamento de Dereito Político da Facultade de Dereito de Santiago, ten publicado: *Las Elecciones en Galicia: 1. El Parlamento Gallego*, Edicións NOS, A Cruña, 1982; e *Las Elecciones Generales de 1982 en Galicia*, Universidad de Santiago, 1983.

Membro desde hai anos do consello de redacción das revistas *En Teoría* e *Zona Abierta* é autor, asemade, de diversos artigos en revistas especializadas sobre temas relativos á cuestión nacional, ao galeguismo histórico e mais aos aspeitos xurídicos da descentralización.

Unha versión ampliada do presente libro foi sostida como Tese de Doutoramento polo seu autor no ano 1982, obtendo o Premio extraordinario e mais o Premio Nacional á mellor tese de Ciencia Política do curso 1982-1983, outorgado pola Asociación Española de Ciencia Política.




EDICIÓS DO CASTRO

Cuadernos da Área de Ciencias Xurídicas

1

Ramón Máiz

O REXIONALISMO GALEGO: ORGANIZACIÓN E IDEOLOXÍA (1886-1907)





1984

Publicacións do Seminario de Estudos Galegos

Cuadernos da Área de Ciencias Xurídicas
O REXIONALISMO GALEGO: ORGANIZACIÓN E IDEOLOXÍA (1886-1907)
Ramón Máiz
1



CUADERNOS DA ÁREA DE CIENCIAS XURIDICAS 1

Publicacións do
Seminario de Estudos Galegos
1984


EDICIÓS DO CASTRO
Sada - A Coruña

Cuberta: KARAWANE


ISBN: 84-7492-205-4
Dep. Legal: C - 184 - 1984
Gráficas do Castro/Moret.
O Castro. Sada. A Coruña. 1984

Ramón Máiz

O REXIONALISMO GALEGO: ORGANIZACIÓN E IDEOLOXÍA (1886-1907)

(Premio «Nicolás Ramiro Rico», da Asociación Española de Ciencia Política, á mellor tese doctoral de Ciencia Política do curso 1981-82)

Santiago, Maio do 84



Consello de redacción da *Revista Gallega* (1895-1907), voceiro dos rexionalistas liberáis coruñeses de «A Cova Céltica», no seu domicilio social, a «Librería regional» na Rúa Real, 30.
De esquerda a direita: Florencio Vaamonde Lores, Galo Salinas, Francisco Tettamancy Gastón, Eugenio Carré Aldao e Eladio Rodríguez González.

Para Yolanda,
«con la memoria que jamás cubre olvido»

«On criera à l'Histoire assassinée chaque fois que dans une analysse historique on verra utiliser de façon trop manifeste les categories de la descontinuité et de la différence, les nótions de seuil, de rupture et de transformation... Mais il ne faut pas s'y tromper: ce qu'on pleure si fort ce n'est pas la disparation de l'histoire, c'est l'effacement de cette forme d'histoire qui était en secret, mais tout entiére référée à l'activité syntethique du sujet»

M. Foucault

«Boubas que ceibe o vento
catros soñadores tolos»

Curros Enríquez

PRÓLOGO

O libro que o leitor ten nas mans posúe a sua orixe na tese de doutoramento en Direito presentada polo prof. Ramón Máiz no ano 1982, que obtivo a máxima calificación académica. E, con efeito, a obra integra unha importante aportación ao coñecimento da primeira etapa do galeguismo e, en particular, da textura ideolóxica e organizativa dun movimento plural que tentaba expresar e reivindicar a persoalidade social e política da Galiza.

Posiblemente non sexa axeitado manter ainda o tópico, que decote se ten sostido por moitos seitores, de que o galeguismo foi nomeadamente un movimento non xa conservador senón reaccionario, de resistencia face á modernización da Galiza e, xa que logo, expresivo dunha ideoloxía tradicional.

Certamente se mantémo-lo devandito criterio achariámonos mais perto do que asinalan os dados históricos de que hoxe dispomos, que se sostiveramos a errónea e mítica identidade burguesía-nacionalismo, co gallo de que as orixes ideolóxicas do nacionalismo vasco se atopan en Arana e Soto. E no catalanismo atopamo-las teses de Mañé e Torra i Bages e, mais adiante, a corrente de Durán i Ventosa e Prat de la Riba. Endalí que as elaboracións teóricas de Brañas rematarían de o confirmar.

O rexionalismo e o nacionalismo xurdidos face ao Estado da Restauración tiñan efeitivamente raiceiras na «tradición» dos tradicionalistas. Mais no eido das ideoloxías o rexionalismo tradicionalista non é o único. O nacionalismo francés na sua orixe non agroma vencellado a él. Malia o que acontece en Inglaterra ou Alemaña, o nacionalismo francés é liberal (e certamente xacobino) até cando menos a III República. Lémbrese asemade a importante corrente liberal europea que mantén o principio das nacionalidades. En Cataluña atopámonos con Almirall y Roca i Farreras, e na Galiza con Pereira.

De calquera xeito non existe un movimento de leitura unívoca e monocorde. Descasí temos de considerar o nacionalismo vencellado aos Estados xenerados e transformados polo liberalismo ao proprio tempo que o nacionalismo posto en pé polos movimentos de resistencia á criación do novo Estado no nome da preexistente pluralidade étnica.

E tamén compre considerarmos o nacionalismo basados nos Estados compostos das democracias federais, partidario da construcción nacional da supra-nación como un proxecto colectivo no devenir...

No fondo existen tres niveis de achegamento ao feito nacional que poden ser considerados paralelamente, ainda que non necesariamente: a nación como realidade social (se se quer: obxectiva), a nación como entidade xurídico-estatal e a nación como vontade colectiva de construir conxuntamente un futuro común. Uns e outros proxectan visións diversas dos vencellos de unidade nacional. E esta constatación debe levarnos a unha certa prudencia face aos intentos de filiación única destas correntes. De calquera xeito, a diversidade de niveis de definición da nación e dos proxectos políticos e contidos de clase que levan incorporados tradúcese en que as orixes dos nacionaismos das nacións sen Estado non podan seren reducidos a un único axente e unha soia mentalidade.

Tamén desde unha perspectiva liberal estricta é posíbel a formulación dun proxecto de Estado mais axeitado a unha realidade sociolóxica plurinacional. Polo demáis, diversas correntes ideolóxicas (tradicionais, liberais, democráticas) teñen expresado á criación dun Estado nacional (xurídico) que conta con nacións (sociais) no seu interior. E tal é o caso da Galiza, e tamén de Catalunya. E non tanto como consecuencia dun mimetismo, senón como produto da asimilación desde sociedades distintas dun feito diferencial tamén diverso. A coincidencia con Catalunya penso que é, polo tanto, externa, a pesares dos contactos e as relacións que teñen existido entre persoalidades e grupos.

Así poden entenderse mellor as grandes diferencias nas características sociais e organizativas entre galeguismo e catalanismo. Namentras en Catalunya articulase un movimento político autónomo e, ao mesmo tempo, presente con intensidades distintas en todo o abano de forzas políticas e sociais, na Galiza mantense reducido no núcleo da «intelligentsia» sen que cristalice nun movimento autónomo importante, nen afeite a todo o espectro social.

En Catalunya o catalanismo convertirase nun denominador común que se expresará polos diversos seito-

res ideolóxicos, namentras que na Galiza dará lugar a un núcleo activo e plural con vontade de influencia *sobre* dos partidos políticos.

Así e todo, o galeguismo reveste mais semellanza co catalanismo que co nacionalismo vasco. Namentras éste xurde desde un seitor e se concentra nunha forza política na Galiza, como en Catalunya, agroma através de diversas correntes, é asumido socialmente pola inteleitualidade, sen enfrentamento aberto ca existencia do Estado español, por mais que sexa diferente o degrau de penetración no tecido social e a sua vertebración social como movimento.

O papel dos inteleituais na configuración do galeguismo ou do catalanismo é de primeira magnitude ao trataren de atopar pautas explicativas da unidade comunitaria. Os aspeitos culturais, lingüísticos e teóricos de explicación do propio ser nacionalitario cobran un carácter fundamental a partir do Rexurdimento e da Renaixença (a diferencia do Risorgimento, mais político) e ten unha base de remanencia e continuidade asegurada, e mitificada, polos intelectuais.

Que a devandita actividade inteleitual enxergue ou non correntes políticas articuladas será consecuencia de factores diversos, proprios de cada comunidade, e, en especial das características da sua escea política.

Tal é unha das perspeitivas renovadoras, penso eu, do presente libro: amosar como o galeguismo se desenvolve xerminalmente no século XIX apartires dun fato de inteleituais desde mui diversas opcións ideolóxicas, mais como elaboración personal teórica que como movimento político organizado. E elo xenera tradicións ideolóxicas coexistentes e en conflicto: os nomes de Brañas, Murguía e Pereira o patentizan nidiamente.

Na medida en que nengunha delas é orixe ainda dun movimento político asentado sobre dunha clase ou bloque de clases, cecais polo caracter pouco moderno da cultura política e a estrutura social, fica reducido a unha acción autónoma que, por riba das diferencias, se presenta como unidade influinte en todolos seitores, produto cecais da sua propria feblez na sociedade. E configura ao galeguismo como distinto ao nacionalismo vasco, centrado de saída nunha soia opción, ou o catalán que, de xeito desigual, tinxe o inteiro espectro político.

Neste orde de cousas, o estudo do prof. Máiz, como poderá comproba-lo leitor, abrangue o eido da análise ideolóxica e organizativa do galeguismo, nunha perspeitiva renovadora e ricaz, recollendo en parte incitacións gramscianas, que permite situar as orixes do galeguismo no abano dos lineamentos ideolóxicos da época, restituindo asi o carácter plural do mesmo ao proprio tempo que a conexión de cada unha das suas formulacións cas opcións políticas e sociais dos diferentes seitores en que se estrutura o conflicto e a vida política da Galiza finisecular.

Isidre Molas

Catedrático de Direito Político. Universidad Autónoma de Barcelona

RECOÑECIMENTOS

Non somente porque a idea de «autor» sexa unha tan vella como desafortunada metáfora compre deixarmos constáncia clara do fardel de débedas intelectuais e materiais que fomos contraindo, a medida que avanzaba a investigación, con diversas persoas cuxa inestimábel colaboración, dun xeito ou doutro, fixo posíbel á súa realización final.

En primeiro lugar, a axuda prestada por Xan Moreno González desde os próprios comenzos do noso traballo —tanto na procura de fontes documentáis, como nas prolongadas discusións historiográficas mantidas no decurso das nosas investigacións paralelas sobre o federalismo e rexionalismo galegos— resultóu sinxelamente imprescindíbel á hora do desenvolvimento desta análise.

Téñome beneficiado tamén, abondosamente, de discusións e aportacións diversas nos seus campos respectivos dos profesores Xan Carmona Badía, Do Departamento de Historia Económica, e Ramón Villares Paz, do Departamento de Historia Contemporánea, das Facultades de Ciencias Económicas e Historia desta Universidade, recibindo deste último tamén valiosas suxeréncias e críticas en diversas fases da elaboración do noso estudo. A Mª Xosé Rodríguez Galdo, do Departamento de História Económica, debo agradecer, asimesmo, as súas observacións ao orixinal algunhas das cais foron levadas a práctica.

Con Roberto Blanco, do Departamento de Direito Político, mantiven prolongadas discusións sobre diversos pontos asi como recebin a sua incondicional axuda material na elaboración de cuadros, gráficos e bibliografía.

A Raúl Iturra debo-lle, entre outras cousas, a posibilidade de consultar nas bibliotecas da Universidade de Cambridge, e en particular na do Trinity Hall College, a bibliografía anglosaxona que se atopa na base desta análise. A Nieves González Guerrero, do Departamento de Linguística da Sorbona, debo agradecer a súa valiosa axuda bibliográfica asi como as suas pertinentes indicacións verbo dos modelos de análise linguistico-conceptual a empregar na elucidación do discurso rexionalista.

A Afonso Bozzo e Coche débolles apoio e axudas de todo tipo nas miñas estáncias en Barcelona. E a Manuel Ferreiro e Carme García Pereiro debo agradecer a penosa revisión do orixinal para facer lexíbel a escrita do meu galego.

A Maribel López Saavedra, agradecer-lle a sua paciéncia e esforzos a prol da mecanografía dun texto que por momentos semellaba interminábel.

Unha versión ampliada deste traballo foi presentada como Tese de Doutoramento na Faculdade de Direito de Santiago de Compostela e xulgada por un Tribunal integrado po-los profesores: Manuel Pérez González, Carlos de Cabo Martín, José Antonio González Casanova, Julián Santamaria Ossorio e Isidre Molas Batllori, a quen debo agradecer a benevoléncia do seu ditame asi como as interesantes aportacións e críticas que ao mesmo fixeron. De xeito moi especial o autor ten contraída co Profesor Isidre Moras da Universidade Autónoma de Barcelona, unha débeda impagábel po-lo seu labor de dirección e

orientación durante estes catro anos (1978-1981) de investigacións, para as que sempre tivo disponibilidade e apoio no meio das suas moitas ocupacións.

Alén de todo posíbel recoñecimento, aos meus benqueridos amigos: Lola, Alfonso, Maló, Carlos, Ana, Pintos, Gonzalo, Marga, Pili, Luis, Mary, Toño... debo alento e cercanía sen límites durante todos estes longos anos de perdas e friaxe.

E a Yolanda, en fin, porque só con ela estas páxinas quixeron unha vez ter algún sentido.

RAMÓN MAIZ
Santiago de Compostela, 1982

LIMIAR

Na orixe da presente investigación situa-se a consideración dun amplo abano de problemas vencellados, en princípio, coa Ciéncia Política, mais que no seu desenvolvimento, e perante a necesidade de reconstrución unitária das temáticas, achou-se na obriga de superar o estrito âmbito daquela disciplina para proxectar-se cara outros eidos.

En primeiro lugar foi unha problemática teórico-política centrada arredor da consecución dun tratamento materialista, pero tamén anti-reducionista das prácticas e as ideoloxias políticas. É dicer, unha apropiación do político que, partindo da sua determinación global en derradeira instáncia polas relacións de produción dunha sociedade dada, non reducira as loitas políticas á mera expresión ou reflexo dos intereses inmediatamente económicos; que tampouco entendera a História das ideas políticas como a sucesión de emanacións ideolóxicas mecanicamente expresivas dos grupos económicos existentes. En suma, un plantexamento da política capaz de dar conta coa debida complexidade das mediacións, continuidades e desfases entre as clases e as ideoloxias.

Quizais nengun outro «lugar» como o designado por *«Cuestión nacional»* constitua eido tan privilexiado no que abordarmos ideoloxías, movimentos, modelos xurídico-políticos de descentralización etc. dotados todos eles dunha ampla autonomia relativa sobre os intereses das clases sociais en presenza, por mais que determinados en derradeira instáncia por eles. Nos movimentos nacionalistas, en efeito, como ten posto reiteradamente de manifesto a bibliografía máis solvente sobre o tema nas máis diversas perspectivas metodolóxicas, produce-se un protagonismo recorrente de sectores sociais non relacionados directamente con nengun dos polos contraditorios das relacións de produción dominantes: intelectuais e pequeno-burguesia érguen-se, en soportes sobranceiros das movilizacións nacionalistas. Por outra banda, no desenvolvimento histórico dos nacionalismos vários, o elemento ideolóxico, através das ideoloxias nacionalistas e a conciéncia nacional, acada un nivel de presenza e eficácia decisivo, xamais redutíbel a nengun grupo concreto, por mais que na sua articulación final sempre se atopen vencellados, dun xeito ou outro, aos intereses dunha clase que suministra o princípio hexemónico cos valores nacionais património da inteira comunidade.

Mais a reconsideración dos fundamentos teóricos e das categorias, o intento de ensaiar unha axeitada metodoloxía que saiba dar conta autonomamente dos fenómenos político-ideolóxicos, e en concreto dunha das suas manifestacións máis particularmente esquivas, a cuestión nacional, resulta de todo ponto inviábel —baixo risco de retrodecermos cara o eido da tradicional «filosofia social»— sen a sua dialectización coa materialidade específica fornecida por un proceso de construción nacionalitário historicamente determinado.

Endali o noso intento de analizarmos unha etapa concreta da movilización nacionalista galega, tan diferente cuantitativa e cualitativamente dos casos catalán e basco, e moito máis descoñecida. En efeito, o diferente roteiro seguido polo nacionalismo galego, o seu

desenvolmimento máis cativo, os seus fracasos organizativos reiterados, o feito de que xamais até moi entrado o século vinte chegara a alcanzar unha base de masas, a distinta natureza de clase do seu proxecto nacionalitário... en definitiva, o feito notório de que unha diferenciación obxectiva patente, língua, territorio, institucións, a innegábel conciéncia de pobo diferenciado etc... non se traducira no agromar dun movimento nacionalista ou pre-nacionalista fortemente implantado no tecido social, nunha conciéncia nacional político-ideolóxicamente expresada, precisaban dun perentório clarexamento histórico que quizais fornecera de non pequenas claves para o entendemento do presente.

Neste orde de cousas centramos a nosa investigación nun período clave do galeguismo histórico —entendendo por tal ao conxunto de movimentos e ideoloxias portadores da reivindicación do feito diferencial galego en diversas perspectivas— que sob a denominación de *rexionalismo* discorre entre os anos 1886 a 1907. Período histórico e movilización político-ideolóxica precisado de urxente análise en primeiro lugar por ser ainda na actualidade grandemente descoñecido, remanecendo até os nosos dias intocado tanto por investigacións historiográficas do movimento como de elucidación ideolóxica; pero tamén por revestir unha importancia decisiva cara o entendimento de posteriores evolucións do galeguismo desde o punto de vista organizativo e movilizador, e, fundamentalmente, na construción da ideoloxía nacionalista galega, debedora en derradeira instáncia de moitas das formulacións elaboradas polos ideólogos rexionalistas.

Con efeito, os avatares da movilización rexionalista galega que se estende desde 1886 a 1907 achaba-se carente de toda consideración historiográfica específica que dera cumprida conta das vicisitudes dun movimento-organización que, através de sucesivas manifestacións e crises, mantivo unha presenza plural e activa na escena política da Galiza finisecular.

En diversos momentos, diferenciados por características próprias, substantibábeis, apartir dunha movilización inicial estritamente cultural que se continuaria nun desplegue ideolóxico mais amplo através dun múltiplo agromar de xornais, discursos, libros e folletos vários, o movimento rexionalista incidiria crecentemente no ámbito político «stricto sensu» no que, apartir de 1889, e dentro de certos límites, desenvolveria a sua actividade. Poñermos asi de manifiesto a natureza político-organizativa, alcance, implantación, canles de movilización, programa e procedéncia social dos efectivos que integraron tanto a Asociación rexionalista (1890-1893), a Xunta de Defensa de Galiza (1893), e posteriormente as Ligas Rexionalistas da Cruña (1897) e Santiago (1898), constituirá, sen dúbida, un dos obxectivos sobranceiros da análise dunhas movilizacións que, a falta de estudos concretos que alumearan as súas características, viñan sendo decote unhas veces mitificadas, simplesmente ignoradas outras.

Ao próprio tempo, no percorrer destes anos nos que ten lugar a movilización devandita, producia-se a construción da ideoloxía rexionalista da man dos teóricos do movimento que, sobre unhas bases comuns axiña ia amosar grandes fendeduras internas e diferenzas de posicionamento político-ideolóxico que, en definitiva, remanecerian irreconciliábeis. Construcións teóricas das que resulta preciso darmos conta tanto por o que se refere á sua sistematicidade interna como á sua natureza, orientación e, xa que logo, conflictividade no interdiscurso rexionalista.

Endali que se plantexara desde os próprios comezos da investigación a perentória necesidade de abordarmos substantivamente a construción fundamentadora de MURGUIA cara o clarexamento de pontos tais como a sua categorización nacional de Galiza, o seu labor de historiador da Nación galega, a decantación política final da sua síntese nacionalitária entre elementos orgán ico-historicistas: raza, língua, pasado... etc. e plantexamentos voluntaristas e liberais.

Polo que a BRAÑAS respeita cumpria nomeadamente adentrar-se nas raiceiras últimas do seu sistema para percurarmos a orientación global da sua proposta rexionalista, tras das claves que explicasen as razóns subxacentes ao seu final posicionamento carlista. E, neste sentido, urxia elucidarmos desde unha perspectiva técnico-xurídica, superadora da máxia das verbas —«federalismo», «autonomía» etc. a natureza dos diversos proxectos xurídico-políticos de descentralización elaborados polo catedrático compostelan, comparando-os cos das outras tendéncias rexionalistas por clarexarmos o alcance real do autogoberno e a articulación do mesmo que contiñan.

Pola sua banda, verbo da figura de AURELIANO PEREIRA facia-se preciso poñer en relevo desde o seu próprio protagonismo político, moi descoñecido alén do eido puramente literario, até a sua incidéncia no movimento rexionalista como autor dunha específica síntese de galeguismo e federalismo que non por ser desbotada polos sectores hexemónicos do movimento, debia ficar como até agora no máis total esquecimento.

De aí, pois, todo un abano de interrogantes a respeito tanto da ideoloxia como do movimento/organización rexionalista que cumpria esclarecermos para dar conta desta fase histórica do galeguismo, na que se puxeron as bases doutros desenvolvimentos posteriores de carácter xa claramente nacionalista.

Mais esta sorte de adianto de temas e posicións nacionalistas non debe implicar a redución do rexionalismo galego, en canto movimento e ideoloxia, a un mero antecedente do nacionalismo posterior. Seria esta unha consecuéncia inevitábel dun plantexamento de «Historia nacionalista», dado que a perspectiva forzosamente *contemporanea* da mesma condicionaria ineluctabelmente unha leitura do pasado en clave do que poderíamos denominar «mitoloxia das orixes» no sentido de PARETO. A investigación histórica resultante dunha tal «metodoloxía», abocada unilateralmente á procura dos «antecedentes», levaria a verificar na História política do galeguismo aqueles elementos que dalgun xeito pre-anunciaran o presente. Deste xeito o significado autenticamente histórico, irrenunciábel, que revisten multitude de datos obxectivos nun determinado contexto da História da Galiza, esvai-se por completo. Estes datos reais, ignorados as máis das veces, resultan outras valorados, cando afectan á liña argumental central da «emerxéncia do nacionalismo» e non se adecuan aos desenvolvimentos posteriores do mesmo, como defeitos, limitacións ou insuficiéncias históricas que se contemplan con benévola indulxéncia. Deste xeito resulta, como ten asinalado CERRONI, que os valores da modernidade rematan por se presentaren, tautoloxicamente, unhas veces como produto de todo o devenir histórico e outras como unidade de medida do mesmo.

Pola contra, na nosa perspectiva, resulta de todo ponto preciso recoller en toda a sua substantividade histórica a realidade rexionalista en si mesma, e non en canto «orixes do nacionalismo galego», título que, obedecendo ás devanditas razóns metodolóxicas, temos obviado explicitamente desde o princípio da nosa investigación.

Polo demais, esta consideración en toda a sua especificidade do rexionalismo non po-

de implicar, pola nosa banda, a configuración do mesmo como unha forma de fase estanca no conxunto do galeguismo. En concreto, a converxéncia de sectores do partido federal co movimento rexionalista cuestiona drasticamente periodizacións tradicionais esquemáticas que reducian ao primeiro a unha fase pechada no sexénio revolucionario e primeira República.

Un elemento de importáncia, no seo destas consideracións metodolóxicas introdutórias que estamos a facer, ven integrado sen dúbida pola patente necesidade dun focamento que mantivese en toda a sua multiplicidade o conxunto de determinacións diversas que arredor do rexionalismo como movimento e ideoloxia inciden, de tal xeito que se conserve toda a sua complexidade sen degradá-la, sen simplificá-la nun ou noutro sentido de determinación, sen reduci-la —en suma— a nengun tópico mecánico-causal pseudo-explicativo da sua irredutíbel concreción histórica. Seria, en efeito, inadmisibel a concepción da nacionalidade obxecto de análise como suxeito que desprega na História a sua esséncia pre-existente a toda construción, a todo conflito... pero tamén, a sua consideración como instrumentalización dunha clase ou fraccion coa que mecánicamente se corresponderia a imaxe e semellanza, esquecendo asi aquilo que se impón reiteradamente a medida que avanta a investigación histórica: o agromar da nacionalidade galega como resultado dun amplo proceso de cristalización e conflitos político-ideolóxicos, interno e externo a un tempo ás própias fronteiras nacionais establecidas sobre o conxunto obxectivo das diferenzas físicas: língua, território, institucións...

Neste orde de cousas, unha grave dificuldade plantexouse no noso labor á hora de poñermos en contacto a nacionalidade galega coas clases sociais en presenza: a caréncia de análises sobre da situación das relacións de produción na Galiza finisecular. Tanto máis canto que a finais do XIX ainda se achaban pendentes algunhas transformacións no proceso de transición do modo de produción feudal ao modo de produción capitalista, vale dicer de realización da Revolución Burguesa, con considerábel retraso verbo do que acontecia no resto de España. A aparición de investigacións de inusitado rigor como a dos Profesores XAN CARMONA e RAMON VILLARES, amosando de xeito patente, o primeiro deles, a frustración da industrialización na Galiza do dezanove e a desarticulación dos procesos de acumulación e de produción; e o segundo, o remanecimento das rendas feudais de carácter foral até princípios do século XX e os seus efeitos sobre a propiedade da terra, viñeron enmarcar unha investigación que, doutro xeito, se veria sumida na mais absoluta caréncia de referentes sociais. Endebén, e mália o sustento fornecido por aportacións como as devanditas, o estado actual das investigacións de história económica da Galiza de finais do XIX, promove sérias lagoas en aspectos de interés non pequeno cara ao noso estudo, algunhas das hipóteses do cal deben entenderse coa debida provisionalidade, perante a falta de monografias específicas.

Asimesmo, a falta no orde político de estudos globais sobre do sistema de dominación, o sistema de partidos, eleicións, na Galiza finisecular plantexan tamén problemas perante a falta de informacións que alumearian, sen dúbida, a escena política e a correlación de forzas en que se desenvolveu o rexionalismo galego, mais cuxa obtención pola nosa banda implicaria unha análise substantiva e inabordábel no seo do presente traballo. Isto tanto máis canto o noso ponto de partida historiográfico, alleo como se ten dito aos usuais plantexamentos de história nacionalista, impede-nos de todo ponto a consideración da história do galeguismo como a «auténtica» história política de Galiza, de tal xeito que os elementos restantes pasaran a formar parte de algo asi como a *Historia de España en Galiza.* Non somente o carácter marxinal e minoritário do rexionalismo galego durante todo o século XIX, senón a própia situación específica dos partidos turnantes, o aparello caciquil, a correlación de forzas, a configuración, en suma, da escena política...etc. en modo nengun permiten entender a política de Galiza como o mero reflexo mecánico da política do Estado central e o seu bloque dominante —por mais que as directrices centralistas impediran a existéncia de autogoberno, dun próprio sistema de partidos— o que supostamente excusaría toda necesidad de investigá-lo autonomamente.

Polo que respeita ao obxecto da nosa análise, compre asinalarmos que os dous niveis nos que cristaliza a movilización rexionalista, a saber o movimento/organización e a ideoloxia, por mais que fondamente interpenetrados, achan-se dotados dunha ampla autonomia relativa un con relación ao outro, que en determinados momentos atingue niveis de auténtica *non correspondéncia.* Esta distáncia cuantitativa e cualitativa que en todo momento informa o vieiro do rexionalismo, debe ser situada nun primeiro plano senón queremos desbotar unha das características sobranceiras da movilización obxecto da nosa análise. Velaí, por poñermos un caso especialmente nídio, a autocalificación xenérica global de movimento «rexionalista» que resulta perfeitamente compatíbel coa teorización do carácter nacional do feito diferencial galego por alguns dos seus persoeiros, atinguido no caso de MURGUIA, un significado central e permanente no seo da sua obra. De aí que deste desfase e non correspondéncia cumpra dar debida conta tanto da sua natureza e límites como da *funcionalidade* político-ideolóxica que desenvolveu no roteiro de construción do movimento.

Polo que a este último se refere, unha constatación impuxo-se con toda evidéncia desde o princípio da investigación, rompendo todo linealismo ao respeito: a escisión interna en tres correntes fortemente conflitivas, o estado de crise permanente da organización e a febleza endémica da mesma, agás contados momentos da sua existéncia. A necesidade de falar en realidade de rexionalismos, máis que de rexionalismo galego, perante o grau de tensionalidade que iso introducia no movimento, presentaba-se como simulatánea co clarexamento das razóns do esfarelamento sucesivo das diversas tentativas de erguer unha organzación sólida e con implantación no tecido social.

Unha procura exaustiva pola nosa banda en fontes fundamentalmente hemerográficas, tanto de xornais vencellados ao movimento como de outros alleos cando non opostos ao mesmo, —queimplicou en certos casos o valeiramente completo, dia por dia, de máis de 15 anos de *Gaceta de Galicia,* de Santiago de Compostela, *El Regional* de Lugo, e *La Voz de Galicia* da Cruña, por citarmos os mais significativos— amosa con rotundidade as continuas crises, esmorecimentos e desarticulación do movimento en base a enfrentamentos internos, falta de recepción das suas propostas asi como o impacto do modo de dominación da Restauración no seo das própias filas rexionaistas, erosionando-lles apoios e militantes.

Endalí que cumpra clarexarmos desde un princípio o feito de que a cativeza do movimento organización en determinados momentos da sua andadura, que se trasluce da leitura dos capítulos adicados á movilización rexionalista, non obedece a un debalo da información ou falta de fontes ao respeito, senón que reflexa as própias limitacións e preca-

riedade do movimento que se configura como unha das suas características centrais. Extremo este que compre poñermos de relevo tal e como mostran os nosos indicadores, lonxe de calquer magnificación da relevância dunha movilización cuxa cativeza integra sen dúbida un dos elementos fundamentais a considerar e explicar.

Polo demais, neste mesmo grupo de cuestións, compre subliñarmos que a propia febleza, desarticulación e inmadurez da orgaización impeden a esta acadar a categoria de *partido político,* no sentido estrito e contemporáneo da expresión: falta dunha organización estábel e unha maquinaria minimamente homoxeneizada, eficaz e permanente asi como a carencia dun programa definido e concreto aceitado polos seus componentes. Seria por tanto desaxeitado na análise do noso obxecto a aplicación das categorias estasiolóxicas, derivadas da moderna análise dos sistemas de partidos, ali onde somente existe unha específica forma organizativa con caracteres disímiles entre facción, seita e asociación cultural. Convertir a Asociación Rexionalista ou as Ligas Rexionalistas nun suposto Partido rexionalista galego, implicaría unha grave distorsión da realidade concreta e substantiva que a movilización analizada reviste no eido organizativo.

Polo que á ideoloxía rexionalista respeita compre asinalarmos o grande desenvolvimento cuantitativo e cualitativo que atinguiu, frente á precária realidade organizativa, un forte nivel de presenza na sociedade galega da época. Através da prensa mítins, conferencias, libros e folletos vários, foi-se construindo un pensamento político rexionalista, á vez un e múltiple, que as elaboracións de PEREIRA, BRAÑAS e sobre todo MURGUIA forneceron dun importante nivel de complexidade e altura teórica. En suma, un proxecto político ideolóxico que resulta preciso dilucidarmos tanto polo que á sua coerência interna e sistemática se refere, á sua natureza e orientación nas coordenadas das ideoloxías políticas da España da época, como ao seu grau de eficácia, do éxito ou fracaso das súas interpelacións aos suxeitos a quen ia dirixido.

Así, dunha banda resulta preciso procurarmos todos os aspectos relativos ás *condicións de produción social das significacións rexionalistas,* isto é, a multiplicidade de elementos que definen a situación do proxecto rexionalista: posición dos suxeitos enunciadores e receptores, papel das organizacións, meios e canles de comunicación, etc. para non ficaren aquelas na sua própia alleidade, fora das relacións sociais nas que se inseren.

Mais, ao própio tempo, resulta totalmente necesário abordarmos a ideoloxía rexionalista alcanzando o própio nivel do tecido discursivo superando o eido da tradicional glosa ilustrativa, da citación intuitiva, en suma, das categorias meramente *temáticas.* Abandonando de entrada toda presunta «transparéncia» dos textos compre aceitar a necesidade dun certo traballo sobre o mesmo, dunha interpretación que non se limite a re-escreber acriticamente ou a glosar intuitivamente o mesmo texto que permaneceria intocado na sua opacidade orixinária; en definitiva, impón-se a necesariedade dunha desestruturación e posterior re-estructuración do mesmo, que penetre até certo nivel na própia materialidade do tecido discursivo.

Neste sentido, e para poñermos en contacto a análise ideolóxica, vale dicer, nomeadamente temática, e a propiamente discursiva, tentaremos no curso da nosa investigación a aplicación dunha técnica linguística, que poderíamos denominar *delimitación do campo semántico conceptual* dunha palabra clave. Técnica que amostra a sua funcionalidade clarexando grandemente as construcións dos teóricos rexionalistas, desvelando concesións, rupturas, oposicións, asociacións e equivalencias no seu vocabulario, terminoloxía e elenco categorial que doutro xeito ficarian ao azar dun intuicionismo inobxectivábel.

Compre, asi e todo, subliñarmos de antemán, lonxe de toda fixación panlinguística, o carácter puramente instrumental que o emprego dunha técnica linguística tal reviste no noso traballo, que pretendemos discurra alleo a toda falsa interdisciplinariedade, asi como tamén ás limitacións inevitábeis dos métodos linguisticos utilizados, que manteñen en todo momento un caracter groseiramente distribucional e deixan o nivel mais fondo, enunciativo, practicamente intacto, que somente técnicas como a análise sémica ou análise de enunciados no sentido de HARRIS, por poñermos un exemplo, porian en relevo, mais cuxo emprego excede os límites do noso traballo dado que constituirian en si mesmos un traballo de investigación autónomo.

Referindo-nos agora a outra problemática preliminar e introdutoria, compre clarexar que a nosa perspectiva de investigación resulta debedora dunha pretensión, se se permite a expresión, *histórico-estrutural* global, no sentido de que pretendemos en todo momento salientar os procesos de tránsito dunha estrutura —organizativa, de pensamento, social, etc) a outra, de tal xeito que todo momento estrutural reteña a sua historicidade xenética asi como toda transición se refira a totalidades concretas estruturais. Tentamos, deste xeito, que a utilización de determinados conceitos pola nosa banda, de nengun modo implique o adentramento dunha perspectiva metafísico-filosófica na anaálise histórica que, pola contra, pretendemos veña dada pola análise mediata de modelos conceptuais funcionais que permitan un encuadramento causal e verificábel dos dados concretos e singulares.

Esta problemática que no orde da investigación ten funcionado e articulado a nosa análise con inteira simultaneidade conduce-nos, en troques, no orde da *exposición,* a deslindar aspectos que na xénese da análise emerxeron fondamente interpenetrados.

Endali que, a prol dunha funcionalidade unicamente expositiva, teñamos separado diversos planos. Así, foi introducido un primeiro capítulo no que se explicita o modelo teórico-funcional co que pretendemos dar conta da realidade do movimento que analizamos e que se xerou, de feito, na dialéctica entre unha reflexión teórica de marcadas raiceiras pos-althusserianas e o própio avantar da nosa análise histórico-concreta.

En segundo lugar, analizamos diacronicamente, através de catro capítulos, a evolución do movimento rexionalista nas suas diferentes facetas e fórmulas ideolóxicas e organizativas. «Evolución» non quere significar aqui nengunha caste de linealismo ou ascensión irresistíbel cara ningures; senón referir unha complexa realidade histórica ateigada de saltos e rupturas, na que procurarmos os límites, os desfases, as diferenzas, as formas singulares de permanência, lonxe de toda *história contínua* que, como ten asinalado hai tempo FOUCAULT, non constitui senón o correlato indispensábel da función fundadora do suxeito, que se nomearía neste caso Nación galega.

Polo demais, a funcionalidade da exposición diacrónica dos capítulos II, III, IV e V reside tanto na reconstrución do erguimento/crise do movimento rexionalista, en tanto que proxecto de organización autónoma no seo dos partidos turnantes da Restauración, como a procura do fio condutor do proceso de edificación do discurso/ideoloxía rexionalista, amostrando a sua diversificación interna progresiva e ruptura final perante a explicitación antagónica das súas contradicións. A exposición cronolóxica, se se quere secuen-

cial, permite seguir asi conxuntamente co vencellamento/autonomia relativa verbo do proceso organizativo, a construción da ideoloxía rexionalista na unidade que o substantiviza histórico-estructuralmente, pero tamén nas suas inesquiváveis diferenzas internas.

En terceiro lugar, sempre referindo-nos ao orde estrito da exposición, nos capítulos VI, VII e VIII, expoñemos sincronicamente en si mesmos os tres subsistemas ideolóxicos rexionalistas pretendendo amosar cumpridamente a sua coeréncia interna, a sua articulación global como totalidade, sen obviar ou ignorar por iso as suas fendeduras, as suas quebras e reorientacións ali onde aparezan.

Compre, antes de rematarmos este limiar, referir-nos á insolúble cuestión dos xuízos de valor. Neste orde de cousas, lonxe de toda presunta obxectividade, á explicitación da nosa opción metodolóxica coa que se pretende unha apropiación materialista e non reducionista do noso obxecto, compre engadirmos unha decidida vontade de *racionalización* que en temas tais como a cuestión nacional resulta mais que perentória, ante a tendéncia renuente ao predominio da ferventia e o apaixonamento, ben nun sentido, ben noutro. Vontade de racionalización que agromará tanto no intento de exaustividade do aparello positivístico de consulta de fontes como na procura dunha precisión conceptual que co seu afinamento trate de reproducir nunha perspectiva científica a realidade analizada.

Finalmente, polo que ao problema das fontes respeita compre suliñarmos as dificuldades sólitas e reiteradas que toda investigación histórica atopa hoxe en Galiza. A dispersión documental, a fragmentariedade das coleccións hemerográficas, a inaccesibilidade de moitas fontes en mans privadas dotadas dun peculiar conceito erudito-patrimonial da cultura... actuan sobre un panorama de perdas documentais irreparábeis, das caréncias graves de material hemerográfico e bibliografico, até o ponto de que dalgunhas publicacións esenciais do movimento rexionalista como, por exemplo, *La Región Gallega*, somente nos foi dado consultar números soltos e referéncias indirectas.

Compre salientar neste sentido o escaso relevo que na nosa investigación revestiron os fondos privados, cuxa auséncia obedece a moi distintas causas. Somente por citarmos a documentación referida aos tres grandes ideólogos do movimento, non debemos silenciar dados que trascenden a mera anécdota como o feito de que pouco antes de encetarmos a nosa investigación vendian-se nunha tenda de Lugo os restos da biblioteca de PEREIRA, o caso non menos insólito de que o legado de MURGUIA se atope privatizado sendo-nos reiteradamente imposibilitada a sua consulta, e que, finalmente, da documentación de BRAÑAS somente nos foi posíbel acceder tardiamente a un manuscrito...

Asi e todo, os fondos públicos existentes en diversas bibliotecas galegas, completadas con consultas realizadas na hemeroteca nacional de Madrid e a Biblioteca de Catalunya, permitiron ao noso entender reunir o córpus central de documentación precisa, reconstruir os fitos fundamentais da movilización rexionalista e avanzar unhas hipóteses verbo da complexa multiplicidade de determinacións diversas que nela incidiron, desbrozando asi un eido virxe da nosa historiografia política que posteriores achegamentos han confirmar ou rectificar.

CAPÍTULO I

HEXEMONÍA, IDEOLOXÍA E CUESTIÓN NACIONAL

Compre, antes de nos adentrarmos na análise concreta do rexionalismo galego como movilización e ideoloxía, de darmos conta da sua «especificidade histórica concreta» en palabras de ADBEL-MALEK[1] explicitar as nosas *hipóteses* de partida, vale dicer o *modelo* interpretativo de que nos serviremos para o achegamento a unha realidade pluriforme e sumamente complexa. E isto nunha dobre perspectiva, tanto porque nengunha reprodución, que se pretenda científica, dun obxecto social dado pode facer-se en auséncia dun aparello conceptual específico e axeitado, como porque, por outra banda, nengunha consideración teórica resulta posíbel sen a presenza histórica-concreta, en toda a sua materialidade, dun feito nacional determinado e os seus movimentos portadores.

A explicitación da hipótese central da investigación, do modelo teórico que pretende guiar a elucidación desa esquiva pluralidade de determinacións diversas que informa a movilización rexionalista, integra-se deste xeito como algo máis que unha pura cortesia no orde da exposición, reveladora do «lugar» teórico desde o que se emprende a investigación, pasando a constituir-se como un momento fundamental na propia interioridade da mesma.

Investigación que pretende situar-se nidiamente, polo demais, no vieiro do superamento do formalismo metodolóxico a prol dunha ciéncia social integral capaz de aunar análise e síntese, contrapoñendo unha perspectiva histórico-social sobre a xénese dos valores en face ao tradicional primado da dedución. Alternativa teórica que ten de partir segundo asinalara UMBERTO CERRONI[2] de tres eixos cardenais:

1. A persisténcia e necesidade do problema científico da identificación dunha *estrutura unitária pero obxectiva* do obxecto social analizado.

2. A inesquivábel urxéncia de ollar a devandita estrutura unitária e obxectiva como unha *estrutura histórica* capaz de permitir-nos, tanto a contrastación dos tipos ideais e conceptuais, sometendoos a proba e sucesivas correccións, como a configuración da sua própia *diferenza especfica* nunha sucesión de sistemas.

3. E, finalmente, a necesidade de deducir a noción de obxeto e sistema, e aos seus subprocesos, dunha *investigación histórica diferencial*, que amose o modo de modificación dos distintos obxectos sociais face aos inmediatos anteriores e como, no plan da causalidade histórica, deberán considerar-se os seus subprocesos e as tendéncias ao cámbio...

Procura, en suma, dos lineamentos xerais, as continuidades e descontinuidades, as rupturas etc., que se volve decisiva á hora de abordarmos un movimento «soi dissant» «rexionalista», mais que reviste un carácter declaradamente *pre-nacionalista* ao teorizar-se polos seus máis destacados líderes a natureza nacional do feito diferencial galego.

A. Cara un plantexamento non redutivo da cuestión nacional: a aportación de ANTONIO GRAMSCI.

O tratamento historiográfico dos movimentos nacionalistas e pre-nacionalistas permaneceu moito tempo escindido en duas principais correntes ás que, aceitando o redutivismo que unha tal simplificación conleva, se poderían reducir a maioria das intervencións sobre o tema. Desde posicións *internas* ao própio nacionalismo ten-se abordado a cuestión nacional nunha perspectiva de franca idealización da comunidade desprovista de divisións interiores que consideraba aos movimentos portadores da reivindicación nacionalitária como representantes de feito da inteira nacionalidade[3].

Por outra banda, o superamento das limitacións do anterior focamento e o adentramento na complexidade social enfrentada da interioridade das na-

[1] ABDEL MALEK, Anouar, «Marxisme et sociologie des civilisations» en *La Dialectique Sociale*, Paris, 1973, páx. 360, onde se explicita o conceito tomado de MARX a través de WRIGHT MILLS.

[2] UMBERTO CERRONI, «Posibilidad de una ciencia social», en *Introducción a la ciencia de la sociedad*, Barcelona, 1978, páx. 65.

[3] Cfr. por todos a *Historia de los movimientos nacionalistas* de ROVIRA I VIRGILI, Antonio, Barcelona, s. d., onde se afirma explícitamente:

> «... nosotros nos hemos propuesto incluir tan solo los problemas íntegramente nacionalistas, es decir, aquellos que se refieren a nacionalidades con plena personalidad material y espiritual, que luchan por una reforma constitucional o por un cambio estatal destinado a satisfacer sus anhelos patrióticos». Op. cit. páx. 531.

cións, levada a cabo polo marxismo, desembocou con frecuéncia nun posicionamento economicista e igualmente redutivo do feito nacional á mera emanación dos intereses económicos clasistas e, xeralmente, á instrumentalización político-ideolóxica da burguesia dominante[4].

Así e todo, málía a inesquecíbel tendéncia de moitos autores marxistas a focar redutivamente o tema desde perspectivas declaradamente economicistas, atopamos nesta própia corrente e as suas marxes outras direccións de investigación mais frutíferas e axeitadas ao tempo de dar conta da complexa realidade da cuestión nacional. E achamo-las mesmo antes de que a aparición dos movimentos coloniais terceiro-mundistas de liberación puxesen de relevo unha especial articulación popular e antiburguesa do nacional e mostrasen simultaneamente unha especial sensibilidade frente aos aspectos nacionalitários referidos á comunidade e irredutíbeis á problemática clasista.

En efeito, resulta de interés sulliñarmos esta aparición no própio «marxismo clásico» de autores que forneceron ás análises da cuestión nacional dun rumo notoriamente alonxado de todo redutivismo economista e valoradores de aspectos tais como a cultura nacional, a ideoloxía nacionalista, etc. etc. Os casos de OTTO BAUER[5] e BER BOROJOV[6] constituen, por poñermos un exemplo, dous paradigmas de relevo, no sentido devandito, que compre recuperarmos a toda costa.

E resulta de interés subliñarmos esta presenza cara a consideración de posteriores aportacións sobre o feito nacional, que non por fragmentárias ou non abordaren explícitamente tal problema, deixan de revestir grande interés, mais que resultan moi marxinadas na historiografia verbo das relacións entre a teoria marxista e a cuestión nacional.

Así, no prólogo ao seu libro *Nacionalismo e Socialismo*, H.B. DAVIS[7] recoñece abertamente o carácter arbitrário da fixación do termo da sua análise no ano do estabelecimento do primeiro país socialista: 1917. Mais non por iso o cuestiona en profundidade. De xeito semellante os máis sérios intentos de dar conta das conflitivas relacións teórico-prácticas entre o marxismo e a cuestión nacional, comparten, por regla xeral, idéntico presuposto de partida. Todo acontece, en efeito, como se apartir da Idade clásica do marxismo, prolongada todo o máis até os autores austríacos, se non tivese producido contribución algunha de interés sobre o problema nacionalitário, até o rexurdimento contemporáneo do tema, perante a aparición dos nacionalismos coloniais ou a crise contemporánea dos Estados centralizados en Europa[8].

Endebén, tan drástica actitude, a postulación dunha cesura tal, fundamentada, compre non esquece-lo, na práctica inexisténcia de análises cun mínimo de interés durante moitos anos, implicaba o descoñecimento e infravaloración de aportacións irrenunciábeis que contiñan «en estado práctico» importantes posibilidades de desenvolvimento teórico e estratéxico. Tal é, sen dúbida, o caso de ANTONIO GRAMSCI e os seus *Quaderni del carcere*[9].

Máis actual hoxe, se cadra, que nunca, a obra do marxista sardo, no seu radical replantexamento das tradicionais concepcións da política e da ideoloxia caraterísticas do marxismo tradicional e, significadamente, na sua problemática da *hexemonia*, contén elementos e avances decisivos cara unha apropiación materialista innovadora da cuestión nacional, que

[4] Sobre as posicións reducionistas face o problema nacional no marxismo pode ver-se: G. HAUPT, Les marxistes face a la question nationale: l'historie du probléme», en *Les marxistes et la question nationale*, Paris, 1974, páxs. 10 a 61.

[5] O esforzo de complexización de BAUER no referente á cuestión nacional, e a posta nun primeiro plano de elementos «sobreestruturais» como a cultura e a língua nacionais, traduciu-se tanto na admisión do *despertar nacional*, mesmo en comunidades históricamente non nacionais, como na aceitación da non desaparición das nacións co advenimento do socialismo, frente a todo universalismo inxénuo. En suma, unha alteración radical das sólitas bases desde as que viña abordando o problema através de conceitos tais como «pobos sen história» tomados por ENGELS e HEGEL. Cfr. OTTO BAUER, *La Cuestión de las nacionalidades y la socialdemocracia*, México 1979, en especial páxs. 23 e ss. ROSDOLSKY, R. *El problema de los pueblos sin historia.* Barcelona, 1981, pp. 77-150.

[6] Pola súa banda, BER BOROJOV incorpora elementos á análise da problemática nacionalitária até entón impensábeis nun «marxista»; así «conciéncia nacional» para designar a expresión político-ideolóxica dunha comunidade en loita para dispor libremente do seu Destino; a historicidade da apropiación burguesa da cuestión nacional, postulando a posibilidade dun nacionalismo de moi diferente signo nas nacións oprimidas etc. Cfr. especialmente «Los intereses de clase y la cuestión nacional» e «Nuestra plataforma» en *Nacionalismo y lucha de clases*, México 1979, páxs. 57 e ss. e 88 e ss., respectivamente.

[7] H. B. DAVIS, *Nacionalismo y socialismo*, Barcelona, 1972, páx. 7.

[8] Recollendo idéntico critério que DAVIS pode ollar-se entre outros, coa maior solvéncia no tema: na antoloxia *Les marxistes et la question national* cit., os ensaios dos autores da mesma: G. HAUPT: «Les marxistes face a la question nationale»: l'historie du probléme» cit. e M. LOWY «Le probléme de L'Histoire», pás. 370 a 381.

Cfr. asemade, M. RODINSON, «Le marxisme et la nation», en *L'Homme et la societé*, n.° 7, páx. 65 a 83. Asi como os números dedicados á cuestión nacional pola revista *Partisans* sob o título «La domaine nationale», Paris, n.° 59-60, 1971.

[9] ANTONIO GRAMSCI, *Quaderni del carcere*; empregaremos sistemáticamente a excelente edición crítica do Instituto Gramsci dirixida por VALENTINO GERRATANA, editada por Einaudi, Torino, 1975, 4 vols., 3.369 páxs.

supere o «impasse» en que a perspectiva economicista e nacionalista tradicionais tiñan sumerxido ao sintomaticamente denominado «problema das nacións».

Pola nosa banda, semellando-nos de grande fecundidade a liña aberta polos *Quaderni...*, compre sulliñarmos a utilidade da aplicación do arsenal conceptual gramsciano «nacional-popular». «hexemonia», «bloque histórico»... no marco das nacionalidades interiores dos Estados plurinacionais europeus (Cataluña, Bretaña, Euzkadi, Cerdeña, Galiza...)[10] esas «nacionalidades negadas» en suma das que falaba MURGUIA.

Na nosa perspectiva, tratará-se de extrair dos *Quaderni...* toda unha série de plantexamentos que se amosarán abertamente rupturistas face ás tradicións devanditas e extraordinariamente pertinentes, ao introduciren unha nova e eficaz mediación teórico-estratéxica que restitua as bases cara a superación das recorrentes incapacidades e simplificacións —ben das clases á nación, ben da nación ás clases— e permita un achegamento ricaz á pluralidade de factores diversos que inciden na cuestión nacional.

Non se trata, endebén, de oficiarmos sob o pretxto dunha «leitura sintomática» nucleada arredor da problemática nacionalitária, unha proxección que lexitime plantexamentos prévios, lendo nos textos gramscianos somente aquilo que nos achemos predispostos a atopar. Posibilidade real esta acrecentada, compre non esquecermos disto, pola específica natureza do discurso de GRAMSCI: a linguaxe «esópica» en aras da censura, a natureza intuitiva de moitas das suas aportacións, o própio carácter fragmentário da escrita dos *Quaderni...* elementos todos eles susceptíbeis de promover múltiples «leituras auténticas»[11].

Mais, alén da pura glosa haxiográfica, reside o interés real de ensaiar a aplicación dos conceitos nodais gramscianos á cuestión nacional para que «funcionen» nela e despreguen alí a sua eficácia. Neste orde de cousas, máis que un plantexamento *filosófico*, importa considerarmos os *Quaderni* como ponto de partida que desenvolvimentos posteriores forneceron dunha complexidade e profundidade teóricas (LACLAU, MOUFFE, THERBORN, PORTANTIERO, SOLE TURA, PARAMIO, MOLAS... etc.), facilitando a accesibilidade do nacional a unha problemática que en nengun momento a «pensou» especificamente.

Compre clarexarmos, así e todo, que esta opción metodolóxica pola nosa banda, implica estritamente a adopción dun modelo orientador do vieiro da investigación. Expresiva dunha vontade de coeréncia, lonxe de todo sincretismo metodolóxico, non impede a incorporación de elementos parciais procedentes doutras liñas de investigación que permitan matizar, confirmar ou complexizar a análise central. O desenvolvimento da investigación histórico-concreta dará cumprida conta das vicisitudes e insuficiencias dun tal modelo.

B. **O superamento do Economicismo e o problema da conciéncia nacional/ideoloxia nacionalista.**

Sen dúbida, o valor dos *Quaderni...* e da problemática que inauguran reside precisamente en poñer en crise os tradicionais achegamentos á política da cuestión nacional e permitir unha aproximación non consuntiva ao problema.

En especial compre, pola nosa banda, valorarmos en toda a sua dimensión o alcance da devandita ruptura, polo que ao economicismo respeita que, nunha perspectiva como a nosa, na que se trata de dar conta da interacción entre os aspectos comunitários do feito nacional, os factores clasistas e os enfrentamientos político-ideolóxicos, reviste particular interés.

E de todo ponto preciso plantexarmos, pois, as consecuéncias e o peso do economicismo, determinarmos nidiamente os límites e contornos deste auténtico obstáculo epistemolóxico e político. Neste orde de cousas, como o seu efeito máis notório e mesmo admitido comunmente sen belixeráncia, cabe asinalarmos a consideración do conxunto das significativamente denominadas «sobreestruturas» (ideolóxicas, políticas, artísticas...) a xeito de mero reflexo mecánico da «infraestrutura» económica, como epifenómeno desposeído de propia substantividade e eficácia. En suma:

> «o infantilismo primitivo de presentar e espoñer toda flutuación da política e a ideoloxía como unha expresión inmediata da estrutura»[12].

[10] Cfr. a interesante, por mais que incompleta, síntese de SALVI, S. *Le nazioni proibite*, Firenze, 1973 passim.

[11] «Teríamos deste xeito —como ten asinalado CHANTAL MOUFFE— un GRAMSCI libertário, o GRAMSCI estalinista, o social-demócrata GRAMSCI, o GRAMSCI togliattiano, o troskista... e así sucesivamente...».

En «Gramsci today», introducción ao volume CH. MOUFFE (edit.) *Gramsci and marxist theory*, London, 1979, páx. 2.

[12] GRAMSCI, *Quaderni del carcere*, cit., vol. II, páx. 871.

Pero, asemade deste primeiro e máis notório efeito, o epifenomenalismo —que implica no terreno no que nos movemos do problema nacional, a imposibilidade de dar conta de todo un amplo abano de elementos sociais, ideolóxicos, míticos e culturais diversos, reproducindo analiticamente toda a sua substantividade que devén decisiva na articulación profunda do fenómeno— existe outro máis fondo, que soi esquecer-se dabondo, mais no que radican, porén, decisivas e negativas consecuéncias teórico-políticas. CHANTAL MOUFFE ten-no denominado en gráfica expresión: *reducionismo de clase.* É dicer, a consideración das sobreestruturas como «determinadas pola posición dos suxeitos nas relacións de produción, isto é, polas clases sociais»[13]. Efeito este último compatíbel mesmo cun certo recoñecemento de própria eficácia as superestruturas ideolóxicas mais que as remite tenaz e mecanicamente ás clases sociais existentes na sociedade dada.

A confusión de dous aspectos diferenciados, o problema xeral da *determinación de clase* das sobreestruturas política e ideolóxica e as *formas de existéncia* das clases no «nivel» das sobreestruturas, traducia-se no entendimento consecuente de que os compoñentes de toda ideoloxia terian unha forzosa adscripción e carácter de clase e, á sua vez, as clases sociais acharian-se dotadas de próprias ideoloxias en estado puro. Neste sentido, como ten asinalado E. LACLAU con toda lucidez:

«A identificación de ambos os dous problemas (determinación de clase, suxeitos político-ideolóxicos) somente se xustifica se se pensa a existéncia das clases sociais a un nivel ideolóxico e político baixo a forma de redución: en efeito, se todo elemento ideolóxico e político ten unha *necesaria* perténcia de clase, é obvio que a clase se expresa tamén *necesariamente* através del; en consecuéncia as formas de existéncia política e ideolóxica dunha clase reducirian-se, en tanto momentos necesários, a explicitación da sua eséncia. Non se trataria, en consecuencia, de que as clases *determinaran* as sobreestruturas política e ideolóxica, senón que as absorberian dentro de si como momento necesário no proceso do seu autodespregamento[14].

A usual desconsideración deste segundo e máis fondo efeito do economicismo leva, no mellor dos casos, a correxir o máis patente e groseiro resultado deste, o efeito-reflexo, mais remanecendo incuestionado o reducionismo de clase e, en definitiva, o remanecimento á postre na interioridade da óptica economicista. O caso do marxismo superestruturalista de LUKACS, KORSCH, etc..., ven exemplificar nidiamente este ulterior xeito de ficar no seo do economicismo: ao faceren da «conciéncia de clase» o momento fundacional e constitutivo das clases en tanto que tais confiren-lle á sobreestrutura político-ideolóxica o carácter de forzosa e necesária expresión dunha «eséncia material» de clase[15].

A aportación de ANTONIO GRAMSCI non se limita, pola contra, á mera revalorización das sobreestruturas e mesmo acada superar amplamente o recoñecimento da «autonomia relativa» dos niveis político e ideolóxico, con non ser isto último un cativo avance epistemolóxico.

Efeitivamente, o seu núcleo argumental básico reside arredor da *irredutibilidade* da política e a ideoloxia a nengunha outra instáncia na que supostamente haberia que percurar a sua eséncia, a sua pretendida matriz económico-metafísica. En síntese: a non correspondéncia inmediata entre a política e/ou a ideoloxia e as clases sociais; velaí o cerne da argumentación gramsciana.

En estrita consonáncia con estes plantexamentos, case todas as concepcións tradicionais debedoras do economicismo son sometidas a radical revisión en GRAMSCI, permitindo ulteriores desenvolvimentos que se revelarán, de contado, decisivos para o replantexamento da cuestión nacional. Asi, os *suxeitos* da acción política non se confundirán máis coas *clases sociais,* definidas éstas ao nivel das relacións de produción e sen menoscabo por iso, antes ao contrário, da sua determinación global dos procesos políticos e ideolóxicos; as clases sociais, pola sua banda, perderian tamén a —non por sólita menos arbitrária— atribución de ideoloxías que lles serian supostamente inerentes; tampouco estas últimas, á

13 CHANTAL MOUFFE, «Hegemony and ideology un Gramsci», en *Gramsci and marxist theory* cit. páx. 169.

14 E. LACLAU, *Politics and ideology in marxist theory*, London, 1977, páxs. 176-177.

15 Asi, por exemplo, as coñecidas palabras de LUKACS:

«A consciéncia de clase é —considerada abstracta e formalmente— ao mesmo tempo unha inconsciéncia, clasisticamente determinada, da própria situación económica, histórica e social. Por iso a «falsidade», a «apariéncia» contida nesta situación non é nada arbitrário senón precisamente expresión mental da estrutura económica obxectiva...» *Historia y consciencia de clase*, Barcelona, 1975, páx. 56.

Cfr., ademáis, as «rectificacións» tendentes a revalorizar a sobreestrutura de KARL KORSCH en *Karl Marx*, Barcelona, 1975, páxs. 240 e ss., mantendo-se, endebén, a reprodución mecánica das clases nos niveis políticos e ideolóxicos: reducionismo clasista, derradeiro degrau do reducionismo economicista.

Nesta dirección, o ponto de máximo avance quizais se atope no libro de FRANZ JAKUBOWSKY, *Las superestructuras ideológicas en la concepción materialista de la Historia*, Madrid, 1973, onde se recoñece a «realidade» da ideoloxia, o seu «movimento próprio», asi como a existéncia (p. 35) de «desfases» históricos entre a base e a superestrutura (p. 115).

súa vez, revestirian a natureza de «corpus» pechados, cristalizados e previamente constituidos que se enfrentan os uns aos outros na loita política, etc. etc...

Mais deteñamo-nos primeiramente na concepción gramsciana da ideoloxía, lugar clave do seu sistema, para estabelecermos os pontos de ruptura e avance que podan implicar un desbloqueo na análise de aspectos tais como a función da conciéncia nacional, as ideoloxías nacionalistas ou, cando menos, unha perspectiva máis suxerente para o achegamento aos mesmos.

Sintetizando os pontos centrais nos que se expresa a *Teoria da ideoloxia* contida nos *Quaderni...* poderiamos estabelece-los, coas limitacións próprias de todo esquematismo, do xeito seguinte:

1. Como primeiro escalón clave da teorización gramsciana presenta-se, conxuntamente co recoñecimento da eficácia específica *da ideoloxia* —o cal leva a GRAMSCI a centrar os *Quaderni...* precisamente arredor da problemática ideolóxico-cultural e a cuestión dos intelectuais[16] —o abandono da equiparación redutivista da «ideoloxia» coa «falsa conciéncia». Rasgo este tanto máis notório do pensamento do noso autor canto que formulacións posteriores, de decidida pretensión antieconomicista, como as de ALTHUSSER, manteñen a consideración do *ideolóxico* como oposto ao *científico*[17]; o cal implica a recondución do tema a un terreno nomeadamente estéril e a recuperación, por un vieiro máis sofistificado, das tradicionais posicións reducionistas que se teimaba evitar. Os avances de nocións tais como «autonomia relativa» do «nivel» ideolóxico, resultan deste xeito absolutamente precárias pois manteñen e reproducen aspectos substanciais da problemática orixinária que, porén —e resulta preciso non esquecermos disto—, será superada polo própio ALTHUSSER noutros pontos, non menos decisivos para un novo enfoque da cuestión nacional, como imos ollar axiña. En troques, GRAMSCI situa-se de partida nun eido completamente dispar; para el, as ideoloxias.

«... organizan as masas humánas, forman o terreno onde os homes se moven, toman conciéncia da sua posición, loitan...etc.»[18].

e atinguen indiscutida e plena substantividade en canto tais:

«... para MARX as ideoloxias son algo totalmente diferente de ilusións ou apariéncias; son unha realidade obxectiva e operante... ¿Cómo poderá MARX pensar que as sobreestruturas son meras apariéncias ou ilusións?... MARX afirma esplicitamente que os homes toman conciéncia dos seus intereses no terreno ideolóxico, das sobreestruturas, o que non constitui pequena afirmación de realidade»[19].

Eis postas as bases cara toda unha nova forma de consideración da práctica ideolóxica, da súa natureza e, do que resulta máis importante, da sua plural funcionalidade, que se inserta directamente no debate contemporáneo arredor da ideoloxia. En especial do que se ten dado en chamar o «postalthusserianismo anglosaxón».

En efeito, as aportacións althusserianas neste eido resultarán ao noso obxecto dunha centralidade patente, mais non por iso resulta posíbel esquecermos as polémicas orixinadas arredor dalgunha das suas concepcións máis conflitivas, e o superamento actual de moitos dos seus postulados.

Asi, en estreita relación co devandito, o posicionamento do pensador francés polo que as ideoloxias non corresponden á «realidade» e constituen, ao contrário, unha mera «ilusión», unha representación imaxinária da relación entre o home e o mundo, por máis que posteriormente matizada[20], amosa-se claramente problemático. Xa no seu dia fora criticada abertamente por RANCIERE que non dubidou con respeito a isto en empregar as máis duras palabras:

«A oposición ciéncia/ideoloxia non pode funcionar máis que polo restabelecimento dun espazo homólogo a aquel que pensa toda a tradición metafísica, cando opón a Ciéncia ao seu Outro, situando asi o pechamento dun universo

16 Como se pode comprobar examinando a correspondéncia escrita desde o cárcere, un dos obxectivos primordiais dos *Quaderni* seria sen dúbida, a problemática da ideoloxia e os intelectuais e as relacións entre política e cultura. ANTONIO GRAMSCI, *Lettere dal carcere*, a cura di SERGIO CAPRIOGLIO e ELSA FUBINI, Torino, 1965, páxs. 17 e ss.

17 E isto non somente no «primeiro» ALTHUSSER, aquel que consideraba á *ideoloxia como a pre-história da Ciéncia —La revolución teórica de Marx*, México 1972, páxs. 202 e ss., e *Para leer el Capital*, México, 1973, páxs. 11 e ss.— senón mesmo na problemática posterior da ideoloxia como «representación imaxinária da relación dos indivíduos coas suas condicións reais de existéncia». Cfr. ao respeito S. KARSZ, *Téorie et politique: Louis Althusser*, Paris, 1974, páxs. 76 e ss., desde unha perspectiva, porén, acrítica verbo da oposición ciéncia/ideoloxia.

18 GRAMSCI, *Quaderni*... cit. Vol. II, páx. 869.

19 Idem. páx. 436-437.

20 LOUIS ALTHUSSER, «Ideologies et appareils ideologiques d'Etat» en *Positions*, Paris, 1976, cuxo ponto de partida consiste precisamente na tentativa da superación da especulativa distinción entre ciéncia e ideoloxia en xeral e no recoñecimento da necesidade dalgo distinto cunha teoria da diferenza ciéncia/ideoloxia: en concreto, unha teoria da sobreestrutura e unha teoria das condicións dos procesos de produción de coñecimento. Cfr. op. cit. páxs. 82 e ss.

do discurso escindido entre un discurso verdadeiro e o domínio do discurso falso, entre o mundo da Céncia e o seu Outro («Opinión», «Ilusión»...).. Ao non ser pensada a ideoloxia como o lugar dunha loita, que é a loita de clases, deslizase ao lugar determinado pola História da Mesafísica...»[21].

Crítica que é completada por E. de IPOLA ao revalorizar a componente imaxinária, presente en toda ideoloxia como en xeral en toda práctica significante, frente á cadea de equiparacións althusserianas:

«Para a concepción althusseriana «imarxinário» reenvia a «ficticio» a «deformado» ou «falsificado». Pola nosa parte, coidamos que as cousas son moito máis complexas... un certo imaxinário opera como *condición de intelixibilidade* e como *condición significante esencial* nas loitas políticas ideolóxicas»[22].

Estes límites da teoria da ideoloxia althusseiana, mantendo endebén o interés das suas aportacións esenciais, foi salientado especialmente por PAUL Q. HIRST, para quen:

«A concepción althusseriana da función da ideoloxia restaura o seu clásico status como falsa representación o que serve para perpetua o sistema de cousas existente. Mália a sua oposición —en *Ideoloxia e Aparatos ideolóxicos de Estado*— á noción de ideoloxia como «falsa conciéncia» a concepción da ideoloxia de ALTHUSSER implica *descoñecimento* como o seu principal efeito... Este recoñecimento/descoñecimento é postulado como tal somente desde os efeitos do coñecimento científico, endebén, ALTHUSSER situa os efeitos de falsedade no mesmo sentido que as teorias clásicas... De aí que as teses de «autonomia relativa da superestrutura» e a «recíproca acción da base» complexizan mais non alteran o economicismo. A economia resulta concebida como instáncia auto-existente con «necesidades»...[23]

O mesmo autor, HIRST, ten asinalado sobre dos avances e limitacións da posición althusseriana os pontos de partida dunha teoria da ideoloxia superadora definitivamente do âmbito tradicional da «ocultación». Desde o seu ponto de vista[24] unha tal consideración innovadora do ideolóxico debe partir dos seguintes pontos:

a. *A ideoloxía non é unha distorsionada representación da realidade* senón unha sorte de coñecimento derivado da experiéncia e mediado pola posición social do suxeito de coñecimento.

b. *A ideoloxia non é «ideal» ou «espiritual»* como oposto á materialidade senón unha instáncia da totalidade social, un abano de prácticas sociais e de representacións sociais e rituais, tan reais e materiais como a própia economia.

c. *A ideoloxia non ten história*, é dicer: o ideolóxico resulta universal en toda totalidade social: non pode existir unha totalidade social que sexa directamente accesíbel á experiéncia inmediata dos suxeitos que viven socialmente relacionados.

d. *A ideoloxia non é unha falsa conciéncia* nen a totalidade social é un proceso constituído polo suxeito que ocupa un lugar moi outro que o de «orixe» ou «autor».

Polo demais, a tenaz resisténcia da equiparación ideoloxia-falsa conciéncia no seo da bibliografia de *orientación* marxista, ou crítica da mesma, ao respeito pode comprobar-se ainda nas máis recentes aportacións ao tema. Asi, por exemplo, no libro de ROSSI LANDI, *Ideologia*, a devandita problemática mantén-se en toda a sua vitalidade, por mais que «actualizada» coa incorporación de plantexamentos semióticos e de análise do discurso[25].

Outro tanto cabe dicer das obras de SELIGER[26],

[21] JACQUES RANCIERE, «Sur la théorie de l'ideologie, la politique d'Althusser», en *L'Homme et la Societé*, n.° 27, janvier-mars, 1973, páx. 43, onde, polo demais, se mantén a óptica do reducionismo de clase, para a cal todo enfrentamento político constitui unha expresión da «loita de clases».

[22] EMILIO DE IPOLA, «Critique de la théorie d'Althusser sur l'idelogie», en *L'Homme et la societé*, n.° 41-42, Xullo-Decembro, páx. 66.

[23] PAUL Q. HIRST, «Althusser and the theory of ideology», *Economy and Society*, Vol. 5, n.° 4, octobro 1976, páxs. 403-404.

[24] PAUL Q. HIRST, «Problems and advances in the theory of ideology», in *On Law and Ideology*, London, 1979 páxs. 23 e ss. sen dúbida unha das máis ricaces reconsideracións da problemática althusseriana da ideoloxia.

[25] ROSSI LANDI, F., *Ideología*, Barcelona, 1980. Cfr. en especial as páxinas 65 e 211, onde se propón unha reactualización da problemática da falsa conciéncia:

> «A primeira e máis vasta distinción que debemos plantexar dentro do conceito moi xeneralizado de alineación é a existente entre *falsa conciéncia* e *ideoloxia*... a falsa conciéncia convertida en falso pensamento através da elaborción lingüística, con todo aquilo que isto comporta e como condicionamentos súbitos e como posíbeis mistificacións... a ideoloxia é falsa conciéncia na que a programación ten atinguido o nivel lingüístico e se manifesta en forma de teorias ou, ao menos, de discursos». Op. cit. páxs. 145 e 146.

[26] Referimo-nos ás obras de MARTIN SELIGER, *Ideology and Politics*, London, 1976 e, sobre todo, *The marxist conception of ideology*, London, 1977, onde se emprega sistematicamente como paradigma marxista unha teoria da ideoloxia extraída de *A Ideoloxia Alemá*, estreitamente vencellada coa problemática ciéncia/ideoloxia e, mesmo, conciéncia/interés; e ignorando por completo os máis complexos plantexamentos de *O Capital*.

DRUCKER[27] e BAECHLER[28]. O mesmo pode-se afirmar da teorización de HABERMAS que conxuntamente con innegábeis achádegos verbo das relacións entre os fenómenos ideolóxicos e a problemática da lexitimación mantén un conceito de ideoloxia que o remite á creación da sociedade *burguesa* e unha «comunicación distorsionada»[29].

De meirande interés son as aportacións de PIERRE ANSART e de ANTHONY GIDDENS. O primeiro deles, tras sustentar durante moito tempo a tradicional poblemática da ideoloxía/falsa conciéncia en intervencións tais como: *L'occultation idéologique* ou *Les ideologies politiques*[30], tentou novos e interesantes desenvolvimentos cara a comprensión da ideoloxia como relación social, en *Idéologies, conflicts et pouvoir*[31].

GIDDENS, pola sua banda, rexeita explicitamente a contraposición ideoloxia/falsa conciéncia asi como o vencellamento mecánico ideoloxia/interés de clase, postulando a necesidade de analizar «como se movilizan as estruturas de significación cara a lexitimación de interés sectorias dos grupos hexemónicos»[32]. Posición que entra de cheo na problemática que integra o noso traballo.

Neste vieiro renovador teñen asinalado STUART HALL, BOB LUMLEY e GREGOR MCLENAN[33] as potencialidades dunha perspectiva gramsciana e do pulo que supuxo a *apropriación estruturalista* do mesmo por parte especialmente de ALTHUSSER e POULANTZAS. Malia as dificultades que a oposición ciéncia-ideoloxia polo estruturalismo marxista implica, o desenvolvimento de aspectos tais como o conceito de *hexemonia* por POULANTZAS[34] poñen as bases para novos desenvolvimentos teóricos no âmbito político-ideolóxico que se revelarán decisivos á hora de abordarmos, de xeito non redutivo, a cuestión nacional.

A conceptualización da ideoloxia como auténtica

No mesmo sentido, poden ver-se as clásicas obras de JOHN PLAMENATZ, *Ideology*, London, 1970, páxs. 23 e ss. e THEODOR GEIGER, *Ideologia y Verdad*, Buenos Aires 1972, onde se comprende unilateralmente a ideoloxia como «mácula del conocimiento» (GEIGER), por máis que se recoñeza a sua funcionalidade política (PLAMENATZ).

[27] H. M. DRUCKER, *The political uses of ideology*, London, 1974, onde se ignoran as diferenzas entre os plantexamentos de LUKACS e GRAMSCI sobre a superación da problemática falsa conciéncia/ideoloxia/apoloxia.

[28] A obra de JEAN BAECHLER, *Qu'est-ce que l'ideologie?* supón un superamento da clásica problemática ciéncia/verdade/real/ideoloxia/falsidade/aparéncia; mais desembocando nun grado de abstracción realmente pouco operativo na análise histórico-social:

> «Ideoloxias son os estados de conciéncia vinculados á acción política... a aparición da ideoloxia nunha sociedade non implica nengunha perversión do entendimento senón que asinala a emerxéncia dun problema político... unha ideoloxia é unha formación discursiva polémica, mercé á cal unha paixón procura realizar-se como valor para o exerxícicio do poder nunha sociedade... a ideoloxia non é pois nen verdadeira nen falsa, non pode se senón eficaz ou ineficaz, coerente ou incoerente».

Qu'est-ce que l'ideologie?, Paris, 1976, páxs. 60-61.

[29] HABERMAS, F., *Knowledge and Human Interests*, London, 1978, páxs. 301 e ss.

[30] PIERRE ANSART, «L'occultation idéologique» en *Cahiers internationaux de sociologie*, Volume LIII, 1972, páxs. 213 e ss., onde se afirmaba por exemplo:

> «Se se entende provisoriamente por ideoloxia o sistema de representacións polo que o grupo percebe e construi o seu entorno social, as distribucións, os conflitos, as pertenzas, os obxectivos comuns e os valores... entenden-se que este xogo de representacións ten por función fixar respostas e non suscitar questións, que tende a simplificar a construir unha imaxe instrumental da realidade social e, precisamente, a velar posíbeis límites e cuestionamentos». Loc. cit. páx. 213.

Neste sentido, pode ver-se tamén PIERRE ANSART, *Les ideologies politiques*, Paris, 1974, onde se fan afirmacións deste estilo:

> «... o discurso ideolóxico impón unha verdade simple, esquemática, necesariamente moi alonxada da indefinida complexidade da realidade. *As definicións da ideoloxia reteñen, a xusto título, o critério de non recoñecimento, de distorsión do real, para caracterizar este saber*». Op. cit. páx. 79.

[31] Con efeito, PIERRE ANSART, en *Ideologies, conflicts et pouvoir*, Paris, 1977, postula endebén, unha complexización da problemática en notória ruptura frente a plantexamentos anteriores:

> «O descoñecimento xeral implica, polo que ao fenómeno ideolóxico respeita, a tendéncia a reducí-lo a un fenómeno aberrante que no futuro seria eliminado ante o triunfo da razón. Ignora-se, asi, esa dimensión esencial de toda sociedade política que é *a constitución e renovación dun imaxinário colectivo através do cal a comunidade designa a sua identidade, as suas aspiracións e as grandes liñas da sua organización*... a vida política supón unha permanente produción de significacións, a lexitimación dos obxectivos, a magnificación dos valors propostos de acción comun, etc...». Op. cit. páx. 15.

[32] ANTHONY GIDDENS, *Central problems in social theory*, London, 1979, páx. 188, obra certamente renovadora mais na que se ignoran avances decisivos ao respeito de autores tais como LACLAU ou ALTHUSSER, marxinando grande parte da problemática deste último en *Ideologies et appareils*... cit.

[33] STUART HALL, BOB LUMLEY and GREGOR McLENNAN, «Politics and ideology: Gramsci», en GREGOR McLENNAN (edit.) *On Ideology*, London, 1978, páxs. 77 e ss., onde se analizan as débedas teóricas tanto das formulacións de ALTHUSSER como POULANTZAS («Aparatos ideolóxicos de Estado», «Hexemonia»... etc.) co pensamento de GRAMSCI.

[34] Cfr. en especial NICOS POULANTZAS, *Poder político y clases sociales en el Estado capitalista*, México, 1970, páxs. 89 e ss.

relación social; en expresión de MANNING[35] no seu «political sense», trascendendo a sua consideración de simple engano ou ocultación, como eido clave de confrontación política integra sen dúbida un decisivo legado dos *Quaderni* para toda análise contemporánea do tema.

2. En segundo lugar, as ideoloxias son entendidas por GRAMSCI como dotadas dun alcance manifestamente supraindividual e orgánico: expresan mediatamente os intereses obxectivos e as diferentes visións do mundo dos diversos *bloques sociais* actuantes politicamente aos que serven de elemento de coesión e integración (de auténtico «cemento ideolóxico» nas própias verbas gramscianas) e xogan polo tanto un papel central no proceso da sua xénese como suxeitos políticos con presência polimorfa.

As Ideoloxias, pois, en tanto que *ideoloxias orgánicas*[36] malia non ser expresión inmediata, necesária e mecánica das clases sociais, en sentido estrito, tampouco fican reducidas ao âmbito das «ideas» que se desprazan libremente, nunha sorte de «hiperurano» platoniano, no seo dunha sociedade dada. Ao contrário achan-se dinamicamente articuladas —non encadeadas— aos soportes sociais pluriformes realmente actuantes politicamente, dos que constituen unha auténtica *condición de existéncia* en sentido estrito. Lonxe dunha natureza allea ou exterior, posui un carácter interno e constitutivo dos bloques sociais en conflito, e, polo tanto, directa e estreitamente político. Como ten asinalado ALVIN GOULDNER:

«as ideoloxias son sistemas simbólicos que serven para xustificar e movilizar proxectos públicos de reconstrución social»[37].

O vencellamento das ideoloxias cos enfrentamentos políticos dos diversos modelos de sociedade, integra, sen dúbida, un ponto nodal de toda concepción gramsciana da política. De contado ollaremos os seus efeitos máis notábeis.

3. Elemento sobranceiro e á vez notório da concepción gramsciana das ideoloxias constitui a consideración da *natureza material* das mesmas, a sua encarnación física en aparatos e institucións. Resultado diso amosa-se o recoñecimento dunha complexa rede de «aparatos hexemónicos» que integran a *estrutura ideolóxica da clase dominante,* que non se situa asi na sociedade politica, nas relacións de dominación, en sentido próprio. Esta estrutura material pola ideoloxia é plantexada por GRAMSCI en termos de:

«a organización material adicada a defender, manter e desenvolver o frente teórico e ideolóxico. A parte máis visíbel da cal e a máis dinámica é a imprensa en xeral: editoriais, xornais políticos, revistas de todo xénero...as bibliotecas, as escolas, os círculos e clubs de vário xénero, desde a arquitectura até as disposicións várias e os nomes das ruas. Sen esquencerse a posición preeminente conservada pola Igrexa Católica...»[38].

Todo o devandito entronca directamente cun conceito que sintetiza toda a complexidade antirreducionista da problemática gramsciana: o conceito de *sociedade civil* que, segundo ten asinalado NORBERTO BOBBIO, «a diferéncia de MARX e HEGEL non pertence ao momento da estrutura senón da sobreestrutura»[39]. Será precisamente no entramado desta última, na amalgama de aparatos e institucións públicas e privadas, onde os diferentes agregados ou bloques sociais desenvolven as suas loitas polo establecimento da hexemonia no interior dunha formación social dada.

Agora ben, e isto resulta decisivo cara a dilucidación do problema nacional, esta concepción material-institucional da ideoloxia que supón a sua realización através dos aparatos hexemónicos e, en definitiva, a sua ubicación na sociedade civil, en modo algun se prolonga no seu englobamento no campo *estatal* como, por mor dunha extensión abusiva do mesmo, postula a concepción althusseriana dos *Aparatos ideolóxicos de Estado*[40].

Efectivamente, este conceito implica a cancelación da distinción entre sociedade civil e sociedade política e impede, asemade, unha análise concreta de múltiples institucións privadas das sociedades occidentais, algunha das cais posui unha natureza mista, semipública. Como ten asinalado, con acerto, RALPH MILIBAND:

«Non hai absolutamente nada que faculte falar de «aparatos ideolóxicos de Estado» en relación coas institucións que nas sociedades democrático-burguesas non forman parte do Estado. E moitos aspectos importantes da vida destas sociedades perden se cando se olvida a distinción entre os aparatos ideolóxicos, que son fundamentalmente producto da sociedade civil e aqueles outros que son produto e parte do Estado»[41].

E entre estes aspectos das sociedades occidentais que fican inexplicados detrás da confusión Estado-sociedade civil, escisión central do Estado capitalista frente aos modos de dominación pre-estatal, compre asinalarmos un de enorme interés para o noso obxecto. En efeito, a redución ao âmbito estatal do conxunto de institucións da sociedade civil: Igrexas, aparello educativo, asociacións culturais, forzas políticas, etc... *impede dar conta da conformación, xénese e desenvolvimento da materialidade institucional e orgânica na que se traduce a realidade sociopolítica das nacionalidades interiores* nun Estado plurinacional. E iso porque a construción da nación, nunha perspectiva dinámica, a partir dunha diferenza específica plural, plasma-se en ideoloxias, organizacións e movimentos de carácter vário: relixiosas, políticas, culturais, sindicais, erguidas arredor da reivindicación nacionalitária en impugnación do modo de dominación estabelecido. Endali que reconducir o conxunto das mesmas ao Estado, implica a deformación radical da sua verdadeira natureza, a aceptación acrítica do modelo de Estado centralizado, en definitiva o non cuestionamento do Estado-nación nas suas formulacións clásicas.

Será precisamente, pola contra, no agromar pluriforme de institucións, faccións, ligas, movimentos, discursos, xornais, libros, conducidos en princípio por sectores minoritários, onde resulta preciso procurarmos os alicerces do proceso de construción dunha nación, que de nengun xeito constitui un feito dado aprioristicamente dun xeito a-histórico. A *intra-história* da nacionalidade, tendencialmente dirixida cara ao autogoberno, a normalización da sua cultura, a posesión dun espácio económico autocentrado é a que fornecerá as claves, tanto da própria maduración nacionalitária da comunidade como da articulación global político-ideolóxica e a dirección na que se consolida o devandito proceso.

O conceito gramsciano de *Sociedade civil* e a temática da *ampliación do Estado* deixa a salvo a diferenciación entre o estatal e o extra-estatal, referindo-se, como ten asinalado CH. BUCI-GLUKCSMANN, á problemática da hexemonia, á expansión das funcións e da própria base do Estado alén da mera «monopolización lexítima da forza física» weberiana, prolongando se no eido da *lexitimación*[42].

Referindo-se ao emprego por parte de POULANTZAS[43] duns plantexamentos semellantes aos de ALTHUSSER,C. PEREIRA ten posto de manifesto que:

«Non se entende como pode escreber PULANTZAS que 'o conxunto dos aparatos de hexemonia, ainda no caso de ser xurídicamente privados, forman parte do Estado' e afirmar na mesma páxina que 'intervindo crecentemente en todas as esfereas da realidade social, disolvendo o tecido social tradicionalmente privado, o Estado filtra-se nas redes máis capilares e penetra tendencialmente nos máis diversos sectores do poder político'...»[44].

Finalmente, a concepción de aparellos ideolóxicos do Estado de ALTHUSSER —mantendo en todo momento o seu aporte esencial de procedéncia gramsciana: o desenvolvimento da tese de que a ideoloxia constitui un sistema obxectivo material e institucionalizado, non un mero conxunto de ideas e representacións— provoca unha confusión entre o *poder de clase* e *poder do Estado.* MILIBAND ten subliñado a importáncia do manteñimento desta diferenza cuxo cancelamento impede dar conta do feito, polo demais evidente, de que o poder da clase dominante exerce-se en determinados aspectos importantes en alleidade ao poder do Estado, através

[35] Son verbas de D. J. MANNING, «The place of Ideology in Political Life», en MANNING (Edit.) *The form of Ideology*, London, 1980 e ss. Confronte-se, nunha dirección máis abastracta a polémica MEPHAN BUTTERS-RUSSELL, con ALTHUSSER ao fondo, sobre a concepción da ideoloxia como «aparéncia» ou «inversión do real» e a superación da descontinuidade ciéncia-ideoloxia. J. MEPHAN, «The theory of ideology in Capital», BUTTERS, S., «The theory of Ideology in general» and RUSELL, K., «Science and Ideology» in MEPHAN and RUBEN (edit.) *Issues in marxist Philosophy*, Vol. III Brighton, 1979, páxs. 141 e ss.

[36] HUGUES PORTELLI, *Gramsci y el Bloque histórico*, Madrid 1973, páxs. 48-49.

[37] ALVIN GOULDNER, *The dialectic of ideology and technology*, New York, 1978, páxs. 54-55.

[38] ANTONIO GRAMSCI, *Quaderni del Carcere*, cit. Vol. I, páxs. 332-333.

[39] NORBERTO BOBBIO, *Gramsci y la concepción de la Sociedad Civil*, Barcelona, 1977, páxs. 45 a 47. BOBBIO estabelece as diferenzas esenciais que arredor do conceito de *sociedade civil* separan a GRAMSCI tanto de HEGEL como do próprio MARX. Se para o primeiro o devandito conceito designa a esfera das relacións de produción, comprendendo, asemade, a Administración de Xustiza, a organización policial, etc., en definitiva o momento intermediário entre a família e o Estado; para MARX a sociedade civil dá conta do desenvolvimentos das relacións de produción e a sua relación coas forzas produtivas.

En troques, para GRAMSCI a *sociedade civil* seria o conxunto de institucións através das cais se elabora e difunde unha ideoloxia, o eido no que leva a cabo a loita pola hexemonia pola dirección intelectual e moral do bloque de clases ascendente.

[40] L. ALTHUSSER, «Ideologies et appareils ideologiques d'Etat», en *Positions*, Paris 1976, páxs. 82 e ss. Cfr. sobre o particular, GREGOR MACLENNAN, VICTOR MOLINA and ROY PETERS, «Althusser's Theory of Ideology», en G. MCLENNAN edit. *On Ideology* cit. páxs. 44 e ss.

[41] RALPH MILIBAND, *Marxismo y Política*, Madrid, 1978, páx. 75.

[42] CHRISTINE BUCI GLUCKSMANN, *Gramsci y el Estado*, Madrid, 1978, páxs. 92 a 142.

[43] NICOS POULANTZAS, *Estado, poder y socialismo*, Madrid, 1979, páx. 37.

[44] CARLOS PEREYRA, «Hegemonia y aparatos ideológicos de Estado». En *Teoria*, n.º 5, 1979, páx. 164.

de múltiples asociacións, institucións e organismos da sociedade civil[45].

4. Polo que aos *intelectuais* respeita, en canto grupo específico —«funcionários da sobreestrutura» nas próprias verbas de GRAMSCI— resulta un feito notório e coñecido a sua centralidade no pensamento do noso autor. Se ben non constituen unha clase social en sentido estrito, articulan-se nas suas categorias máis decisivas arredor dos bloques sociais actuantes na escena política, aglutinados pola ideoloxia da que son, ao tempo, produtores e portadores:

«Autoconciéncia crítica significa historicamente e politicamente criación dunha elite de intelectuais: unha masa humana non se distingue e non devén independente 'per se' sen organizar-se (en sentido amplo) e non hai organización sen intelectuais, vale dicer sen organizadores e dirixentes, sen que o aspecto teórico no nexo teoria-práctica se distinga concretamente nun estrato de persoas especializadas na elaboración conceptual e filosófica»[46].

A ampliación do conceito de intelectual —que supera en GRAMSCI a noción clásica dos grandes intelectuais— conxuntamente coa sua vinculación aos diferentes bloques e agregados sociais, os situa como un elemento central na consolidación de calquer caste de hexemonia ou dirección intelectual e moral dunha comunidade dada:

«A relación entre os intelectuais e o mundo da produción non é inmediata como acontece cos grupos sociais fundamentais, senón mediado, en diverso grau, por todo o tecido social, do complexo das sobreestruturas... Pode-se medir a organicidade dos diversos estratos intelectuais, a sua máis ou menos conexión cun grupo social fundamental fixando unha gradación das funcións e das sobreestruturas desde abaixo arriba... asi achamonos no máis alto grau os criadores das várias ciéncias, da filosofia, do arte, no máis baixo os 'administradores' e divulgadores da riqueza xa existente, tradicional, acumulada...»[47].

Agora ben, a vinculación dos intelectuais cos bloques sociais non implica que aqueles constituan, de nengun xeito, a *expresión inmediata* de nengunha clase ou agregado social. Achan-se dotados, ao contrário, dunha ampla autonomia, absolutamente consustancial ao exercício da sua función, dun *distanciamento relativo* no que reside a clave da sua eficácia específica como elementos de *fusión* ideolóxica no seo dos bloques sociais respectivos. Nen os intelectuais *organicos*, vencellados ás clases do modo de produción dominante, nen os intelectuais *tradicionais*, vencellados aos modos de produción en decadéncia[48], expresan mecanicamente e moito menos de xeito permanente, os intereses das diversas vontades colectivas en presenza e, xa que logo, en conflito no seo dunha comunidade. E isto por múltiples razóns: tanto polas posibilidades de crises diversas de representación como pola non correspondéncia entre as suas elaboracións e as liñas xerais de evolución do sistema en períodos máis ou menso dilatados. O feito da mediación de feitos, dados, herdos culturais, elementos ideolóxicos de diversa procedéncia... en suma unha *non correspondéncia* mecánica cos intereses a curto prazo de nengun grupo, integra o núcleo mesmo das suas prácticas específicas.

Precisamente esta autonomia dos intelectuais —fundamentada, como imos ver, pola sua situación verbo dos polos das relacións de produción dominantes: vale dicer, a sua alleidade á contradicción fundamental de clase— explicará a sua permeabilidade a motivacións de tipo nacionalista.

5. As concepcións anteriormente mentadas de GRAMSCI sobre a ideoloxia —ao entender a esta como o *lugar* por excelencia de loita e toma de conciencia, postulando, asemade, o seu carácter interno nos bloques sociais— adiantan xa molecularmente teorizacións posteriores como as de ALTHUSSER verbo da *ideoloxia como práctica produtora de suxeitos,* que devirá decisiva cara o entendimento da cuestión nacional nunha nova perspectiva.

En efeito, para ALTHUSSER os *indivíduos,* que como é coñecido son entendidos como suportes ou portadores de estruturas, converten-se en *suxeitos* através do mecanismo de *interpelación-constitución:*

«toda ideoloxia concreta interpela aos indivíduos concretos en suxeitos concretos»[49].

45 «Chamar a todas estas institucións 'Aparatos ideolóxicos de Estado' fundamenta-se en, ou canto menos provoca, unha confusión entre o poder de clase e o poder do Estado, diferenza que é preciso manter. O poder de clase dominante exerce co obxecto de manter o seu predomínio na 'sociedade civil'. Este poder exerce-se através de múltiples institucións e organismos...»
RALPH MILIBAND, *Marxismo y política* cit. páx. 72.

46 ANTONIO GRAMSCI, *Quaderni*... cit. vol. II páx. 1.386.

47 Idem. vol. III páx. 1.518.

48 Idem. vol. III páx. 1.524-1.525.

49 *Idéologie et Appareils* cit. páx. 113. Concepción que, fundamentada na teoria de JACQUES LACAN verbo do papel crucial da *fase espello* na constitución do Ego, integra, sen dúbida, unha das máis interesantes e innovadoras aportacións de ALTHUSSER á teoria da Ideoloxia. Posteriormente coñeceu importantes desenvolvimentos por parte de E. LACLAU en *Politica e Ideologia en la teoria marxista* cit. páxs. 113 e ss., e E. de IPOLA, «Populismo e Ideologia», en *Teoria*, n.º 4, 1979, páxs. 140 e ss.

Efeitivamente, nengunha ideoloxia é unha simple suma de enunciados inconexos e alén das manifestacións concretas e fragmentárias, as ideoloxias posuen unha unidade que permite a sua distinción e identificación. Por outra banda, cada indivíduo resulta constituído en suxeito através dun complexo abano de interpelacións que integran á sua vez unha certa unidade conformada que permite certas doses de incoeréncia mais cuxa relativa unidade está fornecida por un proxecto clasista que subxace tras dela e ordea os seus elementos.

Deste xeito, os suxeitos políticos —colectivos actuantes, non se dan previamente cristalizados á sua interpelación— constitución polas diferentes ideoloxias ao longo dun proceso no que se desenvolven as complexas loitas sociais e políticas. De aí que estes bloques sociais interclasistas sexan sempre resultado final do devandito proceso e xamais un dato prévio e consolidado.

Como GORAN THERBORN ten posto de manifesto, a explicitación e clarexamento por parte de ALTHUSSER da operación ideolóxica (o «modo de interpelación ideolóxico») en térmos de conformación da subxectividade conduce á ruptura coa tradicional concepción da ideoloxia como corpo de ideas ou pensamento, concebindo-a en troques como *«un proceso social de dirección e interpelación, inscrito en matrices materiais e sociais»*[50].

As perspectivas que abre esta concepción althusseriana cara o superamento do economicismo no seu máis profundo sentido, cara unha nova visión da política e da ideoloxia, significativamente dos suxeitos colectivos actuantes na loita política, non pode sernos ignorada en base a consideracións «filosóficas» sobre si, como ten escrito COLIN SUMMERS, «a proposta de ALTHUSSER remanece nun círculo non diferente ao «Cogito» de Descartes, nun espácio puramente ideolóxico...»[51].

6. Finalmente, o xa mentado *antirrducionismo economista* constitui unha característica fundamental da teoria da ideoloxia dos *Quaderni*... Como ten plantexado CHANTAL MOUFFE, os máis patentes efeitos do economicismo poden sinttetizar-se en tres postulados:

«1. Todos os suxeitos políticos son suxeitos de clase.
2. As clases sociais teñen as suas próprias ideoloxias paradigmaticas.
3. Todos os elementos ideolóxicos teñen unha necesária connotación de clase»[52].

A crítica de GRAMSCI cuestionaria todos e cada un dos anteriores elementos que convertian a ideoloxia nunha función da posición de clase dos suxeitos.

En primeiro lugar, o noso autor supera a consideración que confunde as clases cos suxeitos empiricamente observábeis, albiscando unha concepción das mesmas como polos de relacións de produción antagónicas que, en canto tais, non teñen nengunha forma de existéncia *necesaria* nos niveis ideolóxico e político. As clases sociais non se duplican no nivel político no que actuan pola contra diversos suxeitos interclasistas: diversas vontades colectivas que integran «a expresión político-ideolóxica de sistemas hexemónicos criados através da ideoloxia».

En segundo lugar, para GRAMSCI as clases sociais non teñen ideoloxias puras e necesárias sinxelamente porque non existe duplicación do nivel económico nos niveis político e ideolóxico: as clases non existen en estado puro na realidade político-ideolóxica xa que se achan somente a nivel de relacións de produción.

En terceiro lugar, e directamente vencellado co anterior, a postulación abstracta de ideoloxias puras para as clases (o liberalismo seria, por exemplo, a ideoloxia da burguesia no estádio competitivo do capitalismo) producia-se a discriminación de elementos ideolóxicos en función dunha pertenéncia de clase dos mesmos (asi, por exemplo, o elemento ideolóxico nacionalista teria un carácter burgués).

Mais o que o noso autor salienta é que a adxudicación dunha perténcia de clases aos elementos das ideoloxias concretas, responde a un procedimento puramente arbitrário. O vieiro gramsciano pon de

50 GORAN THERBORN, *The Ideology of Power and the Power of Ideology*, London 1980, páx. 17. Interesantísima aportación á teoria da ideoloxia que se recoñece «situada nunha particular conxuntura teórica, a conxuntura do Discurso marxista da ideoloxia aberta por ALTHUSSER e o seu Ensaio *Ideoloxia e aparatos ideolóxicos de Estado*...» Op. cit. páx. 7.

51 COLIN SUMMER, *Reading ideologies*, London, 1979, páx. 45 e en xeral 25 e ss., onde se desenvolve unha polémica cos principais conceitos da teoria de ALTHUSSER chegando afirmar que

«O inteiro sistema de argumentacións de ALTHUSSER é meramente unha sofisticada reactualización da clásica posición mecánico-materialista que considera as ideoloxias orixinadas no modo de produción e feitas efectivas polo Estado através dos AIE». Páx. 42.

A xusteza desta crítica, xa realizada no seu dia por HIRST, como temos ollado supra, prolonga-se, endebén, na desconsideración da xénese ideolóxica interpelativo-constitutiva dos suxeitos que se amosa decididamente operativa para unha consideración da política e da ideoloxia non redutivas á «loita de clases».

52 CHANTAL MOUFFE, «Hexemony and Ideology in Gramsci» cit. páx. 189.

relevo que os elementos ideolóxicos, como ten asinalado LACLAU:

> «considerados illadamente non teñen nengunha necesária connotación de clase e esta connotación é somente o resultado da articulación destes elementos nun discurso ideolóxico concreto»[53].

Endalí que o princípio unificador dun sistema ideolóxico se ache constituído polo princípio hexemónico que articula todos os outros elementos ideolóxicos; *princípio hexemónico* que resulta a expresión dunha clase fundamental ao nivel de confrontación básica das relacións de produción. E, polo tanto, o caracter de clase dunha ideoloxia ou dun elemento ideolóxico determinado (o nacionalismo por exemplo) provén *do seu princípio articulador hexemónico*.

En suma, o conxunto de consideracións que rematamos de expoñer implican un radical replantexamento da política e ideoloxia e converten-se en alumeadoras para abordarmos de xeito non reducionista a cuestión nacional.

Alén de calquer simplificación groseira, como «instrumentalización» de nengunha clase social, facilita-se por este novo vieiro a sua reprodución teórica, atendendo á complexidade e substantividade inerentes ao tema. Deste xeito, a atribución dun *carácter burgués* ao nacionalismo —en base a unha pretendida connaturalidade de tal pertenéncia de clase, resultado da xeneralización indebida da histórica construción contemporánea do Estado-nación— , a sua consideración como encobrimento do conflito real das clases, resulta abertamente insostenîbel.

En efeito, o «nacionalismo» en abstracto, como movimento político-ideolóxico centrado no feito nacional (a defensa da própria língua e cultura, a aspiración a unha economia autocentrada, a reivindicación de poder político de seu...etc. etc.), non posui prévia e metafisicamente outorgada unha natureza de clase. Esta virá dada en troques, non polo desenvolvimento dunha pretendida esséncia indelébel, senón pola sua articulación específica e histórica cos intereses dunhas ou doutras clases, é dicer cun proxecto clasista, nunha ideoloxia concreta[54].

Nada, en definitiva, se acha dado con anterioridade ao complexo proceso de loita político-ideolóxica en que esta articulación se resolve, no seo do cal configura-se o nacionalismo concreto de que se trate e, simultaneamente, o suxeito político interclasista portador do mesmo. A natureza, extensión, solidez e dinámica do suxeito político agregado dependerá directamente do degrau de *eficácia* da interpelación nacionalista en cuestión, tanto como das *condicións de posibilidade* materiais no seo das que se produce e recebe. O *fracaso* da constitución do suxeito político interclasista acha-se sempre aberto como posibilidade, perante a non identificación dos suxeitos interpelados polo discurso que se lles dirixe, ben polo desaxeitado deste, ben por dificuldades derivadas da posición dos suxeitos interpelados. É preciso, pois, na análise histórica, dar conta tanto do momento da interpelación como do da constitución efectiva.

As motivacións nacionais polas que se interpelan-constituen os suxeitos como membros dunha nación, son susceptíbeis «a priori» de moi diversas cristalizacións políticas concretas. Orientadas segundo diferentes intereses e visións do mundo, múltiples posibilidades son, en principio, viábeis sobre o marco-parámetro das demarcacións estruturais que a comunidade de que se trate permita unha coxuntura política dada.

O papel da *ideoloxia nacionalista* devén deste xeito decididamente clave. O protagonismo dos factores culturais-ideolóxicos e os seus portadores intelectuais, integran no nacionalismo un aspecto político-estrutural que posui un carácter permanente, e de nengun xeito pode ser reducido a unha simple etapa prévia que posteriormente se supera no curso dos acontecimentos da movilización nacionalitária.

[53] ERNESTO LACLAU, *Politics and ideology in marxist theory*, cit. páx. 111.

[54] Cfr. neste sentido as observacións de SOLE TURA, J. en «La questió del'Estat i el concepte de Nacionalitat», *Taula de Canvi*, n.° 1 páx. 6 e 17, frente á unilateral redución clasista de J. TERMES en «Problemes d'interpretatió del nacionalisme catalá», en *Coloqui d'historiadors*, Barcelona, Maio 1974.

Para GORA THERBORN, *The Ideology of Power and the Power of Ideology* cit. páxs. 69 e 70, o *nacionalismo* en canto «ideoloxia inclusiva»:

> «non pode ser reducida a mero invento da clase dominante, se ben en canto desenvolveu un papel sobranceiro no acceso da burguesia ao poder, resulta lóxico que o nacionalismo... *irredutíbel a unha clase*, fora articulado co domínio da burguesia».

Isto, por outra banda, engade THERBORN, non impede de nengun xeito a posibilidade de articulación do nacionalismo e clases subalternas nun:

> «movimento de clase explicitamente referido ás tradicións nacional-populares pode tamén vencellar-se ás loitas doutras clases populares. No caso do movimento obreiro sob o capitalismo trataria-se das loitas do campesiñado e da pequena-burguesia ». Op. cit. páx. 71.

En efeito, os elementos culturais, linguísticos, míticos... constituen o *suporte fundador* do feito nacional mesmo, e por tanto a base sobre a que se ergue (sendo á sua vez dialecticamente incidida) toda movilización nacionalista. Son precisamente estes valores ideolóxicos-culturais, no seu sentido máis amplo, os que fráguan historicamente ao suxeito colectivo e crian a comunidade nacionalitária, marxinando os factores de conflicto interno e fornecendo un amplo abano de factores de unidade: pasado comun, identidas de étnica, mesma língua... etc. etc.

Todo isto fica patentizado, nomeadamente, no singular papel que desenvolve o *liderato* na constitución e dinámica dos nacionalismos. En efeito, o liderato carismático constitui un caso claro e patente da intervención do orde simbólico na formación dos suxeitos políticos colectivos, dado que o líder consolida-se precisamente através dos discursos-ideoloxias e, á sua vez, converte-se en elemento constitutivo do bloque nacional através dun proceso de identificación, aglutinación e representación. Para A. D. SMITH o liderato integra, en efeito, «un dos máis importantes veículos do nacionalismo asi como un factor determinante do seu éxito... en todo panteón nacionalista atopamos sempre unha sucesión de veneradas figuras carismáticas»[55].

Desde os héroes históricos lexendários até os grandes líderes contemporáneos, pasando pola longa ringleira de líderes nacionais intermédios, exercen todos eles unha *función ideolóxico-constitutiva* da comunidade nacional e da conciéncia nacionalitária, que se revela nidiamente decisiva como factor de coesión e movilización, de superamento das tensións internas sempre a ponto de escindir a comunidade patriótica.

Noutro orde de cousas, compre salientarmos que as ideoloxias nacionalistas exercen e practican a sua loita ideolóxica nun dobre frente que resulta preciso ter sempre presente: dunha banda na afirmacion do feito diferencial mesmo cara á sua impugnación desde o exterior á nacionalidade, ou mesmamente *interior* da man dos sectores sociais desnacionalizados. Pero, ao mesmo tempo, desenvolve-se no campo político-ideolóxico nacionalista articulando os valores e contidos nacionais aos intereses dunhas ou doutras clases, orixinando-se unha pluralidade de nacionalismos posíbeis concretos, en loita por capitalizaren a representación exclusiva e *excluínte* dos intereses e valores nacionais.

A conciéncia nacional situa-se asi, simultaneamente, por riba e no interior do âmbito das clases sociais. Resultante e produto do enfrentamento das diversas ideoloxias nacionalistas en presenza, porta no seu interior os intereses globais da nación conxuntamente cos da clase, fracción ou bloque social que se ten erguido coa devandita representación. A conciéncia nacional amosa-se asi en toda a sua extensión como o elemento ideolóxico fundador e aglutinante da comunidade nacional: lexítima e fundamenta simbolicamente a sua realidade diferencial, porta os mitos fundadores: históricos, biolóxicos, culturais, relixiosos; construi a língua e cultura próprias, extende o desexo colectivo de autogoberno e autodeterminación, traza, en fin, as fronteiras entre o nacional e o estranxeiro sobre a dialéctica amigo-enemigo...[56]. En definitiva, a *conciéncia nacional* implica presenza no eido político-ideolóxico da nación como forza histórica actuante, superando o estádio da mera conciéncia de pobo *diferenciado*. O suxeito colectivo nacionalitário, aglutinado pola conciéncia nacional, resultado dunha interpelación-constitución dos membros da colectividade nacional pola *ideoloxia nacionalista* da man dos seus portadores intelectuais, movimentos nacionalistas, etc., fai acto de presenza político-ideolóxica reproducindo amplamente a sua diferenza específica através da procura do autogoberno, da normalización da súa língua, etc.

Por outra banda, e como xa se ten asinalado, o triunfo dunha *dirección intelectual e moral* ao frente da nación, proxecta-se historicamente nunha específica conformación político-ideolóxica da conciéncia nacional, que de nengun xeito se poderá interpretar como a mecánica tradución dos intereses da clase dominante senón que integrará, en primeiro lugar, todo un amplo abano de elementos que se conservarán en base precisamente á sua natureza interclasista (cultura, língua, esixencia de autodeterminación) en

[55] Cfr. neste orde de cousas A. D. SMITH, *Nationalism*, New Yersey, 1973, páxs. 99 e ss.

[56] Como ten subliñado KARL W. DEUTSCH:

> «Para ter efeito, os símbolos secundários da nacionalidade deben non meramente achar-se vencellados aos sistemas selectos de información da vida individual ou social, ou do entorno físico. Eles deben retroactuar na formación de decisións... a conciéncia nacional, como toda conciéncia, pode somente ser conciéncia de algo que existe. Podemos en ocasións distorsionar e sobrerrepresentar feitos existentes ou símbolos combinados non directamente presentes de feito...»

Nationalism and social commnication. An inquiry into the foudations of nationality. Cambridge (Massachussets), 1966, páx. 172.

Confronte-se no eido da funcionalidade simbólica das *bandeiras nacionais* en canto símbolos da unión da comunidade RAYMOND FIRTH, *Symbols: Public and Private*, London, 1973, páxs. 329 e ss.

tanto que constituen *valores nacionais* compartidos polo conxunto da comunidade non desnacionalizada e, en segundo lugar, unha incorporación parcial e mediada dos intereses das clases e fraccións hexemónicas que non pode ser, en absoluto, obviada. Precisamente, e de conformidade co devandito, o factor clave da loita nacionalitária, da dinámica do movimento nacionalista, será o intento de vencellar, por parte dun suxeito político-colectivo dado, o conxunto dos valores nacionais —ao longo dun proceso de agregación e desagregación ideolóxica e de apoios sociais— á súa *matriz articuladora específica.*

Endebén, a decisiva revalorización que, en clave gramsciana, corresponde ao elemento ideolóxico («ideoloxia nacionalista/conciéncia nacional») no desenvolvimento da cuestión nacionalitária non debe entender-se como a recuperación da vella problemática hegeliana que, parafraseando a LUKACS, convertera á conciencia nacional no elemento clave da transición entre a «nación-en-si» e a «nación-para-si». En efeito, tras do superamento do historicismo que residia na postulación da redutibilidade de todas as contradicións a meros momentos dunha contradición sobranceira (a contradición de clase), se non trata de postularmos de novo, por outro vieiro, unha irrupción incontrolábel da *subxectividade* coa nacionalidade como suxeito protagonista da história entendida como a narración do despregamento incontenibel da sua «esencia». Trata-se, moi diferentemente, de recoñecer o papel central que a ideoloxia asume na construción do suxeito político nacional para darmos conta do máis vivo e dinámico do problema nacionalitário e os movimentos que o expresan politicamente.

C. O Pobo-Nación como suxeito político colectivo.

Estritamente vencellado co antireducionismo economicista no campo da ideoloxia que rematámos de analizar, compre situar-nos perante a similar tarefa que no campo político se leva a cabo nos *Quaderni*...e nos desenvolvimentos contemporáneos da sua problemática. Para GRAMSCI, en efeito, tampouco a política pode, de nengun xeito, ser reducida aos avatares da «loita de clases», sintagma que xoga con excesiva frecuéncia o papel de tópico mecánico-causal pseudo-explicativo de máis complexas realidades que fican, porén, en toda a sua opacidade.

Nos *Quaderni*..., ao contrário, atopamo-nos co agromar dunha nova visión da política especialmente suxerente no que se refere aos suxeitos actuantes na escena política. En efeito, albiscada por GRAMSCI nas suas reflexións do cárcere, é posíbel decatarmo-nos dunha dobre ruptura que, explicitada máis contemporaneamente por E. LACLAU, poderíamos sintetizar do xeito que segue:

1. As clases sóiciais non coinciden cos grupos observábeis empiricamente, é dicer, cos actores das loitas político-ideolóxicas.

2. As clases e o seu antagonismo no sentido estrito da «loita de clases», situan-se no nivel das relacións de produción e non se duplican mecanicamente nos campos do político e a ideoloxia.

Velaí un elemento de incalculábel relevância para a nosa análise: as clases non constituen nesta perspectiva os suxeitos políticos actuantes; estes últimos son sempre bloques sociais complexos. De aí que se presenten como *agregacións interclasistas* integradas por coagulados de clases e fraccións «soldados» pola acción da ideoloxia e hexemonizados por unha daquelas que lles suministra o *princípio unificador*, de articulación e dirección intelectual e moral, coonestando e incorporando a pluralidade de intereses múltiples en presenza sobre duns elementos comuns:

> «De aqui pode deducir-se a importáncia do *momento cultural* ainda nas actividades prácticas (colectivas): cada acto histórico é producido inevitabelmente polo *home colectivo*, é dicer, presupón a obtención dunha *unidade cultural-social* através da cal se fusionan nun só obxectivo unha multiplicidade de vontades dispares con obxectivos heteroxéneos sobre da base dunha única visión do mundo»[57].

A loita política non ten lugar no enfrentamento de clases sociais puras (burguesia, proletariado...), situadas no nivel das relacións de produción, senón na *xénese-confrontación* (procesos ambos os dous inseparábeis) de suxeitos políticos supraclasistas, auténticas *vontades colectivas* hexemonizadas por algunha das clases ou fraccións fundamentais, cuxa posición determina en derradeira instancia o enfrentamento.

Esta nova perspectiva abre, sen dúbida, grandes posibilidades de nos replantexarmos teórico-estratexicamente o problema das nacionalidades interiores nos Estados plurinacionais, variedade de nacionalismo na que imos centrar a nosa análise.

Efectivamente, a crise explicitada apartir do século XIX do modelo político do Estado-nación europeu na sua estrutura centralizada, o xurdimento de movimentos nacionalistas partidários dunha reconstrución territorial destes estados, veu plantexar un problema que revestiu especial forza a finais do século XIX e principios do XX en España, da man de diversos movimentos nacionalistas ou pre-nacionalistas, nas denominadas rexións que integraban o país.

[57] ANTONIO GRAMSCI, *Quaderni*... cit. vol. II páx. 1.330.

Como factores *histórico-estruturais*[58] sobre dos que se asenta a dialéctica social nacionalitária dos movimentos nacionalistas interiores, podemos estabelecermos os seguintes:

1. A existencia dun *espazo económico específico* conxuntamente cuns procesos de acumulación descentrados no interior da dinámica do desenvolvimento desigual capitalista e sometidos a decisións de política económica alleas.

Neste orde de cousas, compre facermos unha distinción importante. En efeito, dunha banda achamo-nos perante nacionalidades de economia con base preponderantemente agrária, explotadas históricamente como fonte de man de obra e matérias-primas baratas para o desenvolvimento dos centros mais avanzados do Estado-nación. Estas denominadas «rexións subdesenvolvidas» aúnan a sua personalidade histórica, cultural, linguística e a sua conciéncia de pobo diferenciado —polo xeral deficientemente expresado política e ideoloxicamente como conciéncia nacional— un «atraso» característico, unha desarticulación dos procesos produtivos resultante dun desfase na penetración e xeralización das relacións de produción capitalistas e o conseguinte permanecimento de vellas formas pre-modernas.

Frente delas situan-se as nacionalidades correspondentes ás zonas mais desenvolvidas economicamente (mantendo en todo momento presente a eficacia do nacionalismo cara a reprodución ampliada deste desenvolvimento económico) e mesmo beneficiárias do desenvolvimento desigual, mais sometidas político-culturalmente por un centro en ocasións mais atrasado que elas mesmas.

2. **Un sometimento político no seo dun Estado unitário** fortemente centralizado ao que corresponde a inexisténcia de órgaos e funcións de autogoberno que permitan a conformación-expresión da propria volición política de conformidade cos intereses diferenciados. Estrutura constitucionalmente sancionada pola concentración territorial do poder político e proscripción do direito de autodeterminación cara o estabelecimento democrático da forma de relación entre as diversas nacionalidades interiores: autonomia, federalismo...

Asemade, compre engadirmos unha peculiar sorte de *explotación política,* pola que as nacionalidades que denominamos subdesenvolvidas constituen en non poucas ocasións auténticas «reservas» de voto conservador en apoio do bloque dominante a nivel estatal que non é insólito posua nelas unha das suas máis asentadas bases do sistema de dominación.

3. Existéncia dunha *língua*, unha cultura própria, uns valores nacionais sometidos á marxinación e discriminación fronte ás pautas normalizadoras e homeoxenizantes da «cultura oficial» estatal cos conseguintes efeitos de opresión cultural, diglósia, perda das raiceiras, emprobecimento, etc. etc.

4. Sobre os elementos anteriores ergue-se toda unha tradición histórica de movilizacións, de profundidade e vigor variábeis, da man de movimentos pre-nacionalistas e nacionalistas, ideoloxias, asociacións, organizacións... portadoras da reivindicación nacionalitária, cunha maior ou menor implantación ou recepción social, promovendo diferentes niveis de conciéncia nacional. Como ten asinalado SOLÉ TURA:

> «...non se ten outorgado ao factor de loita pola construción dun própio poder político o peso decisivo que ten. E subliño o momento de *loita* e non tanto o momento xurídico-institucional, porque coido que a loita por un tipo de Estado determinado integra o elemento dinámico que explica por qué un determinado marco estrutural, historicamente formado, converte-se ou non nunha nacionalidae moderna[59].

[58] Cfr. ao respeito RAFAEL RIBO, «Aproximació metodológica al fet nacional», *Recerques*, 1974, páxs. 121 a 133, onde se valoran elementos histórico-estruturais, ideolóxicos, xurídico-políticos e estratéxicos.

En moi diferente perspectiva pode ollar-se BOURQUE, G. e LAURIN FRENETRE, N., «Classes sociales et idéologies nationalistes au Québec: 1760-970», *L'Homme et la Société*, n.° 24, 25, 1972, páxs. 221 e ss., onde a consideración de elementos obxectivos e subxectivos desemboca inarticuladamente e definicións da nación como:

> «efeito específico da estrutura do modo de produción capitalista sobre dos soportes deste modo... como tipo particular do campo global das prácticas de clase que corresponden ao MPC».

Modélica expresión do reducionismo clasista que xa temos comentado.

A perspectiva gramsciana reordena os elementos integrantes da cuestión nacional articulando estreitamente os factores «obxectivos»: território, língua, cos «subxectivos»: conciéncia nacional etc.

[59] SOLE TURA, «La questió del'Estat i el concept de nacionalitat» cit. páx. 8.

As ideoloxias nacionalistas e os movimentos portadores e constituídos polas mesmas, en loita contra a opresión *desnacionalizadora* inducida polo bloque dominante estatal, e mesmo por sectores internos da própria nacionalidade, pulan por atinxir o conxunto da comunidade nacionalitária, por se facer, a fin de contas, coa representación do «todo» e a lexitimación precisa para definir os tradicionais critérios do *propio* e o *alleo*, por articular os valores nacionais a un proxecto de clase dado, por apropiar-se nunha perspectiva específica, ao longo dun complexo enfrentamento político ideolóxico, da representación da inteira comunidade.'

Neste orde de cousas, a distinción *nacionalidade/nación* amostra toda a sua problematicidade, a sua unidade contraditória. Efectivamente, a diferenza entre unha e outra non pode implicar de nengun xeito a xerarquización política de ambas as duas realidades: Nación con direito á posesión dun próprio Estado, *Nacionalidade* sen acceso posíbel ao mesmo ...A distinción nacionalidade/nación reflexa, ao contrário, conceptualmente, a heteroxénea realidade histórica de conciéncia nacional e movilización político-ideolóxica nacionalista que posuen unha e outras, como ten asinalado RAFAEL RIBO[60]. Distinción que non pode *absolutizar-se*, introducindo un valeiro insalvábel entre unha e outra (a nación con direito á soberania, a nacionalidade sen direito a ela) mais que tampouco pode *esvair-se*, considerando que unhas certas cualidades estruturais de diferenza e a presenza dunha minoria nacionalista abondan para que brote por xeración espontánea e metafísica unha nación. Como ten subliñado con especial agudeza ISIDRE MOLAS:

> «Un corte cronolóxico entre nacionalidade e nación (como a forma de existéncia temporal daquela) pode ser pois defendíbel, mais hoxe un corte teórico, un illamento, entre nacionalidade e nación non é pensábel. Son dúas perspectivas, dous niveis de análise. Na dinamicidade tenden a homoxeneizar-se, no seu movimento tenden a superpoñer-se... En toda nacionalidade existen diversas nacións en proxecto, impulsadas por clases (ou por bloques sociais) que aspiran a converter-se en dirixentes, isto é, clase nacionais. En toda nacionalidade pulan diversas nacións en parte realizando-se e en parte como futuríbeis, en parte opostas e en parte coincidentes. O enfrentamento entre estes proxectos situa-se no eido do enfrentamento de clase, pero tamén dun enfrentamento nacional»[61].

Polo demais, a existéncia de Estado próprio nunha nacionalidade introduce unha «ruptura», non desde o ponto de vista da realidade sociopolítica senón xurídico-política: nacionalidade/nación desde esta última perspectiva designa unha parella de realidades disimiles e irrescondutíbeis por natureza a un mesmo conceito que *idenfique* unha e outra. Pero, compre insistirmos nisto, a diferenza refere-se ao *estatuto teórico* diferenciado segundo nos movamos no seo dunha teoria da nación ou no seo da teoria do Estado. Asi, *Nación*, na perpectiva da Teoria do Estado remite a unha conceptualización de orde xurídico público.*Nacionalidade,* no seo dunha teoria da nación, e polo tanto pre-existente ao Estado contemporáneo, fai referéncia a unha realidade sociopolítica en camiño de se converter en nación.

En suma, *nacionalidade* integra u conceito sociopolítico e designa unha comunidade nacionalitária en loita e dinámica, en proxecto de se converter en *nación*. Nación que é entendida aqui nun dos dous *conceitos* que se agochan tras do mesmo *termo*: no orde sociopolítico designa unha nacionalidade con madurez política e de conciéncia nacional, posua ou non Estado próprio. En suma, Nación, como conceito socio-político e histórico, dá conta desa dialéctica conxunción entre as condicións estruturais da nacionalidade e o movimento político ideolóxico que se ergue sobre elas.

Mais, paralelamente, sob o termo *nación* agocha-se outro conceito que move a confusión as máis das veces. Trata-se do *conceito xurídico-público,* e non sociopolítico, de *Nación:* aqui a Nación somente pode ser definida de acordo coas esixéncias do conceito de Estado e nun sistema xurídico-público, en alleidade á realidade sociopolítica que a subxace. Como ten asinalado IGNACIO DE OTTO ao respeito:

> «O conceito de nación próprio dunha teoria do Estado, o moderno conceito de nación, non é un máis entre os diversos posíbeis conceitos de nación a englobar nunha teoria política desta, senón que a estrutura do conceito de Estado, que é seu marco de referéncia, confere ao conceito de nación unhas caracteŕsticas tais que rematan por opoñé-lo e enfrentá-lo, ao menos dun xeito parcial, ás esixéncias que se derivan dunha teoria da nación...»[62].

No ámbito das nacionalidades interiores unha que constitue o obxecto deste traballo, é obvio que precisamos deslindar conceptualización sociopolítica de nación/nacionalidade desde a perspectiva da teoria da nación, non somente allea senón impugnado-

60 RAFAEL RIBO, «Conceptes politics i realitat nacional», Taula de Canvi, n.º 3, 1977, páx. 44.
61 ISIDRE MOLAS, «Notes sobre la nació», *Debat*, n.º 2, Juny 1977, páxs. 11 e 12.
62 IGNACIO DE OTTO Y PARDO, Voz «Nación» en *Nueva Enciclopedia Jurídica Seix*, Barcelona, 1978, páx. 791.

ra daquela outra Nación xurídica-pública que, no dicer de GONZALEZ CASANOVA.

> «non se diferéncia do Estado, por canto ela mesma é a sociedade organizada estatalmente e o Estado non é a sua *forma* (no pior sentido escolástico do termo) senón a sua própria e única *estrutura*»[63].

A preferéncia terminolóxico-conceptual polo emprego de *nacionalidae* (conceito existente somente no ámbito sociopolítico) subliña deste xeito pola nosa banda, ao longo da presente investigación, tanto o plano sociopolítico no que se desenvolve a nosa análise e o correspondente estatuto teórico dos conceitos utilizados, como a vontade de salientarmos o momento dinámico de construción e maduración nacionalitária, de formación da conciéncia nacional, de agregación dun bloque nacional portador dun proxecto comunitário impugnador do Estado-nación español: en definitiva, a perspectiva da construción histórica e as suas rupturas/descontinuidades, do feito nacionalitário e os movimentos que o expresan.

Deste xeito, e frente ás tradicionais concepcións «obxectivistas» do feito nacional, centradas na concoréncia de determinados requisitos conferidores do carisma nacional pola sua soa presenza: economia, língua... as reflesións gramscianas, e os desenvolvimentos posteriores mencionados, amosan unha perspectiva nomeadamente máis operativa cara a elucidación da formación dos nacionalismos concretos.

Trata-se, neste sentido, de considerarmos a nación como unha forza histórica, como proxecto sempre en construción dun suxeito político comunitário con presenza político-ideolóxica belixerante no seo do Estado plurinacional, enfrentado «ad extra» co Estado unitário e bloque dominante e, «ad intra», cos sectores ou grupos sociais desnacionalizados. En definitiva: a formación histórica da nacionalidade (ou o seu fracaso) como un *bloque de clases que cimente a sua unidade na idea de nacion*[64].

Entender deste xeito a formación histórica da nación como unha *forza histórico-social* actuante, susceptíbel de diversas concrecións e orientacións, tanto no eido ideolóxico como na sua configuración política, non implica —compre insistirmos niso— a recuperación da tradicional problemática do suxeito da História que «realiza» nela a sua metafísica eséncia pre-existente. Moi diferentemente, trata-se do recoñecimento, con carácter aberto, dinámico, procesual e conflictivo, da emerxéncia dun específico suxeito supraclasista: o *pobo-nación*.

Suxeito que, irredutíbel a nengunha clase social concreta, consolida-se e xera-se historicamente, através dun longo vieiro de agregación política e articulación ideolóxica, en tanto que bloque de clases e fraccións autodefinido como «nacional» face ao «estranxeiro»/«alleo».

Neste derradeiro sentido, reveste singular importáncia subliñarmos o momento de *enfrentamento* co Estado central/bloque dominante nunha coxuntura histórica dada, através do cal se construi a vontade colectiva nacionalitária, dado que aquel posui un carácter estritamente *constitutivo* desta última. A loita político-ideolóxica non integra asi, de nengun xeito, un factor externo, a modo de colisión resultante a posteriori da existéncia de bloques nacionais agregados e consolidados previamente pola soa presenza taumatúrxica da «conciéncia nacional». Como ten posto de relevo MOLAS:

> «A nación, pois, expresa unha solidaridade e unha identidade frente ás outras nacións e frente as outras clases, unhas e outras marxinadas como non-nacionais na medida en que o proxecto se impón... Mais non hai coincidéncia sobre de qué sentido teña a solidaridade, sobre de cal vai ser o seu contido, sobre de cais serán os elementos definidores dunha nacionalidade.... E no proxecto en via permanente de consolidación para a construción nacional... onde reside o ponto neurálxico para vertebrar a sociedade civil, para vertebrar o tecido social sob a dirección dunha forza social que, porque ten vontade nacional, pode marcar o sentido global do conxunto e dar unha orientación de futuro á comunidade...»[65].

O devandito enfrentamento non permanece asi, reducido ao *exterior* do espazo nacional senón que penetra até a interioridade das suas fronteiras. E isto non pode por menos de ser asi; pois se ben a nacionalidade cimente e unifica a comunidade nacionalitaria, esta resulta, ao tempo, ineluctabelmente, o *ámbito da loita de clases* en sentido estrito asi como das *loitas político-ideolóxicas* non especificamente

63 J. A. GONZALEZ CASANOVA, *Federalisme i Autonomía a Catalunya (1868-1938)*, Barcelona, 1974, páx. 23.
64 E. TERRAY, «L'Idée de nation et les transformations du capitalisme», *Les Temps Modernes*, n.º 324-326, 1973, páxs. 496 e ss., onde se explicita:

> «Un bloque de clases que unia ao campesinado, a pequena burguesia e o proletariado nacente sob a dirección da burguesia industrial e mercantil. Desde a Revolución francesa é precisamente este bloque de clases o que constitui a nación, non a nación como conxunto obxectivo, senón a nación como forza histórica...».

65 ISIDRE MOLAS, «Notes sobre la nació», cit., páx. 14.

nacionais. Loitas e conflitos que se encabalgan e suxtapoñen coa consolidación dos bloques políticos actuantes, introducindo efeitos específicos no seo dos seus procesos constitutivos.

Nunha perspectiva tal, cobra toda a sua dimensión un feito tan notório como o protagonismo da pequeno-burguesia urbana e os intelectuais nas movilizacións nacionalistas. Trata-se con efeito, de darmos conta do que constitui un dos máis significativos e recorrentes fenómenos no desenvolvimento histórico dos diferentes nacionalismos: a sensibilización e participación masiva destes sectores na dinamización dos mesmos[66].

As aportacións de ELLEN KAY TRIMBERGER resultan, neste sentido, altamente clarexadoras por canto situan o papel e funcionalidade dos intelectuais en toda a sua complexidade nos procesos políticos de carácter nacionalista, superando a tradicional periodización dos nacionalismos en duas fases mecanicamente sucesivas: a cultural e a política. Efectivamente, na sua análise, non somente fica salientado o fundamental xogo que desempeñan os *valores nacionais-culturais* de auto-identificación comunitária, senón a própria utilización posterior das elaboracións dos intelectuais nacionalistas para lexitimar as «revolucións desde arriba» en Xapón, Exipto, Turquia e Peru[67].

Por outra parte, no seo dunha investigación de similar orientación e perspectiva que a anteriormente citada, THEDA SCKOCPOL ten posto de manifesto que as motivacións a matriz social dos nacionalistas radicais de Xapón e Turquia non foi moi diferente das dos líderes das revolucións francesa, rusa ou china[68].

A postulación gramsciana da relevância dos intelectuais e a utilización das suas teorizacións sobre os mesmos, asi como o recoñecimento da sua centralidade nos movimentos nacionalistas, non implica desembocar nunha recuperación acrítica da vella, mais non por iso menos renuente, «teoria das élites», nun campo especialmente propício a unha tal tentación[69]. Pola contra, a xusta valoración da importáncia e autonomia relativa dos intelectuais na movilización nacional non é senón a consecuéncia lóxica do recoñecimnto do papel central despregado pola ideoloxia na mesma. Endali que un focamento materialista e rigoroso do tema, ademais considerar os grupos de interés económico e os conflitos entre os diversos grupos industriais, financeiros, agrários, etc. non deba minusvalorar ou reducir a mecánico reflexo dos enfrentamentos económicos, os aspectos ideolóxicos culturais[70].

A determinación en derradeira instáncia polas clases dos conflitos político-ideolóxicos fornece-nos a chave para a comprensión dun fenómeno tal. En efeito, os sectores e capas mais alonxados das clases fundamentais dunha comunidade —sendo estas últimas obviamente a burguesia e clase obreira no caso da dominación (que non implica xeneralización/absoluta) do mundo de produción capitalista— son os mais sensíbeis aos problemas ideolóxicos, culturais e, en xeral, a toda problemática que se situe *por riba das clases,* dada a dispersión e ambigüidade básica dos seus intereses en canto grupo heteroxéneo e do seu esvbaido «instinto de clase», precisamente en base á posición que ocupan verbo das relacións de produción. De aí que sexa precisamente a determinación en derradeira instáncia polas clases e peculiar ubicación verbo delas a que nos forneza dun critério operativo para darmos conta da centralidade da pequena-burguesia e intelectuais na cuestión nacional: xusto as mesmas razóns que levan a autores como HUGH SETON WATSON a desbotar un tal postulado[71].

En definitiva, o sistema de dominación —cuxa alleidade centralista e burocrática volve inabordábel para estes sectores— e os aspectos culturais, lingüísticos e patrióticos en xeral serán prioritários para a pequena-burguesía e os intelectuais, en especial para estes últimos. Isto implica unha dobre consecuéncia: por unha banda a *accesibilidade directa* destes grupos á problemática supraclasista e, asemade, a mol-

66 Cfr. ao respeito: G. B. HUSZAR, *The intellectuals: a controversial portrait*, Glencoe, 1960, páxs. 234 e ss. e, sobretodo, E. SHILS, «The intelelctuals in the political development of the New States», *World Politics*, Vol. 12, n.º 3, abril 1960, páxs. 232 e ss., onde se analiza o papel dos intelectuais como precursores do nacionalismo de masas e o carácter minoritário dos movimentos nacionalistas nos seus primeiros pasos.

67 ELLEN KAY TRIMBERGER, *Revolution from above*, New Brunswick, 1978, en especial páxs. 78 a 192.

68 THEDA SKOCPOL, *States and social revolutions*, Cambridge 1979, páxs. 45-46.

69 Cfr. SMYTHE, H. H. and M. M. en *The New Nigerian élite*, Stanford 1960, páxs. 15 e ss.

70 Cfr. neste sentido J. H. KAUTUSKY (edit.), «Introduction» a *Political change in underdeveloped countries*, New York, 1962.

71 Con efeito, SETON-WATSON mantén, identificando marxismo con economicismo que:

> «Esas categorias semellan-me desaxeitadas para a análise dos estratos médios da pirámide social. Ali achan-se vários grupos importantes que non teñen relación especifica co proceso de produción: oficiais do exército, burócratas civis, cregos e membros de profesións intelectuais.

Nation & States. An inquiry into the origins of nations and the politics of nationalism. London, 1977, páx. 417.

deabilidade da formulación e dirección desta segundo se decanten face a unha ou outra das clases fundamentais no modo de produción dominante.

No caso concreto da cuestión nacional resulta patente que, para os sectores aludidos, a *identidade como nación,* xoga, en tanto que inmediata e comunmente compartida, un papel central e superior sen dúbida a unha identificación como «clase», dada a diversidade e heteroxeneidade de intereses que se concitan e a alleidade substancial ao conflito clasista básico.

Os intelectuais presentan-se asi como *intelectuais orgánicos da nación* da que se afirman representantes «puros» por riba das clases, os grupos e mesmo os partidos políticos en presenza... amostrando a fusión concreta dos valores nacionais e uns intereses determinados (a xeneralización e centramento do MPC, medidas aracelárias favorabeis etc. no caso da burguesia; a volta ou mantenimento de institucións tradicionais por parte de sectores pre-capitalistas caso de permaneceren etc.) como intereses xerais de toda a nación.

E este integra, sen dúbida, un dos elementos políticos claves na emerxéncia e construción histórica das nacionalidades interiores: o proceso de articulación dos valores nacionais —os «intereses xerais da nación»— cos intereses clasistas que informan, coonestado-os e axeitado-os, un proxecto nacional concreto sob a orientación dun *proxecto clasista* determinado.

Ao mesmo tempo, ao se constituíren as nacionalidades como ámbito específico da loita de clases, compre prestarmos atención ao entrecruzamento da loita política nacionalista e a clasista, no sentido estrito que a esta última temos dado anteriormente[72]. Isto resulta especialmente patente polo que respeita á burguesia como clase.

En efeito, a existéncia histórica dunha *burguesia nacional* —e dicer, detentadora duns intereses obxectivos que se centren no ámbito nacional dado e promovan a sua reivindicación nos ámbitos político, económico e ideolóxico cultural— non é consecuéncia mecánica e inmediata da existéncia dunha base estrutural de diferenza nunha comunidade. A xénese histórico-nacionalitária no seo dun Estado fortemente centralizado e unificador do espazo económico, a colisión de intereses e homoxenización a nivel «estatal» das clases dominantes que disto se deriva, o proceso unitário do modo de dominación política, etc. etc. teñen por consecuéncia que a aparición dos conflitos políticos-ideolóxicos entre a burguesia e os seus apoios das nacionalidades e o Estado central/bloque dominante sexa de aparición historicamente tardia, contraditoria, ou mesmo inexistente en absoluto, perante un proceso de desnacionalización daquelas.

Dan-se, neste orde de cousas, importantes diferenzas, que compre no perdemos de vista, segundo a ubicación das diferentes nacionalidades no seo do desenvolvimento desigual en base, precisamente, as distintas estruturas de clase que nelas se consolidan. Asi, nas nacionalidades avanzadas, o agromar dun enfrentamento aberto entre a burguesia nacional e o bloque dominante é tardio, tras esgotar outras vias non conflictivas na defensa dos seus intereses, tais como conseguir representación no aparato do Estado ou incidir na sua política através de pactos co bloque dominante central: mais, ainda producindo-se colisión tal, reveste polo xeral un carácter contradictório e tatexante, por mor da existéncia de intereses obxectivos que pasan polo mantenimento do Estado-nación, a sua forma de réxime e a sua organización territorial, antes dunha crise de dominación que poña en perigo todo o sistema.

Asi e todo, dan-se nestes casos as *posibilidades estruturais,* de nengun xeito as garantias, para a existéncia dunha burguesia interior con intereses económicos, políticos e ainda culturais que resultan vulnerados tanto pola estrutura centralizada do Estado como pola política que através do mesmo practica o bloque dominante. Endali, tamén, as posibilidades de que se produza unha colisión parcial entre esa burguesia nacional e este último, no curso da cal aquela se veria precisada a articular os valores nacionais ao seu discurso-programa, cara a consecución dun apoio de masas ao seu proxecto de reestruturación do Estado que lle impede o seu normal desenvolvimento.

Moi outro é o caso, endebén, das nacionalidades interiores dependentes. O retraso nestes casos na xeneralizacion do MPC e o posterior permanecimento dunha economia de base agrária (por mais que o MPC sexa o dominante) foi amplamente reproducido historicamente ao amparo da estrutura centralizada do Estado, atravesada sen problemas pola dinámica do desenvolvimento desigual. A febleza cativeza da burguesia interior en que isto se traduce, pon as bases da sua desnacionalización ao ser hexemoni-

72 En definitiva, como ten suliñado LACLAU:

> «Somente é loita de clases aquela que constitui as clases como tais; non toda contradicción é, en consecuéncia, unha contradicción de clase, mais toda a contradicción acha-se sobredeterminada pola a loita de clases» *Politics and Ideology*... cit. páx. 120.

zada, vencellada e mesmo absorbida pola burguesia estatal convertendo-se en «burguesia compradora» ou ben en mero apêndice da mesma atraves dun proceso de interpenetración e fagocitose.

Todo isto implica unha grande precariedade das *condicións estruturais de posibilidade* para a consolidacion dunha vontade colectiva nacional, ao implementaren estes devanditos sectores un proceso de desnacionalización interno, reforzador do exterior estatal. A movilización nacionalitária fica asi historicamente como posibilidade apartir das clases populares, perante a inexisténcia dunha articulación dos valores nacionais ao discurso e política da burguesia, quen, como a experiéncia histórica amosa, somente se interesará residualmente polo tema unha vez patente o poder movilizador de masas do fenómeno nacionalitário. O permanecimento nas clases subalternas da única posibilidade de erguimento dun movimento nacionalitário situa unha difíceis condicións de posibilidade cara ao progreso da conciéncia nacional, o xurdimento dun movimento nacionalista sólido que terá que superar grandes obstáculos politicos e ideolóxicos, dos cais o desartellamento e desmovilización das clases populares asi como a sua desnacionalización crecente non son certamente os máis pequenos.

En definitiva, e retomando o fio argumental: da construción do bloque nacional, do pobo-nación como *suxeito político interclasista nacional,* articulado organicamente pola ideoloxia nacionalista devida conciéncia nacional[73] dependerá a materialización dun bloque determinado de clases. Esta ambigüidade radical do nacionalismo[74] reside precisamente na pluralidade de posibilidades diversas de decantación do mesmo como movimento e ideoloxia, que en nengun caso será simple produto da instrumentalización dun grupo social ou unha clase[75].

Ao contrário, a natureza do nacionalismo pasa a depender, dado o caracter constitutivo da ideoloxia que o frágua, a sua *matriz articuladora e organizativa* que estabelece a *qué* elementos concretos se vencellan os valores nacionais e *cómo* se estruturan estes elementos na interioridade do discurso e política nacionalistas. A loita política no âmbito nacionalitário consistirá, deste xeito, no complexo e multidimensional proceso polo que unha clase ou fracción logra erguer-se como representante da inteira comunidade nacional e aglutinar arredor de si a maioria dos seus sectores sociais, fornecendo o *princípio hexemónico clasista-nacional,* o proxecto, en suma, de dirección intelectual e moral da nacionalidade de que se trate.

D. Hexemonia e vontade colectiva nacional.

O conceito de *Hexemonia* integra, sen dúbida, o ponto nodal de condensación teórica do inteiro córpus gramsciano[76]. Agora ben, o devandito conceito debe ser plantexado en toda a sua extensión e complexidade, e non redutivamente[77]. Neste sentido, o

73 A conciéncia nacional agrega, deste xeito, ao conxunto da comunidade, mesmo excluindo a determinados sectores dela como non nacionais, fornecendo a síntese ideolóxica nacionalista, resultado da articulación dun proxecto de clase concreto (a clase hexemónica) e os valores nacionas non clasistas, síntese que resulta asi espallada, vulgarizada e reproducida ampliadamente. Non existe, pois, unha conciéncia nacional en abstracto e a-histórica, senón conciéncias nacionais concretas, decantadas —e constantemente en proceso de agregación e desagregación— através dun longo proceso de articulación através do cal unha clase determinada acadou a hexemonia suministrando, asemade, o principio ordenador da comunidade, segundo os seus intereses.

74 Cfr. ao efeito L. SNYDER, *The New Nationalism*, Ithaca, 1968, páxs. 15 e ss. sobre das diferentes cristalizacións dos nacionalismos. TOM NAIRN ten afirmado:

> «En síntese, o nacionalismo en eséncia é moral e politicamente ambíguo. Esta é unha das razóns polas que as visións moralizantes do fenómeno fracasan... apoderan-se simplemente dunha ou doutra faciana da criatura e non admitirán xamais que existe entre eles unha cabeza comun que os relaciona».

«El Jano moderno», *Los nuevos nacionalismos en Europa*, Barcelona, 1979, páx. 323.

75 Como ten asinalado SOLE-TURA:

> «... o catalanismo non vai ser unha criación instrumental da burguesia, nen de nengunha outra clase ou fracción senón a expresión e o resultado dunha complexa loita política e ideolóxica que vai ter como eixo central de avance a precipitación a loita por unha determinada articulación do Estado...» *La Questio de l'Etat* cit. páx. 17.

76 Cfr. JOHN A. DAVIS, *Antonio Gramsci and Italy's passive revolution*, London, 1979, páx. 14, e G. TAMBURRANO, «Gramsci e l'egemonia del proletariato» en *Studi Gramsciani*, Roma 1973, páx. 277.

77 Resulta de non pequeno interés confrontar a amplitude con que se presenta a problemática da hexemonia nos *Quaderni del carcere*, cit. vol. II páxs. 1.583 e ss., en estrita conesión co plantexamento da correlación de forzas e a criación dunha vontade colectiva, o superamento do corporativismo, o prolongado proceso da «guerra de posicións»... etc. coas estreitas perspectivas reducionistas presentes nas páxinas que ao tema teñen adicado moitos dos seus glosadores.

Asi por exemplo, J. M. PIOTTE en *La Pensée politique de Grasci*, Paris 1970, páxs. 57 ss., aborda a cuestión hexemónica desde a única vertente do partido político. Pola sua banda G. BONOMI en *Partido y revolución en Gramsci*, Barcelona 1975, páxs. 77 e ss., desbota por completo todo o plantexamento da guerra de posicións, os sucesivos avances e arrequento de apoios sociais, o papel da cultura, etc. etc.

Finalmente cumpre salientarmos que o sentido amplo da hexemonia que aqui postulamos, pouco ten que ver coa acumulación do momento hexemónico ao momento de dominación propiamente dito, tal e como acontece en L. GRUPPI, *Il concetto de egemonia in Gramsci*, Roma, 1972, páxs. 75 e ss.

problema sobranceiro que plantexan as interpretacións antieconomicistas radicais dos *Quaderni*... que se achan na base mesma desta investigación, radica ao noso entender, na recondución excesiva da problemática da hexemonia ao eido do ideolóxico[78]. Superada a redución da hexemonia a unha mera alianza de clases ou, xa que logo, de partidos, asi como a sua consideración a xeito de imposición dunha clase ao conxunto da sociedade, non debe ser reducida, endebén, a unha mera obtención de *consenso* ao seu proxecto político-ideolóxico por pate dos restantes grupos ou fraccións.

Quizais por subliñaren o preterido papel do ideolóxico na loita política, as análises antieconomicistas radicais de LACLAU e MOUFFE, tantas veces mencionados, outorguen un excesivo protagonismo na súa concepción da hexemonia ao momento do consentimento e a lexitimación puramente ideolóxicos. Endebén, a análise histórica da consolidación de hexemonias amosa nidiamente a fundamental importáncia que reveste o recollimento dos *intereses materiais* das diversas clases, fraccións e agregados no seo do proxecto hexemónico. En suma, a representación destes intereses, a sua defensa, as propostas alternativas, a articulación e compatibilización através dun modelo económico e político pola clase ou fracción aspirante á hexemonia. De que se consiga recoller e coonestar os intereses das clases subalternas dependerá decisivamente o éxito ou fracaso histórico da consolidación dunha *vontade colectiva nacional.* Evidentemente, a incorporación de intereses das clases populares atopa, no caso da burguesia, moi estreitos límites: os límites da dominación e a explotación económica. Mais non por iso compre deixar reducida a *hexemonia* á mera capacidade de presentar e conseguir que sexan aceitados os intereses dunha clase como os de toda a sociedade. A existéncia de indubitábeis efeitos materiais que unha hexemonia como proxecto contempla para sectores subalternos, non debe ser esquecida en nengun momento.

Neste orde de cousas manteñen toda a sua actualidade os plantexamentos de E. P. THOMPSON en *The peculiarieties of the English* [79]fortemente críticos frente aos de PERRY ANDERSON en *Origins of the present crisis*[80]. Fronte ao ideolixismo deste último que entendía a hexemonía como o logro dunha aquiescencia social por parte dunha clase dada, THOMPSON asinalaba a centralidade que no proceso histórico de erguemento hexemónico da burguesía revestia a representación de intereses do conxunto da sociedade inglesa.

Pola sua banda, NICOS POULANTZAS, nunhas lúcidas notas sobre a devandita polémica, referiu no seu dia a realización da hexemonia á constitución política dos intereses dunha clase como os intereses dun máis amplo abano de grupos e fraccións[81].

Asi, pois, a hexemonia compre ser entendida como a organización e articulación dos diferentes *intereses* económicos, políticos e ideolóxicos-culturais das diversas clases, grupos e fraccións sob a dirección dun deles. Trata-se, asi, dun *proceso,* como ten asinalado RAYMOND WILLIAMS[82], polo que unha clase ou fracción consegue a *fusión* dos intereses e valores doutros grupos sociais axeitando-os e compatibilizando-os cos próprios, que son sempre os dominantes, orixinando unha *síntese político-ideolóxica* superior e un novo suxeito interclasista presente na escena política.

De aí, que, alén da mera consolidación dunha alianza ou o logro dun consenso entre forzas políticas, a hexemonia supón a consolidación dunha auténtica vontade colectiva nacional sob a dirección dunha clase cuxo proxecto corresponde *obxectivamente* aos intereses materiais das diversas clases ou fraccións e, simultáneamente o seu discurso global permite se presente como portadora dos intereses dese amplo abano político-social.

Seguindo de perto as observacións de LUDOLFO PARAMIO[83] acerca do tema, e dando-lles entrada no eido específico da *hexemonia nacionalista* que nos ocupa, podemos salientar os seguintes elementos integrantes da mesma:

78 Referimo-nos mormente a LACLAU quen tende a marxinar, como MOUFFE —ainda que esta en menor medida— os aspectos que xogan os intereses materiais das diversas clases e fraccións.

79 E. P. THOMPSON, «The peculiarieties of the English» en *The Poverty of Theory & other essays*, London, 1978, páxs. 74 e ss., en especial a crítica verbo do que ANDERSON e NAIRN consideraban como aristocrática agrária e que THOMPSON demostra de xeito patente, se trata, en troques, dunha fracción da burguesia, a burguesia agrária, e analiza posteriormente esta a relación desta dominación da burguesia coa ideoloxia própria e articulada que expresa o novo modelo de Reino Unido: o protestantismo, a economia política, a teoria das ciéncias naturais (Darwin) etc.

80 PERRY ANDERSON and TOM NAIRN, «The origins of the present crisis» *New Left Review*, n.° 23, 1964, páxs. 53 e ss.

81 NICOS POULANTZAS, «La teoría política en la Gran Bretaña», en *Sobre el Estado capitalista*, Barcelona, 1974, páxs. 71 e 72.

82 RAYMOND WILLIANS, *Marxismo y literatura*, Barcelona 1980, páxs. 113 e ss., onde se considera a hexemonia en toda a sua complexidade procesual de múltiples mediacións e articulacións de elementos dispersos, neste caso culturais.

83 LUDOLFO PARAMIO, «El bloque dominante en España», *Cuadernos Políticos*, México, n.° 7, páxs. 5 a 19; e «La crisis de hegemonía de burguesía española», *Zona Abierta*, n.° 23, 1980, páxs. 10 e ss.

1. A estruturación dos obxectivos da clase hexemónica como intereses do conxunto de clases e fraccións que compoñen o bloque «sobre» o que se exerce a hexemonia. A consecución deste obxectivo precisa a inevitabel superación do estreito corporativismo e a harmonización e compatibilización dos mesmos através dun *modelo económico, político e social* que os cooneste.

2. A expresión política destes intereses a través do Estado: no caso das nacionalidades interiores tratará-se en primeiro termo da loita polo autogoberno, en especial a loita cara a consecución dun Estado próprio, e, en segundo lugar, estratexicamente, o desenvolvimento dunha política nacional através da institucións de autogoberno que promoverá a máis alta receptividade hexemónica no conxunto da comunidade nacional.

3. A construción dunha *conciéncia nacional* estendida e maioritária que informe a emerxéncia do novo bloque de clases através dos mecanismos plurais, ideolóxicos e mesmo institucionais de confrontación, proceso no que o conxunto dos «intelectuais» desenvolverán unha funcionalidade sobranceira.

A consolidación dunha conciéncia nacional superadora dunha mera conciéncia de pobo diferenciado, político-ideoloxicamente expresada como proxecto de autogoberno e normalización cultural, resulta asi un elemento central e interior na construción dun bloque nacional, do pobo-nación como suxeito colectivo nacionalitário e, por tanto, do estabelecimento da hexemonia dunha clase. O feito de que a burguesia, por exemplo, conseguise historicamente nunha nacionalidade interior a dirección hexemónica da mesma, vai indisolubelmente vencellado á construción dunha conciéncia nacional determinada e á agregación dun bloque de clases, seguindo ambos os dous as orientacións fornecidas polo princípio articulador daquela clase.

A base de partida sobre da que xira historicamente a aglutinación da vontade colectiva nacionalista, en tanto que valores nacionais compartidos por todos os sectores integrados no bloque nacionalitário está integrada por:

1. A procura dun modelo económico autocentrado: unha política económica alternativa que promova o desenvolvimento dos intereses nacionais sobre a base dunha síntese compatibilizadora das diferenzas entre os diversos sectores.

2. Un modelo político de autogoberno que permita a toma de decisións políticas próprias e a sua auto-organización político-territorial da nacionalidade que pasa forzosamente pola impugnación da estrutura centralizada do Estado proprio sofre historicamente reformulacións político-estratéxicas de acordo coa correlación de forzas existintes decantan-dose cara diversas fórmulas de descentralización, autonomias, países, etc.

3. Reconstrución da cultura nacional e normalización linguística através de movilizacións plurais de orde cultural, literário, etc.

Sobre desta base de partida, en tanto que valores nacionais, darán-se historicamente a articulación político-ideolóxica nunha dirección de clase determinada, de tal xeito que o desenvolvimento dos elementos anteriores, e o degrau da sua expresión e presenza na comunidade, son consubstanciais coa existencia da sua vinculación co proxecto clasista e a agregación hexemónica, coa aparición dunha clase portadora dun proxecto de coonestación dos intereses nacionais. O éxito ou o fracaso do proceso de construción nacional depende asi directamente do éxito ou fracaso da aparición ou non dunha clase nacional fornecedora a do princípio articulador tanto da conciéncia nacional como do bloque de clases que integrará a nación como forza histórica. A cuestión nacional devén, deste xeito, elemento central do erguimento e consolidación da hexemonia dunha clase e, simultaneamente, esta última integra un factor decisivo á hora da construción político-ideolóxica da nacionalidade.

PRIMEIRA PARTE

ORGANIZACIÓN DO REXIONALISMO GALEGO

CAPÍTULO II

DO REXURDIMENTO AO REXIONALISMO CULTURAL E POLÍTICO. 1886-1889.

A. A xénese do rexionalismo galego como movimento e ideoloxia.

a. A fundamentación histórico-cultural do feito diferencial galego.

A derrota político-militar de 1846 veu coutar drasticamente a andadura do vieiro que o Provincialismo encetaba através dunha peculiar síntese de elementos galeguistas e progresistas. Desarticulado o movimento, forzado a abandonar o campo da política por mor da represión, os seus efectivos dispersan-se, uns no exílio,outros na integración en diversas opcións políticas: partido progresista, republicano, etc.[1].

E será desde estas posicións e mais do campo cultural, coñecedor naquelas datas dun desenvolvimento na sua galeguización en procura de pautas próprias cara unha estética diferenciada, onde agromaron outravolta impulsos galeguistas culturais e políticos nun amplo abano de manifestacións e posicionamentos.

Compre salientarmos neste sentido que este agromar pluriforme que se verte predominantemente no eido cultural apartir dos anos sesenta do século dezanove, reveste unha complexidade da que dificilmente daria conta a sua consideración como mero «refúxio no culturalismo», a modo de finta estratéxica perante a conxuntura represiva[2].

Sen nos esquecermos da distáncia que vai do eido cultural ao político en sentido estrito, á presenza como forza actuante na escena política con todos os seus condicionamentos, é preciso ter en conta o carácter político que, ás veces de xeito explícito e inmediato, posui a cultura no interior dunha problemática nacional ou pre-nacional[3]. Através do cultivo da língua, literatura, música folclore nacionais galegos encetaba-se proceso de construción nacinalitária, explicitaban-se as bases mesmas do feito nacional diferenciado e as señas de identidade que se proxectarán máis adiante na necesidade dun própio espazo político, na loita polo autogoberno.

Tal será o labor dos Pintos, Añón, Posada, Garcia Mosquera, Camino, etc.: a recuperación da língua galega para a escrita, a sua ubicación como símbolo esencial da pátria galega, da sua diferenza específica, que terá en Pondal, Rosalía e Curros, no Renacimento Pleno, a sua máxima expresión míticoestética, fundamentadora das raiceiras dunha nacionalidade en construción. E, xunto coa fundamentación literária, a lexitimación histórica da man de Vicetto e sobre todo Murguia, a criación do mito de retorno á Idade de Ouro perdida, dos mitos fundadores da nacionalidade galega, dos seus símbolos básicos: o *símbolo tráxico* da perda da liberdade: Medúlio, Ponte Sampaio, como *símbolos heroicos* que se soerguen sobre o *símbolo esencial:* a raza...

E, ao mesmo tempo, situa-se ao campesinado no centro do discurso literário, mais que como produto reflexo dunha orixe de clase pequeno-fidalga destes autores, adoito esmorecida nunha integración urbana no interior da pequena burguesía intelectual debedora de novas relacións sociais de produción, como despositário da esencia nacional galega, da pró-

---

[1] Cfr. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago, 1977, passim. e *Historia de Galicia*, Pontedeume, 1979, pp. 178 a 189.

[2] Neste sentido de entendimento do labor cultural como «retirada estratéxica» da política pode ollar-se entre outras: BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., voz «Galeguismo» na *Gran Enciclopedia Gallega*.

Superador deste tipo de plantexamentos, a análise de ELORZA, A., plantexa o labor cultural da Asociación Euskera, no seo do prenacionalismo euskaldun, non como «un abandono da actuación política, senón como unha traslación cara ó ámbito cultural en canto plataforma desde a que se puderan consolidar os supostos da acción política reivindicatória de foros». *Ideologías del nacionalismo vasco*, San Sebastián, 1978, p. 30.

[3] E isto non somente no sentido xenérico de que sexa através da cultura e da ideoloxia como os homes adquiren as suas formas de conciéncia e informan as suas prácticas sociopolíticas, GRAMSCI, A., *Quaderni del carcere*, Torino, 1975, T. II, p. 1.492; senón en virtude da funcionalidade específica que o eido cultural desenvolve nos procesos de construción nacional. A cultura particular e específica integra-se, con efeito, no próprio cerne da identidade nacionalitária, e devén un factor clave na constitución do suxeito-nación, da nación entendida como forza social.

A bibliografia neste sentido é amplísima e remetemos ao exposto no capítulo I verbo do tema. O libro de KOYRE, A. *La philosophie et le probléme national en Russie au début du XIX siécle*, Paris, 1929, segue sendo unha das mellores exposicións do problema: as polémicas puramente literárias e filosóficas entre «eslavófilos» e «occidentalistas» prolongaron-se no proxecto de edificación, sobre as bases da tradición vivente, dunha verdadeira civilización nacional, en oposición á occidental europea, rematando na postulación da «misión» do pobo ruso na hostória e na movilización nacionalista. Cfr., pp. 286 309.

pria língua, costumes, tradicións... salvaguarda das señas de identidade no seu secular illamento[4].

Será precisamente no seo desta «Intelligentsia» galega sensibilizada á problemática galeguista, autoidentificada con Galiza como a conciéncia da sua *necesidade*, onde xurdirán as construcións ideolóxicas que se van enfrentar co discurso estabelecido da ideoloxia dominante, onde xurdirán tamén os intentos de organizar un movimento que aglutine todos os galegos «bos e xenerosos» contra o modo de dominación vixente. A cultura entendida mais que como apropriación racionalista do mundo exterior através do coñecimento, como auténtico «espírito do pobo» historicamente cristalizado, baixo o influxo do posromantismo[5], conleva todo un amplo abano de elementos que rebasan con moito o seu campo orixinário para se proxectar nunha perspectiva nacionalitária mais ampla, de potenciación e explicitación dos elementos diferenciais que integrarán o substrato sobre o que se erguera a conciéncia nacional, en toda a sua dimensión articulante político-ideolóxica. Non é o noso obxectivo determo-nos aqui nunha consideración específica do Renacimento ou Prexurdimento. Abonda pola nosa banda con salientarmos o seu carácter político-nacionalitário en última instáncia, e concorente nas suas últimas manifestacións con intervencións directamente políticas ás que se acharia intimamente vencellado. Neste sentido, poderíamos citar as actividades da «Cova Céltica». Como se verá mais adiante os membros desta tertúlia literaria da Cruña, Galo Salinas, Carré Aldao, Lugris, Pérez Ballesteros, Salvador Golpe... sumarán ao seu labor literário de diferente orde e valor unha directa actuación política através da Liga Galega na Cruña, sendo indeterminábel onde remata unha institución e comeza a outra.

Os elementos culturais non deben ser reducidos de nengun xeito a mera immadurez pre-política do rexionalismo, simple etapa mecanicamente precedente á movilización directamente política[6]. Pola contra, suministrarán ao mesmo tempo o núcleo fundamentador da Galiza como comunidade diferenciada, a matriz agregadora desa comunidade por riba das diferenzas internas, desenvolvendo unha funcionalidade directamente xenético-nacionalitária.

Por outra banda, a progresiva aparición de elementos estritamente políticos, avanzará desde formulacións ideolóxicas elaboradas polo núcleo de intelectuáis inicialmente portadores da problemática rexionalista até as sucesivas estruturas organizativas e prácticas do movimento, segundo a sua própria dinámica implemente a necesidade de ampliación de bases, colleita de apoios, e substantivación, en fin, da sua presenza no seo da sociedade galega. Precisamente, da consecución ou non destes obxectivos necesários dependerá tanto o éxito final do movimento como o próprio carácter do discurso rexionalista na sua específica concreción. Como imos ver decontado, o movimento, lonxe de aparecer por xeración espontánea cal Minerva armada da cabeza de Xúpiter, configurará-se en todo momento como un complexo e plural intento de implantación con carácter de masas na sociedade galega da época[7].

En definitiva, o rexionalismo en canto movimento periodizábel con entidade político-ideolóxica própria e substantiva, vai constituir unha específica síntese de elementos culturais e políticos diversos, indisolubelmente imbricados, tanto no campo ideolóxico como no organizativo. Neste orde de cousas, a funcionalidade desempeñada polos Xogos Florais no conxunto do movimento rexionalista resulta paradigmática de todo o devandito.

Tras do ronsel dos Xogos florais de Barcelona de 1859, baixo o influxo, á sua vez, do rexurdimento provenzal, celebraron-se en Galiza vários certames similares que, dotados dun carácter marcadamente literário nun princípio, pasaron a adquirir nos momentos de meirande axitación rexionalista unha significación directamente político-cultural como actos de afirmación patriótica e nídio vencellamento rexionalista[8]. A evolución neste sentido é innegábel. Nos primeiros xogos florais de Galiza que tiveron lugar na Cruña o 2 de xullo de 1861, organizados por López Cortón, Xosé Maria de Bussy e António de la Iglésia, somente algunhas das composicións apresentadas estaban escritas en galego e estivo totalmente ausente dun xeito explícito calquer elemento galeguista. Mália diso, a composición ganadora estivo xa redactada en galego e fora o poema «A Galicia» de Francisco Añón[9].

No mes de Agosto de mesmo ano tivo lugar outro certame semellante onde foi galardonado o poema de López Anciles «A noite de San Xoán».

Non será até os Xogos florais de Santiago de 1875 cando farán acto de presenza alguns dos que logo serian importantes líderes rexionalistas como Salvador Golpe (á sazón estudante de Direito) e Manuel Murguia[10].

Asi e todo, somente nos Xogos florais de Pontevedra de 1884 e na intervención de Victor Balaguer, mantenedor dos mesmos, se vinculou a institución dos Xogos florais á recuperación e desenvolvimento das culturas das «pátrias» Catalá e galega[11]. E no ano 1886, noutro certame na mesma Pontevedra, ao que máis adiante nos imos referir co máis vagar, consolida-se o carácter rexionalista da institución: o discurso de Murguia supera o ámbito da recriación da cultura galega para se converter en auténtico manifesto político de chamada á loita pola recuperación da dignidade nacional de Galiza.

Finalmente será en Tuy, no ano 1891 onde os Xogos acaden o seu ponto álxido, confirmando a tendéncia anterior no contido marcadamente político dos discursos e a estreita vinculación coa movilización rexional chegando a falar Brañas dos Xogos como unha das máis importantes manifestacións prácticas do rexionalismo[12]. Apartir de 1891, cultura e política non serán senón duas faces da mesma movilización rexionalista. Por outra banda, e paralelamente á tarefa de criación da *cultura nacional* através do desenvolvimento da língua, literatura música, etc., levaba-se a cabo a fundamentación histórica de Galiza como comunidade diferenciada. A procura no pasado das raíces da pátria, a elaboración dos *mitos fundadores* galegos fornecedores da *distinción* do específico galego face ao «alleo», a demarcación nos roteiros da história do próprio e o estraño, do amigo e o inimigo..., a idealización, enfin, do pasado que xustificará a loita pola recuperación da dignidade nacional orixinária.

A historización galeguista fornece a lexitimación do feito nacionalitário, construi os *sinais de identidade* e proxecta-se, finalmente, no mito da Idade de Ouro fundamentador da loita e movilización nacionalitárias[13]. Neste sentido, e desde meados de século, aparecen unha série de traballos históricos co obxectivo explícito de fundamentaren o feito diferencial galego, ausente nalguns o mínimo rigor histórico, presente noutros un certo criticismo, emprego de fontes ou despliegue de erudición, unha finalidade lles é comun: a *perspectiva patriótica*, o afortalecimento da difusa conciéncia diferencial galega.

Neste sentido, os traballos de SARALÉGUI, VICETTO e MURGUIA amosan unha importante ruptura frente aos de VEREA y AGUIAR e MARTINEZ PADIN[14]. En efeito a pesar da enorme distáncia que vai dun VICETTO a MURGUIA, ambos os dous desenvolven o seu labor co obxectivo explícito de fundamentaren as raices de Galiza cara á recuperación da sua dignidade e a sua emancipación. É a sua unha história patriótica, onde o fio condutor de todo o relato histórico o constituen os avatares dun país, dun-

---

4 Cfr. VILAS NOGUEIRA, X.: *Ideología y periodización del diferencialismo gallego en el S. XIX*, en VII Coloquio de PAU, Madrid, 1977, p. 20. Como veremos endiante, mais que a orixe ou a solidaridade coa problemática social do campesiñado, acode-se a este vasto sector da poboación galega a xeito de guardián das «eséncias pátrias»: língua, costumes, etc.

5 A presenza de elementos románticos ou pos-románticos nos nacionalismos ou pre-nacionalismos decimonónicos constitui, sen dúbida, un lugar común da bibliografia sobre o tema. Remetemos por todos a duas diferentes valoracións do problema: KAMENKA, E. «Political nationalism» en KAMENKA (edit.) *Nationalism. The nature and evolution af an idea*, London, 1976, pp. 3 a 20. e KEDOURIE, E. *Nationalism*, London, 1966, pp. 52 e ss.

No caso do «rexurdimento» galego, cfr. as matizacións ao respeito de MENDEZ FERRIN, X. L. en «Orixes da poesia galega do século XX: o formalismo», *Grial*, n.º 26, Out.-Decembro, 1969, pp. 406 a 412, onde se diferéncia entre o impulso orixinário, ao que nós facemos aqui referéncia, de carácter romántico que, porén, non se prolonga nun movimento literário galego romántico *stricto sensu*, por mais da presenza de elementos estéticos de tal procedéncia.

Ao analizarmos o pensamento de MURGUIA, voltaremos con máis vagar sobre o tema.

6 Neste orde de cousas, e referido á história do nacionalismo irlandés, ROBERT KEE ten asinalado tanto a coincidéncia entre o renacimiento cultural e a movilización a prol do *Home Rule* como a própia dinámica específica do eido cultural verbo do movimento estritamente político, independentemente do éxito ou fracaso deste último. *The Green Flag*, London, 1972, p. 427.

7 Arredor deste problema —o estabelecimento de vínculos entre a vanguardia intelectual rexionalista e as clases sociais da Galiza da época— vai xirar a problemática política do rexionalismo. As dificultades estruturais e mesmo as derivadas da caste de interpelación rexionalista serán o terreno onde se decida a consolidación ou non dun movimento de masas.

8 Cfr. «El regionalismo gallego» de ALFREDO BRAÑAS en *La Patria Gallega*, 30 de Marzo, 1981, onde se afirma que «... los Juegos Florales vienen a ser el compendio y resumen de nuestras aspiraciones».

9 CARBALLO CALERO, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, 1975, pp. 68 e 69.

10 Idem. pp. 133 e ss.

11 CARRE ALDAO, E. *La Literatura Gallega en el siglo XIX*, A Cruña, 1903, pp. 65 e ss.

12 ALFREDO BRAÑAS, «Discurso de Gracias nos Xogos Frorais de Tuy», *La Patria Gallega*, n.º 7 e 8, 15 xulio, 1891.

13 Para BOYD C. SHAFER, o labor dos historiadores nacionalistas integra un fenómeno «interno» á propia consolidación do feito nacionalitário, desenvolvendo unha eficácia específica e plural: tanto na idealización e dignificación do pasado nacional, como no estabelecimento do vínculo de pasado comun nos membros da nación, *Faces of Nationalism*, New York, 1974, pp. 334 e ss.

14 VEREA Y AGUILAR, José *Historia de Galicia. Primera parte, que comprende los orígenes y estado de los pueblos septentrionales y occidentales de la España antes de su conquista por los romanos*. Ferrol, 1838; onde se recolle da historiografia erudita francesa a ideoloxia do celtismo atribuindo á Galiza unha orixe céltica.

MARTÍNEZ PADIN, Leopoldo, *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia*, Madrid, 1849, quen incorpora o celtismo de Verea ao movimento provincialista ao que pertenecia mantendo o carácter liberal progresista así como o romanticismo nunha peculiar síntese.

ha nación no caso de MURGUIA, en loita polo seu desenvolvimento autocentrado en todos os ordes.

Así, por exemplo, o libro de LEANDRO SAREALEGUI y MEDINA, *La época céltica en Galicia*[15], centra-se no estudo das raíces celtas en Galiza dado que «...lo mismo que los caracteres físicos de las tribus antiguas, se han perpetuado sus condiciones morales en los habitantes de las mismas regiones que aquellas ocuparon, constituyendo la base del carácter nacional de los pueblos modernos»[16].

O estudo do pasado céltico da Galiza constitui unha obra «eminentemente patriótica» para SARALEGUI quen a enmarca nun máis amplo proxecto de «... librar de la ruina segura todos esos restos de la primitiva nacionalidad gallega»[17].

Nas mesmas datas que saía do prelo a obra de SARALEGUI, achaba-se en curso de publicación a *Historia de Galicia*[18] de BENITO VICETTO, quen conxugaba unha posición política liberal-progresista[19] cun historicismo romántico alleo por completo a calquer caste de erudición ou procura de datos fiábeis. Segundo el «.... lo principal para escribir la historia de un pueblo no son los datos; lo principal es la imaginación...»[20]. Os niveis de fantasia romántica dunha história que se abre con aquelas coñecidas palabras: «al retirarse las aguas del Diluvio, cuando la última onda, turbia y perezosa, se desvaneció en el azul trémulo del mar de nuestras costas...», «están explícitamente ao servizo de Galiza»... erigiendo en honor del País que nos vió nacer el monumento más valioso de su significación política en el tiempo»[21].

Galiza, por primera vez, adquire unha *substancialidade* esencial; porriba do paso dos anos e das idades amosa unha sorte de intemporalidade, lembrando o carácter romántico do Suxeito que se despega na História, poboandoa coas suas proezas e as suas loitas: «Galicia siempre será la misma... su clima, sus tradiciones, su historia se impondrán siempre y modificarán toda clase de innovaciones o inmigraciones»[22].

Mais o paso decisivo e sobranceiro cara á fundamentación histórica do feito diferencial galego dase sen dúbida na obra de MANUEL MARTÍNEZ MURGUIA. Na sua *Historia de Galicia,* que comenza a publicar-se no ano 1865, atopa-se o máis sério e militante intento de lexitimación histórica da Galiza como *nación.*

Compre-nos salientar axiña dous rasgos por máis que despois nos centremos con máis vagar no pensamento murguiano. En primeiro termo, asinalar o feito de que se ben MURGUIA remanece no seo da historiografia romántica, supera o seu âmbito en certa medida ao empregar por vez primeira prácticas «positivistas»: erudición, emprego de documentación, visita de arquivos, etc., en fonda ruptura coa historiografia galega anterior, e nomeadamente coa *Historia de Galicia* de BENITO VICETTO[23]. Esta orientación metodolóxica, apesar de ser denostada como romántica e idealista polo positivismo académico como imos ver de contado, implementou unha verosimilitude ao discurso Murguiano de fondos efeitos políticos cara a construción da conciéncia nacional galega. Precisamente nesta síntese de história documentalmente basada e elaboración mítica, e nomeadamente no mito do celtismo, vai residir a eficácia específica da Historización de Murguia que xogará un auténtico papel movilizador e político no seo do rexionalismo galego. O mito da orixe celta de Galiza, elaborado neses anos por PONDAL, SARALEGUI, VEREA, MARTINEZ PADIN, que atinxirá en MURGUIA a sua máxima expresión de auténtico *mito fundador* da comunidade galega, omnipresente no discurso rexionalista e desenvolverá unha plural eficácia tanto na tarefa de recuperación da dignidade galega dada á sua estirpe nórdica e ariana, como na unificación por riba das divisións sociais do conxunto dos galegos[24].

15 SARALEGUI Y MEDINA, Leandro, *Estudios sobre la época céltica en Galicia*, Ferrol, 1867.

16 Op. cit., p. 170.

17 Idem., p. 215.

18 VICETTO, Benito, *Historia de Galicia*, vols. I a VII. O Ferrol, 1865-1873.

19 VICETTO, pos-provincialista, fundador e redactor de *El Clamor de Galicia* (A Cruña, 1855), constitui un exemplo máis da coones-tación entre o apaixonado impulso romántico na procura histórica do pasado de Galiza e o mantimento da ideoloxia demoliberal. Segundo afirma con claridade no derradeiro volume da sua *Historia*:

> «Galicia... debe guardar cuidadosamente sus preclaros timbres y tradiciones seculares en lo que no se oponga a la actual civilización» (T. VII, p. 519).

20 VICETTO, op. cit., T. VIII, p. 239.

21 Idem, p. 517.

22 Idem, p. 518.

23 Cfr. neste sentido VILLARES PAZ, Ramón, «López Ferreiro e a historiografia galega», *Grial*, n.º 66, Outubro-Decembro, 1979, p. 431. Sobre da problematicidade interna que no interior do pensamento murguiano desenvolven os presupostos románticos cunha ideoloxia liberal, por mais que ambas as duas tendéncias sexan encadrabeis no seo do que TOPOLSKI denomina «riflessione genético-erudita». Cfr. *Metodologia della ricerca historica*, Bologna, 1975, p. 127 a 153— tentaremos unha clarificación na parte sistemática deste estudo.

Asemade, para Murguia, e isto é unha ruptura decisiva, a Historia de Galiza configura-se como História *nacional.* A polisémia precedente que consideraba a Galiza como «pobo», «pais», «rexión», «província»... vai ser radicalmente superada. Neste sentido, desde as primeiras páxinas do Discurso preliminar de 1865, Galiza será conceituada como «...una nación que no fue repartida como Polonia»[25]... «antiguo reino que tiene todas las condiciones que se necesitan para formar una completa nacionalidad»[26].

Nesta concepción de Galiza como *nación* que se vai manter e profundizar na obra Murguiana, hai un elemento que se configura xa cedo como o nó e cerne de toda a concepción Murguiana da Nacionalidade: *a raza.* O mito do celtismo ergue-se sobre a base da consideración central que para Murguia ten a raza na história das civilizacións. Frente ao submetimento e dependéncia de Galiza da época, Murguia fundamenta a posibilidade mesma da sua liberación na natureza racial superior, na *raza ariana* do pobo galego, que garda no seu interior o xerme da liberdade e o autogoberno. Asi «...los celtas... éstos son los padres y generadores de una población que lleva todavía impreso en el rostro las señales inequívocas de la raza a que pertenece. Todavía vivimos en Galicia los que nos gloriamos de ser hijos de aquellos hombres...»[27].

Ao mesmo tempo, Murguia amosa sobre a base racial devandita a História de Galiza como unha loita constante dun pobo por determinar libremente o seu destino, por conseguir a «deseada autonomía», por se ceibar do xugo de Castela[28]. Desfilan asi polas páxinas da sua história, através dunha procura exaustiva, os intentos e institucións de autogoberno que Galiza nalgun momento tivo como proba e lexitimación definitivas dunha nación derrotada e oprimida, mais en loita pola libre disposición do seu porvir.

Finalmente, é preciso asinalar que esta visión nacional da história de Galiza é compatibilizada por MURGUIA, no discurso preliminar de 1865, cunha valoración tinxida de elementos liberal-progresistas que matizan a contraposición Galiza-Castala. Asi, por exemplo, considera á nobreza galega causante da perda da autonomia de Galiza máis que á dominación de Castela[29]; desmitifica a figura de Pardo de Cela, valora enormemente a actuación de Carlos III na cuestión foral, etc., elementos todos eles que complexifican unha panorámica histórica que de ningun xeito se reduce a agresións alleas e pasa, ao contrário, polas actuacións das clases dominantes galegas. Como teremos ocasión de ver de contado, esta peculiar síntese de liberalismo e nacionalismo vai-se configurar como o fulcro da ideoloxia histórico-política Murguiana, por riba das modificacións parciais de distinto orde e alcance.

b. O agromar da problemática política «rexional».

Conxuntamente coas duas áreas anteriormente mencionadas: o desenvolvimento da cultura e língua galegas e a fundamentación histórica de Galiza como comunidade diferenciada, fai a sua aparición nos anos setenta, da man de reducidos grupos intelectuais, unha preocupación por Galiza e a sua problemática de tipo económico, social e finalmente político, que se expresará fundamentalmente através da prensa do momento. Medio este último que xogará un papel clave na movilización rexionalista e que co-

24 Mália a existéncia anterior en VEREA. PADIN e VICETTO da postulación dun pasado e raiceiras célticas para Galiza, somente en MURGUIA este factor construído e explicitado como auténtico fundamento na nacionalidade galega cuxa teorización èmprende paralelamente o historiador e na que o devandito mito ocupa un papel esencial. Con efeito, a natureza céltica da raza galega integra un elemento decisivo no proceso de construción de Galiza como nacionalidade. A sua funcionalidade agregadora por riba de diferenzas de clase ou ideoloxia, vencelladora de Galiza coas nacións europeas, dignificadora dun pobo tradicionalmente preterido e marxinado, despliega unha eficácia específica da que en modo nengun é capaz de dar conta a sua consideración como mero «atraso» metodolóxico-historiográfico de MURGUIA. Pola contra, alén ser entendida como defeito ou limitación pintorescos da construción murguiana debe ser integrada como un factor político-nacional de primeiro orde con carácter fundador do próprio feito diferencial.

Como ten asinalado Elise MARIENSTRAS, os intelectuais nacionalistas e pre-nacionalistas, ao definir a nación, impoñen paralelamente os critérios raciais, culturais e de ciudadania, en tanto que a nación non é senón unha nova sociedade en proxecto na que se marxinan os conflitos e contradicións e se presentan somente os aspectos unificadores do sistema. *Les mythes fondateurs de la nation americaine*, Paris, 1977, pp. 340 e 341.

25 MANUEL MARTINEZ MURGUIA, «Discurso Preliminar» a sua *Historia de Galicia*, Tomo I, Lugo, 1865, p. 185.

26 Idem, p. 222.

27 Idem, p. 9.

28 Idem, p. 26.

29 «... a los nobles gallegos nada debe Galicia, más que sus antiguos males y su postración de siempre...», idem. p. 114. «... fue asi Carlos III su amparo y salvaguardia, hizo por ella lo que ninguno de sus hijos...», idem, p. 205.

ñecerá un desenvolvimento realmente notábel nos anos de meirande pulo e axitación político-cultural.

A publicación de artigos en defensa dos *intereses materiais e morais* de Galiza nos que se abordan diversos temas que afectan dun xeito ou outro *á Patria* galega nos máis variados campos: agrícola, gandeiro, industriais, políticos, eleitorais, etc., serán unha realidade con presenza crecente a partir dos anos 70 e tomarán todo o seu corpo na década dos oitenta coa aparición dos xornais de carácter especificamente rexionalista.

En todo este movimento ideolóxico e reivindicativo, de defensa dos intereses galegos por riba dos diferentes grupos económicos e sociais que constituirá a Galiza como *centro de imputación* de necesidades, proxectos e personalidades e vontade própria irredutíbel a ningun grupo social concreto, portan a iniciativa dous homes de grande significación posterior ainda que por diversas razóns, no seo do rexionalismo. Un deles, MURGUIA, proseguirá o seu labor polifacético que abarcará todos os âmbitos da cultura desde o ensaio até o artigo polémico. Outro, máis novo, AURELIANO J. PEREIRA, desde a sua militáncia política federal, explicitará as suas arelas galeguistas através da sua actuación periodística nos xornais: *Diario de Lugo* e, máis tarde, *El Regional*. Pero, vexamo-lo todo con máis vagar.

A actividade intelectual e as intervencións ideolóxicas de Murguia terán tal peso, extensión e continuidae que, como máis adiante imos ver, somente dun xeito parcial chegarán a ser recollidas polo movimento que el mesmo contribuiu decisivamente a desencadear.

As actividades de Murguia neste campo poden-se remontar até a publicación no ano 1862 do *Diccionario de escritores gallegos*[30] que recolle unha ampla nómina de escritores en castelán e galego.

No ano 1879 o diário de Lugo publica un artigo seu titulado *De actualidad* no que se aborda a situación do campesinado galego co gallo das mas colleitas e a conseguinte fame xeneralizada. Realmente expresivo da concepción progresista e case prepopulista que por entón sostiña MURGUIA, que xa fixera aparición na dedicatória do primeiro volume[31] da sua história e que afectaria decisivamente á consideración da problemática galeguista, non será mantido por MURGUIA máis que dun xeito marxinal: «Nuestros campesinos tienen delante de sí, como un espectro amenazador, no sólo el hambre, sino sus inseparables compañeras, la usura y la peste... decir ruina y empobrecimiento de los campesinos equivale a decir ruina y empobrecimiento del país gallego»[32].

O mesmo tema volta a ser abordado por MURGUIA no ano seguinte na *Ilustración Gallega y Asturiana*, onde baixo o título de «El hambre en Galicia»[33] dirixe un chamamento á prensa madrileña para que en solidaridade coa situación que atravesa Galiza leve a cabo unha campaña de sensibilización da opinión pública.

Compre asinalarmos, porén, que a inclusión do campesinado no discurso de Murguia, mesmo nestes artigos que se centran dalgun modo na sua perspectiva, fai-se cunha notábel exterioridade e alleidade aos seus problemas concretos semellando máis representar e simbolizar ao conxunto dunha Galiza situada por riba dos intereses ou problemas que ningun grupo social concreto. O desenvolvimento posterior do ideário murguiano confirman, ao noso entender, as limitacións dun suposto populismo campesinista en MURGUIA, reducindo-o a unha evocación discursiva onde ecoan resaibos prepopulistas e máis a concepción, que no seu lugar veremos, do campesinado como depositário obxectivo das eséncias pátrias.

En anos anteriores MURGUIA polemizara fortemente con LAMAS CARVAJAL desde as páxinas de *La Ilustración*, desencadeando unha sonada discusión e alporizamento entre diversos sectores, mais sen maior incidéncia política que se gañar o autor a enemistade dalguns sectores da prensa galega[34]. Mais alén destas polémicas literárias, que á postre pouca relevância tiveron ao obxecto que aqui nos

[30] MANUEL M. MURGUIA, *Diccionario de escritores gallegos*, Vigo, 1862.

[31] MANUEL M. MURGUIA, «Prólogo» á *Historia de Galicia*, cit. p. XXXII:

«Y vosotros, humildes tribus de labradores y marineros... entre quienes nacimos y para quienes escribimos este libro que tanto tiempo tardareis en leer...»

[32] MANUEL M. MURGUIA, «De Actualidad», *Diario de Lugo*, 18 de Marzo de 1879.

[33] MANUEL M. MURGUIA, «El Hambre en Galicia», en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, n.º 16 de 1880.

[34] Con efeito, o enfrentamento LAMAS-MURGUIA, mália a sua virulência e duración, non reveste o carácter de «polémica trascendente» que lle atribui J. A. DURÁN, *Crónicas 1*, Madrid, 1974, pp. 29 e ss., non xa no eido político senón inclusive no propiamente literário por mais que a participación da prensa fose masiva: *El Correo Gallego* de O Ferrol, *La Concordia* de Vigo, *El Anunciador* e *El Telegrama* da Cruña, *El Porvenir* de Santiago e *El Diario* de Lugo. Polo demais, a relativa alleidade de LAMAS para co movimento rexionalista —mália a sua participación na Asociación Rexionalista e, finalmente, na própia Xunta de Defensa— deberia-se a factores moi diferentes que as acusacións de pláxio que MURGUIA vertera sobre o seu libro *Espiñas, Follas e frores* ou da patente baixa calidade de *Desde la Reja*.

ocupa, MURGUIA publicou na *Ilustración* artigos tan debatidos como «Nuevas injurias»[35] que haberian de ser reproducidos anos despois pola prensa rexionalista.

Neste artigo MURGUIA resposta a outro que co título «La codificación» publicara no diário *El demócrata*, TORRES CAMPOS, á sazón bibliotecário da Academia de Xurisprudéncia e Lexislación, opoñendo-se ao mantenimento das institucións do direito foral galego.

O interesante da contestación de MURGUIA non radica tanto a sua defensa das intitucións peculiares galegas como unha certa *relativización* coa que se aborda o tema. En efeito, o primeiro que chama a atención nas argumentacións murguianas é a falta de cuestionamento da necesidade de codificación, tentación que seria doada nunha perspectiva orgánico-historicista diante da posibilidade de que aquela supuxese a eliminación do direito foral. MURGUIA, ao contrário, reivindica o direito foral desde unha perspectiva crítica e de modernidade poñendo de manifesto o proceso doutros países europeus: «¿le parece mal al Sr. Torres que quiera el Ministro que las instituciones locales *dignas de conservarse en el Código civil*, como excepción aplicable al territorio en que hoy están vigentes, se conserven? Pues eso ha sido hecho en otras naciones y ha sido admitido como bueno para la codificación[36] (suliñado noso, R. M.). En momento algun se propón en Murguia un mantenimento «a outrance» das institucións forais en base unicamente ao seu carácter tradicional, senón á funcionalidade contemporánea que poden desenvolver, chegando a admitir-se a desaparición daquelas que se achasen en contradición cos princípios xurídicos contemporáneos. «El prescindir en esa reforma de los elementos florales *que estén conformes con los principios de la ciencia jurídica*... se querría acaso que se repitiesen de nuevo los errores en que, por desconocimiento de las cosas de Galicia, se cayó en la Ley Hipotecaria, ley que aún hoy no puede regir por completo después de decretada pasa de diez y nueve años?[37] (suliñado noso, R. M.).

Achamo-nos aqui perante un elemento decisivo da ideoloxia murguiana xa que a recuperación da tradición galega en tanto que mantenimento e promoción de institucións non se prologa nunha crítica pasadista do presente, añorando o antigo réxime no que aquelas se achaban vixentes. Pola contra, Murguia compatibiliza, con toda a conflitividade que iso conleva, *liberalismo* e *patriotismo*, aceitando o novo orde social que se estaba a impoñer en España. A aceitación pola sua parte —en terreno tan conflitivo para un forxador da identidade galega, procurador no pasado da lexitimación da nacionalidade, como era Murguia— dunha das tarefas centrais da revolución burguesa como é a codificación, en definitiva própria existéncia da lei, do direito, de fronte ao vello orde do privilêxio, integra sen dúbida un elemento de primeira magnitude cara a dilucidación da natureza da sua ideoloxia global que non pode ser descoñecido[38].

No mesmo ano e na mesma revista, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, publica MURGUIA unha série de tres artigos que levarán «Irlanda y Galicia» que serán reproducidos polo *Diario de Lugo*, unha vez máis, perante a negativo doutros xornais (como *La Voz de Galicia*, por exemplo) á sua publicación.[39]

Nesta intervención, MURGUIA, despois de se referir ás relacións mítico fundadoras de Galiza e Irlanda, irmáns na raza e na cultura pero tamén no seu tráxico destino de nacionalidades oprimidas, pasa a centrar a sua atención no problema da terra. As referéncias á mitoloxia das orixes: «Ith hijo de Breogán, fundador de la hermosa Brigancia, fue el jefe de la tribu, que, perteneciendo a la valiente raza de Gael, condujo a Irlanda sus primeros pobladores»... ceden

[35] MANUEL M. MURGUIA, «Nuevas Injurias» en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, n.º 13, 1880 e reproducido na *Revista Gallega* da Cruña o 21 de Maio de 1899.

[36] Idem.

[37] Idem.

Confr. asemade, sobre a problemática plantexada pola Lei Hipotecária en Galiza dada a presenza do domínio plural pre-capitalista, VILLARES PAZ, *La Propiedad de la tierra en Galicia*, Madrid, 1982 passim.

[38] Sobre a problemática da codificación, elemento fundamental na construción do Direito moderno frente ao mundo pre-capitalista do Privilêxio e, endali, a sua consubstancialidade coas transformacións da Revolución Burguesa, pode ver-se, ademais a clásica polémica THIBAUT-SAVIGNY, *La Codificación*, Madrid, 1975 passim.

BARTOLOMÉ CLAVERO, «Derecho y Privilegio» en *Materiales*, 4 julio-agosto, Barcelona, 1977, e «La Idea de Código en la Ilustración Jurídica», *Historia, Instituciones, Documentos*, Sevilla, 1980, p. 49 e ss.

TOMAS Y VALIENTE, *Manual de Historia del Derecho Español*, Madrid, 1980. Páx. 320 e ss.

A colisión entre as esixéncias rupturistas da Revolución burguesa e a ideoloxia liberal dunha banda, e por outra o proxecto de rescate a recuperación dos sinais de identidade, institucións, costumes, etc., dun pobo cara a construción nacionalitária, integra, sen dúbida, un lugar privilexiado de confrontación non somente da ideoloxia política global dos diferentes ideólogos rexionalistas senón da própia caste de rexionalismo ou nacionalismo que propoñen.

[39] MANUEL M. MURGUIA, «Irlanda y Galicia», *Diario de Lugo*, 3 e 30 de Abril e 15 de Maio do 1881.

pronto o seu lugar a consideracións sobre o réxime social de teneñcia da terra enfocada nunha perspectiva material desde o ponto de vista dos intereses dos campesinos. Pero máis que as reflexións que Murguia fai sobre a posíbel solución aos problemas irlandeses interesa ao noso obxecto o seu pronunciamento claro e explícito a prol da *redención dos foros na Galiza,* tema central do século XIX por canto afecta directamente ás mais básicas relacións de producción e á xeneralización da propriedade capitalista da terra.

Efectivamente, tras recoñecer que «El labrador irlandés dice hoy a su amo, lo mismo que el forero gallego de los siglos XVI al XVIII...» conclui afirmando: «Aceptad el hecho de los dos dominios sobre el predio, investid al útil de los necesarios derechos para que la posesión que le dais no resulte ilusoria; dejad al directo con los que se son propios y habreis echado la base de la futura grandeza de Irlanda. Tiempo tiene ésta después de llevar a cabo la última evolución y hacer que el arrendatario irlandés llegue como el forero gallego, gracias a la redención, a la plena posesión de la tierra que trabaja»[40]. En definitiva e a pesar forzada comparación de dous procesos certamente disímiles e através dun gradualismo que tenta evitar a transformación da nobreza terratenientе en burguesia agrária, coa inmediata proletarización do campesinado irlandés desposuído do domínio útil; Murguia pronuncia-se abertamente pola redención foral en Galiza que, convertendo ao campesino en proprietario através da acumulación do domínio directo e útil, realizaria unha tarefa ainda dependente da revolución burguesa[41].

Unha vez máis a fundamentación histórica da Comunidade galega e o mantenimento dos seus sinais de identidade é confrontada nunha perspectiva específic a, non volta cara o pasado da tradición senón á modernización económico-social de Galiza, vale dicer, á xeneralización do modo de produción capitalista.

Esta perspectiva é desenvolvida por MURGUIA nun libro publicado en Madrid naqueles anos sob o título: *El Foro. Estudios sobre la propiedad territorial en Galicia.* Sen nos deter na consideración polo miúdo das teses murguianas, cousa que faremos ao analizar especificamente o seu ideário, compre asi e todo asinalarmos os seus posicionamentos esenciais.

En primeiro lugar, MURGUIA desenvolve aqui en toda a sua extensión o mito do celtismo e da raza aria galega conectando a esta procedéncia étnica as formas tradicionais da propriedade na Galiza. Neste sentido, a eséncia étnica, fundamentadora da nacionalidade, permaneceu através dos tempos: «... los suevos hubieron de acomodarse al modo de poseer celta, que según todas las probabilidades se conservó entre nosotros a través del período romano»[42].

Asemade, MURGUIA volvese pronunciar esplicitamente pola redención foral: «Deseamos y pedimos, se dijo, la propiedad gallega foral en su inmensa mayoría, seguirá esclava, puesto que todavía no se han borrado en ella por completo, las huellas de su origen feudal»[43]. Asi e todo, nas páxinas finais e despois de pronunciar-se abertamente pola redención, MURGUIA afirma que mália ser «tan justa y conveniente al bien público» la redención, «debe permitirse y fomentarse el foro organizándolo según las tendencias de la actual sociedad»[44]. ¿Significa isto que a recuperación da tradición e as institucións galegas remata por se impoñer sobre o critério de contemporaneidade e modernización burguesa en Murguia?.

[40] Idem. *Diario de Lugo*, 15 de Maio do 1881.

[41] A máis moderna historiografia española ten amosado con claridade o equívoco que residia na negación ou «frustración» da Revolución Burguesa en Españ a en base á inexisténcia dunha Reforma Agrária que fixera ao labrego propietário parcelário. As tradicionais posicións no tema: NADAL, TUÑÓN e mesmo o FONTANA de *La quiebra de la Monarquía Absoluta*, Madrid 1970, cuxa presenza resulta decisiva nunha obra clave sobre os nacionalismos catalán como a de SOLE TURA *Catalanismo y Revolución Burguesa*, Madrid 1970 (correxida nalguns aspectos na edición de 1974), asentaba-se sobre unha plural equivocidade na que a Revolución burguesa se identificaba sucesivamente con: Reforma Agrária, Democracia Política ou Desenvolvimento Industrial; da auséncia destes rasgos na España da Restauración colexia-se a frustración da Revolución burguesa en España.

Non podemos deter-nos aqui nunha polémica decisiva para o entendimento da história contemporánea española e que incide directamente na consideración dos nacionalismos periféricos. Compre salientarmos, asi e todo, no terreo Revolución Burguesa-Reforma Agrária que aqui nos ocupa, que os traballos de BARTOLOME CLAVERO «Por un concepto de revolución burguesa», *Sistema*, n.º 13, 1976, pp. 48 e ss. e «Política de un problema: la revolución burguesa» en CLAVERO e outros: *Estudios sobre la Revolución burguesa*, Madrid 1979, páxs. 6 e ss., puxeron de manifesto que a transformación burguesa non consiste na redistribución fundiária entre o campesiñado senón na alteración do réxime xurídico e sócio-económico do plural domínio feudal en propriedade plena capitalista: a desaparición, en suma, das rendas feudais e a aparición da renda capitalista da terra.

Como resume deste dilatado debate na historiografia contemporánea, pode ver-se: JUAN SISINIO PEREZ GARZON, «La revolución burguesa en Spáña: los inicios de un debate científico» en X Coloquio de Pau, *Historiografía española contemporánea*, Madrid, 1980, páxs. 91 e ss.

[42] MANUEL MARTINEZ MURGUIA, *Estudios sobre la Propiedad Territorial de Galicia*, Madrid, 1882, p. 57.

[43] Idem. p. 231.

[44] Idem. p. 232.

Apesar da discusión que con máis vagar faremos máis adiante compre agora adiantar que a resposta a este interrogante e forzosamente negativa. En efeito, a contradición en que incorre MURGUIA ao postular o axeitamento do foro ás «tendencias de la actual sociedad» non é implementada polo acriticismo perante as institucións históricas, que conduciria a sua aceitación incuestionada, senón a consideracións de carácter social.

Trata-se concretamente dos temores murguianos de qua a falta de diñeiro nas mans dos campesiños impedira o paso destes a proprietários de pleno direito, sendo despoxados até da posesión que tiñan. O modelo da via campesiña, neste caso non violenta, de acceso á propriedade capitalista da terra coa conseguinte formación dunha capa de pequenos proprietários, é plantexada aqui por MURGUIA como desexábel frente ao modelo español de proletarización do campesiñado e paralela constitución dunha burguesia agrária.

O camiño recorrido desde as estritas consideracións culturais como a sonada polémica con Carvajal encol do pláxio de Rosalía é certamente notábel. A vinculación da problemática cultural galeguista cos problemas sociais de Galiza, en concreto do campesinado, semella asinalar un vieiro ao rexionalismo que, porén, se abandonaria máis adiante en aras doutras opción político-ideolóxicas, pero que adianta xa nos primeiros anos oitenta unha problemática ateigada de conexións coa sociedade galega.

Será precisamente da man de AURELIANO J. PEREIRA na que esta problemática atinga unha plena explicitación, inserindo-se nun terreno xa decididamente político e cuestionando o modo de dominación da Restauración. Através dunha polifacética actividade: director dos xornais *El Diario de Lugo* ou *El Regional,* labor na dirección do partido federal de Lugo, discursos, etc., etc., desempeñará PEREIRA un papel clave no xurdimento do movimento rexionalista ao que se esforzará por tinxir desde o seu início dun decidido alcance político.

Asi, apartir de 1879 o *Diario de Lugo,* dirixido e redactado case exclusivamente por PEREIRA, enceta a publicación de artigos nos que se abordan diversos problemas que afectan ao país galego. Galiza pasa deste xeito obxectivamente a ser considerada como *centro de imputación* dunha problemática específica e diferenciada nos campos económico, político, cultural, etc., como *núcleo articulado* por riba das diferéncias internas entre cidades, partidos, grupos de presión, etc.

Esta unificación dos galegos alén das divisións internas non é somente un resultado obxectivo desa interpelación discursiva centrada ao redor de Galiza e os galegos, senón que é asemade explicitada desde as páxinas de *El Diario de Lugo,* veiculada por sintagmas do estilo: «Unión es fuerza!» ou «¡Galicia sobre todo!»[45]. Xa desde 1879 publicaran-se no devandito xornal unha série de artigos abogando por unha representación galega nas Cortes españolas, pola exísténcia duns parlamentários galegos que, alén dos intereses de partido, defenderan a Galiza no seu conxunto.

Asi pois Galiza presenta-se por unha banda como un país diferenciado cunha problemática específica nos plurais eidos económico, cultural, político, etc. Pero alén disto, postula-se a necesidade de que este feito diferencial teña unha tradución política no seo do aparello do Estado da Restauración.

A defensa dos intereses materiais e morais de Galiza precisa e implica a existéncia de *parlamentários galegos,* é dicer, representantes da causa de Galiza no parlamento: «Reconocida la necesidad que siente nuestro país de diputados esencialmente gallegos, cuyo lema y línea de conducta sean ¡Todo por Galicia y para Galicia!, natural sería que no encontrase al menos en el cuerpo electoral oposición de ningún género una candidatura compuesta de personas idóneas, independientes de aspiraciones conocidas y que no harían de su representación escabel para subir...»[46].

Noutro artigo publicado alguns meses despois, volve-se a abordar a mesma problemática dun xeito moito máis explícito. Conxuntamente coa crítica á marxinación en que o Estado ten a Galiza coa colaboración dos representantes galegos en Cortes manifesta PEREIRA a sua confianza na democrácia representativa[47] e propón unha liña de acción, cara á superación do problema, de grande claridade.

Asi, chama-se en primeiro termo á unión de todos os galegos porriba das diferéncias, consolidando un rasgo que será omnipresente en toda a moviliza-

[45] Vid. *El Diario de Lugo* 26 e 31 de Maio de 1879.

[46] *Diario de Lugo*, 2 de Abril de 1879.

[47] «Galicia en el Congreso», *Diario de Lugo*, 6 de Xuño de 1879, onde se recollen afirmacións como estas: «si no tuviéramos convicciones profundas en la eficacia y bondad del sistema representativo, casi nos harian renegar de él».

LEOPOLDO PEDREIRA, no seu libro *El regionalismo en Galicia*, Madrid, 1894, afirma que o *Diario de Lugo* era redactado única e exclusivamente polo próprio PEREIRA personalmente, p. 195. Testemuña que, polo coñecimento deste que PEDREIRA posuia en base a vínculos persoais, permite-nos a atribución a PEREIRA da autoria dos editoriais de *El Diario de Lugo* que comentamos.

ción rexionalista. «No consentir que por falta de estos hábitos (de unidade, R.M.) seamos una colonia de los extranjeros que aprovechando de nuestra incuria acometan las empresas que no realizamos nosotros... por ser reacios a entrar en la vida moderna»[48]. E resultado desa unión —ao mesmo tempo que fornecedora da mesma, dado o feito ineludíbel de xogar na democrácia parlamentária— será a existéncia de diputados que «prescindiendo de sus opiniones políticas lleven ante todo por guía el interés del país que representan»[49].

En definitiva pois, un programa que tenta facer frente ao modo de dominación vixente e que non se contenta con metas puramente defensivas. Neste programa os elementos políticos e económicos camiñan de consun, sendo preciso abordar ambos os dous temas para sacar a Galiza do impasse no que está: representantes galegos nas Cortes e desenvolvimento industrial e agrícola autocentrado, son as duas necesidades dunha Galiza que «no exige protección al poder, pide justicia»[50].

Finalmente, PEREIRA desde *Diario de Lugo* é consciente do papel que ten que xogar a prensa nesta concienciación cívico-política: «Hay una aspiración que toma incremento y a la que la prensa regional consagra sus tareas: ¡*Galicia!*[51].

En suma, encontra-se, aquí, tan axiña prefigurados, unha série de elementos que o desenvolvimento do rexionalismo amosará como absolutamente centrais ao seu proxecto: Galiza como aspiración, Unión de todos os galegos porriba de diferéncias, necesidade, en fin, dunha *política própria galega* frente á subordinación á da Restauración (turno pacífico dos partidos, cunerismo, caciquismo, etc.).

O mesmo tema volve ser abordado de novo meses máis tarde, no mesmo ano de 1879, nun artigo titulado «Estado de la población rural en Galicia»[52]. Relaciona-se aquí a miséria da poboación campesina galega tanto co atraso e descoñecimento dos adiantos da técnica, como, e sobre todo, coas relacións sociais e políticas dominantes: a superposición das rendas forais e os impostos, dunha banda e o caciquismo doutra:

«Las ideas civilizadoras, el progreso y otras causas altamente beneficiosas conseguiron desterrar el feudalismo, odiosa institución cuyo recuerdo aún debe causar verdadera indignación al espíritu de los pueblos libres; más en el transcurso de los siglos, cual si fuese encargado de sostener indelebles las huellas del feudalismo, apareció el caciquismo rural, más temible y que ocasina más dolorosas consecuencias que el poder del que tomó vida y forma»[53].

E todo iso porque o caciquismo veu falsear o parlamentarismo, reducindo a cinzas as conquistas democráticas e representativas através do entramado político da Restauración que inverte os mecanismos de representación mediante un irrecoñecibel sistema eleitoral:

«De aquí nace el que el pueblo gallego, carezca de verdadera representación en las Cortes, porque la inmensa mayoría de los electores no pueden emitir sus sufragios con libertad y por eso se observa que las opiniones políticas de los diputados gallegos son siempre idénticas o afines a las de los que se hallan encumbrados en el poder»[54].

A necesidade de representantes galegos explicitada unha e outra vez desde as páxinas do *Diario de Lugo* contén xa «in nuce» toda unha concepción política do rexionalismo: *Galiza precisa unha representación parlamentária dos seus intereses específicos.*

Esta proposición implica a impugnación político-ideolóxica do modo de dominación vixente e do seu sistema de partidos o que conleva a potencialidade implícita da necesidade de reestruturación global do estado centralizado cara o autogoberno de Galiza nos asuntos internos como, e decisivamente, a unión dos galegos en tanto que tais en defensa dos seus intereses comuns, o que desembocaria *na necesidade dunha forza política galega* portadora desa problemática frente ao sistema de partidos español.

Reestruturación do estado centralista e criación dunha forza política defensora dos intereses de Galiza que agroman nestes artigos ainda levemente mais apontando xa un salto cualitativo no rexionalismo.

Asemade é preciso ter en conta outro elemento que se presenta nestes momentos iniciais con toda nitidez. Referimo-nos ao estreito vencellamento entre democrácia representativa e defensa dos intereses políticos galegos. En efeito, como xa vimos no fragmento citado arriba, é precisamente o falseamento sistemático do sistema eleitoral, a democrácia parlamentaria e o caciquismo— un dos elementos clave

48 Ibidem.
49 Ibidem.
50 Ibidem.
51 Ibidem.
52 «Estado de la población rural en Galicia», *Diario de Lugo*, 8 de Outubro de 1879.
53 Ibidem.
54 Ibidem.

fornecedores da inexisténcia dunha voz galega nas Cortes.

Pero ademais, a reivindicación dunha «política» própria de Galiza nas Cortes non se fai de ningun xeito nunha perspectva de antiparlamentarismo tan comun en certos sectores rexeneracionistas ou no catalanismo conservador, mesmo no de Prat de la Riba[55]. A crítica ao Estado da Restauración separ-se nitidamente da crítica ao Estado democrático e representativo, sen que a constante práctica da primeira se traduza nun abandono dos princípios xerais informadores do Estado burgués-liberal cara fórmulas corporativistas tiradas das formas precapitalistas de organización do poder político.

Xa vimos máis arriba como lonxe destas tentacións o *Diario de Lugo,* na pluma de PEREIRA, manifestaba as suas fondas convicións na «bondad del sistema representativo»[56]. Pero anos máis tarde, noutro artigo e baixo o rótulo de «Patriotismo gallego» establece-se xa dun xeito totalmente explícito o vencellamento entre a resolución dos problemas de Galiza, o patriotismo galego e a loita contra o caciquismo; propoñendo-se explicitamente a marxinación do entramado caciquil que todo o invade:

«Los representantes de un país víctima precisamente del caciquismo no deben prestar a éste ningún auxilio... dejando expedita la acción de los encargados de resolver en justicia cierta clase de cuestiones, o promoverla para que así obre en caso necesario. Por esto debiera comenzar el patriotismo gallego»[57].

En definitiva: própria representación de Galiza nas Cortes, auténtica democrácia representativa, e anticaciquismo, constituen tres elementos inescindíbeis do ideário que emerxe nas páxinas do *Diario de Lugo* e que posuen en poténcia toda unha série de desenvolvimentos futuros impugnadores da ideoloxia e sistema de dominación vixentes na España da Restauración, e que desembocarian loxicamente na postulación dunha organización política portadora deses intereses galegos marxinados polos partidos turnantes.

Noutro orde de cousas, compre referirmo-nos agora ao eco que atopan nas páxinas do *Diario de Lugo* os problemas económicos de Galiza. Constituen estes temas, sen dúbida, unha das preocupacións centrais do devandito diário que aborda en diversas ocasións problemas de especial significación na Galiza da época.

Así, no ano 1881, publica-se unha série de artigos co título «Causas principales del actual atraso de Galicia»[58], onde se analizan dun xeito máis ou menos sistemático os problemas e atrancos que se opoñen ao desenvolvimento económico galego. Neste sentido, e despois de tratar da incomunicación co resto de España, dos impostos excesivos, do atraso das técnicas agrícolas, etc., pasa a salientar-se con especial forza os atrancos estruturais que se opoñen ao desenvolvimento económico galego, en especial o réxime de propriedade da terra. O réxime foral, xa en crise pero con certo vigor ainda, é criticado con extremada dureza como un elemento disturbador do primeiro orde que é preciso eliminar axiña:

«Aunque muchas rentas forales han ido desapareciendo en virtud de las leyes desamortizadoras que autorizaron su redención, son en crecido número aún las que subsisten y vienen a constituir otra de las pesadas gabelas que abruman al cultivador e impiden el crecimiento de la riqueza. Hay pueblos en especial donde las tierras se hallan gravadas con tantas y tantas rentas que el colono ve con dolor al cabo del año que apena llega el fruto de su sudor para pagar el tributo a los señoríos...»[59].

Neste mesmo sentido, de recalcar os elementos estruturais que constituen atrancos poderosos ao crecimento da «riqueza gallega», pode aducir-se a polémica mantida co periódico católico de Santiago *El Libredón,* encol da emigración.

Frente ás protestas de *El Libredón*[60] da marcha de

55 Con efeito, como é coñecido a síntese de PRAT de LA RIBA, na que finalmente se recoñeceu a burguesia catalá, aunaba e coonestaba elementos tan dispares como a necesidade de superar a España oligárquica e agrária e construir unha España industrial, europea, capitalista, burguesa e, ao mesmo tempo, a crítica radical ao liberalismo, ao parlamentarismo e ao sufráxio universal. Cfr. neste sentido —mália a dirección que lle otorga a consideración da inexisténcia da revolución burguesa en España o que leva a entender a história do catalanismo como a história dunha revolución burguesa frustrada— o libro de SOLE TURA, J. *Catalanismo y Revolución burguesa*, Madrid, 1970, pp. 175 e ss.
56 Cfr. *Diario de Lugo* 6 de xuño de 1879.
57 «Patriotismo Gallego», *Diario de Lugo*, 8 de Marzo de 1883, onde se pode leer asimesmo: «De repugnante lo hemos calificado y nos parece poco si atendemos a los males que ocasiona; *las cuestiones de caciquismo no se arreglan, es decir, no debe arreglarse, deben destruirse sin miramiento ni consideración alguna*» (suliñado noso, R. M.).
58 «Causas principales del actual atraso de Galicia», *Diario de Lugo*, 19, 20, 21, 22 e 23 de Outubro e 9 de Novembro de 1881.
59 *Diario de Lugo*, 20 de Outubro de 1881.
60 *El Libredón*, 25 de Xaneiro de 1884, «La emigración» «Eso es, a robarnos brazos a la agricultura y a las demás industrias de Galicia que ya estamos sobrados de ellos».

man de obra tan necesária para o erguimento económico de Galiza, responde o *Diario de Lugo*[61]:

«...la emigración, debía saber el periódico del seminario, no es la que roba los brazos a la agricultura de Galicia, es, ilustrado colega, consecuencia inmediata del malestar de esa misma agricultura e industria que no pueden ofrecer ningún aliciente a esos brazos que se van a otros países en busca de lo que no encuentran en el suyo».

Xa PEREIRA, anos antes desde as próprias páxinas do Diário de Lugo escrebera no mesmo sentido da necesidade de reconducir a emigración ás suas causas:

«Asi, haciendo desaparecer las causas desaparecerá el efecto: que el gallego sólo combatiendo, después de haberlas estudiado, las causas originarias de esa deserción, podrá solucionar».[62].

No ano 1882 outra série de artigos debidos á pluma do federal SACO Y BREY volve abordar baixo o título: «El porvenir de Galicia» o tema do desenvolvimento económico galego postulando un programa económico no que se contemplan unha vez máis conxuntamente as posibéis industrias (siderurxia, tecidos, estaleiros...) que darian un forte pulo á economia galega como os atrancos que se opoñen a este desenvolvimento entre o que se situa nun lugar destacado o caciquismo[63].

Temática esta que volve ser tratada en diversos artigos nos anos seguintes como «La industria en Galicia»[64] no que se plantexan as posibilidades de desenvolvimento industrial autónomo en Galiza: estaleiros e siderurxia, ou «Nuestra opinión»[65] onde se apoia unha iniciativa da *Gaceta de Galicia,* diario liberal de Santiago, de proceder á «unión de capitales gallegos» cara a formación dunha sociedade anónima en Galiza que emprenda os negócios e as indústrias tan necesárias.

Asi e todo, e mália o apoio de unión de capitais —que traduce no terreno económico a proposta política de unión dos galegos que ven facendo hai tempo o *Diario de Lugo* —este xornal amosa a sua disconformidade co protagonismo que a *Gaceta* pretende outorgar-lle á prensa rexional na realización práctica da idea. En troques dun concurso periodístico de proxectos e memórias con prémios aos mellores deles o Diario lucense estima que deben ser os representantes nas Cortes e os concellos os que leven o peso da iniciativa e posta en marcha do tema que supera con moito a mera exposición de ideas: («es preciso distinguir —di-se-lle á *Gaceta de Galicia*— entre el patriotismo, la patriotería y la candidez»).

Agroma nesta desavenéncia unha polémica que reaparecerá en diversas ocasións ao longo das vicisitudes do movimento rexionalista, nomeadamente nos momentos de maior axitación político-ideolóxica, onde o papel da prensa adquirirá unha relevância notábel. Este amplo abano de preocupacións políticas, económicas e culturais, emprendido da man de PEREIRA polo *Diario de Lugo,* vai ser continuado con máis insisténcia e profundidade por *El Regional* que dirixido por PEREIRA, eficazmente secundado por AMOR MEILAN, e baixo o lema: «¡Galicia y libertad!», xogaria un papel central nos primeiros anos do rexionalismo.

Asi, no eido económico abordan-se con frecuéncia os aspectos que afectan a Galiza nos máis diversos ordes. Por exemplo, trata-se unha e outra vez do problema da *emigración,* nos que neses anos levaba-se ás Américas a milleiros de galegos, destacando unha vez máis os problemas estruturais de fondo da economia galega (foro, usura, desindustrialización...) que xeneran tal abandono do país[66].

Asimesmo, os rumores madrileños dun novo *estanco do sal* asi como a suba do imposto de consumos provocan fortes protestas de *El Regional* que asinala os negativos efeitos que conlevaria de se produ-

61 «¡Qué sarcasmo!», *Diario de Lugo*, 27 de Xaneiro de 1884, onde se engade:

«La mayoría de los que emigran, gente del campo, tienen sus bienes en manos de usureros y amenazados por el fisco que les exige lo que no pueden dar, abandonan el país para mejorar de fortuna y restañar las heridas que en sus haciendas producen las gabelas y malas cosechas».

62 AURELIANO J. PEREIRA, «La emigración», *Diario de Lugo*, 12 de Outubro de 1879. «Respecto a la emigración es necesario emprender una enérgica campaña contra las causas que la motivan...», por este vieiro a necesidade de modernización e desenvolvimento económico de Galicia pasará a situarse na base do rexionalismo de PEREIRA.

63 SACO Y BREY, EMILIO, abogado federal, autor de poemas en galego, como o incluído no «Album de la Caridad», e cuxo traslado a Madrid privou ao federalismo galego dun capacitado publicista. A colaboración aquí mencionada no *Diario de Lugo* sobre o título «El Porvenir de Galicia» apareceu en diversos capítulos os dias 17, 21 e 23 de Febreiro, 1, 4 e 14 de Marzo e 30 de Abril de 1882.

64 «La Industria en Galicia», *Diario de Lugo*, 11 de Marzo de 1883.

65 «Nuestra Opinión», *Diario de Lugo*, 20 de Febreiro de 1883.

66 Na década 1887-1897 o saldo migratório galego pode-se establecer arredor das 80.000 persoas. Para un estudo demográfico do tema. Cfr. XOSÉ A. LÓPEZ TABOADA, *Economia e población en Galicia*, A Cruña, 1979, pp. 56 e ss.

cir para a economia galega[67]. Por outra parte o anúncio da importanción de 4.000 cabezas de gando vacuno, con permiso e facilidades do goberno, promove unha enérxica protesta de *El Regional* en defensa da riqueza agropecuaria galega afectada gravemente naqueles anos por unha forte crise diante da progresiva perda do mercado inglés[68].

Finalmente, polo que á problemática económica se refere, publican-se diversos artigos adicados á industrialización en Galiza e as diferentes actividades que seria doado estabelecer dada a disponibilidade de recursos dos que poderiamos salientar dese anos de *El Regional* un artigo de VILLAR Y MASSO, «La Industria», no que se volve sobre as posibilidades do salgado e os estaleiros[69].

Noutro orde de cousas, no campo político, as denúncias de *El Regional* contra o sistema da Restauración e as suas eivas básicas desde unha perspectiva democrática, centran-se sobre todo nos aspectos mais notabéis do problema: o *caciquismo,* sempre en primeiro lugar, e os resultados do sistema eleitoral e de partidos imperante que conduce á inexisténcia de representación galega nas Cortes da man duns diputados que seguen co seu cometido de representantes de Madrid en Galiza[70].

No que se refere ao âmbito cultural, *El Regional* publica vários artigos co gallo do pasamento de Rosalía de Castro nos que suliña o seu labor a prol da literatura galega e o emprego do galego na escrita[71].

Paralelamente, a todas as intervencións devanditas, que configuran un panorama muito máis complexo e perto do político que o usual en anos anteriores, *El Regional* polemiza e intervén en debates da prensa do momento encol de temas que afectan a Galiza. Asi, por citarmos algun caso de certo interés: a polémica sostida con *El Diario español* que co gallo da celebración dunha conferéncia sanitária en Lugo acusaba aos seus inspiradores de ser partidários do «cantonalismo e a federación» ou ben o apoio a *El Libredón* por unha duríssima crítica que á centralización fixo o mentado diário e a que nos imos referir axiña[72].

Precisamente, con relación ao primeiro dos temas, ao «Congreso Sanitário de Lugo» —celebrado ao marxe do Goberno perante a situación sanitária provincial e rexional— e o apoio que frente ás críticas centralistas da prensa de Madrid se produciran daquela, PEREIRA e MEILAN albiscan por vez primeira a posibilidade dun movimento galego que acometa a defensa e afirmación de Galiza, obxectivos polos que viña loitando —solitário no médio da prensa galega— desde hai moitos anos:

«... y esas notas que partiendo de todos los pueblos de Galicia vienen a formar un armónico conjunto, prueban que aún existe en la Región Gallega un elevado espíritu patriótico cuyo impulso pudiera llevarnos a grandes empresas. Existe... pero duerme»[73].

Por estas datas, o labor de PEREIRA en *El Regional* en defensa dos intereses de Galiza, que conectaba polo demais coas preocupacións e intervencións de Murguia, vai ter un apoio na sua solitária loita por máis que nunha perspectiva notabelmente distinta en determinados aspectos. Trata-se de *El Libredón*[74], periódico católico de Santiago no que Brañas encetaba por aquel tempo a sua andadura periodística. Este diário —que afirmaba programaticamente que «apartándose de toda idea política se dedicaría únicamente a defender los intereses reli-

67 «El impuesto de consumos y los Diputados Gallegos», *El Regional*, 30 de Abril de 1885.

«La ruina de Galicia», *El Regional*, 8 de Maio de 1885.

68 «Contra Galicia», *El Regional*, 10 de Xullo de 1885. Acerca da crise do mercado exportador de gado a Inglaterra, XAN CARMONA ten afirmado que:

«as exportacións encetan un debalo en picado a partires de 1883 que, agás unha leve recuperación nos anos 1888 e 1890 de carácter meramente coxuntural, continuará nos anos seguintes pasando a esmoreceren a partires de 1892, ano no que á xa mínima demanda de cebons galegos en Inglaterra, vaise engadir a prohibición do goberno inglés sobre tais importancións...»

Sobre as orixes da orientación na producción bovina galega. As exportacións a Inglaterra na segunda metade do Século XIX, Anuario de Historia, Grial, Santiago, 1981.

69 VILLAR Y MASSO, «La industria, *El Regional*, 21 de Marzo de 1885.

70 «Nuestros Diputados», *El Regional*, 11 de Xuño de 1885.

71 «Rosalía de Castro», *El Regional*, 17 de Xullo de 1885.

72 «El asunto del día, *El Regional*, 25, 26 e 27 de Agosto de 1885.

73 *El Regional*, 8 de Agosto de 1885.

74 *El Libredón*, autotitulado «Periódico católico», editaba-se na imprensa do Seminário maior de Santiago, e era o sucesor desde 1880 do xornal *El Porvenir* este último fundado en 1875 por ANDRÉS REY VARELA o seu director e editado por JOSÉ MARIA PAREDES, no consello de redacción figuraban: ANTONIO TOLEDO QUINTELA, que mais adiante seria o seu director e propietário, BARJA, QUEIMALINOS e ALFREDO BRAÑAS.

Polo que respeita ao *Libredón*, periódico fundado polo cardenal PAYA, coñeceu este duas etapas. Na primeira delas achaba-se dirixido por TOLEDO QUINTELA e tiña un consello de redacción integrado por: BÁRCIA CABALLERO, LÓPEZ MOSQUERA, BARJA e ALFREDO BRAÑAS.

giosos, morales y materiales con exclusión de toda idea de partido», e contaba entre os seus redactores ademais do próprio BRAÑAS con personas como BARCIA CABALLERO que destacarían na movilización rexionalista— foi intervindo progresivamente na problemática galega da man de BRAÑAS. Isto será especialmente patente cando este acceda á dirección do xornal tras a morte do seu director TOLEDO QUINTELA, pasando o periódico a asumir unha peculiar síntese de catolicismo tradicional e preocupación localista e galeguista, como o expresa o próprio BRAÑAS:

«...penosísimas pero gloriosos campañas en pro de los intereses económicos de Galicia y de Santiago y de la Santa Causa de nuestra religión sacratísima»[75].

Todo ao longo de 1885 *El Libredón* publicóu diversos artigos de temática galega, denunciando a «postración de Galicia» e os males da centralización, actitude que atinguirá o seu ponto álxido no seu editorial de 8 de agosto 1885 que suscitóu máis dun alporizamento en sectores oficiais. Falába-se ali en tons e de temas descoñecidos nun diário católico da Galiza da época:

«¿No le basta a la centralización liberal, disponer como le acomoda de nuestros hijos e intereses; no le basta dejar en la miseria a nuestros aldeanos, poner en dificultades el desarrollo de nuestras industrias... y pretender unificar nuestras costumbres y tradiciones...? ¿si desde la Villa y Corte de Madrid hace la centralización liberal lo que se le antoja no solamente en lo que se refiere a los intereses generales sino a los regionales y locales...?»[76].

Ao mesmo tempo que esta decantación de *El Libredón* cara a problemática galega, na emigración cubana e da man de WALDO A. INSUA, fundaba-se na Habana en Xuño de 1882, o semanário *El Eco de Galicia*, baixo o lema: «Galicia ante todo, Galicia sobre todo»[77].

Neste semanário abordaron-se conxuntamente temas de vária índole: económica, cultural, emigración, notícias de Galiza, etc. denotando os editoriais de INSUA unha preocupación polos temas candentes da Galiza da época. Por poñer alguns exemplos podemos citar: «Ferrocarriles gallegos» aparecido no mesmo ano de 1882, onde se fai unha apoloxia do ferrocarril como instrumento de progreso para Galiza, necesário para o «engrandecimiento del pais por medio del comercio y la industria». Neste sentido critica INSUA a inmovilización dos capitais galegos («muerta allí la iniciativa particular») polas suas tendéncias á especulación e a alleidade ás inversións produtivas nos sectores «punta» como o ferrocarril, e remata cun chamamento á prensa galega solidarizando-se co movimento a prol da aceleración das vias férreas[78].

En «expresión de gratitud», publicado o ano seguinte, co gallo do agradecimento aos colaboradores do semanário insiste INSUA na sua idea de facer unha obra de todos os galegos, unidos en tanto que tais baixo o nome de Galiza como idea central que define diferenzas[79].

Pero, a partir do 27 de Abril de 1885, co gallo do pasamento de Toledo, QUINTELA enceta unha segunda etapa, baixo a dirección de BRAÑAS, en continuidade coa sua liña tradicionalista anterior pero máis vencellado ao rexionalismo, integrando o seu consello de Redacción CONSTANTE AMOR e HERMENEGILDO CALVELO (carlista santiagués) e colaboraban habitualmente: BARCIA CABALLERO, SEGADE CAMPOAMOR, LOPEZ FERREIRO e VILLELGA RODRIGUEZ. Polemizando constantemente por aqueles anos co *Diario de Santiago*, de talante liberal, no que escrebian BIBIANO FERNANDEZ, ALFREDO VICENTI, SALVADOR GOLPE e LOPEZ MORA.

Finalmente, *El Libredón* pechou por dificultades económicas o 20 de Abril de 1887, traspasando os seus suscritores e consello de redacción a *El Pensamiento Galaico*, que mantivo desde os seus comezos un marcado carácter carlista.

75 «¡Antonio Toledo Quintela!», por ALFREDO BRAÑAS, *El Libredón*, 17 de Abril de 1885. BRAÑAS, por aquel tempo, era profesor auxiliar de direito nos departamentos de Direito Mercantil e Economia Política e Facenda Pública, sucesivamente, ocupando o cargo de Secretário da Universidade Compostelá no curso 1884-1885 até a morte de Alfonso XII e o cámbio político conseguinte. Fundou o «Ateneo Gallego» e participaba activamente na «Juventud Católica», asociacións nas que participaron outros que serian destacados rexionalistas como BARCIA CABALLERO e CABEZA DE LEON. Cfr. «Alfredo Brañas» en *Gaceta de Galicia*, 23 de Febreiro de 1900 e «Brañas: apuntes biográficos» *El Eco de Santiago*, 12 de Marzo de 1900.

76 *El Libredón*, 8 de Agosto de 1885.

77 No era polo demais a única publicación galega na illa. Saían á luz ao mesmo tempo: *Galicia Moderna*, semanario literário, e os mensuais: *Revista de Galicia* e A *Gaita Gallega*, fundado e dirixido por M. LUGRIS FREIRE, integramente escrito en galego, que durou desde Agosto de 1885 ao 30 de Setembro de 1889.

O *Eco de Galicia*, fundado e dirixido por WALDO A. INSUA, que, como LUGRIS, se integraria posteriormente no rexionalismo liberal coruñés, no 8 de Marzo de 1878, desaparecendo e sendo refundado no 1882, permanecendo até 1898.

Cfr. JUAN MANUEL ESPADA, «El Regionalismo Gallego en Cuba», *Galicia*, n.º 12, Decembro de 1888, pp. 621 e 622.

78 «Ferrocarriles Gallegos», *El Eco de Galicia*, 31 de Decembro de 1882. Entre as características que tivo a penetración do ferrocarril en Galiza, poderiamos asinalar: o seu carácter tardio verbo da restante rede española, a incapacidade do capital rexional para a sua financiación e un elemento que vai aparecer con forza en diversos momentos da movilización rexionalista: os enfrentamentos localistas dos grupos económicos dominantes que dada a sua heteroxeneidade enfrentaron ás poblacións da Cruña, Lugo, Santiago e Vigo.

Precisamente o auxe da construcción das redes ferroviarias en Galiza terá lugar entre os anos 1873 e 1886, nos que se construiu a liña Lugo-Monforte-Ourense-Tui-Vigo. Cfr. XAN CARMONA BADIA, «Ferrocarril», *Gran Enciclopedia Gallega*.

79 «Expresión de Gratitud», *El Eco de Galicia*, 6 de Xaneiro de 1885.

Finalmente, dous anos máis tarde, en «Situación actual de Galicia», relaciona-se estreitamente o rexurdimento de Galiza coa revolución «Gloriosa» e a necesidade do desenvolvimento capitalista:

«Fue, decirlo no es pecado, la revolución de septiembre la primera manifestación de progreso en Galicia... por suerte, los sucesos de septiembre vinieron a levantar el espíritu de los nuestros, a agitar el polvo de las poblaciones gallegas»[80].

O devandito editorial remata plantexando a necesidade de industrialización e activación da economia galega, paralizada pola falta de inversión. Sen afondar nas causas últimas de tal falta de inversións, na permanéncia dunha estrutura prescapitalista da propriedade da terra, INSUA chama idealisticamente a unha meirande actividade económica:

«El capital está allí aún retirado: a las industrias fáltales un gran nervio, el dinero... es la sangre vivificante que debe regenerar a Galicia: láncenlo a la plaza los que lo poseen, emprendan obras de pública utilidad... reclamen del Gobierno apoyo para las modernas industrias..., sustituyan, teniendo en cuenta los adelantados de la época, los cultivos en la agricultura...»[81].

En definitiva, para INSUA, os plantexamentos galeguistas achában-se indisolubelmente vencellados dunha banda ás liberdades públicas e ao réxime democrático-representativo frente á Restauración; e por outra á xeneralización do modo de produción capitalista en Galiza: á superación dos elementos precapitalistas, ainda con forza respeitábel nas relacións produtivas, e pola outra na necesidade dun proceso de industrialización e mercantilización da economia galega.

Vemos deste xeito como xa nos anos anteriores a 1886 agroman algunhas diferenzas importantes entre os portadores da reivindicación diferencial rexionalista que máis adiante se revelarán como contradicións de fondo, como auténticos proxectos diferenciados.

Así, e por riba de diferenzas de segundo orde que no seu momento amosarán un peso importante, compre asinalarmos un dobre posicionamento nas intervencións galeguistas que rematamos de examinar.

Para MURGUIA, PEREIRA, INSUA, por citarmos os persoeiros máis sobranceiros da liña maioritaria, a problemática galeguista vai inserida no interior dun proxecto de modernizacion social de Galiza en todos os ordes, vinculado á consecución dunha auténtica democrácia parlamentária, degradada e falseada pola Restauración, e ao desenvolvimento capitalista de Galiza através da eliminación dos rasgos feudais ainda persistentes na sua economia, dun proceso de industrialización, modernización de cultivos, etc. Pola contra, para o incipiente e minoritário sector encabezado por BRAÑAS, a perspectiva é moi outra: a centralización é vista como consecuéncia da democrácia e o galeguismo como a procura das libertades tradicionais.

A evolución posterior dará conta, ao explicitaren-se máis concretamente as diferenzas, do fundamental que para o movimento rexionalista resultará a escisión que agora, nos lindeiros de 1886, apenas comeza a mostrar-se.

Compre finalmente, para rematarmos esta exposición dos prolegómenos do movimento rexionalita, referir-nos a un feito cultural de certa importáncia. Trata-se da fundación, no ano 1885, da *Biblioteca Gallega* por ANDRES MARTINEZ SALAZAR e *FERNANDEZ LATORRE*. Sendo o primeiro deles un destacado rexionalista, apesar da sua orixe astorgana, que participaria activamente na organización da Liga Galega na Coruña[82] e o segundo o director de

80 «Situación actual de Galicia».

81 Ibidem.

82 ANDRES MARTINEZ SALAZAR, naceu en Astorga o 8 de Febreiro de 1846 e faleceu na Cruña o 6 de Outubro de 1923, pertencente ao corpo de arquiveiros dirixindo nesta última cidade o Arquivo Histórico de Galiza.

Fundou a Revista *Galicia*, e a *Biblioteca Gallega* que contou con un total de 52 volumes e na que se recollen importantes obras rexionalistas. Membro da Liga Gallega da Cruña, integrando na sua Xunta directiva, foi máis tarde Presidente da Real Academia Gallega, publicando, asemade, coleccións documentais de interés como a *Crónica Troyana*, A Cruña, 1900, *Documentos Gallegos de los siglos XIII al XV*, A Cruña, 1911 etc. etc.

O Comité rexionalista de Ourense pediu o seu nomeamento como fillo adoptivo da Galiza polo seu labor a prol do rexionalismo desde os próprios comezos da Asociación rexionalista. Cfr. *La Patria Gallega*, 15 de Xullo de 1891.

Compre salientarmos verbo de MARTINEZ SALAZAR un dado abondo esquecido ou descoñecido da sua biografia política: *a sua militáncia no partido federal*. Con efeito, achámonos aqui outravolta perante unha converxéncia de rexionalismo e federalismo semellante á de PEREIRA, MIRAMBEL MARISTANY ou LEIRAS PULPEIRO, salva a especificidade irreductíbel de cada un dos casos mentados.

Endali que no «Proemio» ao seu libro *El cerco de La Coruña en 1589* A Cruña, 1889, referindo-se á ausência dunha perspectiva arredista no rexionalismo afirma: «La idea exclusivista de separatismo no existe en Galicia sino como forma y recurso meramente poéticos: sólo algunos espíritus elevados piensan si seria ventajaso para Galicia su anexión al vecino Reino de Portugal... El peligro vendría en este caso, de los regionalistas monárquicos, porque los republicanos, numerosos en Galicia, son en su mayoria federalistas y enemigos, por ende, del separatismo y la anexión». *El Cerco*... cit. p. 15.

La Voz de Galicia, xornal liberal coruñés. A Biblioteca Gallega, que atinguíu a cincuentena longa de volumes publicados, foi unha importante plataforma desde a que o discurso rexionalsta se manifestóu da man dos seus persoeiros nos máis variados campos: ensaio, poesia, memórias, etc. enchendo asi un baldeiro difícil de cobrir dado o escaso desenvolvimento do rexionalismo e a sua escasez permanente de recursos[83].

Precisamente, e de xeito significativo, o primeiro volume que abriu a série foi *Los precursores* de M. M. MURGUIA, considerado sen dúbida como un dos fitos fundadores do rexionalismo.

B. O desenvolvimento ideolóxico-cultural do rexionalismo: o certame literário de Pontevedra e o florecimento da prensa rexionalista.

O agromar das intervencións xenericamente galeguistas que vimos de analizar ten a sua eclosión no ano 1886, no que compre datar a orixe do movimento rexionalista. Neste ano a celebración dos Xogos Florais de Pontevedra e Betanzos, a multiplicación da prensa centrada na problemática de Galiza, e outras intervencións como libros, discursos e conferéncias... asinalan os comenzos dunha *movilización ideolóxica* que pasa crecentemente a se autodenominar *rexionalista.* A fundamentación ideolóxica dunha conciéncia de galeguidade que aqui comenza a desenvolver-se dialécticamente enfrentada co modo de dominación da restauración e coa sua ideoloxia e discurso. Antes de atinxir manifestacións político-organizativas en sentido estrito, o rexionalismo enceta un proceso de loita ideolóxica e impugnanción do discurso dominante e contra o aparello de poder que o sustenta e reproduce, incidindo en aspectos centrais do mesmo: revalorización diferencial de Galiza como unha rexión ou mesmo nación no seo de España, a impugnación da estrutura política da Restauración e as suas prácticas centralistas e antidemocráticas: O modelo de Estado unitário, cunerismo, caciquismo, a política do bloque dominante no estado, etc. etc. En definitiva, unha plural e complexa loita da que de nengun xeito dá conta a sua conceptualización como «culturalismo».

Vexamos as primeiras manifestacións desta movilización a partir deste ano de 1886 onde una vez máis no turno pacífico dos partidos tocara-lle ao Liberal a xestión gubernativa.

Neste orde de cousas é preciso falarmos de *Los precursores,* a obra de MURGUIA que cimenta o movimento[84], recollendo as biografias e aportacións dos devanceiros do rexionalismo galego; síntese de «los esfuerzos de dos generaciones a favor de la Pequeña Patria»[85]. O primeiro elemento que resulta preciso amosar é que o libro, alén do terreno erudito e documental, posui un contido e unha explícita intencionalidade movilizadora de intervención diante da opinión pública galega:

«No temo el naufragio de las ideas que sustenté toda mi vida, pero entiendo que es hora de sacarlas del estrecho círculo en que fructificaron hasta el presente... ni la campaña ha terminado, ni perecieron todos los combatientes, ni la victoria ha coronado tantos esfuerzos... Siendo la perseverancia la verdadera virtud de los pueblos, y la lucha el signo de su vitalidad, yo os lo digo vale más en verdad pelear... contra sombras y sin esperanzas de triunfo, que permanecer mudos e inactivos como cadáver que busca tierra[86].

Un manifiesto, en suma, e unha chamada ao «despertar» tan características nos movimentos pre-

Acerca da sua militáncia federal, poucos dados posuimos mentres non se concluan as investigacións de XAN MORENO sobre do federalismo galego nestes anos. Asi e todo, consta de xeito patente que no ano 1891 MARTINEZ SALAZAR era o representante do Comité federal de Betanzos no Comité Provincial da Cruña. Cfr. *El Telegrama*, 13 de Abril do 1891.

Asi mesmo, co gallo da petición do seu nomeamento como fillo adoptivo da Galiza polo Comité rexionalista de Ourense, o líder dos rexionalistas ourensáns, ALBERTO GARCIA FERREIRO —de quen, se ben non consta a sua militáncia federal, sabe-se a sua proximidade político ideolóxica ao federalismo escrebia en *El Resumen* de Madrid: «MARTINEZ SALAZAR... cree, como muchos regionalistas gallegos, que si el regionalismo científico, literario y artístico se compadece con cualquier forma de gobierno: *el regionalismo político, económico y administrativo, tiene sus verdaderos y naturales cauces dentro del sistema federal*». Reproducido en *El Telegrama*, 26 de Maio de 1891 (Subliñado noso, R. M.).

En definitiva, un caso máis de converxencia político-ideolóxica federo-rexionalista, nesta ocasión nun persoeiro do rexionalismo da Coruña, que amosa o específico achegamento de certos núcleos federais galegos, alén do suposto carácter abstracto, ao movimento rexionalista.

83 Este carácter de plataforma rexionalista da *Biblioteca Gallega* e patentizado polos comentários da prensa da época, inclusive a non rexionalista perante a presenza na mesma de autores como PEREIRA, BARCIA CABALLERO, PONDAL, CURROS, MURGUIA, DE LA IGLESIA, etc. etc.

Cfr. *La Voz de Galicia*, «La Biblioteca Gallega, 31 de Xaneiro de 1886. O apoio da Voz de Galicia viña dado pola participación de JUAN FERNANDEZ LATORRE, propietário da mesma, na criación da Biblioteca Gallega.

84 MANUEL M. MURGUIA, *Los Precursores*, A Cruña, 1886.

85 Idem. p. 13.

86 Idem. p. 16 e 17.

nacionalistas[87] na que se invocan conxuntamente tanto as raices históricas da nacionalidade como a tradición contemporánea de loita polo seu erguimento. Porque, en efeito, por unha banda afirma-se sen dúbidas a natureza nacional de Galiza: «fácilmente se ve que es una nación que todavía no se ha revelado a si misma»[88].

Pero por outra centra-se o ensaio encol das realizacións dos devanceiros, que como «conciencia de Galicia», da sua personalidade, infundiron vida própia á nacionalidade através das suas loitas. O elemento da *conciéncia nacional,* como se verá ao analizarmos especificamente a ideoloxia de MURGUIA, pasa a ocupar un lugar destacado na sua concepción da nación, como elemento criador e orixinario da nacionalidade galega:

«...el espíritu de una generación que parecía haber traido al mundo como única tarea, la de crear una nueva Galicia, y fecundar los gérmenes de vida que este pueblo encierra»[89].

Alén da pura glosa das Glórias literarias de Galiza que conxuntamente con outros devanceiros resultan biografiados por MURGUIA, o interés é centrado por este unha e outra vez nas suas loitas desde diferentes presupostos a prol da *idea de Galiza;* enlazando coa tradición do Provincianismo. Como el mesmo di referíndose ao alzamento de 1846:

«Aguirre y Pondal no fueron tan solo los jefes del movimiento literario de su tiempo, sino también los partidarios de una idea política y sus entusiastas propagadores. La cosa no era nueva ni dejaba de estar en la tradición de una juventud que, en los momentos de peligro se agrupa alrededor de la bandera acribillada a balazos y guardaba bajo el techo de la Universidad»[90].

Deste xeito, o galeguismo histórico, o renacimento literário e a política liberal-progresista artícúlan-se nun todo na concepción rexionalista de MURGUIA, que pon deste xeito as bases dun movimento político-ideolóxico diferencialista reivindicando e recuperando aos seus «precursores», fundamentando historicamente o feito diferencial galego, teorizando a Galiza como Nación, chamando, en fin, á *intelligentsia* galega para que se sume ao movimento e se comprometa na «lucha salvadora de la patria gallega».

Precisamente en base á interpelación que desde as primeiras páxinas do libro dirixia aos escritores galegos, aos que criticaba por teren deixado de lado e esquecido a tradición galeguista, MURGUIA foi contestado duramente por estes sectores e algúns dos seus órgaos de expresión, *Galicia Moderna* de Cuba e outra prensa rexional. Asi, en base á oposición e alporizamento que motivou nestes sectores o libro de MURGUIA, ficou inédita unha prolongación do mesmo que tiña preparada.

Pola contra, a prensa rexionalista do momento saudou con entusiasmo a aparición de Los Precursores. Para *El Regional, La España Regional* e *El Eco de Galicia* o libro constituia un auténtico fito do rexionalismo[91].

Precisamente, *La España Regional* considerou-no como o ponto de partida do rexionalismo galego:

«El regionalismo tiende hoy a influir en el orden político social. No solo tiene completo conocimiento de su finalidad, sino que lo expresa sin rebozo en el libro «Los Precursores».

A esta declaración do órgao rexionalista catalán responde MURGUIA en carta aberta a INSUA: «tal es en efecto el alcance que he querido dar a mi libro»[92]. O camiño percorrido desde as primeiras manifestacións culturais é xa, no ano 1886, limitado mais perceptíbel.

a. Os Certames literários do ano 1886.

En 1886 celebra-se en Pontevedra, convocado pola revista *O Galiciano,* un «Certamen gallego literario-musical» onde os traballos presentados deberian estar redactados en galego. Foron premiados nel LABARTA POSE e ALFREDO BRAÑAS coa sua

87 Para SYMMONS-SYMMONOLEWICZ, K., o proceso do despertar nacional («national awakening) desenvolve-se através de duas concomitantes actividades colectivas: o labor dos intelectuais (historiadores, folcloristas, etc.) redescobrindo e revaluando a própia cultura nacional e o labor dos poetas e literatos dando unha nova expresión criativa á personalidade diferenciada nacionalitária, poñendo asi as bases do xurdimento dunha comunidade distinta. *Nationalist movements: a comparative view*, Meadville, 1970, p. 21 a 25.

No específico eido cultural-literário e acerca do redescobrimento das raíces gaélicas polos escritores irlandeses do XIX e a criación sobre desta base dunha «cultura nacional», pode ver-se o clásico estudo de DANIEL CORKERY, *The Hidden Ireland*, Dublinn, 1977 (first. p. 1.924) passim.

88 MANUEL M. MURGUIA, *Los Precursores*, cit. p. 20.

89 Idem. p. 182.

90 Idem. p. 134.

91 Cfr. neste setido *El Regional*, 12 de Marzo de 1886, onde se recollen as críticas *Galicia Moderna* e a defensa de *El Regional*.

92 MANUEL M. MURGUIA, «Carta aberta a Waldo A. Insua», en *El Regional*, 17 de Maio de 1886.

composición a «Víspera de San Xoán» e reinou todo o tempo un grande «entusiasmo patrio»[93].

Presidido por MURGUIA, pronunciou este un discurso que causaria enorme impacto na intelectualidade galega pola sua radicalidade e mesmo os temas abordados que superaban con moito o mero ámbito literário deste tipo de festas.

En efeito, MURGUIA vencella desde o comenzo da sua intervención os Xogos Florais ao movimento rexionalista galego, empregando a expresión por vez primeira en toda a sua dimensión político-ideolóxica, vencellando-a coa tradición que remonta ao provincialismo:

> «Los que creen que el movimiento regionalista es cosa pasajera conocen muy poco la historia de la Europa moderna y la índole de los problemas que la civilización va planteando a su paso».
> «Estos Juegos florales son puros hijos del espíritu regional... por ellos entramos en la renovación de los pueblos enteramente modernos»[94].

Resulta realmente significativo dos plantexamentos murguianos que nuns xogos florais destinados ao cultivo dunha língua e á recuperación de costumes do país, se refira ao valor de *modernidade* que isto ten, ausente por completo de toda referéncia pasadista.

Pero ademais MURGUIA volve a insistir na caracterización de Galiza como Nación en base á sua xeografia, cultura, história e raza diferenciadas, resaltando o *factor étnico* como o proveedor do sinal de identidade máis fondo por canto a raza celta equipara os galegos aos pobos nórdicos, superiores, na que reside a esperanza do progreso e a separa das «africanas», como a española, de carácter efémero. De todo isto deduce con radicalidade un replantexamento das relacións Galiza-España:

> «Que lazo de sangre, que lazo histórico ha de unir a naciones cuya cultura tiene tan distinto origen y fundamento?... ¿creeis pues que basta un decreto y bastan cincuenta años de centralización para borrar de una vez para siempre las diferencias de clima, de historia y de sangre?»[95].

Formulacións estas que, trascendendo o ámbito do movimento rexionalista, non serian recollidas e incorporadas até o nacionalismo galego do século vinte.

Esta realidade nacionalitária implica un vínculo de unión entre todos os galegos por riba de diferenzas noutros ordes. MURGUIA interpela aos seus ouvintes desde esas bases que todos posuen en comun como membros dunha mesma raza, produto da mesma história, cidadáns da mesma nación...

> «...no os hablo en este momento como hombre de partido, ni obedeciendo a sus mandatos, sino pura y simplemente como hijo de Galicia...»[96].

A identificación *orixinária*, natural, patriótica xoga o papel de recompoñer as fidelidades «artificiais» dos intereses económicos e políticos co estabelecimento de novos vínculos: Galiza como realidade prístina concitadora dunha nova lealdade patriótica, demarcadora de novos umbrais, límites e fronteiras: a distinción entre o próprio e o alleo. Finalmente, o orador despois de atribuir aos xogos florais de Pontevedra o carácter de autenticamente galegos en base ao emprego obrigatório do galego situa o uso da língua nun lugar sobranceiro na movilización rexionalista:

> «Las lenguas son las verdaderas banderas nacionales... conservemos la nuestra y peleemos en su nombre y a su sombra... El estudio de las lenguas no oficiales es una de las obras más patrióticas e interesantes que pueden emprender los pueblos con habla propia»[97].

En definitiva, o chamamento de MURGUIA á *intelligentsia* galega para que cese o «abstencionismo de las inteligencias» na rexeneración de Galiza recolle e sistematiza elementos que foran xa avanzados no ano 1865 Galiza como nación no seo dunha das «grandes nacións europeas donde viven en conflicto diversos pueblos», mais nunha perspectiva directamente movilizadora e de acción.

A forza, a radicalidade deste discurso murguiano causou grande impacto na «opinión» galega, nos seus círculos intelectuais, e induciu algunha polémica entre os próprios seguidores rexionalistas.

Asi por exemplo, *La Voz de Galicia*, diário liberal alleo polo xeral á causa rexionalista, apoiaria a campaña que encetara o periódico lucense *El Regional* entendendo-a como unha mera campaña de prensa en defensa dos intereses de Galiza[98], reproducindo o texto do discurso de MURGUIA[99] e publicando un artigo titulado «Regionalismo» no que da conta da aparición pública do rexionalismo na Galiza da man das resoantes intervencións de MURGUIA:

> «¿Quién duda que aquí, en Galicia, palpita también el espíritu regional, siquiera hasta ahora no haya rebasado ostensiblemente los límites de lo científico, ni aún en ese orden se haya definido con toda la claridad apetecible? ¿Quién desconoce que en el pueblo gallego existen tendencias regionalistas, aunque ellas no arranquen de una madurada convicción y si de un sentimiento que quizás sea como misterioso recuerdo del pasado?... ahí están como última prueba las dos obras que revelan en medio del más hermoso lenguaje literario, la idea del regionalismo gallego... Nos referimos al libro del Sr. Murguía *Los Precursores* y al discurso leído por tan ilustre literato en el certamen *gallego* (suliñado no orixinal, R. M.) de Pontevedra»[100].

Deste xeito, e por primeira vez en moito tempo, a Galiza oficial decataba-se da existéncia do movimento rexionalista que xa levaba tempo espallando as suas ideas por medio dos seus iniciadores: MURGUIA, BRAÑAS, PEREIRA, INSUA, etc., que até entón non merecera a atención dos «grandes periódicos», dos «políticos de altura», etc. agás algunha crítica, marxinal, aos seus plantexamentos.

Precisamente, diante desta valoración de *La Voz de Galicia*, *El Regional* de Lugo, dirixido por PEREIRA, asinalada a sua estraneza diante da novidade causada polo discurso de Murguia e que os artigos publicados en meses anteriores por el mesmo non acharan máis que a indiferéncia dos que agora se decataban da existéncia[101] do rexionalismo, todo o cal ven ubicar o certame de Pontevedra como a saída á luz do movimento.

Polo demais, e co gallo dunha polémica de *El Regional* co *El Libredón* na que este último atribuia algunha suspicácia frente a MURGUIA, El Regional responde que:

> «...las ideas que aquel ilustre gallego sostuvo en Pontevedra son las que hemos defendido constantemente en la prensa... lo que hay es que no aceptamos alguna de sus afirmaciones...»[102].

Todo o cal adianta a existéncia de diferenzas de plantexamento entre MURGUIA e PEREIRA que somente se explicitarian máis adiante, en toda a sua dimensión, no percorrer das vicisitudes do movimento.

Finalmente, compre facer mención dos Xogos Florais que no mesmo ano tiveron lugar en Betanzos convocados polo diário *Las Mariñas*, cun ton menor aos de Pontevedra e de carácter bilingüe.

Tanto entre os participantes como entre os membros do xurado achaban-se alguns dos que máis adiante terian unha importante participación no rexionalismo.

Asi, o xurado integraban no DANIEL SUAREZ, ANTONIO DE LA IGLESIA, JOSE MARIA MONTES e SALVADOR GOLPE, e entre os concursantes estaban: SALVADOR CABEZA DE LEON, MANUEL AMOR MEILAN (cun poema en galego titulado «Galicia») e ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ[103].

Mália o seu carácter oficialmente bilingüe as composicións premiadas e máis celebradas[104] foron as escritas en galego, resultando ganadora unha composición de LABARTA POSE, moi na sua liña, titulada: «Probe Xan, probe Xaniño, probe gaiteiro de Baio».

Es definitva, e como reflexión final, compre asinalarmos que tanto un como outro certame literário superan de feito o ámbito cultural para inserir-se nun complexo proceso de movilización diferencialis-

93 *O'Galiciano*, 20 de Xullo do 1886. O xurado estaba integrado por MURUAIS, RIEGA, POSADA e ARMESTO. É de salientar a faceta musical do mesmo, constituindo estes xogos florais, sen dúbida, un fito na reivindicación do próprio folclore galego. Neste sentido musical compre salientarmos tamén a interpretación da composición de Marcial del Adalid «Bágoas e sonos».

94 MANUEL M. MURGUIA, *Galicia Regionalista*, discurso no Certame literário-musical de Pontevedra, *La España Regional*, Barcelona, T. II. 1886, p. 3 e ss. Publicado tamén en *El Regional*, 21 de Agosto de 1886.

95 Ibidem.

96 Ibidem.

97 Ibidem.

98 «... nos brindaron su apoyo (*La Voz de Galicia*) entendiendo que tratábamos de una campaña en pro de la unión de la prensa...» *El Regional*, 21 de Agosto de 1886. *La Voz de Galicia*, 5 de Agosto do 1886.

99 MANUEL MARTINEZ MURGUIA, «Galicia regionalista», discurso leído en los Juegos Florales de Pontevedra, *La Voz de Galicia*, 13 de Agosto de 1886.

100 «Regionalismo», *La Voz de Galicia*, 14 de Agosto de 1886. Mais a actitude do xornal coruñés amosa ao mesmo tempo unha innegábel suspicácia diante da natureza do movimento rexionalista: «Concrétense, discútanse, salgan a la luz los propósitos que aún permanecen ocultos», especialmente patente nas referencias ao catalanismo: «No hay sino que ver lo que pasa en estos días en la región catalana; alli, dejando al lado ciertos errores económicos... y pasando por alto las exageraciones de ciertas gentes, voceros de todas las extravagancias...» Ibidem.

101 *El Regional*, 21 de Agosto de 1886, recordando o seu posicionamento rexionalista, cabe decir «avant la lettre», nos tempos do *Diario de Lugo* afirma:

> «... en consecuencia de nuestros intereses de antaño en que hubimos de reñir batalla con ilustres diarios madrileños que calificaban de separatistas nuestras doctrinas y confundian el ¡Todo por Galicia! con ¡Guerra a Madrid!...»

102 Ibidem.

103 *La Voz de Galicia*, 17 de Agosto de 1886.

104 Dados sobre o certame de Betanzos tirados de *La Voz de Galicia* de 17 e 18 de Agosto de 1886.

ta que baixo o alcume de rexionalismo, plantexaba xa nestes anos, e antes de dispoñer dunha organización própria, unha série de temas e propostas en enfrentamento á ideoloxia centralista da Restauración. O cultivo da «cultura rexional» galega explicitaba e veiculaba a accesibilidade do feito diferencial chamara-se rexión, província, ou nación como en MURGUIA.

Postas as bases da distinción de Galiza no interior de España, a concreción político organizativa —sen «superar» xamais o frente cultural— era cuestión de tempo

b. A prensa nos comezos do movimento rexionalista galego.

A prensa vai xogar un papel clave no rexionalismo en canto movilización ideolóxico-política, como veículo de expresión da ideoloxia rexionalista, como plataforma desde a que se impugnarán diferentes aspectos da ideoloxia, política e estructura centralista, se defenderá a própria língua e cultura... en suma desde a que se tentará construir un discurso alternativo e promover a sua aceitación. Funcionalidade esta comun no xurdimento dos movimentos nacionalistas e pre-nacionalistas[105], tanto no âmbito cultural como político-ideolóxico estrito, terá no rexionalismo galego unha máis importante significación, se cabe, pois as crises internas do movimento e os seus fracasos políticos sobrancerán o papel xogado pola prensa, que nalguns momentos constituirá o único fio condutor entre intentos sucesivos de erguer unha organización estábel.

Da man da *intelligentsia* rexionalista a prensa vai coñecer un desenvolvimento importante tanto en número de periódicos rexionalistas como na calidade de alguns deles. Dacordo co devandito, o feito mesmo de que o movimento rexionalista se reduza unicamente ás intervencións escritas da prensa, ou aos ensaios, reforzará a autonomia do seu discurso, a sua non correspondéncia co nivel político-organizativo, promoverá un desenvolvimento ideolóxico sen referendo práctico, o que permitirá adiantar elementos que somente serán incorporados muitos anos máis tarde, mais que inserirán, asimesmo, no seu cerne esa caréncia e falta de contraste cotidiano coa realidade social galega.

Botemos, pois, unha ollada á prensa de carácter rexionalista, máis que por ver con ánimo descritivo os seus aspectos cuantitativos, por analizarmos como através da mesma xurden diferentes perspectivas ao abordar a construción do discurso ideoloxia-rexionalista. É dicer, que elementos se promocionan e cais se marxinan, que valores político-ideolóxicos se vinculan aos valores rexionalistas galegos; en definitiva que intereses de grupos ou clases concretos se presentan como intereses de Galiza e de todos os galegos. Por ningures como através da prensa podemos asistir á construción e deconstrucción do rexionalismo como discurso e como programa, ás suas continuidades e descontinuidades, ás suas fracturas internas, ás suas tendéncias, á articulación progresiva, en fin, do mesmo núcleo comun rexionalista a diferentes ideoloxias, e xa que logo, a distintos proxectos estratéxico-políticos.

1. *La Región Gallega*

O 1 de outubro de 1886 comeza en Santiago de Compostela a publicación do xornal *La Región Gallega*, «diario político independiente de intereses materiales y morales de Galicia», baixo o lema «Todo por Galicia y para Galicia» e a dirección de M. MURGUIA[106].

O xornal, mália a sua corta vida, pois non chegou ao ano seguinte, desempeñou un papel central nos momentos iniciais do rexionalismo, através de artigos e sonadas polémicas da man do seu combativo director, nas que se plantexaba «a causa» con grande radicalidade[107].

Neste sentido, compre asinalar que a mentada radicalidade non residia tanto no seu programa inicial como nos desenvolvimentos que ao socaire da coxuntura se foron facendo en sucesivos números de *La Región Gallega*. En efeito, nada podia facer pensar que de aquel programa postulado no número primeiro:

> «A la región debe confiársele el cuidado de su lengua, de su literatura, de su arte, de sus costumbres y leyes especiales de derecho privado, y de sus intereses administrativos particulares»[108].

saíran logo pronunciamentos verbo do carácter nacional de Galiza e agrias críticas a personalidades públicas.

Así, no mesmo mes da sua fundación, nun artigo titulado «El Congreso Jurídico español» critica o uniformismo xurídico e proceder centralista nos congresos xurídicos nos que se aborden problemas comuns a toda España:

> «Los repetidos congresos debieran ser puramente regionales, y los acuerdos y resoluciones adoptados en éstos, sobre los diversos puntos sometidos a discusión, se sometieran luego a la deliberación de un congreso nacional, compuesto de representantes de los regionales, y depurando las diferencias que pudieran existir, adoptar concluisones definitivas que pudieran llevarse a la práctica»[109].

Noutro orde de cousas, é altamente significativo do posicionamento político murgiana a polémica co xornal *El Clamor del País*, diario romerista de A Coruña que rexeitaba as esaxeracións «federalistas» de La Región Gallega e se pronunciaba por un rexionalismo «ben entendido», de claro trasfondo centralista.

Frente ás acusacións do diário da Coruña son sumamente esclarecedoras as contestacións de la Región Gallega:

> «Nosotros no sostenemos la independencia a administrativa, judicial y política de las distintas regiones o comarcas en que está dividida la nación española: nosotros no pretendemos hacer de la región un nuevo reino: nosotros, en una palabra, no aspiramos a constituir una federación. Pero si no pretendemos aquella independencia ni aspiramos a esta federación, pretendemos y deseamos en cambio y ahelamos para nuestra Galicia, lo que los catalanes para Cataluña, los valencianos para Valencia... pretendemos y aspiramos a que se respete en cada una de ellas la intervención directa para las cuestiones que reconozcan por causa de diferentes climatologías, etnográficas y aún históricas que de modo evidente influye en la vida de cada comarca y que por consiguiente nadie con mejor inteligencia y conocimiento de causa puede resolver. Esta es la síntesis de nuestras aspiraciones»[110].

Texto este que resulta de importáncia, pois por unha banda contén unha diferenciación nídia do federalismo como alternativa á organización do Estado, e por outra é o primeiro texto rexionalista no que se explicita, por máis que con innégabel vaguedade, a esixéncia de autogoberno para os asuntos próprios galegos. Até este momento as arelas de un goberno galego achaban-se implícitas na historización do vello Reino de Galiza e das suas Xuntas, pasando a partir de agora a asumir progresivamente formas máis nidias. A própria dificuldade de definición dunha reestruturación do Estado español, desde a perspectiva da distribución territorial do poder político, que se desmarque por unha banda do federalismo e o independentismo e pola outra do Estado unitário, conxuntamente coa problemática da concreción dun programa dadas as diferenzas internas como veremos de contado, formecerá o retraso na elaboración dun *modelo de descentralización* rexionalista.

La Región Gallega, polo demais, proseguiu a sua campaña rexionalista abordando temas tais como a denúncia da emigración e as suas causas[111] ou as críticas ao arzebispo de Santiago por lle dar cárregos importantes a xente non galega (canónigos asturianos), seguindo así unha tendéncia histórica que Murguía remonta á Idade Media cos efeitos desnacionalizadores que conlevou a presenza da xente allea en postos civis e eclesiásticos[112].

Son de especial interés uns artigos que baixo o título «¿Que es nación?» saíron á luz en La Región Gallega a finais de 1886[113]. Neles, nunha perspectiva teórica xeral MURGUIA procede ao deslinde das ca-

---

105 Sobre o papel central xogado pola prensa no xurdimento, consolidación e agregación do movimento nacionalista e en especial na loita ideolóxica anti-estatalista nas nacións negadas e proscritas, pode ver-se o magnífico estudo de ALEXANDER BENNIGSEN E CH. LEMERCIER-QUELQUEJAY: *La Presse et le mouvement national chez les musulmans de Russie*, Paris, 1964.

106 *La Región Gallega*, «Diario político independiente», foi inscrito no rexistro municipal o 27 de Setembro de 1886 e encetada a sua publicación o 1 de Outubro do mesmo ano. Foi o seu Director MANUEL MURGUIA e o seu propietário e editor FAUSTINO DE ORANTES Y MAGALLON, de quen é preciso salientarmos a sua *militáncia federal* no partido santiagués, participando en calidade de delegado nas discusións sobre o *Proyecto de constitución para el futuro estado Galaico*, no ano 1887. Trata-se dunha interesante converxéncia de federalismo e rexionalismo dabondo esquencida, pois foi sob a financiación de ORANTES y MAGALLON como saiu a rua *La Región Gallega* voceiro rexionalista fundamental na história do movimento, tanto pola sua radicalidade como pola sua incidéncia polémica ao servizo da causa.

107 «... las circunstancias de ser su fundador-propietario D. FAUSTION DE ORANTES y su Director el ilustre gallego D. MANUEL MURGUIA, produjeron cierta sensaión, que se ha trocado en verdadera algazara entre los periódicos gallegos, mayormente, cuando planteó franca y abiertamente la cuestión del regionalismo y emprendió enérgica campaña contra ciertas personas y ciertos abusos que parecían gozar del privilegio de estar inmunes a la censura pública». *La España Regional*. T. I. Barcelona, Nov. 1886. Páx. 57.

108 *La Región Gallega*, 1 de Outubro do 1886.

109 «El Congreso Jurídico Español», *La Región Gallega*, 5 de Outubro de 1886.

110 «¿Lo vé el Clamor?», *La Región Gallega*, 20 de Outubro de 1886.

111 «La emigración Gallega», *La Región Gallega*, 18 de Outubro de 1886. Nesta campaña contra da emigración, a prol da eliminación das causas que a motivan, foi aopiada a publicación de MURGUIA por *El Independiente* de Vigo que nestes primeiros momentos se mostrou moi próximo ao movimentos rexionalista. Cfr. *El regional*, 15 de Agosto de 1886.

112 Alén das denúncias contra do Gobernador Civil, de León e do Reitor da Universidade de Santiago, teñen certo interés as denúncias a que aqui nos referimos ás autoridades eclesiásticas. En concreto, *La Región Gallega*, da man de MURGUIA protesta pola entrega da dirección do seminário compostelán aos xesuítas, habendo sacerdotes galegos ilustrados así como o nomeamento de coengos asturianos para a catedral, esixindo: «que se prefieran para los cargos a los hijos del País, y lo mismo suceda con las reformas que se acometan que si interesan a la religión, no se olvide que interesan asimismo a Galicia». Citado de *El Regional*, 22 de Outubro do 1886.

113 Artigos aparecidos no mes de Novembro de 1886 en *La Región Gallega* citados por *La España Regional*, T. II de 1886, p. 241 e ss.

tegorias de Estado e Nación, diferenciando-as, resaltando a sua non correspondéncia e abrindo asi a posibilidade da existéncia de Estados plurinacionais.

É preciso salientarmos a polisémia de Nación e rexión e os usos que de un ou outro conceitos fai MURGUIA. En efeito, sen adiantarmo-nos aqui a unha analise que faremos no seu lugar máis detidamente, compre asinalar que MURGUIA se refere a Galiza como Nación canda fala histórica, étnica ou lingüisticamente, na perspectiva de fundamentar á comunidade diferencial galega. Mais cando trata de achegar apoios para a causa rexionalista ou desmentir, amosando moderación, acusacións de independentismo ou federalismo, adoito emprega o término de «Región».

A polisémia desenvolve asi unha funcionalidade política pois por unha parte permite a fundamentación máis radical posíbel do feito diferencial galego e por outra facilita o desmarque do federalismo e o separatismo, a moderación programática e a aglutinación de apoios.

Nesta ocasión, MURGUIA sen referir-se directamente a Galiza, mais tendo-a presente sen dúbida, explicita o seu conceito de nación «in abstracto». E isto resulta de grande interés pois o conceito que emprega:

«comunidad natural de hombres unidos en una vida común por la morada, el origen, las costumbres y el lenguaje, que tienen conciencia de esa comunidad»[114].

Tráta-se dunha definición tirada de MANCINI; literalmente, da sua obra *«La nazionalitá comme fondamento del diritto delle genti»*[115], o que resulta dunha importáncia decisiva no clarexamento da caste de nacionalismo ao que se adscrebe MURGUIA.

Non é este o lugar onde abordar o problema, mais compre asi e todo adiantarmos que a decantación de MURGUIA á hora de escoller un conceito de nación, o de MANCINI, e polo tanto a sua adscripción ao nacionalismo *liberal,* non pode ser esvaída pola atribución ao mesmo dun carácter de «nacionalista orgánico». En efeito, mália a acollida de elementos organicistas na concepción murguiana da nación: raza, língua, história, etc... a sua explícita adscripción ao nacionalismo liberal amosa ineludibélmente os límites do organicismo que nun principío pode sospeitarse en base á avaliación de elementos tais como a *raza* no conxunto do seu pensamento.

En canto aos direitos que toda nacionalidade posui de seu, MURGUIA estabelece, moderando o ideário manciniano de «un Estado para cada Nación»:

«1.° El uso de la *lengua nacional*. La confederación suiza que cuenta a penas con un millón más de población que Galicia admite la existencia oficial del alemán, del francés, italiano y del románico.

2.° La conservación de las costumbres que perseveran en cada territorio nacional.

3.° la continuidad de las instituciones jurídicas, pues partiendo éstas de un pasado respetable... son sumamente comprensibles y fáciles para los que las aman y soportan»[116].

Como se ve con claridade, a indeterminación das institucións xurídicas das que se fala, que tanto poden ser públicas como privadas, deixa o dereito ao autogoberno nunha situación precária e de grande vaguedade. En efeito, a necesidade de próprias institucións políticas de goberno galego fica nestes momentos presa de grande ambigüidade: por unha banda o rexeitamento do separatismo e o federalismo elimina a esixéncia dunha organización política estatal, e pola outra non se tracexan ainda con claridade as fronteiras entre unha descentralización política e unha mera desconcentración administrativa que o próprio partido conservador non tardaria en ofrecer desde o goberno[117] no seo do Estado unitário.

Polo demais o labor crítico-patriótico de *La Región Gallega* proseguiu até finais do ano e tras unha polémica con *El Libredón* encol da situación de abandono da biblioteca da Universidade de Santiago, na que o periódico católico defendeu ao reitorado[118], entablou unha polémica con *El Correo Gallego* de Ferrol, que atribuira ao movimento rexionalista unha grande indefinición no seu ideário, e nos seus «proxectos de gobierno».

A resposta de *La Región Gallega* amosa grande

114 Ibidem.

115 Cfr. P. S. MANCINI, *Diritto Internazionale. Prelezioni*, Napoli, 1873, p. 37. Na prelección ao corso de direito internacional marítimo, pronunciada en Torino o 22 de Xaneiro do 1851, sob do coñecido título *Della nazionalitá come fondamento del diritto delle genti*, MANCINI remodela os factores constitutivos nacionalitários: língoa, xeografia, raza, etc. articulando-o unha perspectiva liberal na que a nacionalidade é definida como «a explicación colectiva da libertade», op. cit., p. 38.

116 MURGUIA, «Qué es nación?», cit.

117 En concreto referimo-nos ao Proxecto Silvela-Sánchez de Toca «De Gobierno y Administración Local» de 20 de Xullo do 1981, que analizaremos con máis vagar decontado.

118 *La región Gallega*, 7 de Decembro de 1886.

interés pois aborda o tema, decisivo en toda movilización nacionalista ou pre-nacionalista, da unidade por riba dos partidos políticos existentes:

«¿Significa esto que los que aman al país, que los que rinden culto a la nueva patria, tienen un plan distinto para la gobernación del Estado? ¡Qué error más lamentable!. Casualmente, en amar la pequeña patria, en preferir todas sus cosas, y en pedir que se conserven, van de consumo, al menos en España, carlistas y republicanos... Un punto en el que las más opuestas escuelas políticas convergen es la guerra declarada y enérgica contra los absurdos males sin término de la centralización. Que difieran... del sufragio universal, de la soberanía nacional y otros esenciales principios nada importa. Los une y hace hermanos el amor al suelo natal...»[119].

Como vemos, o discurso de MURGUIA desenvolve-se nas liñas anteriores con grande moderación o que constitui sen dúbida un elemento ideolóxico político de gran interés. Efectivamente todo sucede como se MURGUIA tivese dous discursos distintos segundo quen fose o receptor, o interpelado polo mesmo.

Enlazando coas consideracións encol da polisémia, Galiza = rexión = nación, que antes fixemos, compre salientarmos agora que esta dualidade discursiva obedece a estritas razóns estratéxicas. A identidade do receptor do discurso condiciona decisivamente a natureza do mesmo xa que a funcionalidade perseguida por este é segundo os casos diferente ou ainda oposta.

Asi, cando o discurso vai dirixido cara alguén alleo a Galiza, español ou «estranxeiro», a funcionalidade polémica discursiva e fundamentalmente de acabar co discurso dominante centralista e unitário, negador do feito diferencial galego, e edificar fronte a el, coa maior profundidade e radicalidade posíbel, *a diferenza especifica* de Galiza no seo do Estado español. Por iso neste xeito de intervencións, Galiza é xeneralmente conceituada como Nación e produce-se a máxima diferenciación e alleidade do español: «Que lazo de sangre... puede unir civilizaciónes tan diferentes?»[120]. A radicalidade configura-se asi como elemento fundador da comunidade salientado a sua «distinción», a sua irredutibilidade ao Estado nación España.

Mais, pola contra, cando os interpelados polo discurso murguianos son galegos, sexa cal sexa a sua ideoloxia política, a funcionalidade a desplegar polo mesmo é absolutamente distinta, non ten natureza polémica senón *inclusiva.* Trataba-se, en efeito, de achegar o máximo número de apoios á causa da pátria, ao rexionalismo, e en estrita correspondéncia con este obxectivo estratéxico, resaltan-se os puntos comuns dos receptores en tanto que galegos, chama-se á unidade por riba dos partidos, das clases, das diferenzas internas; interpelan-se como membros da mesma raza, da mesma nación coas mesmas raiceiras históricas... e asemade rebaixa-se a radicalidade discursiva diluindo ao máximo posíbel toda diverxéncia. Asi, princípios importantísimos do ideário político murguiano (p. e. o sufráxio universal) son trasladados tacticamente a un segundo plano.

En que medida este discurso inclusivo resulta exitoso e os interpelados aceitan a sua constitución como galegos alén de toda contradición de intereses económicos ou políticos dependerá, como axiña imos ver, tanto das *condicións estruturais de posibilidade* nas que se desenvolve o discurso como do axeitado da sua formulación nesas condicións. O desenvolvimento da movilización rexionalista dará cumprida contestación a este interrogante.

Asi pois, en definitiva, en *La Región Gallega* atopamo-nos cun voceiro dunha corrente rexionalista liberal que se ve precisada, cara á evitación da sua marxinación, a poñer tácticamente en segundo plano elementos centrais da sua concepción, como a condición nacional de Galiza, que somente serán apropriadas polo movimento político nacionalista moitos anos despois.

Asi e todo, o obxectivo estratéxico de xuntar baixo da bandeira do rexionalismo un abano de posicións políticas que fora desde os carlistas aos republicáns, situaba xa nun primeiro plano nestes momentos iniciais do movimento, unha contradición que

119 «Nuestro regionalsmo», *La Región Gallega*, 17 de Decembro do 1886. Onde se pode ler asemade, coa impronta de MURGUIA: «Ciertamente que el Regionalismo anuncia un orden de cosas nuevo, como el socialismo y como tantas otras doctrinas político-sociales que a su aparición parecian romper con los moldes recién labrados. Pero pudiendo decir con Virgilio «novum rerum nasciturus ordo», no creemos que sea tan distintos, que entrañe tan esenciales variaciones...»

«Mucha gente hay que finge que el regionalismo nació en Catalunya, cuando la verdad, y lo que es más, es lógico que el país de la exagerada centralización haya sido el primero en protestar contra ella. Protestaron los girondinos, protestaron los liberales que sabían historia, Mr. AUGUST THIERRY el primero, protestaron después los liberales como ODILON BARROT, los republicanos como E. REGNAULT, los socialistas como Mr. PROUDHON y los demócratas de Derecho Divino como Mr. RICARD. A la hora presente en Inglaterra y Alemania la Ciencia Política se inclina hacia las pequeñas agrupaciones. Quiere conservar las costumbres, las razas y la vida regional. Entiende que la unidad y la igualdad equivalen a la Beocia moral e intelectual». O vencellamento do rexionalismo e a descentralización cos valores liberal-democráticos resulta patentizado nestes párrafos escritos na *Región Gallega* por aquel «liberal que sabía historia».

120 *El Regional*, 21 de Agosto de 1886.

somente máis adiante desenvolveria toda a sua problematicidade. Con efeito, si por unha banda a «unidad de todos los gallegos» implicaba unha moderación e vaguedade nos princípios ordenadores do movimento: «el amor al suelo natal», etc., por outra a própria dinámica interna do movimento e a necesidade de implantación social, facian perentória a existéncia dun programa político-ideolóxico substantivo e minimamente articulado. Condensador de contradicións, salientador de diferenzas internas, o *programa* do rexionalismo como problema político situará-se continuamente no celme das sucesivas crises do movimento.

2. *El Regional*

Este diário lucense, sucesor do *Diario de Lugo*, fixo a sua aparición baixo a dirección de AURELIANO PEREIRA, destacado líder do partido federal, a finais de 1884.

Xa vimos en páxinas anteriores como este xornal reproducira o discurso de MURGUIA nos Xogos Florais de Pontevedra e reclamara para si mesmo o feito de ser o primeiro xornal rexionalista galego, como sustanciaba a sua própria cabeceira.

É interesante neste sentido determo-nos brevemente nos artigos nos que —algúns con anterioridade ao certame pontevedrés— explicita PEREIRA o seu específico posicionamento rexionalista.

Asi por exemplo, en «El Regionalismo» recupera-se a problemática, xa abordada vários anos antes no *Diario de Lugo*, da necesidade de Diputados representantes dos intereses de Galiza:

«Y como en España resultan sacrificadas todas (las regiones, R. M.) por esta centralización que la empobrece, de ahí la razón de ser del regionalismo, y de ahí la justicia con que, sin que implique indisciplina, los diputados de una comarca deben aunarse para defender derechos lastimados o amparar los intereses que amenace una determinación injusta»[121].

Constitui esta unha teima recorrente en PEREIRA e a sua trascendéncia estriba, como xa se apontou enriba, en que contén «in nuce» un cuestionamento do sistema de partidos da Restauración co corolário subseguinte de criación dunha forza política xenuinamente galega.

No mesmo tema volve a insistir *El Regional* no artigo «La razón del regionalismo» onde se afronta o fenómeno da inversión do parlamentarismo, elemento esencial da Restauración, polo que, de feito, viña a resultar que era o Goberno quen nomeaba ao parlamento:

«El diputado no representa el distrito ni la Región... así los pueblos viéndose sin diputados, porque estos lo son solamente del Gobierno, acentúan su resistencia, dan color a la agitación; porque en esa presión injusta, desmoralizadora y perjudicial para la dignidad de los diputados, está la razón del regionalismo»[122].

Resulta patente na leitura destes textos de *El Regional*, a estreita conexión co campo da política en sentido estrito como modo de abordar o rexionalismo. Configura-se este ante todo como unha alternativa ao sistema e funcionamento político da Restauración, como a procura dunha *política galega* que sustituirá á imperante, allea aos intereses de Galiza, ateigada de servidumes centralistas, comesta de cunerismos e caciquismos vários.

Pero o rexionalismo de PEREIRA, MEILAN et alia non somente será *político* en sentido estrito por este teimar contra do sistema partidário imperante, por estes anceios de conseguir unha representación parlamentária (institución polo demais da que se critica a sua cristalización actual, mais de ningún xeito se pon en dúbida como modelo) de Galiza. Ao contrário, a sua politicidade virá dada asemade pola caste de descentralización que se propón como alternativa. Alén de toda ambiguidade —lembremo-nos dos pronunciamentos verbo do tema por parte de MURGUIA sen irmo-nos máis lonxe— plantexa-se a necesidade, como única alternativa posibel, dunha *descentralización política* e non meramente administrativa. Asi se afirma explicitamente noutro dos artigos de El Regional, titulado polo demais de xeito ben significativo: «Más política:»

«... pero se engañan de medio a medio los que creen que ésto (la descentralización, R. M.) es posible no cambiando de sistema político... Con tal sistema de gobierno pedir menos política y más administración es pedir peras al olmo... Para administrar bien, medianamente siquiera, es indispensable la descentralización y ésta no es posible sin un cambio radical en la política... Pues que necesitamos mejor gobierno no pidamos menos, sino más y mejor política, y tendremos más y mejor administración; que nadie conoce, procura y defiende más y mejor los proprios intereses que los interesados mismos»[123].

121 «El Regionalismo», *El Regional*, 21 de Xullo de 1886.
122 «La Razón del Regionalismo», *El Regional*, 22 de Xullo de 1886.
123 «Más política», *El Regional*, 25 de Xullo de 1886.

Toman pois certo corpo a medida que analizamos os diferentes núcleos rexionalistas democráticos alguns desacordos e matizacións entre eles, encetando-se a perfilar aquel «no aceptamos todas las afirmaciones que él hace (Murguia)»[124] pronunciado por PEREIRA.

A atención nos aspectos políticos do rexionalismo tanto no sentido de conseguir uns representantes de Galiza nas Cortes como na descentralización política do Estado, diferencian de xeito visíbel a estas alturas a PEREIRA e MURGUIA, quen polo demais achan-se dacordo na perspectiva xeral e a sua orientación democrática e modernizadora.

Non resulta asi porén, co sector tradicionalista que se expresa en *El Libredón*, na voz de Brañas. Neste sentido *La Gaceta de Galicia* de Santiago escrebia por aquel tempo:

«... el regionalismo que defendió y defiende el ilustrado colega de Lugo *(El Regional)*... está basado en los principios democráticos que informan a las sociedades modernas, mientras que los que invocan *El Libredón* y *La Región Gallega*, en atención a su concubinato, son y no pueden dejar de ser más que los principios autocráticos y teocráticos que emanan y se fundan en el derecho divino»[125].

A resposta de *El Regional* é contundente e sumamente clarificadora da visión que do problema se tiña desde o interior do próprio movimento rexionalista:

«Indudablemente que el regionalismo —tal y como nosotros lo entendemos descansa sobre los principios democráticos; pero así hemos podido comprender que lo defiende nuestro apreciable compañero La Región Gallega. Sucede que muchas veces el sentimiento patrio sea mal acomodado con ciertos principios políticos... y de ahí que sea regionalista quien milita en partido centralizador y autoritario. Pero esto no queremos ni debemos discutirlo. Nosotros contenderemos con los que ataquen o condenen el regionalismo; no con los que lo acepten pues deseamos vivamente que en ese credo lleguen a unirse y bajo esa bandera se agrupen todos los buenos hijos de Galicia[126].

Texto ricaz, ateigado de interesantes referéncias a elementos que xa levamos analizado até aqui e outros que aparecerán axiña no curso dos acontecimentos: rexionalismo articulado aos princípios democráticos, vencellamento, centralización e autoritarismo, desexo de unión de todos os galegos por riba de diferenzas sociais e políticas... e no que se reflexa nidiamente importantes disensións políticas co sector tradicionalista de BRAÑAS.

Precisamente, no cerne desta disensión, na articulación do rexionalismo a un proxecto democratizador e modernizador do Estado insiste reiteradamente *El Regional*:

«Porque esta fórmula no la ha encontrado todavía otro sistema político que no sea la democracia que reconoce como base de todo poder la soberanía nacional; como medio de su ejercicio, el sufragio universal; como factores indispensables de sus actos, los poderes amovibles y responsables, como único y universal medio de corrección de las transgresiones, el poder judicial independiente, y como norma principal de sus actos, los siempre invocados pero nunca realizados eternos principios de libertad, igualdad y fraternidad»[127].

Asi pois, nos inícios da movilización rexionalista, agroman diferenzas internas arredor de aspectos sustanciais que non farán senón desenvolver progresivamente toda a sua eficácia contraditoria. O conflito entre os partidários do Antigo Réxime e da Revolución Burguesa, conflito básico do século XIX español e a estas alturas practicamente substanciado e resolto, acha-se en todo o seu vigor na Galiza finisecular perante o retraso na xeneralización do modo de produción capitalista en aspectos substanciais aos que nos imos referir de contado.

E esta contradición que permea estruturalmente toda a Galiza da época, penetra no interior do rexionalismo implementando unha división das suas ringleiras entre *tradicionalistas e progresistas* desde os mesmos orixes do movimento.

Volvendo agora á «politicidade» do rexionalismo de *El Regional*, compre referir-se a un terceiro elemento no que se verque, asemade, a loita polos próprios parlamentários galegos e a descentralización política xa examinados, a devandita característica. Trata-se da explícita vontade do núcleo rexionalista lucense de facer *política práctica*, de concretar programas, de levar a cabo campañas de sensibilización rexionalista, de incidir, en fin, na vida política galega. Neste sentido *El Regional* insistirá unha e outra vez, ao longo de diversos editoriais, nestes aspectos de movilización, de chamadas á opinión pública,

124 *El Regional*, 21 de Agosto de 1886.
125 *Gaceta de Galicia*, 20 de Outubro do 1886.
126 *El Regional*, 21 de Outubro do 1886.
127 «Fórmula», *El Regional*, 23 de Decembro do 1886.

que constituirán un dos rasgos máis característicos do rexionalismo de PEREIRA[128].

Así, por exemplo, nun editorial a fins de 1886 afirmaga-se autocriticamente:

«Además, hoy por hoy el regionalismo —como muchoas veces hemos dicho— es una aspiración casi informe... es preciso trabajar con fe para que tome cuerpo, para que se determine... que se traduzca a la vida real y se sienta más directamente»[129].

e, despois, de discutir con *La Región Gallega* sobre o tema, secundário, da iniciativa no movimento rexionalista, remata afirmando:

«sentiríamos no vivir en buenas relaciones con tan ilustrado colega, a quien consideramos como elemento de gran fuerza en la *campaña regionalista* que hoy más que ayer creemos de necesidad para levantar a esta querida tierra de la postración que la consume»[130].

Campaña e movilización proposta por *El Regional* que non se cingue en exclusiva aos aspectos políticos, con ser estes decisivos, senón que se prolonga mesmo no campo da economia. Chama-se, através de diversos artigos, á superación da desmovilización e apatia no terreo comercial e industrial, da falta de asociación produtiva. etc.

Por poñer un exemplo destas intervencións de tipo económico, vexamos alguns párrafos da série titulada «Espíritu Gallego»:

«No diremos que Galicia se opone al movimiento general; pero sí podemos afirmar que con su apatía no marcha hacia adelante como debiera, no contribuye a la obra común con su esfuerzo... Una fábrica es para ella la industria, un cargamento de bueyes, el comercio... Y ¡triste es decirlo! nada significa nuestra industria; poco vale nuestro comercio... pues no se puede decir que hay industria, comercio ni agricultura, existiendo en Galicia ese terrible cáncer que se llama emigración... Hay en Galicia falta de fuerzas, parálisis de energía, de espíritu que anime e impulse...»[131].

Como vemos, democratización política, descentralización e autogoberno, conxuntamente co desenvolvimento económico, industrialización, integran un abano de elementos inescindíbeis deste programa rexionalista. Será precisamente perante esta claridade de obxectivos que amosa *El Regional* polo que reaccione violentamente contra as críticas que acusan de indefinición ao rexionalismo. Neste sentido compre salientarmos a polémica con «El Correo Gallego» de El Ferrol, quen criticara a vaguedade dos plantexamentos rexionalistas (mália admitir «la lección regionalista dentro del credo político de la federación[132]; e tamén con *La Opinión Liberal* de Ourense que denominara ao rexionalismo «platonismo de lo desconocido»[133].

Noutro orde de cousas, poderia pensar-se en vista da orientación política e económica tan clara que amosa *El Regional* que isto poderia traducir-se nunha marxinación ou devecimento dos elementos *culturais*, que ocupan lugar tan importante en toda movilización nacionalista ou pre-nacionalista.

Pois ben, nada disto acontece no rexionalismo federal lucense. A preocupación cultural está presente constantemente no seu voceiro da man principalmente de PEREIRA e MEILAN.

Boa proba disto é a proposta que fai PEREIRA no nadal de 1886, da criación dunha Academia Galega «para elevar nuestra literatura y dar al movimiento intelectual de la región toda la brillantez que debe alcanzar»[134].

Esta idea, que non terá realización até 1906, xa en pleno esmorecimento do rexionalismo, aponta cara un elemento básico, a dotación dun aparato institucional que promova a cultura galega.

Resulta de interés o feito de que a Academia Galega se conecte por PEREIRA directamente coa dignificación da Língua Galega, figurando na sua proposta como unha das tarefas máis perentórias a *unificación do galego* e a confección dunha Gramática e máis un dicionário xa que:

«la purificación y reconstrucción del idioma gallego es una necesidad reconocida por cuantos cogen un libro escrito en él. En la ortografía reina la más completa anarquía... no hay regla alguna para la escritura... Es preciso consignar que para escribir gallego no basta emplear palabras gallegas, es preciso conservar la esencia, lo que es verdaderamente gallego; la estrutura, la sintaxis, el giro, la propia forma literaria de nuestro idioma. De otro modo sucede, y esto lo vemos con mucha frecuencia, que las poesías que se titulan gallegas, son o parecen, poesías castellanas traducidas al gallego. Así está este idioma desnaturalizado, corrompido, si la frase no parece dura»[135].

Como vemos, a claridade de plantexamentos e a prioridade de urxéncias prolónga-se comprimidamente no campo cultural do rexionalismo de PEREIRA, que concebe a Académia como centro impulsor da cultura galega, organizador de Xogos Florais e Certames «exclusivamente gallegos», dando-lle a aquela un soporte material— institucional do que até entón carecia.

Mália a pertinéncia da proposta á sua criación, por uns ou outros motivos que veremos no seu momento, veria-se retrasada até 1906.

3. *El Libredón*

Xa vimos en páxinas anteriores como *El Libredón*, periódico católico vencellado ao estamento eclesiástico compostelano e de plantexamentos tradicionalistas, a partir da chegada á dirección de ALFREDO BRAÑAS, que viña colaborando nel desde habia anos, sumara-se á causa rexionalista vencellando-a aos seus plantexamentos ideolóxico-políticos.

Se ben non será, polo tanto, un xornal especificamente rexionalista, si se amosará aberto a este movimento e apoiará o sen reservas mesmo cando os dous órgaos específicos do mesmo: *El Regional* e *La Región Gallega*, partian de presupostos político-ideolóxicos non xa distintos senón opostos aos de El Libredón[136].

Mais os desexos de entendimento interno dos galegos derivado da necesidade de acadar os máximos apoios posíbeis para a causa rexionalista, implementaba unha transixéncia, sequea conxuntural, pola banda dos sectores demócratas do movimento. Falará-se así de «regionalismo algo distinto al de los demas, pero regionalismo al fin y al cabo», ao referir-se a BRAÑAS[137].

Polo demais, a radicalidade da denúncia da centralización e o Estado unitário que se leva a cabo desde as páxinas de *El Libredón* en nada desmerece da que antes salientamos na prensa rexionalista demócrata:

«Es que el Sr. MURGUIA ha puesto el dedo en la llaga y declarado el único remedio para curarse... La centralización. Este es el cáncer que nos consume, lo que nos empobrece y rebaja nuestro carácter nacional convirtiéndonos en una especie de parias, de que el Poder central, el Dios Estado, se vale como medio para logar sus fines de una unidad tan artificial como injusta... Nosotros combatimos, no en hipótesis sino en tesis, ese principio centralizador que pretende fundir en provincias que la naturaleza hace distintas, en un mismo molde, en una unidad convencional y de artificio. Reputamos esto tan absurdo como dar una misma forma a los individuos de una misma especie. Lo que Dios y la naturaleza hacen vario y distinto, es locura y crimen horrendo querer convertirlo en unidad sin variedad, sin distinción: es violentar la naturaleza y, en cierto modo, enmendar la plana a Dios»[138].

Liñas anteriores que recordan ás mais logradas páxinas da retórica do foralismo carlista[139], presente nelas a vinculación entre a crítica á centralización liberal e a fundamentación divina das liberdades locais do antigo réxime, pero que, sen dúbida, tam-

128 «Movimiento Regionalista», *El Regional*, 21 de Novembro de 1886. Onde se saúda o apoio á causa rexionalista dos xornais *La Región Gallega* e *El Independiente* de Vigo. De feito, o lanzamento do movimento rexionalista desde a prensa ten en *El Regional* un dos mais militantes activistas: o número e radicalidade dos artigos nel contidos ao longo de 1886 e 1887, configuran-no como un soporte básico e central do movimento.

129 *El Regional*, 21 de Outubro do 1886.

130 Idem.

131 «Espíritu Gallego», *El Regional*, 12 de Setembro de 1886 e 14 de Setembro do mesmo ano, onde se engade: «Tampoco nuestro pueblo ha sabido excitar a sus representantes, ni les liga con legítimas exigencias, ni menos el esfuerzo colectivo se ha mostrado aquí poderoso...»

132 *El Regional*, 5 de Outubro de 1886.

133 Ibidem «Sueltos» onde se rebaten acusacións do periódico centralista ourensán: «¿De donde ha sacado eso de que el regionalismo intenta darle a Galicia poetas melenudos que toquen el arpa para amortiguar el hambre? Porque nosotros, los regionalistas, nada sabemos de tales intentos. Y... esto es de sumo interés, ¿qué medios tiene *La Opinión* para darle a Galicia, pan, carnes, labradores inteligentes, industriales, comerciantes y hombres prácticos?».

134 AURELIANO J. PEREIRA, «Academia Gallega», «*El Regional*», 24 Decembro 1886. «No faltará quien encuentre falto de realidad este proyecto por no fijar su atención en la importancia que tiene. La *Academia* daría unidad a todos los trabajos, constituyendo un centro directivo cuya acción tenemos por muy provechosa».

135 Ibidem.

136 *El Libredón*, entre o 27 de Abril de 1885 e o 20 de Abril do 1887, sob a dirección de BRAÑAS acollerá e defenderá a causa rexionalista como causa central das suas páxinas e non somente como outro tema máis a tratar. Existen notórias diferenzas nesta *centralidade* do rexionalismo en *El Libredón* incluso face ao diário tradicionalista *La Integridad*, dirixido por Justo Salvador Fortes en Tui, que apoiou durante moitos anos ao movimento rexionalista e non digamos frente a un diário simpatizante da causa como *La Lealtad*, diario carlista de Ourense dirixido por Valentin Nóvoa.

137 O posicionamento tradicionalista de BRAÑAS vai ser detectado fundamentalmente polo núcleo liberal da Cruña co que remataria enfrentando-se. Mesmo na prensa non rexionalista destacaban-se os plantexamentos diferenciados do catedrático compostelán. Cfr., por exemplo, *La Voz de Galicia* «El regionalismo en el Ateneo», 28 de Abril do 1893.

138 «Regionalismo», *El Libredón*, 19 de Agosto do 1886.

139 Referimo-nos aqui ao discurso carlista e integrista en todo caso posterior á racionalización e profundización de VAZQUEZ DE MELLA e GIL ROBLES, superados os plantexamentos de NOCEDAL o APARISI y GUIJARRO en diferentes perspectivas, como posteriormente analizaremos. Cfr. neste sentido: OLCINA, E., *El carlismo y las autonomías regionales*. Madrid, 1974, pp. 80 e ss., VAZQUEZ DE MELLA, *Regionalismo y Monarquía*, Madrid, 1957, passim. e GIL Y ROBLES, E., *El Absolutismo y la Democracia*, Salamanca, 1892, e últimamente, as interesantes consideracións de CORCUERA, J., *Orígenes, ideología y organización del nacionalismo vasco*, Madrid, 1979, pp. 161 e ss.

pouco poden ser reconducidas e reducidas á problemática do carlismo: as referéncias ao «carácter nacional» e á «naturaleza» patentizan-no de xeito claro.

A especificidade na articulación de valores autocráticos, teístas e descentralizadores, que integra o rexionalismo de *El Libredón* resalta unha e outra vez desde os seus textos:

«La descentralización regional con sus consecuencias, con los derechos que nacen en cada provincia, de sus necesidades e intereses naturales; éste es a no dudarlo, el único medio de restablecer el equilibrio económico administrativo y político que arrebatado en mala hora por poderes que, sobreponiéndose a la naturaleza de las cosas, nos dieron en nombre de la libertad, una tiranía contra la que todos hoy por fortuna protestan»[140].

A equiparación da centralización coa Revolución burguesa e o Estado liberal (a «tiranía parlamentaria») e, xa que logo, a concepción das liberdades locais nunha óptica pasadista de volta ao Antigo Réxime, patentiza-se con claridade meridiana nestes textos. Por outra parte a vontade de marxinar a problemática rexionalista e descentralizadora do demoliberalismo e o federalismo constitui outra das constantes nas intervencións de *El Libredón:* Resulta altamente significativa neste sentido a resposta que se lle dirixiu desde o periódico católico a *El Clamor del País* que identificaba rexionalismo e federalismo:

«No sabemos lo que entenderá *El Clamor* por autonomía y federalismo y sería conveniente que determinara bien los conceptos de nación y los caracteres esenciales de toda nacionalidad, para deslindar perfectamente la interesante cuestión... Nuestras provincias vascas hasta hace poco y Cataluña hasta el reinado de Felipe V vivieron con sus fueros, con su vida propia, y a nadie se le ocurriría decir que la monarquía dentro de la que vivían era federativa, ni que muchas provincias eran autónomas, ni que su vida propia era incompatible con la unidad nacional. Y sabemos también que cuando se presentaron las tristes consecuencias de la centralización unitaria que nos está despedazando, es cuando en Cataluña y en las Provincias Vascas se barruntan síntomas de separación de la unidad nacional, y cuando en todos los pueblos, ciudades y aldeas empieza a manifestarse un odio espontáneo, aunque no del todo justo a Madrid, como centro de burocracia que quiere fundirnos a todos, como si fuéramos primeras materias de artefactos nacionales, en un mismo molde»[141].

Abondan estes explícitos testemuños, entre os moitos que se poderían escoller, para exemplificar esta concepción do rexionalismo para a que as liberdades locais garantizadas pola Monarquia tradicional serian un valado defensor contra os efeitos da Revolución burguesa en España. Asi e todo, e apesar das diferenzas latentes ou manifestas arredor de esenciais aspectos políticos, económicos e ideolóxicos, verbo das corrente maioritarias do movimento rexionalista, *El Libredón* suma-se sen reserva de ningun tipo ao movimento:

«En Galizia empieza también a notarse un movimiento regionalista que importa mucho alentar y dirigir... No bastan aspiraciones indefinidas; menester es concretarlas, saber lo que queremos y por qué lo queremos»[142].

Mais serian precisamente os intentos de fixación concreta dun programa os que porian nun primeiro plano as diferenzas entre os plantexamentos de uns e outros rexionalistas. E as entusiastas loas do labor murguiano («... el ilustre historiador de nuestra patria, el ardiente defensor del regionalismo, Murguía...»[143]trocarian-se, de contado, en tensións e distanciamento.

Coa reconversión de *El Libredón* en *El Pensamiento Galaico* e a posta deste ao servício da causa carlista, BRAÑAS abandona o periódico facendo pública a sua protesta nunha carta aberta ao seu director HERMENEXILDO CALVELO[144]. O razonamento de BRAÑAS básea-se na perda do carácter de diário independente que tiña *El Libredón* e que desaparece coa vinculación carlista do novo xornal, apesar da defensa das liberdades locais que afirma explicitamente asumir[145]. A distáncia relativa entre os plantexamentos rexionalistas de BRAÑAS e o carlismo son nestes momentos patentes, resultando irredutíbel unha posición á outra.

140 *El Libredón*, 19 de Agosto de 1886. Cfr. asi mesmo *el Regional*, 21 de Agosto do mesmo ano.

141 *El Libredón*, s. d. citado en La España Regional, T. II, 1886, p. 73.

142 *El Libredón*, 15 de Outubro de 1886.

143 *El Libredón*, s. d. citado en *El Regional* do 17 de Outubro do 1886.

144 E de certo interés, no clarexamento da traxectória do rexionalismo tradicionalista, a carta de BRAÑAS a HERMENEGILDO CALVELO, Director de *El Libredón* no momento en que se refundiu en *El Pensamiento Galaico*. BRAÑAS argumenta que, mália o carácter decladamente católico-tradicionalista do Libredón, este posuia un «carácter políticamente independiente» que agora se perde co achegamento ao carlismo. Cfr. *El Pensamiento Galaico*, 30 de Abril deo 1887. Este distanciamiento político que BRAÑAS manterá ao longo de moitos anos apesar da sua proximidade ideolóxica, substantiviza o carácter do seu rexionalismo, irredutíbel xa nos tempos do Libredón nen ao carlismo nen ao tradicionalismo católico. Cfr. neste sentido, «El Regionalismo no es carlismo», en *La Defensa de Galicia*, Vilagarcia de Arousa, 12 de Setembro do 1893.

145 *El Pensamiento Galaico*, autotitulado «Diario católico-tradicionalista», explicita con claridade o seu posicionamento desde os seus primeiros números. Comeza a sua andadura o 2 de Xaneiro de 1887, baixo a dirección de JAMARGO e posteriormente VAZQUEZ DE MELLA. Trais da marcha a Madrid deste último, CARLOS ANDRAN fará-se cargo da dirección.

4. *Outros diários e revistas*

4.1. A Revista *Galicia.*

Fundada na cidade de A Coruña por ANDRES MARTINEZ SALAZAR, o impulsor da Biblioteca Gallega, *Galicia, Revista Regional,* constituiu unha publicación de cultura galega fundamentalmente literatura, artes, notícias de libros, ensaios, na que nonfaltan tampouco artigos ideolóxicos ou mesmo informativos encol do rexionalismo.

Saiu en duas épocas, sen apenas variación, 1887-1889 e 1892-1893 cunha perioridicidade mensual. Deixando a parte os artigos estritamente culturais sobre os que seria de interes facer un estudio que non podemos abordar aqui, compre salientar as colaboracións de tipo ideolóxico rexionalista de máis interés que se comentarán ao abordar a análise ideolóxica sistemática.

Efectivamente, nas páxinas da revista «Galicia», saíron á luz ensaios tais como: «El regionalismo gallego» de Murguia en resposta a SANCHEZ MOGUEL polo seu discurso na Academia da História; «Memoria a cerca de las pequeñas industrias que conviene establecer en la provincia de Pontevedra» y «Corte de cuentas» de ALFREDO BRAÑAS: «El regionalismo en Galicia», «La cuestión obrera en Galicia» de SARALEGUI; e outros como: «Emigración», «La situación agrícola en Galicia», «Indicaciones a Galicia», «El regionalismo gallego en Cuba», etc. etc.

Revista sen unha liña editorial explicitada e integrada por colaboracións diversas, constituiu unha plataforma para a publicación de artigos que pola sua extensión non tiñan cabida na prensa diária e foi o órgao de expresión do núcleo rexionalista coruñés até a fundación da *Revista Gallega.*

Apesar da caréncia duns editoriais que especificaran a liña ideolóxica da revista, pode-se deducir con claridade do ton xeral da mesma e do predomínio dunhas colaboracións sobre outras, asi como da personalidade do seu director MARTINEZ SALAZAR, que nela se expresa un *rexionalismo demoliberal,* tanto nos aspectos políticos: vencellamento entre descentralización e democrácia, como económicos: apoio ao desenvolvimento capitalista en Galiza, mo-

En 1897 seria reemprazado por *El Pensamiento Gallego* (2-1-1897) dirixido por RAMON GALLEGO, baixo o seguinte programa:

«Queremos en Religión la Unidad católica. Deseamos amplia descentralización administrativa y fuerte unidad política. Anhelamos Rey que reine y gobierne conforme a las leyes, con intervención en ciertos casos del Reino junto en Cortes, y oyendo al Consejo. que las Cortes, compuestas de brazos representando clases, voten los impuestos nuevos, examinen las rentas del Estado, intervengan en la formación de las leyes, expongan necesidades y dirijan peticiones al Rey. Que al terminar su mandato, los procuradores en Cortes dén cuenta de su gestión á sus comitentes. Que los procuradores en Córtes no puedan admitir merced alguna del Estado no solo durante el tiempo de su mandato sino durante los cinco años siguientes á la terminación de aquel.

Que el Consejo, compuesto de los varones más eminentes del Reino, elegidos por el Rey, entienda en la redacción de las leyes, y dé su dictamen en la sepración de empleados; sin que los consejeros puedan ser removidos sin oir previamente al Tribunal Supremo de Justicia, cuyos Magistrados sean inamovibles.

Queremos que el Municipio y la Provincia tengan vida propia.

Que sean elelctores y elegibles todos los varones cabezas de familia, sin tacha, que sepan leer y escribir y paguen contribución.

Que las provincias sean los antiguos reinos administrados por Juntas. Que el Concejo sea grande estando siempre en cabeza en ciudad ó villa. Podrá haber, en nuestro sistema, un Gobernador general en la Provincia y un Corregidor en el Concejo, no para administrar sino para impedir abusos y descuidos de servicios importantes.

Queremos solo los necesarios empleados, pero bien dotados y sin que puedan ser removidos á no ser con justa causa y oyendo al Consejo.

Deseamos administración de justicia gratuita para los pobres, rápida en la tramitación, inamovible y bien retribuida en el personal.

Apetecemos la Instrucción pública y la Beneficencia, bajo la inspección eminente de la Iglesia, pagadas, mientras no logren restaurar su independencia, por la administración provincial y municipal.

Queremos que las sumas que cada comarca pague, exceptuando una pequeña parte para los servicios generales del Estado, se inviertan en la misma comarca y en su beneficio.

Queremos la Codificación del Derecho Civil, codificando lo vigente en las provincias con fueros propios y que estos se respeten.

Aspiramos en industria á progresar protegiendo.

Deseamos ejército con poco activo y grandes reservas, bien pagado, y tener material y escuadra cual corresponde al segundo europeo en extensión de costas y colonias.

Aspiramos á enjugar la Deuda aún disminuyendo impuestos, suprimiendo muchos empleos inútiles y desenvolviendo nuestros veneros de riqueza.

Y aspiramos á una política colonial firme, moral é inteligente, y hacer otra España al otro lado del Estrecho desde Melilla hasta Agadir ó Mogador, guiando hácia ahí nuestra emigración, y cumpliendo nuestra misión civilizadora y providencial».

No ano 1900 tomará o nome de *El Pensamiento de Galicia*. Sobre a confusión de títulos e orientación destes xornais, cfr. as aclaracións de BARREIRO FERNANDEZ, X. R. *El Carlismo Gallego*, cit.

dernización da estrutura agraria, industrialización, potenciación do comércio, melloras na ganderia, etc.

Conxuntamente a esta perspectiva rexionalista e modernizadora, *Galicia. Revista Regional*, desenvolveu un labor cultural de gran interés fundamentalmente no plano literário, de criación en língua galega e crítico.

4.2. *Galicia Humorística* e *La Pequeña Patria*.

En xaneiro de 1888 sai á luz en Santiago de Compostela a revista *Galicia Humorística* da man do seu Director e proprietário ENRIQUE LABARTA POSE.

Clásico exemplar de prensa aberta ao rexionalismo, pésie a sua corta vida (pois non chegou a rematar o ano), nela recolleron-se algunhas interesantes intervencións de ton menor dos máis destacados rexionalistas.

Figuran entre os seus colaboradores: ALVAREZ INSUA, AMOR MEILAN, BARCIA CABALLERO, SALVADOR GOLPE, AURELIANO PEREIRA, PEREZ BALLESTEROS, AURELIANO RIBALTA, etc.

Polo xeral, os seus artigos referen-se a temática galega, mais non teñen explícito contido rexionalista. Mostra diso son, por poñer un exemplo, as contribucións de BRAÑAS ou PEREIRA.

BRAÑAS, en «El muñidor de elecciones»[146], satiriza o proceso eleitoral da Restauración, ridiculizando o cunerismo e amosando un anticaciquismo furibundo. En «Un comisionado en apremios»[147], e dun xeito realmente significativo do seu pensamento global, BRAÑAS procede á defensa á defensa dos labregos frente ás excesivas cargas, criticando ao fisco estatal, mais non mencionando en absoluto as *rendas forais*.

Pola sua banda, PEREIRA en «el artículo-programa» aborda a temática dos editoriais programáticas sobre a base da sua experiência en *El Regional*[148].

Conxuntamente con estas intervencións ideolóxicas, *Galicia Humorística* continua un amplo abano de aportacións culturais e literárias galegas. Asi por exemplo, nela publicou-se «O Avellón» de BRAÑAS, «Aire Gallego», música de CHAVES e letra de BRAÑAS, etc.

Pechada *Galicia Humorística* no mesmo ano 1888, LABARTA pasou a dirixir *La Pequeña Patria*, da que eran propietários el mesmo e JOSE TARRIO, rexionalista santiagués do grupo de BRAÑAS[149].

Abandonado o ton humorístico, *La Pequeña Patria* adquiriu un carácter máis directamente rexionalista e as intervencións que nela se fixeron abordaron diversos aspectos referidos ao movimento que agromaba por aquel entón. Contabán-se entre os seus colaboradores: RODRIGUEZ CARRACIDO, BENITO LOSADA, MURGUIA, EDUARDO VINCENTI, EDUARDO PONDAL, PARDO BAZAN, etc.

Podemos citar entre outras colaboracións no sentido devandito: «El regionalismo en la pintura», por J. CARRACIDO, Polémica PEREIRA-SALINAS sobre a «Asociación galega de escritores y artistas», Biografia de rexionalistas por TARRIO ou LABARTA, «La ganadería de Galicia en peligro» polo monterista E. VICENTI, «Algo sobre regionalismo» de NUÑEZ GONZALEZ, etc. etc., a algún dos cais imo-nos referir de contado.

4.3 *El País Gallego*.

Diário fundado neses mesmos anos por LABARTA en Santiago de Compostela e que haberia que situa-lo como aberto ao rexionalismo, mais non central na sua corrente senón cun carácter marxinal e sumamente moderado[150].

Asi por exemplo en «El regionalismo catalán, el catalanismo» atacaba-se a este último polo seu extremismo:

«El Mensaje presentado a la Reina Regente por los catalanistas equivale a pedir la independencia política radical y a decir a Su Majestad que está de sobra su gobierno en Cataluña... el catalanismo es el vicio, la degeneración, y aún mejor diríamos, la anomalía del patriótico y nobilísimo regionalismo catalán»[151].

matizando-se a posición rexionalista de *El País Gallego* como segue:

146 ALFREDO BRAÑAS, «El muñidor de elecciones», *Galicia Humorística*, 1888, n.° 2, pp. 38 a 40. Onde tras da crítica á falsificación eleitoral na Restauración subxace agachada unha crítica a todo proceso eleitoral e, en definitiva, á democrácia representativa.

147 ALFREDO BRAÑAS, «Un comisionado en apremios», **Galicia Humorística**, 1888, n.° 3. pp. 72 a 75.

148 *Galicia Humorística*, n.° 7, 1888, pp. 120 a 123.

149 JOSE TARRIO, médico e publicista compostelán acabaria integrando-se no partido conservador, como veremos no seu momento, e paralelamente á sua presenza no comité rexionalista santiagués e na Xunta de Defensa. *La Pequeña Patria*, tivo tamén curta duración desaparecendo no ano 1891.

150 *El País Gallego*, enceta a sua publicación en Xaneiro do 1880.

151 *El País Gallego*, en *La España Regional*, T. IV, p. 87 e ss.

«Enhorabuena que las regiones que tienen vida propia, justas y legítimas aspiraciones, historia, tradiciones y costumbres y usos exclusivamente suyos, pretendan cierta independencia en el poder económico, político y social... tiene derecho a que se les respeten sus costumbres y sus usos tradicionales, a que se les considere en todos los órdenes de la vida política y social, a que se le concedan preeminencia y fueros... Eso deseamos también para Galicia: porque los que... reivindicamos las glorias de la Frouxeira, Medulio, La Coruña, Puente Sampayo, y tenemos por héroes a los Nodales y a Méndez Núñez, aspiramos legítimamente a esa independencia natural en el orden puramente histórico, con todas sus consecuencias prácticas y conveniencias de actualidad»[152].

Como vemos pois, moderación e vaguedade nun diário que polo demais somente abordaba os temas rexionalistas de cando en vez, de xeito aillado e que non obstante contiña numerosas referéncias a problemas galegos de diversa índole: económicos polo xeral.

Mostra diso é o artigo titulado: «Lo que a todo gallego interesa»[153] no que despois de resaltar o malestar existente en Galiza co gallo da crise agrícola e pecuária e a competéncia externa, fala-se da necesidade do desenvolvimento das manufacturas que en Galiza levaban un grande retraso.

Finalmente, compre salientarmos un extraordinário de *El País Gallego* do 25 de xulio de 1888, onde se recollen diversas aportacións de destacados rexionalistas do momento: «Don Diego Gelmírez» por MURGUIA, «Galicia en América» por W. A. INSUA, «La universidad de Santiago» por BRAÑAS, etc.[154].

4.4 *El Eco de Galicia*

Dirixido por INSUA desde la Habana, seguia directamente os avatares do movimento rexionalista, dando notícias do mesmo para a colonia galega e, sobre todo colaborando e apoiando o movimento en Galiza: edición da Historia de MURGUIA, edición de «El Regionalismo» do mesmo autor, apoio económico, etc.

Desde esta tribuna INSUA desenvolve as suas dotes periodísticas a prol da movilización rexionalista, intervindo en diferentes aspectos referidos ao tema.

Asi en «El quietismo» criticaba a desmovilización dos galegos, a súa falta de espíritu de loita:

«¿Es o no quietismo, y criminal en alto grado, observar que, mientras Galicia contribuye a cubrir las cargas todas del tesoro nacional en proporciones que ninguna otra región la iguala... otras regiones sean las favorecidas por los gobiernos que rigen los destinos de la nación... Sólo nosotros, los gallegos, permanecemos indiferentes cuando se atacan los legítimos derechos de nuestra tierra, sólo nosotros toleramos las grandes injusticias de las empresas ferrocarrileras... Esta indiferencia, esta dejadez propia de nuestro modo de ser, este quietismo que decimos nosotros, no se combate si no se destruye por todos los medios hábiles, llevaranos en fecha más o menos remota, pero fatalmente positiva, a aquel bochornoso estacionarismo que hizo de Galicia un pueblo asaetado por el epigrama y manchado por la insolente burla»[155].

Un ano despois, en «Seamos Gallegos», volve a abordar-se o tema:

«... todas las desventuras que la afligen (a Galicia) son la consecuencia legítima y racional de un pasado de incuria, desconfianza y quietismo, que ha apagado toda luz de progreso y cegado toda fuente de prosperidad... En Galicia no ha hecho ni una sola vez explosión el viejo patriotismo Suevo: ...Así ha resultado que, mientras las naciones de Europa y América se poblaban de ferrocarriles, de fábricas, de Academias, de liceos de artes y literatura, de granjas agrícolas, de pesquerías... Galicia ha permanecido estacionada, sin dar muestras de sus fuerzas ni alegar sus derechos... hasta que ese esfuerzo provincial no se realice, ínterin no se sepa prescindir de los ofrecimientos de un Diputado cunero... mientras no se coaliguen todas las voluntades, no se conjurará la crisis que aniquila a Galicia...»[156].

En definitiva, o vencellamento da fundamentación histórica diferencial de Galiza (la patria sueva) coa modernización económica, o desenvolvimento capitalista, a movilización contra da marxinación, e a unidade de todos os galegos en defensa da pátria... constitui o nó da argumentación de INSUA, moi semellante ao rexionalismo de PEREIRA e MURGUIA.

4.5 *A Monteira*

Nota comun de toda a prensa até aqui examinada é a de estar escrita en castellano. Rasgo este polo

152 Ibídem.

153 «Lo que a todo gallego interesa», *El País Gallego* cit., en *El Regional*, 23 de Xaneiro do 1888.

154 *El País Gallego*, 25 de Xullo do 1888.

155 WALDO A INSUA, «El quietismo», *El Eco de Galicia*, 29 de Novembro do 1886.

156 WALDO A INSUA, «Seamos gallegos», *El Eco de Galicia*, 21 de Agosto do 1887.

demais corrente nas orixes dos movimentos nacionalistas ou pre-nacionalistas. Dado que os rexionalistas galegos achaban-se forzados ao emprego do castellano tanto pola falta de cultivo procedente do galego na escrita, que recen agromaba daquela, como pola desnacionalización da pequena burguesia urbana galega, alleada da própria linguaxe, á que en princípio se queria achegar ás propostas rexionalistas[157].

De aí que a existéncia de prensa en galego fose escasa. É preciso neste sentido lembrar ao *Tio Marcos da Portela,* revista en galego que dirixia desde 1876 en Ourense o poeta e periodista LAMAS CARVAJAL, de contido humorístico e orientación campesinista, mais situada ao marxe do rexionalismo[158].

En Cuba, e da man de M. LUGRIS FREIRE, o seu Director e fundador, entre 1885 e 1889, publicou-se o semanário *A Gaita Gallega* integramente en galego e de contido literário e cultural[159].

Mais deixando toda unha série de periódicos e revistas en Galego literárias e humorísticas que se publicaron naqueles anos: *A Fuliada* (A Cruña 1884), *O Galiciano* (Pontevedra, 1882), O Seor Pedro (Santiago 1881), relacionados co renacimento literário galego que por aquelas datas tiña lugar; compre-nos asinalar que até o ano 1889 non apareceu un semanário vencellado ao rexionalismo escrito en língua galega.

Trata-se de *A Monteira,* semanário «de intereses regionales y de literatura» de Lugo, dirixido polo escritor AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA[160], e no que predominaron os artigos literários e culturais.

No seu primeiro editorial *A Monteira* vencellaba-se directamente ao rexionalismo:

«A ideia rexionalista surxe, medra, e impónse, recabando pra nosa esquencida rexión os dereitos que lle corresponden. Asistimos por fortuna ó renacemento, que non se pode negar, da literatura; pro somos tamén testigos das dificultás grandes que s'opoñen a qu'este renacemento sexa o rápido que debera, e entre'las a que creemos mais grave: o pouco amor, o escaso afeuto qu'os fillos d'esta terra mostran pol-o seu propeo lenguaxe. O vulgo iñora o seu mecanismo e as crases que se chaman ilustradas avergónzanse d'usalo nas comúns necesidades da vida»[161].

O vencellamento ao rexionalismo no ámbito cultural amosara-se na revista no cultivo da poesia de corte romántico e máis realista que campesino[162], nas biografias galegas: «Fillos ilustres de Galicia», Estudos históricos «Compostela 1400»; nas contestacións de HERACLIO PEREZ PLACER e A. MONTENEGRO ao discurso de MOGUEL e apoio a MURGUIA, solicitude da criación dunha Academia Galega por HIGINIO E DE LA VEGA, etc. etc.

Como colaboradores de *A Monteira* podemos citar a: AMOR MEILAN, ANTONIO DE LA IGLESIA, FILOMENA DATO MURUAIS, SALVADOR GOLPE, JOSE PEREZ BALLESTEROS, HERACLIO PEREZ PLACER, LISARDO BARREIRO, etc., que lle daban á revista un sesgo rexionalista liberal e ainda progresista. Polo demais, e como xa vimos acontecia con *El Pais Gallego, A Monteira* cultivará un rexionalismo moderado, diferenciado do catalanismo ao que unha e outra vez se lle atribuirá carácter separatista:

«*A monteira* defenderá en canto poida os intereses da rexión; será nunha palabra, rexionalista no sentido san da palabra, sen confondirse cos que prostituen idea tan nobre queréndoa facer sinónima d'o ausurdo e antepatriótico separatismo...»[163].

---

157 Neste sentido, os nacionalistas checos viron-se na obriga de escreberen grande parte da sua propaganda en alemán, os nacionalistas finlandeses achanron-se na necesidade de empregar o sueco, e a *Historia de Bohemia* de Palakcy tiña vários volumes escritos en alemán, etc. etc. Sobre o particular, recollendo diversas experiéncias históricas iniciais dos movimentos nacionalistas, pode ver-se o clásico SULZBACH, W., *National Consoiousness*, Washington, 1943, pp. 56 e ss., e tamén SYMMONS SIMMONOLEWICZ, op. cit., p. 35.

158 O *Tio Marcos da Portela*, Ourense 1876-1890, mália a colaboración nel de rexionalistas como AMOR MEILAN, BARCIA CABALLERO, GARCIA FERREIRO, LUGRIS, PEREIRA, PONDAL, RODRIGUEZ GONZALEZ, etc. non revestiu en nengun momento un carácter rexionalista no sentido estrito con que nós utilizamos o vocábulo: o emprego do galego e o campesinismo do mesmo non abondan para integrar naquel unha publicación allea por completo aos eixos ideolóxicos do movimento.

159 *A Gaita Gallega*, dirixido por LURIS FREIRE, 5 de Agosto do 1885 a 30 de Setembro de 1889.

160 *A Monteira*, Lugo 1889-1890. Contrariamente ao que acontecia co *Tio Marcos da Portela*, mália estar escrito en español, *A Monteira* directamente ao movimento rexionalista e subcribe os postulados básicos do mesmo.

161 *A Monteira*, 5 de Outubro de 1889.

162 MENDEZ FERRIN, op. cit.

163 *A Monteira*, loc. cit. Neste orde de cousas son realmente significativas as verbas de *A Monteira* co gallo da publicación de *El Regionalismo* de BRAÑAS, tanto por o seu desmarque do federalismo (que naquel tempo sostiña *El Regional*) como pola moderación do seu posicionamento. Vid. A Monteira, n.° 2, 1 Marzo 1890:

«N-o meu sentir, n-este punto deben deterse moito, pro moito os rexionalistas, posto qu'é como custeón de vida ou morte pr'él. Ben espricado e millor comprendido este, non soilo medrará, senón que quizaves sume moitos elementos con que cont'o federalismo, que convencidos d'o seu ser utópico en España (pois en outros países creo mais natural) e d'as escelénceas d'o rexionalismo, virán gustosos á sentar praza baixo as súas bandeiras. Non ten-os mesmos piligros á confuseón que se poida facer co-a descentralizaceón ou o provincealismo, como de que se queiran facer, nin siquera parentes, o rexionalismo y-o federalismo».

Como vemos, o rexionalismo de MONTENEGRO SAAVEDRA, resulta dunha grande moderación face ás posicións de MURGUIA, PEREIRA e mesmo INSUA, interpretando a temática política e descentralizadora do catalanismo como «tendencias condenabres» e semellando ás veces permanecer somente no âmbito literario.

4.6. La España Regional.

Compre non esquecer ademais das devanditas publicacións galegas rexionalistas a existéncia da revista catalana *La España Regional* da que se pode afirmar o que ROVIRA Y VIRGILI decia da Liga de Catalunya: «sostén un catalanismo romántico, historicista e socialmente conservador»[164].

Nesta revista colaboraron os máis destacados ideólogos rexionalistas galegos e nas suas páxinas sairon á luz interesantes aportacións de MURGUIA, CABEZA DE LEON, PEREIRA, etc., recollendo-se nela asemade informes e notícias encol da evolución do movimento rexionalista galego tanto nos âmbitos literário como político.

Asi por exemplo: «El Regionalismo en España, Aragón y Galicia» de PELLA y FORGAS, no que se situa a MURGUIA como patriarca do rexionalismo galego a raiz da sua intervención en Pontevedra, e «Los Precursores»[165]; PAZOS GARCIA: «Ensayo sobre el movimiento regional en Galicia», onde tras datar o início do rexionalismo na publicación de «Los Precursores», fai-se un chamamento ao desenvolvimento cultural e industrial na Galiza, ao vencimento da inércia secular que implica o seu afastamento[166]; PELLA y FORJAS, «El regionalismo catalán y gallego en la Isla de Cuba»[167] poesias de GARCIA FERREIRO, PEREIRA, etc., e outras intervencións que analizaremos no seu momento.

O pulo en cantidade e calidade das intervencións xornalísticas coas que agromaba o rexionalismo, semellaba procurar un futuro ateigado de posibilidades políticas, de penetración no tecido social, de implantación e forza política do movimento nacente. Vexamos agora o percorrer dos acontecimentos.

C. O rexionalismo federal

a. Introdución.

As relacións entre o federalismo e o galeguismo veñen sendo abordadas pola historiografia galega desde duas posicións antitéticas, fortemente polémicas e irredutíbeis.

Para un sector, o federalismo galego integra-se como unha fase máis no desenvolvimento histórico do galeguismo que se dividiria deste xeito en etapas sucesivas: Provincialismo, Federalismo 1868-1881, Rexionalismo, Nacionalismo. As aportacións ao galeguismo do movimento federal poderian centrar-se na *politización* do mesmo: suministración dun auténtico programa político, explicitación dun modelo de Estado, organización política partidária, preocupación económica, etc.[168]. Pola contra, para outro sector da historiografia galega, o federalismo configura-se como un movimento substancialmente exterior e alleo ao galeguismo, agás dalgunhas influéncias mútuas de orde menor ou converxéncias pontuais[169].

«O rexionalismo non é novo, non é d'onte, como pertenden moitos d'os seus enemigos, nin siquera aparece con novas formas como non sexan mais soaves, mais en harmonia c-os tempos que corren. O rexionalismo está encarnado n-a nosa vida, é unha aspiraceón constant'e lexítima d'o noso modo de ser. Xemendo baix'o tir'anico centralismo ¿qué milagre qu'as rexiós, e sobre todo as que teñen mais que perder n-a rapacidá d'aquel, abracen unha doutrina, unha idea que. opoñéndose ás tendénceas centralizadoras, lles ofreza un porvir feliz?».

«O rexionalismo non é novo, dixemos, y-en efeuto: rexionalista foi o berro 'aquel abade d'o Ribeiro d'Avia de que fala Murguia, aló pol-o ano mil seiscentos e tantos: «Os mosteiros de Gaicia pr'os gallegos»; rexionalista o movemento anti-francés; rexionalismo pradicaron à medeados d'o sigro algús poetas e n-a súa forza reautiva, premitas a frase, fixo brotar n-a cabeza de Faraldo a idea d'unha nacionalidá gallega e d'a pruma d'o redautor de «El Porvenir» de Santiago, aquelas frases n-as que chamab'á Madrid «cepo en que constantemente pon a cabeza algún pobo pra ser decapitado» e comparab'o berro que dibian dal-os gallegos ô d'os varsovianos contr'os rusos.

Son sen duda estas últemas tendénceas condenabres; pro á parte de que non hai cousa humana sen os seus defeutos, proba ben as consecoenceas d'un sistema de centralización».

164 ROVIRA I VIRGILI, A., *Resum d'hitoria del catalanisme*, Barcelona, 1936, p. 63.

165 *La España Regional*, Barcelona, 1886, T. I, po. 161 e ss.

166 *La España Regional*, T. II, 1886, pp. 339 e ss.

167 *La España Regional*, T. III, p. 361 a 369.

168 Neste sentido, Cfr. XOSE RAMON BARREIRO FERNANDEZ, *Aproximación metodológica al estudio del federalismo Republicano en Galicia*, I Jornadas de metodología aplicada de las Ciencias históricas. Santiago, 1975, T. IV, pp. 303 e ss.; Federalismo e Rexionalismo galego no s. XIX, *Grial*, n.° 43, Xaneiro 1974; «Galeguismo» e *Gran Enciclopedia Gallega* e *Historia de Galicia*, Pontedeume, 1979, p. 184.

169 XOSE VILAS NOGUEIRA, *Federales e rexionalistas galegos no século XIX*, Grial, n.° 42, Outubro-Decembro de 1973, p. 49 e ss. e, mais recentemente, JUSTO G. BERAMENDI, *Vicente Risco no nacionalismo galego*, Santiago, 1981, T. 1, pp. 18 e 75.

Asi e todo, investigacións máis recentes[170] viñeron encher o valeiro existente verbo do movimento federal e poñer deste xeito as bases para a superación do estado actual da cuestión eivada pola falta de análises históricas concretas cara unha comprensión máis ricaz, complexa e matizada tanto da evolución do movimento federal na Galiza como das relacións do mesmo co galeguismo histórico.

Pola nosa banda, e no seo do traballo que aqui nos ocupa, tentaremos dar conta das relacións político-ideolóxicas entre o federalismo e o movimento rexionalista. Relacións que foron realmente estreitas pois un sector do partido federal integrou-se cheo no movimento, mesmo organizativamente, chegando a formular unha específica síntese ideolóxica de grande interés. Asemade desta intervención *interior* alguns outros núcleos e personalidades federais participaron na movilización rexionalista sen abandonar o o seu posicionamento precedente[171].

Compre porén suliñar desde o princípio as limitacións deste *rexionalismo federal* por mor de non cair nunha idealización do seu alcance real. En efeito: o proceso de achegamento ao rexionalismo somente afectará a sectores moi reducidos do partido federal, e por outra banda a alternativa político ideolóxica destes sectores será finalmente marxinada pola orientación maioritaria do movimento rexionalista.

Asi e todo, introdutor dunha variábel político-estratéxica de especial interés, o rexionalismo federal compre ser apreendido en toda a sua sustantividade histórica onde a própria análise do seu fracaso como alternativa alumee as contradicións internas do movimento rexionalista.

Finalmente, só unha valoración axustada da sua presenza descontínua, fragmentada, desigual nos avatares rexionalistas, fornecerá os elementos precisos para entender esa certa *interioridade,* limitada pero innegábel, coa que a herdanza federal agroma no discurso naçionalista de «Sempre en Galiza» de CASTELAO, do programa da Asamblea de Lugo, ou nos mesmos debates do Estatuto de Autonomia de 1936. Interioridade e presenza específicas en fin, das que nen a sua consideración como unha etapa máis do galeguismo nen a teima da sua alleidade ao mesmo, tenazmente desmentida polos feitos, darian comprida conta.

b. **Alguns antecedentes: o federalismo galeguista no sexénio.**

O achegamento entre federalismo e rexionalismo que imos analizar nas páxinas que seguen, non é algo por enteiro novo na história do movimento federal, se ben reviste aqui, quizais, unha meirande profundidade e presenza.

En efeito, como as investigacións de MORENO GONZALEZ teñen posto de manifesto, xa no ano 1871, pode datar-se unha certa «galeguización» do federalismo[172]; isto é: un arrequento significativo na valoración nos programas políticos da personalidade diferencial de Galiza, da sua problemática específica.

Neste sentido, no devandito ano 1871 e co gallo das coalicións levadas a cabo polo cume dirixente do partido federal, produce-se un gran descontento entre os federais galegos e unha suma de apoios aos sectores intransixentes do mesmo. Esta decantación de importantes efectivos cara a radicalización non foi debido á via insurreccional por este sector propuñada senón ás posicións organizativas por el sustentadas. En especial, pola *concepción pactista e confederal* do partido frente á centralización crecente nas mans do Directório.

No ano 1873, as críticas incrementan-se sobre todo despois dos fracasos eleitorais anteriores, mais fundamentalmente coa condena da insurrección do Ferrol en outubro do mesmo ano por PI Y MARGALL.

En xaneiro de 1873 celebrou-se en Santiago unha Asamblea Cantonal de Galiza na que se acordaron entre outras cousas: o desentendimento dos órgaos centrais do partido de Madrid, non enviar representante algun á Asambela federal convocada polo Directório o 15 de febreiro en Madrid e a organización do partido federal republicano de Galiza. Neste sentido estipulou-se a integración dunha Asamblea Nacional composta por tres representantes de cada rexión[173].

O proceso foi abandonado perante o éxito eleitoral de 1873 e a proclamación da República, mais os diputados federais galegos na Asamblea Constituinte defenderon importantes temas que afectaban especificamente a Galiza. Asi por exemplo a aceleración na construción do ferrocarril, a lei de redención

170 XAN MORENO GONZALEZ, *El Federalismo Gallego en el sexenio revolucionario*, Santiago, 1978, Tese de Licenciatura inédita e *Federalismo* na *Gran Enciclopedia Gallega.*

171 En diversos niveis de converxéncia co movimento rexionalista podemos citar: ORANTES Y MAGALLON, o núcleo de Mondoñedo: NORIEGA e LEIRAS PULPEIRO, TOMAS MIRAMBEL Y MARISTANY e MARTINEZ SALAZAR.

172 MORENO GONZALEZ, op. cit.

173 Idem.

foral de PAZ NOVOA e, asemade, a defensa da *Autonomia cantonal* de Galiza[174] do que semella teren redactado os federais galegos un proxecto constitucional.

Polo demais é constatábel na cidade de Santiago unha tendéncia que XAN MORENO denomina «federalismo galeguista» dirixida por SANCHEZ VILLAMARIN, alcalde federal da cidade, quen redactara xa no 1868 o *Presupuesto de la República federal, Cantón o Región de Galicia.* Baixo a sua inspiración criou-se en 1873 o *Centro de Iniciativas para la nueva organización de Galicia* que, como se explicitaba no manifesto *A Galicia,* tiña por finalidade coordinar as diferentes opinións «acerca del futuro modo de ser en el orden administrativo y económico de esta tierra»[175].

c. **O núcleo federo-rexionalista de Lugo**

Xa vimos nas páxinas anteriores como baixo o liderato de PEREIRA, no *Diario de Lugo*, pero mais claramente en *El Regional*, mantiñan-se posicións claramente rexionalistas, xa desde 1879.

Mais sen dúbida, será apartir do ano 1887 cando se perfilen as liñas desta corrente rexionalista específica caracterizada por simultanear os seus membros unha militáncia federal coa militáncia rexionalista.

1. *A Teorización do rexionalismo federal*

Entre 1887 e 1890 vai-se desenvolver unha teorización, principalmente da man de AURELIANO J. PEREIRA, do que indistintamente poderiamos denominar rexionalismo federal ou federalismo rexionalista, através dun proceso de articulación de ambas as duas correntes políticas atinxindo unha síntese realmente orixinal.

Tanto desde *El Regional* como através dos discursos de PEREIRA vai-se configurar un proxecto político ideolóxico rexionalista, diferenciado no interior do movimento.

Sen perxuizo de abordarmos no seu lugar a análise sistemática do pensamento de PEREIRA, compre sintetizar agora os elementos fundamentais da sua propostas.

Asi, por exemplo, no artigo titulado *«Nuestro regionalismo»*[176] expoñen-se con toda nitidez, polemizando con *La Monarquía* de Ferrol, as razóns da dobre militáncia rexional e federal:

> «Nosotros, *regionalistas, dispuestos siempre a apoyar y a defender todo lo que sea regionalismo,* de cuya tendencia somos representantes en la prensa desde el primer número de nuestro periódico, como antes de fundar éste fuéramos en otros sus propagandistas, creemos que tal tendencia tiene necesidad de buscar su fórmula, creemos que la encontrará y que ésta no puede ser otra que el credo del partido cuya doctrina descansa en los principios que el federalismo defiende... *en este partido militamos porque somos regionalistas...* Todo lo que defiende el regionalismo es nuestro, pero este no es aún un partido político... [177](suliñados nosos, R. M.).

Como se ve, PEREIRA situaba-se por aquel tempo, en tanto que federal, como integrante dunha das tendéncias actuantes no interior do rexionalismo, coa intención de que o conxunto do movimento se achegase ás suas posicións mais coincidindo co fundamental do mesmo.

En «El regionalismo y el unitarismo» volve-se a afirmar que:

«La federación, y por lo tanto el regionalismo que es una de sus manifestaciones...»[178].

174 O conceito *Autonomia* será redefinido polo movimento rexionalista posteriormente, dando-lle un sentido notoriamente diferenciado desta prístina significación federal até o ponto de designar a clase de descentralización proposta por aquel.

A designación de Galiza como *Cantón* polos federais galegos, implica unha concreción político-ideolóxica do federalismo (que os sectores máis galeguistas do federalismo no sexénio equipararon a *Región*, como figura no citado presuposto de SANCHEZ VILLAMARIN).

A existéncia dese proxecto de constitución semella colexir-se das verbas de PEREZ COSTALES na Constituinte do 73:

> «Las provincias de Galicia y los diputados que las representan están conformes con que las cuatro provincias... formen el Cantón gallego... y ofrecíamos presentar dentro del plazo que la Constitución fija un proyecto de Constitución Cantonal que podría servir de modelo a las demás provincias».

175 MORENO GONZALEZ, op. cit.

176 Dada a falta de firma de numerosos editoriais de *El Regional*, a autoria de PEREIRA deducimo-la tanto das patentes similitudes estilísticas cos textos firmados, como de fefacientes probas documentais.

Neste orde de cousas, en *El Regional* de 5 de Abril do 1887, nunha carta aberta a PEREIRA, recoñece-se a este como o autor dos editoriais publicados polo xornal. Asi mesmo, en *El Regional* de 14 de Marzo do 1897, PEREIRA afirma explicitamente: «lo que si afirmo es que de esos artículos, como de cuantos sin firma ha publicado El Regional, mientras tuve a mi cargo el periódico, he aceptado siempre toda la responsabilidad aun cuando los hubiese inspirado o escrito otra persona».

177 *El Regional*, 15 de Xaneiro do 1887. Onde se engade: «Por eso tenemos fe en que un día llegará en el que como hoy *coincidimos en todo con los esclusivamente regionalistas*, ellos coincidirán en todo con nosotros» (suliñado noso, R. M.).

178 «Regionalismo y Unitarismo», *El Regional*, 19 de Xullo do 1887: «Véase si este sistema de gobierno, el federal, se aplica a la forma republicana, cuanto más grandiosos serán los beneficios que ha de reportar a los pueblos donde se estableciese».

E noutro artigo posterior do mesmo título postú-lase abertamente:

« ...estas libertades (del Municipio, Provincia y Región, R. M.) no pueden estar garantizadas sino dentro del sistema federal... ante el sistema regionalista todo (la centralización) desaparece ¿por que? Porque los alcaldes son elegidos por los pueblos, los gobernadores por la provincia[179]... sólo quienes los hayan elegido son los que tienen derecho a privarles de los oficios que se le ha confiado... Para devolver a las regiones sus funciones propias, para deslindar las atribuciones que a cada entidad corresponden... para que se deje a cada provincia la facultad de imponer y cobrar sus contribuciones... es preciso que esta nuestra nación se organice federalmente[180].

E dous anos despois, un artigo de CASTRO Y LOPEZ, federal rexionalista do grupo de PEREIRA, titulado «Federalismo», vencella directamente rexionalismo, federalismo e tradición histórica galeguista:

«Sabido es que la idea que perseguían FARALDO y muchos otros patricios era la de la Autonomía para Galicia... Ciego, muy ciego quien no vea cuan fecundo es el movimiento regionalista de Galicia: el diplómata acopia materiales para nuestra história, el bardo canta en nuestro idioma, la prensa periódica inicia y celebra certámenes da Terriña... consciente o inconscientemente encaminan muchos sus loables trabajos a dar fuerza al ideal de autonomía. La labor es ruda y penosa... pero al término de ella hallareis inevitablemente un bien: el federalismo, único sistema político conocido digno de los pueblos trabajadores y libres»[181].

Outras testemuñas poderian-se citar amosando este vencellamento estabelecido polo grupo lucense entre federalismo e rexionalismo no dobre sentido de se configurar o federalismo como unha das tendéncias actuantes no interior do rexionalismo galego, pero tamén, considerando ao primeiro como a consecuéncia lóxica dun proceso de maduración política do segundo, en aras da sua meirande concreción organizativa e modelo de Estado. Mais abonda ao noso entender coas declaracións apontadas para clarexar a posición de *interioridade específica* no seo do rexionalismo que o federalismo de PEREIRA (non o partido federal galego) mantén en todo momento, alén do mero apoio exterior.

Compre salientarmos neste sentido que esta introdución no interior do rexionalismo implica para os federais que o fixeron integrarse nun movimento no que se achan presentes un sector autocrático como o de BRAÑAS, tan oposto non xa ao federalismo senón ao próprio liberalismo; e, asimesmo un sector liberal encabezado por MURGUIA que rexeitaba explicitamente o federalismo por radical en exceso. En definitiva, trataba-se dunha interioridade *problemática* xa desde un princípio, que somente un acordo no celme do proxecto, na Unidade de todos os galegos por riba de toda diferenza, poderia inspirar e xustificar.

Conxuntamente con estas preocupacións rexionalistas en sentido estrito, vencelladas asimesmo intimamente con elas, *El Regional* continua coas suas teimas políticas centrais. En primeiro lugar o *anticaciquismo*. Como xa se mirou enriba, o rexionalismo e a descentralización estriban para PEREIRA na sua eficácia rexeneradora en base ao seu contido democratizador[182].

Así, en «En Plena Edad Media», fai-se unha forte crítica ao caciquismo e defende-se ao sistema parlamentário desvirtuado polo mesmo[183]. E outro tanto acontece con diversos artigos con títulos tais como «Caciquismo»[184] o «Los frutos del caciquismo», onde se ataca directamente unha vez máis ao partido conservador de indiscutida dominación na provincia de Lugo:

«vemos que el principal amparador del caciquismo... se llama partido político, se titula de orden, habla de moralidad, pide respeto a la ley... ¡cómo no ser enemigos irreconciliables de ese partido que se llama conservador!»[185].

Mais, alén dun partido concreto, critica-se sobre

[179] *El Regional*, «Regionalismo y unitarismo», 18 de Agosto do 1887.
[180] Ibidem.
[181] «Federalismo», *El Regional*, 26 de Abril do 1889. Trata-se, sen dúbida, dun dos textos que mellor patentizan o nivel de converxéncia entre federalismo e rexionalismo atinguido polo núcleo lucense. A imbricación do modelo federal coa história do galeguismo, co «patriotismo» galego e outros elementos puramente rexionalistas pon-se de manifesto en párrafos como o seguinte:

«Dictamos estas líneas, que el patriotismo nos inspira, para recordar a los amigos de la centralización, monstruo de mil cabezas que absorbe la vida regional, y a todo reaccionario, una provechosa lección que nos ofrece la historia del malogrado pronunciamiento gallego de 1846».

[182] *El Regional*, 18 de Agosto do 1887.
[183] «En Plena Edad Media», *El Regional*, 5 de Xaneiro do 1887. Frente ás mentadas críticas de BRAÑAS, para quen o caciquismo non é máis que unha engranaxe do parlamentarismo, para *El Regional* o anticaciquismo ten por obxectivo o estabelecimento dunha democrácia representativa non falseada.
[184] «Caciquismo», *El Regional*, 15 de Maio do 1887.
[185] «Los Frutos del Caciquismo», *El Regional*, 21 de Xaneiro do 1888.

todo o sistema político da Restauración con acritude e ironia:

«Decididamente Galicia tiene mucha desgracia en la elección de los candidatos que los gobiernos designan para que la representen como Diputados y Senadores... ¿qué es esto, sino trabajar en contra de Galicia y descender los que se juzgan personajes a vestir la zamarra del cacique?[186].

Da denúncia do caciquismo como elemento fundamental da estrutura política da Restauración, elemento veiculador do centralismo e do autocratismo, pasa-se á denuncia dos diputados *cuneros* alleos aos intereses de Galiza:

«No basta renegar de los pordioseros políticos, de esos caciquillos políticos, es preciso mirar más alto, es menester maldecir y execrar a los grandes caciques, a esos grandes caciques que se llaman VILLAVERDE, MOCHALES, ELDUAYEN, PALLARES...»[187].

Este vencellamento do rexionalismo e da descentralización, coa democratización do Estado como duas faces da mesma moeda, integra un elemento central do ideário do rexionalismo federal, un dos eixos da sua política:

«Al país debemos decir que sólo con instituciones genuinamente democráticas, y que como tales han de atender en primer término a los verdaderos deseos del pueblo, y siendo Galicia dueña de sus destinos en lo que a sus peculiares intereses se refiere, podrá obtener la completa satisfacción de sus necesidades»[188].

A mesma radicalidade que os rexionalistas federais amosan ao abordar a necesidade de democratización da vida política, atopa-se no terreno económico. En efeito, alén de toda ambigüedade, pronuncian-se abertamente en primeiro lugar pola eliminación e esfarelamento dos atrancos que á xeneralización do modo de produción capitalista se opoñian. Así, e fundamentalmente, amosan-se en todo momento decididamente partidários da *Redención foral*, temática á que adican diversos artigos con títulos tan significativos como «Redención de foros» ou «Los foros y la República» onde se denúncia o anacronismo que lastra á economia galega[189]:

«...el cultivador tendrá que entregar una parte, la mayor quizá de las que tanto sudor le ha costado, a varios señoríos que nada trabajaron... los prorrateos continuarán agobiando al poseedor y enriqueciendo a la curia; y la agricultura languideciendo a cada paso más...»[190].

Temática e posición explícita esta, fundamental, pois atinguia daquela a unha problemática vivida pola maioria do campesinado galego: a superposi-

[186] J. CUESTA CRESPO, «Pobre Galicia», *El Regional*, 17 de Xaneiro do 1888. Precisamente subxace aqui a exclusión da *Comunidade nacional* («rexional») galega dos que, mália a sua orixe de «nación», representan os intereses alleos do bloque dominante no Estado español. A delimitación das fronteiras sobre do estabelecimento do *próprio* e o *estraño* pasa, deste xeito, pola própria interioridade de Galiza; á que somente pretencen de pleno direito «os bos e xenerosos» de que falara PONDAL:

«Y al mirarlos tan ingratos como engreídos, hasta parece que no son gallegos, ni que viva e su pecho... aquella vehemencia tradicional con que los naturales de Galicia han sentido siempre la idea de la patria».

[187] «Los Cuneros», *El Regional*, 16 de Novembro do 1890.
[188] «Los Foros y la República», *El Regional*, 14 de Xullo do 1887.
[189] «La redención de foros», *El Regional*, 21 de Maio do 1887. Onde se reproduce unha exposición ao Parlamento da Liga de Contribuintes do Ferrol, presidida polo federal LOPEZ PARDO, na que entre outras cousas se afirma o seguinte:

«Los múltiples gravámenes forales, la dificultad de las transacciones sobre la propiedad, la falta de crédito, los tributos y los pleitos: he aquí las rémoras que detienen en la pobreza al labrador gallego... sería actualmente nuestra Galicia la Irlanda de España sin la sabia previsión del ilustre Rey Carlos III que en 21 de mayo de 1863, ordenó sobreseer todas las demandas pendientes sobre despojo de bienes forales, mientras los foreros satisfaciesen a los señores las pensiones que hasta entonces venían pagando... Pero si tales disposiciones impidieron la catástrofe social del despojo, crearon, en cambio, una situación inestable que hace imposible el crédito y conserva además todas las iniquidades del contrato foral. Urge, pues, resolver el conflicto estableciendo *la redención en favor del dominio útil*... Nuestros legisladores abolieron las vinculaciones y mayorazgos, y hoy, con más clara conciencia del ideal jurídico, pide la opinión se suprima todo gravamen perpetuo que afecte a la propiedad...»

Párrafos que condensan nidiamente tanto a existéncia de domínio precapitalista da terra en Galiza a finais do século XIX, como a perentória necesidade de redención foral e a unificación dos domínios útil e directo cara á eliminación dunha causa fundamental da miséria do campesinado galego da época e do «atraso» de Galiza.

[190] *El Regional*, 14 de Xullo do 1887. Polo demais, o vencellamento da cuestión foral, como problema central que Galiza tiña plantexado, coa necesidade dunha «política galega» oposta a oficial da Restauración —tanto na necesidade de autogoberno como de partidos políticos próprios galegos— acha-se constantemente presente nas páxinas de *El Regional*:

«La redención de foros no interesa ni beneficia a ninguna poderosa compañía, no afecta al amor propio de ningún Ministro, no mima a la clase militar, constante y casi exclusiva preocupación de nuestros partidos monárquicos; sólo constituye la liberación de la tierra de cuatro provincias sufridas y resignadas, la emancipación de unos miles de labradores de una de las formas que hoy reviste la servidumbre, y el principio de la prosperidad de este país; y esto poco importa para los poderes que nos rigen».

Ibidem. Problemática galega específica e necesidade de «política» galega própria presenta-se unha e outra vez intimamente vencelladas.

ción das *rendas señoriais e forais* e os *impostos estatais*.

Conxuntamente con este problema estrutural da economia e sociedade galega da época, *El Regional*, intervén tamén noutro tema decisivo, a *crise agropecuária finisecular* e os seus efeitos en Galiza.

É de interés o xeito de abordar esta problemática por *El Regional* por canto a mesma é vencellada sistematicamente por unha banda co marco económico estrutural: pre-capitalismo na propriedade agrária por mor dos foros, desindustrialización, etc... e pola outra coa cuestión política: sistema político da restauración, centralización, etc. Asi por exemplo en «La crisis pecuaria en Galicia»[191] fai-se unha crítica á actuación dos deputados galegos nas Cortes diante da crise de mercado gandeiro, en pleno ponto álxido, e diante da que non se tomará ningunha medida: rebaixa tributos, novos mercados, etc. O mesmo asunto volve ser retomado en «La crisis agraria»[192] diante da que se propoñen medidas de diverso tipo e alcance: rebaixa de impostos, presión dos deputados, asociacionismo agrário. O mesmo acontece en «Los distritos rurales»[193] onde se vencella os impactos da crise e o atraso co caciquismo... Finalmente, en «Asociaciones Agrícolas»[194] propon-se explicitamente a criación de sociedades de auxílios e mútuas campesiñas para facer frente aos diversos problemas plantexados no campo, sendo das primeiras chamadas ao asociacionismo agrário de que teñamos notícias.

Pero será precisamente nos discuros de PEREIRA onde se vai amosar máis sistematizado esta orixinal forma de entender o rexionalismo.

Unha vez máis, sen adiantarmos ao análise ideolóxico que con máis vagar faremos de contado, compre sistematizar os elementos políticos fundmentais da proposta de PEREIRA, A. J., sen dúbida o ideólogo do grupo, que atinguen en determinadas ocasións unha lucidez e madurez ideolóxica cando menos notábel. En «El regionalismo», discurso pronunciado por PEREIRA nunha velada literária celebrada no Círculo das Artes de Lugo no ano 1887[195] atopamo-nos xa cun pensamento gramado verbo das máis importantes cuestións que plantexaba a movilización rexional.

En primeiro lugar, PEREIRA procede a unha crítica do modelo de Estado centralizado e ás suas consecuéncias para Galiza: uniformidade lexislativa, exceso de impostos (consumos), marxinación do direito especial, falta de vida nas corporacións locais, sistema eleitoral antidemocrático, história de España «oficial» na que se esquecen as historias particulares dos pobos de España, etc. etc.

E como solución alternativa para a reorganización do Estado situa-se o federalismo:

«El regionalismo... no encontrará fórmulas prácticas que encierren sus soluciones, sino dentro del sistema que ha servido para formar naciones fuertes como el Imperio germánico, naciones libres como la hermosa Suiza, naciones poderosas y prósperas como la gran República Norteamericana»[196].

Pero o elemento verdadeiramente significativo, por canto implica unha superación do estrito marco ideolóxico federal e o achegamento a posicións galeguistas máis radicais, achamo-lo na concepción de Galiza como *nacionalidade*. Efectivamente, comparando con Inglaterra afirma PEREIRA: «¿acaso no se compone España de varias nacionalidades?». E volve falar máis adiante das «nacionalidades que forman esta Nación»[197] co que se situa no vieiro murguiano, superador dos próprios canles por onde vai dirixir-se o movimento rexionalista.

Por máis que no conxunto do pensamento de PEREIRA se manteña a polisémia Galiza = Rexión = Nacionalidade, predominando o primeiro dos termos, a consideración de España como *nación de nacionalidades* amosa claramente unha vertiente decisiva da ideoloxia de PEREIRA, a saber: o proxecto de *encher os plantexamentos federais de contido orgánico galeguista*, presente asemade noutras manifestacións da sua actividade.

Remata finalmente PEREIRA nesta intervención suliñando a necesidade de actuación política, de organización e concreción ideolóxica, recoñecendo a feblez política do movimento:

«Sois pocos, nos echan en cara, y aún esos, no conformes. No importa. La obra está empezada y su continuación... nos unirá borrando diferencias... Ninguno de los partidos

191 «La crisis pecuaria en Galicia», *El Regional*, 22 de Febreiro de 1887.
192 «La crisis agrícola», *El Regional*, 30 de Agosto do 1887.
193 «Los distritos rurales», *El Regional*, 8 de Febreiro do 1888.
194 «Asociación», *El Regional*, 24 de Novembro do 1889.
195 AURELIANO J. PEREIRA DE LA RIVA, «El Regionalismo». Discurso pronunciado nunha velada literaria celebrada no Círculo de las Artes de Lugo. *La España Regional*, 1887, Tomo III, p. 396 e ss.
196 Idem, p. 399.
197 Idem, p. 400.

que hoy luchan por la posesión del poder está en aptitud para cumplir aspiraciones que contradicen su credo»[198].

Nun artigo publicado en *Galicia. Revista Regional*, no ano seguinte, comentando un artigo de CAMPION publicado na *España Regional*[199] «Carlismo, fuerismo y regionalismo»[200], PEREIRA critica a posibilidade dun rexionalismo monárquico e tradicionalista dada á mutua implicación de *democrácia* e *descentralización*, contra as teses de CAMPION.

«El regionalismo y el fuerismo en cuanto que con él se hermana tienen que ser liberales, y en cuanto con la monarquía no encontrarán el reconocimiento de la soberanía natural del pueblo, tienen que ser demócratas, y como demócratas españoles, republicanos[201].

A postulación por PEREIRA do tipo de Estado federal desde a perspectiva da distribución territorial do poder e a forma de goberno republicana, implica unha radicalización inexistente nos outros sectores rexionalistas progresistas que aceitaban a monarquía e rexeitaban explicitamente a estruturación federal do Estado. Diferenzas políticas ás que se engadirán outras, e que situaban en posición minoritária a proposta de PEREIRA.

Pero ao tempo que estas diferenzas de *modelo político*, existian outras de carácter *estratéxico* e que xa se albiscaban nos artigos de PEREIRA en *El Regional* comentados.

Tais diferenzas estratéxicas explicitarian-se co gallo do discurso que PEREIRA pronunciou na homenaxe a ALFREDO BRAÑAS en Santiago de Compostela tras a publicación de *El Regionalismo*[202].

Neste discurso, e en estrita coeréncia coa necesidade de movilización e de concreción, de «más política» que PEREIRA viña mantendo desde habia tempo, as cuestións de estratéxia e política de alianzas situaran-se nun primeiro plano. En efeito, para PEREIRA o rexionalismo tiña que deixar de ser «... un partido de catedráticos y oradores, de poetas y periodistas; es necesario que encarne en el pueblo»[203]. E o realmente importante desta encarnación no pobo, radica en que debe dar-se através dun *achegamento ao campesiñado* a quen é preciso facer partícipes das arelas rexionalistas, mais ao mesmo tempo, de quen é preciso incorporar á sua problemática o movimento rexional.

Esta política de alianzas alternativa proposta por PEREIRA implica o estabelecimento duns vínculos co campesinado superadores da sua *utilización instrumental*, á que en definitiva o tiñan reducido os demais representantes do rexionalismo como depositário da eséncia nacionalitária de Galiza, da sua língua, tradicións e cultura... mais en total alleidade á sua problemática social inmediata, exacerbaba pola crise. Pola contra, unha movilización orientada ao campesiñado, que vencellase ao movimento rexionalista incorporando a este as suas reivindicacións máis sentidas: redención foral, disminución impostos, anticaciquismo, etc., forneceria ao rexionalismo dunha ampla base de masas.

As diferenzas cos outros sectores rexionalistas liberais (MURGUIA, INSUA, etc.) —e non digamos xa dos tradicionalistas BRAÑAS, BARCIA CABALLERO, etc.— no se reducian deste xeito somente ao tipo de *descentralización federal* proposta por PEREIRA, ou as suas arelas republicanas, senón e fundamentalmente á *política de alianzas*,: o campesiñado pasaba a ocupar un lugar central, políticamente activo, e non meramente fundamentador de diferenzas. PEREIRA conxuga deste xeito no seu rexionalismo o «Todo para Galicia» con «Tierra y Libertad», dándo-lle un sesgo pre-populista característico na tradición do partido federal galego[204] que soupo incorporar xa desde o 73 as máis vivas reivindicacións campesiñas ao seu programa.

Mais non por estas diverxéncias estratéxicas, políticas e de alianzas, PEREIRA se situa con exterioridade ao rexionalismo como movimento. Unha vez máis, na homenaxe a BRAÑAS, volve-se a declarar galeguista con toda radicalidade.

«hace muchos años que soy antes gallego que español, atrevimento del que no me he arrepentido»[205].

Precisamente esta valoración da galeguidade implica unha *interioridade* á movilización rexionalista,

198 Idem, p. 503.
199 AURELIANO J. PEREIRA, «Algo sobre regionalismo», *Galicia. Revista Regional*, Abril do 1888, n.º 4, p. 145 e ss.
200 ARTURO CAMPION, «Fuerismo, regionalismo y federalismo», publicado en *La España Regional*, ao longo do 1887 e 1888.
201 AURELIANO PEREIRA, «Algo sobre regionalismo» cit., p. 148.
202 AURELIANO J. PEREIRA, Discurso no banquete en honor de ALFREDO BRAÑAS en Santiago de Compostela o 9 de Marzo do 1890, en *Gaceta de Galicia*, 10 de Marzo de 1890.
203 Idem.
204 Cfr. neste sentido os folletos federais de PEREZ COSTALES, R., *La verdad a las aldeas*, La Coruña, 1869 e de ESTEBAN QUET: *Conferencias Populares*, Santiago, 1869, e outros sobre o achegmento dos federais galegos, non somente aos núcleos obreiros como é usual, senón ao campesiñado.
205 PEREIRA, Discurso no Homenaxe a BRAÑAS, cit.

mália as direccións imperantes na mesma. A «unidade dos galegos por riba de toda diferencia» leva a afirmar a PEREIRA verbo de BRAÑAS, de quen tan abismal distáncia política separa:

«Que aunque en puntos de detalle nos diferenciemos, el amor a Galicia y el anhelo de su redención nos unen y confunden en un solo haz»[206].

O grau de eficácia dos elementos de unión e solidaridade interna característicos dos movimentos nacionalistas, no discurso de PEREIRA, amosa claramente a *centralidade* da sua opción rexionalista, que de nengun xeito se configura como meramente retórica e periférica á prévia militáncia federal.

Todo isto ven reafirmado pola importante actividade estritamente cultural-galeguista que PEREIRA desenvolve neses anos. Efectivamente, desde a proposición da criación dunha Académia Galega, até a publicación de obras de criación literária en galego: o libro de poemas *Cousas de Aldea,* a lenda *A Cova da serpe,* e muitas outras dispersas pola prensa; as *Biografías Gallegas* escritas conxuntamente con AMOR MEILAN; artigos sobre a literatura galega: «Acerca del movimiento literario en Galicia» na *Revista de España,* etc.[207], PEREIRA intervén directamente na movilización cultural rexionalista daqueles anos, sendo considerado como un dos máis nomeados publicistas.

Endalí que o intento de articulación entre rexionalismo e federalismo implique a xénese dunha interesante *síntese* criadora e diferenciada na que por unha banda o rexionalismo se ve sobrepolitizado e radicalizado nas suas propostas político-estratéxicas e o federalismo enche-se de contido orgánico galeguista perdendo todo pretendido carácter *abstracto*.

En definitiva achamo-nos diante dun específico *proxecto político* caracterizado polas notas seguintes:

1. Aceitación dos elementos xerais do rexionalismo e integración no interior dese movimento mantendo un posicionamento específico: galeguismo, unión dos galegos, desenvolvimento económico de Galiza, diferencialismo.

2. Postulador dun modelo *federal* de reestruturación do Estado español.

3. Partidário da democrácia representativa, sufráxio universal e forma de goberno republicana.

4. Sobranceador da necesidade de movilización política e concreció do programa rexionalista cara unha incidéncia de masas.

5. Postulador dunha nova estratéxia: necesidade de recoller a problemática social do campesiñado, foros, impostos, anticaciquismo, e incorporá-lo deste xeito ao rexionalismo.

Unha alternativa político-estratéxica, en suma, non redutíbel a ningunha das outras duas —autocrática e liberal— existentes.

2. *Movilización e incidéncia do rexionalismo federal.*

O feito de militar PEREIRA simultaneamente no movimento rexionalista e no partido federal, no cal desempeña asemade una posición relevante na organización lucense do mesmo, implicaria a superposición das suas actividades que, asi e todo, é preciso non confundir.

En efeito, resultaria falaz superpoñer os efeitos das duas militáncias de PEREIRA, interpretando desde a perspectiva da nosa análise, como rexionalistas unha série de actividades que nada teñen que ver co devandito movimento. Impediria-se deste xeito detectar a especificidade substantiva de cada un dos movimentos naquela conxuntura concreta, notabelmente diferenciados ideolóxica e organizativamente.

Resulta, en efeito, sumamente esclarecedor da situación do movimento rexionalista con anterioridade a 1899 que toda actividade *estritamente política* levada a cabo por PEREIRA se producira da man da sua militancia federal e non rexionalista. Cobran asi toda a sua dimensión as palabras de PEREIRA: «El regionalismo no es aún hoy por hoy un partido político»[208]. As polémicas, movilizacións e dinámica políticas deses anos serán única e exclusivamente federais[209], constituindo o esforzo central de PEREIRA cara o rexionalismo inserir nel unha dinámica de politización e radicalidade, utilizando plataformas ideolóxicas como a prensa e os discursos no sentido que examinamos enriba.

206 Ibidem.

207 AURELIANO J. PEREIRA: «Algo acerca del movimiento literario en Galicia». *Revista de España*, n.° 554, Abril, 1892, pp. 385 a 400; n.° 555, Maio 1892, pp. 25 a 37, e n.° 556, Xuño 1892, pp. 146 a 153.
Cousas da Aldea, A Cruña, 1891.

208 *El Regional*, 15 de Xaneiro do 1887.

209 Cfr. por exemplo, «Los federales gallegos», *El Regional* 19-2-1887 e todos os chamamentos e comunicados que no ano 1887 preceden á organización do Congreso en Lugo.

Neste orde de cousas resultará enormemente significativa a presentación de vários candidatos federais ás eleicións municipais de Lugo de 1887. Durante toda a campaña, na que PEREIRA será un dos candidatos, en ningun momento se fai referéncia algunha ao rexionalismo, nen nos manifestos políticos nen nas polémicas de prensa cos conservadores[210]. Semella daquela que o rexionalismo constituía un movimento alleo á escena político-eleitoral mália os intentos de PEREIRA porque deixase de ser un partido de catedráticos e oradores.

Todo isto reveste a sua importáncia por canto, e paralelamente, o partido federal galego achaba-se por aquel tempo nun proceso de achegamento á problemática galega, que se traducia en diversos ordes: desde a autonomia organizativa até o próprio carácter do seu discurso. No primeiro dos sentidos aludidos desde a Asamblea federal de decembro de 1886, acordara-se impulsar a organización do partido na rexión galega, e o 1.° de xuño de 1887 o Consello Executivo convocara aos federais da rexión galega a unha Asamblea fedeal celebrada en xullo do mesmo ano para discutir e aprobar o *Proyecto de constitución federal para el futuro Estado gallego.*

Síntoma inequívoco deste proceso de *galeguización* do partido fedeal resultan as proclamas, manifestos e convocatórias publicados por aqueles anos. Asi, co gallo da última das Asambleas aludidas liñas arriba dicia-se:

«El consejo ejecutivo espera y confía en que las cuatro provincias gallegas sabrán responder a la excitación de hoy enviando a aquella con sus hombres de valer y de prestigio, la mayor suma de inteligencia, actividad y patriotismo... Galicia, la madre patria querida, anhela ser fuerte mediante una organización vigorosa y honrada, por la deliberación y el consejo de sus hijos»[211].

E tamén:

«Galicia abandonada, empobrecida y explotada sin misericordia, nos excita al cumplimiento de un deber; al ejercicio de la piedad filial»[212].

Elemento fundamental desta galeguización do partido federal foi sen dúbida a redacción do proxecto de *Constitución para el futuro Estado gallego.* O labor preparatório encetara-se en 1883 da man dunha comisión presidida por SEGUNDO MORENO BÁRCIA, sendo posteriormente ditaminado por unha comisión integrada por MOSQUERA LEQUERICA, MODESTO MOIRÁN e AURELIANO J. PEREIRA, que rematará na discusión da Asamblea de Lugo de 1887.

A redacción dun proxecto de Constitución para Galiza integra-se, deste xeito, como un paso decisivo no proceso de galeguización do partido federal, moi semellante polo demais ao que tiña lugar en Cataluña da man de V. ALMIRALL e VALLES I RIBOT: achegamento do federalismo á realidade catalana, arrequento do seu contido orgánico e redacción dunha constitución catalana que fixase a organización interna do novo «estado rexional»[213].

E, xa que logo, non era alleo a este proceso a actividade interna de persoeiros e líderes federais, permeábeis á problemática galega, MORENO BÁRCIA, e sobretodo os federais rexionalistas AMOR MEILÁN, CASTRO y LOPEZ, AURELIANO PEREIRA.

O influxo destas correntes resultou decisivo cara a redacción do proxecto próprio de constitución galega que viña a se constituir deste xeito como unha ulterior garantia ás liberdades e autogoberno de Galiza e, xa que logo, como a explicitación da sua diferenza, da sua especificidade.

Achamos todo isto claramente definido no dictame da comisión nomeada ao efeito, onde se considera ao rexionalismo como un dos inspiradores de texto constitucional que se propón:

«No ha mucho que, merced al choque de intereses materiales, alzó de nuevo su cabeza el regionalismo... y al impulso de aquel movimiento provocado en un extremo de España, por virtud de la fuerza inicial que de allí partía, todas las regiones se sintieron sacudidas a un tiempo y todos a una protestaron contra los males de la centralización... manifestaciones de adhesión, implícita o explícita, según que aquellas sean más o menos vivas a nuestras ideas...»[214].

Compre, asi e todo, plantexar o problema nos seus xustos temos: O rexionalismo apenas encetaba a sua andadura e posuia un universo político-

210 Cfr. neste sentido de falta de elementos ideolóxicos rexionalistas á hora das eleicións nos principais artigos adicados ás mesmas, «Elecciones municipales», *El Regional*, 3 de Abril do 1887, «Los republicanos y las elecciones municipales», *El Regional*, 14 de Abril do 1887, «A los electores del distrito de Lugo», 30 de Abril do mesmo ano, etc.

211 *El Regional*, 11 de Xullo do 1887.

212 *El Regional*, 20 de Xuño do 1887.

213 Cfr. TRIAS VEJARANO, J. *Almirall y los orígenes del catalanismo*, Madrid, 1975, pp. 179 e ss. SOLE TURA, J. «El pensamiento político y la trayectoria de Valentín Almirall», *Revista Jurídica de Cataluña*, n.° extraordinario, 75 aniversario, Barcelona, 1970, pp. 357 e ss.

214 *El Regional*, 7 de Xullo do 1887.

ideolóxico vago e indefinido, mentres que o federalismo posuia unha traxectória vella e un programa homoxeneizado e madurado nun proceso partidário do que carecian os rexionalistas. Neste sentido, e a nivel dos movimentos federal e rexional, non se pode falar de síntese entre un e outro en ningun momento nos anos por nós analizados. Somente uns pequenos sectores, como o de PEREIRA, atinguiron a devandita síntese que foi reiteradamente proposta aos rexionalistas nos seus aspectos de modelo político (constitución republicana federal) e estratéxico (alianza co campesiñado) que, finalmente, seguiron outros rumbos, polas razóns e no sentido que de contado imos ver.

Este *modelo político estratéxico* alternativo que a tendéncia federal propoñia unha e outra vez desde o interior do rexionalismo constitui un dado constante destes anos fundadores do movimento rexionalista.

Asi por exemplo frente á celebración dun congreso periodístico que suscitara a adesión de xornalistas rexionalistas, *El Regional* opón-se decididamente a este tipo de reunión por máis que entre os seus obxectivos se encontrasen cuestións tais como: criación dunha Académia Galega, edición de obras inéditas de importáncia, discusión de proxectos de melloras materiais para Galizia, etc. O cerne da oposición do grupo de PEREIRA a este tipo de iniciativa viña dado fundamentalmente pola nula eficácia do mesmo:

«En un congreso de periodistas no estarían reunidas todas las personas más entendidas en los asuntos que hay que tratar... para que el Congreso que se celebre resulte algo más que una reunión de oradores, más ganosos de conseguir buena fama y mucho aplauso que de aportar medios para resolver las cuestiones que se discutan»[215].

Reiteradamente, ao longo destes anos PEREIRA insistirá na necesidade de que o rexionalismo se movilice politicamente, concrete o seu programa, incorpore ao campesiñado e incida na escena política galega. Como escribiria amargamente uns anos máis tarde afastado xa do partido federal:

«El regionalismo es aún una tendencia vaga, una aspiración informe, que hasta ahora solo ha servido para obtener premios por poesías... para ser algo *tiene que contar como base con las clases populares:* tiene que *encerrar en su programa las soluciones de los problemas que afecten a la región y trabajar prácticamente por obtenerlas*» [216] (suliñado noso, R. M.).

En definitiva, e para concluirmos este apartado adicado ao estudo do rexionalismo federal formulado por PEREIRA, e sen obviar un tratamento sistemático da sua ideoloxia como do destiño final da sua proposta no desenvolvimento da movilización rexional, entendemos fica clarexado de todo o devandito que se trata dunha *articulación específica* de elementos federais e rexionalistas, posuidora de própria substantividade e que se configura como unha auténtica *alternativa* interna ao movimento, como unha proposta político-estratéxica diferenciada, presente como posibilidade no cerne mesmo do rexionalismo.

Marxinal no seo do partido federal, por máis que sexa constatábel unha certa galeguización deste nese periódo, e notoriamente máis radical políticoestratexicamente que as formulacións existentes de BRAÑAS ou MURGUIA; a proposta de PEREIRA non chegaria a ser recollida polo movimento rexionalista nen superar o seu carácter minoritário.

D. A consolidación ideolóxica do rexionalismo galego, 1889.

No ano 1889 o rexionalismo galego como movimento atinxe a sua madurez ideolóxica. O desenvolvimento da prensa rexional, dos Xogos Florais, das polémicas culturais e congresísticas até aqui examinadas xeneran unha rápida maduración e substantivación do movimento, un arrequento na concreción do seu ideário e, xa que logo, a sua consecuéncia ineludíbel: a explicitación meridiana das contradicións internas do movimento. Contradicións que se desenvolverán apartir de agora en toda a sua profundidade e que acompañarán sistematicamente aos máis importantes fitos do movimento rexional determinando decisivamente as modulacións que vai experimentar o movimento e a sua peculiar traxectória.

Neste sentido, o ano 1889 será clave por dous motivos: pola aparición de obras centrais na constitución ideolóxica do movimento, pero tamén, pola aparición das primeiras formas organizativs do mesmo. Centrándo-nos aqui no primeiro dos dous aspectos asinalados, é preciso facer referéncia a duas obras co mesmo título: *El Regionalismo,* saídas da pluma de BRAÑAS e MURGUIA. Pezas ambas as duas ancilares do movimento rexionalista, explicitadoras do alcance, natureza, programa e obxectivos do mesmo, constituíron auténticos guieiros indiscutidos polo conxunto dos rexionalistas galegos mália indubitábeis diferenzas existentes entre un e outro.

Polo demais ningunha das duas esgotaba a sua eficacia no labor clarificador da ideoloxia e movimento rexionalista. Con ser este obxectivo importante, ambas as duas foron concebidas polos seus autores e se desenvolveron de feito na práctica cun fin movilizador e de axitación rexional, ao menos en dous sentidos.

Polémico o primeiro deles: portadores da loita ideolóxica contra da ideoloxia centralista dominante do «Estado-nación», enfrentamento e impugnación dos discursos estabelecidos e aceitados polo sistema de partidos turnantes da Restauración, deslexitimación dos mesmos en diferentes perspectivas, construindo frente eles a ideoloxia diferencial, a conciéncia nacional galega, fundamentando o feito diferencial.

Pero desta funcionalidade fundamentadora, compre salientarmos o seu siñificado movilizador inmediato, dinamizador da intelligentsia galega da época: homenaxe e celebración do libro de BRAÑAS, apoios e solidaridades con MURGUIA tras da publicación da sua resposta a MOGUEL.

A aparición das primeiras organizacións rexionalistas a pouco máis dun ano da publicación destes libros non se pode atribuir ao poder taumatúrxico da idea rexional pero si amosa e patentiza a presenza dunha inquietude que aqueles contribuiron en grande medida a desatar.

Pero como xa adiantamos, 1889 será tamén o ano no que sairan á luz con toda claridade —consecuéncia ineludíbel da concreción dos ideários ao sair estes do «platonismo de la idea» e se adentraren en eidos máis pragmáticos— as diferenzas e contradicións internas entre os diversos sectores que integran o movimento. Madurez ideolóxica e diferenciación de posicións internas non integrarán senón duas faces da mesma moeda.

a. Alfredo Brañas e «El Regionalismo»

Xa ficou asinalado como BRAÑAS, catedrático de Economia Política e Facenda Pública da Faculdade de Direito de Santiago, mantivera desde as páxinas de *El Libredón* do que fora director, *La Pequeña Patria* ou *El País Gallego* un rexionalismo «algo distinto al de los demás». Distinción que se centraba no marcado carácter tradicionalista e católico do seu pensamento e a concepción do rexionalismo en oposición directa ao capitalismo e ao liberalismo.

Pois ben, apesar de que dada a sua xuventude o labor de BRAÑAS ainda encetaba o seu roteiro, nas suas publicacións de 1889 *El Regionalismo* e máis na *Memoria sobre las pequeñas industrias que conviene establecer en la provincia de Pontevedra,* están xa substancialmente presentes —en defecto de posteriores decantacións— o celme do seu ideário rexionalista.

Asi, a publicación en Barcelona de *El regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario*[217] foi saudada con grandes mostras de adesión, mesmo por aqueles rexionalistas que non compartian aspectos do mesmo que no agromar público do movimento semellaban secundários, e o libro pasou a considerar-se como o programa-manifesto do mesmo en Galiza.

Sen nos deter aqui na análise pormenorizada do texto, compre asi e todo sulliñar os pontos fundamentais da sua proposta política.

En primeiro lugar, en *El Regionalismo* BRAÑAS prescinde de toda polisémia na conceptualización de Galizia como Rexión e Nación como sucedia en PEREIRA e MURGUIA, empregando unicamente o termo *Rexión.*

Esta opción terminolóxica, como imos ver decontado, posui unha decisiva connotación conceptual e reflexa a enteira concepción rexionalista de BRAÑAS, implementando uns límites moi concretos á descentralización por el proposta.

Ao entender por rexión:

---

[215] Cfr. a referencia retrospectiva, *El Regional*, 5 de Marzo do 1891, e no seu momento: 6 de Maio do 1887.

[216] *El Regional*, 30 de Xullo do 1893. Párrafo que sintetiza como poucos a proposta de *hexemonia* de PEREIRA no interior do rexionalismo.

A dirección da pequeno-burguesia intelectual e galeguista sobre o campesiñado non estaria baseada somente na prédica da «boa nova» rexionalista nas aldeas e pobos de Galiza, nen na consecución do «convencimento» das amplas masas campesiñas do atinado das propostas rexionalistas. Senón, nomeadamente, na incorporación ao programa rexionalista dos problemas máis candentes do campesiñado e a proposta de solucións caras aos mesmos (redención foral, cretos, etc.). A *articulación*, definitiva, da problemática social daquel vasto sector da poboación galega cos valores galeguistas (auto-goberno, oficialidade da língua, etc.). A *hexemonia* amosa-se, deste xeito, superadora do mero *consenso ideolóxico* e converte-se nun proceso de mútua interacción e achegamento entre as clases implicadas que se traduciria tanto na galeguización do campesiñado como na maduración política do movimento rexionalista e o seu aumento de apoios sociais.

A lucidez presente na proposta de PEREIRA non fará senón acrecentarse co avantar da movilización rexionalista que, endebén, seguirá moi diferentes rumos.

[217] ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario*, cun prólogo de BARCIA CABALLERO, Barcelona, 1889. Na páxina 359, BRAÑAS agradece explicitamente ao catedrático da facultade de Direito da Universidade de Barcelona, ANTONIO JOSE POU Y ORDINAS, a axuda prestada para a publicación do libro.

«Agrupación de familias, municipios o comunidades, ligadas por ciertos lazos naturales que gozan de una existencia social autónoma dentro de los Estado independientes»[218].

O rexionalismo é consecuentemente considerado como:

«Doctrina según la cual existen regiones con vida propia y que gozan de una cierta independencia dentro de algunos estados»[219].

Consecuentemente, a oposición de BRAÑAS ao federalismo como sistema global, obedece á cuestión de princípios político-ideolóxicos e non somente á excesiva radicalidade da proposta descentralizadora federal como acontecia no caso de MURGUIA.

En primeiro lugar, hai diferenzas verbo da clase de descentralización proposta. Tras da contraditoriedade perceptíbel ao longo do texto, e da que no seu lugar daremos conta, agocha-se o enfrentamento e pugna ideolóxica entre dous *conceitos: rexión* e *nación* que —tras a superficial homonexenización terminolóxica: *rexionalismo*— pugnan por desenvolver a sua eficácia específica.

Asi, o *Estado federal,* implica: Estados independentes, próprio Goberno e Constitución en cada un destes Estados federados, poder central somente para asuntos de interés xeral, soberania repartida, existéncia de duas camaras, etc. Fronte a este modelo, *o rexionalismo* supón: rexións autónomas dentro da unidade pátria dependentes do goberno central, as rexións non posuen constitución própria, poder central soberano, non bicameralismo, etc.

En suma, substanciais diferenzas encol da descentralización que se postula, ficando en todo momento eludidas a cuestión da natureza e alcance do autogoberno rexional.

Pero asemede outra série de diferenzas fundamentais levaban a BRAÑAS a rexeitar o federalismo. Trata-se da vinculación estreita que este estabelece entre descentralización e democrácia política, como vimos ao analizar o pensamento de PEREIRA. Ao contrário para o catedrático compostelano, a crítica á centralización fai-se nunha perspectiva «Ancien régime»: crítica do individualismo burguês, da vontade xeral, do sufráxio universal, do liberalismo, da filosofia racionalista, do parlamentarismo, da igualdade formal, da farsa dos partidos, etc.... e paralelamente procede-se á exaltación dunha Idade Média idealizada e os seus valores: escolasticismo, gremialismo, sufráxio corporativo, etc. etc.[220].

En definitiva, tanto a caste de descentralización como o modelo político, social e ideolóxico global de BRAÑAS, desbotan esencialmente calquer contacto co programa federal.

Percebe-se no texto de *El Regionalismo* o influxo da *Mensaxe da Liga Catalana á Raiña Rexente,* Maria Cristina, do ano 1888, na que se pedia para Cataluña: Cortes próprias mais integradas por estamentos, cargos públicos ocupados por cataláns e se recollian as aspiracións do catalanismo romántico conservador e historicista[221]. Mais, asi e todo, o posicionamento de BRAÑAS atingue unha radicalidade no seu tradicionalismo somente comparábel ao posicionamento ideolóxico dalguns catalanistas como TORRES I BAGES, mais inatopábel en toda a sua pureza nos documentos públicos do movimento catalán[222].

Dacordo cos postulados devanditos, BRAÑAS tracexa un programa rexionalista centrado nos seguintes pontos:

1. *Supresión da eleición de deputados,* tanto por sufráxio universal como por sufráxio restrinxido e destrución do sistema parlamentário:

«El objetivo de los regionalistas debe ser acabar de un solo golpe y de una vez con el sistema parlamentario[223].

Como alternativa ao sistema parlamentário instrumenta-se unha representación corporativa por grêmios, ofícios e profesións.

2. Desde o ponto de vista administrativo propónse a *descentralización dos servizos públicos* e a reforma das leis provincial e municipal.

3. *Conservación das próprias institucións e fueros* para que non sexan destruídas pola codificación.

4. Criación de centros de estudos superiores. Mais sen alusión algunha á língua galega, etc.

5. Economicamente: medidas creditícias á agricultura e máis unha posición intermédia entre o librecâmbio e a protección.

6. Necesidade de fomentar unha campaña de movilización rexionalista e de descrédito do sistema parlamentário.

Visto este programa, o feito de que o libro fora saudado como o manifesto rexional mostra o grau de inconcreción e indefinición no que se achaba o movimento rexionalista no ano 1889. Estádio no que *El Regionalismo* destacaba non tanto polas alternativas propostas senón pola denúncia sistemática e *cientificamente* fundamentada do modelo de Estado unitário até entón inexistente. Precisamente este estadio inicial do movimento, esta falta de necesidade interna no mesmo dun *programa concreto* ao centrar a atención nos aspectos críticos e fundamentadores que ocupan a meirande parte do libro (causas del regionalismo, proceso histórico del regionalismo, el regionalismo en Galicia, etc.) está na base da aceitación do mesmo ainda por sectores (os máis do rexionalismo do momento) que se situaban nunha perspectiva política totalmente disímil da de BRAÑAS: liberalismo ou federalismo. A própria discursividade académica, cientificista do libro de BRAÑAS, fornece esa funcionalidade máis que programática fundamentadora, substantivizadora de algo difuso e mirado con prevención e receos de separatismo na perspectiva do discurso centralista dominante.

Agora ben, apesar desta indeterminación en aspectos político-estratéxicos, alianzas, organización do movimento rexionalista, etc., El regionalismo de BRAÑAS aporta, porén, un importante degrau de concreción no referente á *organización da descentralización política e o autogoberno galego.* En efeito, sen nos deter na análise pormenorizada que faremos sistematicamente máis adiante é preciso salientarmos aqui que *El Regionalismo* contén o primeiro modelo de autogoberno galego rexionalista.

Mais ¿qué alcance ten esta descentralización a que BRAÑAS se refere chamando-a

«... independencia regionalista, doctrina intermedia entre el federalismo orgánico y la descentralización político administrativa»?[224]

Por primeira vez na história do movimento rexionalista o tema do modelo político rexional vai abandonar a vaguidade na que se viña movendo:

«En la esfera política los regionalistas queremos autoridades con atribuciones propias, conocedoras de las necesidades de la región, morales, fuertes, capaces e ilustradas, elegidas o designadas por las diferentes clases sociales, pero sin que tales autoridades gocen de completa independencia, pues han de estar sometidas o subordinadas al Soberano de la Nación»[225].

O marco de atribucións internas destas «autoridades rexionais» configura-se a nivel de princípios como autenticamente substantivo:

«La autoridad que se halle al frente de la región conviene que sea... soberana y señora del territorio regional en lo tocante a la gestión de los intereses particulares del mismo[226].

Sen nos deter na consideración detallada do organigrama do autogoberno compre asi e todo fixar minimamente o seu alcance ao atoparmo-nos diante da primeira concreción dun modelo rexionalista.

Neste orde de cousas temos que salientar que no que respeita ás institucións de autogoberno, Galiza, segundo o organigrama de BRAÑAS, posuiria poder executivo e xudicial próprios, mais non *poder lexislativo autónomo.* Neste orde de cousas, autenticamente decisivo na configuración dun autogoberno, a única capacidade das institucións galegas é a de presentar proxectos de lei nas Cortes españolas para asuntos rexionais e *veto suspensivo* (non resolutivo) verbo dos proxectos propostos polo Rei os seus ministros. En definitiva, BRAÑAS non supera en *El Regionalismo* o marco da descentralización administrativa.

Noutro orde de cousas, os aspectos anticapitalistas do pensamento de BRAÑAS son desenvoltos, no âmbito económico, nun artigo publicado nese mesmo ano: *«Memoria sobre las pequeñas industrias que conviene establecer en la provincia de Pontevedra que por el corto capital de sus productos pueden desarrollarse con facilidad»*[227].

218 Op. cit., p. 67.

219 Idem. p. 84.

220 Idem, pp. 89, 93, etc.

221 As esixéncias da Mensaxe á Raiña Rexente centraban-se na «recuperación» das Cortes xerais históricas catalás, libres e independentes, integradas por representación directa de todas as clases sociais nas que se vote un próprio presuposto para Cataluña; na oficialidade da língua catalá; na catalanidade dos cargos políticos; na existéncia de tribunais cataláns e o fallo en última instancia en Cataluña;... En definitiva, unha solución *autonómica* semellante á do «Memorial de Greuges» e a prol da que se invoca o exemplo do Império Austro-Húngaro baixo o Emperador Francisco Xosé I. Cfr. sobre estes extremos, GONZALEZ CASANOVA, *Federalisme y Autonomia a Catalunya* cit. pp. 161 e ss. e 5ª% e ss.

222 Sobre o autor de *La Tradición catalana* e *Consideracións sociologiques sobre el regionalisme*, Cfr. SOLE TURA, J. *Catalanismo y Revolución burguesa* cit., pp. 78 e ss.

223 ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo* cit., p. 356.

224 Idem, p. 92.

225 Idem, p. 66.

226 Idem, p. 85.

227 ALFREDO BRAÑAS, «Memoria acerca de las pequeñas industrias que conviene establecer en la provincia de Pontevedra que por el corto capital de sus productos pueden desarrollarse con facilidad» en *Galicia*, n.º 2 e 3, Febreiro, Marzo do 1889, pp. 91 a 101 e 169 a 178.

A proposta do cultivo das pequenas indústrias non trata máis que de desenvolver un *modelo artesanal precapitalista* frente á industrialización do capitalismo moderno en evitación dos males que esta arrastra consigo: disolución da família, abolición dos grémios, crises industriais, folgas, liberdade de concorréncia, etc. etc...

O modelo pre-industrial e pre-capitalista que BRAÑAS propón para Galiza é xustificado e racionalizado en base á própria especiaficidade daquela:

«Galicia es esencialmente agrícola: la industria fabril y el comercio no tienen vida propia, el movimiento vertiginoso de las fábricas, el humo espeso de las fundiciones... no constituyen la fisonomía social de nuestra tierra»[228].

En definitiva, a oposición ao centralismo por parte de BRAÑAS conleva unha concepción das liberdades locais como o logro de instrumentos de defensa, de áreas de exclusión, fronte ao avanzar da revolución burguesa en España que a esas alturas de século completara xa as suas máis importantes tarefas. O rexionalismo en suma é articulado como *anticapitalismo* (crítica da liberdade de mercado, da libre competéncia, industrialización, desamortización, etc.) e *antiliberalismo* (antiparlamentarismo, oposición ao sufráxio universal, corporativismo gremialista, antidemocrácia, etc.). En definitiva, unha óptica moi perto do carlismo, mesmo nos aspectos descentralizadores.

A distáncia entre estes anceios dunha Arcádia campesiña e feudal feliz, na que anticapitalismo e rexionalismo se funden nun todo compacto, e as posicións de PEREIRA ou INSUA[229] xa examinadas, reveste un alcance tal que é forzoso inferior o estalido a curto prazo das contradiciós latentes no seo do movimento rexionalista, de non se conseguir a formulación dunha síntese conciliadora entre a óptica e a progresiva.

b. A nación galega e a criación dos mitos fundadores en Murguia. O rexionalismo liberal.

O polifacético labor de MURGUIA continua nestes anos en procura dunha fundamentación ideolóxica e histórica da personalidade diferencial de Galiza nunha perspectiva demo-liberal. As suas fundamentais intervencións escritas destes anos son: a obra *Galicia*, o volumen terceiro da sua *Historia de Galicia* e o opúsculo *El Regionalismo*. No primeiro dos libros mencionados, obra da divulgación histórico xeográfica de carácter descriptivo, MURGUIA sistematiza os principais elementos de fundamentación da nacionalidade galega na liña da introducción á sua *Historia* do ano 1865. Entre eles atopamo-nos coa presenza do factor étnico como fornecedor, através do clásico mecanismo de racismo de afirmación, da diferenza e persoalidade própria de Galiza. Elemento racial que atinxe nesta obra unha sorprendente forza e radicalidade muito por riba doutras intervencións murguiánas. Asi, por exemplo, fála-se en diversas ocasións no sentido de que:

«El celta es nuestro único, nuestro verdadero antepasado»[230]

o cal, unha vez máis, en MURGUIA é utilizado nun sentido de modernidade do pobo galego, o fondo céltico do cal o equipara aos pobos superiores europeus:

«Por el lenguaje, religión, arte, por la raza está el pueblo gallego ligado estrechamente a la grande y nobilísima familia ariana»[231].

Sen perxuicio de afondar máis adiante nas formas e alcance que reveste esta fundamentación étnica da nacionalidade que neste texto como en ningun outro se presenta como un elemento clave de concepción murguiana da nacionalidade, compre pregunatarmos agora pola *funcionalidade político-estratéxica* que desenvolve o elemento étnico na sua proposta. Neste sentido, ao noso entender, o devandito factor exerce unha plural *eficácia específica:*

1.° A fundamentación da nacionalidade galega, establecendo a sua «diferencia específica», a sua distinción como pobo no seo de España. O estabelecimento, en definitiva, dunha alleidade material e física entre o español e o galego que se ergue frente no discurso dominante da españolidade como rasgo fundamental do estado unitário centralista e a sua ideoloxia, borradora das fronteiras, dos espácios internos e próprios.

A tanxibilidade material no pasado da proxénie céltica e no permanecer actual nos rasgos antropolóxicos dos galegos, proporciona un baseamento de grande eficácia cara a postulación da própria personalidade colectiva do pobo galego.

2.° En segundo lugar, o elemento racial serve á tarefa de recuperación da dignidade do pobo galego, perdida baixo o proceso de marxinación e dominación secular, reforzado contemporaneamente pola Restauración. Esta recuperación da dignidade, desmentida polo discurso dominante no que o alcume de *galego* chegara a adquirir unha significación peiorativa, mais nunca perdida de todo dada a sua fundamentación racial, amosa a modernidade «ariana» de Galiza e os seus habitantes. Modernidade, que reprimida baixo dun trato humillante e inxusto no sulmetimento a poderes alleos, pode e compra *actualizar-se* fornecendo unha nova época na historia de Galiza no renacimento literário, cultural, lingüístico, no desenvolvimento económico, etc., de acordo cos máis avanzados países europeus.

3.° En terceiro lugar, o vencellamento do pobo galego á raza superior céltica, ariana, devén na procura do desenvolvimento das suas potencialidades en fundamentadora directa do autogoberno: un pobo superior non pode tolerar a inxeréncia de alleos («semíticos») nos seus próprios asuntos.

4.° E finalmente, o factor racial, converte-se en elemento clave da *superación das diferenzas internas sociais,* políticas e ideolóxicas dos galegos, veiculando a sua incorporación á obra da redención da pátria galega. Interpelados como membros dunha mesma raza, feita abstracción dos conflitos que atravesan Galiza, todos os galegos en tanto que tais achan-se na obriga de loitar polo desenvolvimento pleno das potencialidades da pátria.

A condición do galego, racialmente fornecida, situada deste xeito nun primeiro plano, incorpora-se como un elemento estratéxico movilizador altamente eficaz á hora da creación dun movimento rexionalista. O *mito celta,* pois, mostra unha virtualidade dificilmente infravalorábel como auténtico *mito fundador* central da nacionalidade galega que despega unha eficácia ancilar no proceso de construción nacional, encetado polo galeguismo histórico, como teremos ocasión de analizar máis adiante[232].

Finalmente, e noutro orde de cousas, asinalarmos que os elementos históricos xogan un papel central no libro *Galicia* que estamos a comentar. MURGUIA acode ao pasado en procura de testemuños de existéncia dun *poder galego próprio* enlazado con aquela visión da história de Galiza en loita polo autogoberno presente no estudio introdutorio de 1865. Neste sentido é significativa a valoración da situación política de Galiza no século XVI, que segundo MURGUIA achaba-se en réxime de «*Autonomía*»[233], gobernada polas suas próprias institucións: A *Junta del Reino* e a *Audencia,* posuindo, asemade, Armada de seu. Se por unha banda a Xunta dispuña, segundo o historiador rexionalista, de importantes atribucións: tributos, provisións, Armada, etc., a Audiéncia articulába-se como unha auténtica institución política máis que un tribunal de xusticia:

«un verdadero gobierno que regía por entero los destinos del país gallego»[234].

Tamén no mesmo ano publicóu MURGUIA, coa financiación do «Centro Gallego» da Habana, o vol. III da sua *Historia de Galicia,* no que se aborda o estabelecimento da monarquia sueva —«O Estado suevo»— na Galiza. As vicisitudes de publicación da obra amosa o degrau de organicidade que a produción murguiana cadara daquela no seo do movimento rexionalista. En efeito, sabedores os rexionalistas da Habana da imposibilidade de edición da obra por falta de cartos, fixeron unha campaña a prol da sua edición que rematou con éxito. En toda a movilización promovida co gallo da devandita campaña fica ben claro o carácter *patriótico* da história de MURGUIA, como resalta o próprio INSUA, ao abordar a imperiosa necesidade da mesma para o país galego[235].

A intencionalidade explícita de MURGUIA polo demais, tampouco deixa lugar a dúbidas ao conceituar a Galiza como unha:

«nacionalidad desconocida y negada que, queriendo rehabilitarse acude para ella el conocimiento de su pasado»[236].

intencionalidade que non pasou desapercibida, non xa nas ringleiras rexionalistas senón por parte de estudosos alleos ás mesmas, que adiviñaron que a monarquia sueva, ademais do seu fundador da especialidade galega posuia un carácter de arquetipo das as-

228 Idem, p. 94.
229 Cfr. os artigos de INSUA «Seamos gallegos» ou «El quietismo», xa citado, asi como as propostas industrializadoras de *El Regional* e a série de *El Porvenir de Galicia* de SACO Y BREY, mentadas en páxinas anteriores.
230 MANUEL M. MURGUIA, *Galicia*, Barcelona, 1888, Libro da Colección «España en sus monumentos y artes, su naturaleza e historia».
231 Idem, p. 30.
232 Vid. Cap. VI ao falarmos do pensamento murguiano.
233 MURGUIA, *Galicia* cit., p. 314.
234 Idem, p. 310.
235 WALDO A. INSUA, «Galicia tendrá su historia», *La España Regional*, T. IV, 1888, pp. 175 a 178.
236 MANUEL MURGUIA, *Historia de Galicia*, Coruña, p. 27.

piracións rexionalistas coetánea[237]. Pero quizais o mais significativo deses anos na produción de MURGUIA sexa a contestación a SANCHEZ MOGUEL polo seu discurso de entrada na Académia de Históría[238] no que se rebatia a fundamentación histórico diferencial de Galiza.

O cerne de *El Regionalismo* murguiano-centrase, co gallo da refutación das argumentacións de MOGUEL, na demostración sistemática da *natureza nacional de Galicia.* atinguindo neste escrito o nivel máis alto de explicitación e fundamentación. O primeiro dado importante a subliñar deste opúsculo e a adscripción explícita de MURGUIA ao conceito liberal de Nación, concretamente de MANCINI a quen se cita literalmente aceitando a sua definición[239] que, como vimos no seu momento, fora empregada xa por MURGUIA no seu artigo «¿Qué es nación?», de *La Región Gallega*[240]. Constitui este un elemento de primeiro orde cara á comprensión do rexionalismo de MURGUIA cuxa reiterada adesión ao conceito manciniano orienta unha dirección claramente liberal e progresista. Neste sentido a consideración de factores tais como a raza e a história, que resultan decisivos no pensamento murguiano, teñen que ser valorados no ámbito desta orientación xeral que se alonxa notabelmente das concepcións organicistas do nacionalismos euroepu. Como veremos no seu lugar, a incardinación do conceito de nación de MURGUIA na óptica liberal progresista de MANCINI, suministra o princípio articulador dos elementos integrantes da nacionalidade que cobran deste xeito unha significación completamente diferente da que como tais elementos xogan nos autores xermánicos: a lingua en HERDER, ou a raza en MOSSER e SCHLEGEL, etc.

Deste xeito, a específica síntese nacionalista de MURGUIA, inserta-se coerentemente no conxunto do seu pensamento, e lonxe de desvirtuar os seus princípios liberais e progresistas, como dabondo acontece[241], articula-se dialecticamente con eles. A organicidade dos elementos nacionalitários raza, história, língua, resulta integrada e reestructurada nunha perspectiva progresista que impedirá a sua transformación en racismo, historicismo tradicionalista, etc. Na sua resposta a MOGUEL, que representa ao discurso e ideoloxias centralistas dominantes, MURGUIA amosará a presenza dos diferentes elementos nacionais da noción manciniana:

1. *Historicamente,* Galiza constituíu un reino independente coa Monarquia sueva, e nos séculos XVI e XVII dispuña dunha grande autonomia con Xunta, Audiéncia e Armada própria.

2. Fronte á afirmación da raza española de MOGUEL, MURGUIA opón as diferenzas étnicas entre Galiza e España. A *orixe celta* da poboación galega resulta un elemento actuante através da lei antropolóxica da permanéncia dos tipos.

3. A existéncia dunha *língua* diferenciada e antigua, o galego, integra un elemento de diferenciación nacional: «lengua distinta, distinta nacionalidad».

4. Sobre estes elementos ergue-se a *conciéncia nacional* galega da que MURGUIA recolle as suas expresións contemporáneas: O provincialismo e o erguimento de 1846, o rexionalismo dos precursores, o exionalismo, etc. etc.

5. E, finalmente, todos estes elementos traducen-se no *direito de Galiza ao autogoberno.* Mais rebaixando aqui a formulación manciniana de que cada nación teña o seu Estado, MURGUIA, rexeitando por radicais tanto ao Estado independente como o Estado federado, contenta-se cun nivel inferior de autogoberno que fica ainda sen explicitar:

«que los ajenos no vengan a gobernarnos, que la lengua gallega sea tan oficial como la del Estado, que los que hayan de administrar justicia sean escogidos de entre sus hijos...»[241].

Radicalidade na fundamentación da natureza nacional de Galiza e moderación programática nas

237 «... pero donde más se reflejan su espíritu y sus creencias es en el volumen tercero; en él se perfilan los límites de la Región Gallega, se determinan los caracteres de este viejo reino y por eso sin duda el Sr. MURGUIA ha mirado este período con más amor; como que en él tiene su origen lo que más caro a nuestro historiador, la Patria gallega, con sus caracteres propios, sus reyes y hasta sus heterodoxos». V. GARCIA RIVERA, *La Voz de Galicia*, 31 de Marzo do 1889.

238 SANCHEZ DE MOGUEL, *Razones históricas en que pretenden fundamentarse los regionalismos catalên y gallego*, «discurso de recepcñión en la Academia de la Historia», o 3 de Decembro do 1888.

MANUEL M. MURGUIA, «El Regionalismo Gallego. Ligeras observaciones al Discurso leído por el Sr. D. Antonio Sánchez de Moguel en su recepción en la Real Academia de la Historia de Madrid el 8 de diciembre de 1888», en *Galicia. Revista Regional*, n.º 3, 4 e 5, Marzo e Maio do 1889.

239 «El Regionalismo Gallego» cit. Revista *Galicia*, p. 271.

240 Vid. notas 115 a 117 ao falarmos do artigo «¿Qué es Nación?». *La España Regional*, T. II do 1886, p. 241 e ss.

241 Sobre dos efeitos antidemocráticos derivados da fundamentación nacionalitaria sobre «elementos naturalísticos» no pensamento alemán do XIX, cfr. CHABOD, *L'Idea di Nazioni*, Bari, 1974, p. 68 e ss. e PLAMENATZ, J. *Two types of nationalism* en *Nationalism* by EUGENE KAMENKA (edit.), London 1976, pp. 23 e ss.

esixéncias de autogoberno integran, unha vez máis, duas características inseparábes da proposta murguiana, que despliegan cada unha a sua funcionalidade político-estratéxica diferenciada: construción discursivo-ideolóxica da diferenza nacionalitária galega e movilización unitária dos galegos a prol da redención da sua pátria. Precisamente esta non correspondénca de obxectivos é a que veicula na diferenza dos planos ideolóxico e político, a compatibilidade da teorización de Galiza como nación cun movimento político «rexionalista»..., que trata de despertar ao pobo galego para que se faga dono do seu destiño. Decote, a conciéncia da dificuldade de construción dun movimento galeguista perante o proceso de desnacionalización implementado por séculos de dominación e marxinación acha-se presente no texto murguiano:

«El regionalismo... no tiene la importancia que debiera para ser efectivo... confesamos también que entre nuestros campesinos es tan desconocido como el amor a la patria española...»[242].

Polo demais, do mesmo xeito que o libro de BRAÑAS, desencadeara numerosas mostras de solidaridade que culminaraian no famoso banquete de Santiago, *El Regionalismo* de Murguia suscitóu tamén numerosas adesións. A máis significativa das cais foi sen dúbida a do Centro Gallego de la Habana, onde se levou a cabo unha recollida de firmas en solidaridade coa resposta de MURGUIA a SANCHEZ DE MOGUEL que atinguiu perto das mil duascentas[243] e da que se seguiu a edición en folleto sufragada polo devandito centro opúsculo[244].

Polo demais, e conxuntamente a todas estas intervencións de MURGUIA, producen-se neses anos e no seo do rexionalismo que dimos en chamar demoliberal, algunhas interesantes intervencións doutros rexionalistas que non por posuir un ton menor carecen de interés. Así, por exemplo, LEANDRO SARALEGUI[245], de que xa comentáramos o seu libro *La época céltica en Galicia*, publicou naquelas datas, na Biblioteca Gallega, a obra titulada *Estudios sobre Galicia*[245]. Trata-se dunha compilación de artigos, muitos deles xa publicados, de desigual interés, nos que se abordan cuestións rexionais várias. En «El Regionalismo en Galicia», plantexa-se a pertinéncia do movimento rexionalista en base á conveniéncia da conservación da diversidade fronte aos intentos unificadores, poñendo como modelo aos U.S.A. e ao U.K., de unión que respeta as diferenzas interiores no Estado[246]. En «La emigración»[247], entende-se a esta como efeito e non causa do atraso económico galego. Neste orde de cousas aos poderes públicos, máis que itervención autoritária própria de pasadas formas de Estado, corresponderia-lles —segundo SARALEGUI— unha indirecta de incentivos e, sobre todo, removendo os obstáculos que se interpoñen ao desenvolvimento económico de Galiza.

En «Nuestro regionalismo», recoñecendo-se a importáncia do celtismo e arianismo no rexionalismo galego, considera-se efeito e non causa do mesmo, que se configura como a continuación dun sentimento diferencial que percorre toda a Historia de Galiza: resisténcia a dominación romana, Pardo de Cela, provincialismo, rexionalismo, etc.[249]. Precisamente a existéncia de momentos históricos de independéncia na Galiza de costumes diferentes e a «formación de un carácter nacional exclusivo». Polo que respeita ao movimento rexionalista galego, conclui afirmando que «ni se manifiesta de modo tan tímido, inofensivo y nebuloso como algunas veces se le supone» xa que pretende unha série de obxectivos importanes e concretos:

«Conservar hábitos y costumbres populares, hablar su lengua nativa... desarrollar su literatura propia... y *gobernarse*

242 MURGUIA, *El Regionalismo* cit., p. 156.

243 MANUEL M. MURGUIA, *El Regionalismo*, Habana, 1889, con prólogo de WALDO A. INSUA e unha Carta aberta-Epílogo, seguido de 1.200 firmas en apoio de MURGUIA:

«como Vd. siente así sentimos nosotros; como Vd. piensa, así pensamos: su voz es la voz de un hombre, es la voz de una región que se encarna...»

244 Idem. p. 103.

245 LEANDRO SARALEGUI Y MEDINA, nasceu en Tui no 30 de Xuño de 1839 e morreu no Ferrol o 6 de Outubro do 1910. Integrado no Corpo Administrativo da Armada desde 1854, ocupou-se a partir de 1861 da Académia de Administración de Mariña do Ferrol e no 1892 foi nomeado intendente de Mariña. Membro da Académia da História e da Académia Gallega desde a sua fundación, publicou diferentes estudos de interés rexionalista. Dos seus *Estudos sobre la época céltica en Galicia* fixeron-se tres edicións nos anos 1867, 1888 e 1894. *La cuestión obrera en Galicia*, A Cruña 1893. Ademais *Galicia y sus poetas*, Ferrol 1886, Antoloxia bilíngüe; e diversos traballos de carácter profesional e sobre a história do Ferrol.

246 SARALEGUI Y MEDINA, *Estudios sobre Galicia*, A Cruña, 1888 (Biblioteca Gallega de Andrés Martínez).

247 LEANDRO SARALEGUI, «El Regionalismo en Galicia», *Galicia. Revista Regional*, n.º 7, Xaneiro de 1888, p. 289 e ss.

248 LEANDRO SARALEGUI, «La Emigración», *Galicia. Revista Regional*, n.º 1, Xaneiro do 1888, pp. 2 e ss.

249 LEANDRO SARALEGUI, L., «El regionalismo gallego» cit.

en su vida interior, por leyes e instituciones particulares... si no como los estados confederados de la Gran república americana a los cantones suizos, como los diversos estados de Alemania...» (subliñado noso, R. M.).

Resulta de grande interés esta declaración, pois trata-se de un achegamento e concreción importante verbo do modelo de autogoberno do sector rexionalista liberal, que vai perdendo progresivamente vaguidade. En efeito, frente ao modelo federal porpón-se a existéncia de un autogoberno posuidor de «leyes e instituciones particulares», o que implica a existéncia de poder lexislativo própria de Galiza e de un cadro de matérias interiores competéncia deste poder lexislativo. A distáncia fronte á mera descentralización administrativa é notícia. Neste sentido resulta altamente significativa a referéncia explícita como modelo ao caso alemán que foi —como analizaremos máis detidamente con posterioridade— tomado polos iuspublicistas europeus da época para a construción do conceito de «fragmentos de Estado» ou «descentralización por países» que se situa nos alicerces teóricos de xurdimento do conceito de «*Autonomía*» como descentralización intermédia entre a meramente administrativa e o estado federal[250].

Tamén nestes anos, WALDO A. INSUA —conxuntamente co seu labor de organización rexionalista en La Habana, no Centro Galego, na dirección de *El Eco de Galicia*, campañas a prol da edición da obra de MURGUIA, etc.— publica diferentes artigos nos que se aborda a problemática rexional. Así, por exemplo, «Dos palabras a los que emigran a América»[251] ou «Regionalismo, recuerdos patrióticos»[252], no que se centra a idea rexionalista no conceito de *patria gallega:*

«... aquello era la patria, la verdadera y única patria, el pedazo de tierra que se liga al hombre...».

e na que a necesidade actual de autogoberno se remite á loita histórica do pobo galego pola sua liberdade:

«Galicia rechazando en Medulio a los romanos, en Coruña a los normandos, y en las cúspides del Cebrero a los mahometanos, ha perpetuada a raza céltica...»[253].

Entre outros moitos artigos de prensa que seriana anos máis tarde publicados na Biblioteca Galega de Salazar baixo o título *Ecos de mi Patria*[254], INSUA intervén —nunha das suas estáncias en Galiza— no banquete que a prensa santiaguesa organizara en honor do deputado EDUARDO VINCENTI, home de MONTERO RIOS. Nos brinde, e despois que VINCENTI alcumara ao rexionalismo de «insensato e separatista», intervén INSUA autodeclarando-se rexionalista e afirmando radicalmente:

«Sabedlo de una vez: teneis un idioma, teneis una historia propia, teneis, desafiando todavía las tempestades, los altares en que sacrificábais a vuestros antiguos dioses, teneis una fisonomía característica que nadie os puede arrebatar: en una palabra, teneis Patria, la inolvidable Patria sueva»[255].

O vieiro percorrido polo rexionalismo desde as suas primeiras manifestacións culturais é realmente significativo a estas alturas, mais a politización e a concreción dos ideários traduciría-se inevitabelmente no agromar das contradicións internas que dificultaria a unión dos galegos porriba de toda diferenza.

c. Unidade e conflito: a cristalización de tendéncias no interior do movimento rexionalista galego.

Sen dúbida, o arrequento da madurez ideolóxica do movimento rexionalista, o progresivo abandono da vaguidade cara á concrecciôn programática, trouxo como efeito inmediato a demarcación mais nídia das diferenzas internas no mesmo.

De todo o dito nas páxinas anteriores, patentiza-se con claridadea progresiva configuración, baixo a comun causa do rexionalismo, de diversas tendéncias diferenciadas. Tras das chamadas á unidade, da minimización das discrepáncias, da concorréncia nos obxectivos centrais, agachaban-se claras disimilitudes ideolóxicas, políticas e económicas. Algunha delas posuían un ton menor e serian facilmente superábeis no devir do movimento; outras, pola contra, amosaban unha natureza máis conflitiva, máis problemática, semellando capaces de hipotecar o resultado final da movilización rexional:

---

[250] Cfr. neste sentido GEORGE JELLINEK, *Fragmentos de Estado*, Madrid, 1978, pp. 75 e ss. Será precisamente sobre a base, entre otras, dos «Läender» austríacos como a dogmática iuspublicista europea construa daquela un modelo xurídico de descentralización intermédio entre o estado unitário e o federal que se coñecerá co nome de *Autonomia*. Sobre estes aspectos deteremo-nos con máis vagar no capítulo VI.

[251] WALDO A. INSUA, «Dos palabras a los que emigran a América», *La España Regional*, Tomo III, pp. 594 a 597, 1887.

[252] WALDO A. INSUA, «Regionalismo», *La España Regional*, T. III, pp. 872 a 878.

[253] Idem.

[254] WALDO A. INSUA, *Ecos de mi patria*, A Cruña, 1891.

[255] WALDO A. INSUA, «Brindis pronunciado por D... en Julio de 1888, en el banquete dado por la prensa de Santiago al Diputado a Cortes D. EDUARDO VICENTI». *La España Regional*, T. V., 1889, p. 291.

Trataremos, nas liñas que seguen, de estabelecer cais son esas tendencias, que pontos teñen en comun e onde residen as discrepáncias, para as enmarcar mais adiante no contexto social, económico e político da Galiza da época, e albiscarmos dese xeito o alcance dunhas e outras, sobre da base do trasfondo social das mesmas.

Frente á visión do rexionalismo como movimento homoxéneo e unívoco[256] compre, de acordo con todo o devandito, salientarmos os límites desa homoxeneidade sobre a base do recoñecimento de tres tendéncias substantivas e diferenciadas, tres específicas propostas políticas rexionalistas concorrentes. Efectivamente, xa en 1889, e mesmo en anos anteriores, son detectábeis un rexionalismo tradicionalista encabezado por BRAÑAS, BÁRCIA CABALLERO; un rexionalismo federal sostido por PEREIRA, AMOR MEILÁN e CASTRO Y LOPEZ; e, finalmente, un rexionalismo liberal da man de MURGUIA, ÍNSUA e SARALEGUI y MEDINA.

Compre perguntar en primeiro lugar polos elementos ideolóxico-políticos comuns aos tres sectores, que fornecerán a su substantividade da consideración do rexionalismo como movimento. Neste orde de cousas é preciso asinalarmos, unha vez máis, que no ano 1889, data que tomamos como referéncia para unha primeira síntese e balance da situación do movimento, non existia un programa rexionalista explicitado en tanto que tal. Os avances realizados polos diferentes ideólogos carecian en ocasións da profundización necesária en aspectos importantes (alianzas, modelo autogoberno...) e por outra non se producira ainda unha homoxenización suficiente das diversas propostas[257]. Todo isto traduce-se no relativo degrau e indefinición e vaguidade que reveste a plataforma ideolóxica aceitada polo conxunto dos rexionalistas. Sintetizando pola nosa banda os pontos de acordo existentes nestes momentos iniciais, atopariamos os seguintes:

1. Face á ideloxía dominante da pátria española, a consideración de Galiza como *pátria*, vínculo de lealdades orixinárias porriba de calquer outro.

Conceptualizada como *rexión* ou nacionalidade, Galiza adquire unha entidade substantiva sobre a división administrativa provincial, fundamentada histórica, étnica e lingüísticamente. Esta diferenza entre o *galego* e o *español*, fornece a existéncia de autogoberno dos asuntos internos de Galiza, polo que a sua relevância non é meramente retórica e ideolóxica senón sociopolítica. Galiza converte-se en centro de imputación de lealdades primordiais, de fidelidade patriótica; en *suxeito*, enfin, actuante na história, dialecticamente oposto ao alleo, ao español.

É absolutamente preciso contextualizar estes elementos na época en que se empregan, os anos oitenta do século XIX, onde, mália o renacer de movimentos diferencialistas, o patriotismo español e o unitarismo do Estado-nación constituían un factor ideolóxico de presenza decisiva no modo de dominación da Restauración, que non tardaria en se ver reforzado na medida en que as guerras coloniais fixeran preciso esa característica solidaridade interior contra do inimigo. Polo demais, no que se refere á conceptualización de Galiza como rexión ou nación, xa ficou explicitado como o rexionalismo en tanto que movimento se decantará polo uso político-ideolóxico do vocábulo Rexión tras dos obxectivos de moderación e arrequento de apoios. Alén de posuir unha significación puramente semántica, a decantación a prol do término *rexión*, conleva toda unha série de connotacións que remeten á situación e características do movimento rexionalista e ao proceso de desnacionalización de Galiza, implementado polo Estado da Restauración. A próposta polisémia observábel nos autores comentados reveste, como xa se indicou, unha funcionalidade político-estratéxica definida.

A non correspondéncia entre o nivel ideolóxico e político-organizativo no movimento rexionalista está

---

[256] Asi, por exemplo, para BARREIRO FERNANDEZ, X. R. «Galeguismo» cit. e *Historia de Galicia* cit. o rexionalismo galego identifica-se coa tendéncia de BRAÑAS e o núcleo tradicionalista compostelán, BERAMENDI, X. G. mália recoñecer dous componentes básicos do rexionalismo: o liberal e o tradicionalista, esvai o primeiro deles reconducindo a ambos os dous a un pretendido comun «historicismo organicista» que mediatiza o liberalismo de MURGUIA, e afirmando que o sector liberal posui «programas moito máis borrentos e mesmo inexistentes» e «posturas políticas pouco claras». Cfr. *Vicente Risco no nacionalismo galego*, cit. vol. 1, p. 76 e 77. Finalmente, VILLARES PAZ, R., recoñecendo as diferenzas entre os sectores murguiano e Brañista do rexionalismo, esquece o aporte federal de PEREIRA. *Historia de Galicia*, «Idade contemporánea», Madrid, 1980, pp. 280 e 281.

[257] As caréncias de política eleitoral e parlamentária, a falta de exercício de goberno ainda que fose municipal, etc., produto da feblez do movimento, da falta de arrequento nos seus apoios, fornecerán a reprodución ampliada da indeterminación e vaguidade programáticas que lles son características. A lucidez neste sentido de PEREIRA e *El Regional*, resulta proverbial. Cfr. *El Regional*, «Más política, 25 de Xullo do 1886.

na base de que elaboracións fundamentais de MURGUIA, en concreto a teorización de Galiza como nación, non sexan recollidas e asumidas até o nacionalismo galego do século vinte; mais non por iso deixan de ter unha eficácia práctica «fundamentadora» no momento mesmo da sua formulación. Sintomático do anterior verbo dos dous niveis autónomos da construción ideolóxica e da movilización rexionalista, e do xogo da polisémia nación-rexión neles, resulta o documento portador das mil duascentas firmas de adesión a *El Regionalismo* de MURGUIA. Como xa vimos, o mentado opúsculo desenvolve a máis radical e sistemática teorización de Galiza como nación frente ás aseveracións de SÁNCHEZ MOGUEL. Pois ben, no texto de adesión, no que se afirma constantemente que «como Vd. piensa, así pensamos nosotros», «como Vd. siente, así sentimos nosotros», etc., faláse sistematicamente de «conciencia rexional», «rexión galega» e reserva-se o conceito nación a España, exclusivamente[258].

2. En segundo lugar, e como rasgo comun notório, os rexionalistas impugnan radicalmente a estrutura centralizada do Estado español, que se considera como causa de todos os males padecidos por Galiza no terreno económico, político e cultura. Mais no que se refere á alternativa na descentralización o único acordo existente reside no rexeitamento do separatismo, da consolidación de un Estado independente galego. E no que se refere á clase de descentralización proposta, atopamos desde unha simple descentralización administrativa, autogoberno de tipo autonómico, até o Estado federal.

3. Pero ao mesmo tempo que a impugnación da forma de Estado da Restauración desde a perspectiva da distribución territorial do poder, os rexionalistas rexeitan globalmente o seu modo de dominación: pseudoparlamentarismo, o turno pacífico dos partidos, o caciquismo, o cunerismo, a corrupción electoral, etc. etc. Mais tamén aqui as alternativas propostas son, non xa diferentes, senón antitéticas. O que compre salientarmos é precisamente a vinculación directa que para todos os rexionalistas ten o modo de dominación en canto modelo de formación da vontade política, co carácter unitarista do Estado. O vencellamento, en definitiva, entre centralismo e caciquismo, polo que este último será criticado por todos os rexionalistas en tanto que veiculador do centralismo, e pola maioria, por mor da sua natureza antidemocrática.

4. Acordo unánime existe entre os rexionalistas á hora da recuperación e potenciación da cultura galega, como sinal de identidade, como conciéncia do feito diferencial e ao mesmo tempo criador da diferenza. A defensa da língua, á sua recuperación para á escrita, e o arrequento do seu emprego serán un dos primeiros obxectivos, somente de xeito moi parcial conseguido polos rexionalistas. En efeito, apesar dos intentos levados a cabo, durante muitos anos o galego ficou reducido na escrita ao campo literário e apenas ao ensaístico.

5. No ponto que se refere á movilización política, se ben os proxectos estratéxicos achaban-se distanciados ou mesmo chegaban a ser opostos, existia acordo na superación do campo meramente cultural e na necesidade de emprender campañas rexionalistas de espallamento dos seus ideais, de presenza pública. Mália e inexisténcia da necesidade expresa dunha organización de obxectivos rexionalistas para lle dar continuidade, solidez e eficácia ao movimento, estaba xa presente, en troques, a necesidade de concreción dun programa do mesmo.

En definitiva, o panorama de xeneralidade e vaguidade, ao que tivemos que retrotaer-nos para dar conta das coincidéncias existentes entre os diferentes sectores rexionalistas, amosta en negativo a profundidade e extensión dos desacordos en temas básicos e, xa que logo, a dificuldade e conflictividade de engranar un movimento rexionalista sobre tan febles e cativas comuns, de non mediar algun eficaz elemento de síntese.

O campo de desacordo entre as diferentes tendencias poderiamo-lo sintetizar do xeito que segue:

1. *O rexionalismo liberal*

Para este sector, a crítica de Estado centralizado e a teorización do feito diferencial galego, realiza-se estreitamente vencellado aos principios demoliberais, falseados polo Estado da Restauración. O modelo de autogoberno exclui expresamente o separatismo e o federalismo como alternativas, e agroma, perdendo progresivamente a vaguidade inicial, unha proposta de descentralización intermédia entre a puramente administrativa e a federal. Descentralización, porén, que posui un carácter decididamente político pois incorpora próprias institucións galegas para a regulación de matérias internas e, significadamente, un poder lexislativo galego. Os exemplos propostos reenvian a fórmulas como a alemán sobre as que o direito público contemporáneo procedeu á criación da categoría de *autonomia*.

[258] MANUEL MARTINEZ MURGUIA, *El Regionalismo*, Habana, 1889, p. 103 e ss.

No terreno económico, esta fracción pronúncia-se abertamente polo desenvolvimento do capitalismo en Galiza e a eliminación dos atrancos que se opoñen a isto, como por exemplo, os *foros*. Ao mesmo tempo, o modelo económico proposto mostra-se decididamente partidário da industrialización de Galiza, do avance do comércio, da mellora das vias de comunicación, etc.

En suma, o rexionalismo desta fracción presenta-se como un intento moderado, pero firme, de modernización política e económica de Galiza e da sua integración na Europa do tempo.

2. *O rexionalismo federal*

Atopamo-nos aqui, como xa ficou dito, cunha peculiar síntese entre os ideários federal e rexionalista. O modelo de descentralización proposta amosa unha grande concreción: o Estado federal. A plasmación desta alternativa terá lugar no proxecto de «Constitución para el futuro Estado gallego», de 1887 que, xunto coa grande perfeición técnico-constitucional, se configura como a alternativa máis radical e democrática de todo o século XIX galego. A crítica ao Estado da Restauración, con un rigor técnico de garantias do autogoberno de grande perfeción, como no eido da sua radical democratización no desenvolvimento dos princípios da soberania popular e o protagonismo institucional do parlamento frente ao goberno.

No modelo económico, os federal-rexionalistas propoñen unha modernización radical da economia galega, co afastamento de todo-los rasgos pre-capitalistas da sua agricultura (redención dos foros), industrialización, etc., no vieiro dun capitalismo dinámico e progresivo. Polo que respeita á política de alianzas, os federais-rexionalistas propoñen unha hexemonia da «intelligentsia» rexionalista sobre do campesiñado através da difusión no medio rural da alternativa rexionalista e a incorporación a aquela da problemática mais urxente dos campesiños: foros, impostos, asociacionismo, créditos, caciquismo, etc.

3. *O rexionalismo tradicionalista*

Atopamo-nos aqui con importantísima diferenzas cualitativas verbo dos dous sectores rexionalistas anteriores. Asi, o modelo de descentralización proposto por BRAÑAS non supera, apesar da sona atopada pola sua obra *El regionalismo*, a descentralización administrativa de servizos sen acadar os requisitos mínimos que configuran un auténtico autogoberno, dada a falta de recoñecimento dun poder lexislativo galego. Pero o verdadeiramente característico deste sector é, sen dúbida, o vencellamento entre descentralización e retorno ao Antigo Réxime. A crítica ao Estado unitário trascende a crítica ao modo de dominación da Restauración para se dirixir contra do próprio Estado capitalista e liberal contra os seus fundamentos doutrinais e políticos: a soberania nacional, o sufráxio universal, o parlamento e a democrácia representativa, etc. etc. E pola contra, a descentralización formula-se nunha perspectiva pasadista de recuperación das liberdades locais medievais, como unha defensa face ao avantar dos efeitos da Revolución burguesa. A alternativa construi-se sobre a base da *monarquia tradicional,* dun sufráxio gremial, as «Cortes Históricas», etc. etc.

Finalmente, o modelo económico proposto consiste nunha volta a vellos modos de produción pre-capitalista: grémios frente a liberdade industrial e comércio, artesanado frente a industrialización, e un significativo siléncio acerca da cuestión foral.

d. As perspectivas de apoios sociais do movimento rexionalista.

Unha vez analizada a diversidade da proposta rexionalista, trata-se de ver que sectores sociais poderian achar-se interesados en se incorporar ao movimento, cais estarian en mellor situación de se sentir interpelados polo ideário/ideários rexionalistas.

Mais antes de abordar tan apaixonante e decisivo tema, no que se barallan cuestións de tal relevância como a capacidade do movimento rexionalista de acadar un soporte social para o seu programa, de recoller unha base de masas que lle proporcionase unha presenza destacábel na escena política galega, compre facer algunhas precisións.

En efeito, ao noso entender debe abandonar-se toda perspectiva de vinculación mecánica entre as clases sociais e o movimento rexionalista pola que puidese considerar-se ao mesmo *expresión inmediata e directa* dos intereses de algunha das clases ou fraccións en presenza. Pola contra, e en tanto que movimento pre-nacionalista, a relación coas clases sociais será moito mais complexa, tanto no que respeita aos vínculos entre un e outras, como na grande autonomia con que se desenvolve a problemática nacionalitária verbo da división clasista.

Antes de todo, compre clarexar que os vínculos que se estabelecen entre o movimento rexionalista e os grupos sociais non son, como imos ver axiña, vínculos «a priori» derivados da orixe de clase, baixo a forma de criación instrumental dunha movilización para a defensa inmediata dos séus intereses. Ao con-

trário, a xénese do rexionalismo galego vai amosar-nos o contrário: o cerne do problema vai residir no *recoñecimento* ou non por parte dunha ou várias clases, dos seus intereses materiais no programa e actuación do movimento pre-nacionalista ou nacionalista de que se trate[259] e no seu caso o achegamento e integración no movimento. A elaboración orixinária da ideoloxia rexionalista ten lugar da man da intelligentsia sensibilizada perante o problema, e non por fenómeno algun de «substituísmo» no labor dunha burguesia que «traiciona» os seus deberes pátrios, senón porque a sua posición en alleidade ás relacións de produción dominante os situa mais accesíbeis e permeábeis á sua identificación como galegos que como membros dunha u outra clase. Somente con posterioridade terá lugar a incorporación de mais amplos sectores a este movimento orixinariamente minoritário[260], que pode, por moi diferentes causas, fracasar no seu intento permanecendo socialmente illado e sen apoios sociais, incapaz de romper co seu carácter de pequena élite.

Polo que a nós respeita, trata-se de poñer as bases agora para albiscar as posibilidades que un rexionalismo, formulado no xeito xa examinado, tiña na Galiza finisecular, coa sua específica estrutura social, alcanza unha certa presenza e implantación. É dicer, trata-se de determinar o *marco-parámetro das posibilidades estruturais* existentes na Galiza de fins de século para que se producise ou non —e en caso afirmativo en que forma e con quen— a devandita vinculación entre as formulacións rexionalistas existentes e as clases e grupos sociais en presenza. En definitiva, analizarmos se as preocupacións e programas rexionalistas responden ou conectan de algun xeito cos intereses das clases galegas, atopando asi tanxibeis *condicións de posibilidade*, pois tal é o reto de todo movimento pre-nacionalista ou nacionalista, conseguir unha base de masas, como dicia PEREIRA «dejar de ser un partido de oradores y catedráticos y encarnarse en el pueblo»[261].

Se ben non é obxecto específico do noso traballo, compre, pola nosa banda, sintetizar alguns elementos estruturais socioeconómicos que revesten unha importancia nodal ao tema que centra o noso interés. Afortunadamente, o valeiro que a História económica de Galiza apresentaba arredor da segunda metade do século XIX, vai enchendo-se mercé a algunhas aportacións valiosas que clarexan importantemente[262] o panorama no que se ha enmarcar o desenvolvimento do rexionalismo galego. Ao noso entender, o movimento rexionalista galego ten que se contextualizar no seo dunha *dobre crise* que afecta á Galiza finisecular conmovendo os cimentos mesmos do desenvolvimento socioeconómico tradicional. Ambas as duas crises, unha que poderíamos denominar *estrutural* polas suas dimensións e outra —de âmbito máis reducido— *conxuntural*, afectan decisivamente ao posicionamento dos grupos sociais e económicos, producindo, asemade, a primeira, unha auténtica transformación nas relacións de produción vixentes en Galiza. Mais vexamo-las separadamente e de xeito sintético nos aspectos que interesan ao noso obxecto.

Cando falamos de *crise estrutural* referimo-nos ao feito de que na Galiza finisecular fican ainda pendentes algunha das transformacións fundamentais da revolución burguesa; en concreto, a transformación do domínio feudal da terra en *propriedade* capitalista. Esta situación provoca a presenza, a nivel de estrutura de clases galega, duns sectores sociais vencellados a ese domínio feudal e cuns intereses específicos centrados ao redor del. A crise progresiva desta forma de «propriedade» apartir de 1890 afectará directamente aos seus beneficiários e inducirá, como veremos axiña, importantes cambios sociais. Ao mesmo tempo, é fácil comprender como a presenza de relacións pre-capitalistas na agricultura se prolonga en efeitos de falta de acumulación de capital, desindustrialización, falta de comércio, etc., producindo o denominado «atraso secular galego».

259 As verbas de SAMUEL P. HUNTINGTON son neste sentido esclarecedoras para o rexionalismo galego:

«Os obstáculos para a formación dunha... alianza centran-se nas diferenzas de perspectiva o antecedentes, de tradiciones e de propósitos entre os dous trupos. A distáncia social entre a clase média urbana educada, occidentalizada, intelligentsia cosmopolita, dunha banda; e o rural, inculto, atrasado e culturalmente tradicional campesiñado, constitui o distanciamento maior imaxinábleentre dous grupos sociais caisquer. Os problemas de comunicación e entendimento entre ambos os dous son tremendos. Falan a miúdo, no sentido literal da expresión, linguaxes diferentes...»

SAMUEL P. HUNTINGTON, *Political Order in changing societies*, Yale, 1969, p. 303.

260 Sobre o fracaso ou o éxito no estabelecimento destes vínculos entre a minoria intelectual nacionalista e as masas populares. Cfr. o citado ELEN KAY TRIMBERGER, *Revolution from above*, New Brunswick, 1978, onde se analizan as diferentes posibilidades de incorporación ou neutralización das masas nos casos de Peru, Xapón e Exipto, p. 76 e ss.

261 AURELIANO PEREIRA, Discurso no homenaxe a ALFREDO BRAÑAS, *Gaceta de Galicia*, 10 de Marzo do 1890.

262 Referimo-nos ás investigacións de X. CARMONA BADIA, *A quiebra da industria tradicional e a ausencia de alternativas industriais na Galiza do Século XIX*, Tese de Doutoramento, Santiago 1983 (de inmediata publicación) e VILLARES PAZ, R., *La propiedad de la tierra en Galicia*, Madrid, 1982. Cfr. voces «Foro» e «Desamortización» na *Gran Enciclopedia Galega*.

Pero, sobre desta crise estrutural, vai actuar tamén unha crise conxuntural, a *crise agro-pecuária finisecular*, que afectará a toda Europa por mor da competéncia de outros mercados e caídas dos prezos e falta de competitividade[263]. A gravidade especial que para Galiza terá esta segunda crise ten que ser referida precisamente á situación estrutural da sua economia: os atrancos á capitalización da renda da terra, as dificuldades de capitalización e inversión, a desindustrialización, a febleza do mercado interno, etc. O caso da exportación do gando exemplifica claramente este primeiro plano que ocupa o que denominamos crise estrutural, agravada pola de carácter agro-pecuário[264]. Por unha banda, a situación estrutural das relacións de produción do campo galego reforzaba a crise de esportación de gando que ten lugar apartir de 1883, ao non permitir unha eficaz reorientación da mesma. Pero, asemade, as devandias exportacións gandeiras tampouco foron na sua época dourada un factor de acumulación de capital que logo fora invertido nun proceso de industrialización, ante a inexisténcia dun grupo burgués autóctono[265].

O desenvolvimento do rexionalismo como movimento terá lugar precisamente no âmbito desta dobre crise que implementará trasformacións sociais na Galiza da época, pero tamén anos de escasez, de fame e emigración no campesinado.

Polo que respeita á decisiva cuestión da propriedade da terra, compre salientar que, como VILLARES PAZ, ten amosado[266], na década dos oitenta do pasado século as rendas forais tiñan ainda unha importante presenza en Galiza, o que xeneraba a existéncia dunha clase social de rendistas, a fidalguia, que dependia desta fonte de ingresos. Rendas forais que, compre subliñá-lo, se suprepoñian aos impostos estatais, fornecendo un elevado número de detraccións que pesaban sobre o campesiñado que apenas lles podia facer frente. Nos anos 1880 un cálculo do cómputo global das detraccións situaba as seguintes porcentaxes indicativas: 61% correspondente a—

263 Para RAMON GARRABOU:

«A crise agraria de finais de século somente se pode entender no marco dos problemas derivados do desenvolvimento do capitalismo a escala mundial... a progresiva integración dun sistema capitalista internacional, a máis de dar saída aos escedentes de capitais e produción, procura a forma de se fornecer de produtos agrários baratos e, ao mesmo tempo, forzar ao sector agrícola a un funcionamento máis competitivo, eliminando o atranco que supupa a renda da terra... A arribada masiva de produtos agrários baratos dos países de Ultramar aos mercados europeos vai poñer as bases para a disminución da rentabilidade da maioria das explotacións agrárias sen que se presentasen alternativas válidas».

«La crisi agraria espanyola de finals del segle XIX: una etapa del desenvolupament del capitalisme», en *Recerques*, n.º 5, Barcelona 1975.

264 A cuestión do protagonismo social na Galicia finisecular da crise estrutural do pre-capitalismo e xeneralización das relacións de produción capitalistas sobre a crise coxuntural agro-pecuária resulta de grande interés ao posicionamento político observábel na própria interioridade do rexionalismo galego.

Neste sentido, para BARREIRO FERNÃNDEZ:

«... la base aglutinante (do rexionalismo) había sido la defensa ante la crisis económica. Los rentistas, que a consecuencia de esta crisis había visto reducidas sus rentas a un 50 % por la caída de los precios del grano, habían optado por una opción rexionalista que les permitiera... mantener su mercado y los precios. Cuando vieron que el Gobierno central resolvía por su cuenta la situación mediante el arancel proteccionista, los rentistas nada tenían que hacer en el regionalismo gallego». «Galleguismo», cit.

A sobrevaloración da incidéncia da crise agro-pecuária finisecular no movimento rexionalista, fornece unha interpretación limitada do mesmo que non dá conta da complexidade da sua dinámica e desenvolvimento:

«A razón da crise do rexionalismo pode atoparse nos seus plantexamentos económicos. O rexionalismo presentóuse como un partido disposto a acabar coa crise económica que pra eles tiña unha causa moi crara: o centralismo. Isto atraerá aos rendistas que por mor da crise veron reducidas as suas rendas...». BARREIRO FERNANDEZ, X. R., *Historia de Galicia, IV. Edade Contemporãnea*, Vigo, 340.

Ao noso entender, emporiso —deixando á parte o problema da suposta incorporación de sectores rendistas ao rexionalismo— o que veiculará as condicións de posibilidade de existéncia dun rexionalismo tradicionalista non vai ser tanto a crise coxuntural agro-pecuária como a pervivéncia de estruturas pre-capitalistas no campo galego e, nomeadamente, a renda foral. Sobre desta base, nunha sociedade galega no meio da transición entre dous modos de produción, cabia a posibilidade de formulación (outra cousa e a construción dun movimento con base de masas) dun rexionalismo que presentase a recuperación das vellas «liberdades rexionais» a xeito de valado frente ao cumprimento das tarefas da revolución burguesa.

Como imos ver decontado, a problemática *proteccionista*, precisamente pola situación da economia e sociedade galega a finais do XIX, non desempeñou o papel relevante que xogara no catalanismo. Cfr. SOLE TURA, *Catalanismo y revolución burguesa*, cit., p. 35 e ss.

265 X. CARMONA BADIA, «Sobre as orixes da orientación exportadora», cit.

266 En canto o foro implementaba a escisión dominical en Domínio Directo (do concedente foral) e Domínio Util (concesionário: o cultivador) o seu titular dispuña da renda, mais non dos bens que a produción, benefícia-se somente do froito rendido por un determinado património sen poder, porén, dispor do valor constituído polo mesmo. O próprio carácter extramercantil da terra que disto se derivaba achaba-se en contradicción co domínio plene e libre («propiedad» no seu sentido estrito) que esixian as relacións de produción capitalistas. Cfr. ao respeito, VILLARES PAZ, «foro» na *Gran Enciclopedia Gallega* cit. e sobre da radical incompatibilidade do domínio plural co novo orde capitalista a monografia de BARTOLOME CLAVERO, *Mayorazgo, Propiedad feudal en Castilla*, Madrid, 1974, pp. 418 e ss.

rendas, 22% de contribución territorial, 15% de consumos, e 2% de cédulas persoais[267]. Como queira que as rendas se pagaban en espécie, a diferenza dos impostos[268], e tiñan un peso superior a aqueles, constituían un elemento decisivo na reprodución ampliada por mais que parcial da vella estrutura precapitalista, impendindo un proceso de acumulación e mercantilización que se beneficiaría dun movimento a prol da obtención de dinerário. De tal xeito que o panorama agrário seguia mantendo un aspecto semellante á do *Antigo Réxime:*

«A renda agora é xa menos decisiva que a meados do século XVIII, pero os seus beneficiários continuan sendo hexemónicos no mundo rural e seguen a encabezar as listas de maiores contribuintes, xa residentes, xa foresteiros»[269].

Deste xeito, o reparto do excedente drenado pola via da renda amosa unhas porcentaxes aproximativas de nobrez e fidalguia un 66% da renda percibida, burgusia compradora de bens desamartizados 18%, e campesiñado 17%. En definitiva, e verbo dos séculos pasados, os câmbios nos titulares das rendas son realmente escasos, coa única substitución do clero pola burguesia que participara na desamortización. E, precisamente a finais do século XIX, enceta-se o desmoronamento da renda, elemento mantenedor da estrutura pre-capitalista do domínio da terra, e que resistira tanto o cumprimento das transformacións da revolución burguesa en España como o intento de redención foral de PAZ NOVOA de 1873:

«Es indudable que puede situarse en 1890 el inicio de la desaparición inexorable de la renta de la tierra... pero su gran intensidad se reservó para los primeros años de la década del siglo XX»[270].

Asi e todo, o proceso que comeza en 1890 mostra similares características que cando se produza masivamente no século XX. Neste orde de cousas, un rasgo fundamental constitui-no o feito de que perto do 95% dos redimentos de foros sexan campesiños (posuidores do domínio útil da terra, pagadores da renda e titulares das explotacións agrícolas) que consolidaron e unificaron nas suas mans os dominios útil e pleno. Deste xeito, ao adquiriren os campesiños a propriedade capitalista da terra, non se formou unha *burguesia agrária,* a diferenza de como ocorreu noutras zonas de España nas que os morgados se transformaron en proprietários capitalistas. Formación de burguesia agrária imposíbel, mesmo pola natureza do sitema foral no que o domínio útil nas mans do campesiñado impedia que se puidesen mercar as terras senón somente as rendas, o que provocou un proceso de redención que xerou un campesiñado pequeno-proprietário[271]. Neste proceso de redención foral, compre salientarmos o peso decisivo que nel desempeñou a *movilización agrarista* que, segundo VILLARES PAZ:

«Esta organización del campesinado consiguió impagos generalizados de rentas, «boicots», y sobre todo, negociación en buenas condiciones de la redención de las rentas... Sin esta presión social de los pagadores de rentas, mejor o peor provistos de dinerario para hacer frente a la indemnización del rentista, no podría explicarse que se efectuasen tal cantidad de operaciones de redención antes de la legislación preceptiva de 1926»[272].

En definitiva, a finais do século XIX, produce-se en Galiza a crise dunhas relacións de produción precapitalistas e a fidalguia, en tanto que clase debedora das mesmas, ve-se afectada e mesmo derrotada ao perder, sen contrapartida práctica, o domínio da terra. Agrava-se deste xeito a situación crítica desta clase xa debecente á metade do XIX, que viña atravesando unha difícil situación financeira, como o demostra o feito de que nas rendas da desamortización o 80 por cento das rendas foran mercadas pola burguesia e profesionais liberais, e somente un 12% pola fidalguia. O esmorecimento económico xenerado pola redención foral e ás dificuldades financeiras da fidalguia, a perspectiva da sua própria desaparición como clase, conxuntamente coa reiterada derrota carlista[273], situaban-na nun vieiro de progresivo decadéncia que se traduciria forzosamente nunha desmovilización no plano político.

[267] VILLARES PAZ, R., *La Propiedad*... cit. p 65.

[268] «A ausencia na Galiza da renda da terra en diñeiro, despois da renda en traballo e en productos que aínda encontramos na segunda metade do século XIX e primeiro tercio do XX e antes da propiedade parcelaria hoxe predominante», X. A. LOPEZ TABOADA, *Economía e población en Galicia*, A Cruña, 1979, p. 77.

[269] VILLARES PAZ, op. cit., p. 610.

[270] Idem. p. 612.

[271] Produce-se, deste xeito, na Galiza unha espécie de *via campesina* á revolución burguesa —semellante, salvas todas as distancias, ao caso francés e diferente á via prusiana ou española—; a transformación do domínio plural da terra en propriedade capitalista acontece a través da concentración nas mans do campesino dos dous domínios útil e máis directo. A non formación dunha burguesia agrária, imposibilitada pola redención foral, e a presenza dun numeroso campesiñado parcelário propietário, constitui, sen dúbida, un dado sociopolítico de primeira magnitude derivado da forma específica de realización desta central transformación da revolución burguesa en Galiza.

[272] VILLARES, op. cit., p. 545 e ss.

[273] BARREIRO FERNANDEZ, X. R., *El Carlismo Gallego.*

O campesiñado, que integraba a gran masa da poboación do país[274], incidido dobremente pola endémica situación estrutural de economia de subsisténcia e falta de mercantilización, superposición de rendas forais e impostos estatais que implica un alto degrau de detraccións, baixo nivel técnico, etc. etc. achaba-se nunha situación de miséria e escasez que o forzaba á masiva emigración[275].

Desde finais do século XIX agromaron polo demais formas organizativas agraristas que recollian unha ampla problemática campesiña desde sociedades de apoio mútuo, redención foral, etc. que a princípios do século XX tiveron un grande arrequento[276] influindo decisivamente, como xa ficou dito, nas condicións de redención finais. Sobre a base desta plataforma, o agrarismo coñeceu un desenvolvimento da movilización de masas campesiñas que superou mesmo as producidas no sexénio.

Noutro orde de cousas, e directamente vencellado co anteriormente exposto, compre asinalarmos que a permanéncia de elementos estruturais precapitalistas na economia galega até entrado o século XX, implementou unha profunda e patente desindustrialización do país. Como investigacións recentes teñen posto de manifesto, a história da indústria galega durante o século XIX é a história dunha frustración e crise permanente, paralelamente a unha satelización e dependéncia crecentes[277]. En efeito, na

[274] CARMONA, X., «Sobre as orixes» cit. Calcula para 1887 un 6,2 % de poboación urbana en Galiza.

[275] Sobre a Emigración, cfr. LOPEZ TABOADA, op. cit. pp. 54 e ss.

[276] J. A. DURAN, *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego* (1875-1912). Madrid, 1976, pp. 77 e ss.

No ano 1899, DURAN computa a existéncia e criación de asociacións campesiñas: 1897: Sociedade agrícola de Tomeza (Pontevedra), Xeve, Salcedo (Pontevedra), Campolameiro, Mourente (Pontevedra), Poio, Meis, Marin, Bora (Pontevedra), Lugo; 1898: Cuntis, Moraña, Cotobade, A Estrada, Lañas (Arteixo), Mondoñedo; 1899: Santiago, S. t. de Piñeiro (Cangas), Cervás (Ares), Asados (Rianxo), Loureda (Arteixo), Anceis (Cambre), Pantón, Ourense, 1900: Teis (Lavadores), Bembibre (Lavadores), Beade (Lavadores), Sárdoma (Vigo), Coruxo (Bouzas), Freixeiro (Vigo), A Lama, O Porriño, Betanzos, Chantada, Velle (Ourense), Vilariño (Ourense, Daroca (Ourense), e Paderne.

[277] CARMONA BADIA, X., «A quiebra da industria tradicional...» cit. passim. Además: ROBUSTIANO FAGINAS, *Guía indicador de La Coruña*, La Coruña, 1890, pp. 184-209.

A febleza do desenvolvimento capitalista en Galiza e en concreto, a cativez e desarticulación dos estabelecimentos industriais existentes a finais do século XIX, fornecia unha paralela debilidade cuantitativa e cualitativa da clase obreira galega da época. Integrada esta última por pequenos núcleos illados e heteroxéneos (canteiros, estaleiros, fábricas de tabacos, etc.) padecia un peculiar atraso na consolidación dun movimento obreiro organizado, sexa de signo anarquista ou, posteriormente, socialista.

Foi sen dúbida o sexénio 1868-1874 o que presenciou o agromar da conciéncia proletária entre os traballadores galegos, producindo-se os primeiros pasos do obreirismo conxuntamente co movimento federal como ten amosado XOAN MORENO no seu traballo «Sobre los orígenes del movimiento obrero en Galicia: Federales y proletarios, 1868-1874», n.º 12 de *Estudios de Historia Social*, 1891.

Durante o sexénio foron os republicanos federais os grandes animadores e impulsores do societarismo e da «instrución popular» através da cal procuraban a sua hexemonia ideolóxica nas clases populares. As contradicións internas do movimento federal, as limitacións político-ideolóxicas da pequeno-burguesia que o integraba e a ambigüidade do seu posicionamento social, conxuntamente coa crecente maduración material e ideolóxica dos núcleos obreiros galegos, fixeron aparecer os primeiros brotes de conciéncia autónoma proletária, enfrentada á tutela da pequeno-burguesia federal.

Poden-se datar as primeiras rupturas explícitas, cara a autonomización do movimento obreiro frente ao federal, no ano 1872 cando os obreiros internacionalistas da Cruña e Ferrol se marxinan do partido federal. Ruptura que se radicalizará coa xestión federal nos Concellos e no Goberno en 1873 e a conseguinte decepción dos núcleos populares verbo da política federal.

A comezos da década dos oitenta, disminuída ou «superada» en parte a represión anti-internacionalista dos gobernos, o movimento obreiro galego coñece un arrequento cuantitativo e cualitativo nas suas actividades e efectivos da man dos sectores mais esquerdistas do partido federal (Andrés Muruais, Ricardo Mella...). Os federais fomentaron de novo o societarismo e ofreceron as suas publicacións periódicas a xeito de voceiros das reivindicacións traballadoras.

Tras unha fonda crise —que espera ainda ser investigada como convén a feito tan decisivo na história contemporánea galega— os sectores máis radicais abandonan o federalismo e integran-se na Federación de Traballadores da Rexión española da Internacional, por mais que o influxo do federalismo sobre as clases populares urbanas mativo-se por longo tempo.

No II Congreso da Federación da Rexión Española, celebrado en Sevilla do 24 ao 26 de Setembro do 1882, informaba-se que naqueles tempos os anarquistas contaban en Galiza con tres federacións locais (A Coruña, Pontevedra e Vigo) e trece seccións co un total de 914 afiliados, dos que unha grande maioria eran coruñeses (636). O anarquismo da I Internacional integraba por aquel entón a corrente hexemónica no movimento obreiro galego, seguido moi de lonxe polo socialismo.

Segundo RENEE LAMBERET, a finais dos oitenta e primeiros dos noventa, existian en Galiza 8 seccións da devandita federación na Cruña, 6 seccións en Vigo, 5 en Pontevedra e 1 en Ferrol, Lugo e Santiago, alén dalgun núcleo illado en Monforte e Ourense. Cfr. MAX NETTLAU, *La Premiere Internationale en Espagne*, Dordrecht, 1969, p. 586 e apéndices-mapas. A primeiros dos noventa empeza a penetración socialista nos núcleos obreiros galegos da man de PABLO IGLESIAS: en 1894 cria-se en Vigo a Primeira Agrupación Socialista da que é secretario JOSE ARAUJO PEREZ, constituindo-se esta cidade apartir dese momento na base e centro do movimento socialista obreiro galego, asi como A Cruña o viña sendo do obreirismo anarquista, Cfr. J. A. DURAN «Los amigos gallegos de pablo Iglesias. José Araújo Pérez» en *Crónicas-3*, Madrid, 1981, p. 85. A primeiros dos anos noventa o movimento obreiro, por efectivos e movilización, tiña unha presenza na escena política galega moi superior, sen dúbida, ao seu peso numérico escaso, consecuencia da febleza do capitalismo industrial galego. Os Primeiros de Maio dos anos noventa, como ten posto de manifesto GERARD BREY na sua investigación en curso sobre das cidades galegas 1875-1911, adquiren un carácter masivo paralelo ao arrequento da consolidación de asociacións várias e o aumento das seccións internacionalistas.

década dos 1850 ten lugar unha fonda crise dos estabelecimentos industriais existentes que polo demais tiñan un carácter pontual e aillado, centrando-se na siderúrxia e nos tecidos. Por unha banda, as siderúrxias (como as de Luis de la Riva de Sargadelos e Carril) entran en crise debido ao restrinxido do mercado, ao encarecimento dos portes e, fundamentalmente, ao problema substancial que plantexaba a falta de matérias primas. Polo que á industria textil se refere, fracasan tamén nos seus intentos as fábricas de A Coruña (de Juan de Veiga, exportación de cobertores a Cuba), O Rosal (liño) de Brañas, Abella e Cía, e mesmo a de Viveiro, por mor da competéncia catalan e extranxeira (francesa no caso de Xoán de Veiga)[278]. Somente neses anos a exportación do gando coñece un grande arrequento que, porén, non se traducirá nun proceso de acumulación e inversións na indústria, tanto por mor da feble e desarticulada estrutura industrial existente, como pola inexisténcia de unha clase burguesa minimamente homoxeneizada dotada de unha política de inversións.

Polo demais, e paralelamente a esta crise dos escasos focos industriais existentes, xa de seu cativos dabondo, tivo lugar un proceso de satelización e dependéncia progresiva de sectores da burguesia galega, que se transformou progresivamente en *«Burguesia compradora»*. Asi, por exemplo, no caso dos armadores galegos que se beneficiaron cuantiosamente do tránsito da emigración e pasaron a sucursalizar-se das compañias alemanas e inglesas, convertindo-se co tempo en simples consignatários. Tal é o caso dos Santos, Eusebio da Guarda, etc.

A primeiros do século vinte, o movimento obreiro galego coñecia unha implantación sorprendente dada a cativez da industrialización, mantendo-se a preponderáncia anarquista na Cruña e socialista en Vigo. A falta dunha investigación rigorosa arredor do tema remete-nos como únicas fontes de información posibelmente influídas polas vinculacións partidárias: O Informe MARVAUD, *La question sociale en Espagne*, Paris, 1910, e o artigo de ENRIQUE HERACLIO BOTANA, «El movimiento obrero en España: Galicia», *La Revista Socialista*, Madrid, 16-X-1903, reproducido en J. A. DURAN *Crónicas-2* p. 287 e ss.; o primeiro informa das organizacións anarquistas e o segundo das socialistas.

O ideário libertário e socialista coincidian no tema do noso estudo nunha teima comun: *o internacionalismo proletário*, a consideración da nación e mais do nacionalismo como instrumentos da dominación da burguesia. Endali a alleidade e mesmo oposición aos movimentos rexionalistas ou nacionalistas periféricos da España do século XIX, realidade na que non é preciso insistirmos. Como mostra do distanciamento entre o obreirismo, neste caso federal, e o rexionalismo, podemos citar o manifesto de *La Junta Directiva del Centro de Unión Republicana a los Obreros de Santiago* de Abril do 1895, onde se critica a alleidade da política municipal dos rexionalistas aos intereses das clases populares:

> «Considerando que siempre se ha prescindido del elemento trabajador en la Corporación municipal, dando en cambio representación a elementos que, como el regionalista (representado por el Sr. BRAÑAS primero y por el Sr. TARRIO después) carecen en absoluto de arraigo y prestigio en la opinión, hácese de todo punto indispensable la intervención de la clase obrera para llevar a aquella corporación representantes genuinos de su seno, no como los que hasta aquí han venido atribuyéndose tal carácter, y que por su posición social, harto desahogada, desconocen en absoluto las necesidades del trabajador sujeto al salario». Fdo. por J. M. FERRO.

Polo demais, como se deduce da traxectória do movimento rexionalista, en nengun momento e por nengunha das suas fraccións a clase obreira foi entendida como un posíbel aliado do mesmo.

A preocupación católico-social de BRAÑAS e a participación nos Círculos Católicos de Obreiros tiña como finalidade combater a penetración das organizacións socialistas e anarquistas na clase obreira galega e deixar a esta baixo da tutela da Igrexa, e situaba-se claramente como unha actividade á marxe do rexionalismo. O rexionalismo liberal tampouco tivo, en boa lóxica, como obxectivo o achegamento á clase obreira: artigos como «La cuestión obrera en Galicia» de LEANDRO SARALEGUI, *Galicia*, Febreiro do 1893, T. I. n.º 8, p. 29 e ss., ou as editoriais da *Revista Gallega* da Cruña referentes ao movimento obreiro en Galiza amosan unha total alleidade á crecente orgaización e maduración, as loitas, enfin, do nacente proletariado. Asi, por poñer un exemplo, en «Los Obreros y su causa», *Revista Gallega*, 22 Febreiro 1893, afirma-se paternalistamente:

> «Es por lo demás deplorable y de lamentar que en la clase obrera no impere la calma suficiente para no dejarse arrebatar por inspiraciones extrañas... si la universal fraternidad es utópica, asimismo esa nivelación social tan perseguida y jamás alcanzada, cuya apreciación tiene algo de locura... La causa de los obreros es injusta cuando apartándose de la legalidad, se exige lo que en manera alguna se puede conceder sin detrimento de los intereses de los que emplean su capital en el desarrollo de cualquier industria».

Ou cando en «La cuestión obrera», R. G. 5 outubro do 1902, deciase:

> «La clase obrera por háber sido mal dirigida, no entendió bien la significación de determinadas doctrinas llegadas a ella por no muy buen camino, y naturalmente, desviada de sus naturales cauces, cayó en la utopía...»

En definitiva, estrita coerencia da *Revista Gallega*, cun rexionalismo postulado, como veremos, para vencellar a unha burguesia «nacional» galega. Meirande sensibilidade, en troques, amosou PEREIRA perante a cuestión obreira, poñendo, porén, de relevo todas as limitacións do republicanismo pequeno-burgués no tema. Asi e todo, trata-se sen dúbida do posicionamento máis aberto, tanto cando amosa —como veremos decontado— unha explícita toleráncia para ao socialismo, como cando escribia artigos tais como «La instrucción a los artesanos y medios para proporcionársela», *El Regional*, 14, 15, 16 e 17 de febreiro do 1889, onde, recollendo o espírito obreirista da tradición federal, elóxia-se á clase obreira da Cruña pola sua madurez, organización e peso político na cidade ou cando se afirma:

> «Sólo puede decirse que hay clases obreras o artesanas cuando hay lazos comunes que unen a sus individuos, cuando dan muestras de vitalidad, cuando aportan a la vida pública y al movimiento social el resultado del esfuerzo colectivo... la clase es una parte esencialísima del organismo social».

278 Idem, p. 378 e ss.

Outro tanto pasaba coa exportación do gando despois do estabelecimento en Galiza de exportadores ingleses e facer-se o transporte da mercancia a bordo de pailebotes extranxeiros. O entramado enteiro da comercialización pasaria finalmente ás mans de compañias e intereses alleos.

Despois desta crise xeneralizada, o desestanco do sal no ano 1868, veu inducir un desenvolvimento das industrias de salgados o que implicou un arrequento da acumulación de capital, que ainda se fixo máis sostido co emprego da técnica conserveira a partir de 1870[279]. No ano 1885 produciria-se un grande pulo na indústria conserveira que se manterá por bastantes anos e se sosterá a partir da fundación en 1904 da «Unión de fabricantes de Conservas». Este desenvolvimento das conservas tivo duas importantes consecuéncias: o pulo dos estaleiros e das pescarias. Polo que ao primeiro ponto se refere, o sector naval recebe un grande empuxe e consolidan-se os estaleiros de Vigo, Ferrol e A Cruña[280]; o incremento das pescarias, pola sua banda, promove o desenvolvimento da construción naval, a introdución do vapor, e a aparición de indústrias de transformados metalúrxicos, Vulcano, Talleres Sanjurjo Badia, etc. A procedéncia do capital que se inverte neste agromar industrial cinguído a núcleos moi concretos procede como ten asinalado CARMONA BADIA de antigos fabricantes de salgados e conservas (cataláns) e de capital repatriado da emigración: González Salgado en A Coruña, Alonso Santo Domingo en Vigo, etc. etc., en definitiva sempre de procedéncia allea dada a inexisténcia de renda capitalista da terra de proceso de acumulación interno[281].

A fins do século XIX enceta-se o espallamento das centrais eléctricas e en 1900 funda-se a Sociedade Gallega de Electricidad e outras sociedades eléctricas deste tipo constituídas con capitais da emigración, burguesia local e mesmo alguns perceptores de rendas que se convertian diante da crise xeneralizada do MPC ás novas relacións produtivas. Asimesmo, compre asinalar o arrequento de aserrerias e exportación de madeiras[282]. En definitiva, o panorama da economia galega a finais de século amosa unha burguesia cativa e feble, moi localizada en núbleos como Vigo, Ferrol ou a Cruña, desarticulada e non homoxénea. Esta «heteroxeneidade» da burguesia galega podemos exemplifica-la aludindo a unha problemática decisiva na formación do catalanismo: a polémica librecambismo-proteccionismo. Pola contra, en Galiza, en base a un desartellamento produtivo debido á feblez da industrialización, produciu-se unha diverxéncia de intereses arredor do tema. Asi, en 1880, os sectores de A Cruña adicados á exportación de gando eran claramente proteccionistas, mentres que os sectores vigueses adicados preferentemente ao salgado e as pescarias amosaban-se radicalmente librecambistas. Apartir de 1880 a crise de exportación do gando fixo diversificar o posicionamento dos cruñeses aparecendo sectores librecambistas entre os máis modernizados[283]. Asi pois, en troques de adquerir conciencia de grupo através de campañas proteccionistas, a burguesia galega amosa na polémica proteccionaista as suas divisións internas, a sua diversidade, e, xa que logo, a sua radical feblez[284]. Feblez e mais heteroxeneidade que se traducen nuns intereses de clase desdibuxados, vagos, pouco claros e sobre todo dificilmente enfrentábeis desde as devanditas posicións de debilidade e periferización aos intereses do bloque dominante na España da Restauración.

Polo demais, nas cidades achaba-se unha pequeno-burguesia integrada por profesionais liberais: médicos, abogados, farmaceúticos, periodistas, profesores, funcionários, comerciantes, etc. que, pola sua específica posición na Galiza azotada pola crise estrutural e agro-pecuária, pola dependéncia e marxinación no seo do estado español, achaban-se en situación extraordinariamente permeábel, en base a motivacións várias, a protagonizar o intento de rexeneración e modernización da sua terra, a sentir-se facho alumeador de novos roteiros da sua Pátria. Por unha banda, como xa ficou asinalado enriba, a sua

279 Cfr. MASSO GARCIA, G. *Origen y desarrollo de la industria conservera en Galicia*, Vigo, 1967, p. 45 e ss.

280 FRANCISCO TETTAMANCY GASTON, *Historia comercial de la ciudad de La Coruña*, con prólogo de SALVADOR GOLPE, La Coruña, 1900. Mencionan-se as indústrias existentes na Cruña naquelas datas: tecidos, aserradeiros, refinación de petróleos, vidraria, folladelata, integran un reducido abano nun dos centros fabris por excelencia da Galiza finisecular. Cfr. pp. 515 e ss. Cfr. tamén FAGINAS, R., p. cit. 189 e ss.

281 XAN CARMONA BADIA, op. cit. p. 640 e ss.

282 Idem, op. cit. 430 e ss.

283 Cfr. o diversificado posicionamento nos próprios voceiros rexionalistas, nos que, asi e todo, xamais figurou senón como un tema marxinal:

Discurso de EDUARDO VINCENTI, *Galicia. Revista Regional*, Decembro do 1887; amosa-se firme partidário do libre-cámbio.

«Libertad o protección para Galicia», *El Regional*, 14 de Setembro do 1888; antiproteccionismo como actitude galega única posíbel.

«Galicia y el librecambio», *El Regional*, 25 de Febreiro do 1890; proteccionismo a ultranza.

«La importación de maíz», *Revista Gallega*, 13 de Novembro do1898; antiproteccionismo exclusivamente para o millo.

284 XAN CARMONA, op. cit., p. 234 e ss.

ubicación nas relacións de produción caracterizada pola alleidade ao conflito fundamental que tiña lugar entre a burguesia e a fidalguia e os seus modelos de sociedade, facia a estes sectores sumamente perméabeis e accesíbeis a interpelacións de tipo galeguista, a sua identificación con Galiza como un todo, máis que con ningunha clase social en concreto. Polo demais, o sector máis dinámico, lúcido, culto e sensibilizado desta pequeno-burguesia, a «intelligentsia», nun país periférico e dependente, pobre, satelizado e sometido ao desprezo e marxinación, proscrita a sua lingua e a sua cultura, etc. etc. achaba-se coa frustración de non poder exercer os seus coñecimentos, o seu labor de dirección nunha sociedade que non lles brinda posibilidades de realización política nen profesional e cuxa única saída residiria na integración no aparello da Restauración, a introdución na burocrácia do Estado, nos cumes dirixentes dos partidos políticos estatais[285].

A existéncia dunha nación campesiña, precapitalista, como a galega atoparia a sua voz, as suas reivindicacións, os seus ideais expresados por estes sectores que criarian a imaxineria identificadora e diferencial da nacionalidade, os seus mitos fundadores. Sensibilizados á interpelación nacionalitária pola BERNÁRDEZ, LAGO, CERVIÑO, etc., articularon ao seu tradicionalismo relixioso, ao seu integrismo, os valores próprios da comunidade galega, o galeguismo histórico pasando porriba da catolicidade, da sua posición nas relacións produtivas, ávidos de desenvolveren as suas capacidades, de tomaren as responsabilidades e facer-se co papel dirixente, ilumindor, mesiánico e salvador que lles era denegado pola subordinación de Galiza, mera «colonia de la Corte» no seo do Estado centralista, constituirian desde o princípio o núcleo dirixente da movilización galeguista[286]. O camiño do rexionalismo acha-se ateigado de innumerábeis frustracións profesionais e problemas económicos destes intelectuais galeguistas que asumirian até o límite da sua resisténcia as misérias da vida «provinciana» dun país alleo á modernidade, incomunicado e miserento, que remataba por alonxa-los de si coa falta de eco das suas ideas, a crise das suas editoriais e periódicos, a renvente marxinación interior daqueles «catro soñadores tolos». Os exemplos de PEREIRA, SALINAS, CASTRO Y LÓPEZ, ÍNSUA, etc. etc., amosan pateticamente o custo humano da marxinación voluntária do aparello burocrático e partidista da Restauración. Dentro destes intelectuais temos que incluir forzosamente os cregos, que desempeñaron na movilización rexionalista, en todo momento, un papel de primeiro orde. Vencellados polo xeral como intelectuais tradicionais á perspectiva máis conservadora do rexionalimo, os universalidade da sua própria institución eclesial, modelo de unitarismo e centralismo[287].

Sobre esta estrutura social estabelecia-se e actuaba o Estado da Restauración co seu específico modo

[285] A funcionalidade que a frustración do papel de dirección á que a «intelligentsia» pola sua preparación está capacitada e a motivación que isto supón face á «necesidade» de autogoberno e próprias institucións desde as que o exercitar, acha-se esplendidamente estudada no libro de THEDA SKOCPOL, *States and Social Revolutions*, New York, 1979, en especial pp. 164 e ss. A través dunha análise comparativa de tres procesos revolucionários nos que a componente nacional xogou, sen dúbida, un papel central —Rúsia, China e Franza— amosa-se a procedéncia sociolóxica dos novos dirixentes das intelligentsias marxinadas nos centros intelectuais fundamentais: universidades, Administración pública, etc.

[286] Compre, asi e todo, facermos neste sentido algunhas puntualizacións. Con efeito, a orixe social pequeno-burguesa dos intelectuais e dirixentes nacionalistas non lastra nen determina mecanicamente, en base a unha pretendida limitación ou cerengo de clase, a natureza do seu discurso, da sua proposta político-ideolóxica. Precisamente, a alleidade da pequeno-burguesía ás relacións centrais de produción, a sua diversificación e heteroxeneidade, implica unha patente difusión dos seus intereses como «clase», podendo decantar-se dunha ou doutra banda e articular o seu proxecto a calquer dos intereses clasistas fundamentais presentes.

Neste orde de cousas. unha comparación entre o caso do galeguismo e o nacionalismo irlandés —salvas todas as distáncias e mantendo a especificidade irredutíbel de cada un deles— pode ser de certa utilidade.

Con efeito, no caso do pre-nacionalismo irlandés, achamo-nos cunha composición social dos seus iniciadores moi semellante á das organizacións rexionalistas. DESMOND GREAVES, C., ten amosado o protagonismo dos sectores pequeno-burgueses nos inícios do movimento nacional irlandés. En concreto, a composición dos deputados Sinn Feinn abarcaba: 31 profesionais (mestres, xornalistas e avogados), 18 comerciantes e 2 cregos e 2 funcionários públicos. Cfr. *Liam Mellows and the Irish Revolution*, «Dail Eireann», London, 1971, p. 167.

Mália a devandita orixe de clase, o pre-nacionalismo e nacionalismo irlandés superou rápidamente o estadio en que permaneceu, porén, o rexionalismo galego. O discurso dirixido ás clases médias e á burguesia —aos ilustrados, aos que, en definitiva polos seus coñecimentos ou educación, ou por posesión de meios económicos, presenza no aparello administrativo poderian oficiar o papel de guieiros de «influentes»— foi abandonado no caso irlandés para dirixir-se ao campesiñado.

O certo paralelismo entre a situación sócio-económica de Galiza e Irlanda —subliñada, polo demais, unha e outra vez polos líderes rexionalistas galegos— cunha feble burguesia. un inmenso campesiñado non propietário e unha pequena-burguesia frustrada, contribui a salientar a diversa funcionalidade e destino social dun movimento nacionalista que desde a sua própria orixe da intelectualidade urbana encamiñou os seus esforzos a prol de levar a «boa nova» do nacionalismo e o patriotismo ao campo. Os vencellos atinguidos por esta intelectualidade co campesiñado, e a base de masas agregada finalmente polo nacionalismo irlandés, non son de nengún xeito alleas á orientación estratéxica campesinista do mesmo. Cfr. neste sentido, MAURICE GOLDRING, *L'Irlande: Ideologie d'une révolution nationale*, Paris, 1975, pp. 24 e ss.

[287] Son neste caso tamén de aplicación as motiviacións que a marxinación no seo do aparello eclesiástico dirixido desde fora introducia nas camadas superiores do clero galego frustrado na sua própria promoción eclesiástica. O vencellamento do tradicionalismo relixioso, coa

de dominación. Non é lugar este para nos deter na consideración do sistema político canovista: na Constitución de 1876, no turno pacífico dos partidos, no «cunerismo» xeneralizado, na corrupción electoral, no falseamento do parlamentarismo, no caciquismo[288] etc. etc. Compre asi e todo salientarmos dous elementos que afectan directamente ao noso obxecto de análise.

En primeiro lugar, o fondo da implantación do *modo de dominación* da Restauración na Galiza atravesada de arriba a baixo polos mecanismos políticos próprios daquel caciquismo, cunerismo, etc. En definitiva, a integración no sistema canovista, pola via da dominación ou da hexemonia, das máis importantes forzas sociais presentes na escena política galega. Somente alguns pequenos núcleos marxinais, federais e carlistas, aos que máis adiante se lles engadirian os rexionalistas, se configuraban como oposición á política dominante, mantendo sempre un carácter marxinal perante o turno pactado dos partidos liberal e conservador. A história do rexionalismo estará chea de exemplos que patentizan a supremacia total deste modo de dominación que chegaria a incidir nas próprias filas rexionalistas. O caso da Xunta de Defensa constitui, sen dúbida, o máis claro neste sentido.

Pero, en segundo lugar, é de destacar o feito de que o caciquismo como elemento básico do sistema de dominación, non somente producia uns efeitos antidemocráticos, de degradación da democrácia representativa, senón que se constituía como un elemento clave da estrutura centralista. Con efeito, o caciquismo configuraba-se como o veiculador idóneo das decisións gobernamentais que desde os Ministerios, via Goberno civil e caciques locais, atinxia un grau de capilaridade e penetración até os mais recónditos lugares. O sometimento do campesinado á estrutura caciquil, debida ao isolamento, dependéncia económica por mor de empréstimos usurários etc..., situaba-se, pois, no cerne da centralización e unitarismo, ao mesmo tempo que do autoritarismo antidemocrático[289] coas características indisolúbeis dun modo de dominación que permeaba por completo a sociedade civil galega.

Nestas condicións obxectivas estruturais económicas e políticas, que demarcan o *marco parâmetro das posibilidades* mesmas do movimento rexionalista, compre analizar agora a quen ian dirixidas as diferentes propostas rexionalistas, para vermos a viabilidade dos proxectos respectivos. Porque, mália dirixir-se o rexionalismo a todos os galegos «bos e xenerosos», nas suas diferentes tendéncias articulabán-se os valores galeguistas a elementos político-ideolóxicos e intereses das diversas clases presentes. Falando no nome de todos os galegos, os rexionalistas, non obstante, xamais deixaron de propoñer —cada quen desde o seu posicionamento específico— os intereses dun grupo o clase social como os *intereses de Galiza*.

Sen pretender adiantarmo-nos agora ao curso dos acontecimentos, compre, asi e todo, analizar as posibilidades existentes de aceitación social das diversas perspectivas rexionalistas polas diversas clases e fraccións da Galiza da época:

1.° Polo que respeita ao *rexionalismo tradicionalista* de BRAÑAS, ia este dirixido aos sectores que, debedores do Antigo Réxime, ainda con forte presenza en Galiza através das relacións de produción pre-capitalista, se opuñan á Revolución burguesa. Fidalguia e pequena fidalguia en crise, asi como o clero, podian ver na recuperación das liberdades locais unha das últimas posibilidades de mantenimento de Galiza á marxe das transformacións burguesas da sociedade: o liberalismo e o capitalismo como novos modelos económicos e políticos de sociedade.

A posición destes sectores ao sufráxio universal, á democracia representativa, á desaparición das rendas forais, etc., era articulada no rexionalismo tradicionalista aos valores galeguistas, á descentralización, á

necesidade dun âmbito de poder próprio no seo do aparello eclesiástico está presente desde os artigos de *La Región* en protesta coa entrega da dirección do Seminário Maior de Santiago aos Xesuítas, como no nomeamento de coengos asturianos na Catedral de Santiago (Vid. *El Regional*, 22 de Outubro do 1886), como no rexionalismo de *La Integridad* de Tui no que escrebian cregos de talla de CERVIÑO e LAGO GONZALEZ, sempre achegados ao galeguismo.

[288] As causas do sistema oligárquico e caciquil da Restauración poden-se sintetizar seguindo a SOLE TURA e ELISEO AJA, en tres niveis: a) a estrutura social, que fornece un domínio dos proprietários agrários —dos rendistas e usureiros no caso galego— sobre o campesiñado, b) o bipartidismo artificial que impede a presenza na escena política de intereses distintos aos das clases dominantes, c) o marco constitucional e legal, no que as Cortes dependen do Goberno nunha total inversión do mecanismo parlamentario normal: o Xefe do Estado disolve as Cortes e o Goberno convoca as eleicións e elixe através do entramado caciquil o novo parlamento: *Constituciones y periodos constituyentes en España*, Madrid, 1977, pp. 77 e 78.

Sobre o sistema de partidos na Restauración, pode ver-se: J. LINZ *El sistema de partidos en España*, Madrid, 1974, pp. 45 e ss., e X. TUSSEL, «El sistema político español en el reinado de Alfonso XII», en *Historia social de España*. Siglo XX, Madrid, 1976, pp. 213 e ss. VARELA ORTEGA, J., *Los amigos políticos. Partidos, elecciones y caciquismo en la Restauración*, Madrid, 1977, passim.

[289] Sobre o específico caso galego, Cfr. BARREIRO FERNANDEZ, X. R. «El campesinado gallego y las elecciones en el S. XX», en *El campesinado gallego en el siglo XIX*, Tese de doutoramento, Santiago de Compostela (Inédita), pp. 602 e ss.

crítica ao estado unitário español nunha síntese cinguida á unha Galiza ancorada no pasado, oposta a toda modernización na que a recuperación das tradicións galegas posuía non somente o significado de recuperar a «diferenza» da Comunidade, senón o agromar de arelas pasadistas de volta a vellos modos de produción e antigos sistemas de goberno pre-estatais.

Mais a fidalguia e pequena fidalguia afectada progresivamente pola perda da sua base económica coas redencións forais que se superpoñian a unha decadente situación financeira, fracasados os seus intentos de oposición á Revolución burguesa nas reiteradas desfeitas carlistas, non estaba nas mellores condicións para encetar a aventura do enfrentamento aberto co Estado da Restauración nunha perspectiva rexionalista. O esfarelamento como clase, a decadéncia ou a integración no novo orde económico-social parecia, claramente, a saída máis probábel dunha clase desartellada, feble e historicamene derrotada.

2. O *rexionalismo liberal,* ao contrário, articulaba a fundamentación diferencial de Galiza, a crítica ao Estado unitário e centralizado da Restauración, a necesidade dunha descentralización política, etc., cun proxecto económico, político e cultural de modernización de Galiza, do seu erguimento á altura das nacións europeas. Descentralización, democratización do Estado e desenvolvimento capitalista eran elementos inescindíbeis na concepción rexionalista dos MURGUIA, ÍNSUA, SARALÉGUI, etc... O proxecto rexionalista liberal diria-xe fundamentalmente a unha burguesia galega, dinámica e activa, que proxectase a modernización do pais: eliminación dos atrancos pre-capitalistas, industrialización e mercantilización, autogoberno para a defensa dos seus intereses específicos, etc..

Mais, como xa se veu, as condicións estruturais de posibilidade amosaban a inexisténcia dunha burguesia minimamente forte, cuantitativa e cualitativamente, con intereses diferenciados e consciente dos mesmos, decidida a iniciar un proceso de expansión das suas bases económicas. Faltaba na Galiza finisecular, unha clase burguesa minimamente consistente e homexénia con intereses economicos próprios e tempo, unha burguesia hexemónica no interior de Galiza, portadora dun modelo que e capaz de se enfrentar á política dae Restauración, etc. etc.

Pola contra, a situación da Galiza da época no que o vello se resistia a desaparecer e o novo non daba nado, supuña a auséncia dunha clase burguesa minimamente estabelecida e sólida que diante da crise político-económica do modelo da Restauración, decidise o enfrentamento, ao menos parcial, coa mesma, a esixéncia de autogoberno, a criación do seu próprio partido ou grupo de presión en defensa dos seus intereses, a agregación dunha base de masas que reforzase politicamente a sua posición.

Se en lugares como Catalunya, onde a burguesia ao socaire do desenvolvimento capitalista, posuía unha certa entidade, o proceso de toma de conciéncia e enfrentamento co aparello da Restauración foi lento, complexo, cheo de indecisións e concesións[290], na Galiza pre-capitalista e desindustrializada, as condicións de posibilidade de que os cativos núcleos burgueses aptasen pola política de enfrentamento que o rexionalismo supuña, eran realmente dificeis. Integrada no sistema canovista, desprovista da necesidade de dispoñer dun partido próprio que defendese os seus intereses heteroxéneos, disperso e satelizados, carente das mínimas arelas de autogoberno..., semellaba difícil, por non dicer imposíbel, que a burguesia galega se achegase ao rexionalismo como elemento coadxuvante dun inexistente proxecto de atinxir a hexemonia interna na sociedade galega, que lle permitira presentar os seus próprios intereses como os intereses de toda Galiza e acumular unha ampla base social en apoio dunha política autónoma, dun desenvolvimento autocentrado que conduciria inevitabelmente a unha ruptura co modo de dominación estabelecido.

3. Finalmente, o *rexionalismo federal* implicaba a opción mais radical do abano rexional... A diferenciación de Galiza, a necesidade de autogoberno expresada nun proxecto de *Estado galego federado* articulaba-se a un modelo de eliminación dos atrancos que se opuñan ao desenvolvimento capitalista e a unha política de alianzas co campesiñado.

Na concepción instrumental do campesiñado nos outros sectores do rexionalismo, este —concebido como despositário da esência nacional, da língua, cultura e tradicións galegas— cumpre unha función fundamentalista e inclusive retórica en ocasións, incluindo ao mesmo MURGUIA, quen conserva resaibos progresistas-populistas da sua xuventude, mais sen incorporar a sua problemática social acuciante. Pola contra, PEREIRA, propón que o rexionalismo recolla as reivindicacións máis importantes do campesinado, e situa a este nun lugar activo e protagonista do devandito movimento. O achegamento do rexionalismo ao campesiñado e vice-versa, somente poderia vir para PEREIRA pola imbricación das mútuas problemáticas: cando os rexionalistas recolleran no seu ideário a bandeira da redención foral deixarian de ser un partido de oradores e catedráticos.

Polo demais, a situación de miséria, atraso, incultura e sometimento do campesiñado, maís o efeito de «válvula de escape» que a emigración supoñia, non implicaban o pechamento de toda espectativa de movilización reivindicativa por parte deste. O arrequento das sociedades agrárias a finais do século amosaria que ante a desesperada situación somente facia falta a xefatura e a dirección axeitadas para desencadear un movimento labrego. O *Agrarismo* seria a mais patente proba disto. Asemade, a proposta do rexionalismo federal, ao postular unha democratización profunda da política, un autogoberno federal e a eliminación dos atrancos ao desenvolvimento capitalista, e en xeral, un proxecto radical de modernización de Galiza, poderia interesar a unha burguesia situada nos sectores ponta da indústria galega laica, con grande ánimo innovador e dinamismo social. Mais a burguesia galega distaba muito de se achar nesta situación. Feble, heteroxénea e integrada no modo de dominación da Restauración, situaba-se esta nas antípodas de sentirse atraída por calquer proxecto radical que supuxese o enfrentamento co orde estabelecido.

Plantexadas asi as condicións de posibilidade sobre as que actuaban as diferentes interpelacións rexionalistas, compre analizarmos agora os intentos de estabelecimento de vínculos entre a intelectualidade rexionalista e algunha das clases ou fraccións sociais presentes na escena sócio-politica galega, no desenvolvimento da movilización rexional.

290 Cfr. neste sentido as obras de SOLE TURA e GONZALEZ CASANOVA, cit. e mais ISIDRE MOLAS, *Liga Catalana*, Barcelona, 1972, pp. 12 e ss.

CAPÍTULO III

A ASOCIACIÓN REXIONALISTA GALEGA. 1890-1894

A partir de 1889 a maduración do movimento rexionalista xenerou a necesidade interna de contar cun soporte organizativo que dese continuidade, homoxeneidade e eficácia a unha actividade que empezaba a desbordar o terreno cultural no que se mantivera até entón. Necesidade que vai ser especialmente patente co gallo do banquete que en honor de BRAÑAS se vai celebrar en Santiago de Compostela e todo o movimento de adesións e solidaridades que o rodean.

A. A homenaxe a BRAÑAS de 1890.

A publicación do libro de ALFREDO BRAÑAS no ano 1889, constituiu todo un acontecimento nos meios intelectuais galegos, e mesmo rexionalistas en xeral, pois compre non esquencermos que fora publicado en Barcelona da man de POU Y ORDINAS.

Esto primeiro intento rigoroso e de pretensión científica dunha fundamentación e fixación programática do ideário rexionalista foi, mália a natureza política da proposta de BRAÑAS, aceitada cunha significativa unanimidade dos rexionlistas galegos que pecharon filas en derredor do catedrático compostelán. Mesmo sectores tan lonxanos dos seus plantexamentos tradicionais como os federo-rexionalistas saudaron a aparición da devandita obra.

Por citarmos alguns exemplos do impacto causado por *El Regionalismo,* podemos asinalar intervencións da prensa galega, mesmo a allea ao rexionalismo ou pouco propensa a desmedidos entusiasmos rexionalistas. Asi, *La Gaceta de Galicia,* diário liberal monterista de Santiago, publicou unha louvatória recensión do libro, reproducindo ademais o prospecto de propaganda do mesmo no que se afirmaba entre outras cousas:

«el libro es la cartilla o catecismo de las teorías regionalistas confundidas generalmente con las federales y revolucionarias o con las doctrinarias y separatistas o con las meramente tranquilizadoras...».[1]

Pola sua banda, *El Regional,* voceiro federo-rexionalista de PEREIRA, publicou non somente cumprida noticia do libro de BRAÑAS mais tamén o discurso íntegro do seu autor no banquete que se lle ofrecera, asi como deu noticia das máis importantes mostras de adesión recebidas polo catedrático compostelán.[2]

O semanario *A Monteira* de Lugo, publicaria asimesmo un número homenaxe a BRAÑAS «como debre probra d'ademiración pol-a súa obra»[3] e recomendando a sua leitura.[4]

As adhesións de organizacións e colectivos vários ao autor de *El Regionalismo,* foron numerosas tanto en Galiza, onde podemos salientar o comunicado dun grupo de estudantes da Universidade compostelá e un escrito de apoio con mais de 400 firmas de Carballo[5], como de Catalunya: Estudantes da Universidade de Barcelona, Centro Catalá, La Lliga de Catalunya, Centro catalanista de Sabadell, Sociedad catalanista de excursiónes científicas[6], etc. etc., asi como solidaridades de tipo mais persoal: RUBIO I ORS, GUIMERÀ, POU I ORDINAS, OLLER, NÚÑEZ DE ARCE, ALEJANDRO PIDAL, LEITE DE VASCONCELOS[7].

Pero seria o 9 de marxo de 1890 en Santiago, onde teria lugar un banquete organizado no seu honor pola prensa santiaguesa. O banquete, de feito a primeira xuntanza dos rexionalistas galegos, revestiu un carácter de auténtico *meeting patriótico,* acudindo a él directores de prensa, comerciantes e universitários e sendo presidido por BRAÑAS, PEREIRA (en representación da prensa galega) e BÁRCIA.[8] Nas intervencións que se produciron á hora dos brindes,

1 *Gaceta de Galicia,* 2 de Febreiro do 1890.
2 *El Regional,* 13 e 23 de Marzo do 1890.
3 *A Monteira,* n.º 22, Marzo, 1890.
4 Idem., n.º 20, 15 de Febreiro do 1890: «Non haberá galego que por tal se teña que non deba de adequirilo».
5 *El Regional,* 23 de Marzo do 1890.
6 Idem., 13 de Marzo do 1890.
7 Idem., 23 de Marzo do 1890.
8 *Gaceta de Galicia,* 10 de Marzo do 1890: «De todos los labios se escapaban frases patrióticas que acreditaban el espíritu sinceramente regionalista de los comensales».

atopamo-nos simultaneamente con duas facetas que serán xa, apartir de agora, omnipresentes no conxunto das actividades dos rexionalistas galegos: por unha banda o desexo de unión e acción en tanto que galegos, e, por outra, as diferenzas patentes entre as distintas tendéncias integradoras do movimento. Asi, por exemplo, nas verbas de XESUS CASTRO ecoan resonáncias do rexionalismo liberal:

«El entusiasmo que sentimos por el trabjo el Sr. BRAÑAS, que entre los conceptos elevados y pensamientos de regeneración que encierra, nos demuestra y patentiza algunos con los que todos simpatizamos: que el regionalismo no permite al poder central absorber energías, autonomías ni los derechos del ciudadano. Que con el regionalismo son posibles las saludables iniciativas individuales y que con el regionalismo, en fin, desaparece el despotismo al que maldice la historia, maldecimos todos los presentes y maldecirán las generaciones venideras»[9].

Pola sua parte, PEREIRA, no seu discurso xa comentado[10], articula radicalmente o galeguismo («soy gallego antes que español») coa alianza co campesinado cara á consolidación dun movimento rexionalista con implantación social, na intervención mais radical e política da reunión.

Finalmente, BRAÑAS resalta no seu parlamento que alén da significación personalista da homenaxe que se lle tributa, compre entendé-lo como o recoñecimento do avantar das ideas rexionalistas en Galiza, pasando despois a manifestar que o rexionalismo é igualmente inimigo do *absolutismo despótico* e do *parlamentarismo* extremos ambos os dous nos que centra —especialmente no último— o seu discurso. No primeiro dos aspectos asinalados, BRAÑAS entende por absolutismo despótico o proceso de centralización das monarquias tardofeudais, prévio á constitución do estado capitalista, que é criticado pola erosión das liberdades locais que conleva, mais non polo seu carácter autocrático e prepolítico[11]. Pero, onde máis se detén BRAÑAS é, sen dúbida, en estrita coerencia coa posición mantida en *El Regionalismo,* na crítica do parlamentarismo, que se prolonga nunha impugnación global do Estado capitalista («liberal»), da democrácia representativa, do sufráxio universal, etc. etc., tomando o Estado da Restauración como a manifestación mais característica do mesmo.

Quizais o máis interesante da intervención de BRAÑAS sexa o seu posicionamento ao abordar os aspectos político-organizativos da movilización rexionalista. É preciso, neste orde de cousas, dar cumprida conta de dous temas de interés no seu discurso:

En primeiro lugar, o elemento central da *unión dos galegos porriba das diferencias internas,* por riba, sobre todo, dos partidos políticos actuantes na escena política galega da época:

«... los regionalistas sabemos prescindir de toda discusión política... yo, de mí sé deciros que ni he sido, ni soy, ni seré partidario de ningún bando político actual... por eso a esta mesa se sientan en simpático y familiar consorcio, bajo el flotante pabellón de la patria regional, el republicano austero afiliado al posibilismo gubernamental, o el federal honrado, infatigable propagandista de nuestra independencia política, lo mismo que el monárquico tradicionalista o el partidario de la forma mixta de gobierno representativo: todos aquí somos amigos»[12].

O abandono da discusión política non integra un elemento de falta de politización senón de substitución da «política» vixente na Restauración por unha

9 Ibidem.
10 Ibidem.
11 En tanto que clarificador da nitidez con que se recebian os plantexamentos políticos xerais da proposta de BRAÑAS, resulta, asemade, sumamente clarificador da caste de descentralización por este proposta e de interés a consideración dunha série de artigos aparecidos na *Gaceta de Galicia* comentando *El Regionalismo*, debidos a HERMENEGILDO CALVELO, tradicionalista santiagués de filiación carlista.
Por unha banda, CALVELO aceita e apoia o antiliberalismo e antiparlamentarismo de BRAÑAS:

«No faltará quien tacha las doctrinas de BRAÑAS y las mías como democráticas de la peor especie... No dejaría de ser gracioso que, a última hora, apareciéramos el Sr. BRAÑAS y yo defendiendo las desprestigiadas doctrinas de ROUSSEAU y la soberanía nacional». *Gaceta de Galicia*, 13 de Abril do 1890.

Pero, ao mesmo tempo, CALVELO critica a BRAÑAS o escaso alcance do autogoberno que aquel propón nas páxinas de *El Regionalismo*, apontando certeiramente ao eixo do mesmo: o poder lexislativo:

«El Sr. BRAÑAS exige unidad de legislación y yo digo que con la unidad del Estado es compatible la diversidad de legislación política, civil y administrativa, con tal que haya unidad de autoridad o soberanía». *Gaceta de Galicia*, 27 de marzal do 1890.

12 *El Regional*, 13 de Marzo do 1890. O que non obsta para que BRAÑAS vencelle directamente no seu discurso a causa rexionalista ao seu posicionamento antiliberal e antiparlamentário, pronunciando frases que, mália o fervor do momento, axiña comezarian a plantexar divisións internas no seo do rexionalismo:

«Los regionalistas, por esto, aborrecemos el inútil y peligroso sistema parlamentario que agolpa la sangre del cuerpo social en el cerebro del Estado: que encumbra a los que se van al centro y aniquila y empobrece a los que nos quedamos en la circunferencia y en los radios de ese sistema parlamentario que... redujo a la esclavitud a Escocia, sujetó con cadenas de hierro a las Islas Jónicas en 1948... y convierte a Irlanda en paquete de landlods o señores territoriales, de sus capitalistas y banqueros».

«política» galega construída sobre diferentes bases. E isto en dous sentidos: en primeiro termo, polo que aos partidos turnantes se refere, en canto responsabeis primeiros do centralismo, pero, asemade, en segundo lugar, aos próprios partidos anti-sistema federalista e carlista; convocando á sua marxe aos galegos cara un traballo en comun a prol da pátria galega, obviando discrepancias particulares. Este seria precisamente o reto do rexionalismo galego: a construción, sobre tan heteroxéneas bases, dun movimento galeguista unitário capaz de acadar a substantividade, peso específico e implantación de masas suficiente para se enfrentar cun mínimo de posibilidades co bloque dominante no Estado da Restauración. O desenvolver dos acontecimentos daria cumprida conta de até que ponto eran «compatriotas» os alí presentes e da relevância das contradicións e discrepáncias entre eles.

En segundo lugar, aparece xa claramente plantexado por BRAÑAS a necesidade de actuación e movilización política *estricto sensu* alén do meramente literário:

«Bien sabemos que hasta el presene se ha considerado como puramente literario al movimento regionalista; y el engaño nos place porque, de este modo tendremos tiempo para organizar nuestras filas, para prepararnos al combate y para realizar la transformación del estado social y político de los pueblos... ¿qué así empiezan a preocuparse los unitaristas de nuestras nuevas y mejor pensadas evoluciones? Pues mejor... que así acabaremos de una vez con este largo paréntesis de imposiciones, exigencias, tiranías e influencias centralistas.. y podremos iniciar un nuevo período de prosperidad y bienestar para las naciones subyugadas».[13]

Precisamente neste orde de cousas é preciso destacar que no ánimo dos presentes nesta xornada de afirmación rexionalista, tal e como se infere das referéncias que na prensa do momento se deron do acto, achaba-se a necesidade de se organizar coa maior prontitude, procurando a incidéncia na vida política galega. Neste sentido, propuxo-se a convocatória e celebración dun *Congreso Regional* para discutir e resolver este tema: o proceso organizativo estaba, ao fin, en marcha.[14]

Polo demais, por aquel tempo estaba MURGUIA en Catalunya, convidado polos rexionalistas cataláns, onde pronunciou un discurso na sede da *Lliga* como iniciador indiscutido do rexionalismo galego[15]. No seu discurso, MURGUIA volve falar unha vez máis de Galiza como *nacionalidade*, revestindo o feito unha especial e característica significación por se facer nun ámbito no que se estaba a falar ainda sobranceiramente de «rexión catalana», apesar de dispoñer dunha maior orgaización e substantividade como movimento.

Neste sentido, ao longo de *Orígenes y desarrollo del regionlismo en Galicia* [16], MURGUIA fala sistematicamente de «sentimiento nacional», «nuestra nacionalidad», «nacionalidades negadas y olvidadas», empregando na sua configuración os elementos tirados do MANCINI: território, história, raza, língua e conciéncia de nacionalidade. Polo demais, o elemento *étnico* segue a xogar un papel clave na construcción murguiana, asi como a fundamentación histórica do feito diferencial.

Polo que respeita ao primeiro elemento, MURGUIA relaciona e fundamenta directamente o rexionalismo «qua» movimento na:

[13] *El Regional*, 23 de Marzo do 1890.

[14] *Gaceta de Galicia*, 10 de Marzo do 1890.

[15] O próprio BRAÑAS, mália as patentes diferenzas ideolóxicas con MURGUIA, considera-o en todo momento como o iniciador do movimento rexionalista: Cfr. neste sentido «El regionalismo gallego» en *La Patria Gallega*, n.° 1, 30 de Marzo do 1891:

«sin discutir el jefe y el apóstol de la nueva idea, jefe cuyo nombre sabían de memoria y llevaban en el corazón todos los gallegos, puesto que todos sabíamos que al Salustio de nuestra historia, al eminente y respetable MANUEL MURGUIA, correspondia de Justicia y de Derecho el honroso y alto puesto que se le ha asignado».

Precisamente, nestes momentos iniciais da movilización rexionalista a vontade de unión galega por riba de toda diferenza ideolóxica integra un elemento con innegábel eficacia á superación dos conflitos resultantes do plural posicionamento político-ideolóxico dos rexionalistas.

Como exemplo, entre outros moitos, que se pode aducir neste sentido, dantes de que a conflitividade producise escisión algunha no movimento, citaremos a crítica de BRAÑAS ao libro de poesias galegas de GARCIA FERREIRO *Chorimas*. A devandita vontade de unión mística dos galegos e própria autonomia do eido estético, leva a BRAÑAS a afirmar:

«... irónico y cruel como una sátira de Juvenal o una burla de Heine o una carcajada de Voltaire, cuando fustiga a nuestros tiranos y se mofa de las politiquerías parlamentarias y de las farsas y bululús que representan a diario los pequeños caciques; terrible, amenazadora como un eco revolucionario de CHENIER cuando llama a los pueblos gallegos a la lucha por su perdida independencia; y guerrera y batalladora como los acentos de Fingal o los cantos de Ossian que pedían la libertad de Escocia, cuando reclama para Galicia lo que por Derecho y Justicia le corresponde...»

Frases que serian substituída polo siléncio anos máis tarde, cando o posicionamento profederal de GARCIA FERREIRO colisionara co tradicionalismo de BRAÑAS.

[16] «Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia», *La España Regional*. T. VIII, 1890, pp. 481 e ss.

«realidad y completo predominio del elemento céltico en la población gallega y en todas sus cosas».[17]

E respeito do segundo deles, seguindo a concepción romántica de THIERRY[18], MURGUIA acude á «larga y anterior vida autonómica de Galicia» para fundamentar os anseios de autogoberno do rexionalismo. Feitos como que desde Enrique II até os Reis Católicos «Galicia vivió aislada gozando de una casi autonomía»[19] ou que no século XVII tivera na Xunta e na Audiéncia un auténtico, ainda que limitado, autogoberno, constituen elementos fundamentadores das aspiracións do movimento rexionalista.

Precisamente na fundamentación histórica do feito diferencial galego que MURGUIA fai neste discurso, amosa-se unha certa variación frente aos esquemas que asentara no estudo introdutório á sua história en 1865. Compre referirmo-nos, ainda que brevemente e sen perxuízo de abordarmos o tema co detenimento preciso na parte sistemática deste estudo, a esta cuestión, pois pode facilmente afectar ao posicionamento político do noso autor con relevância non pequena.

En efeito, se en 1865 os nobres galegos se presentaban como a causa de case todos os males de Galiza («a los nobles gallegos nada debe Galicia, más que sus antiguos males y su postración de siempre»), agora semella producirse un certo câmbio na sua valoración e, do mesmo xeito que acontecia no discurso de resposta a MOGUEL, en determinados párrafos presenta-se a mesma nobreza como fondamente anticastellana e, de non ser derrotada polas Irmandades co apoio dos Reis Católicos, a unión con Portugal seria un feito.

Interesa-nos, ao noso obxecto presente, atender ao trasfondo político que pode subxacer nesta diferenza de valoración. É dicer: ¿co gallo da teorización de Galicia como nacionalidade oprimida polo Estado español, abandonaria MURGUIA os seus princípios democráticos para atender unicamente aos *nacionais*, independentemente do seu progresismo ou reaccionarismo? ¿Até que ponto o labor de encher de contido orgánico o feito diferencial galego (raza, mitificación do pasado, etc.) implicou un paralelo esmorecimento e debalo dos plantexamentos liberais?[20]. Entendemos, porén, que mália o abandono do progresismo radical dos seus anos mozos e a sua moderación posterior, MURGUIA xamais abandonou unha óptica liberaldemocrática como ficará dabondo probado documentalmente nas páxinas que seguen. O mantimento do conceito manciniano de nación é un dado central neste sentido. Pero outros xurden nesta última intervención que comentamos.

O feito de presentar nun médio exterior a história do sentimento nacional galego conxuntamente cun estádio superior da sua investigación, leva forzosamente a MURGUIA a modular e complexificar o panorama orixinário de 1865. Complexificación e variación que de ningun xeito leva á inversión total do esquema: a crítica irada á nobreza galega non se converte aqui nunha crítica das Irmandades. Pola contra, estas son contempladas no próprio texto con positividade por mor do seu carácter «eminentemente popular y... constituir una verdadera Cámara de los Comunes»[21], e destaca-se a continuación as suas competéncias e carácter representativo «avant la lettre». Outro tanto se pode dicer da valoración da actuación de Carlos III encol dos foros, reiterando a visión positiva de «Irlanda y Galicia»[22]. Pero é que, asemade, a perspectiva liberal de MURGUIA está presente de xeito explícito no próprio texto, adicado este último á fundamentación nacionalitária de Galiza e onde moi ben se poderia resentir, polo menos de esquecimento, a perspectiva demo-liberal. Moi outra é a realidade. Ao referir-se ás principais institucións propriamente galegas, o noso autor centra-se na *parróquia*, como auténtico órgao de goberno local. E na sua presentación e apoloxia, MURGUIA, unha vez máis, ao propoñer aos seus ouvintes a necesidade de recuperación da devandita institución non acode ao peso da tradición e á mera historicidade da mesma, senón que se centra na sua funcionalidade social contemporánea e o seu carácter democrático:

«...conforme con nuestras tradiciones y libertades locales, podemos adelantar que, considerada la parroquia como una institución laica, era no sólo parecida, antes bien más libre y más democrática que la inglesa, a la cual consideran

[17] Op. cit., p. 489.

[18] *Prólogo á Historia de Galicia*, Vol. I, A Cruña, 1901, p. XXIX.

[19] «Orígenes...», cit. p. 490.

[20] Compre citarmos neste orde de cousas o caso de VALENTIN ALMIRALL: o seu catalanismo implicou conxuntamente co abandono da abstracción federal, un notório debecimento do seu orixinário radicalismo democrático. Cfr. SOLE TURA, J., *Catalinismo y revolución burguesa*, cit., p. 112 e ss., e TRIAS VEJERANO, op. cit, pp. 178 e ss.

[21] MANUEL M. MURGUIA, «Orígenes...» cit., p. 490.

[22] MANUEL M. MURGUIA, *Estudios sobre la propiedad territorial de Galicia*, p. 247, e «Irlanda y Galicia», en *Diario de Lugo*, 30 de Abril e 15 de Maio do 1881.

muchos estadistas como la base de las libertades de aquel país».[23]

O mantimento da perspectiva liberal mesmo en textos como o aqui comentado, adicados á demostración da natureza nacional de Galiza, mostran ao noso entender, a solidez da articulación progresista dos valores nacionais galegos na ideoloxia murguiana, diferenciada deste xeito nidiamente do posicionamento de BRAÑAS.

Finalmente, para rematarmos coa análise do discurso de Barcelona, compre facermos referéncia a outro extremo importante abordado por MURGUIA no mesmo. Trata-se das referéncias verbo dos aspectos político-organizativos do rexionalismo galego e das causas do atraso do movimento neste sentido. En efeito, tras a demostración histórica da antigüedade do sentimento nacional en Galizia, MURGUIA ve-se na obriga de recoñecer que: «... no por eso sus adeptos formamos iglesia...»[24]. Desmovilización que se explica historicamente porque:

«Fruto de largos años de tiranía territorial... nos llevó como por la mano a la abstención en todo lo que toca a la vida pública, porque esa tiranía de largos siglos no supo enseñarnos otra virtud que la de la resignación»[25].

Asimesmo MURGUIA explicita a necesidade de organización partidária do rexionalismo en aras da sua hexemonización e eficácia:

«El regionalismo en Galicia... no tiene cohesión ni fuerza, porque esta será *siempre en política, resultante de las tendencias generales de un partido francamente aceptadas... y puestas en práctica*»[26] (Subliñado noso, R. M.).

Trata-se da primeira ocasión, agás dos plantexamentos de PEREIRA, na que se postula a necesidade dun partido político vertebrado arredor da causa rexionalista e o ponto no que se atingue o meirande degrau de concreción fente ás tradicionais vaguidades neste terreno do próprio MURGUIA ou BRAÑAS. Somente un partido rexionalista conseguiria o obxectivo de:

«organizar las huestes, unirlas y darles la cohesión necesaria para que (el regionalismo) sea cosa efectiva»[27].

Noutro orde de cousas revesten grande interés as consideacións que, verbo das causas da desmovilización rexionalista, aponta MURGUIA na sua intervención: a feblez e falta de organización rexionalista son referidas a causas complexas de diverso orde e alcance:

1. A dispersión territorial da poboación.
2. O dominio dos que «MURGUIA denomina» «intereses políticos» «del momento», e dicer, o modo de dominación da Restauración e os intereses dos partidos turnantes por riba dos intereses de Galiza. Asemade a atracción que o aparello burocrático representa para a xuventude galega perante a que se presenta como alternativa ás frustracións da vida provinciana dun país atrasado e pobre.
3. Pero, en tercerio lugar, MURGUIA fala de:

«La falta de una ciudad más populosa que las que hoy contemos, la *falta de grandes centros fabriles y los intereses que éstos engendrán*»[28] (Subliñado noso, R. M.).

Afirmacións que revesten unha importáncia excepcional tanto pola confirmación de posicionamento político liberal do rexionalismo de MURGUIA como pola lucidez que mostran verbo das limitacións estruturais coas que se atoparia un rexionalismo como o postulado por el.

Por unha banda, pois, MURGUIA vencella o rexionalismo á presenza de núcleos urbanos e á industrialización en Galiza: un rexionalismo dirixido, en definitiva, á pequena burguesia e, sobre todo, á burguesía galega. Unha vez máis fica patentizada a función meramente instrumental-fundamentadora que cumpre o campesiñado no rexionalismo murguiano que se vencella, pol a contra, político-estratexicamente á unha burguesia urbana industrial e portadora dun proxecto modernizador de Galiza.

Pero, ao mesmo tempo, MURGUIA decata-se da hipoteca que supón para un rexionalismo como o por el postulado, o baixo nivel urbano de Galiza, a desindustrialización, a inexisténcia, en suma, dunha burguesia nacional e modernizadora que hexemonizase o proceso de construción nacionalitária de Galiza. As negativas condicións de posibilidade, en fin, que supuña para a recepción do seu discurso a falta

[23] MANUEL M. MURGUIA, «Orígenes...», cit., p. 501.
[24] Idem, p. 480.
[25] Idem, p. 482.
[26] Idem, p. 485.
[27] Idem, p. 485.
[28] Ibidem.

dunha burguesia homoxénea, sólida, frustrada pola política do bloque dominante, enfrentada ao estado centralista e, en consecuéncia, permeábel ás interpelacións rexionalistas. A lucidez contida nestas palabras de Murguia será certamente premonitória.

Polo demáis, nese mesmo mes de marzo de 1890, os sócios do Centro Gallego de La Habana (seica máis de 5.000) envian-lle a MURGUIA un telegrama reiterando a adesión ás suas doutrinas rexionais[29]. Feito que é valorado por este en toda a sua dimensión de síntoma da movilización crecente das ringleiras rexionalistas; trata-se segundo el do:

«acto político más espontáneo y trascendental llevado a cabo por los hijos de este Antiguo Reino durante los últimos treinta años... por él el regionalismo hizo su aparición oficial en el campo de la política militante...»[30].

Nesta contestación dirixida ao presidente do Centro Gallego de la Habana, MURGUIA volve reiterar unha vez máis as suas teimas fundamentais: Galiza como nación, fundamentación histórica do autogoberno, etc., e, asemade, fixa a natureza da descentralización política que pretende para Galiza:

«Ya que no el Home rule.... al menos que se nos devuelva siquiera aquella libertad provincial hasta hayer poseída, dejándonos gobernarnos y entender nosotros de nuestras cosas: no *fuera ni contra el Estado sino a su lado y formando parte integrante de él...*»

Vagamente, unha vez máis, presenta-se unha alternativa de autogoberno intermédia entre o Estado federal e o unítario, sen clarexar aqui cuestións institucionais básicas. En definitiva, necesidade de acción organizada e partidaria, autogoberno, politización progresiva do rexionalismo que en nada resulta desmentida por aseveracións do estilo:

«el regionalismo hállase alejado de las acerbas discusiones de los partidos»[31].

Afirmacións semellantes, compre subliñarmos, non remiten a unha pretendida despolitización do rexionalismo, senón a unha marxinación das alternativas partidárias do «turno pacífico» e a elaboración dunha estratéxia político-organizativa particular, nun dobre sentido:

En primeiro lugar, en tanto que a organización do movimento rexionalista tende a englobar da membros dos diferentes partidos actuantes na escena política, vencellando-os nun obxectivo común en tanto que galegos.

En segundo lugar, porque se postula a reconstrución dunha organización propriamente galega e rexionalista, sen dependéncias exteriores, caciquis nen cuneristas, que hipotequen, através dunha subordinación a intereses estalistas, a defensa dos intereses de Galiza.

Este plantexamento contiña ca «in nuce» a potencialidade estratéxica futura de conducir ao obxectivo de crebar o sistema de partidos da Restauración vixente en Galiza. Plantexamento que, asi e todo, teria que se confrontar coa realidade sociopolítica galega e a fonda implantación do modo de dominación canovista, para chegar a encarnar-se na realidade.

B. As primeiras formas organizativas do movimento: A Asociación Rexionalista.

Esta progresiva necesidade de organización e actuación política volve-se patentizar co gallo dunha ágria polémica entre *El Regional* de Lugo e o *Diario de Pontevedra*, e na homenaxe a BRAÑAS en Vilagarcia. Publicara o devandito diário no mes de Abril de 1890 uns artigos criticando abertamente ao rexionalismo en aspectos substanciais do mesmo: a defensa da lingua galega, o patriotismo galego, falta de relevância social do movimento e carácter minoritário do mesmo, etc.[32]. A contestación de *El Regional* centra-se fundamentalmente en dous aspectos: a cuestión da lingua e a actividade práctica dos rexionalistas. No que ao primeiro ponto se refere, e frente á acusación de que os rexionalistas pretendian proibir outro idioma que o galego, *El Regional* nega isto

[29] *La España Regional*, T. VIII, Marzo 1890. O texto do telegrama dicia: «Centro Gallego Habana. 5.000 socios Junta General acuerdan unanimidad saludar al ilustre historiador y reiterar adhesión a sus doctrinas».
[30] MANUEL M. MURGUIA, «Carta al Centro Gallego de la Habana», *La España Regional*, Tomo VIII, Marzo do 1890, p. 369.
[31] Idem, p. 367.
[32] *Diario de Pontevedra*, 9 e 10 de Abril do 1890. Nestes artigos publicados no diário monterista pontevedrés, afirmaba-se entre outras cousas:

«no se sabe a que aspiran los regionalistas pero en abstracto se nota el afán imponderable de dar tal vigor a un dialecto que pueda alzarse a la categoría de lengua regional».

E refere-se aos rexionalistas como:

«los que pretenden empujarla (A Galicia, R. M.) aunando mezquinos esfuerzos por el despeñadero del ridículo».

afirmando a necesidade de recuperación do idioma que Galiza ten de seu, e engade:

«...mayor imposición existe en querer que un individuo se exprese en un idioma que no conoce, o en el que quizá no pueda variar por completo y con exactitud su pensamiento»[33]

E fronte á acusación de inactividade do rexionalismo e a sua relevância puramente literária, afirma irónica y taxativamente o órgao dos federais-rexionalistas:

«... porque es indudable que con dulces canciones se han de aliviar los males de Galicia y que aquí lo que se necesita únicamente son trovadores... los regionalistas creen que hace falta algo más que dulces cantos para trabajar por el progreso de nuestra patria»[34].

Meses despois tiña lugar unha homenaxe a BRAÑAS en Vilagarcia de Arousa, á que asistiron 46 comensais entre os que se achaban os notábeis da zona: alcalde, xuiz, proprietários, médicos, etc. No transcurso do banquete BRAÑAS foi nomeado fillo adoptivo da vila polo seu labor a prol de Galiza. Mais o que reveste interés na perspectiva dos prolegómenos organizativos dos rexionalistas é o feito de que BRAÑAS rexeite con insisténcia as invitacións que o alcalde e diputado do partido conservador, EUGENIO FRAGA, lle fai para que se presente como candidato a diputado por aquel partido. BRAÑAS opuxo-se tenazmente afirmando que non tiña política algunha e que somente era *rexionalista independente* e que como tal actuaria en breve cos que como el pensaban[35].

A inminéncia da xestación dunha organización rexionalista era patente a estas alturas de 1890, mais ainda seria preciso clarexar a caste de organización que se precisaba. Neste orde de cousas, ten certo interés a polémica sostida entre AURELIANO PEREIRA e GALO SALINAS, rexionalista este último de A Cruña, liberal, un dos criadores do teatro en galego e Director, anos despois, da *Revista Gallega*.

A finais de 1890 publicara en *A monteira* de Lugo, unha serie de artigos encol da necesidade de criar unha *Asociación regional de artistas y escritores*[36] que unificase os dispersos esforzos a prol dos intereses de Galiza e a actividade cultural. A contestación de PEREIRA en *La Pequeña Patria* centra-se na discusión de aspectos organizativos da proposta do rexionalista coruñés que, máis adiante, sairian de novo á luz no desenvolvimento do rexionalismo. A proposta de SALINAS consistia en constituir unha asociación arredor da cal se fosen agregando outras criadas baixo o impulso desa asociación central que definiria as liñas maestras do conxunto da organización. Tal proxecto foi criticado por PEREIRA, recoñecendo a necesidade dunha tal organización, en base precisamente ao carácter centralizador do *centro único* do que dependenrian todos os círculos inferiores. Face a este plantexmento PEREIRA propón unha xénese da Asociación que fose de abaixo arriba; crianse primerio as asociacións provinciais e locais e estas federarian a nivel galego nunha asociación rexional:

33 «A los antirregionalistas», *El Regional*, 13 de Abril do 1890. Onde se engade:

«¡Que los regionalistas no han hecho nada práctico! No sabemos que sea lo práctico en este caso para el colega que así se expresa; pero debiera decir qué medios han tenido hasta hoy los regionalistas para realizar los ideales que defienden, y qué ocasiones han perdido en que pudieran haberles dado realidad».

34 «Insistimos», *El Regional*, 20 de Abril do 1890.

A *Gaceta de Galicia* publica neses días uns artigos en apoio do rexionalismo desde unha perspectiva liberal e moi moderada, diferenciando entre o rexionalismo e «los excesos del catalanismo». Cfr. *Gaceta de Galicia*, 14 de Abril do 1890, «Regionalismo» por BIBIANO FERNANDEZ, o seu director, que participara na homenaxe a BRAÑAS en Santiago.

Este peculiar achegamento ao rexionalismo da *Gaceta de Galicia* que rematará coa substitución de BIBIANO polo seu fillo ao frente do mesmo no ano 1892, amosa-se sempre, como asinalamos, cunha grande moderación e vaguidade e carácter pre-político.

Neste sentido, nun editorial titulado «La prensa periódica en Galicia», por poñer un exemplo, falaba-se deste xeito en plena organización da Asociación Regionalista:

«El amor a la pequeña patria, los ha hecho unirse (aos galegos) siempre en las grandes luchas, en las tremendas batallas libradas contra los enemigos de Galicia: que el sentimiento regionalista no es cosa de hoy ni innovación de modernos apóstoles, sino rancia idea y vieja condición en los hijos de la antigua Suevia; siempre los hemos visto unidos, apiñados en apretado haz, como los antiguos celtas se unían en el terrible triángulo de combate». *Gaceta de Galicia*. 21 de Novembro do 1890.

35 Na *Gaceta de Galicia*, 30 de Agosto do 1890. No curso do banquete ão que se achaban presentes alguns importantes proprietários, como o Sr. LATORRE, foi nomeado fillo adoptivo da Vila e adicou-se-lle unha rua da mesma.

36 *A Monteira*, 16 de Novembro do 1890. Anos máis tarde, GALO SALINAS escrebia:

«Dos años ha, hemos publicado en algún periódico regional una serie de artículos en los cuales rogábamos a los ilustrados escritores gallegos que, dando de mano a emulaciones perjudiciales para el bien general, se asociasen en una única asociación regionalista y, formada semejante asociación, intentase la creación de una asamblea gallega dirigida por una Junta Central compuesta por aquellos individuos que más pruebas hubieran dado de su competencia en sus libros y otras publicaciones». *Gaceta de Galicia*, 2 de Decembro do 1892.

«constituir una asociación regional enlazando entre sí las asociaciones de provincia, que se compondrían de las existentes en las capitales y pueblos de cada una de ellas... otra cosa sería constituir una jerarquía incompatible con la democracia de la república literaria porque resultaría de una categoría superior el «Centro Unico»[37].

Mais as polémicas sobre esta caste de asociacións de escritores e periodistas cederon o seu posto á criación dos comités rexionalistas integradores da Asociación rexionalista, que, partindo do núcleo rexionalista santiagués, se extenderian logo por toda Galizia.

Efectivamente, no mes de novembro de 1890, ten lugar en Santiago a constitución do *Comite Central Regionalista*, integrado polos rexionalistas ali residentes. Achaba-se composto este Comité Central do seguinte xeito[38]: Presidente: MANUEL M. MURGUIA; Secretário: SALVADOR CABEZA DE LEON, profesor da Faculdade de Direito, Vocais: ALFREDO BRAÑAS, catedrático de Economia Política e Facenda, JOSE TARRIO, médico e escritor, BARCIA CABALLERO, médico e escritor, PEREIRO ROMERO e ENRIQUE LENS.

Tamén participaron na sua constitución, por encontrar-se daquela en Santiago, ERNESTO GARCIA VELASCO, MANUEL FERNANDEZ HERBA, EUGENIO DOMINGUEZ e AUGUSTO G. BESADA, alguns dos cais participarian en posteriores actividades rexionalistas en diversos pontos de Galiza[39]

A partir deste primeiro núcleo inicial, e a instáncias del, encetou-se a constitución dos demais comités rexionalistas. Asi, en decembro de 1890, recebeu-se en *El Regional* de Lugo unha carta de MURGUIA na que se expresaba a conveniencia e oportunidade para os intereses de Galiza de que na devandita cidade se constituira «un comité regionalista, base de la organización y propaganda del partido del mismo nombre en la provincia»[40]. En seguida procedeu-se á constitución do comité rexionalista de Lugo que quedou integrado do seguinte xeito[41] o 14 de decembro do 1890: Presidente honorário: MURGUIA; Presidente efectivo: MANUEL MOSQUERA Y LEQUERICA, abogado e diputado provincial; Vicepresidente: MANUEL REINANTE Y CANCIO, diputado provincial; Secretário: AURELIANO J. PEREIRA; Vicesecretário: ENRIQUE RODRIGUEZ GARRIDO; Vocais: BERNARDO M. ABUIN, abogado, ROMUALDO ACEVEDO, abogado e Director de *La Idea Moderna;* CELEDONIO PEÑAMARIA, diputado provincial; BERNARDINO DE AZPIAZU Y ALVAREZ, comerciante; MANUEL AMOR MEILAN, periodista e escritor; ENRIQUE CASTILLO SILVA, médico.

O rasgo mais notório que compre salientar é que case a metade dos cargos directivos do comité rexionalista lucense achaban-se ocupados por militantes do partido federal de Lugo. Asi, entre outros, podemos identificar como tais a PEREIRA, MOSQUERA LEQUERICA, BERNARDO ABUIN, ROMUALDO ACEVEDO, e AMOR MEILAN, que mantiñan militáncia dobre.

A síntese rexionalista-federal concretaba-se deste xeito, alén do eido ideolóxico que até aqui analizamos, no próprio nivel organizativo, levando asi o vieiro de achegamento deste núcleo lucense á realidade galega e ao galeguismo histórico, até as suas últimas consecuéncias.

Polas mesmas datas, constituíase o Comité Rexionalista de A Cruña integrado do seguinte xeito[42]: Presidente: FRANCISCO MARIA DE LA IGLESIA GONZALEZ, mestre; Vicepresidentes: SECUNDINO GONZALEZ VALDES, EMILIO FERNANDEZ; Secretários: BALDOMERO DE LA IGLESIA, LIBALDO DOMINGUEZ REY; Vicesecretários: MANUEL RODRIGUEZ BERMUDEZ e URBANO GONZALEZ VARELA, poeta e pintor, Vocais: EZEQUIEL FERNANDEZ MIRANDA, director do periódico conservador *El Avance*, EDUARDO VILARDEFRANCOS, GONZALO BRAÑAS, periodista e federal, director de *El Avisador*, máis tarde *El Anunciador*, ISIDORO BROCOS, IGNACIO PARDO GONZALEZ, JUAN GOLPE VARELA, abogado, JOSE BRAÑA, JULIO SOTELO, escritor e intelectual, JUAN VILLARDEFRANCOS, JOSE SANTOS, Xefe de estación de ferrocarril e intelectual, MANUEL LOSADA CADAHIA, PASCUAL VEIGA, profesor e músico, PEDRO BONO, SALVADOR GOLPE, abogado.

37 AURELIANO PEREIRA, «Carta abierta a GALO SALINAS», *La Pequeña Patria*, n.° 6, 30 Decembro do 1890.

38 *Gaceta de Galicia*, 23 de Decembro do 1890.

39 *El Regional*, 20 de Decembro do 1890.

40 *La Patria Gallega*, 14 de Decembro do 1890, n.° 1:

«Aceptando todos los Sres. expresados las manifestaciones contenidas en dicha carta (de MURGUIA) y animados todos del deseo de cooperar en la medida de sus fuerzas a la prosperidad y engrandecimiento de la Patria gallega, aceptaron desde luego la iniciativa del Sr. MURGUIA, acordando constituir el Comité regionalista...»

41 Idem.

42 *El Regional*, 20 de Decembro do 1890.

A táboa de princípios xerais que, fixada polo *Comité Central Rexionalista*, de Santiago foi aceitada polos Comités de Lugo e A Cruña, integraba os seguintes pontos[43]:

1. Estabelecimento de vínculos entre os pobos galegos sen crebar coa unidade nacional española co gallo de atinguir o desenvolvimento pleno a que dá direito as tradicións da história galega.

2. Conseguir o obxectivo de que os representantes a Cortes fosen galegos, evitando asi o cunerismo.

3. Perseguir por todos os médios ao seu alcance o caciquismo.

4. Fomento das artes e indústrias galegas, en especial a agricultura.

5. Solicitar aos poderes públicos unha rebaixa dos impostos en consonáncia co estado do campesiñado galego.

6. Levar a cabo todo tipo de iniciativas para o progreso moral, material e intelectual de Galiza.

Plataforma programática do rexionalismo que sería publicada en *El Regional* xunto cun manifesto a prol da movilización rexionalista no que se marcha a todos os galegos a participar nela:

«No habrá hijo de Galicia que no participe de estas nobles aspiraciones y que no esté dispuesto a cooperar a su propaganda para obtener su relización. Por eso es de esperar que los comités recibirán numerosas adhesiones, y pronto el regionalismo gallego será una importante agrupación que represente todas las fuerzas vivas del país»[44].

Xa en 1891, no mes de xaneiro, ten lugar a fundación do comité rexionalista de Ourense, formado por[45]: Presidente: RAMON FERNANDEZ CID, proprietário e abogado: BENITO FERNANDEZ ALONSO, comerciante e licenciado en Arte; Secretários: LUIS DIEGUEZ GAYON, estudante de direito, ENRIQUE CANTON ALVARADO, abogado, funcionário de Facenda e poeta; Vocais: ALBERTO ROMERO PEREZ, abogado, ERNESTO GARCIA VELASCO, abogado, diputado provincial, ANTONIO RODRIGUEZ IGLESIAS, médico e escritor, VICENTE NONDEDEU PARDO, abogado, director en Ourense de *El Derecho*, JAVIER GAITE LLOVES, profesor de Filosofia en Instituto, LUCIANO CID HERMIDA, periodista, director de «El Progreso» y «La opinión liberal»; Presidentes honorários: MURGUIA, GARCIA FERREIRO, poeta, demócrata-progresista, e LAMAS CARVAJAL, poeta, conservador.

Tamén en xaneiro do mesmo ano ten lugar a constitución do comité rexionalista de Pontevedra que ficou integrado por[46]: Presidente: MANUEL BECERRA ARMESTO, proprietário; Vicepresidente: ANSELMO PADIN; Vocais: JOSE MARIA BERASATEGUI, AUGUSTO G. BESADA, abogado, rexistrador, RAMON PEINADOR, proprietário balnearios Mondariz, sócio fundador de Naviera del Noroeste, JOAQUIN PIÑEIRO, médico, RENATO ULLOA.

E dous meses máis tarde constituía-se o comité rexionalista de Tui, onde existia un núcleo forte de galeguistas[47], o 22 de abril do 1891: Presidente honorário: MURGUIA; Presidente efectivo: MANUEL FERNANDEZ HERVA, abogado: Vicepresidente: EDUARDO CABALLERO CANALS, médico; Secretário: MARTIN DIAZ ESPUNCH, aluno de Direito; Vicesecretário: VICENTE GARCIA RIVERA, abogado; Vocais: ANTONIO CERVIÑO GONZALEZ, canónigo, JUAN ARESES, farmacéutico, JUSTO FORTES DOMINGUEZ, director de *La Integridad*, INDALECIO RODRIGUEZ DE CORDOBA, Presidente do Casino, MANUEL LAGO GONZALEZ, catedrático seminário, JUAN ALVAREZ CORDERO, farmacéutico, LEONCIO COMESAÑA GONZALEZ, abogado, sócio fundador sociedade eleitoral de Tui.

De xeito semellante ao que dixeramos de Lugo, ao estar presentes no comité rexionalista unha alta porcentaxe de federais, en Tui o comité está integrado na sua maior parte integristas e tradicionalistas, onde destacan figuras como as de CERVIÑO e sobre todo LAGO GONZALEZ, futuro arzebispo de Compostela. Núcleo tradicionalista católico que se agrupaba arredor de *La Integridad*.

En definitiva, nos primeiros meses de 1891, existian nas principais cidades de Galiza, coa excepción de Vigo, comités rexionalistas, presididos polo Comité rexionalista de Santiago. A própria rapidez da constitución dos devanditos comités mostra unha relativa madurez do movimento cara a sua actividade organizada.

[43] *El Regional*, 22 de Decembro do 1890.

[44] *El Regional*, 20 de Decembro do 1890, «Movimiento regionalista»:

«En La Coruña, como en Lugo, se ha constituído el Comité de propaganda regionalista... Como muchas veces se ha dicho, y los hechos demuestran, caben dentro de la agrupación regionalista todos los amantes del País, sin que la diferencia de opiniones políticas sea obstáculo para que pertenezcan a ella; por eso nosotros creemos que el regionalismo prosperará...»

[45] *La Pequeña Patria*, 14 de Decembro do 1890. Ao se constituir a *Junta directiva da Asociación Regionalista Gallega* en Ourense, presidida polo xurisconsulto FERNANDEZ CID, tomaron-se os seguintes acordos:

«1.° Que como tributo de justa admiración el talento y patriotismo del insigne escritor D. MANUEL MURGUIA, se conceda a dicho señor el título de Presidente Honorario.

2.° Que igual merced se otorgue a los Sres. ALBERTO GARCIA FERREIRO y VALENTIN LAMAS CARVAJAL, por los eminentes servicios que han prestado a la literatura gallega.

3.° Que se proceda, desde luego, al establecimiento de las Juntas organizadoras en los partidos judiciales correspondientes a esta provincia.

4.° Que se verifique activa propaganda con las ideas que sostiene la Asociación Regionalista Gallega, y se procure obtener el mayor número posible de adhesiones, a fin de constituir en el plazo más breve la Junta Regionalista Provincial.

....

6.° Que el acta de esta sesión se firme por todos los señores asistentes, y que de la misma se envíe copia autorizada al Sr. presidente de la Asamblea Central».

El Regional, 26 de Xaneiro do 1891. Onde fica de manifesto, tanto o modelo organizativo sobre o que se construía a Asociación Regionalista como o próprio carácter da mesma, no que os factores culturais conservan un grande peso.

[46] *La Patria Gallega*, 14 de Decembro do 1890.

[47] *La Patria Gallega*, 20 de Maio do 1891.

a. Estrutura e composición da Asociación Rexionalista

A xénese da Asociación rexionalista determinou de xeito notório a sua estrutura posterior ao se constituir o *Comite central* santiagués en impulsor, baixo a dirección de MURGUIA e BRAÑAS, dos outros comités. Este feito da iniciativa na constitución, conxuntamente coa presenza no núcleo santiagués dos dous dirixentes rexionalistas máis prestixiosos e de meirande peso, decantou no Comité central o protagonismo e liderato da *Asociación rexionalista*[48]. En efeito, o Comité central non somente impulsou a criación dos provinciais, senón que estabeleceu os pontos programáticos propostos que os outros comités tiñan que aceitar[49] e ainda redactaron un adianto de estatutos que constituíu o primeiro ponto de frición entre os diferentes sectores da organización[50].

Asemade, o Comité central rexionalista santiagués integraba o consello de redacción do voceiro oficial da organización, *La Patria Gallega*[51], que baixo o lema «surge et ambula» encetou a sua publicación quincenal a comezos de 1891. Atraves deste voceiro oficial poñia-se en coñecimento dos rexionalistas galegos as directrices do Comité central, daban-se notícias das actividades políticas e culturais e publicaban-se as intervencións de fondo, discursos, etc., dos líderes máis importantes. No interior da revista, como do próprio Comité central santiagués, convivian as diferentes tendéncias do rexionalismo representadas por BRAÑAS e MURGUIA, cuxas diferentes opcións patentizaban-se nos seus escritos publicados no próprio voceiro.

A concentración de poderes nas mans do Comité central era pois indubitábel nestes primeiros momentos, amparados no prestíxio indiscutido de BRAÑAS e MURGUIA. Mais a pronta crise que atravesou a *Asociación* impediu unha aprobación dos estatutos e a concreción do programa que seguiu até finais de ano centrado nos pontos xerais xa mencionados, asi como un funcionamento normalizado da organización.

Polo que respeita á composición da Asociación rexionalista, vale dicer, á naturaza de clase dos seus membros, é patente que nos atopamos diante dun movimento xurdido na pequeno burguesia galega, máis en concreto, na *intelectualidade*. Un sumário reconto das profesions coñecidas dos seus membros, dá-nos un balance total de: 15 abogados, 7 periodistas, 7 escritores, 6 profesores, 6 médicos, 3 comerciantes, 2 estudantes de universidade, 2 farmacéuticos, 2 proprietários e 2 cregos. Como podemos ver: unha presenza masiva da pequeno-burguesia urbana, e unha auséncia notória —agás algúns casos

[48] A própria iniciativa da constitución da Asociación Regionalista partirá do núcleo santiagués e a el se dirixían, como vimos no caso de Ourense, os restantes comités como a auténtica dirección da Asociación.

Proba deste prestíxio o liderato do núcleo compostelán no movimento rexionalista, achamo-lo, por exemplo, en propostas como a de LUIS MEGIDE, quen, tras manifestar: «Hoy tan decantado se halla el regionalismo que cuenta con Juntas organizadas en las principales poblaciones gallegas», avanza a idea de criación dun *xornal* en língua galega cuxo Consello de redacción estivera integrado polo Comité Central Rexionalista. Cfr. «Regionalismo», *Gaceta de Galicia*, 6 de Febreiro do 1891.

[49] Carta de MURGUIA, cit., nota 40.

[50] Non atopamos por ningures na prensa do momento referéncias á cuestión; mais GALO SALINAS refere-se claramente a iso na *Revista Gallega*, o 18 de Febreiro do 1900: «Algunos no aceptaron en absoluto los estatutos propuestos».

[51] *La Patria Gallega*, «Boletín-Revista. Organo oficial de la Asociación Regionalista», encetou a sua publicacín en Compostela o 30 de Marzo do 1891 da man do Comité Central Rexionalista que integraba simultaneamente o seu consello de redacción.

Gaceta de Galicia, 7 de Xullo do 1891. Fala da perda intencionada de paquetes de *La Patria Gallega*: Tui, Pontevedra e Ourense fican se receber os números 3, 4 e 5.



MAPA 1: Asociación Rexionalista

▪ Comités Rexionalistas

aillados— da fidalguia[52] e burguesia. En definitiva, protagonismo dos sectores máis sensíbeis á interpelación galeguista pola posición ocupada nas relacións de produción, pola sua frustración profesional, e o seu nivel de información do que acontece no alén das fronteiras: o avance do rexionalismo catalán actua en todo momento como sinal de referéncia para o movimento galego. Os sectores relevantes da vida económico e social galega achaban-se ao marxe por completo do rexionalismo, perfeitamente integrados no aparello da Restauración e no sistema de partidos turnantes. Casos como o de BESADA, BECERRA ou PEINADOR son contadas excepcións nunha organización integrada por indivíduos marxinais aos centros de poder político e económico da Galiza da época, como mostrarán constantemente as sancións aos seus membros polas autoridades, ou a constante falta de cartos para levaren á práctica as suas iniciativas.

En definitiva, e mália a idea de MURGUIA e PEREIRA de construir un partido rexionalista, a feble estrutura integrada polo Comité central e os Comités locais en momento algun atinguiu a substantividade organizativa, dada a sua curta andadura, própria dun verdadeiro partido político[53]. E iso non somente pola falta de concreción do programa ou mesmo dos estatutos polo comité central, senón tamén á auséncia dun Congreso ou Asamblea rexionalista no que se discutisen estes e outros extremos cara unha homoxeneización interna, o logro dunha síntese, no seo da Asociación[54].

b. Estratéxia e actividade política: os intentos eleitorais

Altamente significativo da peculiar situación política da Asociación rexionalista como forza política nacente resulta o editorial de BRAÑAS que abre o número un do voceiro oficial *«La patria gallega»*, titulado «El regionalismo gallego»[55]. Neste artigo BRAÑAS, co peso que lle outorga o seu crecente prestíxio nas ringleiras rexionalistas[56], expón unha particular visión do movimento, tanto nos aspectos fundamentadores ideolóxicos como nos político-organizativos.

---

[52] Agás a posíbel presenza, de difícil por non dicer imposíbel comprobación, no curso dunha investigación como a presente, da existéncia de avogados que simultaneamente ao exercício liberal da profesión fosen, ademais, perceptores de rendas.

[53] Isto é especialmente patente na estrutura territorial da organización: apenas se constituíron comités locais fora das poboacións mentadas e, xa que logo, xamais se chegaron a integrar Comités provinciais representativos dos locais correspondentes.

E preciso salientar verbo da «Asociación Regionalista», que non nos achamos perante un *partido político* no estrito sentido contemporáneo da expresión. Con efeito, segundo UMBERTO CERRONI, un partido político moderno «presenta-se como o conxunto que podemos definir como unha máquina organizativa máis un programa político... En nengun tipo de formación política pre-moderna existe esta combinación da organización territorial difundida e tendencialmente nacional e un programa estruturado e articulado até o ponto de ser recollido nun documento escrito e aprobado en xuntanzas convocadas ao efeito». *Teoria del partito politico*, Roma, 1979, p. 13.

Pola contra, achamo-nos máis ben con algo semellante ao que DUVERGER ten denominado *Comité*, forma histórica precedente ao partido político moderno, agás no que se refire á centralidade da actividade eleitoral. Trata-se este dun grupo reducido numericamente, agregado sen nengun tipo de formalismo (instáncia de admisión, etc.), integrado por «notábeis» (profesionais, comerciantes, industriais, etc.) e sen carácter absolutamente permanente: xunta-se a miúdo, mais sen regularidade perfeita e sen actividade contínua, tendo períodos alternos de inactividade e desmovilización. MAURICE DUVERGER «Organizacione partitica, classe sociale e ideologia» in *Sociología dei partii politici*, GIORDANO SIVINI edit., Bologna, 1979, pp. 213 e 214.

Na terminoloxia de GIONANNI SARTORI, a «Asociación Regionaista» trataria-se dunha *facción*, e de nengun xeito dun partido político en sentido estrito e contemporáneo. Mália non poder aceitar-se a redución mecánica do xurdimento dos partidos ao nacimento dos comités electorais vencellados ao Estado representativo (DUVERGER), que se traduce en SARTORI na minusvaloración política das faccións, é indubitábel que a presenza do goberno responsábel e a participación na loita política eleitoral constitui —através da procura de votos— unha *solidificación* do partido nos seus aspectos organizativo e programático. *Partires and party systems. A framework for analysis*. New York, 1976. P. 37 e ss.

O tema ten interés non pequeno, pois precisamente no caso dos partidos nacionalistas dá-se reiteradamente a sua constitución e dinámica á marxe da institución parlamentária. Como LA PALOMBARA, J. e WEINER, M. teñen amosado desde hai anos, os elementos constitutivos dun partido político moderno: organización durábel, completa e permanente, vontade de exercer directamente o poder e procura sistemática do apoio popular e unha base de masas, dan-se en partidos nacionalistas previamente ou á marxe do Estado representativo. *Political Parties and Political development*, Princeton, 1972, p. 12 e ss.

[54] Arredor deste eixo: unidade nacional-diversidade intereses de clase políticos e ideolóxicos, vai-se vertebrar nodalmente a problemática da movilización rexionalista. Os intentos de movimiento comunitário nacional por riba das diferencas de posicionamento verán-se afectados pola gravidade e antagonismo das contradiccións internas no movimento, provocadas polo próprio sustrato social da Galiza da época. A redacción dun *programa* e a celebración dunha *Asamblea Regionalista*, serán duas teimas renuentes no movimento fornecidas pola necesidade/imposibilidade de atinguir unha síntese que non enaxenase a metade da organización.

[55] ALFREDO BRAÑAS, «El Regionalismo gallego», *La Patria Gallega*, 30 de Marzo do 1891.

[56] Neste orde de cousas compre salientarmos que AZCARATE enviou por aquel entón a BRAÑAS o seu discurso sobre a descentralización no Ateneo madrileño. Por riba de diferenzas de apreciación entre quen falaba decote da «tirania parlamentaria» e quen escrebera «que o réxime parlamentário, última evolución do sistema representativo e consecuéncia lóxica do princípio do self-gobernment, é a única solución xusta, conveniente e posíbel ao problema político dos nosos dias». *El Régimen parlamentario en la práctica*, p. 18, Madrid, 1931. AZCARATE felicita a BRAÑAS pola fórmula descentralizadora rexionalista. Para aquel, o rexionalismo constituia un novo réxime federativo distinto do pactismo e do cantonalismo. Cfr. *Gaceta de Galicia*, 21 de Novembro do1891.

No primeiro dos sentidos aludidos, BRAÑAS, superando o próprio marco conceptual elaborado en *El Regionalismo*, fala de Galiza como *nacionalidade*:

«los regionalistas no admitimos ningún factor común a que tiendan jerárquicamente dispuestos los elementos constitutivos de la nación. Para nosotros la nacionalidad resulta de la combinación misteriosa e incomprensible de todos esos factores, enlazados por el derecho, la historia y la conciencia íntima de una personalidad característica.... Vamos a donde van Irlanda, Hungría o Bohemia... por donde quisieron ir y no les dejaron los mártires de Polonia...».[57]

Conxuntamente con este radicalismo na fundamentación nacionalitária da Galiza, BRAÑAS mostra unha grande indefinición política, estratéxica e mesmo organizativa que semella reconducir o movimento rexionalista a fases anteriores e, xa que logo, se contradice coas liñas avantadas por él mesmo e MURGUIA pouco tempo antes. Asi, polo que se refere á acción política rexionalista, afirma que:

«Por eso no tenemos por ahora más armas que la corona de laurel, la flor natural del certamen, la peñola del literato y la lira del poeta... y no formamos partido político, en el sentido que suele darse a esta palabra en las naciones regidas por el sistema parlamentario centralista»[58].

No tocante ao programa e estratéxia rexionalistas:

«Los regionalistas no han menester de reducir a fórmulas concretas y de no muy fácil redacción los principios orgánicos y constitucionales que sustentan las doctrinas que profesan, ¿quién podrá ser el insensato que quiera traducir en reglas escritas el amor a la libertad, la aspiración a gozar de vida propria, el odio a la esclavitud, el sentimiento de patriotismo y la conciencia de nacionalidad?... No se nos pregunte, pues, a donde vamos y por donde vamos los gallegos... ¿Cuáles son nuestros procedimientos? ¡Qué importa saberlo! Ya los tendremos sin buscarlos, sin estudiarlos, sin discutirlos: nos han de venir a las manos sin esfuerzo alguno...»[59].

Algo máis que simple inxenuidade ou inmadurez pre-política subxace, ao noso entender, nas verbas de BRAÑAS. A abmigüidade e indefinición do seu discurso ten que ser referida, xuntamente co estádio concreto da evolución do movimento rexionalista galego, a unha certa *necesidade interna* da mesma. En efeito, o proxecto de unir aos galegos por riba das diferenzas internas baseadas en posicionamentos e intereses diversos, integra un elemento ideolóxico-político medular do movimento rexionalista, como de todo movimento prenacionalista ou nacionalista:

«No, el regionalismo no es patrimonio de esta o aquella idea política, ni coinciden sus principios exclusivamente con los de este o aquel partido: por encima de todos aquellos aspira a conseguir sus fines propios... para nosostros no hay opiniones, ni caciques, ni partidos políticos, ni doctrinarios, ni conservadores, ni revolucionarios: el regionalismo gallego, según su dogma capital, sólo consiste en pensar, sentir y querer, lo que piensa, siente y quiere Galicia»[60].

Mais, dada a real escisión interna do rexionalismo galego en diversas fraccións portadoras de moi diferentes articulaións do rexionalismo a intereses de clase: fidalguia, campesiñado, burguesia, etc., a consolidación dun movimento unitário esixe un alto nivel de indeterminación nos pontos de posíbel discordáncia, neste caso fondos e numerosos, que se traduce na forzosa ausência de concrección de moitos extremos políticos e estratéxicos: accidentalismo, valoración do estado liberal, etc. etc.

Todo isto confere-lle un, en certa medida, necesário carácter abstracto ao rexionalismo, unha *sobreindeterminación* peculiar que debe ser reconducida, tanto ás *condicións de produción* do proxecto-ideoloxía rexionalista como aos *obxectivos estratéxicos* que procura. A evolución do movimento patentizará meridianamente como os sucesivos intentos de concreción ou decantación dun programa se converterán en crises internas da organización. Sen adiantarmo-nos agora aos acontecimentos, compre subliñar que a dificuldade de conseguimento dunha *síntese articuladora* e co-honestadora dos diversos posicionamentos non se debe tanto á falta de «habilidade» mediadora nos ideólogos rexionalistas como ás xa analizadas difíceis condicións estruturais de posibilidae: permanéncia de domínio pre-capitalista da terra, desindustrialización, etc. etc.

Ao mesmo tempo e directamente vencellado con estes proxectos de unión dos «bós e xenerosos» na causa rexionalista, atopa-se a necesidade de construción dun espazo político e específico rexionalista. Necesidade, en definitiva, de enfrentar-se coa «política» oficial da Restauración, do turno pacífico dos partidos, veiculador do centralismo:

«No quiera Dios que la cizaña entre el trigo se nos crezca y nos venga la política insidiosa y traidora a mistificar nuestros ideales y a moldear y acomodar lo moldeado a los intereses particulares...».[61]

Palabras que non remiten a ningun «culturalismo prepolítico», senón á necesidade de crebar coa «política» vixente e construir unha «política» alternativa, centrada nos intereses de Galiza. Para o cumprimento deste obxectivo precisaba-se, en primeiro lugar, desagregar apoios dos partidos turnantes ou mesmo doutros partidos como o federal e carlista para o cal seria suicida que o rexionalismo se presentase inmediatamente como un partido máis na escena política, competidor dos outros por un espácio de poder e representatividade. Pola contra, precisaba-se un movimento amplo que recollese a todos os galegos, fose da ideoloxia que fose, para aglutinar unha base de apoio mínima, e somente obtida esta poderia-se plantexar a criación dun partido galego próprio «estricto sensu».

En definitiva, a *sobreindeterminación* político-organizativa do rexionalismo posuía evidentes fundamentos *internos* na sua própria natureza de movimento pre-nacionalista, nos seus obxectivos estratéxicos, nas suas condicións estruturais de posibilidade. Pero ao mesmo tempo, esta vaguidade resultante das tensións internas e configuración do movimento, fornecidas polas grandes disparidades entre as fraccións tradicionalistas, liberal e federal, introduciu efeitos negativos na própria dinámica da movilización. Entre eles, pode-se salientar a *marxinación da alternativa de PEREIRA* e o rexionalismo federal. Por unha banda, a esixéncia de concreción e radicalidade de PEREIRA en aspectos tais como a forma republicana de Estado, organización federal do mesmo, a alianza co campesiñado, etc. mostraba-se claramente disfuncional coa idea de agrupar ao máximo número de galegos baixo a bandeira rexionalista, enaxenando-se a importantes sectores do movimento.

Mais, paralelamente a isto, é preciso ter en conta o alto prezo pagado polo rexionalismo, abandonando a alternativa que o poderia fornecer dunha ampla base de masas, dunha implantación no campesiñado que doutro xeito semellaba difícil conseguir. Polo demais, a contradición central que percorria e permeaba o movimento rexionalista entre os sectores liberais e o tradicionalista implicaba pola sua natureza profundamente antagónica, límites moi claros á posibilidade de atinxir unha síntese político-ideolóxica, ainda marxinando a alternativa federal.

Boa mostra da diferenciación do programa de PEREIRA e os outros rexionalistas —debido tanto aos plantexamentos máis moderados da maior parte destes, pero tamén á vontade política de proxecto comunitário— e, asemade, do custo político-estratéxico que esta marxinación supuxo para o rexionalismo, constitui-no unha análise comparativa dos problemas e plantexamentos nos seus voceiros respectivos de *La Patria Gallega* ou de *El Regional*. En efeito, mentres a primeira, mália constituir-se como voceiro oficial da Asociación Rexionalista, apenas aborda a temática política (no seo do próprio programa da Asociación: caciquismo, cunerismo, etc.) agás algunha ocasión excepcional: eleicións municipais por exemplo, predominando nela artigos de fondo ideolóxico rexionalista, cultural ou literário, en *El Regional*, pola contra, tocan-se temas políticos de actualidade e natureza conflitiva. Por poñer alguns exemplos desta concreción política do diário de PEREIRA, poderíamos citar artigos como o titulado «Los Cuneros», onde se fixeran aquelas afirmacións que alporizaran aos sectores gubernamentais, como:

«No basta renegar de los pordioseros políticos, de estoscaciquillos políticos, es preciso mirar más alto, es menester maldecir y execrar a esos grandes caciques que se llaman VILLAVERDE, MOCHALES, ELDUAYEN, PALLARES etc. etc.... que no son en su mayoría hijos de Galicia, ni les importa ni poco ni mucho ni la prosperidad ni el adelanto de la región...»[62].

Pero seria co gallo das eleicións xerais de 1891 onde o enfrentamento aberto co caciquismo e o cunerismo vai ser levado até as suas últimas consecuéncias por *El Regional*. A necesidade de parlamentários propriamente galegos, defensores dos intereses de Galiza e a necesidade de actuación dos rexionalistas neste explícito terreno político acharáse presente unha e outra vez no xornal lucense. A tese de PEREIRA e os seus centra-se na afirmación de que as eleicións constituen un momento idóneo por excelência para que os rexionalistas fagan acto público de presenza na area política, e rompan co nivel cuase privado no que se viñan desenvolvendo até ese momento:

«El regionalismo sirve para algo o no sirve para nada. En este último caso huelgan todas las propagandas, todos los

57 ALFREDO BRAÑAS, «El regionalismo gallego», cit.
58 Idem.
59 Ibídem.
60 Ibídem.
61 Ibídem.
62 «Los cuneros», *El Regional*, 16 de Novembro do 1890.

discursos y todos los comités regionalistas... Una de las nobles empresas a que puede dedicarse (el regionalismo) es la de matar el cunerismo, por desgracia tan arraigado en nuestra región. Esta es la tarea que deben imponerse ante todo y sobre todo los regionalistas gallegos»[63].

Con grande claridade aparecen aqui as diferenzas que entre os plantexamentos do Comité central rexionalista e o núcleo lucense existian, a concreción político-estratéxica de PEREIRA presenta-se, unha vez máis, alén de toda vaguidade, como proverbial:

«si quereis llevar a las Cortes diputados regionales, teneis que acabar antes con el cunerismo»[64].

O obxectivo político, de presenza e organización na escena política que de sempre preocupara a esta fracción rexionalista, plantexaba-se agora nun momento crucial da vida política galega: 1891, ano do próprio movimento rexionalista, nos inícios da sua auto-organización.

O plantexamento de que para conseguir deputados representantes dos interes de Galiza facia falla romper co caciquismo e coas prácticas cuneristas dos partidos turnantes, implicaba, de feito, adentrar-se nun enfrentamento aberto co modo de dominación da Restauración e o sistema de partidos turnantes, encetar, en definitiva, o vieiro de construción dun partido político rexionalista. A contradición entre liberais e tradicionalistas e a sobreindeterminación que xeneraba levar porén, ao movimento rexional por outros roteiros.

Conxuntamente con esta proposta de enfrentamento aberto e práctico, non meramente retórico, co caquismo ou cunerismo urxia constantemente a necesidade de concreción dun promgrama e conomicos rexionalista especifica. Asi perante o proxecto de Congreso rexionalista para abordar e fixar un programa de acción, afirmaba-se unha vez máis

«realizada esta primera labor, surge la necesidad de completarla con el estudio de los problemas económicos, administrativos y sociales que a nuestro país interesan... este debe de ser el verdadero programa del regionalismo gallego. Porque... si como es de esperar el programa regionalista *responde a las aspiraciones del país,* alrededor de esa bandera se agruparán las fuerzas vivas de las región, los elementos importantes, y detrás de ellos, el más importante aún, *la masa del país* (sublíñados, R. M.)[65].

En definitiva, necesidade de que o rexionalismo recollese no seu programa a problemática dos grupos básicos do país (burguesia, campesiñado) cara á obtención dunha base de masas.

Precisamente como expresión da lucidez que implicaba naquela conxuntura o programa de PEREIRA como alternativa para o rexionalismo pola sua adecuación ás condicións obxectivas, podemos citar un artigo de EDUARDO VINCÉNTI, non casualmente publicado en *El Regional,* no que se aborda a parentória necesidade de resolver o problema da terra através da redención dos foros:

«los representantes de Galicia deben luchar porque los ciudadanos que gozan de todos los derechos políticos, peculiares de la vida moderna, tengan el derecho inherente a la personalidad humana, el de la propiedad... los pueblos que hoy viven al amparo del sufragio universal *demandan decididos campeones de la redención de los foros»* (subliñado R. M.)[66].

En base á urxencia desa problemática, VINCÉNTI asinala cais deben ser os temas do programa dun movimento rexional galego con incidéncia de masas:

«... una Liga Agraria galaica, sociedad que debiera formarse en nuestra región y que quizás sustituyera con ventaja a las denominadas de Juegos Florales y regionalistas, creadas más que con un fin social, con el de servir de consuelo y refugio a las diversas castas de literatos que se han propuesto enternecernos con sus cantos... He ahi la bandera propia de todo diputado gallego y de todo regionalista práctico»[67].

Deixando a parte o feito da alleidde de VINCÉNTI ao rexionalismo, a sua imcomprensión da existéncia do mesmo como algo porriba dos grupos concretos, a irreconductibilidade do seu programa a nengun problema social específico, é de interés a sua intervención pois plantexa a evidéncia das condicións obxectivas que se daban na Galiza do seu tempo para o desenvolvimento dun rexionalismo de base labrega como o que PEREIRA propoñia.[68]

En suma, maior concreción e actividade político-eleitoral e alianza co campesiñado, integraban dous pontos centrais da aternativa do rexonalismo federal que foi marxinando polo cúmio dirixente do movimento.

Resultado desta opción, condicionada en aspectos importantes pola inestabilidade do proxecto unitáario sobre elementos tan dispares, a práctica político-eleitoral do rexionalismo foi cuase nula, reproduciendo-se asi amplamente tanto a sua febleza política como a sua alleidade da sociedade civil gallega.

Neste orde de cousas, compre salientarmos a auséncia de nengun intento de presentación de candidatos, sequer fose a título independente, ás eleicións xenerais de 1891. Feito este que non é alleo as dificeis condicións que estaba a viver a organización, tanto pola sua febleza como polos conflitos internos, mais que privou ao movimento rexionalista dunha dinámica político-social que o achegaria á sociedade galega da época. O único intento eleitoral que se produciu foi no *ámbito municipal* e o seu éxito amosa claramente as posibilidades reais que os rexionalistas tiñan de instrumentar algunha candidatura mesmo cara ás eleicións xerais da man do prestíxio dalgun dos seus líderes. Asi, en marzo do 1891, o Comité central rexionalista fai un chamamento para que se presenten candidatos rexionalistas nos concellos en que podan facé-lo[69], ao mesmo tempo que comunica a presentación por Santiago de SALVADOR CABEZA DE LEON e JOSÉ TARRIO, a os que propoñian como «ajenos a todo compromiso de partido»[70]. O eco do chamamento foi nulo e somente na

---

63 «Galicia contra Cos», *El Regional*, 22 de Xaneiro do 1891. Onde se engade significativamente:

«Los regionalistas lucenses no pueden votar al Sr. Cos; si son conservdores, por encima de sus ideas políticas están la Región, por encima de Cos, Galicia. Sin son liberales o republicanos, sus ideas políticas les vedan votar semejante candidatura.

Creemos que la campaña que contra esta emprendemos no será a la larga o la corta del todo infructuosa. Grandes son los obstáculos que habremos de vencer, pues no se mata de un golpe al cunerismo aquí tan arraigado; no se contrarresta con facilidad la influencia de un cacique hoy amparado por el Gobierno, cacique que apoya la candidatura de un ministro de Hacienda... No, antes que votar al enemigo eterno de Galicia, al insensato hacendista, preferible es que Lugo se quede sin representante en el Congreso; no sería el baldón tan grande ni tanta la verguenza. No olviden los regionalistas gallegos, y en esta ocasión los de Lugo, que es su lema: *Por Galicia y para Galicia*».

64 *El Regional*, 28 de Febreiro do 1891.

65 «Un artículo del programa regionalista», *El Regional*, 6 de Marzo do 1891,

«... para que el Congreso que se celebre resulte algo más que una reunión de oradores más ganosos de conseguir buene fama y mucho aplauso, que de aportar medios de resolver las cuestiones...»

66 *«La Liga Agraria de Galicia*, El Regional, 23 de Abril do 1891.

67 Idem. Concluindo:

«Fórmese esa Sociedad, tremólese esa bandera, concedan los pueblos sus votos a los que se *juramenten* (sic) y, en breve plazo, será un hecho libre desenvolvimiento de la propiedad foral; mientras eso no suceda, las Cámaras españolas contestarán con murmullos al que tenga la osadía de pedir a los señores que rediman las tierras en beneficio del colono».

Hai que salientar a lucidez amosada por MONTERO RIOS e E. VINCENTI perante a crise agro-pecuária, os seus efeitos sobre o campesiñado galego e, sobretodo, as posibilidades de movilización a prol do partido liberal que iso supuña.

Con efeito, frente á desatención dos rexionalistas verbo de problemas tan relevantes para a sua implantación social, agás no caso de PEREIRA, os liberais pontevedreses albiscaron as posibilidades de articulación dun movimento nunha perspectiva política de modernización superadora das vellas canles caciquis nas que se viña desenvolvendo, procurando recoller unha problemática de grande incidéncia social para incorporar estes sectores baixo da própria hexemonia liberal. O labor de MONTERO RIOS desde o Goberno Proxecto de lei de Cretos, Proxecto de lei de redención foral, etc.) amosan con clareza esta intencionalidade, asi como o labor parlamentário de VINCENTI. A lucidez e atención prestada por estes políticos ao tema da crise agro-pecuária, na perspectiva sempre da sua incidéncia superposta e agravada coa permanéncia en Galiza de relacións de produción pre-capitalistas que era preciso superar, debuxa en negativo unha decisiva falta no proxecto político-estratéxico dos rexionalistas galegos que, co desbotamento da alternativa de PEREIRA, ficaron na máis completa alleidade a unha problemática que se haberia amosar como decisiva no estabelecimento dun rexionalismo con apoio de masas. O fracaso final deste obxectivo testifica de xeito patente o custo da devandita falta estratéxica.

Verbo do tema da crise agro-pecuária, atopamos axiña unha atención sobre os seus efeitos en DIAZ DE RABAGO, J., conselleiro privado de MONTERO RIOS; quen, na sua obra *El Crédito Agrícola*, Santiago, 1883, p. 40 e ss., avisa á agricultura galega nun ano onde a crise ainda non se manifesta máis que nos seus comezos.

Polo que respeita ao posiconamento de MONTERO RIOS, pode ver-se o Preámbulo ao Proxecto de Lei de Redención de Foros de 1888, e para EUDARDO VINCENTI, *La propiedad foral en Galicia*, La Coruña. 1886 (publicado na Biblioteca de MARTINEZ SALAZAR), asi como *Discursos parlamentarios. Redenciones de censos y foros*, Madrid, 1917.

Sobre a tradución práctica destes posicionamentos, a nivel de articulación do movimento agrarista pontevedrés baixo a dirección do monterismo. Cfr. J. A. DURAN *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego*, Madrid, 1977, p. 296 e ss.

En xeral sobre o tema da crise, pode ver-se: *La Crisis Agrícola y Pecuaria*, Madrid, 1887, Vol. II.

68 No mesmo sentido, pronunciara-se meses máis tarde o federal PAZ NOVOA en «Importancia de que fuere el regionalismo definido por modo preciso y claro», *La Voz de Galicia*, 4 de Setembro do 1891, onde, sen falar explícitamente do campesiñado, se reclama unha clarificación e concreción dos grupos sociais cuxa problemática procura resolver o movimento rexionalista.

69 *La Patria Gallega*, n.º 1. 30 de Abril do 1891, p. 8.

«Contestando a las reiteradas consultas que nos dirigen muchos de nuestros amigos, debemos decirles que el Comité Regionalista de Santiago vería con gusto que en las localidades donde los amantes de las ideas que profesamos cuenten con las fuerzas suficientes, concurrieren a las urnas votando para los ayuntamientos candidatos regionalistas».

70 «Por encima de toda idea política deben estar siempre el amor a la patria y los intereses regionales. Nuestros amigos, los Sres CABEZA y TARRIO, ajenos a todo compromiso de partido, irán al consejo sólo a defender los derechos y fuerzas populares, procurando llevar la idea regionalista a esa representación genuina del pueblo, a la Corporación municipal, cuya autonomía y libertad anhela-

cidade de Santiago se apresentou unha candidatura rexionalista, revelando asi a debilidade organizativa do movimento que contaba somente cuns cantos membros en cada vila, faltos, polo demais, de recursos económicos. Asi e todo, o éxito acompañou parcialmente en Santiago á candidatura proposta, resultando elexido TARRIO pero non CABEZA DE LEON[71], constituindo un pobre panorama polo que á presenza dos rexionalistas respeitaba.

Compre insistirmos na valoracion antes apontada sobre a falta de contacto coa realidade social através do proceso eleitoral e de auséncia práctica de goberno que a cuase nula presentación ás eleicións supuxo para o rexionalimo galego «qua» movimento. Con efeito, este último non se acha prévia e metafisicamente constituído con anterioridade á sua actividade sociopolítica, ás loitas eleitorais, á práctica de goberno anticaciquil, etc., polo único poder taumatúrxico da «Idea rexional». Pola contra, a loita política no âmbito da Restauración significaria para o movimento rexionalista a sua inserción nunha dinámica política de movilización, implantación, organización e concreción programática que aceleraria a sua maduración como forza política que interviria, en fin, decisivamente na sua constitución como organización homoxénea e eficaz.

Finalmente, compre pontualizar que en nengun momento a escasa actividade eleitoral se debeu a plantexamentos prévios de alleidade á política como estratéxia específica, senón que constitui o resultado dunha plural complexidade de causas: debilidade, inmadurez, contradicións internas, ou mesmo desvalorización ideolóxica da loita eleitoral no seo da movilización rexionalista. Como temos documentado de xeito patente, non se trata aqui da postulación dun «radicalismo culturalista», coa va pretensión de se marxinar do sistema para o derrubar desde fora[72], senón da resultante dunha peculiar dinâmica interna do movimento rexionalista que o situa nunhas específicas condicións de fraqueza e conflitividade interna.

c. Os Xogos Florais de Tui, 1891.

No ano de 1891 trasladaron-se os restos mortais de ROSALIA á igrexa compostelá de Santo Domingo e, co gallo do devandito acto, tivo lugar unha homenaxe rexionalista á figura sobranceira do rexurdimento, dirixida polo Comité central da Asociación Rexionalista[73], recebendo-se unha coroa de flores da *Lliga de Catalunya* en solidaridade co acto[74].

Tras esta rememoración acordou-se constituir por parte do Comité central rexionalista un *Consistório dos Xogos Florais* encargados de organizar un certame literário de afirmación rexionalista que, na definición de BRAÑAS, constituían un verdadeiro «compendio y resumen de nuestras aspiraciones»[75]. O Consistório organizador dos Xogos Florais achaba-se integrado por MANUEL M. MURGUIA (presidente), SALVADOR CABEZA DE LEÓN (Secretário), GARCIA VELASCO, FERNÁNDEZ HERBA, EUGENIO DOMÍNGUEZ, AUGUSTO G. BESADA e ALFRDO BRAÑAS[76].

mos vivamente. Mala idea darían de su buena fe, de su patriotismo y de su amor a la Tierra gallega, todos aquellos que negasen al regionalismo un puesto de honor en el Municipio de Santiago. Confiemos, pues, en que las comisiones municipales de las diversas tendencias aceptarán nuestra candidatura y la apoyarán». *La Patria Gallega*, n.º 3, 30 de abril do 1981.

Compre salientar que nos achamos diante da primeira candidatura propriamente *rexionalista* a unhas eleicións en Galiza. Con efito, nen a eleición de PEREIRA no ano 1887 como concellal de Lugo nen a de BRAÑAS no ano 1890 en Santiago, tiveron vinculación algunha co movimento rexionalista.

Polo que respeita ao primeiro, xa ficou asinalado ao falarmos do federo-rexionalismo lucense, como a presentación ás eleicións fixera-se como membro do partido federal e sen que agromase elemento nengun político, organizativo ou ideolóxico de carácter rexionalista en toda a campaña.

Polo que respeita a BRAÑAS, acontece outro tanto. BRAÑAS foi elexido concellal do Concello compostelán a título individual, sen participación nengunha rexionalista en base ao seu prestíxio na cidade e ao apoio dos conservadores.

Asemade, a sua actuación no Concello —como pode comprobar-se através dunha leitura das Actas municipais entre o 1 de Xaneiro do 1890 e o 25 de Abril do 1891 que abarca o curto período da sua concellalia non revestiu en nengun momento especial carácter rexionalista, agás a petición á Corporación para que colaborase ao traslado dos restos mortais de ROSALIA desde Padrón a Santiago o 9 de Marzo do 1891. Cfr. Libro de Actas do Axuntamento de Santiago, 1890-1891.

A patente alleidade ao movimento rexionalista da xestación, programa e campaña eleitorais municipais en ambos os dous casos, conferen-lle á candidatura de TARRIO e CABEZA DE LEON o carácter de integrar o primeiro intento eleitoral dos rexionalistas galegos.

71 *La Patria Gallega*, n.º 4, 15 de Maio do 1891.

72 Compre diferenciar neste sentido o obxectivo político rexionalista de procura dun próprio espazo político á marxe dos partidos españois cara á defensa dos intereses de Galiza, da marxinación do sistema político e refúxio na pureza incontaminada do eido cultural nun a modo de radicalismo testemuñal que xamais figurou na estratéxia do movimento.

73 O 25 de Maio fixo-se o traslado dos restos mortais de ROSALIA e os dias 26 e 27 tivo lugar unha homenaxe rexionalista á escritora. Cfr. *La Patria Gallega*, n.º 5, 30 de Maio do 1891.

74 *La Patria Gallega*, n.º 3, 30 de Abril do 1891.

75 *La Patria Gallega*, n.º 1, 30 de Marzo do 1891.

76 *La Gaceta de Galicia*, 26 de Xuño do 1891.

Xogos florais que se celebraron en Tui, designado por sorteo, o 24 de xuño de 1891, solventadas dificultades organizativas e económicas[77] co acordo explícito de que non somente todas as composicións e discursos deberian estar escritas en galego, senón de que este seria a língua oficial coloquial do certame[78].

Responsabilizou-se da organización dos mesmos o núcleo rexionalista de Tui que alentou desde *La Integridad* a celebración do certame. Neste foron premiados: ELÁDIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, MARTIN DÍAZ ESPUNCH, XAN BÁRCIA CABALLERO, URBANO GONZÁLEZ VARELA e FILOMENA DATO MURUAIS.

MURGUIA, BRAÑAS e LAGO GONZÁLEZ leron discursos de índole máis rexionalista que literária polo que compre nos deteñamos, sequer sexa con brevidade, nalguns pontos das suas intervecións.

Efectivamente, MURGUIA, que fala por primeira vez publicamente en galego, centra o seu discurso no problema da *língua*. Entendendo a língua galega como un *idioma* e non un mero *dialecto*, é teorizada esta por MURGUIA como elemento diferencial fundamental conectado estreitamente co factor étnico e, através deste, coa naturaleza nacional de Galiza. No primeiro dos sentidos aludidos, o galego configura-se para MURGUIA como un auténtico idioma e non como:

«simples coincidencias dialectales de que se nos fala, senón realidades etnoxénicas que non é posibre desconocer»[79],
pois
«deulle o celta a sua dozura e a maor parte do seu vocabulario».[80]

O mito celta, o peculiar *racismo de afirmación* cara a recuperación da dignidade nacional galega, achan-se presentes unha vez máis nesta intervención de MURGUIA que volve sobre o tema do enfrentamento das razas céltico-galega e semita-castelá.

En segundo lugar, a língua devén, fundamento autónomo da nacionalidade, recollendo as palabras de FICHTE:

«Língua distinta acusa distinta nacionalidade»[81].

Pero, máis que a demostración da naturaleza nacional de Galiza que reitera MURGUIA, interesanos o modelo de descentralización territorial que propón, ponto que como xa temos visto mostra tradicionalmente unha grande vaguidade. Pois ben, neste sentido MURGUIA fala dos propósitos das nacionalidades interiores, personalizando-as como decote acontece no seu discurso:

«Non tratan de se constituir como Estados independentes —anque foron xa percuran tan soio que os teñan en conta coma *Estados nacionais incompletos.... que seguen a sua lei*, conservan as suas costumes, falan a sua lingua»[82] (Subliñado noso, R. M.).

En definitiva, unha descentralización intermédia entre o Estado unitário e o federal, exposta con grande inconcreción mais que contempla a posibilidade dun *autogoberno con próprio poder lexislativo*.

Pola sua banda, BRAÑAS, no seu discurso de agradecimento[83], falando por vez primera públicamente en galego, denomina outravolta, e a diferenza co escrito en *El Regionalismo*, a Galiza como «nacionalidade» («a nacionalidade galiciana», «o espíritu nacional galego...»)... constituindo ocasións estas excepcionais na sua traxectória ideolóxica como veremos decontado.

Os xogos florais son considerados por BRAÑAS baixo unha dobre perspectiva: no seu aspecto cultural-nacional, en tanto que cultivo da língua e literatura galegas, pero tamén no que se refere á sua función de *afirmación patriótica*, de afortalamento do carácter naconal galego, de lembranza das perdidas liberdades... Fusión de cultura e política que converteria aos xogos florais nunha das manifestacións máis relevantes do rexionalismo.

Finalmente, nun banquete rexionalista celebrado en Tui finalizados os xogos florais, e conxuntamente cunha intervención de MURGUIA salientando a importáncia do apoio material e moral do «Cen-

77 Debemos salientar un factor que, anos depois, adquirirá un peso e unha significación específica: o tema do apoio económico á movilización rexionalista. Integra este, sen dúbida, un indicador privilexiado das relacións do movimento rexionalista cos grupos sociais conomicamente relevantes de Galiza e do éxito ou fracaso na consolidación de vínculos entre o núcleo rexionalista e os sectores interpelados por este.

Neste orde de cousas, na celebración dos Xogos Florais de Tui, somente se acha documentada unha aportación do propietário e industrial vigués GARCIA BARBON, de 500 pts. Cfr. *La Patria Gallega*, n.º 3, 30 de Abril do 1891.

78 «Son los primeros de cuantos se han celebrado hasta la fecha que merezcan propiamente el nombre de gallegos, porque en todos los anteriores figuraba de algún modo el idioma castellano».

La Integridad, Tui, 17 de Xuño do 1891.

79 MANUEL MARTINEZ MURGUIA, «Discurso nos Xogos Frorais de Tui», *La Patria Gallega*, n.º 7 e 8, 15 de Xullo do 1891.

80 Idem.

81 Ibídem.

82 Ibídem.

83 ALFREDO BRAÑAS, «Discurso nos Xogos Frorais de Tui», *La Patria Gallega*, n.º 7 e 8, 15 de Xullo do 1891.

tro Gallego» da Habana[84], pronunciou BRAÑAS outro discurso de certo interés[85]. Unha vez máis, BRAÑAS, a diferenza do que acontecia en *El Regionalismo,* desenvolve con toda nitidez e ademais con precisión cuase académica a teorización de Galiza como *nacionalidade* e España como nación de nacionalidades:

«La Cantabria, la Vasconia, Cataluña y Galicia son diferentes nacionalidades que habiendo sido unidas artificialmente por la conquista o voluntad soberana de los monarcas, dieron margen al moderno Estado español»[86].

Como veremos no seu momento, esta conceptualización integra unha excepción na ideoloxia de BRAÑAS que alén de toda polisémia, decantará-se pola consideración terminolóxica e conceptual de Galiza como *rexión*. Quizais contribuiu a explicar esta provisória alteración semántico-conceptual[87] en BRAÑAS o influxo que naqueles momentos tiña no grupo Santiagués o maxistério de MURGUIA que se traduciria na aceitación da naturaleza nacional de Galiza por outros rexionalistas máis moderados[88]. Ao estalar o conflito político-ideolóxico no seo da Asociación rexionalista, a polarización dos posicionamentos provocaria un retorno ás conceptualizacións orixinárias como teremos ocasión de ver máis adiante.

d. As actividades rexionalistas do «Centro Gallego» da Habana.

Compre facermos agora un inciso para sintetizar unhas liñas verbo do labor rexionalista levado a cabo desde o «Centro Gallego» da Habana.

Os centros galegos xurdidos a teor da emigración nos lugares onde aquela era máis numerosa, desempeñaban unhas funcións de tipo asistencial cultural, en lugares de xuntanza dos galegos en terreas alleas, tanto en España (o de Barcelona foi fundado en 1892, o de Madrid, restruturado no 1900) como alén-mar, A Habana e Buenos Aires, serian os principais.

Se ben os Centros galegos non tiñan un caracter *rexionalista,* no sentido estrito no que nós empregamos o termo no noso estudo, e mesmo algun deles, como o de Madrid, serviron de plataforma politica dos partidos turnantes, ecoaba neles, coa maior ou menor resonáncia que por aquelas datas tiña lugar en Galiza. Mais no caso concreto da Habana deu-se unha participación directa, mantida e coerente da man do seu Vicepresidente durante muitos anos, WALDO A. ÍNSUA. Tamén no de Buenos Aires tiña certas resonáncias a movilización rexionalista, mais asi e todo non atinguia na época por nós estudada o vencellamento cuase directo que posuía o da Habana, como amosa unha comparación entre os xornais *Eco de Galicia* dunha e outra cidade[89]. Non sendo ningun dos dous órgaos oficiais, constituen porén, un vivo reflexo das incidéncias da problemática rexionalista en ambas as duas cidades: centrados un e outro en aspectos culturais, noticias de Galiza etc. o dirixido por ÍNSUA mostra unha vinculación

---

84 MANUEL MURGUIA, Discurso no banquete rexionalista de Tui, 26 de Xuño do 1891. Onde se afirma:

«Representante oficial del Centro Gallego de La Habana en esta gran fiesta de la nacionalidad gallega, cumplo gustoso la misión que me ha encomendado aquella importantísima sociedad, la que nos ayudó a levantar la bandera que hoy ostentamos, la que declarándose francamente regionalista y aceptando nuestros pensamientos, les dio tal fuerza y legalidad tan especial y efectiva que puede decirse que el regionalismo tiene allá su más firme apoyo gracias a él, acá, su consagración manifiesta. Desde este momento ya no pudo decirse que las aspiraciones eran en Galicia cosa de cuatro ilusos que intentaban lo imposible...»

85 ALFREDO BRAÑAS, Discurso no banquete rexionalista de Tui, 26 de Xuño do 1891. *La Patria Gallega*, n.° 9, 30 de Xullo do 1891.

86 Idem.

87 O problema, como veremos na parte sistemática deste estudo (Cfr. cap. VII), centra-se na dilucidación de se nos atopamos cunha mera alteración *terminolóxica* no ámbito do vocábulo ou se, ao contrário, se trata dunha modificación *conceptual* que despliega os seus efeitos pertinentes teóricos e políticos na ideoloxia de BRAÑAS, o que acontece neste discurso.

88 Neste sentido, resulta significativo o «brindis» de DIAZ SPUCH no banquete rexionalista de Tui o 26 de Xuño do 1891.

«¡Y aún hay quienes nos tachan de separatistas y filibusteros! ¡Ah, señores, cuando al alborear el siglo XIX quiso el gran coloso de nuestra edad fundar un imperio universal sobre las ruinas de las nacionalidades europeas ¿quién peleó con más fe que en Galicia para afirmar y defender con la sangre su personalidad histórica y tradicional?... Señores, Galicia duerme como Merlín, pero basta una voz... que diga alto y con fe! despierta Galicia! y Galicia despertará y volverá a ser grande y volverá a ser libre»... *La Patria Gallega*, n.° 9, 30 de xullo do 1891.

Achamo-nos, sen dúbida, no momento en que o maxistério e influxo de MURGUIA no seo do rexionalismo atinque o seu grau de maior presenza e aceitación indiscutidas.

89 *El Eco de Galicia*, foi fundado en Buenos Aires no Febreiro do 1892, por M. CASTRO Y LOPEZ, federo-rexionalista que fora do grupo de PEREIRA, e, se ben non tivo as vinculacións directas que a presenza de INSUA lle dera ao *Eco de Galicia* da Habana, amosa unha marcada orientación galeguista en sentido amplo. Nel abordanse, conxuntamente con notícias galegas, cuestións de folclore e cultura, en especial referentes á língua galega.

O *Eco* de Buenos Aires, como o da Habana, non eran voceiros oficiais dos Centros galegos respectivos, senón que seguian as liñas tracexadas polos seus fundadores e propietários CASTRO e INSUA.

mais idrecta o rexionalismo que o de CASTRO Y LÓPEZ, iniciando-se desde as suas páxinas campañas a prol de diferentes asuntos rexionais.

O «Centro Gallego» da Habana fundara-se no ano 1880, sobre a base dunha preexistente Sociedade de Beneficéncia galega fundada no 1972, coa finalidade de cobrir tres obxectivos: proporcionar un certo degrau de instrución aos galegos inmigrados que estaban faltos dela, protección dos traballadores galegos nas diferentes ramas de actividade e actividades culturais e de esparcimento.

A sección de instrución chegou a impartir ensino de matérias tais como leitura, escritura, gramática, aritmética, idiomas, xeografía e história. Criou-se, asemade, unha biblioteca pública dotada dun respeitabel número de libros e unha sala de conferéncias para actividades culturais. Neste último terreno cultural, criara-se unha sección de declamación en contacto coas sociedades artísticas galegas existentes na Habana, «Cuerpo de Baile Gallego», corais «Aires da miña terra», «Grorias de Galicia», etc. etc.

Na cuestión de traballo de axuda a emprego de emigrantes, as realizacións foron menores que nos ámbitos culturais e de instrución, tardando moito en facer-se algo subtantivo neste terreno que xamais atinguiu un carácter organizado e permanente[90]. A incorporación, da man de ANDRÉS ALONSO, da asisténcia sanitária aos sócios no ano 1885, incrementou notabelmente o número destes que, por dificuldades financeiras, non podian achar-se inscritos en várias sociedades á vez. Á altura de 1888 o centro tiña 4.555 sócios e no 1891 perto de 7.000, co que aumentaron considerabelmente os fondos para actividades de diverso tipo, dispoñendo o Centro dunha grande capacidade económica[91].

Alén da consideración apoloxética de MURGUIA, que consideraba ao «Centro Gallego» da Habana como «la expresión más clara y efectiva de nuestro regionalismo»[92], levado, sen dúbida, da gratitude persoal polo apoio sistemático que lle brindara o Centro, compre botar unha ollada sobre das actividades galeguistas do mesmo.

Asi por exemplo, no ano 1887 o Centro envia á Sociedade Española de Salvamento de Náufragos de Galiza en Vilagarcia 2.420 pts. en conceito de axuda á vista da falta de dotación económica da devandita xunta e das necesidades apresentadas polos numerosos accidentes e naufráxios producidos naquelas costas[93]. No mesmo ano, e durante as catástrofes agrícolas (inúndacións) das provincias de Ourense e Lugo, o Centro enviou 3.000 pesos en calidade de axuda para o campesiñado e abriu unha subscrición entre os galegos inmigrados na Habana que conseguiu a cantidade de 14.000 pesos[94]. Asemade, o Centro contribuiu economicamente á edificación dunha estátua a PASTOR DÍAZ e ao mausoleu de ROSALIA DE CASTRO en Santiago, que se sufragou cuase completamente. En xuño de 1889, cando un decreto do Ministerio de Ultramar decidira a escala dos vapores antillanos no porto de A Cruña, e diante das protestas de Santander que aspiraba a controlar o tráfico coas colónias caribeñas e os rogos do concello da Cruña para que apoiase o devandito decreto, o Centro galego envia un telegrama ao ministério no sentido pedido. Neste telegrama, o Centro, autodenominando-se «instituto rexionalista», manifesta que entre as suas funcións achan-se a «defensa de los intereses y Gloria de Galicia»[95].

Noutro orde de cousas, compre lembrar o apoio que o centro brindou en todo momento á obra de MURGUIA: sufragando a edición da sua *Historia de Galicia,* editando o seu folleto *El Regionalismo* e recollendo firmas no seu apoio, enviando telegramas de solidaridade con 5.000 firmas aderindo-se ao labor do Mestre. Actividades estas últimas nas que tivo unha decisiva participación W. A. INSUA, quen defendia desde as páxinas de *El Eco de Galicia* un rexionalismo na mesma onda política que o murguiano[96].

Do núcleo congregado arredor do Centro sairá tamén en 1904 a iniciativa da constitución da Academia galega como veremos de contado. En definitiva, e como conclusión, o «Centro Gallego» da Habana, se ben non constituíu en si mesmo unha institución rexionalista e xamais estivo directamente vencellada á Asociación rexionalista galega, configurou-se, asi e todo, como unha auténtica institución de apoio, material e moral, ao movimento rexionalista cunha presenza eficaz e constante, non meramente episódica.

---

90 JUAN M. ESPADA, «Del regionalismo gallego en Cuba», *Galicia. Revista Regional*, año II, n.° 8, Agosto do 1888, p. 353.

91 Idem. O promédio anual de ingresos era duns 11.000 pesos, dos que se capitalizaban anualmente sen consumir uns 4.000, p. 357.

92 MANUEL M. MURGUIA, «Orígenes y desarrollo del regionalismo gallego», Discurso en la Lliga de Catalunya, cit.

93 «Del regionalismo Gallego en Cuba», cit. Galicia cit.

94 *Gaceta de Galicia*, 18 Decembro do 1887.

95 *La Voz de Galicia*, 29 de Xuño do 1889.

96 Como se confirmará cando, tras a crise do 98, pecho o diario e retorne á Galiza estabelecendo-se na Cruña, onde chegará a presidir a Liga Galega na Cruña.

C. A crise da «Asociación Regionalista»

a. Enfrentamento na «Patria Gallega»

Como xa temos visto antes, 1891 é o ano de meirande movilización rexionalista, no que a aparición dunha organización para o movimento proporciona unha solidez e substantividade ao mesmo, que se prolonga no próprio vigor ideolóxico atinguido. Como escribira CABEZA DE LEON nas páxinas de *La Patria Gallega*:

«No pasa día sin que se constituya una nueva Junta o comité en los distintos pueblos de Galicia, y puede esperarse fundadamente que dentro de muy poco tiempo, todas las poblaciones de la Pequeña Patria, aún las de importancia secundaria, contarán con centros de acción y propaganda tan útiles y entusiastas como los hasta hoy creados... nos sentimos fuertes y ni un momento dudamos que el triunfo será completo para las doctrinas salvadoras que forman nuestro credo»[97].

Mália o optimismo destas liñas —e a sua inexactitude: non se poden documentar a presenza de xuntas rexionalistas vencelladas á Asociación fora das mentadas enriba— as duras réplicas da Historia achaban-se ás portas. En efeito, as febles condicións estruturais de posibilidade e sobretodo as contradicións internas asinaladas ao falarmos das fraccións internas do movimento rexionalista, ian implementar axiña unha forte crise no que semellaba imparábel arrequento da presenza rexionalista na escena política galega.

O proxecto de consolidación dun movimento rexionalista unitário, superador das diferenzas internas entre os galegos, ia topar-se con contradicións político-ideolóxicas dificilmente superábeis pola sua intensidade. En efeito, antes de rematar o ano 1891, *La Patria Gallega* comunicaba, nunha insubstancial nota, o abandono da redacción da mesma por «razón de sus ocupaciones» dos membros da mesma: ALFREDO BRAÑAS, CABEZA DE LEON e JOSE TARRIO[98].

Ningunha polémica pública anterior ou calquer caste de desavenéncia saíra á luz con anterioridade á nota do 15 de nadal, que mantiña na máis completa opacidade as fondas razóns que subxacian nesta ruptura. Tampouco noutra prensa rexionalista ou simpatizante achamos apenas referéncias dun conflito que se mantivo en todo momento na máis estrita interioridade. Por ningures se explicitaron as verdadeiras causas do conflito que, asi e todo, dada a personalidade dos separados e algun indício solto, poden inferir-se con certos visos de realidade[99].

Todo semella indicar que máis que dunha mera crise a nivel de consello de redacción da revista, achamo-nos perante unha ruptura no interior da *Asociación Regionalista,* se xulgamos polos efeitos que a devandita crise produce no movimento rexionalista. Efectivamente, consoante coa devandita separación da Revista, a *Asociación Regionalista* sofre unha brusca paralización das suas actividades, pasando-se en cuestión de dias dos momentos álxidos da movilización ao esmorecimento máis absoluto. Cesaron as actividades políticas, non se constituíron máis comités rexionalistas, debilitaron-se os lazos entre os existentes, abandonou-se a idea de celebración dun Congreso rexionalista, desapareceu o voceiro *La Patria Gallega*... e produciu-se un devecimento xeneralizado en todos os ordes da presenza rexionalista.

De aí, que todo apoñte cara unha fonda crise interna no movimento alén dun mero desacordo pontoal. A profundidade da mesma traduce-se na paralización do movimento rexionalista até o ponto de que pasan muitos meses sen que se atopen na prensa referéncias a algunha actividade minimamente relevante da *Asociación* que semella desaparecida totalmente.

Mália a trascendéncia da situación, o conflito é sistematicamente encoberto mesmo polo próprio órgao oficial da Asociación: por ningures se explicitarian causas que subxacen no fondo do mesmo, e ainda por alguns sectores implicados no conflito negou-se explicitamente a existéncia de problemas de fondo tras da crise. Mostra diso constitui-no o editorial do n.° 1 de *La Patria Gallega* de 1892, onde veladamente MURGUIA aborda o conflicto que está a sofrer a Asociación. Baixo o rótulo «Donde estábamos, estamos», MURGUIA afirma:

«Conocidos son los principios que sustenta la Patria Gallega, son también los mismos que ha de seguir sustentando. No los ha modificado; ni atenuándolos, ni haciéndolos más. Está donde estaba y proclama lo de siempre, esto es, la total reivindicación, en todos los órdenes de la vida, de nuestra vida nacional... El éxito alcanzado por la presente publicación, así como el que corono las empresas puestas bajo su amparo, prueba, bien claramente por cierto, que en este punto ha logrado interpretar fielmente los deseos y los pensamientos del pueblo gallego»[100].

Todo semella indicar un intento de modificación ou rebaixamento do ideário rexionalista protagonizado polo sector sainte, encabezado por BRAÑAS; intento que se produce xustamente no momento en que se empezaba a falar da necesidade de concreción do programa rexionalista. Neste sentido, de mantimento dos postulados rexionalistas anteriores frente a toda desvirtuación dos mesmos, MURGUIA reitera unha vez máis a caste de descentralización política que viña propoñendo desde habia tempo. Asi, é interesante a sua valoración dos proxectos de descentralización de SILVELA-SANCHEZ DE TOCA que son considerados «incompletos» e «insuficientes» e interpretados como:

«una concesión, como un hecho oficial, que venía a dar legitimidad a nuestras aspiraciones»[101].

E, seguidamente, pasa a expoñer o modelo de descentralización rexionalista que debe ser mantido:

«... que los que hayan de representarnos en el Parlamento sean nacidos en Galicia, que en lo nuestro sólo nosotros hayamos de poner la mano, que todo el que ejerza en Galicia cargo alguno y en especial las primeras funciones públicas, lo mismo que en el orden civil que en el religioso, sean hijos del país,
... y *que no nos envíen de Madrid hechas las leyes y los que han de aplicarlas, sino que aquí las elaboremos atendiendo a nuestra tradición, a nuestro sentimento nacional,* a nuestras necesidades, así como también los que hayan de interpretarlas las comprendan y estén conformes con ellas»[102].

A falta de precisión técnica non acocha en absoluto o feito de que a proposta de MURGUIA, do rexionalismo por el defendido, postulaba unha clara descentralización *política*. En efeito, contempla-se con toda nitidez neste sentido a existéncia dun *poder lexislativo galego próprio* capaz de lexislar sobre os asuntos próprios da nacionalidade, un poder xudicial tamén de seu para Galiza e, xa que logo, un poder executivo galego.

Ao mesmo tempo, MURGUIA mantén o carácter democrático e liberal que lle caracteriza: non cuestiona en absoluto a necesidade do parlamento español e postula unha representación galega nel ao xeito de PEREIRA, enfrenta-se ao caciquismo e o centralismo por centralizador e antidemocrático, etc... En definitiva, unha perspectiva nas antípodas da mantida por BRAÑAS.

Entre os datos que puidesen contribuir ao esclarecemento das causas da crise da Asociación, conxuntamente co editorial de MURGUIA comentado, achan-se algunhas referéncias no diário santiagués «*La Gaceta de Galicia,* de orientación liberal-monterista, mais achegado —por vínculos personais máis que ideolóxicos— ao núcleo rexionalista compostelán[103]. No devandito diário da-se a notícia da separación de BRAÑAS, CABEZA E TARRIO da redacción de *La Patria Gallega,* mais sen aceitar en ningun momento as razóns aludidas na revista «de trabajo y ocupaciones personales». Segundo a *Gaceta de Galicia*, as verdadeiras razóns do conflito radican en enfrentamentos persoais entre os saintes e MURGUIA[104]. Mais a interpretación é desmentida polos próprios interesados en carta aberta á *Gaceta de Galicia* na que reiteran as razóns persoais de traballo e ocupacións que motivaron a sua saida e, asemade, corrixen á Gaceta afirmando que o Consistorio dos Xogos Florais de 1892 non fora obra de MURGUIA senón do conxunto do Comité central rexionalista[105]. Co gallo desta carta, a *Gaceta* mantén a sua versión —confirmada implicitamente ademais pola mesma e fai unha crítica de MURGUIA polo seu personalismo na dirección da Asociación[106].

---

[97] SALVADOR CABEZA DE LEON, «Una mirada atrás», *La Patria Gallega*, n.° 10, 15 de Outubro do 1891, p. 4.

[98] Cfr. *La Patria Gallega*, 15 de Decembro do 1891, e *Gaceta de Galicia*, 27 de Decembro do 1891, engadindo esta última como razóns motivadoras da ruptura da redacción da *Patria Gallega*:

«por no poder resistir los inconvenientes de su Director, MURGUIA».

[99] O siléncio na prensa por nós consultada é, salvo as excepcións asinaladas, prácticamente total: *Gaceta de Galicia, La Patria Gallega, La Voz de Galicia* e *El Regional*, non recollen debate nen artigo nengun clarexando as diversas posicións enfrentadas.

[100] MANUEL MURGUIA, «Donde estábamos, estamos», *La Patria Gallega*, 1 de Xaneiro do 1892.

[101] Idem.

[102] Idem.

[103] Derivados, como xa se ten asinalado ao falarmos doutras intervencións do mentado xornal, de vencellos persoais do seu director propietário cos rexionalistas composteláns e, asi mesmo, do peculiar «rexionalismo» do mesmo.

Neste sentido, por exemplo, naquelas datas atopan-se afirmacións no devandito xornal, como:

«Sabido es que la Gaceta de Galicia es antes que nada regionalista». *Gaceta de Galicia*, 18 de Decembro do 1891.

[104] Cfr. *Gaceta de Galicia*, 27 de Decembro do 1891.

[105] *Gaceta de Galicia*, 28 de Decembro do 1891.

[106] A *Gaceta*, loc. cit., acusa a MURGUIA, entre outras cousas, da desaparición de *La Ilustración Gallega y Asturiana* pola mordacidade e carácter polémico do seu director e de intransixéncia cos outros membros da redacción de *La Patria Gallega*; afirmando:

«... hicieron coro (os rexionalistas, R. M.) al Sr. MURGUIA creyéndole un gigante regional y resultó solamente un estilista».

Cfr., asi mesmo, *Gaceta de Galicia*, 5 de Febreiro do 1892.

Outra das acusacións que a *Gaceta de Galicia* verte sobre MURGUIA, foi a responsabilidade deste na disolución do consistório dos I Xogos Florais en Santiago. Cfr. *Gaceta de Galicia*. 31 de Decembro do 1891.

Máis alá do mero conflito personalista ou loita intena polo poder no seo da Asociación rexionalista, como se deduciria dunha leitura acrítica da *Gaceta,* ao noso entender trata-se dunha auténtica crise interna de natureza política derivada de posicionamentos diferenciados no seo do rexionalismo. As fortes discrepáncias ideolóxicas mantidas até ese momnto en estado latente e a filiación política dos separados abonan patentemente unha tal hipótese. En efeito, e este dado é realmente decisivo, BRAÑAS, TARRIO e CABEZA DE LEON eran as figuras sobranceiras do sector tradicionalista da Asociación e do seu Comité central. Todo iso suxire que, por riba das loitas internas polo poder, achamo-nos diante do primeiro conflito aberto entre as duas fraccións representadas nese momento no Comité central rexionalista: o sector *liberal* e o *tradicionalista*. En apoio desta hipótese, podemos aducir un artigo publicado a finais do mesmo ano 1892 por GALO SALINAS, rexionalista liberal de A Cruña, no que falando da situación de «impasse» e paralización que afectaba ao movimento rexionalista tras a crise de princípios de ano que comentamos, afirmaba:

«hoy que *divergencias de principios y ambiciones personales no realizadas* han dado al traste con el entusiasmo despertado por las doctrinas regionalistas, que si tuvieron plétora de apostolado carecieron en cambio de profeta y abundaron en informalidades»[107] (Subliñado, R. M.).

Como vemos, para SALINAS as causas da crise do movimento superaban o marco da mera loita polo poder, ainda que a comprendian, para atinguir a natureza de *enfrentamentos político-ideolóxicos*.

Efectivamente, dous proxectos rexionalistas estaban en colisión articulando os valores galeguistas a posicionamentos políticos contrapostos. Chegada a hora da concreción programática, forzosamente terian-se que producir enfrentamentos entre o rexionalismo entendido como a recuperación das vellas liberdades locais, de raicerias antidemocráticas e antiparlamentárias, e o rexionalismo que unia no mesmo abano reivindicativo modernización político-económica e descentralización. Enfrentamento interno que, simultaneamente coa inestabilidade organizativa e paralización da movilización, impediu a xénese dun *líder carismático* no rexionalismo galego. En efeito, a pugna entre as duas tendéncias, nomeadamente entre os seus persoeiros MURGUIA e BRAÑAS, e a polarización e escisión subseguinte, impediron a consolidación dunha figura indiscutida e venerada, un auténtico líder-guieiro do movimento. Deste xeito, os efeitos agregadores e cristalizadores que da presenza do mesmo se derivarian[108], achan-se ausentes no caso galego coa consecuente febleza organizativa, incapacidade de resolución de antagonismos nunha síntese superadora, falta de agregación dunha ampla base de masas, etc. etc.

Ao longo de toda a movilización rexionalista acharemo-nos, con efeito, a partir deste enfrentamento e ruptura orixinária e mália os intentos unitários subseguintes, cunha constante presenza de elementos de *impugnación* de posíbel liderazo das duas figuras sobranceiras do movimento. Nen BRAÑAS nen MURGUIA foron xamais aceitados como tais. Como PEREIRA recoñecería no ano seguinte desde as páxinas de *El Regional:*

«... *ha llegado a discutirse en tonos tales, que antes quebrantan que afirman, y más llevan a la duda que la fe al ánimo de los catecúmenos*»[109].

A própria linguaxe empregada por PEREIRA é a máis axeitada ao caso: a xénese da mitoloxia fundadora nacionalista, precisaba da presenza dun lider carismático capaz de galvanizar as conciéncias, de suscitar adesións incondicionais baixo da bandeira da Pátria, de xuntar aos «bós e xenerosos» baixo do poder taumatúrxico da sua verba... E nada disto foi posíbel no rexionalismo galego, dado o contraditório das posicións en presenza por causa da peculiar conxuntura que estaba a viver a sociedade galega, onde o novo non daba nacido e o vello resistia-se a morrer, contando cada un cos seus defensores no seo do movimento rexionalista.

Os efeitos desta colisión entre intelectuais *tradicionais* e intelectuais *orgánicos*[110] na interioridade do movimento en Galiza, lonxe de se traducir nunha oferta plural no accesório e unitária no esencial, implicou, dada a natureza profunda da mesma, unha

[107] GALO SALINAS, «Declinación Regionalista», *Gaceta de Galicia*, 2 de Decembro do 1892.

[108] Cfr. neste sentido, ANTHONY D. SMITH, *Nationalism*, The Hague, 1973, pp. 99 e ss., quen distingue dunha banda os grandes *líderes carismáticos*, sexan axitadores ou pensadores, que desenvolverian a funcionalidade de interpelación-constitución-agregación do pobo-nación e os *líderes menores* (mestres, periodistas, etc.) que integran o soporte do movimento através do seu labor organizador e espallador da conciéncia nacional (Vid. cap. I).

[109] «El Regionalismo ravacholista». *El Regional*, 29 de Setembro do 1893.

[110] Empregamos o conceito no seu estrito sentido gramsciano: *intelectuais orgánicos* os vencellados as novas relacións de produción en ascenso e as suas clases, e *intelectuais tradicionais* os debedores de vellos modos de produción e en decadéncia: Cfr. ANTONIO GRAMSCI, *Quaderni del Carcere* cit., p. 1776 e ss.

falta de homoxeneidade que incidiria negativamente na sua eficácia. A recurrente frase que aparecerá unha e outra vez na prensa antirexionalista, ao falar do movimento como integrado por:
«unos pocos y mal avenidos escritores»[111].
non fará senón aludir certeramente a carencias substanciais do rexionalismo galego.

En definitiva, a fonda crise que afectou ao movimento rexionalista galego, implicou o esfarelamento, en cuestión de semanas dos pasos organizativos que se deran en 1891. Como escribiria GALO SALINAS ao historiar o rexionalismo anos máis tarde:

«... desaparecio el semanario *La Patria Gallega* y de nuevo nos quedamos sin Patria porque la Asociación Regionalista se deshizo y en pos de ella desmembráronse sus similares de los otros pueblos, quedando tan solo el esqueleto de lo que, debidamente regido, hubiera llegado a ser cuerpo robusto...»[112].

O fracaso dos Xogos Florais de 1892 patentiza nidiamente o esmorecimento da actividade rexionalista como resultado dos enfrentamentos que rematamos de analizar.

Estes xogos florais tiñan-se que celebrar en A Cruña, da man dun Consistório integrada por WALDO A. INSUA, Presidente, JOSE TARRIO, Secretário, e ANDRES MARTINEZ SALAZAR, JOSE MOSQUERA LEQUERICA, RICARDO CARUNCHO, SALVADOR CABEZA DE LEON, ALBERTO GARCIA FERREIRO, de vocais[113]. Como resultado das desavenzas e polémicas rexionalistas, do cuestionamento do Consistório, do boicot ao mesmo por alguns sectores e da sua conflitividade, os mantenedores decidiron suspender o Certame. Así, en agosto de 1892, aparece na prensa rexional un comunicado do Consistório anunciando a suspensión dos Xogos florais de A Cruña debido á falta de calidade nos poemas presentados: unha vez máis as motivacións permaneceian na escuridade[114].

En canto ás causas deste reiterado silenzamento das raiceiras do problema polos rexionalistas galegos, entendemos que poden ser reconducidas ao carácter da dinámica interna grupal dos rexionalistas como núcleo minoritário, como «facción», no médio hostil da Restauración.

A própria feblez cuantitativa e cualitativa da organización rexionalista, combatida polos ideólogos do sistema, pola prensa, etc., asi como o seu carácter pre-nacionalista que lle confere unha especial coesión amortiguando moitos conflitos internos... Factores todos eles que actuan como desencadeantes dunha dinámica de grupo pechado, no que os mecanismos de autoafirmación (homenaxes, felicitacións, adesións e solidaridades...)[115] configuran unha dinámica grupal tendente ao reforzamento da unidade, dentro do posíbel, ao enmascaramento das tensións internas, etc.

O siléncio dos próprios conflitos integraba-se asi como un mecanismo de autoconservación e supervivéncia para deixar nas mans dos múltiples enemigos as menores armas posíbeis... única alternativa, en fin, de mantimento do proxecto rexionalista indisolubelmente vencellado á «unión de todos os galegos».

b. Tentativas de recuperación da unidade

Como se dixo, a paralización das actividades rexionalistas foi total despois da crise do nadal de 1891. Somente no mes de xullo de 1892, e co gallo do nomeamento de MURGUIA como bibliotecário da Universidade de Santiago, produciu-se una reagrupación dos efectivos rexionalistas.

No transcurso dunha homenaxe a MURGUIA, organizada polos rexionalistas, no que se dan cita as figuras máis destacadas do movimento, incluindo aos escindidos, parece que se acadou unha base de acordo para reiniciaren a movilización rexional[116]. Achaban-se presentes: MURGUIA, BRAÑAS, ALVAREZ INSUA, CABEZA DE LEON, TARRIO, LEYES POSSE, BARREIRO, CACHEIRO, DOVAL e PEREIRO ROMERO, aos que denominou a *Gaceta de Galicia* «partidarios de la *autonomía regional*» e «*movimento de regeneración de la pequeña patria*»[117].

No seo dun ambiente de «gran entusiasmo pa-

[111] Por exemplo, *La Voz de Galicia*, 17 de Abril do 1889, e tamén PEREIRA *El Regionalismo* cit.

[112] GALO SALINAS, «Sobre el mismo tema», *Revista Gallega*, 18 de Febreiro do 1900.

[113] *Gaceta de Galicia*, 28 de Marzo do 1892.

[114] *Gaceta de Galicia*, 3 de Agosto do 1892, onde se recolle a versión oficial do Consistório alegando «la mala calidad de los poemas presentados» como causa de supresión dos Xogos frorais que a partir de entón se celebrarian sen periodicidade nen planificación algunha.

[115] Rasgo, polo demais, posto en relevo nas críticas que desde os partidos centralistas e os seus órgaos de prensa se lle facia ao rexionalismo chamando-o: «sociedad de bombos mutuos», «oradores en busca del fácil aplauso», etc. etc.

[116] *Gaceta de Galicia*, 11 de Xullo do 1891. Co gallo da homenaxe a MURGUIA, fixo-se unha xira a Portomouro, localidade onde tivo lugar a reconciliación provisória dos rexionalistas.

[117] Idem.

triótico», distendido e de reconciliación, chegou-se, ao parecer, a importantes acordos que se decidiu manter en segredo. O máis importante, sen dúdiba, foi o de formular, en conclusións concretas, en evitación dos debates e interpretacións unilaterais, os princípios rexionalistas, os cais:

«... se harán conocer en todos los comités del partido en pro de lo cuales se emprenderá activa campaña de propaganda»[118].

Para esta tarefa nomeou-se unha comisión integrada por BRAÑAS e CABEZA DE LEON como ponentes e, asemade, INSUA, TARRIO e PEREIRO ROMERO. Acordou-se tamén a celebración dun meeting rexionalista de explicación pública do ideário e programa.

Neste orde de cousas, no mes seguinte publicaba INSUA un artigo en *Galicia. Revista Regional*, onde, baixo o título «Lo que queremos los regionalistas», aborda a necesidade de concreción programática e de fixación clara de aspiracións rexionalistas en base fundamentalmente a acadar apoios sociais ao movimento. O tono do artigo amosa unha grande moderación, vaguidade e desexo de

«desvanecer errores y... llevar a los ánimos recelosos la convicción de que ningún daño encierra el principio regionalista para la unidad geográfica de la nación... convicción que no traspone el límite de la legalidad»[119].

«Rexionalismo» (España = nación e Galicia = rexión que á hora de albiscar un programa atingue caracteres de vaguidade e indefinición:

«Moderación en los impuestos contributivos, verdad en los repartos vecinales, respeto a la propriedad rural, y... que cesen las tutelas cortesanas que achican tanto la existencia provincial...»[120].

Eluden-se así os temas polémicos que pola sua natureza central deixan ao programa rexionalista nunha indeterminación e vaguidade extraordinária. Semella que o intento de chegar a unha síntese implica a renúncia á mínima concreción do ideário rexionalista. Mália o acordo obtido en xullo de 1892 a Asociación rexionalista ficou ferida de morte no que se refere ás suas actividades que deixaron practicamente de existir, tanto no político como no organizativo. Mesmo o proxecto de redacción do programa e celebración do meeting xamais foron levados a cabo.

Polo que respeita ao primeiro dos pontos aludidos, apesar da comisión nomeada ao efeito, as propostas de BRAÑAS non foron discutidas máis, nen por suposto aprobadas na proxectada Asamblea rexionalista.

O proxecto de programa ficou manuscrito e inédito co título de *Bases Generales del regionalismo y* específico e democrático na República[124].
tamente influido polas Bases de Manresa do rexionalismo catalán, a sua concepción programática para o movimento rexional galego. A non publicación do manuscrito foi suplida por BRAÑAS coa inclusión dunha síntese do mesmo ao final do seu Discurso de Apertura do curso académico 1892-1893 na Universidade de Santiago[121].

En efeito, neste discurso e baixo a rúbrica «los regionalistas queremos», plantexa BRAÑAS un resume das *Bases para el regionalismo gallego*, sin apenas variacións de nengún tipo[122].

Non é este o lugar no que determo-nos na consideración detallada da posición sostida por BRAÑAS nas Bases... e o seu proxecto constitucional, que faremos con máis vagar na parte sistemática deste traballo. Mais, así e todo, compre adiantarmos agora que o proxecto global de BRAÑAS en modo algun se configura como un intento conciliador das tendéncias enfrentadas, con cesións en ambas as duas partes, senón que, ao contrário, axusta-se estritamente ao seu ideário e amosa-se, xa que logo, inaceitábel para os rexionalistas liberais.

Mália adoptar BRAÑAS unha posición accidentalista no que se refere ás formas de goberno e, sobor de todo, estabelecer —a diferenza do que acontecia en *El Regionalismo*— a existéncia dun *poder lexislativo galego* dotado de competéncias próprias, achan-se presentes nel elementos que serian rexeitados polos sectores demo-liberais da Asociación. E iso non somente polos notórios plantexamentos antidemocráticos que contén o proxecto (por exemplo, a non responsabilización do goberno diante do parlamento co que o seu recoñecimento devén un acto meramente formal) senón tamén pola caste de descentralización proposta por BRAÑAS (así por exemplo a

118 *Gaceta de Galicia*, 15 de Xullo do 1892.
119 *Galicia. Revista Regional*, Agosto do 1892, pp. 77 e ss.
120 Idem, p. 80.
121 ALFREDO BRAÑAS, «Bases generales del regionalismo y su aplicación a Galicia», por BALDOMERO CORES TRASMONTE, Revista de Estudios Políticos, n.º 206 e 207, pp. 203 a 247. Marzo-Xuño do 1976.
122 ALFREDO BRAÑAS, *La crisis económica de la época presente y la descentralización regional*, Santiago, 1892.

inexisténcia de Xefe do goberno autónomo). A alleidade da proposta de BRAÑAS á modernidade acha-se na base do siléncio destes sectores perante a sua formulación e a non discusión nen aprobación do mesmo. A imposibilidade de chegar a un acordo entre as duas tendéncias, liberal e tradicionalista, do rexionalismo aparecia cada vez máis clara e os efeitos que iso implementaba no devencimento e desarticulación do movimento semellaban insuperábeis no setembro do 1892.

Por outra banda, nese mesmo ano, o líder federal PI I MARGALL realizou unha viaxe por Galiza recorrendo as principais cidades e pronunciando nas mesmas discursos de certo interés, que consideraremos en canto afecten ao noso obxecto.

Sen adentar-se en valoracións verbo da actividade dos rexionalistas, PI, porén, desmarca-se destes en dous aspectos estreitamente vencellados: a caste de *Autonomia* postulada e o accidentalismo. Polo que se refere ao primeiro ponto, PI I MARGALL, ainda recoñecendo a vontade descentralizadora dos rexionalistas, patentiza as diferenzas entre a *Autonomia* proposta polos federais, e a dos rexionalistas. Neste sentido, a Autonomia federal posui grado máis avantado de descentralización, unha meirande radicalidade ao converter as províncias históricas ou rexións en Estados federados. Desglosa-se así en autonomia constitucional, política, económica e administrativa[123]. Pero o que máis criticara PI do programa rexionalista foi o accidentalismo destes, reiterando a tradicional posición federal exposta en Galiza desde o interior do rexionalismo por PEREIRA. Para PI non cabia «indiferencia delante de las formas de gobierno», pois o rexionalismo, en canto sistema que procura a liberdade e a descentralización das rexións e claramente incompatíbel co carlismo e a monarquia, tendo pola contra o seu baseamento específico e democrático na República[124].

Coincidindo coa visita de PI a Galiza, tivo lugar o discurso de BRAÑAS de apertura de curso académico na Universidade de Santiago en setembro de 1892. O discurso, titulado *La crisis económica de la época presente y la descentralización regional*, adquiriu moita sona no seu tempo, especialmente, unha vez máis, entre os sectores tradicionalistas do rexionalismo galego e catalán[125].

Na súa intervención, BRAÑAS vencella outravolta a necesidade de descentralización coa recuperación das liberdades locais prévias á Revolución Burguesa e á emerxéncia do Estado capitalista. A crítica ao Estado unitário devén inseparábel da crítica á Democrácia Parlamentária, ao sufráxio universal e ás ralacións de produción capitalistas:

«Porque las confederaciones, las repúblicas, los ducados libres, no por ser pequeños se hallan exentos de los pecados de la burocracia, del régimen parlamentario o de los partidos y de la centralización administrativa... el regionalismo no vive en la atmósfera donde impera la ley del sufragio universal igualitario, donde no tienen personalidad jurídica los gremios y las universidades...»[126].

Tras dos usuais ataques ideolóxicos á democrácia representativa, ao capitalismo, aos partidos, etc. etc., BRAÑAS conclui o seu discurso cunha exposición sintética do programa rexionalista, onde tracexa un modelo de descentalización idéntico ao que confeccionara para as *Bases do rexionalismo* xa comentadas.

O alonxamento e alleidade da posición de BRAÑAS verbo do sector liberal do rexionalismo, atinxe aquí un ponto de non retorno. Saudado polos sectores máis tradicionalistas do rexionalismo catalán[127] e galego, *La crisis económica de la época presente y la descentralización regional*, implicaba unha firme decantación cara posicións anticapitalistas e antiliberais, nunha óptica tradicionalista Ancien Réxime: a imposibilidade de conseguir unha síntese no interior do rexionalismo e, xa que logo, a colisión co sector liberal do mesmo: MURGUIA, INSUA, SALINAS, etc.

Neste sentido, proba do fondo impacto que neste último sector provocou o discurso de BRAÑAS, se ben nengun membro dos Comités rexionalistas seguindo a tónica habitual —se pronunciou sobre o mesmo, gardando absoluto siléncio[128], é a crítica que

123 PI I MARGALL, «La Autonomía», *Gaceta de Galicia*, 27 de Setembro do 1892.
124 «Discurso de PI I MARGALL en La Coruña», en *Gaceta de Galicia*, 3 de Outubro do 1892.
125 O próprio feito da leitura do Discurso de apertura de curso, constitui unha proba do prestíxio que BRAÑAS tiña a nivel académico, pois trataba-se dun feito insólito que se lle encarregase a un catedrático tan novo.
126 ALFREDO BRAÑAS, «La crisis económica...», cit., p. 174.
127 *Gaceta de Galicia*, do 11 de Outubro do 1892, recollen-se os favorábeis comentários de *La Renaixensa* de Cataluña e a felicitación do Centro escolar catalinista é recollida na mesma *Gaceta de Galicia*, 3 de Decembro do 1892.
128 *Gaceta de Galicia*, 28 de Decembro do 1892, recolle o «inexplicable silencio» dos rexionalistas ante o discurso de BRAÑAS.

ao discurso fixo CASAS FERNANDEZ, xurista liberal da Cruña[129] moi próximo ao rexionalismo.

A durísima diatriba deste ao posicionamento de BRAÑAS constitui un fidel trasunto do que constituía a posición dos rexionalistas liberais:

«Este espíritu reaccionario —quizás subyugado por las influencias fatales del medio— con que se pretende condenar las excelencias del régimen democrático, hace incurrir al Sr. BRAÑAS en dos paladinas contradicciones. Si la democracia es significación de libertad, y ésta, en cuanto infunde vida particular a las entidades sociales, produce naturalmente descentralización, ¿cómo ha de ser la democracia causa de la crisis económica cuando es la democracia fuente de autonomía y descentralización...? ... Absolutismo y regionalismo son términos contrarios, opuestos y antagónicos y constituyen en suma una verdadera antinomia... Si la democracia es la base principal de la Constitución de los Estados Unidos de América y de la Confederación Suiza de Europa ¿cómo el Sr. BRAÑAS reconoce y confiesa que estos países son ejemplo de descentralización?»[130].

O discurso de BRAÑAS, coa sua radical decantación cara posicións tradicionalistas, liquidou toda esperanza de acadaren os rexionalistas unha síntese integradora das diversas posicións. O siléncio exterior dos rexionalistas liberais que rodeou o discurso de BRAÑAS e a discusión interior, non por privada menos virulenta, asinalan a oposición radical deste sector ás propostas de BRAÑAS, oposición que se traduciu nunha meirande desmovilización da xa cativa e feble organización rexionalista[131].

Claro exponente desta desmovilización que aumentou despois da intervención de BRAÑAS, froito da radical oposición que os rexionalistas liberais amosaban ao seu posicionamento[132] por máis que non se fixese público, constituen-no unhas cartas que dous tradicionalistas santiagueses próximos ao rexionalismo se cruzan por estas datas encol do tema. En contestación á pergunta de por que despois do discurso de BRAÑAS os rexionalistas permanecen na inactividade e na desmovilización posuindo un programa tan claro[133], CACHEIRO CARDAMA, rexionalista tradicionalista do grupo de BRAÑAS, responde:

«Pero ¿qué hacen los regionalistas?... los regionalistas no hacen, harán. Han seguido una conducta prudente... el programa o credo me parece que lo aceptarán todos los regionalistas sin inconveniente alguno: las diferencias que haya serán insignificantes, pormenores de fácil variación que no afectan al fondo»[134].

Mais a *Asociación Regionalista* achaba-se xa daquela nun proceso de esmorecimento e desarticulación avantado. A finais de 1892, GALO SALINAS, nun artigo titulado «Declinación Galega», recoñecia explicitamente que, por motivo de diverxéncias ideolóxicas e loitas polo poder, dará-se ao traste co entusiasmo rexionalista orixinário[135].

Especial significación da impotência e desmovilización atinguida pola *Asociación Regionalista*, revista a frustración —por oposición do sector tradicionalista. BRAÑAS, CABEZA DE LEON e TARRIO (achegados xa visibelmente o segundo ao carlismo e o terceiro ao partido conservador)— dunha candidatura alternativa aos partidos turnantes.

Trataba-se, na proposta orixinária, de presentar como candidato a JOSE CARRACIDO[136], home de prestíxio e vencellado a Galiza, para as eleicións xerais de 1893, co apoio conxunto de rexionalistas e republicanos. As conversas cara a integración da candi-

[129] MANUEL CASAS FERNANDEZ, xurista coruñés, naceu o 17 de Agosto do 1867 e morreu o 30 de Xullo do 1960. Por duas veces alcalde da Cruña (1916-1917 e 1925-1927), CASAS amosou toda a sua vida unha certa cercania ao rexionalismo, escrebendo diversos artigos sobre o tema e mesmo un libro: *El regionalismo en Galicia*, A Cruña, 1893, sendo autor, ademais, dun traballo de licenciatura na faculdade de direito sobre *La doctrina estatútaria y la teoría de las nacionalidades*, Santiago, 1891.

Asi mesmo, foi un dos iniciadores e organizadores da homenaxe e coronación de CURROS ENRIGUEZ na Cruña, asi como da recepción na mesma cidade dos restos mortais do poeta.

[130] M. CASAS FERNANDEZ, «Sobre la crisis económica y la descentralización regional de ALFREDO BRAÑAS», *La Voz de Galicia*, 16 de Outubro do 1892.

[131] DIAZ DE RABAGO, J., «ALFREDO BRAÑAS y su oración académica regionalista», *La España Regional*, Tomo XIII, pp. 539 e ss., 1892, onde se afirma:

«El partido regionalista... hallábase aquí reducido al ilustre historiador MURGUIA, y a unos cuantos, muy pocos, aunque valientes iniciados que, llenos de entusiasmos nobles y generosos, se reunieron por entonces en apretado haz, fundaron un círculo y crearon un periódico órgano de sus ideas...», p. 537.

[132] Idem. Onde se refere que o mentado discurso de BRAÑAS foi «objeto de acalorados juicios y muy interesantes discusiones», p. 539.

[133] *Gaceta de Galicia*, 24 de Decembro do 1892.

[134] *Gaceta de Galicia*, 28 de Decembro do 1892.

[135] GALO SALINAS, «Declinación gallega», *Gaceta de Galicia*, 2 de Decembro do 1892.

[136] JOSE R. CARRACIDO, catedrático de Farmácia, nado en Santiago no 21 de Maio do 1856 e morto en Madrid o 3 de Xaneiro do 1929, foi máis tarde Reitor da Universidade de Madrid.

datura non pasaron dos primeiros contactos perante a oposición do sector tradicionalista de grande peso no Comité central de Santiago[137]. Non posuimos, dada a pronta frustración desta posibilidade eleitoral, información suficiente para colexir o desenvolvimento dos acontecimentos, e a actividade de MURGUIA en todo o proceso[138]; mais, en definitiva, deste xeito frustrába-se unha posibilidade que teria, de se levar a cabo, importantísimas consecuéncias para a dinámica do rexionalismo como movimento e organización. Pola contra, marxinada do proceso eleitoral, atravesada por contradicións internas insuperábeis, con escasa presenza na escena política galega, a *Asociación Regionalista*, practicamente liquidada, ainda receberia daquela outro golpe de morte para a sua supervivéncia.

c. O abandono do partido federal de PEREIRA e MEILAN

No ano 1892, alguns membros do partido federal de Lugo, nomeadamente AMOR MEILAN e AURELIANO J. PEREIRA, causaron baixa no mesmo e se integraron no partido liberal-fusionista. Non interesan, ao noso obxecto, as causas internas ao partido federal[139] —en cuxa crise ten que se enmarcar este cámbio de militáncia— que motivaron unha tal decisión política, senón os efeitos que se derivaron para o movimento rexionalista.

Antes de todo, compre deixarmos clarexado que, cando se produce o abandono do partido federal de PEREIRA, a sua alternativa achaba-se xa rexeitada polos núcleos maioritarios do rexionalismo, enfrentados na polémica central: liberalismo-tradicionalismo. Daí que, de ningun xeito, este cámbio no posicionamento político de PEREIRA e MEILÁN, se traducirá nunha alteración na orientación política do rexionalismo, atravesada neses momentos pola contradición sobranceira tradicionalismo-liberalismo.

Mais, paralelamente ao seu abandono do federalismo, é claramente perceptíbel neste sector, através do seu voceiro *El Regional*, un certo distanciamento do rexionalismo que se fará patente co gallo da Xunta de Defensa como imos ver de contado. O esfarelamento da *Asociación Regionalista* e a marxinación das alternativas propostas por PEREIRA no seo dun movimento que seguiria camiños moi diferentes, implicarian non un abandono do rexionalismo por parte de PEREIRA, como imos ver axiña, senón un enfrentamento co rumo que este tomara. Somente máis adiante, cando intereses de partido (nesta ocasión o liberal-fusionista, no goberno) se interpoñan, aparecerán novos elementos de alleidade co rexionalismo que, de todos xeitos non chegará a supoñer nunca unha ruptura total.

A frustración que, para este sector, implicou o rexeitamento da súa alternativa no interior do movimento rexionalista galego, acha-se presente en numerosos editoriais, e artigos de *El Regional* de 1983. En todos eles salientan-se os efeitos que se derivaron para o rexionalismo galego da opción político-estratéxica, que máis por omisión que por acción tomara nos anos anteriores. As críticas a un movimento que non se soubo achegar á sociedade galega, ficando aillado nas suas liortas internas, agroman amargamente, unha e outra vez, nas páxinas do diário que constituíra un dos alicerces do movimento:

«El regionalismo es una tendencia vaga, una aspiración informe, que hasta ahora solo ha servido para obtener premios por poesías y aplausos por discursos: el regionalismo no ha llegado a encerrarse en una fórmula concreta... por eso estos párrafos llevan el epígrafe «regionalismos», porque son varios... Esta tendencia... podría llegar a tener mucha importancia, a ser útil a los pueblos, a hacer algo más que celebrar certámenes literarios, si sus entusiastas comenzaran por formar un cuerpo de doctrina y luego emprendiesen una activa propaganda para organizar fuerzas que con su acción pudieran llevar a las corporaciones a quienes representaran los principios contenidos en el programa. El regionalismo, para ser algo, tiene que contar como base con las clases populares: tiene que encerrar en su

[137] Ver *Gaceta de Galicia* os meses de Febreiro e Marzo do 1893, en especial do 26 de Febreiro do 1893.

A falta dun voceiro oficial ou oficioso do rexionalismo, é difícil precisar o alcance, causas e posicionamento dos diferentes sectores rexionalistas alén das xeneralidades enriba apontadas.

[138] En especial, polo distanciamento que MURGUIA mantivo sempre verbo do partido federal, do que sempre se demarcou como proxecto político.

[139] Remetemo-nos neste orde de cousas, ás investigacións en curso do XOAN MORENO GONZALEZ, sobre partido federal galego.

O cámbio de militáncia cara o partido liberal-dinástico acha-se confirmado polo próprio PEREIRA, sen explicitar as razóns da mesma, *El Regional*, 14 de Marzo do 1897.

LEOPOLDO PEDREIRA en *El Regionalismo en Galicia*. Madrid, 1894, p. 197, escrebe:

«... AURELIANO PEREIRA, en confidencial y cariñosa carta, nos advierte que ya no piensa *exactamente* como cuando escribió sus dos discursos sobre el regionalismo» (suliñado noso, R. M.).

Todo semella apontar, pois, conxuntamente cos artigos rexionalistas que PEREIRA seguira enviando desde Madrid a *El Regional*, a un *distanciamento relativo* —especialmente no aspecto orgánico e político do movimento— mais non a un abandono do rexionalismo por parte daquel.

programa las soluciones a los problemas que afecten a la región y trabajar prácticamente por obtenerlas. Para representar las aspiraciones de un pueblo, ha de contar con éste y tener en él su principal elemento: le hace falta bandera y ejército. De otro modo tendrá solo Estado Mayor que, solo, nunca ganará batallas...»[140].

Cita longa, pero esclarecedora do posicionamento de PEREIRA e o seu núcleo rexionalista perante o fenómeno paralelo da crise da Asociación rexionalista, o seu esmorecimento[141], e a marxinación dos plantexamentos de PEREIRA no rexionalismo como amosaban as intervencións de BRAÑAS e MURGUIA.

Asi e todo, mesmo no momento de maior fricción e colisión entre a nova militáncia liberal-dinástica de PEREIRA e o seu rexionalismo —a Xunta de Defensa de Galiza— que o leva a enfrentar-se directamente a ela, en modo algun se produce unha ruptura de aquel que fora un dos fundadores e o movimento.

Pola contra, *El Regional,* tras a marcha de PEREIRA a Madrid[142], irá perdendo progresivamente a sua vinculación co movimento rexionalista até perder-la por completo nos anos 1898, nos que as únicas intervencións rexionalistas serán as de aquel mentres se produzan.

Asi, e despois dos enfrentamentos xurdidos co gallo da Xunta de Defensa —da que *El Regional,* como veremos, foi un dos máis destacados inemigos na prensa galega— ainda no ano 1894 produce-se unha autoubicación rexionalista de *El Regional*[143]. Mais nos anos seguintes, as únicas intervencións de carácter rexionalista serán as enviadas desde Madrid por PEREIRA como: «Una rectificación a Menéndez Pelayo», Opiniones regionalistas»[144], «Los orígenes del Gallego» a GALO SALINAS de La Revista Gallega[145], «Por Galicia»[146], etc. etc... Apartir de 1897 a desvinculación de *El Regional* do movimento rexionalista é total agás dalgunha referéncia episódica e marxinal, pasando a ser a *Revista Gallega* de A Cruña o exponente fundamental deste movimento.

En definitiva, a saída do partido federal de PEREIRA non se traduce nun abandono colectivo inmediato nen moito menos individual do rexionalismo o que patentiza a substantividade desta problemática na fracción federo-rexionalista e a sua autonomía relativa con respeito a aquela, á que, endali, non é de nengun xeito redutíbel.

Rematába-se asi unha experiéncia histórica de achegamento de dous ideários e movimentos políticos cun saldo final realmente pouco ricaz e escaso en *efeitos pertinentes* recíprocos: a alternativa de PEREIRA, minoritária no seo do rexionalismo e ali marxinada, mais sen asumir tampouco polo conxunto do partido federal galego, foi desbotada sen desenvolver en ningun momento a sua potencialidade político estratéxica ao frente dun movimento rexionalista.

Mália este *saldo final* pouco brillante, compre facermos unha avalización desta converxéncia federorexional máis complexa e matizada. En efeito, apesar de que a converxéncia de federalismo e rexionalismo non se pode reducir, como veremos de contado, ao intento de PEREIRA e o núcleo situado arredor de *El Regional,* producindo-se outras experiéncias de interés nesta mesma dirección nos anos vindeiros, trata-se asi e todo da converxéncia que atinguiu maior presenza política e vigor ideolóxico incorporándo-se asemade á organización do movimento. Porque o primeiro que debemos asinalar

140 *«Regionalismo»*, El Regional, 30 de Xullo do 1893.

141 Quizais o ponto álxido de distanciamento atinguira-se co artigo «El regionalismo revacholista», *El Regional*, 20 de Setembro do 1893.

142 Asi, por exemplo, AMOR MEILAN publica una série de artigos sobre a Bretaña: «La Galicia Francesa», *El Regional*, 1 a 20 de Agosto do 1894.

En «Los regionalistas gallegos y los de Navarra». afirmaba-se:

«El que esto escribe, *regionalista aprobado por el Comité Central*, no hubiera nunca puesto su firma al pie de un escrito en el que se patrocinan fueros y preeminencias de una región en menosprecio y perjuicio de otras, La Región Gallega incluída. *El Regional*, 25 de Febreiro do 1894.

143 AURELIANO J. PEREIRA, *El Regional*, 25 de Marzo do 1895. Onde reivindicando as «Cantigas» afirma: «como regionalistas y escritores gallegos no somos académicos».

144 AURELIANO J. PEREIRA, «Opiniones regionalistas» e «Más opiniones regionalistas», *El Regional*, 30 de Agosto do 1895 e 15 de Febreiro do 1896.

145 AURELIANO J. PEREIRA, «Los orígenes del gallego», adicado a GALO SALINAS e a «Revista Gallega» *El Regional* 18 de Febreiro do 1896, onde se critica o lusismo e se defende a especificidade do galego como língua.

146 AURELIANO J. PEREIRA, «Por Galicia», *El Regional*, 15 de Agosto do 1896, onde se volve insistir na necesidade dun proceso de industrialización en Galiza.

Trata-se esta da última intervención de PEREIRA en *El Regional*, agás unhas cartas abertas no Marzo do 1897. Neses anos PEREIRA ditara unha conferéncia no Ateneo de Madrid sobre *El Regionalismo y la poesía gallega*, editado como folleto en Lugo no mesmo ano 1895 e publicara no ano seguinte outro folleto en Madrid sob o título *Presente y porvenir de Galicia*, Madrid, 1896, no mesmo ano que levaba a crítica teatral de *El País*.

cumpridamente é a *interioridade* ideolóxica, política e organizativa que atinxiu esta experiéncia verbo do movimento rexionalista, situándo-se como unha fracción interna do mesmo aceitando os elementos básicos xenéricos da proposta rexionalista.

Mais, ao mesmo tempo, o *federo-rexionalismo* integraba unha tendéncia interna con própria substantividade explicitada ideoloxicamente cun desenvolvimento ricaz e plural da man principalmente de PEREIRA. A devandita substantividade viña integrada principalmente por dous elementos: un modelo xurídico-constitucional de descentralización e a alternativa político-estratéxica de alianzas.

Verbo do primeiro ponto referido, o núcleo lucense e, nomeadamente, PEREIRA, colaborou na redacción do *Proyecto de Constitución para el futuro estado gallego* que integra sen dúbida, como teremos ocasión de demostrar máis adiante, o modelo xurídico-político de descentralización máis radical, democrático e tecnicamente elaborado, de todo o século XIX e parte do vinte galegos. Se faláb amos denantes da escasez de efeitos pertinentes, substanciábeis e obxectivos do federalismo de PEREIRA no rexionalismo, compre facer aqui unha rotunda excepción xa que a presenza deste texto, en base á sua autonomia relativa, será un feito constatábel mesmo no nacionalismo galego do século XX. O proxecto de constitución de 1887 achará-se *presente,* con eficácia indiscutíbel xurídico-política, na Asamblea Nacionalista de Lugo ou mesmo na discusión do estatuto de Autonomia de Galiza[147].

Pero é, sen dúbida, no eido político-extratéxico onde a especificidade da alternativa de PEREIRA adquire unha maior relevância dificilmente ocultábel. En efeito, PEREIRA propón ao rexionalismo unha actuación explícitamente político-organizativa arredor dun proxecto de alianzas co campesiñado para o que aquel precisaba incorporar ao seu programa as reivindicacións básicas deste amplo sector da poboación galega. As movilizacións agraristas que agromaban a finais de século e adqueriron un grande desenvolvimento a principios do século XX, mostraron a xusteza da liña estratéxica de PEREIRA para proporcionar ao rexionalismo galego unha base de masas da que careceu por completo.

Interesa, pois, salientarmos este carácter de auténtica alternativa de hexemonia da intelectualidade sobre o campesiñado que a proposta do federo-rexionalismo posuia frente ás que polarizaban os enfrentamentos internos na asociación. O desbotamento desta variante político-estratéxica, fornecida polo impacto no rexionalismo do enfrentamento básico que atravesaba a Galiza da época arredor da xeneralización do modo de produción capitalista, dirixiu a interpelación rexionalista a outras clases que se achaban estruturalmente nunha situación dificilmente accesíbel a recoñecer-se nas propostas do movimento. Descoñecer os distintos rumos que a movilización rexionalista tomaria de se vincular ao campesiñado, asi como os efeitos que iso conlevaria para a politización do campesiñado, implicaria o esquencimento de experiéncias históricas posteriores comoo *Agrarismo* ou a *Solidaridad,* e a consideración determinista de que o rexionalismo realmente existente foi o único posíbel. A presenza do federalismo no seo do rexionalismo, frustrado finalmente o intento do núcleo lucense, coñeceria así e todo novas manifestacións no decurso da manifestación rexionalista que analizaremos de contado: grupo de Mondoñedo, e os escritos de MIRAMBEL i MARISTANY.

En definitiva, o federo-rexionalismo de AURELIANO J. PEREIRA integra-se no conxunto do movimento galeguista como algo ben distinto dunha simple *etapa* da sua evolución o unha mera *coincidencia externa* en aspectos políticos concretos. Pola contra, constituíu unha converxéncia concreta e limitada[148] entre rexionalismo e federalismo que plantexou, desde a própria interioridade ao movimento rexionalista, unha alternativa estratéxica extraordinariamente pertinente mália o seu desbotamento final e un modelo de descentralización que se incorporou, dotado de eficácia específica, ao capital ideolóxico galeguista.

d. ALFREDO BRAÑAS en Catalunya

Como xa sinalamos no seu momento, o discurso de apertura de curso: *La crisis de la época presente y la descentralización regional,* que BRAÑAS pronuniara en Santiago, tivera un dobre e diverso efeito:

147 As influéncias federais do *Proyecto de Constitución para el futuro estado Gallego* son notórias, no ámbito xurídico-constitucional, no *Manifesto da Asamblea nacionalista de Lugo*. Configura-se este, con efeito, como unha específica converxéncia do nacionalismo risquiano e a herdanza republicano-federal da irmandade da Cruña. Cfr. ao efeito JUSTO G. BERAMENDI, «Vicente Risco», cit., Tomo I, p. 162. Sobre a presenza do legado federal nas discusións estatutárias galegas e a sua utilización como material de base, pode ver-se ALFONSO A. BOZZO, *Los partidos políticos y la Autonomía en Galicia*, Madrid, 1976, pp. 260 e 261.

148 Compre insistir neste orde de cousas, para facermos unha avaliación nos seus xustos termos, do federo-rexionalismo de PEREIRA, non somente no seu carácter minoritário no seo do movimento rexionalista, senón tamén na sua propia marxinalidade no interior do Partido Federal, sumido por aquel tempo nunha fonda crise.

mentres no interior do movimento rexionalista galego implicou a consumación da escisión entre o sector liberal e o tradicionalista, para o rexionalismo conservador catalán supuxo o ponto álxido de prestíxio do seu autor.

Debido precisamente a esta corrente de simpatia que polas suas dotes oratórias, polo academicismo, profundidade e brillantez do seu discurso, pero —e sobre todo— polo carácter tradicionalista do mesmo, despertara BRAÑAS no rexionalismo conservador catalán, iniciaron-se contactos cada vez máis estreitos entre ambos os dous.

Asi por exemplo, a raiz da publicación de *El Regionalismo,* que fora editado en BARCELONA por mediación de POU I ORDINAS, os rexionalistas conservadores cataláns solicitaron colaboracións escritas de BRAÑAS para as publicacións en curso. Solicitudes que foron atendidas polo catedrático de economia política de Santiago que enviou orixinais ás revistas rexionalistas catalas a partir de 1892, abordando diversos temas de interés para o movimento.

Asi, podemos citar, entre outros, o artigo «La venda dels bens comunais a Galicia»[149], publicado en *La Renaixensa,* no que se aborda o problema da venda dos montes veciñais galegos e os negativos efeitos que a sua privatización teria para a ganderia, conectando-se cunha crítica á desamortización, e apoidando-se como decote en autores como LAVELEYE, LE PLAY, etc. etc. Nesta intervención, BRAÑAS conecta unha vez máis as suas arelas rexionalistas cuns plantexamentos fondamente anticapitalistas: é de destacar neste sentido como, ao descreber a situación do campesiñado galego, por ningures aparece nengunha crítica ao sistema foral e si, pola contra, aos impostos estatais, a desamortización, etc.

Outra colaboración a salientarmos de BRAÑAS nas publicaciónes rexionalistas catalás da época é «El regionalismo en el norte de Europa» que saíu á luz nas páxinas de *La España Regional,* e onde, co gallo da movilización da Xunta de Defensa á que se lle outorga un marcado carácter rexionalista, volve-se a conceituar a Galiza como *nacionalidade* e *rexión,* mantendo a polisémia:

«En España el regionalismo tiene un fundamento histórico indestructible: el de la variedad de nacionalidades contenidas bajo un régimen político unitarista. Cataluña, Navarra, entre otras regiones que no pueden ser gobernadas a priori, y por esto, tras un largo período de abusos, tiranías y errores gubernamentales, los territorios de la antigua Iberia que tiene fisonomía y personalidad propias, despiertan de su sueño de siglos a impulsos de las nuevas corrientes sociales y políticas...»[150].

A sona atinguida por BRAÑAS entre os rexionalistas cataláns foi tal que o nomearon mantenedor dos Jochs Florals de Barcelona no ano 1893, pronunciando, asemade, co gallo da sua visita a Barcelona, diversos discursos sobre o rexionalismo.

Polo que atinxe aos Jochs Florals, no seu discurso de grácias, tras salientar as semellanzas entre os procesos de renacimento político-cultural de Catalunya e Galiza, conceitua a ambas as duas como nacionalidades («altras tantas Polonias») e vincula unha vez máis o centralismo coa democrácia representantiva, «las teorias politicas individualistas y la filosofia racionalista moderna» [151].

Na conferencia pronunciada no «Fomente del Travall nacional» co título de *Causa i remeys de la actual perturbació económica*[152], postula o rexionalismo e a descentralización como solución á crise económica nunha perspectiva tradicionalista e antiparlamentária na sua liña habitual. Argumentos que reiteraria, outravolta, nun discurso en Sabadell recordando a evolución histórica do rexionalismo galego, gañando o aplauso e a adesión dos CAPMANY, DURAN I BAS[153] etc.. Identificación por parte deste sector coa ideoloxia de BRAÑAS porque atopan nel a un dos seus, a alguén que asumia os pontos centrais da sua visión da sociedade: a relixión como fundamentación da integración social e, polo tanto, elemento ordenador da vida civil; rexeitamento dos partidos políticos: por centralistas, por partidos e por liberais; autoritarismo, corporativismo e antiparlamentarismo; oposición ao rexionalismo en nome da escolástica, etc. etc. Comunidade de sentimentos e ideas que están na base do apoio e éxito obtido polas sucesivas intervencións de BRAÑAS en Catalunya subliñadas pola prensa rexionalista[154] tradicionalista. O mesmo éxito obtiña-o nos médios conservadores do rexionalismo galego e asi *El Alcance* de Santiago adicaba-lle, en maio do mesmo ano, un extraordinário en homenaxe polo seu labor no rexionalismo galego[155].

A volta de Barcelona, despois da sona atinguida na Cidade Condal polas suas intervencións, BRAÑAS detivo-se en Madrid, onde pronunciou alguns discursos sobre o rexionalismo. Asi, por exemplo, no Ateneu madrileño disertou sobre «El regionalismo y la unidad nacional», amosando as diferenzas entre o arredismo e o rexionalismo, co que era sistematicamente confundido, e como somente baixo o império deste segundo sistema político poderia-se atinguir a reconstrucción da verdadeira unidade nacional, que nada teria que ver co centralismo «asfixiante de la vida regional». Tivo, outravolta, grande éxito na sua intervención e acudiron á mesma persoas de relevo no mundo da política e cultura madrileñas[156]. Asimesmo, no Centro Gallego pronunciou outro discurso sobre «El regionalismo gallego», pedindo-se-lle por galegos de Madrid que se trasladase á capital, ao que BRAÑAS se negou.

Aproveitando daquela a sua estáncia en Madrid, unha delegación da Liga Rexionalista de Cataluña, que ia entrevistar-se coa Rexente, pediu-lle que os acompañase na presentación de diversas peticións. Entre estas atopaba-se unha especialmente grata a BRAÑAS: que nas eleicións tivesen representación —dacordo coas Bases de Manresa— os diferentes grémios e corporacións nun intento de reformar o sufráxio universal[157]

Ao seu regreso a Galiza, BRAÑAS acharia-se coa movilización da Xunta de Defensa en cuxo desenvolvimento os rexionalistas xogarian un importante papel e, ao mesmo tempo, promoveria un conxuntural achegamento cara un obxectivo común, soerguendo de novo a *Asociacion Regionalista.*

149 ALFREDO BRAÑAS, «La venda dels bens comunalsa Galicia», *La Renaixensa*, 2 de Marzo do 1892.
150 ALFREDO BRAÑAS, «El regionalismo en el norte de Europa», *La España Regional*, 1893, tomo XIV, pp. 551 a 554.
151 ALFREDO BRAÑAS, «Discurso de gracias por el mantenedor...» Jochs Florals, 1893, Barcelona, pp. 17 e ss.
152 ALFREDO BRAÑAS: «Causas y remeys de la actual perturbació económica»,*La Renaixensa*, 17 de maig de 1893.
153 Idem. «Lo senyor Brañas a Sabadell».
154 Fundamentalmente *La Renaixensa*, pero tamén *La España Regional*.

155 Vid. *El Alcance*, Santiago de Compostela, 31 de Maio do 1893.
156 «El Regionalismo en el Ateneo», *La Voz de Galicia*, 28 de Abril de 1893.
157 *Gaceta de Galicia*, 23 de Abril do 1893.

CAPITULO IV

A «JUNTA DE DEFENSA» DE GALIZA 1893.

Como ficou salientado no capítulo anterior, tras os enfrentamentos na Asociación rexionalista, o rexionalismo galego achaba-se a comenzos de 1893 mergullado nunha fonda crise interna que se traducia nun devecimento das suas actividades. Mais nese mesmo ano terá lugar un acontecimento que movilizará as ringleiras rexionalistas por riba dos seus enfrentamentos, situando-as nun plano sobranceiro da vida política galega por vez primeira en colisión aberta cos partidos turnantes. Trata-se da *Junta de Defensa,* institución criáda na cidade da Cruña co gallo da supresión e traslado da «Capitanía General» que nesta cidade tiña a sua sede.

Compre, asi e todo, deixar clarexado desde o comezo deste capítulo que a Junta de Defensa non foi un movimento iniciado polos rexionalistas galegos, previsto na sua estratéxia e en estrita correspondéncia co seu programa político prévio. Tratou-se, pola contra, dunha movilización xurdida ao marxe do rexionalismo organizado, á que este se sumaria con posterioridade, por máis que o estado de opinión criado por aquel movimento tivese moito que ver co seu nacimento.

A incorporación dos rexionalistas á movilización da Xunta de Defensa dará-lle a esta un carácter notoriamente distinto do que orixinariamente tiña, trascendendo o mero localismo para se proxectar nun âmbito galego. A supresión e traslado da Capitanía xeral será interpretado como unha «ofensa a Galicia» e tanto a nivel político como estritamente organizativo se abordará o problema como un movimento rexional.

A. A Xunta de Defensa e o movimento rexionalista.

O dia 12 de marzo, a prensa da Cruña daba a coñecer á opinión cidadá un telegrama recebido o dia anterior no que se informaba da nova división territorial militar que o Ministro de Guerra pretendia introducir pola via rápida de Decreto sen pasar polas Cortes españolas. Nesta reforma das Rexións militares de España, suprimia-se a Capitania Xeral de Galiza, sita na Cruña desde o ano 1480.

A causa do fondo impacto que na opinión causara semellante notícia desde o próprio dia seguinte á recepción da mesma, encetou-se unha movilización cidadá plural, tendente nos primeiros momentos a recabar información verbo do tema e posteriormente a impedir a consumación dos feitos e a reforma do Decreto antes da sua publicación.

O dia 13, o Concello da cidade criou unha Comisión coas finalidades devanditas, enviando-se telegramas a Madrid e celebrando unha entrevista cos Diputados pola Cruña ALSINA e SORS o dia 14, cara o esclarecimento da cuestión[1]. Posteriormente, o dia 15, celebrou-se unha xuntanza no Concello na que ao mesmo tempo que a Corporación achaban-se presentes directores da prensa local, sociedades culturais e a *Asociación Rexionalista* da cidade. Tras as intervencións do alcalde JOSE SOTO, SALVADOR GOLPE (rexionalista da Asociación e correxidor do Concello) e MARTINEZ ESPARIS (concellal e abogado), acorda-se a convocatória dunha manifestación e un meeting para o dia seguinte en protesta pola política militar do Goberno. A partir deste momento, as reunións no Concello suceden-se e asimesmo as actividades de diversas organizacións da cidade que levarán desde o princípio o protagonismo do desenvolvimento da movilización. Duas organizacións nomeadamente destacan neste sentido: O *Círculo de Artesáns* da Cruña e A *Asociación rexionalista* que se incorporará de cheo desde o primeiro momento dos acontecimentos. No mesmo dia 15, noutra xuntanza do Concello, volve-se reunir a Corporación coa Asociación rexionalista, Cámara de Comércio e prensa, e fala-se por vez primeira da posibilidade de dimisión do Alcalde e a Corporación se non se soluciona o tema. Redacta-se, asemade, un documento dirixido ao Presidente do Consello de Ministros expresando a enérxica protesta do pobo da Cruña pola devandita supresión[2]. Nese mesmo dia produce-se o pechamento xeneralizado dos comércios do centro despois dunha arenga do alcalde desde o balcón do Concello chamando á resisténcia popular no seo da legalidade vixente.

O Circulo de Artesáns da Cruña, entidade cultural recreativa que aglutinaba á pequena burguesia e

[1] Vid. *La Voz de Galicia*, 13, 14 e 15 de Marzo do 1893, e *El Telegrama*, 15 de Marzo do 1893. «¡Gallegos a defenderse!», *Gaceta de Galicia*, 14 de Marzo do 1893. *El Alcance*, «El despojo de Galicia», e *El Pensamiento galaico*, 15 Marzo.

[2] *La Voz de Galicia*. 16 de Marzo do 1893. *Gaceta de Galicia*, idem.

burguesia média da cidade, fundamentalmente comerciantes e pequenos industriais, que tiña un carácter progresista —recentemente trouxera a CASTELAR a dar unha conferéncia nos seus locais— criou unha Comisión popular que presionou para a dimisión da Corporación e a criación da Xunta de Defensa[3].

Finalmente, e despois dalgunhas indecisións[4], e perante a falta de solución ao problema en Madrid e a firme vontade do Ministério do Exército de levar adiante o seu proxecto de reestruturación das rexións militares, o dia 19 de marzo produciu-se a dimisión da Corporación en pleno. Tras o acto de dimisión, realizaron-se manifestacións de apoio ao alcalde e ao xeneral SANCHEZ BREGUA, que se opuxeron á devandita supresión da Capitania Xeral.

Celebra-se entón unha reunión con ampla participación cidadá na que se decide a criación da *Xunta de Resisténcia* que seguidamente pasará a denominar-se *Xunta de Defensa* o dia 20 de marzo, integrada pola Corporación sainte e representantes das entidades mencionadas: «Círculo de Artesanos», «Asociación Regionalista de La Coruña», etc.[5]. Integraba-se a Xunta de Defensa de A Cruña por:

RAMÓN CERVIÑO; ANDRÉS SOUTO RAMOS; TOMÁS RICO JIMENO; MANUEL PEÑA SISTO; MANUEL IGLESIAS PÁCIO; EDUARDO BERDINAS; JOSÉ CASTILLO SILVA; ENRIQUE ZARAGUETA; GONZALO PITA DA VEIGA; EVARISTO BABE Y GELI; JOSÉ SOTO GONZALEZ, ex-alcalde; JOSÉ RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, abogado, ANTONIO PÉREZ DAVILA, comerciante; SALVADOR GOLPE, abogado; RAMÓN PRIETO PUGA, industrial e comerciante; JOSÉ MARCHÉSI DALMAU, banqueiro, industrial; FERMÍN BESCANSA, industrial; RAMÓN PÉREZ COSTALES, abogado federal; RAMÓN BERNÁRDEZ, crego; JOSÉ LÓPEZ TRIGO, Presidente Cámara Comércio; GONZALO BRAÑAS, periodista federal; PEDRO BARRIÉ Y PASTOR, banqueiro, comerciante, consignatário; EDUARDO DE CARRICARTE, vocal crédito gallego, comerciante: RAMÓN BLANCO RAYOY; JUAN MANUEL PAZ NOVOA; MAXIMILIANO LINARES RIVAS; JOAQUIN REY CALVO; JOSÉ AZNAR; JULIÁN RODRÍGUEZ PAVÓN; VALENTÍN MOLINAS COUCEIRO; HILARIO HERVADA; SALVADOR VELA; MIGUEL MUÑOZ ORTIZ, JUÁN ANTÓNIO VELA; VICTOR LOPEZ SEOANE; MARQUES D'ALGARA DE GRES; SILVÉRIO MOREDA; LUIS MIRANDA; JOSE LUIS PEREIRA; LUIS CARNICERO.

E outros respresentantes das Sociedades recreativas, Círculo de artesans, Casino federal, Sporting-Club, etc.

No mesmo dia 20, a «Junta de Defensa» encetou as suas actividades enviando telegramas á Liga Regionalista de Catalunya, alcaldes doutras cidades e ao Centro Galego de Madrid[6]. Ao mesmo tempo, encargou-se a PÉREZ COSTALES, prestixioso federal da Cruña, que redactase un manifesto da Xunta de Defensa, en chamamento ao pobo galego para que apoiase a reivindicación dos coruñeses[7].

Polo que respeita á movilización, acordou-se unha postura de *resisténcia pasiva,* tras intensos debates, coa finalidade de manter-se na máis estrita legalidade e presionar para a consecución da modificación do Decreto cos máis amplos apoios tanto da poboación como dos partidos turnantes[8]. Neste sentido, e simultaneamente coa dimisión da corporación municipal, aprobou-se a proposta de dimisión da Diputación e todas as corporacións oficiais, o que motivou fortes presións e ameazas do Gobernador civil da Província[9].

Mais o dia 22 de marzo de 1893, o Diário oficial publicaba o Decreto que suprimia a Capitania Xeral de Galiza na Cruña co que a radicalización do movimento e a sua organización sofriria un salto cualitativo perante a gravedade dos acontecimentos. No dia seguinte da publicación de decreto, o *Comitê Central Rexionalista,* reaparecendo tras vários meses de inactividade, envia un telegrama de adhesión e solidaridade coa «Junta de Defensa», poñendo-se á sua disposición, firmado polo seu presidente MANUEL MURGUIA e, tamén, BRAÑAS, TARRIO, CABEZA e BÁRCIA CABALLERO[10].

[3] MODESTO CASTILLA, *Historia de la Junta de Defensa de Galicia*, La Coruña, 1894, pp. 35 e ss.

[4] *La Voz de Galicia*. 20 de Marzo do 1893. *Gaceta de Galicia*. 22 de Marzo do 1893.

[5] MODESTO CASTILLA, op. cit., p. 59. Profisións establecidas en base a ROBUSTIANO FAJINAS, op. cit. e o Rexistro Mercantil da Cruña.

[6] *La Voz de Galicia*. 21 de Marzo do 1893. *El Telegrama*, ídem. *Gaceta de Galicia*, 22 de Marzo do 1893.

[7] Manifiesto «A Galicia» redactado por RAMON PEREZ COSTALES, MODESTO CASTILLA, op. cit., p. 67.

[8] *La Voz de Galicia* e *El Telegrama*, 21 de marzo do 1893.

[9] *La Voz de Galicia* e *El Telegrama* cit.

[10] O texto do telegrama dicia:

«Reunido el Comité Central regionalista, acuerda saludar fraternalmente a esa Junta y ponerse a sus órdenes, adhiriéndose incondicionalmente al movimiento de protesta de Galicia».

Enceta-se deste xeito a intervención, que resultará decisiva cara a orientación final do movimento, como imos ver axiña, dos rexionalistas na Xunta de Defensa. Isto traeria consigo un dobre tipo de efeitos xa presentes «in nuce» neste primeiro documento de solidaridade. Por unha banda, a reunificación interna da Asociación Rexionalista, atravesada, por moi serios enfrentamentos. A presenza dun obxectivo comun, a resposta á «agresión centralista» que a supresión de Capitania Xeral de Galiza supuña, tivo como consecuéncia o pechamento de filas e a posta en marcha, ainda que fose transitoriamente, da organización rexionalista.

Pero, ao mesmo tempo, a intervención rexionalista vai-se proxectar no rumo que tomará a Xunta de Defensa. En efeito, desde o primeiro momento os rexionalistas transformarán unha cuestión local da Cruña en algo que afecta a todos os galegos, nun auténtico aldraxe a Galiza, superando asi o ámbito local orixinário.

A reorganización da Asociación rexionalista e a reunificación do Comité Central patentiza-se coas mensaxes por este dirixidos aos comités locais da Asociación para que apoien a movilización. As respostas a estes chamamentos do Comité Central Rexionalista non se tardan en producir. Asi por exemplo, o dia 24 produce-se a adesión do *Comité Rexionalista de Pontevedra*[11] e o 25 BRAÑAS recebe un telegrama do *Comité Rexionalista de Ourense* onde se mostra a adesión aos acordos do Comité Central[12], nos que se vencella o traslado da Xunta de Defensa á causa do rexionalismo[13], falando-se en todo momento do problema da Capitania como dunha causa de Galiza.

Estes pronunciamentos dos Comités rexionalistas, que se reorganizan e aparecen á luz pública tras muitos meses de inactividade, son as primeiras adesións que a Xunta de Defensa recebe desde fora de A Cruña.

Noutro orde de cousas, PÉREZ COSTALES, vello federal herculino, no manifesto que redacta por encargo da Xunta de Defensa, da-lle tamén ao tema unha dimensión galega. No manifesto, que leva por significativo título «A Galicia», afirma-se entre outras cousas:

«...es Galicia entera la que ha sido herida en el corazón... porque Galicia tenía su personalidad propria en el orden militar con su Capitanía; como tiene su Universidad, su Atenas gallega en el orden intelectual. No son intereses egoístas y mezquinos de localidad los que La Coruña y esta Junta defienden; y esto es necesario que lo comprenda Galicia entera: es que defiende lo que es de todos los gallegos, lo que a Galicia pertenece, lo que desde hace más de cuatrocientos años siempre tuvo... y es nuestro lema «Todo por Galicia y para Galicia»[14].

Como vemos, desde a perspectiva federal de COSTALES tamén se presentaba a reivindicación integrada no ámbito galego, refugando o localismo coruñés que restaria apoios á movilización. Pero será, sen dúbida, aos rexionalistas a quen se lles deberá a orientación galeguista que progresivamente, e con grandes dificuldades, como logo veremos, adquirirá finalmente o movimento da Xunta.

Neste sentido, o dia 27 de marzo o Comité Central Rexionalista nomea un representante seu na Xunta de Defensa de Galiza, AURELIANO RIBALTA, acordando-se a sua presenza por unanimidade en reunión da Xunta da mesma data. Deste xeito os rexionalistas posuian, ademais da representación na Xunta da Asociación rexionalista de A Cruña, un representante directo do Comité Central[15]. Na mensaxe lida por AURELIANO RIBALTA na sua presentación na Xunta de Defensa, volve-se reiterar a adesión dos rexionalistas á movilización e pon-se en coñecimento da Xunta os chamamentos do Comité Central Rexionalista cos comités locais:

11 MODESTO CASTILLA, cit., p. 65.

12 *La Voz de Galicia*, 26 de Marzo do 1893. O texto do Comité ourensán dicia: «Comité regionalista de Orense se adhiere acuerdos del Central y protesta indignado contra ultrajes inferidos a la Patria ¡Viva Galicia!. Fdo. GARCIA FERREIRO e NONDEDEU.

13 O comunicado do Comité Central rexionalista coas seguintes palabras:

«La honra de La Coruña es la honra de Galicia. ¡Adelante pues y viva Galicia!». *La Voz de Galicia*, 26 de Marzo do 1893.

14 Manifiesto *A Galicia* de RAMON PEREZ COSTALES, aprobado por a Xunta de Defensa no 24 de Marzo. MODESTO CASTILLA cit., p. 67. A man de PEREZ COSTALES, un dos federais mais próximos ao ideário galeguita, está presente ao longo de toda a proclama:

«La Junta de defensa, creada en La Coruña al calor del sentimiento popular, cree de su deber dirigir su voz a las cuatro provincias de la Región Gallega, para que hagan suya la causa que dio origen a su creación».

Suprimida la Capitanía General de Galicia con el decreto de las reformas militares y trasladado su centro a León, no es La Coruña sola, no, es Galicia entera la que ha sido herida en el corazón; que al corazón llegan las ofensas que a su dignidad ofendida, a su Historia olvidada, a su derecho escarnecido y pisoteado, reciben los pueblos... Estas cuatro provincias gallegas, esta pequeña patria, estos dos millones de españoles, que han contribuido siempre, tan sufridos como generosos, a escribir las más brillantes páginas de la epopeya nacional... Resistencia, resistencia gallega, fría pero firme, serena y meditada, pero tenaz. Galicia ha sufrido mucho, ha callado mucho y ha llegado la hora de la indignación...»

15 MODESTO CASTILLA, cti., p. 72.

«...a fin de que aunasen sus esfuerzos a los nuestros y protestasen como nosotros del despojo que se le hace a La Coruña y a la Región gallega, siempre elegida víctima propiciatoria para los desaciertos del poder central...»[16].

A partir deste momento, a incorporación dos rexionalistas ao núcleo do movimento da Xunta de Defensa será un feito, até o extremo de que, por riba de todas as presións que logo analizaremos detidamente, os comités rexionalistas serán os núcleos-eixo de apoio á Xunta de Defensa nas diferentes cidades galegas.

Asi, o dia 30 recebe-se un telegrama do *Comité rexionalista de Tui*, apoiando a movilización da Xunta de Defensa considerando-a como «la más hermosísima manifestación del patriotismo gallego»[17], firmado por FERNÁNDEZ HERVA e LAGO GONZÁLEZ. E o 2 de abril, o *Comité Central rexionalista* publica un manifesto: *El Comité Central regionalista a sus paisanos*, no que se chama á movilización de todos os galegos en apoio da Xunta de Defensa onde, tras discutir pormenorizadamente as razóns que en contra do traslado da Capitania existen, afirma-se que:

«...Bajo la apariencia de una cuestión local, se oculta para Galicia otra de orden superior... Afortunadamente, la grave y austera actitud de La Coruña, secundada por noble manera por las principales ciudades de Galicia, hará imposible el acto de fuerza que se intenta contra ella.

Por primera vez Galicia se sintió herida por la amenaza de maltratar una sola de sus poblaciones. Esto es tanto que en realidad constituye el gran milagro del regionalismo...»[18].

E frente ao temor de que o enfrentamento co goberno fose intepretado unha vez máis como acto arredista impulsado polos rexionalistas, deixa-se clarexado que:

«Galicia se enorgullece de ser una parte integrante de la Monarquía, que los gallegos queremos ser hoy y siempre españoles»[19].

Noutro orde de cousas, as represálias gubernamentais non se fixeron agardar. Precisamente en canto primeiro firmante do manifesto arriba citado, firmado asemade por BRAÑAS, TARRIO e CABEZA, a MURGUIA abriu-se-lle expediente no Reitorado da Universidade compostelá. En tanto que Director da Biblioteca da Universidade, e a sona atinguida polo manifesto saudado con xúbilo pola Xunta de Defensa, o Gobernador civil presionou ao Reitor da Universidade para que lle impuxese unha sanción como responsábel do escrito. A sanción proposta era o traslado a Xerona, que non se levóu posteriormente a cabo[20], sendo suspendido tres dias até que a Dirección Xeral de Instrución Pública non ordenase outra cousa, desconsiderando-se posteriormente a sanción. O próprio BRAÑAS foi tamén ex-

16 *Mensaxe do Comité Central rexionalista á Xunta de Defensa*, no que se explica o sentido e alcance da incorporación político-ideolóxica e organizativa da Asociación Regionalista á movilización da Xunta:

«¿Cómo los regionalitas, defensores de la autonomía regional y municipal, y que creen, por ende, que el poder del Estado debiera limitar su acción —y no es, por cierto, poco— a regir los intereses de la generalidad, sin perturbar ni coartar las funciones propias de los poderes locales, han de permanecer indiferentes ante la resolución con tan justa protesta recibida en La Coruña, que viene a herir respetabilísimos intereses, y que viene, sobre todo, a poner en evidencia cuan desamparados se encuentran nuestros derechos y cuan necesario se hace que todos los hombres de buena voluntad nos unamos para defenderlos?... Y no nos limitamos a esto, sino que hemos puesto y pondremos en práctica cuantos medios nos sugiera el amor a Galicia, para sostener lo que estimamos cuestión de honra para nuestra patria. Por esto, tan pronto llegó a nuestras manos el telegrama en que ustedes nos participaban la constitución de la Junta de Defensa, nos dirigimos a los Centros regionalistas de Catalunya, solicitando su cooperación, y a las Juntas regionalistas de Galicia, a fin de que aunasen sus esfuerzos a los nuestros y protestasen como nosotros del despojo que se hace a La Coruña y a la Región Galaica, siempre elegida para víctima propiciatoria de los desaciertos del Poder Central; y nos dirigimos también a las Diputaciones y Ayuntamientos gallegos, a los Diputados y Senadores de la Región, y al país en general, a fin de que secunden el movimiento de protesta, con tanto valor iniciado y sostenido por La Coruña...

Mucho complace a la Asociación regionalista que los pueblos empiecen a comprender que sólo pueden fiar a sí mismos y a su propio esfuerzo la defensa de todos sus intereses y la exaltación de todas sus glorias. A alentar tal movimiento deben dirigirse nuestros esfuerzos; a conseguir que los organismos regionales y locales gocen de libertad en cuanto les es propio y privativo, y no se hallen constantemente supeditados a los errores del Poder Central, se encaminan los trabajos de la Asociación Regionalista...» MODESTO CASTILLA, op. cit., pp. 73 e ss.

17 O telegrama do Comité rexionalista de Tui dicia:

«Comité regionalista de Tuy aplaude con entusiasmo acuerdos de esa Junta de Defensa, a la que saluda como la más hermosísima manifestación del patriotismo gallego ¡Viva Galicia!». Fdo. FERNANDEZ HERVA e LAGO GONZALEZ. *La Voz de Galicia*, 31 de Marzo do 1893.

18 *El Comité Central Regionalista de Galicia a sus paisanos*, Santiago, 2 de Abril do 1893.

19 Idem.

20 *La Unión Republicana*, Pontevedra, 19 de Maio do 1893. *Gaceta de Galicia*, 9 de Novembro do 1893.

pedientado polo Reitor da Universidade, por máis que se sobreseese posteriormente tal expediente[21].

A partir da redacción dos estatutos e a sua presentación ao Gobernador civil da Província para a sua aprobación —no que se presentaba a Xunta de Defensa como «Asociación de gallegos amantes de su país con el objeto de defender la dignidad y los intereses de Galicia, por los medios establecidos en la Constitución y las leyes, siempre que se consideren amenazados»[22]— encetaron as presións e represálias gubernamentais através precisamente do Goberno civil. Ademais da sanción a MURGUIA, BRAÑAS e CABEZA DE LEÓN, proibirón-se as reunións da Xunta de Defensa; o alcalde e máis a corporación foron advertidos e chamados a reconsiderar a sua actitude e mesmo a declarar perante o xuiz, dado que a sua dimisión non foi aceitada polo Gobernador. Ao alcalde XOSÉ SOTO impuxo-se-lle unha multa por dimisión non aceitada e, en xeral, a Xunta atopou-se coa oposición aberta —por via gubernativa e xudicial— ás suas actividades.

Perante este recrudecimento da oposición gubernativa á Xunta de Defensa, incrementou-se o apoio rexionalista á mesma. Os telegramas enviados polo Comité Central Rexionalista solicitando solidaridades, seguiron surtindo efeito, tanto no interior de Galizia, onde se continuaba a recebeг telegramas e cartas de adesión dos distintos comités rexionalistas, como desde fora, principalmente Catalunya. Asi, en abril o Comité Central da Asociación rexionalista recebeu, entro outros telegramas os da *Lliga de Catalunya,* dos *Catalanistas de Sabadell* e do *Centro Gallego* de Madrid.

A actividade de apoio dos rexionalistas á Xunta de Defensa traduce-se en feitos vários, dos que compre salientarmos alguns deles. Asi por exemplo, AURELIANO RIBALTA, representante do Comité central rexionalista na Xunta, enviou unha carta no seu nome aos deputados pedindo a derogación do Decreto do 22 de marzo[23].

FRANCISCO MARIA DE LA IGLESIA, Presidente da *Asociación rexionalista galega* na Cruña, foi nomeado *vocal* da Xunta de defensa perante o masivo apoio que a devandita Asociación prestaba á movilización na que SALVADOR GOLPE ocupaba un papel sobranceiro.

Pola sua banda, e desde Ourense, ALBERTO GARCIA FERREIRO, rexionalista demócrata e progresista, publica diversos artigos na prensa ourensana e rexional apoiando á Xunta e vencellando-a co movimento rexionalista. Para GARCIA FERREIRO a Capitania Xeral constituía un símbolo do autogoberno galego e o seu traslado un paso máis da política centralista para borrar a identidade diferenciada de Galiza. En *Galicia y La Coruña: hermoso despertar,* o vate ourensano escrebe que:

«Los regionalistas gallegos tenemos por bandera la tremolada por la Coruña... No defendemos mezquinos intereses de localidad, pequeños junto a *los intereses de la patria; defendemos lo poco que nos queda de nuestra organización política, militar, jurídica y social de otras épocas*»[24]. (Suliñado noso, R.M.).

Poucas liñas como as anteriores sintetizarian mellor a dirección dada polas rexionalistas ao movimento da Xunta de Defensa, que na perspectiva do Círculo de Artesáns da Cruña presentaba-se como un problema coruñés unicamente.

Durante o mes de Abril proseguiu aquela «hermosa insurrección administrativa»[25] na cidade da Cruña, radicalizando-se a medida que as xestións realizadas perto do Goberno polos deputados galegos e as cartas e telegramas non surtiran efeito algun e arreciaran as sancións e proibicións do Gobernador civil da Província.

Ponto álxido desta radicalización foi a preparación, prévia consulta dos comerciantes da Cruña, da *suspensión do pago ao Estado de toda contribución ou tributo*[26]. Medida que, pola sua radicalidade,

[21] Efectivamente, BRAÑAS e CABEZA DE LEON, ambos os dous como é sabido profesores da Facultade de Direito de Santiago, foron expedientados polo Reitorado da Universidade Compostelá por teren recibido a delegación da Xunta de Defensa de Galiza e, asi mesmo, firmar manifestos no seu apoio, o que foi considerado pola suprema autoridade académica como «acto de insubordinación a los poderes públicos». A intervención de VAZQUEZ DE MELLA no parlamento e a relación personal con VINCENTI, levaron ao Director Xeral de Instrución Pública a sobreseer o expediente. Cfr. CORES TRASMONTE, «Alfredo Brañas», *Gran Enciclopedia Gallega.*

[22] MARTINEZ ESPARIS, Carlos. *La Resistencia Gallega.* La Coruña, octubre de 1893, p. 18.

[23] *La Voz de Galicia*, 14 de abril do 1893, o texto pode verse en MODESTO CASTILLA, op. cit. pp. 97 e ss.

[24] ALBERTO GARCIA FERREIRO, «Galicia y La Coruña: hermoso despertar», *La Voz de Galicia*, 11 de abril do 1893. Onde se engade, vencellando ítimamente a Junta de Defensa coa traxectoria diferencial e Historia de Galicia:

«Equivocábanse de medio a medio los que pretendían quitarle importancia al hermoso movimiento patriótico de la liberal ciudad herculina; equivocábanse los que negaban autoridad a su Junta de Defensa, hidalga sucesora, a través de los siglos, de aquellas otras Juntas, constituidas en Galicia en horas de peligro para la patria...»

[25] Calificativo que lle da *La Voz de Galicia*, o 22 de Maio do 1893.

[26] MODESTO CASTILLA, op. cit., p. 125:

«Creyó la Junta por esta época oportuno conocer la opinión del comercio de La Coruña, para saber si acataría el acuerdo de aquella

plantexaria problemas á extensión do movimento, como imos ver de contado, no momento da sua formalización.

Neste mesmo orde de cousas, o 9 de Xuño celebrou-se un meeting na praza de touros e máis unha manifestación que congregou a perto de 20.000 coruñeses, amosando o nivel de enfrentamento e consolidación do movimento da Xunta[27].

Ollando a actitude pasiva das restantes cidades galegas, agás os apoios rexionalistas coa única excepción de Lugo, a Xunta de defensa decidiu ampliar as adesións internas en Galiza, en vista, tamén do fracaso final da discusión parlamentária do tema. Neste último sentido, somente apoiaron explicitamente as peticións coruñesas o Senador vitalício SÁNCHEZ BREGUA, xeneral retirado, e o Deputado SORS, mentres BECERRA e MONTERO RIOS, personalidades xurdias do partido liberal, nada fixeron a prol da movilización da Cruña, e ainda este último salientou a sua oposición á mesma através do nomeamento de xuíces especiais para xulgar aos compoñentes da Xunta[28].

Neste sentido, tratou-se de criar comités ou Xuntas de apoio á Xunta coruñesa nas diferentes cidades e vilas galegas. PÉREZ COSTALES, unha vez máis, foi o encarregado da redacción dun manifesto «A Galicia», no que se trataba de extender a movilización, esta vez xa de xeito explicitamente organizado:

«Es ya necesario que en todos los pueblos se organicen Juntas municipales de Defensa, que éstas nombren sus representantes en las provinciales y éstas a la vez en la Central Regional, para defendernos del agravio que intenta inferirse a la Región toda...»[29].

Coa entrada en funcionamento das comisións itinerantes, para as organizacións de Xuntas municipais de defensa, a movilización por causa da supresión de Capitania xeral atingue o seu ponto álxido. Expresivas da situación e do grado de enfrentamento aberto que se acadara na cidade da Cruña resultan as declaracións de PÉREZ COSTALES ao diário madrileño *El País:*

«Suspendida la vida municipal y provincial con la dimisión del Ayuntamiento y la Diputación; rota toda relación con el delegado del gobierno; tranquila la ciudad; inútiles los procesamientos incoados contra la Junta de Gobierno y su Presidente, habiéndose excusado ya, uno tras otro, cuatro jueces nombrados expresamente para dictar auto de prisión; decididos los propietarios, comerciantes e industriales a negarse al pago de todo tributo...»[30]

Precisamente esta última medida, que fora xa estudiada e consultada cos comerciantes herculinos, decidiu-se que fose levada á práctica o 28 de Xuño, publicando-se un solto sen firma, quizais por temor as represálias gubernamentais, nas que se chamaba a todos os comerciantes a *non pagar os impostos e contribucións* sob ameaza de seren declarados traidores á pátria[31].

Corporación, de suspender el pago al Estado de toda contribución y de todo tributo, y a este fin nombró una comisión en su seno, la cual, por medio de los presidentes de todos los gremios, tuvo la satisfacción de ver que, sin excepción alguna, todos los agremiados de la población hallábanse dispuestos a cumplir cuantas órdenes emanasen de la Junta de Defensa, la que acordó tener en cuenta esta determinación de todos los comerciantes, para usar de ella en el momento que creyese que las circunstancias lo exigían».

[27] MARTINEZ ESPARIS, C., op. cit., p. 14:

«... nadie pudo dudar de que aquellas veinte mil almas que recorrieron en manifestación majestuosa e imponente las calles de La Coruña, representaban la opinión de todas las clases sociales y eran la síntesis de las aspiraciones de Galicia».

[28] Tres xueces foron nomeados sucesivamente excusando-se un tras outro, alegando diversas causas, até que o Ministério tivo que nomear a un xuez especial traído de fora co mandato expreso de ditar autor de encarceramento dos membos da Xunta de Galiza.

[29] MODESTO CASTILLA, op. cit., p. 215. Nunhas declaracións de PEREZ COSTALES a *El País* de Madrid, afirmaba:

«A estas horas más Juntas municipales creadas por la espontaneidad de los pueblos mismos, que por la excitación de esta Junta Central, que en la necesidad de resistir a las dificultades que este Gobernador opuso en vano a su constitución, sólo pudo ahora enviar Comisiones a los distritos de La Coruña, El Ferrol y Santiago, recibiendo todos los días, sin embargo, noticia de numerosas Juntas constituidas que brotan sucesiva e simultáneamente por todas partes».

Málla a patente inexactitude e esaxeración das palabras de COSTALES, como veremos endiante, temos comprobado de xeito patente a criación dalgunhas Xuntas de Defensa antes da visita de nengunha Comisión da Xunta da Cruña. Nalgunha delas semella claro que as Xuntas se constituíron directamente sobre o núcleo rexionalista existente na localidade, noutros é-nos mal coñecida a xénese e base de partida destas Xuntas «espotáneas».

[30] Idem.

[31] O solto aludido tiña o seguinte contenido:

«En consideración a que el Poder Central continúa desoyendo las fuertes quejas que viene elevando esta Región para el restablecimiento del Centro Militar de que se le ha despojado con menosprecio de sus derechos y con vilipendio de su dignidad; estas Juntas que perseveran con más firmeza cada día en oponer toda clase de resistencias pasivas, han acordado lo siguiente:
Art. 1.º. Se suspende el pago de toda contribución directa al Estado y por consiguiente, los propietarios, fabricantes, industriales, comerciantes, abogados, médicos y farmacéuticos y todos aquellos que estén inscritos en el padrón industrial, se abstendrán de pagar las matrículas, sin perjuicio de que continúen ejerciendo sus respectivas industrias y profesiones.

Nestes instantes, de meirande radicalización da Xunta de Defensa, ten lugar un arrequento do protagonismo dos rexionalistas no seu interior. Neste orde de cousas é de grande interés a menxase rexionalista que o 10 de xuño o *Comité central rexionalista* dirixe á Xunta de Defensa poñendo-se unha vez máis do seu lado.

Apartado temporalmente MURGUIA da actividade política, perante as ameazas de sanción que sobre el pesaban, ocupa BRAÑAS o seu lugar na dirección da movilización rexionalista do momento. Precisamente a man deste último achara-se presente no estilo da mensaxe que comentamos e na que felicitando a Xunta polas últimas medidas tomadas, afirma que a Asociación rexionalista acha-se â beira da Xunta en todos os seus actos[32]. Pero será xustamente nos *acordos entre a «Asociación Regionalista» e a «Junta de Defensa de Galicia»*, únicos desta clase firmados pola Xunta de Defensa con outra organización, onde se manifesta o protagonismo que os rexionalistas tiveron na movilización que analizamos.

En efeito, nestes acordos contemplaban-se os seguintes extremos:

1. A consideración dos membros da Asociación rexionalista como *membros natos* da Xunta de Defensa.

2. Convocatória polas Xuntas rexionalistas da *criación das xuntas de defensa con base nas mesmas*[33].

Estes acordos non facian senón formalizar unha situación de feito que teremos ocasión de analizar con máis vagar en páxinas posteriores: a estrutura organizativa da Asociación rexionalista constituiria o eixo sobre o que se articularian moitas das Xuntas de Defensa Locais. O movimento rexionalista situaba-se deste xeito no corazón da movilización da Xunta de Defensa, pesando decisivamente —tanto no eido político como no organizativo— na sua orientación.

Como afirmara MURGUIA:

«La Coruña ha hecho más por el regionalismo en tres meses que todos sus propagandistas en 20 años. Debemos dar gracias a López Domínguez por sus desaciertos»[34].

A integración da movilización da Xunta de Defensa e o rexionalismo, mália a conservación dunha autonomia ampla verbo do mesmo, ao que non se pode reducir mecanicamente de ningun xeito, amosa-se, despois dos acordos co comité central de Santiago, como un feito material político-organizativo e non somente político-ideolóxico como até entón viñera sucedendo.

A diferenciación nídia entre o peso que o rexionalismo tiña na Xunta de Defensa e outros movimentos (carlismo, federalismo) fica demostrada polo diverso trato que, frente a outros sectores que apoioaron ao movimento, recebeu, especialmente nos acordos de referência. É sintomático neste orde de cousas unha comparación co partido federal. Apoiando este na cidade da Cruña (PÉREZ COSTELAES, PAZ NOVOA) a movilización e ocupando un lugar moi destacado na mesma, do mesmo xeito que en Santiago —onde o presidente do partido FERRO xogou un importante papel de adesión e solidaridade coa Cruña e contra as rivalidades localistas entre ambas as duas cidades— en ningun momento se chegou a un acordo semellante ao obtido polos rexionalistas. Ao analizarmos máis adiante os aspectos organizativos máis cinguidamente ao noso obxecto, voltaremos a considerar o tema.

Art. 2.º Los contraventores del artículo anterior serán declarados traidores a la Patria.
Junta de Defensa, 28 de Junio de 1899. Cfr. MODESTO CASTILLA cit., p. 234.

32 O texto da mensaxe era o seguinte:

«La Asociación regionalista gallega que ve con entusiasmo y gozo indecibles la actitud resuelta, digna y patriótica de esa Junta de Defensa y de todo el pueblo coruñés, acordó dirigirles el presente mensaje de felicitación por los últimos actos realizados, actos de verdadero civismo que ponen al hombre gallego a la altura que se merece.

Nada de temores ni de vacilaciones mientras las manifestaciones pacíficas, las protestas que se hacen y las reuniones populares que se celebren, se lleven a cabo en fuerza de los derechos individuales garantizados por la Constitución y las leyes vigentes.

¿No se dicen ellos los puros, los liberales, los demócratas? ¿Cómo se compadece ese espíritu de amplia democracia, que trajo al seno de la Monarquía a muchos enemigos de ella, con los procesamientos y amenazas de un pueblo que ejerce pacíficamente y sin provocaciones ni alteraciones de orden público, el derecho de manifestación?

Lo que hay es que hemos legado a la última evolución del parlamentarismo y las regiones están en el caso de defenderse.

No crea esa digna Junta de Defensa que las demás ciudadades y pueblos gallegos están dormidos o permanecen indiferentes. Es que reina la calma que precede a la tempestad. Sepan esto los coruñeses y confórteles y sírvales de aliento para continuar su épica campaña en defensa de nuestra tan vejada como sufrida Galicia.

La Asociación regionalista está por completo al lado de La Coruña y de su Junta de Defensa y la felicita por su actitud enérgica, pero contenida, dentro siempre de la legalidad, como son nuestro deseo y consejo, a fin de evitar que los enemigos, por vernos fuera de la ley, tengan razón contra nosotros».

Fdo. por ALFREDO BRAÑAS, CABEZA DE LEON, ANGEL PEDREIRA LABADIE, JOSE TARRIO GARCIA, MANUEL CACHEIRO, CARMELO CASTIÑEIRA ANTELO.

Santiago de Compostela, 10 de Xuño do 1893.

33 Os acordos de Santiago incluian, asemade, outros pontos de menor relevância, como a relación entre as diversas Xuntas de Defensa e a convocatória ás Asociacións rexionalistas para a constitución de Xuntas Locais e municipais. Cfr. *La Voz de Galicia*, 17 de Xuño do 1893.

34 En SALVADOR GOLPE, *De La Coruña a la cárcel, pasando por Galicia*, La Coruña, 1894, p. 28.

Polo demais, o labor ideolóxico dos rexionalistas en apoio da Xunta de Defensa de Galiza continuou desenvolvendo a sua eficácia ao interpretar a movilización como unha loita política contra o centralismo. Neste sentido, podemos citar entre outras intervencións na prensa un artigo de ALBERTE GARCIA FERREIRO titulado «La defensa de Galicia» que foi reproducido en diversos xornais galegos do momento, *Voz de Galicia, Unión Republicana* e o *Diario de Orense*, e tivo moita sona, tanto pola personalidade do seu autor cómo pola radicalidade do mesmo. Nel situa-se, como en poucas intervencións, ese intento de integrar no rexionalismo, de galeguizar o conflito da Capitania Xeral:

«Pocas veces hase manifestado tan briosamente el espíritu regional de nuestro pueblo... Parécenos asistir, al contemplar la exhuberante florescencia de estímulos e ideales patrióticos que se advierte en nuestra hidalga tierra, más que a una campaña en legítima defensa de nuestros intereses,... más que a una arizada en favor del mantenimiento de organismos seculares, necesarios de un modo indefectible para nuestra vida social, a la gloriosa resurección no por tardía menos admirable, de una gran nacionalidad... en cuya conciencia habíase como borrado la idea de patria, que subsiste a pesar de todos los desvaríos cosmopolitas y a despecho de todas las convencionales estruturas administrativas»[35].

Asemade, sumaron-se ao apoio da movilización tanto o «Centro Gallego» da Habana como o «Centro Gallego» de Madrid. Neste último, un grupo de galegos, entre os que se achaba CURROS, tratou de orgaizar un meeting de apoio á Xunta de Defensa, mais foi proibido polo Gobernador madrileño[36].

En definitva, podemos fixar do devandito que a incorporación do rexionalismo á Xunta de Defensa implicou tanto unha *reorientación galeguista* da mesma como un rexurdimento do movimento rexionalista ao atopar unha reivindicación contra unha agresión patente do centralismo con capacidade movilizadora. Como escreberia lucidamente CASAS FERNÁNDEZ por aquel tempo:

«las doctrinas regionalistas, si antiguas en Galicia no potentes por ahora en su manifestación,... pero el elemento circunstancial, que puede ser muchas veces principalísimo acicate para la vitalidad de las teorías, obró aquí, en nuestra tierra gallega, con tal eficacia, que bien puede asegurarse que a él se debe que el movimiento regionalista, antes lánguido y pausado, bien que bastante tenaz, se hubiese alentado con tan enérgicas fuerzas que casi llega a ofrecer aspecto alborotador y revolucionario»[37].

Volvendo á movilización na cidade da Cruña, é preciso salientar que as negociacións co Goberno achaban-se interrompidas no mes de Xuño perante a esixéncia que aquel trasladara através dos Deputados de que para chegar a calquer solución do conflito deberian depoñer os coruñeses a sua actitude, disolver a Xunta de Defensa e retirar a dimisión da Corporación.

35 ALBERTO GARCIA FERREIRO, «La Defensa de Galicia», *La Unión Republicana*, 26 de Xuño do 1893.

36 *La Voz de Galicia*, 23 e 25 de Xuño do 1893, onde se recolle o telegrama de CURROS ENRIQUEZ anunciando a celebración do mítin de apoio á Cruña e a final proibición do Gobernador civil.

37 M. CASAS FERNANDEZ, «Plática Regionalista». *La Voz de Galicia*, 8 de Xullo do 1893. A vinculación entre o rexionalismo e a Xunta de Defensa de Galiza amosa-se con claridade no artigo do xurista coruñés, no que figuran párrafos como o que segue:

«Nunca creí que doctrinas a las que vengo dedicando mi atención hace algún tiempo, hubieren, de modo brusco y repentino, alcanzado extraordinaria vida y pujanza maravillosa. Y es que, a pesar de reconocer que el regionalismo no es manifestación caprichosa de la biología social, sino que es el signo de una tendencia irresistible, inspirada en lógicas imposiciones de la vida de los pueblos...

Aquellas execrables maldiciones con que la insigne e inmortal ROSALIA anatematizó a España entera por el desdén con que se miraba el amor predilecto de su corazón, la encantadora Tierra Gallega, hubieron de pasar por los oídos de los gobernantes como notas vagas e indefinidas, que no tenían más inspiración que la sensiblería femenina. Y no se sospechó que en los cantos de la famosa autora de *Follas Novas*, latía y palpitaba el ansia justa de la legítima reivindicación de una personalidad regional humillada y escarnecida por la máquina demoledora de la absorbente centralización.

Esta ansia, más lógica y natural aquí que en otra región de la península, ya que en Galicia gravó con exagerado vigor la férrea maza del asfixiante unitarismo, no es, no, momentáneo capricho de poetas y escritores, sino que tiene inspiración en la tendencia a hoy general en todos los pueblos, de reintegrar su personalidad, reconstruir su vida, conservar su propia fisonomía...»

Unha similar valoración á de CASAS, pero procedente do campo anti-rexionalista, é a de PEDREIRA:

«El regionalismo en Galicia, hasta hace aproximadamente ocho meses, era un partido de gabinete, formado por tres periodistas chiflados, cuatro poestrastros excomulgados por Apolo, media docena de caballeros de industria literario-regional y dos catedráticos ambulantes, despechados por no poder conseguir un acta de Diputado y ávidos de hacer ruido a toda costa...

Pero posteriormente empezaron los regionalistas a hacer pinitos y se echaron a la calle, armaron sus motincillos, emprendieron apostólicos viajes de propaganda, formaron Juntas de defensa...»

El regionalismo en Galicia, Madrid, 1894, p. 13.

A actitude dos parlamentarios coruñeses por mor das suas ataduras de partido, foi ambígua, cando non abertamente reticente, sendo constantes as críticas que lles dirixian tanto a Xunta de Defensa como a Asociación rexionalista que enlazaba deste xeito co tema clásico no seu programa da necesidade de existéncia de Deputados galegos[38].

Finalmente, o dia 22, foi ditado, polo xuiz especial nomeado directamente por MONTERO RIOS ao efeito, auto de prisión contra os membros da Xunta, por non pagaren a fianza estabelecida no procesamento. Os primeiros en ingresar no cárcere foron SALVADOR GOLPE, PITA DA VEIGA e RODRÍGUEZ que integraban unha comisión da Xunta que recorrera as principais cidades galegas. En total, ingresaron en prisión 41 membros da Xunta de Defensa, o que motivou masivas manifestacións de apoio do pobo da Cruña, presentando-se centos de persoas no cuartel de Santo Domingo a visitar aos detidos, pechando-se o comercio e colocando-se crespóns negros nos balcóns das casas. Como o feito era agardado xa de tempo atrás, nomeou-se inmediatamente outra Xunta de Defensa que xa estaba prevista con anterioridade para que substituise á primeira. Nesta segunda Xunta de Defensa os rexionalistas do Comité da Cruña ocupaban postos moi destacados. Nela atopaban-se JUAN GOLPE, GALO SALINAS, FRANCISCO MARIA DE LA IGLESIA, e alguns outros[39].

Despois da celebración en Madrid dunha reunión entre os deputados ALSINA e SORS e o Fiscal da Cruña, os membros da Xunta son excarcelados con grande xúbilo da poboación coruñesa.

Renovadas as negociacións co Goberno, decide-se unha trégua no enfrentamento diante de firmes promesas de solución ao conflito[40]. En setembro visita oficialmente A Cruña unha delegación do Comite Central Rexionalista: BRAÑAS, CABEZA DE LEON o LEYES POSSE, co rexionalista catalán ALSINA prestando o seu apoio á causa.

Como queira que as sancións no se levantaran; fora do excarcelamento dos membros da Xunta, PEREZ COSTALES, en representación da Xunta, foi visitar ao gobernador amenazando coa non presentación de candidatos ás eleicións municipais que se tiñan que celebrar naquelas datas. En vista da firmeza adoptada pola Xunta e o apoio que esta tiña mesmo nos partidos turnantes de cidade, por orde directa desde Madrid foron sobreseídas as causas que se seguian contra o alcalde e os vocais da Xunta de Defensa[41].

Finalmente, chegou-se a un acordo parcial polo que provisionalmente se situaba a Capitania Xeral en León, con residéncia na Cruña e ao compromiso da pronta criación do oitavo corpo do exército. O acordo e as garantias que do seu cumprimento se deron, foron consideradas pola Xunta de Defensa como co cumprimento dos seus obxectivos e, tras vários meses de enfrentamento aberto, reincorporou-se a Corporación ao Concello, e deu-se por finalizada a movilización, con éxito final obtido ainda que ficasen receos pendentes pola non criación inmediata do oitavo corpo de Exército por dificuldades presupuestárias[42].

Endebén, e antes de analizarmos a organización e avatares da Xunta de Defensa a nivel galego, compre sintetizarmos unha avaliación parcial das relacións entre o movimento rexionalista e a Xunta.

En primeiro lugar, impon-se a constatación, fronte algunhas consideracións historiográficas[43], do feito de que a Xunta de Defensa nas suas orixes non foi un movimento-organización xurdido da interioridade da dinámica rexionalista, resultado da sua específica estratéxia. Dada a desmovilización e enfrentamento interno que atravesaban neses momentos ao rexionalismo galego, como ficou salientado no capítulo III, non se achaba este en condicións por si mesmo de encetar unha movilización coa radicalidade e homoxeneidade que revestiu a Xunta de Defensa desde os seus comenzos. Pola contra, a Xunta naceu como un movimento en princípio ao marxe do rexionalismo, como resposta da burguesia e sobre todo, pequeno burguesia da Cruña, contra a *aldraxe* á cidade e o perxuizo económico que a medida da supresión da Capitania xeral supuña. Proba diso será a unanimidade de partidos e grupos sociais encol do tema, chegando a englobar-se na movilización sectores dos próprios partidos turnantes e mesmo do partido liberal no poder.

A movilización, pois, tiña nun princípio un marcado carácter *localista* como é claramente perceptibel nas primeiras proclamas da Xunta até os manifestos redactados por PEREZ COSTALES e sobre todo antes da incidéncia do rexionalismo que suporán unha superación dos plantexamentos orixinários. Neste sentido, mália a iniciación do movimento da Xunta con exterioridade ao rexionalismo, resulta evidente que a incorporación deste á mesma deu-lle un alcance e unhas dimensións cuantitativas e cualitativas das que presumibelmente careceria de non se producir. Acontece neste caso algo moi semellante, salvas todas as distáncias, ao que ocurriria no alzamento de 1846, cando a intelligentsia provincialista, sumando-se a un pronunciamento liberal-progresista, lle deu un certo carácter galeguista[44]. Esta incidéncia do movimento rexionalista amosa-se claramente en dous niveis diferenciados.

No plano *político-ideolóxico* en primeiro lugar. O influxo da incorporación do rexionalismo á Xunta de Defensa é notábel, reorientando-a cara a superación do localismo inicial e inserindo-a no seo dunha máis vasta problemática galeguista como ficou documentado de xeito patente.

Será a presenza e eficácia do discurso rexionalista, da man dos seus membros, incorporados directamente na dirección do movimento como SALVADOR GOLPE, GARCIA FERREIRO, etc., asi como nos seus escritos, comunicados e manifestos en apoio da Xunta, a que *reoriente* ideoloxicamente o problema. A Capitania Xeral vencella-se asi coa realidade diferencial galega e a sua tradición histórica; deste xeito a sua supresión interpreta-se como un ataque frontal do Estado centralista aos últimos restos das próprias institucións de autogoberno.

Esta superación do localismo, ademais de achegar o movimento ás posicións rexionalistas, tivo importantes efeitos á hora de recabar apoios á movilización nouttras cidades, como imos ver axiña. Mais, porén, o localismo non chegou a desaparecer por completo da movilización e mantivo certo peso nela através de sectores como as capas medias coruñesas alleas en boa medida a plantexamentos «patrióticos». Paralelamente a esta *pregnáncia ideolóxica* da Xunta de defensa polo rexionalismo, é no eido *político-organizativo* onde a devandita presenza atinguiu meirande relevância.

O rexionalismo galego verqueu-se por completo a prol da Junta, poñendo todos os seus efectivos á disposición da mesma, asi como o aparato, feble pero eficaz, da Asociación rexionalista. Baixo o pulo do Comité Central, sito en Santiago —feito que compre valorar en todo o seu alcance se consideramos o tradicional antagonismo entre ambas as duas cidades— produciron-se adesións e pronunciamentos públicos a prol da Xunta en Tui, Pontevedra, Ourense, etc., asemade, a constitución das Xuntas de Defensa locais, fará-se sobre a base dos núcleos rexionalistas da Asociación.

Proba patente do degrau de vinculación do rexionalismo ao movimento da Xunta de Defensa, constitui-no ademais da grande cantidade de artigos, manifestos e proclamas neste sentido, os acordos de Santiago. O feito da integración automática dos rexionalistas nas Xuntas de Defensa acordadas neste pacto foi algo que nen siquera o partido federal, alguns de cuxos líderes dirixiron o movimento (PÉREZ COSTALES, PAZ NOVOA, MORENO BÁRCIA, PITA DA VEIGA...) atingiu debido precisamente á sua non participación explícita como organización.

Altamente sintomático deste protagonismo dos rexionalistas e da superación e reorientacion galeguista do localismo na movilización, son as referéncias que ESPARIS recolle no seu folleto explicativo da Xunta de Defensa. En efeito, ESPARIS critica-lle ao rexionalismo, precisamente, a vontade de lle dar un *contido político* global anticentralista á movilización da Xunta de Defensa:

«¿No hay nada de política en las ideas regionalistas? Entonces ¿a qué hablar del gobierno de la región por la región? ¿a qué pensar en constituciones y en leyes y en Cortes y en todo eso que constituye el programa?... ¿Tiende el regionalismo a establecer sobre tales o cuales bases la vida pública regional? ¿quiere que el sentimiento de amor a la región se manifieste precisamente con el ropaje de una idea des-

38 Cfr. neste orde de cousas, o editorial de *La Voz de Galicia* de 19 de Maio do 1893: «Lo que Galicia quiere»:

«Todos los representantes de las Cortes, sean del partido que fueren, deben oponerse al proyecto de LOPEZ DOMINGUEZ... pues son antes representantes *gallegos* que de su partido o provincia».

39 MODESTO CASTILLA, op. cit., p. 403 e ss.

40 *La Voz de Galicia*, 25, 26, 27, 28 e 29 de Xullo do 1893. *El Telegrama*, 28 de Xullo do 1893.

41 *La Voz de Galicia*, 2 de Agosto do 1893.

42 MARTINEZ ESPARIS, *La Resistencia Gallega*, cit. p. 58:

«Se ha conseguido el reconocimiento abundosísimo de nuestro derecho. Se ha conseguido un compromiso solemne del partido conservador, manifestado en las enmiendas SANCHIZ y SUAREZ VALDES y ratificado, más tarde, por el Sr. ROMERO ROBLEDO. Se ha conseguido una promesa reiterada del Partido Liberal. Se ha conseguido que no nos llevaran la Capitanía General. Este es el hecho. El Comandante Jefe del Séptimo Cuerpo de Ejército reside en La Coruña, antepuesta a León y Valladolid.

Y en estas condiciones, bien podemos esperar la creación del Octavo Cuerpo del Ejército para Galicia.

Empero, con ser esto mucho, resulta que se ha conseguido más, mucho más, inmensamente más.

Galicia... la siempre sufrida... comienza a despertar, comienza a sacudir la melena para continuar su Historia...»

43 XUSTO G. BERAMENDI, *Vicente Risco no nacionalismo galego*, cit., p. 69.

44 BARREIRO FERNANDEZ, *El alzamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo* cit. passim, e mantendo en pé as diferenzas de pregnáncia político-ideolóxicas que o provincialismo tivo no alzamento do -46 e o que aqui analizamos do rexionalismo.

centralizadora y viva a la sombra de un sistema federativo?... la campaña es política, el nuevo partido político nace...»[45].

Polo demais, se a incorporación do rexionalismo implicou a galeguización e o afortecimento organizativo e movilizador do movimento da Xunta de Defensa, a sua participación nela, tivo importantes efeitos no rexionalismo como movimento. Así, a Xunta constituíu-se en elemento aglutinante das fraccións e superador das contradicións entre elas, xenerando unha reorganización dos efectivos da Asociación rexionalista e a sua posta en marcha despois de moitos meses de inactividade[46].

Por outra banda, a presenza dun estímulo externo, a agresión centralista que supuña a privación da Capitania Xeral, inducia unha *movilización de resposta* e *pontual*, de presión para a reforma do decreto que facilitaba a incorporación dos rexionalistas á actividade política. O comportamento como *grupo de presión* en contra de determinadas medidas esixia un nivel máis baixo de madurez e homoxeneidade do rexionalismo como forza social actuante na escena política que, por exemplo, unha presentación ás eleicións que precisaria dun programa e uns médios políticos e económicos que os rexionalistas lonxe estaban de posuir de seu.

O impulso que a Xunta de Defensa de Galiza daria ao movimento rexionalista —ao que amosaria a necesidade de actuación política organizada, dun programa definido, de incorporar problemáticas sentidas popularmente— non seria alleo a pronta aparición de novas fórmulas organizativas, especialmente na cidade da Cruña, do movimento rexionalista. Non é certamente casual que a constitución da *Liga Regionalista*, o máis sério intento de contar os rexionalistas cunha organización política dotada de programa e estatutos, producira-se poucos meses despois de finalizada a movilización da Xunta de Defensa. Asi e todo, para finalizarmos esta avaliación compre deixar clarexado que, pésia a reorientación e peso do rexionalismo na configuración final do movimento da Xunta, de ningun xeito se pode reducir mecanicamente aquela a unha manifestación *exclusivamente* rexionalista. É preciso dar conta do carácter de movilización *unitária* contra a decisión gubernamental que a Xunta de Defensa tiña. Carácter unitário e plural que incluía non só o apoio de partidos antisistema, como o federal e o carlista, senón que chegou a contar co apoio dos partidos gubernamentais, especialmente na cidade da Cruña, onde o problema se vivia de máis perto. E polo que se refere ao partido conservador, polo feito de que os liberais se achaban daquela no goberno.

A recondución do movimento da Xunta á mera e lineal manifestación do rexionalismo impediria dar conta da verdadeira relación que o movimento rexionalista mantivo coa devandita movilización, importante pero limitada, como da relación coa mesma do modo de dominación da restauración e o seu sistema de partidos. O feito de que o discurso e organización rexionalista pregnara notoriamente as máis importantes manifestacións da Xunta, non pode conducirnos ao equívoco de considerar a esta como unha organización e movimento equiparábel á Asociación rexionalista ou á Liga rexionalista, feitos internos exclusivamente ao rexionalismo. Será precisamente o desenvolvimento da movilización da Xunta de Defensa nas outras cidades galegas o que amose de xeito patente esta presenza rexionalista e a colisión co modo de dominación da Restauración e o seu sistema de partidos.

B. A organización da Xunta de Defensa a nivel galego.

Tras o plantexamento da supresión da Capitania Xeral como un problema de Galiza, orientación na que, como ficou asinalado, o papel xogado polos rexionalistas resultou decisivo, a Xunta de Defensa precisou traducir nun suporte organizativo esa galeguidade do tema.

Daí que a partir do manifesto *a Galiza*, escrito por PÉREZ COSTALES[47] se tratase de criar Xuntas de Defensa a nivel municipal con representantes na provincia e, á sua vez, das provinciais na Xunta de Defensa Central. Neste sentido, formaron-se comisións itinerantes[48] que percorren diversas localidades galegas facendo propaganda da Xunta de Defensa,

45 MARTINEZ ESPARIS, C. op. cit., p. 75.

46 No diário madrileño *El País*, que tiña enviado corresponsais á Galiza co gallo da movilización da Xunta de Defensa, facia-se por aquel tempo unha alta valoración da funcionalidade dinamizadora que a Xunta supuxera para un rexionalismo como o galego que desde Madrid se presentaba:

> «... verdad es que de algunos años a esta parte se ha despertado en aquel país una aspiración regionalista con escasísima tendencia al separatismo, si bien científica y relegada a algún que otro etnógrafo y sin eco alguno en las masas...» *El País*, 12 de xuño do 1893.

47 *A Galicia*, de PEREZ COSTALES cit.

48 MODESTO CASTILLA, op. cit., p. 78.

explicando as motivacións do movimento e criando, ali onde atopaban o apoio mínimo indispensábel, Xuntas de Defensa locais. Asi unha primeira comisión integrada por PÉREZ COSTALES, SALVADOR GOLPE, AGUSTIN CORRAL e REY CALVO, trasladou-se a Betanzos onde pronunciaron un mitin nos salóns da sociedade *El Liceo*, elexindo-se por aclamación unha Xunta de Defensa, a primeira despois da da Cruña, cuxa integración resulta altamente significativa do poder movilizador que a cuestión tiña mesmo no seo dos partidos da Restauración. A Xunta estaba composta por:

AGUSTIN LEIS CERNADAS, Presidente do Comité fusionista.
MANUEL SÁNCHEZ CORDERO, Presidente do Comité conservador.
JOSE PORTO GARCIA, Presidente do Comité republicano.
ANTONIO SEOANE ROCHA, Presidente do Liceo Recreativo, comerciante.
JUAN GOMEZ NAVAZA, Director de «Las Mariñas».
HIPOLITO CARMES, párroco de Santiago.
ANTOLIN MELENDEZ, párroco de Santa María.
BERNARDO PORTO, párroco de Nuestra Sra del Camino[49].

Como se deduce claramente da enumeración anterior, a supresión da Capitania constituía un elemento concitador de adesións mesmo nos próprios partidos turnantes na Cruña e alrededores.

A Composición das xuntas doutras localidades amosa un componente parecido agás unha cuestión, na presenza de elementos oficiais, como mostra as xuntas de defensa de Padrón[50] ou As Pontes de Garcia Rodríguez[51], que logo veremos con máis vagar ao analizarmos a composición e integración social das xuntas. O caso é que, ben através de comisión, ben espontaneamente ou con base en núcleos rexionalistas, foron criando-se xuntas locais en Ferrol, Sada, Oleiros, Oza, Curtis, Pontedeume, e nos núcleos de poboación achegados xeograficamente á Cruña.

De certo interés, por amosar unha vez máis canto vimos afirmando nas páxinas anteriores, verbo da importáncia do rexionalismo desde o ponto de vista organizativo na constitución das Xuntas de Defensa, resulta o proceso de constitución de Xuntas como a de Ferrol e a de Mondeñedo, ao marxe de calquer visita de comisión itinerante ou similar. Efectivamente, polo que respeita ao Ferrol, o Comité rexionalista ali existente convocou un mitin o 14 de xuño no que se acordou a constitución dunha Xunta de Defensa en apoio da Cruña e acordou-se nomear como representante da mesma ao federal SANTIAGO DE LA IGLESIA, cursando-se telegramas de adesión á mesma e ao *Comitê Central Rexionalista*[52].

Máis interesante é o caso de Mondoñedo. En efeito, tráta-se aqui na creación da Xunta municipal de defensa, ademais do protagonismo dos rexionalistas, de resaltarmos o vencellamento que co partido federal tiñan estes. Asi, os membros e simpatizantes do partido federal de Mondoñedo agrupaban-se arredor do diário *El Baluarte de Galicia*, dirixido por GARCIA DORIGA. Xunto a el achaban-se: LEIRAS PULPEIRO, NORIEGA VARELA, TEODORO FERRO, JOSE BARJA e JULIO RODRIGUEZ MEIRA. Pois ben, este núcleo republicano-federal experimenta un achegamento as posicións rexionalistas que será patente en LEIRAS PULPEIRO e mesmo NORIEGA VARELA. Nese sentido, El Baluarte publicará, co gallo da movilización da Xunta de Defensa da Cruña, unha série de artigos que recordan os plantexamentos de PEREIRA:

> «Somos regionalistas ¡sí!... estamos siempre al lado de aquél que mejor sostenga la honra de nuestro pueblo... para nosotros no hay caciquismo, para nosotros no hay más que el bien de Galicia, de esta Galicia esquilmada y oprimida»[53].

Achegamento ao rexionalismo que non ficou na mera identificación ideolóxica senón que se traduciu na criación dun *Comitê rexionalista*[54] vencellado ao Comité Central e integrado polo núcleo que militaba e simpatizaba co partido republicano federal. No mesmo mes de Xullo, *El Baluarte* publicaba un artigo dun dos seus redactores, J. BARJA, no que se afirmaba taxativamente:

> «Si; sólo el regionalismo puede salvar a Galicia y hasta a España entera. Sólo con él puede conseguirse enjugar la Deu-

49 Idem.

50 Idem, p. 168.

51 Ibídem.

52 *El Telegrama*, 1 de Xullo do 1893, tomado de *La Democracia* de Ferrol —15 de Xuño do 1893— publica o texto do Comité rexionalista da cidade:

> «Regionalistas, saludan pueblo de Ferrol adhiriéndose acuerdos meeting. Viva Unión Gallega. Adelante Hermanos ¡Viva Galicia!».

53 En *El Telegrama* 3 de Xullo do 1893, «Por Galicia» que remata: Viva Galicia, Viva el Regionalismo, Vivan todas las ciudades de la Pequeña Patria!

da pública, sólo con el florecerá la industria que tan atrasada se halla en nuestra desventurada España y muy especialmente en nuestra abatida Galicia...»[54].

E, dias despois, un artigo de NORIEGA VARELA, titulado «Peligra La Coruña», remataba coa explícita frase seguinte:

«Lides regionalistas a la lucha, que peligra la Pequña Patria»[55].

Vencellamento dos plantexamentos federais e rexionalistas que se mantiveron alén da movilización da Xunta de Defensa como o testemuña o feito de que este mesmo núcleo rexionalista mindoniense organizase, o 21 de San Lucas de 1895, un certame literário rexionalista cuxo xurado estaba composto por MURGUIA, PONDAL, PEREZ BALLESTEROS, MARTINEZ SALAZAR e VICTORINO NOVO da Liga Gallega na Cruña[56].

En definitiva, o núcleo de Mondoñedo constitui un caso máis de converxéncia de federalismo e rexionalismo, no que se articulan os valores galeguistas a un programa de fonda descentralización e democratización do Estado, asi como de modernización económica de Galiza. A actuación política do Comité rexionalista de Mondoñedo co gallo da Xunta de Defensa, e a posterior organización duns Xogos Florais rexionalistas, vai-se prolongar na obra literária dos dous importantes poetas galegos que nel se integraban: NORIEGA VARELA e LEIRAS PULPEIRO[57].

A vinculación deste último ao rexionalismo produciu-se simultaneamente coa sua presenza en órgaos directivos do partido federal, en concreto no conselIo federal galego, e coa sua presenza activa como representante eleito por Lugo na Asamblea federal de 1887 na que se redactou o *Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego*[58], o que implicaba un caso de dobre militáncia semellante ao de AURELIANO PEREIRA. Mais adiante, veremos outras manifestacións da militáncia rexionalista de LEIRAS PULPEIRO co gallo da criación da Academia Gallega[59], que somente atinguen todo o seu significado se se relacionan coa traxectória federorexionalista anterior, xeneralmente descoñecida. Unha vez máis as relacións entre rexionalismo e federalismo amosan en concreto esa *cercania* e *converxéncia* que, lonxe de revestir un carácter episódico, agroman reiteradamente através de diversas experiéncias histórico-concretas.

Volvendo agora á movilización da Xunta de Defensa a nivel galego, que deixáramos no momento en que empezaran a actuar as comisións en procura de apoios e organización de Xuntas locais, non tardarian en se producir os primeiros problemas de enfrentamentos cos partidos turnantes.

Seria precisamente en Santiago onde terian lugar as primeiras colisións. En efeito, unha comisión integrada por PEREZ COSTALES, BARRIE y LOZANO, foi enviada desde A Cruña co gallo de organizar unha Xunta de Defensa e estabelecer os acordos xa mencionados co Comité Central rexionalista. Recebida con entusiasmo polos rexionalistas santiagueses até o ponto de seren sancionados polo Reitor BRAÑAS e CABEZA, a comisión foi presentada publicamente por ALFREDO BRAÑAS no Centro Escolar, constituindo-se seguidamente a Xunta de Defensa da localidade e convocando-se un mitin para o dia seguinte no mesmo Centro escolar que se achaba baixo o influxo dos rexionalistas e nomeadamente o próprio BRAÑAS. Mais o proxectado mitin foi boicoteado por alborotadores pagos polo partido monterista que obrigaron á suspensión, por parte do alcalde, do devandito acto. Ademais, os monteristas conseguiron que a Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago se pronunciase contra a Xunta de Defensa da Cruña, e a *Gaceta de Galicia* criticaba duramente desde as suas páxinas a chegada da comisión, asi como o apoio que lle brindaba o Comité central rexionalista[60]. En vista dos acontecimentos a

[54] *El Telegrama*, 5 de Xullo do 1893.

[55] *El Telegrama*, 7 de Xullo do 1893.

[56] Resultou premiado nel NORIEGA VARELA pola sua composición «De Ruada», posteriormente incluída en *Montañesas*, marzo, 1904. Cfr. CARBALLO CALERO, *Historia da literatura galega contemporánea*, cit., p. 523.

[57] Obra tinxida de fonda preocupoación social campesinista, en especial a de LEIRAS que amosa un carácter máis crítico, patriótico e anticlerical que a de NORIEGA, Cfr. CARBALLO CALERO, cit., p. 437.

[58] Membro do Consello Federal, LEIRAS participa nas discusións do «Proyecto de Constitución para el Futuro Estado Gallego», como se pode comprobar nas Actas da Asamblea de 1887. *Asamblea Federal de la Región Gallega: Actas y Acuerdos de la Asamblea*. La Coruña, 1887, pp. 39 e ss.

[59] Membro de número da Académia desde a sua fundación, LEIRAS participaria activamente nos labores da sua organización e doaria, asemade, un «vocabulario galego-castelán», a prol da confección dun dicionário galego.

[60] A *Gaceta de Galicia* tras apoiar os primeiros pasos da movilización coruñesa (cfr. os dias 15, 16, 17, 18, 22... de Marzo do 1893) pasa a combaté-la decididamente seguindo a disciplina que lle impuña a sua filiación monterista. Asi, o 5 de Abril do 1893 critica abertamente o apoio dos rexionalistas composteláns á Xunta de Galiza:

«Los que llamándose apóstoles del regionalismo se adhieran a la petición de nuestros vecinos que ni es patriota ni es regional...»

comisión tivo que sair de Santiago, non sen deixar criada unha Xunta de Defensa e enviar á prensa favorábel unha mensaxe redactada por PÉREZ COSTALES, na que se afirmaba entre outras cousas:

«Santiago, donde existe un Comité Central regionalista, que defiende los intereses de esta pequeña patria, compuesto de ilustres pensadores y eminentes sociólogos, honra y gloria del país que los vió nacer, *ha de ser hoy el cerebro de este organismo en la región toda*, para que ésta consiga vida vigorosa y lozana, sin verse abrumada por los poderes centrales absorbentes, que como hasta quí la atrofien y aniquilen[61] (suliñado noso R. M.).

Mensaxe que, xuntamente cos acordos firmados entre a Xunta e o Comité polo que os membros da Asociación se convertian automaticamente en membros das Xuntas de defensa, introducia ao rexionalismo no eixo central da movilización.

Pero seria o 19 de xuño cando se criaría unha comisión itinerante que teria como obxectivo recorrer as principais cidades galegas e fundar nelas Xuntas de defensa en apoio da da Cruña. Achaba-se a devandita comisión integrada por rexionalistas e republicanos. SALVADOR GOLPE, PITA DA VEIGA, JOSE RODRIGUEZ MARTINEZ e EDUARDO CARRICARTE. Resulta de sumo interés o recorrido desta comisión polas diversas cidades galegas porque constitui un auténtico «test» da situación e apoios con que contaba o rexionalismo asi como da sua relación co modo de dominación da Restauración.

En Santiago de Compostela a comisión atopou-se coa oposición sistemática dos elementos monteristas e o seu voceiro *La Gaceta de Galicia* mália que o seu proprietário tiña vínculos con BRAÑAS e algun outro rexionalista santiagués[62]. A Xunta de Defensa de Santiago achaba-se constituida por[63]:

FRANCISCO ROMERO BLANCO, Catedrático da Universidade.
ADOLFO DE LA PEÑA, ex alcalde e abogado.
ALFREDO BRAÑAS, catedrático de dereito.
SALVADOR CABEZA DE LEON, profesor de dereito.
JOSE TARRIO GARCIA, médico e escritor.
FELIPE GUTIERREZ DE LA PEÑA, abogado.
MANUEL REY, proprietário.
ANGEL ALLONES, proprietário.
JOSE FERRO, industrial e Presidente Comité Partido Federal.
VICENTE NAVEIRA, industrial.
JOSE C. OTERO, industrial.
JOSE PEÑA, profesor, catedrático da Escola de Artes e Oficios.
ROMÁN PEREIRO, farmacéutico.
MANUEL GARCIA CASTRO, abogado.
URBANO GONZALEZ, pintor.
FRANCISCO VILLELGA, comerciante.
SANTIAGO MARTÍNEZ, comerciante.
ANTONIO FERNANDEZ, Director de «El Alcance».
MARIANO CRISMÁN, Director de «El Pensamiento Galaico»
JOSE GARCIA SUAREZ, profesor.
Presidente del Centro Escolar Jesús Fuentes.
Presidente de Juventud Republicana.

Por ordes do arzobispado, tres sacerdotes que se aderiran nun princípio á Xunta de Defensa, tiveron posteriormente que borrar o seu nome da lista por máis que seguiron a apoiar o movimento. Tratábase de: PORTAL GONZALEZ, coengo da catedral, PATO, párroco da Corticela e MARTÍNEZ MUNIN, párroco de Santa Maria do Camiño[64].

Non serian estas a únicas presións que se recebeton para restar apoios á Xunta de Defensa, basta lembrar o cámbio de actitude da *Gaceta de Galicia* que, despois de informar durante uns dias obxectivamente da situación da Cruña, pasou a combate-la con grande agresividade[65], asi como as ameazas e expedientes a MURGUIA que o obrigaron a certa pasividade forzosa nos acontecimentos, dada a «tiránica presión oficial que le impide manejar la pluma»[66], e os expedientes abertos a BRAÑAS e CABEZA. Serian estas as primeiras actuacións do partido no goberno contra a movilización da Xunta de Defensa que coñecerian diversas modalidades, e progresiva radicalización, a medida que o movimento atinguia meirande implantación e firmeza.

Noutro orde de cousas, o apoio rexionalista en Santiago á Xunta de Defensa chegou ao extremo de

E o 14 de Xuño do 1893, opon-se á presenza da Comisión enviada desde a Cruña co gallo da criación dunha Xunta de Defensa na localidade.

[61] Os feitos están recollidos por *El Pensamiento Galaico*, 15 de Xuño do 1893.

[62] *El Alcance*, 31 de Xullo do 1893. BIBIANO FERNANDEZ, propietário da *Gaceta de Galicia*, á sazón dirixida por un fillo seu, amosará-se afervoado partidário de «la salvadora bandera del regionalismo, única manera de hacer patria...»

[63] SALVADOR GOLPE, *De La Coruña a la cárcel, pasando por Galicia*. La Coruña, 1894, P. 55.

[64] MODESTO CASTILLA, op. cit., p. 177.

[65] Apartir do 5 de Abril do 1893.

[66] Recollida textualmente por SALVADOR GOLPE, op. cit., p. 56.

fundación dun xornal centrado na movilización en curso. Asi, o 16 de xullo de 1893 enceta a sua publicación en Santiago *El Regionalista* da man dos estudantes rexionalistas vencellados ao Comité Central[67] e dirixido por MANUEL ALVAREZ AREAL. Desde este xornal e na clásica óptica rexionalista vencella-se a cuestión da Capitania coa problemática global de dependéncia e sometimento de Galiza:

«los sucesos a que da lugar el pretendido despojo que se trata de hacer a Galicia por el centralismo administrativo, suprimiendo uno de los organismos que mejor retratan a una región, ha dado a la idea que yacía como dormida y una de las ciudades que ha tomado con entusiasmo la formación de este partido ha sido La Coruña quien con viril entereza y cívico patriotismo ha mandado comisiones a todos los puntos de Galicia para unión de todos los gallegos...»[68].

Polo demais, a hexemonia dos plantexamentos tradicionalistas na cidade de Santiago amosa-se con claridade nalgunhas intervencións deste xornal, debidas a estudantes que chegarian sen dúbida ao rexionalismo da man do maxistério de BRAÑAS:

«Si bien es cierto que con la implantación en nuestra patria de ese remedo, de esa caricatura del parlamentarismo inglés que en mala hora se ha introducido en España... ni un solo día ha dejado Galicia de gemir por sus pasadas libertades...»[69].

En definitiva, o recoñecimento da cuestión da Capitania como cuestión galega por riba de todo localismo (presente con forza na Galiza da época diante da falta de homoxeneización económica e o retraso de urbanización e comunicacións) permitiu conscientemente ao rexionalismo capitalizar politicamente a movilización e reorganizar-se superando as divisións internas que o tiñan sumido nun impasse.

A viaxe da Comisión proseguiu despois fundando en Padrón a correspondente Xunta de Defensa[70] e dirixindo-se posteriormente a Pontevedra co mesmo fin. Nesta cidade apoiaban á movilización da Cruña os xornais: *La Unión Republicana* (dirixido por VALENTIN PEÑA), *La Unidad democrática* (dirixido por SEVERINO PÉREZ), e *El Criterio Gallego* (diário católico dirixido por HIPÓLITO CODESIDO); e opoñian-se á constitución da Xunta de Defensa *La Correspondencia* (dirixido por un membro do partido conservador e ao mesmo tempo da Asociación rexionalista: AUGUSTO G. BESADA) e *El Diario de Pontevedra* (de clara orientación monterista).

En definitiva, un panorama de forzas políticas a favor e en contra moi semellante ao de Santiago, se ben con algunhas excepcións de interés. Os membros da Comisión, seguidos pola policia gubernativa todo o tempo, receberon naqueles dias unha visita de MURGUIA en sinal de apoio co labor que faguian, visita que polas especiais circunstáncias e ameazas que pesaban sobre o líder rexionalista, non se pudo traducir en intervencións públcas nos mitins que se celebraron[71].

Asi e todo, o dato máis significativo cicais residi-se na negativa de apoio á Xunta de defensa por parte de AUGUSTO G. BESADA, distinguido rexionalista do grupo fundador da Asociación rexionalista e dos primeiros Xogos florais, célebre abogado agora e asemade director real de *La Correspondencia*. Este dado resulta ainda mais significativo cando se considera a vinculación que este membro do comité rexionalista de Pontevedra mantiña co partido conservador, que por non achar-se no goberno, apoiaba en xeral aos da Xunta de Defensa. O feito resulta altamente exemplificador daquelas alusións de GALO SALINAS alguns anos antes:

«Respecto del regionalismo y de las manifestaciones de su existencia dadas por *algunos regionalistas afiliados a diversos partidos de la política nacional, y por lo tanto sujetos a más o menos extremada dependencia...*»[72] (Suliñado noso. R. M.).

En efeito, por vez primeira, que non última, na movilización da Xunta de Defensa dában-se interferéncias entre o sistema de partidos da Restauración e a Asociación rexionalista. Até que ponto este sistema integraba un elemento conxunto do modo de dominación da Restauración, fica clarexado coas razóns

[67] *El Regionalista*. Comezou a editar-se o 16 de Xullo do 1893 en Santiago de Compostela. O seu subtítulo era: «Revista semanal defensora de los intereses morales y materiales de Galicia». No seu primer número autodefine-se como «semanario dedicado sólo y exclusivamente a difundir y propagar la idea regionalista».

De *El Regionalista* saíron somente uns poucos números, que non podemos fixar con exactitude, non existindo xa no ano 1894.

[68] *El Regionalista* cit., n.° 1.

[69] «El Regionalismo despierta», por V. LOPEZ MOSQUERA, en *El Regionalista*, n.° 1 cit.

[70] SALVADOR GOLPE, op. cot., p. 64.

[71] GOLPE, idem. p. 122, relata como mentres se celebraba o «meeting» constitutivo da Xunta de Defensa Local de Pontevedra, MURGUIA ve-se obrigado a permanecer na fonda onde paraba o se reunian os membros da Xunta de Defensa.

[72] GALO SALINAS, «Declinación Gallega», *Gaceta de Galicia*, 2 de Decembro do 1892, onde agroma outravolta a necesidade dos rexionalistas de contaren cun próprio *partido político* actuante na escena galega a prol dun próprio espazo político.

que levaban a BESADA, sendo conservador, e polo tanto «a priori» contendente dos monteristas, a negar o seu apoio á Xunta de Defensa. En efeito, os motivos que residian na sua actitude debian-se segundo explicita SALVADOR GOLPE, presidente da Comisión, á existéncia de:

«Ciertas combinaciones electorales entre fusionistas y conservadores en que jugaba el distrito de La Cañiza, habiéndose adquirido ciertos compromisos»[73].

Deste xeito, o sistema de partidos da Restauración impoñia-se por riba da própria política rexionalista promovendo a desarticulación da mesma diante dos seus próprios intereses. O intento político de consolidar un movimento plural no que coupesen todas as orientacións políticas achaba-se aqui diante dunha limitación patente: a penetración capilar e global do modo de dominación da Restauración[74].

Debe-se valorar, asimesmo, o feito de que unha tal interferéncia entre as lealdades ao partido conservador e ao movimento rexionalista se produza non tan só cos liberais no poder, senón no feudo monterista por exceléncia que era Pontevedra.

As dificuldades de agregación de apoios, de disolución das lealdades estabelecidas cos partidos turnantes e a articulación dunha base de masas ao rexionalismo, convertian-se neste terreno en elementos decisivos para conseaguir os seus obxectivos. Non obstante, a Xunta atopou o apoio en Pontevedra de MANUEL BECERRA ARMESTO[75], home independente e rico proprietário que empregou todo o seu prestíxio en presentar e apoiar aos membros da Comisión e que contrarrestou a campaña contrária desencadeada por RIESTRA, o cacique liberal monterista de Pontevedra. Asemade, *La Unión Republicana* apoiou a movilización asi como o partido federal de Pontevedra[76], sobre os que organizativamente caiu o maior peso da movilización na cidade ante a tremenda presión que exerceron através dos máis diversos médios —ameazas, notas anónimas, alborotos, etc.— os partidos turnantes.

Viva mostra das presións recebidas constitui-na a deservión da Asociación Rexionalista de Pontevedra que non apoiou organizativamente á constitución da Xunta de Defensa, sumando-se somente a título individual algun dos seus membros, e incumprindo asi as directrices do Comité Central. Neste orde de cousas, constituen un gráfico testemuño das coaccións e ameazas que se dirixiron aos simpatizantes da Xunta de Defensa as dimisións forzadas de dous dos membros da Xunta de Defensa con posterioridade á sua constitución. En efeito, os abogados FELIPE RUZA e CARLOS VALLE, foron forzados para que abandonasen a Xunta de Defensa de Pontevedra, por procedimentos antidemocráticos, que para *La Unión Republicana* constituían «prueba bien inequívoca de la presión que el caciquismo ejerce en esta localidad»[77].

Estas intimidacións, dirixidas polos monteristas contra a Comisión e a Xunta, remataron co boicot do mítin de fundación da Xunta de defensa, organizando un alboroto que «obligou» ao delegado gobernativo a suspender o acto[78]. Asi e todo, constituíu-se unha Xunta de Defensa municipal de Pontevedra integrada por[79]: Presidente: MANUEL BECERRA ARMESTO, proprietário: ANGEL LIMESES, abogado; PEDRO RODRÍGUEZ, párroco de San Bartolomé; ANTONIO LOIMIL, párroco de Santa Maria; JOAQUIN PIÑEIRO, médico; JOAQUIN BUCETA SOLLA, Procurador; SEVERINO PÉREZ, Director de «La Unidad Democrática»; HIPÓLITO CODESIDO, Director de «El criterio Gallego»; VALENTIN PEÑA, Director de «La Unión Republicana»; DANIEL BERROS PINTOS, procurador; VALENTIN GARCIA ESCUEDERO, notário; EDUARDO GARRIDO, abogado; FRANCISCO ZAGALA, fotógrafo; ROGELIO LOIS, Presidente da «Asociación protectora del obrero»; CELESTINO POZA COBAS, médico; PRUDENCIO OTERO SÁNCHEZ, Deputado provincial; EMILIO COUTO, periodista; JOSE OTERO, Presidente do «Comité Republicano de Coalición»; FERNANDO OLMEDO, comerciante; MANUEL CASAS, abogado; JUAN NOVOA, médico; ANSELMO MARTIN, industrial; JOSE JUNCAL, profesor de primeiro ensino; JOSE QUIROGA, comerciante; RAMÓN VÁZQUEZ GARZA, comerciante; ENRIQUE EIRAS, farmacéutico; EVARISTO CUIÑAS, comerciante; JESUS MURUAIS,

[73] SALVADOR GOLPE, op. cit., p. 80.

[74] O obxectivo de «saltar» o sistema de partidos da Restauración na procura dun próprio espazo político «rexionalista» semellaba daquela quimérico na perspectiva de flebez organizativa do rexionalismo e ante a falta de disolución das lealtades aos partidos turnantes.

[75] MANUEL BECERRA era irmán de JOSE BECERRA, colaborador de «La Izquierda Dinástica» e primo de JOAQUIN BECERRA, candidato a senador por Pontevedra polo partido conservador, derrotado nas últimas eleicións polo cunero SPOTTORNO.

[76] *La Unión Republicana*, 26 de Xuño do 1893, «La Defensa de Galicia» e o 19 de Xullo do mesmo ano «El regionalismo despierta» de GARCIA FERREIRO e LOPEZ MOSQUERA respectivamente.

[77] *La Unión Republicana*, 27 de Xuño do 1893.

[78] SALVADOR GOLPE, op. cit., p. 129 e ss.

[79] Idem, p. 120.

catedrático; MANUEL MONTES, comerciante; JOSE LORES SANZ, médico; CELESTINO LOPEZ DE CASTRO, médico; VICENTE GARCIA TEMES, abogado; GERMAN PEDROSA, industrial; EMILIO BOULLOSA, comerciante; ROGELIO NUÑEZ, perito; JOSE SEQUEIROS, abogado.

En Ourense, a comisión itinerante atoparia-se também con problemas no interior do próprio comité rexionalista ourensano. Asi, dias antes de chegar á cidade das burgas, GOLPE, RODRIGUEZ e PITA DA VEIGA, diante das presións dos partidos turnantes o *Comité Rexionalista ourensano* fai-lles chegar unha nota na que nega o seu apoio á constitución da Xunta de Defensa de Ourense, en virtude do estado da opinión pública da cidade e chega a pedir que non se presente a comisión en Ourense[80]. O próprio VALENTIN LAMAS CARVAJAL, presidente honorário, como é sabido, da Asociación Rexionalista local, ridiculizou nunha das suas «mostacillas» á comisión desde as páxinas de *El Eco de Orense:*

> «Una fiesta patriotera
> tenemos en perspectiva
> y habrá gaitas y cohetes
> y hasta vivas
>
> En estos benditos tiempos
> el entusiasmo en Galicia
> ya como el pan, por hornadas
> se fabrica»[81].

As presións que o partido conservador, a fracción de VICENTE PEREZ, fixera sobre LAMAS CARVAJAL, eran xeneralizábeis aos dous partidos turnantes. De feito toda a prensa ourensá, liberal ou conservadora, estaba en contra da Xunta, agás o periódico carlista *La Lealtad,* dirixido por VALENTIN NOVOA[82]. Mesmo o periódico *El Derecho,* liberal con tendéncias republicanas federais, dirixido por NONDEDEU, membro da Asociación rexionalista, achaba-se reducido ao siléncio diante das presións recebidas, e o seu director viu-se precisado a abandonar a cidade dous dias antes da chegada da comisión.

Asi e todo, a comisión enceta o seu traballo e, tras entrevistar-se longamente con LAMAS CARVAJAL, onde se explicitan as coaccións que a prensa ourensá está a receber dos xefes dos partidos do turno pacífico, este decide apoiar implicitamente a movilización desde as páxinas do seu periódico[83]. Despois de longas conversas, a comisión, expoñendo a importancia do tema e a actitude do Comité central e os rexionalistas de A Cruña e Santiago, logrou a colaboración do comité rexionalista ourensano.

As dificuldades de romper o entramado da Restauración, de vencer parcialmente o seu modo de dominación nas diferentes cidades galegas, amosa o longo vieiro político a recorrer polo rexionalismo como movimento cara a consecución dunha mínima substancialidade política, dun espazo político própio. As palabras de SALVADOR GOLPE comentando os acontecimentos de Pontevedra e Ourense, constituen a mellor mostra das relacións de poder con que se achaban os rexionalistas na sua tarefa:

> «La política lo domina todo... Ya no son la libertad y la democracia las que encienden y avivan las inteligencias, las que mueven a los hombres en busca del progreso y bienestar de los pueblos... No es la política... sino mandar y utilizarse del poder para fines particulares. Eso representa para unos un acta de Diputado o Senador, sin gastos, que les autoriza para bullir y crecer en los centros oficiales, poniéndose en condiciones de ser Director General, Subsecretario, Teniente General o tal vez Ministro; para otros, un puesto en la Diputación provincial o en el Ayuntamiento... y para los más, la dirección de uno o varios Ayuntamientos, con la protección oficial y el presupuesto a sus órdenes, mero y mixto imperio, señorío sobre la libertad y haciendas de sus prójimos, derecho de repartir palos y contribuciones, y otros gajes, privilegios e inmunidades»[84].

[80] A mensaxe por a Comisión intinerante da Xunta de Defensa enviada polos rexionalistas ourensáns, dicia exactamente:

> «Se ha reunido el Comité regionalista de Orense, habiendo acordado por unanimidad, en vista del estado de la opinión pública, telegrafiar a los de la Junta de Defensa de La Coruña... manifestándoles que el Comité de Orense no tomará parte en los trabajos para la constitución de la Junta de Defensa y que considera oportuno desistan de su venida a esta ciudad». SALVADOR GOLPE, op. cit., p. 140.

[81] *El Eco de Orense*, 26, de Xuño do 1893.

[82] SALVADOR GOLPE, op. cit., 250 e ss.

[83] Até que ponto chegaba a «conspiración de siléncio» tecida en arredor da Comisión da Xunta de Defensa que GARCIA FERREIRO falou de milagre cando LAMAS CARVAJAL decidiu, ainda que con patentes reticéncias, colaborar cos rexionalistas, publicando un editorial no seu periódico no que se dicia entre outras cousas:

> «En todo lo que se refiere a la defensa de los intereses de la Región Gallega, y prescindiendo de soluciones hijas de las circunstancias o de un *regionalismo exagerado*, en todo cuanto tienda a volver por el prestigio y por la prosperidad de Galicia pueden contar con nuestro decidido e incondicional apoyo... *más determinados acuerdos adoptados por la mencionada Junta nos vedan que nos coloquemos resueltamente a su lado*», *El Eco de Orense*, 28 de Xullo de 1893 (subliñado noso, R. M.).

As alusións ás medidas de impago de impostos e as alusións a «regionalismo exagerado» por parte de LAMAS, situa-nos cumpridamente o debecimento do rexionalismo ourensán sob a presión da política oficial dos partidos turnantes.

O entramado do modo de dominación da Restauración alzaba-se como unha bandeira infranqueábel diante da febleza organizativa da Asociación rexionalista, da sua falta de apoios, do seu carácter de pequenos núcleos, ás veces enfrentados, de intelectuais e pequena burguesia.

Co apoio de VALENTIN NOVOA de *La Lealtad*[85], que como carlista participaba da movilización contra o goberno liberal desde posicións pararexionalistas, foi sen dúbida a actividade de ALBERTO GARCIA FERREIRO, nomeadamente, a que ocupou un lugar máis destacábel na organización da Xunta de Defensa ourensá.

En vista das ameazas que pesaban sobre o director de *El Derecho,* diário onde colaboraba habitualmente o poeta rexionalista, GARCIA FERREIRO, o rexionalista máis activo do núcleo ourensán e indiscutibel líder do mesmo, fundou un periódico rexionalista destinado centralmente ao apoio da causa da Xunta de Defensa: *La Defensa de Galicia.* Este diário constituíu o máximo defensor da constitución da Xunta e mália a sua corta duración, constituíu un factor fundamental para vencer as últimas reticéncias dos rexionalistas como LAMAS CARVAJAL, para quen o alzamento da Cruña era excesivamente radical[86], aceitando finalmente figurar na Xunta de Defensa. Esta ficou, ao cabo, constituída do xeito seguinte: TOMAS PORTABALES, chantre da Catedral; VALENTIN NOVOA, Director de «La Lealtad»; VALENTIN LAMAS CARVAJAL, Director de «El Eco de Orense»; AGUSTIN RICARDO RODRIGUEZ, presbítero; ISAAC VAZQUEZ AMOR, escritor; ALBERTO GARCIA FERREIRO, Director de «La Defensa de Galicia»; LUIS QUINTÁNS, médico; JOSE MARIA IGLESIAS RODRIGUEZ, comerciante; MARCIAL GUTIERREZ, industrial; HIGINIO AMEIJEIRAS, profesor; ARTURO ALONSO SEIJO, proprietário; JOSE MOURE GIL, industrial; CANDIDO CERREDA, industrial; FRANCISCO J. PAZ NOVOA, médico; MANUEL LABARTA, farmacéutico; ANDRES PERILLE, comerciante; PABLO GARITA, fotógrafo; EMILIO ASTRAY, proprietário; RAMÓN ACUÑA, industrial; ALBERTO ROMERO, abogado; SALVADOR NOVOA, industrial; FRANCISCO ALVAREZ, coengo; HERÁCLIO PÉREZ PLACER, médico e escritor; VICTOR ÁLVAREZ NOVOA, coronel retirado; FRANCISCO A. FERRER, escritor; FELIPE QUERO, médico; RAMON PARADA, pintor; GAUDÉNCIO MOURE, industrial; MANUEL DIEGUEZ, ex Deputado provincial; MANUEL A. ADANZA, coengo, CELEDONIO OSORIO, Deputado provincial; JOSE MENDEZ, proprietário; LUIS DIEGUEZ GAYON, abogado; BRAULIO GARRIDO, comerciante; EMILIO LOVIT, proprietario; GONZALO MADRIGAL, farmacéutico; MANUEL PAZOS, presbítero; LUCIANO CID HERMIDA, Director de «La Voz Pública»; RAMON M. VALENCIA, comerciante; MANUEL VAZQUEZ, médico; ERNESTO GARCIA VELASCO, Deputado provincial; HERMENEGILDO RODRIGUEZ, impresor; GONZALO FEIJOO, procurador; EMILIO MOURENZA, Deputado provincial.

En definitiva, o que non se conseguira en Pontevedra, quebrar coas coaccións dos partidos turnantes sobre os membros da Asociación rexionalista, desagregar os seus apoios e vencella-dos á Xunta, foi logrado en Ourense pola Comisión, grácias á actuación do rexionalista GARCIA FERREIRO o seu colaborador HERACLIO PEREZ PLACER, do carlista-rexionalista VALENTIN NOVOA, e posteriormente de LAMAS CARVAJAL[87].

Máis tarde, a Comisión dirixiu-se a Tui, onde se contaba co apoio decidido do Comité Rexionalista local e do xornal católico tradicionalista *La Integridad,* e do núcleo republicano federal da vila. Unha vez máis, rexionalistas, republicanos, e carlistas configuraban-se como a base plural sobre a que se

[84] SALVADOR GOLPE, op. cit., p. 188.

[85] VALENTIN NOVOA, nado en Ourense no 1823 e morto o 29 de Outubro do 1895, abogado e periodista, posuia unha longa traxectória como carlita sendo perseguido e desterrado en diversas ocasións. Ten un libro de versos *Resposta ao rechamo*, en galego, Ourense, 1875, e estivo perto do rexionalismo tradicionalista de BRAÑAS.

[86] ALBERTO GARCIA FERREIRO, nado en Ourense no 1860 e morto o 9 de Febreiro do 1902, avogado, poeta e periodista de ideoloxia demócrata e progresista, moi próximo ao partido republicano-federal, constituíu, sen dúbida, un dos elementos rexionalistas máis importantes na cidade de Ourense, colaborando na Asociación e na Xunta de Defensa. É autor de tres libros de pemas en galego: *Chorimas*, La Coruña (Biblioteca Gallega), 1890, *Volvoretas*, Ourense, 1887) e *Follas de papel*, Ourense, 1892.

HERACLIO PEREZ PLACER, colaborador de FERREIRO, nado no 1866, foi médico e poeta e un dos rexionalistas mais activos do núcleo ourensán.

[87] Segundo afirma GOLPE, o principal obstáculo que achou a Comisión tras as primeiras conversas, residia na radicalidade que para LAMAS supuña a medida de supresión do pago de impostos: unha vez clarexada que se referia únicamente á cidade da Cruña, desapareceron os receos deste. SALVADOR GOLPE, op.cit., pp. 309 e ss.

asentaria a Xunta de Defensa[88]. Ficou integrada esta última do seguinte xeito: JUAN ALVAREZ CORDERO, farmacéutico; ROQUE MARTINEZ, proprietário; JUSTO SALVADOR FORTES, Director de «La Integridad»; TELMO FERNANDEZ VILA, médico; DONATO MOURE, industrial; JUAN ARESES, farmacéutico; JOSE DIAZ, industrial; JOSE MARIA PEREZ, industrial; IGNACIO PEREZ, industrial; IGNACIO NOGUEIRA RENDO, comerciante; IGNACIO FERREIRA, industrial; JOSE NOVAS, industrial; JOSE GANDARA, comerciante; JOSE LAGO MACEIRA, industrial; JUAN M. LAGO MACEIRA, proprietário; MANUEL GONZALEZ IGLESIAS, proprietário; EVARISTO AREAL, proprietário; ROSENDO TRONCOSO, administrador de «La Integridad»; ANTONIO GUIMARE, cirurxián; RICARDO ABUNDANCIA, procurador; PELAGIO ALVAREZ, procurador; FRANCISCO BARREIRO, industrial; MANUEL GOMEZ, industrial; ABUNDIO FERNANDEZ, comerciante; JOSE PINO, proprietário; SANTOS POMBO, comerciante; JOSE COMESAÑA, proprietário; JOAQUIN GONZALEZ, comerciante; JOSE M. SANCHEZ PRIETO, industrial; JOSE CONS ESTEVEZ, proprietário; BENINI CIDA, proprietário; MANUEL MARTINEZ POSSE, mestre capela; ABUNDIO ARGIBAY, industrial; ANTONIO CERVIÑO, crego; MANUEL LAGO, crego, FRANCISCO G. NOVAS, catedrático seminário; MANUEL COMESAÑA, presbítero; FRANCISCO COMESAÑA, beneficiado; MANUEL A. NUÑEZ, notário eclesiastico; VICENTE GARCIA RIVERA, abogado; MANUEL GARCIA RIVERA, abogado.

E de interés resaltar que a Comisión itinerante enviada pola Xunta de Defensa da Cruña fora directamente a Tui sen pasar por Vigo, cidade á que xamais se pensou ir. A marxinación da cidade de Vigo, verbo da movilización da Xunta de Defensa, enlaza coa marxinación observábel da devandita cidade no movimento rexionalista. En efeito, a Asociación rexionalista galega non contou cun comité local en Vigo e nos Xogos Florais de Tui, vila na que sempre houbo un núcleo rexionalista de orientación tradicionalista, a única colaboración que pudemos documentar é a contribución económica de GARCIA BARBON, no ano 1891.

Nos primeiros tempos do rexionalismo, o xornal vigués *El Independiente* apoia a movilización rexionalista con alguns artigos, mais logo perde-se todo contacto coa movilización. Anos máis tarde, co gallo da Xunta de Defensa, volve acontecer o mesmo, a inexisténcia dunha Asociación rexionalista viguesa deixa á cidade ao marxe do movimento xuntista. Somente neste caso consta nas fontes por nós examinadas o apoio que ao movimento prestaba o acaudalado proprietário vigués PEDRO MOLINS, e a oposición de *La Concordia*.

Difícil é avantar unha hipótese minimamente fundamentada que dé conta das razóns que subxacen a esta marxinación do movimento rexionalista da cidade que está a coñecer daquela o meirande desenvolvimento industrial de Galiza en base ao pulo das pescarias, conservas e estaleiros[89] e que contaba coa burguesia máis dinámica de Galiza. Entre as razóns que poden ser aducidas figuran: a inexisténcia dunha tradición pequeno-burguesa vinculada historicamente ao galeguismo como ocorria na Cruña ou Santiago; a orixe catalá dos sectores máis importantes da burguesia conserveira; a própria configuración desta industria fortemente dependente do exterior e certamente allea a Galiza tanto na provisión de matérias primas (agás do peixe) que eran importadas: folla de lata, aceite; e o próprio mercado que era nunha alta porcentaxe exterior a Galiza; finalmente, a própria capacidade de presión como grupo autónomo desta burguesia en Madrid, resolvendo directamente os seus conflitos no interior do aparello da Restauración sen necesidade dun próprio partido político[90], dada a capacidade de incidéncia através dos partidos turnantes.

[88] Difícil mellor referéncia dos apoios cos que atopaba a Comisión, así como da oposición á mesma que os seguintes párrafos de GOLPE:

«... el clero incondicionalmente a nuestro lado, los elementos carlista y republicano decididos partidarios del movimiento regional, los organismos oficiales hostiles, los fusionistas y conservadores, contuberniados... por encima de los intereses de la Región y la Patria». Op. cit., p. 387.

[89] XAN CARMONA BADIA, *A quiebra da industria tradicional e ausencia de alternativas industriais na Galicia do século XIX*, cit. Refere como apartir de 1885 e até 1904, ten lugar en Vigo a consolidación das industrias conserveiras cos correspondentes efeitos sobre a industria de estaleiros e as próprias pescarias. A introdución do vapor e a aparición de talleres de transformados metalúrxicos conferiron á cidade de Vigo, a finais do século XIX, un carácter economicamente dinámico e progresivo, pp. 376 e ss.

[90] A eficácia da integración no aparato da Restauración destes sectores para a defensa dos seus intereses fica patentizada polas viaxes a Madrid de representantes dos conserveiros cando xurde algun problema, actuando como un grupo de presión interno ao sistema.

Neste sentido, entre outras referéncias que se poderian dar en apoio desta hipótese, *El Telegrama*, do 16 de Abril do 1884, refere como «Se han reunido en Santiago de paso para Madrid todos los dueños de fábricas conserveras establecidas en las Rías Bajas... para gestionar del Gobierno la rebaja en el precio en la Hoja de lata que emplean para los recipientes en donde envasan sus materias alimenticias».

Todos estes elementos promoverian a non necesidade e pouca permeabilidade destes sectores ás interpelacións rexionalistas e á sua marxinación do movimento rexionalista que nada aportaria aos intereses económicos, políticos e ideolóxicos desta burguesia. O enfrentamento cos partidos turnantes, co entramado da Restauración, seria contraditório coa sólita solución dos problemas através do modo de dominación da Restauración, na que se achaban integrados. Deste xeito, o sector máis moderno e dinámico da burguesia galega amosaba unhas condicións estruturais de posibilidade de recepción das propostas rexionalistas especialmente difíceis, que rematarian por provocar unha alleidade nas suas diversas etapas (Asociación rexionalista, Xunta de Defensa, Liga rexionalista) ao movimento rexionalista galego.

A falta da incorporación destes sectores ao rexionalismo —que é preciso enmarcar tanto nas condicións estruturais e de clase citadas, como no proprio carácter difuso, vago e mesmo contraditório que a presenza dos sectores tradicionalistas de Santiago e Tui daban ao movimento e a falta de programas político-económico concretos— privaron á movilización rexionalista dos sectores máis dinámicos economicamente da burguesia máis modernizadora de Galiza. A hipoteca que isto supuña para o desenvolvimento e implantación do movimento, para o seu éxito final, amosa-se xa a estas alturas, no próprio ponto álxido da movilización da Xunta de Defensa con toda claridade.

Noutro orde de cousas, se na cidade de Vigo a marxinación do movimento revestia caracteres de apatia e desinterés do tema, moi distinto era o caso de Lugo. Nesta cidade, a oposición activa ao movimento era total, e á cabeza da mesma achaba-se *El Regional*, xornal até habia pouco portavoz do federo-rexionalismo, dirixido entón por AMOR MEILAN que, xuntamente con AURELIANO J. PEREIRA, era membro do comité da Asociación rexionalista local, pero que sairan no ano 1892 do partido federal para integrarse no liberal-fusionista. Unha vez máis, a disciplina e dominación dos partidos turnantes vai sobrepoñer-se por riba das lealtades rexionalistas colisionando coa movilización da Xunta e rompendo as liñas de actuación asinaladas polo Comité Central. Velaí a máis clara mostra da penetración e solidez do modo de dominación da Restauración e as febles bases, cuantitativas e cualitativas, sobre as que se alzaba a organización rexionalista, que non superaba, ou facia-o con grandes dificuldades, a «política» estabelecida.

Asi pois, *El Regional* ia-se converter nun dos xornais máis opostos á Xunta de Defensa até o ponto de que a Comisión da Cruña xa non chegou a estar na cidade de Lugo. Así, nun editorial titulado «Ni regionalismo ni separatismo», mantendo o redactor anónimo de El Regional a autotitulación de rexionalista, critica a radicalidade do enfrentamento da Cruña contra o goberno e nega que a movilización teña un carácter alén do meramente coruñesista:

«El regionalismo que hasta hoy solo se había manifestado en certámenes literarios, salió ahora a plaza después de haber dejado pasar gran número de ocasiones en que podía dar gallardas muestras de su valor. No censuramos, antes encontramos muy puesta en razón, la protesta de los regionalistas como tales; pero ¿pueden adherirse a un movimiento separatista que no tiene de serio sino el momento en que se inicia?[91].

Semellantes argumentacións repetian-se ao longo dos meses que duraria a movilización da Xunta de Defensa. Por unha banda, mostra-se mália a vinculación rexionalista de *El Regional,* un certo distanciamento do movimento rexionalista en base á falta de acción política práctica, apoio de masas e incidéncia real do mesmo que fica sendo un movimento de intelectuais e poetas. Por outra banda, a crítica da radicalización da movilización da Cruña: a dimisión da corporación, a negativa a pagar impostos que non ten, a xuizo dos redactores de *El Regional* un carácter rexionalista senón localista coruñés. E, en definitiva, a militáncia fusionista de PEREIRA en canto supón que a integración no entramado da Restauración amósa-se incompatíbel, a diferenza do que acontecia coa federal, coa participación coerente e non condicionada no movimento rexionalista. Deste xeito, as fidelidades fusionistas impeden de feito a PEREIRA, MEILAN e ao grupo rexionalista de Lugo, participar na ocasión máis propícia para realizar política «práctica» e con incidéncia que se lle presentara á Asociación rexionalista en toda a sua existéncia[92].

Asemade, o enfrentamento coas decisións do Co-

[91] *El Regional*, 2 de Abril do 1893.

[92] Pola contra, a campaña de *El Regional* contra a movilización da Xunta de Defensa, en base ás lealtades partidárias liberal-fusionistas dos seus redactores, adquirira caracteres de grande acritude. En «A los Sres. Costales, Golpe e Iglesia Pacio», 14 de Xuño do 1893, acusa-se de radicalismo antigubernamental aos coruñeses pola radicalidade da sua movilización:

«Constrastando con la mesura de otras poblaciones (Burgos, Granada), vosotros os habeis declarado en abierta rebeldía desde el primer momento, habeis agotado el repertorio de los denuestos y de los insultos contra los mismos a quienes pedías justicia y aún nació en La Coruña la idea de que dicha capital se acogiera al protectorado inglés...»

mité central rexionalista no referente á Xunta de Defensa, suporán un grande deterioro da relación orgánica co rexionalismo do núcleo lucense, —que ainda será máis forte despois da instalación en Madrid de PEREIRA— que ficará reducido a un feble posicionamento ideolóxico rexionalista pero alleo ás posteriores organizacións do movimento: a Liga rexionalista[93].

Estreitamente vencellado a este deterioro será a perda progresiva do marcado carácter orgánico-rexionalista que posuía *El Regional* que, tras da crise co gallo da Xunta de Defensa somente recollera algúns artigos de temática rexionalista de MEILAN e sobre todo de PEREIRA desde Madrid, en inervencións ailladas.

Resulta realmente paradóxico, á vez que profundamente significativo das dificuldades reais que tiña que superar o movimento rexionalista galego, nunhas dificilísimas condicións estruturais de posibilidade, que precisamente o momento en que, co gallo da Xunta de Defensa, os rexionalistas pasan á acción político-organizativa directa, ao enfrentamento cos partidos turnantes, co caciquismo, co cunerismo, o máximo defensor desa liña de acción durante anos se atope ao marxe da mesma. Precisamente a partir da sua militáncia fusionista, PEREIRA abandonará, por razóns persoais[94] pero sobre todo *políticas*, o rexionalismo politicamente activo para ficar no que el antes tanto criticara: o rexionalismo ideolóxico e literário, nas suas intervencións esporádicas en *El Regional* e outros médios[95].

A colisión que a integración nos partidos turnantes da Restauración inducia na militáncia rexionalista de AUGUSTO G. BESADA e LAMAS CARVAJAL, reveste no caso de PEREIRA a sua máxima expresión, amosando a orixinária lucidez deste último cando entendia que a consolidación dun proxecto de *Unión Galega* non podia substituir sen a existéncia dun espazo político de seu que dese substantividade e base de masas (o campesiñado e pequena burguesia) ao movimento. Paradóxica ironia do destino, seria el, ao cabo duns anos, quen mellor exemplificaria a incompatibilidade do rexionalismo coa política oficial.

A incongruéncia final entre unha militáncia rexionalista, de defensa dos intereses de Galiza, e unha integración nos partidos turnantes, foi posta de relevo no caso de PEREIRA por *El Telegrama*, diário republicano da Cruña, vello compañeiro de andanzas de *El Regional*. En efeito, *El Telegrama* sempre amosará unha especial cercania á ideoloxia galeguista como se pode comprobar nunha leitura do mesmo nos finais do setenta e oitenta co emprego sistemático de terminoloxia rexionalista: «rexión», «pequena patria», «patria gallega», etc., que mesmo se traducia na adopción como lema do periódico do rexionalista «Deus fratesque Gallaeciae».

En definitiva, *El Telegrama* constitui, ainda que nun grau menor que *El Baluarte de Galicia* ou *El Regional*, un exemplo máis de certa aproximación e converxéncia do federalismo co galeguismo, claramente perceptíbel nalguns federais da Cruña, como

En «La Coruña, El Ferrol, Lugo y el resto de Galicia», 16 de Xuño do 1893, apoia-se ao xornal monterista de Ferrol *El Correo Gallego*, que critica a movilización da Xunta e engade-se:

> «... fuera de La Coruña no puede haber quien se asocie a un movimiento en que se habla de independencia, protectorados extranjeros y otras tonterías...»

E en «La verdad a La Coruña», 29 de Xuño do 1893, volve-se insistir nunha estreita perspectiva localista que agacha as verdadeiras razóns políticas que tras dela residen:

> «... quiere obligatse a Galicia entera a que secunde los planes de La Coruña. No le basta a la capital absorber todos los elementos de vida imaginables...»

93 Distanciamento craramente visíbel en editoriais como «El regionalismo en al cárcel», 4 de Outubro do 1893. A asociación do rexionalismo á Xunta de Defensa chegou a ser tan íntima no ponto álxido da movilización que *El Regional*, precisado de se enfrentar a esta última, distancia-se patentemente do outro:

> «Entonces pedíamos la libertad de propaganda para el regionalismo y en esa misma petición nos afirmamos hoy. Los regionalistas presos son más de temer que los que se hallan en libertad. No tenemos para asegurarnos en esta opinión si no recordar los sucesos de La Coruña...»

94 Compre ter presente neste orde de cousas qe o distanciamento de PEREIRA do rexionalismo político en activo produce-se tras a irrupción de diferentes factores que compre salientar:

— A gravidade da crise interna do partido federal, dividido arredor de temas tan decisivos como a política de alianzas, a estrutura organizativa, etc.

— A derrota inapelábel e conseguinte marxinación das propostas de PEREIRA no seo da Asociación rexionalista levada por mor da sua dinámica interna cara a posicións e estratexias diferentes.

— A própria crise e fracaso da Asociación no arrequento de apoios sociais para o rexionalismo, ficando reducida ao núcleo inicial dos seus iniciadores.

95 *El Telegrama*, 18 de Xuño do 1888.

MORENO BARCIA, mesmo PEREZ COSTALES e ainda PAZ NOVOA, para os que o tema de Galiza ocupaba un primeiro plano político e mesmo organizativo, como se traduce nas polémicas no interior do partido ou nos manifestos de MORENO BARCIA (autor da minuta do *Proyecto de constitución del futuro estado gallego)* ou de PEREZ COSTALES.

Pois ben, *El Telegrama* apropia-se da cuestión da Capitania transformando-a xa desde o princípio nunha cuestión galega, e através de múltiples editoriais, nos que Galiza é denominada sistematicamente «patria gallega» ou «pequeña patria», propón unha campaña de unión de todos os galegos superadora de estreitos localismos[96]. E cando *El Regional* enceta a sua campaña contra a Xunta de Defensa, *El Telegrama* sai-lle ao paso en numerosas ocasións, expoñendo como a fidelidade aos partidos turnantes implica a renúncia de PEREIRA a loitar de feito polos seus vellos ideais, antepoñendo os «intereses de partido a los de la pequeña patria»[97]. Unha e outra vez ao longo de 1893, *El Telegrama* criticará durisimamente a actitude de PEREIRA e AMOR MEILAN co gallo da traición destes, non ao ideário fedeal como poderia esperar-se dun xornal desta orientación, senón á deixación da sua militáncia galeguista que os fai entrar na política do sistema: localismo, intereses partidários, etc.

Compre finalmente, e antes de pasar á analise da implantación e composición das Xuntas de defensa, facermos unha *avaliación* sintética das relacións rexionalismo-Xunta sobre a base do até aqui esposto. Porque, efectivamente, mália a nitidez da liña do Comité central rexionalista de apropiación e reconversión galeguista do tema da Capitania Xeral, a realidade amosa as enormes dificuldades que na própria interioridade do rexionalismo se presentaron para o apoio á movilización da Xunta de Defensa.

Dunha banda, resulta patente o protagonismo político ideolóxico e organizativo que o movimento rexionalista atingue na constitución das Xuntas de Defensa. Os acordos do comité central coa xunta de Defensa, e sobre todo, o papel decisivo que os rexionalistas xogaron na organización das Xuntas de Defensa máis importantes, abondan para patentizar o fundamental e *constitutivo* da aportación rexionalista ao movimento, claramente diferente e moi superior cuantitativa e cualitativamente ao doutras organizacións como a federal e a rexionalista.

Mais, asi e todo, compre non magnificar unha experiéncia que puxo claramente de manifesto os límites radicais do movimento rexionalista galego. En efeito, alén das interpretacións da Xunta de Defensa como un feito puramente rexionalista como decote foi presentado pola própria prensa da época —a rexionalista, por mor da capitalización e integración do movimento; a que combatia a Xunta para demostrar o carácter «separatista» da mesma—, a Xunta de Defensa de Galiza configurou-se en todo momento como un movimento plural desde a perspectiva das forzas sociais e políticas nela implicadas.

Daí que, de nengun xeito, se poda reducir a Xunta de Defensa de Galiza a unha movilización exclusivamente rexionalista como a própria Asociación rexionalista. E iso, en primeiro lugar, porque deste xeito non se daria conta da presenza específica —que pésia revestir un menor peso e influéncia, debe ser entendida en toda a sua substantividade— da aportación do carlismo e, sobre todo, do federalismo. Pero, ademais, porque implicaria unha mitifiación da solidez e implantación política do movimento rexionalista allea a realidade documentábel. En efeito, se algo fica patentizado unha e outra vez ao longo do desenvolvimento da movilización, é a imposición do modo de dominación da Restauración *no seo do próprio movimento rexionalista.*

O caso de Pontevedra, onde o comité rexionalista local non chegou a apoiar a Xunta, o de Lugo que o combateu sistematicamente, as reticéncias de LAMAS CARVAJAL en Ourense, amosan a prevaléncia da «política» dominante sobre as organizacións rexionalistas polo vieiro unhas veces da simple dominación (coaccións, ameazas, etc.), outras pola integración no entramado canovista.

A febleza do movimento rexionalista, a auséncia dun próprio espazo político, a subordinación ás relacións de dominación vixentes, a heteroxeneidade entre os diversos núcleos, reflexa-se nesta conflitividade interna que a incorporación á movilización da Xunta supuxo e que limitou considerabelmente a capitalización do mesmo.

Lonxe de se configurar como un dado puramente episódico e marxinal, a crise interna da Asociación rexionalista, resultante da sua incorporación á Xunta, amosa-se como un feito singularmente revelador da natureza, alcance e limitacións do movimento rexionalista. Implicando, dunha banda, a momentánea superación do antagonismo entre liberais e tradicionais, sucumbiu en troques claramente perante a

96 Cfr. *El Telegrama* nos meses de Marzal a Xuño do 1893.

97 *El Telegrama* non aceita en nengun momento o terreno de debate que propón *El Regional*, en base a localismo e competitividade entre as duas cidades Lugo-A Cruña ou a pretendida radicalidade dos coruñeses. Pola contra, situa o posicinamento de PEREIRA en relación coas suas novas «servidumbres monteristas». Cfr. neste sentido, *El Telegrama*, 19, 20 e 26 de Abril do 1893.

solidísima implantación dos partidos turnantes e o sistema da Restauración.

Esta dobre e sucesiva crise interna —enfrentamento liberais tradicionalista primeiro, e posteriormente entre os marxinados do modo de dominación da Restauración e os integrados nel— acha-se intimamente relacionada na específica evolución do movimento. A vaguidade, ausência de programa, os enfrentamentos internos e conseguinte falta de incidéncia política —implementada á sua vez polas dificeis condicións estruturais de posibilidade xa mentadas— promoveron o esfarelamento e desagregación da Asociación rexionalista e captación, polo omnipresente sistema da Restauración, de numerosos efectivos da mesma: BESADA, LAMAS CARVAJAL, PEREIRA... etc. Lonxe de superar o sistema de partidos da Restauración, este rematou por desarticular sectores da própria Asociación,. Non obstante, penetrando até a sua interioridade pola política dominante, incapaz de superar as suas próprias contradicións internas, falto de apoios sociais e combatindo política e ideoloxicamente sen cesar polos portavoces do sistema o rexionalismo galego conseguiu, asi e todo, reorientar ideoloxicamente á Xunta de Defensa de Galiza e dar-lle unhas dimensións político-organizativas das que sen dúbida careceria de non se producir a sua intervención.

C. Estrutura e implantación da Xunta de Defensa de Galicia.

a. Organización.

A reconversión do movimento da Xunta de Defensa nun problema de toda Galiza, da man de federais e nomeadamente dos rexionalistas, implicou un plantexamento organizativo a nivel galego. Neste sentido, o manifesto «A Galicia», redactado por PEREZ COSTALES, estabelecia un proxecto de criación de Xuntas municipais, provinciais e central que cobrise organicamente todo o território galego para garantizar o apoio permanente e estábel á movilización.

O proxecto estipulaba que as *Xuntas municipais* constiturian a base da organización que antes de chegar á *Xunta central* disporia dun escalón intermedio nas *Xunta provinciais*. Deste xeito, cada xunta municipal nomearia un representante na xunta provincial e cada unha destas enviaria á sua vez, 5 representantes para integrar a Xunta Central galega. Non obstante, este organigrama xamais se levou á práctica: as Xuntas provinciais non se chegaron a constituir e na Central, a da Cruña, somente chegaron a figurar representacións de Xuntas das vilas dos arredores[98].

A realidade organizativa, pois, nos momentos álxidos da movilización distou moito dos proxectos orixinaños; de feito reducia-se á existencia dunha *Xunta Central* que levaba todo o peso das decisións políticas do movimento e unha série de xuntas locais vencelladas pasivamente a aquela, da que recebían as directrices, mais sen capacidade real de facer propostas e discutir os pormenores da movilización, etc. etc.[99].

En definitiva, a Xunta de Defensa xamais constituíu unha organización articulada na que os niveis local, provincial e central funcionasen con cometidos próprios de competéncia e onde se producise unha mínima homoxeneización interna da volición política resultante. Ademais das dificuldades reais de todo orde (distáncia física, escasez dos efectivos persoais, problemas políticos de organización das xuntas municipais, etc. etc.) que xa temos examinado; a radicalización do movimento na Cruña, con medidas como a de suspensión de pago de impostos, produciron un certo distanciamento nos lugares onde as bases de constitución xa eran de seu febles[100].

Proba de que os vínculos entre a Xunta Central e as Xuntas municipais eran máis de *apoio e solidariade* que de auténtica *organización*, constui-no o feito de que as accións das Xuntas locais reduciron-se ao envio de comunicados de solidaridade, telegramas de protesta, criación de diários adicados ao tema, etc. mais que non tiveron repercusións políticas en sentido estrito: manifestacións, envio de representantes á Cruña, etc.

Noutro orde de cousas, e en tanto que as accións da Xunta plantexaban-se nunha liña de *defensa pasiva,* non vulneradora da legalidade vixente, viu-se precisada de elaborar uns *estatutos* cara a sua legalización. Vixente a lei de asociacións do 28 de marzo de 1887, forzoso era que estes se axustasen ao legal e reglamentariamente estabelecido. Feitos deste modo

98 Segundo os datos reflexados na obra de MODESTO CASTILLA citada, somente O Ferrol, Betanzos, Ordes, Oleiros e Arteixo tiñan representante na Xunta Central.

99 Coa excepción da Xunta de Santiago en base á presenza nela do Comité Central rexionalista e a fixación dos acordos organizativos devanditos polos que a Asociación se integraba no seo do movimento xuntista.

100 En efeito, a maior parte das Xuntas locais limitaron a sua participación no movimento, dada a auséncia de vínculos permanentes, a adesión inicial á movilización permanecendo posteriormente en total quietude.



MAPA 2: XUNTA DE DEFENSA DE GALIZA

▪ XUNTAS DE DEFENSA

os estatutos, xamais foron aprobados polo Gobernador civil da província que lles denegou por tres veces a sua aprobación até que finalmente os membros da Xunta optaron por renunciar á sua legalización[101]. Por mor dos temores de non legalización, os estatutos da Xunta posuen un carácter insubstancial e vago desde o seu próprio encabezado que define á Xunta como «Asociación de gallegos amantes de su país» e os seus obxectivos: «defender la dignidad y los intereses de Galicia, por los medios establecidos en la constitución y en las leyes»[102].

Nos estatutos establece-se a organización de Xuntas locais e provinciais con fins semellantes[103], a criación de comisións itinerantes para percurar apoios noutras cidades galegas[104] e a fixación dos órgaos directivos que non integran senón un executivo *Comité directivo* integrado por un Presidente, un Vicepresidente e cinco Vocais[105]. Neste último aspecto, compre sinalarmos que, málía a reglamentación executiva dos estatutos, polo demais extraordinariamente reducidos e difusos, a práctica da Xunta de Defensa coñeceu unha moi diferente dinámica. En efeito, o funcionamento normal da Xunta amosou un carácter *aberto* e *asambleário*, encontrando-se presentes, con voz e voto, en todas as suas reunións máis importantes un elevado número de persoas, representantes dos máis diversos sectores da cidade. Todas as decisións importantes foron tomadas neste tipo de reunións amplas e representativas onde tiñan lugar longas discusións[106] chegando-se, no caso de medidas especialmente radicais, á consulta directa dos afectados[107].

Precisamente a esta representatividade e integración da pequeno-burguesia da Cruña, debeu-se a estabilidade e forza que en todo momento tivo a Xunta na cidade que contou cunha maioritária adesión da poboación en todas as suas accións.

Finalmente, e pésie as limitacións aducidas, é preciso poñer de relevo que a actuación política-organizativa da Xunta supuxo para o movimento rexionalista, por primeira vez na sua existéncia, a participación nunha movilización política strictu sensu, nun enfrentamento aberto co goberno centralista, a posesión dunhas mínimas bases de apoio... En definitiva, un salto cualitativo na sua maduración como movimento sociopolítico.

b. A implantación territorial.

De aceitarmos as declaracións dos seus líderes, semellaria que a Xunta chegou a dispor dun amplísimo dispositivo organizativo que cobria as máis importantes vilas e pobos galegos. Mais compre, pola nosa banda, matizar o optimismo das declaracións da prensa do momento e prestar atención ás Xuntas que, de xeito máis ou menos patente, podamos documentar a sua existéncia, e asemade o degrau de actividade das mesmas.

Facendo un listado no que figuren as Xuntas cuxa constáncia non dé lugar a dúbida documental, ben por ter notícia das suas actividades ou por constar a sua existéncia en duas ou máis fontes das por nós consultadas, poderíamos estabelecer do xeito que segue[108]:

A Cruña	Sta. Marta de Ortigueira	Tordoia
Pontevedra	Ordes	Oza
Ourense	Redondela	Sada
O Ferrol	Bergondo	Oleiros
Santiago	Arteixo	Carballo
Betanzos	Cúrtis	Tui
Pontedeume	Abegondo	Padrón
As Pontes	Mesia	Mondoñedo
Irixoa	Monforte	Sárria
Boimorto	Sobrado	O Carballiño
Ribadávia	Vilagarcia de Arousa	Negreira
Noia		

101 MARTINEZ ESPARIS, C., op. cit. p. 35.
102 Art. 1.°, MODESTO CASTILA, cit., pp. 82-83.
103 Art. 5.° idem.
104 Art. 6.° idem.
105 Art. 7.° e 8.° idem.
106 Neste sentido os acordos da resisténcia pasiva, da dimisión do Axuntamento, aprobación dos estatutos, etc., estiveron sempre apoiados por unha forte presenza cidadá no momento da toma de decisións.
107 No referido caso da decisión do impago de impostos, MODESTO CASTILLA, op. cit, p. 125.
108 Desbotamos a inclusión doutras que son mencionadas por referéncia indirecta. Por exemplo: «todas las localidades de algún peso en los alrededores de La Coruña», etc.

En xeral observa-se unha concentración de Xuntas de Defensa nos arredores da Cruña e Santiago ou nos lugares onde consta houbo asociación rexionalista como Vilagarcia, Ferrol, Mondoñedo, Tui, etc.

No que a actividade se refere, somente pudemos documentar a presenza da mesma na Cruña, Santiago, Pontevedra, Ourense, Tui, O Ferrol, Mondoñedo, e Betanzos. Nas demais, nas fontes por nós consultadas apenas figuran os dados da composición da Xunta, do que se deduce que se os vínculos organizativos entre as principais xuntas mentadas e a central era feble, nestes casos seria practicamente inexistente.

c. A base social das Xuntas de Defensa.

Resulta de interés analizarmos que grupos sociais que apoiaban á Xunta de Defensa e comparar as variacións vérbo do que acontecia cos Comités da Asociación Rexionalista.

Un primeiro dado que salta á vista constitui-no o feito de que o carácter plural, non exclusivamente rexionalista, da Xunta de Defensa contribuíu nomeadamente á agregación dunha máis ampla base social de apoio que a da Asociación Rexionalista. Mais, implicaba isto ademais do arrequento dos efectivos, unha alteración na natureza dos mesmos?

Vexamos en primeiro lugar a composición xeral por profesións a nivel porcentual que nos dará un elemento básico a seguer neste sentido. Localizada cun importante degrau de fiabilidade a procedéncia de máis de 213 membros das Xuntas de Defensa, teríamos a proporción seguinte:

Industriais	35	16'43%
Abogados	31	14'55%
Comerciantes	30	14'08%
Periodistas, escritores	22	10'32%
Proprietários	28	13'14%
Cregos	22	10'32%
Médicos	18	8'45%
Farmaceúticos	10	4'69%
Profesores	9	4'22%
Artistas	5	2'34%

Mais, alén destes aspectos cuantitativos, compre precisarmos importantes modificacións de carácter cualitativo. En efeito, na Xunta de Defensa fan a sua aparición membros da burguesia industrial, comercial e financeira galega, por completo ausentes na Asociación rexionalista.

Asi, mentres a presenza de burguesia nas outras Xuntas de Defensa é pequena e de menos importáncia na Cruña achamos incorporados á movilización aos principais sectores da burguesia da cidade: proprietários, industriais e mesmo banqueiros atopan-se ali á beira da pequeno-burguesia. Feito lóxico, polo demais, perante o maior impacto que na cidade da Cruña causou a medida gubernamental de supresión da Capitania e o efeito desagregador dos partidos turnantes que iso implicou, achando-se presentes na Xunta coruñesa e nas dos arredores, militantes e votantes dos partidos liberal e conservador, asi como concellais e deputados dos dous partidos. Esto é de decisiva consideración, pois implica que a motivación da incorporación destes sectores á Xunta de Defensa revesta unha motivación nomeadamente localista e non «rexionalista».

Achamo-nos asi coa presenza de banqueiros como PASTOR, MARCHESI y DALMAU; industriais como LUIS MARCELI, RAMON PRIETO PUGA e FERMIN BESCANSA; comerciantes importantes como PEREZ DAVILA, JOSE LOPEZ TRIGO, etc.[109], que polo seu específico peso económico, dan-lle á Xunta de Defensa da Cruña unha substantividade da que carecia a própria Asociación rexionalista coruñesa.

A resposta coruñesa posuía, asemade, unha motivación non meramente de «aldraxe» á capital de Galiza, senón de substantivo dano e prexuizo económico á cidade, pois a supresión da Capitania xeral traeria consigo unha redución dos corpos de exército presentes na mesma.

En base a ambos os dous factores —ao ataque á dignidade da capital galega, privando-a dunha das suas institucións históricas, e ao prexuizo económico que fundamentalmente no comércio se

109 Dados obtidos de CARMONA, op. cit., FAJINAS, op. cit. e do Rexistro Mercantil da Cruña.

ocasionaba— configura-se a específica e diferenciada estrutura social que reveste a Xunta de Defensa da Cruña, face ás outras.

Nas demais localidades, se ben o arrequento cuantitativo é notábel no que aos efectivos se refere, a participación de industrias e proprietários reveste un caracter de menor relevância que na Cruña, tanto polo número como, e sobre todo, polo peso económico dos mesmos. Así, por exemplo, en Pontevedra achaban-se na Xunta ANGEL LIMESES, fabricante de curtidos[110], JOSE QUIROGA, comerciante e fabricante de chapeus[111] ou RAMON VAZQUEZ GARZA, importante comerciante ao pormaior[112]. En Santiago compre destacar a presenza de algun comerciante importante como FRANCISCO VILLELGA e a ausência de cregos, dadas as ordes do arzebispado ao efeito. En Tui, salientar a presenza dos COMESAÑA, industriais, comerciantes, cregos, etc. e algun outro pequeno industrial, como ARGIBAY e JOSE GARCIA. En xeral, achamo-nos diante dunha masiva presenza da pequeno-burguesia e cunha meirande participación, face a experiência puramente rexionalista da Asociación, de sectores da burguesia galega coa importante excepción viguesa, cidade que en todo momento se mantivo ao marxe da movilización.

En definitiva, e mália o predomínio numérico da pequeno-burguesia urbana e vilega: profesionais pequenos e medianos (médicos, abogados, etc.), intelectuais (profesores, periodistas, escritores), destaca-se un importante arrequento de efectivos de orixe burguesa, fundamentalmente na cidade da Cruña, que ven ramatar, sequer sexa provisionariamente, coa alleidade dos movimentos de cariz galeguista aos grupos de poder económico e político de Galiza.

Finalmente, a pergunta clave é se esta incorporación parcial de sectores da burguesia galega que se fai co gallo da defensa cidadá coruñesa ou ao carácter plural da movilización nas outras cidades —rexionalistas, carlistas, federais, etc.— se ia manter no futuro e se articularia coa movilización rexionalista ou, pola contra, trataria-se dun eito puramente coxuntural que se desarticularia ao desaparecer a agresión gubernamental.

Pésie no constituir a Xunta un feito exclusivamente rexionalista, o carácter protagonista deste último movimento se reorientará nunha perspectiva galeguista a se constituirá como un firme soporte organizativo en diferentes pontos de Galiza. Mais, lograria capitalizar politicamente esta exitosa experiência e consolidar por fin unha base que lles dese a tan desexada implantación na sociedade galega? Os anos vindeiros ian dar cumprida resposta a un tal interrogante.

110 CARMONA, op. cit.
111 Idem.
112 Idem.

CAPÍTULO V

AS LIGAS REXIONALISTAS. 1894-1907.

Rematada a movilización da Xunta de Defensa o movimento rexionalista volveu-se atopar diante dos seus problemas tradicionais: enfrentamentos internos, falta de apoios, etc. que tras a experiência da Xunta se ian plantexar de novo en toda a sua crueza.

Con efeito, tras o entusiasmo e movilización desatado co gallo da supresión da Capitania Xeral, o rexionalismo galego atopou-se de novo coa dura tarefa de enxergar un movimento minimamente estábel e homoxéneo, de acadar unha presenza efectiva na sociedade galega. Así, por exemplo, cando, pasados os ímpetos da Xunta de Defensa, o catalanista ALSINA visita Galiza, invitado por BRAÑAS, a sua presenza en Santiago apenas é seguida por un fato de rexionalistas que asisten á sua conferência sendo despedido na estación do ferrocarril con destino a Pontevedra somente por cinco rexionalistas[1].

En Pontevedra, onde se celebrou un mítin rexionalista no que interviron ALSINA e BRAÑAS, a situación do Comité rexionalista —fortemente dividido e con tensións internas desde os acontecimentos da Xunta de defensa que enfrentara á mesma a un sector moi destacado do comité rexionalista local encabezado por BESADA— proporcionou un regular entusiasmo ao acto[2].

Tras a intervención de ALSINA, sintetizando as Bases de Manresa, que seria reproducida por *La Unión Republicana* [3], BRAÑAS pronunciou un discurso de interés para o coñecimento da situación do movimento rexionalista naquela conxuntura. En efeito, BRAÑAS menciona na sua intervención unhas bases «que viene firmándose en todos los puntos en que se hizo propaganda en Galicia»[4]. Son estas:

1. A necesidade de nomear urxentemente delegados en todos os pobos cara á celebración dunha Asamblea onde se redacte unha *Constitución Rexionalista galega*.

2. Necesidade de proceder á federación das rexións españolas.

E a continuación BRAÑAS, unha vez mais vencellou a necesidade da descentralzación co antiliberalismo e anticapitalismo:

«Los tiempos en los que los pueblos de la actual España fueron más felices han sido los de la Edad Media»[5].

Negou tamén BRAÑAS, e isto reveste grande importância, a posibilidade de aplicación de leis únicas en todo o Estado, do que se infere a necesidade dun poder lexislativo de seu para Galiza; manifestou o accidentalismo facendo o rexionalismo compatíbel coa monarquia ou república; afirmou tamén a necesidade de representación corporativa e gremial etc. etc...; eu definitiva, unha clase de descentralización semellante á postulada no seu discurso de apertura de Curso inspirada nas Bases de Manresa mais con al-

1 *Gaceta de Galicia*, 8 de Setembro do 1893:

«Ayer salió para Villagarcía el carlo-regional-catalanista Sr. ALSINA a quien fueron a despedir tan sólo cinco galleguistas. A esto va quedando reducida esa gran familia de la pequeña patria...»

Conxuntamente co distanciamento que o apoio do Comité central rexionalista de Santiago á Junta de Defensa supuxo para a *Gaceta de Galicia*, obraban no mesmo sentido as simpatías carlistas de BRAÑAS, cada vez máis notórias, como a visita de ALSINA e o posterior mitin en Pontevedra puxeron de relevo.

Ademais, as estreitas lealtades monteristas da Gaceta supuxeron o arrequento das críticas aos rexionalistas, como por exemplo as feitas a ALFREDO BRAÑAS por non defender a EDUARDO VINCENTI —Deputado por Pontevedra e Director Xeral de Instrución Pública en 1893— frente aos ataques rexionalistas derivados dos sucesos da Junta de Defensa. *Gaceta de Galicia*, 6 de Outubro do 1893.

Neste sentido, a *Gaceta* deu cabida nas suas páxinas a unha longa série de artigos antirrexionalitas firmados sob o seudónimo de BARON DE OLGANG: «Los pueblos y los Gobiernos», 18 de Agosto do 1893; «La descentralización de Justicia y la centralización de las regiones», 26 de Agosto do 1893 ou «El centralismo en el regionalismo», 16 de Setembro do 1893, no que se critica a estrutura centralizada en Santiago da Asociación Regionalista dirixida desde aquela cidade polo seu Comité Central.

2 *Gaceta de Galicia*, 15 de Setembro do 1893. Esaxera evidentemente ao informar do escaso entusiasmo no acto. Outra é a impresión tirada dos diários pontevedreses: *La Unión Republicana*, 13 de Setembro do 1893, fala de numeroso público asistente ao meeting e da calurosa acollida aos oradores: ALSINA, BRAÑAS e LEYES POSSE.

3 «Bases de la constitución regional catalana expuesta por el Sr. Alsina en el meeting del Teatro», *La Unión Republicana*, 14 de Setembro do 1893.

4 ALFREDO BRAÑAS, «Alocución en el meeting regionalista de Pontevedra», *Gaceta de Galicia*, 15 de Setembro do 1893.

5 Idem.

gunha interesante innovación que veremos no seu momento[6].

Mália as felicitacións que BRAÑAS recebeu de CARRACIDO, VINCÉNTI e BECERRA[7], presidente do comité rexionalista pontevedrés, as diferenzas internas entre os diferentes sectores rexionalistas, tras a decantación de BRAÑAS, volven situar-se nun primeiro plano provocando unha desmovilización das filas rexionalistas desprovistas agora do estímulo da Xunta de defensa.

Polo demais, a falta da base social, a incapacidade de incorporar ao rexionalismo a importantes sectores de poboación por mor das difíceis condicións estruturais pero tamén próprias contradicións internas do movimento seguia constituindo un feito básico que deixaba reducido ao rexionalismo a un activo grupo de intelectuais. Un artigo de *El Regional* daqueles meses descrebe lúcida e desesperanzadamente a situación no devandito sentido:

«Por lo que al regionalismo respecta entre tanto no cuente con las masas generales de los pueblos... que en Galicia forman por ejemplo las gentes del campo, nunca será otra cosa que una escuela política desarrollada en un ambiente inficcionado y reducido, un regionalismo muy a propósito para que los menos locuaces suelten la lengua a paseo y logren estrepitosos aplausos con lasa frases huecas y de relumbrón... porque una causa que no cuente en su apoyo con verdadero arraigo en las masas populares, es causa perdida y desde luego muerta. Se le podrá galvanizar momentáneamente por ejemplo.... en La Coruña con lo de su Capitanía General. Pero el galvanizar no es dar vida duradera, enérgica y robusta. Mientras se haga por los regionalistas cuestión de vida o muerte la de la obra de la Universidad, la del estreno de un drama, la del traslado de una Capitanía General, el regionalismo yacerá ahogado en su propia pequeñez e insignificancia[8].

Unha vez mais e mália negativa valoración que se fai da Xunta de Defensa, debida sen dúbida ás novas servidumes partidárias de *El Regional*, plantexa-se por este xornal, agudamente, o *problema político central* ao que se enfrentaba o rexionalismo galego a comenzos de 1894.

A reorganización do movimento co gallo da Xunta de Defensa, a unidade momentánea porriba das diferenzas internas e a removilización ao socaire daqueles sucesos infundiron novo pulo ao rexionalismo galego que se reflexou en diversas iniciativas concretas.

Pronto, asi e todo, a conflitividade interna encarregou-se de amosar as grandes limitacións sobre as que actuaba ao movimento.

A. Os intentos de criación dunha Académia Galega.

O primeiro encontro coas «duras réplicas da historia» seria, sen dúbida, cos enfrentamentos que estalaron con motivo dos traballos preparatórios para a fundación dunha Académia Galega.

Xa desde os primeiros dias de xaneiro de 1894 andaban a xuntar-se os rexionalistas galegos coa teima da criación dunha institución cultural que

«bien organizada, habría de ser el origen de otras muchas instituciones patrióticas que dieran al País gallego personalidad propia[9].

En definitiva, trataba-se de levar á práctica a idea que muitos anos antes expuxera PEREIRA en *El Regional*[10] —no ano 1887— verbo da necesidade dunha institución que dese estabilidade e apoio material as tarefas perentórias no eido cultural, como a unificación ortográfica da língua galega, a confección dun dicionário e unha gramática para a sua normativización e, en xeral, a potenciación da cultura galega desde unha plataforma institucional[11].

Seria precisamente na cidade da Cruña, onde os núcleos rexionalistas ficaran mais sensibilizados tras a movilización da Xunta de Defensa, onde se levou adiante a iniciativa de encetar os traballos preparatórios para a fundación da mentada Académia. A estes efeitos celebraron-se xuntanzas no salón de actos da Deputación, cedido con tal finalidade, aos que foron invitados destacados rexionalistas de diferentes pontos de Galiza; nomeou-se unha comisión xestora; redactou-se un regulamento que tras ser intensamente debatido, resultou finalmente aprobado: e formulou-se, asemade, unha lista para a Xunta directiva.

Reveste certo interés a colaboración na iniciativa da Académia Galega, conxuntamente cos rexioanlistas, dalguns federais coruñeses que participaron des-

6 Asemade, BRAÑAS na sua intervención falou da necesidade de redactar un *programa definido* do rexionalismo galego e a necesidade de celebración dunha Asamblea onde se aprobaria unha Constitución gallega. Cfr. *La Unión Republicana*, 13 de Setembro do 1893.

7 *La Unión Republicana*, 15 de Setembro do 1893.

8 *El Regional*, 1 de Marzo do 1894, «Los átomos del regionalismo».

9 GALO SALINAS, «La Academia Gallega», *Revista Gallega*, A Cruña, 25 de Febreiro do 1900.

10 Cfr. Carta de PEDREIRA en *El Regional*, 17 de Decembro do 1886.

11 «La Academia Gallega», *La Voz de Galicia*, 10 de Febreiro do 1894.

de o princípio no intento. Neste sentido, compre salientarmos que a presidéncia da comisión, dadas as tensións existentes entre as fraccións rexionalistas liberal e tradicionalistas, foi encomendada a RAMON PÉREZ COSTALES, destacado líder republicano-federal da Cruña[12].

Precisamente estas tensións entre as duas tendéncias presentes no rexionalismo e as loitas internas polo poder —a prensa da época aponta ao personalismo de MURGUIA[13] —fixeron fracasar os traballos preparatórios, non tendo lugar finalmente a constitución da Academia Galega[14]. Os enfrentamentos a causa da Académia chegaron até os primeiros meses de 1895 con graves alporizamentos entre MURGUIA e COSTALES e GOLPE[15] que levaron ao aprazamento «sine die» do intento, semellando que nesta derradeira fase os factores personalistas e as loitas polo poder primaban sobre os ideolóxicos, ainda que as fontes empregadas non se mostran claras ao respeito, unha vez máis[16].

Paralelamente, tivo lugar unha recomposición dos efectivos do rexionalismo, que veu polarizar ainda mais a escisión ideolóxica cunha demarcación xeográfica. Asi, o núcleo rexionalista santiagués sofreria un debecimento importante por dous feitos coetáneos: a morte de TARRIO e o traslado de MURGUIA á Cruña.

A morte de TARRIO privou ao rexionalismo compostelán dun dos seus mais activos líderes, Médico e publicista, fundador de *La Pequeña Patria;* TARRIO foi un dos casos mais notórios de rexionalista integrado nos partidos turnantes, neste caso no conservador, o que, de xeito insólito, non colisionou coa sua militáncia rexionalista, integrando-se, por exemplo, na Xunta de Defensa de Santiago e apoiando a devandita movilización desde o Comité central rexionalista[17].

O traslado de MURGUIA, presidente do comité central rexionalista e mestre, venerado do rexionalismo, á cidade da Cruña implicou unha *polarización xeográfica* ao movimento que se veu superpoñer á ideolóxica preexistente: en Santiago situaba-se apartir de agora o núcleo tradicionalista do rexionalismo e na Cruña o seu sector máis liberal, en estrita consonáncia cos medios urbanos respectivos.

Noutro orde de cousas, o modo de dominación da Restauración e o seu sistema de partidos seguia presionando na procura da integración dos máis destacados líderes rexionalistas. Para a «intelligentsia» rexionalista —concorrentemente coas sancións, críticas e ameazas de diversa índole— a política dominante posuía, asemade, os recursos da oferta político-profesional de integración na burocracia estatal. Oferta á que en diversas ocasións os rexionalistas eran tentados, tanto pola própria posibilidade de actuación política de certo nivel que non atopaban no movimento rexionalista, como de oportunidade económica e profesional perante as dificuldades que neste orde de cousas posuian boa parte deles.

Realmente significativo ao respeito é o caso de ALFREDO BRAÑAS. Como xa vimos no seu momento na homenaxe de Vilagarcia de Arousa a causa da publicación de *El Regionalismo,* o partido conservador por voz do seu deputado EUGENIO FRAGA.

12 RAMON PEREZ COSTALES, asturiano de nacimiento (Oviedo, 1832), afincado na Cruña onde morreria no 1911, médico de profesión, foi un dos máis sobranceiros republicanos galegos tanto polo seu activismo político, que o conduciu a un exílio en Portugal de máis de dous anos polos seus folletos propagandísticos *La Verdad a las aldeas* (cit.) e outros, como por ser nomeado por PI I MARGALL Ministro de Fomento na I República.

Preocupado desde sempre polos intereses morais e materiais de Galiza, as suas proclamas e manifestos amosan un peculiar achegamento ao galeguismo —como pode ver-se por exemplo nos manifestos por el redactados para a Junta de Defensa de Galicia— superador do carácter abstrato e cosmopolita do federalismo. En 1894 dirixiu na Cruña os traballos de criación da Academia Gallega, colaborando estreitamente cos rexionalistas GOLPE, MURGUIA, SALINAS, etc. etc.

13 *Gaceta de Galicia*, 19 de Decembro do 1891.

14 GALO SALINAS, «La Academia Gallega», cit.

15 *Gaceta de Galicia*, 22 de Febreiro do 1895.

16 Tanto a *Gaceta de Galicia* e *El Regional* como GALO SALINAS, semellan centrar os problemas en personalismos máis que en tensións ideolóxicas. *Corroboraria esta impresión o feito de que os conflitos enfrentaran a* MURGUIA *con* GOLPE e COSTALES, *situados na mesma vertente liberal e progresista do rexionalismo os dous primeiros.*

17 JOSE TARRIO GARCIA, médico e periodista, tivera unha cambiante militáncia política, dos seus primeiros anos como monterista pasou a militar no partido conservador, e integrar-se no rexionalismo tradicionalista baixo a dirección de BRAÑAS.

«El amor de TARRIO hacia esta tierra le hizo pensar, como a otros muchos, en combatir el sistema absorbente y despótico de los doctrinarios gobiernos, y entrar a formar parte del patriótico partido o agrupación denominado regionalista, del que era la base un conjunto de literatos y poetas... que aunque reducido, valiosísimo por el renombre justísimo adquirido por ellos en la Tribuna, en el libro y en el periódico. Pero como los poetas y literatos, por sí solos, son, por lo general, incapaces de crear nada práctico...» *Gaceta de Galicia*, 29 de Marzo do 1894.

O anterior texto da *Gaceta* pon de relevo con toda nitidez como a falta de criación dun espazo político próprio rexionalista incrementaba os efeitos disgregadores e erosionadores, no seu interior, do sistema de partidos da Restauración, «tentación» permanente para os rexionalistas.

ofrecera-lle unha acta de deputado polo devandito partido[18]. Pois ben, o 11 de maio de 1895, a prensa de Santiago ao publicar as listas que ás eleicións presenta o partido conservador, inclui entre os nomes cidados o de ALFREDO BRAÑAS MENÉNDEZ[19]. O dia seguinte, aparece na prensa santiaguesa unha carta aberta do devandito rexionalista na que afirma o seu carácter independente dos partidos da Restauración, amosando a sua non pertenéncia a paritod parlamentario[20]. A declaración tiña grande significación pois era notório non somente os vínculos persoais e de amistade que vinculaban a BRAÑAS co Partido conservador senón tamén o prestíxio de que gozaba neses meios, o que lle daria un escaño con toda certeza[21].

A posibilidade da presentación de BRAÑAS como candidato independente rexionalista nas listas do partido conservador foi desbotada polo catedrático compostelán, quen renunciou ao escano ofrecido[22], por entender que doutro xeito as servidumes partidárias impedirian o desenvolvimento do seu labor rexionalista.

B. A «Cova céltica» e a «Unión Galega».

Mentres, na cidade da Cruña apesar do fracaso da Académia Galega falaba-se xa entre os contertúlios da «Cova céltica» da fundación dunha «Liga Gallega para todo aquello que a la región interese». A idea de criación dunha tal organización é saudada con moderación por AMOR MEILÁN desde *El Regional* de Lugo[23], mais dando-lle un alcance moi distinto do que tencionaban os coruñeses. En efeito, fidelidades partidárias de novo polo meio, MEILÁN estimaba que non era necesária unha organización permanente senón meramente conxuntural que actuase somente cando Galiza tivese algun asunto que a afectase por igual, e nela se representaria a todas as cidades galegas[24].

Moi diferente era a intención dos membros da «Cova céltica» que tencionaban construir unha organización sólida e eficaz que lle dese estabilidade e presenza ao rexionalismo como forza actuante na escena pública galega.

Neste traslado do cento das iniciativas rexionalistas de Santiago á Cruña, se ben a chegada de MURGUIA á cidade tivo grande importáncia, é preciso clarexar que xa existia nela un núcleo de rexionalistas que, fraguados na preocupación cultural, adquiriran experiéncia e arelas políticas co gallo da movilización da Xunta de Defensa de Galiza: GOLPE, SALINAS, SALAZAR, LUGRIS, CARRE, etc. Este núcleo rexionalista coruñés reuniai-se nunha tertúlia político-literaria que se celebraba diariamente na libraria de EUGENIO CARRÉ ALDAO[25] e recebia o nome de

18 *Gaceta de Galicia*, 19 de Agosto do 1890.

19 *Gaceta de Galicia*, 11 de Maio do 1895.

20 ALFREDO BRAÑAS, «Carta abierta», *Gaceta de Galicia*, 12 de Maio de 1895, na que, entre outras cousas, afirma o catedrático compostelano:

> «Yo no pertenezco a ningún partido político parlamentario... Agradezco a mis amigos particulares, los individuos del Comité Conservador (si ellos fueron) que se hubieran acordado de mi humilde nombre, pero deploro que, en tal caso, no hubieran hecho público que yo era un candidato independiente de su partido.
>
> Conocidas son mis opiniones políticas en Santiago y tanto dentro como fuera de Galicia, sintiendo mucho, por consiguiente, que no se hiciera aquella importante declaración.
>
> Hágola yo para que los electores no crean otra cosa...»

21 A *Gaceta* cit. Comentaba que «se rumoreaba muy fielmente que los conservadores de Santiago votarían al Sr. BRAÑAS caso de presentarse».

22 Este distanciamiento sistemático dos partidos turnantes reitara-se ao longo da vida de BRAÑAS e non se pode documentar de xeiro contundente unha presunta pretensión de presentar-se a Deputado polo Distrito de Cambados, atribuída polemicamente pola *Gaceta de Galicia* de 6 de Outubro do 1893 e recollida por CORES TRASMONTE, «Alfredo Brañas» en *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo IV, p. 47. En todo caso as propostas viñeron-lle sempre pola banda do partido conservador e xamais do liberal-fusionista, co que se enfrentou constantemente, por máis que participara no ano 1887 na Homenaxe a MONTERO RIOS en Santiago, adicando-lle un poema, en consideración ao xúrdio galego e non á identificación algunha coa sua ideoloxia.

23 *El Regional*, 27 de Maio do 1894.

24 Idem:

> «La Liga Gallega puede celebrar sus reuniones y sus Asambleas en la misma capital de la Región, pero sus individuos han de estar exentos de toda filiación política o por lo menos no han de haberse significado mucho en ella... Con esto y conque la Liga estuviera formada por representantes de todas las ciudades gallegas habría bastante.
>
> Esa Liga no habría de estar en constantes funciones... sólo cuando sucesos trascendentes lo exigiesen así, reuniríanse los individuos que formasen la Liga y acordaran lo que su patriotismo y honradez les sugiriese. Liga que se hace más necesaria después de conocido el escaso juego que han dado nuestros decantados regionalistas de oficio...»

25 No ano 1891, EUGENIO CARRE ALDAO mercara-lle a libreria de Rego de Auga a ANDRÉS MARTÍNEZ SALAZAR e a imprenta a DOMINGO PUGA conservando a tradicional tertúlia que na primeira tiña lugar e trasladou as duas á Rua Real da Cruña sob a denominación de «*Librería Regional*». LUIS CARRE ALVARELLOS, *Manuel Curros Enríquez*, Buenos Aires, 1953, p. 96.

«*Cova céltica*»[26]en alusión explicita ao ideário dos contertúlios.

Sob a crenza comun no feito diferencial galego e o seu fundamento étnico-histórico, un fato de intelectuais residentes na Cruña, aos que se lles engadian de cando en vez os das outras cidades galegas, tiñan ali o seu lugar de reunión, onde se discutia de história, literatura, folclore e política, constituindo un núcleo impulsor do rexionalismo nos máis diversos frentes.

Entre os asistentes regulares atopaban-se: MURGUIA, PONDAL, MARTÍNEZ SALAZAR, PÉREZ BALLESTEROS, RAMON BERNÁRDEZ, SALVADOR GOLPE, FRANCISCO TETTAMÁNCY, MARTELO PAUMÁN, FLORÉNCIO VAAMONDE, GALO SALINAS, ELÁDIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, BANET FONTENLA, LUGRIS FREIRE, MARCIAL DE LA IGLESIA, AVELINO BARBEITO HERMOSILLA, REY ESCARIZ, PÉREZ BARREIRO, PÉREZ COSTALES, SEGUNDO MORENO BÁRCIA e WALDO A. ÍNSUA despois do 98

E entre os intelectuais que asistian de cando en vez ás xuntanzas podemos citar: BRAÑAS, CABEZA DE LEÓN, LAGO GONZÁLEZ, BÁRCIA CABALLERO, AMOR MEILÁN, PARDO BAZÁN, etc.

Na «Cova céltica» criou-se a «escola rexional de decramación»; desenvolveu-se e divulgou-se o mito fundador do celtismo; compuxo-se o hino galego con letra de EDUARDO PONDAL e música de PASCUAL VEIGA; publicou-se cuase como voceiro da mesma a *Revista Gallega* dirixida por GALO SALINAS e no consello de redacción da cal achaban-se TETTAMANCY, GOLPE, RODRÍGUEZ GONZÁLEZ e CARRÉ; finalmente, da «Cova céltica» xurdiu a iniciativa da criación da «Liga Gallega».

En definitiva, a «Cova céltica» constituíu o núcleo intelectual central do rexionalismo galego a partir de 1894, do que partiron as principais iniciativas e protagonistas intelectuais e políticos do movimento.

Entre as iniciativas prévias á criación da «Liga Gallega» compre salientar o intento coñecido co nome de «*Unión Gallega*». *La Unión Gallega* era un xornal que no ano 1895 editaba na Cruña TORCUATO ULLOA, JUAN Y SALVADOR GOLPE, que chamaba constantemente desde as suas páxinas[27] á necesidade de criación dun movimento unitário das reivindicacións rexionalistas. Neste sentido GOLPE, recollendo a vella idea galeguista de «Unión de todos os galegos», postulaba unha campaña unitária da prensa galega a prol dos intereses de Galiza. O chamamento foi recollido en primeiro lugar por AMOR MEILÁN desde *El Regional*, apoiando a idea e urxindo que GOLPE e TORCUATO ULLOA dirixisen aquela movilización, en princípio puramente periodística[28].

Compre destacar que esta movilización periodística construi-se sobre a base da especial gravidade que a conxuntura da *crise agro-pecuária* revestia para Galiza naquelas datas. Á crise de exportación do gando a Inglaterra engadia-se o pechamento da entrada de cereais estranxeiros que xeneraba uns altísimos prezos para o trigo, o que afectaba gravemente á Galiza[29].

26 O nome fora-lle otorgado satiricamente por LEOPOLDO PEDREIRA, anti-rexionalista autor dun libro titulado *El Regionalismo en Galicia*, Madrid, 1894, no que se critica a literatura de inspiración rexionalista que se estaba a facer naqueles anos, asi como a própria movilización rexionalista:

> «... los vates, los bardos gallegos... necesitan una sociedad primitiva decorada con Castros, con luvres y pinares, poblados de druidas, celtas, suevos y normandos, animada por el estruendo de los combates y el sonido de las arpas bárdicas, iluminada por la luz de la luna y regida por primitivas y selváticas costumbres...», p. 223.

Precisamente co gallo da movilización da Junta de Defensa e o protagonismo alcanzado nela polo movimento rexionalista nestes anos arreciaron as críticas político-ideolóxicas contra o mesmo, como amosa o seu satírico *Credo Regionalista*:

> «Creo en MURGUIA, todopoderoso, creador de la Historia de Galicia y del Regionalismo, y en ALFREDO BRAÑAS, su único hijo, que fue concebido por el espíritu anti-monterista; padeció bajo el poder de VINCENTI y de GARCIA PRIETO; fue asenderado, traido y llevado y resucitó entre los celtas; bajó hasta CARRACIDO; subió a las nubes; está sentado a la diestra de SALINAS... y desde allí ha de venir a juzgar las obras de GARCIA FERREIRO y las de ISIDORO CASULLERAS. Creo en el espíritu cuerdo y desinteresado del Regionalismo, en la Santa iglesia murguista, en la comunión de los bombos mutuos, en el perdón de lo que no alcance la venganza, la resurección céltica de Galicia y la vida perdurable, esperando el triunfo regionalisra». Op. cit., p. 16.

No mesmo ano publicou-se, ademais, o libro de LAUREANO TENREIRO, *Contra el regionalismo*, La Coruña, 1984, compéndio de artigos publicado por aquel militar no periódico conservador da Coruña «La Mañana» e máis centrados nos aspectos ideolóxicos políticos que literários:

> «... el ideal moderno es la nacionalidad, la conjunción del estado y la nación...»

27 *La Unión Gallega*, Diario rexionalista, editou-se na Cruña os anos 1894 e 1895, dirixido por JUAN GOLPE VARELA, irmán de SALVADOR GOLPE.

28 *El Regional*, 29 de Xaneiro do 1895.

29 «Pesa sobre nuestro pueblo una amenaza, amenaza terrible, porque lo sumirá en una miseria aterradora. Se le cierra la entrada a los cereales extranjeros y, al propio tiempo, se le cierra la salida a los propios ganados. Es decir, que esta Galicia amenazada de quedar-

Precisamente, a gravidade da situación é a que incorpora a este movimento da prensa a sectores até agora opostos a este tipo de movilizacións como é o caso da prensa monterista galega: *Diario de Pontevedra, Gaceta de Galicia* de Santiago, *La Concordia* de Vigo, e *El Regional* de Lugo, que se suman á protesta galega xeneralizada.

Así e todo, a campaña de GOLPE, alentada desde a «Cova céltica», perseguían un obxectivo máis amplo que unha mera *movilización antiproteccionista* como quería a prensa monterista. Pola contra, «Unión Gallega» era un proxecto de:

«unión sincera de todos los pueblos gallegos a fin de que, olvidando rencillas y antagonismos injustificados, realicen la defensa común de sus libertades y derechos»[30].

En definitiva, achaba-se subxacente a necesidade de construir unha organización rexionalista sólida e activa que dese incidéncia e continuidade ao movimento. Tal intencionalidade é percebida, ou polo menos coincide nos seus obxectivos, por WALDO A. ÍNSUA, quen, desde a Habana e desde as páxinas do diário *El Eco de Galicia,* propón a celebración dun congreso en Lugo con motivo do certame rexional de 1896, no que se discutirian as solucións dos problemas mais perentórios que Galiza tiña plantexados[31].

Pola sua banda, BIBIANO FERNÁNDEZ, proprietário da *Gaceta de Galicia* e con certas vinculacións co rexionalismo, a diferenza do seu fillo, director desde 1892 do xornal compostelán, propón un congreso de Prensa galega na Cruña e a criación en Madrid dun diário que sexa «fiel eco de los intereses materiales de las provincias de Galicia sin distinción de color político»[32].

ALFREDO BRAÑAS propuxo tamén un modelo organizativo para a «Unión Gallega», postulando a criación dunha Comisión organizativa elexida polos subscritores dos periódicos integrada por catro representantes da Cruña, tres de Santiago e dous das poboacións restantes. Esta comisión seria a encarregada da redacción dunhas bases para a «Unión Gallega» da prensa que se ocuparia dos problemas galegos porriba dos intereses de partido e ideoloxias [33]. O obxectivo patente da proposta de BRAÑAS é tratar de superar os enfrentamentos internos ideolóxicos e persoais que atravesaban o movimento rexionalista e que foran acrecentados coas suas últimas intervencións[34] e recompoñer a unidade relegando a segundo plano as diferenzas entre os sectores tradicional e liberal. O feito mesmo de plantexar a cuestión nun terreno puramente periodísto non debe levar a engano, pois o que se achaba claramente tras ese proxecto era a reconstrución do movimento rexionalista, na procura dunha organización unitária, como se confirmará axiña.

En definitiva, a primeiros de 1895 a necesidade dunha organización rexionalista era patente e confluía-se nela desde duas vertentes principais: a maduración ideolóxica do núcleo rexionalista da Cruña, que contaba, asemade, coa experiéncia da Xunta de Defensa de pouco tempo atrás e a crise agro-pecuária galego e o dano do proteccionismo que incidia gravemente na agricultura e gandaria galegas.

Dous vieiros, en definitiva, polos que se chegaba a unha mesma necesidade de organizar a defensa dos intereses económicos, políticos e culturais de Galiza preteridos polo goberno centralista.

C. Os primeiros intentos de organización dunha Liga Rexionalista.

No marzo de 1895 enceta a publicación na Cruña da *Revista Gallega,* órgao oficioso da «Cova céltica», de saída semanal e cun alto nivel periodístico. O seu consello de redacción achaba-se integrado na dirección por GALO SALINAS, e no consello de redacción por SALVADOR GOLPE, FRANCISCO TETTAMANCY, RODRÍGUEZ GONZÁLEZ e EUGENIO CARRÉ[35].

Este semanário, que contiña un ricaz e vário contido cultural e político, amosou desde un princípio unha clara orientación rexionalista e liberal-democrática expresiva da tendéncia absolutamente dominante no rexionalismo coruñés. Nas suas páxinas, conxuntamente con intervencións literárias ou linguísticas e históricas, trataban-se nos editoriais temas políticos desempeñando a revista un papel clave no desenvolvimento da Liga Galega na Cruña, da que chegou ser o voceiro oficial.

Xa desde os seus comezos a *Revista Gallega* impulsou a criación dunha «Liga Gallega» para facer frente as reiteradas agresións que o centralismo supuña para Galicia:

«La Coruña, Vigo, El Ferrol... y todos los pueblos gallegos que de una u otra suerte se observan perjudicados y que seguirán siéndolo ¿creen llegado el momento de constituir una Liga Regional que les ponga en condiciones de resistir, tenaz y eficazmente, siempre que sus intereses se hallen no ya combatidos sino amenazados»[36].

Unha e outra vez la *Revista Gallega* entre os meses de Maio e Agosto insiste e lanza a idea de necesidade dun pacto de unión e fraternidade entre os pobos da «liberal, paciente e laboriosa Galicia» para que «olvidando rencores infundados» se criase a «Liga Regional Gallega»[37] e defender asi organizadamente os intereses da pequena pátria. Pero será o día 22 de setembro de 1895 cando o grupo rexionalista coruñés da «Cova céltica» publique na *Revista Gallega* as bases «para a criación da *Liga Regional Gallega*[38].

Estas bases concebían a Liga como unha sorte de *federación dos concellos galegos* á que se poderian aderir, tamén, os cidadáns a título individual e que actuarian deste xeito conxuntamente á hora de facer frente aos sucesivos problemas que foran xurdindo e afectando a Galiza.

O protagonismo outorgado aos concellos tiña unha dobre orixe. Dunha banda, estaba influenciado pola experiéncia histórica da Xunta de Defensa de Galiza onde o concello coruñés coa sua dimisión deu unha radicalidade a movilización descoñecida na Restauración[39]. Por outra, estreitamente relacionada coa anterior, a participación dos concellos na defensa dos intereses de Galiza vencellaria aos concellais porriba os estreitos intereses partidários, esquivando asi o enfrentamento frontal co sistema de partidos vixentes na Restauración criando unha forza política rexionalista.

A necesidade de desagregar apoios aos partidos turnantes viria asi lograda polo protagonismo dos concellos que implementaria unha dinámica de oposición ás decisións centralistas perxudiciais para Galiza na que en princípio poderian participar todos os galegos. O proxecto de Unión Galega, porriba das diferenzas partidárias situa-se, unha vez máis, no cerne dos intentos organizativos rexionalistas. A imaxe idealizada da Xunta de Defensa de Galiza, onde o localismo e defensa de intereses cidadáns desempeñaron un grande papel, orientaba todo o proxecto organizativo cara unha federación de concellos.

Non se trata, de modo nengun de fundar un *partido político* ou ainda un grupo de presión en

---

se a la par sin dinero y sin pan, porque este habrá de encarecer y aquél no ha de venir, poniendo trabas a la exportación, no ya al extranjero, sino también a España, de nuestro ganado vacuno, principalísima riqueza del pobre país gallego».

«El Pan y los Ganados», *El Regional*, 29 de Xaneiro do 1895, por MANUEL AMOR MEILAN.

30 SALVADOR GOLPE, «A Don Manuel Amor Meilán», *El Regional*, 8 de Febreiro do 1895:

«¡Reunir la prensa gallega y encaminarla al santo fin de la defensa exclusiva de los intereses de Galicia!... Más, ¿quién tiene autoridad para convocarla? ¿quién reúne prestigios bastantes para aislarla de la influencia deletérea de las camarillas políticas, de la sugestión de las esperadas mercedes...? ¿No le dice a Vd. nada el silencio completo con que los periodistas gallegos respondieron a las generosas indicaciones que Vd. hizo en su carta?».

31 *El Eco de Galicia*, La Habana, 15 de Febreiro do 1895.

32 *Gaceta de Galicia*, 8 de Febreiro do 1895.

33 «Los periodistas, La Unión Gallega y el Sr. Brañas», *El Regional*, 17 de Febreiro do 1895.

34 Idem:

«... y para que se vea que no estamos influidos por un egoismo mezquino y estrecho, que no aspiramos a oficiar de pontífices definidores de la doctrina regional, y por lo que a mi toca renunciaría dese hoy a la pequeñísima parte de gloria que pude caberme en la propaganda regionalista, con tal de ver unidos a mis hermanos y triunfante a Galicia. Jóvenes hay de muchos alientos en la prensa gallega, que pueden tremolar con más vigor que nosotros la bandera de las reivindicaciones patrias».

35 Cfr. *Revista Gallega*, 18 de Xuño do 1899. Desde 1895 a 1907 a Revista Gallega constituíu o soporte básico ideolóxico e político do rexionalismo coruñés, chegando a ser voceiro oficial da Liga Galega na Cruña e en momentos de devencimento do movimento rexionalista o único fio condutor público que vencellaria coa *Solidaridade gallega* e posteriores desenrolos do galeguismo.

36 *Revista Gallega*, 8 de Setembro do 1895, «Recapacitemos».

«... nos humilla tanta sumisión, y nos humilla y rebaja porque, abdicando de nuestros indiscutibles derechos para protestar en cualesquiera formas, abrimos puertas al abuso y este se nos cuela en nuestra propia casa a modo de devastador ciclón...

Exterminemos el caciquismo y la unión vendrá».

37 *Revista Gallega*, 15 de Setembro do 1895, «¡Gallegos a defenderse!».

«Galicia, en una palabra, Galicia, la española, la liberal, la laboriosa Galicia, viene siendo con relación a las demás regiones, sus hermanas o hermanastras, la puerca cenicienta de la fábula: preterida, humillada... debemos pensar muy seriamente en la Institución de la LIGA REGIONAL GALLEGA... acójanla con simpatía los que dirigen la opinión, literatos, periodistas,... todos los gallegos *enxebres* y convóquese un Congreso de todas las ciudades gallegas en el cual se discutan, aprueben y queden para siempre sentadas las bases del PACTO DE UNION Y FRATERNIDAD DE GALICIA...»

38 «Bases para la organización de la Liga Regional Gallega», *Revista Gallega*, 22 de Setembro do 1895.

39 «La Junta de Defensa», *Revista Gallega*, 20 de Setembro do 1896:

«No está disuelta... recibió sus poderes del pueblo. El pueblo aún no se los recogió. La Junta de Defensa con aquel espíritu de abnegación que tan sólo inspira el patriotismo, se puso a disposición de la voluntad popular...»

defensa dos intereses de determinadas clases galegas, senón pola contra, dunha Liga rexional:

«que carece absolutamente de carácter político y en la que pueden tener cabida los partidos todos»[40].

A organización que estabelecian as Bases era sinxela e constaba de dous niveis. En cada unha das localidades coaligadas criaria-se unha *Comisión permanente,* cuxo Presidente e Secretário tiñan que ser concellais, que levarian todo o peso da orgaización, propaganda, cuotas, etc.

As devanditas Comisións permanentes renovarian-se cada dous anos. Polo que respeita ao nivel central, criaria-se unha *Comisión Ejecutiva,* encarregada da alta dirección dos asuntos da Liga, cambiando a residéncia a unha cidade da rexión, distinta cada dous anos. Estaria integrada por un representante de cada comisión permanente local, en evitación de todo localismo. Neste sentido, estabelecia-se que a primeira cidade en se aderir á Liga seria a sede da Comisión executiva, e nomeaba-se expresamente a Lugo para que aproveitase a celebración do Certame rexional de 1896 e convocara a devandita comisión.

O funcionamento viria dado pola posta en coñecimento das diversas localidades dos ataques aos seus intereses materiais en mans da comisión executiva que estudaria o caso, e desencadearia, se correspondese, unha campaña de movilización en solidaridade e apoio coa localidade en cuestión, empregando todos os meios necesários para iso. Estabelecendo-se, asemade, prémios e sancións segundo o comportamento das localidades membros da Liga[41].

Frente a este plantexamento explícito, a resposta da prensa e os núcleos onde habia Comités da Asociación Rexionalista foi polo xeral o siléncio, cando non a crítica á iniciativa tal e como estaba plantexada. Asi, *El Independiente* de Vigo e *El Regional* de Lugo pronuncian-se abertamente contra a idea optando por seguir cos anteriores plantexamentos de *congreso periodístico.* En concreto, o segundo dos devanditos diários, aponta as razóns do seu posicionamento:

«Todo lo que huela a alarde regionalista... no ha de encontrar acogida unánime ni mucho menos entre esos concejales y esos alcaldes que precisan demostrar de algún modo su reconocimiento y su adhesión a los que los han elevado... No de arriba abajo, no de los ayuntamientos a los pueblos, sino de los pueblos a los ayuntamientos debe hacerse, y para ésto nada ni nadie mejor que la prensa y los periodistas»[42].

Através dunha longa polémica, a *Revista gallega* apenas conseguiu xuntar uns poucos apoios ao seu propósito[43] por mais que se alegou reiteradamente a necesidade dunha Liga rexional de carácter político e non meramente a un congreso periodístico que a nada práctico conduciria, como amosaban os intentos anteriores cunha prensa sometida a moi diversos intereses[44].

Resulta significativo que os apoios fosen todos, sen excepción, nestes primeiros momentos, de xornais carlistas: *El Pensamiento Galaico* de Santiago, *El Eco de Vivero* e *La Integridad* de Tui, propoñendo algun deles a marxinación de todo elemento liberal como incompatíbel coa descentralización, sendo recebidas estas adesións con críticas mal disimuladas da *Revista Gallega* no seo dun clima de intensa frustración[45]. O dinamismo do núcleo coruñés non

40 *Revista Gallega*, 22 de Setembro do 1895 cit. Base II.

41 Base XII:

«Si alguno de los pueblos coaligados dejase de cumplir como bueno, negando su apoyo a cualquiera de los demás, herido injustamente en sus intereses o en su dignidad, no tendrá derecho a que se le auxilie en casos análogos y además su nombre será borrado de la LIGA REGIONAL GALLEGA y declarado traidor a la patria».

42 *El Regional*, 25 de Setembro do 1895.

43 *El Regional*, «La Liga de la prensa y el Congreso periodístico», 2 de Outubro do 1895, e *Revista Gallega*, 20 de Outubro do 1895.

«Decepción»: «... Y cuando parecía que la Región entera, por medio de sus municipios y de su prensa periódica, había de acoger con entusiasmo idea tan salvadora, única que podía poner un feno a cualquier intento de atropello o vejamen contra determinados pueblos gallegos; cuando creíamos que nuestra iniciativa tan modesta como patriótica, había de ser inmediatamente acogida y reanudada por todo el país gallego, *vemos con dolor que es recibida con soberano desdén, y que sólo contados periódicos la aceptan y defienden* como suya con un desinterés y un patriotismo dignos de toda alabanza».
(Subliñado, R. M.)

44 Curiosamente é agora *El Regional* quen defende a idea de un congreso periodístico cando outrora, nos tempos de PEREIRA, fora o principal opositor á mesma, propoñendo unha alternativa directamente política e non meramente xornalística. Cfr. o ano 1886.

45 Asi, por exemplo, a solidaridade do xornal carlista *El Eco de Vivero*, fai-se cun grande despliegue de retórica antiliberal:

«... el principal obstáculo que al engrandecimento de Galicia se opone es esa malhada política, engendro funesto del Liberalismo, sistema de corrupción que sólo ruinas puede producir...

¿Cómo es que, supuesto eso, no se considera necesidad regional el establecimiento de una asociación gallega que, independientemente de toda política, constituida por hombres de energía y patriotismo probados, y ajenos, mejor dicho enemigos, de las doc-

chegou a galvanizar nen sequer un movimento en apoio das suas propostas nen tampouco un debate minimamente participativo arredor da cuestión da criación dunha Liga rexional galega.

A apatia e a desmovilización eran, ao contrario, a nota dominante nas filas rexionalistas, desaparecendo os núcleos deste movimento, e cidades como Pontevedra e Ourense que apartir deste momento somente proporcionaron algunha participación a título individual. Nen a *comisión executiva* nen o *Congreso periodístico* se chegaron xamais a celebrar, nun clima de apatia e debecimento xeneralizado do rexionalismo que descreben perfeitamente estas palabras da *Revista Gallega:*

«¿Y qué hemos obtenido?, pues solamente mermadas adhesiones, un poco de discusión al principio y el olvido más profundo al final»[46].

A desmovilización do rexionalismo durante os anos 1894 e 1895 é patente mesmo no debano das intervencións ideolóxicas dos líderes e persoeiros rexionalistas, que atinguen o ponto máis baixo da presenza intelectual desde habia anos. Asi, por exemplo, BRAÑAS publica no 1894 unha obra de finalidade académica «*Historia Económica*»[47] e até o 1895 non aparecen en Cataluña duas intervencións de motivación rexionalista.

En «Le regionalisme e la questió económica», serie de artigos publicados en *La Veu de Catalunya*[48], BRAÑAS reitera o seu tradicional posicionamento no que a descentralización rexionalista constitui un «remedio» ao capitalismo económico e ao liberalismo político.

De máis interés en tanto que contribui a clarexar o modelo de descentralización dos rexionalistas galegos non federais resulta o artigo «Projecte de Autonomia colonial» publicado en *La Renaixensa*[49]. Nesta intervención BRAÑAS amosa a sua simpatia polo proxecto de *Autonomia* dos Azores discutido no Parlamento portugués naquelas datas, no que BRAÑAS albisca por vez primeira a posibilidade da aplicación dun réxime parecido á Galiza no seo do Estado español. Resaltando as similitudes coa descentralización postulada polos rexionalistas, BRAÑAS afirma:

«Ninguén por iso denomina antipatriotas e separatistas ao ministro e aos deputados insulares portugueses. Estes calificativos quedan somente para os que defenden en España *a descentralización rexional como similar á autonomia colonial*» [50] (Subliñado noso, R. M.)

Trata-se da primeira vez na que algun rexionalista galego recoñece o seu modelo de descentralización política, equidistante do estado unitário e do federalismo, no conceito de *autonomia* aplicado ás colónias europeas despoxado xa da sua tradicional significación republicana federal.

No ano 1896 BRAÑAS pronúncia, asimesmo, unha conferéncia no círculo Mercantil de Santiago sobre do tema *Necesidad de la reorganización gremial*[51]. Neste discurso, lamentando unha vez máis a revolución burguesa e os editos de Turgot, o catedrático de Facenda de Santiago, postula a reimplantación dos grémios tanto a nivel económico —a prol dunha mellor e mais armónica regulación da economia impedindo a liberdade de indústria e comércio e a competéncia resultante— como no plano político, reemplazando o sufráxio universal por unha reprsentación de grémios e corporacións. No mesmo ano 1896, BRAÑAS estreara con grande éxito o seu drama de trasfondo rexionalista: *La voz de la sangre y la voz de la patria*[52], da que se deron representacións nas máis importantes cidades galegas.

Finalmente, é de salientar que nestes anos a crise e desmovilización do movimento rexionalista por mor dos enfrentamentos internos entre o sector liberal e o tradicionalista, e as duras críticas ou significativos siléncios que suscitaron as intervencións de BRAÑAS polo seu carácter antiliberal, promoveron que este centrase as suas actividades na organización do *Ateneo León XIII* e o *Círculo Católico de Obreros*

trinas disolventes que han dado al traste con nuestras antiguas libertades, tenga por objeto velar por los intereses de Galicia y, extendiéndose a todas las poblaciones de este Antiguo Reino, sustituya y haga dignamente las veces de los antiguos Concejos, defensores de las franquicias populares sancionadas y defendidas por la Monarquía tradicional española, y abolidas por Gobiernos, en cuyo programa está escrita, por sarcasmo tal vez, la palabra libertad?». *Revista Gallega*, 20 de Outubro do 1895.

46 «¿Ignorancia o mala fe?, *Revista Gallega*, 5 de Abril do 1896.

47 ALFREDO BRAÑAS, *Historia Económica*, Santiago de Compostela, 1894.

48 ALFREDO BRAÑAS, «Le regionalisme y la questio economica», *La veu de Catalunya*, 16, 17 e 18 de Juño do 1895.

49 ALFREDO BRAÑAS, «Projecte de Autonomía Colonial», 30 de Janer do 1895, *La Veu de Catalunya*.

50 Idem.

51 ALFREDO BRAÑAS, «Necesidad de la reorganización gremial», *Gaceta de Galicia*, 16 de Marzo do 1896.

52 O 15 de Decembro do 1896, BRAÑAS estreou no teatro Principal da Cruña o drama rexionalista *La voz de la sangre y la voz de la patria*, sendo obxecto, ao seu regreso a Santiago, dunha homenaxe no Círculo Mercantil, antinguindo grande popularidade despois do estreo da mesma obra en Santiago e posteriormente en Pontevedra. Cfr. *Gaceta de Galicia*, 17 e 18 de Decembro de 1896 e 23 de Xaneiro do 1897. Obra editada en Madrid no próprio 1897.

de Santiago dos que foi o máis decidido impulsor xunto con CABEZA DE LEON.[53].

Polo que se respeita a MURGUIA, neses anos publica a sua sonada contestación *A Don Juan Valera*[54], na que procede a unha defensa da língua e literatura galega frente aos ataques que receberan do coñecido escritor.

O debecimento da movilización rexionalista des-de a perspectiva organizativa, pero tamén ideolóxica, constitui un feito palpábel nestes anos de 1895 e 1896 no que a *Asociación rexionalista* perdeu a maior parte dos seus comités (Ourense, Pontevedra, Lugo...) permanecendo somente os de Santiago e Coruña, polarizando as duas tendéncias político-ideolóxicas da organización. O *congreso rexionalista* xamais se chegou a celebrar e o mesmo aconteceu coa redacción dun *programa*, ficando ambas as duas tarefas pendentes do seu replantexamento que se daria en moi diferentes perspectivas.

Ao mesmo tempo, o rexionalismo liberal centrado na Cruña vai-se tornar dominante polo próprio peso dos seus efectivos e a sua capacidade de iniciativa no terreno cultural e político, mentres o grupo de Santiago da man de BRAÑAS e CABEZA pasará a un segundo plano, tanto por un certo debecimento das suas actividades como polo carácter marcadamente tradicionalista e antiliberal da sua tendéncia.

Pola sua parte, o grupo da Cruña coñecia co chamamento á integración dunha Liga rexionalista, o seu primeiro fracaso ao non receber case nengun apoio. Deste xeito, o rexionalismo permanecia outravolta no terreno xa familiar e frustrante das intervencións ideolóxicas e propagandístas e as adesións e solidaridades, exercidas fundamentalmente através do seu órgao de expresión: *Revista Gallega*.

Neste sentido, co gallo da visita á Cruña dun redactor de *Lo Somatent*, diario rexionalista de Reus[55] FRANCISCO COLOM I ESCODA, o grupo rexionalista da Cruña enviou unha mensaxe de adesións aos catalanistas. A mensaxe, en galego e considerando a Catalunya e Galiza como *nacionalidades* é un claro esponente dos plantexados e fervor rexionalistas dos membros da Cova Céltica:

«A vosoutros, nosos irmáns na santa emprega de facer rexurdir as antigas e case mortas nacionalidás catalá e galega; a vosoutros que coma nós loitades para desjunguir dunha férrea centralización os ben queridos eidos...»[56].

Son de interés as firmas que apoian o manifesto por canto revelan a composición naquelas datas do núcleo rexionalista da Cruña. Figuran ao pé do escrito: GALO SALINAS, Director da *Revista Gallega;* RAMON BERNARDEZ, abade da colexiata; EUGENIO CARRE, libreiro; MARCIAL M. DE LA IGLESIA, mestre; AVELINO BARBEITO, escritor; ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ, xornalista; JOSE BLANCO VILARIÑO, ex-tenente de alcalde; WALDO A. INSUA, Director de *El Eco de Galicia* da Habana; ENRIQUE CARRE, publicista; ANTONIO SENANDE VEGA; FRANCISCO TETTAMANCY, escritor; EVARISTO MARTELO PAUMAN, poeta; DANIEL ALVAREZ, escritor; FRANCISCO LOPEZ; RICARDO SEIJO; EVARISTO LOUREIRO; JOSE TABOADA, escritor; ALFONSO RODRIGUEZ ROUCO, xornalista; MANUEL FOLGUEIRA; JOSE GONZALEZ; RAMIRO VIEIRA DURAN, Director da *Revista Popular* de Pontevedra[57].

En suma, como escrebera no seu dia SALVADOR GOLPE, referindo-se aos apoios con que contaba o rexionalismo:

«... poetas, pintores, médicos, abogados, mucha juventud y, sobre todo almas llenas de ilusiones y de amor para la patria gallega»[58].

---

[53] O 23 de Xuño do 1896, BRAÑAS, Secretário da Comisión Organizadora, le no Ateneu León XIII o regulamento do *Círculo Católico de Obreros* aprobado polo Arzobispo. *Gaceta de Galicia*, 24 de Xuño do 1893, tamén *El Telegrama*, 25 de Febreiro do 1896.

E o 14 de Xanero do 1897 BRAÑAS foi nomeado Vicepresidente do Ateneu León XIII, cuxa directiva estaba composta por: Presidente: LUIS RODRIGUEZ SEOANE; Vicepresidente: ALFREDO BRAÑAS; Tesoureiro: LORENZO LOPEZ REGO; Contador: VICENTE LOPEZ MOSQUERA; Secretário: LUIS LOPEZ ELEIZEGUI; Secretário: ENQUIQUE RODRIGUEZ JIMENEZ. *Gaceta de Galicia*, 15 de Xaneiro do 1897.

O 3 de Marzo do 1897, nunha velada no Ateneu León XIII en honor dos tunos portugueses, celebrou-se unha xornada de confraternización galaico-portuguesa na que BRAÑAS e CABEZA leron sendos discursos. *Gaceta de Galicia*, 4 de Marzo do 1897.

E, finalmente, noutra velada o 27 de Abril do 1897, co gallo do pasamento de León XIII, BRAÑAS leu un poema sob o título *A León XIII. Gaceta de Galicia*, 28 de Abril do 1897.

[54] MANUEL M. MURGUIA, «A Don Juan Valera», *La Voz de Galicia*, 15 de Agosto do 1896. Co gallo desta polémica interviu CASAS FERNANDEZ apoiando a MURGUIA como cando «hubo un tiempo en que un conocido escritor tuvo la humorada de proclamar ante la Academia de la Historia que el regionalismo era sinónimo de separatismo y el insigne tacito gallego... acometió furiosamente a SANCHEZ DE MOGUEL...» Cfr. CASAS FERNANDEZ, «A los Sres. Murguía y Valera», *La Voz de Galicia*, 19 e 20 de Agosto do 1896.

[55] *Lo Somatent*, diário catalanista de Reus, publicara, co gallo da visita de BRAÑAS a Barcelona, diversos artigos en apoio do rexionalismo galego.

[56] «A Asociación Catalanista e ao Jornal Lo Somatent de Reus», *Revista Gallega*, 31 de Maio do 1896.

[57] Idem.

[58] SALVADOR GOLPE, «*De La Coruña a la cárcel, pasando por Galicia*» cit., p. 368.

O rexionalismo coruñés achaba-se integrado por membros da pequena burguesia urbana e intelectuais, case en exclusiva, sendo notória a ausência de membros da burguesia mediana e alta, que participara na movilización da Xunta de Defensa. O núcleo rexionalista mantiña o seu carácter minoritário de intelectuais permeábeis ás interpelacións galeguistas e posuidores dun papel de conciéncia de Galiza. O fracaso inicial da Liga rexional amosaba as dificuldades de agregación de sectores sociais ao movimento e, asemade, a insuficiéncia da ideoloxia para suplir a inexisténcia de condicións estruturais de posibilidade que veiculasen unha ou várias clases portadoras das reivindicacións rexionalistas. Asi e todo, ainda con desmovilización e fracasos, a *Revista Gallega* proseguiu o seu labor de propaganda ideolóxica rexionalista aunando nunha perspectiva marcadamente liberal e progresista reivindicacións económicas, políticas e culturais.

Neste sentido, os rumores dun novo estanco do sal asi como a suba do imposto sobre os consumos, promoven unha campaña da Revista contra estas medidas, polos perxuízos que poderian causar na indústria e agricultura galega[59]. Tamén no eido cultural, é de salientar a campaña a prol do *emprego do galego* que a *Revista* levou desde o princípio, incluindo ela mesma traballos de creación literaria en galego (poemas e contos), traducións de artículos cataláns ou intervencións políticas tamén en língua galega. En diversos artigos adicados exclusivamente ao tema, propónse un uso xeneralizado do galego cara a sua normalización: tanto na literatura como na vida cotidiana, nos discursos e mesmo non tribunais en evitación da diglósia observábel:

«Nosotros queremos que la reconstrucción del idioma gallego se realice en plazo breve; que su enseñanza se autorice en las escuelas, para cuyo objeto es de desear que a los profesores se les faciliten libros de texto en gallego; que en el foro el letrado que defiende, el fiscal que acuse y el juez que sentencie, en gallego se expresen en aquellos casos en que las partes interesadas en el pleito... estén poco familiarizadas con el castellano»[60].

Polo que respeita á *perspectiva liberal e progresista* da *Revista Gallega* e, xeral, do núcleo rexionalista da Cruña, en poucos lugares fica patentizada como nos duríssimos editoriais que dirixe en diversas ocasións ao carlismo. A radicalidade da crítica é tanto máis notábel cando no rexionalismo galego existia un sector abertamente simpatizante da alternativa carlista, e mesmo as poucas adesións que a *Revista* recebera para a fundación da Liga viñeran deste campo.

O núcleo argumental da *Revista gallega* verbo do carlismo centra-se na impugnación da posibilidade de realizar unha descentralización eliminando o sufráxio universal, o estado representativo e as liberdades democráticas: democrácia e descentralización forman para o núcleo coruñés un todo inseparábel:

«Si olvidar pudiéramos que en las doctrinas del carlismo predominan el despotismo, la intriga, el autocratismo y la tiranía, si cual horrenda silueta no descubriéramos al través del sonrosado cendal la abominable Institución del Santo Oficio, otra verguenza de la Humanidad....! cómo sonreiríamos llenos de bienchechor regocijo los que, nacidos en la unidad del decimono nó siglo, respiramos el ambiente de libertad y regionalismo, aborrecemos todo lo que sea sospecha de retrogradación el camino que ya llevamos andado, en el progreso que conquistamos...»[61].

---

[59] «Ruina segura: El monopolio de la sal», *Revista Gallega*, 5 de Xullo do 1896.

[60] «Lo que Galicia necesita», *Revista Gallega*, 17 de Xaneiro do 1897 e «El idioma Gallego», 31 de Xaneiro do 1897.

[61] «El programa del carlismo», *Revista Gallega*, 7 de Febreiro do 1897. Os plantexamentos á par liberais e rexionalistas do núcleo rexionalista coruñés salientan aqui con nitidez face ás ofertas fueristas do carlismo en 1897, contidas no *Manifesto de Venecia* (Acta de Loredan).

Resulta de interés a estes efeitos comparar o posicionamento da *Revista Gallega* frente á prensa liberal coruñesa, non rexionalista. En efeito, frente ao manifesto carlista, *La Voz de Galicia* deten-se fundamentalmente nos aspectos antidemocráticos do mesmo:

«Ahora viene el manifiesto publicado anteayer, en el que se mantiene en toda su pureza la doctrina de la institución monárquica de Derecho Divino... Véase el sistema parlamentario: Cortes a la antigua usanza, convocadas a Gusto del Rey y disueltas por éste cuando le venga en mientes, con sus tres brazos o estamentos: Clero, nobleza y estado llano... Y lugo, un poder que los domine a su antojo, el poder real que antes con lanzas y hoy con bayonetas contrarrestaría lindamente la representación del país...

El actual sistema parlamentario constitucional, con todos sus vicios y máculas, es una garantía, y los Parlamentos no son instrumentos de los Reyes ni aún de los Gobiernos; mientras que las Cortes del sistema absolutista son, en puridad, una ficción que se emplea para dar visos de voluntad popular a lo que el monarca quiere con la garantía para éste de convocarlas y disolverlas a su antojo...

Después, las libertades forales, es decir, el privilegio imperando en unas regiones, en tanto otras están sometidas a la ley común, como desiderátum de la organización regional que sólo aprovecha a las comarcas aforadas...» *La Voz de Galicia*, 28 de Xaneiro do 1897.

Mais esta crítica ao carlismo é completada nunha perspectiva liberal centralista coa crítica contemporánea ao rexionalismo:

«... Tal vez haya querido expresar el galeno escritor (PEREIRA) que la cosa (el regionalismo) le parece tan absurda que ni quiere darle crédito, fulminando de esta suerte por tal medio indirecto tremenda condenación contra nuestros «enxebres», los devotos de

En definitiva, as firmes convicións demoliberais e militáncia democrática dos rexionalistas coruñeses presaxiaban un recrudecimento dos enfrentamentos co sector tradicionalista de Santiago, cada vez máis decantado cara posicións carlistas, hipotecando os vellos proxectos de «Unión Gallega».

O conflito básico que atravesaba a Galiza finisecular, perante a xeneralización do Modo de Produción Capitalista e a finalización dalgunhas tarefas pendentes da Revolución burgues, como o estabelecimento da propriedade capitalista da terra, penetraban asi na máis fonda interioridade do movimento rexionalista fornecendo mediadamente unha contradición no nivel político, entre liberais e tradicionalistas, que se situaria outravolta no primeiro plano do seu desenvolvimento.

D. A fundación das «Ligas Gallegas» da Cruña e Santiago: organización, estrutura e actividade.

A partir de 1897 nota-se un certo arrequento das actividades rexionalistas, fundamentalmente do grupo coruñés, que deixa traslucir unha firme vontade de construción dunha organización do movimento.

Produce-se polas mesmas datas un paralelo aumento da actividade ideolóxica dos teóricos rexioanlistas. Neste sentido, ALFREDO BRAÑAS, co gallo da homenaxe a CONCEPCIÓN ARENAL que se celebraba en Vigo, pronunciou duas conferéncias, unha na própria homenaxe referida á obra e personalidade da penalista, e outra na escola de Artes e Ofícios. Nesta segunda intervención, titulada *De la condición actual de las clases trabajadoras y de los medios más convenientes para mejorarla.* BRAÑAS insistira nas virtudes da *asociación gremial* («verdadera escuela moral y técnica de los trabajadores») frente á economia individualista e competitiva que o edito de Turgot fundara[62], rematando cunha chamada ao entendimento dos patróns e os obreiros otravés da caridade e do amor cristián, na liña da doutrina social de León XIII.

Ademais de outras conferéncias en Lugo, reveste certo interés un artigo publicado en *El Alcance* de Santiago de Compostela sob o título «Costumbres»[63]. Recollendo como até entón xamais fixera o mito do celtismo, BRAÑAS, tras abogar polo mantimento dos costumes e folclore tradicionais galegos, vencella moitas delas con *costumes celtas:* o magosto, o mantelo, a muiñeira o alalá, etc. Amosaba-se, asi, a profundidade e xeneralidade que o *mito fundador* da orixe celta do pobo galego, formulado por MURGUIA (sobre a base de VEREA y AGUIAR) e espallado pola Cova Céltica, atinxira na intelectualidade galega da época, na que desenvolvia toda a sua eficácia fundamentadora do feito diferencial e da recuperación da dignidade galega. Finalmente, no mesmo ano BRAÑAS le, no Congreso Gandeiro e Agrícola de Lugo, unha memória sobre das *Pequeñas industrias derivadas de la agricultura y ganadería*[64], onde, de xeito semellante ao que fixera na memória premiada nos xogos florais de Pontevedra algúns anos antes, plantexa unha alternativa artesanal á industrialización de Galiza, sen consideración algunha verbo dos atrancos estruturais que se opoñen á modernización económica (os foros, V.G.) que unha vez mais son significativamente marxinados da análise de BRAÑAS.

Pero quizáis, a apoitación ideolóxica mais destacábel dese tempo fora o libro *Patria y Región* de SALVADOR GOLPE, premiado nun Certame literario da cidade de Lugo no ano 1896[65]. Neste libro, GOLPE —sobranceiro rexionalista coruñés, participante na Asociación Rexionalista e na Xunta de

la Renaixensa en Cataluña y los evocadores de la Edad Media en Vasconia». «Sano Regionalismo», *La Voz de Galicia*, 26 de Febreirodo 1897.

Ou ben:

> «Catalanes y galegos, escribiendo mensajes o artículos de propaganda de osada violencia unos y tristón acento otros, caigan bajo el anatema todos esos enemigos de la patria...» *La Voz de Galicia*, «El movimiento catalanista», 18 de Marzo do 1897.

Romper co unitarismo e centralismo do liberalismo coruñés, que tan nidiamente se reflexa nestes textos, constituia, sen dúbida, o grande reto histórico do rexionalismo liberal de *Liga Galega* e a *Revista Gallega*: articular á pequena burguesia coruñesas a un programa no que a modernización, industrialización e desenvolvimento de Galiza se vencellase á necesidade dun ámbito de poder específico, dunhas próprias institucións de autogoberno, da recuperación dos sinais culturais de identidade no mundo urbano... A este obxectivo adicará, apartir do 1895, o rexionalismo coruñés todos os seus esforzos.

62 ALFREDO BRAÑAS, «De la actual condición de las clases trabajadoras y de los medios más convenientes para mejorarlas», *Gaceta de Galicia*, 16 de Setembro do 1897.

63 ALFREDO BRAÑAS, «Costumbres», *El Alcance*, Santiago de Compostela, 3 de Febreiro do 1897.

64 «Pequeñas industrias derivadas de la agricultura y ganadería. Medios prácticos que aconsejan la observación y la experiencia para su desarrollo en Galicia», *El Regional*, 18, 19, 20, 21 e 22 de Agosto do 1897.

65 SALVADOR GOLPE, *Patria y Región*, La Coruña, 1897. Esta obra foi premiada no Certamen Literario de Lugo do 1896 e publicada no folletin de *El Noroeste*, diário conservador coruñés, por mediación de RAMON BERNARDEZ, abade da Colexiata e vencellado estreitamente á causa rexionalista.

Defensa— explicita a posición do rexionalismo liberal coruñés na sua versión máis moderada[66]. Polo que se refere á caracterización de Galiza, e apesar de empregar sistematicamente o vocábulo *región,* GOLPE dálle un contido nacionalitário ao afirmar que:

> «la región no es simple expresión geográfica sino verdadera entidad nacional»[67].

ou tamén:

> «Región es una Provincia o división natural determinada por accidentes geográficos y cualidades étnicas, especie de Estado nacional dentro del Estado propiamente dicho»[68].

Desta conceptualización de Galiza, asi e todo máis moderada que a de MURGUIA, deduce-se un rexionalismo que postula unha descentralización que nada ten que ver co carlismo, nen co federalismo nen moito menos co separatismo[69] pero de carácter democrático:

> «La única garantía de la libertad y de la verdadera democracia está en el sistema que emancipa civil y administrativamente a los municipios y a las regiones»[70].

E, finalmente, GOLPE concreta o modelo de descentralización pedindo para Galiza un réxime de *Autonomía* semellante ao que se concedeu a Cuba[71], agromando por primera vez unha concreción con base no próprio direito público español do conceito de Autonomia, depurado xa definitivamente das connotacións federalistas.

Daba-se asi un paso importante que coñecerá posteriores proxeccións cara á procura dun modelo de distribución territorial do poder, que se diferenciase do carlista e o federal alonxando toda imaxe de separatismo.

O ton moderado, máis na expresión que no contido, da proposta de GOLPE, suscitou a adesión de meios liberais usualmente receosos do rexionalismo[72] e ó proprio BRAÑAS que lle adicou dous artigos laudatórios na *Gaceta de Galicia* de Santiago[73].

Apoiando a diferenciación que GOLPE fai do rexionalismo, federalismo e comunión carlista, BRAÑAS, ignorando os plantexamentos liberais do autor da *Patria e Región,* procede a unha leitura tradicionalista do mesmo, chegando a afirmar cousas tan opostas ás teses centrais do libro como:

> «La idea de la *pequeña patria* o, mejor dicho, de la patria natural era el dogma político del s. XIII y lo fué del XVI y aún después, hasta que la manía igualitaria de la democracia moderna y del Derecho Nuevo dió al traste con la idea de *Patria regional...* Esta idea de la patria, fundamental del regionalismo, fue la que engendró los estados libres cristianos bajo el imperio del llamado por muchos políticos y tratadistas *Antiguo Régimen...*»[74]

Noutro orde de cousas, deste mesmo ano de 1897 data o apoio que o grupo rexionalista coruñés presta á mensaxe dos cataláns ao rei de Grécia no referente á cuestión de Creta, onde se volve producir unha coincidéncia coa actitude de BRAÑAS desde Santiago, partindo como é sabido de moi diferentes presupostos.

En efeito, xa ficou asinalado como no caso da *Autonomia colonial* de Cuba ou os Azores se producira unha coincidéncia ao reclamaren rexionalistas de Santiago ou a Cruña semellante tratamento para Galiza. Queria-se indicar con isto o desexo dun modelo de descentralización que contemplase un *autogoberno galego,* limitado, por mais que ficasen sen clare-

66 Moderación tanto na exposición da caste de descentralización rexional que GOLPE propón, que materialmente é a mesma do conxunto dos rexionalistas coruñeses, como na derivada da sua pacífica aceitación da monarquia como réxime democrático nunha cidade onde o republicanismo posuia sólidas bases e arraigos. Mais o fundo substantivo do posicionamento de GOLPE, mantén con toda firmeza os dous elementos básicos do rexionalismo coruñés: liberalismo político e descentralización autonómica.

67 SALVADOR GOLPE, op. cit., p. 74.

68 Idem, p. 91.

69 Idem, p. 187.

70 Idem, p. 196.

71 Idem, p. 199.

A *Revista Gallega*, o 7 de Febreiro do 1897, pedia asimesmo para Galiza unha autonomia semellante á de Cuba. Nese mesmo ano concretaba no Real Decreto de 25 de Novembro, de Autonomia Colonial, unha descentralización política sobre a que verterian os rexionalistas galegos o seu modelo programático.

72 Asi por exemplo, *La Voz de Galicia*, 16 de Maio do 1897, onde se malinterpreta a autonomia como simple descentralización administrativa ou descentralización.

73 ALFREDO BRAÑAS, «Sobre Patria y Región de Salvador Golpe», *Gaceta de Galicia*, 20 de Maio do 1897, quen considera o libro como:

> «sin duda algunha la más clara, elocuente, erudita y completa exposición muy ordenada y altamente científica del regionalismo y una defensa brillantísima de nuestras obras».

74 *Gaceta de Galicia*, 22 de Maio do 1897.

xar cuestións fundamentais do mesmo como a existéncia ou non de próprio poder lexislativo.

Co caso de Creta unha nova coincidéncia neste sentido se vai producir entre os rexionalistas galegos. A *Revista Gallega* solidariza-se expresamente co contido do documento dos catalanistas, especialmente por canto exixe:

«queremos que la lengua catalana tenga carácter oficial y que sean catalanes todos los que en Catalunya desempeñen los cargos públicos; queremos Cortes catalanas, no sólo pra estatuir nuestro derecho y leyes civiles, sino por cuanto refleja la organización interior de nuestra tierra; queremos que catalanes sean los jueces y magistrados y que dentro de Catalunya se fallen en última estancia pleitos y causas; queremos ser árbitros de nuestra propia administración»[75].

A *Revista Gallega,* entresacando párrafos como o anterior, afirma explícitamente que ese é tamén o programa dos rexionalistas galegos e que estes, como os cataláns, lonxe de aspirar á «desmembración nacional», procuran o estabelecimento de novos lazos interrexionais máis sólidos por máis xustos.

As dificuldades que no seu momento aludímos para a construción xurídico-política dunha categoria de descentralización non federal, superadora da mera desconcentración administrativa, que sintetizase o modelo de distribución territorial do poder a que aspiraban os rexionalistas —tarefa que escapaba á própria capacidade dos ideólogos do movimento e que apenas se achaba en proceso inicial de elaboración pola iuspublicista europea— resolvia-se en parte através da adesión ao esquema debuxado nas *autonomias coloniais.*

Polas mesmas datas, BRAÑAS, nunha série de artigos titulados «El regionalismo, los catalanes y la cuestión de Creta»[76] apoia o manifesto catalanista demandando para Galiza unha «*Autonomía* compatible con el poder soberano único y la integridad territorial de España».

Por outra banda, paralelamente a esta coincidéncia —sen prévia discusión nen contacto nengun entre os rexionalistas de Santiago e os da Cruña— estes últimos teimaban novamente na criación dunha organización rexionalista mália o fracaso obtido no primeiro intento. Neste sentido, nomeara-se unha comisión encarregada da redacción dun *proxecto de estatutos,* integrada por LUGRIS, FREIRE, EUGENIO CARRE ALDAO e SALVADOR GOLPE, iniciando deste xeito o grupo coruñés a sua auto-organización sen contar con nengun outro grupo rexionalista, dado o escaso eco obtido polas propostas anteriores. Os traballos da comisión duraron todo o vran de 1897 e, tras ser discutidos polos membros da «Cova Céltica», foron presentados ao Gobernador Civil que os aprobou no Novembro do mesmo ano[77].

Acto seguido constituíu-se a *Liga Gallega na Cruña* e a *Revista Gallega* pasa a converter-se no seu voceiro oficial, nomenado-se a directiva que ia rexer os destinos da nacente organización. Nesta primeira directiva da *Liga Gallega na Cruña,* achaban-se —e non podia por menos de ser asi dada a xénese e mútua imbricación de ambas as duas— os máis destacados persoeiros da «Cova Céltica»[78].

Presidente: SALVADOR GOLPE (1850-1909), abogado e xornalista; Secretário: LUGRIS FREIRE (1863-1940), periodista, dramaturgo e poeta; Membros: CARRE ALDAO (1859-1932), poeta, erudito, libreiro e periodista; RODRIGUEZ GONZALEZ (1864-1949), mestre e periodista, Oficial Maior do Concello da Cruña; GALO SALINAS (1852-1926), mestre, periodista, dramaturgo e poeta; MARTINEZ SALAZAR (1846-1923), arquiveiro, editor; WALDO A. INSUA (1863-1940), abogado e periodista; BANET FONTENLA (1871-1962), notário; TETTAMANCY GASTON (1854-1921), poeta, historiador, profesor mercantil; VAAMONDE LORES (1860-1925), poeta, novelista; FRANCISCO SUAREZ SALGADO; RAFAEL AUTRAN; e RICARDO SEIJO PITA.

En definitiva, a *Liga Gallega na Cruña* achaba-se integrada por un fato de intelectuais rexionalistas: escritores, poetas, xornalistas, etc... portadores da reivindicación diferencial de Galiza, sendo unha vez máis constatábel a auséncia neste órgao directivo de membros pertencentes á burguesia industrial e comercial da Cruña, de certo relevo, sen constar tampouco a sua adesión á criación da Liga. Precisamente, co gallo de atinxir o eco e implantación social, a Liga declaraba-se sociedade aberta e non conspirativa:

[75] Cfr. a solidaridade co documento catalanista redactado por PRAT DE LA RIBA en «La cuestión palpitante», *Revista Gallega*, 28 de Marzo do 1897.

[76] ALFREDO BRAÑAS, «El regionalismo, los catalanes y la cuestión de Creta», *Gaceta de Galicia*, 21, 23 e 25 de Marzo do 1897.

[77] *Revista Gallega*, 7 de Novembro do 1897.

[78] «La Liga Gallega en La Coruña», *Revista Gallega*, 14 de Novembro do 1897:

«La Liga Gallega es ya un hecho. Aprobado su régimen por la autoridad civil, en sus estatutos, inspirados en la más amplia descentralización, podrá verse que el más desinteresado espíritu de fraternidad ha presidido en su confección».

«Dentro de la Liga Gallega caben todos, así los que profesan ideas políticas encontradas, como aquellos que no profesan ninguna: no se exige para pertenecer a ella sino ser buen gallego...»[79].

Pouco tempo despois da publicación do manifesto fundacional da *Liga Gallega na Cruña,* mostraran-se os límites desta admisión de ideas políticas contrapostas e, asimesmo, as dificuldades de atrair sectores sociais de certo peso á empresa rexionalista. Polo demais, o regulamento aprobado polo Gobernador civil estabeleceria que a *Liga Gallega na Cruña* encetaria a sua andadura o 1.° de Xaneiro de 1898 e que o seu local social residiria na libraria rexional de CARRE[80]. Polo que respeita á organización estipulada nos estatutos da *Liga Gallega*, estabelecia-se como obxectivo da mesma: «a defensa dos intereses materiais, morais, políticos, económicos e sociais de Galicia»[81].

Dado de interés constituía-o, sen dúbida, e por primeira vez nunha organización galeguista, o *carácter cooficial* que o idioma galego tiña na Liga, sendo potestativo o seu uso xuntamente co castelán[82], presentando-se os próprios estatutos en edición bilíngüe.

A *Liga Gallega na Cruña,* como a sua denominación indicaba, estruturaba-se como unha orgaización de base coruñesa na que a participación doutras cidades galegas se deixaba a nivel de meras *corresponsalias* da Liga[83]. Mália que a existéncia de *corresponsalias* da Liga Gallega na Cruña non excluía a existéncia de «Ligas Gallegas» próprias de cada cidade, a sua designación traslucia a falta de fé nesta posibilidade visto o eco de anteriores intentos.

Polo demais, compre salientarmos debidamente que os estatutos da Liga regulan unha organización que en nada se parece a aquel primitivo proxecto de *federación de concellos* galegos senón máis ben a un *grupo político.* Abandonada a primitiva idea tras o seu fracaso, por outra parte perfeitamente explicábel, pasaba-se a tentar a organización dunha entidade con características intermédias entre unha sociedade cultural galeguista e un «Comité» de actuación política[84].

Como órgaos fundamentais estabelecian-se a *Xunta xeral* e a Xunta *directiva.* A primeira delas integraba o órgao máximo da Liga en canto participación de todos os asociados. Tiña dous tipos de reunións: as ordinárias, con carácter anual, e as extraordinarias, para asuntos concretos e prefixados[85].

A *Xunta directiva* achaba-se integrada por 9 sócios podendo aumentar o número de vogais por necesidades de organización. Con xuntanzas non inferiores a unha ao mes, correspondia-lle o goberno de todos os asuntos, tanto de orde exterior como interno, sendo renovada por metades cada ano, podendo ser reelexidos os seus membros. Se ben os acordos da Xunta directiva, para seren válidos e teren efeito, precisaban dun quórum superior á metade dos seus membros e, polo xeral, cumprian-se os requisitos mínimos para un funcionamento democrático da organización, é de notar o clásico reforzamento dos órgaos directivos á Xunta xeral da que non se fixan as competéncias concretas. Rasgo este último frecuente

[79] *Revista Gallega*, 27 de Novembro do 1897, e, sobretodo, 14 de Novembro do 1897.

[80] Art. 43: «Esta sociedade terá o seu domicilio no primeiro piso da casa número 23 da rúa da Galera, nesta cidade». *Revista Gallega*, 21 de Novembro do 1897.

[81] *Revista Gallega*, 21 de Novembro do 1897, art. 1.°.

[82] Idem, art, 2.°.

[83] idem, art. 8.°.

[84] Cfr. DUVERGER, *Organización política, classe sociale e ideologia*, cit. e CERRONI, U., *Teoria del partito político, cit.*

Sen descoñecer a maduración observábel na movilización rexional desde os tempos da Asciación rexionalista, compre porén salientarmos que a *Liga Rexionalista*, nen polos seus plantexamentos prévios nen polo seu desenvolvimento posterior, xamais antinguiu a categoria de *partido político* no sentido estrito do conceito. É preciso facermos esta matización cara a ubicación nos seus xustos termos da realidade orgánica do rexionalismo galego, alén de toda posíbel idealización do mesmo, derivada da retroproxección de categorías contemporáneas a situacións históricas precisadas de próprio aparatos conceitural que dea conta da sua irredutíbel especificadae.

De modo semellante ao que acontece coa *problemática das orixes* —na que o rexionalismo galego é reducido a mero antecedente do posterior nacionalismo en lineal e mecánico esquema— e xeralmente vencellada a ela, a aplicación extemporánea da categoria *partido* ás fórmulas organizativas rexionalistas, implica de feito unha deformación da realidade histórica e unha perda e dilución da substantividade específica do movimento.

O próprio vocábulo LIGA, empregado polos rexionalistas galegos, non constituia, de nengun xeito, unha denominación ocultadora sob a represión centralista dun pretendido *Partido rexionalista galego*, senón que designa a própria natureza da «sociedade» criada no 1897. E iso, non tanto no habitual sentido da ideoloxia pre-nacionalista, isto é a necesária diferenciación dos seus modelos organizativos dos partidos estatiais —integrados ou alleos ao sistema— senón simplemente expresivo do escaso nivel de madurez atinguido polo movimento rexionalista no seu desenvolvimento.

Unha análise comparativa con outra organización galega, o partido republicano-federal, patentiza a distáncia organizativa e programática que lle quedaba ainda por recorrer ao rexionalismo galego como forza política.

En definitiva, non se trata o problema aqui abordado dunha mera cuestión *terminolóxica* —Liga ou Partido— senón autenticamente *conceitual* que explicita e dá conta da situación político-organizativa do movimento rexionalista naquela coxuntura histórica concreta.

[85] *Revista Galega*, 21 de Novembro do 1897, arts. 10 a 13.

polo demais, neste tipo de organización onde o cume direxente se reserva unha ampla marxe de manobra e control en evitación de posíbeis desvirtuacións do credo do que son portadores[86].

Trataba-se, finalmente, dunha organización *aberta,* pois non existian grandes dificuldades para se facer membro de pleno direito da mesma (ser galego ou residente que dese probas de amor a Galiza).

A primeira intervención pública da «Liga Gallega na Cruña» tivo lugar no, Decembro de 1897 e o alcance, desenvolvimento e resultado da mesma dan unha fiel idea da situación do movimento rexionalista por aquelas datas. Trata-se da petición da *Autonomia para Galicia* co gallo do estatuto colonial concedido a Cuba e Puerto Rico.

Como xa vimos antes, con base nas experiéncias da autonomia colonial españolas e estranxeiras, dera-se unha coincidéncia dos rexionalistas galegos, poriba doutras diferenzas, albiscando naquela clase de réxime de descentralización un modelo compatíbel coa sua filosofía política.

Pois ben, a finais de 1897, este recoñecimento iase transformar nunha *campaña a prol da autonomia galega.* Outravolta, a concreción e o avantar cara unha concreción do modelo de autogoberno non seria produto dun proceso e dinámica interior de esclarecimento no movimento rexionalista, xa que a feblesa e conflictividade interna do mesmo non permitia senón o seu recoñecimento «a posteriori» en experiéncias alleas.

O Decreto de *Autonomia colonial* pola que se concedia unha certa caste de autogoberno a Cuba e Puerto Rico, vai servir de ponto de referéncia aos rexionalistas galegos para amosaren as suas arelas dun trato semellante en liñas xerais, para a solución do centralismo.

Os rexionalistas espresarán deste xeito o seu desexo dun *autogoberno que comprenda un parlamento, executivo e poder xudicial próprio* sen entrar na análise pormenorizada do texto autonómico cubano, senón na sua «imaxe» política.

A primeiros de ano, a *Revista Gallega* xa plantexara a cuestión:

«Cuba va a obtener su autonomía... ténganlo presente nuestros gobernantes y den ellos a la nación, a las regiones, lo que a otros ofrecen»[87].

Pero será a finais de ano cando a própria *Revista Gallega* encete unha campaña como porta-voz da *Liga Gallega na Cruña* baixo do lema *Autonomía para Galicia*[88]. Iniciada a campaña a primeiros de Decembro, tivo de novo pouco éxito na prensa rexional. Asi, por exemplo, na cidade da Cruña somente se solidarizaron coa idea o diário republicano *El Telegrama* desde a sua particular perspectiva federalista e radical[89] que se suma desde o comezo ao movimento, e o diário conservador *El Noroeste* xeralmente próximo ás posicións rexionalistas[90]. A campaña, asi e todo, da revista segue enchengo os seus editoriais de proclamas arrizadoras á movilización a prol da *Autonomia:*

«Galicia ha tenido sus fueros y sus costumbres, si no escritos, en vigor... aún en las épocas en que Galicia perdiera su existencia como nacionalidad disfrutaba del gobierno de si misma»[91].

---

86 Idem, arts. 14 a 23.

87 Cfr. *Revista Gallega*, 7 de Febreiro do 1897.

88 «Autonomía para Galicia», *Revista Gallega*, 5 de Decembro do 1897.

89 *El Telegrama*, 5, 6 e 7 de Decembro do 1897, artigos sob o título «Autonomía para Galicia» cit. en *Revista Gallega*, 12 de Decembro do 1897.

90 *Revista Gallega* cit.

«en cambio hasta la fecha no hemos leído en ningún colega regional ni un solo escrito que tienda a coadyuvar a lo que nosotros y por *El Telegrama* propuesto, y a la verdad, duélenos que asunto tan trascendental y de importancia tan notoria para Galicia, no hay encontrado eco en la prensa que debe siempre interpretar fielmente los deseos del pueblo cuyos intereses está obligada a defender si ha de responder dignamente a la confianza que en ella depositan todos los ciudadanos».

JUSTO E. AREAL, corresponsal da Liga en Vigo, publicou un artigo, «Por Galicia», en *El Alcance*, no que se afirmaba:

«Galicia no necesita tutores, no puede estar esclavizada al poder central.

Galicia tiene los mismos o más derechos que Cuba y Puerto Rico para que se le conceda la más amplia autonomía». *El Alcance*, Santiago, 23 de Decembro do 1897.

91 *Revista Gallega* de Decembro do 1897, «Autonomía para Galicia».

«Hay quienes confunden la *autonomía* con la *independencia*, y quienes los *fueros* con la *autonomía*, sin tener presente que los fueros por más que sean como una *autonomía limitada*, no son otra cosa que privilegios dados a las regiones o adquiridos por éstas, y aún comprendiendo en dichas circunstancias a las ciudades y a las villas».

E tamén:

«Un ministro castelano dió el golpe de gracia a la *autonomía gallega*, reduciendo a cuatro las siete provincias en que Galicia estaba dividida y reformando su organización... Puede decirse que esta nueva división en provincias con el régimen que se les dió había de traer forzosamente la más completa dependencia de las mismas al centro... Queremos para Galicia todo género de prosperidades

Tras do siléncio inicial, o chamameno prendeu en Santiago de Compostela onde o núcleo rexionalista local con BRAÑAS á cabeza lanzou en apoio da campaña unha nova acción. Trataba-se da recollida de firmas ao pé dun escrito no que se pedia aos poderes públicos a dotación a Galiza dun réxime de autonomia semellante ao de Cuba e Puerto Rico.

Mentres, a campaña da Liga Coruñesa seguia conseguindo, porén, somente unha nova adesión, a do diário tradicionalista e voceiro dos rexionalistas de Tui. *La Integridad,* e contaba en troques coa oposición sistemática da *Gaceta de Galicia* e mesmo da *Voz de Galicia*[92].

Polo que respeita á iniciativa dos rexionalistas composteláns ós resultados foron dispares, mais igualmente decepcionantes. Mentres na Cruña a recollida de firmas conseguiu en pouco tempo centos de signatários da petición entre as clases médias da cidade[93] en Santiago onde partira a iniciativa, agás dos membros do grupo rexionalista, ningén máis firmou o documento.

Polo demais, tampouco nengunha firma se recolleu noutras cidades como Pontevedra e Ourense onde fora enviado ao efeito desde a Cruña[94].

O devandito fracaso resulta significativo en, ao menos, tres niveis. En primeiro lugar, porque amosa de xeito patente a desarticulación e esfarelamento dos núcleos rexionalistas das máis importantes cidades galegas, agás Tui. E en segundo lugar, porque patentiza claramente que, outravolta, a fidalguia e o clero santiagueses a quen BRAÑAS dirixia o seu rexionalismo, non se daban por interpelados co seu discurso nen se incorporaban á movilización rexional-tradicionalista. O rexionalismo galego ficaba, pois, reducido a núcleos minoritários tanta na Cruña como en Santiago de Compostela, e nengunha das duas diferentes bases interpeladas se recoñecian no programa e campañas rexionalistas.

Perdidas para a movilización rexionalista cidades tan decisivas como Ourense, Lugo e Pontevedra, cuxa auséncia eivaba radicalmente un movimento que tiña nula presenza no mundo rural tras o desbotamento da alternativa de PEREIRA, e reducido aos núcleos urbanos. Falto de apoio social nas suas diferentes ofertas político-ideolóxicas, o rexionalismo galego proseguia a sua movilización en difíciles condicións e auséncia de éxito que tendian inexorabelmente a manté-lo como un grupúsculo minoritário con escasa presenza na escena política galega.

Pero, en terceiro lugar, é absolutamente necesário subliñar a coincidéncia que, mália todas as diferenzas fundamentais no orde político-ideolóxico, se estabeleceu arredor do modelo de descentralización que se designaba sob o conceito de *Autonomia,* e que, diferenciada do sistema federal, se substantivizaba como autenticamente política e non meramente administrativa.

A *Autonomia* designaba unha caste de autogoberno que, non contemplando un estado próprio para Galiza, nen, xa que logo, próprio poder constituinte, implicaba, asi e todo, auténticos *órgaos de*

---

sin que cerremos la puerta al progreso por respeto a la tradición. Marchamos con los tiempos y queremos conservar aquello digno y merecedor de ser conservado, modificando lo que la experiencia nos dice que debe sufrir modificación».

A funcionalidade de esclarecimento que a campaña a prol da *autonomia para Galiza* desenvolve no eido do modelo de descentralización rexionalista fica patentizado nos párrafos anteriores. A configuración dunha descentralización política, intermédia entre a descentralización administrativa e o Estado federal, a necesidade da superación da organización provincial e os seus órgaos, as Diputacións e a vinculación entre descentralización e as formas políticas democrático representativas, agroman, cada vez con maior nitidez e firmeza, no ideário rexionalista coruñés unido á reivindicación do autogoberno galego.

92 Cfr. por exemplo na *Voz de Galicia* sob o título «Regionalismo al revés», de AURELIANO RIBALTA, 7 de Xaneiro do 1898, no que precisamente se critica da petición dos rexionalistas o feito de que implique o establecimento dun *autogoberno galego*:

«En el sentir gallego no encaja la levantisca aspiración a constituir un Estado pequeño... cuando se piensa en el medio elegido, cuando se advierte la falta de reflexión con que se pretende obtener para Galicia un Gobierno regional como el dado a Cuba o a Puerto Rico, tan incompatible con los precedentes históricos de nuestro país...

El autonomismo novísimo es algo así como el romanticismo regionalista; pero un romanticismo ruín y malsano. En lugar de darnos a soñar gobiernos para jugar a las naciones... mejor nos fuera procurar del constituido, sea el que fuere, que se nos deje en libertad dehacer o no hacer todo aquello necesario a nuestra vida interior...»

Esta crítica de RIBALTA —especialmente significativa por proceder de quen se autotitula rexionalista e estivo vencellado ao galeguismo literário— e outras máis da *Voz* ou a *Gaceta de Galicia* da época amosan con claridade o degrau de concreción no que o programa e modelo político de descentralización atinguira o movimento ao fio da campaña rexionalista e, especialmente, a sua fracción coruñesa á que adoito se lle atribui unha suposta caréncia ou vaguidade programática.

93 «Continúan llenándose de firmas los pliegos que han de unirse al mensaje en que se pide la Autonomía para Galicia... No esperábamos menos de la alteza de los sentimientos y del amor a esta bendita tiera de los coruñeses. No sólo en cantidad sino en calidad es respetable el número de firmas. Concejales, abogados, propietarios, industriales, comerciantes, periodistas, menestrales, de todas las opiniones y de todos los partidos políticos, se han apresurado a suscribir el citado Mensaje».

Revista Gallega, 26 de Decembro do 1897.

94 «La Liga Gallega de Santiago», GALO SALINAS, *Revista Gallega*, 22 de Abril do 1900.

goberno: lexislativo, xudicial e executivo e *competéncias* sobre os que exercer.

Por mais que moitos elementos —e decisivos, como veremos no seu momento— ficaban sen clarexar, esta via indirecta do recoñecimento «a posteriori» do modelo de descentralización, proporcionaba ao rexionalismo galego unha notoria clarificación verbo de tan importante extremo.

Noutro orde de cousas, e apesar do fracaso da iniciativa da campaña *Autonomía para Galicia,* a «Liga Gallega na Coruña», en cumprimento do estipulado nos seus estatutos encetou a primeiros do 1898 as suas actividades de organización[95].

Asi, procedeu-se a nomear os *corresponsais* nas distintas cidades e vilas previstos no art. 8 dos estatutos do que posuímos somente a certeza da existéncia dos mesmos nalguns pontos nos que constan os nomes. Así: JESUS RODRIGUEZ LOPEZ, en Lugo; MANUEL YAÑEZ GONZALEZ, de Monforte; JOAQUIN ALEJO BISSI, de Carral; MANUEL LOIS VAZQUEZ, de Maside; RAMIRO GAYOSO, de Mondoñedo; FRANCISCO ALVAREZ NOVOA, en Ourense; VICTOR CASTRO, en Negreira; e JUSTO E. AREAL en Vigo.

A clarificación da clase de descentralización rexionalista face á federal proporcionaba unha claridade até entón descoñecida ás intervencións da *Revista Gallega.* A campaña de organización e movilización contaria apartir deste clarexamento cun elemento polémico do que até entón carecera: o deslinde do estado unitário pero sobre todo do carlismo e fundamentalmente do federalismo será un elemento que se alzará sobre a base desa concreción pragmática. Asi, nos meses de Febreiro aparecerán unha série de artigos nos que conxuntamente a fortes críticas ao partido republicano atoparan-se declaracións do xeito seguinte:

«O que queremos os rexionalistas e que os alleos non veñan a nos gobernar. Que a nosa fala sea tan oficial como a do Estado. Que os encargados de administrar xusticia e dirixir a conciencia do home da nosa terra, sean escollidos entre os seus fillos. Que nas reformas que sean menester para os seus intereses se lles escoite e atenda. Que aos nosos homes públicos non os manden desde Madrid...»

Mais este proceso de movilización e organización da *Liga Gallega* coruñesa foi forte e negativamente incidido polo «*desastre colonial*» que tivo lugar por aquelas mesmas datas.

Efectivamente, a guerra das colónias supuxo un extraordinario arrequento do *nacionalismo español,* que promovido polo Goberno desembocou no clásico proceso de solidaridade face ao enemigo exterior. Este patriotismo español, na conxuntura en que se achaba o rexionalismo galego no 98 tiña por forza que o afectar gravemente. Asi, a *Revista Gallega* no seu número de 1 de Maio de 1898 e baixo o significativo título de «Tregua» chama á conxelación das actividades rexionalistas e á movilización a prol da Guerra colonial:

«Hoy no es día de hablar de regionalismo. Hoy sólo debemos pensar en España. En los peligros que amenazan a nuestra patria común, a nuestra querida España... Somos españoles porque somos gallegos. Por eso la Liga cumpliendo su deber en estos momentos de peligro para España, saluda a sus corresponsales y encarecidamente les ruega que apoyen y propaguen la suscripción nacional y procuren poner a disposición de las autoridades y representantes del poder, todo su talento, todas sus fuerzas, todas sus influencias...»[96].

A suspensión de actividades propriamente rexionalista foi seguida dunha *perda do vigor ideolóxico* do movimento perante unha españolización crecente da sociedade galega.

O rexionalismo foi máis que nunca acusado de separatismo e disgregador da unidade pátria, e o españolismo presente na prensa e nos comunicados dos partidos do «turno pacífico» rematou por penetrar os próprios textos rexionalistas nos que paulatinamente o vocábulo *pátria* foi aplicado exclusivamente á *patria española* do mesmo xeito que «nación»[97] e asi sucesivamente. Neste sentido, editoriais

95 *Revista Gallega,* 30 de Xaneiro do 1898.
96 *Revista Gallega,* 20 de Febreiro do 1897.
«El partido republicano en España es... un cadáver».
97 *Revista Gallega,* 1 de Maio do 1898. «Tregua», onde se afirma:
«Españoles como en las Navas, como en Lepanto, como en Trafalgar... Si, porque aún hundiéndose nuestras naves como en Trafalgar, quedará el honor español incólume flotando sobre los topes de los barcos de guerra...»
Párrafos que serian impensábeis en calquer publicación rexionalista das até aqui analizadas e que amosan a profundidade de penetración das lealtades españolas, do patriotismo hispano, resultante da Guerra do 98, atinguindo o próprio nivel lingüístico.
Nos meses restantes do ano 1898, a Revista Gallega, máxima expresión do rexionalismo galego, implementará un desprazamento no seu vocabulário específico cara un reforzamento da sua españolidade. *Patria* e *Madre patria* serán sistemáticamente atribuídos a España cando antes o eran a Galiza, o *patriotismo* será sempre español, Galiza deixará de ser denominada *nacionalidade,* etc. etc. en definitiva, un debano patente nos componentes semánticos galeguistas instalará-se no discurso rexionalista limando considerabelmente a sua radicalidade anterior.



MAPA 3: Liga Rexionalista

o LIGAS REXIONALISTAS

▪ CORRESPONSALIA DA LIGA GALEGA DA CRUÑA

como «La Paz»[98] da *Revista Gallega* onde se volve a insistir no abandono temporal da causa rexionalista, o artigo de BRAÑAS «La deuda de Cuba»[99] ou o seu poema «A la Guerra»[100], asi como o seu discurso en Lugo en Abril de 1897[101], nos que se chama á movilización popular contra dos inimigos de España son probas elocuentes deste debano e debecimento non xa da *movilización*, senón de próprio *discurso rexionalistas*.

Non somente a «Liga Gallega na Cruña» foi afectada polo arrequento do nacionalismo español co gallo da Guerra de Cuba, tamén o núcleo rexionalista de Santiago, que se achaba por aquel entón nos traballos preparatórios para a fundación dunha «Liga Gallega» compostelá, interrompeu o proceso retrasando durante meses a constitución da mesma[102]

Finalmente, o 18 de Xuño de 1898 fundou-se a «Liga Gallega de Santiago» que presentou os seus estatutos á aprobación do gobernador civil da província. A xunta directiva da mesma estaba integrada ademais de BRAÑAS e CABEZA DE LEON, por RIOS RIAL como Presidente, CASARES como Vice-presidente, REY como tesoureiro, LOJO como Secretário, RICARDO MARTINEZ como contador[103]. A *Revista Gallega* saúda a criación da Liga rexionalista compostelá e trata de recuperar o fio da movilización rexionalista suspendida transitoriamente reiterando, outravolta, o seu programa:

«Dando *personalidad política y administrativa* a las regiones peninsulares con arreglo a las necesidades de cada una, puede llegarse a la formación del Estado Ibérico. Las agrupaciones étnicas que tiene diferentes intereses *no pueden regirse por una sola ley, dictada con carácter general*»[104]. (Suliñado noso, R. M.).

Mais, a pesar da criación da Liga Santiaguesa o movimento non recobrou o pulo inicial, ficando illados ambos os dous núcleos da Cruña e Santiago sen que se criase nengunha «Liga Gallega» máis noutra

«Venganza! Guerra es el grito unánime de la patría nuestra, de la siempre hidalga y caballeresca españa» e frases semellantes serán empregadas por os principais rexionalistas perante o conflicto bélico que reforza os vínculos españoles e marxina a problemática rexionalista desde o propio nivel semántico.

Claramente sintomático desta colisión forzosa das lealdade hispánicas coas rexionalistas o constituen os versos de LUGRIS FREIRE, M. no 27 de Abril do 1898:

«Gallegos temos guerra
cun pobo de piratas;
cun pobo que se esquence
que esiste a nobre raza
que ten do celta o empuxe
do suevo a forza brava
e sempre da vitoria
loureiros deu a España
¡Gallegos afiade eses coitelos
para matar canallas!...

A loita dende o ceo
aos nosos héroes chaman
as somas dos Nogales
as de Gamboa e Lamgara
O noso esforzo pide
a nai, a nobre España
o mundo inteiro espera
do Celta outras fazañas
Gallegos...»

98 *Revista Gallega*, 26 de Xuño do 1898:

«... si en tiempos de tranquilidad somo antes gallegos que españoles en días en que la rebelión amenaza con destruirnos, somos españoles antes gallegos...»

99 ALFREDO BRAÑAS, «La Deuda de Cuba», *La Tribuna*, 30 de Novembro do 1898. *Revista de Jurisprudencia, política y administración*.

100 ALFREDO BRAÑAS, «¡A la guerra!», en *El Regional*, 15 de Maio do 1898. Onde se vincula o patriotismo español ao tradicional antiliberalismo e anticapitalismo do catedrático compostelano:

«Y a vuestra libre España amenazando
después de haber faltado a sus deberes
e nuestro territorio conspirado
una raza brutal de mercaderes
ha escupido al pendón de San Fernando
Que el pueblo hispano la venganza toma
y una vez más alcanzará victoria
¡Al dóllar con la espada se lo doma!
¡A nosotros nos basta nuestra historia!
¡Vengan los de Cartago!... ¡Aquí está Roma!».

101 Idem.

102 *Revista Gallega*, 26 de Xuño do 1898. Vid. tamén *Manifesto al pueblo gallego*, 24 de Xuño do 1899.

103 *Revista Gallega*, 26 de Xuño do 1898.

104 *Revista Gallega*, 26 de Xuño do 1898.

cidade. Ademais o movimento rexionalista recibiu, no espíritu do 98, unha forte ofensiva de sectores da prensa liberal que até entón se mantiveran nunha actitude, senón favorábel, polo menos neutral co movimento. Trata-se fundamentalmente de *La Voz de Galicia*[105] e a *Gaceta de Galicia*[106] que xa no último ano encetaran unha oposición tenaz ao movimento rexionalista, reiterando diversas acusacións que ian desde o carácter separatista do mesmo até a sua natureza puramente literária.

En definitiva, atravesado por contradicións internas que implementaban nestes momentos un funcionamento independente das Ligas da Cruña e Santiago, afectado por o patriotismo español restante da Guerra de Cuba, combatido polos partidos turnantes e os seus órgaos de expresión, o rexionalismo galego reducia-se a dous núcleos de intelectuais que non lograban incorporar a ningun outro grupo social ao movimento.

Mostra desta febleza político organizativa do movimento constituen-no as palabras de GALO SALINAS desde a *Revista Gallega* anos despois:

«¿Y los representantes de las Ligas Gallegas en los otros pueblos? La mayor parte dignos de un pedestal sobre el que se colocasen de marmórea estatua, tan grande era su actividad... Ni se preocuparon de organizar Ligas Gallegas en sus respectivas localidades, ni han hecho propaganda...»[107].

Por outra banda, no mes de Xullo do mesmo ano, e por diferenzas internas na «Liga Gallega da Cruña», de carácter máis persoal que político[108] a *Revista Gallega* deixou de ser órgao oficial da Liga, mais seguiu vencellada ao movimento e o seu director GALO SALINAS permaneceu na Xunta directiva da organización rexionalista[109].

Claramente significativo do *impasse* en que se achaba o movimento rexionalista no ano 1898, mália a fundación das «Ligas Gallegas», o constitúe unha sonada polémica entre a *Voz de Galicia* e a própria *Revista Gallega*. En efeito, *La Voz* nun dos seus artigos anti-rexionalistas tan frecuentes, referindo-se á situación do movimento afirmara, entre outras cousas que:

«Aquí en Galicia lo único que existen son unas débiles y platónicas corrientes de descentralización, perdidas entre lágrimas y suspiros del más puro lirismo cursi, por media docena de neoclásicos que no ven cosa mejor en que emplear su pluma y su palabra...»[110].

Pero a realidade é que, na sua resposta, a *Revista Gallega* á hora de enumerar os feitos rexionalistas dos últimos tempos somente pode aducir as actividades dos dous ideólogos rexionalistas e a constitución das Ligas, mais nengunha movilización política de importáncia desde a Xunta de Defensa de Galiza[111]. O fracaso da movilización a prol da *Autonomia para Galiza* e as adesións aos posicionamentos dos catalanistas —ao que se veu engadir por aquelas datas a subscripción parcial e matizada da Liga ao manifesto de Polavieja[112]— configuraban, sen dúbida e de xeito notório, un panorama politicamente pobre, unha presenza e implantación mínimas na escena política da Galiza do momento.

A alleidade dos rexionalistas ás eleicións que neses anos se celebraron amosan precisamente esa fe-

105 Cfr. neste sentido, «Cunde el regionalismo», *Voz de Galicia*, 24 de Setembro do 1898. Onde se afirma:

«El gobierno de la región por si misma es el ideal que persiguen muchos de los que esperan crecer y significarse en la esfera de la Patria Chica, convencidos de que no podrán lograrlo en nunca dentro de los amplios horizontes de la patria grande».

No mesmo sentido, «El separatismo», *Voz de Galicia*, 29 de Setembro do 1898 e, tamén «El regionalismo y la descentralización económica», *Voz de Galicia*, 20 de Novembro do 1898.

«Regionalismo es la tendencia que aspira a que las regiones tengan empleados públicos nacidos allí, el lenguaje oficial propio, legislación privativa, completa autonomía en todos los servicios públicos...».
En definitiva, desde a perspectiva liberal centralista de *La Voz*, unha vez máis o elemento nodal da crítica ao rexionalismo centra-se nas esixéncias de autogoberno deste, superadoras da mera descentralización administrativa: do «sano regionalismo».

106 A *Gaceta de Galicia*, de Santiago, pola sua banda, siléncia toda nova referente ao rexionalismo até o ponto de non dar apenas a notícia da criación da Liga de Santiago, mália seguer publicando artigos de BRAÑAS e dando conta das suas actividades.

Cfr. A única excepción, a crítica da Liga Galega na Cruña, 28 de Marzo do 1899.

107 GALO SALINAS, «Las Ligas Gallegas», *Revista Gallega*, 22 de Abril do 1900.

108 *Revista Gallega*, 10 de Xullo do 1898.

109 *Revista Gallega*, 25 de Marzo do 1900, onde se fala de «indelicadezas con nosotros cometidas» e como se pode comprobar ademais no feito de que en nada variou a liña ideolóxica da Revista que ficou non somente no seo do movimento rexionalista senón actuando como voceiro «oficioso» da Liga Galega na Cruña recollendo chamamentos, proclamas e dando notícias das actividades desta.

110 *La Voz de Galicia*, 6 de Agosto do 1989.

111 *Revista Gallega*, 14 de Agosto do 1898.

112 «El manifesto de Polavieja: triunfo del regionalismo», 21 de Agosto do 1898:

«En el manifiesto del Sr. Polavieja encontramos algo que concuerda con las aspiraciones regionales, algo que, aunque poco, nos satisface».

bleza político-organizativa do movimento: lonxe de constituír unha marxinación voluntária produto dun programa rexionalista supostamente «radical» non é senón o produto da debilidade e incapacidade político-organizativa.

A actitude observábel na *Revista Gallega* que apesar de deixar de ser o órgao oficial continua a ser voceiro oficioso da Liga da Cruña, patentiza esta situación. Falando unhas veces da «farsa electoral» e marxinando-se das eleicións municipais e xerais[113], chamando noutras ocasións con inxenuidade notória á votación de persoas «íntegras y justas»[114] amosaba-se a impoténcia dos rexionalistas de conseguir un próprio *espazo político,* de construír unha forza política homoxénea con presenza e implantación sociais. Incapacidade e impoténcia que se ten que reconducir forzosamente a dous elementos mutuamente imbricados: as contradicións internas do movimento e a falta de agregación de apoios sociais á causa rexionalista.

E. O enfrentamento aberto entre as «Ligas Gallegas».

Precisamente a conflitividade interna do movimento rexionalista vai atinxir o seu ponto álxido no ano 1898 co enfrentamento dos dous sectores integrantes do mesmo, liberais e tradicionalistas, que se ben actuaban xa illadamente cunha conexión mínima (acordo sobre a autonomia para Galiza etc.) e uns estatutos independentes, mantiñan un certo nivel de apoio e solidaridade.

En novembro de 1898 aparecen coa firma de BRAÑAS uns artigos en *El Correo Español,* diario carlista de Madrid, baixo o título de «Laboremus» e «Organización administrativa de Galicia»[115]. Nestes artigos BRAÑAS expón a sua visión do rexionalismo, desenvolvendo un detallado proxecto de descentralización e organización político-administrativa de Galiza, e amosando unha patente adesión aos postulados carlistas.

Sen centrarmo-nos agora na análise pormenorizada da proposta de BRAÑAS, compre asi e todo asinalarmos os pontos básicos do posicionamento mantido nestes artigos. En primeiro lugar, a simpatía expresa que BRAÑAS profesa polo carlismo non xa como ideário abstracto senón como partido político:

«Como los regionalistas no figuramos ni podemos figurar entre vuestros leales, porque constituimos un grupo político-social independiente, con organización y personal a parte,... toda dedicatoria es cuestión de simpatía. Los regionalistas no podemos simpatizar con aquellos que han falsificado nuestros programas, o los aceptan en parte, o los acomodan a sus ocultas y bastardas ambiciones... Para vuestros leales que nos defienden, que aceptan lo fundamental de nuestro programa... para Vos y para ellos son todas nuestras simpatias y hasta nuestra cooperación si algo valiese»[116].

Compre ante todo resaltar que non se trata de nengun xeito dun xiro brusco por parte de BRAÑAS quen, mantendo sempre unha certa distáncia verbo do carlismo, coincidia, porén, en aspectos substanciais cos plantexamentos dos partidários de Don Carlos, sobre todo a partir de que se explicitase o foralismo do Acta de Loredan[117]. Trata-se, en troques, somente dunha decantación do seu ideário cara formas máis concretas coas que os seus esquemas ideolóxicos

[113] *Revista Gallega*, 12 de Maio do 1895, «Elecciones municipales»:

«A las elecciones municipales, pero no a elegir a los candidatos impuestos por el compadrazgo, sino a los ciudadanos de honradez inmaculada y reconocida probidad. Aún los hay».

[114] «Elecciones», *Revista Gallega*, 6 de Febreiro do 1898:

«despierten los pueblos, salgan de su letal indiferencia a la que los condujo la falacia de los explotadores, y acudan a las urnas con la entereza del que va a llenar un deber, el deber de nombrar representantes suyos en las Cortes, y recaiga su elección en hombres íntegros, de conducta inmaculada, incapaces de traicionarlos...»

A propia cativez e debilidade da organización rexionalista fornecia a pobreza da sua oferta política e a alleidade ao proceso eleitoral municipal e xeral.

[115] No mes de Outubro do 1898 nun diário de Pontevedra BRAÑAS publicara un artigo onde criticaba as Deputacións e a división provincial:

«cada provincia es una subdivisión del poder ministerial, una parte del feudo madrileño, un coto redondo de cada cacique». Cfr. «Sobre las Diputaciones», *El Ancora*, Diario católico de Pontevedra, 10 de Outubro do 1898.

Seria no mes seguinte cando aparecerian en *El Correo Español* de Madrid, os dous artigos devanditos: «Laboremus» o 21 de Novembro do 1898 e «Organización del regionalismo» o 30 de Novembro do 1898.

Precisamente o tratamento de *Majestad* que BRAÑAS outorgara a D. Carlos, motivou que fora procesado. Non temos máis que a referéncia de POLO y PEYROLON, *El Pensamiento de Galicia*, 3 de Abril do 1898.

[116] ALFREDO BRAÑAS, «Laboremus», *El Correo Español*, 21 de Novembro do 1898.

[117] Referimo-nos ao *manifesto de Venezia (Acta de Loredan)* de Xaneiro de 1897, no que o carlismo presentaba un programa de descentralización administrativa. Voltaremos de contado sobre el ao falarmos das propostas de BRAÑAS.

encaixaron á perfeición. Esta decantación do posicionamento procarlista de BRAÑAS ten que ser enmarcado tanto na crise do movimento rexionalista como organización independente, como no predomínio nel do sector liberal-progresista da Cruña.

Estes plantexamentos de BRAÑAS afectaban, non somente aos seus plantexamentos políticos xerais, senón que inducian importantes efeitos no seu próprio programa rexionalista e o modelo de organización proposto. En efeito: a auséncia de democrácia representativa vai-se traducir na natureza e caste de descentralización deseñada, afectando-a gravemente. Asi, a prepoténcia do monarca do Estado central e a xerarquización da relación Monarca-Gobernador Xeral de Galiza, ficando reducido este último a mero delegado do Monarca como os Correxidores das principais cidades, cos que acontecia outro tanto. A auséncia de órgaos representativos a calquer nivel decisivo; a subordinación dos órgaos colectivos aos unipersonais nomeados polo rei, etc. etc.... restrixen grandemente o autogoberno galego na proposta de BRAÑAS. A inexisténcia afecta e *valeira* a Autonomia de Galiza: o rei Carlos posuiria segundo o devandito organigrama non somente o control último sobre o autogoberno galego, dada a capacidade de nomeamento dos principais cargos políticos de Galiza, senón mesmo o poder lexislativo, dispoñendo as institucións galegas de mero poder regulamentário executivo.

En definitiva, a decantación carlista do catedrático compostelán reduce drásticamente o autogoberno contemplado en proxectos anteriores como os contidos nas *Bases Generales del regionalismo.*

A creación da Liga Gallega na Cruña non se fixo agardar. Aos poucos dias a sua Xunta directiva contesta publicamente ao posicionamento de BRAÑAS afirmando que o accidentalismo próprio do rexionalismo impede vencellar a este a un grupo político concreto e desautorizando asimesmo a organización rexional proposta[118]. Pero asemade o pronunciamento oficial da Liga, o Consello de redacción da *Revista Gallega* por riba de negar lexitimidade para a recondución que BRAÑAS fai do rexionalismo ao carlismo, engade con toda dureza:

«También protestamos de la organización que en dicho artículo pretende darse al Antiguo Reino de Galicia, por ser un verdadero paso atrás, nada descentralizador. ¡Baste a los regionalistas ser tratados de retrógados!»[119].

Estes elementos resultan decisivos pois implican o recoñecimento explícito pola «Liga Gallega» e a *Revista* de que o carácter antidemocrático dos plantexamentos de BRAÑAS remata por afectar ao contido da descentralización proposta: *o autoritarismo, en fin, devén antiautonomismo.* Neste orde de cousas son significativas as verbas de BRU SANCLEMENT publicadas na própria *Revista* ao tenor da polémica con BRAÑAS.

«...queremos no vivir de *gracias ni privilegios reales* y sí del derecho que tenemos como hombres a la libertad. Queremos contribuir de *una manera eficaz y directa a la formación de las leyes que nos rijan y elaborarlas dentro de la Región, lo cual no ha predicado nunca el partido carlista*»[120] (Subliñado noso, R. M.).

En definitiva, a auséncia de potestade lexislativa própria e de garantias dun autogoberno concebido a título personal polo monarca eivaban fondamente o proxecto de BRAÑAS.

As aclaracións deste no sentido de que falaba somente no nome dos rexionalistas composteláns viñan a confirmar o seu posicionamento carlista:

«Estoy donde estaba: con mi viejo programa, con mis viejas ideas, sin formar alianza con nadie, pero con mis simpatías personales que nadie tiene derecho a discutirme ni a condenar»[121].

[118] O texto da Xunta directiva da Liga dicia o seguinte:

«La Junta directiva de la *Liga Gallega na Cruña* acordó en su última sesión no prestar su aquiescencia al artículo publicado en el *Correo Español* de Madrid, el 21 del corriente, y que suscribe D. ALFREDO BRAÑAS. Los regionalistas, para quienes la forma de gobierno no es accesoria, siendo lo principal los fundamentos del credo regionalista, no pueden estar acordes con lo manifestado por el Sr. BRAÑAS en su escrito.

Fuera de esta opinión particularísima de los regionalistas compostelanos, como parece indicar el comienzo del mismo, o fuese opinión personal del Sr. BRAÑAS, y nada diríamos, que los regionalistas tenemos por norma respetar todas las opiniones; pero en dicho escrito se habla en nombre de los regionalistas gallegos, y no podemos con nuestro silencio autorizar, ni cierta clase de manifestaciones envueltas en muestras de simpatía a determinado gobierno no constituido, ni el modo de entender la organización regional.

La Coruña, 26 de Noviembre de 1898. Fdo. El Presidente: SALVADOR GOLPE, El Secretario: MANUEL LUGRIS FREIRE». Cfr. *Revista Gallega*, 27 de Novembro do 1898.

[119] «El Regionalismo», El Correo Español y Alfredo Brañas», fdo. por La Redacción. *Revista Gallega*, 27 de Novembro do 1898.

[120] *Revista Gallega*, 18 de Decembro do 1898.

[121] *Revista Gallega*, 4 de Decembro do 1898. Onde BRAÑAS, entre outras cousas, afirma:

Salvando as inexactitudes de tais aseveracións —pois se ben é certo que non se produciu unha viraxe radical no seu posicionamento, o achegamento ao carlismo alterou o modelo de descentralización que propuxera con anterioridade — BRAÑAS mantiña o seu posicionamento de adscripción a un partido e ideoloxia aos que a *Revista Gallega* combatia sistematicamente[122].

A ruptura entre ambas as duas Ligas resultou imparábel. Á *Revista Galega* empezaron a chegar solidaridades á redacción contra BRAÑAS dos seus principais delegados: INSUA, JUSTO E.; AREAL, etc. etc.[123], e o posicionamento en Santiago contra as críticas da Cruña foi igualmente radical[124].

Ainda que a expresión obrigadamente moderada da Xunta Directiva da Liga centráse nos ataques a BRAÑAS, na pretensión deste de equiparar carlismo e rexionalismo, os sentimentos reais que nos médios rexionalistas liberais da Cruña despertaba unha tal adscripción atopamo-los expresados con toda contundéncia na *Revista Gallega* da man de GALO SALINAS:

«Mientras la Liga de La Coruña estaba compuesta por personas de distintas ideas en la política del Estado y sus aparentes anhelos eran la propagación del regionalismo, *en la de Santiago predominaba la influencia de un régimen reaccionario con tendencias a seguir las huellas al eterno pretendiente a la Corona de España,* y propendía a someter al carlismo el credo regionalista desvirtuando su significación»[125] (Subliñado, R. M.).

Consumaba-se deste xeito unha escisión no rexionalismo galego longamente madurada desde os tempos da *Asociación Rexionalista* A incapacidade ou a imposibilidade de atinguir unha síntese, perante a disparidade das duas posicións enfrentadas, rematou por fornecer primeiro a conflitividade, logo o distancionamento e finalmente a ruptura total entre dous plantexamentos non somente diferentes senón antagónicos. O mantimento deste antagonismo ao longo de toda a movilización —antagonismo fundamentado mediatamente no conflito social que o peculiar retraso dalgunha das transformacións da revolución burguesa revestia en Galiza— forneceu efeitos decisivamente negativos no desenvolvimento da movilización rexionalista, nomeadamente na agregación de apoios sociais.

En efeito, a diversificación da oferta rexionalista —dirixida no caso do rexionalismo liberal á burguesia galega, e no tradicionalista, á clerecia e fidalguía en crise— traducia-se nunha falta de *hexemonia interior* no rexionalismo de ningunha das suas fraccións. Esta falta de hexemonia prolongaba-se na existéncia dun programa minimamente concreto xa que toda concreción colisionaba forzosamente con algun postulado ideolóxico dalgun dos sectores en presenza.

A irresolución do conflito, promovendo unha grande vaguidade programática e unha constante paralización do movimento en base ás constantes colisións internas, contribuiron a facer pouco atractiva unha oferta política que xa de seu se atopaba con dificilísimas condicións obxectivas de recepción dada a situación en que se achaban as clases interpeladas polo rexionalismo.

Compre en efeito, ter presente, se non queremos entrar no fatalismo histórico máis estreito, conxuntamente coa situación obxectiva das clases sociais galegas interpeladas polo rexionalismo —unha burguesia heteroxénea, feble e inmadura; unha fidalguia en crise e desarticulación ou integración no novo sistema— a inexisténcia dunha síntese conciliadora deses elementos dispares, e sobre todo, a marxinación da variante político-estratéxica plantexada por PEREIRA e o grupo federo-rexionalista lucense centrada nun grupo social, que representaba moitas mellores condicións obxectivas de interpelación, en base á fusión dos seus problemas inmediatos co ideário rexionalista.

En definitiva, a complexa articulación desta abano plural de factores forneceren a escisión final do rexionalismo galego que tivo lugar a finais do 1898.

O carácter irreversíbel desta escisión que atinguira o seu ponto de non retorno resulta nidiamente patentizado nas intervencións ideolóxicas coas que os dous xefes de fila de cada unha das fraccións enfrentadas, BRAÑAS e MURGUIA, sentenciaron o fracaso final do proxectode *unión de todos os galegos* para a redención da sua pátria.

Polo que respeita a ALFREDO BRAÑAS, é de

«¿Que yo hablé en nombre de todos los regionalistas gallegos? Falso. Hablo en nombre de los compostelanos, nada más. Todos los que forman agrupación conmigo están conformes con mi programa».

122 Vid. os ataques dirixidos ao carlismo ao longo do 1897, perante o manifesto de Venecia.

123 *Revista Gallega*, 4 de Decembro do 1898.

124 Cfr. *El Eco de Santiago*, 30 de Novembro do 1898. Onde se recolle a crítica dos rexionalistas coruñeses a BRAÑAS.

125 GALO SALINAS, «La Liga Gallega en Santiago», *Revista Gallega*, 22 de Abril do 1900. No mesmo sentido as notas necrolóxicas na morte de BRAÑAS en Marzo do 1900 na *Revista Gallega*.

interés considerar aqui, como mostra da fixación tradicionalista e antiliberal do seu pensamento, dous discursos que serian os últimos da sua vida. O primeiro deles, celebrado no «Círculo católico de obreros de El Ferrol», versaba sobre «La cuestión social». Na sua intervención, BRAÑAS outravolta reitera con singular dureza a sua oposición ao liberalismo desde os seus fundamentos filosóficos no «racionalismo ateo» até as suas consecuéncias económicas: traballo libre, competéncia, liberdade de indústria e comércio: e postula despois dunha apoloxia da Idade Media unha volta á organización gremial tanto na economia como na política frente ao sufráxio universal das democraciás[126].

Pero será na sua intervención no *Congreso Católico de Burgos* onde o seu posicionamento atinga o radicalismo máis extremo, integrando a descentralización no seo dun proxecto de volta ao pasado:

«He ahí señores la gran amenaza para el siglo XX. El liberalismo... origen de las modernas revoluciones europeas y de nuestras grandes catástrofes nacionales. No hubo doctrina mas infame y peligrosa en todos los siglos... Si nosotros no triunfamos de los parlamentos soberanos de las libertades democráticas, del liberalismo manso, de la centralización absurda, la sociedad llegará en breve a su disolución y ruina»[127].

Párrafos que falan por sí sós da imposibilidade de chegar a un acordo cos rexionalistas liberais da Cruña sobre un programa rexionalista, e iso tanto polos seus aspectos claramente antidemocráticos como pola incidéncia destes no proprio eido da descentralización e a Autonomia. Precisamente neste sentido, resulta de grande interés unha série de dous artigos que co título *«El Regionalismo»* publicara MURGUIA en 1899 en diversas publicacións rexionais: *«Voz de Galicia, Eco de Galicia* de Buenos Aires e *Revista Gallega*[128].

Estes artigos de MURGUIA, que publicara no ano anterior o seu *Diego Gelmírez*[129], constituen un documento básico, e dabondo descoñecido, do rexionalismo galego de extraordinario interés tanto como revelador do posicionamento do líder rexional como do rexionalismo liberal coruñés.

En efeito, con toda claridade e coeréncia, estes artigos de MURGUIA, escritos aos 66 anos de idade, lonxe de amosar-nos un esmorecimento dos seus princípios liberais e progresistas, volven vencellar outravolta de xeito indisolúbel o rexionalismo e a descentralización política coa democrácia representativa e o sufráxio universal; enfrentando-se, asemade, esplicitamente por vez primera co rexionalismo tradicionalista de BRAÑAS. Tras argumentar o accidentalismo en canto as formas de Goberno, a diferenza do rexionalismo de separatismo e a fundamentación histórica do rexionalismo galego, MURGUIA centra-se na demostración da natureza nacional de Galiza e no carácter liberal e democrático do rexionalismo.

Interesa ao noso obxecto actual, deixando outras posíbeis consideracións para máis adiante, precisamente este último aspecto. As verbas neste sentido de MURGUIA son terminantes:

«También se nos acusa de retrógados y es este un punto importante y... que se necesita esclarecer. El regionalismo contra los que sostienen sus adversarios, no acepta el absolutismo, ni predica la vuelta a lo que ya pasó para siempre jamás. Proclama muy alto que es por esencia *régimen de libertad;* el más grande y el más necesario. Está unido estrechamente a los principios liberales y en ellos se informa. Pertenece a la nueva sociedad y como ningún otro sistema político, permite poner en práctica lo que constituye el desiderátum de la política moderna, la política esperimental... no equivale, como algunos quieren, a una vuelta a la organización feudal con todas sus consecuencias; menos aún al régimen absoluto o personal que es su enemigo. No, el regionalismo no quiere ese retroceso. No lo soporta. le es esencialmente contrario. Los regionalistas quieren conservar lo que es privativo de su pueblo y región... pero eso dentro de las libertades modernas, sin renegar de la civilización actual, de la cual derivan las doctrinas que sustentan. Si somos hijos de nuestra región, lo somos también de nuestro tiempo. La misma declaración de estos derechos es un acto de libertad[130].

Este radicalismo democrático e liberal, do máximo teorizador da natureza nacional de Galiza e fundamentador histórico da mesma, que permea un rexionalismo entendido como proceso de modernización, tiña que colisionar por forza cos plantexamentos de BRAÑAS e o grupo de Santiago.

Baixo o mesmo vocábulo *rexionalismo* acochaban-se dous moi diferentes conceitos, dous enfrenta-

126 ALFREDO BRAÑAS, «La Cuestión social», Discurso en el Círculo Católico de Obreros de *El Ferrol*, *Gaceta de Galicia*, 8 de Febreiro do 1899.

127 *Congreso Católico de Burgos*, Burgos, 1899, «Discurso de D. ALFREDO BRAÑAS», pp. 145 e ss.

128 MANUEL M. MURGUIA, «El Regionalismo», en *El Eco de Galicia*, Buenos Aires, 10 e 20 de Abril do 1899. *Revista Gallega*, 26 de Febreiro e 5 de marzal do 1899 e *La Voz de Galicia*, 19 e 28 de Febreiro do 1899.

129 MANUEL M. MURGUIA, *Don Diego Gelmírez*. Coruña, 1898.

130 MANUEL M. MURGUIA, «El Regionalismo» cit.

dos proxectos de articulacións dos valores galegos a intereses de clase en conflito nunha Galiza finisecular na que como no seu momento salientamos, o vello se resistia a morrer e o novo non daba nado.

F. **Alleidade e desvencellamento dos núcleos rexionalistas da Cruña e Santiago.**

A partir do momento da colisión frontal de 1898, cada unha das Ligas seguirá o seu vieiro próprio sen ponto algun de contacto entre elas. A «Liga Gallega» na Cruña, pola sua banda tratará, mália todos os fracasos e dificuldades que atopaba no camiño, construir unha organización rexionalista con forza e implantación.

Neste sentido, e nos mesmos momentos en que estalaba o conflito coa Liga Santiaguesa, WALDO A. INSUA —estabelecido xa definitivamente na Cruña a partir do 1898 e incorporado de cheo ao rexionalismo liberal, fai un chamamento a unha *Asamblea Rexional Galega*.

Asi, a *Revista Gallega* publicou en Novembro do 1898 un manifesto titulado *¡Ahora o nunca!*, no que con arrizadoras verbas plantexa-se a necesidade de movilización dos rexionalistas contra o centralismo[131]. Pero será vários dias despois, nunha proclama, *A los regionalistas Gallegos*, cando INSUA[132] plantexa en concreto a necesidade dunha Asamblea rexionalista co obxectivo de chegar a un acordo de programa rexionalista. Entre os pontos a tratar neste congreso ao que se invita aos rexionalistas de toda Galiza que, agás os de Santiago, levaban tempo sen intervir publicamente, achaban-se os seguintes:

1. Da definición e alcance do rexionalismo nas catro províncias.

2. Do programa deste sistema que ten que pasar de idea puramente especulativa e abstracta ao terreno da realidade.

3. Da distinción dos seus obxectivos do separatismo.

4. «De la creación en consecuencia de un *gran partido* que aspire a la gobernación del Estado, para implantar inmediatamente que se posesione del poder, el indicado sistema»[133].

5. Da aceitación do accidentalismo nas formas de goberno.

6. Tratando-se ademais «en extenso cuanto convenga al desenvolvimiento y efectividad del regionalismo como partido político»[134].

Trata-se dunha das ocasións nas que un rexionalista plantexara máis nidiamente a cuestión da necesidade dunha organización partidária concorrente coas outras forzas políticas e co obxectivo da conquista do poder.

Através doutras intervencións en artigos na *Revista Gallega* INSUA continua a facer propaganda da idea da *Asamblea rexional* e o proxecto de removilización das ringleiras rexionalistas tras a crise do 1898. Através de títulos tan significativos como «Lo que nos salvará» o «Galicia es apta para gobernarse»[135] INSUA, co apoio da *Liga Gallega* e da *Revista Gallega,* trata de relanzar o movimento rexionalista na procura de interesar no tema a galegos de fora da Cruña, ámbito fatal do que non daba saído o movimento.

Do carácter aberto con que se plantexaba esta convocatória dá unha idea a polémica que INSUA sostivera daquela con BRU SANCLEMENT. En efeito, para este catalanista, os desexos de criación dun partido político non era concreción suficiente para o rexionalismo galego, propoñendo por referéncia ao Centre Catalá o seguinte programa:

1. Solidaridade de Galiza no seo do Estado español.

2. Galiza poderá recaudar e distribuir impostos de seu.

131. WALDO A. INSUA, «¡Ahora o nunca!», *Revista Gallega*, 20 de Novembro do 1898:
«No pueden perder un día, un hora, ni siquiera un minuto los regionalistas».

132 Cfr. *El Eco de Santiago*, 30 de Novembro do 1898.

133 Idem.

134 Idem.

135 Por aquelas datas a actividade xornalística de INSUA, recén chegado de Cuba tras o desastre do 98, multiplicaba-se por momentos. Tan só na *Revista* publicou os seguintes artigos:

«La Región es de todos los tiempos», R. G. 4 de decembro do 1898.
«Lo que nos mata», idem. 11 de decembro do 1898.
«Lo que nos salvará», idem, 18 de decembro do 1898.
«El Renacimiento provincial», idem. 25 de decembro do 1898.
«Galicia es apta para gobernarse», idem, 29 de xaneiro do 1899.

3. Contribuirá ao exército cun cupo determinado.

4. A rexión galega posuirá poder lexislativo de seu asi como poder xudicial e executivo próprios.

5. Serán competéncia das leis da Nación somente os asuntos do país.

6. Oficialización da língua galega[136].

Pontos todos eles subscribíbeis polos rexionalistas da Liga da Cruña e que xa apareceron nun ou noutro momento nas propostas e proclamas.

A identificación que amosaba o chamamento de INSUA debia-se á intencionalidade deste e da Liga de criar un partido rexionalista aglutinando sectores que permanecian desmovilizados e con tal finalidade decidiu-se a inclusión de elementos que máis que unir poderian separar, restar apoios á iniciativa.

Como o próprio INSUA esclareceu:

> «Lo único que pedí es la reunión de una gran Asamblea Regional que discuta —a ser posible— los puntos indicados u otros análogos, que tiendan a fijar un programa definitivo y la creación de un partido que aspire al poder para implantarlo... En este concepto me parece más práctico *organizar un gran partido rexionalista* en cada región que tome parte activa en la vida pública actual, aspirando a ocupar el poder para realizar dicho programa»[137].

A intención da Liga Coruñesa era non concretar un programa antes de se realizar a Asamblea rexional, en evitación das diferenzas patentes existentes entre os rexionalistas e na créncia de que o resultado final do programa asumiría os plantexamentos dos rexionalistas coruñeses[138].

Precisamente para facer frente ás novas tarefas de criación do partido rexionalista e dirixir os traballos preparatórios da «Liga Gallega» na Cruña, en cumprimento do estabelecido polos seus estatutos, renovou por eses tempos os seus cargos da Xunta directiva, nomeando presidente a WALDO A. INSUA, que desde a sua volta de Cuba se convertira nun dos membros máis activos. Ficaba pois a dirección da Liga constituída do xeito que segue: Presidente: WALDO A. INSUA; Presidente honorário: MANUEL M. MURGUIA; Vicepresidente MANUEL BANET FONTENLA; Tesoureiro: RAFAEL AUTRAN RODRIGUEZ VAAMONDE; Vocais: SALVADOR GOLPE, MANUEL LUGRIS, GALO SALINAS, MARCIAL M. DE LA IGLESIA, DANIEL COUCEIRO; Secretário contador: EUGENIO CARRE ALDAO.

Outravolta, a Cova Céltica fornecia os postos claves da «Liga Gallega» coruñesa, integrando-se a Xunta directiva exclusivamente por membros da pequeno-burguesia intelectual da cidade.

Para o relanzamento do partido rexionalista, a Liga publicou un manifesto programa explicativo das funcións da mesma e as suas orientacións xerais, entre as que se atopan:

1. Rexenaración e modernización de Galiza:

> «Dar impulso a la agricultura, desarrollo a sus industrias y libertad positiva as suas artes liberais... que a sua fala non quede no estancamento... que o comercio destas provincias non veña como hasta de hoxe sendo tributario obrigado do de fora... decrarando que somente unha libertade comercial comreta fai ricos e felices aos pobos»[139].

2. Chamamento a todas «as crases de que se compón a nosa sociedade desde da antigua e dina aristocracia arrepresentada por casas tan ilustres como as de Soutomayor, Lantaño, Figueira e Moscoso, hasta as que polas suas grandes virtudes e a sua actividade na industria e no comercio puideron brasonar de recén as suas; e desde a mesocrática, cerna de toda a nosa vida, hasta da do pobo que se cría, dinifica i eleva todolos días»[140].

3. E, finalmente, propon-se un «autogoberno local... inspirado no princípio da libertade positiva»[141].

En suma, un chamamento que, baixo a pretensión da universalidade de todos os galegos acocha unha interpelación á burguesia mercantil, proprietária e comerciante e á pequena burguesia urbana que son os sectores aos que se recolle de feito pola sua problemática básica:

> «O industrial que invirte grandes capitales en fábricas que aseguren o pan e o traballo; o propietario que contempla

136 BRU SANCLEMENT, «Hay más allá», Carta abierta al ilustrado regionalista gallego D. WALDO A. INSUA, *Revista Gallega*, 1 de Xaneiro do 1899.

137 WALDO A. INSUA, «Carta abierta al Sr. BRU SANCLEMENT», *Revista Gallega*, 8 de Xaneiro do 1899.

138 Como resulta patente na sua xuntanza do 4 de Febreiro do 1899 onde se reestrutura a Xunta Directiva. Cfr. *Revista Gallega*, 5 de Febreiro do 1899.

139 Vid. suplemento *Revista Gallega*, 5 de Febreiro do 1899.

140 Idem.

141 Idem.

devorada a sua fincabilidade polas crecentes e brutas esixencias dun fisco que endexamais se ve saciado; o letrado, que se ve cinguido a unha vida vexetativa cando a tan elevados cargos lle e dado aspirar; o sacerdote, atacado por a impiedade matropolítica; ao aldeán a quen é preciso redimir sinceiramente da escravitude...»[142].

Mais os chamamentos da «Liga Gallega» na Cruña apenas foron contestados por rexionalistas doutras cidades, agás dalgunha adesión individual, mentres o núcleo santiagués permanecia na máis completa alleidade[143], mália a aprobación dos seus estatutos polo Gobernador civil en Xuño de 1898.

O fondo da ruptura entre os rexionalistas composteláns e os coruñeses sai á luz co gallo dunha polémica entre a *Gaceta de Galicia* e a *Revista Gallega,* na que aquela fai transitoriamente de portavoz do rexionalismo de Santiago. En efeito, a falta de órgao de expresión próprio, os rexionalistas santiagueses fan ouvir a sua voz através de xornais como a *Gaceta* ou o *Pensamento Galaico*.

Tras o manifesto de INSUA, na *Gaceta* apareceu un artigo sen firma no que se entende aquel como un comunicado da Liga coruñesa que non é de nengun xeito a única de Galiza e como un intento desta de representar en si mesma todo o movimento rexional[144], explicitando en posteriores intervencións a ruptura total entre os dos núcleos rexionalistas.

«... Ya tenemos dos grupos regionalistas, completamente distintos, sin relación de ningún género y opuestos por así decirlo; hecho que desmiente terminantemente la afirmación de la «Revista» de que en Galicia no existe agrupación regionalista a no ser en La Coruña... ¡Cómo Santiago, pueblo donde la aristocracia de la sangre y del talento tiene su cuna, va a ponerse bajo la tutela de un pueblo sin historia donde, salvo algunas excepciones, el único espíritu que predomina es el mercantil! ¡Cómo los regionalistas santiagueses, hijos de una población eminentemente religiosa y por lo tanto católicos, van a estar al lado de una organización regionalista cuyo órgano en el periodismo se significa por sus tendencias antirreligiosas»[145].

Baixo o localismo e tradicionalismo relixioso subxace a colisión de dous proxectos rexionalistas dirixidos a duas clases con intereses políticos, económicos e ideolóxicos opostos: burguesia e nova pequenoburguesia dunha banda, e clero e fidalguia da outra, xeograficamente polarizadas en dous núcleos urbános: A Cruña e Santiago de Compostela. E a rexionalismos distintos, ou ainda opostos, organizacións independentes. Neste orde de cousas, o grupo rexionalista de Santiago, en desacordo coas bases que para o partido rexionalista explicitara a Liga coruñesa en Xuño de 1899, constituíu a *Liga Gallega de Santiago,* nomeándose unha Xunta directiva da mesma na que ALFREDO BRAÑAS ocupaba a Presidéncia e CABEZA DE LEON a Secretaria[146].

Precisamente, co gallo da constitución da «Liga Gallega» santiaguesa, que levaba cos estatutos aprobados polo Gobernador civil da província desde Xuño do 1898, publicou esta un manifesto *Al Pueblo Gallego*[147] no que, despois das sólitas denuncias do centralismo, plantexan-se as liñas xerais dun *réxime autonómico* no que a descentralización vencella-se a un firme antiliberalismo e anticapitalismo.

O vocábulo *autonomia,* que designa o autogoberno a que aspiraban os rexionalistas galegos, amósase unha vez máis como portador de diferentes conceitos. Grandes diferenzas existen, en efeito, entre a descentralización de carácter antiliberal e anticapitalista do *réxime autonómico,* proposto pola Liga de Santiago e o que xa miramos antes dos rexionalistas coruñeses. Sintetizando os pontos centrais deste rexime autonómico, poderíamos estabelecé-los do xeito que segue:

142 Idem.

143 «La Liga Gallega na Cruña es hoy por hoy, la única Asociación regionalista legalmente constituida en Galicia... bajo el epígrafe «A los regionalistas gallegos» (INSUA) se dirigió un ruego a todos ellos a fin de que dieren su opinión sobre la conveniencia de celebrar una Asamblea Gallega... a este llamamiento nadie se dignó responder». *Revista Gallega*, 26 de Marzo do 1899.

144 Cfr. *Gaceta de Galicia*, 28 de Marzo do 1899. Onde, despois de acudir aos usuais rezonamentos localistas e á falta de representatividade da Liga Gallega da Cruña, remata-se afirmando «¿Es que acaso hay que pedir permiso a La Coruña para celebrar un Congreso Regional?».

145 *Gaceta de Galicia*, 6 de Abril do 1899. Onde se engade:

«Los de la Liga pueden, en uso de su derecho, representar las tendencias de «sus amigos», pero no tomar el nombre de los demás regionalistas gallegos, cuando éstos no les han dado representación y siendo en tendencias, aspiraciones, en creencias y modos de manifestarse y en todo, distantes completamente».

Diferenzas entre as Ligas da Cruña e Santiago que non somente abarcan os aspectos que vimos mentando —no modelo e caste de descentralización e máis a perspectiva liberal duns e autocrática e tradicionalista doutros— senón a aspectos ideolóxicos máis xerais.

Neste sentido a relixiosidade integrista e tradicionalista da Liga compostelana, tiña totalmente oposto ao seu ideário o espírito liberal, progresista (por máis que católico) moderno e europeu da *Liga Galega na Cruña* que tanto se doía publicamente da morte de Zola como se felicita pola revolución rusa de 1905. *Revista Gallega*, 7 de Marzo do 1901 e 4 de Febreiro do 1905.

146 Manifesto «Al Pueblo Gallego», 24 de Xuño do 1899.

147 Idem. É de salientar a diferente valoración práctica verbo da língua entre ambas as duas ligas: mentres a de Santiago emprega unicamente o castelán, a da Cruña soi redactar os comunicados bilingües.

1. «Por sus condiciones de raza, territorio, lengua e historia, constituye Galicia una región natural, perfectamente delimitada»[148].

2. «Deseamos la supresión de los Gobiernos civiles, Diputaciones provinciales y demás funcionarios y centros que exige la actual organización administrativa»[149].

3. «Pedimos para Galicia de acuerdo con sus tradiciones y carácter una Diputación Regional a la cual corresponderá entender y resolver, con idependencia del Poder Central, en todos los asuntos peculiares de la pequeña patria»[150].

4. Desaparición dos Concellos rurais e o seu estabelecimento e núcleos de certo peso urbano dotándo-se-lles de Autonomia.

5. O nomeamento dos representantes de Galiza nas Cortes españolas ou na Deputación rexional, non debe «ser producto de ese sufragio individual hoy en uso, sino... dar la debida preponderancia a la representación corporativa o de clases... y someterse al mandato imperativo»[151].

6. Os asuntos administrativos e xudiciais galegos deben tramitar-se até a última instáncia en Galiza e por funcionários galegos.

7. «reclamamos se deje a Galicia en libertad de establecer su sistema tributario y de prefijar por medio de conciertos con el Estado, el cupo anual con que ha de contribuir a los gastos generales del mismo»[152].

8. Mantimento de institucións xurídicas galegas de carácter foral.

9. «pedimos que los naturales de esta región puedan usar el idioma gallego en todos los actos oficiales y extraoficiales en que intervengan»[153].

En definitiva, un programa onde se postula unha descentralización con duas auséncias que afectan gravemente no seu cerne: a falta da democrácia representativa, dunha banda, e doutra a auséncia de clarexamento do poder lexislativo autonómico, elemento nodal das institucións do autogoberno sen o cal este fica reducido a mera descentralización administrativa. A concreción dos proxectos de BRAÑAS en *El Correo Español* apontan inequivocamente neste segundo sentido: deixaba-se dunha banda a última decisión verbo do autogoberno galego nas mans do monarca central e as institucións galegas carecian de poder lexislativo de seu.

Compre insistir, outravolta, no feito que as diferenzas entre ambas as duas Ligas, Santiago e A Cruña, non se reducen somente ao carácter democrático dunha e autocrático da outra, senón que, en parte debido a este primeiro elemento, existen tamén diverxéncias no referente ao *autogoberno* postulado por unha e outra. Mentras a Liga da Cruña posui clara conciéncia da necesidade dun poder lexislativo autónomo como eixo das institucións políticas galegas, nos programas composteláns tal necesidade presenta-se moi esvaída ou simplemente negada como nos artigos de BRAÑAS en *El Correo Español,* nos que a Autonomia se converte en Gracia discrecional do monarca. Como comentara *El Regional* de Lugo tras a publicación do manifesto compostelán e referindo-se á «Liga Gallega» da Cruña:

«Tales son los principios fundamentales del regionalismo gallego, o mejor dicho, de la Liga de Santiago, pues entre los regionalistas de Galicia no existe unanimidad de pareceres y hay quienes profesan doctrinas más radicales...».[154]

Conxuntamente con esta escisión definitiva do rexionalismo galego, compre salientar outro elemento que a estas alturas tomaba xa plena substantividade no movimento. Trata-se da auséncia de incorporación á movilización rexionalista dos sectores interpelados por ambas as duas Ligas. Nen a *fidalguia e clero* chamada por BRAÑAS, nen a *burguesia* solicitada pola *Revista Gallega* acudiron á convocatória.

Privado de apoio social, o rexionalismo galego, fortemente enfrentado, ficaba reducido ao núcleo minoritário das suas orixes. Os portadores da «boa nova» da redención da pátria galega non daban articulado ao seu discurso, as suas propostas, nen moito menos a sua organización, sectores e grupos con certo peso na sociedade galega.

Actuan neste sentido factores en modo algun reconducíbeis á pura interioridade do movimento rexionalista. O estabelecimento de vínculos político-ideolóxicos entre a vanguarda intelectual rexionalista e as clases sociais galegas colisionaba frontalmente

148 Idem. *El Regional*, 12 de Xullo do 1899.

149 Idem.

150 Idem.

151 Idem.

152 Idem.

153 Idem.

154 *El Regional*, 12 de Xullo do 1899.

coa *situación obxectiva* destas a finais do século XIX, que fornecia moi difíceis condicións de posibilidade.

Así, ¿como podia a única forza ideolóxica do discurso rexionalista vencer obstáculos como a própria febleza dunha burguesia galega, case inexistente, reducida aos núcleos de Vigo e A Cruña, heteroxénea e inmadura até o ponto de que fai difícil atribuir-lle un carácter de «clase» en sentido estrito?.[155] ¿Como poderia o movimento rexionalista incorporar os intereses destes sectores burgueses ou galvanizá-los contra o modo de dominación da Restauración, se aqueles intereses eran dispersos cando non contraditórios (como se mirou coa polémica proteccionismo-librecambismo) e a burguesia galega máis dinámica achaba-se perfeitamente *integrada* no entramado da Restauración e no seu sistema de partidos?

Desbotada a alternativa de PEREIRA, a única sen dúbida que poderia dar unha saída política movilizadora, con implantación e base de masas, ao movimento rexionalista, somente outro sector ficaba por interpelar, os grupos deudores das vellas estruturas económico-sociais e aqueloutros ideolóxicamente vinculados ao pensamento antiliberal ou anticapitalista ainda co peso na sociedade galega. E tal foi o que intentou BRAÑAS desde a levítica cidade compostelá. Mais a fidalguia e pequena fidalguia, integraban unha clase xa devecente, en crise económica e progresiva desaparición, sen cerengo nen perspectiva de recuperar o seu pasado, derrotada político-militarmente nas guerras carlistas e con sectores integrados na nova sociedade... situación pouco propícia para emprender unha loita que convertise, en último intento de deter a modernización lenta pero inexorábel do país, as liberdades locais en baluartes contra a Revolución burguesa.

O discurso rexionalista plural, ricaz e militante —até o ponto de que somente avanzado o século vinte serian recollidas algunha das suas propostas: nomeadamente a natureza nacional de Galiza—, ficou discurso senlleiro ao cabo. Fundamentador dunha comunidade nacionalitária non atinguiu vínculos orgánicos con nengunha das clases presentes na escena política galega finisecular. E os seus portadores, os intelectuais rexionalistas, ficaron aillados nos seus xornais, nos seus libros, nas suas «covas célticas», no seo dunha sociedade penetrada até a máis fonda capilaridade por un modo de dominación centralista e antidemocrático.

Boa proba deste esfarelamento das arelas de introducir os rexionalistas o seu ideario nun movimento organizado, capaz de competir cos partidos turnantes, o constituen as actividades que desenvolven nestes derradeiros meses do século XIX. Así, en Novembro de 1898, encetaba-se unha suscripción na *Revista Gallega* por acordo da Liga rexionalista coruñesa prol da construción dun monumento aos *mártires de Carral*, os caídos no alzamento de 1846 e precursores do rexionalismo.[156] Neste sentido, abriu-se unha conta para recaudar fondos encabezada por membros da «Cova Céltica» e Xunta Directiva da Liga Gallega.[157]

Seguindo coa campaña, publicou-se na *Revista Gallega*, un artigo de SALVADOR GOLPE onde, co título «Una Deuda de España», solicitaba-se que se dese cumprimento á Lei 1-XII-de 1855, pola que se declaraba a SOLIS e demais fusilados «beneméritos de la patria» e se regulaba a edificación dun monumento en Santiago.[158]

No mesmo dia 23 de Abril de 1899, celebrou-se unha homenaxe en Carral aos caídos no 1846. A tal efeito, desprazou-se unha comisión á devandita vila, integrada por: MURGUIA, SALVADOR GOLPE, MANUEL LUGRIS FREIRE, FRANCISCO TETTAMANCY, EUGENIO CARRE ALDAO, ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ, DANIEL COUCEIRO, MARCIAL M. DE LA IGLESIA, GALO SALINAS e ALBERTO ALVAREZ. Os actos estaban organizados pola Liga ali existente cuxo Secretário era JOAQUIN ALEJO BISSI e Presidente ANDRES TARRIO.[159] No acto falaron RAMON VELASCO IBARRA, coronel

155 Como ten amosado maxistralmente E. P. THOMPSON, rompendo cos tradicionais enfoques teoricistas encol do tema —desde a problemática da conciéncia de clase de LUKACS até os plantexamentos sincrónicos de POULANTZAS— a construción dun grupo social como clase requere toda unha longa etapa de agregación, homoxeneización, descoberta dos próprios intereses, existéncia de próprios proxectos políticos, en definitiva dun longo *proceso de maduración* en contraste coas outras clases sobre a base dunha solidez e homoxeneidade materiais prévias que se constitúen como concidións necesarias pero non suficientes. E. P. THOMPSON. *The making of the English working class*, London, 1970, p. 125 e ss.

156 Os dirixentes militares do alzamento de 1846 foron fusilados en San Esteban de Peleo Carral, lugar onde ficaron os seus restos mortais. Cfr. BARREIRO FERNANDEZ, *El alzamiento de 1846 y los orígenes del galleguismo* cit.

157 Encabezaban a lista de aportacións: FRANCISCO SUAREZ SALGADO, WALDO ALVAREZ INSUA, MANUEL M. MURGUIA, SALVADOR GOLPE VARELA, MANUEL BANET FONTENLA, FRANCISCO TETAMNACY GASTON, FLORENCIO VAAMONDE LORES, EUGENIO OCCRRE ALDAO, ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ, GALO SALINAS RODRIGUEZ, RAFAEL AUTRAN, RICARDO SEIJO Y PITA, ANDRES MARTINEZ SALAZAR, e MANUEL LUGRIS FREIRE, ALEJO BISSI, DANIEL COUCEIRO, FLORENCIO POL, ANTONIO COUCEIRO, etc. Cfr. *Revista Gallega*, 4 e 27 de Novembro do 1898.

158 No ano 1856 fora declarada en suspenso o referente ao erguimento da estátua prevista. *Revista Gallega*, 23 de Abril do 1899.

159 Cfr. *El Eco de Santiago*, 27 de Abril do 1899.

de Santiago, fillo dun dos mártires de Carral, LUGRIS FREIRE, que o fixo en galego e WALDO A. INSUA como presidente da «Liga Gallega» na Cruña. EDUARDO PONDAL e FLORENCIO VAAMONDE mandaron poemas para ser leídos no acto por achar-se enfermos.[160]

Conxuntamente con esta homenaxe e acto de recuperación da memoria do galeguismo histórico, a «Liga Gallega» na Cruña participou no intento de articular unha candidatura unitária que incluise rexionalistas para as eleicións municipais. Trataba-se dunha *candidatura popular*, alternativa aos partidos turnantes e a prol da que se intentaba que os partidos implicados non presentasen candidatos próprios. Por mor de desacordos cos republicanos coruñeses non se consolidou a candidatura, fracasando o intento e non presentando os rexionalistas candidato independente. A perda desta ocasión conlevou, sen dúbida, efeitos notábeis na configuración do rexionalismo coruñés que se viu privado asi dunha experiéncia que cicais pudese reorientar o seu desenvolvimento futuro.[161]

A non participación eleitoral, dado o fracaso da candidatura unitária e a falta de organización precisa para se presentar candidatos rexionalistas, volveu incidir na alleidade da Liga Coruñesa á política eleitoral da Restauración, marxinando-se por incapacidade da loita no seu terreno contra dos partidos turnantes,[162] e carecendo da experiéncia fundamental como forza política da procura do voto e da xestión municipal.[163]

Fracasada esta tentativa, directamente política, a Liga Gallega centrou-se en iniciativas de menor relevância. Así por exemplo, a convocatória de xuristas en apoio da comisión de codificación de direito foral galego, coa finalidade de seguimento da mesma se non fosen suprimir institucións históricas do direito galego. A Liga levou a estes efeitos unha campaña apoiada por *El Noroeste* da Cruña e *El Ancora* de Pontevedra.[164]

Mais, mália a sua militáncia galeguista, os rexionalistas da Cruña non daban saído do seu ghetto, pechado núcleo de intelectuais, e iso encetaba a producir mostras patentes de desencanto e desmovilización,[165] até o ponto de que o corresponsal da Liga da

160 Segundo a información de *El Eco de Santiago* cit., non houbo no acto participación oficial nen extraoficial algunha de rexionalistas compostelanos. O capitán VELASCO, único santiagués —ao noso saber— asistente, levou, asi e todo, 400 ptas. recollidas nas entidades culturais da cidade.

161 *Revista Gallega*, 7 de Maio do 1899. «Las elecciones municipales y los regionalistas».

162 Cfr., neste orde de cousas, os diversos editoriais adicados ás eleicións pola *Revista Gallega* nestes anos:

«La Farsa de Hoy», R. G., 16 de Abril do 1899.
«Las elecciones municipales y los regionalistas». Idem, 7 de Maio do 1899.
«Los políticos y el pueblo», R. G., 11 de Xuño do 1899.
«Las elecciones», 17 de Marzo do 1900.
«Elecciones», R. G. 5 de Maio do 1901.

En todas elas subxace a frustración e impoténcia de articular candidatura alternativa algunha ás dos partidos turnantes en base á própria feblez, falta de apoios económicos e sociais do movimento, etc.

Esta impoténcia político-eleitoral reproducia amplamente, tanto o próprio caráctr de facción ou comité minoritário integrado por intelectuais rexionalistas, como a própria textura político-organizativa e ideolóxica do rexionalismo, privando-o dunha dinámica sumamente arrequecedora en canto forza política con presenza pública, poder de convocatória e programa minimamente agregador de apoios sociais.

163 Sobre os efeitos devanditos xenerados pola participación nas loitas políticas eleitorais é paradigmático a evolución do movimento nacionalista basco. Cfr. neste sentido JAVIER CORCUERA, *Orígenes, ideologia y organización del nacionalismo vasco* cit., p. 345 e ss. A contenda eleitoral obrigaria ao rexionalismo galego a concretar programas e, sobretodo, a recoller os intereses e reivindicacións materiais das clases ás que se interprelaba e MOLAS, I. *Lliga Catalana* cit. p. 225 e ss.

164 Revista Gallega, 4 de Xuño do 1899.

165 A *Revista Gallega*, reproduce un artigo de *La Lucha* de Vigo no que se afirma:

«Los regionalistas gallegos... en Galicia, si bien los hay, parece que no existen porque no dan señales de vida». *Revista Gallega*, 11 de Xuño do 1899.

É de interés a resposta da *Revista Gallega* porque se refere á existéncia dun Proxecto de organización rexional para Galiza:

«Lo que falta en Galicia es dar cierta unidad o sanción al común sentir de los galegos amantes de su país y en eso viene trabajando la Liga Gallega de La Coruña. No está olvidada la conveniencia de celebrar una Asamblea regionalista en Galicia, y los trabajos van ya tan adelantados que brevemente se circularán a todos los gallegos que deseen el progreso de su patria, el *Proyecto de Bases de la organización de la Región Gallega*, para después de estudiarlas y emitidas sus opiniones, convocar en el punto más adecuado de Galicia a la Asamblea para fijarse por todos los puntos capitales sobre los que se habrá de buscar la futura orgaización regional».

De feito, non temos notícias de nengunha das duas cousas, nen redacción dun Proxecto nen Asamblea rexional, se levara a cabo e a partir deste momento o rexionalismo rexista un asinalado debano na sua actividade, entrando nun período de franca decadéncia político-organizativa e ideolóxica.

O illamento do núcleo rexionalista coruñés, non xa somente verbo dos rexionalistas composteláns que se achaban ainda na pendente dun máis patente debecimento, senón dos apoios sociais por el interpelados, configuraban un panorama de fonda crise e desmovilización patente nas escasas referéncias a actividades rexionalistas que tanto na própria prensa como na allea ao movimento figuran apartir de 1900.

Cruña en Vigo dirixira unha mensaxe á mesma na que traslucia a inactividade desta:

«La Liga Gallega de La Coruña ha emprendido el camino de la redención de la patria pequeña, de la salvación de su honor, ¿hállase ya fatigada?».[166]

E no mesmo sentido o próprio GALO SALINAS ve-se na obriga de recoñecer

«Aquel vertiginoso movimento de reciente época parece al presente haberse estacionado»[167].

Por esas mesmas datas producen-se, por primeira vez, unha série de colaboracións nas páxinas da Revista Gallega de rexionalistas vigueses, da man de JUSTO E. AREAL,[168] corresponsal da Liga da Cruña e TOMAS MIRAMBEL MARISTANY.

De grande interés son especialmente as intervencións deste último, pois integran, outravolta, unha nova converxéncia de rexionalismo e federalismo. En efeito, nos escritos de TOMAS MIRAMBEL I MARISTANY[169] publicados na *Revista Gallega*, atopan-se uns plantexamentos que revesten características moi semellantes ao federo-rexionalismo de PEREIRA. Interés acrecentado tanto pola profundidade e radicalidade dos artigos como pola personalidade do autor, destacado industrial vigués pertencente á burguesia catalá integrada en Galiza.

Sen prexuizo de volver máis adiante sobre o tema, compre sulìñarmos agora os rasgos básicos do seu posicionamento. Asi, na primeira intervención deste industrial vigués, en Xullo de 1899, titulada «Salvemos Galicia», fala-se explicitamente dun proxecto rexionalista e federal de corte modernizador e europeizante:

«Por amor a España (no al Estado español) debemos procurar a toda costa la salvación de Galicia en la deshecha que todos presentimos. Salvada Galicia de la rapacidad extranjera, nos será dable por medio de la confederación con las demás regiones de la península, una gran nacionalidad libre de la absorción actual por las gentes del centro y mediodía... saben que Galicia tiene un arte, una literatura y un derecho propio; nadie dudaría de que Galicia entregada a sí misma caminaría con paso firme y seguro por el camino de la democracia, el progreso y la libertad».[170]

En «El regionalismo y los políticos gallegos»[171] e «Centralismo y regionalismo. El progreso de Galicia», volve-se a insistir nesta perspectiva:

«No les preocupa la actitud hostil de los carlistas que sueñan con establecer instituciones anacrónicas, cuyo solo recuerdo va unido al absolutismo desenfrenado del Estado... Sólo les saca de quicio la palabra «regionalismo», les exaspera la palabra «autonomía» y les espantan los conciertos económicos que son el ABC de la federación».[172]

E en «El regionalismo es retroceso», tras declarar-se decidamente rexionalista e conceituar abertamente a Galiza como *nacionalidade*, estabelece un modelo de autogoberno galego:

«Tendríamos el poder legislativo, esto es, las Cortes Galaicas... crearíamos el poder ejecutivo por las Cortes... organizando la Audiencia de Galicia... Crearíamos también el ejército regional».[173]

De xeito semellante, en «La opinión en Galicia»[174] e «Galicia desamparada»[175] o federalismo de MARISTANY, lonxe de toda abstracción, atopase cheo de contido orgánico galeguista como amosan as referéncias á lingua e história de Galiza, a conceituación desta como nacionalidade, e mesmo a mostrar-se flexíbel arredor dun tema como o do sufráxio universal ou o corporativo, básico no carácter democrático da sua proposta.

TOMAS MIRAMBEL I MARISTANY, en definitiva, integra un exemplo máis de converxéncia de rexionalismo e federalismo nunha específica síntese no vieiro de PEREIRA, o núcleo de Mondoñedo, etc., facendo perder á ideoloxia federal o seu carácter abstracto e estatalista e suministrando ao rexionalismo un programa radical democrático e descentralizador que rebasaba, como modelo de distribución do poder político, o cerengo da *Autonomia* que postulaban os membros da «Liga Gallega» na Cruña.

G. Desmovilización e esfarelamento do rexionalismo galego.

Mais os aportes ideolóxicos e militantes de AREAL e MARISTANY chegaban tarde. A «Liga Gallega na Cruña» foi incapaz de celebrar a *Asamblea Rexionalista Galega* nen moito menos encetar a construción do partido *rexionalista* por tanto tempo arelado.

O próprio GALO SALINAS, dirixente da organización coruñesa e infatigábel impulsor —redactor da *Revista Gallega*, ve-se na obriga de recoñecer a dura realidade que contemplan os seus ollos a comezos de 1900:

«Galicia se divorcia del regionalismo. Los regionalistas grandes y chicos han desertado de las legionarias filas... ¿qué se hizo de aquellos tiempos en que el ardimento impulsaba a la voluntad?».

Os sucesivos fracasos, os enfrentamentos internos, a falta de apoio social, a integración dalguns líderes no entramado da Restauración (BESADA, PEREIRA) remataron cos anseios de organización dun movimento rexionalista galego.

Sentindo o fracaso e esfarelamento final deste, GALO SALINAS emprende, desde as páxinas da Revista Gallega, unha história dos avatares do movimento, a xeito de recapitulación final:

«En todos los órdenes de la humana actividad nótase de un tiempo a esta parte en Galicia una paralización tal que parece reveladora de una decadencia... Hoy de todo aquello sólo ha quedado el recuerdo, porque todo aquello ha dejado de existir»[176].

Nestas circunstáncias, o labor ideolóxico fundamentador da realidade diferencial galega acadara o seu teito, precisando encarnar-se orgánicamente nun movimento que lle fornecera novos elementos de complexidade, novos estímulos e integración cos intereses das clases sociais galegas, cara a articulación con estes dos valores fundamentais galeguistas. A ideoloxia esgotará o seu ámbito de eficácia, precisando ser «probada» na area política, nas loitas sociais pola hexemonia, onde se reformularia concreta e especificamente no seo das estratéxicas e alianzas, fornecendo proxectos sociopolíticos e agregando e aglutinando un bloque social portador da reivindicación galeguista.

Producese por aquel entón a morte de BRAÑAS. A valoración da sua morte nos meios rexionalistas e carlistas patentiza tanto a situación de BRAÑAS no

166 JUSTO E. AREAL, «Galicia sálvate», *Revista Gallega*, 17 de Setembro do 1899.

167 GALO SALINAS, «La situación de Galicia», *Revista Gallega*, 17 de Setembro do 1899.

168 JUSTO E. AREAL publica por esas datas na única plataforma do rexionalismo existente, a *Revista Gallega*, diversos artigos sobre temas rexionalistas:

«Somos unos desgraciados», R. G., 31 de Decembro do 1899.
«Galicia despierta», R. G., 23 de Xullo do 1899.
«La Autonomía es la salvación de las regiones», R. G. 1 de Outubro do 1899.
«A unirse», R. G., 7 de Xaneiro do 1900.

Tamén no diário compostelán *El Alcance*, que de cando en vez publicaba noticias ou artigos de índole rexionalista, publicara AREAL algun como o titulado «Por Galicia», *El Alcance*, 23 de Decembro do 1897, onde, vinculando-se á campaña *Autonomía para Galicia*, pedia para Galiza a un réxime autonómico semellante ao de Cuba e Puerto Rico.

Asi e todo, a presenza dun corresponsal da Liga Galega na Cruña en Vigo, na persona de AREAL, non implicaba de nengun xeito unha incorporación de sectores da pequeno-burguesia ou burguesia industrial daquela cidade ao movimento rexionalista. Con efeito, mália a sua perteneñcia á Liga coruñesa de signo inequivocamente liberal e a solidariedade coa mesma cando a adesión de BRAÑAS ao carlismo e, en definitiva, a sua integración no rexionalismo libera e progresita; a sua colaboración foi a título meramente individual, como acontecerá tamén no caso de MIRAMBEL Y MARISTANY, sen que se producise en nengun momento na cidade de Vigo a criación dun núcleo rexionalista cuxa existéncia poidamos documentar.

169 TOMAS MIRAMBELL y MARISTANY, industrial catalán asentado en Vigo foi un dos membros da burguesia viguesa mais activos e dinámicos: no ano 1884 fundou «Ferrer, Mirambell, Fontanills y Cía», fábrica de «hilados y cordeles para la pesca» que logo se denomiraria «Cordeleria Ibérica», transformando-se no ano 1887 en Sociedade Anónima á que se incorpora no 1897 MONTERO RIOS.

No ano 1900 foi un dos fundadores do *Banco de Vigo*, do que en 1920 será elexido Presidente do Consello de Administración. No 1901 é, asi mesmo, un dos fundadores da Compañia de Seguros «La Alborada», sendo membro do seu Consello de Administración. Tiña tamén unha fábrica de salgados e conservas de seu e algun que outro negócio de menor relevância.

Dados facilitados polo Profesor CARMONA BADIA.

170 TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «Salvemos Galicia», *Revista Gallega*, 16 de Xullo do 1899.

171 TOMAS MIRAMBELL Y MARISTANY, «El regionalismo y los políticos gallegos», 21 de Xaneiro do 1900. *Revista Gallega*.

172 TOMAS MIRAMBELL Y MARISTANY, «Centralismo y regionalismo. el progeso de Galicia», 8 de Abril do 1900. *Revista Gallega*.

173 «¿Es el regionalismo retroceso?», T. MIRAMBELL Y MARISTANY, *Revista Gallega*, 15 de Xullo do 1900.

174 TOMAS MIRAMBELL Y MARISTANY, «La opinión en Galicia», *Revista Gallega*, 16 de Decembro do 1900, onde figuran frases como:

«Con los robustos núcleos españoles podríamos formar una gran confederación y un gran estado...»

175 TOMAS MIRAMBELL Y MARISTANY, «Galicia desamparada», *Revista Gallega*, 10 de Xaneiro do 1904.

176 GALO SALINAS, «Decadencia», *Revista Gallega*, 6 de Maio do 1900. Nese mesmo ano SALINAS, perante o esfarelamento do movimento rexionalista publica unha série de artigos a modo de recapitulación dos diferentes fitos da movilización: «La Región Gallega y el regionalismo», 21 de Xaneiro do 1900, «El Regionalismo y la región gallega», 14 de Xaneiro do 1900, «Sobre el mismo tema», 18 de Febreiro do 1900, «La Academia Gallega», 25 de Febreiro do 1900 e «Las Ligas Galegas», 26 de marzo do 1900, onde afirma:

«Hoy sólo nos resta que de aquellas instituciones que pudieron ser el todo y se han reducido a la nada, las Ligas Gallegas existentes en La Coruña y Santiago».

A frustración e a impoténcia son os rasgos básicos que se desprenden desta recapitulación o fracaso do proxecto de movilización e arrequento de base social que o próprio SALINAS albiscara no seu libro *El Regionalismo Gallego*, La Coruña, 1892, pp. 33 e ss.

interior do movimento como a própria escisión deste. En efeito, para os carlistas, vai-se un dos seus[177], e como tal é chorado na prensa de tal signo; en troques, as reaccións dos rexionalistas coruñeses amosan a distanciamento dos últimos tempos:

«Nosotros y más de una vez, lo hemos manifestado, jamás reconocimos en el Sr. BRAÑAS la cabeza visible del regionalismo gallego; lo conceptuamos sí, como uno de sus líderes mientras sus tendencias no se inclinaron a determinada política de reacción, pero nada más que como uno de tantos, con más o menos representación y prestigio, méritos y disposiciones... Respecto al regionalismo gallego, tiempo ha que lo consideramos no muerto, pero sí acéfalo, debido a la apatía, marasmo, desaliento, indiferencia o desengaños...»[178].

A morte de BRAÑAS porduciu-se nun momento en que o esmorecimento da actividade rexionalista atinguira o seu ponto álxido, e dificilmente pode ser-lle atribuído un carácter de causa da crise e fracaso final do rexionalismo. Asi e todo, é constatábel como apartir do seu pasamento o núcleo rexionalista de Santiago deixou de existir e non se coñece a manifestación pública, política, ideolóxica e organizativa algunha que del procedese.

Se o rexionalismo como tal non desapareceu coa morte de BRAÑAS, si o fixo, en troques, o rexionalismo tradicionalista en canto grupo organizado na «Liga Gallega de Santiago».

Apartir de 1900 o núcleo coruñés da «Liga Gallega» fica senlleiro e con cativas forzas mantendo a causa do rexionalismo galego, e a *Revista Gallega* resta como único facho que alumea un roteiro ateigado de desesperanzas e marxinación, único elemento de continuidade que enlazará co posterior galeguismo de *A Nosa Terra.* Mais nas páxinas da própria publicación rexional podemos ollar con claridade as mostras dos fracasos, desilusións e frustracións do movimento rexionalista. O esmorecimento ideolóxico irremisibelmente acompañará ao organizativo da man do impacto do nacionalismo español e o próprio isolamento.

O reflexo semántico desta perda de vigor ideolóxico atopamo-lo unha e outra vez nas colaboracións e editoriais da *Revista Gallega.* Apartir de 1901 Galiza xamais voltará a ser denominada nacionalidade[179] ou nación. Será frecuente atoparse coa univocidade do vocábulo *pátria* aplicado a España[180] mesmo as próprias formas arrizadoras e retóricas do discurso rexionalista (chamamentos, proclamas, manifestos)[181] as suas fórmulas interpeladoras[182], a sua simboloxia[183] sofren un esmorecimento paulatino, agás dalgunhas manifestacións ocasionais[184].

Noutro orde de cousas, o liderato, elemento esencial na constitución de todo movimento nacionalista ou prenacionalista, e que perante os enfrentamentos internos no rexionalismo galego perdera a sua funcionalidade carismática e movilizadora, achaba-se agora totalmente ausente. A diáspora dalguns dos persoeiros rexionalistas (BESADA, PEREIRA), a morte de outros (TARRIO, BRAÑAS...) e a vellez de MURGUIA (69 anos no 1902) deixaron ao movimento sen guiero capaz de galvanizar as cativas forzas que ainda fican. Unha vez mais as lúcidas verbas de GALO SALINAS daban conta da situación:

«Dolémonos de que en Galicia no contemos en la actualidad con un sólo hombre capaz de ponerse al frente, y lo bastante abnegado para alzar el estandarte del regionalismo, *convertirse en Caudillo* y con el ejemplo llevarnos al triunfo de la arrebatadora idea en conquista de una *descentralización que nos arrebatara de la metrópoli*»[185] (Suliñado noso, R. M.).

Ainda nestes anos de decadéncia a *Revista Gallega* ten pulo suficiente para encetar unha campaña de achegamento á burguesia galega na procura case desesperada do seu apoio, da sua incorporación ao rexionalismo. Neste sentido, enceta-se a publicación, na primeira páxina da revista apartir de 1901, dunha série titulada «Nuestros industriales», na que se loan as actividades dalguns sobranceiros personaxes do momento adicados á indústria e o comércio[186].

---

177 Neste sentido, *El Pensamiento de Galicia*, sucesor de *El Pensamiento Gallego*, é, sen dúbida, o xornal que mais relevância da a figura de BRAÑAS co gallo do seu pasamento. Nos artigos nel publicados vinculaba-se explicitamente a BRAÑAS ao carlismo mália o recoñecimento da sua non militáncia no partido de don Carlos. Asi, por exemplo:

«En sus ideas, en su modo de pensar era BRAÑAS carlista verdadero, como lo demostró en los artículos últimamente publicados en *El Correo Español*, donde nos dio a conocer que si públicamente no estaba afiliado al partido carlista, con nosotros estaba en ideales y pensamientos». *El Pensamiento de Galicia*, 21 de Febreiro do 1900.

Tamén, recollendo de *El Correo Español* do 22 de Febreiro do 1900:

«No fue carlista declarado hasta sus últimos tiempos. Amante de su patria chica, de su hermosa Galicia y ferviente católico, era un entusiasta regionalista y un ferviente cristiano, y con estas cualidades y su clarísimo talento comprendió que nadie más que los carlistas, en ninguna parte más que en el programa de los tradicionalistas españoles, podían tener sus ideales cabida y cumplimiento...»
El Pensamiento de Galicia, 14 de Febreiro do 1900.

E, finalmente, MANUEL POLO Y PEYROLON, nun artigo publicado no mesmo diário, e tras salientar, como todos os carlistas, a importáncia do discurso que BRAÑAS pronunciara no Congreso Católico de Burgos, afirmaba:

«Brañas no ha sido carlista hasta los últimos años de su vida, y vino al regionalismo a impulsos de su regionalismo entusiasta y convencido...

Pues bien, BRAÑAS, católico ferviente y práctico, no partió del campo religioso para ingresar en el carlismo, sino del regionalista, comprendiendo que D. Carlos y su partido eran lós únicos que podian plantear en España y devolver a las regiones sus libertades tradicionales.

Tampoco vino a nosotros de un salto sino gradualmente y a impulsos de la convicción lenta, pausada y profunda.

Todos recordarán aquellos ingeniosos artículos en *El Correo Español* por el inolvidable BRAÑAS, antes de que fuera carlista, y que le valieron un proceso por haber dado el tratamiento de Majestad al desterrado Augusto de Venecia.

Aquel fue el primer paso.

Otros más solemnes y terminantes dio después, que nos permitieron abrirle de par en par las puertas de nuestra casa política. En el banquete con que la plana mayor del carlismo burgalés nos honró el 4 de septiembre último en el Hotel de París. BRAÑAS brindó por D. Carlos y por el próximo triunfo de su causa. Y, por último, me consta que, pocos días antes de su muerte, recibió una hermosa fotografía del Duque de Madrid, con afectuoso autógrafo, que le produjo satisfacción indecible».
El Pensamiento de Galicia, 6 de Abril do 1900.

178 Neste ode de cousas, a prensa de Santiago, en base máis ás relacións persoais e ao prestixío que BRAÑAS tiña na cidade que á afinidade ideolóxica, nas homenaxes e biografias publicadas co gallo do seu pasamento considera-o o líder indiscutíbel do movimento rexionalista.

Asi, por exemplo, *El Eco de Santiago* falara de como «el que con más entusiasmo ha sostenido enhiesta la bandera del regionalismo gallego» (*Eco de Santiago*, 21 de Febreiro do 1900) e ao dia seguinte o mesmo xornal compara o seu labor co de O'CONNELL (*El Eco de Santiago*, 22 de Febreiro do 1900).

Pola sua banda, a *Gaceta de Galicia*, escreberia naquela ocasión:

«... creemos que no hay una figura de las energías y condiciones de BRAÑAS que pueda sostener como él lo hacía, los ideales de esta secuela. El Regionalismo se entierra en la misma sepultura del O'CONNELL gallego. Con él ha muerto». *Gaceta de Galicia*, 22 de Febreiro do 1900.

A resposta da *Revista Gallega* clarexando a real escisión do rexionalismo arriba citada publicou-se o 22 de Abril do 1900. Mália as diferenzas substanciais e a ruptura entre ambas as duas tendéncias a *Revista Gallega* recoñece a aportación ALFREDO BRAÑAS ao rexionalismo galego: «¡Alfredo Brañas!», 25 de Febreiro do 1900, e «¡Alfredo Brañas Menéndez!», 4 de Marzo do 1900.

179 A última vez que temos documentado o emprego do concepto «*nación*» para designar á Galiza é nun artigo de GALO SALINAS na *Revista Gallega*, 6 de Maio do 1900:

«... todos los medios contribuían a que la *nación gallega* fuese encumbrandose conforme a sus merecimientos» (suliñado no orixinal).

180 Asi, por exemplo, na década dos oitenta ou noventa un artigo titulado «La Patria en peligro», acharia-se, sen dúbida, adicado á Galiza e aos seus problemas, mais en 1901 trata-se da *Patria española: Revista Gallega*, 17 de Febreiro do 1901.

181 O debecimento da retórica rexionalista, paralelo ao esmorecimento político organizativo, é patente na disminución das fórmulas retóricas: «¡Gallegos a defenderse!», «¡La patria en peligro!», «¡Viva Galicia!», «¡Despierta Galicia!, etc. As fórmulas arrizadoras son reemplazadas por interpelacións menos militantes que reflexan a crise, decepción e frustración das perspectivas orixinárias do movimento.

182 Os mecanismos interpelativos integrados polas figuras retóricas através das que o emisor do discurso político nomea aos seus ouvintes, é altamente significativo da *relación* que existe entre uns e outros. Neste sentido, a forma e contido das interpelacións que figuran nos discursos políticos poden ser obxecto, máis ou menos explicitado, de estratéxias e tácticas específicas.

Neste orde de cousas, a traslación sucesiva de relacións *inclusivas particularizadas* («correligionarios», «regionalistas», etc.) cara relacións *inclusivas xeneralizadas* («patriotas») e posteriormente *non inclusivas xeneralizadas* («señoras y señores», «gallegos honestos») amosan no eido discursivo o distanciamento e illamento no núcleo rexionalista no seo da sociedade galega da época e a própria conciéncia desa situación. O debano patente das *interpelacións inclusivas*, nas que o emisor se autodefine como membro do mesmo grupo dos seus interlocutores, e progresivo predominio das interpelacións no inclusivas reflexa no terreno lingüístico-discursivo o non estabelecimento de vínculos cos sectores aos que se dirixian as propostas rexionalistas coa arela da sua incorporación ao movimento.

Sobre a funcionalidade da interpelación retórica discursiva pode ver-se: CHARLES PERELMAN, *L'Empire rhétorique. Rhétorique et argumentatión*, París, 1977, pp. 23 e ss. e EMILIO DE IPOLA, *Populismo e ideología. En Teoría* n.º 4, 1979, pp. 139 e ss.

183 Tanto polo que se refere á simboloxia *agregadora* (raza celta, reino suevo, etc.) como *designativa* («el despertar de Galicia», «érguete Galicia», «surge et ambula», etc.) —que conforman un elemento central de motivación á acción política dun amplo agregado interclasista que constitui o pobo-nación, através do dobre mecanismo de aglutinación comunitária e asignación autónoma de significacións específicas próprias para cada clase ou fracción integrante— aparece, patentemente, un debecimento xeneralizado no seu emprego apartir do 1900, agás de ocasións excepcionais. Sobre o particular, Cfr. GEORGE KLAUS, *El lenguaje de los políticos*, Barcelona, 1979, pp. 71 e ss.

184 Compre salientar fundamentalmente duas: O monumento aos mártires de Carral e a Fundación Galega, onde volve a actuar a tradicional artillaria retórico-simbólico dos momentos álxidos da movilización rexionalista.

185 GALO SALINAS, «Vuelta a empezar», *Revista Gallega*, 24 de Marzo do 1901.

186 Conxuntamente con esta publicación de primeiras páxinas adicadas a industriais e comerciantes, a xeito de recoñecimento do seu labor a prol do desenvolvimento económico e modernización de Galizs, apareceron tamén por aquelas datas alguns artigos abordando o tema. Quizais o mais significativo fose un artigo titulado «Los capitales gallegos». Nel vencella-se claramente o desenvolvimento industrial de Galiza á causa rexionalista e solicitan-se medidas a prol dos sectores mais dinámicos da burguesia industrial gallega:

«De tiempo a esta parte viene observándose que los capitales gallegos empiezan a ponerse en movimiento, y que personas que antes dedicaban su dinero al oneroso préstamo para obtener un usurario tanto por ciento, al presente lo dedican a empresas que abren amplia vía al progreso y adelanto del país gallego...

Los hombres emprendedores nacidos de nuestro suelo sienten que en ellos se despierta el amor patrio... y han reconocido que es

Trata-se de vincular o labor desta burguesia galega co proxecto de modernización e desenvolvimento de Galiza que a Liga Coruñesa desde sempre postulara[187]:

«No respondería del todo nuestro periódico a su cometido de preocuparse por los intereses regionales, si como complemento a su información no diera a conocer a aquellos hombres emprendedores que, dedicados a los negocios, se han establecido en la región y en ella acometido empresas»[188].

Pero, unha vez máis, o siléncio foi a resposta a tais interpelacións e o rexionalismo ficou reducido, outravolta, á *Cova Céltica* dos intelectuais coruñeses.

Dado realmente significativo desta alleidade da burguesia galega ao movimento rexionalista —que tras a perda da alternativa campesinista de PEREIRA centrara nela todas as suas esperanzas— constitui-no unha das múltiplas iniciativas de WALDO A. INSUA.

A difícil situación económica de MARTINEZ SALAZAR, como a de tantos outros rexionalistas, suscitou unha proposta de INSUA desde Madrid no sentido de que abrise unha subscripción entre os galegos da Habana e Galiza co gallo de lle regalar ao vello rexionalista que tanto fixera polo movimento, unha casa na Cruña.

Málía o apoio entusiasta da *Revista Gallega*, á iniciativa fracasou lastimosamente perante a imposibilidade de recaudaren os rexionalistas da Cruña os cartos necesárias para tal fin[189].

Xamais ficara tan clara a marxinación do rexionalismo das clases poderosas da Cruña, nunca os seus apoios foron menores.

Noutro orde de cousas, o 29 de setembro de 1901 tivo lugar en Betanzos a celebración duns Xogos Florais cunha relevância e participación moi inferiores aos dos anos anteriores. Os retrocesos frente a certames pasados son evidentes: escaso espíritu patriótico galego, composicións numerosas en castelán e, sobre todo, o ton das intervencións que se produciron.

O discurso central do mantenedor, SALVADOR GOLPE, fai-se en castelán e nuclea-se arredor da defensa do rexionalismo nuns termos tais que semella que nos acháramos nos comezos do movimento. Trata-se dun discurso á defensiva, de carácter xustificativo. O debecimento xeneralizado do rexionalismo emerxe por todas partes. GOLPE adica toda unha primeira parte a demostrar a pluralidade rexional de España:

«en las regiones españolas tenemos verdaderas personalidades étnicas, con cuerpo, vida y alma diversos en cada una: es decir, un territorio distinto y perfectamente delimitado por la naturaleza; polbación con fisonomía e caracteres propios; y lenguas diferentes...»[190].

pasando seguidamente a referir-se ao movimento rexionalista:

«El regionalismo, derivado de un sentimiento de amor intensísimo hacia todo aquello que nos pertenece, no es otra cosa que una doctrina político-social —más social que política— que cuenta entre sus defensores a eminentes publicistas, la cual tiene por objeto defender y conservar la vida particular y propia de las regiones, con sus leyes, usos y buenas costumbres, sin detrimento de la unidad del Estado»[191].

En definitiva, semella un discurso da primeira época do rexionalismo onde a problemática política brilla pola sua auséncia, onde a cultura se plantexa separada da movilización rexionalista... un retorno ás orixes provocado pola desmovilización e esfarelamento do rexionalismo no único núcleo que ficaba ainda en pé: A Cruña;

Nese mesmo ano de 1901 tivo lugar unha polémica de interés entre o federal SANTIAGO DE LA IGLESIA[192], fillo e sobriño respectivamente dos rexionalistas FRANCISCO e ANTONIO DE LA IGLESIA. En efeito, nunha intervención do federal ferrolano nunha velada republicana, criticara o accidentalismo dos rexionalistas, o que sendo interpretado pola *Revista* como identificación rexionalismo-carlismo, que o pensamento de BRAÑAS fixera tan doada, desembocóu nun intercambio de cartas abertas na mesma. A posición da *Revista Gallega* foi, outravolta, inequívoca:

«En cuanto a que los regionalistas soñamos en regresos o retrogardaciones a tiempos pasados, nada más lejos de la verdad... no somos retrogrados ni utópicos, ni carlistas»[193].

A resposta de SANTIAGO DE LA IGLESIA, desfacendo o equívoco, centra-se máis que na crítica ao accidentalismo do rexionalismo, no forzoso carácter democrático deste que quere ser un movimento descentralizador. A sua argumentación reveste interés porque é aprobada pola *Revista Gallega* quen fala de que «muchas de sus ideas coinciden con las nuestras»:

«La doctrina regionalista es democrática; eminentemente democrática; esencialmente liberal en el más alto grado del liberalismo: la doctrina regionalista es el desarrollo amplio, el más amplio del self-government... ¿cómo podemos tolerar que se nos robe y trate de monopolizar por los que en la pasada generación gritaron «vivan las cadenas» y en la presente gritan «el liberalismo es pecado»... bendita sea la descentralización y la autonomía regional es necesario defender el estandarte de la libertad y la democracia»[194].

A vinculación de democrácia e descentralización no rexionalismo coruñés, mantén-se firme mesmo nos momentos de menor vigor ideolóxico do movimento. Polo demais, as únicas actividades reseñábeis do rexionalismo —fora do Monumento aos Mártires de Carral e a criación da Académia Galega que logo veremos con mais vagar— son unha homenaxe a BRAÑAS en Santiago e outro a Curros na Cruña. Polo que respeita ao primeiro, foi organizado significativamente— por unha comisión de amigos e non por organización rexionalista algunha, amosando o esfarelamento total da *Liga rexionalista* santiaguesa e nas intervencións, especialmente na de VAZQUEZ DE MELLA, compre salientar o vencellamento do seu labor ao rexionalismo, que fica substantivizado e xamais reducido ao posicionamento carlista do catedrático compostelán[195].

Por outra banda, e co gallo dunha das suas visitas a Galiza no ano 1904, os membros da Liga rexionalista tributan unha homenaxe-despedida a CURROS. Nel participaron os integrantes da Xunta directiva da organización rexionalista: CARRE, TETTAMANCY, LUGRIS FREIRE, ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ, GALO SALINAS, e tamén CASAS FERNANDEZ[196].

Coroado solemnemente no Teatro Principal, no acto presidido por MURGUIA que lera un discurso no seu honor, CURROS foi despois despedido polos rexionalistas coruñeses na sua derradeira viaxe a Cuba[197].

Finalmente, no ano 1905, nas páxinas da revista galega aparecen uns chamamentos «A los regionalistas gallegos» do novo VILLAR PONTE (Antonio[198], nos que, recollendo os poucos actos rexionalistas dos últimos anos: homenaxe a BRAÑAS, coroación de CURROS, etc., volve a plantexar a necesidade da celebración dunha Asamblea rexionalista á que acudirian todos os rexionalistas cara a formación dunha «Liga de amigos de Galicia». Mais o esmorecimento político do rexionalismo galego en 1905 é xa definitivo, os enfrentamentos e falla de apoio o deixaran reducido a un grupo de desencantados intelectuais sen implantanción social algunha, mais que mantiñan aceso o facho do galeguismo agardando tempos mellores. GALO SALINAS responderá-lle a VILLAR

una economía sin racional disculpa el continuar permitiendo que los extranjeros vengan a enriquecerse con los productos de nuestro suelo, ha hacerse amos de nuestras casas para nosotros seguir siendo simples servidores de sus negocios y concluimos por ver que se llevan a sus tierras millonadas de pesetas que nosotros no hemos sabido aprovechar...

El Estado debe eximir del pago de la contribución industrial por cierto número de años a toda gran empresa... al exceso de contribución débese que muchas industrias apenas iniciadas mueran en sus comienzos...» *Revista Gallega*, 14 de Abril do 1907.

187 Tal foi sempre, en efeito, o posicionamento da «Liga Gallega na Cruña»: apoio á eliminación dos atrancos que se opoñian ao desenvolvimento económico da Galiza, apoio á industrialización e a xeneralización do capitalismo e, en especial á industrialización; en definitiva unha articulación dos valores rexionalistas coa necesidade dun proceso de modernización do país galego; unha interpelación, en suma, á *burguesia* e *pequeno-burguesia galegas*, que se situaban deste xeito e diversamente do que acontecia coas alternativas de PEREIRA ou BRAÑAS, no centro do discurso político, como obxetivo sobranceiro. Cfr. nese setido o programa do 5 de Febreiro do 1899 da *Liga Gallega na Cruña*.

188 Cfr. D. MARCELINO SUAREZ GONZALEZ, en *Revista Gallega*, 1 de Setembro do 1901.

189 *Revista Gallega*, 5 de Maio do 1901.

190 SALVADOR GOLPE, *Regionalismo y Lenguaje*, La Coruña, 1902, p. 13.

191 Idem, p. 18.

192 SANTIAGO DE LA IGLESIA, médico federal de Ferrol naceu no ano 1850 e morreu no 1931. Interviñera moi activamente, conxuntamente coa Asociación rexionalista de Ferrol, na criación da Xunta de Defensa local daquela cidade, da que foi representante perante a Central coruñesa.

193 GALO SALINAS, «El Regionalismo y los carlistas», *Revista Gallega*, 15 de Decembro do 1901.

194 SANTIAGO DE LA IGLESIA, «El regionalismo y el carlismo», *Revista Gallega*, 29 de Decembro do 1901. Onde se engade:

«El regionalismo si como hecho histórico es antiquísimo, como teoría de gobierno es modernísima, y como moderna, liberal y democrática, propia de ciudadanos de un pueblo libre, civilizado, culto, democrático».

195 Cfr. *Revista Gallega*, 25 de Maio do 1902. Intervención de VAZQUEZ DE MELLA na homenaxe a BRAÑAS.

196 A homenaxe a CURROS tivo no lugar no Teatro Principal da Coruña o 24 de Outubro do 1904 lendo o poeta unha composición titulada: «Ao pobo coruñés», *Revista Gallega*, 29 de Outubro do 1904. Cfr. CARLOS CASARES, *Curros Enríquez*, Vigo, 1980, pp. 59 e ss.

197 MANUEL MARTINEZ MURGUIA, «Discurso en el solemne acto da coronación del poeta gallego CURROS ENRQUEZ», *Revista Gallega*, 11 de Febreiro do 1905:

«... sacrificar en el altar de la patria todas nuestras aspiraciones y esfuerzos, es lo que más enaltece el recuerdo de los hijos que alcanzan tan gran éxito».

PONTE cunhas palabras nas que se reflexa a frustración final do movimento:

«... aleccionados por repetidos desengaños, mucho nos tememos que el hermoso pensamiento de nuestro amigo resulte estéril como otros muchos concebidos por varios amantes de Galicia y que no pasaron de proyectos»[198].

H. As derradeiras actividades da Liga Gallega da Cruña.

A situación do rexionalismo galego entre os anos 1901 e 1906 era, pois, de total esfarelamento por canto non xa somente as actividades político-organizativas eran inexistentes senón que o próprio nivel ideolóxico achaba-se en franco debecimento cuantitativo e cualitativo[199]. Non obstante, minoritário e illado, o núcleo rexionalista da Cruña, seguia existindo, empeñado no mantimento da «idea regional» e realizando as actividades que a sua febleza organizativa lles permitia.

a. O monumento aos Mártires de Carral. 1904.

Co gallo dun banquete-homenaxe a FRANCISCO SUAREZ SALGADO, os membros da «Liga Gallega na Cruña» acordaran en Novembro de 1898 o erguimento dun monumento aos caídos no alzamento provincialista de 1846[200].

Abrira-se entón unha conta encabezada polos membros da Xunta Directiva da mentada organización e encetou-se unha campaña a prol da realización material do proxecto asi como a recuperación ideolóxica do que era considerado polos rexionalistas como a primeira manifestación de patriotismo explícito na história da Galiza[201].

Tras unha primeira homenaxe en San Estebo de Paleo (Carral) aos caídos[202], proseguiu a campaña cara a recaudación de fondos para o monumento. As vicisitudes desta actividade rexionalista non revestirian maior importáncia se-non estivesen marcadas pola presenza dun factor fondamente significativo: as enormes dificuldades económicas que en todo momento rodearon a realización do proxecto.

A falta de contribución económica da burguesia e pequeno-burguesia coruñesa, constantemente interpelada pola *Revista Gallega*, foi un dado omnipresene en todo o acontecimento desde os seus próprios comenzos[203].

Málía a penúria económica, os preparativos seguiron o seu curso, con reiteradas visitas a Carral dos membros da Liga co gallo de escoller o emplazamento e xestións en procura de fondos.

En Decembro de 1901 abriu-se o concurso de adxudicación das obras e, unha vez solventado, encetáronse os traballos[204]. Perante as constantes dificuldades económicas, agravadas pola necesidade de facer frente aos pagos dos prazos contratados, a *Revista Gallega* ve-se na obriga de inserir contínuos chamamentos ao pago das cuotas da própria Revista[205]. Finalmente, concluíron-se as obras a primeiros de 1904

---

[198] VILLAR PONTE, «A los regionalistas gallegos», *Revista Gallega*, 7 de Xaneiro do 1905. Contestación de GALO SALINAS no mesmo número.

[199] Unha investigación na prensa deses anos, único xeito de atoparmos indícios dalgunha caste de actividade do movimento non reflexa senón os temas do monumento aos mártires de Carral e a fundación da Académia Gallega.

[200] Os fusilados en San Estebo de Paleo foron o Comandante MIGUEL SOLIS Y CUETOS, e os capitáns VICTOR VELASCO, MANUEL FERRER, JACINTO DABAN, FERMIN MARINE, RAMON JOSE LLORENS, JUAN SANCHEZ, IGNACIO DE LA FUENTE, SANTIAGO DE LA LLAVE, FRANCISCO MARQUEZ, JOSE MARTINEZ y FELIPE VALERO.
Cfr. BARREIRO FERNANDEZ, J. R.: *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo* cit., p. 220.

[201] SALVADOR GOLPE, «Una deuda de España», *Revista Gallega*, 23 de Abril do 1899.

[202] *El Eco de Santiago*, 27 de Abril do 1899.

[203] GALO SALINAS, «La Liga Gallega de Santiago», *Revista Gallega*, 22 de Abril do 1900, ao referir-se á feblez do movimento rexionalista xa en franco esfarelamento, afirma:

> «De aquí el que, esa deuda sagrada que tiene Galicia contraída desde hace 54 años con los mártires que murieron por la defensa de su libertad, sólo puede pagarse erigiendo a la memoria de aquellos héroes un modesto mausoleo en la vecina y hontada villa de Carral, debido a *haberse reunido una cantidad relativamente exigua, y eso gracias a quien comprometió a sus amistades rogándoles su óbolo para la ejecución* de acto tan patriótico, cuando... en lugar del humilde monumento se pudiera levantar otro de los mármoles y bronces...» (suliñado noso, R. M.).

[204] *Revista Gallega, 21 de Decembro do 1902*, no concurso foron adxudicadas as obras ao contratista Escudero e Hijos e ao arquitecto JUAN ALVAREZ DE MENDOZA.

[205] A sede da *Liga Gallega* seguia sendo, a falta de cartos para local próprio, a *Librería Regional* de Carré. O traslado desta desde a Rua Real ao Rego de Auga— 16, motivou, xa que logo, o correspondente estabelecimento neste número de centro de actividades da Liga. Mostra das dificultades económicas a que vimos aludindo o constituen as numerosas notas instando ao pago de atrasos de cuotas da *Revista Gallega*:

> «Habiendo satisfecho a los contratistas Sres. ESCUDERO e HIJOS el 'segundo plazo' y no faltando más que el 'tercero' se ruega a los suscriptores que se hallen aún en descubierto, se dignen mandar satisfacer sus cuotas a la Secretaría de la 'Liga Gallega'». *Revista Gallega*, 6 de Decembro do 1903.

e abonou-se con grandes dificuldades un monumento de pedra, tras renunciar a un en bronce e mármore, dada a incapacidade económica da Liga que, significativamente, autodenominaba-se a estas alturas «modesta colectividad regionalista»[206].

O 22 de Maio de 1904, tivo lugar a inauguración do monumento en conmemoración do alzamento de Solís de 1846[207], concluindo asi unha iniciativa da Liga coruñesa, que amosou no seu desenvolvimento a febleza e esnaquizamento a que chegara o movimento rexionalista galego.

As dificuldades económicas, co gallo nesta ocasión non da organización dun partido ou mantenimento dun órgao de expresión, senón da construción dun monumento, mostran unha vez máis o absoluto aillamento do núcleo rexionalista da Liga verbo da burguesia coruñesa coa que non conseguiu estabelecer lazos orgánicos mália a campaña de interpelación emprendida desde a *Revista Gallega* e o seu posicionamento rexionalista liberal moderado[208] a toda proba.

b. A Academia Galega. 1906.

Vimos no seu momento como a primeira iniciativa de fundación dunha Académia Galega, da que teñamos proba documental patente, deberase a AURELIANO J. PEREIRA, federo-rexionalista lucense[209]. Nesta proposta inicial, no ano 1886, vencellaba-se a Académia coa necesidade de unificación e normalización da Língua Galega[210].

Mais a idea ficou no esquecimento perante a organización da Asociación Rexionalista e posteriormente o movimento da Xunta de Defensa de Galiza, non se volvendo plantexar até o ano 1894. Levaron-se a cabo neste ano como xa se ten dito, conversas na Cruña e traballos preparatórios para a constitución da Académia: discusión do regulamento, lista de membros, etc., mais enfrentamentos e disconformidades fixeron fracasar o proxecto[211].

Seria un artigo de MURGUIA no boletin do balneário de Mondariz, que reproducido no semanário *Galicia* de Cuba no ano 1905, faria prender a idea na colónia galega da illa[212] da man de JOSE FONTENLA LEAL e CURROS ENRIQUEZ.

Neste sentido, criou-se na Habana unha *Comisión Gestora* cara á función da Academia «símbolo de cultura y progreso que tiende a engrandecer y dignificar la patria». Ao frente desta *Asociación iniciadora y protectora de la Academia Gallega* achaban-se os dous máis activos promotores da idea: FONTENLA e CURROS[213].

Ao chamamento de CURROS, que tan boas relacións tiña cos rexionalistas coruñeses, respondeu de inmediato a *Liga Gallega* sumando-se aos traballos preparatórios cara á fundación da entidade[214]. Tamén rexionalistas de Santiago a nivel persoal, apontan-se á idea, surxindo os primeiros problemas de localismo e personalismo que xa levaran no ano 1894 ao fracaso das primeiras xestións[215].

Criou-se, en apoio da Comisión Xestora da Habana, outra comisión na Cruña, presidida por MUR-

---

[206] O importe total das obras ascendeu a 5.000 ptas, e as dificultades para conseguir estes modestos 20.000 reais dá conta do illamento e marxinación da burguesia coruñesa do movimento rexionalista. *Revista Gallega*, 10 de Abril do 1904. Mália todos os chamamentos non figura documentada nengunha donación importante dalgun comerciante ou industrial da cidade.

[207] «Los héroes de 1846», *Revista Gallega*, 22 de Maio do 1904. Onde se traslucen as dificultades para o erguimento do mausoleu:

> «... una *modesta colectividad*, que con la denominación de la *Liga Gallega* na Cruña, acometió una empresa que al iniciarla parecia de imposible realización».

[208] Pechaba-se deste xeito o último vieiro pendente que lle restaba ao rexionalismo para facer-se cunha base de masas, cunha implantación social tras da marxinación da alternativa campesinista de PEREIRA e o fracaso do rexionalismo tradicionalista de BRAÑAS.

[209] En efeito, non se poden considerar antecedentes da Académia Galega alguns intentos de institucionalización anteriores. Asi, no ano 1881, o grupo da *Juventud Católica* de Santiago no que se atopaban: VAZQUEZ DE MELLA, BRAÑAS, CABEZA DE LEON, BESADA, TOLEDO QUINTELA E BARCIA CABALLERO tiveran o proxecto, xamais realizado, da criación dunha *Academia rexional*. Cfr. SALUSTIANO PORTELA PAZOS, *Boletin da Real Academia Gallega*, Tomo XXVII, p. 580.

Seria pois PEREIRA o que na sua carta aberta en *El Regional* de Decembro do 1886, posturlara a criación dunha Académia Galega coa finalidade de unificación do Idioma Galego, redacción dun dicionário e máis unha gramática e. en xeral, potenciación da cultura galega.

Posteriormente, e apartir da Institución «Folklore gallego», presidida por PEREZ BALLESTEROS e da que SALVADOR GOLPE é o seu Secretário, e na que se achaban rexionalistas como MURGUIA, SALINAS, etc. e federais como PAZ NOVOA ou PEREZ COSTALES, fracasando tanto no primeiro intento do 1894 como posteriormente no 1895, cando se chegara a redacción dun regulamento. Cfr. este mesmo capítulo ao falarmos das orixes da «Liga Gallega na Cruña».

[210] *La Voz de Galicia*, 10 de Febreiro do 1894, recoñece que foi AURELIANO PEREIRA en *El Regional de Lugo*, quen adiantou a proposta da criación dunha Académia Galega.

[211] GALO SALINAS, «La Academia Gallega», *Revista Gallega*, 25 de Febreiro do 1900.

[212] MANUEL MARTINEZ MURGUIA, «Necesidad de la formación de un diccionario de la Lengua Galega», *La Temporada*, Mondariz, 18 de Setembro do 1904. Cfr. MARTINEZ RISCO, *Boletin da Real Academia Gallega*. T. XXVII, p. 593.

[213] Cfr. *Galicia*, semanario gallego, La Habana, 9 de Abril do 1905, reproducido en *Revista Gallega*, 29 de Abril do 1905.

[214] *Revista Gallega*, 29 de Abril do 1905.

[215] Cfr. *El Eco de Santiago*, 17 de Maio do 1905, «Academia Gallega», por Armando Cotarelo.

GUIA, que se puxo en contacto con aquela para encetar o proceso e se celebrou unha primeira sesión na Casa do Consulado o 4 de Setembro de 1905. Nomeou-se nesta xuntanza presidente de honor a EMILIA PARDO BAZAN[216] e RAMON COSTALES foi nomeado «Académico Honorario» por ser o presidente da Comisión Xestora que tentara no ano 1894 a fundación da Academia Galega[217], acordando-se, tras da correspondente discusión a ubicación da sede da mesma na cidade da Cruña.

Acordaron-se tamén cuestións tais como o número dos membros «numerários» e leron-se e aprobaron os estatutos, estabelecendo unha Xunta anual en cada unha das cidades galegas. Procedeu-se a continuación á eleición de cargos que resultaron do xeito que segue: Presidente: MURGUIA; Tesoureiro: JOSE PEREZ BALLESTEROS; Secretário: EUGENIO CARRE ALDAO; Arquiveiro-bibliotecário: GALO SALINAS, dando-se asi por constituída a Académia Galega[218]. Apartir de entón, a Académia levou adiante os labores iniciais de organización: regulamento interior, clasificación de sócios en diversas categorias, acordando-se o nomeamento de «sócios honorários» para as mulleres galegas que sobresaisen en calquer das ramas nas que traballa a Académia. O contacto permanente coa Asociación iniciadora da Habana prosegue e, de comun acordo, decide-se a criación dun Boletin da Académia que reflexe as suas actividades[219]. Decidiu-se tamén premiar o labor de CURROS ENRIQUEZ nomean do-o Académico de Honor.

Desde a Arxentina, tanto *El Eco de Galicia*, dirixido por CASTRO Y LOPEZ, como *Nova Galicia*, dirixido por FORTUNATO CRUCES, apoiaron a idea e iniciaron subscricións entre a Colónia Galega bonaerense para axudar ao mantimento da Académia.

E paralelamente, van-se delimitando e discutindo as tarefas máis urxentes a desenvolver pola nova entidade, GALO SALINAS, nun artigo publicado na sua *Revista Gallega*, asinala como perentório, na liña de PEREIRA e MURGUIA a unificación do idioma galego e a redacción dun diccionário e máis dunha gramática galegos[220]. Mais os primeiros pasos a prol da organización da Academía toparon unha vez máis, cun factor omnipresente na movilización rexionalista: as dificuldades económicas. Asi, para o aluguer dun local que servise de sede á Académia non se deron recaudado na Cruña cartos suficientes, tendo que agardar o envio desde a Habana[221] e cando estes chegaron, o piso no que se estabeleceu a Académia —Riego de Agua, 38-1.°— non reunia as condicións necesárias para albergar a unha sociedade minimamente activa e numerosa[222]. Os grupos económicos coruñeses, a sua burguesia liberal, permanecia, unha vez máis, totalmente á marxe do rexionalismo, inclusive do cultural, mália os esforzos da Liga.

Noutro orde de cousas, a Académia encetou os seus traballos sobre a língua galega, cunha prévia recollida de materiais. Neste sentido, recuperaron-se os apontamentos para un dicionário galego do poeta PINTOS[223] que se tiña por perdido, e LEIRAS PULPEIRO cedeu a sua colección de voces e refráns[224] e MURGUIA, á sua vez, unha colección de fichas lexicográficas[225].

Finalmente, tras sofrer reiterados ataques e polemizar coa prensa republicana unitária *Tierra Gallega*, que criticaba acerbadamente calquer iniciativa dos

216 EMILIA PARDO BAZAN, fixera habia pouco tempo unha vez máis manifestación do seu a-rexionalismo nun Discurso no *Ateneo de Madrid*, onde, tras acusar ao movimento de artificioso e falto de raíces históricas, afirmaba:

> «El regionalism en Galicia no constituye, no diré un peligro, sino ni siquiera un síntoma. Cfr. *La Voz de Galicia*, 5 de Xullo do 1902.

217 Lembremos o achegamento ao galeguismo de PEREZ COSTALES que o levou a figurar como presidente de comisión que no ano 1894 intentara a creación da Académia Galega e era, asi mesmo, habitual frecuentador da *Cova Céltica*.

218 Cfr. RAMON VILLAR PONTE, *Días, hechos y nombres de la Real Academia Gallega*, La Coruña, 1953, pp. 10 e ss.

219 *Revista Gallega*, 23 de Setembro do 1905.

220 GALO SALINAS, «Nuestro idioma», *Revista Gallega*, 7 de Outubro do 1905.

221 A cantidade enviada desde a Habana ascendeu a 1.565 ptas. que se empregou na instalación e gastos preliminares da Académia. *Revista Gallega*, 4 de Novembro do 1905.

222 VILLAR PONTE, op. cit. fala de «local pequeño, pobre e insuficiente», p. 13.

Curiosamente neste mesmo local teria lugar a xuntanza fundadora da Irmandade da Fala da Coruña e foi nel onde CAMBO pronunciara unha conferéncia na sua estáncia na Cruña.

223 XOAN MANUEL PINTOS fora o grande precursor do renacimento literário do galego, autor de *A Gaita Gallega*, Pontevedra, 1853, e deixara, ademais do dicionário publicado en 1853 outro inédito.

224 LEIRAS PULPEIRO, federo-rexionalista de Mondoñedo colabora á fundación da Académia Galega doando unha colección de refráns e ditos populares galegos recollidos naquelas zonas luguesas. Cfr. LEIRAS PULPEIRO, *Obras Completas*, Vigo, 1975, p. 45.

225 *Revista Gallega*, 6 de Xaneiro do 1906.

rexionalistas[226] e da que o incansábel SALINAS tratará de criar, unha vez máis infrutuosamente, a *Asociación de escritores e artistas galegos*[227], tuvo lugar a desexada inauguración da Académia.

O discurso de MURGUIA, o seu presidente, lido por BANET FONTENIA o 30 de Setembro, estivo centrado na fala:

> «un pueblo que olvida su lengua es un pueblo muerto»[228].

e dirixia-se como programa aos intelectuais alí presentes que representaban o núcleo rexionalista supervivente de tan longas e penosas movilizaciones a prol da pátria galega[229].

c. **Os inícios de Solidaridade Galega: o agromar dun novo vieiro do rexionalismo. 1907.**

Mais, contemporaneamente a estas actividades culturais ás que, finalmente —e mália o seu carácter político nacionalitário—, se viu reducido o rexionalismo tras o fracaso de sucesivos intentos político-organizativos en sentido estrito, empezaba a facer impacto a experiéncia da Solidaridade Catalá.

Como é sabido[230], se ben o éxito da Solidaridade Catalá data de Abril de 1907, xa estaba en proceso de organización através de actos comuns das diferentes forzas que a integraban, desde 1906.

Xa antes do referido triunfo eleitoral que levaria á extensión fora de Catalunya das diferentes Solidaridades, a *Revista Gallega*, o 5 de Agosto de 1906 publicaba un artigo sob o título *Solidaridad Gallega* onde se propoñia un pacto de unión política de diferentes forzas:

> «Todos estamos hondamente interesados en esta labor (la redención de Galicia, R. M.), carlista y republicanos, monárquicos y regionalistas, socialistas de todos los matices, clases neutras que quizás por repugnancia a eso que denominamos política, deben unirse en una sola aspiración para lograr que nuestros hijos hereden una patria honrada, libre y rica.
> ¡A luchar por la libertad de las regiones dentro de una España libre!
> ¡A constituir la federación de todas las antiguas provincias![231].

Neste orde de cousas, a *Liga Gallega da Cruña*, reconstituída baixo a presidéncia de LUGRIS, lanza unha proclama cara a criación dun partido rexionalista que agrupe a todos aqueles que se acharan fora do sistema da Restauración:

> «La solidaridad regional se impone: la Liga Gallega, recientemente reorganizada, cumple llevar a la práctica proyecto tan hermoso y para lograrlo debe tratar de que en cada población de alguna importancia se funde y funcione una Liga regional, sin miras políticas ni más tendencias que la propagación y aumento del *gran partido regionalista gallego*, teniendo por ideal la autonomía regional»[232].

Pero será apartir de 1907 cando a idea da criación dun partido rexionalista é reemprazada pola criación dun movimento unitário dunha coalición de forzas semellante á Solidaridade Catalá. A *Revista Gallega* e a «Liga Gallega da Cruña», xogarán a fondo esta baza, renovando os seus tradicionais plantexamentos:

«Galicia no puede seguir conformándose con ser un feudo de unos cuantos políticos, siempre los mismos, quienes la mangonean alternándose según el partido que turne en el poder: Galicia tiene que regenerarse y grabar en su génesis el concepto que se expresa en la significación de esta trilogía: Regionalismo = Solidaridad = Galleguismo»[233].

226 Cfr., por exemplo, a *Revista Gallega*, 6 de Xaneiro do 1906, onde se polemiza con *Tierra Gallega*, que chamou aos rexionalistas «cuatro nadies».

227 *Revista Gallega*, 15 de Xullo do 1907. Onde se recordan as polémicas con PEREIRA na *Monteira* e na *Pequeña Patria* no ano 1890 sobre a conveniéncia e modo de organización dunha sociedade de escritores e artistas.

228 MANUEL MARTINEZ MURGUIA, *Política y Sociedad en Galicia*, Madrid, 1974, p. 126 e ss.

229 Os académicos fundadores foron os seguintes: MANUEL AMOR MEILAN, ANXEL AMOR RUIBAL, RAMON ARMADA TEIXEIRO, MANUEL BANET FONTENLA, XAN BARCIA CABALLERO, RAMON BERNARDEZ, SALVADOR CABEZA DE LEON, UXIO CARRE ALDAO, BIEITO FERNANDEZ ALONSO, CELSO GARCIA DE LA RIEGA, SALVADOR GOLPE, MANUEL LAGO GONZALEZ, VALENTIN LAMAS CARVAJAL, MANUEL LEIRAS PULPEIRO, ANTONIO LOPEZ FERREIRO, MANUEL LUGRIS FREIRE, MARCIAL MIGUEL DE LA IGLESIA, MARCELO MACIAS, FEDERICO MACIÑEIRA, MANUEL MURGUIA, ANDRES MARTINEZ SALAZAR, ELADIO OVIEDO, ARCE, XOSE PEREZ BALLESTEROS, RAFAEL BARREIRO, PABLO PEREZ CONSTANTI, EDUARDO PONDAL ABENTE, WENCESLAO REQUEJO PEREZ, ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ, XESUS RODRIGUEZ LOPEZ, FRANCISCO ROMERO BLANCO, CASTO SAMPEDRO, LEANDRO SARALEGUI MEDINA, EMILIO TAPIA, FRANCISCO TETTAMNCY GASTON, RAMON TOXO, FLORENCIO VAAMONDE, INDALECIO VARELA, ARTURO VAZQUEZ e XOSE VEGA.

230 Cfr. JOAQUIN DE CAMPS I ARBOIX, *Historia de la solidaritat catalana*, Barcelona, 1970, pp. 9 e ss.

231 «Solidaridad Gallega», *Revista Gallega*, 5 de Agosto do 1906.

232 «Solidaridad Gallega», *Revista Gallega*, 21 de Outubro do 1906.

233 «El modelo: Regionalismo. Solidaridad. Galleguismo». *Revista Gallega*, 26 de Maio do 1907.

«Entre nosotros solidaridad gallega», *R. G.*, 19 de Maio do 1907.

«Solidaridat Catalana» amosa definitivamente ao rexionalismo galego, sobre a base da súa própria traxectória de fracaso político e implantanción da necesidade dunha movilización e organización que loite no terreno eleitoral, e a necesidade, tamén, de acudir a esa inmensa reserva de apoio ao sistema da Restauración que é o campesiñado, que durante a movilización rexionalista ficara á marxe. Desaproveitar a ocasión seria o eterno retorno ao fracaso rexionalista de anos anteriores, como amargamente expresa SALINAS:

> «¿Acaso se obtuvo otra cosa que echar a volar unos cuantos hombres, amontonar unas cuantas piedras, y poner de relieve unos cuantos resquemores?»[234].

O 30 de Xuño remata a sua publicación a *Revista Gallega* apoiando a Solidaridade, e o 4 de Agosto aparece *A Nosa Terra*[235]. O rexionalismo galego tentaría, apartir de entón, outros rumos dos que forneceron a *Asociación Regionalista*, a *Junta de Defensa* e as *Ligas Gallegas*. Mais todo iso xa pertence a outra história.

I. AVALIACION DO REXIONALISMO GALEGO COMO MOVILIZACION. 1886-1907.

Compre finalmente facermos unha avaliación do rexionalismo sintetizando as complexas cadeas de causalidade que provocaron o seu fracaso político final.

Para dar conta da historia deste movimento, *que ás veces reduce-se á historia da construción dun discurso*, é preciso atender tanto ao marco parámetro das posibilidades estruturais sobre o que se desenvolvia e que definiria as suas perspectivas e a sua capacidade de manobra como, ao mesmo tempo, á eficiéncia e xusteza da sua estratéxia político ideolóxica cara a construción dun movimento sólido e con implantación social na Galiza da época.

En ambos os dous âmbitos achan-se elementos que contribuiron á non consolidación dun bloque de clases, soldado pola ideoloxia rexionalista, e enfrentado ao bloque dominante no estado español e deixaron o suporte do rexionalismo reducido ás minorias intelectuais que o promoveran nun princípio.

1. En primeiro lugar, é preciso facer referéncia ás cativas *condicións de posibilidade* que se daban na Galiza finisecular cara a consolidación dun movimento rexionalista cuns plantexamentos político-estratéxicos como os que adoptou o galego.

En efeito, a movilización rexionalista desenvolveu-se sobre un *marco estrutural de posibilidades moi restrinxido* pola especial conxuntura que estaba a viver a nacionalidade galega a finais do século XIX. Compre salientar, neste orde de cousas, que daquela ainda non se completara a transición do modo de produción feudal ao modo de produción capitalista, achando-se pendentes a realización dalgunhas importantes transformacións da Revolución Burguesa que en España tiveran lugar a meiados de século. En especial, a transformación da «propiedade» feudal da terra en auténtica propriedade capitalista, libre e plena, coa eliminación das rendas forais e a conseguinte unificación dos domínios directo e útil.

Este feito decisivo, o permaneciendo do plural domínio pre-capitalista na propriedade da terra, tiña decisivas consecuéncias a diversos niveis: atrancos á xeneralización do modo de produción capitalista, no campo galego, descapitalización e desindustrialización, febleza da mercantilización da economia e, xa que logo, conformación dunha peculiar estrutura de clases.

Con efeito, a existéncia de rendas forais implicaba existéncia dunha clase que se nucleaba arredor da percepción das mesmas. Estes sectores rendistas —por mais que progresivamente debecentes en base á devaluación das rendas e a progresiva desaparición dos foros —tiñan ainda na Galiza finisecular importante presenza e intereses vinculados ao mantimento das vellas estruturas, enfrentados coa realización da Revolución burguesa cando menos na relativa autonomia do ideolóxico.

Por outra banda, existian en Galiza alguns cativos núcleos de burguesia comercial e industrial, asentados principalmente na Cruña e Vigo, que, mália o seu carácter feble e dependente, posuian diferentes intereses opostos aos sectores rendistas.

Asi e todo, a falta de sólidas bases na sua actividade económica, a cativeza dos seus estabelecimentos e a diversificación e heteroxeneidade dos seus intereses, non situaban a estes grupos de burguesia en situación de acelerar o proceso de modernización de Galiza e esnaquizar as estruturas pre-capitalistas ainda parcialmente en vigor.

Polo que a nova pequeno-burguesía se refere, centrada nos núcleos urbanos, afectada polo retraso do espallamento do modo de produción capitalista, pola febleza nos procesos de mercantilización da economia e pola falta de perspectivas en amplos sectores intelectuais (profesionais, liberais, funcionarios), perante o atraso xeral do país e a sua dependéncia exterior de centros de decisión alleos achase sometida as duras condicións dun sistema de dominación e hexemonización que exercia sobre ela unha moi forte presión.

O campesinado, que integraba cuantitativamente a inmensa maioria da poboación galega, achaba-se sometido á confluéncia de rendas forais e impostos estatais frontalmente afectado nunha situación de transición na que nengunha vantaxe do novo lles era dada e si, pola contra, todos os males do vello. Sometido a condicións vitais de miséria, sometido político-economicamente polo aparello caciquil, era instrumentalizado como fonte de votos a prol do goberno, for do signo que for.

Sobre esta crise estrutural básica que implementaba un proceso de transición inconcluso, o campesiñado sofria —ademais das catástrofes naturais que afectaban enormemente a tan febles economias— os efeitos da *crise agro-pecuaria,* fundamentalmente inducida pola competéncia de importacións agrárias e gandeiras que afundiron o mercado galego, coutando asi unha via de mercantilización e acumulación na economia de Galiza.

Esta situación de falta de xeneralización do modo de produción capitalista (e non somente de auséncia de industrialización) e o permanecimento de certas estruturas pre-capitalistas, posuia decisivos efeitos alén da estrutura das clases xa examinada —cativeza da burguesia, miséria e sometimento político-económico do campesiñado— sobre a *relación* entre as próprias clases.

En efeito, a febleza do capitalismo e a presenza en crise de relacións de produción pre-capitalistas impeden que, sobre esas contraditorias bases, nengunha clase social se alzase hexemónica no conxunto da sociedade galega, como *clase dirixene* que representase os intereses da maior parte da poboación. A inmadurez, febleza e heteroxeneidade das clases en presenza supuña, de feito, a incapacidade de calquer delas de presentar o seu proxecto económico, político e ideolóxico de clase como proxecto de toda a nacionalidade. Esto provocaba, sen dúbida, unhas dificilísimas condicións de posibilidade de recepción ao discurso rexionalista.

Con efeito, independentemente doutras consideracións —pertencentes á interioridade do próprio movimento rexional e que veremos logo— nengunha das clases galegas a finais do século XIX achaba-se en condicións de se erguer en *clase nacional*, portadora naquel intre do ideal rexionalista que expresaba e sintetixaba dun xeito específico e histórico o feito diferencial de Galiza.

A burguesia, feble, cativa, heteroxénea, integrada no aparello da Restauración, *no que se achaba perfectamente representada,* a falta de posuir unha substantividade que fornecese intereses próprios e diferenciados dos do bloque dominante que colisionasen coa política do Goberno ou a própria forma centralizada do Estado... carecia da capacidade necesária para erguer-se clase hexemónica galega.

A fidalguia, en progresivo devecimento co debano das rendas e a sua desaparición, derrotada politicamente nas loitas carlistas, integrada nalguns sectores no novo orde económico-social e político... carecia das bases mínimas desde as que aspirar a algo máis que conseguir un tránsito nas mellores condicións posíbeis.

En definitiva, nengunha das duas clases básicas desde a perspectiva das relacións de produción enfrentadas en Galiza se atopaba en circunstáncias de ser incorporada con facilidade a un proxecto como o rexionalista que implicaba *a articulación dos intereses de clase aos intereses globais de Galiza, a hexemonización da maior parte da poboación galega a prol dun proxecto á vez rexional e de clase*. Os outros dous sectores con presenza na sociedade galega da época, habian ter unha significación moi diferente cara a movilización rexionalista.

A pequeno-burguesia urbana, e en especial os seus núcleos intelectuais, permeábeis estruturalmente á interpelación galeguista —precisamente porque a sua ubicación ao marxe das relacións de produción centrais en conflito favorecia a sua identificación coa pátria galega, antes que con calquera das clases fundamentais— serian as portadoras e formuladoras do ideário rexionalista e o seu movimento que tivo nelas o seu caldo de cultivo por exceléncia. O campesiñado, marxinado estratexicamente das alianzas que os dirixentes rexionalistas decidiron, seguiu no seu estado de explotación económica e dominación política, marxinado dun movimento que somente contou con el como elemento de *reserva do feito diferencial:* língua, costumes, etc.

A vinculación entre a alternativa solidária e o rexurdimento do rexionalismo patentiza-se non somente na reorganización da *Liga Gallega da Cruña* baixo a presidéncia de LUGRIS e para a que a *Revista Gallega* reclama a dirección da nova alianza solidária, como no próprio nivel textual descursivo onde comeza unha certa recuperación de simboloxia perdida; asi como os próprios conceitos políticos rexionalistas.

> «El regionalismo es la *salvación*: él nos ofrecerá la *autonomia* que nos permita ser *dueños de nuestra hacienda* y administradores de nuestros bienes; que aleje de nuestro solar jueces que no nos entienden, gobernantes que no nos conocen...»

En «Hagamos Patria: Regionalismo», *Revista Gallega*, 2 de Xuño do 1907.

234 *Revista Gallega*, 16 de Xuño do 1907. GALO SALINAS, «Hagamos Patria: Galleguismo».

235 Á redacción de *A Nosa Terra* pasarian os membros do consello de redacción da *Revista Gallega* LUGRIS, VAAMONDE LORES, conxuntamente con outros rexionalistas e solidários como RODRIGO SANZ.

2. Conxuntamente con esta peculiar estrutura de clases e dinámica entre as mesmas, é preciso salientar outro factor, no orde político, intimamente vinculado co anterior e de importáncia decisiva para o desenvolvimento do movimento rexionalista: a profunda penetración do modo de dominación da Restauración na sociedade civil galega. O feito de que as clases sociais dominantes na sociedade galega da época, en especial a burguesia, se encontrasen *representandas no interior do entramado da Restauración* integra, sen dúbida, un elemento omnipresente en toda a movilización rexionalista.

En efeito, os partidos liberal e conservador, turnantes no goberno, aglutinaban a representación dos máis amplos sectores das clases dominantes. Fora deles somente existian alguns núcleos marxinais: carlistas, federais, rexionalistas... cunha presenza e espazo político substancialmente inferior aos das grandes forzas partidárias. Mesmo en caso de conflitos entre os intereses dalgun grupo: proprietários, conserveiros, etc. e a política do goberno á procura de solución leva sempre o vieiro *interior* de presión e influéncias no seo do aparato burocrático da Restauración, no que se achaban perfeitamente integrados.

O forte arraigo en Galiza do modo de dominación da Restauración através dos diferentes recursos: Goberno civil-caciquismo, cunerismo etc. implicaba deste xeito dous elementos que amosaban como inescindíbeis: o carácter antidemocrático e simultaneamente centralista da política oficial.

Ao mesmo tempo que esta dominación se producia e permeaba até a máis mínima capilaridade do tecido social, outro tanto acontecia coa ideoloxia centralista espallada por múltiples órgaos de prensa, institucións (Prensa, Igrexa, Ensino): ao obstáculo político co que se enfrentaba un movimento descentralizador como o rexionalismo galego, engadia-se outro obstáculo específico, *a eficacia do seu discurso:* a extensión e implantación do discurso dominante (España: Pátria, Nación, Galiza, «las provincias gallegas, etc. etc.).

Compre salientar neste orde de cousas, o dobre aspecto de dominación e hexemonia que o aparato do bloque dominante no estado exercia sobre Galiza. En efeito, non se trata somente dun puro momento de forza, de coación o que se veicula o entramado da Restauración verbo das forzas sociais galegas alleas aos intereses defendidos polo sistema, senón que existe tamén un importante factor de *integración,* de *asimilación,* de auténtica *hexemonia,* especialmente patente no que se refere á pequeno burguesia.

Asi, os intentos de movilización político-ideolóxica dos rexionalistas atoparon-se non somente co despliegue do aparato coactivo do modo d dominación: coaccións, ameazas, boicots aos mítins, sancións, etc., senón coa *capacidade de asimilación* do sistema para con sectores que en princípio pudesen estar potencialmente interesados no programa rexionalista: burguesia, etc. Capacidade de integración e de *erosión de apoios ao rexionalismo* que afectaba á própria interioridade do movimento: os casos de PEREIRA, LAMAS CARVAJAL, BESADA, etc.... constituen arquetipos desa *absorción* e fagocitose do sistema nas próprias ringleiras rexionalistas.

Endalí que circunstáncias estruturais económicas e políticas confluian en obstaculizar de xeito patente o rexionalismo. Como OTERO PEDRAYO espresara na sua peculiar terminoloxía:

«Ben craro ollamos que a burguesía famenta de empleos o que menos lle importaba era a alma rexional»[236].

3. Nesta situación —modo de dominación e ideoloxía da Restauración antidemocrática e centralista, pero burgués e fortemente implantado, e unha estrutura de clases contraditória, atravesada pola oposición fidalguia-burguesia e cun campesiñado maioritario pagador de rendas e forzado á emigración perante a miséria; Neste situación, diciamos, cal foi o degrau de eficácia do discurso-programa rexionalista?, de que banda se decantou a pequeno-burguesia intelectual galeguista para articular os *valores rexionais comuns cun proxecto de clase?*

En primeiro lugar, o rexionalismo non se amosou nunha dirección unívoca senón que chegou a integrar no seu seo até tres proxectos políticos-ideolóxicos diversos. Alén do «corpus» comun compartido de todos: descentralización, anticaciquismo, autonomia, defensa de cultura e língua galegas, etc., expresaban-se tres variantes estratéxicas e de política de alianzas diferentes.

Tres propostas, en suma, de articulación dos valores rexionais galegos por todos compartidos ao interés de clase, tres proxectos de agregación dun bloque de clases que, aglomerado pola ideoloxia rexionalista, se convertise no portador da causa patriótica enfrentando ao Estado centralista e ao bloque dominante en España. BRAÑAS, MURGUIA e PEREIRA exemplifican tres opcións político-estratéxicas e ideolóxicas non somente diferenciada senón nalgúns estremos contrapostas.

A dinámica e conflitividade interna destas tres pocións integra, sen dúbida, un elemento decisivo cara a comprensión do desenvolvimento e destino final da movilización rexionalista. En concreto, a polarización entre o sector liberal e o tradicionalista do rexionalismo, o seu reiterado enfrentamento desde os inícios do movimento configura-se como un factor fornecedor de contínuas crises organizativas, de paralizacións permanentes na movilización, da imposibilidade de síntese dun programa coerente.

A escisión profunda entre liberais e tradicionalistas —produto da penetración na interioridad do movimento da contradición básica que a nacionalidade galega estaba a viver naqueles momentos— polariza, enfrenta, contrapón a estes dous sectores impedindo a realización da arela central do galeguismo histórico, de todo nacionalismo; a superación dos antagonismos de clase, unindo sob o mesmo ideário rexional e patriótico a todos os galegos, «bós e xenerosos» como escrebera PONDAL, por riba dos partidos, de toda diferenza ideolóxica ou política. Como PEREIRA escrebera en *El Regional:*

«Entre liberales y reaccionarios no puede haber punto de contacto en lo que toca a principios, y mucho menos aún, si cabe, a procedimientos»[237].

En efeito, lonxe de se atinxir unha síntese superadora destas diferenzas, que articulase o coonestase os plurais posicionamentos, a história do movimento rexionalista revela como o carácter *antagónico* das diferenzas converte cada intento de redacción dun programa unitário, en máis fondas rupturas, en incontrolábeis colisións político-ideolóxicas.

Será precisamente este antagonismo interno o que, ao supor todo avanzar na concreción, un avivamento das discrepáncias, fornecerá unha específica *vaguidade* e *indefinición programática* no rexionalista galego. Non se trata da ambiguidade e universalismo usual en todos os movimentos nacionalistas ou pre-nacionalistas nos que o feito de se dirixir a todos os membros da nación traduce-se na evitación de todo tema ou referéncia que pode dividir, ou marxinar sectores da oferta política do movimento.

Mais a *sobreindeterminación* que atopamos no rexionalismo galego de xeito tan acusado en eidos claves —e non somente en cuestións tais como no accidentalismo— acha-se en relaación directa coa devandita conflitividade interior do movimento, semellando asi un permanecer en estádios «culturalistas», naquel «platonismo de las ideas» do que se lle acusaba desde diversos posicionamentos.

O intento de atinguir, por unha banda, unha *síntese* entre os diversos plantexamentos e pola outra, manter a *oferta plural* co gallo de aglutinar ao máximo número de apoios posíbeis sen enaxenar a nengun deles, forneceu importantes deficiéncias cara a actuación politico-organizativa do movimento rexionalista que debe ser entendida como unha limitación derivada da práctica do próprio proxecto político estratéxico e non como unha pre-politicidade reconducíbel a meras posicións «culturais».

Polo demais, e paralelamente á disipación deste equívoco, compre desfacer outro semellante que se soi plantexar unido ao primeiro. Trata-se da intepretación pola que as limitacións e alleidade relativa á práctica política, nomeadamente eleitoral, do rexionalismo, viria dada por unha suposta *radicalidade* do movimento en base a cal este mantiña-se alleo ao sistema político-eleitoral da Restauración co obxectivo de mina-lo desde fora. A edificación do próprio espazo político, a superación e esnaquizamento do sistema de partidos turnantes, a eliminación do caciquismo e do cuneirismo pasaria asi por unha pureza exemplificante, traducida en alleidade e marxinación.

Se algo ficaba claro na experiéncia dos rexionalistas, e agroma unha e outra vez nas páxinas dos seus ideólogos mais lúcidos: MURGUIA, INSUA, SALINAS, PEREIRA, etc., é a substancialidade do proxecto rexionalista coa agregación dun amplo bloque de apoios sociais ao seu ideário cara a construción dun movimento de masas portador da reivindicación galeguista.

A agregación deste bloque de clases non se pensou xamais ao marxe da participación eleitoral e das loitas políticas sen disputar-lle ao caciquismo e ao cunerismo o seu próprio espazo político. Se algo caracteriza ao rexionalismo como proxecto é o intento de superar as concepcións de que coa pura forza da idea, da persuasión ideolóxica «stricto sensu» atinguiran os profetas rexionalistas desagregar efectivos dos partidos turnantes para, conversos á galeguidade, integrá-los como neófitos das ringleiras rexionais.

Endalí, que desde o princípio se plantexase en toda a sua complexidade a cuestión de contar cunha organización e un apoio de masas, daí o intento repetido ainda que pobre, limitado e finalmente frustrado de participación eleitoral. En efeito, a análise histórica concreta amosa-nos como a marxinación eleitoral é unha consecuéncia de diversas causas: fracasos eleitorais anteriores, febleza organizativa, falta de recursos, contradicións internas, pero xamais re-

[236] RAMON OTERO PEDRAYO, *Os Camiños da Vida*, Vigo, 1978, p. 128.

[237] *El Regional*, 21 de Novembro do 1886.

sultado procurado por plantexamentos ideolóxicos prévios.

Nen defeito programático —«culturalismo»— nen suposta virtude —«radicalismo antiespañolista»: a incapacidade político-eleitoral e organizativa do rexionalismo galego situa-se, pola contra, como unha caréncia decisiva, internamente xerada sobre circunstáncias obxectivas dadas, que desenvolveria, á sua vez, negativos efeitos no vieiro da movilización: inmadurez como forza política, falta de implantación, falta de achegamento á realidade... até incidir, en definitiva, no próprio fracaso político final do movimento.

Neste último orde de cousas, resulta patente como a ausência dunha organización estábel, dunha participación eleitoral reiterada, etc., privaron ao movimento rexionalista dunha práctica sociopolítica máis intensa, despousindo-o así dunha dialéctica coa sociedade galega da que se viu privado: necesidade de *recoller problemáticas concretas* dos diferentes sectores, de *articular os valores nacionais galegos cos intereses das clases* máis dinámicas, maduración programática... que levarian aos membros da *cova céltica* a unha inserción no tecido social e a un clarexamento nas alianzas do que careceron.

4. Porén, non se pode reducir o fracaso da consolidación dun bloque de clases rexionalista, á determinación mecánica dos elementos estruturais devanditos, actuando xa sexa directamente —através da marxinación da burguesia do movimento rexionalista— como indirectamente —fornecendo contradicións internas no movimento, con carácter antagónico e polo tanto non superábel. A admisión dunha determinación mecánica tal levaria a negar calquer posibilidade de variación estratéxica e a considerar o rexionalismo realmente existente o único rexionalismo posíbel.

Mais, ainda que dificuldado polas condicións obxectivas de posibilidade xa mentadas, *outras opcións* se lle presentaron á dirección rexionalista, desde a própria *interioridade* do movimento. Trataba-se, sen dúbida, do *rexionalismo-federal* que integrou con toda substantividade unha alternativa de modelo de autogoberno de estratéxia e de política de alianzas fronte ás duas tendéncias protagonistas do movimento.

Efectivamente, ao noso entender, un dos efeitos que xenerou a permanente escisión do rexionalismo entre os sectores tradicionalista e liberal, foi favorecer a marxinación dunha opción como a federal que se amosaba, verbo do terreno en que se plantexaba o conflito básico, como radical e allea en esceso. Pero precisamente nesta alternativa —asemade de conter-se o modelo de descentralización máis democrático e perfeito técnicamente de todo o século XIX, e parte do XX galegos —contiña-se sobretodo unha *variante estratéxica de hexemonia* de enorme interés.

O rexionalismo liberal e o tradicionalista, que monopolizaron cos seus enfrentamentos o rexionalismo galego a partir de 1892, dirixiron-se ás clases que por diversas razóns non se deron por interpeladas polo discurso rexionalista. Nen a fidalguia, en crise económica e esfarelamento, asi como derrotada nas loitas carlistas, atendeu á mensaxe de BRAÑAS propoñendo un enfrentamento co bloque dominante que achaba lonxe de desexar. Nen a burguesia galega, cativa, feble, heteroxénea e dependente, representada asemade no entramado da Restauración, atendeu os reiterados chamamentos do rexionalismo coruñés e da *Revista Gallega* que se prolongaron até 1906. Mais se estes dous vieiros estaban pechados, dadas as insalvábeis dificuldades que se lle plantexaban ao só discurso rexionalista de superar tan negativos condicionantes estruturais, outro camiño con grandes posibilidades achaba-se aberto.

O proxecto de PEREIRA, no que se plantexaba a consolidación dun *bloque campesiño hexemonizado pola intelectualidade rexionalista* e no que se integraria tamén —caso de existir— os sectores-ponta da burguesia industrial, laica e modernizante, implicaba unha ruptura cos plantexamentos anteriores en canto á base de masas e implantación do movimento se refere. En efeito, PEREIRA propuña frente a MURGUIA, pero sobre todo frente a BRAÑAS, que o rexionalismo se dirixise ao *campesiñado* que integraba a grande maioria da poboación do país.

A situación do campesiñado na proposta de PEREIRA adopta un aspecto moi diferente da que poderíamos chamar *instrumental* que constitúi a usual nos outros sectores do rexionalismo. En efeito, para o federo-rexionalista lucense, o campesiñdo —alén de se constituir en elemento retórico-simbólico do discurso-ideoloxia rexionalista, en tanto que depositário da eséncia nacional: língua, história, costumes etc.— integra-se como *elemento activo*, como suxeito do próprio movimento. O rexionalismo dirixiria-se ao campesiñado para algo máis que para a prédica do seu ideário, en concreto: para recoller os principais problemas que tiña plantexados naquela conxuntura finisecular e incorpora-los de pleno direito ao seu programa e propor-lle solucións axeitadas. En concreto a cuestión foral debia ser abordada e resolta através dun movimento redencionista, o mesmo acontecia co caciquismo, as importacións de millo, etc. etc.

E esta alternativa, que implicaria de ser levada adiante o arrequento indubitábel dos apoios ao movimento rexionalista entre o campesiñado, co costo de perder os sectores vinculados á renda, foi desbotada no *protagonismo da contradición sobranceira entre liberalismo e tradicionalismo*. O movimento rexionalista ficou asi aillado do campesiñado, unicamente roto por achegamentos retóricos e literários que amosaban a distáncia existente entre os campesiños e os intelectuais urbanos, moitos deles recentemente urbanizados.

Neste orde de cousas, resulta realmente esclarecedor a testura do próprio discurso rexionalista que resulta de princípio a fin *alleo* ao campesiñado galego. Non se trata somente de que, a nivel de contidos, a presenza campesiña sexa totalmente pasiva e de orde *retórico-simbólico, fundamentador* da eséncia nacional galega, senón que na sua própria testura e natureza o *discurso* rexionalista acha-se lonxano á inmensa masa do país: foi un discurso somente escrito e que descoñece achegamento oral algun através de mitins, etc. face unha poboación maioritariamente analfabeta; polo xeral a língua empregada foi o castelán, resultado do proceso de desnacionalización implementado pola cultura política dominante na intelligentsia; e, finalmente, pola sua construcción, vocabulário e referéncias tratábase, sen dúbida, dun discurso dirixido aos notábeis, á pequena burguesia ou burguesia ilustrada. A viabilidade real dunha proposta hexemónica como a de PEREIRA para facer superar ao movimento rexionalista o seu carácter de «modesta asociación de ilustrados» e lle dar implantación no tecido social galego, resulta máis que probábel. O agromar dar *Sociedades agrárias* nos primeiros anos do século vinte, recollendo as reivindicacións campesiñas desbotadas polos rexionalistas, resulta neste sentido elocuente e o próprio vieiro campesinista de sectores da *Solidaridade galega* patentiza palmariamente a xusteza e pertinéncia daquela marxinada alternativa. A lucidez tardia de M. MURGUIA expresa-o con toda nitidez:

«Hoy como entonces sigo creyendo firmemente en el triunfo de nuestros ideales que ahora se me presenta de inmediato... Ahí están para demostrale las asociaciones agrícolas que con tanta rapidez se están propagando por Galicia entera ¿no es esto una prueba fehaciente de que los campesinos están ávidos de encontrar alguien que pueda proporcionarles su liberación?»[238].

Investigacións recentes puxeron de manifesto que o asociacionismo agrícola adquire pulo a partir xa de finais do século, amosando as posibilidades políticas dun rexionalismo que articulase os valores galeguistas (autogoberno, língua, etc.) cos intereses materiais do campesiñado galego.

5. Causas estruturais diversas pero tamén «subxectivas» procedentes do movimento forneceron a crise e befleza permanentes do rexionalismo galego en canto movimento.

Febleza, contradicións internas, falta de apoios... elementos todos eles interaccionados que confluiron na capacidade de constitución dunha organización forte, minimamente homoxeneizada e actuante, dunha forza (o arelado *«partido regionalista gallego»*) con presenza pertinente na escena política e ampla base social.

A reducida e frustrante experiéncia eleitoral xoga nisto un papel clave reproducindo amplamente as caréncias que neste orde revestia o movimento rexionalista: privando-o dunha dinámica máis perto da realidade sociopolítica contribuíu á irresolución das contradicións, nun circo sen fin que rematou co fracaso na aglutinación dun bloque de clases portador da reivindicación rexionalista, na frustración en definitiva dunha *hexemonia* rexionalista na sociedade galega.

Cicais un dos elementos que mellor patentice este efeito de reprodución ampliada, fornecida polas próprias caréncias e limitacións político-organizativas do movimento, fora a ausência dun *líder* indiscutido no movimento. A polarización do enfrentamento entre tradicionalistas e liberais contrapón ás duas figuras sobranceiras do rexionalismo galego, BRAÑAS e MURGUIA, impedindo a aparición dun líder carismático, elemento clave en todo movimento pre-nacionalista ou nacionalista.

Fallou asi a específica funcionalidade agregadora e vinculadora que unha tal presenza desenvolveria no interior do movimento, situando-se como un fac-

238 LOPEZ AYDILLO, E., *Galicia ante la Solidaridad*, Madrid, 1907, p. 67. Como confirma GARCIA ACUÑA:

«Porque, desconfiando de la eficcia del regionalismo literario, más bien poético, como tema de Juegos Florales, cultivando en Galicia por más de medio siglo sin más fruto que la admirable e incompleta obra de MURGUIA, pensé que sólo en el momento en que el labrador gallego se sintiese regionalista sin sospecharlo ni llamárselo, sería cuando el regionalismo gallego alcanzase las mayores probabilidades de pasar de los libros a la vida. Y cuando salió a la palestra el bravo Directorio de Teis, dispuesto a resolver el problema de los foros, y asistí en espíritu a aquellas Asambleas agrarias, en las que se juntaban representantes de más de cincuenta sociedades agrícolas, y leí actas de sus sesiones, tan sobrias de palabras, tan vigorosas y pletóricas de iniciativas e impacientes por actuar, por pasar a las obras, creí firmemente que el regionalismo gallego estaba por fin en marcha...»

J. CHARLES BRUN, *El Regionalismo*, Traducción, introducción, notas y apéndices de JOSE J. ACUÑA, p. 18. Madrid, 1918.

tor decisivo na agregación de apoios, na superación de conflitos internos, na posibilidade de atinguir unha síntese entre os diversos plantexamentos en presenza... etc. etc. A colisión permanente de posicións diversas no interdiscurso rexionalista, reveladora de fondas discrepáncias e contrapostos intereses, impedindo a homoxenización do liderato, contribuíu á falta da interpelación-constitución dun bloque de clases como *suxeito político nacional galego*.

En definitiva, a falta de constitución dunha rede máis ou menos ampla de apoios, dunha forza política capaz de enfrentar-se cos partidos turnantes da Restauración, a construción dun próprio espazo político... deixaron reducidas ás ringleiras rexionalistas ao minoritário grupo de intelectuais e pequeno burguesia que o integraron desde un princípio. As variacións na composición de clase do movimento rexionalista desde a Asociación Rexionalista ás Ligas Gallegas, salva a experiéncia excepcional da Xunta a de Defensa de Galiza, son practicamente nulas: o elemento portador orixinário do rexionalismo xamais se viu ampliado coa integración de sectores minimamente significativos de fidalguia, burguesia nen campesiñado.

Así e todo, mália non atinguiren quebrar o pechado circo intelectual urbano, foi nese eido onde os rexionalistas galegos, baixo a autonomia do ideolóxico, produciron a sua máis decisiva aportación ao galeguismo, á construción nacional de Galiza.

Reducido en moitas ocasións, perante a frustración político-eleitoral e organizativa, ao ámbito ideolóxico, o rexionalismo desenvolveu a *fundamentación do feito diferencial galego*, contribuindo á recuperación da dignidade nacional de Galiza, á edificación dos seus mitos fundadores, á criación, en definitiva, da sua própria diferenza específica nacionalitária. Irredutíbel á limitada faciana político-organizativa, o movimento rexionalista amosa un desenvolvimento ideolóxico de alcance e profundidade tal que alguns dos seus temas, das suas teorizacións, non poderian ser recollidas pola sua própria organización e deberian agardar ao xurdimento do galeguismo nacionalista para ser incorporados á práctica política.

SEGUNDA PARTE

O REXIONALISMO COMO IDEOLOXIA

CAPÍTULO VI

O REXIONALISMO LIBERAL: MANUEL M. MURGUÍA

«Si somos hijos de nuestra Región,
lo somos también de nuestro tiempo»

O traslado de MURGUIA á cidade da Cruña integrou un elemento decisivo na polarización político-ideolóxica do rexionalimo arredor de dous núcleos urbanos, o coruñés e o compostelán, que se constituirian en sede das principais tendéncias en conflito: a liberal e a católico-tradicionalista, respectivamente.

Polo que respeita ao primeiro, achamo-nos, con posterioridade a 1893 e a movilización da Xunta de Defensa, perante a consolidación dun núcleo non moi numeroso pero activo e con própria substantividade que, desde as polémicas da «Cova Céltica» primeiro e através da «Liga Gallega na Cruña» e o seu voceiro a *Revista Gallega* despois enceta unha movilización plural, cultural e política, da man dos GALO SALINAS, SALVADOR GOLPE, TETTAMANCY, CARRE ALDAO, MARTINEZ SALAZAR, INSUA, etc. etc. Núcleo substantivo, integrado por intelectuais de prestíxio na Galiza da época, a chegada de MURGUIA veu-lle significar un apoio importante ás suas actividades. Porriba das diferenzas ideolóxicas e políticas, mesmo dos conflitos personiais característicos destes ambientes intelectuais, o rexionalismo coruñés amosa unhas características próprias comuns a todos os seus membros, que constituen unha concepción da problemática galega manifestamente belixerante coa compostelá interferindo constantemente a vontade de «unión» de todos os galegos, e que atinguiria o seu ponto de non retorno na declaración de fé carlista por parte de BRAÑAS no 1898.

A entidade e especificidade de este modo de abordar a Galiza como problema viña dada pola perspectiva liberal e democrática desde a que se plantexaba a reivindicación galeguista. Neste sentido, a diversidade de posicionamento acerca de temas tais como a forma do goberno (lembre-se a militáncia monárquica de GOLPE, a federal de MARTINEZ SALAZAR) ou verbo da conceptualización de Galiza como nacionalidade ou rexión, resolve-se nunha articulación liberal dos diferentes plantexamentos, un talante aberto e progresista presente en todos os escritos e intervencións dos membros da «Liga Gallega na Cruña» ao abordaren os máis diversos temas: políticos, relixiosos, literários.... MURGUIA o expresara admirabelmente no seu dia:

«Si somos hijos de nuestra región, lo somos también de nuestro tiempo»[1].

Unha vez analizadas as vicisitudes da movilización política rexionalista compre adentrarmo-nos no eido das prácticas ideolóxicas dos seus persoeiros, dar conta do ideário deste sector liberal, mostrar, en definitiva, a específica vinculación dos elementos patrióticos e clasistas que integra a sua ideoloxia rexional.

Figura sobranceira desta corrente liberal, MANUEL M. MURGUIA[2], sobresai porriba dos demais como autor dunha construción fundamentadora do feito diferencial galego que superaria as próprias marxes do movimento rexionalista para se proxectar

---

[1] MANUEL M. MURGUIA, «El regionalismo», *El Eco de Galicia*, Buenos Aires, 10 de Abril do 1899.

[2] MANUEL M. MURGUIA naceu no lugar de Froxel, Arteixo, provincia da Cruña o 17 de Maio do 1833, e morreu o 1 de Febreiro do 1923. Cultivou primeiro a literatura (*Desde el cielo, La primera luz*, etc.) e o periodismo en Madrid, en xornais como *La Iberia, El Museo Universal*, *Crónica de ambos mundos* e outros. Posteriormente formou parte da redacción de *La Oliva* e *El Miño*, diários progresistas de Vigo nos que se integra da man de EDUARDO CHAO, republicano federal que seria Ministro de Fomento na I República.

No ano 1868 ingresou no corpo de arquiveiros sendo destinado a Simancas e pasando posteriormente á Cruña no ano 1870 como xefe do Arquivo xeral da Galiza. Coa Restauración ficou cesante apartir do ano 1875 e, anos máis tarde, EDUARDO CHAO, de novo, levou-no a Madrid para dirixir *La Ilustración Gallega y Asturiana* durante os anos 1879 e seguintes. De volta en Galiza dirixe en Santiago, no ano 1886, o diario *La Región Gallega* cuxo fundador-proprietário era o federal FAUSTINO ORANTES Y MAGALLON. Posteriormente, e como Presidente do Comité Central Rexionalista, dirixe a organización da Asociación rexionalista nas principais cidades galegas até o primeiro enfrentamento co Sector católico-tradicionalista no ano 1891. Nos anos 1891 e 1892 é o director de *La Patria Gallega*, órgao da devandita organización que suspende a sua publicación no ano 1892.

No ano 1893 é expedientado polo apoio brindado á insurrección da Xunta de Defensa de Galiza nos actos de constitución da Xunta compostelá. En 1894 incorpora-se na Cruña ao Arquivo Provincial de Facenda onde permaneceu até a sua xubilación no ano 1905.

Participou activamente na criación da Liga Galega na Cruña da que foi o seu Presidente honorário, e no ano 1906, foi nomeado Presidente da Real Académia Galega.

unha perspectiva explicitamente nacionalitária. Nel atoparemos definidos, fixados e desenvoltos como en nengun outro autor, os temas centrais deste *subsistema ideolóxico* rexionalista de carácter liberal, conxuntamente co adianto de problemáticass que somente conseguirian unha presenza colectiva no galeguismo do séuculo vinte.

Irredutíbel ao desenvolvimento político da movilización, o nivel ideolóxico amosa unha complexidade e radicalidade da que é preciso dar cumprida conta, e atinxe nas formulacións murguianas unha profundidade, unha autonomia relativa, enfin, que resulta parentório situar nun primeiro plano desde o próprio ponto de partida da nosa análise.

Asimesmo, compre ter en conta as aportacións verbo de temas concretos que non por posuir unha entidade moi inferior carecen de interés: as intervencións de GOLPE, SALAZAR ou SALINAS, matizan unhas veces, recollen as máis ou siléncian significativamente outras, as aportacións fundamentadoras murguianas.

Allea a toda ruptura interna, a teorización murguiana, a sua fundamentación de nacionalidade galega, mantén ao longo dos anos por nós estudados —nos que se desenvolve o esencial da sua produción (1865-1907)— unha esencial continuidade que é preciso recompoñer, mostrar en toda a sua minuciosa articulación. Velaí o sentido das páxinas que seguen: procurarmos, como dixera BARTHES falando de MICHELET, a sua coeréncia, elucidarmos a *estrutura* da sua temática, dar conta en definitiva daquela *rede organizada de obsesións*[3] através dos meandros *do seu discurso, das suas fontes, das suas opcións.*

Abordaremos asi os temas nodais da estrutura do pensamento de MURGUIA en procura da sua lóxica interna que, desde o terreno privilexiado da história, ergue toda unha visión da diferencia *nacional* galega, das suas raíces, da construción dos seus mitos fundadores.

I. A TEORIZACIÓN DE GALIZA COMO NACIONALIDADE

Sen dúbida, o rasgo sobranceiro do pensamento murguiano ven dado pola radical superación da tradicional ambigüidade e polisémia na designación de GALIZA (província, rexión, nación, país...) no galeguismo precedente e mantida no próprio rexionalismo, para se decantar nidiamente cara a consideración fundamentalmente da sua *natureza nacional*[4].

Por vez primeira na história do galeguismo, en efeito, procederá-se á teorización e «demostración» histórica de Galiza como nacionalidade, até o extremo de recoller todos e cada un dos critérios e factores que na tradición política europea puxeron os alicerces dos diferentes nacionalismos, ordenados segundo unha concepción específica.

Non nos achamos, polo demais, compre insistirmos nisto, perante unha cuestión puramente *semántica,* dun mero problema *terminolóxico,* senón dunha auténtica cuestión *conceptual* implicadora de auténtica funcionalidade teórica. Efectivamente, a atribución de entidade nacional á Galiza despliega no conxunto do *sistema* murguiano decisivos «efeitos pertinentes» nos máis diversos niveis: desde a radicalidade fundamentadora no estabelecimento dos límites e diferenza específica do galego frente ao alleo, até as próprias consecuéncias políticas que desa designación se derivan.

Nesta óptica é preciso ubicar este elemento (a «nación»), auténtica teima central do pensamento murguiano, no contexto dos restantes factores integrantes da sua ideoloxia cara o clarexaamento da articulación entre os abstractos valores nacionais e patrióticos dunha banda e os político-sociais por outra. A própria autonomia da fundamentación radical da diferenza comunitária galega e o posicionamento político-ideolóxico, fornece a posibilidade de moi diferentes, e ainda contrapostas, articulacións do discurso fundador, frente, ás diversas forzas sociais e ideoloxias presentes na escena política galega da época.

Esta articulación de valores nacionais galegos e elementos político-ideolóxicos de clase non é en absoluto allea á clase de nación que MURGUIA postule cara o entendimento último da realidade galega; nen se presenta tampouco desde o exterior como se residese somente no posicionamento estritamente político murguiano; pola contra, atravesa en toda a sua *interioridade* ao nacionalismo que MURGUIA propón entre os diferentes proxectos nacionais-rexionais posíbeis naquela conxuntura da Galiza finisecular.

Endalí que, alén da mera constatación da radicalidade fundamentadora do noso autor, compre pescudar e investigar a natureza e sentido máis profundos do seu nacionalismo. E, neste orde de cousas, a elucidación das fontes ideolóxicas nas que se inspira a sua teorización e a configuración e alcance dos valores político-ideolóxicos xerais aos que aquela se vincula deveñen pontos claves cara ao desentrañamento da sua concepción.

E isto, compre subliñá-lo, non porque arbitrariamente o postulemos asi, senón porque ven imposto pola própria *centralidade* do conceito *nación* na obra murguiana, na que se constitui, de feito, en auténtico eixo da sua problemática, onde se concitan os máis importantes posicionamento políticos e ideolóxicos, na que confluen e pola que pasan necesariamente as máis diversas implicacións teóricas do labor fundamentante do noso autor.

O conceito de *nación* constitui, sen dúbida, e axiña teremos ocasión de comprobá-lo de xeito claro, o núcleo articulador do inteiro sistema elaborado por MURGUIA e a sua presenza permea desde o nivel discursivo até o teórico-conceptual, desenvolvendo unha eficácia omnipresente, sexa cal for o campo de que se trate.

A. A problemática semántico-conceptual.

A *ruptura* que na designación de GALIZA como nacionalidade é observábel en MURGUIA frente á tradición galeguista, por mais que unha certa polisémia se manteñ a nos escritos murguianos —coas implicacións político— estratéxicas que no seu momento analizámos— amosa unhas dimensións ideolóxico-discursivas que e preciso analizar en toda a sua compleaxidade. De aí que sexa absolutamente necesaria unha análise ideolóxica o suficientemente afinada para que, superando e afondando os tradicionais plantexamentos *temáticos* se adentre no próprio magma discursivo en procura dos alicerces, das conexións, continuidades e descontinuidades do proceso ideolóxico murguiano. Será precisamente no nivel do *discurso* onde teñamos que indagar os primeiros efeitos da irrupción do conceito de nación na sua funcionalidade ordenadora e, asimesmo, a asociación e estabelecimento de vínculos entre os máis diversos pontos de campo ideolóxico e a idea de nación.

a. A Ideoloxia e discurso: algunhas consideracións metodolóxicas.

Risco grave da análise histórica das ideoloxias políticas, agravado ainda máis, se cabe, no caso das construcións de escasa perfeición técnica ou cientificamente limitadas, o constitui, sen dúbida, como ten subliñado PROVOST, a consideración do sentido do discurso na sua própria inmediatez e, xa que logo, a aceitación dunha suposta *transparéncia do texto*[5]. Frente a toda *evidencia* inmediata, procurar o sentido dun texto precisa, ao contrário, un traballo mínimo sobor del, en especial unha desestruturación-reestruturación do orde dado do discurso frente á sua *recomposición* segundo unha lexibilidade significativa. Lexibilidade que, ao final, sempre desdi toda pretendida ou evidente transparéncia, amosando tras do magma discursivo encadeamentos, lineamentos, rupturas, descontinuidades, e tamén estratéxias. Precisamente neste sentido é cando parece necesário definir, por exemplo, o maior número de empreos significativos dun vocábulo, analizarmos a sua distribución e dar conta dos enlaces que no texto resulten entre elas[6].

Cara ao desciframento profundo dun discurso que se ergue en protagonista dun movimento rexional, dotado dunha locuacidade que semella dominá-lo todo no seu desexo de se opor ao discurso dominante, através dunha pluralidade de prácticas, (prensa, libros, discursos, manifestos...) a análise linguística en calquer dos seus niveis de complexidade pode reportar-mos unha certa utilidade. A aparente confusión dos textos rexionalistas, unhas veces, a sua non menos aparente transparéncia noutras, eses constantes desplazamentos terminolóxicos, as prácticas polisémicas, etc. etc. pode ser mediada e, quizais, desvelada a certos niveis, através dunha consideración que alén do terreo meramente temático se verta no ámbito discursivo.

Non é cuestión, por certo, de empregarmos unha

[3] ROLAND BARTHES, *Michelet*, Paris, 1975, páx. 5.

[4] Fundamentación nacionalitária que será expresada en MURGUIA por dous *termos* que designan un mesmo *conceito: nación-nacionalidade*. Na obra murguiana emprega-se indistintamente unha e outra calificación para designar á Galiza, desempeñando ambas as duas os mesmos efeitos teórico-políticos tras da negación da natureza nacional ao Estado español. Por iso é importante non verquer sobre os textos murguianos distincións nacionalidade-nación alleas aos mesmos e tributárias de estádios superiores da análise do feito nacionalitário.

Efectivamente, ao situar-se MURGUIA «pre-estatalmente» no ámbito dunha *teoria da nación* que toma a esta como suxeito-obxecto titular do dereito de autodeterminación, portadora dun proxecto de autoconstitución como unidade política nova, emprega distintos termos: nación-nacionalidade para distinguir dous conceitos de diferente estatuto teórico, simplemente porque non considera á nación desde a perspectiva da *teoria do Estado*. Nación e nacioalidade designan un mesmo conceito incardinado no ámbito da *teoria da nación*.

[5] Cfr. G. PROVOST-CHAVEAU, «Problèmes théoriques et méthodologiques en analyse du discours», *Langue Française*, n.° 9, février, 1971, páx. 18 e ss. Sóbor do panorama do abano de posibilidades analíticas que, superando o eido do «texto» e da «palabra», se centran no «discurso» e no «enunciado» resulta de interés L. GUESPIN, «Problematique des travaux sur le discours politique», no monográfico da revista *Langages*, adicado a *Le Discours politique*, n.° 23, Setembro 1971, páx. 4 e ss.

[6] Trata-se esta dunha problemática que pon en contacto, e tamén, por qué non, en conflicto, correntes de pensamento entrecruzadas en si mesmas: marxismo, estruturalismo, psicoanálise, como teñen asinalado D. MALDIDIER, C. NORMAND e R. ROBIN en «Discours e idéologie: quelques bases pour une recherche» en *Langue Française*, 15 Setembro 1972, páx. 116 e ss.

linguaxe técnica ao referirmo-nos aos textos analizados para a nosa ubicación no formalismo inoperante da aparente cientificidade, da falsa e inorgánica interdisciplinariedade. Menos ainda seguir os ditados dunha moda, recebida entre nós con moitos anos de retraso e denominada con acerto por R. ROBIN «terrorismo intelectual panlingüístico»[7].

Trátase, simplemente, de incorporar con toda cautela, e as limitacións naturais do non especialista, métodos da análise lingüística que contribúan a esclarecer esa distáncia e cercania que vai entre os termos e os conceitos. Por exemplo: ónde o *termo* agacha unha mera *noción* sen eficácia interna na lóxica discursiva ou cando tras del se atopa un *conceito* desplegando a sua eficácia teórica.

Por outra banda, é preciso partirmos das próprias limitacións dun campo ainda apenas esbozado no terreno da lingüística nunha perspectiva non positivista: alén do emprego «cientista», aséptico na sua abstracción non mediada teoricamente, dos instrumentos conceptuais da lingüística, amosa-se en toda a sua dimensión a problemática das relacións entre as formacións ideolóxicas e as formacións discursivas nunha formación social dada[8].

Nesta perspectiva, a obra de M. FOUCAULT devén fundamental. Non se trata, pola nosa banda, de abordarmos aqui o pensamento do filósofo francés, mais somente tirarmos algunhas liñas de actuación úteis ao noso intento de darmos conta do discurso rexionalista.

Através de textos como *La Naissance de la clinique, Histoire de la folie, Les mots et les choses* e, sobretodo, *L'Arqueologie du Savoir,* e sobre a base de conceitos tais como «Formación discursiva», «regras de formación» ou «condicións de posibilidade discursiva» desenvolve-se unha lúcida teorización sobre a autonomia das prácticas discursivas superadora da tradicional metáfora tópica da estrutura e a sobreestrutura[9]. O plantexamento do discurso como lugar de encontro entre o discursivo e o social alleo, como conxunto de estruturas, saltos e continuidades, sistema de emerxéncia de obxectos, formas e distribucións dos modos enunciativos, desprazamentos, eleicións estratéxicas, pasa a un primeiro plano:

«A história nova atopa certo número de problemas metodolóxicos moitos dos cais, sen dúbida lle eran amplamente pre-existentes, mais cuxa presenza a caracteriza agora. Poden-se citar entre eles: a constitución de «córpus» coerentes e homoxéneos de documentación (abertos ou pechados, finitos ou indefinidos) o estabelecemento dun princípio de eleición,... a definición do nivel de análise e dos elementos para o mesmo pertinentes (no material poden-se salientar as indicacións numéricas, as referéncias aos acontecimentos, institucións e prácticas; *as verbas empregadas coas suas regras de uso e os campos semánticos que proxectan, ou tamén a estrutura formal das proposicións e as modalidades de encadeamento que as vencellan...*»[10] (Subliñado noso, R. M.)

Intento de abordar o discurso desde unha perspectiva allea aos métodos da exéxese tradicional —pero tamén ao formalismo linguístico— que centra a atención de *L'Ordre du discours* onde a economia interna discursiva, recollendo da experiéncia das análises anteriores, é abordada desde o ponto de vista das correlacións funcionais das transformacións internas e as relacións coa materialidade das institucións. Frente á analise tradicional os conceitos foucaltianos:

«opoñen-se termo a termo: o acontecimento á criación, a série á unidade, a regularidade á orixinalidade e a condición de posibilidade á significación. Estas catro últimas nocións teñen dominado dun xeito xeneral a história tradicional das ideas, onde, de comun acordo ten-se procurado o ponto da criación, da unidade da obra, dunha época ou un tema, o sinal da orixinalidade individual e o tesouro indefinido das significacións fuxidas»[11].

---

7 REGINE ROBIN, *Histoire et Linguistique*, Paris, 1973, p. 14.

8 Cfr. por exemplo, REGINE ROBIN, «Histoire et Linguistique: premières jalons», en *Langue Française*, 9 Febreiro 1971. Onde se analiza, entre outros extremos, os valores de emprego das palabras «pobo» e «nación» nos «Cahiers de Doléances» da Franza do século XVIII, amosando a funcionalidade de universalización que cumprian obliterando as divisións clasistas daquela sociedade.

9 Cfr. MICHEL FOUCAULT, *L'Histoire de la folie*, Paris, 1961, p. 109 e ss. MICHEL FOUCAULT, *Naissance de la clinique*, Paris, 1963, p. 7 e ss.

10 MICHEL FOUCAULT, *La arqueología del saber*, Madrid 1976, páx. 17. Onde se engade:

«Esta mutación epistemolóxica da História non ten rematado ainda hoxe. Asi e todo, non data de onte pois pode-se, sen dúbida, remontar o seu primeiro momento a MARX... Mais ainda hoxe, e sobre todo polo que á História do pensamento se refere, non ten sido rexistada nen reflexionado sóbor dela... Como se fose particularmente díficil nesta história que os homes reescreben das suas próprias ideas e coñecimentos, formular unha teoria xeral da discontinuidade, das séries, dos límites, dos ordes específicos, as autonomias e das dependéncias diferenciadas... Como se experimentase unha repugnáncia singular en pensar a diferenza, en descreber desviacións e dispersións, en disociar, enfin, a forma tranquilizante do idéntico». Páx. 20. op. cit.

11 MICHEL FOUCAULT, *L'ordre du discours*, Paris 1971, páx. 56. Onde se afirma tamén:

«Polo que ao aspecto xenealóxico respeita, corresponde-lle a formación efectiva dos discursos sexa no interior ou no exterior dos límites de control, sexa máis frecuentemente de ambos os dous lados da delimitación. A crítica analiza os procesos de rarefacción,

En definitiva, a riqueza da perspectiva da obra de FOUCAULT radica precisamente na relación das prácticas discursivas coas non discursivas, coa materialidade institucional mesma, na concepción do discurso como unha práctica e, decisivamente, na crítica á problemática do suxeito. Compre, asi e todo, non esquecermos os seus próprios límites: a relación entre as prácticas discursivas e non discursivas son abordadas cun critério de *xustaposición* face ao «clásico» da dominación como ten asinalado D. LECOURT[12]; asi como unha dependéncia da lingüística saussuriana fundamentada na parella língua palabra e allea á problemática da enunciación como no seu dia puxo de relevo D. MAINGUENEAU[13].

Precisamente nesta problemática foucaultiana da crítica do «suxeito fundador», do «espírito da época», en definitiva da «forma lineal da história» a análise lingüística revela-se como de grande interés frente á história das ideas políticas. Como afirmara R. BARTHES;

«O nivel idelóxico dos contidos é unha cousa coñecida desde hai moito tempo, mais o contido ideolóxico das formas é unha das grandes posibilidades de traballo do século XX no noso campo»[14].

Polo demais, as formacións discursivas (diferenciadas e cunha dinámica própria e autónoma frente ás formacións ideolóxicas que non lle son xamais mecanicamente superpoñíbeis) non pode ser apreendidas máis que en función das suas *condicións de produción* e *recepción,* das institucións e organizacións que as implican, das regras constitutivas do discurso e, á sua vez, as variantes semánticas teñen que ser postas en relación coas combinacións e construcións nas que se presenten[15].

Neste orde de cousas, e frente á análise do córpus discursivo rexionalista e ás suas diferentes cristalizacións, tentaremos a aplicación dun modelo de achegamento ao *campo semántico*[16] de determinadas palabras seguindo as experiéncias do *Centro de Lexicoloxia política* de Saint Cloud que, desenvolta hai uns anos con anterioridade á sua posterior decantación cara a lexicometria, semellan de utilidade cara ao desentrañamento do nivel terminolóxico-conceptual.

Asi, en primeiro lugar, e para a delimitación da palabra que vai ser obxecto de determinación no seu campo semántico, compre resolver o primeiro problema que se plantexa: a delimitación da unidade ou unidades léxicas a tratar na análise do textos. Neste sentido, o lingüísta MATORE ten elaborado dous conceitos de interés: *Palabra-clave e Palabra-testemuño*[17] que poden ser de gande utilidade.

---

mais tamén de reagrupamento e de unficación dos discursos; a xenealoxia estuda a sua formación á vez dispersa, discontinua e regular». Páx. 68 op. cit.

12 DOMINIQUE LECOURT, *Para una crítica de la epistemología*, Madrid, 1973, páx. 118. Observación decisiva ao noso entender, por mais que LECOURT manteña tenazmente sen afectar os seus conceitos tradicionais en estado puro:

«O mais positivo de *A Arqueoloxia do Saber* é o intento de instaurar, baixo a denominación de «formación discursiva» unha teoria materialista e histórica das *relacións ideolóxicas* e da formación dos *obxectos ideolóxicos*». Op. cit. páx. 111 (subliñado noso, R. M.).

13 Conxuntamente cunha certa redutividade da man da *alusión á história* característica de FOUCAULT, no sentido de que a articulación entre as prácticas discursivas e non discursivas é plantexada en numerosas ocasións de modo excesivamente xenérico e pouco operativo, ten-se falado asi mesmo dunha *elisión do lingüístico* en base á redución do discurso á problemática língua/palabra, ao nivel pre-discursivo de emerxéncia dos enunciados que se prolonga nunha *elisión do significante* da sua lóxica interna, da sua materialidade específica do corpo verbal. D. MAINGUENEAU, *Initiation aux méthodes de l'analyse du discours*, Paris 1976, páx. 15.

14 RONALD BARTHES, «Structuralisme et sémiologie», *Les Lettres françaises*, Xullo 1968, páx. 13.

Topamo-nos aqui, polo demais, co ponto de maior radicalidade crítica de FOUCAULT, portador asi mesmo das suas maiores limitacións. En efeito, a consideración do suxeito como *descontinuidade* se ben resulta eficaz antídoto contra a problemática idealista tradicional do suxeito, corre o risco de permanecer como a posta en evidéncia dunha dispersión, fragmentación ou disolución nun campo aleatório que óbvia, en non poucas ocasións, o problema da necesidade dun córpus conceptual que saiba dar conta da apropriación dese obxecto real que é o discurso.

O mesmo acontece, noutro plano, co problema da causalidade: o rexeitamento da causalidade mecanicista semella desembocar, ás veces, alén dun desbotamento de todo tipo de causalidade-determinista que conduce ao estabelecimento de relacións de *xustaposición descritiva* no sentido aludido por LECOURT: homoloxia, paralelismo... Do economicismo groseiro pasaria-se a unha espécie de noite da descontinuidade e a dispersión onde todos os gastos económicos, políticos e ideolóxicos son pardos.

15 Cfr. JEAN-CLAUDE CHEVALIER, «Langage et Histoire», *Langue Française*, n.° 15, Setembro 1972, e, sobre todo, REGINE ROBIN *Histoire et linguistique*, Paris, 1973, páx. 67 e ss.

16 Mentres o *campo léxico* é o conxunto de palabras que a língua reagrupa ou inventa para designar os diferentes aspectos ou trazos sémicos dun obxecto ou unha noción, o *campo semántico* é o conxunto de empregos dunha palabra ou sintagma nos que a verba dada adquire unha carga semántica específica cuxos empregos é preciso determinar analizando os contextos que a palabra coñece nun texto dado. Cfr. HORST GECKLER, *Semántica estructural y Teoría del campo léxico*, Madrid, 1976, páx. 282 e ss., e J. PEYTARD e E. GENOUVRIER, *Linguistique et enseignement du Français*, Paris, 1970, páx. 85 e ss.

17 G. MATORE, *La méthode en léxicologie*, Paris, 1953, páx. 65 e ss., e sobretodo *Le vocabulaire et la societé sous Louis-Philippe*, Géneve, 1967, polo que respeita á linguaxe de THEOFILE GAUTIER, páx. 186 e ss.

A *Palabra-testemuño* ven constituída por un termo sobranceiro arredor do cal ou dos cais se xerarquiza e se ordena a estrutura lexicolóxica global, podendo ser termos novos ou ben de nova significación.

Por *palabra-clave* entenderíamos non tanto un termo definidor dunha sociedade, senón dun movimento sociopolítico —o rexionalismo no noso caso— unha a modo de idea vivente na medida mesma en que *o movimento recoñece nela o seu ideal.* A palabra-clave presentaría-se, pois, como ordenadora-xerarquizadora das palabras-testemuño.

Un sondeo inicial no córpus discursivo que nos ocupa amosa de xeito claro que a palabra GALIZA, designadora da comunidade diferenciada, emerxe como *palabra-clave* expresiva do movimento rexionalista. Térmo de nova significación conceptual, pois baixo a mesma verba agachan-se moi diferentes contidos políticos, económicos e ideolóxicos dos que viña significando no galeguismo anterior, integra, sen dúbida, o núcleo articulador do discurso rexionalista tanto de carácter federal como católico-tradicionalista.

Porén, a diversificación das palabras-testemuño: nacionalidade, rexión, democrácia, tradición, federación, etc. etc. mostra a escisión discursiva no interior do rexionalismo que, como analizámos nos capítulos precedentes, constitui un rasgo decisivo do movimento.

Non quer dicer isto que, pola nosa banda, postulemos redutivamente un mecánico *isomorfismo* entre as fraccións rexionalistas e o léxico empregado polas mesmas, de tal xeito que cada corrente ou grupo se achase caracterizado polo emprego excluinte de determinadas verbas. O vocabulário seria, deste xeito, mecanicamente concebido como unha a modo de etiqueta fixada sobre cada sector rexionalista, que sintetizaria e reflexaria a visión do mundo de cada unha delas. Ao contrário, lonxe de pretender converter a verba nunha sorte de índice do comportamento político, a realidade amosase-nos dotada dunha complexidade da que resulta preciso darmos conta: entrecuzamentos, palabras comuns, non correspondéncias térmo-conceito, polisémias e as que MARCHELLESI denominara «técnicas de captación e enmarcamento do discurso político»[18] —conscientes ou inconscientes— que promoven desprazamentos e rupturas somente son detectábies no nivel de significación máis fondo.

Endali que o *enfrentamento discursivo* entre as diferentes tendéncias rexionalistas non acede xamais a radicalidade da colisión político-ideolóxica. A autonomia relativa do nivel discursivo non xa frente ao orde político, senón tamén do ideolóxico, a própria eficácia do elemento nacionalitário de unión dos galegos porriba das diferenzas etc. fornecerán un «acordo» substancial a nivel discursivo entre as diversas tendéncias que vai moito mais alá do politicamente existente. Este acordo nun campo léxico-discursivo amplo é visíbel, por exemplo, na ósmose e permeabilidade do discurso fundamentador de Galiza entre as tres tendéncias, o emprego do *termo* «nacionalidade», o achegamento discursivo entre MURGUIA e PEREIRA etc. etc.... Por nengures, como veremos con máis vagar axiña, se dá no nivel discursivo o reflexo mecánico da conflitividade política.

Todo isto non óbvia, por suposto, a exísténcia dunhas diferenzas discursivas notábeis, especialmente patentes polo que respeita ás tendencias tradicionalista e liberal, que amosan con claridade a vinculación dos valores patrióticos galegos con valores político-ideolóxicos non xa diferentes, senón antitéticos.

Pola nosa banda, tomando como modelos os traballos de J. DUBOIS[19] e do Centro de lexicoloxia política de Saint Cloud[20] e unha vez determinada a palabra clave do movimento, trata-se de procurar a rede de relacións da mesma no *córpus*[21] discursivo rexionalista. Estabelecer, por dicé-lo de modo máis específico, o seu campo *semántico-conceptual:* o conxunto de empregos dunha verba dada nos cais a mesma adquire unha carga semántica específica para o que é preciso dar conta dos contextos, vínculos e relacións que a devandita verba posui nun texto dado[22].

Neste orde de cousas podemos postular diversos tipos de relacións:

1. *Oposicións:* relacións antitéticas tanto por antinómias: parellas de opostos (Modernidade/Tradición); oposicións formais (non, anti...) en constelacións léxicas arredor dunha mesma palabra (Galiza/centralismo/semitas/Corte). Trata-se, en definitiva, no caso que nos ocupa, de definir a *constelación negativa* que no subdiscurso rexionalista de que se trate se opón a GALIZA[23].

2. *Cualificacións:* trata-se, neste caso, da función semántica que reagrupa tanto os epítetos do sintagma nominal, como os relativos, os complementos de nome, os atributos do sintagma verbal, e, en definitiva, a pluralidade léxica que designa a forma de ser dun suxeito[24].

3. *A rede de asociacións:* neste caso trata-se de detectar as relacións sintagmáticas contextuais de implicación. Asi por exemplo, Galiza é asociada a raza, liberdade, história[25].

4. *«Acción de» e «acción sobre»:* achamo-nos aquí perante a actividade desenvolvida polo actor ou exercida sobre el. Asi por exemplo, Galiza unhas veces «lucha por su autonomia», outras acha-se «preterida y humillada por el poder central»[26].

5. *Equivaléncias:* as palabras que posuan os mesmos enlaces temáticos ou nacionais constituen equivalentes substituíbeis nun texto determinado sen alterar o sentido do mesmo: Galiza e nación galega en MURGUIA, por exemplo[27].

En definitiva, através dos lazos temáticos ou nocionais, através das funcións de cualificación e acción de e sobre, a verba GALIZA acha-se, como imos ver decontado, vencellada e articulada as diversas palabras-testemuño ou simples ao longo da cadea discursiva sobre do plano sintagmático e vencellada e articulada através das equivaléncias sobre o plano paradigmático. Constitui-se, deste xeito, o seu campo semántico conceptual que vencella o nivel discursivo co *propiamente ideolóxico* onde, como ten escrito o BARTHES, «a ideoloxia seria, en definitiva, a forma (no sentido hjelmslevian) dos significados de connotación»[28].

A delimitación do campo semántico-conceptual de GALIZA nos principais ideólogos rexionalistas pode contribuir, deste xeito, a superar as vellas perspectivas que partindo da transparéncia do texto desemboca nunha análise temática, na citación ilustrativa e intuitiva que facilitase a adecuación dos resultados aos apriôris ideolóxicos.

Compre, asi e todo, asinalarmos as *limitacións* substanciais duns métodos que se manteñen nun nivel primário e elemental da análise do discurso, meramente distribucional, frente a técnicas máis complexas e contemporáneas que, superando a óptica excesivamente dirixida cara aos aspectos de vocabulário e terminoloxia, penetran no cerne do tecido enunciativo.

A *análise de enunciados* seria o método para superar a falta da análise de procesos de significación que fican elididos na determinación do campo semántico-conceptual: o xogo complexo do aparello enunciativo (estratéxia argumentativa, referéncias), os recursos retóricos, técnicas de captación e ocultación... abordando a problemática da *connotación* que, doutro xeito, fica apenas esbozada[29].

Mais, asi e todo, mália as limitacións devanditas, a potencialidade de delimitación do campo semántico[30] reside na clarificación dunha ampla rede de determinacións léxicas e ideolóxicas que contribuen a elucidar a configuración interna do vocabulário rexionalista, as diferenzas entre as diversas tendéncias, as suas continuidades e discontinuidades e, asimesmo, a articulación terminolóxico-conceptual da palabra-clave *Galicia* con palabras testemuños procedentes de campos ideolóxicos diferentes e a sua conexión coas ideoloxias presentes na escena política galega.

b. A delimitación do campo semántico-conceptual: GALIZA en MURGUIA.

A fundamentación diferencial nacionalitária da comunidade galega en MURGUIA, precisaba da

[18] JEAN-BAPTISTE MARCELLESI, *Le Congrés de Tours*, Paris, 1971, páx. 206.

[19] JEAN DUBOIS, *Le vocabulaire politique et social en France, de 1869 a 1872, Paris, 1962.*

[20] Asi, L. KHOLER, *Etude quantitative et semäntique de quelques aspects du vocabulaira de Saint-Just*, E. N. S. Fontenay, 1969. JACQUES GUILHAMOU, *L'ideologie du «Pére Duchesne»*, Paris, 1971.

[21] ENRICO ARCHAINI, *Principes de linguistique appliquée*, Paris, 1972, páx. 158 e ss.

[22] Cfr. A. ENZI, *Il lessico de la violenza nella Germania nazista*, Bologna, 1971, páx. 11 e 12; e KHOLER op. cit. páx. 29.

[23] D. MAINGUENAU, op. cit. páx. 56. J. DUBOIS op. cit. páx. 98 e ss.

[24] Cfr. DENISE MALDIDIER, «Le discours politique de la Guerre D'Algerie approche syncronique et diacronique», en *Langages*, 23 Setembro 1971, páx. 69.

[25] Cfr. GUILHAUMOU, «Ideologies, discours et composture en 1793», *Dialectiques*, n.° 10-11, páx. 158, Paris, 1976.

[26] Idem.

[27] DENISE MALDIDIER et REGINE ROBIN, «Polémique idéologique et affrontemente discursif en 1776: les grands edicts de TURGOT et les remontrances du parlament de paris», en *Langage et idéologies: le discours comme object de l'Histoire*, Paris, 1974, páx. 25 a 37.

[28] ROLAND BARTHES, *Elementos de sémiologia*, Madrid, 1971, páx. 93.

[29] *Analise de enunciado* no sentido de HARRIS, «Discourse Analysis», tradución francesa de F. DUBOIS en *Langages*, Marzo 1969.

[30] E iso non somente nas analises lexicométricas ao xeito de ANTOINE PROST *Vocabulaire des proclamations electorales de 1881, 1885 e 1889*, Paris, 1974, JEAN MARIE COTTERET et RENE MOREAU, *Le vocabulaire du Général De Gaulle*, Paris, 1969, ou H. D. LASSWELL, *Studies in quantitative semantics*, Massachusetts, 1969, senón no próprio modelo de delimitación do campo semántico-conceptual por nós acollido, como ten posto manifestamente de relevo J. B. MARCELLESI, op. cit. páx. 125 e REGINE ROBIN op. cit. páx. 156, quen, despois de salientar que «un certo número de mecanismos escapan á análise destes métodos (delimitación do campo semántico) que son tanto trazos e ideoloxia como efeitos da ideoloxia sobre o discurso», engade:

> «unha tal crítica non ten por finalidade denigrar estes métodos xa que ficou amosado de xeito patente que as suas fecundidades semellan certas para o investigador».

criación de todo un dispositivo terminolóxico e conceptual fondamente rupturista co discurso herdado do galeguismo anterior. A atribución á Galiza dunha natureza nacional permea e penetra até a máis íntima capilaridade do inteiro murguiano, exercendo efeitos múltiples entre os que compre salientar a disposición de toda unha *utillaxe* terminolóxica configuradora dun discurso específico que se ergue defronte e conflitivamente ao discurso centralista dominante.

Polo que a delimitación do «córpus»[31] respeita, escollémos unha mostra das máis sobranceiras intervencións do noso autor, aquelas precisamente onde o seu discurso atinxe unha maior concreción e complexidade: «Galicia Regionalista», «El Regionalismo Gallego», «Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia», o «Discurso nos Xogos Frorais de Tui», e mais «El Regionalismo», datados entre 1865 e 1907. Trata-se, unha vez delimitado o córpus, de analizarmos nel as equivaléncias, asociacións, redes de oposicións e asociacións, así como as accións de e as accións sobre da palabra-clave GALIZA. Finalmente, sintetizaremos dous cuadros sinópticos onde se recollerán as redes de asociacións e oposicións elaborados apartir do *íntegro* córpus murguiano consultado.

Sintetizando o campo semántico conceptual atopariamos coa seguinte delimitación:

«Galicia regionalista» en *La España Regional*, t. II, 1886

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
3-6	«hermosísimo» «bendecida» «pobre y mísera» «débiles y vencidos»	«razas y directivas» «movimiento provincial»	«La centralización»	«tendencias a la vida regional» «ansias sentidas por la renovación»	«olvidado y muerto para los demás»	«patria» «país» «tierra» (2) «pueblo» «pequeña patria»
7-13	«hierático estacionamiento» «herida y olvidada» «débil» «postración»	«el celta con su grande instinto civilizador» «servidumbre y lucha comunal» «espíritu individualista» «el (idioma) gallego» «diferencias de clima, de historia y de sangre» «espíritu regional» «las lenguas son las verdaderas banderas nacionales» «el genio de cada raza» «literaturas regionales» «cultura provincial»	«50 años de centralización» «la centralización, esto es, la muerte»	«el (idioma) gallego domina a lo largo de la costa atlántica» «renovación de los pueblos enteramente modernos» «hemos resistido a la manera de los débiles, aislándonos» «conservemos la nuestra (lengua) y peleemos en su nombre y a su sombra» «estudio y renovación de las lenguas no oficiales» «los organismos político-regionales rechazan por instinto la centralización» «recobrar su personalidad moral y social» «salir de la postración inmerecida»	«provincias despojadas» «postración inmerecida que la aflige»	«diversas agrupaciones» «naciones» «región» «patria gallega» «naciones» «país natal»

[31] Problema de escolla do córpus sempre delicado mais que, sen dúbida, ven facilitado no noso autor pola auséncia de nengunha *ruptura* fundamental no conxunto da sua obra que permanece fiel en todo momento a unha série de ideas-forza. Os textos por nós analizados supoñen o «núcleo duro» dunha *narración* —no sentido de J. P. FAYE en *Théorie du récit*, Paris, 1972— que, como afirmara THIERRY dos escritos de MABLY, «faria entrar na linguaxe» palabras como «nación», «carácter nacional», «raza galega», que contribuíron a conformar o nacionalismo galego. En efeito, á *«excitación revolucionária»* de MABLY corresponde a *excitación nacionalista* MURGUIANA através dunha pluralidade de «quimeras históricas» e unha linguaxe fundadora do feito nacionalitário galego.

«El regionalismo gallego», ligeras observaciones al discurso del Sr. S. Moguel... 1888

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
151-157	«nacionalidades desconocidas y negadas» «harta de sufrir» «esclavos de todos y de todo» «resignación»	«provincias» «su idioma, sus sentimientos naturales, su pasado, su mismo porvenir» «tiene profundas raíces en el país» «sentimiento regional» «virus regional» «autonomía»	«Estado todopoderoso» «poder central» «egoísmos centralistas» «Estado uno, indivisible, coercitivo» «centralización»	«no quieren en manera alguna romper la unidad del actual Estado español» «organismos provinciales ejerzan las funciones propias» «resistir» «campesinos en rebelión»	«aniquilamiento que les amenaza, diario»... «hecho avasallador de la centralización»	«patrias» «nación» «naciones minúsculas» «la provincia» «país» «nación»
158-160	«largo calvario»	«espíritu regional (...) vengador y austero» «sentimiento nacional de que está impregnada Galicia» «espíritu sumiso propio de las comarcas puramente agrícolas»	«demás pueblos de la monarquía» «poder central» «El Estado español»		«ataques por parte de los demás pueblos de la monarquía» «los ataques y burlas con que los castellanos y andaluces nos vienen molestando» «una mayoría opresora, agresiva»	«nuestras provincias» «nación gallega»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
161-162		«independencia relativa que la hace muy semejante a un Estado» «carácter nacional» «se habla la lengua oficial» (entre la mayor parte del pueblo)»	«lengua de Castilla» «clases acomodadas»	«tiene su gobierno propio (...) revestido de extensos y autónomos poderes»		«provincia»
163-164		«lo fértil de esta tierra lo benigno de su clima y la distinción e inteligencia de sus hijos»	«andaluces»			
233-241	«pueblos de razón»	«sus hermanos los portugueses» «espíritu regional» «sentimiento de su nacionalidad» «antiguo reino» «pasado autonómico» «espíritu de resistencia provincial» «se contaba con naciones dentro de la nación francesa»	«políticos centralistas»	«nos viésemos unidos (a los portugueses) por el interés como lo estamos en la sangre»		«nuestras provincias» «pueblos» «naciones» «nación»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
242-247	«vivas» «en paz perpetua» «se tiene por atrasado»	«tierra colectiva» «perfecta autonomía» «unidad del Estado» «estudio de los idiomas no oficiales»	«patria común» «centros de instrucción oficial» «Madrid» «la centralización» «Estado español»	«celo de las Diputaciones provinciales»	«no hay plaga pública que no caiga sobre ella» «dureza en el reprimir»	«pequeños estados» «pequeñas nacionalidades» «la provincia» «vivas individualidades nacionales» «pequeños estados nacionalistas» «nacionalidad» «verdaderos estados» «país» «comarca»
248-250	«céltico» «el más germanizado» «no (...) contaminado con la sangre semita» «era poderosa»	«pueblo numeroso y superior, por ser por entero céltico» «monarquía sueva» «fuimos un Estado» «nuestros reyes» «al alborar el siglo XVI Galicia era como un Estado»	«dominación goda» «nobleza castellana»	«Galicia era la que vivía y dominaba» «así vivimos solos y todo lo nuestro perseveró entre nosotros» «teníamos nuestra junta del Reyno» «teníamos gobernador y Audiencia» «La Junta tenía en sus manos la gobernación del país»	«exterminio intelectual» «nobleza castellana empezó a dominar» «se nos negó el voto en Cortes» «haciéndosenos blanco de todas las burlas»	«país de España y de Galicia» «país» «estado»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
250-253	«vencida»	«espíritu regional gallego (con) razón de ser y antigüedad» «sentimiento nacional de Galicia» «diferencia de sangre, de costumbres, de carácter, de territorio» «espíritu provincial» «es por esencia regionalista»	«los extraños al país» «los conquistadores» «nuestros adversarios» «sistema centralizador»	«formar en Galicia un espíritu hostil y por entero regional» «espontánea manifestación nacional» «seglares y eclesiásticos se creyeron obligados a intervenir»	«los cargos de nombramiento real escapaban a sus manos» «todo lo dominaban desde sus prebendas» «arrojan sobre Galicia sus torpes burlas» «ni les importasen las ruinas que iban sembrando ni siquiera viesen la injusticia cometida» «la posesión de la tierra»	«país» (2) «la región» «nuestra tierra»
253-254	«actitud... resuelta»	«la lengua gallega hablada en el país hasta hace 70 años» «(lengua gallega) que fuese común a todas las clases sociales»	«intrusos» «los que venían a desempeñar los principales cargos eclesiásticos»	«desterrar a los intrusos» «reivindicación de lo que le era propio» «se enseñase por arte el gallego en las escuelas»	«espoliación de la tierra y acaparamiento de las dignidades»	

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
257-258	«se desangra y muere olvidado su país»	«la emigración» «con pasado autonómico» «una raza dada, con idioma y costumbres propias» «parlamento propio» «su lengua elevada a la categoría de las lenguas oficiales» «estados puramente nacionales»	«la centralización» «grandes imperios» «grandes estados»	«devolver la vida de que carecen a las provincias»	«todo elemento de riqueza se escatimó a nuestras poblaciones durante tres siglos» «Sobre nuestros campos pesaron siempre tanto y tan duramente los impuestos»	«el país» «provincias» «la provincia» «nación gallega»
259-262	«lo característico de la musa gallega es el sentimiento» «su personalidad» «el genio (...) de nuestro pueblo»	«la base de la población gallega es céltica» «la civilización es sueva» «el elemento suevo, aquí dominante» «(los suevos) crearon una literatura, una poesía, un genio, una lengua diversa de la castellana» «origen céltico» «un pueblo (...) céltico» «persistencia (...) del tipo celta»	«lengua castellana»	«creación de una cultura diferente»		«un pueblo»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	«ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
263		«la mitología popular gallega responde a aquel origen (celta)» «lengua distinta» «autonomía» «estos pueblos del noroeste forman una nación con caracteres propios» «autonomía administrativa»	«Estado español» «El poder central» «absentismo de las clases ricas» «los ajenos» «la corte» «Estado todopoderoso»	«tenía reyes y condes propios» «gozando de su propia autonomía» «a su hora se manifestaba el sentimiento nacional» «recobrar su autonomía administrativa» «desea que su lengua sea tan oficial como la del Estado» «(desea) que en las reformas se le oiga por entero»	«El poder central, que la desconoce, la gobierna del todo y como a colonia»	«nacionalidad céltica» «provincias gallegas» «distinta nacionalidad» «nación» «pueblo importante» «nación con conciencia»

«Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia», *La España Regional*, t. VIII, 1890

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
481-484	«carácter provincial» «sometida»	«regionalismo gallego» «idea (...) regional» «sentimiento nacional» «país puramente agrícola» «movimiento provincial»	«tiranía territorial»	«resignación» «abstención» «estando Galicia en rebelión» «antiguo reino» «si debía o no (...) declararse independiente» «reivindicación de nuestra nacionalidad» «salir de su postración»	«tiranía» «tiranía de largos siglos»	«región» «países» «país natal» «país» «antiguo reino» «nuestra nacionalidad» «país»
485-488	«desunión, aislamiento»	«un pueblo sin ejército» «falta de grandes centros fabriles» «pensamiento regionalista» «autonomía» «cataluña»	«Madrid» «enemigos del regionalismo»	«organizar las huestes» «organizarnos» «entrar decididamente en el camino de las reivindicaciones» «defensa de sus intereses particulares» «aspiran a recobrar su anterior autonomía»	«fácil es imponérsele, fácil vencerle» «impuestos»	«país natal» «país» «nuestras comarcas» «viejas provincias»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
489-491	«aislada»	«completo predominio del elemento céltico en la población gallega» «anterior vida autonómica de Galicia» «una casi autonomía»	«extraña hegemonía» «poder central»	«movimiento de resistencia» «libertades conquistadas entonces por nuestro pueblo»	«se les fue despojando poco a poco» «combatir a nuestros nobles, hostiles por lo general a la corte castellana» «olvido en que se nos tenía» «ingerencias del poder central»	«vieja nacionalidad» «nuestro pueblo» «antiguo reino»
491-493	«vieja» «despiadada» «olvido»	«dos de las más importantes y esenciales (...) instituciones propias que conocimos» «vida provincial» «La junta del Reino, genuino elemento nacional» «(tradiciones) perseveraron muchas de ellas»	«lengua oficial» «castellanos» «lengua de la corte» «corte castellana» «régimen centralista» «el elemento oficial representado por los extraños» «los extraños que venían a gobernarnos y a juzgar» «agentes públicos»	«predominaba en la llamada literatura española el elemento poético y el idioma de Galicia» «cuan extenso era el dominio literario de nuestra lengua» «se sostuvieron (...) costumbres y prácticas jurídicas»	«introdujeron en los documentos públicos la lengua oficial» «explotaron en favor de los suyos la hostilidad de nuestro pueblo contra la nobleza gallega» «retuviesen (capitanes generales o Gobernadores) en sus manos el gobierno superior de nuestra provincia»	«pueblo» «viejo reino» «país» «nuestra provincia»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
494-497	«infelices» «expoliada, despojada»	«foro» «señorío territorial de Galicia (...) en poder de los monasterios» «gobernado por los suyos» «espíritu provincial» «Junta del Reino» «La Audiencia no gobernaba sola sino en unión de la Junta»	«enfiteusis» «los extaños» «los ajenos» «los intrusos» «los monjes extraños»	«pidiendo que se declarasen perpetuos los foros» «se pusieron de parte de la Junta del Reino» «mantener viva entre nosotros la protesta contra los que tan duramente nos explotaban» «(la Junta del Reino) llegó (...) a ejercer (...) las tres grandes funciones públicas»	«implacables y ruidosas eaxpoliaciones» «despojando a los foreros de su propiedad» «(monjes) vinieron a agravar la situación» «devoraban las rentas de los grandes monasterios» «los monjes castellanos empezaron a dominar en nuestros monasterios»	«país» «mi provincia» «Reino» «mi país»
498-499	«padeció tanto»	«la condición política y civil de mi país era, si no completamente igual a la de las provincias vascas, muy parecida» «las semejanzas entre ambos régimenes provinciales se acentúan» «espíritu provincial que nos dominaba ya entonces» «ignoradas instituciones»	«poder central» «España» «manos ajenas» «los extaños»	«mantener a su costa importantes naves» «tener escuadra propia y permanente para defenderse» «aguante (de la Armada) para sufrir todo género de inclemencias» «reivindicación de las nacionalidades»	«su absorción por el poder central»	«mi país» «región» «reino» «región» «nacionalidades» «comarca o región»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
500-504	«desconocido y que se ignora a sí mismo»	«parroquia gallega» «lo antiguo y conforme con nuestras tradiciones y libertades locales» «las costumbres se conservan tradicionalmente» «vestigios de las antiguas instituciones gallegas»	«las fuerzas centralistas»	«renovación de los viejos organismos provinciales» «las principales instituciones gallegas se levantaron de aquella tumba» «funciones administrativas y políticas» «facultad (...) de repartir y cobrar los impuestos»		«país»

Discurso Tui. 1891

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
	«povos dominados» «vella» «magoada» «escarnecida» «escravos»	«direitos que nos compren» «o noso idioma» «o nobre idioma que do outro lado de ese nó é lengua oficial» «un povo distinto» «razas célticas» «(lengua) expresión dunha literatura tan oposta ao xenio da de Castilla» «ialma de Galicia» «fontes nacionaes» «un idioma nacional» (o noso gallego) «temos asimesmo unha literatura e sobre todo unha poesía particular» «sentimento» «xermánicos e libres» «realidades etnoxénicas» «autonomía» «nesta terra con límites naturaes, con raza, con lengoa e historia propia.	«os alleos» «Castilla» «hexemonía castelán» «señores» «España central» «unidade dura, salvaxe, invasora» «raza semita» «o feito separatista» «capital» «os de Madrid» «centralización» «semitas»	«orade e combatide» «dereito a enteira posesión da terra en que fomos nados» «xemidos da patrea» «date (a ialma de Galicia) forte e pura, e sincera na composición popular»	«nos magoaron cos seus ditos e cos seus feitos» «nosa nacionalidade, de novo negada e aínda mais, escarnecida» «a hexemonía castelán imperaba sobre as diversas nacións do Estado español» «(centralización) nova praga que ven a sustituir no mundo moderno, con nome de libertade, a libertade mesma»	«nosa nacionalidade» «patrea» «povo» «patrea gallega» «nacionalidade» «patrea» «povo» «entidades nacionaes» «provincias» «Estados nacionaes incompletos»


«El Regionalismo», *Revista Gallega*, n.º 207 y 208, 1898.

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
n.º 207	«pequeñas naciones que viven bajo la tutela del Estado»	«(el regionalismo) vivió patente entre los neolatinos» (...) «régimen propio de los Estados modernos» «vida provincial» «las formas de gobierno son accidentales» «en manera alguna queremos los regionalistas gallegos separarnos del resto de España» «el regionalismo viene a afirmar en un todo la unidad del estado español» «la patria común» «régimen de libertad» «unido estrechamente a los principios liberales» «pertenece a la nueva sociedad»	«insensata centralización» «la Corte» «el Estado» «el absolutismo» «régimen absoluto o personal» «vuelta a lo que ya pasó para siempre jamás»	«reintegración de su existencia particular» «las regiones recobren la vida de que han sido despojadas» «recobrar sus antiguas libertades, y ser como un tránsito entre la vida provincial y la del Estado» «nuestra regeneración» «reformas que deseamos ver implantadas» «desastres como sería un cambio radical de instituciones» «reformar lo que no por viejo, pero sí por inútil y perjudicial, ha sido causa de los males que tienen hoy a España»...	«viven bajo la tutela del Estado que les gobierna» «dominación»	«antiguas regiones, organismos vivos» «pequeñas naciones» «región» «pueblo»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
		«no equivale (...) a una vuelta a la organización feudal» «la unión inquebrantable de cada región con el resto de España» «la más liberal»		«hemos proclamado los redentores principios regionalistas» «derecho que les asiste a acentuar su personalidad real y viviente» «conservar lo que es privativo de su pueblo y región, pero está dentro de las libertades modernas»		
n.º 208	«fidelidad perseverante» «el sentimiento particularista sea, como en Galicia, una tendencia instintiva» (...) «tendencia hereditaria»	«provincia durante la dominación de los romanos» «Estado soberano durante (...) el imperio suevo» «no le faltó (entre ss. XIII-XVI) para ser un verdadero Estado independiente más que un rey propio»	«hegemonía castellana» «poder central»	«reconstituirse de nuevo y vivir bajo el régimen particular que su propio interés reclama» «monarcas que se titulaban reyes de Galicia» «gozaba existencia particular» «gozó de todas las ventajas del régimen local»	«subordinado bajo el poder godo»	«regiones con un pasado autonómico» «región» «reino» «nación»


REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
	«aislamiento» «preterición» «subordinada»	«permanecieron sus hijos unidos para siempre a las costumbres, sentimientos, recuerdos y libertad de su patria» «un territorio, una raza, una vida común consciente y continuada puede hacer de una región una nación» «(la Junta del Reino) constituía un gobierno regional» «tiene territorio (…), raza, lengua distinta, historia y condiciones especiales»	«El Estado» «gobierno central» «centralismo»	«tener (…) fisonomía propia, diversa de la de las demás agrupaciones que viven bajo el poder del Estado» «reclamar hoy Galicia el derecho de cuidar de sí propia, pidiendo para ello el régimen local» «gozaba entonces de iguales libertades y gobierno parecido al de las provincias vascas» «(La Junta) concedía, recaudaba y a veces repartía los impuestos» «reivindicación de su personalidad e intereses» «conveniencia de restablecer el gobierno local»	«injurias con que a cada momento la herían» «dictar por igual leyes comunes a todas las regiones»	«pueblos con plena conciencia de sí mismos» «patria» «una nación» «una región» «la provincia» «país gallego» «el país» «región» «nación» «nacionalidad»

REDE DE ASOCIACIÓNS DE «GALIZA» NO DISCURSO MURGUIANO



238

REDE DE OPOSICIÓNS DE «GALIZA» NO DISCURSO MURGUIANO



B. A construción histórico-teórica da Nación galega en MURGUIA.

Como amosa nidiamente a análise semántico-conceptual o ponto central do pensamento murguiano, que permanecerá intacto en toda a sua radicalidade desde a sua primeira formulación no «Discurso preliminar» da *Historia de Galicia* até os artigos «El regionalismo» de 1898, é a conceptualización de Galiza como *nación* ou *nacionalidade;* alén de toda erosión ou devecimento, afirmara-se ainda con meirande vigor ideolóxico através dun plural proceso de construción e fundamentación. Deste xeito MURGUIA rompia coa ambigüedade e indefinición tradicionais no provincialismo histórico. Mais a sua *ruptura* non radicaria somente no achádego dunha nova denominación para Galiza, no emprego sistemático do *termo* nación, senón que, ao contrario, ia-se verquer nomeadamente na fundamentación histórica e teórica do feito nacional galego e a súa belixerante defensa face a ideoloxia centralista do Estado-nación español.

O emprego do termo nación ou nacionalidade integra asi somente a superfície dun moito máis vasto e fondo fenómeno conceptual e teórico que desenvolve nodais efeitos ao longo de toda a obra murguiana, penetrada até os máis recónditos extremos pola vontade de construción teórica da nacionalidade galega.

Compre pois, antes de adentrarmo-nos na análise da natureza do nacionalismo murguiano, procurar no obra do noso autor o fio condutor, seguir as mostras de tan singular edificación político-ideolóxica. En efeito, no seu *Discurso Preliminar* á *Historia de Galicia,* volume primeiro o cal data de 1865, MURGUIA estabelece por vez primeira na história do galeguismo a natureza *nacional* de Galiza en sentido estrito:

«Fué Galicia una de las primeras nacionalidades que lograron constituirse en España»[32].

consideración que, lonxe de posuir un carácter meramente circunstancial é explicitada e desenvolta páxinas máis adiante con toda radicalidade:

«Situado a una extremidad de Europa, separado de los pueblos hermanos por cadenas de montañas, con idioma propio, este antiguo reino tiene todas las condiciones que se necesitan para formar una completa nacionalidad»[33].

Os elementos nacionalitários *história, território* e *língua* son empregados por vez primeira para fundamentar o rango nacionalitário do feito diferencial galego. Caracterización nacional de Galiza que se amplia e desenvolve no tomo II [34] da história e atingue, sen dúbida, un dos seus pontos álxidos coa aparición do volume III no ano 1888.

Adicado á monarquia sueva, ao tenor da aportación étnico-cultural e mesmo política —Galiza como reino independente— de carácter xermánico, procede-se no devandito volume a unha maior clarificación da natureza nacional galega:

«Por el territorio, por la raza que lo poblaba, por las antiguas divisiones conservadas a través del período romano —pues sin duda alguna respondían a necesidades anteriores y permanentes— nuestro pueblo era uno y distinto de los que le limitaban. Sólo le faltaba una cosa, poseerse... los suevos le infundieron su sangre y con ella, ya que no la idea, el hecho de la nacionalidad... nuestra Galicia sale de sus tinieblas y constituye una nación»[35].

E, finalmente, no volume IV da sua *Historia,* publicado no 1891, a reivindicación daquela «nacionalidad desconocida y negada» mostra-se cunha radicalidade que non por histórica resulta menos expresiva. A negación da Nación española na sua formulación contemporánea como Estado nacional español e a reserva de tal conceito para as nacionalidades interiores resulta altamente significativo da radicalidade fundamentadora murguiana;

«... La península ibérica no constituye una entidad nacional, y lo que es más grave, se advierte asimismo que entienden se halla desde luego dividida en tres grandes porciones territoriales que informan respectivamente la sangre y la tradición. La mayor, España, que abarca la Lusitania, La Bética y la Cartaginense; la de Afranc, constituida por la Tarraconense; y por último Galicia... El fondo de la población, las costumbres propias a cada uno de dichos grupos, los pensamientos que abrigan, les dan fisonomía propia y condiciones de verdadera nacionalidad... Hasta tal punto y

32 MANUEL M. MURGUIA, *Historia de Galicia*, «Discurso preliminar», Tomo I, Lugo, 1865, páx. 89.
33 Idem, páx. 222.
34 MANUEL M. MURGUIA, *Historia de Galicia*, T. II, Lugo, 1866. Tras relatar a derrota do Medúlio, afirma-se:
«es posible que algún día puedan también nuestros hijos decir: he aquí el foso con que cercaron a los defensores de nuestra *antigua nacionalidad*: he aquí las espadas con que aquellos valientes montañeses se quitaron la inútil vida, por no sufrir la afrentosa esclavitud que les esperaba y no presenciar la de la patria». Páx. 308.
35 MURGUIA, *Historia de Galicia*, Tomo III, La Coruña, 1888, páx. 175-176.

con tanta fuerza, que cada una de las agrupaciones en que aparece entonces dividida la Península, da vida a una civilización y crea una lengua, signo el más característico y declarado de toda nacionalidad legítima»[36].

A denegación de entidade nacional ao Estado español contemporáneo por máis que sexa no pasado, e a atribución de tal natureza a Galicia, «España» e Catalunya en base a diferenza de clima, território, raza, cultura e língua, constitui sen dúbida unha testemuña patente do degrau de radicalidade atinxido polo labor murguiano de fundamentación histórica da nación galega, xusto no momento en que arreciaban polo demais os ataques centralistas contra tal pretensión, «en los momentos en que se niegan a reconocer nuestra individualidad nacional»[37].

Mais fora do estrito eido histórico, lugar privilexiado sen dúbida do discurso de Murguia, a postulación e defensa de Galiza como nacionalidade é levada a cabo desde as máis diversas tribunas: artigos, polémicas, discursos, como unha teima omnipresente en todas as intervencións do noso autor que reveste en ocasións unha extremosidade realmente allea ao que estaban dispostos a aceitar a maioria dos rexionalistas galegos. As verbas do certame literário de Pontevedra amosan con nitidez a irredutibilidade das posicións murguianas ás detentadas oficialmente polo movimento rexionalista:

«¿Qué lazo de sangre, qué lazo histórico ha de unir *naciones* cuya cultura tiene tan distinto origen y fundamento?... ¿Creeis que basta un decreto y bastan cincuenta años de centralización para borrar de una vez para siempre las diferencias de clima, de historia y de sangre»»[38].

Pero será sen dúbida na resposta a SANCHEZ MOGUEL, que no seu discurso de ingreso na Academia da Historia combatira a idea dunha nacionalidade galega[39], onde MURGUIA desenvolveria de xeito máis sistemático a concepción de Galiza como nación. De feito *El Regionalismo* non é senón unha argumentación a prol da natureza nacionalitária de Galiza, ao socaire dunha refutación das críticas do historiador andaluz, onde se amosa a concorréncia de diversos elementos constitutivos, história, conciéncia nacional, território, etc.[40].

36 MURGUIA, *Historia de Galicia*, Tomo IV, La Coruña, 1891, páx. 18-19. Onde se engade:

«...más tarde o más temprano habría de producirse una escisión que estaba en el fondo de las cosas y en el pensamiento de los pueblos, evocada y provocada por ellos bajo el imperio de Toledo, tan combatido *por las diferentes fuerzas nacionales que aspiraban a la supremacía: única manera que les quedaba de demostrar su existencia. No fué pues, la invasión árabe tan sólo, la que separó y dió vida particular a las naciones que algunos suponen haber unido el cielo antes y después, ahora y siempre. Las tenían perfectamente delimitadas las mil diferencias de raza* y localidad, que desde un principio habían establecido y consagrado los hombres y los siglos». Páx. 19 e 20 (subliñado noso. R. M.).

E tamén:

«Y es que al romperse los lazos que contra su voluntad mantenían a las provincias autónomas bajo el imperio civil y religioso de Toledo... sintióse cada una de ellas distinta, dueña de si misma... De entre toda la confusión histórica anterior, surgen blancas y puras como toda iniciación, las diversas entidades nacionales que gracias al propio esfuerzo se establecen y consolidan todo a lo largo de la cordillera pirenaica, madre de los grandes pueblos, de instituciones libres y de eterna independencia». Idem, páx. 11.

A ollada histórica murguiana converte-se deste xeito no estabelecimento dunha diferenza esencial entre as diversas nacionalidades que integran España, cuxa permanencia através e por riba das diferentes estruturacións políticas ou hexemónicas dalgunha delas sóbor das outras, ilustra unha sorte de «eternidade» da distinción nacionalitária que se proxecta intemporalmente ao longo das idades.

37 MURGUIA, *Historia de Galicia*, Tomo V., La Coruña, 1913, páx. 135.

38 MANUEL M. MURGUIA, «Galicia Regionalista», Discurso leído por el Presidente del Certamen celebrado en Pontevedra, *La España Regional*, Barcelona, Tomo II 1886, páx. 8. Onde se engade:

«La Bética fecunda que no ha conocido el feudalismo, guarda como un recuerdo de sus denominadores la vasta latifundia, y con ella, el instinto comunista; los pueblos del norte y del Noroeste, que se han criado a los agrios pechos de la servidumbre y de la lucha comunal, han ido conquistando sus derechos, su tierra, su personalidad, con tan lenta perseverancia y tenacidad, que tienen y conocen el orgullo de sentirse hombres».

A diferenza nacional histórica prolonga-se na diferenza racial, na diferenza de norde social e económico, plantexando a inequívoca modernidade das razas nórdicas precisamente nas sólidas raiceiras que nelas posui a propriedade capitalista, símbolo por exceléncia do novo orde.

Outro tanto atopamos en *Los Precursores*, La Coruña, 1886:

«Semejantes a los antiguos celtas, duros como el hacha de bronce de que se servían iguales al fiero germano con el que mezclaron su sangre los que aquí, en este fertilísimo y más que hermoso país se asentaron... Fácilmente se ve que es una nación que no se revelado a si misma». Páx. 20.

39 MOGUEL afirmara no seu discurso, entre outras cousas:

«¿Qué nacionalidad es esa que tratan de establecer los regionalistas gallegos, si su hermoso y leal país, fuera del fugaz reinado de D. García no fué nunca reino independiente?». Op. cit. páx. 23.

40 MANUEL M. MURGUIA, *El Regionalismo Gallego*. Ligeras observaciones al Discurso leído por el Sr. D. ANTONIO SANCHEZ MOGUEL en su recepción en la Real Academia de la Historia de Madrid el 8 de diciembre de 1888. La Habana, 1889.

Neste sentido, e tras criticar as raiceiras das concepcións centralistas de MOGUEL, é dicer a «confusión del Estado y la Nación»[41] e acudir a A. THIERRY para referir-se a Franza como *nación de nacións*[42] remata afirmando:

«Es un hecho, pues, que por el origen, por el territorio y el lenguaje, de igual manera que por su historia y la comunidad de sentimientos y deseos, estos pueblos del noroeste forman una nación con caracteres propios, distinta de gran parte de las que constituyen el Estado español»[43].

A distinción entre Estado e Nación, base teórica imprescindíbel para aceitar a exsisténcia de nacionalidades no interior do Estado-nación unitário, volve-se reiterar na sua mensaxe ao «Centro Gallego de la Habana» do ano 1890 onde se afirma con toda nitidez:

«Galicia es una nación *que en otros tiempos fue un Estado* y que después gozó largo tiempo de una autonomía, restringida es cierto, pero que le permitió conservar nuestra vida nacional, muerta en el presente siglo a manos de una absurda y abominaable centralización»[44].

E ainda con maior claridade no discurso dos Xogos Florais de Tui no mesmo ano 1891, onde se falaba de:

«... aqueles tempos en que a hexemonía castelán imperaba sobre as *diversas nacións do Estado español*»[45] (subliñado noso R. M.).

e se postulaba a nível programático:

«As entidades nacionaes que hoxe viven eiquí baixo un mesmo réxime... non tratan de se constituir en Estados independentes —anque o foron xa— percuran tan soio que os teñan en conta como *Estados nacionaes incompletos...*» [46] (subliñados no orixinal).

A afinación conceitual de MURGUIA atingue nestes párrafos uns niveis salientábeis ao presentar a Galiza como unha nacionalidade que, posuidora no seu tempo dun Estado próprio, *mantén tras a perda do mesmo a sua natureza nacionalitária*, a cal de nengun xeito ia unida á posesión de organización estatal própria. Esta separación entre o elemento estatal e o nacional, característica polo demais de todos os nacionalismos periféricos e negados, desenvolverá na obra murguiana os seus efeitos pertinentes que se traslucen na peculiar ubicación que no interior do seu «sistema» posui o elemento político estatal.

Finalmente, para rematarmos este recorrido polos *usos* murguianos do conceito de nación galega, nos seus artigos *El Regionalismo* publicados no 1899 despois dalgúns anos de silenzo, e cando poderia sospeitar-se —se cadra en base á vellez do noso autor ou aos reiterados fracasos do rexionalismo como movimento— un esmorecimento da sua fundamentación diferencial da nacionalidade galega, un limar aristas perante as rudas réplicas da História, MURGUIA, porén, conserva intacto o critério de 1865 coa mesma radicalidade e firmeza:

«Galicia tiene territorio perfectamente delimitado, raza, lengua distinta, historia y condiciones especiales creadas gracias a esa misma diversidad, y por lo tanto necesidades que ella solo mide en toda su intensidad, aspiraciones que ella solo sabe a donde llegan. Constituye, pues, una Nación, porque tiene todos los caracteres propios de una nacionalidad. Suiza no tiene más población, ni Bélgica más territorio»[47].

41 Ibídem.

«Harto sabe los que tratan de dar vida a las que hemos apellidado nacionalidades desconocidas y negadas, no quieren de manera alguna romper la unidad del actual Estado español. Sabe también que los que deseamos que los antiguos organismos provinciales ejerzan las funciones propias no vamos allá que pidamos que cada región se haga independiente, y que constituya de por sí un Estado puramente nacional». Páx. 4.

42 Onde se citan estas palabras de THIERRY:

«... entonces el patriótismo francés tomaba doble fuerza de su patriotismo local, que tenía sus recuerdos, su interés y su gloria. Realmente se contaba con naciones dentro de la nación francesa: había la nación Bretona, la Borgoñona, la Aquitana, el Languedoc, el Franco-condado, la Alsacia. Estas naciones distinguían sin separarla, su existencia individual de la gran patria común; se declaraban unidas pero no subyugadas...» Ibídem, páx. 20-21.

43 Ibidem, páx. 268.

44 MANUEL M. MURGUIA, «Manifestación regionalista», *La España Regional*, Barcelona, Tomo VIII, 1890 páx. 370... Onde se volve falar da integridade do Estado español, «no fuera ni contra el Estado» etc., sen empegar xamais o sintagma «nación española».

45 «Discurso de MANUEL MURGUIA nos Xogos Frorais de Tui», *Grial*, n.º 43, Xaneiro-Marzo, 1974, páx. 84.

46 Ibídem, páx. 88. Onde se engade:

«Vindo a doctrina rexionalista a introducir no réxime do Estado unha nova organización, tédela por contrárea, soio porque non vos permite seguer coa vosa indolencia... Decídesvos fillos das novas correntes e non vos atrevedes a fiarvos delas. A! ben vemos que o que vos temedes... non é a disminución do poder do Estado, senón a do voso poder». Páx. 89.

47 MANUEL MURGUIA, «El regionalismo», *El Eco de Galicia*, Buenos Aires, 20 de Abril do 1899.

En definitiva, en MURGUIA achamo-nos perante unha teorizacion coerente e sostida en Galiza como nacionalidade en fonda ruptura coa traxectória anterior do galeguismo e mesmo allea ao programa rexionalista, moito menos radical nestas cuestións e decantado face ao emprego sistemático de rexión.

Mais non se trata aqui de adiantarmo-nos á análise dos diferentes elementos, de índole diversa: voluntarista, orgánico historicista..., sobre os que o noso autor eleva toda a sua construción. Pola contra, é preciso deixar clarexado a este nivel do achegamento ao *corpus* murguiano, un feito de indubitábel relevância teórica e cuxa pregnáncia é dificilmente soslaiábel en calquer texto da sua autoria.

Trata-se do feito de que MURGUIA non somente designa a Galiza como nación ou nacionalidade, senón que, asemade, reserva a devandita calificación exclusivamente ao país galego, desprovendo da mesma, na práctica, a España. En efeito, por unha banda, e mália a persisténcia dunha polisémia residual (cfr. o próprio art. «El Regionalismo»), a decantación terminolóxica a prol da atribución a Galiza da entidade de nación ou nacionalidade, integra un elemento incuestionábel do discurso de Murguia. Mais, e paralelamente, comprobamos como nos mesmos textos en que se realiza a equiparación anterior, elude-se sistemática e significativamente a designación de España como nación, ainda na fórmula de *nación de nacións*. España, en efeito, é denominada «Estado español», «país», e mesmo «pátria común»... mais nunca, agás contadas excepcións, *Nación española*, como mostra de xeito claro a delimitación do campo semántico conceitual. Todo isto resulta de manifesto interés pois reflexa un radical deslinde dos conceitos de Estado e Nación ausente non xa no movimento rexionalista como tal, senón nos outros teóricos do mesmo: a unidade do pasado, poder político comun, etc. non abonda aos ollos de MURGUIA para atribuir a España auténtico carácter nacional. España é, distintamente, un *Estado plurinacional*, integrante baixo o mesmo sistema («réxime» di MURGUIA en Tui) de diversas entidades nacionalitárias: Euzkadi, Catalunya, Castilla, Galiza...[48].

Endebén, de todo iso non se deriva arredismo algun, senón que tal distinción cobra un sentido esencialmente fundamentador da diferenza cunha enorme drasticidade. Para MURGUIA a «nación a la que pertenecemos» designa sempre á nación galega, e só de xeito residual substantivo aparece o calificativo de nación aplicado a España. A História de España será para o devandito autor a história dunha imposición da nacionalidade española através do Estado unitário borbónico ás demais nacionalidades peninsulares. Neste sentido, a negación práctica, só circunstancialmente esplícita, da nación española cumpre a funcionalidade de deslixitimar e privar de fundamento ao discurso centralista. Ao deixar ao Estado unitário sen base material sobre a que alzarse, as nacionalidades deben recuperar a sua vida própria que tiñan antes de se construir o Estado español, o que implica a reorganización completa deste desde a perspectiva da distribución territorial do poder.

A ruptura teórico-conceitual operada por MURGUIA resulta patentizada neste terreno en toda a sua dimensión. Mais, cal é o posicionamento doutros publicistas do movimento perante estas cuestións?

Da recepción parcial que o labor fundamentador de Murguia é obxecto en BRAÑAS e PEREIRA daremos cumprida conta no seu momento, pero centremo-nos agora, por máis que sexa brevemente, noutros autores da própria corrente liberal, de menor relevância sen dúbida, mais non por iso carentes de interés. O contraste coas posicións murguianas dará conta do «adianto» en canto a complexización e radicalidade que separaba a aquel dos seus compañeiros de tendéncia.

Compre salientarmos neste orde de cousas, dous autores que, mália o mantimento dunha ambiguidade e polisémia, Galiza-nación-rexión e mesmo se decantar, sobre-todo despois do impacto españolizador do 98, pola concepción rexional de Galiza, amosan unha evidente permeabilidade aos plantexamentos nacionalistas murguianos. Trátase de SALVADOR GOLPE e GALO SALINAS, ambos os dous da Liga Gallega coruñesa e da redacción da *Revista Gallega*, dirixida polo segundo[49].

Polo que respeita a GOLPE, no seu libro *Patria y Región*, aparentemente desenvolve unha fundamentación rexional do feito diferencial galego se xulgamos pola *terminoloxía* empregada no texto. Mais unha análise máis detida do mesmo revela nun primeiro achegamento que GOLPE non somente deriva da natureza rexional de Galiza os mesmos efeitos políticos que MURGUIA: necesidade de autogoberno como próprio poder lexislativo, senón que, asemade, recolle íntegra a fundamentación orgánico-histórica daquel:

> «(La Región) tal y como aparece, surgiendo y desarrollándose en la Historia, con elementos etnográficos propios y característicos, es decir con territorio delimitado por la naturaleza, con determinante de una familia étnica y un remoto origen, con lengua y dialecto distinto, con costumbres jurídicas y regímenes autonómicos antes de confundir su modo de ser político con el de otras regiones; así considerada, la Región no es simple expresión geográfica sino verdadera *entidad nacional*»[50] (*Subliñado no orixinal*).

Como se pode comprobar sob o térmo rexión subxace toda unha recepción da fundamentación nacionalitária murguiana que desenvolve auténtica eficácia *conceptual*: GOLPE fala de «pequeñas naciones» para referir-se aos vellos reinos históricos[51], atribui-lles a estes un *«sentimento de nacionalidade»*[52], aceita a existéncia en España de «entidades nacionales distintas»[53] para rematar definindo á Rexión como:

> «Extensión de territorio más o menos grande, en donde vive *una modalidad o particularismo nacional*... Provincia o división natural determinada por accidentes geográficos y cualidades étnicas, *especie de Estado nacional dentro del Estado*, propiamente dicho»[54] (subliñados nosos R. M.).

En definitiva, e mália a confusión de GOLPE entre nación e Estado, o conceito murguiano acha-se baixo o que el denomina moderadamente «rexión». Distinto resulta o caso de GALO SALINAS que apesar de carecer dunha formación especificamente relacionada como acontecia, en diferentes perspectivas, con GOLPE ou MURGUIA, mantén a *equivaléncia* rexión-nacionalidade nos seus escritos na *Revista Gallega*, mais sen explicitar en nengun momento a cuestión. Asi e todo, ainda no ano 1900, en pleno esfarelamento da movilización rexionalista, podemos constatar neste autor a calificación de nación ou nacionalidade a Galiza non somente en editoriais da sua *Revista*[55] senón mesmo, e de xeito reiterado, no prólogo ao libro de JUSTO E. AREAL *Fragmentos de la Historia de Galicia*[56].

---

48 Critério que se mantén até en obras moi lonxanas á temática explícita da fundamentación nacional. Asi, por exemplo, en *Don Diego Gelmírez* considera-se que este tivo nas mans a posibilidade de ser unxido rei en León, «no está claro si de Galicia tan sólo y, por lo tanto, separándose esta nación del resto del Estado o si de todas...» *Diego Gelmírez*, La Coru ña, 1898, páx. 79.

En definitiva, MURGUIA enfrenta-se coa tradición liberal xacobina do estado-nación, cuestionando a necesidadede que o Estado liberal democrático sexa incompatíbel coa existéncia de nacionalidades interiores reconocidas e autogobernadas. Denúncia asi o procedimento polo que á liberdade e á edificación do Estado capitalista se lle vencella indisolublemente a centralización do nación-estado, aquel procedimento que denunciara no seu dia o mesmo TURGOT, cando criticaba o substituísmo dos termos nación e Estado no vocabulario político da sua época:

> «Eu denomino nación como todo o mundo, unha colección de famílias que falan a mesma língua, asi os Saxóns e Austríacos son alemáns, os Suizos do Ñays de Vaud son franceses... en troques, Estado é un pobo estabelecido nun território e reunido sob un mesmo goberno». TURGOT, *Oeuvres*, Paris, 1960, páx. 513.

49 Nen INSUA nen SARALEGUI, por citarmos dous significados persoeiros do movimento rexionalista, acollen, pola contra, a conceptualización nacionalista murguiana. Asi, o primeiro deles, nas suas máis significativas intervencións: «Brindis en honor de ALFREDO VICENTI en Santiago»», *La España Regional*, T. V., 1889, páx. 289 e ss., «Lo que queremos los regionalistas», *L. E. R.*, T. XIII, 1892, pás. 3 e ss., «El renacimiento provincia», *Revista Gallega*, 25 Decembro 1898, «Lo que nos salvará», *Revista Gallega*, 18 Decembro 1898, e outras, fala sistemáticamente de «patria gallega» e «rexión gallega», sen incorporar unha soia vez o termo, e moito menos o conceito, de nación teorizad por MURGUIA. Non moi distinto é o caso de SARALEGUI Y MEDINA, quen en «El regionalismo en Galicia», *Galicia*, n.° 7, Xullo do 1889, páx. 289 e ss., se ben mantén o termo de Rexión de xeito acude á fundamentación nacionalitaria murguiana, acollendo o elemento étnico, histórico e lingüístico como base da diferenza e xustificadora dun autogoberno que permita á Galiza dispoñer dun próprio poder lexislativo. En «La legislación regional», *Revista Gallega*, 12 de Setembro 1897, volve falar de Espa ña como *nación* ou *nacionalidade*, reservando para Galiza o calificativo de Rexión.

50 SALVADOR GOLPE, *Patria y Región*, La Coru ña, 1897, páx. 74, engadindo pouco máis adiante:

> «¿Por que subsisten todavía en Francia, del mismo modo que en otros Estados, esos *particularismos nacionales o esas regiones?*» (Subliñado noso R. M., op. cit. páx. 86).

51 Idem, páx. 77.

52 «... Más la división territorial del año 1835 hecha por un simple decreto sin sujeción a ningún principio histórico ni político, no logró borrar los límites naturales de las regiones, ni las leyes centralizadoras e igualitarias abatir el amor que las regiones sienten por su lengua, fueros y costumbres, ni los fieros con que a diario amenazan los adversarios del regionalismo, enfriar las ansias de libertad de los pueblos enfrente del despotismo uniformista. ¡Insensatos! Ignoran que el «sentimiento de nacionalidad» no nace de teóricos convencionalismos, sino de una ampliación del «sentimiento de familia» de donde brota la fuente purísima del amor a la patria».

Op. cit., páx. 85.

53 «Por especial coincidencia la mayor parte de las regiones de España se conocen aún con la denominación de *Reinos;* de donde se deduce que, si no lo son ya, fueron entidades nacionales distintas, con territorio propio, pueblos diferentes y gobiernos autónomos; es decir, sociedades étnicas o personalidades públicas... que han venido a formar una sola entidad nacional común». Op. cit., páx. 89.

A recepción parcial do nacionalismo murguiano é patente non somente nos desprazamentos terminolóxicos, senón na aceitación da existéncia de nacionalidades interiores no Estado espa ñol contemporáneo.

54 Idem. páx. 91.

55 Confronte-se, por exemplo, o emprego do termo nación na *Revista Gallega*, 6 de Maio do 1900.

56 JUSTO E. AREAL, *Fragmentos de la Historia de Galicia*, Vigo, 1900, páx. 10 e 11.

En definitiva, a *pregnáncia* da fundamentación murguiana da nación galega nos escritos de fondo, non prográmatico, de importantes rexionalistas da corrente liberal integra sen dúbida, pésia non ser recollido polo movimento en canto tal, un feito decisivo a ter en conta cara o entendimento da descontinuidade entre organización e ideoloxia. A eficácia fundamentadora do discurso murguiano atopa aqui a sua confirmación, e a autonomia relativa da función ideolóxica e fundamentadora, a sua máxima expresión.

C. Configuración e natureza do nacionalismo murguiano.

Clarexada a posición inequivocamente nacionalista de MURGUIA na sua fundamentación do feito diferencial galego, con autonomia da dinámica e desenvolvimento do movimento rexionalista en que se inscrebe, compre agora darmos un paso máis e adentrarmo-nos nunha meirande concreción. En efeito, tráta-se de ver agora como se integra e articula a devandita teorización nacionalitária, que natureza e caracteŕisticas reveste, que orientación e efeitos políticos, en fin, se lle derivan. Situarmos, en definitiva, a caste do nacionalismo murguiano frente ás correntes nacionalistas europeas da época.

Compre antes de todo, ao noso entender, ubicarmos nunha perspectiva moi diferente da usual e teimosa nos traballos sobre o tema que, partindo dunha suposta escisión bipolar do nacionalismo europeu en duas formulacións, liberal ou orgánico-historicista, remate coa adscrición do noso autor a unha delas. E isto tanto por darmos conta da especificidade da síntese murguiana en toda a sua complexidade, como pola própria redutividade e maniqueismo que implica en todo caso a remisión do nacionalismo europeo a duas tendéncias enfrentadas.

Polo demais, e cara a elucidación da caste de nacionalismo postulado por MURGUIA, compre atendermos a dous niveis diferenciados e non forzosamente coincidentes: tanto á adscripción explícita do autor a unha corrente de pensamento nacionalista específica, como á concepción realmente operante nos escritos murguianos, ao marxe das próprias autodefinicións.

a. O conceito de Nación en MANCINI.

Achamo-nos en primeiro termo cun feito altamente significativo: no seu labor de fundamentación histórico-teórica do feito diferencial galego, MURGUIA acolle-se, esplicitamente unhas veces, implicitamente outras, ao conceito de nación de P. E. MANCINI. Isto constitui sen dúbida un elemento de non pequeno interés, pois, nos teorizadores e ideólogos das nacionalidades oprimidas europeas, o máis común era acudir dun xeito ou outro ao acervo do nacionalismo organicista xermánico e non ao nacionalismo *liberal* italiano.

Asi, no ano 1886, nunha série de artigos de decisiva importáncia para o clarexamento da caste do nacionalismo murguiano, sob o título «¿Qué es nación?, MURGUIA acolle de feito o conceito manciniano sen indicar a sua procedéncia:

> «Nación es una comunidad natural de hombres unidos en una vida común por la morada, el origen, las costumbres y el lenguaje, y que tienen conciencia de esa comunidad»[57].

O paralelismo case literal deste conceito co formulado por MANCINI na sua «Prelezione al corsi di Diritto Internazionali e marittimo», pronunciada en Torino no ano 1851 co título *Della nazionalitá come fondamento del Diritto delle Genti,* resalta de xeito contundente:

> «Sociedade natural de homes con unidade de territorio, de orixe, de costumbres e de lingua, dotados de comunidade de vida e conciencia social»[58].

E anos máis tarde, no 1889, co gallo da réplica a SANCHEZ MOGUEL, MURGUIA volve adscreberse, esplicitamente nesta ocasión, ao conceito do MANCINI:

> «Según MANCINI, *y es definición que aceptamos,* nación es una comunidad natural de hombres que unidos en una vida común por el territorio, el origen, las costumbres y la lengua, tienen conciencia de esa comunidad»[59] (subliñado noso, R. M.).

---

57 Reproducido en *La España Regional,* Barcelona, Tomo II, 1886, páx. 245.

58 P. S. MANCINI, «Della nazionalitá come fondamento del diritto delle genti» Prelezione al corso di diritto Internacionale e marittimo en *Diritto Intenazionale. Prelezione con un Saggio sul Macchiavelli,* Napoli, 1873, páx. 37. Onde tamén se engade:

> «Estas relacións xurídicas derivadas do feito da nacionalidade que veñen espontánea e necesariamente xerados polo mesmo, sen que artifício de pacto político nengun dé razón del, teñen posteriormente unha dobre clase de manifestación: a *libre constitución interna da nación* e a sua *independente autonomia frente ás nacións estranxeiras.* A unión entre ambas as duas é o estado naturalmente perfeito dunha Nación, a sua *Etnarquia».* Op. cit., páx. 39.

59 MANUEL M. MURGUIA, *El Regionalismo Gallego,* cit. páx. 51.

Endali que, antes de encetar a análise dos efeitos que a devandita adscripción implementa na obra de MURGUIA, compre determo-nos, tan siquer minimamente, nas caracteristicas do nacionalismo manciniano.

Neste sentido, compre desfacer de entrada un equívoco auspiciado e amparado tras da redución do nacionalismo europeu a unha corrente liberal e outra orgánico-historicista. En efeito, segundo esta conceición, que informa en moitas ocasións análises de nacionalismos concretos, frente ao primeiro nacionalismo francés construído na Revolución contra o Antigo Réxime, o *nacionalismo xacobino* do Estado-nación, unificador, eliminador das liberdades locais erosionadas no mesmo movimento que erguia ao Estado burgués como monopolizador do poder político frente á sociedade civil[60], oporia-se o *nacionalismo xermánico* histórico-organicista, irracionalista, racista, última defensa do feudalismo frente á inminencia da revolución burguesa: HERDER, LIST, MULLER, ARNDT etc.[61].

Mais, ao marxe deste enfrentamento clásico no que se vencella indisolubelmente nación e revolución burguesa, outras manifestacións nacionalistas achan-se e formulan-se con exterioridade a esta polarización primária á que de nengun xeito son redutíbeis. Encadrariamos a RENAN, BARRES ou mesmo MAURRAS nalgunha das duas tendéncias sen violenta-las?.

Non é este lugar apropriado onde determo-nos en disgregasións verbo da história do pensamento nacionalista mais resulta indispensábel aos efeitos do noso estudo prestar algunha atención ao *nacionalismo liberal-revolucionário italiano.* Ante todo pór de manifesto que en MAZZINI, MANCINI ou CAVOUR produce-se unha peculiar síntese de elementos plurais: orgánicos, voluntaristas e liberais, á hora da teorización do feito nacional, que resultan irredutíbeis a nengunha das grandes correntes mentadas[62].

Efectivamente, como ten asinalado maxistralmente, CHABOD, mália a recepción que nestes autores ten lugar da *fundamentación naturalística*

---

60 Esta é *nación dos xuristas* que está presente en toda a sua radicalidade e brillantez nos escritos de ROBESPIERRE:

> «Nós queremos un orde de cousas onde todas as paixóns baixas e crueis se achen encadeadas, todas as paixóns xenerosas despertadas polas leis; onde a ambición sexa o desexo de merecer a glória e de servir á pátria; *ónde as distincións non teñan nado senón da igualdade mesma;* onde os cidadás se achen sometidos ao maxistrado, o maxistrado ao pobo, e o pobo á xustiza, onde a pátria asegure o ben de cada indivíduo, e onde cada indivíduo disfrute con orgullo da prosperidade e da glória da pátria; onde todas as almas se engrandezan pola comuñón contínua dos sentimentos republicanos e pola necesidade de merecer a estima dun grande pobo... a diferenza do que acontecia nos Estados aristocráticos e monárquicos, onde a palabra «pátria» no significaba nada agás para as famílias que tiñan invadido a soberania». ROBESPIERRE, *Textes choisis,* París, 1958, T. III, páx. 87-88.

Sobre os tres conceitos ou facianas do conceito de nación revolucionária: a nación patriótica», a «nación da soberania popular» e a «nación centralizadora», resulta de interés o libro de JEAN-YVES GUIOMAR, *L'Ideologie nationale: Nation, representatión, proprieté,* Paris, 1974, páx. 133 e ss.

O vencellamento entre a nación e o Direito, entre a criación dese corpo abstracto ao que se atribui a soberania e a igualación formal dos cidadáns, amosa-se na análise de REGINE ROBIN das palabras *nation* et *peuple* nos «Cahiers de Dóleances», onde a «lexislación xeral», constitui un verdadeito *substituto semántico* de Nación. Cfr. «Historie et linguistique: premiéres jalons», *Langue Française,* n.° 9 febreiro 1971. Non esquezamos, por último, as palabras de SIEYES;

> «¿Qué é unha nación? Un corpo de asociados que viven baixo dunha *lei comun* e están representados pola mesma lexislatura». *¿Qué es el Estado llano?,* Madrid, 1950, páx. 70.

61 A formulación do nacionalismo xermánico en conexión coa vertente mais reaccionária, pasadista e oposta á modernidade da revolución burguesa, é posto de manifesto con claridade no «reader» dirixido por H. S. REISS (edit.), *The political thought of German romantics* 1793-1815, que mália a ubicación de HERDER como «nacionalista» xermánico, descoñecendo o seu universalismo e, procedéncia rousseauniana, constitui unha das mellores exposicións do tema.

Para o período de madurez do nacionalismo xermánico, o arrequento dos elementos racistas no interior da sua concepción da nación e a marxinación dos elementos voluntarístico-liberais, teremos presente nas liñas que seguen a obra de KHON, H., *The mind of Germany: the educationof a nation,* New York, 1960, en especial páx. 56 e ss.

Sobre as formulacións posteriores do nacionalismo alemán do nacional-socialismo, a obra de SNYDER, *Roots of German nationalism,* Bloomington, 1978, ten grande interés con respeito aos elementos míticos e culturais e ao nacionalismo económico.

Sobre das raíces ideolóxicas do nacional-socialismo resulta imprescindíbel a obra de G. L. MOSSE, *The crisis of german ideology: Intellectual orygins of Third Reich,* New York, 1964, que conecta coa tradición decimonónica e o panxermanismo.

62 Sobre do nacionalismo italiano e conxuntamente coa bibliografia que citaremos en diante, o libro de G. PROCACCI, *History of the italian people,* London, 1970, amosa nos capítulos 7 a 12 as bases bases culturais do nacionalismo italiano na Reforma e no Risorgimento.

Un clásico no tema é, sen dúbida, E. P. NOETHER, *The seeds of italian nacionalism,* 1700-1815, New York, 1951, onde fica amosado con toda nidiez o carácter orixinal e irredutíbel do nacionalismo liberal italiano tanto ao xacobinismo francés como ao nacionalismo xermánico.

Unha máis recente exposición da formulación e práctica política concreta de especial relevancia polo que afecta a CAVOUR é a de MACK SMIT', *Victor Emanuel, Cavour dant the Risorgimento,* London, 1970.

presente no agromar do pensamento xermánico[63], desenvolve-se a idea de nación sobre bases decididamente *voluntaristas*[64]: a pre-figuración en definitiva da formulación de RENAN da nación como «plebiscito cotidián», pero desprovista da sua faciana máis tradicionalista, que non mística.

Este voluntarismo, superador do mero naturalismo, está presente en MAZZINI informando por completo a sua concepción nacionalitária e figurando expresivamente no seu próprio conceito de nación. Por onde quer que nos acheguemos á obra do político italiano acharemo-nos coa presenza do devandito elemento voluntarista:

«A patria é unha *Misión*, un *Deber Común*. A Patria é a vosa vida colectiva, a vida que anuda unha tradición de tendencias e efectos conformados por todas as xeneracións que xurdiron, traballaron e pasaron sobre do voso chan... A Patria é, antes que nada, a *Conciencia* da Patria. Porén, o chan no que se pousan os vosos pasos e os límites que a Naturaleza sitúa entre a vosa terra e as alleas... non son senón a forma posíbel da Patria: mais se a *alma* da Patria non palpita naquel santuario da vosa vida denominado Conciencia, aquela forma remanece semellante a un cadavre sen movimento nen alento de criación, e vos mesmos seredes turba sen nome que non nación; xente que non pobo.... A Patria é ante todo a Fe na Patria»[65].

Párrafos que por si mesmos sintetizan toda unha cosmovisión nacionalista que, posteriormente máis construído e academicamente formulado polo próprio MANCINI, implicaria o superamento dos plantexamentos histórico -naturalísticos através dunha articulación voluntarista. Asi, a conciéncia nacional devén elemento activador e reivindicativo do próprio feito diferencial, val dicer, a actualización do direito da nación a dispor libremente do seu Destino[66].

E, simultaneamente, a nación entende-se como un proxecto de futuro e modernidade, como movimento de progreso vencellado aos principios liberais, antifeudais, cuxa forza histórica expresa tan fermosamente a fórmula de MANCINI:

---

[63] Para ANTONY D. SMITH, os nacionalistas xermánicos engadiron ao córpus teórico xenérico do nacionalismo unha série de elementos que configuraban a comunidade nacionalitária como un organismo vivente frente ás concepcións liberais da nación como *asociación abstracta dos cidadáns:* posuindo as nacións as características dos seres vivos, os seus membros están vencellados por lazos misteriosos e invisíbeis, alén da conciéncia ou a apreensión racional. Os elementos desta concepción para SMITH serian:

1. A fundamental idea de que a entidade nacional integra un todo inescindibel, algo máis que a mera suma dos seus componentes.
2. Unha crenza fonda na «alma nacional» («volkseele», «volkgeist») a cal se autoxera e pervive alén das suas manifestacións particulares.
3. O conceito da *misión nacional*, idea derivada da relixión mesiánica co efeito de configurar a cada nación como depositária dunha eleición para servir a humanidade e desenvolver o seu destino pre-determinado.
4. Un énfase na orixinal *pureza* de toda nación expresada preeminentemente na sua lingua natal.
5. Unha concepción da liberdade segundo a cal os indivíduos somente son libres cando se integran e son absorbidos pola vontade orgánica do Estado, el mesmo unha expresión da alma nacional.

Cfr. ANTHONY D. SMITH, «Nationalism» in *Current Sociology,* vol. XXI, 1973, n.º 3, páx. 14 e ss.

[64] «O pensamento italiano desenvolve frente ao xermánico a idea de nación sobre de bases decisivamente *voluntaristas.* A fórmula fermosísima da nación como «un plebiscito cotidiano» foi atopada por RENAN; mais a substáncia da mesma acha-se xa en MAZZINI como en PASQUALE ESTALISNAO MANCINI».

F. CHABOD *L'idea di nazione*, Bari, 1974, páx. 70-71. Cfr. asemade, no mesmo sentido ainda que en diferente perspectiva, LUCIO CECCHINI, *Unitari e federalisti,* Roma, 1974. Especialmente polo que se refere a MAZZINI, páxs. 2 a 45.

[65] MAZZINI, *Ai Giovani D'Italia: Escriti editi ed inediti,* Roma, 1967, páx. 165-166. Estas palabras do 1859 manteñen-se no -71:

«A nación é, non un território facendo-se máis forte aumentando a sua vastidade, non unha aglomeración de homes falando o mesmo idioma... senón un todo orgánico con unidade de fins e faculdades... Lingua, território, raza, non son máis que os indícios da nacionalidade, en precário como confirma toda a tradición histórica cando non son vencellados polo longo desenvolvimento dunha vida colectiva diferenciada dos caracteres alleos». Op. cit., páx. 356.

[66] «Mais a mera série de condiciós nacionais e históricas, a mesma comunidade de território, de orixe e de lingua a un tempo, non abondan, porén, para constituir unha nacionalidade tal e como nós a entendemos. Estes elementos son como matéria inerte incapaz de viver mais no que ainda non foi insuflado o ar da vida. Este alento vital, este divino cumprimento do ser dunha nación, este princípio da sua visíbel existéncia, en que consiste? Señores, trata-se da *conciéncia da nacionalidade*, o sentimento que ela ten de si mesma e que a volve capaz de constituir-se cara dentro e de manifestar-se cara fora»

P.S. MANCINI, *Della nazionalitá come fondamento del diritto delle genti,* cit., páx. 356.

Será precisamente esta valoración do elemento *conciéncia,* este factor voluntarista que remete á decisión política democraticamente expresada o que separe aos nacionalistas italianos e franceses do posicionamento alemán arredor da anexión xermana de Alsácia-Lorena. En efeito, frente a MOMSSEM Ou STRAUSS, para quen Alsácia era alemá en base á lingua, a raza e a tradición histórica, os nacionalistas italianos mesmo da direita opoñian «o voto do pobo e a conciéncia de nación» e os franceses, incluindo o propio FUSTEL DE COULANGES, afirmaron claramente:

«E posibel que Alsácia sexa alemá polo sangue e pola lingua; mais pola nacionalidade e polo sentimento da pátria é francesa. E, sabe vostede (MOMSSEM) o que fixo francesa? Non foi Louis XIV, foi a nosa Revolución do 1789». GEORGES WEIL, *L'Europe du XIX siécle et s'idée de nationalité,* Paris, 1960, páx. 201.

«A nacionalidade non é senón a explicación colectiva da liberdade»[67].

É preciso de todo ponto salientarmos esta imbricación cos princípios liberais, herdeiros da Revolución Francesa, mais formulado nunha perspectiva diverxente da Xacobina, que revesten unha importáncia nodal na concepción manciniana, co mesmo peso que a perspectiva voluntarística xeralmente situada nun primeiro plano.

Como ten amosado MEUCCIO RUINI[68] a concepción da nacionalidade dos revolucionários vai unida intimamente aos princípios liberais e enfrentada a calquer visión pasadista ou pretensión de converter ao nacionalismo en valado defensivo frente ao avanzar da revolución burguesa. Nas próprias verbas de MANCINI:

«O mesmo princípio que no Direito Público interno se chama *soberania nacional,* e se realiza no *sufráxio universal,* é aquel que no Direito internacional se denomina *princípio de nacionalidade*»[69] (Subliñado no orixinal).

En definitiva, MANCINI constitui un preclaro exponente dese nacionalismo liberal e progresista do que M. SALVADORI, referindo-se a CAVOUR, afirmara que:

«Crendo na liberdade e no progreso foron revolucionários tanto contra do autoritarismo tradicionalista como igual e radicalmente opostos ao xacobinismo autoritário»[70].

b. Os elementos constitutivos da nacionalidade en MURGUIA: o lugar da conciéncia nacional.

O feito innegábel de que MURGUIA acolla o conceito da nación de MANCINI para o desenvolvimento da sua tarefa fundamentadora do feito diferencial galego, se ben debe forzar fornecer importantes efeitos verbo da dirección e obxectivos da mesma, non debe precipitarmos a afirmar que o modelo manciniano sexa o que real e totalmente informe a obra do autor galego.

En efeito, resulta de todo ponto imprescindíbel, antes de estabelecermos nengunha conclusión, elucidarmos o conceito de nación que se acha presente «en estado práctico» e non somente a nivel de adscripción programática na obra murguiana. É preciso aillar o conceito que subxace na fundamentación nacionalitária de Galiza.

Neste sentido, a análise de elementos constitutivos da entidade nacional e o peso e configuración de cada un deles na concepción do noso autor resultará un factor de esclarecimento da posición e filosofia nacionalista de fondo que informa o inteiro sistema murguiano. En efeito, o desbotamento inicial do nacionalismo xacobino en tanto que outorga carácter de nación somente a aquelas comunidades amparadas polos Estados realmente existentes deixa en perspectiva somente aquelas concepcións que non integren a presenza do elemento político estatal como conferidor do carisma nacionalitário[71].

---

[67] MANCINI, P. S., op. cit., páx. 38.

[68] MEUCCIO RUINI, *Pensatori e politici del prerisorgimento e risorgimento d'italia,* Milano, 1962, páx. 256 e ss., que se refere á peculiar síntese de MANCINI entre elementos do pensamento xermánico e o liberalismo radical francés coas seguintes verbas:

«MANCINI, non dubidou en desvencellar-se das relevâncias iusnaturalistas e abstractas; pero posuiu fe na substáncia liberal, que se atopa no espírito da revolución francesa e mentres deploraba os seus excesos, recoñecia que non se pode prescindir do seu herdo ideal, se se quere facer verdadeiro e próprio nacionalismo... frente á Alemaña onde correntes románticas —as cais asumiron unha faciana cristiá e reaccionária— forneceron coa sua confluéncia unha idea de nación, que desde a perspectiva do consenso e a autodeterminación dos pobos se transferia e implantaba sobre o eido da autoridade; cunha invocación medieval en MULLER ou cunha ainda máis arcaica construción do Estado sobre bases patrimoniais en HALLER...». Op. cit., páx. 2220.

[69] P. S. MANCINI, *Discorsi Parlamentari,* cit. in CHABOD, *L'Idea di nazione*, páx. 74, Bari, 1974.

[70] MASSIMO SALVADORI, *Cavour and the unification of Italy*, Princeton, 1961, páx. 62. CECCHINI, L., op. cit. páx. 19, amosa como o próprio MAZZINI no seo do seu proxecto de unificación italiana falaba da «Rexión como zona intermédia indispensábel entre a Nación e o Concello»

[71] Esta renúncia á integración do *elemento Estado* no «sistema» teórico nacional de MURGUIA, fai-se a dous niveis. Dunha banda o desbotamento da consecuéncia política do princípio das nacionalidades presente no pensamento manciniano que como sintetiza RUINI: «un pobo, por mais que desmembrado e disperso, se ten a conciéncia dunha comun nacionalidade, ten direito a formar un só estado». *Pensatori e politici* cit., páax. 236. Con efeito, MURGUIA xamais proporá, como no seu momeno veremos, a constitución dun Estado federal ou independente con base na nación galega.

Pero asemade, MURGUIA renúncia asi mesmo á configuración do elemento estatal de autogoberno nacional na relación dos factores conferidores do carisma nacional. E non podia por menos de ser asi en tanto que a presenza de institucións próprias e autogoberno integra a reivindicación *resultante* de elementos físico naturais, históricos e voluntarísticos: endali, a negación do Estado-nación e a situación do elemento político como obxectivo nunca como elemento fornecedor da nacionalidade. A utilización e presenza reiterada que historicamente outorga MURGUIA á existencia de órgaos próprios de autogoberno galego: A monarquia sueva, a Xunta e Audéncia na Idade Moderna, etc. desenvolven outra funcionalidade distinta. Trata-se da problemática da *devolución* da recuperación pola nacionalidade da sua «antigua independencia» de xeito semellante ao que acontece cos reinos prévios ao «United Kingdon». Cfr. ao efeito *Devolution,* VERNON BOGDANOR, 1979, páx. 15 e ss. London.

Atopamo-nos deste xeito perante o nacionalismo «xermánico» centrado arredor de elementos naturalístico-historicistas: raza, história, território e o nacionalismo italiano salientador do factor conciéncia nacional, da vontade nacional. Cáis e con que peso tan diverso xogan os elementos nacionalitários no sistema murguiano?

Delimitado o cuadro de factores constitutivos dunha comunidade nacional para o autor «rexionalista» podemos establecé-los do xeito que segue:

1. A Raza.
2. A História.
3. A língua.
4. A Conciéncia.
5. O Território.
6. O carácter.

Sen adentramo-nos na sua consideración pormenorizada compre asi e todo adiantarmos desde agora que os elementos orgánicos e naturalistas asi como os historicistas desempeñan na fundamentación de Murguia un papel e adquiren unha significación e peso específico moi superior sen dúbida que o que desempeñan no nacionalismo italiano. En especial a raza, a história e a língua, posuen un estatus central operativo e integran un auténtico nó indisolúbel no pensamento do autor que analizamos, moi lonxe da relativización que sofre nos escritos dos publicistas ou políticos italianos mentados.

Expresións tais como «lingua distinta, distinta nacionalidade» ou «Galicia, nación céltica» non integran meros dados episódicos senón que integran un auténtico sinal revelador dos vieiros que segue o nacionalismo murguiano.

Quer dicer isto que, mália a sua adscripción explícita á concepción do MANCINI, MURGUIA contravén na práctica os postulados daquela corente? A resposta a un tal interrogante somente poderemos dá-la tras a consideración do peso que, frente aos componentes orgánico-historicistas, posui nos plantexamentos do autor en cuestión o posicionamento político e o elemeno nacionalitário da *conciéncia nacional.*

Polo que respeita ao primeiro, e como se deduce dos capítulos adicados á movilización rexionalista, compre lembrarmos que o devandito autor mantén-se fiel ao seu ideário orixinário, ben que perdendo certa radicalidade progresista dos seus anos máis mozos, ideário que non se verá erosionado nos seus pontos vitais ao longo de todo o vieiro do rexionalismo político.

Polo que se refere ao elemento da *conciéncia nacional* —fornecedor da nación como forza histórica, situado nas raiceiras da reivindicación nacional, da sua actualización na escena política[72], e, o que resulta decisivo, do carácter democrático do nacionalismo que se postula—, unha ollada sobre os textos murguiános amosa a sua presenza notória e eficaz, modulando o peso outorgado aos elementos naturalísticos e históricos.

Antes de determo-nos na presenza concreta deste elemento nos escritos de MURGUIA, compre clarexarmos a dobre dirección en que é empregado no labor fundamentador da nacionalidade galega.

Un primeiro sentido podemo-lo denominar *histórico:* verque-se na idea de que Galiza desde os tempos máis remotos tivo conciéncia de *pobo diferenciado,* de ser unha comunidade distinta de España. Precisamente esta conciéncia de *distinción,* da diferenza, forneceria a sua oposición armada ás invasións árabe, romana etc. e os próprios anceios históricos de autonomia. En definitiva a demostración de que «Galicia fué siempre consciente de si misma»[73].

Un ulterior sentido desenvolve a conciéncia nunha perspectiva máis inmediata: a presenza de conciéncia nacional na Galiza contemporánea, pésie a existéncia da centralización abafante e os seus efeitos desnacionalizadores e certa apatia própria do carácter galego, denominada «abstencionismo en la cosa pública», polo noso autor. MURGUIA recupera e conecta decididamente coa tradición provincialista e post-provincialista, ollando nela esa «conciencia de Galicia» que constitui o obxecto de *Los Precursores* para demostrar a presenza da conciéncia nacional galega no próprio século XIX e a sua proxección futura como *vontade de nación* no cerne do seu proxecto:

«Pois que somos un povo distinto, debemos selo»[74].

Polo que ao primeiro dos sentidos aludidos respeita, e dado o lugar privilexiado de que a procura das raiceiras históricas ocupa na obra de MURGUIA, nos seus escritos achan-se innumerábeis mostra desta utilización da conciéncia nacional.

Asi, no Volume I da sua *Historia de Galicia* presenta-se-nos a Galiza personalizada en suxeito histórico actuante, defendendo denodadamente a sua independéncia, os seus valores, relixión, língua e ideoloxia face os elementos estraños grácias á conciéncia diferencial de si mesma[75]; anceios fornecidos precisamente por unha sorte de *conciéncia eterna* e intemporal que Galiza posuiria de seu no devenir histórico[76].

No Volume II, MURGUIA presenta-nos a Galiza resistindo até aos seus derradeiros azos a invasión romana, loitando en defensa da sua independéncia até o sacrifício final do Medúlio «en defensa da sua antigua nacionalidad»[77] que reveste o dobre carácter do *símbolo heroico,* loita pola conservación do que se sabe diferente, e *símbolo tráxico,* perda da independéncia a mans do estranxeiro:

«Vivían en su mayoría bajo las propias leyes y en una independencia tanto más verdadera, cuanto tenía su asiento en el *horror instintivo* que sintieron siempre hacia toda clase de extranjera dominación»[78] (subliñado noso, R. M.).

No Volume III da mesma obra, e despois de mostrar como apesar da romanización Galiza conservara a sua «idea de nacionalidad» pre-existente[79], MURGUIA atribui ao alento xermánico e á Monarquía Sueva o despertar da conciéncia nacional latente e xamais perdida polo pobo galego:

«Dudar de que el sentimiento despertó entonces de su sueño de muerte que se reveló de nuevo a los pueblos neolatinos, y se encarnó en ellos, es dudar de la verdad misma, así como desconocer que una vez en pié, el viejo espíritu de la raza, la necesidad de contar con los viejos organismos provinciales, cada día más poderosos, obligó a reconocerlos y consagrarlos. En Galicia se ve este con claridad. *El espíritu nacional se manifiesta desde los primeros momentos*»[80](subliñado noso, R.M.).

Esta conciéncia nacional, espírito ou sentimento, do pobo galego coñecedor da sua diferenza, integra sen dúbida o cerne da movilización de Galiza polo mantimento ou recuperación, segundo os casos, da sua independéncia perdida, o facho que alumea o vieiro do suxeito-nación polos avatares da História.

Daí que no Voluem IV, unha vez subliñado o feito de que durante o reinado Suevo «Galicia acentúa su individualidad nacional nunca perdida»[81] e que, através das invasións e do paso das idades, segue-se «manteniendo vivo el *espíritu nacional* gallego» que cimenta a vontade histórica de diferenza e independéncia; afirma-se:

«en tal manera puede decirse que nuestra nacionalidad descansa sobre el triple fundamento del hecho, de *las aspiraciones y de la aquiescencia pública*[82] (subliñado noso, R. M.)

A historización da actividade do suxeito «Galiza» poboando as Idades sucesivas coa sua actividade antropomorfizada: loita, arelas, sofrimento, frustración, etc. etc., constitui para MURGUIA[83] a constatación de que esta comunidade non somente era unha nación de feito —dada a concorréncia de factores naturais ou históricos diversos: língua, raza, território, pasado comun senón que ela mesma se tiña por tal, sabendo-se diferente, coñecedora da sua outridade verbo dos pobos que a rodean: através dos séculos:

«Galicia una, antes y ahora, *con conciencia de sí misma siempre*»[84].

Mais, como xa temos adiantado, a presenza da conciéncia nacional non é un feito pasado, perdido nas brétemas da história, dos tempos idos, senón que mantén toda a sua forza no presente e proxecta-se cara o futuro, pulando por recobrar a Idade de Ouro nacional:

---

72 Cfr. ao efeito, nunha perspectiva moi diferente á por nós acollida neste ensaio: KARL W. DEUTSCH, *Nationalism and Social Communication,* Cambrige (Massachussets), 1975, páx. 170 e ss., onde se vencella a conciéncia nacional coa *vontade de nación* de tal xeito que:

«a conciencia nacional sob condicións sociais, económicas e históricas pode conducir un pobo cara a nacionalidade e a vontade nacional pode impoñer temporais constranximentos cara a consolidación dun modelo permanente». Op. cit., páx. 178.

73 MANUEL M. MURGUIA, *Historia de Galicia,* cit., Tomo IV, páx. 16.

74 MURGUIA, *Discurso nos Xogos Froráis de Tui,* cit. páx. 85.

75 MURGUIA, *Historia de Galicia,* cit., tomo I, páx. 56.

76 Idem. páx. 114 e ss.

77 Op. cit., Tomo II, páx. 192.

78 Ídem, páx. 183.

79 MURGUIA, op. cit., Tomo III, páx. 9.

80 Idem. páx. 183.

81 MURGUIA, *Historia,* T. IV, páx. 7.

82 MURGUIA, op. cit., Tomo IV, páx. 12.

83 Idem, páx. 66.

84 Idem. páx. 16. No tomo V, e derradeiro da sua História, MURGUIA engade:

«... es desde luego visible que la personalidad de nuestra región se destaca poderosa y distinta, obedeciendo en unos días para ello propicios, a lo que le imponían la raza, el lenguaje naciente y los sentimientos y necesidades públicas. Ayer provincia, desde aquel momento nación declarada y *siempre con un algo propio y distinto que el día en que se borre será la muerte del país galiciano*». Op. cit., páx. 135 (subliñado noso, R.M.)

«Se verá asimismo al recordar algo de nuestro pasado, como *el sentimiento nacional, fué y es permanente en Galicia y llega, a través de las Edades y a despecho de sus grandes infortunios, hasta nosotros.* No hijo de la reflexión, sino de un movimiento interior jamás extinguido...»[85] (subliñado noso, R. M.)

Este vencellamento entre a conciéncia histórica nacional e a *vontade nacional* contemporánea que se expresa no movimento galeguista —provincialismo, rexionalismo...— nas loitas contemporáneas polo autogoberno, acha-se particularmente patentizada nos seus artigos que sob o título «El Regionalismo» saíron á luz no 1899.

Neles, MURGUIA sintetiza con sorprendente vigor ideolóxico a história de Galiza constatando a presenza dunha:

«vida común, *consciente*, y continuada durante siglos»

forxadora dunha comunidade de vida, costumes, língua e lazos mantida:

«con una fidelidad perseverante, de que *sólo los pueblos con plena conciencia de sí mismos* dan ejemplo[86] (subliñado noso, R. M.)

Endali que *o rexionalismo* no constituía senón unha actualización e reformulación contemporánea das esixéncias da conciéncia histórica da identidade nacional galega:

«... el sentimiento particularista es en Galicia una *tendencia instintiva.* Puede decirse que es en tendencia hereditaria, pues todo a lo largo de su historia se manifiesta constantemente»[87].

Polo demais as manifestacións *modernas* da conciéncia nacionalitária de Galiza son retrotaídas por MURGUIA ás reivindicacións de cargos civís e máis eclesiásticos para os galegos no século XVII[88] e a própria Guerra da Independencia adquire unha significación inciática do agromar do novo espírito galeguista que se explicitaria na Grande Obra do provincialismo dos anos 40; feitos todos eles que mostran frente as críticas de MOGUEL:

«cuan arraigada está en el alma de Galicia el *sentimiento de su nacionalidad* y de como su manifestación exterior es más antigua de lo que él piensa y afirma[89](Subliñado noso)

Obxectivo sobranceiro de *Los Precursores* será precisamente recuperar as voces contemporáneas dos devanceiros nas que expresa a conciéncia nacional cara a reactivación dunha movilización esmorecente e a posta en pé de «esa nación que no se ha revelado así misma»[90]. Este enlazar coa tradición galeguista máis recente do provincialismo, o post-provincialismo e o rexurdimento, esta actualización contemporánea da conciéncia nacional situa-se como vontade de *afirmación nacional* cara o futuro en procura do autogoberno perdido, da oficialización da língua que haberia recoller o movimento rexionalista como a sua expresión política, pois:

«ni la campaña ha terminado, ni perecieron todos los combatientes»[91]

En definitiva, na conciéncia nacional configura-se como un elemento nuclear do conceito de nación murguiana con carácter *interno* e *directamente constitutivo* e non meramente exterior ou complementário:

«Es muy posible que tratándose de provincias que, como sucede a Galicia, tienen una raza, una lengua, un territorio, una historia y *conciencia de sí misma*, se le niegue el

[85] MANUEL M. MURGUIA, «Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia», *La España Regional*, Barcelona, T. VIII, 1890, páx. 482.

[86] MURGUIA, «El Regionalismo», *Revista Gallega*, 5 de Marzo do 1899.

[87] Idem. Asi como na definición de nación que segue afirma como un dos elementos nacionalitários de Galiza que esta ten «necesidades que ella solo mide en toda su intensidad, aspiraciones que ella sólo sabe a donde llegan».

[88] MURGUIA, *El Regionalismo. Ligeras observaciones*... cit. *Revista Gallega*, Marzo, Abril e Maio do 1889, páx. 251.

[89] Idem. páx. 235. En concreto, as manifestacións da conciéncia nacional no século XIX estabelencen-se por MURGUIA arredor de *El Recreo Compostelano* nos anos 1842 e 1843 de contidos rexionalistas segundo el e sobre todo na mítica sesión da Xunta de Galicia do ano 1843 na que se discutiu e puxo a votación «si debía o no este antiguo reino declararse independiente», páx. 236.

[90] *Los precursores*, La Coruña, 1886, páx. 20. Ainda cando MURGUIA se ve forzado recoñecer a feblez da conciéncia nacional galega en determinados períodos da sua história, o feito mesmo da conciéncia ache-se ou non con forza— situa-se nun primeiro plano. Asi acontece, por exemplo, no discursos de Tui, onde se afirma:

> «Escravos éramos, ende mal, e da peor casta; pois *nin siquera sabíamos que levábamos ao pé as cadeas*. Enxordecíamos a grandeza militar do Estado por o que combatíamos arreo: *non acertábamos a ver* —e é un rasgo propio dos pobos dominados— nin a sospeitalo. Asomellábase asos ilotas, esto é, pelexábamos e vencíamos tan sólo para que os amos se chamasen vencedores...» Páx. 84-85 (Subliñado noso, R. M.).

[91] MURGUIA, *Los precursores*, cit., páx. 17.

derecho a considerarse nación particular[92] (subliñado noso, R.M.).

Atopamo-nos, pois, en MURGUIA cunha dobre presenza da que é preciso darmos cumprida conta para o esclarecimento do conceito da nación que funciona en *estado práctico* na sua fundamentación nacionalitária. Dunha banda un peso decisivo manifesto dos elementos orgánico-naturalistas e historicistas, ao que nos imos referir con máis vagar de contado, que exceden os límites das formulacións manciniánas. Pola outra, achamo-nos cunha presenza dun elemento voluntarista da conciéncia nacional e de liberalismo político ausentes por completo nas formulacións do nacionalismo orgánico-historicista que se decanta manifiestamente cara posicións autoritárias e tradicionalistas.

O peso decisivo destes elementos político-voluntarísticos e a sua pregnáncia do sistema inteiro de MURGUIA leva-nos á consideración de que nos encontramos diante dunha *síntese específica* irrecondutíbel mecanicamente a ningunha das mentadas correntes en estado puro. Quer dicer isto que en MURGUIA se produza unha pacífica e neutral conciliación «in medio virtus» de ambas as duas castes de nacionalismo? En modo algun. Achamo-nos, si, perante unha síntese específica, pero unha síntese nas que os elementos fundamentadores de tipo orgánico-historicista son *orientados* nunha perspectiva decididamente voluntarista-liberal que en todo momento fornece o *princípio articulador* da «idea murguiana da nación, implementado nela patentes explícitos efeitos na sua configuración final[93].

Estes efeitos que se despliegan sobre a estrutura e o plural desenvolvimento da obra murguiana, poden ser referidos na sua manifestación á *complexidade* presente á hora da fundamentación do feito nacional galego: *complexificación* que, sexa cal sexa o eido de que se trate —a fundamentación étnica, a fundamentación histórica— fai-se claramente perceptíbel pola eficácia que desplega eliminando toda linealidade e esquematismo na utilización dos critérios orgánico-naturalistas que son sometidos ao control e modulación da perspectiva liberal-voluntarista.

A rede de oposicións e asociacións da palabra Galiza amosa isto con claridade a nivel discursivo do campo semantico conceptual: a presenza vinculante dunha articulación liberal resalta con toda nitidez sobre o discurso fundamentador da diferenza. O nivel léxico resulta expresivo da articulación política xeral que organiza o sentido último do nacionalismo murguiano.

O mesmo acontece como imos ver coa complexidade do esquema histórico en MURGUIA: por todas partes a presenza dunha orientación global que controla os posíbeis excesos dunhas inquietantes presenzas fundadoras; o caso da raza será especialmente significativo ao efeito.

Daí que, mália esta inesquecíbel presenza que máis adiante deterá a nosa atención, a visión xeral resultante amose unha nídia e firme dirección, insospeitábel desde a leitura illada e fragmentária das pasaxes en que se desenvolve aquela peculiar extremosidade fundamentadora, caracteristica do noso autor:

«Cierto que las regiones, esistentes todavía ante la conciencia pública y *la propia conciencia*....quieren conservar lo que está en su alma y en su sangre, pero ésto *dentro de las libertades modernas*...»[94].

Endali que era para MURGUIA, a fundamentación da contemporánea vontade nacional de autogoberno que o rexionalismo expresa politicamente, deriva-se simultaneamente co mesmo vigor de factores histórico orgánicos como da actual conciéncia da necesidade:

«El Derecho que Galicia tiene para considerarse una y distinta, parte de un hecho anterior y de la legalidad por éste engendrada. Viene también de la *necesidad que actualmente sienten las regiones* con un pasado autonómico, de reconstruirse de nuevo y vivir bajo el régimen particular que su propio interés reclama»[95] (subliñado noso, R.M.).

Poucos párrafos poden sintetizar mellor que o precedente a articulación *voluntarista* final da fundamentación histórico-orgánica da nación galega que agroma por todas partes no próprio tecido discursivo de Murguia, onde os vocábulos que fan referéncia á liberdade, modernidade, conciéncia ou espírito nacional[96] concorren superpoñendo-se aos orgánicos como raza celta, língua, terra... na configuración dun campo semántico conceptual que revela na sua máis íntima capilaridade o *sentido* final

[92] MURGUIA, El Regionalismo. *Ligeras observaciones*...cit., páx. 271.

[93] Cfr. cadro de asociación e oposicións, páx. 24 e 25.

[94] MURGUIA, «El Regionalismo», 1899, cit.

[95] Ibídem.

[96] Cfr. cadro de asociacións e oposicións, páxs. 368 e 369.

liberal-progresista do labor fundamentador murguiano da nacionalidade galega.

Irredutíbel na sua complexidade, máis nidio na sua dirección final, o nacionalismo de Murguia atinxe un estatus próprio no seo dos nacionalismos periféricos peninsulares para cuxos máximos exponentes da época (ARANA, PRAT DE LA RIBA e mesmo ALMIRALL) o adentramento na fundamentación orgánica da diferenza específica das suas comunidades nacionais respectivas desemboca nunha adscripción ao tradicionalismo, á crítica radical do liberalismo e á democrácia, ou cando menos á aceptación do corporativismo[97]... en estrita consonáncia polo demais coas clases a que ian dirixidas as propostas nacionalistas. O éxito destes últimos e o fracaso do rexionalismo liberal galego non resultan en absoluto alleos —mália a existéncia doutros factores socio-económicos decisivos dos que xa temos falado no seu lugar— á própria configuración interna das propostas nacionalistas respectivas.

II. A FUNDAMENTACION HISTÓRICA DA NACIÓN GALEGA.

A História constitui claramente o lugar privilexiado do discurso murguiano, onde se exerce o eixo nodal do seu labor fundamentador da comunidade nacional galega.

Resulta sobradamente coñecido na xénese dos nacionalismos vários, no seo da *fundación* cultural da diferenza, como unha das principais tarefas da «intelligentsia» nacionalista ou pre-nacionalista, é desenvolver o fornecimento dunha tradición histórica reforzadora da comunidade nacionalitária contemporánea[98]. Será precisamente o comun e glorioso pasado compartido por todos os membros da comunidade o que ampare o seu futuro destino de liberdade e autogoberno.

Neste orde de cousas a elaboración desa tradición nacionalitária ten que fornecer unha historización que narre o número de glorias suficientes para atrair ao proxecto nacionalitário, cara a consolidación do pobo-nación de que se trate, o máximo número de aderentes. A recuperación da dignidade colectiva perdida e a devolución da confianza no seu destino prolonga-se na superación das tensións internas ás fronteiras nacionais ao interpelar o discurso histórico aos seus membros como herdeiros dunha mesma tradición, fillos dun mesmo glorioso pasado[99].

Polo demais, en consonáncia cos seus obxectivos últimos, esta tarefa de fundamentación histórica precisa de certo embelecimento dos feitos, da criación dos mitos fundadores da comunidade, fornecedores da sua coesión interna: héroes, lendas, símbolos tráxicos e heroicos... elementos todos eles omnipresentes nas *Históiras nacionais*[100]. Desde o mito fundador de Rúsia a mans dunha perdida tribo eslava que chegara navegando através do Adriático despois da caida de Troia, até a ascendéncia turca procurada por Atarturk na raza ária, primixénio berce da moderna civilización occidental[101]... un mesmo obxectivo lles é común: o estabelecimento dunhas sólidas raiceiras do pasado, dun destino histórico para a comunidade nacional contemporánea.

Como Historiador de Galiza, MURGUIA non se

[97] JAVIER CORCUERA, *Orígenes, ideología y organización del nacionalismo vasco. 1876-1904*. Madrid, 1974, páx. 315 e ss. e J. SOLE TURA, *Catalanismo y Revolución burguesa*, Madrid, 1974, páx. 111 e ss.

[98] KONSTANTIN SYMMONS-SYMONOLEWICZ, *Modern nationalism*, New York, 1968, páxs. 44 e ss.

[99] Cfr. neste sentido, nunha perspectiva xenérica, a exposición de BOYD C. SHAFER en *Faces of nationalism*. New York, 1972, páx. 334 e ss. Onde se presta especial atención á elaboración mitolóxica do pasado polos historiadores nacionalistas cara o cumprimento dun dobre obxectivo: a provisión a comunidade dun pasado comun e a «dignificación» dese pasado, a sua presentación como recuperábel e desexábel.

Pola sua banda PAUL ROBERT MAGOCSI en *The Shaping of a National Identity*, Cambridge (Massachusetts), 1978, páx. 105 e ss., amosa os plurais «usos da história» que en diferentes perspectivas, Rusa, Húngara, Ucraniana, fai-se das vicisitudes das nacionalidades subcárpatas, para fundamentar unha ou outra vinculación contemporánea das mesmas.

Compre lembrar, polo demais, que o próprio RENAN combatendo as argumentacións do nacionalismo xermánico tras da anexión de Alsácia, poñendo nun primeiro plano o *consentimento* como factor nacionalitário e mália estimar que «El olvido, e incluso diría el error histórico, son un factor esencial en la creacín de una nación y de ahí que los estudios históricos sean frecuentemente en la creación de una nación... ve-se na obriga de conceder que «a nación e a desembocadura dun longo pasado de esforzos, de sacrifícios e de abnegacións... un pasado heroico, grandes homes, glória... velaí o capital social sobre o que se asenta unha idea nacional». E. RENAN, *¿Qué es una nación?*, Madrid, 1957, páx. 83 a 106.

[100] BOYD SHAFER, *Le nationalisme: Mythe e realité*, Paris, 1964, páxs. 46 e ss. onde a crítica dos procesos de mitificación histórica impede dar conta da *funcionalidade* que desempeñan na xénese e coesión das comunidades nacionais.

[101] Cfr. neste sentido o libro de BERNARD LEWIS. *History: Remembered, Recovered, Invented*. Princeton, 1975, páxs. 53-69. Tamén as palabras de ARAQUISTAIN, autor das *Lendas vasco-cântabras:*

> *«Desengáñese, la historia formará eruditos, pero no hace héroes, sobre todo en las masas. Solo las tradiciones, los cantos, en fin, las historias populares...* tienen fuerza para inflamar la imaginación de los pueblos». Cit. en A. ELORZA, *Ideologías del nacionalismo vasco*, San Sebastián, 1978, páx. 54.

acha alleo en modo algun a estes plantexamentos formulando desde o princípio o proxecto ao que adicaria a vida enteira: a necesidade de recuperación da dignidade, entidade, unidade e diferenza da nación galega rescatando-a das brétemas da história:

> «Como todos los pueblos desheredados trata el nuestro de *regenerarse en las inmortales aguas de su historia*. Quiere sacar del conocimiento del pasado las fuerzas y la luz necesarias para entrarse resueltamente por las sendas a que le llaman a un tiempo las nuevas corrientes del progreso humano y las crecientes necesidades que le hostigan... Es en esta tierra bendecida, en donde por segunda vez se da en Europa el ejemplo de *una nacionalidad desconocida y negada que, queriendo rehabilitarse, acude para ello al conocimiento de su pasado*»[102] (subliñado noso, R. M.)

Neste sentido MURGUIA construi todo o edifício da sua *Historia de Galicia:* nela segue-se o roteiro da nación galega através das Idades, mostrando como a pesar das invasións, loitas internas, pobreza e centralismo, Galiza permanece *unha* e *distinta* desde sempre.

Así, Galiza constituíu para o noso autor unha «nacionalide» totalmente independente no tempo dos celtas, berce da sua étnia e civilización próprias. A dominación romana, despois da batalla do Medúlio —símbolo tráxico-heroico por exceléncia na construción murguiana— veu rematar coa anterior independéncia, mantendo asi e todo Galiza unha certa autonomia en base á sua personalidade diferenciada. A romanización posterior é patentemente minusvalorada por MURGUIA quen afirma a pervivéncia do sustrato étnico-cultural céltico baixo a dominación imperial que málía todo o seu peso político, militar e cultural non conseguiu xamais esfarelar os pretéritos sinais de identidade da nación galega.

Coa dominación sueva, foi outravolta un reino independente aportando asemade aquela «noble civilización» xermánico-ariana; a segunda grande fonte, étnica e cultural, na que bebeu historicamente a nacionalidade galega. Coa chegada dos godos rematou tal estado de cousas perdendo-se unha vez máis a independéncia mais mantendo, porén, Galiza unha certa autonomia xenerada pola sua própria organización, raza e cultura diferenciada. Posteriormente, na invasión árabe apesar da derrota militar de Galiza, esta mantivo viva en todo momento a sua «eséncia nacional» e non recebeu elemento cultural ningun, prevalecendo unha vez máis a raza e cultura arias face ás semitas.

Durante a Reconquista, e até Enrique II, MURGUIA entende que Galiza foi outra vez un Estado independente amparado na desmembración da península Ibérica, independéncia que se perdeu coa centralización dos Reis Católicos, mantendo asi e todo, unha vez máis, case unha autonomía que se prolongaria na Idade Moderna através de próprias institucións de goberno como a «Xunta del Reino» e a Audiéncia. Esta autonomía mantén-se até a centralización borbónica a cal, edificando un Estado unitário, esnaquizou as parcelas de autogoberno existentes.

En definitiva, e mália os avatares devanditos, Galiza permanece esencialmente igual, afectada superficialmente polas aportacións civilizadoras doutros pobos que apartir da movilización celto-sueva non prevalecen xamais contra ela. Esa distinción, e a conciéncia da mesma, induce unha sorte de intemporalidade de Galiza como *suxeito histórico* que, por riba das frustracións e desfeitas, mantén inmorrente a sua substáncia nacionalitária no percorrer dos séculos. Esta substancia nacional existente xa desde o princípio fornece unha sorte de eternidade na fundamentación nacionalitária dun país cuxas raiceiras se perden e confunden nas próprias orixes da civilización «superior» occidental. Galiza, asi, non é para MURGUIA unha comunidade que se construi historicamente a través de loitas, influxos civilizadores diversos, desfeitas e vitorias, progreso económico, etc. etc., senón algo xa dado desde o comenzo dos tempos que permanece idéntica mália toda agresión exterior: a «nación de Breogán» pondaliana.

A. O historicismo romántico como modelo.

Compre determo-nos agora nas características do historicismo murguiano para determinarmos a metodoloxia acollida cara o cumprimento do seu obxectivo: a demostración histórica da nación galega.

Neste sentido, unha constatación impón-se de xeito patente: desde o comenzo do seu proxecto de *Historia de Galicia* MURGUIA adscrebe-se, non sen certas vacilacións, á *corrente romántica*. Como el mesmo expresa no Prólogo ao I Volume da mesma:

> «A esta clase de trabajos cuadra mejor aquel otro sistema, tal vez más verdadero que el puramente filosófico, que puso en práctica el tantas veces citado THERRY, pues conserva como ningún otro el carácter peculiar del pueblo, de los individuos y de los sucesos de que el historiador va a ocuparse, y éste es el que hemos adoptado»[103].

[102] MURGUIA, *Historia de Galicia*, cit., Tomo III, páx. XXVI e XXVII.

[103] MURGUIA, ídem. tomo I, páx. XIX e XXVIII.

Compre pois, alén de toda mecánica etiqueta, concretarmos o peculiar orientación, que o romantismo historicista imprime na obra murguiana. Sen pretensión, pola nosa banda, de suprir un estudo historiográfico que, verbo de MURGUIA e a historiografia romántica galega, se atopa ainda por facer, si tentaremos salientar aqueles extremos que, situados no campo histórico se prolongan con notória eficácia no conxunto do sistema ideolóxico murguiano.

Neste orde de cousas, un primeiro dado que se nos amosa é sen dúbida, a centralidade que a obra de THIERRY (Augusto) posui no labor murguiano. Este historiador-modelo romántico aparecerá unha e outra vez —implicitamente nunhas ocasións, explicitamente noutras— como telón de fondo da construción historicista do noso autor.

Tomando a THIERRY como referéncia, e non resulta isto en absoluto alleo á sensibilidade deste historiador perante as liberdades locais[104], a sua perspectiva romántica informa a enteira produción murguiana, tinxindo-a das notas que a esta escola caracterizan:

«Despues de más de medio siglo, dice AUGUSTO THIERRY, nos dejamos llevar sin descanso por el viento de las ideas; es ya tiempo de sentar nuestras convicciones, no sólo sobre una base lógica, sino también histórica»[105].

A escola histórica romántica supuxo no pensamento historiográfico o adentramento na fase que TOPOLSKI ten denominado *«reflexión xenético-erudita»*[106]. Sintetizando os rasgos máis característicos[107], ás veces cunha certa disparidade heteroxénea, dos autores que a integran: CARLYLE, MICHELET, THIERRY, PALACKY, etc. etc., podemos estabelecer os seguintes: Erudición e progresivo achegamento á documentación entendida ao xeito coleccionista-anticuário; reconstrución xenética do pasado cara a criación das secuéncias cronolóxicas dos estádios sucesivos dos problemas examinados; crecente funcionalidade do labor histórico a prol da fundamentación nacionalitária: para MACAULAY os ingleses eran a máis grande nación occcidental, RANKE afirmaba o mesmo dos alemáns e PALACKY escrebeu a sua *História de Boémia* arelando a sua independéncia; concepción da História, tanto como un traballo de erudición no sentido devandito, como unha obra de arte; endali que, como ten asinalado TOPOLSKY, para BERR os historiadores románticos fosen considerados como *poetas* no sentido máis fondo do vocábulo[108]; compre asinalar tamén unha certa permeabilidade á problemática racial reflexada na tendéncia a considerar os conflitos étnicos como un dos motores da história; poderia-se engadir, asemade, unha sorte de característico espiritualismo providencialista patente na aceitación dun místico Destino na vida dos pobos...

Compre pois, axiña, indagarmos a posíbel presenza destas características en estado práctico na historización murguiana, análise que nos dará cumprida conta da correspondéncia ou non entre as suas declaracións programáticas e a realidade da sua práctica historiadora:

a. Polo que á *erudición* respeita, MURGUIA supera notoriamente aqueles historiadores, mesmo románticos, para os que, en alleidade a toda fonte probatória ou pescuda documental, en gráfica frase de VICETTO estimaba-se que «lo fundamental es la imaginación».

Pola contra, MURGUIA, valendo-se do seu cargo de bibliotecário e arquiveiro, presta unha moito maior atención directa ás fontes[109] en procura dos dados que confirmen as suas hipóteses, por mais que proceda posteriormente cunha notábel discrecionalidade a impulsos da sua paixón mitificadora e fundadora.

Neste orde de cousas é de salientar tanto a preocupación práctica presente na sua *Historia de Galicia* ou no seu *Gelmirez*, chegando incluir apéndices de documentación, como na sua explícita declaración verbo da releváncia destes temas.

104 MURGUIA, *El Regionalismo. Ligeras observaciones*... cit. páx. 238.

«Por esto los primeros regionalistas fueron los historiadores. En la misma Francia, en 1820, y por lo tanto mucho antes de que PROUDHON escribera sobre el principio federativo, Mr. AUGUST THIERRY a quien basta nombrar para que se sepa el respeto que merece, había publicado aquel notable artículo *Sur les liberté locales et municipales*, en el cual tan insigne historiador esboza el programa regionalista».

105 MURGUIA, «Origen y desarrollo del regionalismo en Galicia», cit., páx. 500.

106 JERZY TOPOLSKY, *Metodologia della ricerca storica*, Bologna, 1975, pp. 124 e ss.

107 Ademais de TOPOLSKY cit. sobre os rasgos desta historización xenético erudita pode ver-se tamén GEORGE P. GOOCH, *Historia e historiadores en el Siglo XX*, México, 1977, pp. 176 e ss., GEORGES LEFEBVRE, *El nacimiento de la historiografía moderna*, Barcelona, 1974, páxs. 168 e ss. E. FUETER, *Historia de la historiografía moderna*. Buenos Aires, 1953, Tomo II, páx. 90 e ss.

108 TOPOLSKY, op. cit., páx. 128.

109 Como ten asinalado VILLARES PAZ:

«... Murguia comenza a facer referencia aos arquivos, ás fontes, chegando nalgún caso a visitar arquivos e, por fin, é nomeado arquiveiro en 1868. Son os primeiros pasos dun historiador «profesional». En «López Ferreiro e a Historiografía galega», *Grial*, n.º 66, Outubro-Decembro do 1979.

Asi, por exemplo, no Volume I da sua *Historia* achamos afirmacións do estilo:

«Sin un archivo general en donde cuanto toca a Galicia sea guardado con esmero, sin un museo arqueológico en el cual se recoja la moneda y la lápida, que apenas descubierta sea objeto de sabias consideraciones, el historiador se ve obligado a escribir su libro después de costosísimos y continuados afanes y sin quedar nunca tranquilo»[110].

Neste mesmo sentido pronúncia-se abertamente na sua *Memoria sobre la necesidad de formar un archivo histórico de Galicia*, onde realiza afirmacións como a seguinte:

«así, es imposible adquirir una clara noción de la historia, de sus límites y del grado de confianza que ha de tenerse en sus diversos órdenes de investigaciones, sin el hábido de manejar los documentos originales»[111].

b. Polo que se refere á *reconstrución xenética*, pode-se afirmar que, sen dúbida, integra un dos critérios máis nomeadamente presentes na sua construción, chegando ao extremo significativo de incluir como pórtico á sua História un «Discurso Preliminar» a xeito de guión dos cinco volumes da sua obra.

Polo demais, na *Historia*... presta-se grande atención ás sucesivas etapas cronolóxicas que se van sucedendo e das cais se dá unha diferenciada descrición e valoración. Asi, empeza-se pola época céltica na que situa o cerne da nación galega proseguindo coa dominación romana, monarquia sueva, dominación goda, invasión árabe, reconquista até Enrique I etc. etc.

Mais o realmente de interés reside, ao noso entender, en que a periodización empregada por MURGUIA se realiza segundo un critério *nacionalista*: en todo momento as etapas e a sua avaliación son analizadas en base á trascendéncia que tiveron cara a confirmación ou negación dunha nacionalidade galega cuxa eséncia se dá fixada e presuposta con anterioridade, sobre o mito do celtismo e aportación sueva. Boa mostra diso o constitui a desvalorización, en tanto que alleo á eséncia nacional, da romanización en Galiza: en ocasións parece que nos textos murguianos a dominación romana non deixou no pobo galego máis que pegadas residuais perante a permanéncia incólume da eséncia céltica[112].

c. Polo que se refere á história entendida non somente como un traballo científico senon tamén como unha auténtica *obra de arte* o peculiar, ampuloso e retórico estilo da *Historia de Galicia* de MURGUIA constitui unha proba patente disto[113].

El mesmo asume conscientemente unha dirección tal, que integra unha das suas máis sobranceiras características:

«¡Guerra a los escritores sin erudición que no han sabido ver; guerra a los escritores sin imaginación que no han sabido pintar!... Ni respeto al fondo ni a la forma puede haber tolerancia: la historia participa a la vez de las cualidades inherentes a toda obra científica y a las de arte, y no se pueden perdonar más los descuidos de estilo que los de doctrina»[114].

Finalidade evocadora que require unha manifestación estilística: a história para MURGUIA debe reviver, realizar o pasado perante os ollos dos seus compatriotas contemporáneos... a paixón debe reinar sobre da nua frialdade dos feitos:

«Por esto creo que no son historiadores, ni hacen acto de tales, cuantos no poseyendo más que la realidad de los hechos, se limitan a relatarnos como hombres honrados, sin que su palabra se encienda y colore, y sin que en la fría, en la estéril realidad que se encierran, sepan hallar otra cosa que la inocente alegría de probarnos lo extenso de sus lecturas y lo tenaz de sus memorias»[115].

110 MURGUIA, *Historia de Galicia*, cit. Tomo I, páx. VII.

111 *Memoria sobre la necesidad de formar un Archivo histórico de Galicia*, s. d. páx. 21.

112 MURGUIA, Historia de Galicia, cit., tomo II, páx. 397 e ss.

113 «*A Historia de Galicia* de Murguía ten calidades literarias moi propias do seu tempo. Vai demasiado explicada, leva preparación e introdución de mais, en todas as suas partes e divisións. E por veces oratoria, ampulosa, retórica, inflada, digresiva, mesmamente difícil e un pouco cansa para este tempo». VICENTE RISCO,

Manuel Murguía, Vigo, 1976, páx. 62.

114 MURGUIA, *Historia de Galicia*, Tomo I, páx: XXI e XXII.

115 Idem. Tomo III, páx. VIII, onde se engade:

«Contentos con satisfacer pueriles curiosidades, olvidan lo que tiene la historia de humano y de general, y no comprenden que de ese modo no hacen sino reproducir la letra muerta, pero no penetrar en su verbo: hablar de rumores, y no devolvernos su melodía. Igual que esta peste nueva de arqueólogos... Es verdad que hay quien prefiere la simple narración y se deleita con toda clase de menudencias, así como hay quien detesta en estas composiciones las galas de estilo, la frase anomada y fluida, los frutos de una profunda reflexión. Pero si esto se cree, si esto se piensa, apresurémonos a negar a las obras históricas su calidad de *obras eminentemente literarias*, y a privarles del puesto que en derecho les pertenece en los dominios de las bellas letras». (Subliñados nosos, R. M.)

Vontade de estilo, omnipresente en MURGUIA, que en absoluto se pode considerar allea a aquela outra *vontade de nación* que situaba a História da Pátria como elemento central do despertar nacional[116]. A *interpelación inclusiva* dun pobo, a criación ou reavivamento da conciéncia nacional, precisaban intrinsecamente da retórica, da imaxinación, do apaixonamento, das verbas arrizadoras que fornecesen dun sentido tráxico-heroico, alén de toda mediocridade ou indiferéncia, aos feitos do relato histórico. Endali que á presenza dos elementos orgánico-historicistas se veña a engadir unha vez máis, nos plantexamentos murguianos, un decisivo factor *voluntarista* na finalidade historiadora:

«... se necesita devolver a los unos la virilidad propia de las grandes razas, hacer que los otros amen con un entrañable amor las cosas de la patria. Y para ello nada como tornar los ojos al pasado, exaltarlo y hacerlo amar de todos los que tienen ese deber sagrado»[117].

d. Porque precisamente esta vinculación coa *causa nacional* integra, sen dúbida, o rasgo sobranceiro da historización de MURGUIA; fundamentación histórica de Galiza como nación, da dignidade étnica dos seus poboadores, da modernidade dos mesmos... mais tamén lexitimación histórica do arelado autogoberno que se postula.

Os testemuños, neste orde de cousas, son innumerabeis na obra murguiana, fornecendo unha *militáncia nacionalista explícita* do seu labor de historiador:

«en los momentos en que se niegan algunos a reconocer nuestra identidad nacional... me encuentro con que del estudio que abarca el presente volumen resulta su más clara afirmación... de modo que *las actuales aspiraciones del pueblo gallego a recobrar su anterior existencia, no solo vienen a ser plausibles sino legítimas, pues tienen su raíz en los tiempos y en los sucesos pasados*»[118].

O pasado como lexitimador do presente, como fornecedor da imaxe do porvir... situa-se a historización de Galiza como un auténtico factor *fundador* do seu carácter nacionalitário:

«... El regionalismo, tratando de buscar a sus aspiraciones base firme y legítima en la historia de la región respectiva tanto, que puede decirse que *esta gran reivindicación de las nacionalidades desconocidas o negadas, parte de la nueva y más eficaz dirección dada en nuestros tiempos a las ciencias históricas*»[119].

O labor historizador murguiano procura, deste xeito, un obxectivo sobranceiro: a fundamentación do feito diferencial galego desde unha perspectiva *nacionalista,* a diferenza do que acontecia coa tradición historiográfica anterior. Será precisamente esta radicalidade fundadora da nación galega a que organice e articule globalmente toda a problemática murguiana: a criación dos mitos fundadores: Xelmirez, Medúlio... a ubicación da raza céltica no cerne da nación etc. etc. e que integran o peculiar trazado da obra do noso autor.

Neste orde de cousas, produce-se como efeito das arelas fundadoras e, tamén, como modo de activación do seu historiar, un rasgo caracteristico de MURGUIA: a *retroproxección histórica de categorias contemporánea*[120]. Asi, Galiza amosa-se como una «nacionalidade» desde o princípio dos tempos, dotada dunha *eséncia inalterábel* que se estende na história[121] resistindo estrañas influéncias civilizadoras nacionalizando as mesmas, prevalecendo sempre sobre de toda posíbel alleidade: romanización, maometización etc. etc. A nación, en definitiva, como princípio e fin de história da Galiza.

Polo demais, compre termos presente como esta fundamentación historicista da nación galega nos implica a exclusión doutros elementos fundadores como a vontade política que se achan igualmente presentes e actuantes: a história de Galiza de MURGUIA é tanto a história dunha comunidade natural como a história da volición de autogoberno e diferenza da mesma[122].

e. Finalmente, tamén o *espiritualismo providencialista* se manifesta en MURGUIA pluralmente nos máis diversos aspectos.

En primeiro lugar como *antimaterialismo:*

«Corre hoy por el mundo una ráfaga de egoísmo.... sobre los escombros de ese materialismo grosero que nos ha invdido, crecerá con doble fuerza aquella divina planta cuyos frutos son la poesía, el sentimiento, la abnegación y todas las virtudes de que se burlan los siglos encenagados en las torpezas de la carne»[123].

Antimaterialismo inducente do espírito de sacrifício, de renúncia a prol da colectividade do pobo-nación, que se situa na base da militáncia nacionalista e pula por construir a nación como *forza histórica* actuante. Espiritualismo, enfin, que se proxecta en duas vertentes mutuamente imbricadas: a presenza da concepción da *misión histórica* dos pobos e as razas, e o *providencialismo* «tout court»[124].

Polo que á primeira respeita, a sua presenza abrangue a análise murguiana das diferentes civilizacións que pasaron sobre o chan galego através do ciclo fatal do crecimento, apoxeu, decadéncia e morte:

«camina la humanidad al cumplimiento de sus destinos y obedece a la ley providencial que la rige, hasta en los momentos en que aparece más exenta de su influjo misterioso»[125].

Concepción que se ubica no próprio cerne do labor historiador de MURGUIA como conciéncia da sacralidade dese poder concitador das eséncias pátrias despregando-se na história:

«... la gloriosa tarea de escribir los anales de Galicia, puede mirarse como un sacerdocio; que si hay mucho de sagrado en toda iniciación no lo hay menos en la rehabilitación de las nacionalidades desconocidas o negadas. Esta rehabilitación de las nacionalidades desconocidas o negadas. Esta rehabilitación equivale a un segundo bautismo. La historia, dice CARLYLE, es una cosa viva, una cosa inefable y casi divina»[126].

A *relixión nacionalitária* de que falara MICHELET atopaba, deste xeito, correspondéncia metodolóxica na historiografia murguiana, na que o espiritualismo oficiaba unha funcionalidade específica cara ao superamento da penosa realidade dun pobo pobre e marxinal, coa recuperación das suas perdidas pegadas, cara un proxecto militante de esperanza histórica no que, através da perspectiva romántica, a Comunidade do pasado metamorfoseaba-se en Comunidade de Destino.

B. MURGUIA na historiografia galega do século XIX.

Compre agora, avanzando máis na concreción da nosa análise, situarmos a obra de MURGUIA no ámbito da historiografia galega decimonónica por procurar o aporte substantivo murguiano neste campo, do que sen dúbida constitui un fito sobranceiro:

[116] Cfr. KONSTANTIN SYMMONS-SYMONOLEWICZ, *Nationalist movements: a comparative view,* Meadville, 1970, páxs. 26 e ss., e P.R. MAGOCSI, *The Shaping of a National Identity,* cit., páx. 105 e ss., onde se amosa a historización da comunidade como unha das tarefas fundadoras da sua «diferenza especifica» nacionalitária e xa que logo a súa relevancia *política* en sentido estrito.

[117] MURGUIA, *Historia de Galicia,* cit., Tomo III, páx. 11.

[118] Idem. Tomo IV, páx. XV. Consciente das posibilidades de deformación do pasado histórico para a sua posta a prol dos intereses da actualidade rexionalista MURGUIA tenta manter a obxectividade como norma do seu traballo:

«He escrito este libro sin pensamiento alguno preconcebido y en apariencia resulta como si hubiera querido hacer lo contrario... Todo ello fue resultado de la simple coincidencia entre el hecho histórico y su lección natural, con los pensamientos que en la actualidad nos agitan. No ansia de apoyar en el pasado conclusiones que puedan satisfacer nuestro amor propio o los intereses del momento. Amo demasiado a mi país para hacer semejante cosa». Op. cit., Tomo IV, páx. XVII.

[119] MURGUIA, op. cit., Tomo I, páx. XIII. A história entendida como *reivindicación nacional* é plantexada abertamente en diversas ocasións na obra murguiana. Asi, por exemplo:

«Por eso la historia, hoy en plena renovación, es por esencia, reivindicadora; para los tiempos, para los pueblos, para los personajes que han influido en la marcha de la humanidad...» *Diego Gelmírez,* cit., páx. XIV.

[120] Asi, por exemplo, a extrapolación do conceito de *nacionalidade* que, se ben designa unha realidade dalgun xeito *pre-estatal,* retrotrai-se por MURGUIA até princípios dos tempos da Galiza como *nacionalidade céltica.* Cfr. por exemplo *Historia de Galicia,* cit. Tomo I, páx. 13 e 30. A nación semella deste xeito unha entidade eterna e imperecedoira. En definitiva, todo acontece como se a conclusión da História da Galiza fose, paradoxicamente, a «ahistoriocidade» do seu ser nacionalitário *substancializado* (COLLINGOOD)

[121] De aí que, se para CROCE a História da humanidade era a história do progresivo avantar da liberdade dos modernos, para MURGUIA os tempos históricos comtemplan unha nación galega inmorrente, que non se construi no tempo, a diferenza da liberdade crociana, e que pode ser reconducida en toda a sua plenitude á idade céltica.

[122] «Sabiendo todo esto se comprende que apenas haya en España región en que el sentimiento particularista sea como en Galicia una tendencia instintiva. Puede decirse que es en ella tendencia hereditaria, pues todo a lo largo de su historia se manifiesta constantemente. Esta continua y expresa reivindicación de su personalidad e intereses que de ella derivan, indican desde luegó la conveniencia de restablecer el gobierno local que hemos tenido...»

MURGUIA, «El Regionalismo», *Revista Gallega,* 5 de Marzo do 1899.

[123] MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo I, páx. XXXII.

[124] «Ve Murguía na Historia unha continuidade progresista na que uns pobos sucédense aos outros, recebindo en herdamento os uns dos outros a civilización; o que pasa, o que se ergue e se afunde, o que medra e debece, son os pobos, as razas, os imperios; a *civilización* prosigue...»

VICENTE RISCO, *Manuel Murguía,* cit., páx. 60.

[125] MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo I, páx. 3, onde se engade:

«...cualquiera que sea la suerte de las sociedades, ora desaparezcan para siempre, como razas que han terminado su misión sobre la Tierra, ora hayan quedado dispersas y reducidas a miserables tribus, mudos restos de su pasada grandeza, las verdades morales que hubiesen sentido, los conocimientos que hubiesen allegado, ni se borran ni se pierden por completo, pues los pueblos a quienes toca recoger esa herencia, no sabrán ni podrán nunca malgastarla...»

[126] MURGUIA, *Historia de Galicia,* cit., TOmo III, páx. XIX.

a. Galiza como comunidade histórica: VEREA y AGUIAR, MARTINEZ DE PADIN e VICETTO.

Constitui un feito recoñecido que, previamente á aparición da obra histórica murguiana existian xa prévios intentos anteriores de dar conta de Galiza como comunidade historicamente diferenciada. Como se situa a obra do noso autor frente ás histórias precedentes dos VEREA Y AGUIAR[127], MARTINEZ PADIN[128] ou VICETTO[129]?

Como características comúns a todos eles, MURGUIA incluido, tense asinalado: a ruptura cos modos de entender a História anteriores en Galiza, cronicós, relatos baseados en testemuñas persoais e histórias locais[130], e o abordar, en troques, vastos, por mais que inconclusos, proxectos de Histórias de Galiza, secuencias e periodizados desde a Antigüedade até a contemporáneaoade, características que os estudosos da historiografia atribuen, como xa temos visto, a escola romántica[131].

Conxuntamente con isto, o feito de emprender a escritura de «Histórias de Galiza» implica unha clara vontade de fundamentación do feito diferencial frente ás histórias localistas anteriores[132]. Da cidade á pátria galega: o cámbio de obxecto histórico denota unha modificación da perspectiva tradicional, un certo vencellamento en suma, entre os historiadores e a corrente galeguista, provincialismo ou posprovincialismo[133].

Neste orde de cousas VEREA Y AGUIAR destina, frente ás historias xerais de España, unha história adicada á «vindicación de los derechos históricos de la respetable Galicia»[134], afirmando explicitamente:

«Una señal, y una parte del amor a la patria es el deseo y el estudio de hallar la antiguedad gloriosa en la nación o pueblo a que se pertenece»[135].

MARTINEZ DE PADIN, no poema que procede como adicatória «A Galicia» da sua História, afirma:

«...a la historia vi cantar gozosa tus glorias, tu esplendor, tus paladines...»[136].

e inclui un «Exordio» sob o título «Qué es Galicia», no que substantiviza a especificidade diferencial da província.

O próprio VICETTO amosa semellante preocupación e obxectivos:

«Emprendo un trabajo... llegar a dotar a mi país de una historia, propiamente dicha, ya que no tiene ninguna»[137].

127 JOSE VEREA Y AGUIAR, *Historia de Galicia. Primera parte, que comprende los orígenes y estado de los pueblos septentrionales y occidentales de la España antes de la conquista de los romanos*, Ferrol, 1838.

128 LEOPOLDO MARTINEZ DE PADIN, *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia,* Madrid, 1894.

129 BENITO VICETTO, Ferrol, 1865-1874, *Historia de Galicia.*

130 Cfr. VILLARES PAZ, *López Ferreiro e a Historiografía galega,* cit. páxs. 429 e ss.

131 Cfr. por todos JERZY TOPOLSKY cit. páxs. 124 e ss.

132 Como exemplo de Histórias locais podemos citar: ENRIQUE DE VEDIA Y GOOSENS, *Historia y descripción de la ciudad de La Coruña,* La Coruña, 1854; JOSE MONTERO AROSTEGUI, *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval de El Ferrol,* El Ferrol, 1859; CLAUDIO GONZALEZ ZUÑIGA, *Historia de Pontevedra, o sea de la antigua Helenia fundada por Teucro. Da principio desde que se establecieron las colonias griegas en Galicia hasta nuestros días*, Pontevedra, 1846. MANUEL MARTINEZ SANTISO, *Historia de la ciudad de Betanzos.* Betanzos, 1892.

133 Vencellamento especialmente patente no caso de MARTINEZ PADIN co *provincialismo* como ten amosado claramente X. R. BARREIRO FERNANDEZ, *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo,* Santiago, 1977, páx. 125 e ss., e no caso de VICETTO co posprovincialismo desde as páxinas de *El Porvenir de Galicia.* .

134 VEREA Y AGUIAR, op. cit., páx. 8. Engadindo posteriormente:

> «Mas separándonos de esa vasta empresa de la historia general, que algún día desempeñarán corporaciones eruditas, me parece que puede acometerse la de una provincia en los términos propuestos, por ser más superables las dificultades en un círculo inferior, y aproximarse más los datos diferentes que deben tomarse y confrontarse. Dos cosas a mí, como gallego, me han movido a escribir una historia semejante circunscrita a la Galicia; primera, el hallarse muy maltratada esta en los historiadores, siendo así que tiene tantos fundamentos para la celebridad, como la más ensalzada: segunda, la observación de ser esta provincia tan desconocida del resto de los españoles, siendo una de las primeras de la monarquía, más hermosas y más cultas...» Op. cit. páx. 74.

135 Idem, páx. 137.

136 LEOPOLDO MARTINEZ DE PADIN, op. citl, páx. 6.

137 BENITO VICETTO, *Historia de Galicia,* Tomo I, páx. V, e ainda mais no Tomo III da sua obra onde amosa toda a radicalidade do seu proxecto:

> «¿Qué hacer en este período para evitar el escollo que se nos presenta, esto es, para evitar que copiemos historia de España?... Seguiremos una inspiración propia: escribiremos estos reinados como el anterior, el de Leovigildo; esto es, *condensando en cada uno lo que se refiera exclusivamente a Galicia*, ya directa ya indirectamente, a fin de no hacerle perder su carácter propio o galo-suevo, como no perdió, como demostraremos en un estido especial más adelante, en el reinado de Egica... por lo mismo no se extrañe que algunos reinados vayan compendiados y aparentemente escasos de interés para Galicia, porque si en ellos nada rastreamos sobre los acontcimientos que constituyeron su historia, nada por consiguiente podemos consignar... *Nuestro objeto es hacer historia de Galicia, no de España*... respecto a las demás condiciones nacionales, extrañas enteramente a la Galicia de ayer como a la de hoy, sería altamente impropio mencionarlas siquiera...» Op. cit. Tomo III, páxs. 13 e 14 (Subliñado noso R. M.).

En suma, en todos eles a rúbrica *Historia de Galicia* dá conta dun obxectivo, dunha tentativa que se opón ás histórias xerais de España onde a própria comunidade é abordada nunha perspectiva residual e periférica.

Tamén achamos neles a mesma preocupación de escreber unha história con vontade de estilo como obra de arte típica da historiografia romántica e que, con menor presenza en VEREA atinxe en PADIN e, sobretodo en VICETTO, o seu ponto extremo, marxinando toda erudición e obxetividade.

Mais a nota comun a todos eles que compre salientar é a prefiguración do *mito celta*. En efeito, o celtismo partindo de VEREA Y AGUIAR será recollido sen aporte substancial por PADIN e VICETTO até chegar a MURGUIA que será o grande forxador do mito vencellado centralmente ao seu proxecto de História nacional de Galiza.

Seguindo a historiografia européa centrada na antigüedade: PELLOUTIER, BOUQUET, VAILLANT etc. VEREA é o primeiro historiador galego que afirma claramente o carácter céltico de Galiza e trata de demostrá-lo na sua obra en diferentes perspectivas. Asi, para VEREA:

«Galicia es un nombre céltico, pronunciado y escrito en diversos tiempos a lo griego, a lo romano y a lo gótico... debiendo tenerse presente que la Galicia fué un pueblo tan radicalmente céltico, que aún no pudo borrarse su nombre tan expresivo de aquella antiguedad»[138].

Raíces célticas de Galiza que non somente ficaron reducidas á cuestión nominal e lingüística senón que se prolongan até os tempos modernos como un herdo irrenunciábel do seu pasado:

«Fué tan céltica toda Galicia, que aún en el día de hoy se conservan memorias vivas de aquel tiempo y de aquel pueblo que acaso no conservara ninguna otra provincia, incluida Francia»[139].

No caso de PADIN acharemo-nos perante a reprodución literal das teses de VEREA Y AGUIAR a quen segue en todo momento[140] e, polo que a VICETTO respeita, ademais do elemento céltico, este autor recoñecerá con peso importante outras diversas aportacións étinico-cultuais na configuración histórica da comunidade galega[141].

Finalmente, compre salientarmos como rasgo tamén compartido con MURGUIA, a sua *militáncia liberal* desde diversas posicións e radicalidade. De feito non existiria unha história tradicionalista de Galiza até a obra de LOPEZ FERREIRO.

Frente a estes autores, MURGUIA introduce algunhas innovacións de interés que é preciso subliñarmos. En primeiro lugar, unha maior erudición e emprego das fontes directas e o conseguinte relativo control da «imaxinación». Pero, asemade, unha maior forza reivindicatória que se traduce en diversos planos: desde a forza do estilo até a claridade e radicalidade conceitual nacionalitária.

Polo que se refere ao primeiro ponto, MURGUIA, como ten asinalado, amosa un achegamento ás fontes orixinárias, aos documentos, inexistente nos autores anteriores especialmente PADIN e VICETTO, adentrando-se nun estádio de relativa madurez no seo da corrente xenético-erudita a que nos temos referido[142].

E, verbo do segundo extremo apontado enriba, MURGUIA procederá non somente á denominación de GALIZA como *nación* senón á sua conceitualización como tal en todos os ordes, reemprazando as nocións vagas e confusas de *Província* que predominan na historiografia anterior[143].

138 VEREA Y AGUIAR, op. cit., páx. 15.

139 Idem. páx. 26.

140 MARTINEZ DE PADIN, op. cit., páxs. 227 e ss.

141 Asi, por exemplo, afirma:

> «...el gallego era en aquella época y lo es en la actualidad moralmente hablando *céltico,* en lo frugal, espiritual y sencillo de su vida pastoral, agrícola o marinera; *fenicio,* en su cautela y amor al trabajo; *griego,* o lacedominio, en lo severo y despreciador de los afeites y el lujo; *púnico,* en su desconfianza; *romano,* en sus argucias reticentes, y *germano* en su amor a la familia, al suelo en que nació y al reposo del espíritu... «*Historia de Galicia,* Tomo III, páx. 139.

Recoñecimento de influéncias e rasgos «semíticos» que MURGUIA rexeitaria radicalmente na sua obra.

142 TOPOLSKY, op. cit. páx. 135 e ss.

143 Con efeito, mália o emprego esporádico doutras denominacións tais como país, nación, rexión, et., tanto en VICETTO como en PADIN O conxunto destes historiadores decantan-se a prol da denominación de Galiza como *Província,* cun estátus diferencial dificilmente definíbel por mor da vaguidade de efeitos políticos e ideolóxicos que diso se derivan. Delimitación conceptual de Província que, en todo caso, precisaria dunha exaustiva análise concreta e pormenorizada non somente dos escritos destes historiadores, senón da própria literatura e prensa provincialista ou pos-provincialista que se sai dos límites do presente traballo. O que semella claro, asi e todo, é que a Província se articula como un conceito específico diferente do de rexión e o de nación polo que respeita aos efeitos de autogoberno ou de fundamentación diferencial da Comunidade asi designada, cuxa eficácia específica comez a nuclearse arredor da descrición dunha certa *diferenza* frente a Es-

b. Historiografia e rexionalismo: MARTINEZ SALAZAR E LÓPEZ FERREIRO.

Atopamo-nos neste caso con dous historiadores contemporáneos de MURGUIA, aos que se considera tradicionalmente vencellados ao rexionalismo, un e outro de moi distinta relevância pero tamén, e, sobre todo, orientación ideolóxica: MARTÍNEZ SALAZAR e LÓPEZ FERREIRO.

MARTÍNEZ SALAZAR, como xa temos ollado no seu momento, fora un rexionalista federal da Cruña, editor da «Biblioteca Gallega», Presidente da «Liga Gallega na Cruña» e da Académia Galega[144], membro por algun tempo do consello executivo federal coruñés e director do diário republicano *El Telegrama*. Polo tanto, un posicionamento federal que o distinguia de MURGUIA asi como outros factores do estrito campo historiográfico.

En primeiro lugar, MARTINEZ SALAZAR, frente á teorización murguiana Galiza como nación, fala sistematicamente de «rexión galega» e «pequeña pátria», segundo o discurso rexionalista normalizado[145].

En segundo lugar, conxuntamente co carácter marxinal que nas suas intervencións escritas posui a fundamentación orgánico-historicista de Galiza non recolle o mito do celtismo, amosando-se contrário á idealización do pasado e ao romanticismo do que se distáncia explicitamente, mais sen o condenar por mor precisamente á sua militáncia rexionalista[146]. A alleidade de SALAZAR aos plantexamentos románticos patentiza-se de xeito claro no seu próprio labor historiográfico onde a presenza documental é decisiva: libros como *El Cerco de La Coruña* situan-se, ao noso entender, perto dun certo «positivismo»[147] «sui generis».

Con LÓPEZ FERREIRO, en troques, atopamonos perante outra problemática, agás polo que respeita ao achegamento documental e a atención as fontes, pero renegando abertamente do positivismo[148]. A valoración das fontes, en efeito,

---

paña e unha inespecificada marxinación, conducentes á necesidade dunha espécie de *unión* dos galegos cara a constitución dun movimento de rexeneración da província. En palabras de NEIRA DE MOSQUERA:

> «El provincialismo gallego, después de su organización leal y desinteresada, después de una inteligencia recíproca y poderosa, puede alcanzar la fusión completa y deseada de los intereses parciales y conceder las proporciones de una empresa provincial a la limitada acepción de diversos intereses que al parecer se disputan su mutua exclusión... no debe invocar otro principio más que la salvación general del país: no debe seguir otra inspiración que la del mejoramiento colectivo de la provincia».

«El provincialismo gallego» en *El Recreo Compostelano*, n.° 482, reproducido en *Ultreya*, n.° 11, 1919.

A presenza esporádica do termo *nacionalidad* en FARALDO, vencellando a «Grande Obra», integra un dado de importáncia no seo dun discurso e ideolxia que permaneceu, porén, no seo político do provincialismo:

> «Aliméntese con ardor esa llama creyente que arde en todos los corazones, y agrupando unos hombres a otros hombres, unos pueblos a otros pueblos, realízase la *gran unidad gallega,* no sacerdotal, sino cristiana, no teocrática sino nacional; que hará que recobremos el cetro de los mares y que nuestros nombres sean título de orgullo, de caballería, de nacionalidad y de cultura, y entonces sí que nos llenaríamos de dolor al tener que exclamar, imitando al filósofo de Ginebra: *en Galicia no hay patria porque no hay ciudadanos...*»

«Estudios de Galicia», en El Recreo Compostelano, 1842, reproducido en Grial, n.° 41, Xullo-Setembro, 1973, páx. 297.

144 Cfr. a biografia de CASAS FERNANDEZ no prólogo ao libro de MARTINEZ SALAZAR, *Algunos temas gallegos*, La Coruña, 1948, páx. 13 e ss.

145 Isto é claramente perceptíbel nas suas obras *El Cerco de La Coruña en 1589 y Mayor Fernández Pita*, La Coruña, 1889, e as antoloxias *De la Guerra de la Independencia en Galicia*. Buenos Aires, 1953 e *Algunos temas gallegos* cit.

146 A. MARTINEZ SALAZAR, *El Cerco de La Coruña en 1589 y Mayor Fernández Pita* cit., onde se afirma:

> «No niego que se exageren algún tanto aquellas desdichas... pero no me atrevo a condenar en absoluto que en las historias escritas en tiempos modernos se dé cabida, por puro patriotismo, y con las salvedades consiguientes, a *varios hechos fabulosos, copiados de las antiguas, y que son consecuencia necesaria de la parte que ha tenido en su factura la imaginación, espoleada por un patriotismo ardiente*... no hagais caso si estas se hallan *impregnadas de romanticismo y no siguen las corrientes en boga*. Nacen a la patria y nacen por consiguiente a la literatura...», páx. 17 (subliñado noso, R. M.).

147 O próprio subtítulo de *El Cerco*....: «apuntes y documentos», revela as preocupacións de SALAZAR. O libro está integrado, tanto polo que respeita ao cerco da Cruña como á biografia de Maria Pita, por diversas aportacións documentais inéditas, que se reproducen no próprio texto, produto de investigacións no Arquivo Xeral da Galiza.

O mesmo se pode afirmar de *Algunos temas gallegos*, cit. e outras coleccións de artigos onde se acha presente unha clara vontade de achegamento á documentación que supera o ámbito do murguiano, fortalecido, asemade, por unha alleidade á posición romántico-patriótica deste último que se amosa na auséncia do mito do celtismo na sua obra.

148 Así, por exemplo, en *Galicia Histórica*, n.° 1, Santiago 1901, no seu editorial «A nuestros lectores», critica-se, seguindo a doutrina de León XIII en *Providentissimus Deus*, ao método positivista «porque niega los eternos principios de la metafísica», páx. 6.

E no «Prefacio» á sua *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, no Vol. I, Santiago 1898, citando de novo a León XIII, critica «el espíritu dominante de nuestra época, espíritu de duda, de desconfianza y de preocupaciones contra todo lo pasado, máxime cuando se trata de asuntos religiosos; espíritu llamado crítico o filosófico», op. cit. páx. 6 e aos historiadores caracterizados por:

> «...hacer tabla rasa de todas las tradiciones y antiguas leyendas eclesiásticas, y completar, a fuerza de análisis, reparos, dudas y objeciones, la obra de los antiguos perseguidores de la Iglesia...» páx. 14.

ocupa en LÓPEZ FERREIRO un primeiro plano, por formación «máis que por ideário positivístico, como técnica que non como consecuencia de posicionamentos metodolóxicos, derivado dos seus estudos de arquiveiro»[149].

En segundo lugar, e frente a MURGUIA, LÓPEZ FERREIRO destaca polo seu tradicionalismo, antiliberalismo e catolicismo integrista[150] acarón das posicións carlistas. Através da sua obra as críticas ao parlamento, ao que se acusa de despoxar da soberania ao monarca a ideoloxia liberal e mesmo ao próprio estado capitalista en xeral en canto forma de dominación, rematan na apoloxia da Monarquia tradicional[151].

Finalmente, compre asinalarmos a marxinalidade de LÓPEZ FERREIRO verbo do rexionalismo. E isto non tanto pola sua ausência no movimento organizado senón pola falta de vencellamento do seu labor historiográfico a ideoloxia rexionalista.

Efectivamente, mália o emprego do galego na escrita literária en *A Tecedeira de Bonaval*[152] e o prólogo a *Los Fueros de Santiago y su Tierra*[153], a historización deste autor, ao abandonar o proxecto de História de Galiza, por razóns diversas dunha metodoloxia positivista, centra-se no que constitui o verdadeiro núcleo do seu labor: non Galicia, senñ *a Igrexa* como suma e compêndio dos valores tradicionalistas que FERREIRO ostenta. En estrita coeréncia con eses plantexamentos a resultante é unha história eclesial tras da que subxace unha aberta apoloxia do prexapitalismo: Igrexa e Antigo Réxime, velaí os obxectos históricos por exceléncia desta autor. De aí que o interés por Galiza de FERREIRO sexa en todo momento —na práctica e alén das declaracións programáticas— *residual,* dixera-se fornecido por aquela semellanza coa sua sociedade ideal que o autor podia ollar ainda a finais do dezanove vixente nunha Galiza tan a trasmán da modernidade burguesa.

As diferenzas na perspectiva rexionalista son patentes, non xa verbo de MURGUIA, senón frente ao próprio BRAÑAS en quen, mália compartir semellantes presupostos tradicionalistas, o rexionalismo amosa unha centralidade e substantividade no seu sistema que de nengun xeito atopamos en FERREIRO.

C. A resolución dun conflito ideolóxico: liberalismo e nacionalismo historicista na obra murguiana.

Xa temos visto como o nacionalismo murguiano ven constituido por unha específica articulación voluntarista-liberal da fundamentación natural historicista, que mantén, asi e todo, un peso decisivo.

---

149 Cfr. a biografia de LOPEZ FERREIRO de MARIA PILAR SANCHEZ-CANTON LENART, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1960, páxs. 255 e ss. Para VILLARES PAZ:

> «Sen nengunha dúbida pódese afirmar que a estancia de LOPEZ FERREIRO na E. S. D. constituíu a base do que poida ter de renovadora a sua obra histórica. Tal importancia determina o carácter de «centro de estudios históricos» que tiña esta Escuela, o mellor e único centro do momento para adequirir unhas bases axeitadas para a realización dunha historiografía científica»

López Ferreiro e a Historiografía galega, cit., páx. 434.

150 Asi, no Tomo XI da sua *Historia de la S. A. M. I. de Santiago de Compostela* cit. , fala-se de como «las Cortes de Cádiz se apropian de la soberanía nacional», «de su funesta influencia en la marcha política y social de España», afirmando entre outras cousas:

> «Lo de la soberanía nacional vino a ser la piedra de toque en que se ensayó la lealtad y firmeza de los españoles para con su legítimo Rey: la divisa y enseña que había de distinguir a *los secuaces de las erróneas enseñanzas francesas* de los leales partidarios de la Monarquía tradicional. Estos acusaban a los primeros de aleves, pues se habían aprovechado del cautiverio del Rey para despojarle de su principal prerrogativa, cual es la Soberanía nacional... Los verdaderos españoles nunca pudieron consentir *esta ruín mutilación, que hijos degenerados practicaron en la más patriótica de nuestras instituciones* políticas, la Monarquía», páx. 233.

Antiliberalismo que atingue o seu ponto álxido en afirmacións tais como as que, seguindo a LEROY-BEAULIEU, fai en *Fueros municipales de Santiago y su Tierra,* Santiago, 1895:

> «El Estado, el legislador no crea el Derecho regula su ejercicio; *posee no una fuerza creadora, sino reguladora; no es un órgano creador, sino simplemente un órgano crítico, de generalización, de coordinación, de divulgación, de conservación*. Es un mero copista, un parafraseador. Así vemos que el mismo Señor, antes que las tablas de piedra, escribió el Decálogo con su dedo divino en el corazón de los hombres...» Op. cit. Tomo II, páx. 278.

Imposíbel rexeitar de modo máis radical os alicerces mesmos do «Direito Novo», frente ao orde do Priviléxio, e, xa que logo, de próprio Estado contemporáneo.

151 Sobre o vencellamento co carlismo galego, cfr. X. R. BARREIRO FERNANDEZ, *El carlismo gallego*, Santiago, 1976, páx. 293 e ss.

152 ANTONIO LOPEZ FERREIRO, *A tecedeira de Bonaval*, La Coruña, 1895.

153 «abrigamos la esperanza de que no nos lo llevarán a mal todos aquellos para quienes es cosa laudable y meritoria el promover los verdaderos intereses del regionalismo. El cual si ha de prosperar, y si no ha de degenerar en una de tantas utopías, como son las que pululan en materia política, forzosamente tiene que fundarse y apoyarse en la tradición y en los antecedentes históricos».

Fueros Municipales... cit. páx. XII.

Compre analizarmos agora como se resolve esta dobre presenza nun terreno privilexiado: a historización da nación galega. Porque se por algures debemos agardar unha falta nos princípios demoliberais murguianos, seria este o lugar idóneo para que se producise, ao situar-se nun primeiro plano os elementos nacionalistas coa conseguinte dilución dos plantexamentos progresistas e liberais en canto afectaran á problemática nacionalitária, que se ergueria en peso e medida de toda a ideoloxia. Produciu a radicalidade fundamentadora do feito nacional galego o efeito de provocar o esmorecimento dos postulados liberais murguianos? A única resposta posíbel virá dada pola análise dos diferentes esquemas de interpretación da História de Galiza e as liñas xerais que deles se derivan.

Asi, no esquema histórico contido no «Estudio Preliminar» á sua *Historia de Galicia,* achamo-nos cunha visión plural e complexa da história galega alonxada realmente de todo linealismo nacionalista no que a nacionalidade galega, exenta de toda contradición interna e valorada somente en canto tal, se enfrentará a un inimigo externo.

Ao contrário, numerosos elementos de complexización achan-se presentes no texto murguiano, entre os que podemos salientar:

Posicionamento crítico contra da nobreza galega como clase, para a que se teñen as máis duras verbas pola negatividade da sua conduta, excluindo polo tanto a idea de que todos os males de Galiza viñeran de Castela[154]. Descalificación da nobreza que alcanza extremos verdadeiramente notábeis:

«A los nobles gallegos nada debe Galicia más que sus antiguos males y su postración de siempre»[155].

Esta non consideración da nobreza como clase nacional galega, chega mesmo até o ponto de valorar negativamente unha época da que pouco antes se recoñecera que nela Galiza dispuña de autonomia e mesmo de independéncia na práctica: o elemento social impón-se sobre o nacional... nunha *história nacionalista:*

«...imposible dar una idea del orgullo de los nobles en esta ocasión, del espíritu belicoso de los prelados, de la miseria del pueblo, de aquella vida turbulenta... de aquel estado, en fin, *en que Galicia pudo tener por buenos los anteriores tiempos y las pasadas tiranías*»[156].

Unha valoración da «Junta del Reino» moi positiva como órgao de goberno limitado: «Institución eminentemente provincial, mejor dicho nacional»[157].

Avaliación positiva dada a sua actuación social e porriba do centralismo borbónico de Carlos III por mor da cuestión foral: a Real Provisión de perpetuación de foros:

«Fué así Carlos III su amparo y salvaguardia (de Galicia), hizo por ella lo que ninguno de sus hijos...»[158].

154 Aceitación do feito de que os males da pátria pasan polo interior das suas fronteiras, patente, asi mesmo, noutros historiadores, especialmente SALAZAR:

«... conviene hacer constar que el enemigo más encarnizado que ha tenido Galicia, ha sido el gallego mismo; es decir el gallego poderoso y rico, el político, el *cadista* y esa parte de la juventud estudiosa que, lejos de su país, ha creído de mal gusto llamarse gallego...»

Proemio a «*El cerco de La Coruña...*» cit. páx. 17-18.

155 MURGUIA, *Historia de Galicia.* Tomo I, cit., páx. 114.

156 Idem, páx. 162. MURGUIA chega mesmo a criticar a *falta de democrácia* nos plebeus por efeito do peso do feudalismo:

«El espíritu democrático que siempre anidó a los plebeyos gallegos, no predominó más que en las Cartas que formaban: tan hondas raíces había echado en nuestro país el feudalismo», loc. cit. páx. 169.

Polo demais, a crítica da nobreza galega chega ao extremode valorar positivamente a exeacución de Pedro Pardo de Cela:

«así respiró Galicia, así empezó para ella el reinado de la paz, así, en fin, se dió principio a nueva era de felicidad, que las pasadas desgracias no permitieron fuese fecunda...» Op. cit., páx. 74.

Critica, asi mesmo, a actitude dos señores frente á *Junta del Reino,* valorando moi positivamente á burguesia nacente face á nobreza en tempos de Carlos o Enfeitizado:

«No nos quedaba ya más que aquella multitud de hidalgos que llenaban los corregimientos y que eran osados a lo que en otros tiempos los grandes señores. *Fué signo de nuestro país, el que jamás tomase vida entre nosotros el sentimiento popular, que hiciese un saludable contrapeso a las ambiciosas pretensiones de una ínfima nobleza,* llena de impotencia y orgullo. Ya pasaron los tiempos en que los gremios de mareantes de Pontevedra y La Coruña eran ricos y poderosos, y en que el pueblo de Ribadeo hacía *prevalecer en sus nombramientos de concejales a los comerciantes sobre los hidalgos;* no, la Junta del Reino, cuya institución de verdadera índole provincial, mejor dicho, nacional, era de verdadera *índole popular,* estaba en manos de los Señores, y ellos fueron quienes la dejaron caer en la postración que alcanzó a los últimos de su vida». Op. cit. páx. 183-184.

157 MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo I cit., páxs. 183-184.

158 Idem. páx. 203.

E, ao mesmo tempo, critica-se, como non podia por menos de suceder, aos monarcas casteláns «que tenían por olvidada a Galicia dejando que en ella no se conociera la justicia»[159]. Simultaneamente procede-se ao cuestionamento e impugnan drástica do centralismo, da ocupación de cargos eclesiásticos e civis por alleos, etc.

Anos máis tarde, en *El Regionalismo,* a resposta a SÁNCHEZ DE MOGUEL, achan-se novos elementos de complexificación e de mantimento da perspectiva liberal e progresista da História. Asi, por exemplo, á hora de procurar semellanzas na fundamentación das nacionalidades interiores acode-se ao historiador liberal AUGUST THIERRY.

Posteriormente, e no seo dunha série de argumentacións a prol da revitalización das antigas nacionalidades, MURGUIA diferéncia-se radicalmente de:

«ciertos enamorados de las cosas pasadas que pretenden inútilmente restaurarlas»[160].

A recuperación das nacionalidades non implica para o noso autor a recuperación das vellas institucións de goberno e relacions sociais de produción. Non todo o pasado nacional polo mero feito de ser pasado é desexábel á luz do presente.

Asemade, aparece unha valoración mais crítica dos Reis Católicos, pero mantendo a positividade da cuase autonomia de que Galiza gozaba mercé ás suas próprias institucións:

«Galicia era como un Estado, no le faltaba más que un Rey y una Corte propia»[161].

E polo que á avaliación dos Borbóns se refere, segue sendo dura por mor da centralización que rematou co limitado autogoberno de que Galiza dispuña.

Finalmente, en *Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia,* presenta-se un esquema histórico de Galiza que non rompe co mantido con anterioridade por MURGUIA. Asi, critica-se abertamente aos Reis Católicos como inaugurадores do réxime centralista en España, mais, ao mesmo tempo, recoñece-se a autonomia da «Junta del Reino» e a Audiéncia[162]. Quizais sexa esta valoración negativa sen reparos dos RR. CC. o elemento máis diferenciador do verbo do discurso preliminar do ano 1865, onde semellaba silenciado o proceder centralista dos mesmos, acochado tras do sometimento, xulgado positivamente, dos nobres galegos e semellando reconducir o centralismo ao tempo dos Borbóns.

Mais o verdadeiramente sorprendente do discurso de Barcelona —onde a sua significación e contido: amosar os fundamentos históricos do rexionalismo galego, propiciaban un esquema redutivista no que a exposición central do enfrentamento Galiza-Estado español borra-se toda outra problemática —resulta ao final o *mantimento dunha innegábel complexidade na análise.* Lonxe de todo linealismo aparecen, outravolta, moitos dos elementos que informaban o esquema da *Historia de Galicia* no 1865.

Asi por exemplo, se por unha banda os RR. CC. se apoiaron nos Comúns para loitar contra dos nobres galegos «refractarios a Castilla», esta utilización ou instrumentalización do «estado llano» a prol dos intereses centralistas non se traduce na análise de MURGUIA nunha louvanza do comportamento da aristocrácia nen, moito menos, nunha crítica dos Comuns.

En efeito, polo que respeita a estes últimos, MURGUIA considera favorablemente o carácter popular e democrático «avant la lettre» da sua organización:

«De todas las libertades conquistadas entonces por el pueblo, la más importante fué aquella que permitió el establecimiento de la Hermandad... esta Hermandad, eminentemente popular, vino a constituir una verdadera Cámara de los Comunes, pues sus representantes se reunían, previa la propia convocatoria, en el lugar por ellos designado de antemano, ocupándose de los que les era menester, tomando acuerdos»[163].

E polo que respeita á nobreza e apesar do seu carácter refractário á Corte castelá, a análise de MURGUIA, lonxe de toda valoración apoloxética en base ao seu «galeguismo», contén moi duras críticas á sua actuación. Asi, por exemplo, referindo-se a «Junta del Reino», afirma que esta institución:

«que nació a últimos del siglo XV y como decidida adversaria de la nobleza... los nobles intentaron constituir otra que les fuese privativa pero que tuvo la vida de las rosas, porque no representaba los intereses generales de Galicia y sí sólo los de una clase»[164].

159 MURGUIA, op. cit. Tomo I, páx. 217.

160 MURGUIA, *El Regionalismo. Ligeras observaciones....* cit., páx. 241.

161 Idem. páx. 250.

162 MURGUIA, «Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia», Discurso de la Lliga de Catalunya cit., páx. 490.

163 Idem. páx. 496.

164 Idem. páx. 496.

A crítica á nobreza galega de poñer constantemente os seus intereses clasistas por diante dos intereses da pátria, é idéntica á que podemos atopar en 1865, e o mesmo acontece coa valoración das liberdades vilegas. Asimesmo, MURGUIA critica duramente o centralismo borbónico pola liquidación que levou a cabo das liberdades e autogoberno relativo que Galiza posuía con anterioridade. Así e todo, unha tal avaliación do centralismo borbónico non impede que se manteña a valoración positiva de Carlos III en base ao Auto acordado que dispuxo a coñecida perpetuidade dos foros:

«Poniendo equitativo término a la cuestión, la de los foros, que tuvo a Galicia al borde de su ruina, *debiendo su salvación a dicho auto acordado*»[165].

E, finalmente, á hora de procurar a actualización das institucións tradicionais galegas e ao referir-se en concreto á Parróquia como unidade de goberno local, a postulación da sua recuperación non se polo carácter tradicional da mesma, como argumento definitivo. Pola contra, a parróquia galega valora-se tanto en base á sua historicidade como en razón ao seu carácter democrático, e á funcionalidade que poderia desempeñar contemporáneamente:

«Podemos adelantar que considerada la parroquia como una institución laica, era no sólo parecida, *antes más libre y democrática que la inglesa,* a la cual consideran muchos estadistas como la base de las libertades de aquel país»[166] (Subliñado noso, R. M.).

En definitiva, MURGUIA mantén en todo momento —e porriba das alteracións parciais, das que a valoración dos RR. CC. integra a de maior relevo— unha certa *complexidade* de análise sen que o seu historicismo nacionalista marxine ou erosione en momento nengun a problemática que temos dado en chamar liberal-progresista e que clarificaremos máis adiante. O permanecimento do antitradicionalismo e antifeudalismo murguiano resulta especialmente patente cando a contraposición Galiza-Estado español «tolera» a presenza de determinados recoñecimentos centralistas pola á sua xusteza social: en concreto, cuestión foral.

Endalí que de nengun xeito o posicionamento liberal murguiano se mostre en retirada, mesmo naqueles momentos en que a fundamentación nacionalitária incitaria a iso a prol da supresión de contradicións internas diluentes da idea da *unidade nacional.* O liberalismo configura-se así como o verdadeiro eixo articulador, non xa do pensamento político murguiano, senón do seu próprio labor fundamentador da nación galega. Tan é así que o próprio nivel léxico ao determinarmos o campo semántico conceptual de Galiza acada, por momentos, niveis de auténtico *isomorfismo,* dun nacionalismo que alén de se presentar como accesíbel en primeira instáncia a todos os galegos, se articula, porén, na rede de *asociacións* a vocábulos expresivos dun proxecto liberal-progresista e democrático: «liberalismo», «nuestro siglo», «modernidad»... e na *rede de oposicións* a palabras ou sintagmas denotadores dun nacionalismo pasadista e tradicional: «feudalimso», «nobles», «absolutismo», «vuelta al pasado» etc. etc.

Non se nos presenta, poi, por ningures na História de MURGUIA, unha «viraxe radical»[167] senón, agás dos pequenos câmbios mentados, un firme mantimento da complexidade histórica frente a todo linealismo ou mecanismo, mantimento debedor tanto da caste do *nacionalismo* murguiano: articulación liberal da fundamentación orgánico-historicista, como da sua *análise histórica,* debedora, en definitiva, dos plantexamentos de THIERRY para quen, como afirmara aquel clásico alemán, a História das razas e as nacións achaba-se atravesada pola história das clases sociais e os seus intereses enfrentados[168]

[165] Idem. páx. 495.
[166] Idem. páx. 501.
[167] Tese mantida por JUSTO GONZALEZ BERAMENDI, quen afirma:

> «Pero esta actitude (a liberal e complexa) *vira radicalmente* na segunda etapa. No discurso que pronuncia no 1890 na Lliga de Catalunya, presenta xa a visión que ao cabo prevalecería. A resistencia da nación galega ao seu esvaemento comenza, tamén agora, nos primeiros tempos da Reconquista, pero cunha diferencia: *a causa maior do conflicto pasa a ser o feito de que os nobles casteláns relegan na Corte aos galegos. Desaparece calquer crítica á nobleza galega* e insinúase que o elemento popular foi manexado por os reis casteláns para encirrarlo contra os seus nobles, que agora semellan seren *depositarios da virtude da conciencia nacional...*»

Vicente Risco no nacionalismo galego, Santiago, 1981, páx. 60 (subliñados nosos, R. M.)

[168] En efeito, compre non esquecermos que o próprio MARX en carta a ENGELS, de 27 de Xullo do 1854, denominara a THIERRY: «pai da loita de clases na historiografia francesa». Noutra carta a WEYDEMEYER do 5 de Marzo do 1852, MARX afirmaba outravolta: «Esos señores (os economistas smithianos) deberian estudar, por exemplo, as obras de THIERRY, GUIZOT, WADE, etc. e adquirir algunhas luces sobre da *história das clases* no pasado». Tamén ENGELS, en carta a STARKENBURG de 25 de Xaneiro do 1894, afirmaria: «Si MARX ten descoberto a concepción materialista da História, THIERRY, GUIZOT, e os historiadores ingleses anteriores ao 1850, proban que xa se estaban facendo esforzos nese sentido...»

III. A RAZA, O MITO CELTA E O VOLKGEIST GALEGO

A *teoria da raza,* exemplificada en escritos como os de GOBINEAU[169], GUMPLOWITZ[170] ou CHAMBERLAIN[171] incidiu na teoria da nación da Europa do XIX, promovendo a aparición dun nacionalismo, xa non baseado máis na vontade e na liberdade, senón na *natureza,* através da recuperación daquel que KOHN denominara «antiguo tribalismo natural»[172] e o paralelo desbotamento dos elementos voluntaristas cara a constitución dun nacionalismo «organicista».

Sen dúbida o vieiro de penetración e canle de expresión do racismo no nacionalismo foi o *arianismo,* que desde unhas orixes meramente lingüísticas acadou auténticos niveis sociopolíticos.

Ao princípio, en MAX MULLER, a raza ária cumpria unha función, con sobrada carga apoloxética e retórica, explicativa do sustratum étnico-cultural comun aos principais pobos europeus, contendo en si mesmo a facilidade de estrapolación cara outras dimensións[173]. Seria precisamente GOBINEAU o apóstolo do arianismo quen formularia no seu *Essai sur l'inegalité des races humaines* os temas básicos do mito: a lei da permanéncia dos tipos físicos, a desigualdade das razas, a superioridade da raza ária, a necesidade de mantimento da pureza racial e a sua expresión cultural e institucional en evitación de influxos alleos, e por ende inferiores, que impliquen a sua decadéncia[174]... Formulación do arianismo que CHAMBERLAIN decantaria decididamente nunha dirección antes só levemente apontada, o *mito teutónico*[175], proclamado aos xermánicos como berce da civilización, pátria da liberdade, da cultura mais criativa e importante de Europa... e en CARLYLE[176] no mito*anglosaxón* e en diversos autores franceses no *mito celta.*

Porque, efectivamente, o mito celta non é senón un *submitema* no interior do arianismo. Desde as investigacións de P. PAUL BROCCA relacionando a lingua céltica cas características antropométricas dos seus falantes, até as formulacións de FUSTEL DE COULANGES que plantexaban abertamente a reivindicación do celtismo fronte ao teutonismo imperialista alemán, especialmente sanguento naqueles anos da desfeita e anexión do 1871, a raza celta fundamentaba unha recuperación da dignidade nacional francesa perdida nas mans dos teutóns.

O labor de minimización das influéncias culturais da raza teutónica en Franza foi continuada, sobre a base dos historiadores franceses anteriores: VAILLANT, BOUQUET, etc., polas fornadas de historiadores «patriotas» sucesivos; CAMILLE JULLIAN, EDGAR QUINET, D'ARBOIS DE JUBAINVILLE... etc.etc.

Deste xeito perseguia-se un triple obxectivo segundo SNYDER: redución da importáncia do influxo cultural xermánico en Franza, minimización do influxo xermánico nas institucións galas, existéncia dunha raza céltica cunha forza de sangue ária e, xa que logo, superior[177].

E, finalmente, seria en MAURICE BARRES onde a eséncia do racismo, é dicer a *identificación etnocêntrica da cultura e a raza*[178] entra de pleno direito a formar parte do nacionalismo francés. A sua fundamentación da tradición nacional francesa, na herdanza da raza céltica pura na que ten a sua orixe; e a comprensión do cidadán entendido como «un instante nunha longa cultura, un xesto entre centos de xestos», através de constantes referéncias pasadistas á tradición e ás raiceiras desemboca nun enérxico anti-

[169] R. GOBINEAU, *Essai sur l'inégalité des races humaines,* Paris, 1853-1855, reedición de Ed. Belfond, París, 1967.
[170] LOUIS GUMPLOWICZ, *La lutte des races. Recherches sociologiques,* Paris 1893.
[171] HOUSTON STEWART CHAMBERLAIN, *Foundations of the nineteenth Century,* London, 1912.
[172] HANS KOHN, *Nationalism. Its meaning and History.* Princeton, 1965, páxs. 97 e ss.
[173] Cfr. LOUIS S. SNYDER, *The idea of racialism,* New York, 1962, páx. 40 e ss., onde se recollen as seguintes palabras, xa tardias, de MÜLLER:

> «Para min, un etnólogo que fale de raza ária, sangue ário, ollos e cabelo ário, comete o mesmo erro que un lingüista que fale dun dicionário dolicocéfalo ou unha gramática braquicéfala». Op. cit. páx. 42.

[174] Cfr. o resumo de próprio GOBINEAU no Tomo I do seu *Essai...,* páxs. 85 e ss., edición francesa, Paris, 1867. MICHAEL D. BIDDIS, *Father of racist ideology: the social and political thought of Count of Gobineau,* London, 1976, páxs. 73 e ss.
[175] L. S. SNYDER, op. cit., páx. 51 e ss.
[176] De grande interés resulta o libro de L. P. CURTIS *Anglosaxons and Celts: a study of anti-Irish prejudice in Victorian England,* New York, 1968, páxs. 58 e ss., onde se analiza o enfrentamiento entre duas fundamentacións raciais sobre a base do conflito da dominación inglesa sobre e Irlanda amosando o enfrentamento entre duas ramas do arianismo anglosa-xons e celtas como no seu dia ocorrera o celtismo frente dao teutonismo: en ambas as duas ocasións o elemento céltico corresponde a unha nacionalidade oprimida.
[177] L. S. SNYDER, op. cit. páx. 67.
[178] Cfr. neste sentido MARION GLEAN O'CALLAGHAN e COLLETTE GUILLAUMIN, «Race et race... la mode «naturelle» en sciences humaines», *L'Homme et la Societé,* n.º 31-32, janvier-juin 1974, páxs. 198 e ss.

A crítica á nobreza galega de poñer constantemente os seus intereses clasistas por diante dos intereses da pátria, é idéntica á que podemos atopar en 1865, e o mesmo acontece coa valoración das liberdades vilegas. Asimesmo, MURGUIA critica duramente o centralismo borbónico pola liquidación que levou a cabo das liberdades e autogoberno relativo que Galiza posuia con anterioridade. Asi e todo, unha tal avaliación do centralismo borbónico non impede que se manteña a valoración positiva de Carlos III en base ao Auto acordado que dispuxo a coñecida perpetuidade dos foros:

«Poniendo equitativo término a la cuestión, la de los foros, que tuvo a Galicia al borde de su ruina, *debiendo su salvación a dicho auto acordado*»[165].

E, finalmente, á hora de procurar a actualización das institucións tradicionais galegas e ao referir-se en concreto á Parróquia como unidade de goberno local, a postulación da sua recuperación non se polo carácter tradicional da mesma, como argumento definitivo. Pola contra, a parróquia galega valora-se tanto en base á sua historicidade como en razón ao seu carácter democrático, e á funcionalidade que poderia desempeñar contemporáneamente:

«Podemos adelantar que considerada la parroquia como una institución laica, era no sólo parecida, *antes más libre y democrática que la inglesa*, a la cual consideran muchos estadistas como la base de las libertades de aquel país»[166] (Subliñado noso, R. M.).

En definitiva, MURGUIA mantén en todo momento —e porriba das alteracións parciais, das que a valoración dos RR. CC. integra a de maior relevo— unha certa *complexidade* de análise sen que o seu historicismo nacionalista marxine ou erosione en momento nengun a problemática que temos dado en chamar liberal-progresista e que clarificaremos máis adiante. O permanecimento do antitradicionalismo e antifeudalismo murguiano resulta especialmente patente cando a contraposición Galiza-Estado español «tolera» a presenza de determinados recoñecimentos centralistas pola á sua xusteza social: en concreto, cuestión foral.

Endali que de nengun xeito o posicionamento liberal murguiano se mostre en retirada, mesmo naqueles momentos en que a fundamentación nacionalitária incitaria a iso a prol da supresión de contradicións internas diluentes da idea da *unidade nacional*. O liberalismo configura-se asi como o verdadeiro eixo articulador, non xa do pensamento político murguiano, senón do seu próprio labor fundamentador da nación galega. Tan é asi que o próprio nivel léxico ao determinarmos o campo semántico conceptual de Galiza acada, por momentos, niveis de auténtico *isomorfismo*, dun nacionalismo que alén de se presentar como accesíbel en primeira instáncia a todos os galegos, se articula, porén, na rede de *asociacións* a vocábulos expresivos dun proxecto liberal-progresista e democrático: «liberalismo», «nuestro siglo», «modernidad»... e na *rede de oposicións* a palabras ou sintagmas denotadores dun nacionalismo pasadista e tradicional: «feudalimso», «nobles», «absolutismo», «vuelta al pasado» etc. etc.

Non se nos presenta, poi, por ningures na História de MURGUIA, unha «viraxe radical»[167] senón, agás dos pequenos cámbios mentados, un firme mantimento da complexidade histórica frente a todo linealismo ou mecanismo, mantimento debedor tanto da caste do *nacionalismo* murguiano: articulación liberal da fundamentación orgánico-historicista, como da sua *análise histórica,* debedora, en definitiva, dos plantexamentos de THIERRY para quen, como afirmara aquel clásico alemán, a História das razas e as nacións achaba-se atravesada pola história das clases sociais e os seus intereses enfrentados[168]

[165] Idem. páx. 495.

[166] Idem. páx. 501.

[167] Tese mantida por JUSTO GONZALEZ BERAMENDI, quen afirma:

«Pero esta actitude (a liberal e complexa) *vira radicalmente* na segunda etapa. No discurso que pronuncia no 1890 na Lliga de Catalunya, presenta xa a visión que ao cabo prevalecería. A resistencia da nación galega ao seu esvaemento comenza, tamén agora, nos primeiros tempos da Reconquista, pero cunha diferencia: *a causa maior do conflicto pasa a ser o feito de que os nobles casteláns relegan na Corte aos galegos. Desaparece calquer crítica á nobleza galega* e insinúase que o elemento popular foi manexado por os reis casteláns para encirrarlo contra os seus nobles, que agora semellan seren *depositarios da virtude da conciencia nacional...*»

Vicente Risco no nacionalismo galego, Santiago, 1981, páx. 60 (subliñados nosos, R. M.)

[168] En efeito, compre non esquecermos que o próprio MARX en carta a ENGELS, de 27 de Xullo do 1854, denominara a THIERRY: «pai da loita de clases na historiografia francesa». Noutra carta a WEYDEMEYER do 5 de Marzo do 1852, MARX afirmaba outravolta: «Esos señores (os economistas smithianos) deberian estudar, por exemplo, as obras de THIERRY, GUIZOT, WADE, etc. e adquirir algunhas luces sobre da *história das clases* no pasado». Tamén ENGELS, en carta a STARKENBURG de 25 de Xaneiro do 1894, afirmaria: «Si MARX ten descoberto a concepción materialista da História, THIERRY, GUIZOT, e os historiadores ingleses anteriores ao 1850, proban que xa se estaban facendo esforzos nese sentido...»

III. A RAZA, O MITO CELTA E O VOLKGEIST GALEGO

A *teoria da raza,* exemplificada en escritos como os de GOBINEAU[169], GUMPLOWITZ[170] ou CHAMBERLAIN[171] incidiu na teoria da nación da Europa do XIX, promovendo a aparición dun nacionalismo, xa non baseado máis na vontade e na liberdade, senón na *natureza*, através da recuperación daquel que KOHN denominara «antiguo tribalismo natural»[172] e o paralelo desbotamento dos elementos voluntaristas cara a constitución dun nacionalismo «organicista».

Sen dúbida o vieiro de penetración e canle de expresión do racismo no nacionalismo foi o *arianismo,* que desde unhas orixes meramente lingüísticas acadou auténticos niveis sociopolíticos.

Ao princípio, en MAX MULLER, a raza ária cumpria unha función, con sobrada carga apoloxética e retórica, explicativa do sustratum étnico-cultural comun aos principais pobos europeus, contendo en si mesmo a facilidade de estrapolación cara outras dimensións[173]. Seria precisamente GOBINEAU o apóstolo do arianismo quen formularia no seu *Essai sur l'inegalité des races humaines* os temas básicos do mito: a lei da permanéncia dos tipos físicos, a desigualdade das razas, a superioridade da raza ária, a necesidade de mantimento da pureza racial e a sua expresión cultural e institucional en evitación de influxos alleos, e por ende inferiores, que impliquen a sua decadéncia[174]... Formulación do arianismo que CHAMBERLAIN decantaria decididamente nunha dirección antes só levemente apontada, o *mito teutónico*[175], proclamado aos xermánicos como berce da civilización, pátria da liberdade, da cultura mais criativa e importante de Europa... e en CARLYLE[176] no mito*anglosaxón* e en diversos autores franceses no *mito celta.*

Porque, efectivamente, o mito celta non é senón un *submitema* no interior do arianismo. Desde as investigacións de P. PAUL BROCCA relacionando a lingua céltica cas características antropométricas dos seus falantes, até as formulacións de FUSTEL DE COULANGES que plantexaban abertamente a reivindicación do celtismo fronte ao teutonismo imperialista alemán, especialmente sanguento naqueles anos da desfeita e anexión de 1871, a raza celta fundamentaba unha recuperación da dignidade nacional francesa perdida nas mans dos teutóns.

O labor de minimización das influéncias culturais da raza teutónica en Franza foi continuada, sobre a base dos historiadores franceses anteriores: VAILLANT, BOUQUET, etc., polas fornadas de historiadores «patriotas» sucesivos; CAMILLE JULLIAN, EDGAR QUINET, D'ARBOIS DE JUBAINVILLE... etc.etc.

Deste xeito perseguia-se un triple obxectivo segundo SNYDER: redución da importáncia do influxo cultural xermánico en Franza, minimización do influxo xermánico nas institucións galas, existéncia dunha raza céltica cunha forza de sangue ária e, xa que logo, superior[177].

E, finalmente, seria en MAURICE BARRES onde a eséncia do racismo, é dicer a *identificación etnocéntrica da cultura e a raza*[178] entra de pleno direito a formar parte do nacionalismo francés. A sua fundamentación da tradición nacional francesa, na herdanza da raza céltica pura é a que ten a sua orixe; e a comprensión do cidadán entendido como «un instante nunha longa cultura, un xesto entre centos de xestos», através de constantes referéncias pasadistas á tradición e ás raiceiras desemboca nun enérxico anti-

[169] R. GOBINEAU, *Essai sur l'inégalité des races humaines,* Paris, 1853-1855, reedición de Ed. Belfond, París, 1967.

[170] LOUIS GUMPLOWICZ, *La lutte des races. Recherches sociologiques,* Paris 1893.

[171] HOUSTON STEWART CHAMBERLAIN, *Foundations of the nineteenth Century,* London, 1912.

[172] HANS KOHN, *Nationalism. Its meaning and History.* Princeton, 1965, páxs. 97 e ss.

[173] Cfr. LOUIS S. SNYDER, *The idea of racialism,* New York, 1962, páx. 40 e ss., onde se recollen as seguintes palabras, xa tardias, de MÜLLER:

«Para min, un etnólogo que fale de raza ária, sangue ário, ollos e cabelo ário, comete o mesmo erro que un lingüísta que fale dun dicionário dolicocéfalo ou unha gramática braquicéfala». Op. cit. páx. 42.

[174] Cfr. o resumo de próprio GOBINEAU no Tomo I do seu *Essai...,* páxs. 85 e ss., edición francesa, Paris, 1867. MICHAEL D. BIDDIS, *Father of racist ideology: the social and political thought of Count of Gobineau,* London, 1976, páxs. 73 e ss.

[175] L. S. SNYDER, op. cit., páx. 51 e ss.

[176] De grande interés resulta o libro de L. P. CURTIS *Anglosaxons and Celts: a study of anti-Irish prejudice in Victorian England,* New York, 1968, páxs. 58 e ss., onde se analiza o enfrentamiento entre duas fundamentacións raciais sobre a base do conflito da dominación inglesa sobre e Irlanda amosando o enfrentamento entre duas ramas do arianismo anglosa-xons e celtas como no seu dia ocorrera o celtismo frente dao teutonismo: en ambas as duas ocasións o elemento céltico corresponde a unha nacionalidade oprimida.

[177] L. S. SNYDER, op. cit. páx. 67.

[178] Cfr. neste sentido MARION GLEAN O'CALLAGHAN e COLLETTE GUILLAUMIN, «Race et race... la mode «naturelle» en sciences humaines», *L'Homme et la Societé,* n.° 31-32, janvier-juin 1974, páxs. 198 e ss.

rracionalismo e antisocialismo. Fundamentación que seria recollida posteriormente por DEROULEDE e MAURRAS[179] na refundación contemporánea da nación francesa, sempre fronte a Alemaña, inimigo nacional por exceléncia tras a guerra franco-prusiana.

Esta funcionalidade dos mitos fundadores nacionais desenvolve-se no fornecimento dunha socialización e fusión social, nun estreitamento dos vencellos da comunidade, agrupamento e «coeréncia», como ten asinalado TUDOR[180] que se prolonga na fundamentación da existéncia dun grupo, a delimitación das características dos seus membros, o clarexamento dos seus destinos históricos e os seus obxetivos como comunidade, na inducción dos seus sinais de identidade, na identificación do «inimigo» histórico, na criación de solidaridades, e mesmo na lexitimación dunha clase interior hexemónica «conductora» e «salvadora» da comunidade.

Asi, a raza através do mito ário fundador da nacionalidade organiza a sua eficácia no interior do discurso nacionalista na procura e preservación das fontes da nacionalidade outorgadoras do carisma da diferenza e da superioridade civilizadoras: velaí a funcionalidade de fornecer dun contido orgánico-naturalista á nación, a sacralización das institucións históricas como manifestación do próprio sangue, dos mitos dos héroes fundadores e o constante emprego da *linguaxe parental*, destinada, segundo MARIENSTRAS, a «substituir unha comunidade de sangue simbólica pola comunidade xenética diferencial»[181].

Endali que, entendida deste xeito a concepción preponderantemente étnica na fundamentación nacionalitária en toda a sua materialidade, outorga-lle ao elemento físico da raza o papel de, en verbas de POLIAKOV, «motor primeiro da História»[182].

A. **Os alicerces étnicos da História Nacional galega: a configuración do mito fundador do celtismo.**

A fundamentación da nación galega terá en MURGUIA como eido privilexiado a encrucillada de dous factores claves: a História e a Raza. Daí que a História da «Nazón de Breogán» sexa sempre para o noso autor a história da raza galega. E iso porque a teoria das razas posui unha dobre penetración na ideoloxia murguiana que compre dar conta desde un princípio. En efeito, a teoria das razas é recebida por MURGUIA, por unha banda, directamente dos teóricos do arianismo: nomeadamente GOBINEAU e GUMPLOWICZ, dos que se toman os critérios metodolóxicos e os postulados centrais teóricos que abonan a centralidade da raza na explicación dos fenómenos sociais.

Pero, e sobretodo, a relevância fundamentadora e nacionalitária da raza chegará-lle a MURGUIA antes como práctica histórica, aprendida nos seus mestres da historiografia romántica, que como teoria abstracta do arianismo.

Efectivamente, encetando polo seu mestre A. THIERRY, compre poñermos de relevo o feito de que na sua obra *Conquete d'Anglaterre pour les Normands,* emprega sistematicamente a teoria do conflito das razas na sua interpretación histórica, mália non facer referéncia explícita á postulación de que a história estivese determinada pola diferenzas e oposicións biolóxicas entre as diversas razas.

Son en THIERRY correntes, afirmacións do estilo:

«La masa nacional, por su sangre, por sus leyes, por su lénguaje es galo-romana»[183].

179 Cfr. CLAUDE DIGEON, *La crise allemande de la pensée française, 1870-1914,* páx. 376 e ss. «Un certo racismo» pasaria deste xeito a formar parte do nacionalismo francés e a informar «L'Action française».

Sobre do tema reveste un interés extraordinário o libro de ZEEV STERNEHELL, *La droite révolutionaire. 1885-1914. Les origines françaises du fascisme,* Paris, 1978, quen afirma:

> «O vello fondo romántico, as antigas tendéncias historicistas, a tradicional teoria da orixe inconsciente da nación, o tema das forzas vivas que integran a alma popular será sobre Barrés onde a influéncia de Taine será máis sensíbel. A «terra e os mortos» do autor dos *Déracinés* non son outros que o meio e a raza dos *Origines.* Como Taine a raza constitui a primeira e máis rica fonte de acontecimentos históricos... Endali que o *determinismo* profesado polo novo racionalismo é un deteminismo fisiolóxico, naturalista que posui unha visión do home que non deixa marxe nengunha de indeterminación, esa marxe que se confunde coa capacidade humana de eleición, de ser libre e exercitar as suas faculdades criadoras». Páx. 159-161 op. cit.

Precisamente a articulación voluntarístico-liberal de Murguia da sua fundamentación étnico-historicista, permitirá a superación de tódo *determinismo biolóxico* através dos elementos de concéncia nacional, a vontade nacionalista e o liberalismo político. A distáncia entre a funcionalidade dunha e outra teoria da raza fica asi amosada de xeito patente.

180 HENRY TUDOR: *Political myth.* London, 1972, páx, 137 e ss.

181 MARIENSTRAS, *Le mythes fondateurs de la nation americaine*, cit., páx. 156.

182 LEON POLIAKOV, *Le mythe aryen,* Paris, 1971, páx. 230.

183 GEORGE P. GOOCH, *Historia e historiadores en el siglo XIX,* México 1977, onde se engade:

> «Su teoría predilecta del conflicto de las razas encuentra amplio campo. Describe la civilización galo-romana en lucha contra la barbarie de los francos...» Ibidem, páx. 179.

conxuntamente cunha panorámica da história na que se atopan constantemente referéncias aos antagonismos raciais e a existéncia de razas vencedoras e derrotadas. En definitiva, neste autor romántico, que tanto influxo exerce na obra murguiana, as razas teñen case tanta importáncia como as clases na tarefa de dar conta dos grandes lineamentos e transformacións históricas.

O próprio MACAULAY, «honor de Inglaterra» nas verbas de MURGUIA, na sua *The History of England to the Accession of James II* interpreta a batalla de Hastings en clave étnica, amosando-a como a loita do pobo inglés contra a tirania da raza normanda:

«Por ningures os inimigos da raza tiñan chegado tan lonxe. En nengun outro país foron tan completamente aniquilados»[184].

E, finalmente, o próprio CARYLE, outro dos reconecidos mestres de MURGUIA, acolleu en toda a sua extensión a fundamentación racila tanto através da construción do mito anglosaxón como, con particular viruléncia, na teorización da superioridade da raza branca sobre a negra cara a lexitimación do imperialismo británico. Moitas das expresións e postulados de CARYLE ecoan vividamente nas páxinas de MURGUIA como veremos no seu momento.

No seu *Occasional discourse on the Niger Question,* o racismo e a antinegritude de MACAULAY atingue unhas cotas de radicalidade e xenefobia que se ben non chega á extremosidade de irracionalismo e violéncia dun KNOX, acha-se moi perto del[185].

Asi pois, o vieiro da historiografia romántica semella ser a fonte máis eficaz de acceso dos elementos «racistas» á obra de Murguia de fundamentación de nacionalidade galega. Vexamos agora a configuración da teoria da raza en MURGUIA e a sua práctica concreta no eido histórico.

a. **O lugar da raza na fundamentación do feito nacional galego.**

En MURGUIA, compre clarexarmos de entrada, imo-nos atopar coa recepción e aceitación dos postulados fundamentais das teorias racistas: na fundamentación da nación galega a raza ocupará desde os comezos un lugar central.

No «Estudio preliminar» da *Historia de Galicia* do ano 1865, aparecen xa recollidos todos os mitemas centrais da ideoloxia racista. Asi, por exemplo, a *lei da permanencia dos tipos:*

«El pueblo (gallego)... lleva todavía impreso en el rostro las señales inequívocas de la raza a que pertenece»[186].

Tamén aceita-se a *lei da pureza racial:*

«Bien es verdad que no hemos sabido conservar nuestra raza al abrigo de toda irrupción y que a cada paso vemos como el colono romano se mezcla y confunde con los hombres de origen céltico»[187].

O mesmo acontece coa idea da *superioridade* dunhas razas sobre outras que atinxiria no libro *Galicia* a sua maior radicalidade. O recoñecimento da existéncia de razas superiores e inferiores amosa o ponto de non retorno na recepción murguiana das ideoloxias racistas:

«Predominó la superior de ese cruzamiento... las razas superiores que vinieron a sustituirlas... piden una extensa población ariana, blanca, superior, para dar fructuosamente los primeros pasos en el camino de la civilización»[188].

184 Citado en MICHAEL BANTON, *The idea of race.* London, 1977, páx. 24. Libro no que se ofrece un interesante panorama da presenza do elemento racial na historiografia francesa e anglo-saxona do XIX. Verbo de THIERRY, por exemplo, afirma-se:

> «THIERRY non afimou que a história estivera determinada polas cualidades biolóxicas das razas, mais o seu xeito de escreber é totalmente compatíbel cunha tal interpretación». Op. cit. páx. 22.

185 Cfr. DUNCAN FORBES, *The Liberal Anglican View of History,* Cambridge 1952, páx. 56 e ss., e unha antoloxia do *Occasional discourse* en Snyder, op. cit. páx. 134 e ss.

186 MURGUIA, *Historia de Galicia,* T. I, páx. 8. E na resposta a SANCHEZ MOGUEL, volve insistir no mesmo:

> «Respecto de la persistencia de las razas y muy en especial a la posibilidad de reconocer en los actuales habitantes los rasgos característicos de aquellas gentes de quienes descienden, nos limitaremos a recordar que la mayoría de los antropólogos reconocen la ley de permanencia de los tipos». *El regionalismo. Ligeras observaciones,* cit. páx. 264.

187 MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo I, páx. 8.

188 Idem. páx. 452. Onde se engade de xeito grandemente significativo:

«... nada importa que los restos del hombre cuaternario en Europa digan que éste exista en tan remota época... *el hecho es que, a pesar de las afirmaciones de algunos autores —que en tan bárbaras gentes encuentran representantes de las actuales razas europeas tales hombres nada son ni nada importan, sino en cuanto indican que cubrieron a su hora el suelo de Europa, y convivieron en él un cierto lapso de tiempo, con las razas superiores que vinieron a sustituirles... Para nosotros el hombre blanco lo es todo...* El hecho es que si se adopta la teoría de que el ario y las lenguas arianas son europeas, hay que entender desde luego que el hombre blanco, apareció en esta parte del globo en una época remota y absorvió por completo la población anterior...» páx. 450 (suliñados nosos, R. M.).

E mesmo en *El Foro. Estudios sobre la propiedad territorial en Galicia,* cit. afirma-se con toda rotundidade:

A valoración positiva explícita da obra de GOBINEAU[189] prolonga-se en estado práctico na obra murguiana no recoñecimento constante da «virilidad de las grandes razas», asi como no recoñecimento de «el acento melancólico de las razas impotentes[190] e na aceitación da superioridade branca en toda a sua radicalidade, a partir da equiparación entre as diferenzas de civilización e as diferenzas naturais étnicas que fan inalcanzábeis para certas razas, determinadas conquistas de civilización:

«Así no se podrá decir nunca que el estado primero en las razas inferiores es igual al de las superiores. Viven las primeras en un estado primitivo permanente, mientras las últimas, apenas le conocen cuando ya se han desprendido de sus cadenas. Hay más: el ario en sus comienzos es superior al negro en todo el esplendor de su civilización posible. No es por lo tanto buen método científico ir a buscar en los pueblos salvajes, pero que dentro de sí mismos llegaron al summun de sus conocimientos, lo que se halla mejor en el hombre solitario e ignorante de las razas europeas, el cual, aun viviendo vida intelectual rudimentaria, se presenta sin embargo a nuestros ojos superiores en todo, al que suponen su equivalente»[191].

Etnocentrismo e *occidentalocentrismo* son asi en MURGUIA duas facianas da mesma moeda, mutuamente implicadas no relacionamento da cultura coa étnia e a conseguinte atribución de cotas de civilización que os pobos levarian inscritos no sangue. Todo iso leva a MURGUIA a estabelecer diferenzas biolóxicas no «xénero humano» xa que as razas concretas, son en realidade para el absolutamente distintas. Asi, o desenvolvimento da relixión e própria cultura fai-se por cada raza extraindo de «su propio fondo al caudal de las ideas iniciales» segundo as suas tendéncias e a forza que levan inscritas no sangue.

Este recoñecimento da superioridade dunhas razas e a conseguinte inferioridade doutras non permanece nos tempos pasados senón que atingue diversas manifestacións de contemporaneidade, na potencialidade e superioridade da raza galega fronte ao elemento semítico-español, como veremos de contado, pero tamén:

«Algunas veces, es cierto, cruzan la alta meseta o los más ásperos desfiladeros, hombres cuyo cuerpo desmedrado y cuya triste fisonomía recuerdan al primitivo habitante o que presumimos tal, pero es solo como una escepción. Fruto del atavismo, persistencia de una raza o degeneración de otra superior, son contados y se les reconoce pronto...»[192].

Lei do mantimento dos tipos, valoración da pureza racial, recoñecimento de razas superiores e inferiores, os testemuños poderian-se multiplicar mostrando como os principais postulados das ideoloxias racistas achan-se recollidos na obra murguiana, inducindo o seu labor fundamentador da nación galega. O elemento étnico é situado no cerne mesmo do seu «sistema» ideolóxico.

Todo isto configura unha valoración da raza moi superior sen dúbida como elemento nacionalitário do que acontece en MANCINI de quen MURGUIA, como temos ollado, se reclama en canto ao conceito de nación.

En efeito, por unha banda MANCINI integra a raza como un dos elementos básicos cara a configuración dunha nacionalidade, e nesete terreno recoñece a diversidade étnica:

«...entre os homes hai unha evidente pluralidade de razas con caracteres máis ou menos distintos, das cais as máis visibelmente diferenciadas son a branca e a negra»[193].

chegando mesmo a admitir:

«a durábel persisténcia de certas propriedades transmisíbeis na raza que deben informar certamente o espírito nacional»[194].

Mais MANCINI modula de xeito claro, a diferenza de MURGUIA, os límites estritos destas diferenzas étnicas:

«... *hombres inferiores, de quienes quedan todavía recuerdos en gentes de triste aspecto y escasa inteligencia, que viven como perdidas entre las que les son tan superiores bajo todos los conceptos,* prueban que la asentarse en estas regiones no halló el celta desierto el suelo y sin población las riberas de estos mares tempestuosos. Quienes hayan sido esos hombres importa poco el saberlo. *No venimos de ellos.* El celta nuestro progenitor, llegó, se apoderó de la tierra, le puso su nombre...» Op. cit. páx. 28 (Subliñados nosos, R. M.).

189 «Una de las obras más notables en este género (a teoría das razas) es la de Mr. GOBINEAU *Essai sur l'inegalité des races humaines,* París, 1855. En este libro, curioso y digno de estudio por más de un concepto, se desarrolla por completo la teoría de los cruzamientos y al mismo tiempo de la degenaración de la raza blanca, la noble, inteligente y poderosa por excelencia. El cuadro que representa Mr. GOBINEAU es completo, está diseñado con mano firme y segura y da lugar a serias reflexiones...»
MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo I cit., páx. 569.

190 *Historia de Galicia,* Tomo III, páx. XI, Tomo IV páx. 27.

191 MURGUIA, *Galicia,* cit., páx. 141.

192 Idem. páx. 29.

193 MANCINI, *Della nazionalita come fondamento del diritto delle genti* cit. páx. 31.

194 Idem. páx. 33.

«Sen sairmo-nos xamais dos límites das variedades naturais dunha espécie orixinária e única... non se veña a converter nun novo pretexto de desigualdade e opresión... excluindo o suposto da orixinária pluralidade das espécies sobre da que se pretendeu fundamentar racionalmente a vergoña humana da escravitude».

considerando, ademais, a *fusión* das razas e non a sua *pureza,* como princípio de toda nacionalidade:

«Onde diversas razas sobre o mesmo chan conviveron ou violentamente se superpuxeron, non se obtén a constitución dunha nacionalidade, senón tras da lenta fusión dunha coas outras e a formación dunha raza composta»[195].

Pola contra, moi diferente vai ser a concepción que MURGUIA desenvolverá en estado práctico ao longo de toda a sua obra.

b. O «arianismo»: o mito celta e a civilización sueva.

MURGUIA recolle desde o comenzo do seu proxecto fundamentador da nacionalidade galega o mito ário nas suas tradicionais formulacións de vertente céltica. Tras os pasos de VEREA Y AGUIAR, a orixe céltica de Galiza transforma-se na obra de MURGUIA nun auténtico mito fundador central da comunidade nacional que se prolonga con presenza contemporánea informando étnico-culturalmente a superior dignidade dun pobo oprimido, inducindo á necesidade de normalización da sua cultura, fundamentando, enfin, a sua necesidade de autogoberno. O limitado cerengo de VEREA Y AGUIAR é superado asi para o erguimento dunha construción étnico-histórica de moi superior alcance.

Sen dúbida, en primeiro lugar, a vinculación da raza galega coa estirpe ariana fornece o argumento supremo da nobreza e mesmo superioridade nacional:

«Por el lenguaje, por la religión, por el arte, por la raza está el pueblo gallego ligado a la grande y nobilísima familia ariana»[196].

Esta ubicación do pobo galego como «vástago fecundo de la fértil rama ariana» estabelece a *diferenza* face as outras razas de España que, tanto histórica como contemporaneamente, impuxeron sobre Galiza unha dominación político cultural allea: fenícios, semitas, árabes, razas anarianas en xeral cuxa própria inferioridade fundamenta perante os ollos de Murguia a sua própria decadéncia, a fugacidade do seu domínio[197].

E no seo da família ariana será o tronco céltico no que Galiza, conformando o seu físico e a sua alma por riba de irrupcións alleas, configurará a sua *orixe* e o seu presente.

A variante céltica do arianismo será sen dúbida o motivo central de toda construción murguiana da diferenza nacional. Achamo-lo de feito, presente desde as primeiras datas da sua produción, como por exemplo no *Diccionario de Escritores Gallegos* publicados no ano 1862, onde se afirma:

«Esa costa salvaje que corre desde el Cabo Ortega al Finisterre, poblada está por la más pura raza céltica»[198].

Unha tal temática étnica, tomada dos autores franceses á que anteriormente nos temos referido, será o «leit motiv» da sua *Historia de Galicia,* presidindo sobretodo o primeiro volume da mesma. Asi, por exemplo, nas «consideraciones generales» achan-se afirmacións do estilo:

«...al menos en las provincias de La Coruña y Lugo el tipo celta domina sobre todos... la población gallega es céltica con algunas bolsas romanas... Así, la preponderancia de la raza céltica en Galicia es un hecho evidente»[199].

A asunción murguiana das teorias da raza conleva que a *orixe* céltica do pobo galego non sexa configurada como unha herdanza espiritual ou cultural senón que se acha presente fisicamente na própria materialidade antropométrica do *tipo étnico galego:*

«El tipo céltico que se conoce en Galicia es el que AMADEO THIERRY llama gaélico, y cuyos caracteres, según BERARD, son los siguientes: cabeza más redonda que oval, facciones redondeadas y mediana estatura, la nariz no

195 Idem. páx. 32.

196 MURGUIA, *Galicia,* cit. páx. 117.

197 MURGUIA, *Galicia* cit. páx. 23, 76 etc. etc.

198 MANUEL M. MURGUIA, *Diccionario de escritores gallegos,* Vigo, 1862, páx. XXIX, onde se engade falando dos territórios que antes formaban parte do Antigo Reino da Galiza:

> «... si España hubiese de dividirse un día, según las razas que la pueblan, ellos vendrían a formar parte con nosotros de la gran familia gallega, a la cual están ligados todavía no sólo por el vínculo del idioma, sino lo que es más, por su origen. Distíngueles como a nosotros un gran sentimiento religioso, el apego al suelo natal, la dulzura de carácter y hasta el foro...» Ibidem.

199 MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo I cit. páx. 247.

viene recta desde la frente sino que la separa una depresión...»[200].

Fisicidade que, coerentemente cos plantexamentos acollidos por MURGUIA, se prolonga no eido mitolóxico das «divinidades célticas» [201] que resistiron á romanización de Galiza e que se mantén viva nos hábitos e características psicolóxicas do pobo galego actual:

«... de esta doble religión fué producto el escesivo amor al pueblo natal...»[202].

Mais será, sen dúbida, na sua obra *Galicia* [203] onde se mostren con maior radicalidade por MURGUIA as raiceiras etnoxénicas célticas do pobo galego. Xa desde comenzos da sua historia:

«El celta se apoderó de Galicia como verdadero vencedor; esto es, por entero y para siempre... Para que nuestro pasado se ilumine, para que los recuerdos empiecen y la historia escriba sus primeras páginas, se necesita que asome aquella gente de tal modo llenó el suelo gallego, que no parece sino que todo lo actual tiene su origen y raíz en ella sola... *El celta es nuestro único, nuestro verdadero antepasado*»[204].

Neste sentido, MURGUIA aponta a orixe e natureza célticas de diversos alementos materiais e espirituais da cultura histórica galega: castros, costumes, tradicións e mitoloxias. Asi, polemiza con HALLEGEN, «quien todo lo ve romano», e asigna unha procedéncia céltica aos castros galegos mesmo aqueles que se amosan arqueloxicamente románoss dado que se trata nestes casos dunha ocupación posterior sobre un estabelecimento céltico aos poblados lacustres[205], así como a moitas das máis populares tradicións e costumes galegas.

Mais, sen dúbida, o rasgo sobranceiro da fundamentación étnico-murguiana reside no tanto na mitificación dun pasado, onde a raza celta e as suas diferentes manifestacións o enchen todo, senón na actualización constante que se fai deste celtismo na própria contemporaneidade, como elemento autenticamente presente na Galiza finisecular e informador dunha eficácia plural que logo veremos. Endali que sexa restritivo e parcial falarmos da *orixe* céltica galega se non temos en conta a sua presenza contemporánea, a sua incidencia mantida através dos séculos:

«La tradición, la poesía, la ley y la religión celtas, sus recónditos misterios y especiales prácticas, surgen poderosas del olvido en que han estado sumidas durante siglos y recobran su perdida dominación sobre los espíritus... *La antigua raza céltica encierra en sus entrañas un principio vitalista tal, que la caducidad le devuelve juventud...* No, ni muerta ni olvidada, ni del todo vencida, antes viva y pronta al nuevo triunfo, *informa la sociedad moderna, le infiltra su savia,* y dándole aquel vigor propio de los hombres de su raza, hace que todo converja en un punto y tienda a reconstruir aquel poderoso imperio céltico...*En pie tenemos los monumentos, las costumbres, la raza misma,* [206] (subliñados nosos, R. M.).

Daí que a raza celta fundamente tanto un pasado de grandeza nacional (Galiza foi un Estado independente estabelecido sobre unha própria nacionalidade céltica) como un presente de dignidade étnica e cultural que non por esquecido e sometido á dominación allea resulta menos doado de facer despertar e activar cara a recuperación daquela grandeza perdida: Galiza, en efeito, non somente foi unha vez céltica senón que o é tamén contemporaneamente. E será precisamente desde esta diferenza e superioridade que a natureza céltica outorga, onde xurdan para

200 MURGUIA, *Historia de Galicia* cit. Tomo I páx. 252, onde se engade:

«El tipo romano que con el céltico comparte el dominio de Galicia, se conoce por los siguientes caracteres...: el diámetro vertical es corto y por consiguiente el rostro ancho, y como el vértice del cráneo y el extremo de la mandíbula es casi horizontal, el contorno de la cabeza, visto de frente se acerca mucho a un verdadero cuadrado. Las partes laterales de las orejas son convexas, la frente baja, la nariz aguileña, y por último, la parte anterior de la barba, redonda». Ibidem.

201 *Historia de Galicia,* cit. páx. 43 Tomo I.

202 idem. páx. 654.

203 Perto de cen páxinas adica MURGUIA nesta obra á poboación céltica en Galiza e ao seu legado: Mitoloxia popular, desuses nacionais, culto ao lume, a auga e aos astros, druidismo, etc. Cfr. op. cit. páx. 17 a 107.

204 MURGUIA, *Galicia,* cit. páx. 76.

205 Idem. páxs. 64 e ss. e 394 e ss.

206 Idem. páx. 108. Deste xeito o berce histórico-fundadro da nacionalidade galega constitui asi mesmo as raiceiras da civilización europea:

«El hogar de la moderna civilización ha mudado de sitio; la raza céltica mantuvo vivo su fuego; es la primera por su extensión, por su gran instinto, por haber sido madre amantísima de los principales pueblos europeos.
La verdadera historia no va en Europa más allá de los celtas. En ellos empieza... Estudiándola, conociéndola, bien claro se ve que su historia será a lo adelante la de los pueblos europeos en su más remota antiguedad... *Todo aquí tiene su comienzo en los celtas* y en todas sus cosas». Idem páxs. 109-110 (subliñados nosos, R. M.).

MURGUIA as arelas, mais tamén os azos que induzan a unha movilización a prol da normalización cultural e a consolidación dun autogoberno galego. Tal *presenza* do celtismo na contemporaneidade alén do mero pasado achamo-lo reiteradamente presente na obra murguiana:

«Conviene dejar consignado de una vez para siempre que la base étnica de Galicia es céltica, y que las condiciones especiales en que se desarrolló como organismo social le permitieron y aún obligaron a permanecer fiel al espíritu y tendencias de su raza... *Al presente prevalece todavía en nuestro país aquella organización, aquellos instintos, aquellas mismas antiguas costumbres, en una palabra su eterno modo de ser,* puede decirse que *nada ha cambiado entre nosotros,* y que los tiempos, los sucesos, las mudanzas sufridas han tenido aquí escasa influencia...»[207] (subliñado noso, R. M.).

Precisamente indício supremo desta permanéncia da étnia céltica na Galizia contemporánea constitui-no para MURGUIA a continuidade entre a mitoloxia e as próprias tradicións e costumes galegas. Asi, por exemplo, a adoración ao sol, o mito da derrota de Gerión por Hércules, o deus innominado...[208] integran elementos mitolóxicos que amosan de xeito patente a proxénie céltico-ariana dos galegos. E outro tanto acontece con innumerábeis tradicións do campesinado: o culto a auga, ao lume, aos astros, á natureza inanimada, a certos árbores, seres sobrenaturais[209] asi como o druismo, integran para MURGUIA vestíxicos presentes das divinidades e cultos célticos[210].

Na resposta a SÁNCHEZ MOGUEL, que como xa temos apontado constitui a demostración murguiana máis sistemática da natureza nacional de Galiza, acha-se tamén no seo das referéncias raciais unha síntese do mito céltico no noso autor:

«De lo que creemos:

1. En la persistencia y extenso dominio del tipo celta en nuestro país.

2. De los que afirman que las demás gentes que se asentaron en Galicia, excepción hecha de los Suevos, no tuvieron gran importancia etnográfica.

3. De los que hallamos perfecta semejanza entre los gallegos de hoy y de siempre y los celtas de Europa antigua y moderna»[211].

Asi pois, na sua funcionalidade de fornecimento dun pasado histórico glorioso e dun presente de dignidade e mesmo superioridade étnica, a consideración de Galiza como unha nacionalidade céltica integra sen dúbida o eixo central no que MURGUIA fundamenta o seu proxecto de reconstrución nacional.

Mais, como temos ollado, se ben a raza céltica integra o cerne fundador da nacionalidade galega que se mantén fronte a influxos alleos como o romano, MURGUIA recoñece a aportación étnico-cultural doutra raza de caste ariana: a raza sueva. En efeito:

«Hemos afirmado que la base de la población gallega es céltica, añadimos después que la civilización es sueva»[212].

O aporte civilizador suevo sobre a étnia celta situaba como único elemento étnico-cultural do pobo galego a *raza ária,* estabelecendo deste xeito a diferenza fronte ao elemento semítico español. Será precisamente a estirpe ariana dos suevos a que faga valorar grandemente a MURGUIA a sua concorréncia á nación galega:

«...venian a traernos un nuevo y poderoso elemento etnográfico, del cual no podrán nunca prescindir nuestros historiadores. ¡De tal modo influyó en los destinos del país gallego! En las tradiciones, costumbres, idiomas, leyes, organización civil y religiosa, en la política, en toda nuestra vida, en fin, dejaron impresa su eterna y profunda huella. Con su sangre nos dejaron asimismo sus rasgos más señalados, los sentimientos y condiciones esenciales que prevalecen entre nosotros y forman la base de nuestro carácter provincial...»[213].

O aporte central da penetración sueva reside para MURGUIA na reconstrución nacional de Galiza que

207 Idem. páx. 113.

208 Idem. páx. 160 e ss.

209 Idem. páx. 163.

210 Na resposta a SANCHEZ MOGUEL, MURGUIA reitera a sua posición ao respeito vencellando aspectos mitolóxicos e etnográficos:

«... nos afirmamos cada día más en que Galicia es un pueblo completamente céltico, una pequeña Galica, como la llamban los historiadores medievales. Todo nos lo dice así; las antiguas creencias religiosas, las costumbres, la poesía, el arte, en una palabra el genio y la lengua de nuestro pueblo». *El Regionalismo, Ligeras observaciones...* cit. páx. 262.

211 MURGUIA, *El Regionalismo. Ligeras observaciones,* cit. páxs. 262-263.

212 Idem. páx. 259.

213 MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo III cit. páx. 29.

aqueles levaron a cabo revitalizando o sustrato étnico celta co seu aporte ário e xermánico e, asemade, recuperando a independéncia perdida por Galiza durante a romanización, através da Monarquia Sueva baixo cuxa dominación foi Galiza de novo auténtico Estado independente.

Mesmo despois da desaparición da Monarquia Sueva o influxo daquela raza e a sua civilización ficaron vixentes en Galiza conformando o sustrato étnico-cultural galego:

«La gente sueva fué vencida pero no anulada ni dispersa. Siguió en el mismo territorio, siguió poseyendo y siendo la misma al lado de la población celto-gallega con la cual se había mezclado por completo y hecho otro como ella. Fué un nuevo y poderoso elemento etnogénico que de tal modo y tan íntimamente se unió a la anterior población, y tanta influencia tuvo en la definitiva formación de nuestro pueblo que es imposible prescindir de él»[214].

Para MURGUIA, pois, costumes, supersticións, lei, linguaxe e mesmo organización social e familiar levan ainda contemporaneamente unha innegábel impronta xermánica por cuxa eficácia tivo princípio a *refundación* da nación galega. E iso non tanto en base á liquidación ou devecimento do pasado céltico, como primeira fonte nacionalitária, senón pola actualización da mesma xeberada polas conmitáncias étnico-culturais derivadas da comun estirpe ariana.

Polo demais, conxuntamente con esta fusión de elementos raciais e civilizadores céltico-xermánicos, outros factores incidirian segundo MURGUIA na reconstrución da nacionalidade galega. Asi, por exemplo, a situación xeográfica é considerada especialmente en tanto que a presenza dun território aillado e delimitado por precisos trazos viña-se engadir á «independencia de hecho» na que Galiza ficou tras perder coa monarquia sueva a «independencia de derecho». A terra, a raza, a cultura integran todos os elementos plurais sobre os que se rexe a refundación nacionalitária de Galiza, o arrizamento da própria conciéncia nacional:

«...causas si se quiere extrañas al hecho mismo de la tentativa de nuestra reconstrucción nacional por los Suevos, y que tendían a hacer durable lo que no había sido más que un reino temporario, mantuvieron vivo en la gente suevo-gallega, el anhelo de conservar la patria que conocían y que no por limitada les era menos acepta»[215].

As pegadas da aportación sueva permearian fondamente, segundo MURGUIA, a posterior história de Galizia na cal se achan presentes e vivas tanto no eido cultural, como nos costumes populares, nos desexos de autogoberno e mesmo nos rasgos físico-espirituais dos seus máis xúrdios personaxes como, por exemplo, XELMÍREZ[216].

Pertenza áica, raza celtica, civilización sueva... eis a procura da liñaxe, a fundamentación das orixes e a permanencia da diferenza, a funcionalidade desplegada polo mito celto-suevo na obra murguiana.

c. O antisemitismo.

Mais a procura da estirpe ariana, fundamentadora da «nobleza» pasada e presente da nación galega, desenvolvia un efeito moi diferente da criación dunha nacionalidade integrada a partir da sua *orixe* común. Estabelecia tamén a *diferenza,* trazaba as fronteiras entre o próprio e o alleo, o amigo e o inimigo.

De entre os efeitos xeralmente vencellados ao mito ário, autoritarismo e antisemitismo[217] nomeadamente, MURGUIA acolle, dando-lle unha testura específica, somente este último situando-o como arquetipo de oposición na sua particular articulación da *decisión de nacionalidade* [218].

---

[214] Idem. páx. 167-168.

[215] Idem. páx. 170. O elemento do autogoberno que Galiza posuíu sob a monarquia Sueva e mesmo con posterioridade, configura-semasi nun factor de tanta relevância como a própria aportación civilizadora xermánica:

«... no sólo ciertas provincias adquirieron entonces la vida y la fuerza propias de los estados independientes, sino que las hubo, y la nuestra fué una de ellas, que habiendo gozado de una larga existencia política anterior, perseveraron en esas corrientes y vivieron como separadas del resto de la monarquía, durante cierto lapso de tiempo que en Galicia va desde el momento en que los Suevos perdieron sus reyes propios, hasta que alcanzó a los godos igual desgracia». Idem. páx. 184-185.

[216] MURGUIA, *Don Diego Gelmírez,* La Coruña, 189:

«puede decirse que era de estirpe sueva, pues Gelmir o Gilmir, que así se llamaba el padre, no es otra cosa que Hildemir de los suevos, sincopado» páx. 20.

[217] LEON POLIAKOV, *Le mythe aryen,* cit. páx. 276 e ss., CH. ANDLER, *Les origines du pangermanisme,* Paris, 1945 páx. 35 e ss., e tamén ZEEV STERNHELL, *La Droite révolutionaire* cit., páx. 65 e ss.

[218] Tomamos o conceito de WENDELL BELL, *Ethnicity, decisions of nationhood, and images of the future,* in W. BELL and W. E. FREEMAN (edts.): *Ethnicity and nation-building,* London, 1974 páx. 283 e ss.:

«...os líderes que desexan criar e construir unha nación-estado, plantexan a necesidade que deben de se estabelecer unhas fronteiras xeográficas, algunha caste de goberno debe, asi mesmo, ser formado e algunhas políticas precisas deben ser levadas a cabo con obxectivos referentes aos grupos raciais e étnicos...» op. cit. páx. 289.

En efeito, a raza *semita* situa-se como térmo oposto e ponto de referéncia negativo ao celto-suevismo galego: o arquetipo e cerne dos antivalores e da diferenza.

Neste sentido, no volume da sua *Historia de Galiza* adicado ás civilizacións fenícias, MURGUIA fai un visíbel esforzo por reducir no posíbel a influéncia dos elementos semíticos na história galega é, xa que logo, na conformación etnofísica e cultural da nacionalidade criticando aos autores que outorgaban á influencia semita en Galiza máis relevância da que segundo el realmente tiña[219]. Neste último orde de cousas, MURGUIA trata de demostrar que moitas das supostas aportacións civilizadoras daqueles pobos, nomeadamente os fenícios, xa eran coñecidas dos celtas, como por exemplo a explotación e utilización dos metais como o bronce[220].

Asi e todo, o peso o influxo fenício sobre os celtas galegos «no se puede desconocer» plantexando MURGUIA, porén, os seus estritos límites:

«...aquellas colonias, escepción hecha de las que cubrieron la costa septentrional de AFRICA, no tuvieron jamás el carácter de verdaderos hechos etnográficos, y en ninguna parte fundaron un establecimiento definitivo da raza semítica... ni la raza fue reemplazada en ninguna de nuestro país, ni siquiera mezclada con la de aquellos mercaderes»[221].

Salvar a pureza da raza céltica fronte a toda influéncia semítica inferior, constituía un obxectivo sobranceiro do labor histórico murguiano. A lei da sobrevivencia dos tipos, a idea da pureza da raza ariana celto-sueva, a conservación dos costumes e hábitos orixinários... resalta sempre na sua história fronte a todo tipo de influéncia ou mesmo invasión de tipo semítico. Neste sentido, e de xeito semellante do que acontecia coa civilización fenícia sucederá coa invasión árabe. Os esforzos murguianos van dirixidos mostrar a resisténcia dos galegos á invasión e, unha vez producida esta, tratará-se de demostrar por todos os médios posíbeis a falta de penetración profunda nas raiceiras arianas da poboación galega:

«Dígase si era posible que en el nuevo Estado que se formaba en Galicia, lejos, y en oposición a los invasores, influyesen ni poco ni mucho los elementos árabes extraños en un todo a los tradicionales y de raza dominantes en el país gallego! Dígase si la cultura nacional interrumpida gracias a las desolaciónes de la invasión, pudo deber algo a los que teníamos por enemigos de nuestro dios y de nuestra patria!... En nada se advierte la influencia árabe ni se ve que fuera necesaria para cosa alguna»[222].

Fundamentada a *diferenza* que distingue de xeito definitivo duas civilizacións, a ariana e semítica, que encarnan os dous polos dunha contradición antagónica, o paso seguinte achaba-se xa practicamente dado: a raza ária non somente era *distinta* da semita senón, e sobre todo, *superior.* A raza semita pasaba a configurar-se deste xeito como unha a modo de antítese da raza ária e se aquela se achaba dotada de todas as virtudes, esta posuia sen dúbida todas as taras e limitacións.

A OPOSICIÓN ÁRIO-SEMITA EN MURGUIA

CÉLTICO-SUEVO	SEMITA
«Superior»	«Inferior»
«Europeo»	«Africano»

Do mesmo autor é de interés a análise concreta da movilización nacionalitária xamaicana onde se articulan con especial profundidad elementos raciais e relixiosos, WENDELL BELL, *Jamaican leaders. Political attitudes in a new nation,* Berkeley, 1964.

[219] MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo II cit. páx. 58.

[220] «Pictet, en sus *Orígenes...,* ha probado que los arianos no sólo conocían la mayoría de los metales usuales, sino también el bronce, cuyo descubrimiento pudieron traer consigo los celtas al separarse de la rama común, y es un hecho que, si respecto de sus aleaciones, por ser contados los análisis, no se puede establecer base alguna, en cambio, nos es posible advertir que los escasísimos bronces que conocemos, e indican así o una grande antiguedad o que habían sido fundidos por un pueblo que no daba tanta importancia como el fenicio a los adornos...»

Historia de Galicia, Tomo II cit. páxs. 38-39.

[221] Idem. páx. 34-35. Mesmo certos costumes de «pretendida» orixe fenícia son atribuídas por MURGUIA á influéncia ariana na sua vontade de minimizar a influéncia semítica en Galiza:

«... será prudentísimo vacilar antes de atribuirles ciertas costumbres que se pueden tener por originarias de aquel pueblo y sospechar, a pesar de todo, que son arianas. Cuando la raza céltica las conservó a través de tantos siglos y en la mayor parte de las distantes comarcas en que se asentaron sus hijos, bien puede presumirse que pertenecían al fondo de creencias que poseían antes de su dispersión». Idem. páx. 36.

[222] MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo IV, páx. 22.

CÉLTICO-SUEVO	SEMITA
«Progreso»	«Decadencia»
«Campiña risueña»	«Desierto estéril»
«Valentía»	«Indiferencia»
«Dureza»	«Molicie»
«Modernidad»	«Pasado»
«Permanencia»	«Fugacidade»
«Propieda / Individualismo»	«Comunismo»
«Blanco»	«Oscuro»
«Civilización»	«Falla influxo»
«Propio»	«Alleo»
«Duración»	«Intensidade»
«Capacidad»	«Impotencia»
«Profundidade»	«Superficialidade»
«Traballo»	«Lecer»
«Libre»	«Autoritario»
«Auténtico»	«Ficticio»
«Norte»	«Sur»

da sua consideración como *raza inferior* e decadente. Así por exemplo, fronte á invasión romana, mentres o elemento céltico combateu até a morte, simbolizando a súa vontade de independéncia no sacrifício heroico do Medúlio, as colónias semíticas do litoral permaneceron impasíbeis e indiferentes, faltos do sangue «indómito» do celta, en tanto que:

«hombres en quienes la raza semítica y la posesión de riquezas producía sus naturales resultados»[223].

E o mesmo acontece cos árabes: frente ao valor, dureza, pureza e modernidade das razas nórdicas e arianas, os árabes son mostrados por MURGUIA como depositários de todos os antivalores: razas as primeiras nacidas para o triunfo no porvir, as segundas irremisibelmente destinadas á decadéncia e desaparición:

«todo lo suyo tiene la viva intensidad de las últimas llamas de un incendio, pero asimismo su inutilidad manifiesta. A aquella región de antiguo semitizada no le cuadraban más que los cielos de fuego que la cubren, las movedizas imaginaciones de sus hijos, la insustancialidad de la raza que vino a poblarla y algo así como lo salvaje del desierto medio oculto por la policía de una tienda real convertida en palacio... la sociedad a la que da vida es por lo tanto efímera, va de la infancia a la caducidad sin tener otros días brillantes que los necesarios para hacer más visible su nada... ni un solo día transcurre sin que, a pesar de sus triunfos, no sea visible la decadencia en que cayeron desde un principio en contacto con razas más civilizadas y poderosas»[224].

Asi, frente ao fulgor momentáneo da civilización árabe-semítica, —que mália o seu desplegar de vitorias políticas, culturais e militares non chega a ocultar a fugacidade das «razas impotentes». MURGUIA contrapón, no ponto álxido do seu occidentalocentrismo, a conciéncia da forza e superioridade dos Estados cristiáns, dotados dun vigor incoparábel, dun provir luminoso. A afirmación face ao alleo, ao estranxeiro, desenvolve aqui a sua maior radicalidade: será precisamente esta inferioridade da raza semita a que fornece a falta de incidéncia na civilización nacional galega:

«Su influencia se detiene en lo superficial y en lo que se refiere a la comodidad de las clases superiores. Lo demás les es ajeno. El vigor celto-germano de los pueblos del noroeste, les es superior en las cosas de la inteligencia y el corazón»[225].

Superioridade e diferenza que inducen sen dúbida o *conflito,* a oposición entre unha e outra raza,

223 Idem. Tomo II, páx. 310.
224 Idem. Tomo IV páxs. 25-26.
225 Idem. Tomo IV páx. 30.

unha e outra civilización; e iso tanto máis canto no seo do Estado español o elemento semita domina politicamente a unha raza céltico-sueva que por diferente e superior precisa ser dona do seu destino, dar-se as suas próprias leis, auto-organizar a sua vida política, falar a sua língua, manter os seus costumes:

«Cando vos vemos, homes do mediodía... cando entramos na vosa casa, vivo trasunto da tenda do pastor berebere, entonces é cando se fai patente para nós o *perpetuo conflicto en que, en tódolos ordenes, vivimos convosco.* Na *relixión, no arte, na lei somos alleos os uns aos outros.* ¿Qué mais? Na mesma familia que é onde persisten con mais forza os rasgos fundamentais de cada povo, aparecedes tan diversos de nós como a familia semita da ariana... *Os homes do Korán, os semitas, que inda erran como sombras polas terras de España so importan porque son un perigo e un estorbo*»[226] (subliñados nosos, R. M.)

A superioridade étnico cultural presenta-se asi como fundamentadora non xa dunha superioridade abstracta ou unha mera diferenza espiritual, senón que se proxecta de xeito case inmediato na crítica dun estado unitário que expresa unha volición política allea, exercida sobre o pobo galego e, en definitiva, na exixéncia dun autogoberno para Galiza:

«España, donde viven en perpetuo conflicto intelectual, pueblos verdaderamente europeos y pueblos cuyo origen, cuya raza y civilización son por entero africanos... pues las llanuras centrales que sirven para unir lo que Dios creó separado, participan de las condiciones de las gentes que sobre ellas descendieron y sólo son dueñas de... una extensa y desolada llanura, un sol ardiente y una tierra sin agua... ¿Qué lazo de sangre, qué lazo histórico ha de unir naciones cuya cultura tiene tan distinto origen y fundamento?»[227].

Superioridade e europeidade do elemento étnico galego, e crítica do unitarismo integran a eficácia presente do factor racial no pensamento de Murguia, moi diverso, por máis que concorrente, daquel outro cuxa eficácia residia na recuperación da dignidade nacional dun pobo através da historización tráxico-heroica do seu pasado.

d. Avaliación do «racismo» murguiano.

Unha vez ollada a configuración do elemento étnico no sistema murguiano, compre adentrar-se agora na sua funcionalidade político-ideolóxica, na sua natureza final.

Neste orde de cousas, á hora de facermos unha avaliación do elemento étnico en MURGUIA, entendemos debe abandonar-se toda perspectiva de *xuicio moral,* acusador ou exonerador tanto ten, verbo desta «incómoda», mais non por iso menos innegábel, presenza.

Efectivamente, trata-se de analizarmos a articulación concreta que, tanto no plano máis abstracto e teórico como en estado práctico, reveste o «racismo» na obra murguiana, e, asemade, ollarmos a funcionalidade que no interior do seu nacionalismo asi como naquela coxuntura histórico-política concreta da nacionalidade galega, desenvolve un tal «racismo».

Porque, do que non cabe dúbida razonábel despois do exposto nas liñas anteriores, é do feito ineludíbel da recepción en MURGUIA do cerne das teorias da raza e as suas prácticas derivadas no eido historiográfico. Para o noso autor, en efeito, constituía unha evidéncia *a identidade, ben fose por causalidade, redución ou mesmo por analoxia, da forma cultural e a forma somática*[228].

Disto derivaba-se, como temos documentado de xeito patente, toda unha plural tradución ou reflexo do biolóxico no eido da cultura e da civilización, agromando en toda a sua eficácia os princípios nodais da teoria das razas: lei de permanéncia dos tipos, diferenzas e superioridade dunhas civilizacións sobre outras, etc. etc.[229].

Neste orde de cousas, e cara concretarmos a natureza do racismo murguiano, compre antes de todo analizarmos a sua *funcionalidade*, tanto interna ao seu discurso como externa, cara o movimento galeguista. Neste sentido podemos estabelecer os seguintes niveis de eficácia do devandito elemento étnico:

1. En primeiro término, e sen dúbida o máis patente, *a fundamentación da comunidade de orixe* da

226 MURGUIA, *Discurso nos Xogos Frorais de Tui,* páx. 88.
227 MURGUIA, Galicia Regionalista, Discurso do Certame literario de Pontevedra, páx. 8.
228 Como ten asinalado COLETTE GUILLAUMIN:
«A bioloxización da percepción, en tanto que asociada á percepción da diferenza social, forma o nó da organización racista. Sob o signo da hostilidade que enmarca as relacións entre os grupos... permanece fundamentalmente o *signo* biolóxico. O carácter físico aparente (ou crido tal) comprendido o acento, a língua, a xestualidade, etc., apreende-se como biolóxico. Non importa que caste de diferenza física poda ser privilexiada en tanto que poda dar un soporte físico a unha designación social... *Unha diferenza física real non existe en tanto que resulta dese xeito designada, en tanto que significante para unha cultura calquer*».
L'ideologie raciste: genese et langage actuel, Paris, 1972, páx. 67.
229 FRANCOIS DE FONTETTE, op. cit. páx. 65.

nacionalidade galega, a materialización da comunidade simbólica sobre a comunidade xenético-natural. Diria-se que, en certa maneira, a raza *precede* aos demais elementos conferidores, segundo MURGUIA, do carisma nacionalitário a un pobo dado, que somente atinguen sentido en base a este dado prístino da identidade de orixe: a História é asi para o noso autor, a história dunha raza, a vontade política, vontade asimesmo dunha raza. A própria *naturalidade* deste factor situa-o, desde o ponto de vista lóxico, como ponto de partida de todas as aseveracións nacionalitárias posteriores[230] no seo da articulación global posta en pé por MURGUIA. A acción fundamentadora atinxe deste xeito unha base material e fisicista que promove unha imaxe de inamovilidade, de intanxibilidade. Deste xeito a «voz do sangue» devén unha sorte de motor inmóvil ideolóxico alleo, na sua radical formulación, a calquer sorte de temporalidade ou limitación doutro orde.

2. En segundo lugar, o elemento étnico no seu desenvolvimento mítico celto-suevo contribui, sen dúbida, nunha perspectiva *voluntarista*, reforzando a *decisión de nacionalidade:* a conciéncia nacional dunha banda, doutra a recuperación dunha dignidade perdida tras séculos de ominosa sumisión, miséria, abafante centralismo e proscripción da própria cultura. O mito fornece dunha identidade mais non unha identidade nacional calquera: vigorosa, vital, forte, superior...

Asemade, o elemento étnico proporciona, unha sorte de seguridade no referente: lonxe de camiñar a cegas cara un futuro bretemoso, esvaido, cicais imposíbel... trata-se de *recuperar* algo que xa se fora, que xa se tivera... a raza actualiza asi ao pasado glorioso, a Idade de Ouro perdida: o próprio sangue porta a «semente de mencer». A raza situa-se asi como base material indiscutíbel sobre da que se ergue a *vontade de nación,* unha sorte de voz interior que chama constantemente á recuperación da Idade de Ouro, que galvaniza tamén os azos precisos para unha tal empresa...

3. En terceiro lugar, a raza pula a diferenza no sentido último de conflito, delimita as fronteiras, separa o próprio do alleo; sinala, en fin, ao *inimigo* secular, os semitas, razas inferiores mais, asi e todo, dominadoras, sometedoras doutra superior. Ese *inimigo nacional* histórico, fronte ao que dialecticamente se desenvolve a afirmación nacionalitária concebida decote ao xeito da negación hegeliana da negación...

O inimigo alleo, semítico... ponto de referéncia belixerante e galvanizador da comunidade nacionalitária, criador de novos e estreitos vínculos comunitários, sitúase como un elemento decisivo na conformación da nacionalidade galega que se construi e se define a si mesma enfrentadamente con este arquetipo da antipátria.

4. Xunto con esta designación do inimigo nacional, a interpelación aos galegos como raza situa as contradicións internas nun segundo plano. A *comunidade de orixe* construi un bloque interclasista agrupando aos máis diversos e ainda encontrados sectores sociais primando os factores de identidade e achegamento sobre o de conflito: a posesión dunha mesma natureza étnica, non somente no pasado senón na própria contemporaneidade, constitui un elemento esencial na cristalización e consolidación do pobo-nación.

Desde a perspectiva da criación do suxeito nacional galego, a interpelación racial que o mito celta implicaba tendia a despregar unha importante eficácia nun país atravesado por moi fortes contradicións sociais resultantes do enfrentamento de dous modos de produción antagónicos.

5. Outra funcionalidade decisiva desta interpelación céltica, que exemplifica palmariamente a caste e orientación final do nacionalismo murguiano, ven constituída polos efeitos de *modernización e europeización* que desempeña na fundamentación nacionalitária murguiana. En efeito, o factor étnico en MURGUIA xoga un claro papel de achegamento dos galegos en virtude da sua raza nórdico-ariana, á contemporaneidade dos «pueblos verdaderamente modernos», nas antíodas de calquer tentación pasadista.

A comunidade racial cos máis avanzados países europeos situa a potencialidade de progreso que o pobo galego posui cara o futuro: frente á decadéncia irremisíbel das razas semitas: casteláns, andaluces etc... a Galiza corresponde-lle un porvir de gloria e desenvolvimento económico e cultural. Asi, no libro *Galicia,* ao estabelecer o vencellamento do pobo galego á «nobilísima» raza ariana, entende que aquel:

«Es hijo de los celtas franceses que franqueando las alturas que separaban la Céltica de la Iberia, fueron estableciéndose poco a poco... *dando a las poblaciones que iban creando a su paso acusado carácter europeo; a nuestras gentes como a ninguna otra»*[231] (subliñado noso, R. M.).

[230] MURGUIA, *El Regionalismo. Ligeras observacions* cit., páxs. 260 e ss.
[231] MURGUIA, *Galicia* cit., páx. 117.

Asimesmo, no seu discurso *Galicia Regionalista* no certame literário de Pontevedra equipara celtismo, europeización e modernidade:

«Volved la vista a las rudas quebradas a que se ha retirado con su fe el germano con sus nativas durezas y el celta con su gran instinto civilizador; bien pronto se percibe que bajo la ruda corteza del jefe feudal, y entre las indecibles angustias del hombre lijio, *se ocultan los gérmenes del hombre moderno... es en ellos donde el espíritu individualista tiene su más firme asiento»*[232] (subliñado noso, R. M.).

A xenealoxia ariana despliega asi este decisivo efeito de separación do galego e o africano semítico, achegamento a Europa, á modernidade e ao progreso: a raza fai aos galegos «hijos de nuestra región, pero también... de nuestro tiempo». Lonxe de implicar un arrenego do presente e un verter-se cara arelas pasadistas e reaccionárias, a raza inserta-se como un elemento decisivo de contemporaneidade no pensamento murguiano: a vinculación do celtismo co liberalismo através do *espírito individualista,* amosa até que ponto o plantexamento étnico de Murguia se integra no seu proxecto global liberal-progresista. A articulación final progresista do nacionalismo murguiano acolle a modula, reconduce, os efeitos derivados da aceitación da teoria da raza fornecendo-se dunha funcionalidade *dignificadora* do pobo galego, controlando, dentro de certos límites, os seus efeitos xenófobos.

6. E xa, por último, o mito céltico promove a impugnación da estrutura centralista do Estado. As diferenzas de orixe e de civilización implican o replantexamento radical das relacións entre as nacións interiores no Estado español, a necesidade, en fin do autogoberno galego. O Estado unitário e centralista é impugnado desde esta perspectiva como a tirania dunha raza inferior, semítica, sobre uns pobos de raza superior e nórdica: Catalunya, Euskadi e Galiza.

O elemento étnico remata deste xeito situándose na base da própria e concreta política rexionalista aportando factores incidentes no próprio proxecto descentralizador do movimento.

Compre agora, analizada a funcionalidade plural desenvolta polo «racismo» murguian procurarmos as derivacións político-ideolóxicas que do mesmo son tiradas por MURGUIA.

Neste orde de cousas, mostra-se con claridade desde o princípio a existéncia de notórias diferenzas entre o «racismo» de MURGUIA e o do máximo exponente español do momento, ARANA Y GOIRI. E trata-se de auténticas diferenzas verbo da *articulación global*[233] do elemento étnico no seo da concepción nacionalitária e non somente de meras diferenzas de funcionalidade.

Asi, o «racismo» de Murguia amosa-se ante todo como un elemento fundamentador da nacionalidade galega entre cuxos efeitos políticos non se contan os máis nomeadamente xenófobos: o elemento da «diferenza» predomina sempre sobre o momento da agresión»[234].

En efeito, non resulta en absoluto alleo á configuración interna do racismo murguiano o feito patente de que á pureza da raza céltica non se conecte por ningures o sectarismo no sentido Aranista cara a interioridade do rexionalismo estabelecendo un degrau de patriotismo en base á presenza de determinados rasgos galegos[235] nen tampouco no antidemocratismo ou elitismo dun CARYLE[236]. En definitiva, a articulación global do elemento étnico, nun proxecto de fundación nacionalitária de signo liberal e progresista, desenvolve en MURGUIA o efeito de reorientar a sua aceitación das teorias da raza nunha dirección allea aos extremos máis violentos, xenófobos e discriminadores das mesmas. E isto, compre subliñá-do, non somente porque a *conxuntura* galega fixese imposíbel a formulación racista nunha perspectiva «imperialista» ou «segregacionista» «antimaketa», senón *tamén pola própria diferenza nacionalitária global de signo marcadamente liberal e progresista.* En definitiva, achamo-nos en presenza dun *etnocentrismo* mais que dun «racismo» en estrito sentido[237].

Non obstante, e en tanto que MURGUIA acolle o núcleo da argumentación da teoria das razas, por

[232] MURGUIA, *Galicia regionalista* cit., páx. 7-8.
[233] Diferenzas polo tanto *limitadas,* dada a aceitación murguiana dos supostos fundamentais das teorias da raza, á articulación ideolóxica deste «racismo» no «sistema» de MURGUIA. Articulación que dará conta das *consecuéncias políticas concretas* que se tiren desde factor étnico operante no conceito de nación do noso autor.
[234] Cfr. ao respeito as reflexións de CORCUERA, *Orígenes, ideología y organización del nacionalismo vasco, cit.*, páx. 386, onde se analiza o antiscialismo existente sob o antimaquetismo: o racismo basco conxuntamente co seu cometido fundador desenvolve en ARANA toda unha funcionalidade de lexitimación da importanción de plusvalias xeradas fora de Euzkádi, da marxinación política interna da clase obreira inmigrante e, xa que logo, do partido que a representaba na escena política basca: O Partido socialista, op. cit. páx. 292.
[235] JEAN CLAUDE LARRONDE, *El nacionalismo. Su origen y su ideología en la obra de Sabino Arana y Giori,* San Sebastián, 1977, páx. 125 e ss.
[236] MICHAEL BANTON, *The idea of race,* cit., páxs. 35 e ss.
[237] Empregamos o conceito no seu sentido xenérico tal e como é formulado por LEVI-STRAUSS en *Race et Histoire,* Paris, 1961, páx. 19. Asi e todo, compre asinalarmos que a necesidade de diferenciar un *etnocentrismo* ideolóxico dun *racismo político* non debe levar-nos a

máis que modulan-doa, e a vincula e incorpora indisolubelmente á fundamentación de Galiza como nación, fica sempre aberta a posibilidade dunha posterior articulación deste corpus de valores nacionais teorizados por MURGUIA e incorporados á tradición galeguista perspectiva moi diferente da liberal-progresista murguiana, onde o elemento étnico desenvolva as potencialidades xenofóbicas e segregacionistas que lles son innatas e que apenas atinguia controlar a concepción global do nacionalismo murguiano[238].

Daí que a incorporación por MURGUIA ao nacionalismo do elemento étnico ao tempo que a sua eficaz funcionalidade conleva, e iso non pode ser descoñecido, *intrinsicamente,* un amplo abano de posibilidades de violéncia, de intrasixéncia, de preparación nalgunha medida daquelas «guerras zoolóxicas» das que falaba RENAN... posibilidades que se verian potenciadas no caso de que unha tal fundamentación nacional de Galiza se inscrebese no seo dun pensamento reaccionário, médio sempre idóneo cara desenvolver a sua negatividade. A leitura protofascista que anos máis tarde faria VICENTE RISCO da fundamentación murguiana, patentiza nidiamente unha tal posibilidade[239].

B. O problema do «caracter» nacional galego.

O carácter nacional integra, sen dúbida, un dos elementos empregados na «fundación» conferindo a unha comunidade o carisma nacionalitário. Desde MONTESQUIEU constituí un factor omnipresente a atribución a cada nación dunhas cualidades espirituais, psicolóxicas, que integrarian a «alma colectiva» da nación en cuestión[240].

MURGUIA, pola sua banda, tamén recolle esta proteica manifestación do espírito nacional, situando o «carácter» galego entre os elementos inducidores da entidade nacional de Galiza. O carácter nacional acha-se integrado unhas veces polas peculiaridades psicolóxicas atribuidas ao pobo galego: a bravura, a ternura, o sentimento relixioso, o amor á terra, unha certa dozura varil, etc. etc...; outras, encarna nas máis diversas manifestacións da cultura popular galegas: mitos, lendas, usos, costumes, etc. Presenza que enche páxinas e páxinas na obra murguiana debuxando o perfil psicolóxico, a *alma galega* nas suas máis diversas facianas.

Mais, asi e todo, é conveniente ao noso entender, clarexarmos desde o princípio o peculiar estatus que a este elemento do «carácter nacional» corresponde na formulación global do nacionalismo murguiano. Porque unha constatación que se impón con toda evidéncia a estes efeitos é o lugar *periférico e derivado* que o elemento do carácter nacional posui na obra do noso autor nunha perspectiva cualitativa.

En efeito, o peso decisivo que o elemento étnico desempeña no labor de fundamentación murguiana desemboca en que o espírito nacional galego sexa unha derivación, unha mera emanación daquel. O carácter nacional constitui claramente unha única *proxección* directa da raza céltica, a sua expresión inmediata...

Nada máis lonxe pois, do VOLKGEIST herdarian, que este «carácter nacional» conformado sob a dirección das teorias da raza. Vencellado o primeiro a diversos factores entre os que a raza se acha ausen-

ignorar, o que acontece con LEVI STRAUSS, por exemplo, que ambos os dous comparten o postulado da identidade *entre a forma cultural e a forma somática.*

238 Como ten asinalado lucidamente BERNARD-HENRY LEVY, ao referir-se a «unha certa idea da raza» presente no pensamento francés contemporáneo:

> «Milagre dun racismo depurado, naturalizado, nacionalizado, asimilado ao xénio, á mesura... Pródigo dun racismo sen racismo, dun racismo sen raíces, dun racismo que sen matar, sen ruído e sen ostentación, exclui aquilo onde, simplemente, non se atopa a linaxe colectiva... é aquel que atopamos en Vichy, como embrión dun dispositivo onde haberia que rearticular no centro do noso pensamento reaccionário...» *L'ideologie française,* Paris, 1981, páxa. 123.

239 O feito de que RISCO —quen comenta as loubanzas de GOBINEAU por MURGUIA dicendo: «vese que Murguía sabía comprender aos grandes homes», en *Manuel Murguía* cit. páx. 30— oriente o racismo murguiano nunha dirección protofascista, non resulta dunha redefinición da teoria da raza daquel, senón da sua *articulación* nunha perspectiva irracionalista, autoritária e antidemocrática, onde a fundamentación étnica desenvolve toda a sua potencialidade, xenefóbica e discriminante, non xa fundamentadora da diferenza, *pois non é de nengun xeito un elemento neutro.* A traxectória política posterior de RISCO configuraria-se, asi, non como unha «ruptura» cos seus plantexamentos nacionalistas anteriores, senón, polo contrário, como o máis lóxico desenvolvimento dos seus plantexamentos anteriores, onde o que resulta discordante é precisamente a sua integración nun nacionalismo pluralista como o do Partido Galeguista e as Irmandades.

240 Cfr. ao efeito LOUIS L. SNYDER, *The dinamics of nationalism,* Princeton, 1964, páxs. 56 e ss.

A bibliografia sobre o carácter nacional é inmensa. Contra os plantexamentos mais inxénuos e descritivos do problema ao xeito de SALVADOR DE MADARIAGA, *Englishmen, Frenchmen, Spaniard: An essay in Comparative Psicology,* London, 1928, pode ver-se o clásico: HAMILTON FYFE, *The illusion of national character,* London, 1940, pp. 3 e ss. e, entre nós, JULIO CARO BAROJA, «El mito del carácter nacional», en *Meditaciones a contrapelo,* Madrid, 1970, pp. 71 e ss.

te: tradicións, xeografía, entorno, clima... mantendo en todo momento esta pluralidade de coordenadas como fornecedoras do «espírito do pobo»[241], acha-se en troques o «carácter nacional» murguiano convertido en mero subproduto do factor étnico.

En HERDER, en efeito, o «espírito do pobo» amosa-se moito menos absoluto e determinado, debedor mesmo nalguns aspectos do pensamento rousoniano, mália o radical mutamento no conceito de pobo empregado por un e outro pensadores. Precisamente este carácter proteico, non nas suas manifestacións senón nos seus próprios componentes do VOLKGEIST, situaba a HERDER en alleidade ao nacionalismo político ou biolóxico. Seria precisamente neste sentido como o autor alemán concebiria o peso do elemento lingüístico como auténtica expresión da alma dun pobo, o mesmo que os costumes populares, face ao aristocratismo do racismo biolóxico[242].

En MURGUIA, porén, en base á sua aceitación das teoria da raza e a identificación entre a raza e as manifestacións culturais —de tal xeito que cada étnia leva consigo inscrita no «sangue» o nível de civilización que lle é dado atinguir o espirito do pobo fica reducido á manifestación plural da raza celto-sueva.

En efeito, na obra murguiana raras son as veces nas que aparece o espírito nacional do pobo galego como tal, isto é como decantación do médio e das diferentes civilizacións que o poboaron coas suas arelas e os seus conflitos:

> «El rasgo peculiar de su carácter (De Galicia) es la resistencia; pero eso nunca tuvo influjo alguno sobre los demás pueblos de la Península. Ora formasen su población los rústicos burgos del celta, ora los conventos jurídicos del romano...»[243].

Pola contra, a maior e abrumadora maioria das ocasións en que MURGUIA se refere ao carácter nacional, fai-no para *reflexar* as características psicolóxicas ou espirituais de tal ou cal raza. Asi, por exemplo, ás razas inferiores, nomeadamente as semíticas, son-lle atribuidas unhas cualidades manifestamente negativas: indoléncia, caducidade, superficialidade, autoritarismo....

Polo que se refere á raza céltica, atopamos nela, na liña de reducionismo étnico á que antes nos temos referido, as características fundamentais integradoras do carácter nacionalitário galego. Asi, o sentimento de relixiosidade[244], a combatividade e a

241 En palabras dun dos máis importantes estudiosos;

> «A posesión dunha cultura comun, HERDER aplica o termo nación, ou máis precisamente Volk ou nacionalidade... A estrutura política do «Volk-Staat» de HERDER é concebida nun lineamento anarco-pluralista. Non é un simple foco de poder xa que o goberno non se acha revestido dunha permanente autoridade administrativa.... O Volk Staat e unha unidade territorial na cal a conciéncia da comun pertenéncia a unha comunidade de herdo cultural ordena libremente as suas vidas sen a estrutura legal». F. M. BARNARD, *Herder on social and political culture,* Cambridge, 1969, páx. 7.

Precisamente o peculiar posicionamento de HERDER, intermédio entre o herdo da ilustración e o posterior nacionalismo xermánico ao que tende tenazmente ser reducido, é obxecto doutro traballo do mesmo autor: *Herder's social and political thougt: from enlightenment to nationalism,* Oxford, 1976, onde se afirma;

> É através da linguaxe como o indivíduo chega a formar parte a un tempo da sua aseidade e a sua nacionalidade. Neste sentido, a identidae individual e a colectiva deveñen unha soa. Esta identificación revela o influxo da filosofia de Rousseau da *vontade xeneral* e asinala ao mesmo tempo o seu superamento.... Asi, o desenvolvimento dunha comunidade distinta através dunha conciéncia colectiva é referida en termos de «caracter nacional» englobadora deste aspecto lingüístico e outros xeográficos, históricos e culturales e desenvolta fundamentalmente en *Ideas para unha Filosofía da Historia da Humanidade,* op. cit. páx. 136.

242 MEINECKE chega mesmo a afirmar:

> «Nesta descrición do «espírito do pobo» grego (na *Filosofía da Historia do 1774*) reflexaba-se a grande imaxe do mundo que HERDER tiña recebido da tradición platónico-neoplatónica através da LEIBNIZ e SHAFTESBURY. Pois tamén esa se fundaba na unidade e diversidade, transformación de forzas e a máis bela totalidade no grande». *El historicismo y su génesis,* México, 1943, páx. 345.

engadindo:

> «O fenómeno histórico individual converteu-se en HERDER en simple medio cando se extremou a idea de evolución, entendida en sentido normativo até convertér-la en idea de progreso... *se ben incorreu nunha idealización dos tempos primitivos, subliñou, desde o princípio, a sua irrestituibilidade,* e, con iso tamén a sua relatividade...» Op. cit. páx. 348.

Verbo do problema da raza en HERDER, MEINECKE afirma:

> «*O seu ideal da humanidade tropeza co conceito da raza que, na sua opinión, ameaza con facer novamente, a humanidade ao estádio da pura animalidade... Só falar de razas humanas pareceu-lle xa innobre.* As suas cores perden-se unhas nas outras e todo fica finalmente na matización dun e o mesmo cadro. O verdadeiro soporte do grande proceso xenético colectivo foi para el e continuou a se-lo, o pobo, e por riba del, a humanidade». Op. cit. páx. 365. (Subliñados nosos, R. M.).

243 MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo I, cit., páx. 219.

244 «Vástago fecundo de la fértil rama ariana, el celta gallego, como todos sus demás hermanos, aparece, en cuestión de creencias religiosas, apegado al extenso naturalismo que es como su sello imborrable. El sol, la luna, las estrellas, la mar, los ríos, las fuentes, lo

resisténcia[245], o lirismo[246], o instinto civilizador[247]... e, asemade, toda unha série de costumes e hábitos folklóricos[248] son entendidos como a expresión pura e inmediata da raza celto-sueva, da que constituen unha emanación étnica e a histórica por mor do permanecimento dos tipos raciais a conservación do inmorrente espírito da estirpe ariana.

En definitiva, o carácter nacional, entendido como *espírito da raza* e non como o *espírito do pobo* no sentido herderiano baixo do impacto das teorias étnicas, permanece meramente periférico como subproducto do elemento racial no interior do cal e fagocitado e subsumido. GOBINEAU triunfa nestes aspectos da obra murguiana claramente sobre HERDER[249], e, xa que logo, sobre daquel MANCINI de quen explicitamente se reclamaba o noso autor.

IV A LINGUA GALEGA NAS RAICEIRAS DA NACIONALIDADE

En multitude de movilizacións nacionalistas, desde a Franza revolucionária até a Turquia kemalista pasando polo Xapón «meiji», a língua, en tanto que factor central da cultura nacional, xoga un papel clave na dinámica de creación, agregación e consolidación do pobo-nación como suxeito colectivo actuante.

Sen dúbida, a centralidade da língua no seo das nacionalidades foi teoricamente formulado por vez primera por HERDER, para quen a própria língua, condensación do *Volkgeist* do pais de que se trate, representaba o fundamental sinal de identidade. Asi, e porriba de todo desprestíxio nos círculos intelectuais urbanos, a práctica e uso oficiais e normalizados das línguas populares pasaron a ser entendidos como un dos máis elementais direitos nacionais[250].

Posteriormente, e xa nunha patente perspectiva nacionalista, lonxe dos plantexamentos universalistas de HERDER, a língua foi considerada como un elemento central polos nacionalistas xermánicos e os seus predecesores. Asi, para ADAM MULLER, a língua é analizada nunha perspectiva étnica o mesmo que acontecia, como temos referido, con alguns autores franceses[251], e FICHTE, nos seus *Discursos á nación alemá* vencella estreitamente a cuestión lingüística coa do autogoberno[252].

Superada posteriormente a consideración idealista do excesivo peso da linguaxe na consolidación das nacionalidades[253], recentemente alguns autores como GELLNER, no seo da sua específica problemática teñen recuperado o factor lingüístico e destacado con convencimento a sua funcionalidade agregadora e de socialización cidadá no seo dos procesos de construcción nacional[254].

Admitindo con GRAMSCI a presenza da cultura «nacional-popular» como cimento soldador e fraguador da comunidade nacionalitária, a língua situa-se, sen dúbida, como un elemento decisivo entre as tarefas da «intelligentsia» postuladora dun movimento a prol do erguimento político-moral desa comunidade. A criación dunha literatura nacional e valoración dos seus precedentes mostra-se como o primeiro paso, «culturalista», mais contendo xa «in nuce» potencialidades político-estratéxicas, de toda moderna fundación nacionalitária[255].

A. O Galego como «Língua Nacional».

O labor fundamentador de MURGUIA no eido lingüístico vai estar presidido pola aceitación do postulado «língua distinta, distinta nacionalidade» que se traducira nun abano plural de manifestacións diversas: a claridade conceptual reclamando para o galego o estatuto de *língua* e o superamento da sua consideración como mero *dialecto*, a reivindicación das suas cualidades intrínsecas: antigüedade, plasticidade, expresividade e riqueza... etc. etc. En definitiva, a língua ten a sua importáncia na obra murguiana ainda que xamais atinxa o peso do elemento étnico ou mesmo da conciéncia nacional.

Asi, en primeiro lugar, é-nos constatábel na obra murguiana unha valoración, en abstracto, do papel da língua nos procesos de construción nacional. En efeito, na sua *Historia de Galicia*, por nos referirmos a unha obra significativa, son reiteradas as alusións ás línguas como auténticos sinais de identidade colectiva dunha nacionalidade:

> «Mientras un pueblo habla su lengua, puede decirse que tiene todavía vida propia, que forma una agrupación unida por todos los vínculos sociales...»[256].

Atinguindo, en ocasións circunstanciais, unha valoración sobranceira entre os factores nacionalitários:

> «nuestro idioma, principal elemento de las nacionalidades que se forman y subsisten»[257].

ou cando perante a invasión árabe valora o feito de que o galego mantivese toda a sua entidade sen tolerar influxo nengun; refere-se a el nomeando-o:

> «la lengua, signo el más característico y declarado de toda nacionalidad legítima»[258].

A valoración desta centralidade do feito lingüístico é relacionada directamente por MURGUIA coa entidade nacional de Galiza da que se integra como un elemento irrenunciábel expresivo da sua diferenza:

> «Lengua distinta se ha dicho siempre, distinta nacionalidad. Sintiéndose así Galicia se tuvo siempre por Nación de hecho»[259].

De tal xeito que a língua integra un dos elementos da diferenza e como tal debe ser cuidado, cultivado, desenvolto como unha das tarefas centrais do

---

mismo que el bosque y la montaña... tienen para él voces y misterios, todo encierra un algo del espíritu divino con que los ha dotado». *Galicia*, cit., páx. 139.

245 «Mientras cántabros, astures y gallegos peleaban en las enhiestas cumbres que les servían de asilo, las ciudades marítimas... ni se presentaron en rebelión, ni sabemos que hubiesen contribuido en manera alguna a asegurar la causa santa de la independencia de la patria».
MURGUIA, *Historia de Galicia*, Tomo II, páx. 310.

246 MURGUIA, *El regionalismo. Ligeras observaciones*, cit. páx. 87.

247 MURGUIA, *Galicia*, cit., páxs. 25, 87 etc.

248 MURGUIA, *Historia de Galicia*, Tomo I, páx. 267.

249 «No hay dentro de la religión, de las creencias, del gobierno, de la vida interior, cosa alguna que se escape a la fatalidad de su origen, delatándose, haciendose patente, dominando por entero en nuestro corazón... las leyendas son otras tantas pruebas del origen céltico —y aún pudiera añadirse solo céltico— de nuestras gentes. Importa, pues, decirlo, *importa consignar aquí, integro, sin mezcla, informando nuestro ser moral y materialmente, dándole tono, importancia y vida activa*».
Galicia, cit., páxs. 112-113 (Subliñados noso, R. M.).

250 Cfr. ao efeito ISAIAH BERLIN, «Herder and the enlightenment», in E. R. WASSERMAN (edit.) *Aspects of the eihgteenth century*. Baltimore, 1965, páx. 47 a 104, e F. M. BARNARD, *Herder on social and political culture*, cit., páxs. 314 e ss.

251 L. S. SNYDER, *The idea of racialism*, cit. páx. 76 e ss.

252 «De la misma manera que, sin lugar a duda, es cierto que allí donde hay una lengua específica debe existir también una nación específica con derecho a ocuparse de sus asuntos con autonomía... ¿cuál puede ser la literatura de un pueblo sin autonomía política?».
J. GOTTLIEB FICHTE, *Discursos a la Nación Alemana*, Madrid, 1977, páx. 292.

253 Resulta de interés neste orde de cousas o posicionamento teórico de BAUER recollendo o conceito de *carácter nacional* no sentido de comunidade cultural nacional e a valoración que este autor fai da língua na construción da nación alemá tras da sua extensión a nivel académico da man de THOMASSIUS e WOLF e posteriormente dos poetas LESSING, SCHILLER e GOETHE:

> «a nosa poesia clásica contribuíu a *forxar o carácter unitário da nación alemá* ao converter-se para cada alemán en vivéncia, en destino determinante».

OTTO BAUER, *La cuestión de las nacionalidades y la socialdemocracia* México, 1979, páx. 94.
Para unha crítica dos plantexamentos lingüístico-nacionalistas Cfr. A. D. SMITH *Teorías del nacionalismo, Barcelona, 1976, páx. 256 e ss. onde tratar de amosar, ao noso entender sen o conseguir que a língua non integra un factor decisivo na consturción dunha nacionalidade. K. SYMOMONS SYMONOLEWICZ ten asinalado, seguindo o clásico artigo de K. W. DEUTSCH, «The trend of european nationalism: the language aspect» in The American Political Science Review*, Vol. XXXVI, 1942, páxs. 533-541, como a cuestión lingüística integra un factor decisivo na actividade da «intelligentsia» nacionalista. *Nationalists movements: a comparative view* cit. páx. 31 e ss. O rasgo mais primário e patente dunha comunidade, o sinal máis evidente da sua diferenza.

254 ERNST GELLNER, *Thought and change*, London, 1972, páxs. 170 e ss.

255 Cfr. EMILIANA PASCA NOETHER, *Seeds of italian nationalism*, New York, 1969, páxs. 78 e ss. Onde se analiza a xeneralización na escrita literária do dialecto fiorentino como língua nacional italiana.
GRAMSCI, *Quaderni del carcere* cit. Tomo II páx. 960 e ss.

256 MURGUIA, *Historia de Galicia*, Tomo I, cit. páx. 342.

257 Idem. II, páxs. 311-312.

258 Idem. Tomo IV, páx. 20. Polo demais, o cultivo da língua e literatura galegas non se plantexa por MURGUIA nunha perspectiva pasadista de mera recuperación da tradición senón que se proxecta cara ao futuro como elemento central da reconstrución nacional da Galiza:

> «Y no solo hubo quienes rechazaron el empleo de nuestro idioma en la obra poética, sino que maltrataron de obra y de palabra la tendencia a crear y mantener una literatura puramente gallega, la cual, reflejando la vida, los sentimientos, las aspiraciones y desencantos de nuestro pueblo, nos lleva fatalmente a penetrar en su pasado, pensar en su porvenir, conocer, amar sus glorias y predisponerle para alcanzar otras nuevas... Las literaturas provinciales, solo posibles allá donde la genialidad de una raza distinta las hace posibles, son fruto de una corriente puramente moderna». *Los Precursores*, La Coruña, 1886, páx. 141.

A centralidade da raza no nacionalismo murguiano fica outravolta amosado pola conexión entre língua e literatura como elementos derivados da presenza dunha diferenza étnica nacional.

259 MURGUIA, *El Regionalismo Gallego. Ligeras observaciones*... cit. páx. 267.

movimento rexionalista. MURGUIA formulara-o brillantemente no Certame literário de Pontevedra:

«Las lenguas son las verdaderas banderas nacionales: llevan sus propios colores. Conservemos la nuestra y peleemos en su nombre y a su nombre. Ella refleja nuestra vida intelectual y afectiva... El estudio y renovación de las lenguas no oficiales, es una de las obras más patrióticas e interesantes que pueden emprender los pueblos con habla propia»[260].

Todas estas consideracións xenéricas a prol dunha militáncia lingüística nacional, son concretadas por MURGUIA no idioma galego que resulta valorado moi porriba do que se poderia supoñer dada á práctica auséncia do mesmo na escrita do noso autor[261].

Por onde queira que nos acheguemos á obra murguiana, atopamo-nos coa funcionalidade nacionalitária que se lle atribui á posesión en Galiza dun idioma próprio. Asi, na *Historia de Galicia* situa-se o tema en toda a sua dimensión xenética do pasado cultural galego:

«... y si es verdad que la más pronta posesión de un idioma capaz de servir a las necesidades de una literatura reciente, es prueba de una mayor suma de civilización, Galicia puede reclamar esta gloria»[262].

Neste orde de cousas, onde se vencella o estritamente lingüístico como máis amplamente literário, MURGUIA salienta en numerosas ocasións ao longo da sua obra, en especial en *Los Precursores,* o decisivo labor dos escritores en galego —PONDAL, ROSALIA....— situando o seu labor no cerne do rexurdimento non somente literário senón propriamente nacional de Galiza; en concreto, falando de ROSALIA afirmaria:

«A su voz inspirada, hizo surgir cuanto era de Galicia y recobrar su antiguo prodominio. Lo popular lo primero ¿Y qué más propio y más íntimo que sus sentimientos y su lengua?»[263].

Pero quizais fose nos Xogos Florais de Tui onde MURGUIA plantexara con toda radicalidade non somente a consideración da língua como un elemento central na configuración da nacionalidade galega —estreitamente vencellado co factor étnico como acontece con todos os elementos organicos— senón tamén como tarefa perentória dos rexionalistas a evitación da sua perda ou esfarelamento:

«O noso idioma... fillo maor da patria galega, nola conservóu e conserva como un don da Providencia... o que agora oídes como se fora un himno relixioso, que nos da direito a terra en que fomos nados... nel coma en vaso sagrado en que se axuntan todolos perfumes, háchanse os principais elementos da nosa nacionalidade... leede a historia, ela vos dirá o que fomos e o que somos, e que non hai en todo elo as simples *coincidencias dialectais* de que se nos fala, senón *realidades etnoxenéticas,* que non é posíbel desconocer e menos negar»[264].

En definitiva, dous problemas verbo do idioma galego presentaban-se a MURGUIA unha vez situado como elemento nacionalitário. Por unha banda, a demostración histórica das orixes do galego como factor autenticamente nacional en conexión estreita co elemento étnico. Neste eido unha grande dificultade ia achar o noso autor perante o irredutibel feito da romanización e a presenza do latin nas mesmas raíces da «língua nacional». En segundo lugar, a postulación do galego como idioma de futuro e non mera relíquia do pasado, capaz de integrar como a *língua nacional* da nova comunidade galega. As relacións entre galego e portugués, o «idioma irmán» pasan neste orde de cousas a un primeiro plano.

B. As orixes e formación histórica da língua galega.

Como xa temos ollado ao falarmos do factor étnico, unha das probas argüidas por MURGUIA, recollendo a tradición de VEREA Y AGUIAR, a prol da natureza céltica da raza e civilización galegas, era a presenza de innumerábeis verbas que tiñan as suas raíces nos dialectos célticos.

Mais, e contrariamente ao que acontecia coa fundamentación racial, onde a presenza da raza romana era reducida a unhas cativas «bolsas» de poboación, a presenza do latin amosaba-se irredutíbel a un lugar secundário na xénese do galego. Endali que MURGUIA se vexa precisado a recoñecer a orixe neolatina da língua galega mais mediatizando-a polo grande influxo que nela teñan as línguas célticas:

260 MURGUIA, *Galicia Regionalista* cit. páx. 9.
261 Sobre os problemas de desfase entre a centralidade da língua como elemento aglutindor dunha comunidade e as dificuldades que a unha «intelligentsia» urbana se lle plantexa para a sua práctica, cfr. J. FISHMAN, *Langage, problems of developing countries*, New York, 1968, páxs. 76 e ss., e sobre todo SAMUEL P. HUNTINGTON, *Political order in changing societies*, New Haven, 1968, páxs. 300 e ss.
262 MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo I cit. páx . 156.
263 MURGUIA, *Los precursores,* cit. páx. 140.
264 MURGUIA, *Discurso nos xogos froráis de Tui,* cit. páx. 84.

«Creemos que en la formación de nuestro romance *tuvo grandísima parte el genio de las lenguas célticas que se hablaban en Galicia...* En el latín debe buscarse el origen del gallego, y conjuntamente en los idiomas célticos que aquí se hablaban y *no solo no se perdieron, sino que hay razón para suponer que siguieron hablándose por la gente del campo, durante los cuatro siglos que dominó Roma en Galicia:* idiomas que no solamente nos dieron sus voces sino que modificaron las latinas...»[265].

Máis acusadamente que VEREA Y AGUIAR, MURGUIA aceita con patente falta de entusiasmo a impronta latina do galego pero relativizando-a cunha presenza céltica de importáncia, que se tenta demostrar através dunha investigación etimolóxica de diversas palabras[266]. O posicionamento frente á romanización de MURGUIA atopa o seu ponto álxido cando acolle as teorias de GRANIER DE CASSAGNAC verbo da orixe anterior do francés ao latin, salientando máis que nada a ruptura que supón na construción latinista oficial[267]. Sen dúbida, por riba das suas argumentacións filolóxicas que, alén da sua pobreza dado o patente descoñecimento e estrañas teses escritas por MURGUIA, non é doado abordar nun traballo como este, compre pór de manifesto a sua vontade ideolóxica de fundamentación céltica do galego actual en estrita coeréncia coa sua formulación étnico-nacionalitaria. Asi, en *Galicia* afirma:

«No tardará mucho la ciencia histórica en probar con mayores datos esta separación y diferenciación de las costumbres y de las lenguas iberas de las galaico-lusitanas. Estas son célticas por entero»[268].

Polo demais, a xénese e formación do galego segue en MURGUIA a mesma peripécia que os influxos étnicos-culturais recoñecidos na consolidación nacional de Galiza, agás no que se refere á aportación romana. Asi, tras dun grande aporte céltico que constitui a base, unha forte presenza romana, posteriores influxos suevos e, xa que logo, nengunha influencia demítica; fenícia ou árabe:

«Doulle o celta a sua dozura e a maor parte do seu vocabulario; o romano afirmóuno, ten do suevo as inflexións...

Formulación que atingue na resposta a JUAN VALERA o seu maior degrau de explicitación verbo das orixes da língua nacional:

«La lengua que nos es propia, hija del celta, modificada por el latín, sobre todo el eclesiástico, enriquecida por el habla y sentimiento suevos y ajena a toda influencia árabe...»[269].

En definitiva, a situación do galego como factor nacionalitário fai-se en MURGUIA através da sua consideración como língua própria, allea o castelán, nomeadamente en base a sua proxénie céltica, e a superación da consideración da mesma como mera variábel dialectal da língua do «Estado español».

C. Galego e portugués.

Para rematarmos esta panorámica do elemento lingüístico na concepción nacionalitária de MURGUIA, resulta de interés adicar unhas liñas ás relacións que este autor propuña verbo das relacións entre unha e outra língua.

A oposición de MURGUIA resulta neste sentido clara. En efeito, na sua opinión, galego e portugués son unha mesma língua, substancialmente. Asi, por exemplo, no discurso de Tui refere-se directamente ao galego como:

«o nobre idioma que doutro lado deste río é língua oficial que serve a mais de 20 millóns de homes e ten unha literatura representada polos nomes groriosos de Camoens e Vieria, de Almeida e Herculano»[270].

O mesmo acontece na resposta a JUAN VALERA[271], onde di:

265 MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo I páx. 312.
266 Cfr. neste sentido o «Estracto del Diccionario céltico» queinclui VEREA Y AGUIAR, *Historia de Galicia,* cit. páx. 38 e ss.
267 MURGUIA, *Historia de Galicia,* Tomo I, páxs. 325 e ss.
268 MURGUIA, *Discurso nos Xogos frorais de Tui,* cit. páx. 84.
269 MURGUIA, *A Don Juan Valera* e *Política y Sociedad en Galicia,* cit. páx. 182.
270 MURGUIA, *Discurso nos Xogos frorais de Tui,* cit., páx. 84
271 «Lo mismo, aunque los gallegos se enojen, se puede decir del dialecto gallego con relación a la lengua portuguesa, que en mi sentir y en el sentir de los que no estén muy obcecados, *es el gallego literario,* atinada y ricamente cultivado durante cuatro siglos. En su origen el *portugués y el gallego eran el mismo idioma,* y sin duda se escribía y se hablaba mejor que en Portugal en Galicia... sólo más tarde, aislado y confinado el lenguaje en Galicia, y sin el esmerado cultivo que tuvo en Portugal, dio origen al dialecto gallego del días de hoy, ¿por qué, pues, ha de querer convertirse ese dialecto en una nueva lengua literaria? ¿No sería mejor que los escritores gallegos de elevada importancia siguiesen escribiendo en lengua castellana, como FEIJOO, PASTOR DIAZ Y EMILIA PARDO BAZAN, o bien *que asimilase al portugués su lengua escrita, con lo cual ganaría la lengua en elegancia y riqueza y tendrían los autores un público menos reducido?*
JUAN VALERA, «La literatura española en el siglo XIX», en *Obras Completas,* Madrid, 1968, Vol. II, páx. 895 (Subliñado noso).

«la verdadera lengua, gallega o portuguesa, que para el caso es igual...»[272].

Mais as limitaciónes dunha tal identificación saen á luz co gallo da polémica con VALERA. En efeito, este criticara a pretensión do galego de se converter nunha nova língua literária e MURGUIA, na sua contestación, e mália identificar galego e portugués como línguas, defende a existéncia de duas literaturas diferenciadas. Como ten asinalado CARBALLO CALERO, resulta contrditória a diversificación literária entre o galego e o portugués unha vez admitida a identidade entre unha e outra[273]. A necesidade de Murguia de demostrar que o galego non é somente unha língua rural, mesmo fronte a escritores de Galiza como a própria PARDO BAZAN, senón que coñecia unha literatura histórica de calidade leva-o a rexeitar o posicionamento de VALERA, segundo o cal *o portugués seria a expresión literária do galego*. Se a língua é a mesma, onde residen as diferenzas literárias? Tal medular obxección permanece inconstestada por MURGUIA que parece facer un uso retórico, ao cabo, da pretendida identidade entre o galego e o portugués.

En todo isto achamos o reflexo dunha problemática que mália a necesidade de amosar cara fora unha realidade idealizada da situación da língua galega, agroma constantemente en MURGUIA. Trata-se da conciéncia da situación crítica da língua galega en base á situación diglósica e bilíngüe que sofria perante a única oficialidade do castelán, e que provocaba o seu emprobrecimento o esmorecimento:

«O que falaron os nosos pais e vamos esquecendo, o que falaron os nosos aldeáns e estamos a ponto de non entendelo»[274].

Endali que, á marxe das retóricas afirmacións sobre o desenvolvimento da língua galega, se achase en todo momento presente en MURGUIA a conciéncia da necesidade da sua recuperación, desenvolvimento e oficialización através de diversas medidas que van desde a sua utilización como bandeira nacional até a criación dunha ACADEMIA GALEGA cuxos obxectivos sobranceiros radicarian precisamente arredor da criación dun dicionario e unha gramática galega cara a sua unificación e normalización:

«No puede perecer un lenguaje que tiene una literatura gloriosa, y nombres que son orgullo de la inteligencia humana. Por eso y para recoger en Galicia su verdero léxico, dar a conocer su gramática, y afirmar su existencia, se fundó esta Academia»[275].

V. OS PROBLEMAS DE FIXACIÓN DUN MODELO XURÍDICO-POLÍTICO DE DESCENTRALIZACIÓN: A AUTONOMIA.

Como xa ficou asinalado ao falarmos do desenvolvimento da movilización rexionalista, o modelo alternativo de organización e distribución do poder político, a configuración do autogoberno galego, ficara moito tempo na indefinición e a vaguidade. Isto resulta especialmente patente polo que respeita ao rexionalismo liberal que, a diferenza do católico-tradicionalista, carecia da presenza dun intelectual con formación xurídica capaz de sintetizar as suas arelas de autogoberno nun modelo xurídico-constitucional

Esto non implicou, porén, a auséncia e indeterminación total da clase de descentralización postulada polos rexionalistas liberais. En efeito, é conveniente non confundirmos, neste orde de cousas, a falta de concreción e elaboración técnica dun proxecto de descentralización coa inexistencia dun córpus de ideas relativamente clarexado sobre do que teria que ser a integración dunhas institucións de autogoberno galego. Institucións que, como veremos, se diferenciarán tanto na sua significación global como na própria caste de descentralización das do rexionalismo católico-tradicionalista propostas por BRAÑAS.

[272] MURGUIA, «A Don Juan Valera» cit., páx. 182.

[273] Cfr. RICARDO CARBALLO CALERO, «Murguia contra Valera», *Grial*, n.° 55, Xaneiro-Marzo, 1977, páx. 102 e ss.: «MURGUIA non se cansa de repetir que son o mesmo o galego que o portugués; que se o galego é dialecto, é o do portugués. Endebén, en medio da escuridade dunha esposición velada por a indignación... na sua réplica semella reivindicar o diferencialismo galego cara o portugués. Aceptándomos esta interpretación, teríamos que VALERA propugna o reintegracionismo do galego ao tronco común, mentras MURGUIA, ao defender a lingua literaria no xa perante o castelán, senón perante o portugués, adoptaría unha posición aislacionista». Op. cit., páx.105.

Así e todo, e mália a confusión murguiana fornecida pola identificación galego-portugués, de funcionalidade claramente reforzadora a primeira, a conversión do galego en língua literária devén conclusións lóxica da sua consideración como *idioma* e non mera variábel dialectal, xa sexa do castelán ou do portugués, elemento fundamental do pensamento murguiano.

[274] MURGUIA, *Discurso nos xogos frorais de Tui*, páx. 89. No seu discurso na Academia do ano 1907, MURGUIA afirmaria: «Una nueva barbarie, hablando en nombre de la civilización, quiere que las lenguas no oficiales se extingan a mano airada... Más desgraciadamente hay otras heridas que pueden maltratarlas peor que el olvido, y son las que lentamente pueden ir privando estas lenguas en peligro, de sus rasgos esenciales, de su vocabulario, de cuanto las hace distintas de sus congéneres y las lleva lentamente a la muerte...» *La Lengua del País*, Boletín de la Real Academia Gallega, N.° 16-17, páxs. 325 e ss.

[275] «El Regionalismo», *Revista Gallega*, 5 Marzo 1899.

A evolución final deste aludido proceso de concreción progresiva no seo do rexionalismo liberal, decantou-se arredor da reformulación dun conceito de clara orixe federal: AUTONOMIA, que seria dotado dun novo sentido até integrar unha fórmula de autogoberno diferenciada tanto do Estado unitário descentralizado administrativamente como do Estado federal.

O núcleo central deste conceito xurídico-político achaba-se, sen dúbida, constituído pola presenza dun elemento clave arredor do cal se articulan o resto dos factores que o integran: a existéncia dun próprio poder lexislativo para Galicia.

Confusamente ao princípio, mais abertamente despois, a pertinéncia e necesidade inexcusábel dun poder lexislativo de seu para Galiza acha-se abondosamente documentado en diversas intervencións dos rexionalistas liberais, nomeadamente coruñeses, como característica sobranceira das suas arelas de autogoberno.

Neste orde de cousas, MURGUIA, tras da escisión producida na Asociación Rexionalista, escrebera na Patria Galega explicitando o seu programa:

«...que non nos envíen de Madrid hechas las leyes y los que han de aplicarlas, sino *que aquí las elaboremos* atendiendo a nuestra tradición, a nuestro sentimiento nacional, a nuestras necesidades...»[276] (subliñado noso, R. M.)

Asimesmo, nos seus importantísimos artigos «El Regionalismo» volvia sobre o tema, afirmando:

«Creer que al Estado le es posible dictar por igual leyes comunes a todas las regiones es un absurdo que ni siquiera se necesita señalar...»[277].

Mais non somente MURGUIA, nestas e outras ocasións, vencellara decisivamente a caste de autogoberno propugnado polos rexionalistas liberais á presenza de próprio poder lexislativo galego. Outro tanto acontecia con outros membros da mesma corrente liberal: podemos citar entre eles a LEANDRO SARALEGUI e a SALVADOR GOLPE. Ambos os dous eran conscientes da necesidade de dispor en Galiza dun poder lexislativo coa sua dobre implicación a función e o órgao-institución que a desenvolve.

Asi, LEANDRO SARALEGUI Y MEDINA no seu artigo «Nuestr regionalismo», afirmaba que os galegos aspiraban:

«a gobernarse su vida interior por leyes e instituciones particulares en armonía con sus caracteres, sus necesidades y sus intereses respectivos»[278].

Tamén SALVADOR GOLPE noutras intervencións e sobretodo en *Patria y Región*[279] insiste na necesidade dunha *autonomia* galega con próprio poder lexislativo, amosando claramente a clase de descentralización proposta por este sector do movimento rexionalista.

O modelo de *Autonomia*, que sairia finalmente á luz co gallo da campaña e movilización a prol da «Autonomía para Galicia» do ano 1897, presentaria-se, mália todas as caréncias técnicas e faltas de precisión constatábeis, como unha auténtica *descentralización política* que, supondo a presenza dun próprio poder lexislativo, diferenciabase nidiamente doutras posíbeis alternativas: o *federalismo* e o *arredismo*.

Verbo do desmarque da alternativa federal compre lembrarnos daqueles artigos de *La Región Gallega* en que se desbotaba por MURGUIA unha tal alternativa por exceso de radicalidade, o mesmo que acontecia no discurso de Tui[280]. En efeito, mália a cercania de alguns membros da Liga Galega na Cruña ao federalismo, como fora o caso de MARTINEZ SALAZAR, este modelo de descentralización era considerado como radical en exceso tanto no que se refere á *forma de goberno republicano* por el postulada —a maioria dos rexionalistas coruñeses eran monárquicos liberais— como pola própria caste de descentralización proposta polos federais coa esixéncia de dispor Galiza dun *próprio Estado*.

E, ao mesmo tempo, por ningures atoparemos —e nisto coinciden todas as fraccións do rexionalismo» a mais mínima referéncia *arredista* fora dalgunhas veladas alusións de anexión a Portugal, mais retóricas que outra cousa, feitas por MURGUIA especialmente no seu Discurso «Orígenes...»[281].

[276] MURGUIA, «Donde estábamos, estamos», *La Patria Gallega*, n.° 1, 1 de Xaneiro do 1892.

[277] MURGUIA, «El regionalismo», cit.

[278] LEANDRO SARALEGUI, «Nuestro regionalismo» cit. páx. 234.

[279] GOLPE, *Patria y Región*, cit. páx. 68.

[280] Cfr. o desbotamento dunha alternativa federal para o rexionalismo en «¿Qué es nación?» cit. publicado en *La Región Gallega* por MURGUIA.

[281] Non outro carácter revesten as alusións murguianas a unha posíbel anexión histórica con Portugal como se insinua en «Galicia rexionalista» cit. páx. 183.

Neste sentido son múltiplos os lugares na obra murguiana onde se rexeita explicitamente toda intención separatista. Asi, por exemplo, no discurso dos Xogos Florais de Tui, e dirixindo-se aos «semitas» afirmaba-se:

«Finxides creer que trais da palabra autonomía, escóndese o feito separatista, mais non é verdade: sequer non baste decírvolo todolos días, repetiremolo de novo. Non, as distintas nacionalidades que hoxe viven aqui baixo un mesmo rexime, non tratan en maneira algunha de separarse as unhas das outras... ben sabedes que non tratan de se constituir en Estados independientes —anque o foron xa—, percuran tan soio que os teñan en conta como Estados nacionais incompletos...»[282].

O clarexamento da autonomia como descentralización en «estados nacionais incompletos» fai referéncia á conceptualización nacional de Galiza e á non consideración de nación algunha baixo do Estado español a que non seu lugar nos temos referido con mais vagar. Mais, asi e todo, iso non impede considerar a España como unha pátria comun en base aos vínculos históricos existentes:

«... en manera alguna queremos los regionalistas gallegos separarnos del resto de España, con la cual nos unen cielo y tierra, la historia y la vida común y consciente durante siglos...»[283].

Isto resulta un dado de interés non pequeno por canto MURGUIA por unha banda asume a teoria e o princípio das nacionalidades a nivel fundamentador, con toda a radicalidade, mais á hora de tirar as consecuéncias políticas do mesmo «unha nación, un Estado» permanece no seo da esixéncia sen se plantexar xamais a independéncia[284] ou a federación. Atopamo-nos outravolta coa dobre faciana murguiana pola que se compatibiliza unha radical teorización de Galiza como nacionalidade co incardinamento nun movimento «rexionalista».

Isto non quer dicer que en MURGUIA baixo unha fraseoloxia «nacionalista» se atope unha realidade meramente «rexionalista», senón a presenza dunha dualidade de plans cada un dotado de própria autonomia relativa. A radicalidade fundamentadora do feito diferencial galego desenvolve a sua própria funcionalidade nun terreno específico, moi diferente do modelo de autogoberno proposto. Esto non quer significar que ambas as duas facianas sexan absolutamente independentes dado que a conceptualización de Galiza como nacionalidade integra a base da esixéncia do *autogoberno* de Galicia, podendo estabelecerse este como autonomia, estado federal ou independéncia.

A postulación por MURGUIA dun modelo autonómico, non afecta nen moito menos anula a radicalidade da sua fundamentación nacionalitária de Galiza, que permanece incólume. Implica somente que no ámbito político por razóns estratéxicas non estrai todas as posibilidades de autogoberno que unha tal fundamentación comporta.

Se isto acontece en MURGUIA, a oposición dos outros rexionalistas liberais, moito menos radicais, como xa temos visto, na fundamentación nacional de Galiza, e permanecendo en moitas ocasións no ámbito dun estrito rexionalismo é comprensibelmente oposta tamén ao arredismo ou independentismo: nen para GOLPE[285] nen para SALINAS[286] figurou xamais como obxectivo a procura dun Estado independente ou federal para Galiza.

Achamo-nos, pois, perante unha redefinción do conceito de *Autonomia* que, configurando-se como alternativo ao *Estado unitário centralista* —pois supón a existéncia dun próprio poder lexislativo para Galiza— ao *Estado federal* —pois carece de própria constitución e segunda cámara das nacionalidades— e ao *Estado independente* —xa que non se postula própria soberania—, mantén-se ainda cunha certa vaguidade ao non teren redactado os rexionalistas liberais un modelo articulado da mesma. Asi e todo, podemos ollar en negativo e como modelo xenérico, unha idea xeral do por eles pretendido na Constitución autonómica colonial para Cuba e Puerto Rico, á que se aderiron explicitamente e con entusiasmo os rexionalistas da Cruña durante a campaña do 1897, que constituíu a primeira ocasión en que se pronunciaron abertamente sobre o proxecto de descentralización para Galiza.

282 MURGUIA, *Discurso nos Xogos frorais de Tui,* cit. páx. 88.
283 MURGUIA, «El Regionalismo», cit.
284 Son neste sentido significativas as declaracións de MURGUIA a LOPEZ AYDYLLO:

«Nosotros no somos separatistas... Y no somos separatistas porque, entre otras muchas razones, está la convincente de la conveniencia propia: no nos conviene ser separatista. Por otra parte, ya he apuntado que nada tendría de extraño que lo fuésemos en realidad, porque aparte de las razones que anteriormente expuse, está de nuestra parte la razón histórica y la razón geográfica, etnográfica y linguística». *Galicia ante la solidaridad,* Madrid, 1907, páx. 51.

285 GOLPE, *Patria y Región* cit.
286 Os múltiples editoriais da *Revista Gallega* nos que se desbota tanto o arredismo como o federalismo, excusan calquer outra consideración ao respeito.

Compre, polo demais, anotar que os rexionalistas liberais carecian dun modelo de descentralización que, como no caso do carlismo ou o federalismo proporciona-se o ponto de referéncia necesário para unha identificación co mesmo.

Antes de nos adentrarmos na análise deste proxecto de Autonomia colonial, é conveniente fixar os critérios que van a presidir a analise dos diferentes modelos de autogoberno: federais e católico-tradicionalistas; asi como botar unha ollada sobre os proxectos gubernamentais de descentralización que sob a dirección do partido conservador tentaron levar-se a cabo con nula fortuna.

A. **Notas metodolóxicas e critérios de análise.**

A análise técnico-xurídica e política dos textos descentralizadores plantexa en primeiro lugar, e de xeito non excesivamente disímil ao que acontecia cos textos ideolóxicos, o problema da *non transparéncia* inmediata dos mesmos. E dicer, alén de toda descrición impresionista dos textos, é preciso localizá-los no seo dun proceso cumulativo e desacumulativo de saltos, rupturas, xustaposicións, e tanto que «prácticas descontínuas»[287], situá-los na problemática global onde realmente funcionan, indagando os conceitos implícitos mais actuantes, a configuración concreta do texto, os desprazamentos... en definitiva, procedermos a unha «leitura sintomática» dos mesmos[288].

Mais, con que critérios debemos abordar a análise desta pluralidade de textos para mostrar o alcance da descentralización que propoñen?

Neste orde de cousas entendemos que é preciso abandonar o terreno das declaracións programáticas, das abstraccións, das nocións ahistóricas e inmediatas... en suma, do fetichismo próprio de termos como «federalismo», «soberania», «autonomia», baixo cuxa rúbrica se poden atopar múltiples e diferentes conceitos actuando: termos que, elevados á categoria de nocións mecánico-causais, se converten en tópicos vagos e imprecisos substitutivos, unha vez máis, da imprescindíbel análise concreta.

Neste sentido, é preciso achegarmo-nos, alén do mero exercício taxonómico e nominalista, á materialidade concreta e substantiva que se agacha tras da máxia das palabras, aos efeitos xurídico-políticos que lles son própios. E isto somente resulta posíbel, como no seu dia asinalara o BOURJOL[289], a condición de empregarmos critérios obxectivos e materiais que permitan revelar en toda a sua complexidade, as estruturas de autogoberno que deseñan os diferentes proxectos.

En coeréncia co anterior, imos someter os diferentes textos xurídico-políticos de descentralización ao cuestionario desde unha série de critérios que, ao noso entender, cobren as áreas máis significativas no que á extensión do autogoberno se refere. Tais critérios poderiamo-los sintetizar do xeito que segue:

1. *Os principios xurídicos fundamentais* que articulan a globalidade de cada proxecto. Trata-se neste orde de cousas de comprobar, do mesmo xeito que ocorria no análise ideolóxico xeral, se *termos,* como federalismo, autonomia, etc., constitúen unicamente *nocións* programático-declarativas sen releváncia nengunha no articulado do texto, agás da retórica-lexitimadora. Ou ben se, pola contra, si tais termos conteñen auténticos *conceitos* que informan o conxunto do artículado implementando unha dinámica determinada no mesmo e conferindo-lle unha estrutura lóxico-sistemática específica.

2. *Estrutura xeral do Estado español e forma de Goberno* que se propoñen. Elemento, o primeiro, de obrigada consideración por canto a auséncia dunha perspectiva arredista no conxunto dos proxectos que imos analizar os empraza perante a necesidade de dar unha resposta á urxéncia dunha reforma da estrutura centralizada do Estado español no século XIX[290].

Polo que á forma de Goberno respeita, non é esta unha cuestión marxinal en absoluto en canto á distribución territorial do poder político se refere, senón que se amosa intimamente imbricada coa mesma, condicionando aspectos decisivos da institucionalización do autogoberno e da garantización do mesmo. A correlación entre a estrutura democrática do Estado e unha auténtica descentralización políti-

287 M. FOUCAULT, *L'Arqueologie du savoir* cit. páx. 19.
288 Empregamos o termo no sentido clásico althusseriano: *Para leer el capital,* México, 1970, páxs. 33 e ss.
289 BOURJOL, *Les institutions régionales de 1789 á nos jours,* Paris, 1969, páxs. 25 a 36. Asi e todo, de pouco ou nada serven ao noso propósito os critérios elaborados por este autor, xa que a perspectiva de mera *descentralización administrativa* en que so plantexados tirada da própria experiéncia francesa e nos que, por conseguinte, non se considera a presenza de próprio poder lexislativo autónomo, non darian conta da complexa realidade de descentralización política que recollan moitos dos textos por nós examinados.
290 ISIDRE MOLAS, «Els Estatus de autonomía», en *Actas del Coloquio d'historiadors,* Barcelona, 1974, páx. 274. Para este autor, a estrutura global do Estado español constitui un elemento de primeiro orde —explicitamente formulado ou non— porque condiciona a modalidade dos diferentes poderes territoriais.

ca, que tan lucidamente detectaron os rexionalistas liberais e federais, porá-se especialmente de relevo ao analizarmos o modelo tradicionalista de BRAÑAS.

3. *Rango normativo do texto soporte* do proxecto en cuestión. Extremo en absoluto irrelevante pois ao carácter xurídico do acto polo que se aprobaria o proxecto e do texto mesmo «Constitución», «Carta Otorgada». etc... van decisivamente vencelladas cuestións tais como a profundidade do autogoberno que se propón e, sobretodo, o aseguramento xurídico do mesmo, incidindo por exempolo no grau da eficácia do texto en caso de conflito normativo.

4. *Estrutura organizativa e institucións de autogoberno.* A delimitación dun próprio espazo político para a comunidade diferencial de que se trate situa-se como o verdadeiro eixo de todo autogoberno. Da consolidación duns órgaos políticos de seu, xa sexan internos —a existéncia no seu caso de poder lexislativo, executivo e xudicial próprios— ou externos —a participación nunha segunda Cámara estatal representativa dos entes territoriais recoñecidos— e de funcións xurídico-políticas delimitadas e específicas, ademais do sistema de relacións entre eles e os estatais, depende a clase e alcance de descentralización de que se trate.

5. *As competéncias.* Integra este un elemento clave, pois das competéncias efectivas que posua dependerá o contido substantivo do autogoberno que pode ver-se reducido, caso de vaciamento real do seu campo de actuación, a mera sobreestrutura formal irrelevante. Velaí a importáncia de temas tais como os critérios de distribución e reparto de competéncias entre o Estado central e as unidades descentralizadas, o resultado final e concreto do mesmo através da fixación, listado ou non, dunhas competéncias non estatais, a natureza das competéncias asumidas polas institucións de autogoberno, a amplitude normativa con que éstas son asumidas (vale dicer, con simple potestade regramentária ou con poder lexislativo, etc.).

6. *As garantias do autogoberno.* E, finalmente, «last but no least», as garantias de que dispón o autogoberno unha vez estabelecido constitui un critério poucas veces tido en conta e que, porén, pode chegar a erguer-se como terreno básico onde se dedica a eficácia dun texto.

Neste sentido, cuestións tais como a participación dos entes territoriais na reforma da Constitución do Estado, ben sexa no momento da iniciativa ou non da aprobación, ou a participación no Tribunal Constitucional en canto a dirimir os contenciosos entre o poder central e os territoriais, converten-se en centrais, podendo hipotecar o conxunto do proxecto de que se trate.

Estes critérios, ao noso entender, configuran un abano o suficientemente amplo e significativo que, cobridos os aspectos mais importantes do autogoberno, pode dar conta do alcance, dimensións e faltas dos diferentes proxectos xurídico-políticos de descentralización. Compre, pois, agora, poñé-los en práctica e comprobar a sua eficácia.

B. Os proxectos gobernamentais de descentralización.

Encetemos a análise polos gobernamentais en canto o seu limitadísimo alcance descentralizador e o seu destino final —pois ou ben non pasaron xamais de proxectos, ou tiveron unha vixéncia irrelevante— resultan sumamente reveladores da correlación de forzas existente no interior do bloque no poder da Restauración verbo da cuestión da distribución territorial do poder político, e, sobretodo, do alcance da descentralización que ofertaba o partido conservador nas suas pretendidas reformas territoriais.

Por outra banda, estes proxectos —que denomínamos gobernamentais por procederen todos eles do único goberno existente en España desde o estabelecimento de Estado capitalista: o goberno central frente a un parlamento degradado— contextualizan e serven de ponto de referéncia aos proxectos descentralizadores federais e rexionalistas, conxuntamente coa Constitución e lexislación «local» vixentes.

É preciso non esquecermos, con relación a isto, o feito de que no corto espazo de 50 anos, deron-se no século XIX español dous procesos inversos no campo da distribución territorial do poder. En efeito, dunha banda un proceso de centralización a tenor da construción do Estado capitalista e desaparición dos poderes dispersos na sociedade civil. E por outra, o cuestionamento desta estrutura centralizada de Estado por movimentos políticos de moi diverso, e ainda oposto, signo: desde o carlismo até o federalismo. Movimentos que, en modo nengun, pode afirmar-se sexan linealmente sucesivos senón que, dadas as vicisitudes da consumación da Revolución Burguesa en España, existe unha ampla faixa temporal na que se producen manifestacións sincrónicas de cada un dos momentos: apenas se está consolidando a organización provincial cando xurden e agroman por todo o país os movimentos descentralizadores.

a. Revolución Burguesa, Estado capitalista e Administración centralizada.

Abandonada pola máis recente historiografia, a teoria da frustración da revolución burguesa en España é configurada como un elemento clave da mesma o estabelecimento do Estado capitalista nos anos 1834-1837, co Estatuto Real[291] e a Constitución moderada. Cais son os efeitos que, verbo da distribución territorial do poder político proceden da aparición do Estado burgués?

Como PEREZ ROYO ten asinalado[292], a aparición da forma capitalista de Estado implica un dobre proceso. Dunha banda, a concentración e monopolización do poder político frente á multiplicidade dos poderes dispersos xerarquizados que caracterizaban á organización política tardofeudal: frente á pluralidade de centros de poder, a cristalización dunha única instáncia que se ergue *soberana* frente á sociedade civil. E, en segundo lugar, a autonomización do Estado frente ás relacións de produción con respeito ás que se amosa, apartir de entón, escindo e irredutibel na sua própria dinámica e como o seu resultado, non como o seu presuposto prévio.

Apartir de 1837 consolida-se en España (cunhas caracteŕsticas peculiares) as notas fundamentais do Estado burgués —o que non quer dicer que se consolide o *Estado democrático*— en fonda ruptura cos anteriores modos de orgnización do poder político. A abstracción do conceito político de *Nación* cria un novo suxeito de *Soberania* que reempraza ao monarca tradicional. A própria soberania non será xa entendida máis como a cualidade distintiva dun dos vários poderes existintes no território, a xeito de mero princípio xerarquizador dos mesmos, senón como a expresión da consolidación dun centro único de imputación e monopolización do poder político frente á sociedade civil. Apartir dese princípio básico, agroman outros non menos relevantes: a *división de poderes* como garantia do parlamento frente ao Rei e vice versa, o princípio de *representación*, garantia do parlamento frente ao corpo eleitoral, etc. etc.

No terreno que aqui directamente nos ocupa, é decisivo ter presente que a construción do conceito abstracto de *Nación española*, suxeito monopolizador da soberania do Estado, conleva o desenvolvimento de dous procesos mutuamente imbricados:

1. A aparición do *cidadán* frente ao *súbdito* das monarquias tradicionais. A configuración, en definitiva, dun orde que iguala formalmente aos indivíduos na sociedade e, en consecuéncia, o estabelecimento do mundo do *Direito* frente ao vello orde do *Privilèxio*[293].

2. O proceso de concentración do poder do Estado no âmbito dunha úneca Administración centralizada, de tal sorte que reempraza ás clases privilexiadas do Antigo Réxime no papel de xestor dos negócios públicos. Como escrebiria lucidamente TOCQUEVILLE:

> «todos os poderes semellan correr por si mesmos cara ao centro, acumulan-se os uns aos outros cunha rapidez sorprendente e o Estado alcanza de golpe os extremos límites da sua forma»[294].

A ruptura histórica ante a que nos atopamos faise patente mesmo frente aos procesos de centralización desplegados por un «Estado Absoluto», derradeira manifestación da organización política tardofeudal, que reveste unhas características cualitativamente distintas —significativamente: mantimento da diversidade de poderes, Igrexa, Señores feudais, competindo e detentando parcelas de poder político frente ao pretendido «absolutismo» do monarca— que precisan ser comprendidos en base á sua natureza política global, en canto sostenedor e reprodutor das relacións sociais tardofeudais[295].

---

291 J. ACOSTA, El desarrollo capitalista y la democracia en España, cit. páx. 82.

292 JAVIER PEREZ ROYO, *Introducción a la Teoría del Estado*, Barcelona 1980, Páxs. 123 e ss.

293 «O *Direito* e o *Privilèxio* son dous ordes sociais incompatíbeis... a introdución do princípio de igualdade no Direito Civil (só agora «Dereito Privado») produce unha radical modificación —unha revolución— no conxunto do sistema, incluída a constitución do Estado que agora monopoliza, como «Direito Público», o poder político, contrastando cunh monarquia absoluta... que o compartía con institucións nobiliares e eclesiásticas».

BARTOLOME CLAVERO, «Derecho y Privilgio», en *Materiales*, n.º 4, Xullo-Agosto do 1977, páx. 29.

294 Cit. en GARCIA DE ENTERRIA, *Revolución Francesa y Administración contemporánea*, Madrid, 1972, páx. 62, para quen:

> «A substitución da estrutura dos poderes secundários pola estrutura de Administración centralizada viña imposta precisamente pola própria dialéctica da igualdade social... a igualdade, en efeito fai imposíbel os poderes secundários, tanto porque nega a posibilidade de priviléxios de clase ou persoais, como porque ainda que tais poderes se situaran en corporacións impersoais, derivaria-se unha discrimación entre membros e non membros desas corporacións...» Op. cit. páx. 68.

295 Cifr. PERRY ANDERSON, *El Estado absolutista*, Madrid, 1979, páxs. 38 e ss., e sobretodo BARTOLOME CLAVERO, *Institución Política y Derecho: Acera del concepto historiográfico de «Estado Moderno»*, Revista de Estudios Políticos, n.º 19, Xaneiro-Febreiro, páx. 43 e ss., quen, referindo-se ao libro de ANDERSON e outros, afirma:

Non é preciso determo-nos aqui no proceso de construción histórica da Administración territorial española que —arredor da división provincial do 1833[296] e a estruturación dos seus diferentes órgaos baixo os princípios de uniformidade, centralización, xerarquia e falta de representatividade dado o seu carácter executivo— seguiu nun primeiro momento o modelo francés e desenvolveria máis tarde as suas próprias características.

Non obstante, quizais non sexa supérfluo sintetizarmos as liñas xerais da Administración territorial na Restauración, etapa na que se van producir a maior parte de textos que imos analizar. Asi, a Constitución do 1876, en estrita coeréncia cos de centralización reforzada en que se inspira, regula no seu art. 84.3 a «Intervención do Rei e, no seu caso, das Cortes para impedir que as Deputacións e os Concellos se extralimiten nas suas atribucións en perxuízo dos intereses xerais e permanentes....» Consoantes coa norma constitucional, as leis provinciais de 1877 e 1882, disposicións vixentes na matéria e período que nos ocupa, organizaron a Administración provincial e local nunha perspectiva ultracentralista.

Con efeito, a estrutura organizativa que se contempla nas mesmas é idéntica á que viña existindo con anterioridade, agás dalgunha pequena variación:

A Próvincia como unidade territorial e os órgaos da sua administración constituídos polo Gobernador civil, a Comisión provincial e a Deputación.

O *Gobernador* integra, nomeadamente, a peza clave do sistema, directamente vencellado ao Ministério de Gobernación. Nomeado polo Rei e representante do Poder central na Província, ostenta asimesmo a representación dos intereses desta. Controla asemade a vida municipal mediante a aprobación dos acordos municipais para seren executivos, podendo suspender os mesmos e asimesmo os cárregos municipais.

A *Comisión provincial* era un mero órgao de asesoramento do Gobernador civil através dos seus ditames non vinculantes e exercia, asemade, a función de tribunal contencioso administrativo.

A *Deputación,* finalmente, por máis que sobre o papel tivese carácter electivo, achaba-se completamente subordinada ao Gobernador civil. Este posuía un férreo control sobre os Deputados provinciais, reunións e o orde do día da Deputación, asi como unha faculdade discrecional de suspensión das suas sesións e acordos. As tímidas reformas do 1882 non puxeron senón mínimos retoques sen limitar máis que no accesório as omnímodas faculdades dos Gobernadores civis, que permaneceron na sua privilexiada posición.

Deste xeito, a única entidade territorial administrativa relevante era a Província. As rexións históricas eran descoñecidas a nivel organizativo non xa nun sentido de representació dos seus intereses através de órgaos institucionalizados senón mesmo no mero nivel de execución administrativa. De feito, as Províncias implicaban a liquidación político-administrativa das Rexións.

Cara a comprensión complexa do entramado político da Restauración, amosa-se ineludíbel relacionar o ríspeto sistema centralista burocrático coa Administración, ao que nos acabamos de referir, co modo de dominación político xeral en vigor. En efeito, esta organización centralizada da organización provincial non é en absoluto allea á degradación do parlamentarismo e á democrácia representativa que se derivaba dun texto constitucional no que, baixo os princípios doutrinários da «soberania compartida» e a «constitución interna», achaba-se ausente a moción de censura recollida na constitución do 1869, producia-se un afortecimento dos poderes do Rei sen contrapeso algun á hora de disolver as Cortes; unha irregular e defectuosa regulación das Cámaras; un Senado aristocrático para frenar ao Congreso; unha Cámara dos Deputados deficientemente articulada; a restrición de direitos e liberdades cidadás, etc. etc. Daí que a inversión dos usuais mecanismos parlamentários que se producia na práctica e pola que realmente era o Goberno o que elexia ao parlamento, através dunha decisión no vértice e o seu traslado desde o Goberno aos Gobernadores civis e destes aos Caciques, implicaba un funcionamento á vez *antidemocrático* e *centralista.*

Asi as institucións territoriais situaban-se no centro dos dous devanditos procesos: a centralización e o falseamento do parlamentarismo. Outro tanto pode-se afirmar do caciquismo, institución de tanta relevância en ambos os dous aspectos como os gobernadores civis. Uns e outros desenvolven unha complexa articulación de dominación política na que se

«Pouco poderá, igualmente, resolver todo o debate, tradicional por exemplo no seo do marxismo, verbo do alcancepolícito e a tendéncia social do «absolutismo» moderno se seguisen sen considerar a cuestión anterior da mesma entidade histórica do suxeito político persistentemente encoberto sob a fórmula 'Estado', isto é, se seguen sen clarificar-se as cuestións de estrutura antes de debater-se a acción política». Op. cit. páx. 54.

296 O especfico rumo e conformación da Revolución Burguesa reflexou-se en Galiza no mantimento de vellas institucións que foron progresivamente referindo-as nos seus cometidos e un notábel retraso na consolidación dunha administración centralizada. Cfr. neste orde de cousas GONZALEZ MARIÑAS, *Las Diputaciones Provinciales en Galicia: del Antiguo Régimen al Constitucionalismo,* A Cruña, 1978.

veiculaban simultaneamente centralismo e autoritarismo. O cacique, en tanto valedor do partido no poder, integra unha peza decisiva de centralización, transmitindo e executando as decisións do poder central: organización polítia autoritária e centralización burocrática non integran senón duas facianas da mesma moeda[297]

b. A crise do centralismo e os intentos conservadores de reforma.

O proceso de centralización política e erosión sistemática das liberdades locais tivo moito asiña unha forte oposición por forzas de moi deferente orientación política.

Por unha banda, os carlistas, na sua loita a prol da recuperación do Antigo Réxime, vencellaban a *forma de Goberno* e *de Estado* da Monarquia Tradicional coa recuperación dos Fueros e propoñian en consonáncia unha reestruturación pasadista da organización territorial do Estado. Nas propostas máis elaboradas como as de VAZQUEZ DE MELLA, falará-se de «monarquia federal» baixo cuxa rúbrica se plantexaba a recuperación das vellas liberdades locais pre-modernas, anteriores ao Estado capitalista, nunha perspectiva oposta directamente á democrácia representativa. Desde outras posicións, as mobilizacións liberais-progresistas en Galiza tras o achegamento do núcleo intelectual provincialista, vencellaron galeguismo e progresismo impugnando a estrutura centralizada do Estado e a redución de Galiza a unha mera «colonia de la Corte» nun cerengo demoliberal. Asi e todo, non será até a irrupción federal do sexénio e a aparición dos nacionalismos e rexionalismos periféricos na década do oitenta, cando se poria substancialmente en crise ideolóxica e mesmo política o modelo de Estado centralizado construído na Revolución Burguesa. Federais e rexionalistas construirán, sobre a base da crise material institucional e político-ideolóxica dun modelo de Estado incapaz de resolver os problemas do país, as suas propostas de descentralización e as próprias organizacións portadoras das mesmas.

Somente a existéncia destas numerosas e plurais tendéncias impugnadoras do modelo de Estado unitário, pode dar conta da aparición no seo do próprio bloque dominante de intentos por atenuar o centralismo abafante. Velaí como exemplo aquel «todos somos regionalistas» de SILVELA que tanto alporizara ao xeneral MARTINEZ CAMPOS...

Na análise dos proxectos descentralizadores gubernamentais, inducidos polo reformismo territorial anteriormente aludido, compre perceber, asemade das suas patentes limitacións, a sua auténtica natureza e finalidade pois, con excesiva frecuéncia, soen retrotraer-se os intentos de descentralización aos anos 40[298] atendendo-se máis á terminoloxia e á retórica das exposicións de motivos que á consideración da materialidade do texto.

1. *Real Decreto de 24 de setembro do 1847 de ESCOSURA.*

Citado tradicionalmente —desde o próprio SILVELA- como *precedente* máis antiguo do recoñecimento das *Rexións,* non resiste, de feito, a máis mínima análise nese sentido.

Crian-se, en efeito, as *rexións gubernativas* ao frente das cais coloca-se a un *Gobernador Rexional* que seria compatíbel coa existéncia simultánea dos tradicionais Gobernadores civis provinciais que lle estarian subordinados. Como no seu dia escribira POSADA ao respeito:

> «estabelece-se unha xerarquia uniforme desde o Ministro, pasando polo Gobernador Xeral o Gobernador civil da Província... até os alcaldes dos pobos: unha verdadeira rede de autoridades»[299].

En definitiva, o pretendido «antecedente» do recoñecemento rexional non somente resulta alleo a toda vontade descentralizadora, senón que se configura xustamente como un intento de sobrecentralización. Efectivamente, a auséncia de base electivo-representativa por parte do Gobernador Xeral, situa-o como un instrumento de racionalización administrativa centralista através da redución de centros dependentes directamente de Madrid e a introdución dun degrau intermédio de xerarquización político-executiva, ao servizo dunha meirande piramidalización das tomas de decisión e control dos organismos inferiores.

297 Sobre a relación entre o entramado caciquil e a centralización antidemocrática das decisións segue sendo de dindubitábel interés o clásico *Oligarquía y caciquismo* de JOAQUIN COSTA, Madrid, 1975, en especial páxs. 21 e ss.

298 S. MARTIN RETORTILLO, *Descentralización administrativa y organización política,* Madrid, 1969, Tomo I, páxs. 231 e ss.

299 Cfr. ADOLFO POSADA, *Evolución legislativa del régimen local en España,* Madrid, 1910, páx. 165.

2. *Proxecto MORET de reforma da Lei Provincial de 8-1-1884.*

Xa en plena Restauración presenta-se nas Cortes un proxecto, xamais aprobado, criando a *circunscripción rexional,* coas características básecas seguintes:

1ª. Criación de circunscripcións rexionais que se correspondian coas rexións histórico-xeográficas do país.

2ª. Criación da figura dos *Gobernadores Rexionais* ao frente das devanditas circunscripcións.

3ª. Mantimento das Províncias.

Agora ben, o *Gobernador Rexional* non constitui senón un Gobernador de gobernadores que centraliza funcións que antes tiñan outorgadas aos Gobernadores provinciais. Por outra banda, non aparece no proxecto MORET, por ningures, competéncia algunha, que non sexa meramente executiva, da única procedéncia que levaria a falarmos de descentralización: da Administración Central do Estado.

Asemade, e como se ten asinalado o Gobernador, ao non se dispor doutro xeito e ante a inexisténcia dunha capitalidade rexional, configura-se como un órgao itinerante de control dos Gobernadores civis provinciais. A inexisténcia de órgaos representativos capaces de tomar auténticas decisións e non ficaren como meros executores da volición-administrativa do Estado central, conxuntamente coas devanditas características, eliminan toda posibilidade de Goberno rexional ao non existiren nen órgaos nen competéncias que o substenten.

Polo demais, resulta de perfeita aplicación aqui o que antes afirmábamos do proxecto ESCOSURA; configura-se asimesmo o de MORET como un intento de racionalización sobrecentralizadora pois estabelece xerarquicamente o control directo sobre un número inferior de responsábeis: os 15 Gobernadores rexionais. A impermeabilidade do réxime Canovista a calquer intento de descentralización, pon-se asi de manifesto. De seguer a nivel rexional a estrutura do nivel provincial e local da Restauración —privada como é sabido de calquer atisbo de autonomia— seria precisa a criación dun órgao representativo rexional ao xeito das Deputacións ou Concellos —por mais que se lles privase posteriormente de toda decisión mediante a superposición dunha figura, o «Gobernador xeral», que a subordinase totalmente como ocorría nos niveis citados.

Todo acontece como si nen tan siquer ese formalismo fose permisíbel no nivel rexional onde previsibelmente xogarian outros factores de politización derivados do carácter histórico das Comunidades, os seus intereses diferenciados, etc., co posíbel conseguinte desprazamento cara a esixéncia de auténtico autogoberno.

3. *Proxecto ROMERO ROBLEDO sobre Goberno e Administración Local, 27-12-1884.*

Aparece de novo neste proxecto o término «rexión» e asimesmo a criación no seu art. 169 das *Xuntas Rexionais.* Agora ben, non se trata aqui, baixo desta dominación, dos entes territoriais históricos supraprovinciais, senón dun equivalentes do *Partido xudicial.* En efeito, no art. 170 estabelece-se que a «rexión» se constitui por unha sorte de Mancomunidade de Municípios polo que a estrutura provincial manten-se incólume agás dalgunhas modificacións secundárias.

Calquer pretensión de atopar neste proxecto o menor atisbo de descentralización acha-se, pois, fora de lugar.

4. *Proxecto SILVELA-SANCHEZ DE TOCA de Goberno e Administración Local, 20-7-1891.*

Atopamo-nos neste proxecto gubernamental de descentralización cunha posición cualitativamente distinta das anteriores, perceptíbel xa na própria exposición de motivos.

En efeito, criaban-se neste proxecto trece rexións en coincidéncia polo xeral coas comunidades históricas e en todo caso superiores a duas províncias. Asi, no seu art. 2 estabelece-se entre outras a Rexión Galega, con capitalidade na Cruña e integrada polas províncias da Cruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Polo que a organización xeral respeita, acharia-se esta integrada polo Gobernador rexional, a Comisión executiva e o Consello rexional.

Polo que respeita ao *Gobernador rexional,* situaba-se este unha vez máis como o vértice da estrutura rexional, como xefe inmediato dos Gobernadores provinciais, representante superior do Goberno no orde político e administrativo, xefe da Administración rexional e con responsabilidades en Sanidade e Orde Público.

O *Concello rexional* é unha instáncia representativa orgánica e corporativa: uns membros son elexidos polas Deputacións e concellos e outros son natos, autoridades tais como o Presidente da Audiéncia Territorial, Decano do Coléxio de Abogados, etc. Atopamo-nos aqui cunha novidade de certa importáncia ao se lle atribuir ao Consello *competéncias exclusivas e próprias.* Asi, no art. 50 do mentado proxecto, le-se:

> «Corresponde exclusivamente aos consellos rexionais a administración dos intereses peculiares das respectivas circunscripcións rexionais, segundo as leis, regulamentos e disposicións ditadas para a sua execución»[300].

En concreto, enumeran-se: criación e conservación de servizos, administración dos fondos da rexión e a sua inversión, custódia e conservación dos bens próprios da rexión, etc.

En canto á *Comisión executiva,* é considerada unicamente como unha permanente do Consello e neste sentido desenvolve as suas funcións, agás das de asesoramento do Goberno.

Aparecen, poi, recollidas atribucións e órgaos ausentes noutros proxectos; mais, deixando aparte as profesións de fe rexionalistas que figuran na exposición de motivos, é preciso asinalarmos o seguinte:

1. En primeiro lugar, o feito significativo de que o Gobernador rexional non varie substancialmente na sua configuración respeito de proxectos anteriores. Asi, segue sendo representante do Ministério de Gobernación elexido polo Goberno, e non pola rexión representando ao primeiro, as normas do cal ten que executar na Rexión. Polo demais, domina ao Consello rexional xa que segundo o estabelecido nos arts. 57 a 62, en título específico, pode nunha gama de supostos suspender os acordos de tal órgao.

2. Polo que se refere ao *Consello rexional,* posui éste un carácter deficientemente representativo. A sua composición, como temos ollado regulada no art. 30 presenta-o como un órgao integrado corporativamente por dignatários e altos funcionários e rendistas.

Polo demais, o presuposto rexional ten que ser aprobado en Madrid pola Dirección de Administración local (art. 100) e as suas contas revisadas asimesmo polo Tribunal de Cuentas del Reino (art. 100).

3. Polo que respeita ás competéncias exclusivas reguladas no art. 50 nunha enumeración taxativa, é de salientarmos que son moi reducidas e de mera conservación e administración, sen configurar un corpo verdadeiramente substantivo en contra das declaracións programáticas iniciais. A iso ven-se engadir a proibición do art. 49 de exercer algunha outra competéncia non outorgada explicitamente.

4. Finalmente, como se ten asinalado:

> «A idea que preside a organización do Consello rexional e máis a de facilitar a prestación de determinados servizos locais, en unidades territoriais superiores as até o momento existentes, que a de articular unha auténtica transferéncia de funcións do Estado ás Rexións»[301].

Conclusivamente, pois, e mália as declaracións «rexionalistas» de SILVELA destinadas a atrair-se á causa da Monarquia —e ao partido conservador aos rexionalistas, fundamentalmente aos cataláns no proxecto non se contempla *descentralización política* algunha, ao non se configurar órgaos e competéncias de autogoberno. Establece-se somente unha mera *desconcentración administrativa* pola que se dá traslado dalgunhas competéncias executivas da Administración central —xamais decisórias— á Administración periférica. En substáncia, unha limitadísima perspectiva descentralizadora[302] que a situa de todos xeitos en franca ruptura cos proxectos anteriores, meros racionalizadoras do centralismo, certamente semellante ás esixéncias do Xeneral POLAVIEJA en Catalunya que solicitaba a criación dunha Deputación rexional que absorbese as províncias, mais sen función política algunha, e o respeto ás institucións xurídicas catalás[303].

O intento SILVELA, vitima da oposición de elementos como os xenerais WEYLER e MARTINEZ CAMPOS, asi como do por aquel entón republicano unitário CASTELAR, non pasou xamais de proxecto.

c. **A «Constitución Colonial» para Cuba e Puerto Rico do 25-11-1897.**

Co presente texto, que como xa temos ollado fora empregado polos rexionalistas galegos, fundamentalmente o seu sector liberal, como modelo das

300 L. PAREJO ALFONSO, «La Región y la legislación história del Régimen local», en VV. AA. *Las Autonomías regionales,* Madrid, 1977, páx. 112.

301 MARTIN RETORTILLO, op. cit. páx. 225.

302 Significativa é ao respeito a posición tanto de MURGUIA como de GOLPE. O primeiro deles no artigo «Donde estábamos, estamos», *La Patria Gallega,* 1892, Xaneiro, calificaba aos proxectos de SILVELA de «insuficientes» e «incompletos».

Por o que a GOLPE se refere, nunha série de artigos publicados na *Revista Gallega* da Cruña sob o título «¿Es regionalista Silvela?, do 27 de Marzo do 1898, 3 de Abril e 10 de Abril do mesmo ano, nos que conclui o carácter non rexionalista do conservador.

303 J. A. GONZALEZ CASANOVA, *Federalisme i Autonomia a Catalunya: 1868—1938,* Barcelona, 1974, páx. 174.

suas arelas descentralizadoras, damos un salto na problemática que até aqui viñamos tratando. En efeito, esta Constitución colonial pretende regular, por máis que dirixido ás colónias americánas, unha auténtica descentralización política. Nas próprias verbas do seu «preámbulo»: «La más completa autonomía».

E de interés a análise da mesma por ver as liñas xerais do que, independentemente da cristalización concreta do texto en cuestión, entendian por Autonomia e descentralización os rexionalistas liberais coruñeses.

Polo que ao texto respeita, tardia resposta ao problema colonial, non tivo apenas oportunidade de incidir nunha evolución imparábel dos acontecimentos que rematarian no ano seguinte co conflito bélico e a perda irremisíbel das colónias.

Asi e todo, compre salientarmos que nos achamos perante *un texto fundamental do noso direito público*, ricaz en solucións a diferentes problemas de descentralización plantexados por vez primeira, e dabondo esquencido nas análises verbo do tema. O interés que para nós reveste o devandito texto, con todas as matizacións que son do caso, centra-se no acertado dalgunha das suas solucións técnicas e a organización e desenvolvimento que se fai da Autonomia, asi como polo feito de se constituir un elemento reivindicador do rexionalismo galego[304].

Mais, mália a retórica do autogoberno con que foi presentado e as ilusións rexionalistas que despertaran no seu momento, é preciso someter á Constitución Colonial a unha consideración minimamente pormenorizada que nos descubra o alcance real do autogoberno que propugna.

1. En primeiro lugar, é preciso darmos conta da expresión *Constitucional Colonial,* que aparece unha e outra vez ao longo do texto. Para empezar: ¿póde-se-lle aplicar, nun sentido xurídico estrito, o apelativo de Constitución ao Real Decreto de 25 de novembro do 1897, posteriormente aprobado polas Cortes centrais? A cuestión non é de nengun xeito formalista senón que afecta nuclearmente á profundidade mesma do autogoberno en tanto que acondiciona o seu modo de nacimento e a sua garantización.

Con efeito, de ser unha Constitución a sua xénese implicaria a intervención dunha *Asamblea constituinte* soberana eleixida pola Comunidade que se autonormaria a sí mesma, dotando-se dunha suprema norma organizadora do poder e participación políticos. Pois ben, a disposición que comentamos, apesar da autoclasificación de «constitución colonial», non é senón unha mera *Carta otorgada»* desde o ponto de vista da sua xénese e aprobación. Isto implica a *concesión* dun determinado estátus para ás colónias na configuración do cal non se produciu a intervención das comunidades respectivas en canto tais. Consecuentemente, isto implica conxuntamente coa inseguridade xurídica global resultante, un notábel descenso nas cotas do autogoberno, non en van a elaboración própria —agás das limitacións indispensábeis- constitui, como veremos mais adiante, un elemento clave nos Estados federais.

Finalmente, o feito de ser unha *Carta Outorgada* aprécia-se en aspectos decisivos do autogoberno que se ben non afectan inmediatamente ao autogoberno, poden ter ulteriores consecuéncias sobre o mesmo; así, os derivados da aplicación dos erosionados direitos de participación que recolle a Constitución Canovista[305].

En orde á cuestión da eficácia normativa, o carácter de Carta outorgada, posui, asimesmo, importantes e desvantaxosas consecuéncias. No contexto da Restauración, onde a potencialidade lexislativa reside, segundo a Constitución do 1876, conxuntamente no Rei coas Cortes, de acordo ao clásico princípio doutrinário, a formulación técnico-xurídica dun Real Decreto aprobado posteriormente polas Cortes, supón unha merma indubitábel nas Garantias. En efeito, ao ter rango de lei, pode ser modificada por calquer disposición posterior co mesmo rango, aprobada polas Cortes. Procedimento xurídico ao que, se lle engadimos as caracterísiticas, non xa xurídicas senón sociopolíticas, do funcionamento do sistema parlamentário na Restauración, acaba por deixar nas mans do partido no Goberno de turno o destino final do autogoberno outorgado, xa que aquel posui, sen quebranto da legalidade vixente, a posibilidade de derogar ou recortar órgaos, capacidades e competéncias.

Pasemos agora ao segundo ponto que integra a expresión que designa a descentralización proposta para as colónias: *Constitución autonómica.*

Na exposición de motivos achamos referido o termo *Autonomia* a unha pluralidade dispersa de contidos: autonomia política, entendida como auto organización e goberno dos asuntos próprios; autonomia económica porque aos negócios das colónias se refere; autonomia arancelária... e asi sucesivamente. Agora ben, en canto á interpretación do sentido último do conceito de Autonomia, asi como das categorias a empregarmos na sua análise, compre contextualizar o proxecto en cuestión na experiéncia e direito pública da época. Neste orde de cousas, tan desaxeitado seria acudir ás elaboracións contemporáneas que con base na experiéncia española e italiana ten elaborado a iuspublicística, como descoñecer o feito de que, xustamente a finais do século, comezaban a construir-se as categorias de «autonomia», «descentralización por países» etc., para dar conta daqueles «fragmentos de Estado» supostos de autogoberno ainda atípicos, intermédios entre o Estado unitário e o federal, e que supuñan a presenza de próprios órgaos de autogoberno e xeralmente función lexislativa de seu.

Efectivamente, sen determo-nos nunha análise pormenorizada, que excede ao obxectivo deste traballo, compre salientarmos minimamente as liñas xerais desta construción que con base en experiéncias concretas clasificábeis cos parámetros tradicionais (Território de Memel, Finlándia, Croácia-Eslavónia, Império austrohúngaro) elaborou nomeadamente a iuspublicística alemá do século XIX.

En efeito, xa LABAND, analizando o Império Alemán, recoñecia o direito dos Estados a unha *lexislación própria*, teorizando en consecuéncia unha *autonomia politica* que se traducia tanto na capacidade de *autolexislación* como de *auto-administración*. Pero por mais que a «autonomia en sentido xurídico designa sempre un poder lexislativo» non se achaba carente de limitacións. Efectivamente:

> «A autonomia, conceito xurídico, supón un poder de direito público *non soberano* que pode, en virtude dun direito próprio e non meramente delegado, estabelecer normas obrigatórias... a falta de soberania traduce-se no feito de que a potestade lexislativa se debe manter nos limites nos que o poder soberano ten fixada a autonomia e non poder estabelecer regras de direito en oposición ás que ten estabelecidas o soberano»[306].

Mais seria, sen dúbida, JELLINEK quen, en base ao estudo dos por el chamados «fragmentos do Estado», analizaria a *descentralización por países* («Lands») como forma intermédia entre o Estado unitário e o federal, chegando a acuñar o conceito de *Estado integral* («Gesamstaat») que máis adiante acolleria a constituinte española da II República para significar a descentralización rexional nela regulada [307]. Máis tarde, na sua obra de madurez, a *Teoria Xeral do Estado,* sistematizaria esta caste de descentralización política categorizando-a xuridicamente. Asi, por exemplo, ao analizar o caso de Croácia, sintetiza a sua situación do seguinte xeito:

> «Croacia non somente ten Parlamento e Tribunais independentes de Hungria, que xulgan segundo leis croatas... senón que as suas relacións con Hungria son obxecto dunha lei doble húngaro-croata que esixe que toda modificación do direito público entre os dous países necesite o consentimento do parlamento croata»[308].

En definitiva, esta descentralización para JELLINEK situaba-se como autenticamente política, entendendo por «Land» o grau extremo a que poderia chegar a descentralización dun Estado sen destruir o carácter de unidade deste, vale dicer, sen se converter en Estado Federal.

Inclusive, no cumio da pirámide doutrinal alemá positivista do Direito Público, KELSEN recoñece as diferenzas substantivas entre a descentralización por países ou rexión e o Estado unitário e o federal. En efeito, «incrementa-se naqueles o degrau de descentralización dos corpos autónomos, estendendo-se non somente a normas individuais (execución) senón ás xerais (lexislación) e «no conceito de autonomia conflui o princípio de descentralización coa idea de democrácia, isto é, de autodeterminación. Os órgaos encarregados de estabeleceren normas locais individuais, e en certa medida tamén xerais, *son elexidos por aqueles para quen as normas reguladas han de ser obrigatórias»*[309].

En definitiva, as notas que configurarian a descentralización autonómica con anterioridade ás experiéncias española e italiana contemporáneas serian:

1. Auténtica descentralización política (toma de decisións) e non meramente administrativa (execución de decisións alleas).
2. Configuran-se como entidades autónomas non soberanas e sen poder constituinte.
3. Como rasgo distintivo central posui próprio poder lexislativo.
4. Presenza de órgaos políticos próprios para

---

304 Cfr. a *Revista Gallega,* 5 Decembro 1897 E 26 Decembro 1897, xa comentados.

305 Sin que por ello pueda establecerse como hace GARCIA ENTERRIA en *La Constitución como norma jurídica y el Tribunal Constitucional*, Madrid, 1981, p. 23 y ss. el establecimiento de una relación causal inmediata entre la aparición histórico-material de la Constitución y su construcción formal como norma jurídica de tal modo que hablar de «constitución democrática» sería una mera «petitio principii». La Historia del constitucionalismo europeo ejemplifica vivamente lo antedicho.

306 PAUL LABAND, *Droit Publique de L'Empire Allemand,* Paris, 1900, Tomo I, 1977.

307 GEORG. JELLINEK, *Fragmentos de Estado,* Madrid, 1978, páx. 101.

308 GEORG JELLINEK, *Teoría General del Estado,* Madrid, 1915, Tomo II, páx. 357.

309 HANS KELSEN, *Teoría General del Estado,* México, 1979, páx. 253.

exercer as devanditas funcionalidades: lexislativo, xudicial e executivo.

5. Ámbito próprio de competéncias sobre as que regular lexislativa ou regulamentarmente.

Rasgos que prefiguran a regulación das Autonomias que máis adiante contemplarian un considerábel arrequento da sua perfeición e complexidade técnico-xurídica, tanto na práctica como na teoria, en aspectos substanciais como as garantias, os critérios de reparto de competéncias, a eficácia das normas autónomas etc. etc. Evolución desta figura de descentralización que fai inaplicábeis sob perigo de incorrermos nun perfeito anacronismo as categorias contemporáneas que responden a regulacións máis complexas e diferenciadas tanto na perspectiva da configuración democrática do Estado como na própria clase de descentralización autonómica. Así e todo, esta espécie de autogoberno acha-se xa a finais do século XIX fixado nos seus pontos básicos. As palabras de LLORENS referidas á experiéncia da II República son de aplicación ao modelo dos rexionalistas liberais da Cruña:

«Autonomia implica sempre capacidade lexislativa e transferéncia de funcións desde o centro político ás colectividades parciais»[310].

Por outra banda, e volvendo ao texto obxecto da nosa análise, na exposición de motivos da «Constitución Colonial» poden-se atopar critérios xenéricos, a nivel de formulación de princípios, do que o lexislador español entende por *autonomia*. Abarcaria esta a existéncia dun poder lexislativo próprio, dun poder executivo tamén de seu, un poder xudicial e máis unha autonomia «económico-arancelária».

En definitiva, e neste nivel programático —insistimos— o sistema poderia-se encuadrar no seo da descentralización autonómica, «por países» no dicer de JELLINEK, en tanto que formalmente posui a suas características xenéricas.

Pero tamén, fundamentalmente, e apesar das protestas de orixinalidade do próprio preámbulo, segue-se polo lexislador español, bastante de perto, o modelo das colónias inglesas que foron dotadas pola Metrópole dunha «Constitución» própria, dun poder lexislativo autónomo, dun gabinete responsábel diante das cámaras lexislativas, de Tribunais de Xustiza próprios e máis dun Exército e Armada de seu[311]. A característica destes órgaos radica en que o exercício do poder próprio supón a actividade comun de órgaos do mesmo e do poder do Estado soberano, así, as leis da colónia son sancionadas polo poder do Estado...

Agora ben, unha vez fixados os referentes xenéricos e as semellanzas a nivel de princípios, compre, unha vez máis, pasarmos á análise concreta do articulado para estabelecer o alcance do autogoberno que se outorgaba a Cuba e Puerto Rico.

2. *A organización do autogoberno.*

Analicemos primeramente as institucións en que se fundamenta o autogoberno das colónias:

2.1. O Parlamento insular.

O Parlamento colonial segundo o art. 10, estaría integrado por duas Cámaras: o «Consello de Administración» e a «Cámara de representantes».

O *Consello de Administración* estaria integrado ao xeito dunha verdadeira Cámara de Notábeis (seguindo de perto o modelo do Senado da Constitución do 1876). Neste sentido, dos seus 35 membros, 18 eran elexidos e 17 nomeados polo Gobernador en delegación do Rei. Como requisitos para ser membro precisaba-se ser alto funcionário ou rendista.

A *Cámara de Representantes* configuraba-se como unha cámara electiva e representativa sen ningunha peculiaridade destacábel, integrada por un Deputado por cada 25.000 habitantes.

Verbo de ambas as duas cámaras é preciso destacar as amplas faculdades de que está dotado o Gobernador cara á sua convocatória, pechamento ou suspensións das sesións, así como na disolución das mesmas.

Canto ás funcións das cámaras, é preciso resaltarmos que, segundo o esquema doutrinário non posuen de seu o poder lexislativo senón conxuntamente co gobernador (art. 20), correspondendo-lle ademais a responsabilización efectiva dos secretários de Despacho (art.29.2). A potestade lexislativa é dobre: a exclusiva sobre asuntos próprios e as propostas de derogación ou modificación de leis xerais feita através do Gobernador xeral.

[310] LLORENS, *La Autonomía en la integración politic*, Madrid, 1932, páx. 79-80.

[311] Elementos todos eles salientados como configuradores dunha específica caste de autogoberno colonial, por H. TODD, *Parliamentary Government in the Colonies*, London, 1894, páxs. 89 e ss;

2.2. O Gobernador xeral e o Executivo.

No art. 41 estabelece-se que o Gobernador Xeral seria nomeado polo Rei, de quen constituiria o seu delegado na Colónia, erguendo-se en suprema autoridade das Illas «a quen lle estarian *subordinadas* todas as demais autoridades».

Tal preponderáncia global do Gobernador ven ampliada e concretada por dous elementos máis que resultan absolutamente decisivos:

—A faculdade de *sanción* con posibilidade de veto suspensivo indefinido sobre os acordos do Parlamento Insular caso de que este «se extralimite nas suas funcións, atente aos direitos dos cidadáns recoñecidos no Título I da Constitución... ou comprometa os intereses da Colónia ou do Estado» (art. 43.2).

Nestes casos o Gobernador non sancionará o texto e remitirá-o ao Consello de Ministros que o aprobará ou o devolverá nun prazo de dous meses, tras do cal as Cortes teñen que modificar o texto. De non face-lo a através da mesma canle (Gobernador-Consello de Ministros) seria impugnado novamente co que, na práctica, o veto suspensivo se volveria *absoluto*.

—As faculdades do nomeamento dos Secretários de Despacho son realmente amplas. Na constitución do Executivo o Gobernador pode «nomear aos que ao seu xuízo representen da maneira máis completa as maiorias da Cámara de representantes e do Consello de Administración». Tanto pola subxectividade do critério a empregar como pola necesidade de representación no Executivo do Consello de Administración integrado como xa se viu por Notábeis (a metade dos cais son nomeados polo próprio Gobernador) a discrecionalidade práctica de que goza o Gobernador nesta actuación decisiva é realmente notória.

En definitiva, e non podia por menos de acontecer así, a aplicación dos critérios doutrinarios da Restauración inducia importantes efeitos no concernente ao autogoberno das colónias. En efeito:

1.º O Princípio da *soberania compartida* entre o Rei e as Cortes, traducido na necesidade da concoréncia da vontade do monarca para o nacimento dunha lei, que constitui un dos princípios básicos do doutrinarismo, implica unha concepción da sanción réxia, non como un *acto debido* e polo tanto un requisito puramente formal, entendida como posibilidade de veto suspensivo e, sobretodo, absoluto.

O traslado deste esquema a nivel colonial conduce ao feito inevitábel da perda de autonomia do Parlamento através do xogo do veto *en base a critérios do Goberno Central* (Consello de Ministros) veiculada através do Gobernador xeral. E a eliminación da autonomia do parlamento colonial implica de feito a liquidación das bases mesmas do autogoberno que se pretendia regular, dado que a sua característica primordial residiria precisamente na posesión de propria potestade lexislativa e non meramente executiva. En definitiva, ven-se a deixar ao arbítrio discrecional do poder central a utilización da potestade lexislativa por parte do parlamento insular segundo unha amplitude de critérios tal que permite a paralización sistemática da sua actividade lexislativa e absoluta de garantia ao efeito.

2.º Efeito conculcador do autogoberno que se ve ampliado pola ubicación orgánico-institucional do Gobernador: ao non ser nomeado polas Cámaras senón polo Rei a proposta do Consello de Ministros (art. 41) non posuen aquelas armas política algunha contra del, pois de xeito semellante ao que acontece coas Cámaras da Constitución Canovista, están desprovistas de *moción de censura*. Pola contra, o Gobernador posui a faculdade de disolver e convocar as Cámaras, o que lles outorga unha superioridade política absoluta, e através del, ao Goberno Central, frente ao parlamento insular. A própria responsabilización dos Secretários deixa-o en estado de «lexibus solutus» frente á Cámara de representantes e alleo a todo control colonial. En definitiva, a auséncia de garantia é absoluta xa que todo se deixa ao azar dun hipotético «laissez faire» do Consello de Ministros español que, nen por tradición centralista nen pola práctica de parlamentarismo degradado institucionalizada, posui os menores visos de realidade.

Resulta sintomática, neste sentido, a confrontación coa experiéncia das colónias inglesas. Sen constituiren estas un modelo de autogoberno, tiñan, en troques, ao seu favor os usos parlamentários da Metrópole que aseguraban unha certa descentralización non somente de direito senón propriamente de feito. Tamén, neste caso das colónias británicas, os Gobernadores nomeaban-se pola Metrópole e, asimesmo, posuían a faculdade de sanción sobre as leis aporbadas polo parlamento colonial. Mais a práctica parlamentária británica provocaba —do mesmo xeito que no Parlamento central— que «estes asentimentos e sancións fosen constantemente outorgados cuase como unha cousa natural... e o direito da Coroa a negar o seu asentimento aos proxectos das Cámaras Coloniais cai, na práctica, en desuso»[312]. Efec-

[312] Con efeito, para A. V. DICEY:

tivamente, segundo DICEY, a práctica mesma amosou que somente contados Bills que infrinxan directamente as Normas Básicas Británicas, foron vetados ao longo do século XIX. E, en definitiva, a tendéncia do goberno imperial era a de non inmiscuir-se na acción das Colónias tanto en matéria de lexislación como económica.

Conclusivamente, pois, diferenzas máis que de ordenamento xurídico, sobretodo de *práctica política,* tanto polo que se refere á Monarquia constitucional como ao próprio funcionamento do sistema parlamentário, supoñian que, mália a homoxeneidade de critérios xurídicos cara á organización colonial (Gobernador nomeado polo Goberno Central e posibilidade de veto sobre as leis coloniais), os resultados foran presumibelmente diferenciados.

3.° Se ao dito lle engadimos o feito da composición do Consello de Administración, no que o próprio Gobernador pode nomear a metade menos un dos seus membros, e que ambas as duas Cámaras tiveran o mesmo peso político e lexislativo, a auséncia de todo posíbel órgao representativo dos intereses materiais da Comunidade Colonial frente á Metrópole é un feito a constatar, conxuntamente coa prepoténcia dos órgaos uninominais controlados polo Goberno Central.

3. *As competéncias do Autogoberno.*

Cabe destacar neste orde de cousas os critérios empregados polo lexislador español para o reparto de competéncias. En princípio, o feito de outorgar á Colonia todas aquelas competéncias non atribuídas taxativamente ao goberno central, presenta-se como unha arma de dous fios, pois permite tanto unha adquisición de competencias polo Goberno autónomo (caso hipotético de non existir veto do Consello de Ministros) como a penetración da intervención estatal ao non existir unha lista de competéncias garantizadas á Colonia.

Polo demais, resulta de interés a tripartición de competéncias segundo o degrau de intervención do poder autónomo que se atopa na Constitución colonial moi perfilada técnicamente. Distingue-se, así:

3.1. Potestade exclusiva ou privativa.

Onde cabe a máxima regulación por lei do ente autónomo «naqueles asuntos que afecten principalmente ao território colonial e neste sentido... organización administrativa, división territorial, provincial, municipal ou xudicial; sobre Sanidade... crédito público, Bancos e sistema monetário» (art. 35).

Asimesmo, estabelece-se a faculdade de exclusiva do parlamento insular cara a formación do presuposto local.

3.2. Potestade concorrente.

Capacidade neste caso de lexislar conxuntamente co Estado en matérias dos Ministérios de Grácia e Xustiza, Gobernación, Facenda, Fomento, Obras Públicas, etc., pero somente no ámbito local e respeitando os princípios da lexislación estatal nestas materias.

3.3. Potestade executiva.

Frente ás duas anteriores non se trata aqui de potestade lexislativa senón de mera actividade regulamentária de aplicación da normativa estatal. Tal e como se recolle no art. 33 esta execución no poderia ser exercida «motu proprio» senón no caso de ser explicitamente confiada en matérias tais como procedimento eleitoral, formación de censos, etc.

Finalmente, é preciso asinalarmos que perante a inexisténcia dun listado de competéncias específicas claras, o peso do sistema bascula cara á configuración dos órgaos de goberno e correlación de forzas verbo do Goberno central. En efeito, a non concreción das competéncias concorrentes do art. 32, por exemplo, pode permitir unha interpretación extensiva da Metrópole verbo das mesmas o que reduciria consideraƀelmente o ámbito autónomo competencial.

4. *As Garantías do autogoberno.*

A «Constitución colonial» adica-lle o Título VIII á unha cuestión decisiva: «Garantías para o cumprimento da Constitución colonial». Nel atopamo-nos cun abano de elementos que convén destacar:

1.° O tribunal superior xudicial non é o *Tribunal Pretorial* da Habana senón o Tribunal Supremo español: Isto implica a inexisténcia de poder xudicial próprio en derradeira instáncia para nengunha matéria (art. 64).

2.° As cuestións de xurisdición entre Parlamento e Gobernador coñecian unha dobre via potestativa: ou ben o Consello de Ministros español ou ben o Tribunal Supremo Central (art. 64).

3.° A única garantia explícita no texto atopamo-la na Disposición Adicional 2.°:

> «La presente Constitución no podrá modificarse sino en virtud de una lei y a *petición* del Parlamento insular».

Declaración que non ten máis valor que a sua própria declaración programática, pois ao estar contida nunha lei ordinaria nada impede que outra posterior derogue o devandito preceito e pase logo a reformar a própria constitución colonial. Deste xeito o requisito de prévia petición do parlamento insular fica no terreno da máis patente ineficácia. O rango xurídico da norma portadora da «Constitución colonial» xoga aqui un valor absolutamente decisivo.

En conxunto, como xa dixemos, o aseguramento fica totalmente nas mans do Consello de Ministros central e da sua vontade política, incontrolábel pola Colónia.

Conclusivamente, e xa para rematarmos esta análise do presente texto, compre afirmarmos que a concepción daquela «Autonomia más completa» amosa, porén, graves defeitos á marxe da idea global que afectan negativa e profundamente ao Autogoberno das Colónias:

1.° En primeiro lugar, o rango xurídico do texto, apesar da autodenominación de «Constitución colonial», é de lei ordinária, modificada ou derrogábel por outra lei posterior coa conseguinte perda de garantias.

2.° A sua organización institucional estabelece unha total subordinación política á Metropóle, inducida pola prepoténcia do Gobernador xeral e, en concreto, a subordinación das Cámaras coloniais ao Consello de ministros central. A todo isto ainda é preciso engadir a auséncia, a nivel central, dunha segunda Cámara de representación territorial.

3.° Polo que se refere ás competéncias, e apesar das interesantes solucións técnicas, a sua impresión permite e facilita interpretación restritivas para a Colónia a prol do Goberno Central.

4.° As garantias son inexistentes, pois, como temos visto, perante a auséncia de critérios aseguradores obxectivos e materializados: auténtica constitución, participación na reforma da «Constitución colonial», Tribunal Supremo central con participación colonial, etc... pasa a depender da vontade discrecional do partido turnante nese momento no goberno metropolitano.

En definitiva, a «autonomía más completa» ve-se reducida na práctica a unha precária descentralización sen garantias de nengun tipo, que somente dun xeito aleatório e pouco probábel, perante as tradicións centralistas e antidemocráticas da Restauración, poderian no seu dia constituir un auténtico autogoberno antillano.

Asi e todo, a nivel de princípios e estrutura orgánica global, plantexa unha clase de descentralización que recoñece un poder lexislativo autónomo, un poder lexislativo e xudicial próprios, unhas competéncias tamén autónomas... que non e de estrañar chamase a atención dos rexionalistas galegos vendo nel os pontos claves do seu programa de autogoberno.

VI. O POSICIONAMENTO POLÍTICO: A NACIÓN GALEGA E A LIBERDADE DOS MODERNOS.

Compre finalmente, para rematarmos a análise da ideoloxia murguiana, referirmo-nos brevemente ao posicionamento político global do noso autor, pechando asi o roteiro dos diversos factores integrantes do seu nacionalismo.

En efeito, a orientación político-ideolóxica global de MURGUIA define-se tanto na articulación concreta da sua fundamentación nacional de Galiza como no próprio posicionamento político explícito, na sua perspectiva de alianzas e apoios á causa do rexionalismo. Vexamos ambos os dous elementos separadamente:

A. O permanecimento do liberalismo no ideário murguiano.

Un problema central na análise e consideración do pensamento murguiano radica arredor da incidéncia desta fundamentación orgánico-históricista da nación galega sobre os aspectos voluntaristas e liberais da sua ideoloxia.

Porque, efectivamente, como xa temos aludido, o pensamento nacionalista europeu amosa agás do caso italiano, cando fai fincapé nos elementos histórico-organicistas, unha inesquivábel tendéncia ao debecimento e marxinación dos plantexamentos voluntaristas e liberais. Endali que resulte decisivo elucidarmos cal sexa a posición de MURGUIA con respetio á isto.

«a tendéncia do goberno político imperial era a de non se inmiscuir na acción das Colónias, xa fose en matéria de lexislación ou noutras». En *Introducción a l'étude du Droit Constitucionel*, Paris, 1902, páx. 93 E 106.

a. A orientación global da fundamentación histórico-naturalista da nacionalidade galega.

A respeito disto, compre sintetizarmos que, como xa temos asinalado no seu lugar, a utilización con peso decisivo dos elementos histórico-orgánicos na fundamentación da nacionalidade galega, non resolve o sentido e articulación final do nacionalismo murguiano.

Irredutíbel tanto ao nacionalismo xacobino como ao xermánico, as formulacións de MANCINI son a estes efeitos esclarecedoras: os elementos orgánico históricistas reorganizan-se baixo os efeitos dun princípio articulador voluntarista liberal nunha síntese final marcadamente progresista que controla e modula os máis que probábeis efeitos que se derivarian do império soberano dos primeiros na fundamentación nacionalitária.

Neste orde de cousas, abonda con nos lembrarmos agora dos diferentes aspectos analizados con anterioridade para nos decatarmos do cariz coerente e unívoco tomoado polo nacionalismo murguiano.

En efeito, polo que á Teoria da nación se refere, o noso autor recollendo diversas influéncias organicistas e voluntaristas, orienta-se claramente sob o impulso da concepción manciniana cara ao nacionalismo liberal onde o elemento da conciéncia nacional xoga un papel contrarrestrador dos elementos organicistas. Tamén, polo que se refere á historización nacionalitária de Galiza, o modelo que MURGUIA aplica baixo a influéncia dos historiadores románticos liberais, especialmente A. THIERRY, mantén en todo momento a complexidade substancial dunha história galega que en nengun momento se desliza na pendente do maniqueísmo Galiza-España e atende e dá conta da presenza de factores internos á própria nacionalidade.

Mesmo ao abordar o elemento máis discordante coa concepción democrática de todos os presentes no modelo murguiana, a raza, temos visto como se outorga unha finalidade de afirmación, recuperación da dignidade dun pobo oprimido e mesmo de modernización e europeización. Chegados aquí, compre someter o pensamento murguiano a unha última proba: analizarmos o seu posicionamento perante dous problemas que, presentes dun xeito ou outro na sua obra, constituen, sen dúbida, un «test» decisivo sobre a solidez dos seus plantexamentos liberais. Trata-se, en concreto, das problemáticas dos foros e da codificación.

1. *O problema da codificación.*

A codificación do direito integra, sen dúbida, unha das tarefas centrais na Revolución Burguesa no proceso de construción do Estado capitalista —através da monopolización dos poderes antes dispersos no seo da sociedade civil e criación dun orde igualitário que opón ao *direito* como conquista autenticamente contemporanea e ao cidadán frente ao «privilέxio» e ao «súbdito»[313]. A codificación, por canto supón a desaparción dos rexímes de privilέxios, e do mesmo xeito que o proceso de monopolización do poder implicou un proceso de centralización paralelo, supuxo a depuración necesária dos direitos históricos das comunidades preexistentes.

De aí que desde diferentes posicións, ás veces interpenetradas —carlismo e contra-revolución burguesa, rexionalismo e nacionalismo— presentara-se na España do dezanove unha forte loita político-ideolóxica desde a periféria especialmente catalá contra da codificación teorizada ao amparo da recepción da Escola Histórica do Direito[314].

Precisamente por iso, o posicionamento perante á codificación sexa unha problemática privilexiada en que comprobar a solidez e o fondo das raíces do liberalismo murguiano. En efeito, a necesidade de resgatar, recuperar e manter as próprias institucións galegas, en canto elementos nacionalitários, levaria a

un conflito frontal co proceso de unificación xurídica, e moi especialmente coa *codificación* que poderia moi ben ser considerada como un inimigo central, emanación perniciosa do Estado centralista.

E tal será, en efeito, o posicionamento dalguns rexionalistas: BRAÑAS arremeterá desde o tradicionalismo contra o nefasto «derecho nuevo» e CABEZA DE LEÓN chegou a falar de «ese desgraciado engendro que lleva el nombre de código». Posicionamentos ambos que plantexaban o rexionalismo como a recuperación da eséncia tradicional da pátria perdida nas mans da modernidade e o capitalismo.

¿Cal será, neste orde de cousas, o posicionamento de MURGUIA? Non é este un tema que o noso autor aborde coa extensión e reiteración suficiente como para conformar unha sólida opinión no tema, mais, así e todo, as suas contadas intervencións verbo da problemática codificadora amosan suficientes elementos para aclararmos o seu pensamento ao respeito.

Efectivamente, unha leitura superficial das observacións críticas que á codificación fai MURGUIA na sua resposta a MOGUEL, poderian inducir-nos á crenza de que se alineaba neste aspecto cos outros rexionalistas citados, BRAÑAS e CABEZA, arredor dun rexeitamento total da codificación en concreto e en abstracto. Así, en El Regionalismo Gallego, MURGUIA afirma entre outras cousas:

«manifiesto deseo de todos de salvar de su ruina el régimen foral del país, anonadado bajo el peso de las disposiciones consignadas en el Código hijo del espíritu centralizador que lo informa»[315].

e critica que se lexislase sen coñecer a propriedade galega parcelada e minfundista.

Mais, así e todo, a presenza destas críticas ao Código civil español, derivada da necesidade de salvaguardar os costumes galegos tradicionais, non implica en MURGUIA un cuestionamento do feito mesmo da codificación —como acontece, polo demais, con moitas argumentacións dos xuristas cataláns da época—, cuestionamento que non aparece por ningures na obra murguiana a diferenza de CABEZA DE LEON e BRAÑAS, que se pronunciaban contra a própria existéncia do «Derecho nuevo» en canto tal. En troques, o posicionamento de MURGUIA centra-se en críticas concretas e que el mesmo recoñece «pequeñas». Así, por exemplo, para darmos unha idea das dimensións da sua postura, critica o retracto de colindantes e proibición de sebes vivos a menos de tres metros dos límites das fincas... en definitiva achamo-nos cunha problemática moi lonxana a respeito da plantexada polos xuristas cataláns, esencialmente centrada arredor do réxime dominal da terra: supresión da enfiteuse, redimibilidade obrigatória das existentes, fixación do prazo de 60 anos para a duración das «rabassas», etc., que denotaban unha oposición central non só á codificación en canto tal, senón á modernización do direito de propriedade.

Pero é que, ademais, a necesidade de conservación das institucións galegas que MURGUIA postula, non implica o mantimento de todas as institucións históricas existentes polo único feito da sua historicidade. En efeito, se ben este problema dos límites da salvaguarda das vellas institucións nunha nota marxinal e non con substantividade no texto, noutro lugar o noso autor plantexa-se tal cuestión. Así, criticando un artigo de TORRES CAMPO, quen desde unha perspectiva liberal-centralista criticaba o permanecemento dos direitos forais compatíbeis co Código civil, MURGUIA adopta unha posición de moderación e síntese, admitindo a necesidade da codificación e tratando de salvar os elementos do direito histórico galego que non resulten disfuncionais co direito novo.

Neste sentido, MURGUIA mostra-se partidário do mantimento:

«de los elementos forales *que estén conformes a los principios de la ciencia jurídica*... y de que las instituciones locales *dignas de conservarse en el Código civil como excepción* aplicable al territorio en que hoy están vigentes, se conserven»[316].

---

[313] Sobre a problemática xeral da codificación en España pode ver-se TOMAS y VALIENTE, *Manueal da Historia del Derecho Español,* cit. páxs. 347 e ss. B. CLAVERO, *La idea de código en la Ilustración jurídica,* en *Historia, Instituciones y Documentos,* n.° 6, Sevilla, 1979, páxs. 49-e ss., JUAN ALEJANDRE, *Derecho del constitucionalismo y codificación* I, *Sevilla,* 1978, páxs. 164 e ss., e E. GACTO, *Derecho del Constitucionalismo y la codificación* II, Sevilla, 1979, páxs. 171 e ss.

[314] Sen dúbida, obra cume deste movimento de recepción da Escola Histórica palicada á crítica da codificación é o libro de DURAN y BAS, *Memoria acerca de las instituciones del Derecho civil de Cataluña,* Barcelona, 1883, onde se amosa unha aceitación desganada da codificación en abstracto e se postula o seu retraso en España por non dar-se as «condicións» necesárias para unha obra tal que en todo caso haberia, ao xuízo deste autor, que emprender por outras vias: máis compilación que codificación. Cfr. op. cit. páx. 1 e ss.

Como ten asinalado CARLOS LASARTE sobre o proceso codificador español, e tras os traballos de SALVADOR CODERCH sobre o tema, a maior parte das crísticas á codificación chegaron desde Catalunya, mais nen sequer alí se rexeitaba totalmente o Proxecto senón aspectos parciais do mesmo relacionados co domínio da terra, as críticas do Proxecto somente revestiran un trasfondo a finais de século. *Autonomías y Derecho privado en la Constitución española,* Madrid, 1980, páx. 77.

Sobre a problemática específica catalá, onde se aunaban refugallos de contra-revolución burguesa, forismo, e nacionalismo, é de interés a obra de LUIS PUIG FERRIOL e ENCARNA ROCA TRIAS, *Fundamentos de Derecho civil de Cataluña,* Barcelona, páxs. 59 e ss. nunha perspectiva porén marcadamente historicista e allea ruptura que implica o constitucionalismo e a própria codificación.

[315] MURGUIA, *El Regionalismo gallego. Ligeras observaciones*... cit. páxs.

[316] MURGUIA, «Nuevas Injurias», *Revista Gallega,* 21 de Maio do 1899.

Neste orde de cousas BARTOLOME CLAVERO ten asinalado que: «A constitución no podia conceber que os direitos civis históricos subsistisen boamente: a sua própria función constituinte habia de se proxectar para a matéria civil na disposición dun Código que fundara, frente á Hisforia, o seu próprio sistema. Código que, por suposto poderia e deberia aproveitar elementos históricos comuns ou particulares pero asumindo estos expresamente, sometidos á sua própria oposición... O mero foralismo sempre asumia explicitamente ou non, unhas precisas implicacións políticas: por el semellaba cuestionar-se o poder constituinte da sociedade contemporánea e a relativa soberania do poder lexislativo constitucionalmente estabelecido; a história nas posicións foralistas, sempre aparecerá dalgún xeito situada por riba dun poder constituinte, dun princípio inteiramente político de criación do Direito... o foralismo veu encarnar, calquer que sexa a posición política dos seus representantes, unha forma de impuganación do poder constituinte e do poder lexislativo do Estado constituido». Historia Jurídica y código político: los derechos forales y la Constitución», en *Anuario de Historia del Derecho español,* Tomo L, Madrid, 1980, Páxs. 130 e ss.

En definitiva, MURGUIA aceita claramente a necesidade da derogación daquelas institucións civis contraditórias do novo orde económico-social que a Codificación sanciona, contestando a postulación do permanecimiento das compatíbeis co mesmo. En todo momento o *Código Civil* e a Moderna ciéncia xurídica son —as pautas aceitadas polo noso autor para manter as institucións tradicionais que de nengun xeito son consideradas intocábeis e sagradas. Por nengures, tras os receos frente á codificación centralista —sen consulta aos países con pecualiaridades próprias compatíbeis coa mesma— subxace un alegato contra a codificación en si mesma, do direito novo, da propriedade capitalista nela consagrada, etc. etc.

A tensión entre o nacionalismo-historicista e o liberalismo político-ideolóxico, que adquire, aqui o seu ponto álxido, resolve-se nunha síntese claramente decantada cara á modernidade, decididamente allea a todo tradicionalismo.

2. *O problema foral.*

Esta segunda problemática mostrase tan crítica como a anterior. En efeito, ¿o desexo do mantimento das próprias institucións galegas, e poucas máis galegas houbo que o Foro, levaria a MURGUIA a postular o mantimento dunha institución pre-capitalista tal, abrindo asi unha fenda no seu modelo? A nosa resposta ten que ser, outravolta, negativa.

Efectivamente, o alineamento de MURGUIA a prol da propriedade capitalista, agás dalgunhas esporádicas declaracións produto do seu progresismo que o levan a criticar algunha das suas manifestacións como a grande propriedade territorial, é constatábel de xeito patente en toda a sua obra[317].

Neste orde de cousas, o posicionamento a prol da redención foral, da eliminación da renda pre-capitalista da terra e a conversión do plural domínio feudal da mesma en plena e comercializábel propriedade capitalista através da unificación dominial do útil e o directo, integra, como xa temos visto[318], un dos elementos centrais da revolución burguesa en Galiza, e a fundamental tarefa pendente desta transformación social.

Pois ben, MURGUIA amosou-se sempre partidário da redención foral, do estabelecimento da propriedade plena da terra frente á propriedade pre-capitalista. Asi, por exemplo, no Tomo I da sua *Historia de Galicia* ao estimar e valorar positivamente a REAL PROVISIÓN de Carlos III de *perpetuación* dos foros, lonxe de contemplar o feito na perspectiva da conservación dunha institución tal, afirma:

«Mucho hizo cuando preparó de ese modo la gran transformación que espera el campesiño gallego en el presente siglo»[319].

Esta grande transformación que non é outra que a redención foral mostra a perspectiva *liquidacionista* que frente á institución foral posuia MURGUIA.

Semellantes argumentos volven a ser reiterados nos artigos «Irlanda y Galicia», onde referindo-se ao primeiro dos países citados afirma:

«Ya sabeis lo que hizo Carlos III; como os pide en estos momentos PARNELL, convirtió al cultivador en propietario. Aceptad como aquel gran rey, el hecho de los dos dominios sobre el predio, *investid al útil de los necesarios derechos para que la posesión que le dais no resulte ilusoria;* dejad al directo con los que le son propios, y habreis echado la base de la futura grandeza de Irlanda. Tiempo tiene esta después, de llevar a cabo la última evolución y hacer que el arrendatario irlandés llegue como el forero gallego, *gracias a la redención, a la plena posesión de la tierra* que trabaja»[320] (subliñados nosos, R.M.).

Precisamente á luz destas consideracións adquire todo o seu relevo o específico posicionamento de MURGUIA acerca do tema en cuestión. En efeito, as diferenzas entre DURAN y BAS e o noso autor patentizan mediación do foralismo murguiano. E isto en dous sentidos. En primeiro lugar, porque na perspectiva do rexionalista galego non se plantexaba a posibilidade da subsisténcia tal cal das institucións forais polo camiño do simple *recoñecimento* dos direitos históricos, senón, ao contrário, perante a criba e actualización no seu caso através dun Código civil segundo os critérios da «moderna ciéncia xurídica».

Nada pois mais alleo á vía foralista do recoñecimento tout court» do produto da história, dun direito en definitiva sen a mediación do poder lexislativo do Estado.

Pero e que, asemade, a postulación por MURGUIA como todos os rexionalistas liberais da existéncia dun parlamento galego autónomo con própria faculdade *lexislativa*, fornecia posibilidade de sometimento das institucións históricas ao sistema do novo orde xurídico-constitucional: o orde do Direito frente ao da tradición. Pola via do poder lexislativo galego, o material institucional herdado entraba nas canles dos princípios constitucionais e de criación do direito no Estado contemporáneo, evitando asi a estraña via das comisións de xuristas que redactan supostamente un direito histórico mais que, de feito, non poden deixar de creá-lo á marxe das canles do Estado representativo e parlamentário.

[317] ALFONSO A. BOZZO ten asinalado, ao noso entender erroneamente, unha «crítica, as veces implícita, que pode ollarse nas suas obras tocante á propiedade burguesa e as leis económicas do capitalismo», *Intelectuais e Galeguismo*, Madrid, 1977, páx. 20. Do que se trata é, ao contrário, tras unha aceitación global da *propriedade capitalista da terra* como imos comprobar decontado, do posicionamento do noso autor a prol dea pequena propiedade campesiña fronte á grande propriedade capitalista latifundiária. Endalí que o seu campesinismo, sempre moi relativo, ideolóxico e xamais político, reside precisamente na teima de evitar en Galiza que a saída da situación foral se fixese por unificación nas mans do rendista e a sua configuración como grande proprietário. A pequena propriecade campesiña, compre non esquecé-lo, responde tanto «as leis económicas do capitalismo» como a grande propriedade.

[318] «El Foto», RAMON VILLARES cit.

[319] MURGUIA, *Historia de Galicia*, Tomo I cit., páx. 205.

Vexamos no párrafo, citado como MURGUIA aceita conxunturalmente ou como etapa de paso, a existéncia do dobre domínio, que, asi e todo, e seguindo a sua evolución, debe rematar coa redención e o estabelecimento da propriedade plena da terra. Están tamén presentes as razóns da admisión, sequer sexa temporalmente, da existéncia do dobre domínio: a defensa do titular do domínio útil frente a todo intento de despoxo que pode ser ocasionado coa *unificación a prol do titular do domínio directo,* transformado o priviléxio das rendas en propriedade capitalista. O posicionamento a favor do útil provoca as cautelas e a necesidade de etapas na transformación capitalista da propriedade que defende MURGUIA.

Nunha obra adicada especificamente ao tema, *El Foro. Estudios sobre la propiedad territorial en Galicia*[321], achamo-nos de novo cos devanditos efeitos provocados polo posicionamento progresista que o leva a temer que a redención foral se faga a prol do direito. Tal é razón de que, tras a reiteración dos argumentos redencionistas, inserte frases que poden levar ao engano ao leitor desavisado:

«si, debe permitirse y fomentarse el foro, organizándolo según las tendencias de la actual sociedad»[322].

En efeito, ¿implica isto que historicidade e galeguidade da institución foral rematan por se imporen á sua disfuncionalidade no novo orde capitalista, porriba mesmo do feito de que «a él debió Galicia su antigua prosperidad como *debe hoy su esclavitud?*[323]. A resposta non pode deixar de ser rotundamente negativa. En primeiro lugar, unha vez máis, a actualización da institución plantexa-se por MURGUIA através da sua adaptación ao novo orde socio-económico, o que suporia modificacións estruturais tais que da institución somente ficaria en pé o nome, redefinindo-se por completo o seu contido.

Mais, outravolta, as razóns que subxacen no fondo desta contradición relativa, radican no posicionamento *progresista,* herdanza dos seus anos mozos. Somente este carácter progresista leva a MURGUIA a afiar na transformación do réxime da terra: aceitación, si, da propriedade capitalista, mais através da accesión á propriedade dos titulares do domínio útil, dos campesiños. E isto amosaba-se como especialmente difícil nun momento en que o prezo da terra era altísimo e en Galiza o campesiñado achaba-se desprovisto de diñeiro con que pagar a redención. Endalí que MURGUIA albisque, nunha confusa permañencia e actualización da institución foral, unha solución cara á evitación do despoxo, da unificación a prol do direito, do titular das rendas, xa que o foro:

«en países en que el capital escasea y por una aparente contradición económica el precio de la tierra es elevado, parece ser el único medio que queda al pobre para llegar a la posesión del predio que necesita».

En definitiva, MURGUIA, levado do seu progresismo, postulaba unha sorte de «via campesiña» de acceso á propriedade capitalista, contra a transformación das rendas en grandes propriedades territoriais capitalistas, de tal xeito que os antigos titulares das rendas, os señores, a fidalguia e os «middlemen», se transformasen en proprietários capitalistas da terra. A própria materialidade da institución foral fornecería precisamente unha tal dirección na transformación do domínio fundiário.

O que, porén, non soubo ver estratexicamente MURGUIA, ou se decatóu diso tardiamente, foi que o problema do diñeiro en mans do campesiñado para a redención foral, seria resolto por unha dobre via: en primeiro lugar, polos cartos que comenzaron a chegar da emigración americana. Pero, en segundo lugar, e decisivamente, o campesiñado através das *movilización agraristas,* de boicots e impagos xeneralizados desde finais do século XIX, conseguiu impoñer unhas condicións favorábeis de redención. E foi precisamente esta loita política a que non recolleu o

[320] MURGUIA, «Irlanda y Galicia», *Diario de Lugo*, 3, 6, 30 de Abril e 15 de Maio do 1881.

[321] MURGUIA, *El Foro. Estudios sobre la propriedad territorial de Galicia*, Madrid, 1882, páx. 232.

[322] Idem. páx. 231.

[323] «... los pueblos del Norte y del Noroeste, han ido conquistando sus derechos, su tierra, su personalidad, con tal lenta perseverancia y tenacidad, que tiene y conocen el orgullo de sentirse hombres. Es en ellos donde el espíritu individualista tiene su más seguro asiento». MURGUIA, «Galicia Regionalista», cit. páx. 8.

rexionalismo, fornecendo o carácter grupuscular e minoritário do movimento.

En definitiva, o posicionamento redencionista murguian, ficando sempre no plano ideolóxico abstracto, sen se incorporar xamais de xeito directo ao programa rexionalista, ilustra nidiamente o desfase entre ambos os dous niveis, político e ideolóxico, nunca redutíbeis:

«A tener la multitud una más clara noción del foro, se hubiera este incluido entre *aquellas cargas más gravemente impregnadas del espíritu feudal* que le diera vida; de haber en los diputados gallegos que votaron la ley de desamortización más patriotismo y un cabal y perfecto reconocimiento de las cosas de su tierra, la cuestión foral quedaría entonces resuelta de plano y, como quien dice, decretada la felicidad de nuestro pueblo... *¡Deseamos y pedimos —se dijo— la libertad de la tierra! ¡Y en efecto, mientras la redención no sea obligatoria, la propiedad gallega, foral en su mayoría, seguirá esclava, puesto que todavía no se han borrado en ella las huellas de su origen feudal*». (Subliñados nosos, R. M.).

Redención foral que se prolonga nunha aceitación da propriedade capitalista da terra, sen máis reservas que as provenientes dun progresismo pequeno-proprietário, visíbel, por exemplo, cando na contraposición celto-semítica valora como unha das cualidades sobranceiras do primeiro o seu espírito *individualista* no âmbito da propriedade.

A integración deste decisivo componente do novo orde económico e social, que na Galiza do seu tempo ainda pulaba por agromar, no sistema ideolóxico murguiano, acaba de configurar a sua *coeréncia liberal* manifesta:

«... Pues la *propiedad particular* es a la que arriban, por medio de progresivas evoluciones, los pueblos civilizados, hay que aceptarla como se nos presenta, *librándola de aquellos inconvenientes* con que los tiempos y la injusticia de los hombres la han contaminado»[324] (Subliñado noso, R. M.).

b. **O liberalismo político.**

O posicionamento liberal de MURGUIA desde o ponto de vista político xenérico, resulta asimesmo indubitábel. En todo momento as suas críticas aos partidos turnantes, ao pseudoparlamentarismo, á centralización... en definitiva á «política oficial» non se prolonga por ningures na crítica aos partidos como tais, ao parlamento, ao sufráxio universal, etc. etc.

O *accidentalismo* murguiano, e mesmo a sua aceitación da monarquia e aconsideración da república como radical en exceso, manteñen en todo momento o seu posicionamento liberal que agroma perceptíbelmente na sua historización de Galiza «através dunha particular xenreira contra a nobreza galega[325] e unhas non agachadas simpatias polo terceiro estado.

Os enfrentamentos con BRAÑAS e os rexionalistas católico-tradicionalistas fornecen, sen dúbida, dunha proba contrastada do seu posicionamento encontrado co rexionalismo reaccionario, por mais que esta fose a vertente predominante na maioria dos nacionalismos ou rexionalismos periféricos da España finisecular:

«El regionalismo... está *unido estrechamente a los principios liberales y en ellos se informa...* no equivale como algunos quieren a una vuelta al sistema feudal con todas sus consecuencias»... Los regionalistas quieren conservar lo que es privativo de su región pero *dentro de las libertades modernas*»[326] (subliñado noso, R. M.)

A firmeza do ideário liberal de MURGUIA resulta realmente sorprendente se o contextualizamos na conxuntura ideolóxica do pensamento político español no que desenvvelvou o seu labor fundamentador da nacionalidade galega.

Efectivamente, compre lembrar que a crítica ao entramado da Restauración, da sua «oligarquia e caciquismo», conlevou as máis das veces unha crítica ao sistema demo-liberal no seu conxunto. Tal é, por exemplo, un fenómeno patente en persoeiros do Krausismo como GINER DE LOS RIOS[327], JOAQUIN COSTA[328] e outros, que chegaron a rexeitar o sufráxio universal, manifestar a inutilidade dunha institución parlamentária, pedir a presenza dun «chanceler de ferro» e teorizar, en suma, algo moi parecido a unha «democrácia orgánica»[329].

Outro tanto se pode afirmar confrontando a teorización murguiana da nación galega coas construcións contemporáneas noutras nacionalidades periféricas españolas: Catalunya e Euskádi. A síntese de

[324] El Foro cit. páx. 10.

[325] Cfr. sos xuízos xa comentados contra do papel istórico da nobreza, tanto na sua *Historia de Galicia*, «A los nobles nada debe Galicia», como en Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia cit.

[326] MURGUIA, «El Regionalismo», *El Eco de Galicia*, Buenos Aires, 10 de Abril do 1899.

[327] Cfr. ao efeito TIERNO GALVAN, *Costa y el regeneracionismo*, Barcelona, 1961, páxs. 175 e ss.

[328] J. J. GIL CREMADES, *El reformismo español*, Barcelona, 1969, páxs. 254 e ss.

[329] CARLOS OLLERO, *Estudios de ciencia política*, cit. páx. 53.

PRAT DE LA RIBA achaba-se chea de contidos rurais, conservadores e corporativistas[330] e o nacionalismo de ARANA amosaba-se especialmente racista, antiliberal, relixioso-integrista e reaccionário[331]. Unha e outra paradigmática construcións mostraban-se fondamente afectadas por un tradicionalismo e autoritarismo que conectaba os elementos orgánico-naturistas da fundamentación nacionalitária cos refugallos do posicionamento antiliberal e reaccionário dalgunhas clases que interpelaban coas suas formulacións.

A contextualización de MURGUIA neste meio político-ideolóxico, desde os rexeneracionistas até os nacionalistas, pon de relevo a especificidade irredutíbel da sua peculiar síntese e unha certamente insólita articulación liberal da fundamentación orgánico-historicista da nacionalidade galega.

B. **A política de alianzas: na procura dunha «burguesia nacional».**

Para rematarmos a nosa análise do pensamento murguiano, somente algunhas pontualizacións verbo da política de alianzas seguida polo noso autor, explícita ou implícitamente, para a realización dos seus proxectos. Que clase ou clases levarian o peso e a dirección da reconstrución nacional de Galiza?

Sen dúbida, de todo o anterior deduce-se negativamente que nengunha das clases debedoras do vello modo de produción: fidalguia e pequena fidalguia, sobretodo, eran chamadas por MURGUIA a formar como clase dirixente nen tan siquer participante na reconstrución nacional contemporánea de Galiza. A alleidade e mesmo contraposición cos seus posicionamentos pasadistas excluían-nas do novo proxecto comunitário de non se integraren os seus membros económica e ideolóxicamente no novo orde liberal capitalista.

Máis complexo é, sen dúbida, o caso do campesiñado. En efeito, con base no posicionamento fundamentador de Galiza, onde o campesiñado constitui o sustrato humano da nacionalidade, e mesmo da ideoloxia global progresista murguiana o seu posicionamento a prol da pequena propriedade campesiña, poderian facilmente cair no erro de considerar que este grupo social constitui para MURGUIA a *clase nacional* que vertebre a nova conciéncia nacional galega cuxa expresión era o movimento rexionalista[332].

Mais a realidade, porén, e moi diferente con efeito, a atención que MURGUIA presta ao campesinado nunca reveste, en primeiro lugar, unha *centralidade* articuladora ao seu pensamento e, xa que logo, ocupa un lugar *residual* nas formulacións político-ideolóxicas mais concretas.

Este carácter *periférico* do campesiñado na obra murguiana produce-se en dous sentidos:

En primeiro lugar, como resultado do desfase existente entre a ideoloxia global e o posicionamento político-estratéxico de MURGUIA: os refugallos do progresismo dos anos mozos mália a sua permanéncia non chegará a conformar máis que intervencións xerais e nunca aparecerá nos artigos políticos máis concretos.

En segundo lugar, como resultado, asimesmo, da funcionalidade *instrumental* que desenvolve o campesiñado na ideoloxia murguiana, entendido sempre como depositário da eséncia nacional galega (raza, costumes, língua...) mais do cal en nengun momento se recolle a sua problemática básica (foros, créditos, caciquismo...) nen se incorpora directamente ao programa de reconstrución da nación.

Neste orde de cousas, e polo que respeita ao problema foral, xa temos visto como malia un posicionamento teoricamente clarexado a prol da redención dos foros, MURGUIA xamais incorpora o tema as reivindicacións rexionalistas. Semella que a problemática nacionalitária na sua pureza non pudese recoller problemas concretos de sectores sociais, mesmo da relevância do campesinado.

Agora ben, este *valeiro* político ¿amosa a incapacidade murguiana, designa un mero erro estratéxico ou asinala algo mais alá? Ao noso entender isto último é precisamento o que ocorre; a marxinación política do campesinado e a súa problemática debe-se sobretodo á opción de clase que MURGUIA e o rexionalismo liberal no seu conxunto, explicitaente unhas veces, implícitamente outras, fixeron a prol da pequeno burguesia e burguesia urbana.

Tal designación da pequena burguesia e burguesia galega como clase nacional destinada a protagonizar a reconstrución nacionalitária de Galiza é a que se expresa desde as páxinas da *Revista Gallega* da Cruña e asimesmo a que postula MURGUIA,

[330] JORDI SOLE TURA, *Catalanismo y Revoluión burguesa* cit. páxs. 238 e ss.

[331] J. C. LARRONDE, *El nacionalismo vasco* cit. páx. 59 e ss. e J. CORCUERA, *Orígenes, Ideología y Organización*... cit., páx. 223 e ss.

[332] Cfr. ALFONSO A. BOZZO, *Intelectuais e galeguismo* cit. páx. 20 e VILLARES PAZ, López Ferreiro e a historiografía galega cit. páx. 431.

amosándo-se liberal, recoñecendo a propriedade capitalista, entendendo que a febleza do rexionalismo e causada por:

«la falta de una ciudad más populosa que las que hoy contamos, la falta de grandes centros fabriles y los intereses que éstos engendran»[333].

En definitiva, un rexionalismo na procura da clase portadora por excelencia do novo orde económico e social que se estaba a impor na Galiza de finais do XIX.... Así e todo, feble, cativa, heteroxénea, a burguesia galega perfeitamente integrada no aparello da Restauración xamais acudiria ao chamamento dos rexionalistas liberais.

[333] MURGUIA, «Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia» cit. páx. 485.

CAPÍTULO VII

O REXIONALISMO CATÓLICO-TRADICIONALISTA: ALFREDO BRAÑAS

«No hay más patriotismo que el que nace de una fe sincera»

A escisión entre o rexionalismo liberal e o católico-tradicionalista que, como xa temos ollado, se pode datar nos próprios comenzos da movilización rexional (1891), amosaria no percorrer dos acontecimentos a natureza fondamente antagónica das contradicións político-ideolóxicas que atravesaban ao movimento. A insuperabilidade das tensións resultantes, que se amosaron axiña como irredutíbeis, fornecen finalmente, e tras sucesivos e frustrados intentos de integración, unha ruptura total entre ambas as duas tendéncias que afectaria decisivamente ao desenvolvimento da organización rexionalista.

O núcleo máis relevante do rexionalismo católico-tradicionalista aglutinaba-se na cidade de Santiago de Compostela baixo o maxistério de ALFREDO BRAÑAS que foi, sen dúbida, o teorizador sobranceiro de tal tendéncia. Conxuntamente con el BÁRCIA CABALLERO, CABEZA DE LEON, TARRIO e outros, integraban un grupo combativo e sólido que compartia, agás pontuais discrepáncias, un mesmo sistema de valores e crenzas que se verquian inevitabelmente sobre a sua concepción do rexionalismo.

Polo demais, a actitude de BRAÑAS e o grupo de Santiago achegou o movimento rexionalista a sectores integristas eclesiásticos noutras cidades, como Tui, onde ao redor de *La Integridad* se xuntaba un nutrido núcleo rexionalista que viviria as vicisitudes do movimento desde os primeiros tempos da Asociación rexionalista sob a dirección de cregos de prestíxio como CERVIÑO e LAGO GONZALEZ.

Xeneticamente, esta tendéncia interna do movimento rexionalista, tenazmente oposta ao liberalismo e ao capitalismo, achaba-se centrada no «cuestionamento do conxunto de ideas e institucións próprias da civilización industrial e na negación sistemática dos valores herdados do século XVIII e da Revolución francesa»[1].

Sob a dirección intelectual e política de BRAÑAS, prestixioso catedrático de Economia Política e Facenda Pública da Faculdade de Direito da Universidade de Santiago[2], o rexionalismo católico-

[1] ZEEV STERNHELL, *maurice Barrès et le nationalisme française,* París, 1972, páx. 3.

[2] ALFREDO BRAÑAS MENÉNDEZ, naceu en Carballo, província da Cruña, o 11 de xaneiro do 1859. Trasladado o seu pai, Rexistrador da Propriedade, a Cambados, transcorre ali a sua infáncia até os oito anos en que pasou a residir en Santiago. Obtén o título de Barel no 1873 e cursa posteriormente os estudos da licenciatura de Direito na Faculdade compostelana. A morte do seu pai, acaecida cando estudaba os primeiros anos da carreira, situa á familia nunha difícil posición económica, vendo-se ALFREDO na obriga de preparar a sua emigración a América, abandonando os seus estudos. A intervención da Duquesa de Medina de las Torres impediu un tal destino, sufragando-lle os gastos da carreira que remataria no 1878.

Sendo estudante, colaboru activamente no diário *El Porvenir,* de orientación católico-tradicionalista. Unha vez rematada a carreira trasladouse a Cambados, onde estivo alguns anos traballando como amanuense nunha notaria, até que TOLEDO QUINTELA, que colaborara con el en *El Porvenir,* o chamou a Compostela para traballar en *El Libredón,* fundado polo Cardenal PAYA. Residindo en Santiago, BRAÑAS encetou unha intensa e plural actividade centrada fundamentalmente nos seus artigos na prensa local e as intervencións na Juventud Católica. Doctorou-se en Madrid e impartiu clases de Direito Natural e Mercantil, na Faculdade de Direito de Santiago. No ano 1884, o Ministro de Fomento nomeou-no Secretário Xeral da Universidade até que foi cesado de tal cargo co gallo da morte de Alfonso XII e o cámbio político.

No curso 1886-1887 foi nomeado profesor interino de Elementos de Derecho Natural, en substitución do Dr. LUIS ZAMORA, escrebendo o libro: *El Principio Fundamental del Derecho.* No ano 1887 saíu a oposición a cátedra de Direito Natural da Universidade de Oviedo, conseguindo a devandita praza en propriedade e realizando unha moi corta estáncia na cidade asturiana onde escrebeu *Fundamento del Derecho de Propiedad.* No ano seguinte, 1888, consegue a cátedra de Economia Política e Facenda Pública da Faculdae de Direito de Santiago, onde se estabelece definitivamente.

No 1889 publica o seu libro *El Regionalismo*, situando-se como persoeiro destacado nas ringleiras rexionalistas, despois do Mestre MURGUIA. Participa activamente na campaña da Asociación Rexionalista formando parte do seu Comité Central e escrebendo en *La Patria Gallega,* da que se integrou no Consello de redacción até que diferenzas políticas e persoais con MURGUIA o levaron á sua saída do mesmo.

No ano 1892 leu o discurso de apertura de curso académico: *La Crisis Económica de la época presente y la descentralización regional* que lle outorgou gran sona nos meios rexionalistas galegos e cataláns, contribuindo apartir de entón en xornais tais como *La Veu de Catalunya* ou *La Renaixensa, La España Regional* sendo nomeado no ano 1893 mantenedor dos Jochs Florals de Barcelona.

No mesmo ano, 1893, foi expedientado polo seu apoio público á Junta de Defensa de Catalunya en cuxa movilización participou activamente. Nos anos seguintes, BRAÑAS centrou as suas actividades no ámbito académico: publicación da *Historia Económica* (1895) e da edi-

tradicionalista ia propoñer unha recuperación das vellas liberdades locais como supremo esforzo por conter a realización da Revolución Burguesa en Galiza. Pero as diferenzas e contradicións que dun tal posicionamento se derivan frente ao rexionalismo liberal no se reducian somente ao plano político xeral —liberalismo face autocratismo pre-capitalista— senón que abranguian asemade á propia caste de descentralización e autogoberno que para Galiza se postulaba. A análise do «sistema» de BRAÑAS porá de manifesto, patentemente, as vinculacións internas entre as diferentes facianas do seu entramado ideolóxico desde os elementos máis xenéricos da sua Cosmovisión até o seu posicionamento político concreto.

I. UNHA COSMOVISION CATÓLICO-TRADICIONALISTA

Antes de adentrarmo-nos na consideración do pensmamento político de BRAÑAS e a sua concepción do rexionalismo, compre analizarmos os seus alicerces filosóficos, ideolóxicos e relixiosos xenéricos que ordenan o conxunto do seu pensamento. E iso non en base a unha mera opción discrecional pola nosa banda senón por mor da própria estrutura global do seu «sistema» ideolóxico, no que a presenza dos factores relixiosos devén decisiva para darmos conta da orientación global da sua síntese rexionalista, debedora en derradeira instáncia de valoracións, lineamentos e posicións realizados nos máis abstractos niveis de «pensamento» do catedrático compostelano[3].

Daí a perentória tarefa de enfrentarmos co aillamento e analise dos principais lineamentos integrantes desta especffica cosmovisión católico-tradicionalista que compre elucidarmos de xeito non redutivo. Catolicismo, tradicionalismo, organicismo e neoescolasticismo integran ao noso entender as canles sobranceiras sobre as que se desenvolve a concepción do mundo e da vida do noso autor, os eixos centrais arredor dos cais se articula a sua ideoloxia.

A. Catolicismo.

O catolicismo constitui, sen dúbida, un elemento central no pensamento de BRAÑAS, o de maior peso específico na configuración global da sua ideoloxia. De feito, o factor relixioso permea até a máis ínfima capilaridade a sua visión do mundo e desenvolve unha omnipresente eficácia nos eidos distantes e disímiles dun pensamento realmente ricaz na pluralidade das suas intervencións políticas, económicas, xurídicas, sociais, etc. etc.

A relixiosidade ostenta manifestamente unha presenza soberana e rectora no conxunto do seu sistema, situando-se como o princípio articulador básico que vincula, organiza e promove a orientación global da ideoloxia do noso autor.

O peso central deste factor relixioso no pensamento de BRAÑAS induce unha grande autonomia aos seus plantexamentos que mália seren nidiamente debedores de vellas formas produtivas, sociais e ideolóxicas convertindo-o nun clásico exemplo de *intelectual tradicional,* impeden a sua redución mecánica a mero representante ou xestor dos intereses das clases pre-capitalistas da sociedade galega. O catolicismo desenvolve en todo momento na cosmovisión do profesor compostelano unha proteica eficácia específica reforzando unhas veces, mais relativizando outras, un discurso-ideoloxia inserido nun peculiar tardofeudalismo e radicalmente enfrentado ao novo orde que agroma por doquer, ainda que desarticuladamente, na Galiza de finais do século XIX.

Compre deixar clarexado este extremo desde o princípio, a fin de evitar todo posíbel equívoco en aspecto tan substancial do ideário de BRAÑAS: a relixiosidade tradicional non é en modo algun un elemento marxinal ou derivado da defensa dun orde social e económico pre-capitalista, subproduto da procura de coeréncia ideolóxica cos valores próprios do mundo que se postula. Endebén, a relixiosidade constitui o elemento primeiro e prístino, do cal se derivan os lineamentos que contorman o inteiro pensamento do noso autor nos eidos máis diversos. BRAÑAS é ante todo un representante do catolicismo tradicional e do aparato que parcialmente o expresa: a Igresa Católica; a posíbel vinculación coa fidalguia en decadéncia é un resultado, non unha causa, deste posicionamento vivencial primário, como tentaremos demostrar nas liñas que seguen autónomamente verbo da *función política* do seu discurso no seo da movilización rexionalista que temos analizado supra.

a. BRAÑAS e o catolicismo compostelano.

Santiago de Compostela, «capital espiritual», constituía a finais do século IX o centro relixioso indiscutido de Galiza desde un ponto de vista cuantitativo e cualitativo. Sede dun catolicismo tradicional e antiliberal, impulsado desde o arcebispado e a xerarquia eclesiástica, o peso do estamento eclesiástico na sua configuración social e urbana resultaba, asemade, un elemento decisivo[4]. Todo iso ten que integrar por forza un ponto de referéncia obrigado á hora de encadrar tanto o «lugar» do factor relixioso na ideoloxia de BRAÑAS como a natureza e orientación do mesmo. Lembrando as verbas de CASAS, referidas ao noso autor:

«este espíritu reaccionario, quizás subyugado por las fatales influencias del medio...»[5].

Desde os seus tempos de estudante, BRAÑAS vencella-se ao catolicismo tradicional na sua vertente máis militante e antiliberal da man do Cardeal PAYA que desenvolvia por aquel tempo un prolífico labor político-ideolóxico fundando periódicos como *El Libredón...* e pechando outros como o *Diario de Santiago,* fundado por ALFREDO VICENTI, ou o *Diario de Lugo;* no que PEREIRA encetaba o seu vieiro rexionalista-federal[6].

En Santiago, e con outros compañeiros da Universidade, o noso autor participa na fundación da *Juventud Católica,* da que tamén formaron parte alguns dos que máis adiante se conformarian como persoeiros do rexionalismo e outros movimentos: BÁRCIA CABALLERO, TOLEDO QUINTELA, GONZALEZ BESADA, CABEZA DE LEÓN etc. Precisamente xa desde as susas próprias orixes, este grupo católico-tradicionalista compostelano aunara no seu ideário relixiosidade e rexionalismo. En efeito, no ano 1881 proxectara-se no seo da *Academia científica de la Juventud católica* a fundación dunha *Academia Regional* destinada ao cultivo e promoción da cultura galega[7] na cidade de Santiago.

Asimesmo como xa temos ollado, BRAÑAS participou activamente na fundación e posterior desenvolvimento do *Ateneo León XIII* inaugurado en Santiago o 9 de febreiro do 1896 e do que seria sucesivamente Vicepresidente e Secretário Xeral[8]. E, asi mesmo, seria a alma máter, redactor dos estatutos e impulsar do *Círculo Católico de Obreiros* de Santiago[9] participando asemade na fundación e actividades de outros «círculos» en diferentes cidades galegas, nos que pronuncióu diversas conferéncias de interés.

Conxuntamente con estas actividades organizativas a sua militáncia católica exerce-se tamén no periodismo tanto desde *El Porvenir* como desde *El Libredón,* posteriormente, no que xuntamente con BÁRCIA CABALLERO, TOLEDO QUINTELA e outros rexionalistas se formulara a primeira versión católico-tradicionalista do rexionalismo galego[10].

Nos anos de maior devecimento da movilización por mor das suas crises internas e fracasos moviliza-

ción definitiva do seu *Curso de Hacienda Pública* (1896), asi como no das suas actividades católico-sociais: Ateneu León XIII e Círculos Católicos de Obreros.

No ano 1898 pronunciou un discurso no Círculo Católico de Burgos, célebre pola sua dureza e o eco despertado nos sectores máis conservadores do espiscopado español. No mesmo ano, uns artigos adicados a Carlos de Borbón e publicados en *El Correo Español,* nos que se amosaba claramente partidário do carlismo, desencdearon unha viva polémica no rexionalismo galego, escindindo-se este de xeito irrecuperábel en duas tendéncias: a liberal e a católico-tradicionalista.

BRAÑAS morreu en Santiago de Compostela o 21 de Febreiro do 1900.

[3] Sobre a centralidade do relixioso no interior do pensamento contra-revolucionario español Cfr. JAVIER HERRERO, *Los orígenes del pensamiento reaccionario español,* Madrid, 1973, páx. 76 e ss. Asi e todo, como imos ver de contado, ademais da influéncia de correntes como a do catolicismo social, o cristianismo de BRAÑAS acadará unhas cotas de militáncia específica e compromiso persoal que, para a sua comprensión, deben ser situadas no seo da reorganización do catolicismo español que ten lugar apartir de meiados de século. BRAÑAS endebén conservará elementos importanes de intransixéncia no máis puro estilo da escola *apoloxética antiliberal* española que mesmo indignaba autores tan libres de toda sospeita como o próprio MARCELINO MENENDEZ PELAYO. Cfr. *Historia de los heterodoxos españoles,* VI, Santander, 1948, en especial páxs. 413 e ss. e que entroncan directamente con moitos dos autores analizados na obra de HERRERO.

[4] Sobre a situación do clero no século XIX galego pode ver-se X. R. BARREIRO FERNANDEZ, *Historia de Galicia,* Vigo, 1981, páxs. 108 e ss.

[5] MANUEL CASAS FERNANDEZ, «La Crisis Económica de la época presente y la Descentralización regional», *La Voz de Galicia,* A Cruña, 16 de Outubro do 1892.

[6] Nas biografias que se publicaron co gallo do pasamento do noso autor considera-se ao Cardeal PAYA como o auténtico «protector» de BRAÑAS. Asi, «Alfredo Brañas», en Gaceta de Galicia, 23 de Febreiro do 1900, e tamén «En honor de Brañas», número extraordinário de *El Eco de Santiago,* 12 de Marzo do 1900 «Apuntes Biográficos», por MAXIMO DE LA RIVA.

Co gallo da morte do Cardenal, BRAÑAS escrebera «El Cardenal Paya ha muerto, *Gaceta de Galicia,* 26 de Decembro do 1891.

[7] No ano 1886 BRAÑAS era o primeiro vicepresidente da Juventud Católica de Santiago BARCIA CABALLERO o presidente, VAZQUEZDE MELLA o segundo vicepresidente e AUGUSTO G. BESADA o Secretário.

Sobre o particulr pode consultar-se o «Discurso de Don Salustiano Portela Pazos», *Boletín da Real Academia Galega,* Tomo XXVII, páx. 580.

[8] Cfr. ao respeito *Gaceta de Galicia,* 15 de Xaneiro do 1896, e 4 de Marzo do 1897.

[9] Cfr. *Gaceta de Galicia,* 24 de Xuño do 1896, onde se detalla o protagonismo de BRAÑAS na redacción dos estatutos do Círculo Católico de Obreiros.

[10] Cfr. o devandito no capítulo II sobre de *El Libredón.*

dores, a militancia católica de BRAÑAS supera mesmo a adicación aos labores rexionais, o cal se fará especialmente patente da partir de 1896 até a fundación da Liga Rexionalista compostelana.

Finalmente, a participación de BRAÑAS no Congreso Católico de Burgos do ano 1899, onde fora invitado precisamente na sua calidade de líder católico, revestiu grande importáncia, sendo saudada a sua duríssima intervención contra o liberalismo e o racionalismo polo sector máis conservador e tradicionalista do episcopado español ali reunido[11].

En definitiva, a centralidade do catolicismo ao pensamento de BRAÑAS, supera con moito o nivel das «créncias íntimas» para desenvolver unha série de efectos fundamentais, tanto a nivel ideolóxico como de práctica social, que obedecen autonomamente aos seus postulados relixiosos, á sua particular viféncia da fe cristiá. As necroloxias que por algúns eclesiásticos se escreberon co gallo do seu pasamento revelan de xeito patente a interioridade de BRAÑAS aos seitores máis tradicionalistas da Igrexa Católica e aos seus médios ideolóxico-organizativos[12].

b. «Deus fratesaquae Gallaeciae»: o factor relixioso na ideoloxia de BRAÑAS.

Agora ben, ¿como se traduce esta relixiosidade que impregna a biografía de BRAÑAS na conformación da sua ideoloxia global? ¿Que peso e orientación subxace baixo esta catolicidade ateigada dunha pluralidade de acepcións diverxentes?.

Nas antípodas do catolicismo liberal, BRAÑAS alinea-se na vertente máis conservadora e tradicionalista do cristianismo do século XIX que, despois do *Syllabus*, se enfrentaba radicalmente ao conxunto dos «males» da modernidade: racionalismo, liberalismo, democrácia, positivismo...[13], etc. etc. A presenza en BRAÑAS dos elementos centrais deste catolicismo: intransixéncia, pechamento perante a modernidade e plantexamentos sociais de finalidade antisocialista concitan-se, conxuntamente cunha tutela rectora do relixioso sobre calquer outro orde que sempre se lle presenta como subordinado, nunha síntese coerente e inescindíbel. Analicemos ambos os dous elementos separadamente:

1. *Un catolicismo intransixente e pechado á modernidade.*

En toda a obra de BRAÑAS adquire presenza adquire presenza soberana un catolicismo de marcado carácter tradicionalista, fortemente belixerante coa tradición das luces, co racionalismo, co liberalismo político... Un cristianismo, en fin, que frente ás innovacións ideolóxicas e o herdo da Revolución Francesa prescinde de todo diálogo e se adentra no vieiro da condena e a refutación. Cristianismo tradicional nun dobre sentido: tanto nos seus plantexamentos intolerantes face ao pensamento e as estruturas económicas, políticas da modernidade, como no próprio *lugar* privilexiado, a xeito de supremo ordenador, que ocupa o feito relixioso no seo do seu pensamento. A relixión en BRAÑAS, e mália os matices do neo-escolasticismo que evitan a sua decantación nun *fideismo* clásico, rexe o conxunto do seu sistema, impoñendo a sua norma, a sua perspectiva até a máis fonda capilaridade do seu tecido discursivo.

Asi, en *El Principio Fundamental del Derecho*, libro académico de introdución á Filosofía do Direito, BRAÑAS rexeita unha por unha —desde a perspectiva apoloxética da «refutación»— as principais correntes que informan a contemporaneidade da matéria: «iusracionalismo», «positivismo», «materialismo»... Por ningures atoparemos na devandita obra, ou nouttras, o menor diálogo coa modernidade destas tendéncias do pensamento xurídico que son sistematicamente desbotadas, refutadas nos seus erros centrais, despois do que BRAÑAS remata propoñendo como «verdadera doctrina del Principio Fundamental del Derecho el criterio único y seguro que nos proporcionan las sublimes especulaciones de la filosofía escolástico-cristiana»[14].

De xeito semellante acontece no *Fundamento de Derecho de la Propiedad*, onde se critican coa mesma sistematicidade e acritude todas as teorias contemporáneas ao respeito, desde a individual-capitalista á marxista, pasando pola anarquista e o krausismo, sen recoller, nun pechamento hermético a toda alleidade externa ao próprio sistema, ngengun elemento delas. Frente a todas estas doutrinas «erróneas» propoñen-se, como alternativa, única e posíbel, as teorias dos pensadores cristiáns encol do tema: SOLIMANI, KLEUTGEN, PRISCO... etc. etc.

O pensamento cristián ergue-se, unha e outra vez, en xuiz de calquer outro elemento que agrome nas intervencións de BRAÑAS, en inevitábel ponto de referéncia mesmo en eidos, en princípio, alleos a unha tal presenza. Asi, por exemplo, ao fundamentar o rexionalismo desde *El Libredón* o noso autor critica e deslexitima o centralismo entre outras razóns porque:

«Unir lo que Dios y la naturaleza creó separado... en cierto modo es enmendar la plana a Dios»[15].

Anos mais tarde, en *Los Peregrinos Irienses*, BRAÑAS somete ao século XX, de xeito incidental nun artigo onde se recordan as tradicións das peregrinaxes, a severísimo e descalificador xuízo en base á perda da fe relixiosa e ao arrequento do materialismo[16]. No ano 1893, no discurso académico: *La crisis económica de la época presente y la descentralización regional*, o noso autor situa como unha das causas máis relevantes á hora de explicar a crise económica europea:

«... la propagación de la guerra impía, en la secularización de la enseñanza, el olvido de la moral y las prácticas cristianas... carecemos de ideales en el orden moral y religioso»[17].

Achamo-nos, sen dúbida, no ponto álxido da introdución da relixiosidade no cerne do sistema de BRAÑAS que se volve reiterar na sua *Historia Económica:* a relixión é o princípio reitor da economia até o ponto de que os conflitos político-sociais da súa época son valorados desde a perspectiva dunha omnipresente catolicidade.

«...El rico y el pobre se han alejado de Dios. El uno ama demasiado sus riquezas, el otro aborrece su miseria. Y los dos no piensan más que en vivir, en vivir bien»[18].

Mais polémicas e críticas co pensamento racionalista moderno resultan ainda as intervencións orais de BRAÑAS nos innumerábeis discursos que pronunciou, especialmente aqueles que tiveron lugar desde as tribunas dos Círculos Católicos de Obreiros. Compre salientarmos entre eles o pronunciado no Círculo Católico do Ferrol. Achamo-nos ali, con presenza especialmente militante e enfrentàda á modernidade, un amplo abano de elementos que configuran unha relixiosidade que, transcendendo o seu es-

---

[11] Da resonáncia que o discurso tivo dá conta o feito de que, perante as críticas dos xornais liberais madrileños, BRAÑAS viu-se a insertar na publicación das Actas do Congreso a seguinte nota:

> «La prensa liberal y democrática de Madrid ha interpretado y desfigurado algunos párrafos de nuestro discurso con la mala fe y peor intención que caracterizan a los sectarios. Nuestro pensamiento no ha sido combatir directa ni indirectamente al gobierno actual ni a las llamadas Instituciones. Hablamos solamente en términos generales contra el liberalismo, el parlamentarismo y la masonería.
> Por lo demás, nos ha causado asombro el cúmulo de errores, de deficiencias y de suposiciones gratuitas que la prensa madrileña acumuló al dar cuenta de nuestro humildísimo discurso». *Congreso Católico de Burgos*, Burgos, 1899, páx. 145.

[12] Asi, por exemplo, na «Corona Fúnebre» adicada en Caldas de Reis o 31 de Maio do 1900 por JOSE MARIA PORTAL GONZALEZ dicia-se:

> «Le queríamos tanto, era tan nuestro, se fueron con él tantas y tan grandes esperanzas... es que era de los nuestros y muy nuestros...»

[13] Lonxe, moi lonxe, dos plantexamentos dun LACORDAIRE ou dun MONTALEMBERT e as suas apoloxias da escola libre o primeiro, e do parlamentarismo o segundo, BRAÑAS rexeitaria calquer diálogo cun dos meirandes males da modernidade: o liberalismo seria refutado e deostado en contraposición cun idílico e xerárquico modo de organización política pre-estatal. Sobre o catolicismo liberal, co que simpatizaban abertamente os rexionalistas coruñeses e sobretodo a *Revista Gallega*, pode ver-se o clásico M'. PRELOT e F. GENUYS-GALLOUEDEC, *Le Liberalisme catolique*, París, 1969, en especial páxs. 23 e ss. onde se amosa o alcance e límites deste diálogo coa modernidade por sectores católicos europeus.

Pola contra, o *Syllabus, o sea colección de errores modernos, denunciados en las alocuciones consistoriales, encíclicas y otras letras apostólicas de S. S. Pio IX*, de 8 de decembro do 1864, condena as principais tendéncias políticas, sociais e filosóficas progresistas do século XIX. Así, por exemplo, rexeitaba-se con especial énfase e dureza toda unha longa série de elementos tais como: o racionalismo, xa sexa moderado ou absoluto, a escola pública, o librepensamento, a pluralidad relixiosa, liberdade de cultos, liberdade de expresión, comunismo, socialismo, sociedades clérigo-liberais... etc. etc. En xeral, todas e cada unha das condeas que recolle o Syllabius pode afirmar-se que están presentes na obra de BRAÑAS dun xeito ou doutro, nunha perspectiva non esencialmente dispar a de FELIX SARDA Y SALVANY, *El Liberalismo es pecado*, Barcelona, 1884.

[14] ALFREDO BRAÑAS, *El Principio Fundamental del Derecho. Lecciones elementales de Historia de la Filosofía del Derecho*, Santiago, 1887, páx. 18.

[15] *El Libredón*, 19 de Agosto do 1886. O próprio talante cristián de BRAÑAS agroma en intervencións públicas rexionalistas, onde, como veremos no seu momento ao analizarmos o campo semántico-concentual, o entrecruzamento entre verbas pertencentes ao campo do vocabulário relixioso e político integra un dos seus rasgos sobranceiros. Asi, por exemplo, no Discurso de Grácias nos Xogos Florais de Tui achan-se párrafos como os seguintes:

> «... si, *piedade, piedade, Señor*, non pra morta, pra aquela *santa* muller (Rosalía de Castro) que non tivo mais amores que os do *ceo*, os da familia y os dos seus irmáns, senón pra esta terra quirida, pr'os que morren de fame, emigrados do seu lar, pr'os que foron comestos po-l'os lobos d'o Fisco, pr'os que loitamos sin descanso po-la nosa pátrea nai, pr'os que sospiramos agrilloados porque se nos faga xusticia, e se nos dea o que é noso... ¡*piedade, Señor*, piedade pra Galicia!. *La Patria Gallega*, n.º 7 e 8, 15 de Xullo do 1891.

[16] ALFREDO BRAÑAS, «Los peregrinos irienses», *El Alcance*, Santiago de Compostela, 25 Xaneiro do 1896.

[17] ALFREDO BRAÑAS, *La crisis económica de la época presente y la descentralización regional*, Santiago, 1892, páxa. 9.

[18] ALFREDO BRAÑAS, *Historia Económica*, (Para uso de las cátedras), Santiago, 1894, páx. 347.

trito campo de acción, desborda-se informando por inteiro a visión da sociedade, a economia e a política. Asi, por exemplo, procede-se a unha exaltación da Idade Media en base ao predomínio e dirección que, en todos os ordes, ostentaba a Igrexa católica. Idealiza-se asimesmo o orde feudal-estamental como carente de conflitos, entendendo-o resultado e produto do pensamento armonizador católico e do princípio da *subordinación espiritual* que foi suplantado na modernidade polo racionalismo e a sua consecuéncia inmediata, o «igualitarismo nivelador»[19]. A conclusión final da sua intervención centra-se na postulación da perentória necesidade de recuperación do espíritu relixioso en «todos los órdenes» explicitando o feito patente dunha relixión que abrangue até o extremo o conxunto do pensamento de BRAÑAS, tutelando os seus xuízos morais, sociais, políticos, económicos, históricos, etc.

Na extensa «introdución» ás obras de DIAZ DE RABAGO, achamo-nos outravolta coa devandita omnipresenza do factor relixioso informando os máis diversos xuízos, permeando os máis alleos eidos teóricos, através dun catolicismo exacervadamente tradicionalista presente por exemplo na apoloxia dos mosteiros da idade média e a sua benéfica funcionalidade económico-social, ausente de explotación e conflito. Mais o verdadeiramente interesante reside na probada autonomia relativa con que se desenvolve o plano relixioso, sempre critério superior, no inteiro sistema de BRAÑAS. En efeito, mália recoller DIAZ DE RABAGO os postulados básicos da economia liberal, o que en princípio para BRAÑAS deberia ser considerado erro imperdonábel, resulta salvado, vale dicer «sanado», polo catolicismo que impregna os escritos do economista galego que se amosaba como:

> «un economista individualista de buena fe, pero que no cedía un ápice en lo referente a la cuestión religiosa»[20].

Mais, sen dúbida, o ponto álxido —que, asi e todo, non implicou como ás veces se ten suposto[21], unha ruptura espectacular no discurso-ideoloxia de BRAÑAS— ven constituído polo discurso no Congreso Católico de Burgos, *Peligros que amenazan a la sociedad en el siglo XX si se aparta del cristianismo*.

A apaixonada apoloxia do catolicismo medieval en canto ideoloxia universal que penetraba até os máis recónditos lugares da organización social e política, así como do pensamento humano, prolonga-se aqui na Alianza de Trono e Altar como a sua fixación institucional:

> «Porque aquella sociedad era cristiana se producían héroes, sabios y santos; porque el cristianismo dominaba se extendía de siglo en siglo el poder de nuestros reyes; porque el espiritualismo evangélico se impuso al sensualismo alkoránico primero, y al protestantismo más tarde, sucesivamente los Reyes Católicos acabaron la obra de la conquista de Granada, los pendones castellanos se pasearon en triunfo por toda América... Cuando la sociedad se aparta del cristianismo, las naciones se debilitan, los pueblos se conquistan y los estados se disuelven...»[22].

Importa asinalarmos non tanto o idealismo filosófico que subxace nunha interpretación da História

[19] ALFREDO BRAÑAS, «El Excmo Señor D. JOAQUIN DIAZ DE RABAGO y sus obras económicas» en JOAQUIN DIAZ DE RABAGO, *Obras Completas*, Vol. I, Santiago, 1899, páx. XXVIII.

[20] Idem. páx. LXX.

[21] Para BALDOMERO CORES TRASMONTE por exemplo:

> «No encaja bien en este concepto de hombre tolerante y democrático, el contenido apasionado, intolerante y reaccionario del famoso discurso que pronunció en el Congreso Católico de Burgos... Quizás por lo estricto del tema que le fue asignado, quizás por el lugar donde fue dicho, el caso es que el discurso es un modelo de intolerancia e intransigencia poco corriente en la vida de BRAÑAS... Pensar que su pensamiento se hubiera radicalizado todavía más en favor de su habitual catolicismo no parece concordar con los hechos». «Alfredo Brañas» en *Gran Enciclopedia Gallega*.

Endebén no Congreso de Burgos concitan-se, ao noso entender, tanto unha *continuidade* esencial do pensamento católico tradicionalista como xa se pode atopar en *El Principio fundamental del Derecho, La crisis económica en la época presente*... e, mais tardiamente, «La cuestión social», discurso pronunciado no Círculo Católico de Obreros de Ferrol; conxuntamente cunha *decantación* definitiva a prol do carlismo e unha certa radicalización da sua intransixéncia ideolóxica, máis nas formas expresivas que no contido: nengunha das condenas formuladas en Burgos, agás da masoneria, amosa novidade verbo da sua anterior traxectória.

[22] ALFREDO BRAÑAS, *Peligros que amenazan a la Sociedad en el Siglo XX si se aparta del Cristianismo*, Discurso en el Congreso Católico de Burgos, *Congreso Católico de Burgos*, Burgos, 1899, páx. 149; onde se engade:

> «... en estos acontecimientos de la historia burgalesa, que es toda la historia de Castilla y León, el sentimiento religioso es el germen que los produce, *tanto que los Reyes y los Caudillos son a un tiempo legionarios de la Cruz y soldados de la patria, servidores del Altar y defensores del Trono. Hijos sumisos y obedientes de la Iglesia*, seguían sin desviaciones ni tibiezas las sabias enseñanzas del cristianismo, fortaleciendo por medio de ellas su espíritu, deliberar con acierto en sus célebres y bien organizadas Cortes formar sus códigos inmortales... venciendo emires, destruyendo califatos y convirtiendo en catedrales las más suntuosas mezquitas del Islam» Op. cit. páx. 149.

tal, senón a centralidade da relixión cristiá que se postula, nas suas formulacións medievais, determinando o posicionamento político, social e filosófico do noso autor.

O feito de que o Discurso de Burgos non implique salto brusco ou ruptura de nengunha caste verbo dos plantexamentos anteriores de BRAÑAS, en tanto que, como imos ver de contado, os elementos substantivos presentes nel xa se atopaban dun xeito ou doutro en intervencións anteriores, non debe levar-nos a descoñecer un patente arrequento na intrasixéncia do seu posicionamento relixioso. En efeito, non se trata aqui somente dunha ideoloxización do cristianismo medieval, dun *pancatolicismo* que todo o impregna, senón da postulación dunha cruzada contra o novo orde económico, político e ideolóxico:

> «...ha sonado en el reloj de los tiempos la hora en que los cruzados de la Fe se apresten al combate y se organicen otra vez nuevas legiones de Constancio contra el Magencio de la *Democracia impía* y de la revolución social que amenazan destruir el *Imperio de Cristo* en todas las naciones del mundo»[23].

Eis a centralidade tantas veces aludida do relixioso. Dunha banda recoñece-se o «imperio de Cristo» na terra, nunha dimensión mundana: allea a toda mínima secularización, trascendendo decididamente ao ambito da interioridade, a relixión encarna nun proxecto concreto de organización económica, social e política. En segundo lugar, a democrácia e considerada «impia», máis que «inxusta» ou «revolucionária», precisamente porque vulnera na sua eséncia o orde desigualitário estabelecido pola relixión medievalizante e estamentalista que BRAÑAS adopta como princípio do seu sistema. O elemento de «subordinación religiosa» ergue-se asi nun vasto proxecto de recuperación dun orde social que se acha nun imparábel proceso de erosión coa xeneralización dunhas novas relacións de produción capitalistas...

BRAÑAS conecta aqui, por máis que sexa parcialmente, co tradicionalismo católico que, frente aos abertos plantexamentos liberais ao MONTALAMBERT, florecen na Europa do século XIX. Relixiosidade e contrarrevolución integran dous eixos básicos dos plantexamentos do DE MAISTRE E DE BONALD que renunciaron de antemán, cousa que non acontece en troques con BRAÑAS, a unha *concepción racional da tradición*[24], que asi e todo resulta erosionada, ás veces nalgunhas intervencións do noso autor situadas a carón do *fideismo*.

Polo demais, unha tal primacia do relixioso, na sua concreción de catolicismo tradicional, non fica no BRAÑAS radicalizado de Burgos como unha proposta abstracta ao azar da actitude dos seus destinatários. Polo contrario, e postulada en si mesma até os niveis máis pragmáticos e militantes que dar se podan, encarnando-se nunha específica forza política portadora destes específicos intereses relixiosos:

> «Ha llegado el momento de que los católicos entremos en acción... tratándose de católicos que no profesen el liberalismo y están acordes en el fondo de su programa, no hay grandes obstáculos para realizarse la unión, formando un gran partido católico»[25].

Partido que, en tanto defensor dun proxecto relixioso que se verque nos máis variados ordes, combatirá asimesmo en diversos frentes ao liberalismo, ao racionalismo, á democrácia, ao socialismo, á masoneria e ao xudaismo... así como as suas expresións ideolóxicas: o racionalismo, o cientificismo, o ateismo, o materialismo. O conflito coa modernidade, inducido por unha relixiosidade tal, devén deste xeito absolutamente antagónico.

Daí que, alén de calquer plantexamento superficial ou oportunista que supoña unha instrumentalización do feito relixioso, a centralidade da relixión na sua ideoloxia, a sua omnipresenza e profundidade, provoca que moitas áreas do pensamento de BRAÑAS se achen determinadas por este catolicismo tradicional. De tal xeito que este último non se configura como un «subproduto» resultante dun prévio posicionamento de clase que se trata de lexitimar a posteriori, senón que integra o auténtico *ponto de partida do seu sistema*. Iso amosa-se de xeito patente se analizamos a complexa rede de causalidades do seu pensamento, descompoñendo-a nos seus ele-

[23] Idem. páx. 146.

[24] Como ten asinalado TIERNO GALVAN:

> «... o tradicionalismo é un fenómeno cultural exclusivamente latino e católico, que naceu dun proceso de secularización sumamente lento e difícil que pode expresar-se pola permanéncia da concepción máxico-relixiosa do mundo e que resulta fundamentalmente oposto ao conservadorismo ou concepción racional da tradición». *Tradición y Modernismo*. Madrid, 1962, páx. 83.

Para Tierno duas son as posicións fundamentais do *tradicionalismo*:

1.ª.—A incapacidade do home para alcanzar através da única luz da razón natural as verdades sobrenaturais.

2.ª.—A necesidade dunha revelación transmitida por tradición para que tais verdades se coñezan. Cfr. op. cit. páx. 164.

[25] ALFREDO BRAÑAS, «Peligros que amenazan...«Discurso no Congreso Católico de Burgos cit. páx. 158.

mentos, e atendemos asi mesmo á dinámica que despliega cada un deles.

Nengún outro factor ou elemento ideolóxico parece revestir semellante peso na «Weltangschauung» de BRAÑAS, tal poder ordenador e orientador da sua problemática global. Nen o seu anticapitalismo, ou antiliberalismo, nen rexionalismo, amosan a substantividade última, a *aseidade* por dice-lo asi, que o factor relixioso reveste, e ao que poden ser reconducidos e polo que son determinados en derradeira instáncia. En todos os elementos políticos, económicos, patrióticos, etc. sempre aparece un máis alá, un alén de relixiosidade, que constitui o cerengo no que se desenvolven.

Asi, o seu posicionamento económico implica un rexeitamento radical do capitalismo e do socialismo, cuxas raiceiras últimas achan-se sen dúbida fornecidas polos princípios dun catolicismo medievalizante e unha perspectiva presidida por valores tais como «caridade cristiana», «subordinación espiritual». «xerarquia» e «desigualdade natural». Outro tanto acontece co antiliberalismo e o antirracionalismo do noso autor: a crítica da igualdade formal dos cidadáns e do abandono da fe a prol da ciéncia achan-se mediados e presididos por unha perspectiva vetero-católica indubitábel.

Algo moi semellante acontece co *rexionalismo* de ALFREDO BRAÑAS. En efeito, falábamos nos primeiros capítulos como o posicionamento rexionalista do noso autor respondia globalmente aos intereses das clases debedoras do Antigo Réxime como a fidalguia e o clero. Mais a devandita vinculación manifesta-se claramente como *resultante* dun recoñecimento «a posteriori», non a modo de emanación directa ou expresión inmediata dos intereses das mentadas clases. Compre definitivamente neste sentido abandonarmos calquer determinismo economicista, que entenda a ideoloxia de BRAÑAS como expresión mecánica dunha clase, se queremos dar conta da complexidade e significación última dos seu sistema e, en especial, da natureza do seu rexionalismo.

Efectivamente, este último vai-se amosar, en derradeira instáncia, como o intento de preservar, através da recuperación das vellas liberdades locais idealizadas, a unha Galiza tradicional e fondamente cristiá do pernicioso influxo da revolución burguesa, e os males que trai consigo: capitalismo económico, liberalismo político, racionalismo filosófico, etc. O catolicismo tradicional acha-se na base de que, frente á igualación formal do «derecho nuevo», BRAÑAS opoña unha subordinación estamental e espiritual que xerarquice un orde social de privilexio; o mesmo acontece, e por idéntica cuasa relixiosa, cando á monopolización do poder político no Estado contemporáneo enfrenta-se no noso autor unha pasadista concepción dos poderes no conxunto da sociedade civil e a preponderáncia política da Igrexa; outro tanto sucede cando á liberdade de contratación e á competéncia capitalista se opón a armonia relixiosa e gremial de carácter corporativo.... En suma, trata-se de preservar a Galiza para o catolicismo entendido como un sistema total de pensamento que invade todas as facetas da vida social e que, lonxe de remancer no seo da pura interioridade, vérque-se nos máis diversos ordes e aspectos do pensamento, determinando-os coas directrices.

O rexionalismo como movimento, en procura das vellas liberdades locais perdidas, configura-se como unha facción de defensa das tradicións políticas, económicas e ideolóxicas galegas inspiradas na relixión. Rexionalismo e catolicismo en suma achan-se intimamente vencellados no proxecto de BRAÑAS, constituindo unha entidade inescindibel:

«no hay más patriotismo que el que nace de una fé sincera»[26].

O proxecto dunha Galiza pre-capitalista, onde o catolicismo integrase o elemento determinante, unha Galiza espiritualista e antimoderna, fixada no feudalismo... un proxecto rexionalista, en suma, onde o relixioso integre o supremo princípio articulador. Eis, para confirmar unha hipótese tal, o feito indiscutíbel da distáncia que mantén en todo momento na sua obra verbo da fidalguia como clase, frente á cercania á Igrexa e ao catolicismo que constituen o seu motivo sobranceiro. A relixión, lonxe de ser instrumentalizada por BRAÑAS a prol duns intereses de clase pre-existentes —xa sexa desde unha *situación* estrutural de pertenza de clase ou dunha *posición* clasista específica na conxuntura política —integra o eixo, o fulcro articulador da sua ideoloxia arredor do cal xiran os restantes posicionamentos. Este princípio articulador católico amosa-se de xeito patente polo que respeita ao seu rexionalismo unha e outra vez nas suas intervencións públicas ao respeito. Asi, no manifesto *Al Pueblo gallego,* afirma-se:

«Confiemos en Dios. Galicia no ha dejado de serle fiel, desde que con la sangre de sus mártires dió incontrastable testimonio de su fé. La Cruz de Cristo colocada por Carrarik sobre la corona de los suevos prestó su bendita sombra a nuestros padres, dándoles aliento para realizar las heroicas empresas que realizaron; y no ha de permitir que Galicia —cuyo escudo contiene en sus blasones la más clara y enérgica profesión de fé católica— que jamás esa cruz sea arrancada de su suelo. De ahí nuestra confianza en la protección divina, para la redentora empresa que esta Liga se propone...»[27].

[26] ALFREDO BRAÑAS, «Los peregrinos irienses» cit.

«Redención» e «salvación» achan-se empregadas aqui no seu sentido prístino teolóxico: Galiza debe ficar limpa de pecados da modernidade e recuperar a pureza orixinal da man daquela antiga eséncia católica que lle é consustancial. O rexionalismo constitui o proxecto do movimento que ten como obxectivo sobranceiro recuperar aquela relixiosidade perdida: «Deus fratesquae Gallaeciae».

2. *Un catolicismo «social» e antisocialista.*

É coñecido como a finais do século dezanove a xerarquía eclesiástica, retomando e oficializando posicións xurdidas nas suas próprias ringleiras no avance da industrialización, encetou a formulación, perante o desenvolvimento das loitas obreiras e a difusión do anarquismo e o socialismo, da doutrina denominada «catolicismo social». Con base en experiéncias e formulacións anteriores como as do bispo KETTELER[28] LA TOUR DU PIN[29] ou ALBERT DU MUND[30] o Papa LEON XIII, coñecedor durante a sua estáncia en Bruselas da chamada «cuestión social», formulou na encíclica «Rerum Novarum»[31] un conxunto de postulados destinados a coñecer ampla difusión nos médios católicos da época. En síntese, procedia-se no devandito texto papal a unha reactualización do tradicional antiliberalismo da Igrexa dado-lle unha nova perspectiva: aos anteriores males de modernidade viñase angadir o feito de ser causa da problemática social que pretendia vanamente resolver as erróneas teorias do movimento socialista.

Reveste certa importáncia esta continuidade do antiliberalismo que integra o discurso-ideoloxia do

[27] *Al Pueblo Gallego,* Manifiesto da «Liga Gallega» de Santiago, 24 de Xuño do 1899.

[28] En KETTELER, obispo de Maxéncia, aúnan-se dous elementos dispares, *ultraclericalismo* e preocupación *social,* dun xeito moi semellante ao que acontece en BRAÑAS. Articulan-se en ambos os dous un clericalismo antiliberal e unha dedicación á cuestión social, que en KETTELER se sintetiza expresivamente nas suas coñecidas sentenzas:

«Veleiqui o mercado de escravos aberto por toda Europa moderna e calcado sobre dun modelo confeccionado polo noso liberalismo iluminado e pola nosa francmasoneria humanitária».

As preocupacións de tipo social de KETTELER chegaron ao extremo de levalo á aceitación de diversos pontos das doutrinas de LASSALLE: lei de ferro dos salários, o traballo como mercancia... mantendo, asi e todo, diferenzas fundamentais nos aspectos decisivos como a condena lassalliana da propriedade privada, considerada, en troques, por KETTELER como un elemento do orde natural, e o tipo de asociación obreira postulada que en KETTELER non supera os límites da resignación frente á penosa necesariedade do traballo manual. Como ten asinalado M. NITTI:

«Mgr. KETTELER emprega constantemente na sua obra os mesmos pensamentos, a miúdo as mesmas frases, e mesmo as mesmas palabras que LASSALLE, de quen aceita a crítica destrutiva do noso sistema industrial... mais mentres LASSALLE esixe ao Estado cen millóns de talleres para reformar estado de cousas actual, o bispo de Maxéncia confia e espera no produto da caridade cristiá». En *Le Socialisme Catolique,* Paris, 1894, páx. 131.

[29] En LA TOUR DU PIN, fundamentalmente na sua obra *Vers un ordee social chrétièn. Jalons de Route,* Paris, 1907, teoriza-se un réxime corporativo, antiparlamentário e explicitamente contra-revolucionario: «le parlamentarisme: voilá l'enemi», no que abondan as referéncias laudatórias para a organización social e dotraballo na Idade Média.

As suas críticas ao parlamento como institución polo seu absolutismo, irresponsabilidade e inutilidade serán tomadas directamente por BRAÑAS, conxuntamente cas suas arelas corporativistas.

[30] Para o Conde DE MUN, intérprete práctico das doutrinas de LATOUR DU PIN, para remediar o inmenso desorde producido polos abusos de liberdade no capitalismo e no liberalismo, é preciso retornar ás antigas institucións que a Revolución burguesa destruíra:» O réxime das corporacións pode, volvendo menos precária a condición do obreiro estabelecendo lazos nos diferentes estamentos produtivos: através da solidaridade profesional entre os patronos e os obreiros». Cfr. JACQUES VALDOUR, *Liberaux, socialistes, catoliques sociaux,* Paris, 1929, páxs. 231 e ss.

[31] A encíclica «Rerum Novarum», sobre a condición dos obreiros, de León XIII, 15 de Maio do 1891, supuxo o apoio aos plantexamentos do catolicismo social. Neste encíclica, recoñecida a existéncia dunha «cuestión social», combate-se primeiramente a «solución falsa do socialismo» tanto polo que respeita ás teorias da loita de clases como á abolición da propriedade privada. Postula-se seguidamente como «verdadeiro remédio» a *intervención* da Igrexa que se fundamenta en dous princípios xerais: a necesidade das desigualdades e sofrimentos derivados da condición humana e a necesidade da unión mútua entre as clases:

«Hai na cuestión que tratamos un erro capital que consiste en figurar-se que unhas clases da sociedade son por natureza inimigas doutras, como se ricos e proletários estivesen destinados a estar loitando en perpétua guerra... ao contrário, na sociedade civil a natureza ten disposto que aquelas duas clases se xunten concordes entre si e se adapten a unha a outra de tal xeito que se equilibren».

Postula-se despois a intervención do Estado en evitación das folgas obreiras, xa oue «semellante cesación do traballo non somente dana aos amos e aos mesmos obreiros, senón que perxudica ao comércio e ás utilidades do Estado».

E, finalmente, chama-se unha intervención específica cristiá no terreno social co obxectivo de contrarrestrar as únicas alternativas —socialistas, comunistas...— existentes nese campo: Acción Católica, asociaciones profesionais, sindicatos católicos.

Recollian-se, en suma, as ideas e experiéncias dos católicos sociais europeus dos anos anteriores que o próprio LEON XIII coñecera persoalmente nas suas estáncias europeas.

«catolicismo social», porque a reformulación e mantimento nunha nova perspectiva das tradicionais críticas que aos postulados liberais se conteñan nas encíclicas de Pío IX, «Qui pluribus», «Quanta cura» ou no próprio «Syllabus», van propiciar a coexisténcia nos pensadores católico-tradicionalistas como BRAÑAS, sen nengunha ruptura traumática, o cultivo dun anti-socialismo radical mais sen abandonar en ningun momento o antiliberalismo de sempre[32].

Ainda ecoaban en Europa as durísimas críticas que o papado fixera ao liberalismo en canto orde revolucionário nos máis diversos campos: filosófico (racionalismo), político (democrácia parlamentária), económico (capitalismo), cando o papado intervén de novo perante a necesidade de ofrecer unha alternativa eclesial e integradora á clase obreira cuxa crecente afiliación ao socialismo ou anarquismo supuña unha paralela alleidade á Igrexa: tal seria o cometido do catolicismo social. A aplicación dos princípios da caridade cristiá á relación entre capital e traballo[33] entroncan coas críticas tradicionais á liberdade económica, política e de pensamento xurdida da Revolución Francesa, como patentiza LE PLAY, para aplicá-las agora ao novo orde e propugnar un distinto princípio de autoridade.

Na traxectória ideolóxica de BRAÑAS —marcada, como sinalábamos ao falarmos da movilización rexionalista, por unha progresiva radicalización dos seus aspectos máis reaccionários, rematando co seu achegamento nídio ao carlismo— a problemática cristiá-antiliberal converxeu en todo momento cunha aceptación militante da doutrina social da Igrexa. A raiz da publicación no ano 1891 da «Rerum Novarum», a participación decisiva de BRAÑAS na movilización dos núcleos universitários católicos compostelanos a prol da criación do Ateneu León XIII e os Círculos católicos de Obreros amosa esta adopción dos princípios sociais eclesiasticos. A posterior aceptación no ano 1897, na Acta de Loredan, polo Carlismo da doutrina social do papado[34] veu pechar o círculo dunha armonia e concorréncia que, alén do caso concreto do noso autor, manifestaba-se a niveis institucionais e organizativos: a compatibilización do antiliberalismo e do antisocialismo.

No corpus ideolóxico de BRAÑAS achan-se presentes ambos os dous extremos nídia e radicalmente. Por regra xeral, e dada a especial situación de Galiza perante unha Revolución Burguesa parcialmente inconclusa, o noso autor recalca os aspectos máis patentemente antiliberais nos seus escritos rexionalistas e amosa maiores preocupacións nas suas intervencións de tipo académico, onde o curso dos acontecimentos e ideolóxias en pugna na Europa do seu tempo revestian unha maior novidade. Mais asi e todo, dun xeito ou outro, esta dobre inimiga ás duas correntes por el máis temidas da modernidade acha-se omnipresente en diferentes ordes, estatus e matérias na inteira obra do catedrático compostelano.

Polo que ao *catolicismo social* se refere, o primeiro elemento que destaca nas suas diversas obras, escritos e conferéncias, ven constituído por unha presenza continuada de LEON XIII e a sua doutrina, asi como doutros pensadores católicos que, ben con anterioridade, ben con posterioridade á sanción e respaldo papal das suas doutrinas, plantexaron os temas dos conflitos sociais derivados da industrialización e a concentración de traballadores nos núcleos urbanos europeos, fora das canles socialistas ou anarquistas.

Asi, por poñer un exemplo, na sua *História Económica*, publicada no ano 1894, fai-se unha durísima crítica as diferentes escolas con presenza maioritária na Europa finisecular: individualismo smithiano, socialismo, anarquismo, etc., propoñendo como alternativa ás mesmas a escola de economistas católicos. Segundo el, somente nas páxinas de autores tais como LE PLAY, PERIN, ALBERTO MUN, LA TOUR DU PIN, KETTELER etc., se atopan as solucións á problemática plantexada polo capitalismo contemporáneo.

Frente ao liberalismo económico a doutrina do catolicismo social implica para BRAÑAS:

«la condena de su doctrina del interés personal como único fin económico, la del 'laissez faire, laissez passer' como base de la distribución y circulación de las riquezas; la de la abolición del régimen corporativo y la del aislamiento del

[32] O tono, endebén, que diferéncia as intervencións de LEON XIII' frente ás de PIO IX non reside tanto no abandono dun vocabulário apocalíptico e as condenas radicais dos erros da modernidade ao estilo da encíclica «Quanta Cura» ou o «Syllabus», senón na reoriéntación do inimigo a combater: o liberalismo é substituído en LEON XIII (agás o caso da «Humanum Genus» contra a masonaria) polo *socialismo* e o *comunismo,* de xeito especialmente patente en «Quod apostolici muneris» do 28 de Decembro do 1878.

[33] E isto tanto polo que se refere á concreción do salário xusto como ás relacións entre as clases: a substitución dos sindicatos de clase polas asociacións corporativas de colaboración. Cfr. ao respeito C. VAN GESTEL, *La doctrina social de la Iglesia,* Barcelona, 1959, páxs. 223 e ss.

[34] En efeito, a Acta de Loredan integrou a Doutrina social da Igrexa no cerne mesmoda ideoloxia carlista lexitimista, remetendo polo que respeita ao tema á encíclica «Rerum Novarum» de León XIII. Sobre a militáncia social dos carlistas galegos, através dos Círculos Católicos de Obreiros, pode ver-se X. R. BARREIRO FERNANDEZ, *El carlismo gallego* cit., páxs. 313 e ss.

patrono y el obrero, abandonados hoy a la libre concurrencia y al juego fatal de la oferta y la demanda»[35].

Pero, ao mesmo tempo, os autores da escola social cristiá desbotan para BRAÑAS coa mesma enerxia e radicalidade, ou ainda máis se cadra, a pretendida alternativa socialista:

«...reprueban enérgicamente la abolición de la propiedad, del matrimonio, de las herencias, la igualdad absoluta, el reparto de los bienes, la destrucción del Estado y todas las demás aberraciones del socialismo ateo, racionalista y malvado, enemigo de la religión y de la sociedad»[36]

A alternativa do catolicismo social implica un posicionamento igualmente alleo a unha e outra corrente ideolóxica e superadora das mesmas en canto directamente inspirada nos princípios relixiosos e morais do cristianismo:

«El socialismo católico se halla equidistante de ambos estremos peligrosos: el egoísmo engendra la preterición del débil por el fuerte; la omnipotencia del Estado o la colectividad engendran la tiranía gubernamental y el despotismo de las masas»[37].

Nesta dirección, BRAÑAS inspira-se constantemente nas suas diversas intervencións orais ou escritas nas teorizacións e análises dos pensadores sociais católicos, aos que acuden unha e outra vez, xa se trate do problema do reparto dos montes vecinais como da familia ou a organización gremial da produción. A sua formación profesional académica e o domínio das principais línguas europeas puxeron a sua disposición un amplo abano de desenvovimentos e argumentacións desta escola católica cuxa bibliografia coñece á perfección, non atopando-se faltas substanciais na sua familiaridade cos seus autores máis representativos.

Resulta polo demais significativo da particular síntese do noso autor, o primeiro plano que alguns destes autores ocupan nos seus plantexamentos así como a marxinalidade doutros. Compre pois, dando un paso máis na concreción do pensamento de BRAÑAS, analizarmos que teorias e lineamentos fundamentais recolle o noso autor cara o respeito das suas posicións.

En primeiro termo atopama-nos sen dúbida coa figura destacada de LE PLAY, onde se concitan coa maior forza e espresividade os dous extremos que antes asinalábamos: catolicismo sensibilizado perante a situación da clase obreira e as suas formas de subsisténcia conxuntamente cun carácter manifestamente antiliberal e contrarrevolucionário[38].

En efeito, por unha banda BRAÑAS, ao analizar desde unha perspectiva académica a figura de LE PLAY e as aportacións á escola de economistas católicos, aborda unicamente estritas cuestións de orde metodolóxico que enfoca asemade con distanciamento visíbel e nun tono indubitabelmente crítico. Asi por exemplo fala-se con recelo das veleidades «positivistas» de LE PLAY e as suas pretensións de extrair por dedución leis xerais dos acontecimentos concretos, veleidades que, asi e todo, son disculpadas por BRAÑAS en canto que os resultados e exposición do autor seguen «la más sana moral católica»[39].

Pero é de notar que moitos dos conceitos e lineamentos ideolóxicos nodais no pensamento do noso autor, son claramente tributários das suas leituras de LE PLAY. Os influxos en concreto son especialmente patentes non tanto de obras como *Les ouvriers euro-*

[35] ALFREDO BRAÑAS, *Historia económica,* cit. páx. 334.

[36] Idem. páx. 345.

[37] Idídem.

[38] LE PLAY integra unha peculiar síntese dunha espécie de positivismo católico, de anti-industrialismo, dunha banda e, ademais, dunha crítica radical a filosofia das luces e ao herdo da Revolución Francesa, explicitamente autoritária. Cfr. LOUIS DELBEZ, *Les grands courantes de la pensée politique française depuis le XIX siècle,* Paris, 1970, páxs. 142 e ss. e GUY THUTHUILLIER, «Le Play et la Réforme sociale», Revue Administrative, Maio, 1958, páxs. 249 e ss.

[39] LE PLAY explicita asi o seu modo de investigación:

«Para atopar os segredos dos gobernos que percuren aos homes a felicidade fundada sobre a paz, teño aplicado á observación das sociedades humanas negras análogas a aquelas que tiñan dirixido o meu espírito á observación de minerais e plantas. Construin un mecanismo científico, noutras palabras criei un método que me permitiu coñecer persoalmente todos os matices de paz e discórdia, de prosperidade e sofrimentos, que presentan nas sociedades contemporáneas europeas».

Les ouvriers européennes vol I, *La Méthode d'observation,* Paris, 1879, páx. 45.

péens [40] senón outras tais como *La Reforme social en France* [41] ou *L'organisation de la Famille*[42].

Polo que á primeira destas duas se refere, de *La reforme*... BRAÑAS tomará elementos tais como a sua especfica visión idealizada dunha Idade Média sen conflitos sociais por mor da organización cristiá da sociedade baixo os princípios de subordinación, xerarquia, estamentalización e dependência persoal[43]; a superioridade social do medioveo face a modernidade, en especial pola falta de conflitos sociais[44]; unha pre-moderna relación do progreso moral co progreso material económico[45]; a preeminéncia da relixión en todos os ordes sociais[46]; a preferéncia pola pequena indústria artesanal face a grande indústria[47]; a organización corporativa como alternativa á organización capitalista do traballo[48]etc.

40 LE PLAY, *Les ouvriers européennes* cit. Tras un complet percorrido pola situación moral e material das clases obreiras europeas remata cunha crítica ao liberalismo de claro sabor tradicionalista:

> «Entusiasmados polo racionalismo inglés, secundados polos salóns parisiéns, os enciclopedistas teñen inculcado ás almas a creenza na perfeición orixinal, despois o desprezo das leis divinas e as institucións que delas se derivan. Os homes do Terror, toman posesión pola violéncia do terreno asi preparado, destruindo tais institucións tradicionais. Nos nosos dias, en fin, o sufráxio universal, unha vez substituído violentamente a dez gobernos elexidos pola forza, non nos aporta máis que, ao xeito dos réximes precedentes, a inestabilidade e a discórdia». *Les Ouvriêres européennes,* Vol. IV, Paris 1877, páx. 567.

41 LE PLAY, *Le réforme sociale en France, déduite de l'observation comparée des peuples européenns,* Paris, 1869, integra un programa de trasnformacións de marcado carácter antiliberal que abarca desde o orde familiar até a organización dos poderes do Estado.

42 F. LEPLAY, *L'organisation de la famille second le vrai modele signalé par l'histoire de toutes les races et de tous les temps,* Paris, 1884. Nesta obra, rexeitando todo individualismo liberal, situa-se a família como eixo fundamental da sociedade. Trata-se, ademais, dunha familia tradicional-patriarcal centrada na figura do pai e cuxa decadéncia na modernidade constitui, sen dúbida, un dos rasgos máis negativos do século XIX:

> «A ruptura dos lazos soicias, a corrupción dos costumes, e o antagonismo das clases veu reemprazar ao antigo estado de harmonia, e a loita de intereses veu pouco a pouco arruinar as liberdades comunais e provinciais... somente nas famílias do campesinado de Alsácia, Normandia, Franco-Condado que foron excluídos da vida pública, amosaron bos exemplos de vida privada. As suas familias permaneceron laboriosas e fecundas...» Op. cit., páx. 74.
>
> En definitiva, segundo LE PLAY, o Terror e Código civil viñeron asestar o golpe de morte á família tradicional, que somente conservou o seu carácter patriarcal xerárquico no campesiñado mais tardío en coñecer a xeneralización do modo de producióncapitalista. O vencellamento família-liberdades locais pre-capitalismo produtivo ia ser tomado directamente por BRAÑAS das obras de LE PLAY, que constitui, sen dúbida, un dos autores máis presentes —explícita ou implicitamente— na obra do profesor compostelán.

43 *La Reforme social en France,* cit. páx. 11 e ss., onde se afirma:

> «Se a revolución pretende ter arrebatado as clases inferiores á chamada tiranía do antigo réxime... esquecen que no antigo réxime cada patrón ia ao combate sostido polos seus clientes, obreiros e domésticos; mentres que hoxe os atopa armados frente a el. Antano, tras a loita atopaba-se na família e no taller un repouso e paz reparadoras. Hoxendia, a violéncia reina tanto na casa como no taller... Os escritores que inspiran tais paixóns revolucionárias e propagan tantas teorias subversivas, poderian atopar nas próprias casas a refutación aos seus sistemas favoritos: non terian máis que observar os sentimentos de ódio, enfrentamento e rebelión dos seus servidores». Op. cit. páx. 36.

44 *La Reforme Sociale en France,* cit. páxs. 50 e ss.

45 A consideración dunha moral reveladora no Decálogo leva a LE PLAY a formular a sua clásica proposta: en ciéncia descobrir novas verdades, en moral practicar a verdade coñecida», en definitiva unha moral allea ao avance científico e á civilización histórica:

> «Os europeus para salvaguardar a sua preeminéncia, deberán perseguir pol a observación do mundo físico innumerábeis leis que permanecen descoñecidas: mais farán unha obra máis útil, e adequirirán unha glória máis durábel, practicando e observando mellor as leis morais que foron reveladas pola vontade divina. Esgotarian-se en inúteis esforzos se continuan a procurar no câmbio da doutrina o progreso que debe xurdir dunha mellor práctica das verdades coñecidas». Op. cit. páx. 22-23.

46 «O estudo metódico das sociedades europeas ten-me amosado que a felicidade individual e a prosperidade pública achan-se en proporción da enerxia e a pureza das convicións relixiosas... en todas as Idades da História desde as prosperidades do antigo Exipto até as da Cristiandade, ten-se decote asinalado que os pobos penetrados polas máis firmes crenzas en Deus e a vida futura se teñan elevado sempre por riba dos outros, tanto pola virtude e o talento, como polo poderio e a riqueza».

Op. cit. páx. 112, onde se critica, asemade, con dureza o *escepticismo* que invade a numerosos intelectuais franceses da época co conseguinte efeito de decadéncia moral e de desenvolvimento económico do país.

47 O posicionamento neste orde de cousas de LE PLAY é calro: as pequnas indústrias son menos aptas para o arrequecimento das nacións, mais aseguran mellor a independéncia das famílias e o mantimento das relacións sociais pre-capitalistas na medida do posíbel. Asi:

> «As familias vencelladas á pequena indústria distinguen-se en xeral pola sua moralidade, polo seu sábio espírito de independéncia, pola sua aplicación sostida ao traballo... son máis próprias a gardar as tradicións de virtude que a criar grandes riquezas. Mais, ao mesmo tempo, as costumes rexos e puros adquiridas polos emigrantes novos dunha tal procedéncia fan-nos destacar por riba dos indíxenas pola sua asiduidade, a sua enerxia e a frugalidade. Tal é o rol que xogan os galegos en España, os asturianos e bascos no México e Peru...». Op. cit. tomo II páx. 182.

48 Op. cit. Tomo III páxs. 129 e ss., onde se trata das diversas clases de corporacións que tenden a aliminar o conflito resultante das relacións de produción capitalistas e substitui-lo pola colaboración entre as clases.

Asi e todo, LE PLAY non postula un gremialismo da mesma intensidade que atoparemos en BRAÑAS, sendo consciente da imposibilidade da extrema regulación das relacións produtivas e de competéncias que desempeñaran no seu dia os grémios; propoñendo esta se «os nosos patróns e os nosos obreiros persisten no seu deplorábel antagonismo» en base á simpatia que desperta, mália o seu patente anacronismo, a sua organización:

> «Para cada ofício reagrupaban-se mestres de indústria traballando perto dolar doméstico, co concurso da família reforzada pola necesidad de axuda e prestación de servizos...» Op. cit. Tomo III páx. 20 e ss.

Outro tanto acontece con *L'organistion de la Famille,* onde se atopa unha apoloxia da família patriarcal e a sua organización tradicional afectada e destruída polo advenimento do capitalismo unha vez máis alterador da Arcádia medieval[49], que BRAÑAS incorporará no celme da sua argumentación tradicionalista.

Outro autor omnipresente na obra de BRAÑAS e sen dúbida, CHARLES PERIN, como se pode ollar por exemplo en libros tan centrais do noso autor como *El Regionalismo*. Asi e todo, o catedrático compostelano situa a PERIN nun segundo plano se o comparamos co ocupado por LE PLAY, en base a unha certa «contemporaneidade» ou complacéncia co seu tempo que coida advertir nel, e en todo caso a auséncia dun radicalismo pasadista substituido neste autor por un certo realismo da sua crítica anticapitalista.

En efeito, en obras tais como *Le socialisme chrétienne, El Patrono* (traducida, por certo, ao castelán por POU Y ORDINAS)[50], *Les lois de la societé chrétienne, De la richesse*[51] ou mesmo *Les libertés populaires* [52], abomina das relacións sociais de produción capitalistas e contrapón-lles os princípios cristiáns da «harmonia» entre o capital e o traballo, a caridade cristiá, a auséncia de conflitos dunha organización corporativa[53] etc. etc. Mais, endebén, en PERIN acha-se ausente aquela perspectiva pasadista e medievalizante tan querida a LE PLAY e celebrada por BRAÑAS, por ningures na sua obra atoparemos aquela complacéncia no Medioevo e a sua proposta como ideal de perentória recuperación das suas «verdades». Iso resulta especialmente patente cando despois da crítica radical a organización do traballo capitalista en troques de postular unha reinstauración dos grémios medievais, PERIN propón unhas fór-

49 «Por vez primeira os fillos revelan-se contra a maxestade do xefe de família... desde entón, produce-se o declinar da família patriarcal... *O código fixo a sua obra niveladora, a família tradicional está morta».*
LE PLAY, *L'organisation de la famille,* cit. páx. 298.

50 CHARLES PERIN, *El Patrono,* Barcelona, 1885, onde se sostén a tese de que o bon patrono é aquel que se comporta cos seus traballadores como un bon pai de família e o obreiro ideal é dócil, honrado, sometido ao orde existente: nunha sociedade asi rexida sobra, segundo PERIN, a intervención do Estado. Esta tese do patronato cristián e da caridade nas relacións de produción posui unha importáncia alén do meramente episódico, pois foron aprobadas maioritariamente no Congreso de Malinas do ano 1864 frente ás teses de DUCPETIAUX que esixia unha regulación estatal das horas de traballo, os horários nocturnos, o traballo de rapaces, etc. VAN GESTEL, op. cit. páx. 129 e ss.

51 *Les lois de la societé chretienne,* Lovaina, 1875. Referindo-se a esta obra BRAÑAS afirma:

> «CARLOS PERIN se aparta de los alemanes y del Conde ALBERTO DE MUN en lo tocante a la reorganización gremial. Cree que tal intento fracasaría y que es mejor la asociación cristiana libre constituída según el principio místico de la renunciación o abnegación. En este punto hallamos muy pocos prácticas las doctrinas de CHARLES PERIN». *Historia Económica* cit. páx. 339.

52 CHARLES PERIN, *Les libertés populaires,* Paris 1871. Trata-se dunha obra encamiñada directamente a combater o réxime democrático e parlamentário desde a perspectiva da crítica ás liberdades burguesas:

> «:A democracia contemporánea naceu coa Revolución francesa. De aí esa glorificación dos inmortais princípios do —89, que é preciso contar entre os réditos sonoros nos que se compracen as épocas de feblecismo moral e de esterilidade intelectual... a afirmación do todopoderio do home, do direito a dispor soberanamente de si mesmo, de ordenar pola sua única autoridade e do obxectivo do seu ben estar temporal as sociedades nas que vive.
>
> Deus é botado do mundo, o home só debe reinar. Non se trata aqui do progreso social ou dunha reforma política; achamo-nos en presenza dunha tentativa de reconstitución radical, ou ainda mellor, de perturbación total da vid humana sen precedente na História...». Op. cit. páx. 52.

Moitos dos argumentos contidos nesta obra asi como nas *Lois de la societé chrétienne* atopamo-las reproducidas nos escritos de BRAÑAS cunha textualidade que reflexa a indentificación do catedrático compostelán coa escola do Catolicismo social; identificación que, como obras tais como *Les libertés populaires* amosan sobradamente, en nengun caso se ve obstaculizada por unha dispar valoración do liberalismo, en cuxa abominación todos converxen.

53 Isto resulta especialmente patente no libro do mesmo autor, CHARLES PERIN: *De la richese dans les societés chrétiennes,* Paris, 1882, onde se abordan estes problemas non desde unha perspectiva pasadista senón moral-cristiá. Asi por exemplo, por citarmos un ponto clave do sitema, son argumentos integramente morais os que o levan a preferir o traballo agrícola frente ao traballo industrial, na procura dunha especie de «crecimento cero» que parece motivar as suas páxinas. Outro tanto acontece coa «moderación produtiva», co «desapaixonamento das riquezas», etc.

mulas de pacto corporativo baseadas na caridade cristiá e na «negación»[54].

Do Conde ALBERT DE MUN, BRAÑAS recolle o seu profundo antiliberalismo sintetizado na famosa frase contra a *Economía política*[55] e a postulación de sindicatos gremiais e corporativos frente aos sindicatos de clase que baixo o pulo da Internacional agromaban por todas partes, amosando-se partidário ademais de introducir unha xerarquización gremial entre os traballadores[56], nunha perspectiva medievalizante.

En LA TOUR DU PIN e o seu *Vers un orde social chrétien*[57], BRAÑAS inspirou-se para o seu traballo nos Círculos Católicos de Obreiros e a necesidade de combater coa fe católica os efeitos provocados nas clases traballadores polas relacións produtivas do capitalismo: folgas, violéncia, ateismo, amoralidade, etc. etc.

Polo que respeita a KETTELER, o recoñecimento que en diversas ocasións BRAÑAS amosa polo seu labor, empaña-se outras pola excesiva facilidade con que este aceita elementos ideolóxicos provenintes do campo inimigo, nomeadamente a «lei de ferro dos salários» formulada por LASSALLE. Mais, porén, recolle como aportación deste autor a sua insisténcia na caridade cristiá na resolución dos conflitos laborais e, sobre todo, a postulación dunha certa recuperación gremial[58].

Outros autores son utilizados ademais dos anteriores por BRAÑAS en apoio das suas teses, mais ocupando sen dúbida un lugar netamente inferior. Así, por exemplo, de ALBAN DE VILLENEUVE e a sua *Economía política cristiana*[59] *toma unha exaustiva* crítica da industrialización e o industrialismo e de DROZ as suas argumentacións a prol dunha presenza necesária da moral na economia[60]. A HERVE BA-

[54] Apesar de recoñecer PERIN que «na sociedade cristiá da Idade Média, a organización obreira achaba-se organizada baixoas influéncias da Igrexa e realizaba nas mellores condicións o princípio da asisténcia mútua» (op. cit. páx. 158, T. II) non postula a reorganización gremial da sociedade, senón un traballo supretório da Igrexa nese orde: o clero adicado a caridade cristiá e uns princípios fundamentados na *renúncia* cristiá para enxergar un novo talante económico:

> «Os homes do noso tempo teñen concentrado todos os seus esforzos no orde material; coidaron, polo progreso da riqueza, asegurar todos os progresos e converter-se en amos dos seus destinos... Mais é tempo de procurarmos o orde e máis o ben-estar ali onde Deus o ten posto: na renúncia aos mesmos e as falsas alegrias da vida exterior. Polo sacrifício, a moderación e a caridade a sociedade atopará a solidez e regularidade nas suas relacións... por ela somente serán reparadas as ruínas con que o paganismo revolucionário ten coberta a Europa desde máis dun século». *De la Richesse* cit., páx. 416, T. III.

[55] «O liberalismo e a Economia política: velaí os inimigos da sociedade moderna que é preciso combatermos».
Cit. en JACQUES VALDOUR: *Liberaux, socialistes, catoliques sociaux* cit. páx. 91.

[56] BRAÑAS recolle o programa dos *Congreso de Chartres, presentado por MUN; Historia económica,* cit. páx. 87:
1.-Unión de amos e obreiros no interés comun: organización das Corporacioóns.
2.-Constitución dunha xerarquia obreira profesional.
3.-Extensión da cooperación á grande indústria baixo a forma de sindicatos.
4.-Lei sobre os accidentes de traballo e seguros.
5.-Limitación das horas de traballo. Arbitraxe entre patróns e obreiros.

[57] LA TOUR DU PIN LA CHARCE *Vers un ordre social chrétien* cit. páx. 71 e ss.

[58] Como ten asinalado VAN GESTEL:

> «A evolución do pensamento social de KETTELER dá-nos como un resume da evolución do catolicismo social durante o último século. Ao princípio do seu ministério sacerdotal, KETTELER supuña que a miséria social era ante todo un problema de reforma moral, e pretende atopar o remédio na práctica da caridade. A sua experiéncia fixo-lle ver axiña que a reforma interior non é suficiente e que resulta preciso engadir a reforma das institucións; trazou un programa de reformas sociais e a finais da sua vida atreveu-se a chegar máis lonxe: organizar unhas cooperativas de produción...» *La Doctrina Social de la Iglesia,* cit., páx. 51.

[59] ALBAN DE VILLENEUVE BARGEMONT, *Economía política cristiana o investigación sobre la naturaleza y causas del pauperismo en Francia y en Europa y sobre los medios de socorrerlo y prevenirlo,* Madrid, 1852.

Trata-se neste caso dun autor de escasa relevância na obra de BRAÑAS en base fundamentalmente ás diferenzas de talante: o intento de VILLENEUVE é máis «moderno» porque, se ben trata de orientar a economia política nunha perspectiva explicitamente cristiá, isto fai-se conservando aportacións dos economistas clásicos: SMITH, MALTHUS, etc. sen renegar en nengun momento totalmente deles:

> «É certo que, despois do que escreberon SMITH, SAY e RICARDO, xa non se lle pode negar a economía política, as formas e os atributos da verdadeira ciéncia; pero para que se admitan todos os seus postulados como verdadeiros e absolutos... resta ainda dar un paso, confundir e unir estreitamente a ciéncia das riquezas materiais coa das riquezas morais, tomar por base o grande elemento civilizador: o Cristianismo». Op. cit. Vol. I, páx. 108.

Esta ubicación reformista da moral no interior da Economia política posui un alcance moi diferente do que acontece en BRAÑAS, tanto máis canto que o cristianismo de VILLENEUVE parece aberto ao liberalismo: a sua crítica ao industrialismo xamais cuestiona o transfondo das relacións económicas capitalistas nunha perspectiva medievalizante.

[60] J. DROZ, *Economía Política o principios de la ciencia de las riquezas.* Traducción de MANUEL COLMEIRO, Madrid, 1842. Achamo-nos, outravolta, perante un autor moi lonxamo ao cerengo ideolóxico de BRAÑAS, que non atopa nel, conxuntamente a unha axuda de tipo académico unha valoración elevada do lugar da moral na economia:

> «A economia politica ben entendida será sempre o aliado da Moral: non tomemos as riquezas como un fin, son un meio: a sua importáncia nace do poder que teñen de mitigar as penas e as máis preciosas son as que contribuen ao ben-estar dun maior número de homes». Op. cit. páx. 278.

ZIN, discípulo de PERIN, utiliza-o nas suas obras académicas, en especial acudindo ao seu coñecido *Tratado elemental de Economía Política*[61]. E, finalmente, TAPARELLI, autor que seguira de perto na problemática concernente ao Direito Natural, proporcionará a BRAÑAS un critério escolástico de achegamento á economia, principalmente co seu *Essai sur les principes philosophiques de l'Economie politique*[62].

En definitiva, através da recepción do catolicismo social, BRAÑAS situa os plantexamentos relixiosos no cerne do seu pensamento social, político, económico e mesmo rexionalista. Neste autores atopa temas, problemáticas, argumentacións e experiéncias que conformarian grandemente a orientación e resultado final do seu labor nos máis diversos ordes: deles son debedores moitos plantexamentos do catedrático compostelano.

Unha e outra vez a presenza activa e notória de León XIII e as suas encíclicas referidas á cuestión social[63] asi como dos autores devanditos agroman tanto en obras académicas como intervencións xornalísticas ou conferéncias, chegando a constituir conxuntamente con toda a sua permeabilidade global, un corpus específico do ideário do noso autor.

Asi, nun discurso pronunciado na Escola de Artes e Oficios de Vigo, co gallo da asisténcia a unha homenaxe a CONCEPCION ARENAL, sob o título: *De la condición actual de las clases trabajadoras y de los medios más convenientes para mejorarla*[64], BRAÑAS formula a doutrina social da Igrexa nos seus pontos básicos, tinxidos, como era costume nel, dun forte medievalismo que o leva a contrapor con verbas arrizadoras a competéncia e liberdade de contratación, indústria e comércio, á regulamentación, subordinación e xerarquia das relacións de produción feudais. Rematando finalmente cunha chamada á colaboración entre as clases e a necesidade da perentória recuperación das institucións pre-capitalistas corporativas:

> «Es necesario volver los ojos a la instrucción popular, a la educación de los obreros y tender una mano a las clases inferiores, por caridad, por amor cristiano...»[65].

A mesma problemática plantexaba-se —o cal dá unha idea da militáncia católica de BRAÑAS— nas intervencións académicas ondo os xuízos sobre a necesidade de combater o orde capitalista van acompañadas de numerosas referéncias bibliográficas e argumentacións da escola católico-social. Un só exemplo serve de mostra ao devandito, o seu opúsculo *Fundamentos del Derecho de Propiedad,* publicado na Universidade de Oviedo a resultas dun curso ali impartido no ano 1887 sobre aquela matéria. En efeito, tras criticar as diferentes fundamentacións racionalistas do direito de propriedade e amosar a intanxibilidade da mesma segundo a doutrina cristiá, BRAÑAS remata afirmando, nun câmbio radical de terreno:

> «La cuestión obrera ofrecía un aspecto desconsolador y sólo la economía política cristiana representada por los VILLENEUVE, PERIN, LE PLAY, HERVE-BAZIN, y otros muchos, procuraba el remedio para las calamidades que soporta en medio de sus transportes de ira la desdichada clase trabajadora, recomendando la instrucción moral y religiosa en los talleres, condenando a la prensa radical y anarquista, difundiendo las buenas lecturas e inoculando en el corazón

[61] F. HERVE BAZIN, *Tratado elemental de Economía política,* traducción de ANTONIO POU Y ORDINAS, Barcelona 1880. Libro de utilidade académica que, mália amosar-se crítico desde unha perspectiva conservadora co capitalismo, situa-se moi lonxe dos plantexamentos pre-capitalistas de BRAÑAS. Isto póde ver-se especialmente polas críticas dirixidas ás corporacións gremiais polo atraso que supuñan para o desenvolvemento das forzas produtivas. Op. cit. páx. 65 e ss:

> «A regulamentación dos procedimientos de traballo chegou a ser excesiva. A demarcación entre cada corpo de ofício chegou ser tan minuciosa que paralizou os progresos industriais... Os procedimientos de fabricación estaban asinalados de anteman, polo que toda invención se facia difícil...» Op. cit. páx. 77.

[62] TAPARELLI D'AZEGLIO, *Essai sur les principes philosophiques de l'economie politique.* Paris, 1943 (recueil d'articles publiés dans la Civilita Catolica de 1856 e 1862), onde BRAÑAS extrai argumentacións diversas a prol dunha tutela moral e relixiosa da economia:

> «Ao antagonismo e concorréncia, dos que se serve a economia heterodoxa fundada sobre da independéncia absoluta do indivíduo para determinar os valores, a economia católca fundamentada sobre o orde engade os princípios superiores do amor mútuo e xusta retribución... un sentimento católico, opoñendo aos princípios de independéncia a sumisión humilde e relixiosa da vontade humana ao Criador, dando ao home o amor ao orde antes que ao pracer e situando no primeiro plano a conduta honesta, poñendo, enfin, en evidéncia os estreitos vencellos que unen economia e relixión e a imposibilidade de curar as pragas do orde económico se non se restablece o princípio relixioso...» Op. cit. páx. 46.

[63] Cfr. neste a homenaxe a LEON XIII en Santiago e a participación de BRAÑAS, quen leu o poema «A León XIII», celebrado o 27 de Abril do 1897. Gaceta de Galicia, 28 de Abril do 1897.

[64] Notícia da homenaxe a CONCEPCION ARENAL en *Gaceta de Galicia,* 16 de Setembro do 1897.

[65] ALFREDO BRAÑAS, «De la condición actual de las calses trabajadoras y de los medios más convenientes para mejorarla». Na perspectiva de instrución popular como remédio para mellorar as clases traballadoras, BRAÑAS postula unha recuperación dos grémios en tanto que **«verdadera escuela moral y técnica de los trabajadores».** *Gaceta de Galicia,* 16 de Setembro do 1897.

de los infelices obreros el espíritu de la caridad y de la resignación cristianas»[66].

Compre pasar por riba da antolóxica inxenuidade que amosan frases como as anteriormente citadas para ollarmos como, após o recoñecimento da miséria da clase traballadora, subxace unha perspectiva profundamente relixiosa e idealista cara a resolución dos seus males.

Outras intervencións de BRAÑAS se poden citar no mesmo sentido plantexando alguns outros aspectos do seu específico catolicismo social. Neste sentido, cando na Unión Obrera de Santiago abordara o tema de *El Verdadero concepto de salario*, seguindo a concepción do salário «xusto» formulada polos papas, condena o salário *mercancia* do capitalismo e o marxismo, e postula a intervención directa de critérios morais á hora da determinación da retribución do traballo na perspectiva sempre do *salário familiar digno*[67].

Noutra conferéncia no Círculo Católico de Obreros de Santiago encol de *El Trabajo*[68], BRAÑAS centrou-se na crítica ao «trabajo libre» produto da Revolución francesa que enfrentou ao capital e ao traballo nunha loita sen fin, e postulou, outravolta, a necesidade de recuperación dos vencellos entre ambos os dous polos através da institución gremial, criticando as condicións que a sua ausencia —debida a TURGOT— induce na vida dos traballadores.

Finalmente, noutra conferéncia no Círculo Católico de Obreiros de O Ferrol sobre *La Cuestión social* descrebe unha idealizada panorámica da Idade média e das suas idílicas relacións de produción, consecuéncia do reinado do espíritu e a caridade cristiás, plantexando abertamente a función dos Círculos de Obreiros católicos perante o arrequento da movilización socialista:

«Los Círculos Católicos de Obreros son los llamados a resolver la cuestión social: es preciso arrancar de las garras de la impiedad, de los clubs y de los focos inmundos a esa juventud indocta del proletariado, víctima de todos los apetitos de la bestia humana... a esos desdichados convertidos en idiotas por medio de folletos e periódicos disparatados... a quienes es preciso regenerar poniendo en sus manos el catecismo y en sus labios las olvidadas plegarias de la infancia, derramando por toda su alma la savia vivificante de la caridad cristiana»[69].

A prioridade indiscutíbel do elemento relixioso na ideoloxia de BRAÑAS atinge en liñas como as anteriores o seu ponto álxido, infrecuente mesmo nos autores social-católicos nos que se inspira. Todo acontece como se por momentos a resolución da cuestión social pasara exclusivamente, na idea do noso autor, pola recristianización das masas obreiras, como se o único sopro da fe e da caridade cristiás abondaran cara a superación dos seus problemas. O protagonismo da vivéncia relixiosa acada en intervencións como a citada o seu ponto de non retorno no ideário de BRAÑAS.

A delimitación posterior do campo semántico conceptual amosará-nos como a íntima imbricación léxica de verbas procedentes do catolicismo tradicional e as de procedéncia laica próprias dos diversos eidos: económico, político, ideolóxico, rexionalista, etc., integra e constitui o sinal da *pregnáncia relixiosa* do conxunto da sua ideoloxia e discurso.

Polo demais, conxuntamente con esta vivencia de fe, particularmente intensa, e a postulación do catolicismo social, compre salientarmos outro elemento que se acha indisolubelmente vencellado aos anteriores: *o antisocialismo*. Póde-se dicer mesmo que unha das motivacións sobranceiras da militáncia social específica do seu catolicismo debiase ao medo á revolución proletária que se amosa patente e nidiamente en BRAÑAS. Veleiqui a pantasma da revolución, non tanto en canto viña destruir o orde capitalista co que nengun lazo de solidaridade vinculaba ao noso autor, senón en canto supuña a secularización definitiva da sociedade como suprema expresión do racionalismo, do materialismo, en definitiva, do ateismo. Esta «peur de la révolution» non era polo demais en absoluto alleo ao arrequento das movilizacións do movimento obreiro na Galiza finisecular como xa temos noutro lugar asinalado. A motivación moral e relixiosa entronca-se directamente cuns plantexamentos nos que se acha de todo ponto ausente a menor consideración positiva para o capitalismo: o socialismo non seria senón a consecuéncia lóxica deste último, *a exacerbación de toda a sua negatividade*[70].

Este plantexamento radicalmente crítico, onde unha das negatividades do capitalismo constitui-no precisamente o seu carácter de antesala ou «caldo de cultivo» do socialismo centra-se basicamente na natureza racionalista, impia, atea e materialista de ambos os dous sistemas que son confrontados simultaneamente cunha visión idealizada do orde feudal.

Dá-se polo tanto unha *superposición crítica* no pensamento de BRAÑAS fronte á revolución burguesa dunha banda e á revolución proletária doutra, sen que eses dous planos cheguen xamais a interferir-se, situando-se o primeiro como o antecedente do outro. Os argumentos morais e relixiosos que ocupan un lugar privilexiado en BRAÑAS, sexa cal sexa o obxectivo da sua crítica, atinguen no caso do socialismo unha maior presenza: frente á errada alternativa que estas doutrinas supoñen para o capitalismo, o noso autor asinala impenitentemente aos vellos ordes sociais e produtivos do medioevo onde o elemento relixioso integraba *unha relación de produción* «stricto sensu».

Boa mostra desta peculiar perspectiva relixiosa e moral con que BRAÑAS aborda a descalificación do socialismo atopamo-la xa desde moi cedo na sua primeira intervención académica no ano 1887, antes de que en Galiza comezasen as movilizacións do 1.° de maio, que foron o comenzo dunha presenza pública da movilización obreira até entón descoñecida e mesmo anterior á publicación das encíclicas sociais de León XIII. En efeito, no seu libro *Fundamento del Derecho de Propiedad*, citado, dá un tratamento paradigmático á cuestión, enfrentando-se a ambos os dous ordes, socialismo e capitalismo, con similar intransixéncia.

Dunha banda, aborda con grande extremosidade e nun estilo apocalíptico, a pretensión anarcocolectivista de eliminación da propriedade privada, facendo afirmacións do estilo:

«Según Bakounin, a la revolución social, a la igualdad absoluta de las riquezas y a la regeneración de los hijos del trabajo solo puede llegarse por medio de la dinamita, el asesinato y el regicidio»[71].

Mais, ao próprio tempo, cuida-se moito o noso autor de aceitar a propriedade na sua acepción capitalista, plena e mercantil, salientando a sua función social, argumentando o seu carácter non absoluto, negando o conceito de propriedade libre, favorecendo unha confusa intervención estatal para rematar cunha fundamentación relixioso-moral («el cumplimiento del fin último del hombre») do direito de propriedade e desbotando calquer fundamentación racional do mesmo.

En definitiva, para BRAÑAS a *igualación mate-*

[66] ALFREDO BRAÑAS, «El verdadero concepto de salario», Conferéncia celebrada o 29 de Abril do 1897 na *Unión Obrera* de Santiago, *Gaceta de Galicia*, 30 de Abril do 1897.

[67] A teoria católica do salário nas formulacións do catolicismo social centraba-se na postulación dun *salário familiar*, é dicer, suficiente para o mantimento do traballador e a sua familia. Mais estas teorias de MUN e KETTELER non serian recollidad na «Rerum Novarum» na que somente se fala dun salário mínimo suficiente («que no debe ser insuficiente para que pueda subsistir el obrero sobrio y honesto») mais non do *salário familiar absoluto* coa explicitación dos economistas cristiáns. Cfr. sobre deste tema DAUPHIN-MEUNIER, *La Doctrine economique de l'Eglise*, Paris, 1950, páxs. 173 e ss.

[68] ALFREDO BRAÑAS, «El Trabajo», Conferencia no «Círculo Católico de Obreros» de Santiago. *El Eco de Santiago*, 11 de Xaneiro do 1898. Nesta intervención BRAÑAS, ademais, critica directamente as falsas solucións do socialismo —«errores filosóficos y económicos que ciertos apóstoles ofrecen como panacea al proletariado»— relacionado-lo directamente co ateísmo de SPINOZA e HEGEL. Neste sentido, BRAÑAS desenvolve unha crítica da teoria do valor traballo tanto na economia clásica como no marxismo e remata postulando «el trabajo como medio para la regenación del hombre», segundo as doutrinas de LEON XIII.

[69] ALFREDO BRAÑAS, «La cuestión social», Discursono «Círculo Católico de Obreros» de Ferrol, *Gaceta de Galicia*, 8 de Febreiro do 1899 e ss., onde se engade:

«Los obreros fueron consecuentes, ¿qué esperamos, se dijeron casi todos, si no hay más vida que la presente ni más Dios que la materia, si no hay más virtud que el placer ni más razón que el derecho del más fuerte? Declaremos la guerra a la sociedad, a la Religión, al capital y a la propiedad de nuestros verdugos. Y tras las iniciativas del Conde de SAINT SIMON y de los «falansterios» de FOURIER, vinieron las eficaces y colosales propagandas de PROUDHON y los talleres nacionales y las sangrientas jornadas de Julio en París y la «República de los trabajadores» de Luxemburgo. Al grito imponente de CARLOS MARX «trabajadores de todos los países uníos», contestaron los primeros crímenes de la Internacional; la voz de BAKOUNIN que oyó aterrada la Moscovia repercutió en Chicago y del seno de los congresos obreros salieron aquellos apóstoles fanáticos, aquellos genios infernales...»

E plantexa-se, asemade, aos Círculos Católicos de Obreiros directamente vencellados coa reorganización gremial da sociedade:

«... El genio inmortal de LEON XIII ha ideado los «Círculos Católicos de Obreros» como un *medio de acomodar la organización gremial antigua a los tiempos presentes* en los que la «Gran Industria» dificulta la primitiva reconstitución del taller cristiano. Los Círculos Católicos son *la base de la reorganización de los gremios:* en ellos van renaciendo las viejas corporaciones, ellos son la causa de que vayan reagrupándose las de un mismo oficio y las de una misma fábrica, de que el patrono se relacione, vea, hable y comparta fraternalmente con el operario de su mismo taller, y así *se llega a resolver el problema económico por la fe y el amor, por la unión de todos los elementos productores»*. Op. cit. (Subliñados nosos, R. M.)

[70] Como BRAÑAS afirma no seu discurso de apertura académica do 1892:
«Este equilibrio de la producción y el consumo, esta guerra sin cuartel... daría por resultado la miseria de las clases sacrificadas por un lado a las exigencias del empresario y por otro a los vaivenes del consumo. De ahí surgieron *las huelgas, esa manifestación impotente del vencido frente al vencedor*, esa ruina de las industrias y de los trabajadores, *esa funesta plaga tan cruel y mortífera para el fabricante como para el obrero*... Como si esto no bastase, apareció en el horizonte económico de los pueblos otro fenómeno extraordinario, precursor de grandes catástrofes: la huelga general, la llamada fiesta del trabajo celebrada simultáneamente todos los primeros de mayo. La célebre Internacional, que se creía muerta, ha vuelto a revivir sus cenizas... y tiene por principio, decía MARX, el derecho al trabajo; como medio, su organización; como fin, la revolución social...» *La crisis económica en la época presente* cit. páxs. 87-88.

[71] ALFREDO BRAÑAS, *Fundmento del Derecho de Propiedad*, cit. páx. 11..

rial que o socialismo procura non integra senón a culminación daquela nefasta *igualación formal* dos cidadáns perante a lei que a revolución francesa instituira, eliminando a xerarquización «natural» da sociedade feudal cuxa subordinación relixioso-estamental é preciso recuperar a toda costa...

Neste sentido, no seu libro adicado á Filosofía do Direito: *El Principio Fundamental del Derecho*, critican-se abertamente desde unha perspectiva moral católica, os fundamentos ideolóxicos sobre os que se ergue a falsa solución colectivista:

«El materialismo tiene su origen en *la corrupción de las costumbres*... reapareció en el siglo pasado esta doctrina con la *degradación* de cierta parte de la sociedad francesa y de la inglesa de donde proceden los CABANIS, HELVECIO y BROUSSIS... la escuela materialista niega la esistencia de Dios, y como consecuencia de esta negación absoluta, la esistencia del orden moral y el espíritu humano... equivale a negar directa e inmediatamente la existencia de los derechos y deberes naturales...»[72].

A perspectiva «moral» situase asi como a pauta ideolóxica de enxuiciamento e crítica da filosofía matriz do marxismo, completando asi o labor de descalificación do socialismo «científico» e utópico asi como do anarquismo.

Anos máis tarde, na sua *Memoria acerca de las pequeñas industrias*, BRAÑAS aborda o problema desde unha perspectiva nova, engadindo outros elementos na sua loita antisocialista. Un dos obxectivos primordiais da sua protesta de potenciación do artesanado como alternativa á industrialización de Galiza, consiste precisamente na evitación das condicións sociais en que se cultiva o colectivismo:

«...en el orden social harían las pequeñas industrias el importante papel de los antiguos «pacis adsertores», promoviendo la unión de las familias e inculcando en ellas la savia benéfica y fecunda de la fraternidad y caridad cristianas, que por sí solas ahuyentan de los pueblos: el temor de las crisis, las amenazas del hambre y la miseria, y el azote de las huelgas y las tentativas revolucionarias»[73].

O paso do tempo viria engadirlle aos aspectos ideolóxicos fundamentais a presenza inqueda do arrequento do movimento obreiro mesmo nunha Galiza que apenas contaba con estabelecimentos fabris. Os partidos obreiros viñan exacerbar o enfrentamento entre o capital e o traballo que a eliminación dos grémios deixara libres e contrapostos. A «loita de clases» do socialismo integraba-se asi no pensamento de BRAÑAS tras as próprias pegadas do edito de Turgot, amosando as consecuéncias extremas a que avocaba a eliminación da xerarquia e dependéncia persoanais medieval asi como o esquecimento da moral e caridade cristias, sustituindo-as por aquel errado «enfriamiento sin cuartel»:

«El socialismo obrero es el barómetro de las crisis fabriles: las huelgas, con su cortejo de atentados y crímenes... están causando un desiquilibrio completo en la produción económica y una lucha espantosa entre el capital y el trabajo a cuyos comienzos asistimos pero cuyo epílogo puede ser la destrucción del orden social y el aniquilamiento moral de las sociedades modernas»[74].

O orde capitalista amosa a sua maior negatividade precisamente nesta consecuéncia do movimento que se ergue para impugná-la e condensa todos os males e os horrores imaxinábeis:

«Quién se atrevería a negar que desde mediados del siglo presente... abordó de su seno la cuestión socialista, hidra espantosa de mil cabezas que desde hace algunos años viene lanzando a los cuatro vientos, rugidos tonantes de destrucción y muerte?»[75].

En definitiva, anticapitalismo, antisocialimo fornecidos desde un catolicismo tradicional e «social» que situa ao factor relixioso como núcleo «duro» da ideoloxia de BRAÑAS, configurando-se como o eixo do seu ideário cara o que todo, finalmente, converxe.

B. Tradicionalismo.

Distinto lugar ocupan, endebén, os elementos tradicionalistas no pensamento de BRAÑAS, moi lonxe sen dúbida da centralidade que nel desenvolve o factor relixioso. Pode-se afirmar de entrada que no seu ideário se achan presentes aspectos e facianas de procedéncia tradicionalista, mais que de nengun xeito se pode considerar a BRAÑAS como un tradicionalista «strictu sensu». En moitos lugares da sua obra agroma, en efeito, unha certa cercania a determinados postulados do pensamento tradicionalista europeu, mais desmarca-se, mesmo esplicitamente, de tal corrente noutros aspectos non menos relevantes.

72 ALFREDO BRAÑAS, *El Principio Fundamental del Derecho*, cit. páx. 25.
73 ALFREDO BRAÑAS, *Memoria acerca de las pequeñas industrias*... cit. páx. 95.
74 ALFREDO BRAÑAS. *La crisis económica en la época presente* cit. páx. 76.
75 Idem. páx. 78.

Innumerábeis e obxectivos indícios deste achegamento atopamos de xeito patente na sua obra, reiteradamente; unha firme e radical oposición frente á revolución burguesa que adquire por momentos caracteres de auténtica teima e obsesión; unha apaixonada saudade do medioevo como Idade de Ouro; unha velada simpatia por autores como BONALD ou DONOSO CORTES[76]... etc. etc.

Precisamente, neste derradeiro orde de cousas, son realmente significativas, polo degrau de achegamento do noso autor ao tradicionalismo que manifestan, as liñas ao mesmo adicadas e o trato que lle dispensa no seu libro *El Principio Fundamental del Derecho*. Asi, mentres ao longo das páxinas do mesmo trata-se con grande dureza e intransixéncia ao conxunto das filosofias do direito agás da católico-escolástica, sendo inflexibel e *refutando* mesmo a autores católicos como VICTOR COUSIN[77] e á Escola Histórica[78], outra actitude moi diferenciada adopta co tradicionalismo. En efeito, neste caso BRAÑAS fala de xeito altamente significativo non de refutación senón de *insuficiéncia* desta escola, amosando unha grande benevoléncia, chegando ao extremo de calificar de notábeis a obras como *El Papa* ou *Las Veladas de San Petesburgo*, criticando somente un exceso de socialidade na fundamentación do direito por parte de DE MAISTRE, o que na estima do noso autor proporcionaba unha base pouco inmutábel e universal[79].

Mais, asi e todo, un elemento decisivo afasta de xeito notório ao pensamento de BRAÑAS do tradicionalismo: o catedrático compostelano non postula nengunha caste de *fidelismo*. A utilización do utillaxe ideolóxico escolástico impedirá que BRAÑAS subscriba as teses da *impoténcia da razón* para coñecer o ben moral, a xustiza etc. tan características por exemplo do segundo DONOSO CORTES, de DE MAISTRE BONALD e outros[80]. De feito, a recepción do tomismo por parte do noso autor vai supor a presenza dun *certo* peso do elemento racional no seu sistema, de procedéncia aquinatian, que modulará os seus entusiasmos fideistas e impedirá a aparición de posicións netamente tradicionalistas nos seus escritos.

76 O influxo de DONOSO CORTES, de *Ensayo sobre el catolicismo, el liberalismo y el socialismo, é explicitado por BRAÑAS en intervencións como o Discurso de Burgos cit. páx. 154.*
Sobre BONALD cfr. El Principio fundamental del derecho, páx. 172.

77 A esencial falta da obra de VICTOR COUSIN, aos ollos de BRAÑAS, é o seu *ecleticismo*, que radica na posición panteísta derivada da sua concepción da substáncia. Ao considerar que a substáncia absoluta é unha, Deus e o mundo integrarian un todo harmónico lonxe da verdadeira xerarquia escolástica. Cfr. *El Principio Fundamental del Derecho*, cit., páx. 157.

78 As críticas do noso autor á *Escola Histórica*, amosan de xeito patente o peso do elemento relixioso e moral na sua cosmovisión. BRAÑAS censura fundamentalmente na devandita Escola:

1.° A equiparación entre a fundamentación do direito co modo de manifestación nos costumes e na história dos pobos: o princípio do xusto non é o mesmo que as formas históricas que poda revestir.

2.° As doutrinas da Escola histórica desembocan nun «fatalismo desesperante» pois eliminan todo xuízo moral do pasado herdado:

«Lo pasado es un conjunto de extrañas contradicciones; es el reino del bien y del mal, del crimen y de la justicia; la esclavitud, el despotismo, el pillaje, los sacrificios humanos se hallan confundidos con las más bellas instituciones y las más nobles virtudes cívicas. *Si no hay criterio moral para juzgar* los acontecimientos históricos, nada existe absolutamente justo ni injusto, todo tiene su razón de ser...» El Principio cit. páx. 170.

3.° Se o direito fora mudábel como o son a cultura e civilización dun pobo, perderia o carácter de inviolabilidade pois faltaria a sua suxeición aos «eternos principios de lo bueno y de lo justo».

79 O que o noso autor máis celebra de DE MAISTRE será precisamente a sua militáncia anti-racionalista:

«... su ballesta estaba preparada siempre contra los racionalistas de la época, *y no perdonaba medio ni ocasión de batir a estos enemigos de la verdad* a campo raso y pecho descubierto». *El Principio* cit. páx. 173.

80 Compre, asi e todo, asinalarmos que o *tradicionalismo*, en tanto que postulaba a impoténcia do home para alcanzar pola única luz de razón nengunha das verdades sobrenaturais, foi un erro condenado polo Vaticano. Isto resulta de interés para dar conta da alleidade de BRAÑAS ao tradicionalismo, por exemplo, de DONOSO CORTES. Na edición das obras completas desta último, o próprio editor ORTI Y LARA, ve-se na obriga de modular frases como as seguintes:

«No hay hombre ninguno de sana razón y de recta voluntad que no se dé a sí mismo el testimonio, por una parte, de *su importancia radical para llegar por sí mismo hasta el descubrimiento de las verdades reveladas*... esto serviría para demostrar que la razón no ha sido dada al hombre para descubrir la verdad, sino para explicársela a sí mismo cuando se la muestran, y para verla cuando se la ponen delante...» DONOSO CORTES, *Obras*, Madrid, 1946, Tomo II, páx. 527.

Son neste orde de cousas, de interés as palabras de TIERNO GALVAN ao respeito:

«Desde a actual perspectiva histórica claro que DONOSO é un divulgador do tradicionalismo francés, e en xeral do catolicismo superficial dos literatos do seu tempo... O tradicionalismo, ademais, é en España unha rareza maior que en Franza. Desenvolveu-se teoricamente moi tarde e cun critério exclusivamente político en VAZQUEZ DE MELLA, cando a peculiar ucronia de España verbo en Europa permitiu a secularización e tensión máxico-racional de finais do XIX... Pero, que significa que a Igrexa católica condease o tradicionalismo? Significa, ao meu xuízo, *a aceitación dos princípios racionais conservadores en canto postulados teóricos para defender a tradición*». *Tradición y Modernismo* cit. páxs. 165 e 166 (Subliñado noso, R. M.).

Boa proba diso constitui-no o feito de que, mesmo nos textos máis duros, como o Discurso no Congreso Católico de Burgos —onde agroman posicións case integristas— BRAÑAS mantén en todo momento un perceptíbel distanciamento do fideismo e o antirracionalismo, desde posicións neotomistas. Neste sentido chega, nomeadamente, a afirmar que:

«La misma reacción que se produjo contra el racionalismo favorecía sus progresos: desde las exageraciónes de BONALD hasta las del P. VENTURA RAULICA, desde las osadías de LAMMENAIS hasta el P. BAUTAIN, no hay más que una imprudente negación de los legítimos fueros de la razón humana»[81].

Polo demais, en *El Principio Fundamental del Derecho* BRAÑAS deixara claro como desde a sua particular perspectiva nen o consentimiento comun dos homes, nen a revelación divina das ideas através da linguaxe, nen o ensino social postulados polos tradicionalistas, poden servir de fundamento *racional* ao direito que o noso autor situa como problema primordial, amosando asi unha distáncia e alleidade importante de plantexamentos frente ao tradicionalismo.

Unha vez feitas estas matizacions compre analizarmos os dous elementos centrais que integran o achegamento de BRAÑAS ás posicións tradicionalistas: a imimiga á revolución burguesa e a edificación dunha mítica Idade de Ouro no medioevo.

a. **Oposición á Revolución Burguesa.**

O rexeitamento radical da Revolución Burguesa, conxuntamente coa crítica total e absoluta ao seu herdo ideolóxico, económico e institucional, recorre as páxinas da inteira obra de BRAÑAS que en boa medida pode ser lida como a denúncia da por el chamada:

«la gran catástrofe de la Revolución francesa»[82].

Constitui este, en efeito, un elemento central reforzado se cabe pola sua incidéncia directa no cerne da problemática rexionalista galega: a realización de determinadas tarefas pendentes da Revolución burguesa en Galiza enxergaba a denostación do novo orde social como elemento polémico básico no pensamento de BRAÑAS.

Como a historiografia contemporánea ten posto de relevo, a Revolución Burguesa[83] implica o cumprimento de determinadas transformacións sociais en planos diversos a cuxa realización se vencella unha ruptura ou ponto de inflexión na transición do feudalismo ao capitalismo[84]. A máis moderna historiografia española encol do tema, CLAVERO, TOMAS Y VALIENTE e outros teñen salientado como principais tarefas integrantes da Revolución Burguesa as seguintes: a implantación da liberdade de contratación da forza de traballo e a eliminación das suxeicións, xerarquias e dependéncias na prestación do traballo; a implantación da liberdade de indústria e

[81] ALFREDO BRAÑAᶜ *Peligros que amenazan a la Sociedad en el siglo XX si se aparta del Cristianismo* cit. páx. 154.

[82] ALFREDO BRAÑAS, «la cuestión social» cit.

[83] Cfr., ao efeito, o excelente «status quaestionis» de SISINIO PEREZ GARZON «La Revolución burguesa en España: los inicios de un debate científico», en *Historiografía española contemporánea* (X Coloquio de Pau), Madrid 1980, páxs. 77 e ss.

[84] Como ten asinalado BARTOLOME CLAVERO:

«¿Será necesário salientarmos até que ponto a representación convencional da transición do feudalismo ao capitalismo —que o miúdo circula sob o mesmo «rótulo» de revolución burguesa— responde a unha concepción de dito proceso histórico radicalmente diverxente na maioria dos casos, a aquela concepción do tempo histórico que, en continuidade sectoriais —«economia», «direito», «ideoloxia»...— ou na longa duración de conxuntos extruturais de base non social, é capaz de diluir e encobrir calquer verdadeira 'revolución'». «Política de un problema: la Revolución burguesa», en *Estudios sobre la Revolución burguesa en España,* Madrid, 1979, páx. 38.

Para este último autor, cuxas propostas se achan no miolo do debate científico-historiográfico, no conceito de Revolución burguesa:

«comprenden-se aqueles elementos realmente necesários para a produción do efeito histórico de substitución dun sistema económico feudal por outro capitalista. Endalí, afirmamos que *revolución burguesa* é imposición do Direito Civil liberal (rematando-se ante todo coa intervención do Direito Canónico na matéria fundamental de contratos) e dun *direito público estatal* (rematando-se sanción ou consagración xurídica das funcións ou discriminacións sociais); aquel liberalismo do Direito Civil... pode conceptualizar-se en derradeira instáncia como o elemento máis definitório da Revolución burguesa... sendo asemade aquel elemento precisamente o que segue pasando desapercebido a uns historiadores que, ao aplicaren con toda inconsciéncia a calquer época os termos e categorias do Direito Civil actual, cren firmemente na sua universalidade.

Por iso, *revolución burguesa* é —pois con esto abole-se historicamente o sistema señorial— o estabelecimento xurídico do orde preciso (liberación da propriedade, privatización da família, concentración estatal do poder político...) para o enraizamento, desenvolvimento e xeneralización —baseando-se finalmente nel a produción social— do réxime caracterizado pola prestación de traballo contra salário... esta revolución xurídica é a revolución burguesa».

«Política de un problema: la revolución burguesa», cit. páxs. 40-41.

comércio através da abolición dos grémios, corporacións feudais várias e alfándegas interiores; transformación do plural domínio feudal da terra en propriedade capitalista plena, libre e mercantibilizábel; liquidación da organización política pre-estatal de carácter feudal e a implantación do Estado capitalista; e, finalmente, o estabelecimento das condicións para o desenvolvimento dun proceso de industrialización autocentrado[85]. Pois ben, unha por unha, BRAÑAS vai opoñer-se no desenvolvimento da sua obra a todas as devanditas transformacións:

1.° Frente á liberación da forza de traballo e á abolición das corporacións gremiais, o catedrático compostelano reivindica decididamente o grémio como institución social básica a subordinación e xerarquización feudais do traballo.

2.° Frente á liberdade de indústria e comércio, BRAÑAS propón reiteradamente unha forte intervención estatal e unha regulación pormenorizada e gremial destes aspectos en evitación da competéncia capitalista.

3.° Frente á propriedade capitalista da terra, BRAÑAS rexeita a desamortización e mantén un siléncio ao redor dunha cuestión clave como os foros que somente romperá nos derradeiros anos da sua vida impulsado pola própria decadéncia da institución e o temor a un impago xeneralizado das rendas.

4.° Verbo das bases para industrialización, BRAÑAS rexeita esplicitamente a industrialización de Galiza, propoñendo unha alternativa de pequenas indústrias artesanais, claramente pre-capitalistas na sua configuración.

5.° E finalmente, polo que ao Estado capitalista e o Direito Moderno respeita, BRAÑAS reivindica claramente a organización política pre-capitalista, un sistema autoritário non representativo, unha monarquia tradicional frente á representativa e un orde de privilexio para a Igrexa.

O novo orde social capitalista que ainda se estaba a impoñer en Galiza, é radical e globalmente rexeitado por BRAÑAS, cuxa obra se situa decote nun enfrentamento aberto co século XIX:

«esta centuria anodina, fría, indiferente, egoísta y metalizada»[86]:

b. **O Mito da Idade de Ouro; a saudade do Medioevo.**

A recuperación do pasado nacional constitui, como é sabido, un elemento central dos nacionalismos. En MURGUIA, como vimos no seu momento, o mito céltico cumpria as funcións de amosar un pasado glorioso, respaldar a dignidade nacional galega, vencellar aos galegos por riba de contradicións internas, de modernización e europeización etc. En BRAÑAS, pola contra, a configuración do Mito da Idade de Ouro desenvolve unha funcionalidade que, agás dos aspectos xenéricos de vencellamento, consolidación e fornecimento dun pasado glorioso, se proxecta antitética da murguiana por mor da sua *antimodernidade.* Se o mito do celtismo inducia unha inserción de Galiza na Europa liberal e capitalista contemporánea, o pasadismo medievalizante de BRAÑAS se centra na postulación dun antimodelo á sociedade do seu tempo através dunha peculiar idealización do feudalismo. Neste sentido, compre asinalarmos dous extremos de interés. En primeiro lugar a procedéncia *tradicionalista* destas arelas medievalizantes do noso autor que compre diferenciarmos dunha concepción racional-conservadora, asi como dunha actitude pretendidamente «milenarista»[87].

[85] Cfr. ao respeito ACOSTA SÁNCHEZ, *El desarrollo capitalista y la democracia en España,* cit. páxs. 63 e ss.

[86] ALFREDO BRAÑAS. «Los peregrinos Irienses», en *El Alcance* cit.

[87] Con efeito, as teses que referen os modernos nacionalismos interiores no seo dos Estados plurinacionais contemporáneos aos movimentos milenaristas da Idade Média, integran un exemplo sobranceiro do que FOUCAULT denominara a «História da continuidade, da tradición e o rastro» ou CERRONI nomeara «anacronismo conceptual»: a aplicación dun mesmo termo a diferentes conceitos, neste caso a movimentos de moi diversa natureza que teñen que se contextualizar forzosamente nuns sistemas sociais absolutamente dispares, implica a perda da própria substantividade e especificidade histórica irredutíbel dos feitos analizados.

Plantexamentos desta clase poden atopar-se, por exemplo, en obras como a de W. E. MUHLMANN, *Messianismes revolutionaires du tiers monde,* Paris, 1968 e pode rastrear-se mesmo en ERIC HOBBSBAWN, *Rebeldes primitivos,* Barcelona, 1974 cando caracteriza ao anarquismo agrário andaluz como un «movimento milenário moderno». Op. cit. páx. 134.

Entre nós, sustenta similares teses en toda a sua radicalidade JUAN ARANZADI: «El mito de la Edad de Oro Vasca», *Tiempo de Historia,* n.° 59, Outubro 1979 páxs. 5 e ss. ou «El milenarismo andaluz», El Viejo Topo, Febreiro 1980.

A equiparación dos movimentos que NORMAN KOHN analiza en *En pos del milenio,* Barcelona, 1972, cos nacionalismos interiores actuais impede dar conta das características mais sobranceiras destes últimos, da sua *diferenza específica:* así, por exemplo, o peso do factor relixioso cumpre cuantitativa e cualitativamente unha moi diferente significación nuns e noutros movimentos. Non mirá-lo asi, estabelecer entre ambos os dous unha continuidade lineal, levaria a falar metaforicamente, como no caso de ARANZADI, do nacionalismo como «religión naturalista del Esado moderno» ou «allí donde el nacionalismo aparece algún Estado anda necesitado de justificación religiosa», eludindo e ocultando a análise da multiplicidade de factores económicos, políticos que confluen na articulación dos movimentos nacionalistas. A

En segundo lugar, e directamente vencellado co anterior, a saudade do Medioveo amosa-se claramente como un efecto da centralidade do elemento relixioso no pensamento de BRAÑAS que se situa na base da preferéncia por unha sociedade na que a Igrexa ostentaba a hexemonia indiscutida.

Trata-se asi e todo, de analizarmos tanto as diferenzas que entre a Idade de Ouro murguiana e a de BRAÑAS existen en canto a sua formulación, como á funcionalidade interna que ambas as duas cumpren, a eficácia diferenciada dunha e outra, especialmente naquilo que máis as distingue, o enfrentamento modernidade —pasadismo, que se verque en moi dispares efeitos —o carácter progresista global do mito celta, o significado reaccionário do mito medieval— en canto constituen condensacións das cosmovisións e proxectos rexionalistas respectivos.

A necesidade postulada por BRAÑAS de recuperar o paraíso feudal perdido, de opoñer a fe á racionalidade, a xerarquia e o orde estamental e corporativo frente á liberdade e a igualdade... prolonga-se na recuperación das liberdades locais frente á abafante centralización, niveladora de priviléxios e monopolizadora do poder político antes disperso na sociedade civil. Quizabes nengun texto sintetice, e posua a forza evocadora desa arela pasadista de BRAÑAS como o seu poema *A víspora de San Xoan*[88]. Nel, lembrando os pasados tempos do paraíso galego, en que as tradicións expresaban o máis fondo da alma do pobo, BRAÑAS traza un panorama en que se contrapón vividamente —segundo o dualismo cosmolóxico de todo nacionalismo: próprio e alleo, amigo e inimigo— desde a própria interioridade do país o próprio e tradicional, frente ao alleo da modernidade demoliberal:

«... era a festa ideal
en que se encerran os usos
do pobo da miña nai
libre e solto noutros tempos
triste e escravo no actual
¡pobo que da nesta noite
un berro de libertá!
....
Y ao relembrar tan antigas
costumes, rompo a soñar
cos pazos da Idade Media
e co réxime feudal
Destonces servos da gleba
eran os nosos probes pais
pero tiñan para os seus fillos
limpa roupa e branco pan
A inmigración non levaba
tanto garrido rapaz
......;..
E con ela y as costumes
cal a noite de San Xoan
remataban de forma
o espíritu relixioso
e o caraute rexional
....
Hoxe é noite de San Xoan
e non vin cáxeque lumes
n'aldea ¿por qué será?
xa caio na conta! Estamos
de eleccións municipás
¡i os vellos buscan os votos!
¡I os mozos andan a paus!»

Veleiqui sintetizado nuns versos o sistema de contraposicións no que se verque o mito medieval de BRAÑAS e a sua negación da modernidade liberal-capitalista. A Idade Média como é notório, reunia todas as ledícias dunha feliz Arcadia: liberdades de autogoberno para o país galego, a dignidade e maxestuosidade dos pazos, servidume e xerarquia que proporcionaban un nivel de vida digno, primacia da relixión, carácter rexional... Frente a isto erguen-se os tempos modernos cunha cárrega de desfeitas: escravitude do país galego, emigración e fame, falta do espíritu rexional, liberalismo e eleicións, violéncia, conflito... Duas cosmoloxias, en suma, enfrentadas radicalmente, e a postulación da recuperación das liberdades locais estreitamente vencellada a unha eséncia galega fixada nun peculiar feudalismo. A Idade Média fornece o modelo alternativo face a desbotada modernidade, en todos os ordes: relixiosidade frente a racionalismo e materialismo ateos; liberdades locais frente a centralismo igualador; corporativismo e monarquia tradicional frente a parlamentarismo; diferenza e xerarquia face a igualación formal e liberdade; artesanado frente a indústria... etc. etc.

Endali as tres etapas en que se desenvolve o mito da Idade de Ouro galega: Paraíso-Caida-Retorno, ese retorno que se denomina, en BRAÑAS, *rexionalismo*, e se atopa nas máis diversas intervencións do catedrático compostelano. Asi, por exemplo, na

ruptura que a estes efeitos a revolución burguesa, a consolidación do Estado capitalista e a criación da «Nación dos xuristas» implica, fornece o marco-parámetro de referéncia na que se ten por forza que inxerir toda consideración do nacionalismo contemporáneo, en aberta desconti-nuidade coa organización do poder político medieval

88 ALFREDO BRAÑAS, «A Víspora de San Xoán», *Galicia Humorística*, Santiago, n.° 4, 1888, páxs. 155 a 158.

conferéncia-meeting rexionalista de Pontevedra no ano 1893, BRAÑAS afirma drasticamente que «los tiempos en que los pueblos de la actual España han sido más felices, fueron los de la Edad Media».

Anos máis tarde, ao comentar o libro de SALVADOR GOLPE *Patria y Región*, considera como descentralización ideal a própria dos Estados cristiáns medievais que foi destruída polo capitalismo:

«La mania igualitaria de la democracia moderna y del derecho nuevo dio al traste con la patria regional... idea que engendró los estados libres cristianos bajo el imperio del llamado por muchos políticos y tratadistas «Antiguo Régimen»... hasta que el espíritu nivelador e igualitario de la Revolución francesa nos trajo el unitarismo y la centralización»[89].

Outro tanto acontece con intervencións tais como: «La condición actual de la clase trabajadora»[90], «Laboremus», etc., radicalizando-se a postura de BRAÑAS e as suas arelas pasadistas co paso do tempo. Quizaves o ponto álxido da sua teima medievalizante o alcanzase na conferéncia no Círculo Católico de Obreiros do Ferrol, onde o Mito da Idade de Ouro do medioveo, vencellado indisolubelmente á organización social e produtiva pre-capitalista, amosa unha vez máis a centralidade do factor relixioso no sistema de BRAÑAS:

«Desde el siglo XIII al XVI, las artes y los oficios refugiados en torno a los monasterios y de las abadías pudieron sustraerse a las rapacidades de los árabes, a los atropellos de los grandes y las correrías de las mesnadas feudales; artesanos y mercaderes se organizaron primero en «cofradías y hermandades» para fortalecerse con la fe, y después en «guildas», en poderosas «ligas» para robustecerse con la Unión y el auxilio mutuo; y así al amparo de la Cruz y bajo las bóvedas del templo, surgieron aquellos gremios de artesanos que crearon nuestras clases medias y surgieron los «concejos», fundamento y raiz de nuestras libertades populares y por la Fe se evocaron al conjuro de la Iglesia Católica las Universidades Pontificias que disiparon con los vivos destellos de la verdad las densas tinieblas de los siglos medios»[91].

CONTRAPOSICION MEDIOVEO-MODERNIDADE EN BRAÑAS

IDADE MEDIA	MODERNIDADE
«Feliz Arcadia»	«Corrupción de los grandes centros urbanos»
«Libertades locales»	«Centralización»
«Franquicias populares»	«Absolutismo despótico»
«Dignidad»	«Anodina y metalizada»
«Jerarquía»	«Igualdad»
«Subordinación»	«Libertad»
«Orde»	«Enfrentamiento»
«Espíritu regional»	«Unitarismo»
«Religión»	«Indiferencia»
desigualdad natural»	«Igualitarismo»
«Paz»	«Conflicto»
«Fe»	«Ateísmo»
«Corporativismo»	«Lucha de clases»
«Pequeña producción»	«Gran industria»
«Monarquía tradicional»	«Estado liberal-representativo»
«Tradicionalismo»	«Liberalismo / socialismo»
«Etica de asociación»	«Egoísmo»

89 ALFREDO BRAÑAS, «Patria y Región de SALVADOR GOLPE», en *Gaceta de Galicia,* 22 de Maio do 1897.
90 ALFREDO BRAÑAS, *«De la condición actual de las clases trabajadoras y de los medios más convenientes para mejorarla», Gaceta de Galicia*, 16 de setembro do 1897.
91 ALFREDO BRAÑAS, «La Cuestión social», cit.

IDADE MEDIA	MODERNIDADE
«Moral cristiana»	«Corrupción de las costumbres»
«Soberanía tradicional»	«Soberania nacional y popular»
«Autoridad»	«Democracia»
«Libertad cristiana»	«Pluralismo»
«Magisterio Iglesia Católica»	«Secularización de la enseñanza»
«Pensamento escolástico«	«Iusrracionalismo»
«Prácticas cristianas»	«Degradación moral»
«Caridad cristiana»	«Conflicto»
«Beneficencia»	«Explotación»
«Espiritualismo evangélico»	«Sensualismo y hedonismo»
«Estados cristianos»	«Democracia impía»
«Imperio de Cristo»	«Economía sin religión»
«Patriotismo»	«Cosmopolitismo»
«Reglamentación gremial»	«Libertad de industria y comercio»
«Familia tradicional»	«Destrución ámbito familiar»
«Instrucción moral y religiosa»	«Prensa radical y anarquista»
«Resignación cristiana»	«Huelgas y atentados»
«Salario justo»	«Salario mercancía»
«Subordinación»	«Trabajo libre»
«Círculos Católicos de Obreros»	«Sindicatos socialistas»
«Equilibrio social»	«Revolución y violencia»
«Catolicismo social»	«Socialismo y anarquismo»
«Representación corporativa»	«Elecciones, sufragio universal»
«Familia»	«Individuo aislado»
«Cristianismo oficial»	«Libertad de cultos»
«Trabajo»	«Emigración»
«Tradiciones seculares»	«Derecho Nuevo»

Unha vez máis fica amosado como a primacia do relixioso informa unha problemática centrada na Igrexa e na organización social do traballo nas cidades, en significativa alleidade a toda apoloxia das clases fidalgas e aristocráticas. Este *tardofeudalismo* do catedrático compostelano desenvolve unha específica funcionalidade no seu sistema: dunha banda desplegar o poder articulador supremo do seu catolicismo tradicionalista, doutra fornecer un modelo social e de relacións de produción feudal e non meramente campesinista, que o permita presentar como alternativa á moderna produción industrial capitalista.

En suma, BRAÑAS atopa neste modelo o ponto de referéncia desde o que procede a descalificación do capitalismo en canto ven reemplazar o tradicional sistema de valores: asi frente á ética da asociación o capitalismo impón o egoísmo personal do interés e a competéncia ao Príncipio da Autoridade e Xerarquia a razón soberana; a subordinación espiritual a igualdade do direito novo... o entreveramento entre orde social e político e relixioso que lle serve de fundamento, integrará unha das ideas forzas do seu discurso de Burgos:

«El poder de los reyes se apoyaba en la fuerza moral de la Iglesia: cuando se rompía ese equilibrio, sobrevenían las grandes catástrofes nacionales, se corrompían las costumbres, se relajaban los vínculos de la soberanía, chocaban entre sí los mismos príncipes cristianos... por ésto el Sacrosanto Imperio Romano, fundado en la unión íntima de la Iglesia y el Estado, provocada por el genio sin igual de Carlomagno detiene la invasión sarracena, cristianiza toda europa y es el cimiento de los grandes Estados modernos«[92].

Velaí o sentido último do mito da Idade de Ouro medieval, en BRAÑAS o erguimento dun modelo *teocrático* onde todos os ordes tiveran o seu ponto de

92 ALFREDO BRAÑAS, Discurso de Burgos cit. páx. 149.

referéncia na relixión: catolicismo tradicional e medievalismo non integran á postre senón duas facianas dun mesmo sistema.

C. **Organicismo**

Algo semellante do que afirmábamos do tradicionalismo acontece co organicismo en BRAÑAS: somente dun xeito parcial atopamos na sua obra elementos espallados dunha tal pertenza. Dunha banda o noso autor rexeita explícitamente e con grande enerxia a corrente krausista e a escola histórica de SAVIGNY, mais por outra non deixa de acoller alguns dos elementos organicistas que tan en boga se achaban naquela conxuntura do pensamento europeu e mesmo español.

Compre non esquecermos neste orde de cousas que o organicismo achaba-se presente nos máis diversos eidos da filosofia e ciéncia europeas do século XIX: WILHELM VON HUMBOLDT falaba do «organismo da linguaxe», HEGEL da ciéncia como «movimiento orgánico dos conceitos», SAVIGNY do «princípio orgánico do Direito» etc. etc. Mesmo en España compre pór de manifesto que o organicismo non é património exclusivo da corrente krausista senón que se atopa presente tamén en correntes tais como a *Escola Histórica* e mesmo, o que resulta decisivo ao noso obxecto, no *Neotomismo*[93].

Resulta altamente significativo que ao analizar as teorias «armonistas» ou «panenteistas» de KRAUSE, AHRENS e THIBERGIEN, o noso autor, ao refutar as mesmas sen concesión algunha, deixe a salvo, porén, a sua *visión orgánica da sociedade*.

Efectivamente, en primeiro lugar, BRAÑAS desmarca-se claramente do KRAUSISMO en canto corrente debedora á postre das grandes liñas de pensamento da modernidade. Neste sentido critica o catedrático compostelano a separación entre moral e direito de KRAUSE e AHRENS, de clara connotación kantián ao seu xuízo, asi como á sua cosmovisión panteísta, chegando a relacionar as suas posicións coas grandes utopias sociais do seu tempo: socialistas e comunistas.

De xeito sintético poderíamos recoller as principais críticas que o noso autor dirixe ao krausismo do xeito que segue:

1.° O «parentismo» krausista non é senón un panteísmo clásico baixo dunha nova denominación.

2.° Rexeita a teoria de que o conxunto das «condicións necesárias para a vida» constituan o direito; a distinción entre o feito e direito debe ser mantida.

3.° A fundamentación voluntarista do direito afecta gravemente á sua necesariedade trascendente.

4.° O krausismo desfigura a noción de «deber» relegando-a ao terreo moral, o panteísmo impede a existéncia da obrigación moral e xurídica. A falta dunha noción clara de «deber» inutiliza a idea mesma de direito.

5.° Rexeita asimesmo que o home posua unha pluridade de fins que cumprir cando somente un deles resulta final: a posesión da verdade infinita e do ben absoluto.

6.° As esixéncias ao Estado desde a perspectiva reformista das *condicións necesárias* para a realización dos fins sociais, desemboca segundo BRAÑAS, quen segue de perto neste tema a POU Y ORDINAS, nas utopias socialistas e comunistas[94].

Mais o verdadeiramente significativo, reside no feito de que tras unha crítica tan descalificadora, ao analizar na obra de AHRENS os seus fins e outros tantos niveis que o filósofo asinalaba aos traballos humanos, BRAÑAS somente cuestiona a valoración homoxénea dos distintos ordes e esferas, igualando-os entre si, mais non a própria organicidade dos niveis estabelecidos.

En efeito, para AHRENS[95] a personalidade de vida do home desenvolve-se en sies niveis posuindo cada un deles de seu unha finalidade inerente e específica. As devanditas esferas achan-se integradas pol o indivíduo, a família, o município, a sociedade civil,

93 Para GIL CREMADES:

«... un tal 'organicismo' como concepción xurídica e social rectificadora do sentido individualista do direito e da sociedade instaurado polo pensamento revolucionário, non está patrocinada somente polos homes situados na órbita do Krausismo, senón tamén por os mentedores, sobretodo en Cataluña, da 'escola histórica do direito', e pola restauración 'neo-escolástica'... loxicamente, nesa 'contra-revolución do pensamento xurídico non pode estar ausente unha peculiar concepción de raíz católica, representada polo tradicionalismo e sobretodo, pola obra de GIL Y ROBLES» *El Reformismo Español*, Barcelona, 1969, páx. 3.

94 ALFREDO BRAÑAS, *El principio fundamental del Derecho*, cit. páx. 190.

95 E. AHRENS, *Curso de Derecho Natural o de Filosofía del Derecho*, Madrid, 1873:

«... comprende o direito de todas as persoas individuais e colectivas, cada unha das cais reúne na sua vida e prosegue á vez todos os fins, e toma parte por conseguinte de todos os ordes de cultura. Os diversos graus destas esferas son a persona individual, a família, o município, a nación, a federación de nacións e toda a humanidade». Op. cit. páx. 475.

a federación e a humanidade. Corresponde-lle a cada unha destas esferas seis ordes sociais: o Estado, as ciéncias e artes, o ensino público, a moralidade e o orde económico[96].

A realización dunha tal posibilidade esixe, ou contempla canto menos, a esixéncia aos demais da posibilidade e realización da finalidade de que se trate. O direito resulta entendido, en consecuéncia, como «o todo das condicións que ten de prestar a vontade humana para a realización dos fins racionais da vida»[97].

Pois ben, o que BRAÑAS critica non é a visión orgánica e articuladora dos diferentes niveis sociais, senón a equiparación do fin ético-relixioso cos demais, que non constituen ao seu parecer senón simples *medios* para o fin último: a posesión do saber absoluto e a verdade infinita; en definitiva, Deus[98].

Esta aceitación parcial do organicismo, polo demais omnipresente na Universidade española da época e moi especialmente nas suas Faculdades de Direito, achomo-la presente en estado práctico na obra de BRAÑAS, modulado asi e todo polo seu catolicismo neoescolástico específico. Asi, por exemplo, no seu *Curso de Hacienda Pública*, BRAÑAS emprega un conceito de Estado de raigame nomeadamente organicista segundo o modelo clásico:

«El Estado es una persona jurídica, viva, real, con una organización propia, constituida por el *cuerpo* político que forman los ciudadanos por un *alma* estrechamente ligada a ese cuerpo, la cual viene a aquella *unión moral* con que las familias e individuos persiguen un fin y por una *inteligencia y voluntad* libres que son la autoridad pública.

El Estado, como la familia, el municipio, la asociación voluntaria, la corporación legal o la Universidad, es una *realidad viviente*. Todo ser experimenta necesidades: El Estado es un ser natural. Luego el Estado siente necesidades en el mismo grado e intensidad que el individuo, las cuales es preciso satisfacer a toda costa»[99].

A autoridade non é para BRAÑAS a vontade, senón a intelixéncia aplicada á sociedade, considerada como unidade e realizando unha finalidade comun, un princípio e esixéncia da mesma sociedade... poder e direito dotados dunha fundamentación ética e organicamente descritos na sua interioridade ao corpo social.

Ordes articulados e máis bioloxismo na concepción do Estado que voltamos achar en *El Regionalismo*. Efectivamente, en primeiro lugar, e fronte á construción do Estado-nación e o moderno conceito de *Soberania* que fundamenta o Estado contemporáneo, BRAÑAS afirma nidiamente:

«No es el alma del Estado la autoridad soberana, como afirmaron muchos filósofos y políticos: suponed por un momento que una nación cualquiera, presa del desorden y la anarquía... el Estado alienta y respira... peo suponed el Estado sin individuos y familias... y el Estado perecerá»[100].

En afirmacións como as anteriores subxace unha vinculación patente en BRAÑAS entre a *rectificación do liberalismo e o individualismo* próprias de

[96] E. AHRENS, *Enciclopedia jurídica o exposición orgánica de la ciencia del derecho y del Estado*, Madrid, Traducción de F. GINER e G. DE AZCARATE, Tomo I, páxs. 103 e ss.

[97] E. AHRENS, Enciclopedia jurídica... cit. páxs. 38 E 178:

«O fin da vida é en si un, e consiste na perfeición do home e a sociedade humana, en todas as esferas do ben, como humano-divino. Pero este fin, a experiéncia non o amosa en negunha obra especial, senón que debe ser o superior princípio directivo de toda manifestación individual e comun: o verdadeiro canon da humanización, a cal esixe que todo o divino-humano sexa recoñecido moral e xuridicamente en cada home; que sirva de critério, norma e xusto límite a todo fin especial; en suma, que con severa conciéncia, guie toda a nosa vida. Os fins particulares nel contidos e que se ofrecen tanto á actividade individual como á social, son os da relixión, ciéncia, arte, indústria (no sentido máis amplo, isto é, agricultura, manufactura, comércio, ou sexa o arte dos bens económicos), o ensino, a moralidade e o direito».

[98] ALFREDO BRAÑAS, *El Principio fundamental del Derecho* cit. páx. 190:

«El hombre no tiene más que un fin ético; sus deseos y aspiraciones se dirigen a satisfacer las tendencias de sus facultades racionales e conseguer o seu obxeto, o cal consiste na posesión da verdadeira infinita e o ben absoluto; os seis fins que AHRENS asinala ao home, agás o relixioso, non son senóm medios e condicions para a consecución do verdadeiro fin».

[99] ALFREDO BRAÑAS, *Curso de Hacienda Pública*, cit. páx. 151. Definición onde encoan, salvas todas as distáncias de orientación diferenciada, as consideracións organicistas e morais en voga no pensamento español da época. Recordemos que para KRAUSE:

«Para este fin (a realización do direito) deben primeiramente os homes cumprir o direito nun organismo interior e interiormente relativo e omnilateral, chamado Estado, que é unha semellanza do Estado divino. O Estado como sociedade para o Direito... mantén a todo individuo, a toda família, a todo pobo na integridade da sua personalidade e actividade lexítima, e asegura as relacións dunhas persoas coas outras tamén en forma de direito... O Estado funda o seu fin e forma própria de acción en abrazar a humanidade nun organismo o seu fin e forma própria de acción en abrazar a humanidade nun organismo político para facer efectivas as condicións interiores e exteriores da nosa humanización...» *Ideal de la Humanidad para la vida* (traducción de JULIAN SANZ DEL RIO), Madrid, 1871, páxs. 49-50.

[100] ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo*, cit. páxs. 31-32.

todo organicismo, xa sexa krausista ou historicista, ou neoescolástica, e o *tradicionalismo contrarrevolucionário*. O rexeitamento do moderno conceito de soberania proxecta-se en BRAÑAS, máis alá de calquer consideración reformista, na impugnación global dos próprios fundamentos do Estado capitalista e o Direito Novo[101]. A crítica organicista á filosofia revolucionária burguesa do direito é articulada nun proxecto de frontal oposicións ás categorias que dan conta dun orde social, político, económico e ideolóxico subxacente. Iso resulta tamén claramente perceptíbel na crítica drástica ao *principio individualista* base da igualación formal e do «contrato social», racionalizador do poder político estatal como único centro de poder fronte a unha sociedade civil atomatizada[102]:

«El primer elemento del Estado es por lo tanto la familia, o sea la sociedad doméstica. *Los individuos no constituyen el elemento material de la sociedad civil, como han creido ROUSSEAU, SPEDALIERI, BURLAMACHI y LOCKE y los demás partidarios del contrato social:* semejante concepción atomística de la sociedad nos llevaría a la doctrina absurda del *absolutismo despótico, del imperio de las mayorías y de la exaltación del individuo*, que ha engendrado en los Estados modernos la extremada división política y administrativa, que es la rémora más grande de su progreso y civilización...»[103](suliñado noso, R.M.).

Crítica do *individuo* que non resulta á postre senón crítica do *cidadán*, do suxeito político xurdido tras a eliminación do orde do privilexio, da destrución da xerarquia e subordinación estamental levada a cabo pola revolución burguesa co estabelecimento da igualdade formal perante a lei.

Apartir dunha tal posición pre-estatal e, xa que logo, pre-capitalista, BRAÑAS *diseña* o seu organismo social integrado por diversos círculos concéntricos. Indiíduo, Família, Município, Rexión, Estado e Humanidade claramente inspirada en AHRENS[104] mália o rexeitamento do nivel federal polas connotacións laico-republicanas que conleva a aparición do nivel rexional entre o municipal e o estatal. Daí que as finalidades dos homes se escalonen en todos ese niveis: o indivíduo traballa primeiro polo seu ben particular, perfecciona-se na família, socializa-se nun primeiro nivel no Município, forma parte posteriormente desa unidade de tradicións, língua e costumbes que é a Rexión, tras da que ven o nivel estatal e asi sucesivamente.

Trasluce neste orde de cousas a influéncia no pensamento de BRAÑAS da obra do dominico CEFERINO GONZALEZ por máis que entre un e outro se atopen diferenzas non pequenas de plantexamento e de talante. Para este bispo neoescolástico en efeito a sociedade doméstica constitui a primeira e básica forma da sociabilidade de tal xeito que a sociedade política non é máis que a agrupación de famílias organizadas e relacionadas[105] dun xeito específico. Chegamos deste xeito á substantividade mes-

[101] Como ten asinalado CARRE DE MALBERG o conceito da soberania nacional destrui a lexitimación da *Monarquia tradicional* como forma de goberno e forma de Estado; e isto porque:

«1.º O Rei non pode ser proprietário da soberania, carece de poder para iso. A soberania non pode ser o ben próprio de nengun. A soberania ou potestade estatal, non é máis que o poder social da nación, un poder esencialmente nacional no sentido e polo motivo de que se funda unicamente nas esixéncias do interés da nación e de que non existe senón nese interés persoal...

2.º Por outra banda, a Asemblea Nacional formula e consagra a idea, non menos importante, de que entre os homes que compoñen a nación, nengun pode pretender o exercício do poder soberano, fundando-se nun direito de mando innato na sua persoa... Ao estabelecer-se en proveito da nación unicamente a soberania deixou de ser un poder baseado nun direito orixinário de alguén». R. CARRE DE MALBERG, *Teoría General del Estado*, México, 1948, páx. 892.

Baixo o mesmo termo de soberania que designara aquela «grande cadea de deberes» á que se referia AUGUST THIERRY e que se acha teorizada en BODIN, aparece un novo *conceito* en total ruptura co anterior: soberania non fará máis referéncia a unha xerarquización de poderes senón que designará a concentración e monopolización de todo o poder político nun único centro de imputación, o Estado.

Como asinalara B. GROETHUYSEN:

«Se queremos resumir o sistema de direito público no que se inspira a revolución francesa, debemos partir de duas ideas que constituen o seu fundamento teórico: a idea dunha relación de recíproca igualdade entre os cidadáns, é dicer, o contrato social, e a da vontade de nación concebida como lei suprema, e dicer, a nación soberana. Esta vontade xeral é a única que pode dar ao país unha constitución que delegará o exercício dos poderes da nación a mandatários nomeados por ela». *Philosophie de la Révolution Française*, Paris, 1956, páx. 212.

[102] Sobre o feito patente de que a consideración dun estado de natureza integrado por indivíduos illados como hipótese lóxica, en HOBBES por exemplo, céntra-se a posterior celebración do *contrato social*. Cfr. clásica obra de C. B. MACPHERSON, *La teoría política del individualismo posesivo*, Barcelona 1970, páxs. 28 e ss.

[103] ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo*, ct. páx. 32.

[104] E. AHRENS, *Curso de Derecho Natural* cit. páxs. 485 e ss. e BRAÑAS, *El Regionalismo* cit. páx. 36.

[105] Cfr. CEFERINO GONZALEZ, *Filosofía elemental*, Madrid, 1873, para quen:

«A sociedade civil e política en derradeira instáncia non é máis que a colección de innumerábeis famílias, postas en contacto e vencelladas por meio de certas relacións sociais». Páx. 511.

ma da corrente central do sitema de BRAÑAS que o organismo somente *adxetiva* colateralmente.

D. A posición de BRAÑAS en Filosofía: O Neotomismo.

Unha vez clarexada a presenza de elementos organicistas no pensamento de BRAÑAS e determinadas as suas vinculacións tradicionalistas e contrarrevolucionarias, compre concretarmos máis e estabelecermos a dirección e sentido global do conxunto de elementos até aqui analizados. Isto resulta tanto máis necesário canto que afirmarmos no século XIX español que un pensador dado é organicista implica o remanecimento na máis absoluta vaguidade e indeterminación, dada a concorréncia de elementos de tal procedéncia en doutrinas tan dispares como a Escola Histórica ou o Krausismo.

De todo o que levamos argüído nas páxinas anteriores deduce-se de xeito patente que BRAÑAS non pode ser situado en modo algun nas ringleiras do krausismo[106] nen se inscrebe tampouco na órbita da Escola Histórica do Direito[107]. Achamo-nos claramente ao noso entender perante un pensador *neoescolástico*.

Tras a oposición antiliberal, contrarrevolución e fideismo das primeiras décadas do século XIX, que asi e todo se prolongaria con posterioridade até o próprio século XX, apartir da década dos setenta produce-se unha reorganización ideolóxica do catolicismo español[108]. Mantendo-se o irrenunciábel antiliberalismo, abandonan-se, en troques, os aspectos máis renuentes do ultramontanismo e procede-se a unha elaboración ideolóxica en ocasións de certa altura, que chega en casos aillados a ensaiar un tímido diálogo coa modernidade.

Como rasgos básicos desta corrente de pensamento, coñecedora no seu interior de diferenzas que haberá que ter en conta no seu momento, podemos salientar os seguintes:

1. Oposición ao herdo ideolóxico da Revolución Francesa e ao librepensamento asi como ao iluminismo dos «doceañistas»[109].

2. Oposición tamén ao fideismo da escola tradicionalista contrarrevolucionária, en especial do segundo DONOSO[110].

3. Recepción do pensamento tomista e diferenciación dos ordes natural e sobrenatural, recoñecendo un ámbito específico para cada un deles, postulando a non redutividade absoluta do primeiro ao segundo.

4. Presenza da idea de «organismo social» através da recepción da escola neotomista italiana: TAPARELLI, PRISCO, etc. De feito, o «organicismo» acadará nalguns autores unha forza semellante a que reveste no krausismo, mais noutra perspectiva[111].

5. Postulación da moral como eixo e guia dos estudos de Direito Natural e, posteriormente, de Filosofía do Direito: antikantismo e rexeitamento da autonomización do orde da moral e o direito tal e como se presenta na tradición iusrracionalista[112].

6. Vinculación ás directrices do pensamento eclesial do papado, que con León XIII receberian un forte pulo, tanto na vertente do catolicismo social, ao que se inclinarian certos sectores do neotomismo hispánico[113], como filosófico-ideolóxico xeral a raiz da encíclica *Aeterni Patris* do ano 1879[114].

---

[106] Asi, por exemplo, ALFONSO BOZZO fala de *krausismo tradicionalista* para se referir ao posicionamento filosófico do profesor compostelán. Cfr. *Intelectuais e galeguismo* cit. páx. 24.

[107] Cfr. as críticas que á Escola Histórica lle dirixe BRAÑAS en *El Principio Fundamental del Derecho* cit. páxs. 170 e ss.

[108] Cfr. GIL CREMADES, *El Reformismo español* cit. páxs. 156 e ss.

[109] Cfr. ao respeito FERNANDEZ CARVAJAL, *El pensamiento español en el siglo XIX,* en *Historia general de las literaturas hispánicas,* Barcelona, 1957, T. IV, páxs. 341 e ss.

[110] GIL CREMADES, op. cit. páx. 178.

[111] Sobre a rearticulación conservadora, non tradicionalista como asinala TIERNO, do pensamento católico italiano no século XIX pode ver-se C. FABRO «Neoescolástica y neotomismo» en F. AMERICO, A. CARLINI, C. FABRO, *Historia de la Filosofia,* Madrid, 165, T. II, páxs. 669 e ss.

Sobre a figura de TAPAÑELLI, un dos neotomistas máis influintes na corrente católica española e no próprio BRAÑAS, seguimos o ensaio de MARCEL PRELOT, «Taparelli D'azeglio y el renacimient del Derecho Natural en el siglo XIX»,en *Critica del Derecho Natual,* ELIAS DIAZ edit., Madrid, 1959, páxs. 237 a 251, Onde se situa como un dos elementos que informan a teorización iusnaturalista de TAPARELLI integrada polas diversas sociedades integradas nela ou deutarquias. Loc. cit. 248.

[112] A irreconciliación do pensamento católico co iusrracionalismo mantén-se en todo momento mália a aceitación dun certo lugar á razón e ao rexeitamento do fideísmo tradicionalista. A razón admitida polo pensamento católico nunca acadaria a traxectória do kantismo permanecendo vencellada en todo momento aos estritos plantexamentos aquinatianos.

[113] Tal seria o caso, por exemplo, dun PIDAL y MON. Cfr. CREMADES op. cit. páx. 325.

[114] Trata-se, asi e todo, e compre insistirmos nisto, dunha sorte de «usus modernus sancti Thomae» lonxe de calquer tentación de recuperar un medioevo perdido tal e como acontece en BRAÑAS; atopamo-nos unha vez máis coa distáncia que média entre o conservadurismo e o tradicionalismo: a *Filosofia del Derecho fundada en la ética* de TAPARELLI introducida en España por ORTI Y LARA, Madrid, 1879, integra aportacións de CHRISTIAN WOLF quen para BRAÑAS fundamentaba a tese, do mesmo xeito que LEIBNITZ, da razón como soa base e fundamento do direito.

Cais destes elementos se atopan presentes na ideoloxia de BRAÑAS, configurando o conxunto do sistema? Polo que respeita á oposición ao herdo político-ideolóxico da Revolución francesa, xa temos ollado a sua presenza na ideoloxia de BRAÑAS; outro tanto se pode afirmar do seu organicismo e da vinculación ao catolicismo social antisocialista e antiliberal, cada un cunha intensidade específica. Compre pois adentrarmo-nos agora no elemento decisivo e central que nos falta por examinar: a presenza e «lugar» ocupado polo elemento moral nas diversas disciplinas cultivadas por BRAÑAS. Iso fornecera-nos dun critério de innegábel interés para afinarmos máis a caste da ideoloxia global do noso autor.

a. Un problema central: relixión, moral e racionalidade.

Indiscutibelmente o agromar do pensamento moderno vai unido á construción da autonomia das diversas disciplinas e ciéncias físicas, económicas, políticas, etc. frente aos elementos relixiosos e morais cos que se achaban mesturados, nas etapas anteriors do pensamento. Autonomización que somente na contemporaneidade se volve posíbel non pola perfeición ideolóxica das disciplinas senón porque, no caso das ciéncias sociais, somente unha total individualización da vida e a sua íntegra privatización fornecen a materialidade básica, sobre a que se ergue unha esfera exclusivamente pública na que non teñen maior incidéncia as posicións sociais de nacimento ou estamentais como na Antiguidade ou na Idade Média. Somente entón, en concreto, amosa-se posíbel na práctica a construción teórica —por poñermos un exemplo— dun direito público armónico, dunha ciéncia política e unha doutrina do Estado nacional constitucional que parta da idea de representatividade e non de herdanza ou sorteo dos cargos públicos. A subordinación da política e a economia á ética e á relixión, até o ponto de non poder-se falar delas como disciplinas autónomas, próprias da Idade Antiga e Média respectivamente, responde ao carácter da sua vida social, das relacións de produción daquelas sociedades. Concretamente, como ten asinalado CERRONI da Idade Média:

> «Dado que o sentido do mundo residia na sua instrumentalidade verbo da vida celestial, toda vez que a vontade divina era depositária da orixe e tendéncia da Autoridade, *era totalmente inviábel unha manifestación de auténticas relacións políticas, que en todo caso, non pasaban de ser unha articulación da relación máis xeral entre o home e Deus*»[115].

De xeito semellante somente será pensábel unha ciéncia económica candos se produza a emancipación do traballo das servidumes personais, da coacción estraeconómica feudal, que amalgamaba elementos de poder, ideoloxia e produtivos nun mesmo abano de relacións. Somente coa aparición dunha propriedade mercantil e plena, dun traballo libre tamén mercantilizábel, aparecerán as relacións estritamente «económicas» sobre as que se fundamentaria a *economia* como disciplina científica.

Asi e todo, lonxe de toda correspondéncia mecánica —sesgo distintivo dos intelectuais tradicionais, vencellados na modernidade a modos de produción en desaparición— através da própria autonomia relativa do ideolóxico, unha singular presenza de elementos éticos ou relixiosos agroma nos seus sistemas ideolóxicos afectando e interferindo a *constitución autónoma* das diversas disciplinas científicas por eles cultivadas. Desde a negación de todo ámbito operativo á razón humana do fideismo extremo tradicionalista até as servidumes ético-relixiosas do pensamento católico frente ao moderno racionalismo actuan, ao socaire da sua antimodernidade, esquemas debedores de pasadas relacións sociais... Admitido mesmo un ámbito da razón, a «verdade» deste residiria, con exterioridad ao mesmo, no eido dunha moral ou unha relixión «reveladas».

Tal será o caso de BRAÑAS, para quen a radical oposición á Revolución Burguesa en todos os ordes se traduciria nun *rexeitar o proceso de autonomización racionalista da ciéncia política, económica e xurídica,* introducindo un critério moral, derivado directamente e sen mediación do seu catolicismo tradicional, no cerne da súa construción.

1. *Crítica da Filosofía do Direito.*

Nas suas publicacións estritamente xurídicas, desde o *Fundamento del Derecho de Propiedad,* pasando por artigos tais como «La Filosofía Penal y el Derecho penal positivo»[116] até o seu manual univer-

---

[115] UMBERTO CERRONI, *Il pensiero político dai Creci ai giorni nostri,* Roma, 1965, páx. 28.

[116] BRAÑAS afirma explicitamente neste artigo que se mantivera a presenza dunha *filosofia penal:*

«... los ilustres profanos de la ciencia jurídica, los sabios profesores de medicina legal no habrían iniciado las modernas doctrinas positivistas ni reclamado una intervención directa en el Derecho Penal».

sitário *El Principio fundamental del Derecho*, BRAÑAS reitera unha e outra vez a sua radical oposición á tradición iusrracionalista. A separación de Direito e Moral, sobre a que se construi a moderna ciéncia xurídica do século XIX é centralmente cuestionada e impugnada no que semella constituir un dos obxectivos sobranceiros da sua obra.

En efeito, dirá-se que o sentido último de *El Principio fundamental...* reside xustamente aí: na crítica sistemática do arrequento no pensamento xurídico moderno dos plantexamentos racionalistas e autonomizadores do direito face á moral e á relixión e a indeclinábel postulación dun *protagonismo moral* rector de toda fundamentación xurídica; critica á *filosofia do direito* desde un *direito natural* revelado.

Daí que BRAÑAS encete as suas críticas nos comezos mesmo do moderno iusnaturalismo. Asi por exemplo frente ás teorias de GROCIO, o noso autor esgrime un amplo abano de «refutacións». Denega, en primeiro lugar, a posibilidade de que se teñan que procurar os fundamentos do direito na própria conciéncia, na razón humana, xa que unha actitude tal implicaria a auséncia dunha fonte exterior ao home, proveedora dos critérios de vontade e xustiza, o que na perspectiva do catedrático compostelano resulta de todo ponto inadmisíbel. Neste sentido, BRAÑAS critica con especial dureza a idea central de GROCIO e de todo o iusrracionalismo, isto é: que as condicións de sociabilidade polas que os homes integran unha comunidade dada sexan o fundamento do direito. Unha tal secularización dos fundamentos do direito situa-se obviamente nas antípodas do trascendentalismo católico do noso autor.

O mesmo acontece, estritamente vencellado co anterior, co critério da «recta razón» proposto polo xurista holandés para a dilucidación do «xusto». BRAÑAS considera-a insuficiente e precisado da exisféncia dunha norma invariábel e eterna que sirva de pauta inesquecíbel á vontade do soberano. Do contrário cairia-se na confusión de moral e direito, situando-se todas as accións humans sob o império do Direito e fallando, consecuentemente, o critério moral exterior de xustizia ou bondade das decisións do gobernante.

Esta problemática desemboca directamente no máis negativo que BRAÑAS albisca nas posicións de GROCIO:

> «Según afirma Grotio, el derecho natural existiría aun cuando se negase a Dios o Este no se cuidase de las cosas o negocios de este mundo, lo cual no puede admitirse... Grotio y más tarde KANT, anulando la idea de Dios, negaban el derecho y la obligación, especialmente esta última, que no puede comprenderse ni esplicarse sin la idea de un fin moral en el hombre»[117].

As posicións teistas de BRAÑAS inducen á inaceptabilidade de todo sistema de fundamentación da obrigación xurídica que non parta do recoñecimento dunha verdade moral revelada, previamente a toda sociabilidade ou racionalidade humana.

Se tal intransixéncia caracterizaba a actitude do noso autor face a pensadores como GROCIO, que ainda mantiña certas trabas a considerar drasticamente que o direito natural tivera como única fonte á razón humana[118], o seu ánimo refutador ainda se agudiza face a autores como PUFFENDORF, máis radical neste sentido[119] —a quen, asi e todo minusvalora frente a GROTIUS— en quen situa, como en xeral todo o pensamento xurídico católico, o início desta corrente iusrracional. Outro tanto acontece con BURLAMAQUI, que exacerba as condenacións do catedrático compostelano por canto, ademais de manter a «confusión entre moral y derecho» característica do iusrracionalismo, introduce nos seus *Principios de Derecho Político* a idea do contrato social nun sentido semellante ao que máis adiante formalizaria ROUSSEAU[120].

As críticas contra FERRI, LOMBROSO, GAROFALO, etc. centran-se precisamente no exceso de positivismo dos seus plantexamentos sen nengunha mediación filosófica non moral.

Cfr. «La Filosofía Penal y el Derecho Penal positivo», en *Gaceta de Galicia*, 5 de Febreiro do 1890.

117 ALFREDO BRAÑAS, *El Principio Fundamental...* cit. páx. 86.

118 En efeito, se ben nos «Prolegomena» ao seu *De iure belli ac pacis*, GROCIO escrebera proposicións tais como «O Direito Natural subsistirá de calquer xeito, inclusive se admitíramos... que Deus non existise ou non se ocupase da Humanidade», ou «O Direito Natural é inmutábel, até o ponto de que non pode ser modificado nen por Deus...» Como se ten asinalado:

> «... é a posición dun autor que abre as portas, que abre o vieiro ás correntes innovadoras e modernas, pertenecendo ainda substancialmente ao mundo da cultura tradicional ou, polo menos, a aquel humanismo que ainda conserva estreitos vínculos coa teoloxia e a filosofia medieval». LUIGI ROSA, «Grotio fra il giusnaturalismo scolástico e il giusnaturalismo moderno» en AA. VV. *Miscellanea Adriano Grazzana* II, Milano, 1960, páx. 241.

119 Asi e todo, como ten asinalado GUIDO FASSO:

> «Mália a sua explícita e categórica distinción entre o Direito Natural, fundado na razón e a teoloxia moral, PUFFENDORF non é racionalista: o seu racionalismo resulta puramente metodolóxico. Sexa en relación co conceito de lei como co de Direito Natural a posición de PUFFENDORF acha-se máis perto do voluntarismo que do racionalismo «*Historia de la Filosofia del Derecho*, Madrid, 1979, páx. 12.

Endebén, a premisa do iusrracionalismo puffendorfiano estabelecida no prefácio de *De officio hominis et civis* postulaba que «O Direito Natural é absolutamente independente da Relixión».

A refutación á sua vez do filósofo xinebrino devén asi, drástica e inevitábel: nel dan se cita aos ollos de BRAÑAS tanto a fundamentación racional do direito natural da man da «vontade xeral» que elimina a «norma invariábel e permenente á que se teñen que axustar os actor voluntários do home» e, asemade, unha série de postulados políticos absolutamente inaceptábeis. Nestes últimos radica precisamente aos ollos de BRAÑAS o máis intolerábel do filósofo xinebrino. Sen adentrar-se no cuestionamento radical roussoniano da democrácia representativa e a «soberania nacional»[121], o *contrato social* trascende para BRAÑAS o âmbito de mera separación entre direito e moral para se proxectar politicamente:

> «La doctrina del pacto social es peligrosa para el orden social y la paz de los Estados... equivale a establecer como principio del orden jurídico, público y privado, el imperio de las mayorías y el sufragio universal... residiendo el poder esencialmente en el pueblo, éste sería dueño de cambiar a su placer la constitución del Estado. Por este camino llega a legitimarse el principio ilegal de las revoluciones y el despotismo de las masas»[122].

Son precisamente as consecuéncias democráticas do pensamento rousseauniano o que o catedrático compostelano rexeita máis radicalmente: *a política representativa e secularizada*.

Face a CRISTIAN THOMASIO, a crítica de BRAÑAS centra-se sobre todo na radicalidade que reveste a separación de direito e moral na obra do autor alemán: á relegación da moral a *interioridade* do home, á fundamentación na *intersubxectividade* e na *coercibilidade*[123].

E, finalmente, a crítica e refutación de KANT pecha o círculo do desbotamento das doutrinas contemporáneas que fundamentan racionalmente o direito en alleidade máis ou menos formalizada á moral. Frente ao racionalismo trascendental kantiano, a separación de direito moral e a sua fundamentación racional[124] BRAÑAS argüi desde un posicionamento cristián neoescolástico de grande pechamento.

120 G. BURLAMAQUI, *Principii del Diritto Politico*, Venezia, 1780, páx. 11:

> «A sociedade civile non é senón aquela unión dunha multitude de homes, os cais se poñen conxuntamente baixo a dependéncia dun soberano para atoparen pola sua protección e o seu cuidado a felicidade, á cal aspiran por natureza».
> *O máis importante da obra de* BURLAMAQUI *reside precisamente na sua idea do contrato social*, prefiguradora de ROUSSEAU, polo que a *sociedade civil* non consiste senón na realización verdadeira e efectiva do *Estado de Natureza:*

> «A liberdade civil é pois, en substáncia, a mesma que a liberdade natural, mais privada daquela parte en que consistia a indepéndencia dos indivíduos, pola autoridade dos mesmos concedida por si mesmos ao seu soberano». Op. cit. páx. 20.

121 Esta via aberta por ROUSSEAU ao considerar a comunidade como o conxunto real dos cidadáns e non á idea abstracta de nación, integrado como unha verdadeira comunidade conectará posteriormente co marxismo e mesmo cos nacionalismos progresistas que equiparan a nación coas clases populares: o pobo-nación como suxeito nacional-popular de que temos falado. sobre a superación roussoniana do âmbito tradicional do «contrato social» e «sociedade civil» no seu pensamento ambivalente. Cfr. as obras clásicas de COLLETTI, «Rousseau crítico de la sociedad civil», en *Ideología y Sociedad*, Barcelona, 1975, páx. 207 e ss. e G. DELLAVOLPE, *Rouseau e Marx* en *Opera*, V. 4, p. 322 e ss.

122 ALFREDO BRAÑAS, *El Principio Fundamental...* cit. páx. 96.

123 «Llámase a esta escuela de la coercibilidad porque su principal objeto es defender la doctrina de la separación radical entre el Derecho y la moral, valiéndose para ello de la distinción entre los deberes perfectos y los deberes imperfectos, los primeros son exigibles por medio de una coacción externa y estos últimos que no son susceptibles de coacción, unos forman la materia de la moral y los otros de la ciencia del derecho». BRAÑAS, op. cit. páx. 120.

Sobre o radical plantexamento da alleidade da moral ao direito en THOMASIUS pode ollar-se S. COTTA, «Il pensiero politico del razionalismo e dell' illuminismo en AA. VV. *Nuove questioni di storia moderna*, II, Milano, 1964, páxs. 76 e ss. A distinción Direito-Moral deste autor substrai á xurisdición do Estado o «foro interno» e afirma a *liberdade de conciéncia e pensamento*.

124 KANT retoma, dando-lle a sua plenitude, a problemática da separación entre direito e moral, que fora formulada por THOMASIUS, ao estabelecer a distinción entre unha lexislación que sexa fin en si mesma, que ordene as accións somente pola sua própria vontade: a *lexislación que admite un impulso distinto da idea do deber en si mesmo, é dicer, de conformidade exterior coa vontade da lei: a lexislación xurídica*. Endali que a moral se integre para KANT por imperativos intrínsecos: non se distinguen as normas polo seu contido senón polas motivacións da sua obediéncia. Como ten asinalado UMBERTO CERRONI:

> «Fixado a distinción entre moral e direito, KANT disócia a organicidade herdada da cultura medieval e conduce adiante a sua indagación da razón como auténtico órgao do mundo e da sua unidade, pero, ao actuar deste xeito, debe cancelar tamén os elementos críticos...»

Kant e la fondazione della categoría giuridica, Milano, 1962, páx. 62.

O ponto álxido da aportación kantiana coincidia así coa sua limitación máis patente: o idealismo subxectivo na filosofia do direito do criticismo e os plantexamentos formalistas como ten posto de relevo ANTONIO NEGRI, *Alle origini del formalismo giuridico*, Padova, 1962, páxs. 88 e 89.

Sobre a problemática devandita Cfr. as fermosas páxinas que ao tema adica ERNST BLOCH en *Derecho natural y dignidad humana*, Madrid, 1980, na que se afirma entre outras cousas:

> «KANT rexeita puramente pola dedución xurídica institucións como o Direito feudal e a Constitución da Igrexa... A Ilustración

Nega asi, en primeiro lugar, que a razón humana sexa a norma lexisladora da verdade dado que somente a razón divina «es la norma de lo justo». Polo demais, a fundamentación racional do direito posui para o catedrático compostelano perniciosas consecuéncias políticas:

«... si el derecho residiese en la voluntad de los hombres, el Estado y las instituciones serían un simple producto de esa voluntad; por este camino llega KANT a legitimar las absurdas teorías de ROUSSEAU acerca del poder político[125].

Asemade, ao conceituar de xeito relativo como direitos naturais somente aqueles que se derivan da natureza abstracta do home, alén das concrecións históricas, as consecuéncias que diso se derivan non son menos temíbeis:

«de donde se sigue que PROUDHON ha sido muy lógico cuando pidió la abolición de la propiedad privada consignando en una de sus obras aquella desdichada máxima: la propiedad es un robo»[126].

En definitiva, o noso autor rexeita drasticamente calquer pretensión de alonxar a moral da sua ubicación tradicional no cerne do direito. Neste sentido chega a criticar autores tan sensibeis ao problema como os krausistas cuxa solución de análise do direito nunha perspectiva claramente moral[127] resulta para BRAÑAS de todo ponto insuficiente. Asi, por exemplo, acusa a AHRENS de reproducir basicamente a distinción esencial entre moral e direito formulada por KANT e THOMASIUS[128].

Frente ás correntes contemporáneas de autonomización do xurídico verbo das tradicionais servidumes morais o catedrático compostelano opón as clásicas consideracións escolásticas:

«La ciencia moral comprende todos los actos del hombre... pero siendo las relaciones morales de dos categorías, unas que conviene al individuo aislado y otras a la sociedad humana, debemos hacer una distinción lógica en la ciencia antes nombrada, comprendiendo en ella una parte general que se llama moral filosofica y otra especial y concreta que ha recibido el nombre de moral jurídica, Etica especial o Derecho Natural. Por consiguiente *han cometido grave error los que trataron de separar moral y derecho: todos los actos humanos y por lo tanto los jurídicos, caen inicialmente bajo el dominio de la moralidad, porque el fin político de los hombres no puede separarse del fin eterno.* Pero la moral y el derecho tienen sin embargo su esfera propia: aquella comprende el estudio de las relaciones individuales mirando al cumplimiento de la voluntad divina, el derecho mirando fundamentalmente al fin temporal»[129].

E dicer, face á posición kantiana na que podemos representar graficamente Direito e moral en dous círculos secantes delimitando a área do «minimum etico» e a krausista, representada en dous círculos coextensivos moral-direito, BRAÑAS adopta radicalmente a posición escolástica de superioridade de moral e direito en dous círculos concéntricos[130] dominando a primeira ao segundo:

non tolera nengunha ditadura, sexa da clase que sexa, porque constitui a «emancipación do home dunha tutela da que somente é el mesmo culpábel...» Op. cit. páx. 70

125 ALFREDO BRAÑAS, op. cit. páx. 148.

126 Idem. páx. 149.

127 ELIAS DIAZ ten asinalado «a confusión e insuficiente diferenciación entre Direito e Moral, cousa que con bastante frecuéncia se produce no pensamento filosófico-xurídico de GINER DE LOS RIOS...» A decisión xurídica non se diferéncia moito da decisión ética: unha e outra, Direito e Moral —dirá GINER opoñendo-se aos esforzos de diferenciación e clarexamento feitos na liña que vai de THOMASIUS a KANT, ou no pensamento anglo-saxón por BENTHAN e AUSTIN— e modo nengun aluden a contidos que (xunto a zona comun de ambos os dous por ninguén negada) poidan ser considerados como obxectos nen sequer parcialmente distintos: a máis absoluta igualdade de contido impón-se por GINER. E tampouco se diferenciarian, segue este, pola coacción que acompaña, ou pode acompañar, ao cumprimento das normas xurídicos: o Direito non s identifica con estas; é algo prévio a elas, que se atopa na natureza do home como propriedade esencial sua». ELIAS DIAZ, *La Filosofía social del krausismo español,* Madrid, 1973, páx. 109.

128 BRAÑAS, op. cit. páx. 187:

«AHRENS distingue esencialmente Moral y Derecho y en esto no es original porque no hace más que repetir las doctrinas de THOMASIO y KANT».


Asi e todo, as diferenzas entre os plantexamentos de AHRENS frente aos de KANT son realmente notórias:


«Asi como o conceito de ben constitui o fondo comun da moralidade e o direito, asi cada acción debe ser mirada baixo dous aspectos: dunha banda os seus motivos internos, os cais tocan á moralidade; e doutro o da finalidade real da acción que é o elemento esencial do Direito... érra-se, polo tanto, totalmente, ao admitir que podan darse accións puramente morais ou exclusivamente xurídicas«. *Enciclopedia Jurídica,* cit., páxs. 52-53.

129 ALFREDO BRAÑAS, op. cit. páx. 205.

130 J. J. GIL CREMADES, *Krausistas y liberales,* Madrid, 1975, páxs. 38 e ss., onde se diferéncia o posicionamento de GINER polo que respeita ás relacións entre direito e moral frente ao kantismo e ao escolasticismo, e resaltan-se unhas certas proximidades con esta última corrente:

«O direito é ante todo para GINER a propriedade individual, parangonábel ao estilo bíblico da xustiza como virtude, como situación persoal... o que aqui se despréciа é o fenómeno 'molesto' da 'sociedade', fenómeno de aparición moderna, que GINER, mantendo o carácter absoluto do individuo, pretende reducir ao mínimo». Op. cit. páx. 40.







A *filosofia do direito* radicalmente fundamentada e asi cuestionada a prol dun *direito natural* cristián.

2. O *problema da autonomización da Economia política.*

Unha contradición patente amosa-se neste terreno: BRAÑAS como home situado cara o pasado, crítico de toda modernidade, e ao mesmo tempo catedrático de *economia política,* disciplina expresiva como poucas do novo orde económico e social capitalista. Somente as vicisitudes do seu «cursus honorum» académico explican unha opción tal de quen encetara a sua vida universitária adicado ao Direito natural e cuxo ponto de fuga foi atopado na escola e economistas católicos frente á escola individualista de Adam Smith.

En estrita correspondéncia co posicionamento neoescolástico explicitado polo noso autor, este introduce a moral no seo da economia política, se ben, forzado polo próprio obxecto de estudo, presta unha maior atención á problemática central da disciplina: a autonomización da economia como ciéncia face ás adherencias de diverso signo. Somente a própria diferenza do obxecto dá conta desta relativa variación de critério verbo do que acontecía no *Principio Fundamental del Derecho.*

Falamos especificamente de *Diferenza relativa:* precisamente para BRAÑAS o pecado orixinal, a tara conxénita da Economia Política figura inscrita na sua própria acta de nacimento. A sua emancipación como disciplina científica implica a marxinación da relixión e a moral da organización e estudo das relacións de produción:

«El protestantismo proclamando el libre examen engendró el racionalismo filosófico que fué la cuna de la Economía Política moderna, dió nuevo rumbo a las doctrinas jurídicas y sociales y convirtió las Universidades y las escuelas en palenque abierto a todas las cuestiones científicas, entablándose una lucha empeñada entre la razón y la Fe, el criterio individual y el principio de autoridad»[131].

Precisamente toda a história do pensamento económico contemporáneo vai-se construir através dun sitemático proceso de eliminación das vinculacións: a lucidez de BRAÑAS resulta por momentos extraordinária en base ao seu posicionamento pasadista. O ódio á modernidade devén conciéncia dos límites, dos lineamentos e rupturas que implica a sua emerxéncia frente ao vello orde. O capitalismo, liberando a forza de traballo das dependéncias personais e a subordinación estamental e convertindo-a en mercancia, promovendo a mercantilización e a plena propriedade da terra despois da eliminación das rendas etc... criaba un terreno económico específico e autónomo por vez primeira na história, do que trataba de dar conta a Economía Política:

«Un nuevo orden de cousas: la industria fabril arrebató brazos y capitales a la agricultura y creó una clase social, la de los obreros de fábrica... proclamadas la libertad absoluta de producción y la emancipación económica del individuo frente al Estado, abandonaronse empresarios y obreros al juego de la oferta y la demanda. El rico exploto al pobre: en vano se hacían reflexiones de carácter religioso, político o moral para transformar las relaciones económicas... *La economía política desterraba enteramente la moral, la religión y la política de sus dominios*»[132].

131 ALFREDO BRAÑAS, *Historia Económica,* cit., páx. 178.

132 BRAÑAS, op. cit. páx. 228, onde se engade:

«Y por último, como maestros católicos estamos obligados a enseñar a la juventud que en una escuela (A Economía Política) donde desde el fundador hasta los últimos partidarios se inspiran en un criterio con frecuencia opuesto al de la filosofía cristiana y ortodoxa, sus doctrinas han de participar forzosamente de sus creencias religiosas.∴ ADAM SMITH fundó la escuela del sentimentalismo

Unha e outra vez na inteira obra económica de BRAÑAS descalifica-se a economía clásica nomeadamente por aquilo que constitui o celme do seu proxecto, a saber, a depuración de elementos morais e relixiosos da esfera económica.

Daí que, frente a esa «falta de caridad y olvido completo de las ideas religiosas en el terreno económico»[133] o noso autor atope na obra dos economistas católicos un proxecto que lles é comun: o desesperado intento de manter a «Economía en ciencia auxiliar de la moral», que se achaba de antemán destinado ao fracaso dada a irreversíbel decantación dos feitos. Como dixera BLANQUI referindo-se a VILLENEUVE:

«Los remedios que propone no son de nuestro tiempo, la religión ha tenido sus buenos días: la industria tendrá ahora los suyos»[134].

Este intento de mantenimento do discurso relixioso-moral acha-se presente nas suas fundamentais obras académicas: *Historia económica* e, sobre todo, *Curso de Hacienda Pública,* na que se afirma:

«La Ciencia de la Hacienda y la moral viven en tan estrecho e íntimo consorcio... que *los dominios morales penetran en los dominios de la Hacienda e informan sus teorías fundamentales*»[135].

O terreno autónomo da ciéncia resulta unha vez máis negado a prol da intervención relixioso-moral que ordena e dirixe toda a problematica desde unha perspectiva teleolóxica. O âmbito da cientificidade racionalmente fundada resulta desbotado por BRAÑAS con toda radicalide, seguindo aos economistas catolicos mais dando-lles un sesgo profundamente anticapitalista e feudalizante, ausente en moitos deles.

3. *O conceito moral do Estado.*

En estrita consonancia co seu posicionamento católico, que compre situarmos decote no cerengo teórico do seu pre-capitalismo xenérico, BRAÑAS procede ao desbotamento do conceito xurídico do Estado e formula unha específica noción do mesmo.

Iso constitui un paso lóxico tras a crítica radical a que BRAÑAS sometera os princípios ideolóxicos básicos nos que unha tal conceptualización se fundamenta: *nengunha consideración xurídico-pública do Estado capitalista resulta posibel impugnando-se previamente o próprio espazo político autónomo sobre o que se ergue.*

En efeito, en *El Regionalismo,* ao poñer as bases para a fundamentación das suas teorias descentralizadoras, BRAÑAS critica as diferentes teorias que vencellaban contemporaneamente o Estado a aquela instáncia que lle é consubstancial: o Direito, articulando en definitiva, a aparición dun único centro de imputación do poder político antes disperso na sociedade civil, coa existéncia do orde xurídico que converte ao súbdito do vello orde do priviléxio en cidadán igual perante a lei. En efeito, o noso autor rexeita sucesivamente a concepción kantiana do Estado como institución humana para a coexisténcia da liberdade individual; a hegeliana que o consideraba como o centro de unidade de todas as esferas particulares e corporacións e, finalmente, tamén desbota a concepción krausista que entendia ao Estado como orde específico organizado para o fin do direito. Nengunha das anteriores formulacións revestian validez para BRAÑAS en virtude de que nomeadamente, e de xeito extraordinariament significativo:

«todas estas teorías confunden el Estado con el Derecho»[136].

E frente á conceptualización xurídico-pública contemporánea do Estado o noso autor ergue unha concepción organicista e moral:

«El Estado es por lo tanto un ser moral, una persona colectiva, algo que tiene vida real, que no es una ilusión de la mente, ni un fantasma evocado por las ficciones jurídicas... consta de los tres elementos que integran la personalidad humana: un *organismo material* que lo vienen a constituir las familias vinculadas unas a otras por la comunidad de origen y de fin; un alma o ser espiritual que resulta de esa *unión moral* que pone en contacto las inteligencias aisladas y coordina las voluntades...»[137].

En definitiva, por detrás do pre-capitalismo que amosa o ponto de partida orgánico-familial para a

en filosofía. MALTHUS era utilitarista y pastor protestante, STUART MILL materialista y ateo. SAY y BASTIAT racionalistas o indiferentes y así muchos de los escritores modernos...». Op. cit. páxs. 229-230.

133 BRAÑAS, op. cit. páx. 15.

134 BRAÑAS, idem. páx. 337.

135 ALFREDO BRAÑAS, *Curso de Hacienda Pública,* cit. páxs. 25-26.

136 ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo* cit. páx. 30.

137 Idem. páx. 55.

construción do Estado, fai a sua aparición un conceito de raiceiras eminentemente católicas que presenta ao Estado non como mero sistema de normas senón como un verdadeiro organismo moral. Este entendimento do Estado como unha entidade moral orgánica tenta recuperar a armonia tomista frente á tensión hegeliana ou kantiana entre poder e moral, tal e como achamos en Taparelli.

Efectivamente, para o pensamento católico, o Estado é considerado tradicionalmente como unha unidade orgánica que estrutura, sob a protección da metafísica e substancial igualdade e independéncia, aos seus membros en diferentes, desiguais e concretas funcións, integrando o organismo político.

Como ten asinalado HEINRICH A. ROMMEN verbo do pensamento político cristián, en liñas que son de directa aplicación ao caso:

«Realmente o Estado non atopa como materia unha agregación atomística e sen cualificar de individuos formalmente iguais. A súa materia é o individuo que vive nas suas orgaizacións naturais e libres, tais como a familia, o municipio, a comunidade relixiosa e as diversas orgaizacións de cooperación económica e a actividade cultural. A cualidade da individualidade e, asemade, negativa, abstracta e, xa que logo, igualitaria... HOBBES, o glorificador do Estado, o despreciador dos direitos individuais foi, por instinto, moito mais consecuente que moitos individualistas modernos cando odiaba as «corporacións», os grupos e as orgaizacións no Estado. O seu Leviatan íase facendo mais poderoso segundo ía rematando cos grupos intermedios[138].

Conxuntamente con este particular sesgo precapitalista da orgaicidade autenticamente *preestatal,* debedora de formas feudais de organización do poder político, articula-se no pensamento de BRAÑAS a presenza do elemento moral na consideración do Estado. Como ten asinalado BURDEAU o pensamento escolástico medievalizante non pode asumir a secularización do poder político ao marxe da relixión e tende a *revestir o contrato político dun elemento moral ou relixioso*[139]. Vén-se engadir, asi, un segundo frente de ataque ao individualismo xurídico, nunha óptica claramente reaccionária e pasadista realmente diferenciada daquela outra que, encetando fragmentariamente en ROUSSEAU, se prolongaria no marxismo e no anarquismo[140].

Achamo-nos, en suma, na obra de BRAÑAS verbo do seu tratamento do Estado, perante a reprodución dos máis importantes elementos da teoria política pre-estatal en base a unha rigorosa recepción das categorias tomistas, nomeadamente: o carácter *natural* da comunidade e do poder político no seo da mesma; a *identificación* das sociedades civil e política, e total auséncia de plantexamentos sobre o problema da reprodución do poder político[141].

Efectivamente, polo que se refere ao primeiro

138 HEINRICH A. ROMMEN, *El Estado en el Pensamiento Católico,* Madrid, 1956, páxs. 345-346, onde se engade:

«O proceso social amosa como a finalidade valorativa das organizacións intermediárias e o seu direito para realizaren os seus fins no orde do Estado. Asi queda dunha vez para sempre estabelecido que o Estado non pode substituir a aquelas orgaizacións porque dexeneraria no Estado intruso, burocrático e paternal... Va de acordo con isto o princípio de subsidiariedade, especialmente asinalado na *Quadragessimo anno*... Nunha existéncia solidária de anelos e accións os homes viven nesta comunidade para conseguiren os seus máis altos fins: a salvación das almas e a glória de Deus». Op. cit. páx. 348.

139 GEORGES BURDEAU, *Traité de Science Politique,* Paris, 1950, Vol. I, páx. 67.

140 Compre asinalarmos, asi e todo, que a intencionalidade explicitamente antiliberal, por mais que en diversos graus constitui un rasgo comun a todo o organicismo español do XIX, rasgo ao que non resulta alleo o próprio krausismo. Como ten asinalado hai tempo o profesor OLLERO:

«Hai algó que pode parecer sorprendente e que quixéramos somente asinalar aqui: a relación interna, non moi explícita, pero indiscutibelmente implícita e significativa, entre o corporativismo gremialista do tradicionalismo e o organicismo krausista español. Con isto tocamos un dos fenómenos culturais máis sobranceiros do século XIX español». CARLOS OLLERO, *Estudios de Ciencia Política,* Madrid, 1955, páx. 135.

O próprio TIERNO GALVAN, na sua obra *Costa y el Regeneracionismo,* Barcelona, 1961, ten falado das «sorprendentes semellanzas na concepción orgánica da sociedade entre krausistas e tradicionalistas», páx. 7.
ELIAS DIAZ ten sintetizado nidiamente esta problemática:

«Frente ao racionalismo da Revolución Francesa —de orientación individualista—pero, tamén, despois, frente á razón dialéctica socialista, as correntes organicistas presentarán, con certa frecuéncia, rasgos e elementos de pobre connotación racional. Por outra banda, foi posíbel coordinar organicismo con liberalismo e pluralismo social... sempre estivo, á sua vez, latente (e despois presente no século XX) o perigo de que nese pluralismo asociativo rematase por prevalecer e impor-se o organismo máis maduro e poderoso». «La filosofía social del krausismo español, páx. 240.

Unha excepción é sen dúbida, a *Teoría orgánica del Estado* de EMILIO REUS Y BAHAMONDE, Madrid, 1887, onde a perspectiva organicista amosa-se constatábel coas ideas-forza fundamentais do liberalismo democrático: soberania, sufráxio universal, representación, etc.:

«A História moderna comeza pola afirmación da *soberania* e acaba recoñecendo a necesidade xa imprescindíbel de plantexar en to-

141 Seguimos aqui as suxerentes indicacións de JAVIER PEREZ ROYO, *Introducción a la teoría del Estado*, Barcelona, 1980, páxs. 123 e ss.

páxs. 123 e ss.

ponto dos devanditos, e seguindo os clásicos plantexamentos do *De Regimini Principum* aquinatiano, o carácter natural da Comunidade deriva-se da própria natureza humana criada por Deus, asi como os princípios de xerarquia, dependéncia e subordinación, fronte á igualdade niveladora do direito como temos analizado[142]: o home é por natureza un animal social e a sociedade é, tamén por natureza, unha entidade política xerarquizada e desigual. Polo que á confusión entre sociedade civil e política se refere, BRAÑAS critica como imos ver con máis vagar, a monopolización do poder político nunha instáncia que se ergue perante a sociedade civil e enfrenta-se á desaparición daquela pluralidade de poderes dispersos, nomeadamente o de Igrexa, a prol do Estado[143].

En definitiva, o catedrático compostelano situase nun cerengo pre-capitalista e pre-estatal, postulando e opoñendo tenazmente contra a modernidade de aquela *Liberdade dos antigos* no dicer de CONSTANT[144] sobre a que se constituiria toda a sua ideoloxia político-rexionalista.

4. BRAÑAS no neoescolaticismo español do século XIX.

Clarexadas a pertenza e filiación neotomista de BRAÑAS compre darmos un paso máis e concretarmos a sua ubicación no seo desta corrente entre cuxos autores existen certas diferenzas non esentas de interés. O matiz que unha tal localización do noso autor outorga, mália non afectar máis que ao *talante* xenérico da sua obra, pode dar algunhas claves da progresiva radicalización do seu posicionamento.

En efeito, no seo do neotomismo español, como ten posto de relevo GIL GREMADES, atopan-se posicións certamente diversas polo que á valoración do pensamento moderno se refere. Das posicións dun relativo diálogo ou toleráncia coa modernidade, como as de CEFERINO GONZALEZ[145], ao neoescolasticismo pechado dun ORTI Y LARA[146] median distáncias de significación notábel, ben que, compre non esquecé-lo, nos movamos sempre no seo da mesma corrente neotomista, coas características que máis arriba temos asinalado.

Asi e todo, por exemplo, CEFERINO GONZALEZ ensaia un tímido diálogo co pensamento moderno, amosando unha *certa* toleráncia face aos plantexamentos de KANT ou HEGEL e mesmo o cientifismo esperimentalista[147], admitindo algunhas aportacións destes sistemas, confrontados sempre co parámetro do pensamento tomista decote peso e medida de todo xuízo ao respeito. Unha limitada actitude de toleráncia, allea en todo caso ao terreno da apoloxética e a refutación achamos tamén en POU Y ORDINAS[148].

Endebén, o sector máis intransixente da neoescolástica entre os que podemos citar a ORTI Y LARA, emprende unha recuperación pura de Santo Tomás en auséncia de todo mínimo diálogo co pensamento moderno, lindante en ocasións os terrenos dun certo fideismo, que mália ser rexeitado esplicitamente a nivel programático é reintroducido posteriormente ao socaire duns plantexamentos paratradicionalistas.

Seria precisamente nesta segunda dirección do neotomismo na que temos que incluir ao noso autor. Nel atopamos, en efeito, moitos dos elementos que nos remiten a este neotomismo intransixente a que nos temos referido: auséncia de diálogo coa modernidade, antirracionalismo, proximidade ao tradicionalismo, antipositivismo, teoloxismo, negación absoluta da coercibilidade ou socialidade como funda-

142 PEREZ ROYO, op. cit. páx. 126:

> «Pola sua banda, Santo Tomás xustifica o carácter natural non xa da comunidade senón do poder político dentro dela en base a un argumento teolóxico. De mesmo xeito que o home non poderia subsistir a menos que houbese un elemento reitor na sua natureza que dirixise toda a sua actividade a garantizar a sua supervivéncia, unha sociedade tampouco poderia reproducir-se sen un poder político que coordine e ordene a actividade de todos os seus membros».

143 Neste sentido, o conceito de *soberania* empregado por BRAÑAS é claramente pre-moderno, bodiniano, non tanto porque se refira ao Monarca como porque non implica a concentración de poder político e a escisión entre sociedad civil e pol·tico característica do Estado contemporáneo. Cfr. JOUVENEL, *La Soberanía*, cit. páxs. 115 e ss.

144 BENJAMIN CONSTANT, *Cours de politique constituti onnelle*, Bruxelles 1837, páxs. 76,

145 Cfr. GIL CREMADES, *El Reformismo español* cit. páx. 159.

146 ORTI Y LARA é o introdutor en España do neotomismo italiano traducindo a TAPARELLI e posicionandose moi criticamente desde un princípio contra o krausismo desde a sua cátedra de Metafísica da Universidade de Madrid.

147 Compre, asi e todo, subliñarse a relatividade da apertura á modernidade de CEFERINO GONZALEZ face aos excesivos entusiasmos de GIL CREMADAES. O racionalismo limitado da escolástica formaba parte do movimento de adecuación ideolóxica do catolicismo para facer frente ás ideoloxias, racionalicistas sobre todo, do século XIX. Así cando no âmbito do Direito Natural se aceita unha natural que fai referencia á socieade que a rexe, tras desa lei natural está, en todo momento, un plantexamento teolóxico que remete ao orde divino e sobrenatural: lei moral (de moralidade revelada e procedencia inmediata relixiosa) e lei natural amosan-se, en definitiva, inseparábeis.

148 GIL CREMADES ten asinalado as influéncias autoreconecidas da Escola Histórica do Direito no pensamento de POU Y ORDINAS que se situaria asi no vieiro dun tomismo berto frente ao de un ORTI Y LARA.

mento do direito... nunca mellor aplicado que no caso de BRAÑAS o calificativo de *escola teolóxica* que os krausistas outorgaran ao conxunto do neotomismo.

Asi, por exemplo, no seu artigo «La Filosofia Penal y el Derecho Penal Positivo», BRAÑAS critica ao positivismo de LOMBROSO, FERRI e GAROFALO reivindicando un posto para a «filosofia penal» tras da que patentemente se atopaba unha clara vontade teolóxico-moral. En efeito, a devandita «filosofia penal» na concepción de BRAÑAS non é senón o fiel trasunto das consideracións relixiosas e morais, introducindo asi a presenza no direito penal dos princípios do Direito Natural non racionalista. Outro tanto acontece no artigo sobre «El ayuno» onde a sua consideración como *Ley natural* posee unha fundamentación inequivocamente moral e relixiosa, debedora do seu catolicismo tradicional, anulando-se na práctica un âmbito autónomo á natureza social[149].

A presenza do *antirracionalismo* constitui o elemento central da auséncia de diálogo co pensamento contemporáneo en BRAÑAS. O racionalismo filosófico é entendido polo catedrático compostelano como a corrente ideolóxica máis negativa do século en canto constitui a fiel expresión teórica dun mundo secularizado nas suas próprias estruturas materiais, en canto tal é rexeitado globalmente sen admitir xamais aportación algunha desde as manifestacións primeiras de GROCIO até as máis contemporáneas escolas positivistas. Daí que o recoñecimento dun âmbito á racionalidade, admitido a nivel de princípios en base á adscripción neotomista do noso autor, é desmentido en moitas ocasións através dunha práctica de intransixéncia e intoleráncia medievalizante, oposta antagonicamente a toda amósega de modernidade e secularización do pensamento.

Asi, por exemplo, en *El regionalismo,* o centralismo, mal supremo dos modernos estados é derivado inmediatamente da «concepción racionalista del Estado», asi como aqueles outros males que eivan a organización política contemporánea, a soberania popular, o sufráxio universal, etc. etc.[150]. Por mor desta inaceptabilidade da racionalidade do político, do seu carácter secular, BRAÑAS opón á escola racionalista do self-government, inaceitábel polas suas vinculacións político-ideolóxicas, outra de carácter esplicitamente catolico.

Nos seus libros académicos: *El Principio Fundamental del Derecho e Historia Económica,* xa mirámos como BRAÑAS rexeita todo recoñecimento do racionalismo, chegando a afirmar en *Fundamento del Derecho de Propiedad,* xuízos dun estremismo notório:

> «...la filosofía racionalista, absorvente, avasalladora, propagada desde la cafedra y en la prensa, contribuia al estado de decadencia en que nos hallamos... es verdad que ese racionalismo abrumador, ese espíritu de independencia salvaje y de igualdad imaginaria, predicado a las clases humildes, es sin duda el mayor incentivo de las huelgas y de los motines populares, así como en mi concepto el naturalismo político es causa de todos los males que nos afligen...»[151].

Texto de 1887 e que contén xa os elementos fundamentais que no 1899 acadarian a sua máxima expresión e radicalidade. Racionalismo, «naturalismo», igualdade, individualismo... os alicerces ideolóxicos sobre dos que se ergue a «liberdade dos modernos» son impugnadas sistemáticamente por BRAÑAS como antesala dunha crítica da institucionalidade concreta que nelas acha a sua lexitimación, nunha actitude teolóxica que imposibilita toda consideración non refutadora do pensamento contemporáneo.

En *La Crisis de la Epoca Presente...* BRAÑAS afirma que unha das causas da crise económica do seu tempo é sen dúbida:

> «*El concepto racionalista y hegeliano de libertad*»[152].

Nunha similar dirección, no discurso no Círculo Católico de Obreros de O Ferrol, tras afirmar cousas tais como que:

> «las crisis sociales son un aborto de la antropolatría y el egoísmo»

procede a unha sistemática e implacábel ofensiva contra o antropocentrismo desde o próprio Renacimiento, pasando por THOMAS MUNZER e chegando até BACON, denostado polo seu «experimentalismo», DESCARTES por mor da «dúbida metódica»

149 ALFREDO BRAÑAS, «La filosofía penal y el Derecho penal positivo» cit., en «El Ayuno», *Gaceta de Galicia,* 17 de Novembro do 1891. BRAÑAS afirma, en efeito, deducindo a lei natural da lei divina, revelada:

> «... el ayuno es ley divina y eclesiástica porque es *ley natural,* y es ley natural porque implica la necesidad de la mortificación, de la abnegación, de la humildad y el sacrificio: las pasiones del hombre están siempre vivas, despiertas, son demonios tentadores que nos inducen al pecado, es preciso dominarlas y acallarlas».

150 ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo,* páxs. 53 e ss.

151 ALFREDO BRAÑAS, *Fundamento del Derecho de Propiedad* cit. páx. 24.

152 ALFREDO BRAÑAS, *La crisis económica en la época presente*... cit. páx. 9.

e LOCKE aborrecido polo seu «primado de las sensaciones». En suma, rexeitamento global do pensamento moderno, nunha actitude ben diferenciada da de CEFERINO GONZALEZ, o catedrático compostelano non vacila en afirmar que:

«BACON y DESCARTES fueron las premisas, LOCKE la consecuencia. En este silogismo infame se funda toda la ciencia y la política del S. XVIII»[153].

Este rexeitamento absoluto, do conxunto da tradición ilustrada e mesmo dos seus antecesores, do racionalismo prévio ás construcións hegelianas kantianas ou roussonianas, plantexa os límites dogmáticos do pensamento de BRAÑAS que se configura así indefectibelmente pechado a todo agromar de modernidade, encadeado ao pensamento teocrático, nos umbrais do fideismo.

Compre salientarmos esta continuidade da consciéncia antimoderna de BRAÑAS, absolutamente coerente, fondamente reaccionária, que se mantén desde as suas primeiras intervencións universitárias até as suas derradeiras e arrizadoras alocucións de BURGOS, da man dun neotomismo «ríxido» con elementos tradicionalistas, fideistas e organicistas articulados nunha peculiar síntese que se proxectará, incontenībel, no âmbito *político*. O antirracionalismo á postre devirá neto antiliberalismo:

«La reforma luterana, auxiliada por la filosofía sensualista, halagando la vanidad de los hombres vulgares con la mistificación de las ideas de libertad y de independencia, y elevando la razón individual a la categoría de causa única y primer principio de la ciencia, fué contaminando con esa lepra intelectual los corazones y los entendimientos; y ya el peligro no fué la rídicula religión de LUTERO, sino *el racionalismo filosófico, que engendró en nuestros tiempos el error más funesto que atacó a la Iglesia y a la sociedad en el decurso de los siglos: el liberalismo en todas sus fases y formas:*»[154] (subliñado noso, R. M.).

«Un tomismo, en definitiva, posto a disposición dun proxecto de reactualización do Medioveo idealizado até nos máis ínfimos detalles. A coeréncia interna do sistema de BRAÑAS resulta realmente admirábel: apenas algunha fendedura nun universo mental fixado no pre-capitalismo, no preestatalismo... que se manifiesta cunha sistematicidade mesmo inusitada, pouco comun, nunha articulación da sua cosmovición católico-tradicionalista, minuciosa, complexa, penetrando até a máis cativa capilaridade da sua ideoloxia...

Alleidade, si, á modernidade, tamén ao seu «tempo», pero xamais á sua Terra, compre non esquecélo, na que moitas das suas propostas serian reaccionárias ou mesmo imposíbeis, mais non absolutamente *anácronicas... a finais do XIX achaba-se ainda en pé algo daquela Galiza pre-capitalista tan apaixonadamente interpelada polo profesor compostelán.*

O nivel discursivo do noso autor virá así consecuentemente integrado por un magma de verbas e sintagmas referidos deste catolicismo onmipresente, do organicismo e tradicionalismo pasadista total e absolutamente interpenetrado co léxico *rexionalista* de BRAÑAS do que resulta inescindíbel. A articulación de «fe», «tradiciones», «moral», «libertades antiguas», con «pátria», «rexión», «língua galega», que amosará a delimitación do campo semántico conceptual, situa-se no cerne do rexionalismo católico-tradicionalista do noso autor, tutelado e «organizado» en todo momento como ideoloxia e como discurso por unha particular vivéncia da catolicidade en BRAÑAS.

II. EVOLUCIÓN DA CONCEPTUALIZACIÓN DE GALIZA EN BRAÑAS: REXION E NACIONALIDADE.

Ao analizarmos no seu momento o pensamento murguiano, olIábamos un elemento esencial no seu discurso: a decantación semántico-conceptual cara a consideración de Galiza como nacionalidade e o carácter residual da polisemia dos devanceiros: província, rexión, país...

Moi diferente, endebén, vai ser o caso de BRAÑAS tanto como diferentes son os pontos de partida, os lineamentos ideolóxicos de ambos os dous pensadores rexionalistas.

Tamén en BRAÑAS atoparemos un certo uso do conceito de nación aplicado a Galiza. Mais a fugacidade do seu emprego remite-nos a unha distáncia ideolóxica que haberia forzosamente inducir os seus efeitos pertinentes no inteiro sistema do catedrático compostelano. En efeito, en todo momento e por riba da aceitación inicial por BRAÑAS do vocábulo *nación* ou nacionalidade, semella este disfuncional nun sistema no que non é doada a sua articulación como categoria. Raramente, insistimos, o emprego deses térmos resulta mera cuestión semántica: tras deles subxace toda unha problemática conceptual

[153] ALFREDO BRAÑAS, «La Cuestión Social», Discurso en o Círculo Católico de Obreiros do Ferrol cit.
[154] ALFREDO BRAÑAS, «Discurso en el Congreso Católico de Burgos», páx. 153.

que remite a lineamentos e factores situados lonxe, moi lonxe do cerne da ideoloxia do noso autor. Xa se empregue nación-nacionalidade nun sentido liberal, xa xacobino, xa organicista ao xeito xermánico... por riba das discrepáncias, a prol ou contra da revolución burguesa, algo lles é inerente: a sua innegábel *modernidade*.

Daí que mesmo nas formulacións nacionalistas antiburguesas, irracionais e reaccionárias (o racismo xermánico) se encontra un soplo innegábel de contemporaneidade: naturalismo unhas veces, positivismo cientificista outras, historicismo, sempre secularidade... Asi, nengun dos conceitos de nación vixentes no pensamento europeu do XIX, e o seu lastre ideolóxico, tiñan doado axeitamento e articulación nun pensamento pasadista como o de BRAÑAS, debedor de moi diferentes fidelidades. Nengun deles seria asimilábel sen conflito no interior dunha problemática consubstancialmente allea. Endali que, disfuncional desde un princípio, contraditório co médio no que debia forzosamente desenvolverse, de todo ponto estraño... o termo-conceito de nacionalidade non tardaria en ser *expulsado* dun discurso connaturalmente hostil, que se radicaliza co paso do tempo, que tende en suma a eliminar —levado, non das veleidades dun carácter ou mero efeito das vicisitudes biográficas do autor, senón das suas esixéncias internas de harmonia inducidas pola própria dinámica ideolóxica— todo elemento estraño ao sistema para atinguir o maior degrau de coeréncia.

A. Delimitación do campo semántico-conceptual de «Galiza» no discurso de BRAÑAS.

El Regionalismo, 1889

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
pp. 23-28	«desdichada» «sociedades perfectas y naturales» «mártir sublime» «atraso y ruina» «inactiva, pobre y desamparada»	«hermoso país» «cantos celtas» «verdor de sus prados» «antiguos reyes»	«poder central» «fisco» «el humo de las fábricas» «enemigos de la patria» «acólitos inconscientes de las ideas federales» «otras regiones españolas industriosas»	«Reyes cristianos de Suevia» «antiguos reyes»	«olvido cruel de los poderes públicos» «defensores del separatismo» «democracia cantonalista o federativa»	«pequeñas agrupaciones regionales» «Reino independiente en lo antiguo» «País» «Patria» «Pequeña Patria»
pp. 29-39	«cierta independencia»	«regiones con vida propia»				«región»
pp. 40-49		«regionalismo»	«federalismo»			
pp. 50-60	«esclava» «confundida con los demás pueblos de la nación»	«límites (...) etnográficos» «regionalismo» «naturaleza del suelo» «cualidades de la raza» «influencias de la tradición» «el lenguaje»	«poder central» «federalismo» «centralización» «unitaristas»		«poder central» «separatistas peligrosos» «demagogos inconscientes»	«región»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
pp. 61-70		«autonomía regional» «integridad del Estado» «regionalismo (autoridades con atribuciones propias; servicios públicos (...) descentralizados; ligada a las demás (...) por la participación en la 'fisonomía', 'el carácter' o 'la personalidad' propia del Estado)» «tipo celta ligeramente modificado (...) por el dominio de otras razas» «el melancólico alalá» «el chillido amoroso de la gaita»	«federalismo» «poder central»	«Monarquía sueva»		«pequeña patria» «región» «país amado»
pp. 70-73	«pobreza»	«idioma particular» «unidad literaria» «regionalismo» «proteccionismo (económico) moderado» «regionalismo»	«libre cambio» «federalismo»			

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
pp. 74-83	«sometimiento»	«independencia regional» «descentralización»	«federalismo» «parlamentarismo» «la autoridad política del territorio nacional»			«región» «colectividad independiente y autónoma»
pp. 84-92	«subordinación»	«división regional» «independencia (territorial) «círculos sociales naturales» «independencia regionalista»	«división provincial» «soberano del Estado»	«presentar a las cortes proyectos de ley, siempre referentes a los asuntos regionales»		«región»
pp. 200-212	«adorada» «víctima» «pobre y desdichada» «débil e impotente» «tierra de bravos y valientes» «división interna»	«independencia regional» «esclavitud y (de) (la) miseria» «antes risueñas y feraces campiñas» «decadencia y ruina» «celtas y suevos, los únicos pueblos, las dos únicas razas que constituyen la personalidad, el carácter y el tipo esencial de los habitantes de Galicia» «se conserva entre nosotros el tipo celta»	«poderes constituidos» «sus verdugos» «impuestos» «caciquismo urbano y rural» «poder soberano»	«se levanta con noble altivez y lucha valerosamente» «conquista de su regeneración política y moral» «se yergue del polvo de su humillación» «emigración»	«vive desamparada» «la división y la envidia de sus hijos»	«país gallego» (2) «región» «patria» (2) «un círculo social independiente dentro de la nacionalidad española»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
PP. 213-222	«carácter (y) lenguaje propio»	«el baile de la muiñeira (...) es tradición céltica, como lo es el canto del alalá, la triada y el arrolo» «en Galicia el idioma usado por sus habitantes desde hace muchos siglos (...) acredita el origen céltico» «parentesco legítimo del gallego con el celta primitivo» «Galicia dejó de ser reino independiente y entró a formar parte de la monarquía visigótica» «un lenguaje perfecto (o gallego)» «dialecto o idioma gallego»	«las corrientes de emigración y la ausencia de patriotismo y de espíritu regional» «idioma castellano» «raza dominadora»	«conservó cierto grado de autonomía» «empeñada en la lucha de la Reconquista» «cooperó a la formación del romance» «posee un lenguaje propio»	«influencia ejercida por griegos, fenicios y romanos (s/ el gallego)» «el latín, el gótico y especialmente el lenguaje bárbaro de los suevos han dejado sus huellas (...) en el gallego»	«agrupaciones regionales»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
PP. 223-233	«ha tenido desde sus albores una organización puramente regionalista» «nuestras miserias y debilidades» «Invadida»	«descentralización política» «entre los antiguos galaicos se profesaba (...) la idea regional» «espíritu patriótico que hoy nos anima» «bastante libertad a las provincias sometidas» «desde los primeros tiempos se dividía el territorio galaico en municipios» «la raza sueva» «regionalismo galaico» «los cruzamientos accidentales no destruyen los rasgos esenciales del nuevo tipo que se educa bajo el mismo clima»	«fenicios, griegos y romanos» (invasores) «poder fenicio» «régimen centralista y absorbente»	«la resistencia fue heroica» «La hora de la libertad y de la independencia para Galicia (...), se levanta la monarquía sueva»	«maliciosos críticos y aventurados censores que negaron rotundamente la exactitud y el fundamento racional e histórico de las teorías suevistas» «invasión romana» «tribus de los bárbaros del norte»	«Reino independiente» «el primer reino cristiano de la península» (el suevo) «Monarquía independiente, gracias a la intervención y poderío de los reyes suevos»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
pp. 233-242	«cuna de nuestra redención nacional y la tierra bendita que recibió en su seno los restos de aquel Apóstol de Cristo» «adorada patria nuestra» «heroísmo»	«el gallego neto, puro o enxebre» «cierto grado de autonomía política y descentralización administrativa» «el alto e inestimable don de enardecer con la fe de Cristo el ánimo de los libertadores de España» «lucha regionalista» «D. Sisnando (...) inició uno de los primeros movimientos regionalistas»	«los árabes» «la invasión de los normandos (...) y la de los árabes»	«parte muy activa en la lucha homérica contra los terribles invasores» «se defendieron con increíble heroísmo» «los primeros condes secundaban (...) los deseos de los pueblos que ambicionan un cierto grado de autonomía política y descentralización administrativa» «la tentativa de una sublevación regional» «el reino de Sancho I fue pródigo para Galicia» «lucha regionalista promovida por los señores feudales» «condes y señores feudales» «los gallegos combatían valerosamente contra el agareno»	«invasiones» «frecuentes incursiones de los árabes»	«región» «patria» «nuestro país» «tierra gallega» «pueblo gallego»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCION DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
pp. 243-247	«gallegos, generosos y hospitalarios» «sometida» «independiente y libre en todas las ocasiones, atribuyendo a su vez a la libertad e independencia de la patria»	«feudalismo gallego» «misma independencia política de que gozaron también los demás reinos cristianos de la península» «movimiento regional» «independencia y libertad política de las localidades» «regionalismo» «¡Dios, patria, regionalismo y libertad!»	«demasías del trono» «los desafueros de la clase nobiliaria» «nacionalidad española» «Monarquía castellana»	«pelear con entusiasmo (ss. XII-XV)»	«la concentración del poder y la consolidación del trono» «sometida Galicia al poder soberano de la monarquía castellana»	«pueblo gallego» «regiones»
pp. 248-258	«amada»	«Universidad gallega»	«centralismo avasallador»			«país» «Reino de Galicia»
pp. 276-303	«espíritu de independencia» «entusiasmo patriótico»	«Universidad gallega» «independencia dentro de la unidad del Estado y en defensa de la integridad nacional» «el corazón de Galicia, atento siempre a la defensa de España»	«El Rey» «poder soberano absorbente y centralizador» «pobres servidores del centralismo» «enseñanza oficial y centralizada»	«esfuerzos llevados a cabo por la Universidad gallega» «glorificación del país natal y la consagración de su independencia dentro de la unidad del Estado y en defensa de la integridad nacional» «Galicia entera en movimiento» (1808) «La defensa de la patria»	«la invasión francesa»	«patria» (2)

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCION SOBRE	EQUIVALENTE
PP. 304-313	«valor, constancia y patriotismo» «importancia regional»	«batallón literario, honra de Galicia y de España» «la defensa de la patria y (...) la independencia y la libertad de Galicia» «movimiento regional gallego» «Santiago (...), centro intelectual y religioso del país» «credo regionalista» «movimiento regionalista»	«franceses» «emperador» «intereses nacionales» «centralización de los poderes públicos y la absorción de la región y del Estado»	«no se desalentaron por ello los gallegos» «protesta sublime contra los delirios de aquel emperador» «restaurar la perdida independencia gallega» «posibilidad (...) de dirigirse y gobernarse por sí mismo»	«tutores y ayos oficiosos, que se nutran y alimenten con la sangre de su pupilo»	«territorio gallego» «el país»
PP. 314-316	«hermoso» «temerosos y oscuros galaicos» «libertad y honor de la patria» «libre, hermosa, grande y sublime» «todo corazón, fantasía, sentimiento y generosidad» «pobre Galicia»	«independencia regional» «renacimiento y (...) independencia regionales» «genios de la poesía y del arte»	«Corte de las Españas» «bufones cortesanos» «sus calumniadores»	«enérgicas protestas» «saliese del abatimiento cruel en que se hallaba sumergido» «enseñase a los ignorantes su historia» «se dieron la mano las provincias y los pueblos gallegos antes aislados»	«el nombre de gallego pasaba en la corte de las Españas como sinónimo de 'bruto'»	«territorio gallego «país» «patria» «un pueblo»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
PP. 317-352	«infortunada» «pobre» «miserable y desdichado» «carencia de sentimiento de unión» «vitalidad y energía propias en los dos órdenes de la vida social» «perdida su independencia política»	«regionalismo gallego» «yermos y abandonados los campos» «anulada la industria» «sentimentalismo regional» «persecuciones caciquistas» «decadencia actual» «carencia de todo sentimiento de unión y fraternidad» «ausencia de espíritu de iniciativa y empresa» «riquezas naturales estén sin explotar y la industria fabril sea raquítica o causi nula» «lucha regionalista» «renacimiento ligerario gallego» «independencia regional»	«sistema parlamentario» «el régimen unitarista» «centralismo político» «política unitarista» «la Corte» «enemigos interiores (...) son el azote más terrible del regionalismo gallego» «cacique provincial (...) sujeto a su vez al Diputado en Cortes por el Distrito» «langostas oficiales» «separatismo político» «modernas aspiraciones del autonomismo gallego» «parlamento» «feudalismo parlamentario»	«Galicia revive y alienta con más vigor que nunca» «recobrar su antigua grandeza» «organizarse según los principios y doctrinas de la escuela regionalista ortodoxa» «luchamos contra los enemigos exteriores y contra las dolencias que nos abaten» «salvación de su patria por el trabajo, la industria, la unión de sus fuerzas y la fe que les anima» «si los regionalistas no se ponen de acuerdo para salvar al país gallego» «a la juventud (...) cristiana, se ha fiado muchas veces la salvación de la patria»	«nuestros hombres van al centro, toman parte en la política unitarista» «la envidida que suelen profesarse mutuamente los pueblos como los individuos» «la explotación diaria y la malevolencia» «caciquismo político, urbano y rural» «el favoritismo y la supercherìa política»	«país» «patria» (2) «terriña» «región» «nuestro pueblo» «terruño» «tierra gallega» «país gallego» «región» «tierra gallega» «región gallega» «reinos antiguos» «pequeña patria»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
pp. 353	«postración»	«una Junta central o directiva» «regionalistas» «política regionalista» «descentralización de los servicios públicos» «un cierto grado de descentralización máxima» «triunfo del regionalismo»	«el actual sistema de organización política y administrativa» «el sistema parlamentario» «caciquismo» «poder central» «gestión centralista» «sistema parlamentario» «centralización política y administrativa» «paralamentarismo»	«acabar de un solo golpe y de una vez con el sistema parlamentario» «ir preparando el triunfo de la política regionalista, por medio de la representación de clases» «defender con ardor el principio de la libertad del sufragio» «conservar sus fueros y preeminencias» «levantar de su postración» «combinar el principio proteccionista y el de la libertad de los cambios» «crear centros instructivos de primeras letras y de estudios superiores» «fomentar la propaganda de las doctrinas regionalistas» «desacreditar el sistema parlamentario»	«tutela administrativa que los aniquila y consume» «empobrecidas por los abusos del poder central»	«regiones» «patria» «región gallega»

Discurso homenaxe da Prensa de Santiago, *Gaceta de Galicia*, 10-3-1890

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
	«glorias de la patria» «derechos y perdidas libertades» «hermosa y adorada» «pobreza, atraso, abandono» «aislados, oscurecidos y en perpetua y fraticida lucha» «pobre, dividida, fraccionada (...), despedazada» «olvidada por la ley común» «adorada» «madre»	«independencia regional» «progreso de ideas regionalistas» «organización regionalista» «supresión del sufragio universal» «sistema de representación colectiva de los gremios o clases» «centros de propaganda y acción» «tradiciones gloriosas y sus instituciones seculares» «riqueza agrícola y pecuaria» «el regionalismo es un sentimiento» «descentralización administrativa»	«absolutismo despótico» «régimen parlamentario» «parlamentarismo» «unitarismo político» «la plaga de los caciques» «la emigración» «centros políticos» «el cerebro del Estado» «el centro» «nuestros verdugos»	«vivimos aislados» «se aguanta y calla» «se queda con sus foros» «organizar nuestras filas» «prepararnos al combate y para realizar la tansformación del Estado social y político»	«discusiones ridículas de las Asambleas» «las arbitrariedades provinciales y municipales» «la inmoralidad de las oficinas centrales y locales» «intrigas de sus hijos espúreos» «aniquila a los que nos quedamos en la circunferencia» «procuran la ruina de nuestras libertades y el abatimiento y esclavitud de nuestros pueblos»	«patria» (2) «patria gallega» «patria regional» «regiones» «regiones españolas» «la patria»


«El concepto de patria», discurso en *La Patria Gallega,* n.° 9, 30-7-1891

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCION SOBRE	EQUIVALENTE
	«desolada» «conciencia de su propia individualidad» «encadenada» «la madre»	«fe en los ideales regionalistas» «los cánticos de la aldea» «regionalismo» «descendientes de los bravos celtas» «no podemos asentir (...) a que la patria sea la base de la nacionalidad ni del Estado» «territorio habitado por gentes que además de su común lenguaje, usos, costumbres, historia, tradiciones y origen de raza, tienen la última conciencia de su individualidad» «no siempre la patria se corresponde exactamente con la 'nación', y el 'estado'» «unión de los reinos» «sentimiento de la patria» «cada hombre tiene una patria como una madre»	«tiranos europeos» «otras gentes que les son completamente extrañas» «unitarismo o centralismo» «concentración de las funciones político-administrativas en un solo pueblo» «enemigo común» «unidad de la patria grande» «el principio de la fuerza política y de la concentración real ha triunfado» «la unidad nacional»	«regeneración y libertad de Galicia» «odio implacable y eterno contra todos los tiranos europeos» «romper sus cadenas y de llevarle en triunfo (...) y en la silla gestatoria del regionalismo» «antiguos reinos» «revivir de sus cenizas las viejas nacionalidades» «el gallego siente (...) ese amor delirante por su tierra»	«centralización y unitarismo»	«tierra materna» «patria» «la patria» «pedazo de tierra» «pequeñas patrias» «paternos leves» «región»


«Discurso de Gracias», *La Patria Gallega,* 15-7-1891

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
	«disgraciado y esquencido» «valente e sofrida» «o seu xenio, refleuxivo, constante y enérxico» «esperta, porque non estaba morta, senón dormida» «quirida»	«soavísima fala galega» «temos patrea, temos lenguaxe» «esprito nacional galego» «patriotismo enxebre» «nosa raza» «espiritu d'a patrea» «arraigo d'estas institucións que a Eirexa agarima» «as nosas libertades»	«O Fisco» «O Estado nacional»	«rexeneración» (da fala galega) «resucitar a nosa raza» «loitemos sin descanso» «espontáneo e natural movemento de rexeneración» «fortalecer o carácter popular, a facer revivir as antiguas libertades, a conservar as costumes y a dar fixeza, estabilidade e xeneralidade á nosa fala» «libertar a nosa terra» «salvación d'a pequena patria» «surge et ambula» «reconstitución e organización d'a nacionalidade galiciana»	«aldraxe sanguento» «comestos dos lobos do Fisco» «escravitude político-económica»	«país» «patrea» «terra nativa» «povo» «terra» «patrea nai» «antiguo reino» «nosa terra» «pequena patrea» «patrea» «nacionalidade galiciana»

REDE DE OPOSICIONS DE «GALIZA» EN BRAÑAS



REDE DE ASOCIACIÓNS DE «GALIZA» EN BRAÑAS



B. O desprazamento conceptual: nacionalidade-rexión.

Compre subliñarmos en primeiro lugar un dado dabondo esquecido e que a delimitación do campo semántico-conceptual pon de relevo: a utilización por BRAÑAS nalgunhas das suas primeiras intervencións «rexionalistas» do conceito de *nacionalidade* referido a Galiza, ás veces en estado práctico, actuando mesmo baixo térmos distintos como rexión ou esplicitamente noutras ocasións.

No mesmo sentido que actuamos verbo do posicionamento murguiano, trascendendo o mero nivel semántico para indagarmos que efeitos se lle conectan aos termos no seo da ideoloxia do autor, superando o fetichismo das verbas, é preciso analizarmos en concreto a traxectória e vicisitudes, na história do discurso de BRAÑAS, dos desprazamentos e usos polisémicos de Galiza. A cuestión non é, polo demais, en absoluto sinxela: á vontade de precisión do noso autor avalada por unha sólida formación académica, que nengun outro rexionalista posuia, veu-se engadir constantemente unha reformulación dos conceitos verbo da sua orixe e procedéncia, que introduce no discurso contradicións internas.

Na sua obra *El Regionalismo* BRAÑAS distingue, en princípio, a nivel terminolóxico «rexión» e «nación» de xeito programático-xeral. Para *rexión* reserva-se a designación dun círculo natural diferenciado que non se confunde de nengún xeito con *nación* á que se vincula sempre e directamente co Estado. As rexións pola contra, nen teñen nen están chamadas a ter un Estado proprio, constituen:

«la agrupación de familias y municipios o comunidades, ligadas por ciertos lazos naturales y que gozan de una existencia social autónoma dentro de los Estados independientes»[155].

Pero unha tal diferenciación, e isto resulta decisivo, non implica un estatuto teórico contraposto para os conceitos, senón simplemente unha distinción de círculo natural, o que compatibiliza a entidade e substancialidade da «rexión» e a «nacionalidade», integradas unha e outras polos mesmos elementos coa salvedade do estatal:

«La idea de regionalismo o reginalidad es de la misma categoría, y aún diremos mejor, de la misma naturaleza que la de la nacionalidad... abraza el orden polítício y admnistrativo, pero también el social, religioso, civil, economico, literario y cientifico. El regionalismo supone una región encerrada dentro de unos ciertos límites, si no geográficos y políticos, por lo menos etnográficos...»[156].

Os intentos de precisar conceptualmente nunha perspectiva «rexionalista» as diferenzas entre *rexión* e *nación,* fuxindo da connotación estatalista desta última[157] situan un primeiro plano de clarificación. En efeito, Galiza é considerada por BRAÑAS como unha rexión da nación baliza é considerada por Brañas como unha rexión da nación española[158] e Irlanda como unha rexión no seo da nación británica[159].

[155] ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo,* cit., páx. 36, onde se engade:

«Si el Estado se halla dividido en *regiones,* que constituyen como tantas otras colectividades con fisonomía y con carácter propios, los habitantes de ellas se considerarán como hijos de una misma madre y defenderán con vigor y energía los derechos y privilegios que a ella corespondan. Este tercer amor del hombre puede llamarse *regionalismo.* Sin embargo, hemos de advertir que por *regionalismo* puede y debe entenderse también aquella doctrina según la cual existen regiones con vida propia y que gozan de una cierta independencia dentro de los Estados». Op. cit. páx. 38.

[156] Idem. páx. 59.

[157] Como afirmara JOSE G. ACUÑA en *El Regionalismo* de CHARLES BRUN:

«... un concepto claro y preciso de Regionalismo y región no se encuentra en parte alguna, incluso en la obra de DURAN Y VENTOSA que ha profundizado un poco más y puesto el mayor empeño en dilucidar la cuestión...»

amosando a continuación os efeitos prácticos dunha tal falta de clarificación:

«El nacionalismo de CAMPION, de ARANZADI y de los que siguen sus huellas, especialmente en Navarra, es noblemente, lealmente, regionalista, y si alguna región española posee títulos para reclamar su personalidad, dentro de un régimen francamente regionalista, esta región es Navarra...» *El Regionalismo,* Madrid, 1918, páx. 312.

[158] BRAÑAS, op. cit. páx. 35.

«Pero en algunos Estados como España, Austria e Italia, ha sucedido que, acumulándose las familias dentro de los mismos límites definitivos de aquellas nacionalidades, y sin perder nada de sus cualidades comunes, han llegado a formar regiones que se diferencian entre sí por ciertos rasgos característicos que la individualizan dentro del mismo régimen unitario del Estado».

[159] Revela-se aqui unha funcionalidade clara do rexionalismo: a de servir de *antídoto* contra a radicalidade do nacionalismo:

«No era necesario pedir con las Land-league la autonomía política de la isla, o sea el home rule, pero ya que las ideas regionalistas no fertilizaron como lluvia benéfica los ánimos justamente exaltados, *nada tendría de extraño que tanto crimen y violencia tanta acabaran por la constitución de una nacionalidad. Pero el regionalismo salvará a Irlanda».*

Mais, alén deste primeiro nivel de clarificación comenzan os problemas. Se afondamos na análise de BRAÑAS atopamo-nos axiña cun feito de non pequena relevância: as únicas diferenzas entre nacionalidade e rexión, o elemento central que fai que unha e outra, Galiza e España, se atopen situadas en círculos naturais diferentes, englobando o nacional ao rexional, resulta á postre a presenza do *Estado.* Iso contradi as próprias declaracións do autor verbo dunha diferenza substancial nación-rexión que fose máis alá da existéncia ou non de Estado próprio.

«La idea de *Estado* no debe confundirse con la *Nación:* aquella indica una relación de derecho, un vínculo puramente legal que enlaza a los ciudadanos entre sí, y a todos ellos con el poder público, y ésta expresa una idea más amplia, comprendiendo a las familias que viven en determinados territorios, reconociendo un origen común, a través de accidentales transformaciones, y tienen historia, lenguaje, tradiciones y costumbres comunes»[160].

Velai a contradición, dunha banda semella que a única diferenza entre nación e rexión radica na posesión por parte da primeira dun Estado próprio. Mais este elemento estatal é obviado por BRAÑAS posteriormente, plantexando unha concepción da nación desde a perspectiva da *teoría da nación* e non da *teoria do Estado,* como seria coerente segundo os seus próprios postulados. Na teoria política da nación, en efeito, esta é entendida como un suxeito precedente ao Estado, que existe antes que el, mentres na teoria do Estado, á que BRAÑAS se veria abocado tras o recoñecimento do factor estatal como director de nación e rexión, a Nación ten que ser referida forzosamente a este e definida segundo un sistema conceptual xurídico-público, cousa á que se nega o profesor compostelano, como xa temos ollado.

Párrafos como os ultimamente citados de BRAÑAS amosan as dificuldades de dar conta da variedade plurinacional española coa que se atopa o noso autor: por unha banda contradi a sua visión organico-moral do Estado aceitando un conceito xurídico do mesmo. Por outra, atribui á nación os mesmos elementos orgánicos e historicistas que os que configuran a Rexión:

«a partir de la unidad política realizada en el siglo XV y aún mucho antes de dicha época dominada sucesivamente por romanos, godos y árabes, adquirió un «carácter» peculiar, formado por la mezcla etnográfica de esas tres razas, que salpicada con los restos de otras civilizaciones primitivas constituyó la *«raza puramente española». Hubo desde esa suspirada unidad de sentimientos comunes, lenguaje común, religión única, costumbrs comunes, historia y tradiciones comunes.* Pero en el fondo de esa unidad se conservaba una variedad natural que realzaba más que nada la diversidad de lenguas, indicadora siempre de la diversidad de razas. No hab'a más que una *yustaposición de cualidades gótico-arábico latinas, sobre la cualidad especial de cada raza»*[161].

Rexeitado esplicitamente por BRAÑAS o elemento estatal como diferenciador Estado-nación, o contido orgánico-histórico desta non pode diferenciar-se con claridade do contido histórico-orgánico rexional. En efeito, para BRAÑAS Galiza ten xustamente as mesmas características naturais cunha nación: história, língua, raza, costumes, sentimentos próprios.

Asi, por exemplo, BRAÑAS aceita en *El Regionalismo* a *fundamentación étnica* murguiana da «orixe» galega:

«El País gallego ha constituido desde los tiempos más remotos, un círculo social independiente dentro de la nacionalidad española... pudo conservar a través de los siglos la fisonomía especial a cuya formación contribuyeron celtas y suevos, los únicos pueblos, las dos únicas razas que constituyen la personalidad, el carácter y el tipo esencial de los habitantes de Galicia... dispuestos estamos a probar... que los aborigenes del territorio septentrional de España fueron los celtas, y que éstos y los suevos han formado el carácter gallego...»[162].

El Regionalismo, páx. 123.

En definitiva, BRAÑAS plantexa aqui explicitamente o rexionalismo como salvación frente ao nacionalismo, a própria *autonomia política* de Irlanda en estrita coeréncia coa descentralización por el proposta, valeira de poder lexislativo rexional, amosando os estreitos límites e mesmo a contradictoriedade con que, sob o termo rexión, actua unha consideración nacionalitária de impronta murguiana. O limitado alcance e mesmo inmadurez da alternativa do profesor compostelán no tempo de escreber *El Regionalismo* fican asi de manifesto.

[160] ALFREDO BRAÑAS, op. cit. páx. 30.

[161] Idem. páx. 66-67.

[162] Idem. páxs. 203 e ss., engadindo posteriormente:

«... las costumbres celtas y muchas de las gallegas que hoy existen, siquiera se vayan adulterando por influencias extrañas, las corrientes de la emigración y la ausencia de patriotismo y de espíritu regional se parecen tanto entre sí que no es posible negar lógicamente su filiación y parentesco».

Ainda que non moi empregados por BRAÑAS, a recepción da fundamentación étnica murguiana agromaba, ás veces, claramente por detras do seu central antiliberalismo:

Outro tanto acontece co *factor histórico:* a História comun integra-se como un elemento sobranceiro na configuración da rexión, chegando a identificar-se en ocasións a História de Galiza como a História do movimento galeguista:

«Galicia ha tenido desde sus albores una organización puramente regionalista, predominando siempre en ella el régimen de la descentralización política...»[163].

O mesmo nos atopamos no caso *dos costumes,* estreitamente vencelladas á diferenza étnica do pobo galego:

«Una raza que vive cerca de doce siglos en un mismo país y que aún después de sus transformaciones predomina y sobresale sobre las demás razas fusionadas, tenía que dejar forzosamente huellas profundas en las costumbres y hábitos populares»[164].

Finalmente, a posesión dunha *língua* própria constitui outro factor decisivo da diferenza «rexional» de Galiza:

«Galicia posee un lenguaje propio, quizás el primero entre los primogenitores del romance castellano, y por consiguiente uno de los elementos más importantes y constitutivos de las agrupaciones regionales y aún de las nacionalidades libres e independientes»[165].

En definitiva, desde o ponto de vista histórico-naturalístico nada separa conceptualmente nacionalidade de rexión agás do elemento estatal. Iso significa ao noso entender que, como causa da contraditoriedade do pensamento de BRAÑAS e as fendeduras do seu sistema, nesta fase da sua evolución, atopa-se *unha certa eficácia práctica do conceito murguiano de nacionalidade, exercendo os seus efeitos sob o térmo de rexión.* A tensión terminolóxica nacionalidade-rexión decanta-se limitadamente desde o ponto de vista *conceptual* cara a categoria de nacionalidade, que actua reiteradamente sob o termo rexión, sen recoñecer-se, sen formular-se esplicitamente a sua verdadeira identidade teórica.

Asi e todo, esta *certa* presenza do conceito de nacionalidade, de clara procedéncia murguiana, e facilitado sen dúbida polo inicial momento de consensus e «unión de todos os galegos» nos que se atopaba por aquelas datas o movimento rexionalista, reveste unha innegábel feblez e contraditoriedade no cerengo descentralizador de BRAÑAS que compre poñermos de manifesto.

En efeito, no próprio libro *El Regionalismo,* achamo-nos con dados tan significativos ao respeito como a univocidade de aplicación do térmo *Patria* a España e, sobretodo, a postulación dunha descentralización que non considera a posibilidade de existéncia dun próprio poder lexislativo autónomico, permanecendo no seo dunha mera descentralización administrativa, excluinte dun autogoberno galego.

En definitiva, e a xeito de conclusión, pode-se afirmar que en *El Regionalismo* acha-se presente unha certa noción de nacionalidade non esplicitada, actuante sob o termo de «rexión». Mais trata-se dunha presenza limitada, reducida, case se poderia afirmar que *disfuncional* no cerengo ideolóxico e estrutural-político do libro, como un elemento importado e exterior, que non responde á lóxica interna do pensamento de BRAÑAS; explicábel máis polo liderazo ideolóxico de MURGUIA no movimento rexionalista naquela conxuntura que por emanación interna do «sistema» do catedrático compostelano.

«Ni los gallegos ni los catalanes tenemos culpa de que el Sr. Romero *sea de raza semita:* bastante desgracia ha sido para nosotros *los arios* y europeos que por abajo nos hayan venido todos los males. Porque además del pollo andaluz, de allá abajo vinieron los insidiosos fenicios y las guerras púnicas, la invasión árabe y el liberalismo de Riego y la Constitución de Cádiz». «Las Lenguas Regionales» en *El Lucense,* 3 de Marzo de 1900.

163 Idem. páx. 224.

164 Idem. páx. 212.

165 Idem. páx. 222. BRAÑAS reproduce criticamente as evidentes esaxeracións, as argumentacións da orixe céltica do galego de VEREA Y AGUIAR seguindo de perto a MURGUIA.

Nun dous seus derradeiros artigos «Las Lenguas Regionales», en *El Lucense,* 3 de Marzo do 1900, aborda directamente o carácter de *língua* do galego:

«El basco, el catalán y el gallego son *lenguas* tan españolas como la castellana».

frente á sua calificación de *dialecto* por alguns parlamentarios andaluces. Aúnase nesta intervención unha vez máis o antiliberalismo co rexionalismo tradicionalista:

«Detrás del odio de los liberales a los *dialectos* se esconde algo más; lo que ellos llaman dialecto y nosostros lengua regional *es el espejo de las libertades populares,* de las tradiciones, del carácter y de la fisonomía especiales de cada región española, es la guerra a la centralización que quiere imponer el lenguaje como impone los tributos y dicta las leyes con una uniformidad avasalladora y criterio igualitario e injusto».

A tensión e contraditoriedade que amosa *El Regionalismo* situa-o como un ponto clave nunha traxectória de clarexamento e dilucidación, de procura da coeréncia cuxo desenlace final se decidiria nos anos seguintes. Compre pois seguer o roteiro de BRAÑAS neste sentido por ver os desprazamentos e solución definitiva que no interior do seu sistema se delimita ao efeito.

Mais, antes de encetarmos unha tal viaxe polos usos terminolóxicos e conceptuais de «rexión» e «nacionalidade» no noso autor, compre determo-nos siquera sexa con brevidade, nun aspecto de interés no seu pensamento: trata-se do peso que BRAÑAS outorga ao factor relixioso na configuración de Galiza como realidade diferencial.

Pois ben, neste orde de cousas, e dacordo coa sua ideoloxia neotomista, que non por ríxida desemboca en posicións fideistas como temos ollado con anterioridade, o noso autor non considera a relixión como alicerce fundamental do feito diferencial galego:

«...lo que afirmamos y sostenemos es que en la lucha de las nacionalidades y en el periodo de su formación y de sus posteriores modificaciones la religión o las creencias no son más que uno de tantos elementos integrales, quizás el de mayor importancia, que componen la entidad nacional. Convertir una creencia, o una iglesia, en punto de partida y término a la vez de la formación de las nacionalidades, sería introducir la división de los pueblos y llevar el odio y la mutua desconfianza y la separación al seno de los mismos... *la religión no puede jamás constituir de base a las nacionalidades...*»[166].

Daí que nesta primeira etapa, e mália o seu catolicismo, xamais atopemos un determinismo católico no sistema rexionalista de BRAÑAS, por máis que o factor relixioso xogue un papel destacado en todo momento. A presenza do tomismo patentizase aqui nidiamente situando ao orde relixioso como superior ao político e independente polo tanto do orde social. En tanto que a relixión é universal, «católica» no seu sentido etimolóxico, non recoñece fronteiras nen razas, nen códigos nen costumes, non pode servir de base ás nacionalidades.

Volvendo agora, despois deste paréntese, ao desenvolvimento conceptual e terminolóxico do par rexión-nacionalidade, compre pór de manifesto que BRAÑAS nos anos posteriores ao libro *El Regionalismo,* e baixo a patente éxida de MURGUIA, emprega sistematicamente o termo nacionalidade para designar unha entidade, Galiza, á que caracterizará cos mesmos rasgos que na devandita obra, atinguindo asi unha coeréncia termo-conceito, que non pola sua fugacidade deixa de revestir interes.

Asi, por exemplo, en «El Regionalismo Gallego», editorial que abre o número primeiro da Revista *La Patria Gallega,* órgao oficial da Asociación Rexionalista, BRAÑAS designa sistemáticamente a Galiza como «nacionalidad», «entidad nacional» chegando a falar de «conciencia nacional» galega, e afirmar especificamente:

«... vamos a donde van Irlanda y Hungría, y Bohemia y todas las razas eslavas; por donde fueron Finlandia, Noruega y por donde quisieron ir y no les dejaron los mártires de Polonia, y por donde van en España la valiente Catalunya y Aragón y Basconia»[167].

Nas suas intervencións nos Xogos Florais de Tui no ano 1891, BRAÑAS outravolta califica sistematicamente a Galiza como nacionalidade. Asi no discurso de Grácias, e tras aludir ao «espíritu nacional galego» fala de:

«dar comenzo a eta novísima idade de reconstitución e organización da *nacionalidade galiciana*»[168].

E no discurso pronunciado dias despois sobre *El Concepto de Patria* chega a considerar a España como unha *nación de nacionalidades:*

«La Cantabria, La Vasconia, Cataluña y Galicia son diferentes *nacionalidades* que habiendo sido unidas artificialmente por la conquista o la voluntad soberana de los monarcas dieron margen al moderno Estado español... Y *¿qué es la nación española? Para nosotros un resumen o generalización de las viejas nacionalidades* que, andando el tiempo y por una serie de transformaciones polítikcas, dieron nacimiento al Estado unitario que comienza con los Reyes Católicos»[169] (subliñado noso, R. M.)

Cara a compatibilización de nación e nacionalidade, BRAÑAS non introduce unha diferenza conceptual entre unha e outra, nen moito menos unha diferenza de Estatuto teórico, senón que emprega unha via *adxetiva* cara o establecemento desta dis-

---

166 ALFREDO BRAÑAS, «El regionalismo gallego», *La Patria Gallega,* n.º 1, 20 de Marzo do 1891.

167 Idem.

168 ALFREDO BRAÑAS, «Discurso de gracias nos Xogos Frorais de Tui», *La Patria Gallega,* n.º 7 e 8, 15 de Xullo do 1891.

169 ALFREDO BRAÑAS, «El concepto de Patria», Discurso de Tui, *La Patria Gallega,* n.º 9, 30 de xuño do 1891.

tinción. En efeito, o noso autor acude a unha *categoria colateral* que *califica* á nacionalidade ou á nación no seu caso, sen penetrar na sua interioridade: o conceito de *Patria*. Este calificativo compatibiliza en BRAÑAS, através dunha gradación cuantitativa-Pequeña Patria e Patria, a soias ou Patria Grande—a aplicación a Galiza e España dos elementos nacionalitários: história, raza, território, língua, etc. Teriamos así:

Galiza-Pequeña Patria-Nacionalidade
España-Patria Grande-Nación / Estado

Recurso máis literário que teórico-político, mostra as dificuldades reais de dar conta desas «pátrias no seo da pátria» de que falara LAMARTINE:

«En este sentido, pues, sólo podemos hablar de *unidad nacional* y de *nación* española, y en este sentido es como, siguiendo el procedimiento de los escolásticos en la formación de los universales, podemos también hablar de *patria española*, que no es otra cosa más que una mera abstracción de las *pequeñas patrias ibéricas*, una noción subjetiva elevada por la fuerza o labor sintética de nuestro entendimiento a la categoria de idea o concepto universal»[170].

A eficácia e presenza do conceito de *nacionalidade* resulta aqui patente se o comparamos co devandito sobre *El Regionalismo*. A organicidade e historicidade básica corresponden á nacionalidade, sendo a nación un *universal abstracto*, mera «realidad psicológica por todos aceptada», que se ergue sobre a base das diferentes nacionalidades históricas. Quizaves sexa este o ponto álxido (e ao mesmo tempo de *inflexión*) de presenza do conceito de nacionalidade na ideoloxia de BRAÑAS.

Mais non seria, por certo, a derradeira ocasión en que aparecese. No seu discurso académico de 1893. *La Crisis de la época presente y la descentralización rexional* o noso autor *identifica* claramente os conceitos de rexión e nacionalidade empregando-os indistintamente e co mesmo alcance e significación, recollendo a fundamentación murguiana de xeito patente:

«Estas regiones son, en mi concepto y en el de muchos, *entidades nacionales* porque además de la demarcación geográfica, del lenguaje, de la raza, de las costumbres y tradiciones que le son propias, tienen la conciencia, la persuasión íntima de su personalidad jurídica y de que forman un todo perfecto y desemejante de las otras agrupaciones que le son totalmente extrañas».

A procedéncia murguiana deste conceito aqui empregado por BRAÑAS ilustra a conflitividade que unha noción tal, importada desde moi alleas ideoloxias situadas nas antípodas da de BRAÑAS, desenvolveria nun sistema como o do noso autor que considera que:

«España hubiera salvado y quizás hubiera llegado a ser la más poderosa nación de Europa si se conservase *la vieja organización constitucional*»[171].

O antagonismo que entre un conceito murguiano de nacionalidade, de impronta manciniana—como denota o peso do elemento «conciencia nacional» e unha orientación ideolóxica anticapitalista e antiliberal— amosa a situación de precário na que se achaba o conceito de nacionalidade na obra de BRAÑAS. Eso fica patentizado ainda máis cando na mesma intervención BRAÑAS diferéncia a descentralización rexionalista por el proposta da federal, através precisamente da identificación nacionalidade-rexión, que introduce unha organicidade da que carecia a «artificiosidade» federal:

«La descentralización política y administrativa que vienen de un pacto o de una constitución son un mero artificio de los poderes públicos: los Estados federados, las provincias o departamentos pueden venir a ser producto de las convenciones diplomáticas o de las asambleas constituyentes: semejante *descentralización* que no se funda en la naturaleza, en el derecho y en la tradición histórica, semejante *descentralización* que no es *nacional*, es decir, *regional*, que no atiende a la personalidad jurídica de las *entidades territoriales históricas* llamadas regiones naturales, no es la verdadera *descentralización*. no es la *descentralización regional* que reclamamos»[172].

170 ALFREDO BRAÑAS, *La crisis económica*... cit. páx. 41.

171 «Orde constitucional» ao que se refere BRAÑAS nun sentido moi similar ao daquela «Constitución histórica» de que falaban os constituintes de Cádiz para lexitimar ou deslexitimar os novos princípios de organización política: achamo-nos unha vez máis perante a retroproxección histórica dos conceitos contemporáneos.
Como ten asinalado TOMAS Y VALIENTE, o novo orde implica que:

«facendo uso da sua soberania, os cidadáns de cada sociedade civil, isto é, de cada nación, deciden como se organizarán politicamente, é dicer, como se constituirán en Estado... a lei constitucional procede da soberania nacional... En íntima relación co proceso de codificación tivo lugar a constitucionalización do Direito Político. As constitucións escritas son en certo modo Códigos, e por iso alguns xuristas (como G. TARELLO) incluen as constitucións no seo do amplo proceso codificador e distinguen a codificación do Direito Privado e a Codificación do Direito Público.

As raíces ideolóxicas e o soporte sócio-económico da codificación e as constitucións son certamente comuns, a saber, a filosofía xurídico-política da Ilustración e a etapa ascendente e dominante da clase burguesa...» *Manual de Historia del Derecho Español*, cit. páx. 502.

O párrafo citado resulta de grande interés para o que vimos afirmando en liñas anteriores. En primeiro lugar, amosa-nos a identificación, de base histórico-orgánica, entre rexión e nacionalidade nesta etapa do desenvolvimento do seu sistema rexionalista, e o emprego térmo *rexión* para designar unha realidade conceptual *nacionalitária*.

Mais, sobre todo, o maior interés centra-se sen dúbida no feito de que BRAÑAS recolle, da fundamentación nacionalitária murguiana que lle serve de cerengo, *somente os elementos naturalístico-historicistas* e seguidamente *enfrenta* unha tal organicidade obtida por exclusión, en tanto que *natural* á *artificiosidade* da volición política que se expresa nos pactos federais ou nas asambleas constituintes. *Organicidade e historicismo versus vontade política e constitución*: conflito e contraposición ausentes por completo, como temos sinalado, nos plantexamentos de MURGUIA onde resulta modulado e articulado pola presenza da conciéncia nacional e a orientación liberal do seu pensamento.

Asi, pois, en BRAÑAS achamo-nos neste caso perante unha certa presenza do conceito de nacionalidade, pero nun sentido moi próximo ao nacionalismo reaccionário alemán ou francés, salvadas todas as instáncias que son do caso: seria este, quizaves, o vieiro a desenvolver un posíbel «nacionalismo» do catedrático compostelano, atraves da reformulación da fundamentación murguiana na perspectiva dun conceito orgánico tradicionalista de nacionalidade galega?

De feito, BRAÑAS continuou durante algun tempo mantendo esta caracterización de Galiza como nacionalidade. Asi por exemplo, en «El Regionalismo en el Norte de Europa», publicado en *La España Regional* no ano 1893, pode-se ler as seguintes afirmacións:

«En España el regionalismo tiene un fundamento histórico irreductible: el de *la variedad de nacionalidades* contenidas bajo un régimen jurídico unitario»[173].

Outro tanto acontece, pois non se trata en modo algún dun feito aillado e pontoal, no seu Discurso como mantenedor dos *Jochs Florals de Barcelona* do mesmo ano[174] onde podemos datar a última ocasión en que BRAÑAS empregou o termo nacionalidade.

Mais moi outro seria o roteiro a seguir polo noso autor. Apartir dos anos 1894-1895 é constatábel un feito notório nas intervencións do catedrático compostelano que amosa unha dobre vertente: Galiza pasa a ser designada univocamente como *rexión* e o esquema de «autogoberno con próprio poder lexislativo», que baixo o influxo das BASES de MANRESA acollera no 1893, pasa a diluir-se, desaparecendo por completo nas explicitacións do seu modelo de descentralización.

Non nos imos deter aqui no segundo ponto que ollaremos con máis vagar de contado e abondará polo contrário con salientar a auséncia sistemática e, xa que logo, non episódica, do termo nación, así como do seu conceito nas intervencións de BRAÑAS apartir das devanditas datas. De feito, en intervencións tan signficativas como a crítica ao libro de SALVADOR GOLPE «Patria y Región»[175], os artigos na prensa catalana ou os decisivos de *El Correo Español*[176], por ningures aparecerá, outravolta, a noción de nacionalidade que se aplicará exclusivamente, xunto coa de nación, a España.

Como queira que eses anos achan-se marcados por un progresivo achegamento de BRAÑAS ao carlismo, temos que concluirmos ao respeito algo que xa temos adiantado con anterioridade. A medida que o pensamento de BRAÑAS atingue historicamente un degrau de coeréncia, produce-se un necesário axeitamento do bagaxe conceitual e terminolóxico segundo as pautas fornecidas pola racionalidade global do sistema. Por iso termos e conceitos como o de nacionalidade, que xamais tiveran unha sólida implantación, e mesmo traslucian a sua contraditoriedade, despregando somente unha parcial eficácia, remataran por ser *excluidos*, expulsados dun médio, o inteiro sistema ideolóxico de BRAÑAS, que por princípio e orientación lles era hostil.

172 BRAÑAS, *La Crisis* cit. páx. 166.

173 ALFREDO BRAÑAS, «El Regionalismo en el Norte de Europa», *La España Regional*, 1893, T. XIV, páx. 551.

174 ALFREDO BRAÑAS, «Discurs de Gracies del mantenedor», Jochs Florals de Barcelona, 1893, páx. 26, onde se fala do «espíritu nacional de outras tantas Polónias».

175 ALFREDO BRAÑAS, «Patria y Región de Salvador Golpe», cit. *Gaceta de Galicia*, 20 de Maio do 1897.

176 ALFREDO BRAÑAS, «Laboremus», *El Correo Español cita.,30 de Novembro do 1898.*

E compre subliñarmos esa *natureza interna* do proceso de depuración conceptual que elimina a presenza das consideracións nacionalitárias da ideoloxia e o discurso de BRAÑAS, frente á sua consideración como un feito exterior, chovido do ceo das novas lealdades políticos do noso autor. Como teremos ocasión de comprobar o achegamento ao carlismo non suporá nengun tipo de ruptura drástica no sistema de BRAÑAS, senón máis ben a conquista dunha coeréncia interna moito tempo procurada e finalmente forzada polos rumos liberais que tomaba a orientación maioritária do movimento rexionalista galego e o próprio esfarelamento político da mobilización.

Nada máis alleo ao *foralismo carlista* que o conceito de *nacionalidade* histórica. Este último, como xa temos apontado, mália as suas formulacións, as máis das veces reaccionárias, mantén en todo momento un carácter debedor do pensamento da modernidade: Daí, que unha óptica medievalizante e pasadista a todos os niveis non podia por menos que ser-lle allea, de non mediar proceso algun de reconversión, cousa que non aconteceu no caso concreto de BRAÑAS, quen optou pola sua eliminación.

En efeito, para o carlismo a consideración da *Unidade política de España* pasou en todo momento pola consideración inalienábel da sua natureza nacional, somente compatíbel coa existéncia de *rexións* no seu interior para as que se postulaba unha mera descentralización administrativa[177] de xeito semellante ao que acontecia cos integristas, agás os do País Vasco[178] e a sua decantación nacionalista. Os plantexamentos de VAZQUEZ DE MELA[179] e GIL Y ROBLES[180] amosan con claridade estas limitacións

177 Cfr. neste sentido MARTIN BLINKHORN, *Carlismo y contrarrevolución en España*. Barcelona, 1979, ten asinalado:

«O rexionalismo carlista, insistia MELLA, non era disolvente senón integrador na sua comprensión da relación vital e inextinguíbel entre a nación española e as suas partes constitutivas... nen a raza nen a língua formaban por si esmas, segundo MELLA, a alma da nacionalidade; nen bascos nen cataláns da 'unidade espiritual' que criaba por si soia unha nación. Pola contra, España si, en consecuéncia, era a patria dos bascos e dos cataláns o mesmo que dos castellanos... O modo de satisfacer as arelas das rexións de España non era o separatismo senón o rexionalismo tal e como o defendian os carlistas: devolución dos poderes administrativos dentro da estrutura da inviolábel unidade nacional». Op. cit. páx. 48.

178 CORCUERA ten suliñado neste orde de cousas que:

«Se é clara postura forista dos carlistas hispanos, maior semella ser ainda a radicalidade descentralizadora dos integristas; como o amosa non somente a literalidade do seu programa senón a estreita e rápida vinculación existente entre integristas e nacionalistas, e o paso de numerosas personalidades do integrismo bizcaíño ao recén fundado Partido Nacionalista Basco». *Orígenes, ideología y organización del nacionalismo vasco* cit. páx. 283.

No esquema o bosquejo del programa integrista», Durango, 1909, aparecen, endebén, os estreitos *límites* da descentralización integrista:

«Rexionalismo tradicional.— Recoñecemos a división xeográfica de España polas suas rexións naturais, e a perosonalidade própria de cada unha delas no político, administrativo e xurídico.
Queremos a reintegración absoluta do rexime histórico e tradicional para todos os antigos Reinos, Principados, Señorios e Províncias.
Liberdade administrativa. As províncias ou Reinos e os pobos, deben ter completa liberdade en asuntos adimistrativos de orde interior, procurando a maneira de satisfacer as suas necesidades e as do Estado, cunha prudente independencia, inspirada na maneira de ser de cada país e respeitando en todo caso os seus tradicionais direitos».

Cit. en MIGUEL ARTOLA, *Partidos y Programas Políticos*, 1808-1936.
Tomo II, Manifiestos y Programas Políticos, Madrid, 1975, páx. 307.

179 VAZQUEZ DE MELLA, «Regionalismo y soberanía social», en *Regionalismo y Monarquia*, Madrid, 1957, páxs. 202-203:

«Es que, según el principio de las nacionalidades que tanto influyó en las contiendas del año-48 en los Estados europeos y que ahora trata de revivir, cada nación tiene derecho a ser un Estado independiente. Si afirmais que Cataluña es una nación, que reúne caracteres históricos inconfundibles, que forma una unidad histórica general e independiente del conjunto de todas las regiones de España, la consecuencia inmediata es que Cataluña tiene derecho a formar un Estado independiente... Aquí nos encontramos frente a frente. Yo creo que España es un conjunto de regiones que han confundido parte de su vida en una unidad superior que se llama España, y esa unidad histórica tiene derecho a que la rija un solo Estado... Y sustituyo la palabra autonomía por otra más comprensiva y gráfica que se llama autarquía. Nosotros afirmamos en la región el derecho a conservar y perfeccionar su propia legislación, a dirimir los propios litigios, a administrarse por sí, a usar su lenguaje».

180 Desde unha perspectiva integrista GIL Y ROBLES, en obras tais como *El Absolutismo y la Democracia*, Salamanca, 1892, e, sobretodo, *Tratado de Derecho Político*, II Vols., Salamanca 1902, teorizara unha *autarquia rexional* nunha perspectiva «Ancien Regime» de recuperación das liberdades tradicionais. Para o catedrático salmantino:

«Desde que el absolutismo liberal, centralizador y uniformista, concluyó de arrebatar a las regiones la personalidad y organización propia que les había dejado el absolutismo del antiguo régimen, surgió en las naciones latinas y por parte de las comarcas y circunscripciones de más acentuada y antigua raza histórica, ese movimento que se ha convenido en llamar regionalismo y por el cual se entiende, no tanto el sistema público de varia constitución peculiar y del propio gobierno de las distintas regiones, como el deseo de éstas de reivindicar la personalidad, *la organización y la autarquía arrebatadas por el Estado Moderno* y el consiguiente esfuerzo por recuperarlas. Esta reivindicación, cuyos títulos son tan notorios, como que *se derivan del derecho público cristiano* inspirado por lo

descentralizadoras do carlismo e integrismo. Por máis que nos nosos dias teñen-se producido esforzos a prol dunha leitura «autonomista» do carlismo ao xeito de OLCINA, a realidade segue sendo a mesma que o clásico libro de OYARZUN[181] puxera hai tempo de manifesto: serian os movimentos nacionalistas catalán e vasco, profundamente conservadores, os que arrebataran moitos dos seus apoios sociais ao carlismo de finais de século, que xamais recollera substantivamente a problemática descentralizadora pola própria incompatibilidade co seu ideário:

«Para el carlismo las regiones *no son naciones*, sino pueblos varios aunados en la «única» nación española, *la patria* que invoca el lema sagrado de la causa. Por eso, regionalismo foralista significa que las Españas son al mismo tiempo *unidad* y *variedad*. Las Españas son una unidad porque sólo hay la nación que es España. Mas son también variedad regional, porque su personalidad, adecuada por la historia, solamente vale en función de la integración de cada región en la patria común. De donde no se puede confundir el *regionalismo foralista* con los *nacionalismos regionales*.... para el carlismo tales regiones son entidades históricas, sociológicamente diferenciadas en sus peculiaridades culturales o linguísticas, centros de autarquía política o de autonomía administrativa, pero siempre integradas en las Españas unas, patria común de todos los españoles»[182].

En definitiva, e ademais das consecuéncias organizativo-políticas que diso se derivan, o abandono da conceptualización de Galiza como nacionalidade non é un resultado da adscrición ao carlismo por parte de BRAÑAS, senón, moi distintamente, o desenvolvemento lóxico duns presupostos que xa contiñan «in nuce» toda unha série de posibilidades neste sentido. A própria dinámica de procura da coeréncia interna do seu sistema, esporeada pola dirección decididamente liberal que os sectores maioritários do rexionalismo seguian e a crise do movimento, integraria a conceptualización de Galiza como rexión en estrita consonáncia cun rexionalismo formulado ás costas da modernidade, concebido como valado de contención face a realización da Revolución Burguesa.

III. O PENSAMENTO POLÍTICO DE BRAÑAS: REXEITAMENTO DO ORDE BURGUÉS E DA DEMOCRÁCIA LIBERAL.

Sen dúbida, o rasgo mais característico e sobranceiro do pensamento de BRAÑAS, despois do elemento relixioso, ven constituído polo *antiliberalismo*, factor omnipresente en todas as suas intervencións relixiosas, políticas, económicas ou rexionalistas.

O liberalismo e todos os seus componentes político-ideolóxicos —parlamentarismo, eleicións, sufráxio universal, etc. etc.— son atacados e lacerados sen desmaio unha e outra vez polo catedrático compostelán, para quen:

«El liberalismo... he ahi señores, el gran peligro, la gran amenaza para el siglo XX...»[183].

Levado da man do seu antiliberalismo, BRAÑAS desembocaria no carlismo nun proceso paulatino, ca-

tanto en la *filosofía tradicional del cristianismo*, solo es sana y ofrece garantías de justicia y prudencia mientras se mantiene dentro de las enseñanzas y en el límite de los deberes trazados por aquel derecho... fundiendo y concentrando el amor a la patria grande y a la patria chica por el influjo y eficacia de ese principio moral de concordia que previene y reprime así los movimentos separatistas y los exageradamente autárquicos...» *Tratado de Derecho Político* cit. páxs. 58-59.

Criticando-se, asemade, nunha perspectiva semellante á que atopamos en BRAÑAS, a posibilidade de existéncia mesma dun rexionalismo liberal, que non será senón unha «contradictio in terminis»:

«... el regionalismo liberal es mucho menos sufrido y tolerante con los defectos y excesos del poder central, los cuales exagera y abulta, y gradúa de tiranía o centralismo aprobiosos e intolerables aún los que son accidentales o pasajeros hijos del error más que de mala voluntad... Y no hay para que decir que dentro del naturalismo es imposible la restauración de la personalidad regional y por tanto estériles y vanos los intentos y esfuerzos a ello dirigidos... Porque en una concepción sociológica según la cual la sociedad se compone de individuos, y no hay mas sociedad pública que la nación soberana... la región lo mismo que la provincia y el concejo, son círculos puramente administrativos, distribuciones aritméticas y geométricas de la única sociedad civil». Op. cit. páxs. 60-62. (Subliñados nosos, R.M.)

181 «... el nacionalismo vasco en Vascongadas e en Navarra e o rexionalismo de PRAT DE LA RIBA e CAMBO en Cataluña, conseguiron desgaxar do carlismo a elementos importantes do tradicionalismo, presentándose como os únicos custodios e defensores das libertades rexionais e das doctrinas forais, a outrance...»

ROMAN OYARZUN, *Historia del Carlismo*, Madrid, 1936, páx. 598.

Sobre unha leitura actualizadora da «descentralización» carlista, EVARIST OLCINA, *El carlismo y las autonomías regionales*, Madrid, 1974.

182 ELIAS DE TEJADA e outros. *¿Qué es el carlismo»*, Madrid, 1971, páx. 148, onde se afirma ademais:

«O rexionalismo carlista, fiel á história e españolísimo atë o cerne, é exactamente o contrário dos nacionalismos rexionais que naceron da desazón decimonónica e da perda de ilusión no porvir universal hispano». Idem. páx. 150.

183 ALFREDO BRAÑAS, *Discurso en el Congreso Católico de Burgos*, cit., páx. 153.

se imperceptíbel, de achegamento, sen ruptura algunha cos seus plantexamentos anteriores, nun proceso que veu coutar drasticamente o seu temprano pasamento aos cuarenta anos de idade. Compre, neste sentido, e previamente a adentrarmo-nos na análise dos perfís e características do antiliberalismo do noso autor, lembrarmo-nos do significativo peso que o elemento relixioso desempeña na radicalidade do seu posicionamento, non mecanicamente determinado por nengunha prévia situación de clase.

Desde a perspectiva do campo semántico conceptual compre salientarmos —a nivel de Discurso, e con anterioridade as consideracións político-ideolóxicas— que o específico do léxico de BRAÑAS reside en duas características principais. En primeiro lugar, no carácter *antiliberal* e *autoritário* dos semas e sintagmas que integran o seu Discurso: «jerarquía», «tiranía parlamentaria», «democracia impía», «tradición», «libertades cristianas», e configuran un universo semántico conceptual característico dos escritores contra revolucionarios e tradicionalistas: DE MAISTRE, BONALD etc., debedores dunha banda dun modelo autoritário de organización do poder político, asi como da impugnación das ideas-forza da democrácia liberal.

Pero, conxuntamente, estas e outras verbas, tais como «corporación» «representación de intereses», «soberanía del monarca» etc., reflexan, alén dun mero antiliberalismo, un cerengo semántico conceptual que compre inserir nun universo ideolóxico pre-capitalista e *pre-estatal,* debedor de formas feudais de organización do poder político. Son verbas por completo *alleas* e que carecen totalmene de sentido nun discurso político instalado na modernidade, xa sexa nunha perspectiva democrática ou autoritária. Integran un discurso teórico do pasado, expresión dunha bagaxe conceptual centrada nun orde descoñecedor da existéncia dun *nivel político autónomo* e deslindado de elementos morais, relixiosos ou económicos.

A. A loita ideolóxica contra do liberalismo.

A pòsición de BRAÑAS en política, como nos restantes eidos por el cultivados, vai ser neta, irreconcialiabelmente pre-capitalista... Endalí que tras o rexeitamento do Estado liberal-representativo, da democrácia dos partidos, do parlamento, etc., descubramos a cada paso unha negación do Estado «tout court» en canto forma de organización política irremediabelmente tinxida polos sinais de identidade do mundo moderno. O antiliberalismo devén, en derradeira instáncia, no caso de BRAÑAS, auténtico *pre-estatalismo.*

a. A crítica dos fundamentos teóricos do liberalismo.

Temos ollado xa con certo vagar, as máis fondas raiceiras do desbotamento de BRAÑAS cara ao liberalismo, o seu catolicismo tradicional, o seu antiracionalismo, a voluntária confusión de moral, relixión e política... compre engranarmos agora, nun nivel de maior inmediatez face ao político, con aqueles plantexamentos e procurarmos as suas consecuéncias últimas nos eidos aparentemente máis alonxados.

En primeiro lugar, sobretodo, compre retomarmos o posicionamento do catedrático compostelán contra da *política laica* que o levaba denunciar o iusrracionalismo como a *pre-história teórica do liberalismo,* do que contiña xa o seu semente abigarrado de negatividades inaceptábeis:

> «O home nace libre e igual, a sociedade é a sua criación contractual e non pode revocar aquela liberdade nen aquela igualdade; a lei e a autoridade deben nacer de consenso, o poder é responsábel, os gobernantes representan ao pobo gobernado... velaí a summa do iusnaturalismo»[184].

De aí que o labor de BRAÑAS se dirixise primeiramente ás raíces do cuestionamento do vello orde político pre-estatal e a teoria que o expresa: a reelaboración de ARISTÓTELES por TOMÁS DE AQUINO e a Escolástica. Precisamente por esa razón se produce a sua implacábel refutación dos *iusrracionalistas:* a non naturalidade da humana comunidade desemboca na consideración irremediábel do poder político e do Direito como produtos da razón, da vontade do home, do acordo comun; na residéncia do poder no corpo social e en definitiva, nas próprias palabras do noso autor, na fundamentación «del principio ilegal de las revoluciones y el despotismo de las masas».

Outro tanto acontece cun elemento estreitamente vencellado ao anterior: *o individualismo.* BRAÑAS non pode aceptar de nengun xeito un feito constatábel de modo claro na sociedade burguesa: o indivíduo xa non se presenta máis como unha articulación da sociedade através das corporacións e órgaos intermédios, senón que é a sociedade a que se ofrece como unha articulación da conciéncia individual[185].

Isto supón, xa que logo, a existéncia dun ámbito sociopolítico onde os indivíduos se relacionén alén da dependéncia personal feudal nun orde do Direito e do cidadán, negación terminante daquel outro do súbdito e o Priviléxio. Por iso BRAÑAS se ve na obriga irredutíbel de rexeitar inapelabelmente un elemento antagónico co curso global do seu plantexamento:

> «los individuos no constituyen el elemento material de la sociedad civil, como han creído ROUSSEAU, SPEDALIERI, BURLAMAQUI, LOCKE y los demás partidarios del *Contrato Social...*»[186].

Conxuntamente co devandito, a *Liberdade dos Modernos,* aquela que nace coa perda da regulamentación relixiosa da comunidade, da presenza da Igrexa, da «ética da asociación», da subordinación espiritual.... en suma aquel «concepto hegeliano y racionalista de libertad»[187] é denostada sen concesións en canto máxima subversión do vello orde estabelecido. Toda liberdade moderna é sempre, por natureza, liberdade para o pecado:

> «El liberalismo, fingiéndose creyente, llamándose hijo de la Iglesia, de tal modo exagera la *libertad individual,* con tan hipócritas y arteras combinaciones mezcla el error y la verdad, que halla la solución de los problemas sociales y religiosos en una transacción, en una componenda que justifique la intervención del Estado en los dominios de la Iglesia, la benevolencia con el impío, la fraternidad con el vicioso, la lenidad con el escándalo, y *la consagración de las libertades públicas de conciencia, cultos, enseñanza, imprenta y otras; como si hubiera más libertad que una, la libertad católica, hermana de la religión...*»[188].

Crítica da separación da liberdade civil e política, da liberdade, da auséncia moderna da relixión... poucos textos, entre moitos posíbeis, sintetizarian mellor a centralidade do catolicismo na crítica ao liberalismo, o *lugar* relixioso desde o que se dirixen as críticas ao novo orde político e económico.

E, finalmente, a *igualdade perante a lei,* a institución do orde xurídico que rompe a desigualdade estamental dos priviléxios... priviléxios eclesiásticos[189], en efeito, nun primeiro termo, mais tamén *priviléxios territoriais*:

> «... la manía igualitaria de la *democracia moderna* y el *derecho nuevo* dió al traste con la idea de *patria regional* y... el espíritu nivelador de la *Revolución burguesa* nos trajo el *unitarismo* y la *centralización*[190] (subliñados nosos, R. M.).

E outro tanto cabe afirmar verbo do soporte clasista do novo orde sócio-económico: a burguesia. O rexionalismo de BRAÑAS, como todo o seu proxecto económico, político e ideolóxico, será, non somente alleo e de costas, senón mesmo enfrentado coa clase burguesa. A restauración do pasado através da recuperación das liberdades locais tradicionais ten como un dos seus obxectivos sobranceiros a evitación do triste destino das nacións modernas:

> «el imperio cruel y desolador de una infame mesocracia»[191].

b. O antiparlamentarismo: representación corporativa vs. eleicións.

Se o liberalismo para BRAÑAS se presentaba como o epítome dos males da modernidade:

> «no hubo doctrina más peligrosa e infame en todo los siglos»[192]

a sua encarnación material e institucional, o Parlamento, integra, sen dúbida, para o noso autor a quintaeséncia de todas as suas negatividades.

Con efeito, a obra inteira do catedrático compostelán atopa-se chea de alegatos contra da *tirania parlamentária.* Desde o discurso no banquete rexiona-

[184] UMBERTO CERRONI, *Il pensiero político dai greci ai giorni nostri,* cit., páx. 76.

[185] C.B. MACPHERSON, *La teoría política del individualismo posesivo,* cit., páxs. 76 e ss.
Para UMBERTO CERRONI:

> «Dunha banda, a racionalidade que até entón se tiña aproximado á natureza por via extra-humana, se subxetiviza en razón laica, mentres que, por outra, a estrutura natural da vida social, igualmente extra-humana en tempos pretéritos, entifica-se no sistema dun direito natural de home-consciéncia. *O núcleo do pensamento político deixou de ser o estudo da estrutura orgánica, natural, racional, eterna, da sociedade, e agora é o home quen, cos seus direitos naturais e a sua capacidade de decisión, construi e modela a sociedade*». *«La libertad de los modernos,* Barcelona, 1972, páx. 148.

[186] ALFREDO BRAÑAS, *El regionalismo* cit. páx. 32.
[187] ALFREDO BRAÑAS, *La crisis económica...* cit. páx. 7.
[188] ALFREDO BRAÑAS, *Discurso en el Congreso Católico de Burgos,* cit., páx. 154.
[189] Cfr. BARTOLOME CLAVERO, *Derecho y Privilegio,* cit., páxs. 22-23.
[190] ALFREDO BRAÑAS, «La Cuestión Social» cit.
[191] ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo,* cit., páx. 121.
[192] ALFREDO BRAÑAS, *Discurso en el Congreso Católico...,* cit. páx. 155.

lista de 1890, no que o réxime parlamentário é presentado frontalmente como inimigo central do rexionalismo, en tanto que «inútil y peligroso» modo de organización política ao tempo que fondamente centralizador[193], pasando polas duríssimas críticas á devandita institución que enchen *El Regionalismo,* onde tras ser calificado de «oligárquico» e máis «centralista» se postula como obxectivo dos rexionalistas «acabar de una vez y de un solo golpe con el sistema parlamentario», achando-se «dispuestos a no perder ocasión ni momento para desacreditar el sistema parlamentario»[194], até as acusacións que sobre do mesmo se verten en *La crisis económica...* os calificativos máis duros son aplicados á institución parlamentária: «tiranía»[195], «costosa e inútil»[196] «centralizadora», «absurda», etc. etc.

Sintetizando as liñas xerais das críticas que o noso autor dirixeao parlamento, poderímos concretá-las en tres fundamentais:

1. O parlamento é democrático en representativo.
2. O parlamento é centralizador.
3. O parlamento é unha institución custosa e ineficaz.

Demoliberalismo e centralización non integran para BRAÑAS senón duas caras da mesma moeda: o parlamento en canto máximo órgao representativo do sistema é criticado desde unha perspectiva descentralizadora que pasa forzosamente pola recuperación das liberdades locais tradicionais, en alleidade total e absoluta á moderna política representativa.

Mais, cal é en concreto a alternativa que BRAÑAS propón ao parlamento?, que institución a substituiria con vantaxe? Para o noso autor, a alternativa residiria nunha institución integrada, ao xeito das *Cortes Históricas españolas,* por representacións de brazos, clases, grémio e institucións, con carácter abertamente corporativo.

En el *Regionalismo,* seguindo de perto a autores tais como PERIN, cuxa obra *Lois de la societé chretienne*[197] achase presente en moitos dos xuízos emitidos, e sobre todo PRINS e a sua *La démocratie et le régime parlementaire*[198], o catedrático compostelán propón reiteradamente a substitución do sistema «individualista» que confiaba na funcionalidade política do réxime parlamentário e o sufráxio universal, polo sistema corporativo de representación[199] por clases ou grémios que suprimasn as eleicións. A *representación de agrupaciones* substituiria asi con vantaxe ao parlamento, pois evitaria os efeitos unitaristas e centralizadores daquel e, asemade, através da potencialización das comunidades naturais, recuperaria en certa medida a vinculación perdida entre o Estado e a Sociedade civil[200]. A representación corporativa de interés abarcaria un dobre frente excluído do parlamento moderno: os intereses dos estamentos, grémios e institucións (Igrexa, Universidade) en tanto que tais, e máis os intereses das agrupacións territoriais (rexións).

Significadamente, este sistema corporativo superaria, pois, os dous problemas centrais que aos ollos de BRAÑAS padecia a política moderna no orde da representación. En primeiro lugar, eliminarian-se as asambleas supostamente representativas «según la falsa idea de la soberanía nacional», que de feito ou de direito se converten en poderes absolutos no seo da nación, enxendrando o «parlamentarismo» que implica a existéncia dunha *Asamblea,* considerada expresión máis xenuína da vontade xeral e un Monarca que lle está inadmisibelmente subordinado. En segundo lugar, a eliminación, asimesmo, do *igualitarismo,* da «soberanía del número» que porta no seu interior o conceito de cidadán, da igualdade ante a lei, que ignora o evidente feito da desigualdade de orixinária dos homes en «diversidad de aptitud, dignidad e importancia social»[201]. Por conseguinte:

«De todo lo expuesto se deduce que la verdadera idea del self-government es la que reconoce, dentro del Estado, la representación legítima de las clases sociales y la cooperación de las agrupaciones naturales de individuos en el régimen y gobernación de los pueblos»[202].

A vertente política da necesidade de *reorganización gremial*[203] reveste asi tanta importancia como a económica que endiante analizaremos: os grémios pasan a ser unha institución básica da política antimoderna proposta por BRAÑAS, descoñecedora das fondas transformacións estruturais que se producíran a nivel español e mesmo galego nas datas en que postulaba.

Polo demais, e estreitamente vencellado ao antiparlamentarismo e á alternativa gremial, BRAÑAS critica frontalmente todos e cada un dos elementos constitutivos da moderna idea de representación: eleicións, sufráxio universal, soberania nacional ou popular, partidos políticos, etc.

Asi, polo que respeita ás *eleicións,* BRAÑAS mostra unha especial sensibilidade contra delas desde os seus primeiros escritos, proxectando a crítica do entramado da Restauración e o falseamento do sufráxio nunha crítica xeral ás eleicións en tanto que tais. Asi, en «El Muñidor de elecciones»[204] a sátira contra o proceso eleitoral concreto do corrupto sistema canovista, acocha unha clara intencionalidade de descalificación das eleicións como mecanismo de designación de representantes. En «A vispora de San Xoan» a miséria da política moderna é sintetizada por BRAÑAS nas argalladas eleitorais («e os vellos buscan os votos, e os mozos andan a paos») e contraposta ao mundo idílico dos «pazos da Idade Media» e a sua dignidade»[205].

En *El Regionalismo*[206] *La Crisis Económica en la Epoca presente*[207]... ou no próprio Discurso de Burgos[208], achamos reiteradamente expostos os argumentos do corporativismo tradicionalista versus parlamentarismo burgués na liña dun PRINS ou mesmo PELLA Y FORGAS[209].

Outro tanto acontece cos *partidos políticos*: a «farsa de los partidos» é sistematicamente denunciada por BRAÑAS como un dos elementos fundamentais non xa da nova representación política —non corporativa, e base do entramado eleitoral—, senón como un factor máis de centralización, de eliminación da representación das corporacións territoriais. Constantemente da crítica ao «turno pacífico» dos partidos e a montaxe caciquil e cunerista[210] da Restauración pasa-se, sen solución de continuidade, á descalificación global dos partidos en canto instrumentos de participación política. Considerados como innatos xeradores de desorde, de anarquia, como un subproduto «artificial» da política moderna, integran aos ollos de BRAÑAS unha consecuéncia sobranceira da eliminación do orde natural, xerárquico e estamental do medioveo e o seu reemprazo polo conflito e a competéncia, vício capital do liberalismo pluralista:

«La democracia tiende, por su naturaleza especial... al gobierno tumultuoso de los partidos»[211].

E, finalmente, no nivel de maior abstracción, o mesmo compre afirmar polo que respeita á *soberania nacional* e popular. Ambas as duas son radicalmente rexeitadas como princípios políticos informadores en tanto que, primeiramente, substraen a «soberanía» ao seu detentador natural: o monarca; e, en segundo lugar, da sua postulación deriva-se ineluctabelmente

193 ALFREDO BRAÑAS, Discurso na Homenaxe da Prensa de Santiago, *Gaceta de Galicia, 10 de Febreiro do 1890.*

194 ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo*, páxs. 356-358.

195 ALFREDO BRAÑAS, *La crisis...* páx. 43.

196 Idem. páx. 186.

197 Idem. páx. 183.

198 Como ten asinalado NITTI:

«Para PERIN A Igrexa opón-se aos dogmas da liberdade absoluta problamada pola Revolución, e é igualmente contrária á servidume administrativa que o socialismo pode representar como ideário a conseguir». *Le Socialisme Catolique* cit. páx. 274.

A crítica que PERIN leva a cabo na sua obra *Les lois de la societé chrétienne,* cit. páxs. 245 e ss., achamo-la, unha vez máis, reiterada ponto por ponto na obra od profesor compostelán: crítica da soberania nacional, das liberdades públicas, da liberdade de contratación e de competéncia, etc. etc.

199 ADOLPHE PRINS, *La démocratie et le régime parlamentaire. Etude sur le régime corporatif et la representatión des interets,* Paris, 1887, onde se teoriza nunha declarada perspectiva antiparlamentária e contra o sufráxio universal a articulación de representación por clases, corporacións e institucións. Constitui este libro, sen dúbida, un dos pilares das teorizacións corporativas de BRAÑAS, asi como dos catalanistas conservadores.

200 ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo,* cit., páxs. 65 e ss.

201 Idem. páx. 90.

202 Idem. páx. 81.

203 ALFREDO BRAÑAS, «Necesidad de la reorganización gremial», Conferéncia no Círculo Mercantil de Santiago, *Gaceta de Galicia,* 15 de Marzo do 1896.

204 ALFREDO BRAÑAS, «El muñidor de elecciones», *Galicia Humorística,* n.º 2, cit.

205 ALFREDO BRAÑAS, «A víspora de San Xoan», cit.

206 ALFREDO BRAÑAS, «*El Regionalismo,* cit., páx. 65 e ss.

207 ALFREDO BRAÑAS, *La crisis...*, páxs. 73 e ss.

208 ALFREDO BRAÑAS, *Peligros que amenazan a la sociedad en el* cit. páx. 154.

209 PELLA Y FORGAS, «El sistema parlamenteario, la democracia, las clases y los gremios,» en *La España Regional,* 1889, Tomo VI, páxs. 1 a 11. Onde se celebra ao corporativismo de PRINS, mais nunha perspectiva conservadora e non carlista como a de BRAÑAS:

«¿Cómo cerrar las Cámaras, licenciar a nuestros oradores en Madrid, sin abrir el camino a D. Carlos o al absolutismo?».

210 «Y después de todo ¿qué peor feudalismo que el feudalismo parlamentario? ¿No hay pueblos, provincias enteras y hasta regiones dominadas y supeditadas a este o aquel personaje político que reina como un verdadeiro monarca sobre las localidades sometidas a su férula? ¿Nó s ha elevado el caciquismo en nuestros días a la categoría de cuasi-institución política, sujeta también, dentro de su limitada esfera, a lo que se llama el *turno pacífico de los partidos?*»

ALFREDO BRAÑAS, *La crisis económica...* Cit. páx. 45.

211 Idem. páx. 174.

a accidentalidade dos gobernos, o direito ao estabelecimento das formas de goberno.

O dogma da *soberania nacional*[212] ven sintetizar en si mesmo non somente o demoliberalismo senón, asemade, o próprio feito da concentración e monopolización do poder político nunha única instáncia estatal que se ergue frente á sociedade civil. A lucidez de BRAÑAS, orixinada polo seu posicionamento pasadista, agroma aqui en toda a sua dimensión, ao extrair aos princípios liberais —ben que nunha perspectiva crítica— todas as suas consecuéncias no orde político e organizativo. Tras o dogma da soberania nacional, agacha-se, en efeito, a fundamentación dun novo orde xurídico-público, inaceptábel para o noso autor, en canto implica o abandono dun «Direito» de raiz ético-relixioso cara ao Direito Moderno, racional primeiro e positivo despois, destruindo o vello sistema *teórico,* do mesmo xeito que ficara destruído o vello *orde institucional* de organización do poder político.

O conceito de soberania nacional implica a supresión, en primeiro lugar, de toda desigualdade entre os cidadáns, liquidando o orde xerárquico feudal. En segundo lugar, e seguidamente, a substitución dos estamentos polos cidadáns entendidos somente como indivíduos ou como *nación abstracta,* desaparecendo toda consideración das «corporacións intermédias». Pero, asemade, o dogma da soberania nacional ven excluir a *Monarquia propiamente dita,* como ten asinalado CARRE DE MALBERG: o seu órgao supremo por direito próprio, non derivado; promovendo, asi mesmo, a separación de poderes constituintes e constituídos. En suma, o dogma da soberania nacional ven conter na sua interioridade o cerne daquela negatividade da política moderna que BRAÑAS abominaba[213].

c. BRAÑAS e a organización política pre-estatal.

Asi e todo, a problemática da soberania introduce-nos de cheo noutros posicionamentos non menos relevantes do noso autor: indefectibelmente o antiliberalismo e antiparlamentarismo formulados por BRAÑAS nunha óptica claramente pre-capitalista, desembocan nun posicionamento *pre-estatalista.* Tras o rexeitamento do orde liberal acha-se o desbotamento da forma de organización política da contemporaneidade: o Estado.

A postulación da «liberdade dos antigos» polo noso autor, reformulada como recuperación das vellas liberdades locais, fai-se cunha radicalidade tal —que ao final, non resulta senón estrita coeréncia— que desemboca constantemente en decantacións pre-estatalistas. Asi, por exemplo, cando o catedrático compostelán analiza as causas da crise económica situa o centro das eivas contemporáneas entre outras causas:

«sobre todo en la destrucción completa de las franquicias populares y de los fueros y libertades comunales»[214].

de tal xeito que o Estado nacional e unitário:

«vendrá a ser el triste sepulcro de nuestras santas libertades»[215].

En afirmacións como as anteriores, achamo-nos nunha problemática que trascende o mero alegato rexionalista, ou unha mera perspectiva autoritária: trata-se da impugnación da organización política estatal contemporánea en calquera das suas formas de goberno.

En estrita coeréncia co conxunto do seu sistema e o seu rexeitamento da soberania nacional, en BRAÑAS atopamos a postulación dun sistema político caracterizado polos seguintes elementos: unha organización política fundamentada decisivamente na família, xamais no indivíduo; unha presenza da Igrexa que afecta tanto ás relacións de subordinación e xerarquia espiritual como á própria volición política: a Igrexa dispón de próprio poder político e dun ámbito para o seu exercício, xurisdición, potestade de exaccións etc. etc.; presenza de corporacións re-

[212] Como ten asinalado JOUVENEL:

«E un erro comun, pero enorme, confundir unha asemblea convocada co fin de conceder subsídios, cun Parlamento moderno, é dicer, que se trata nun ou noutro caso dun consentimento popular ao imposto. Actualmente, o Parlamento non ten en absoluto o carácter dunha asemblea de contribuintes. Ten o carácter dun soberano que cobra impostos ao seu gosto... é un erro crer que a História non contemplou outro cámbio relativo á Soberania que o seu desprazamento. Ela mirou, sobretodo, a construción dunha Soberania sen límite da que os nosos antepasados non tiñan idea». *La Soberanía,* Madrid, 1957, páx. 303.

[213] Como ten subliñado CARRE DE MALBERG a este respeito:

«O que a Revolución francesa ten fundado en virtude do princípio da soberania nacional é o réxime representativo, un réxime no cal a soberania, que está reservada unicamente ao ente colectivo e abstracto de nación, non pode ser exercida por ningúen, sexa quen sexa, máis que a título de representante nacional». *Teoría General del Estado* cit. páx. 889.

[214] ALFREDO BRAÑAS, *La crisis económica*... cit. páx. 9.

[215] Ibídem.

guladas por unha diversidade de privilléxios; dispersión do poder político no seo da sociedade civil; explotación indirecta do traballo en base á coacción extra-económica: os vínculos de dependéncia da servidume etc. etc....

En definitiva, achamo-nos perante un *modelo político pre-capitalista e pre-estatal* semellante, nos seus rasgos fundamentais, ao deseñado, por exemplo, por BODIN[216] como expresión máis aquilatada dunha tal organización política tardofeudal. O Estado capitalista ven romper a harmonia estabelecida en derredor destas liberdades locais e poderes dispersos, polo que unha das finalidades, quizais a sobranceira, do rexionalismo que BRAÑAS formula radica precisamente en lle facer frente a un tal inimigo, en:

«conservar con celoso cuidado sus libertades municipales librándolas de la servidumbre y dependencia de un poder central soberano siempre usurpador, que tiende por su naturaleza a la absorción de las *libertades locales* y de *los grupos subordinados independientes* por unha voluntad única...»[217] (subliñados nosos, R. M.).

Engarza-se aqui coas consideracións analizadas no seu momento sobre as refutacións do catedrático compostelán do iusrracionalismo. As suas negativas á autonomización[218] de disciplinas como o Direito ou a Economia face á moral e á relixión adquiren asi a coeréncia da totalidade insertas no modelo dunha organización sócio-política feudal: o axeitamento entre os conceitos e a realidade que intentaban reproducir amosa-se, deste xeito, con toda claridade; a inaceptabilidade das modernas categorias xurídico-publicas fai-se desde un paradigma de sociedade medieval alternativo, que se propón como modelo. O carácter *reaccionário* «stricto sensu» do pensamento de BRAÑAS atinxe, asi, o seu maior grau de lucidez e coeréncia no autorreconecimento da sua posición obxectiva:

«Los masones, judíos y demócratas españoles nos llaman *reaccionarios,* y es una frase exactísima, debemos aceptarla agradecidos. La *reacción,* tanto en el orden físico como el moral, suele ser una *regeneración* para la vida del cuerpo y la salud del alma. Si la *reacción* no viene, ellos se encargarán, en su papel de enterradores, de dar sepultura al cadáver de la gran patria española»[219]. (subliñados orixinais).

Finalmente, compre lembrar-nos de que esta radicalidade pasadista e reaccionária non era de nengun xeito allea á transición social que tiña lugar na Galiza finisecular, onde centrais elementos feudais como as rendas forais seguian en pé cando BRAÑAS escrebia liñas como as anteriores, fornecendo dunha especial proximidade cronolóxica ao Antigo Réxime cuxa recuperación se postula. Máis que de anacronismos, trata-se no noso autor de vinculacións «resultantes» cun sector desa sociedade galega que ainda se resiste desesperadamente a perder os seus privilléxios para deixar paso ao novo orde do capital que se estaba a impoñer fidalguia devecente e, sobre todo, a Igrexa.

Para o rexionalismo galego, enfin, non podia ser tarefa fácil ceibar-se do lastre dun pasado de formulacións teórico-ideolóxicas feudais e pre-capitalistas, mentres non constituíse tamén un pasado *práctico.*

B. Carlismo e Monarquia Tradicional.

Descamos agora alguns degraus máis canto á concreción se refere e abordemos as últimas traducións prácticas do posicionamento político-ideolóxico de BRAÑAS; principalmente o seu conceito de *Monarquia tradicional* e natureza de clase da sua proposta política.

a. Monarquia Tradicional vs. Monarquia Parlamentaria.

A ubicación pre-capitalista da perspectiva de BRAÑAS desemboca na sua postulación dunha for-

[216] Cfr. BARTOLOME CLAVERO, *Política de un problema: la revolución burguesa,* cit., sinteriza asi o aspecto que aqui nos interesa:

«En tal sistema histórico (no Antiguo Réxime do que, figurando-se unha sorte de «Estado Moderno», soen hoxendia dar-se as máis anacrónicas imaxes políticas) a mesma base señorial de explotación directa do traballo sustenta (ainda que non sen asisténcia, en diverso grau segundo as épocas, das relacións feudo-vasalláticas e corporativas que soen ter unha importante tradución económica) as máis diversas espécies de autoridade política asli existentes: desde o domínio do último fidalgo até as terras «de San Pedro» do Pontífice, pasando polos señorios de reis; e a mesma complexidade do edifício político, a sua mesma incardinación na sociedade pode derivar diso: desfrutando asi os devanditos poderes plurais da explotación directa de vasalos mediante señorios, gozan dunha autonomia de princípio que seguirá reflexando-se nos expedientes federais e corporativos da sua integración política e sobre a que somente dun xeito moi relativo, a efeitos do sistema nunha fase de desenvolvimento crítica, pode imponer-se a 'soberania' dalguns príncipes». Loc. cit. páx. 18.

[217] ALFREDO BRAÑAS, *La crisis*... cit. páx. 39.

[218] Asi, a auséncia da postulación dun orde político e económico autónomos e alleos a mediación relixiosa da subordinación espiritual e xerarquia estamental posui o seu correlativo téorico nunha non autonomización das disciplinas que dan conta daquelas realidades. Endali as resisténcias de BRAÑAS a aceitar unha economia ou un Direito sen condicionamentos morais-relixiosos.

[219] ALFREDO BRAÑAS, Congreso Católico de Burgos, páx. 160.

ma de goberno *monáquica tradicional,* vale dicer, non inserida na estrutura constitucional do Estado contempóraneo, senón nas formas pre-estatais de organización política. Para o catedrático compostelán, en efeito, non abondaba coa postulación dunha monarquia indeterminada pois podia ben permanecer contra a sua vontade no âmbito do Estado capitalista. Tiña, en troques, que se situar no eido das vellas monarquias tradicionais, pre-constitucionais, como *forma de Estado* e non mera *forma de goberno*[220].

Deste xeito configuraba-se a opción monárquica de BRAÑAS integrada por duas características fundamentais:

1. O monarca acha-se dotado de todos os poderes orixinários, non é de nengun xeito un órgao constituído: integra un órgao «soberano».

2. Mais esta «soberania» nada ten que ver co conceito contemporáneo da mesma, xa que non debe entenderse supoña en modo algún unha monopolización do poder político nas mans do monarca, senón que implica somente unha xerarquización do poder político na que o monarca se ergue en instáncia superior, mais compatibilizada coa presenza doutros poderes dispersos na sociedade civil.

En definitiva, é preciso dar conta desta dualidade de planos nos que se desenvolve o pensamento de BRAÑAS e delimitar os estritos límites do seu *autocratismo,* que non se pode identificar con ningunha sorte de concentración totalizante do poder no monarca, nen en nengun outro órgao. A alleidade fronte ás formas de goberno monárquicas do Estado capitalista[221], nomeadamente *Monarquia constitucional* e *Monarquia democrática,* radica pois tanto nesta non absolutización de poderes nas mans do monarca conxuntamente con, o que a simple vista semellaria contraditório, o autocratismo derivado da concepción do monarca como fonte orixinária de todo poder, en virtude da cal todos os demais poderes *dos restantes órgaos do Estado* son derivados ou delegados do prístino poder monárquico[222].

Neste orde de cousas —no plano *sociopolítico* e non meramente *xurídico* ao que pertencia a distinción entre Monarquia constitucional e democrática á que nos temos referido— BRAÑAS elimina verbo da Monarquia todo critério de representación, liquidando como xa se viu o parlamento e sustituindo-o por unha representación de grémios, brazos ou clases:

«abolido el régimen parlamentario y centralista, derogadas todas las constituciones españolas desde la de Bayona hasta la vigente del 1876, se restaura el sistema político tradicional»[223].

De tal xeito que nen a Constitución nen outros órgaos *estatais* limiten os poderes do Rei e as próprias Cortes, a semellanza das históricas, sexan meramente consultivas[224] correspondendo o poder lexislativo ao monarca, única e exclusivamente[225].

Ainda máis, a lucidez de BRAÑAS volve a por-se de manifesto cando argüi no sentido de considerar que unha das causas polas que rexeita a *Monarquia constitucional* como forma de goberno e Estado, reside precisamente en que detrás desa fórmula xurídica pode producir-se a existéncia práctica e política dunha *monarquia parlamentária:*

«*Asambleas representativas, según la falsa idea de la soberanía nacional... y un monarca, humildísimo servidor de esa voluntad omnipotente,* el cual puede escoger sus ministros, pero que en realidad no hace más que nombrar los que la Cámara le designa»[226].

220 Cfr. ao respeito HANS KELSEN, *Teoria General del Estado,* cit., páxs. 426 e ss., quen plantexa a diferenciación entre Monarquia absoluta e Monarquia constitucional non desde unha perspectiva de democracia vs. autoritarismo, senón desde a perspectiva de diferenza entre un Estado pre-moderno e un Estado moderno: na Constitución o Monarca non é un órgao despositário da soberania senón un órgao constituído.

221 CARRE DE MALBERG, op. cit. páx. 883.

222 IGNACIO DE OTTO, «Sobre la monarquía» en *La Izquierda y la Constitución.* Barcelona, 1978, páxs. 51 e ss.

223 ALFREDO BRAÑAS, «Laboremus», *El Correo Español*, cit.

224 ALFREDO BRAÑAS, «Organización administrativa de Galicia». *El Correo Español,* 30 de Novembro do 1898, onde se explicita o poder lexislativo único do Rei asesorado polas Cortes:

> «Esta lei debe ser redactada y estudiada por la Diputación del Reino y propuesta por los Diputados de Galicia al Rey en las Cortes Generales. Todas las leyes que proponga la Diputación pueden ser modificadas y ampliadad por el Soberano...»

225 Cfr. neste sentido a diferenciación de PEREZ PRENDES, *Cortes de Castilla,* Barcelona, 1974, onde frente á continuidade postulada por MARTINEZ MARINA nas constiuintes gaditanas se pon de manifesto concluindo:

> «Os testemuños que temos aportado —sobre a obrigación de comparecer nas Cortes, baseada no deber xeral de asisténcia de todo súbdito ao Monarca, asi como o sentido da presenza de nobres, clero e procuradores, por completo diferente tanto da estrutura das Cámaras parlamentárias estamentais europeas, como das ideas da encarnación da soberania nacional— e, por fin, a concordancia destes princípios coas actividades das Cortes, xunto aos detalles de celebración que acabamos de subliñar, amosan-mos, en conxunto, a verdadeira función da Asemblea estudada dentro do Direito Público da época: trata-se dun órgao político-administrativo, dirixido e controlado polo Monarca, dentro da supeditación *deste ás normas vixentes, as cais nen emanan nen son custodiadas polas Cortes, cuxa única misión é dar consello».* Op. cit. páxs. 155-156.

226 ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo,* cit., páx. 80.

BRAÑAS, pois, opón-se en distintos planos a unha dobre realidade institucional da Monarquia moderna. Por unha banda, no plano estritamente xurídico, o noso autor rexeita a *Monarquia constitucional* en canto esta implica que o monarca non ten outros poderes que os derivados da Constitución, non sendo fonte de todo poder, e pola contra integra-se como un órgao constituído que necesita doutros órgaos: Parlamento, Goberno, para exercitar os poderes políticos estatais; órgaos que non posuen un carácter meramente delegado do monarca senón próprio e derivado da Constitución.

Mais, asemade, no plano sociopolítico, BRAÑAS opón-se a unha das posíbeis cristalizacións prácticas dunha estrutura xurídica de monarquia constitucional: á *Monarquia parlamentária.* Achamo-nos aqui non xa no plano xurídico senón na realidade de funcionamento dos poderes que a Constitución outorga ao monarca e aos outros órgaos constituídos, sobretodo o Parlamento. O noso autor non tolera que ademais de constitucionalizar ao monarca, o peso do normal funcionamento das institucións se desprace cara ao parlamento até o ponto que o rei, ao facer uso das suas faculdades, limita-se practicamente á formalización de decisións parlamentárias, en especial no proceso lexislativo, onde a sanción do monarca, de própria decisión última do mesmo se transforma nun *acto debido.* Endali que BRAÑAS critique acidamente a aqueles que:

«todavia creen que el Parlamento y el Soberano que reina, pero no gobierna son el Deus est Machina de la felicidad de los Estados»[227].

A eliminación do parlamentarismo, por outra parte, permite certo *accidentalismo* que en ocasións agroma nos escritos de BRAÑAS, en calquer caso sempre con anterioridade a 1895 e ao seu achegamento ao carlismo. Efectivamene, a república desprovista da centralidade do parlamento, non integra senón unha *poliarquia,* como o próprio autor a denomina en diversas ocasións como en *La Crisis en la Epoca presente*[228], unha vez perdido o elemento básico da sua estrutura como forma de goberno[229]. O pretendido accidentalismo de BRAÑAS ao final non resulta tal por canto se basea na desvirtuación da forma republicana que se converte no goberno personal dun colectivo poliárquico, face ao unipersoal goberno monárquico.

En suma, *Monarquia tradicional* en BRAÑAS que recorda, salvadas as distancias de rigor, á postulada por alguns nacionalistas franceses conservadores como BARRES, estreitamente vencellado co antiparlamentarismo ou antiliberalismo[230], ou o próprio MAURRAS, cinguidamente a un tradicionalismo antimoderno[231]. Moi similar tamén, finalmente, a aquela *Monarquia federativa* que teorizara VAZQUEZ DE MELLA desde o carlismo[232], coa que compartia a arela de recuperación das vellas liberdades locais frente á revolución francesa, vencellando monarquia tradicional coa desvirtuación do credo federal a prol dun «monarca con fueros».

b. Clero e fidalguia: no vieiro do carlismo.

De todo o dito fica patentizado que a obra inteira de BRAÑAS constitui unha interpelación ás clases

227 ALFREDO BRAÑAS, *La crisis...* cit. páx. 186.

228 Idem. páx. 193.

229 Sobre a centralidade do Parlamento nas Repúblicas, Cfr. CARLOS DE CABO MARTIN, *La República y el Estado Liberal,* Madrid, 1977, páxs. 259 e ss., que resalta a funcionalidade teórica (expresión da soberania nacional) e práctica (representación) do parlamento na forma de goberno republicano.

230 Como asinala ZEEV STERNHELL, na sua monografia sobre de BARRES:

> «O Parlamento é o símbolo do orde burgués e da democrácia liberal; é o Parlamento, e non en absoluto os efimeros ministros, quen encarna o poder. Fachada da República, o Parlameno é, asi mesmo, o centro de gravitación do poder; é ali onde se anudan os fios da vida política e económica do país... Para BARRES, a vida política na República non é máis que un conxunto de 'mil querelas de detalle', de 'intrigas', de 'futilidades', nada máis que unha inmensa 'infamia'....» *Maurice Barres et le nationalisme français,* Paris, 1972, páx. 122.

231 En MAURRAS achamo-nos, en efeito, coa postulación dunha monarquia tradicional, antiparlamentária e descentralizada no sentido de recuperación das vellas liberdades locais: en suma, cun modelo Ancien Regime («Para que viva Franza é preciso que volva o Rei») no que a denúncia aos princípios básicos do liberalismo (igualdade formal perante a lei, sufráxio, individualismo, etc.) conxungan-se cunha descentralización tanto territorial (liberdades locais) como corporativa. Compre subliñarmos neste sentido a influéncia de BARRES e sobretodo, de LE PLAY, autor tan querido a BRAÑAS, na sua obra.

Por riba de importantes diferenzas, das cais o seu filopositivismo de precedéncia comtiana non é o menos relevante, as similitudes coa proposta de BRAÑAS resultan realmente notórias.

Cfr. NATTER e C. ROUSSEAU, *De la politique naturelle au nationalisme integral,* Paris 1972, páxs. 44 a 49.

232 «Soy partidario de aquella *monarquiá federativa y representativa* que, cuando por primera vez la formulé aquí, produjo cierto natural escándalo en los que no estaban acostumbrados a llamarnos más que absolutistas, tiránicos, arbitrarios y defensores del despotismo. Cuando yo formulé este concepto de *monarquía federativa y regionalista,* para evitar el escándalo de mis adversarios, tuve que hacer en mi propio partido antecedentes de las palabras que pronunciaba, y recordar la forma de la *monarquía catalano-aragonesa»* (Subliñados nosos, R. M.).

VAZQUEZ DE MELLA, *Regionalismo y Monarquía,* cit., páx. 287.

debedoras do Antigo Réxime, e da cal se acha por completo ausente calquer achegamento aos grupos sociais vencellados ás novas relacións de produción.

Vimos xa o desprexo tradicionalista e aristocrático que BRAÑAS profesaba á «miseria mesocrática» e como do conxunto do seu programa político, do mesmo xeito que acontece co económico, como imos ver decontado, se desprende unha posíbel cercania a determinadas clases pero, e sobretodo, da Igrexa. As interpelacións de índole relixiosa promoven unha centralidade do clero tradicionalista nas propostas políticas de BRAÑAS que non pode ser desprazado en ningun momento pola fidalguia. Como ao analizarmos a movilización rexionalista ficou de manifesto, a proximidade real de BRAÑAS aos sectores do clero tradicionalista de Santiago e Tui por exemplo, ou mesmo á xerarquia eclesiástica, non ten ponto de comparación cunha certa alleidade relativa ás clases seculares portadoras dos intereses do Antigo Réxime como fidalguia e pequena-fidalguia. Vencellamento que, de producir-se, seria sempre *resultante* en canto «inteleitual tradicional» e a posteriori dunha formulación nas que se acha ausente por completo calquer mecánica defensa dunha situación de clase o que daria conta da distancia e radicalidade do seu programa pasadista verbo duns sectores sociais xa devecentes ou en proceso de integración no sistema económico e político da Restauración.

Esta dirección de clase, integrada por un posicionamento complexo en diversos ordes —monarquia tradicional, antiliberalismo— asi como clase de descentralización que se postulaba contribuían a situar a BRAÑAS no roteiro do carlismo. A distáncia que BRAÑAS mantivera, por mor da substantividade do seu proxecto rexionalista, trocaria-se apartir do 1895 en progresivo achegamento as filas dos partidários de D. Carlos. Compre lembrarmos neste sentido que, málía a sua patente proximidade ideolóxica ao credo carlista, o noso autor mantivera sempre un perceptíbel distanciamento, desde os próprios tempos de *El libredón,* que traducia en clave persoal a problemática máis ampla de «unión de todos los gallegos» segundo o cal o rexionalismo seria instrumento de solidaridade e endexamais de novos enfrentamentos.

Reiteradas probas desta *distáncia* ao carlismo, non de princípios senón político-estratéxica, en intervencións tais como «El Regionalismo no es el carlismo»[233] asi como reiteradas declaracións[234] no mesmo sentido que se manteñen até o ano 1897, no que ainda BRAÑAS sostén a distinción entre o rexionalismo e a Comunión Carlista[235]; non poden levar-nos a descoñecer un feito meridiano: os elementos fundamentais do ideário carlista, agás da retórica específica da Comunión, achan-se presentes no catedrático compostelán desde un princípio, de tal xeito que nengunha ruptura espectacular se produciu na sua biografia intelectual co gallo do seu progresivo achegamento aos partidários de Don Carlos.

A própria procura de coeréncia do seu ideário, xuntamente cos avatares do movimento rexionalista, en especial o rumo liberal do sector coruñés, integran as razóns sobranceiras que motivaron a integración final de BRAÑAS no carlismo:

«Cada vez estamos más convencidos de que nada puede esperarse de los que, a título de regeneradores, *barajan y confunden las salvadoras ideas del regionalismo con las del sistema uniformista y parlamentario, pretendiendo conciliar cosas tan opuestas entre si* como son lo que se afirma y lo que se niega, las tinieblas y la luz, el error y la verdad. Todos cuantos han lanzado programas, formulado protestas, inventado reformas y reunido asambleas en sentido descentralizador han demostrado su incompetencia política y administrativa por diversas razones. Los unos, han querido destruir los efectos, dejando en pie las causa; *los otros creen compatible el dogma de la soberanía nacional con el régimen representativo*; los exteriormente católicos acometen con tibieza un plan de reformas sobre las mal llamadas libertades públicas... y finalmente, los más cándidos, vienen a estas alturas con cataplasmas económicas y mercantiles que trascienden a smithianismo rancio y decadente»[236].

O posicionamento carlista de BRAÑAS dos seus últimos anos, non viria senón sintetizar e coonestar, como asinalara co gallo do seu pasamento POLO Y PEIROLON[237], Os pontos nodais da sua ideoloxia de

233 ALFREDO BRAÑAS, «El Regionalismo no es el carlismo», *La Defensa de Galicia*, Vilagarcia de Arousa, 12 de Setembro do 1893, onde sobre o feito de que o carlismo non posuia un programa descentralizador comparábel ás bases de Manresa, BRAÑAS diferéncia rexionalismo e carlismo. A posterior acentuación da perspectiva foralista e o manifesto de Loredam eliminarian estes atrancos para unha converxéncia de BRAÑAS cara aos partidários de Don Carlos. Cfr. BALDORMERO CORES TRASMONTE, «Las Bases para el regionalismo y su aplicación a Galicia», *Revista de Estudios Políticos,* N.° 206-207, 1976, páxs. 203 e ss.

234 Gaceta de Galicia, 11 de Maio do 1895.

235 Asi, por exemplo, na crítica ao libro do ano 1897 cit. *Patria y Región* de SALVADOR GOLPE celebra a distinción que este fai entre rexionalismo e federalismo e Comuñón Carlista, *Gaceta de Galicia*, 20 de Maio do 1897.

236 ALFREDO BRAÑAS, «Laboremus» cit.

237 As dificuldades e penúrias dos seus primeiros anos de profesorado na Universidade de Santiago que se achan moi posibelmente na base ada sua renúncia á Cátedra de Direito Natural, refléxan-se en diversos artigos adicados por BRAÑAS á problemática profesional universitária:

sempre, vertebrados en arredor dunha dobre problemática: a relixiosidade do seu catolicismo tradicional e o seu rexionalismo pasadista.

IV. ECONOMIA E SOCIEDADE: A INIMIGA RADICAL AO CAPITALISMO

Xa temos ollado no seu momento como a palmária contradicción, que implicaba que un pensador radicalmente anticapitalista centrase a sua actividade académica precisamente nunha matéria moderna por exceléncia: a Economía Política e Facenda Pública, era resolta por BRAÑAS através do desbotamento do pensamento liberal e a sua adscrición á escola económica cristiá. Compre agora, tendo presente os elementos xa avanzados con anterioridade, e en especial o seu catolicismo social, centrarmo-nos nas propostas do catedrático compostelán mais achegadas ao rexionalismo, ao modelo por el proposto de sociedade galega alternativa.

Como ficou amosado de xeito patente ao analizarmos o campo semántico-conceptual de Galiza en BRAÑAS: o Discurso puramente rexionalista acha-se entrevesado de unidades léxicas económicas de marcado carácter pre-capitalista: «gremios», «corporaciones», «artesanado», «subordinación religiosa», «instrucción moral»... etc. Vocábulos todos eles claramente *extra-económicos* que mostran a inexisténcia no pensamento de BRAÑAS dun espazo autónomo económico, específico, reemprazado por unha síntese de elementos políticos, morais, relixiosos e produtivos que se amosan inescindíbeis. Para BRAÑAS, como pon de relevo o seu anacrónico léxico de asociacións e o seu desbotamento na rede de oposicións dos termos económicos capitalistas mais usuais, non hai *Economia,* autonomamente considerada.

A. Por unha volta á organización gremial das relacións de produción.

A disolución dos grémios presenta-se, sen dúbida, como unha das tarefas centrais da realización da revolución burguesa. Con efecto, a supresión das corporacións gremiais integraba un elemento indispensábel na transición do feudalismo ao capitalismo. Trataba-se, como é sabido, dunhas institucións corporativas de artesáns que englobaban no seu interior a mestres, oficiais e aprendices, cuxas relacións se achaban fortemente regulamentadas. Os *grémios* fixaban asemade con grande minuciosidade até as cuestións mais nímias no referente a impedir a competéncia, limitacións dos ofícios, competéncia territorial e funcional, proceso produtivo e mesmo participación no goberno da cidade[238].

Estas organizacións corporativas freaban o desenvolvimento das forzas produtivas ao non permitiren a introdución de modificacións no seo dos tradicionais procesos produtivos, proscreber as innovacións tecnolóxicas, impediren a competéncia e concentración capitalista e ao manteren fortes ataduras e dependéncias através dunha rispeta gradación, de aprendiz a mestre, da man de obra que o desenvolvimento económico precisaba. O próprio domínio político que os grémios exercian nas cidades impedia a aparición e xeneralización de empresas capitalistas: manufacturas de traballo a domicílio fundamentalmente.

A disolución dos grémios, da man da Revolución burguesa, foi levada a cabo en España desde o Decreto das Cortes de Cádiz do 1813 sobre «libre ejercicio de cualquier oficio» até o Decreto de 20 de Xaneiro do 1834 abolindo o foro privilexiado das corporacións; recebendo o golpe de grácia como ten amosado ALARCON CARACUEL co Decreto de 6 de Decembro do 1836, que restaurou o de 1813 tras diversas vicisitudes e dificuldades[239].

Pois ben, e isto somente podia ser asi, o gremialismo integra outro dos máis patentes e característicos rasgos do seu pensamento económico. Xa temos visto ao falarmos do seu ideário político como a representación corporativa gremial adequiria unha importáncia decisiva ao postular-se como substituto do máximo órgao representativo do Estado burgués: o parlamento.

Desde a perspectiva económica imo-nos atopar cunha paralela postulación: a *reinstauración da organización gremial da produción* integra, sen dúbida, un dos elementos sobranceiros e omnipresentes nas

«Del ingreso en el profesorado», *Gaceta de Galicia,* 30 de Maio do 1892, onde se critica explicitamente o sistema de oposicións como centralizador e desaxeitado e se propón a sua substitución por un concurso.

«Las economías: Las Facultades de Derecho y los sueldos de los catedráticos», *Gaceta de Galicia,* 18 de Maio de 1892, onde, conxuntamente co incremento dos soldos dos catedráticos, volve-se criticar o sistema de oposicións e a situación dos profesores auxiliares.

238 Cfr. PEDRO MOLAS RIBALTA, *Los gremios barceloneses del siglo XVIII,* Madrid, 1970, passim.

239 PEDRO ALARCON CARACUEL, *El Derecho de Asociación obrera en España,* Madrid, 1975, páxs. 17 a 48.

máis diversas intervencións de BRAÑAS, fortemente influenciado unha vez máis polo catolicismo social de autores tais como LE PLAY[240] PERIN[241]etc.

Na valoración da presenza dun elemento real compre salientarmos outravolta o peso do elemento relixioso que xa temos analizado: será precisamente a orientación e ordenación cristiá do traballo, a idealizada inexisténcia de conflitos, a xerarquia espiritual e, en definitiva, a dependéncia persoal o que BRAÑAS valore na institución gremial:

«Es pues una doctrina aceptada unánimemente por los historiadores de las Corporaciones obreras, que la idea religiosa y el espíritu de fraternidad, de caridad y beneficiencia han presidido la formación de las primitivas ghildas o cofradías, que fueron la base de las instituciones gremiales... cada gremio era un organismo jurídico, una entidad económica y una asociación religioso-benéfica... El espíritu cristiano, la devoción a los santos y las prácticas de caridad habían ligado entre sí a los obreros, sin distinción de maestros y oficiales...»[242].

A isto viña-se engadir a funcionalidade social que o Grémio desempeñaba nunha sociedade de poderes dispersos, onde existian unha pluralidade de focos normativos e xuridicionais, ausente o Estado no estrito sentido do conceito, o grémio integraba así:

«una entidad natural intermedia entre la familia y el Estado»[243].

Este orde perfeito e natural dà produción, foi destruído pola revolución «francesa», e as suas secuelas nos restantes países, baixo o influxo das novas e perturbadoras ideas que viñan esnaquizar tan idílico mundo e contrapoñer o capital e o traballo nunha loita sen fin:

«A las novísimas ideas democráticas e igualitarias, a los dogmas de la libertad, de la soberanía popular y del individualismo político se debió el famoso edicto de TURGOT que abolió los gremios de artesanos, las corporaciones de oficios, proclamó el derecho absoluto de la libertad de trabajo y *rompió los vínculos entre los empresarios y los obreros* y elevó a dogma de fe el principio del individualismo económico, *poniendo frente a frente el capital y el trabajo, el rico y el pobre, el maestro y el aprendiz... el patrono y el obrero,* antes ligados por lazos religiosos, económicos y jurídicos, son ahora dos fuerzas aisladas en virtud de las conquistas de la democracia económica...»[244] (subliñado noso, R. M.).

A liberación da forza de traballo das dependéncis persoais por unha banda, e a libre competéncia de comércio e indústria por outra, integran as duas maiores negatividades que da abolición gremial se derivan. A nídia percepción que, en base ás suas areias medievalizantes, BRAÑAS amosa dos câmbios que a revolución burguesa introduce nas relacións de produción resulta equiparábel á lucidez demostrada co gallo dos aspectos políticos da mesma.

Se unha persoa sintetiza o ponto de ruptura co orde económico tradicional, tal era, para o catedrático compostelán, TURGOT; asasino do vello orde:

«Educado por los enciclopedistas, TURGOT fue elegido para matar de un golpe la organización económica cristiana y sentar los preliminares de la ciencia de SMITH, impersonal, egoísta, escéptica»[245].

Ei-lo núcleo mesmo da contradicción antes aludida na biografia persoal de BRAÑAS: non tal ou cal corrente económica, senón a própria *economia* en canto tal viu, ao seu lúcido entender, por ponto final ao réxime produtivo «cristiano» e corporativo:

«Los fisiócratas predicando la libertad de trabajo, *los economistas en general, condenando toda forma de privilegio o monopolio, prepararon la caída del régimen gremial*»[246] (Subliñado noso, R. M.)

240 LE PLAY, *La reforme social en Francia,* cit., páx. 78 e ss.
241 PERIN, *Les lois de la societé crétienne,* cit., páxs. 134 e ss.
242 ALFREDO BRAÑAS, *Historia económica,* cit., páxs. 120-131, engadindo-se posteriormente:

«En suma, que los antiguos gremios combinaban sabiamente el trabajo con la devoción, los bienes temporales con el fin espiritual, el alma de su negocio con el negocio de su alma. Por esto no había ni abusos capitalísticos, ni huelgas, ni explotaciones industriales anónimas, ni antagonismos entre patronos y obreros». Op. cit. páx. 133.

243 ALFREDO BRAÑAS, *Historia económica,* cit., páx. 142.
244 ALFREDO BRAÑAS, *La Crisis...,* cit., páx. 86.
245 ALFREDO BRAÑAS, «La cuestión social» cit., onde se segue a falar deste xeito:

«Y ese descichado, ministro del más desdichado de los monarcas franceses, decretó la abolición gremial y rompió los lazos profesionales entre los patronos y los obreros y proclamó el individualismo del trabajo que produjo al poco tiempo la explotación del trabajador, las iniquidades del capital anónimo, los escesos de la grande industria y, como consecuencia funesta de todo ello, el socialismo radical, la impiedad del proletariado y el ensangrentado espectro del anarquismo con sus bombas explosivas y sus puñales envenenados».

246 ALFREDO BRAÑAS, *Historia económica,* cit. páx. 136.

Unha vez formulada a doutrina, o mal estaba feito, o orde económico tradicional tiña ditada a sua sentenza de morte. TURGOT somente seria o executor material do que as «perniciosas ideas liberales» dos «economistas» tiñan planificado de antemán. O famoso edito do ministro de Luís XVI no ano 1776 que declaraba a liberdade de indústria e ofícios, finalmente estabelecida pola Asemblea Constituinte do 17 de Xuño deo 1891, constituía a acta de nacimento do novo desorde económico. En España un similar proceso, non por importado menos eficaz, reproduciu os mesmos males rompendo coa tradición dunha institución «genuinamente patria»:

«Desde Felipe V, que villanamente robó las libertades valencianas y catalanas declarando abolidos los fueros y los privilegios de aquellos reinos, *los gremios decayeron precipitadamene hasta que les dió el golpe de gracia el espíritu uniformista, centralizador y parlamentario de las Cortes de Cádiz*»[247] (Subliñado noso, R. M.).

A Constitución do 1812 reunia asi unha dobre responsabilidade aos ollos de BRAÑAS: conxuntamente coa introdución do novo orde político da soberania nacional, procedeu a eliminación dos grémios e corporacións dando paso ás novas relacións de produción.

Polo demais, unha das máis graves consecuéncias do estabelecimento e xeneralización do capitalismo tras da destrución do harmónico orde tradicional aos ollos do catedrático compostelán foi provocar a outra oleada revolucionária de moi distinto signo: a Revolución do S. XX. O capitalismo, con efeito, non era senón a antesala do socialismo:

«Los primeros socialistas supieron aprovecharse del estado de ánimo de los explotados... Y la catástrofe fué irremediable: la revolución, las huelgas tumultuosas, el atentado permanente contra la burguesía o clase media era la aspiración común»[248].

Precisamente por iso, BRAÑAS postula, amparando-se na escola de economistas católicos, a superación do caos capitalista, da sua crise permanente, através da recuperación da organización gremial que expuxo incansabelmente toda a sua vida e sobre todo tras o apoio de LEÓN XIII ao catolicismo social.

Conferéncias como «El Trabajo»[249] ou «Necesidad de reorganización gremial»[250], ou mesmo intervencións académicas como *La Crisis...* ou a *Historia económica,* postulan reiteradamente a necesidade de rematar co traballo libre da modernidade e reemprazá-lo polo traballo organizado ao xeito dos tradicionais grémios de ofícios, «amparo del débil contra el fuerte».

Esta reorganización gremial, non orde político como no económico, integra, sen dúbida, un elemento central do rexionalismo de BRAÑAS, enfrentado abertamente coa centralización que implica a grande indústria, o traballo libre, a nova relación capital-traballo, etc. etc. como pon de manifesto en *La Crisis económica de la época presente*[251]. O rexionalismo e a descentralización, como BRAÑAS asinala en *El Regionalismo,* son algo más que unha idea política: un proxecto completo de organización social[252] que abarca todos os ordes: político, social, económico, relixioso, *unha restauración completa da vella sociedade*[253]:

«El día en que triunfase el regionalismo o la federación natural de las pequeñas patrias y se destruyese la vida de los grandes centros para extenderla a las ciudades pequeñas y a los campos, el día en que a la producción desordenada y a la intemperancia de la concurrencia absoluta o libre concurrencia, madre natural del monopolio, sucediese la producción ordenada, el trabajo lento y la dirección gremial; el día en que el salario se sustituyese por el tanto por ciento progresivo del beneficio sobre la masa líquida, descontados los intereses legítimos del capital fijo y circulante y el legítimo provecho del empresario; el día en que se templasen los ardores de la especulación y del negocio con el febrífugo de la caridad cristiana, entonces estamos seguros de que renaceña el antiguo espíritu corporativo, reformando la sociedad y pacificando el mundo»[254].

247 ALFREDO BRAÑAS, «Patria y región de Salvador Golpe» cit., 1897
248 ALFREDO BRAÑAS, *Historia económica,* cit. páxs. 88-89.
249 ALFREDO BRAÑAS, «El Trabajo», *El Eco de Santiago,* 11 de Xaneiro do 1890.
250 ALFREDO BRAÑAS. «Necesidad de la reorganización gremial», *Gaceta de Galicia,* 15 de Marzo do 1896.
251 Nova relación entre capital e traballo que para BRAÑAS provoca ante todo unha degradación moral:

«allí la mujer (nas fábricas, R. M.) se halla alejada del marido, los hijos abandonados por sus padres y todos mezclados y confundidos sin más aspiración que reunir unos cuantos francos o chelines semanales, para disfrutarlos en la taberna o dedicarlos a la propaganda socialista, viviendo en un estado de embrutecimiento, de atrofia intelectual y moral... *La crisis...* cit. páx. 78.

252 ALFREDO BRAÑAS, El Regionalismo, cit. páx. 48.
253 ALFREDO BRAÑAS, «De la condición actual de las clases trabajadoras» cit.
254 ALFREDO BRAÑAS, *Historia económica,* páx. 154.

Mais, asi a recuperación dos gremios a nivel político, instituindo unha representación corporativa frente á parlamentária, non semellaba revestir grande problema para BRAÑAS, o desenvolvimento imparábel do capitalismo implicaba a aparición dunha série de problemas para toda proposta de reorganización gremial que non se podia obviar facilmente. De aí que o catedrático compostelán se vexa na obriga de aceitar, seguindo aos católicos sociais europeus, determinados feitos da nova sociedade como irreversíbeis, aos que resulta preciso adaptar o proxecto de gramialización para resolver positivamente a condición da clase traballadora[255]. A estes efeitos, o noso autor adica unhas páxinas dunha obra en princípio tan pouco propícia a isto como a sua *Historia Económica,* de clara intencionalidade académica. Así, na devandita obra, recollendo as teorias dos PRINS, PERIN, LE PLAY, LEÓN XIII etc. nas suas encíclicas *Humanum Genus* e *De conditione opificum,* trata de concretar un programa concreto de reinserción dos grémios na sociedade capitalista para a sua radical transformación, vendo-se na obriga de recoñecer que:

«los progresos de la industria que hicieron desaparecer los pequeños talleres para sustituirlos por las gigantescas fábricas, exigen que hoy se organicen las corporaciones de distinto modo que en la Edad Media»[256].

Trata-se da única ocasión, sen dúbida, en que BRAÑAS asume, como fixera PERIN frente a LE PLAY, a necesidade de aceitar o feito da grande indústria ali onde se acha en marcha. En troques, nos lugares onde ainda pode ser evitada, como na Galiza, por mor do seu subdesenvolvimento económico, a sua proposta seria inequivocamente alternativa: a prol das pequenas indústrias artesanais.

Neste sentido, BRAÑAS propón unha série de vantaxes que se concedían por lei aos grémios nunha perspectiva económica e política[257].

1.° Direito a elexiren os grémios a terceira parte dos Rexidores dos Concellos e a terceira parte dos Deputados Provinciais.

2.° Criación dun órgao de goberno dos grémios a nivel rexional, o Consello Superior integrado por tres eclesiásticos, tres letrados e tres patronos.

3.° As Corporacións de cada localidade elexirian os Xurados que exercerian a *xursidición* civil e criminal.

4.° Os grémios gozarian de *fuero limitado* no civil, criminal e administrativo: no civil asuntos de menor cuantia e no penal dos xuízos por faltas.

5.° Os grémios das grandes indústrias (máis de 100 obreiros) terian direito a elexir un Deputado a Cortes.

6.° Todos os grémios serian libres e independentes na sua organización interior frente ao Estado.

E como compensacións económicas e normas organizativas estipuladas, BRAÑAS propón as seguintes[258]:

1.° Compromisos estábeis anuais de traballo, organización xerárquica: patronos, capataces, obreiros.

2.° Salários fixados libremente por contrato; caso de estimar os obreiros inxusto o contrato poderian recorrer ao Consello Superior da Rexión.

3.° As horas de traballo fixarian-se polos grémios agás recurso da metade máis un dos obreiros perante o Consello Superior.

4.° Consagraria-se sen excepción o descanso dominical e as festas relixiosas Maiores.

5.° Estabeleceria-se a separación de sexos nos talleres e estabelecimentos e proibición de traballo para os rapaces menores de 10 anos.

6.° Estabelecimento de Seguros e Retiros en cada grémio así como Caixas de Retiros.

7.° Criación de fondos económicos dos grémios con base en descontos a obreiros e patróns.

8.° O Consello Superior Rexional seria elexido polos grémios de cada rexión segundo o critério seguinte: os obreiros elexirian dous eclesiásticos, un letrado e un patrón e o resto seria elexido polos patróns. A Presidéncia seria exercida polo eclesiástico de maior categoria.

En definitiva, unha pretendida aceitación da Grande indústria que resulta desmentida e impugnada radicalmente por unha organización que cuestiona, cunha disfuncional reorganización gremial, os seus presupostos mais básicos e esenciais: liberdade de traballo e contratación, liberdade de indústria e comércio... o medievalismo e tradicionalismo de

255 Cfr. *Gaceta de Galicia,* 16 de Febreito do do 1897.
256 ALFREDO BRAÑAS, *Historia económica,* páx. 142.
257 Idem. páxs. 141-145.
258 Idem. páxs. 145-148.

BRAÑAS acaba por prevalecer claramente sobre a sua leitura da escola social cristiá, que se ve emprazada asi nun proxecto antimoderno e pasadista que supera con moito a actitude conservadora dos seus máis importantes autores.

B. **O problema da propriedade capitalista da terra.**

Outra das tarefas centrais da Revolución Burguesa radica, como ten amosado BARTOLOME CLAVERO, no reemprazo e transformación do plural domínio feudal en propriedade plena capitalista[259]. A revolución burguesa implica, en especial, que o direito de propriedade da terra pase de ser un direito á apropriación (extra-económica) do produto do traballo alleo (a renda feudal) a converter-se na participación indirecta, non coactiva (a renda capitalista da terra), nun valor expropiado por meios estritamente económicos nos que non interferen en absoluto elementos relixiosos e políticos. «Disto deduce-se a importáncia dunha xusta apreciación da transformación que se leva a efeito polas medidas xurídicas interrelacionadas da supresión dos señorios con todas as suas institucións anexas, e a abolición de réximes privilexiados no terreno patrimonial, de obrigacións e sucesións»[260].

Perante esta situación de abolición do domínio feudal fundiário e a aparición dunha propriedade libre e mercantilizábel da terra que en España tivera lugar a meados do século dezanove[261] o caso de Galizia, como xa temos asinalado, é realmente inespecífico. Como ten amosado en recentes investigacións VILLARES PAZ, através da permanéncia da institución das rendas forais perpetuaba-se a inexistencia dunha auténtica propriedade capitalista[262].

Cal é a posición de BRAÑAS nun aspecto tan decisivo como este para a xeneralización do modo de produción capitalista na Galiza?

Neste orde de cousas, e en estrita coeréncia co conxunto do seu sistema, BRAÑAS vai aceitar a permanéncia do vello domínio feudal, ainda que se verá na obriga de recoñecer finalmente a irreversibilidade de certos feitos, do mesmo xeito que acontecia coa indústria capitalista. Mais isto último produce-se somente a finais da sua vida, mantendo durante toda ela unha posición clara, explícita unhas veces, implícita outras, a prol do domínio pre-capitalista da terra.

Con efeito, a primeira mostra que atopamos do non recoñecimento da propriedade capitalista no noso autor achamo-la no seu libro *El Fundamento del Derecho de Propiedad.* Neste opúsculo académico mantén-se a necesidade dunha intervención estatal na regulación da propriedade e rexeita-se a libre e plena disposición dominial, rexeitando-se explicitamente:

«La teoría individualista que niega al Estado toda ingerencia en la propriedad privada»[263].

Asemade, BRAÑAS expón en todo momento as limitacións morais que verbo da propriedade estabelece o neo-escolasticismo, refugallo ideolóxico dunha sociedade histórica onde a*propriedade* plena da terra era inexistente e no que se daba, en troques, un conglomerado inescindíbel de dependéncia persoal e percepción de rendas, en suma, unha non unificación dominial sobre o prédio.

En segundo lugar, atopamos, outravolta, o seu rexeitamento da moderna propriedade nas suas radicais críticas á *desmortización.* Efectivamente, constitui, como é sabido, a desamortización outra das tarefas da Revoluvión burguesa en España pola transformación que implica, non tanto nos titulares da propriedade senón na natureza dese domínio: a expropiación territorial da Igrexa, dos municípios e doutras corporacións veu «liberar» como mercancia no mercado nunha série de propriedades de «manos muertas». Así, a desamortización de MENDIZABAL do 1836 pola que o Estado se incautaba dos bens das ordes relixiosas e a sua venda pública no 1837, proseguida no 1841 baixo ESPARTERO[264], concluindo-se no 1854-1855 con MADOZ cos bens da Igrexa, Ordes militares e terras comunais[265], integra un pro-

259 BARTOLOME CLAVERO, *El mayorazgo. Propiedad territorial en Castilla,* cit.
260 BARTOLOME CLAVERO, «Para un concepto de revolución burguesa», *Sistema,* n.° 13, Abril 1976, páx. 38.
261 BARTOLOME CLAVERO, *Foros y Rabassas. Los censos agrarios ante la Revolución española. Agricultura y Sociedad,* n.° 16, Xullo-Setembro 1980, páxs. 27 e ss. e n.° 18, Marzo do 1981 páx. 94 e ss., onde se engaden interesantes matizacións ás suas intervencións anteriores polo que á pervivéncia cal «Guadiana sob a Revolución» das rendas censais se refere.
262 VILLARES PAZ, *El Foro* cit.
263 ALFREDO BRAÑAS, *Fundamento del Derecho de Propiedad* cit. páx. 12.
264 GONZALO ANES, «La agricultura española desde comienzos del siglo XIX hasta 1968: algunos problemas», en *Ensayos sobre la economía española a mediados del siglo XIX,* Madrid, 1970, páxs. 45 e ss.
265 KIERNAN, V. G., *La revolución de 1854 en España,* Madrid 1971, páxs. 137 e ss. e PETER JANKE, *Mendizábel y la instauración de la monarquía constitucional en España,* Madrid, 1974, páxs. 232 e ss.

ceso de enormes consecuéncias para a transformación da propriedade da terra:

Frente a este feito da desamortización, a posición de BRAÑAS volve ser extremamente crítica, rexeitando o procedimento en base a argumentacións apoiadas en LE PLAY e LAVELEYE[266] de acordo coa lóxica interna do seu sistema que situaba.

«El origen de la amortización o posesión de biens inenajenables por las corporaciones, se halla en la piedad y caridad de los fieles que en los siglos medios legaban o donaban parte de su fortuna a las Iglesias, conventos, hospitales y establecimientos benéficos, con la condición de que no la distrajera nunca del objeto que a él destinaban. La adquisición y dominio de tales bienes se fundaba, pues, en un título jurídico»[267].

BRAÑAS chega a recoñecer que a amortización ocasionaba un mal ao Estado e aos súbditos: por unha banda ao primeiro priva-se-lle dunha base imponíbel de grande interés e por outra aos segundos impedia-se-lles o acceso á propriedade plena a unha grande maioria deles... o que reflexa o certo grau de aceitación da propriedade que o noso autor se ve na obriga de admitir.

Mais, así e todo, a condena á desamortización é radical e absoluta, o mesmo que aconteceu cos princípios que a inspiraban:

«... las corrientes pseudodemocráticas y anticristianas desbordadas, anegaron toda idea noble y santa de caridad y justicia: el odio a la Iglesia Católica se recrudeció con predicaciones revolucionarias, y lo que era propriedad sagrada y legítiamante adquirida se consideró usurpación y robo criminal, inspirándose los gobiernos en las locuras proudhonianas. Consecuencia de tales doctrinas fué la desamortización ilegal, mejor diríamos usurpación... sin duda la maldición de Dios cayó sobre tales ingresos»[268].

En suma, a desamortización guiada «bajo el influjo de un pernicioso liberalismo», realizada sen escoitar ao Papado e a Igrexa española é conceituada por BRAÑAS como «unha usurpación escandalosa»[269], culminación dun longo proceso:

«Carlos III confiscó los bienes y temporalidades de los jesuitas; decretó la venta de todos los bienes pertenecientes a conventos abandonados; e introdujo tal confusión en la legislación de proprios, que desde entonces proviene la ruina de la riqueza comunal. El imbécil Carlos IV... dictó en 1798 la extinción de las propiedades de hospitales, hospicios y otros establecimientos benéficos...»[270].

Este «inicuo despojo» ao que se lle quixo dar forma de transformación do domínio no dicer de BRAÑAS[271] motiva uns arrizadores e apaixonadas párrafos no seu *Curso de Hacienda Pública* nos que se amosa a irreconciliabilidade de BRAÑAS co orde do direito frente ao do Privilégio, e en especial o direito da propriedade. Os fugaces recoñecimentos deste último non integran senón residuais e contradictorios elementos nun máis vasto panorama de pre-capitalismo ideolóxico. Todo isto mostra-se claramente na alternativa postulada polo catedrático compostelán frente á desamortización:

«Esto es lo único que debería hacerse: reprimir con mano fuerte nuevas adquisiciones, sujetar los bienes amortizados al pago de los tributos ordinarios, pero *respetar los que se adquirieran con títulos legítimos*»[272].

Finalmente, polo que respeita á *cuestión foral*, BRAÑAS mantén sobre dunha cuestión tan decisiva, unha dactitude que variará nos últimos anos da sua vida. Con efeito, nunha primeira etapa, a máis extensa temporalmente, o noso autor *siléncia*, ao se referir aos problemas económicos e sociais de Galiza, todo o referente á cuestión foral, sen dúbida un dos sobranceiros. Mais trata-se dun silenciamento fondamente significativo que debuxa en negativo un posicionamento específico case con tanta claridade como se fose explícito. Así, por exemplo, no seu artigo «Un comisionado en apremios»[273] criticase a situación angustiosa na que o peso do fisco estatal situa ás familias campesiñas, chegando mesmo a xustificar o impago de impostos e a repulsa do comisionado, mais por ningures se alude á carga que sobre as economias campesiñas supuñan as *rendas forais:* somente os elementos de carácter moderno son criticados polo noso autor. En «La venda dels bens comunals a Galicia» atopamo-nos, outravolta, con semellante posicionamente:

«Os campesiños galegos, parias do fisco, esplotados por caciques censualistas e comisionados de apremio, xentes de embargo e traficantes de blanco...»[274].

[266] ALFREDO BRAÑAS, *Curso de Hacienda Pública* cit. Tomo I páx. 74.
[267] ALFREDO BRAÑAS, idem. Tomo II, páx. 85.
[268] Idem. páx. 86.
[269] Idem. páx. 90.
[270] Ibídem.
[271] Idem. Tomo II, páx. 101.
[272] Ibídem.
[273] ALFREDO BRAÑAS, «Un comisionado en apremios», *Galicia Humorística* cit.

Nengunha consideración, outravolta, ao gravame das rendas feudais sobre a economia campesiña.

Na sua conferéncia en Barcelona sobre «Causas y remeys de la actual perturbació económica» afirma-se con toda rotundidade e de xeito ben significativo:

«As causas principais da crise son catro: a emigración e subseguinte falla de brazos, o abandono que fai o propietario para ir viver nos grandes Centros, a inmoralidade da administración e o *desorde tributario*»[275].

Por ningures agroma a problemática da crise estrutural e a presenza disfuncional das rendas feudais de carácter foral no campo galego, os atrancos que supón o foro para a existéncia dunha propriedade plena, como achamos en PEREIRA ou MURGUIA.

Outro tanto acontece en *La Crisis económica...* onde se situan como causas da crise agrícola factores tais como:

«El monopolio de la propiedad territorial y la absorción por el Estado de una gran parte de la renta líquida del suelo a través de un sistema tributario excesivo e injusto»[276].

Resulta altamente significativo, unha vez máis, a crítica reiterada ao sistema fiscal, a absorción polo Estado da renda líquida do chan cando en realidade o problema estructural situa-se precisamente na permanéncia da *renta feudal* da terra e a auséncia correspondente de *renda capitalista* da mesma.

Esta actitude de siléncio explícito verbo da cuestión foral e da sua disfuncionalidade cara o estabelecimento dunha propriedade plena da terra, altera-se nos últimos anos do noso autor, sendo substituída por un posicionamento a prol da redención foral.

Diversos factores, ao noso entender, provocaron unha tal viraxe no pensamento de BRAÑAS. En primeiro lugar, a influéncia no noso autor da escola social cristiá que aceitaba como irreversíbel a presenza da propriedade plena e mercantil do capitalismo[277]. En segundo lugar, a influéncia de DIAZ DE RABAGO, aquel «economista individualista de buena fe» que, asesor de MONTERO RIOS e VINCENTI, era partidário decidido da redención foral. Chegando a afirmar BRAÑAS no prólogo ás suas obras completas:

«El foro gallego es una carga inexplicable, es un signo de esclavitud, es una cadena de hierro que ata de pies y manos a los trabajadores del campo y les impide moverse y crear un capital y mejorar su condición, hasta el punto de no permitirles vivir como hombres libres»[278].

En terceiro lugar, a própria evolución dos feitos: a redención viña a ser eficaz antídoto contra outra solución máis drástica que xa estaban comezando a poñer en práctica os campesiños galegos: o impago das rendas:

«En un punto coinciden hoy todos los juristas y aun los economistas: en la necesidad de redención de las cargas forales... las medidas radicales se imponen: o el foro gallego se redime o no se paga... ésto no es defender el socialismo en Galicia, es presentirlo. Después tiempo nos sobraría para deplorarlo»[279].

Nesta evolución do seu posicionamento, BRAÑAS chegou a compoñer un poema que ten enganado a máis de un verbo do seu posicionamento social rexionalista, atribuindo-lle unha orientación agrarista[280]. De feito este poema conxuntamente co prólogo ás Obras de DIAZ DE RABAGO integran os *dous únicos escritos* do nos autor, onde se recoñece o carácter do foro como atranco ao desenvolvimento económico e causa de miséria para o campesiñado:

«nin que venderas os bois e as vacas
aforrarías
nin pra patacas
pagando o fisco

[274] ALFREDO BRAÑAS, «La venda dels comunals á Galicia», *La Renaixença,* 2 de Marzo do 1982.
[275] ALFREDO BRAÑAS, «Causas y remeys de la actual perturbació económica», *La Renaixença,* Barcelona, 17 de Maio do 1893.
[276] ALFREDO BRAÑAS, *La crisis económica...* cit. páx. 48.
[277] Recoñecimento que recebeu a sua consolidación definitiva despois da *Rerum Novarum* de León XIII do 15 de Maio do 1891, onde se sanciona o feito de que «a propriedade privada é conforme á natureza das cousas» frente á sua impugnación desde o socialismo.
Como tiña asinalado PERIN, con anterioridade á devandita Encíclica:
«A propriedade ten recebido por parte da Igrexa a consagración máis forte». *Le Socialisme chrétienne,* Paris, 1879, páx. 9.
[278] ALFREDO BRAÑAS, «El Excmo. Sr. D. Joaquín Díaz de Rabago y sus obras económicas», en JOAQUIN DIAZ DE RABAGO, *Obras Completas,* vol. I, 1899, páx. XXV.
[279] Idem. páx. XXVIII.
[280] CASAS FERNANDEZ, M., *Episodios Gallegos,* p. 120.

os direitos varios
censos e foros
cédulas, portas
papel sellado
e outros trabucos
que manda o Estado
....
Xa non hay foros
nin hai señores
Ergue labrego
Erguete e anda
¡Como en Irlanda! ¡Como en Irlanda!»[281].

Os foros e os impostos son situados deste xeito á mesma altura como causantes da miséria do campesiñado, constituindo un ulterior recoñecimento ademais do prólogo citado, escrito no ano anterior 1899, que se pode atopar neste tardio cambio de posición por parte de BRAÑAS que, ao noso entender, non implica senón unha adesión residual, en modo nengun entusiasta, a unha propriedade libre e mercantil sobre a que non actuen cargas eclesiásticas o civis. Definitivamente, este carácter «in extremis» do recoñecimento da redención foral en BRAÑAS xamais derivou da lóxica interna do seu pensamento nen da postulación pola sua parte dunha propriedade capitalista libre e plena.

C. Artesanado versus industrialización.

Como o debate historiográfico contemporáneo ten posto de manifesto, a *Revolución burguesa* non equivale en absoluto á *Revolución industrial* senón á implantación das bases e condicións —que non as garantias— para a realización dos seguintes estúdios do desenvolvimento capitalista[282].

Mais, asi e todo, resulta de grande significación o posicionamento ideolóxico dos diferentes autores do XIX español, onde os problemas de xeración dun desenvolvimento industrial autosostido se acharon, sen dúbida, nun primeiro plano verbo da problemática da industrialización, como sinal do seu alineamento global. Polo que a BRAÑAS respeita, mália a aceitación que xa temos asinalado en base á recepción das teses dos economistas sociais católicos do feito irreversíbel da indústria capitalista, ali onde xa contaba cun certo desenvolvimento, a sua posición é inequivocamente contrária á expansión da industrialización capitalista en Galiza. E isto non tanto porque se mostre unha e outra vez radicalmente crítico contra os efeitos *centralizadores*[283] da produción que a mesma implica, senón, tamén, porque o catedrático compostelán postula reiteradamente a necesidade de implantación de pequenas indústrias artesanais. Efectivamente, desde os seus primeiros escritos como *Fundamento del Derecho de propriedad,* BRAÑAS identificaria o industrialismo co capitalismo, ao que se rexeita globalmente como modo de produción[284].

O *anti-industrialismo* pasa a formar parte deste xeito do proxecto rexionalista de BRAÑAS fundamento na crenza da posibilidade na Galiza finisecular dun desenvolvimento económico de carácter pre-capitalista[285]. Para o noso autor a indústria constitui un elemento radicalmente alleo a aquel proxecto de recuperación da «feliz Arcadia»[286] que integra o seu programa rexionalista de sabor marcadamente ruralista e artesanal:

> «Galicia es esencialmente agrícola: la industria fabril y el comercio no tienen vida propria; el movimiento vertiginoso de las fábricas, el humo espeso de las fundiciones, el rodar incesante de los vehículos, no constituye la fisonomía social de nuestra tierra.
>
> La vida de Galicia es la tranquila, patriarcal, sosegada e inalterable de los pueblos agricultores: Galicia es cual una nueva Arcadia con sus fértiles prados, sus frondosos bosques, sus vestidas colinas, sus montes y sus valles»[287].

Xustamente o que para MURGUIA ou PEREIRA constituía un dos rasgos máis negativos do atraso galego, a falta dun proceso de industrialización e urbanización, é saudado por BRAÑAS como un elemen-

281 ALFREDO BRAÑAS, «¡Érguete e anda!», en E. CARRE ALDAO, *Literatura Gallega,* Barcelona, 1911, páx. 82.
282 BARTOLOME CLAVERO, «Para un concepto de revolución burguesa» cit.
283 Para BRAÑAS, con efeito, como xa temos apontado, o trânsito da pequena á grande indústria non é máis que o paso de descentralización e da vida arcádica dos campos, da apacíbel vida do taller artesanal á centralización da fábrica, da apacíbel vida do taller artesanal á centralización da fábrica, á unidade impotente do traballo mecánico, á concentración de traballadores nas áreas industriais, ás folgas e, xa que logo, ao socialismo. Argumentación esta que se reitera unha e outra vez ao longo de *La Crisis económica* cit. Cfr. en especial páx. 78.
284 *Fundamento del Derecho de Propiedad*, cit. páxs. 24 e ss.
285 E iso mesmo admitindo innovacións técnicas como o ferrocarril perante a idea de que Galiza seria competitiva economicamente no seo de España cunha organización pre-capitalista da produción, Cfr. *«Las obras del ferrocarril», 15 de Abril do 1897.*
286 ALFREDO BRAÑAS, «El Excmo. Sr. Díaz de Rábago...» cit. páx. XVI e «Memoria acerca de las pequeñas industrias...» cit. páxina 94.
287 ALFREDO BRAÑAS. «Memoria acerca de las pequeñas industrias que conviene establecer en la provincia de Pontevedra...» cit. páx. 92.

to constitutivo esencial do «ser» galego, como unha cualidade rexional por exceléncia. O mantimento desta «áurea mediocritas» pre-capitalista constituiria asi, para o catedrático compostelán, un obxectivo sobranceiro do seu rexionalismo católico-tradicionalista. De aí que unha vez mais, no sistema do noso autor, á *natural* estrutura económica galega pre-capitalista se opoña á *artificial* xeneralización das novas relacións de produción[288]: frente a unha idealizada e horaciana vida campesiña ergue-se a ameaza da modernidade, a industrialización e as suas secuelas «el azote de las huelgas y de las tentativas revolucionarias»[289].

Neste sentido, de evitación da xeneralización das novas formas produtivas e correspondentes relacións de produción nunha Galiza que ainda se acha a tempo de evitá-lo, producen-se as propostas de BRAÑAS tais como: «Memoria de las pequeñas industrias que conviene establecer en la Provincia de Pontevedra»[290], ou «Pequeñas industrias derivadas de la Industria y ganadería»[291]. Postula-se nestas intervencións artesanais, de natureza agrícola ed gadeira, coa explícita finalidade de non alterar o carácter esencialmente agrícola de Galiza nen as suas relacións sociais de produción

Deste xeito, a proposta das pequenas industrias desenvolve para BRAÑAS unha plural funcionalidade que é preciso destacar. En primeira lugar principalmente, a evitación dos males do capitalismo nos máis diversos ordes a evitación en suma do:

> «Industrialismo moderno, fruto de las radicales y materiales doctrinas económicas, que creó los gigantescos talleres, escuelas de inmoralidad y perversión, desorganizó la familia, llevándola del hogar a la fábrica, aumentó sin tino la población obrera, abrió puertas francas a la concurrencia del salario, produjo las más espantosas crisis industriales, desarrolló los locks-outs y las huelgas, y promovió, como natural reacción a sus doctrinas individualistas, primero las aberraciones de LUIS BLANC, las contradicciones de PROUDHON y las locuras de SAINT SIMON, OWEN y FOURIER, y más tarde las invasiones del anarquismo, las disolventes teorías colectivistas de CARLOS MARX...»[292].

En definitiva, a finalidade sobranceira da proposta das pequenas indústrias posui marcado carácter moral e relixioso: a eliminación dos focos de corrupción e inmoralidade, a criación entre os agricultores e traballadores de «hábitos de templanza y ahorro», e a organización da família e o taller nunha perspectiva cristiá segundo o ensino da escola do catolicismo social máis antimoderna[293].

Mais conxuntamente co mantimento da eséncia galega pre-capitalista e agrária, das suas vantaxes morais e relixiosas, a alternativa das pequenas indústrias reveste utópicamente para BRAÑAS auténticas posibilidades de desenvolvimento económico de Galiza.

> «... los artefactos producidos por los pequeños talleres de la industria local, harían desaparecer de los mercados gallegos, los productos de la grande y de la pequeña industria, extraños al país y perfeccionados por el talento y la pericia de nuestros paisanos, llegarían a ser aceptados con extraordinario aplauso por todos los consumidores»[294].

Compre salientarmos finalmente que é a *articulación global* da proposta das pequenas indústrias a que confere o carácter pre-capitalista a mesma. Como nas intervencións citadas, e outras tais como «Las azucareras en Galicia»[295], fica de manifesto que as

288 ALFREDO BRAÑAS, La crisis económica... cit. páx.
Neste orde de cousas, BRAÑAS enfrenta-se co desenvolvimento das forzas produtivas característico da Revolución Industrial:

> «La introducción de máquinas, las aplicaciones del vapor y los perfeccionamientos llevados a cabo en los primeros aparatos mecánicos, cambiaron por completo la faz de la industria... y de día en día, y de año en año, a partir del primer tercio de este siglo, el trabajo manual y la industria doméstica y el pequeño taller iban desapareciendo absorbidos por el monstruo de inmensas fauces de la industria fabril, de la gran manufactura, que transformaba los maestros, los amos, los patronos en obreros a tanto diario a jornal fijo e insuficiente, y a los capitalistas y proprietarios en socios anónimos de las poderósas empresas y de las opulentas compañías explotadoras». Op. cit. páx. 78.

289 ALFREDO BRAÑAS, «Memoria acerca de las pequeñas industrias...» cit., páx. 94.
290 Idem. Nas que se propón pequenas indústrias artesanais de *dimensión famliar* tais como: fabricación de queixo, manteigarias, avicultura, conservación de carnes, aclimatación do bicho-da-seda, apicultura, destilación alcoólica, etc.
291 *El Regional,* Lugo 18, 19, 20, 21, 22 y 23 de Agosto do 1897, onde se admite a necesidade dunha superación do ámbito familiar e a criación de pequenas unidades produtoras de *campesiños asociados.* En nengun caso, na proposta de BRAÑAS, se fala da criación de centros fabris, senón dunha série de pequenas indústrias derivadas da agricultura e realizadas polos próprios campesiños produtores en completa alleidade dos centros urbanos.
292 «Memoria acerca de las pequeñas industrias...» páx. 94.
293 Lembren-se neste sentido as diferenzas existentes entre PERIN, por unha banda e LE PLAY e o CONDE DE MUN por outra: o primeiro admitia como un dado incontestábel o feito da indústria e a liberdade de traballo e propuganaba solucións corporativas *no seo* dese meio. En troques, manifestaba-se crítico frente aos que mantiñan como LE PLAY:

> «unha aspiración platónica cara o retorno ás institucións económicas da Idade Média». *Le socialisme chrétienne* cit. páx. 10.

294 ALFREDO BRAÑAS, «Memoria...» cit., páx. 95.
295 ALFREDO BRAÑAS, «Las azucareras en Galicia», *El Eco de Santiago*, 9 de Febreiro do 1900.

cativas dimensións dos estabelecimentos fabris que BRAÑAS postula, non integran senón un rasgo secundário e derivado dun máis amplo proxecto de evitación da xeneralización das relacións de produción capitalista en estreito vencellamento coas suas arelas gremialistas e medievalizantes.

A alternativa das «pequenas indústrias» —precapitalistas non por cativas senón por artesanais e gremiais—, en suma, integra-se asi como un elemento máis, por inteiro coerente, no sistema de BRAÑAS, posibilitando dunha banda a aplicación dos seus proxectos gremiais e familiaristas tradicionais e, por outra, impedindo a concentración de capital e de man de obra, promotores inmediatos da loita de clases, das folgas e, do socialismo.

D. A crise do capitalismo como crise de centralización: unha proposta de descentralización financeira.

Finalmente, para concluirmos a análise dos postulados económicos de BRAÑAS, compre adicarmos algunhas liñas á sua consideración da crise económica contemporánea, polo interés que reveste no conxunto do seu ideário.

Efectivamente, BRAÑAS considea a centralización como a causa principal, mesmo única, da crise económica[296] xa que aquela integra a característica fundamental do capitalismo económico e o liberalismo político en todas a suas facetas. Neste sentido, no seu discurso *La Crisis Económica de la época presente y la descentralización regional* expón, no eido puramente económico, como cada unha das crises sectorais da economia occidental se achan en relación directa coa penetración e xeneralización das relacións de produción capitalista[297].

Asi, polo que respeita á *crise agrícola,* afirma-se drasticamente que a centralización parlamentária e burocrática, a concentración do poder político, a ausência de vida social e económica nas províncias que daquela se deriva, achan-se na base das crises agrárias de Itália, Franza e España. Asi, Galiza padece con singular extremosidade as nefastas consecuéncias da centralización:

«La vaca faraónica del fisco amenaza ahora con tragarse los pobres restos de nuestra riqueza pecuaria: no bastó que la desatinada e injustísima desamortización privase a la ganadería gallega de multitud de baldíos y montes comunales, el poder central intenta ahora proceder a la venta de los pocos que nos quedan... Es ya vulgaridad reconocida y lloriqueo de románticos juglares achacar a la falta de unión, a debilidad de carácter, a vicios de educación, a falta de sociabilidad, los males que sufre nuestra agricultura y en general toda la riqueza de Galicia... los males que sufre Galicia provienen, como en las demás regiones, de la ciega subordinación al poder central, de la falta de libertades locales, y de la explotación de las fuerzas productores regionales por los parásitos de la burocracia parlamentaria»[298].

Frente a estes, BRAÑAS amosa a superioridade agrícola dos países descentralizados: Estados Unidos, Suíza, Alemaña... etc. etc.

Polo que á *crise industrial* se refere, BRAÑAS entende-a de xeito similar: para o profesor compostelán o trânsito da pequena á grande indústria non é máis que o paso da descentralización imperante na vida arcádica, campesiña e artesanal, centrada na unidade cristiá de produción, o taller e máis a família, á unidade e concentración do traballo mecánico da indústria moderna e as suas secuelas, á vida desordenada, corrompida e aos enfrentamentos, folgas e descristianización crecente. O rexionalismo e a descentralización virian acabar, asi, ao próprio tempo que co unitarismo, coa cuestión obreira produto da industrialización[299].

A *crise mercantil,* segundo o noso autor, ten por base a centralización do monopólio[300] exercido polas grandes empresas industriais, asi como o exasperado proteccionismo e a *crise monetária,* á sua vez, ten a sua orixe no monometalismo a prol do ouro, polo que BRAÑAS propón crônicamente unha sorte de bimetalismo universal[301].

Finalmente, a *crise financeira* tamén amosa unha etioloxia de carácter centralista cuxo único remédio radica nunha descentralización rexional:

«en la sustitución de la Hacienda Nacional única en cada Estado, por lo que nosotros llamaremos ahora *Haciendas Regionales*»[302].

[296] ALFREDO BRAÑAS, *La crisis económica...* páx. 35.
[297] Idem. páx. 47.
[298] Idem. páx. 68.
[299] Idem. páxs. 90 e ss.
[300] Idem. páxs. 94 e ss.
[301] Idem. páx. 133.
[302] Idem. páx. 181.

Precisamente neste último tema insistirá reiteradamente BRAÑAS, pero sen avanzar mais que algunhas liñas xerais sen chegar a un proxecto concreto de descentralización financeira.

Por unha banda, o noso autor conceptua un âmbito autónomo de ingresos e gastos para as Facendas rexionais:

«El poder central no puede inmiscuirse en los servicios administrativos y en el orden interior de la región: esta gasta lo que quiere y lo que puede y *solo cumple con entregar un tanto alzado al gobierno para atender a los gastos de interés nacional* y a los cuales deben contribuir todas las regiones de un estado en proporción a su riqueza[303].

BRAÑAS considera en definitiva a posibilidade dunha *Facenda Rexional,* con autonomia de gastos e ingresos, existéncia de impostos próprios rexionais e un a modo de concerto económico polo que a rexión de que se trate contribuiria anualmente aos gastos do Estado segundo unha determinada porcentaxe.

Neste último sentido, o profesor compostelán calcula o exceso de contribución de ingresos de Galiza ao Estado sobre o gasto público nela nun superávit duns 20 millóns de pesetas.

O proxecto de descentralización financeiro de BRAÑAS supuña unha autonomia notábel para as rexións xa que, segundo el, se o rexionalismo triunfase, o poder central poderia organizar-se e viver cos 140 millóns de pesetas de alfândegas máis unha sorte de contribución matricular que pagaraian cada unha das rexións en base ao monto global da sua riqueza. Endali que o noso autor estipule que sob un réxime de autonomia financeira, de recaudación e gasto, nesta última partida os *Gastos Públicos do Estado Central* reducirian-se aos seguintes: 1.° Casa Real, 2.° Representación diplomática, 3.° Oficinas centrais, 4.° Gastos de Exército e Armada. Todos os demais gastos ficarian nas mans das facendas rexionais que poderian axeitar asi ingresos e gastos ás suas necesidades, regulando interiormente, de xeito autónomo, as suas facendas en evitación do déficit, que na perspectiva de BRAÑAS constitui un elemento central na crise financeira, evitando-se asi os despilfarros do centralismo e a burocratización.

En definitiva, e mália falta de concreción —mesmo no seu *Curso de Hacienda Pública*— tratase dun proxecto radical de descentralización financeira tras o que se agocha, en realidade, unha impugnación da moderna institución da *Facenda Pública* e os seus factores integrantes a prol dunha pluralidade dispersa de centros de exacción tributária, corolário lóxico da sua radical oposición ao Estado capitalista. Non se trata, pois, en BRAÑAS dun radicalismo nacionalista, senón dunha fonda xenreira ás institucións básicas do capitalismo.

V. O MODELO XURÍDICO-POLÍTICO DE DESCENTRALIZACIÓN: NA PROCURA DAS VELLAS LIBERDADES LOCAIS.

A cosmovisión católico-tradicionalista de BRAÑAS non se traduciria somente na conformación do seu posicionamento político-ideolóxico senón que afectaria decisivamente á clase de descentralización rexionalista por el postulada. Compre agora, unha vez analizados os aspectos mais sobranceiros da sua ideoloxia filosófica, política, económica e galeguista, analizarmos a sua concreción no modelo xurídico-político de descentralización por este autor proposto.

A. Rexeitamento da descentralización liberal e federal.

De todo o dito nas páxinas anteriores tira-se con claridade meridiana que a alleidade de BRAÑAS, desde o ponto de vista do modelo xurídico-político de descentralización, verbo dos proxectos liberais de MURGUIA e o grupo da Cruña, viña dada por un feito sobranceiro no que non imos insistir: a conside-

[303] Idem. páx. 183. No seu artigo «Organización administrativa de Galicia», *El Correo Español,* 30 de Novembro do 1898, BRAÑAS estatuía:

> «X.—La Diputación organizará la Hacienda Regional, creándonos los recursos e impuestos que sean necesarios para cubrir el «cupo» o «contingente» que cada año debe entregar el Rey para los gastos generales de la Nación, y estableciendo el sistema tributario propio del Reino de Galicia.
> XI.—El nombramiento, separación y dirección de los empleados de la Hacienda de Galicia, corresponderán al poder regional representado en la suprema Diputación del Reino. El jefe inmediato de todos los empleados de Hacienda será el 'Secretario-Diputado' del ramo».

Como se pode ver, o rexeitamento, nunha perspectiva decididamente anticapitalista e pre-estatal, da Facenda Pública como elemento central do Estado contemporáneo, fornece en BRAÑAS o desbotamento último dunha descentralización impositiva e de gasto, que se ve substituída por unha fragmentación «tout court» de facendas rexionais independentes, cuxo único vencellamento co Estado central é a fixación e entrega do «cupo» correspondente.

Somente no tocante á Xustiza, achamos unha tal radicalidade, fornecida neste caso tamén polo desbotamento do catedrático compostelán da centralización xurisdicional do Estado capitalista.

ración do liberalismo e o centralismo como dúas facianas da mesma moeda, sendo imposíbel conceber a unha sen a outra.

Asi pois, ficaba desbotada por princípio toda posibilidade de existéncia dun rexionalismo liberal e parlamentário, diferenciando-se o noso autor daqueles que:

«barajan y confunden la idea salvadora del regionalismo con los del sistema uniformista y parlamentario»[304].

Se a crítica a un rexionalismo liberal amosa tal firmeza e contundéncia, o distanciamento verbo do federalismo reveste, ainda se cabe, maior radicalidade e concreción, sendo abordada explicitamente en *El Regionalismo*. Concreción que obedece a unha certa formulación e uso da organización federal que BRAÑAS como VÁZQUEZ DE MELLA plantexan en ocasións, dado que:

«no sólo bajo la forma democrática pueden concebirse las federaciones»[305].

Neste orde de cousas, BRAÑAS procede a unha sistemática crítica e diferenciación entre ambos os dous sistemas que poderíamos sintetizar do xeito que segue:

1. O federalismo implica a existéncia dun Estado para a entidade federada, mentres que o rexionalismo non admite a rexión-Estado. A rexión somente forma parte como ente autónomo dun mesmo Estado: trata-se de similar argumento ao empregado por MURGUIA cando, rexeitando o federalismo, falaba do autogoberno galego como de «Estado nacional incompleto».

2. Na federación, consecuentemente, cada Estado posui a sua constitución particular mentres que no sistema rexionalista non existe máis que a constitución estatal única.

3. Nas federacións o poder central somente ten como competéncias os asuntos de interés xeral do Estado e as relacións diplomáticas: no rexionalismo, moi distintamente, as competéncias do Estado central abarcan toda a esfera da vida pública.

4. Nas federacións cada estado ten a sua própria representación nunha segunda Cámara federal, representación da que carecen as rexións nun sistema rexionalista.

5. A federación atende somente á organización política e as puras fórmulas gobernamentais mentres o rexionalismo abrangue o Orde social, económico, político, ideolóxico, histórico, tradicional...

Tais son as diferenzas básicas estabelecidas por BRAÑAS en *El Regionalismo*[306] ás que se poderia engadir, sen dúbida, o feito de que a tradición federal española implicaba unha cosmovisión e un posicionamento político-ideolóxico situado nas antípodas do de BRAÑAS. Endali que o profesor compostelán se mostre reácio a recoñecer mesmo un federalismo carlista e tradicionalista e non goste da confusión terminolóxica co «federalismo» republicano dos PI I MARGALL ou mesmo PEREIRA. En diante, co achegamento ao carlismo, desaparecerán tais escrúpulos.

Precisamente a descalificación do federalismo «in genere» que se fai en *El Regionalismo* valeria-lle a BRAÑAS unha série de críticas altamente clarificadoras verbo da descentralización por el postulada. Compre salientarmos principalmente duas posicións político-ideolóxicas contrapostas.

En primeiro lugar, desde a órbita tradicionalista e paracarlista, por parte de CABEZA DE LEON, nun sentido moi semellante ás doutrinas da *Monarquia* federal de VÁZQUEZ DE MELLA[307]. Publicou, con efeito, aquel rexionalista compostelán, un amplo artigo en *La España Regional*, onde sob o título de «El regionalismo y la federación» tentaba-se amosar a práctica coincidéncia entre o programa dos rexionalistas e unha espécie de federalismo tradicionalista no sentido mellista aludido.

Nunha perspectiva de grande radicalidade reaccionária, na que se califica, por exemplo, ao Código

304 ALFREDO BRAÑAS, «Laboremus», cit.

305 ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo*, páx. 43, rebatendo as afirmacións de AHRENS:

«O estado federativo non existe até o presente máis que na forma democrática ou republicana, a forma monárquica opón, sen dúbida, mais dificuldades; non semellan, endebén, insuperábeis, cando as condicións esenciais se atopan no carácter e espírito federativo dunha nación...» *Curso de Derecho Natural o de Filosofía del Derecho* cit. páxs. 562-563.

306 ALFREDO BRAÑAS, op. cit. páx. 45.

307 Cfr. ao respeito a desmedida valoración que a descentralización de MELLA merece, aceitando a existéncia dunha auténtica proposta federal sob a terminoloxia empregada, a OLCINA:

«A doutrina de MELLA posui acertos de interpretación indiscutíbeis —diriamos até que necesários— mais adoece noutros aspectos de nebulosidades, supeditación e medos imperdoábeis. *Un destes acertos definitivos é a sua defensa do federalismo como sistema convivencial*, inexcusábel para o réxime carlista». *El Carlismo y las autonomías regionales*, cit., páx. 189.

civil de «desgraciado engendro»[308] pola sua significación liberal e non pola sua imperfeición técnica, CABEZA DE LEON tenta rebater os argumentos de BRAÑAS, solidamente asentados desde un ponto de vista técnico técnico-xurídico[309], facendo un alarde de gran confusión conceptual —visíbel por exemplo na sua calificación de federal a MURGUIA— somente comparábel ao seu apaixonamento tradicionalista.

Asi, por exemplo, entende que a postulación por BRAÑAS de que as competéncias estatais abarquen todos os aspectos sociais implicaria unha centralización superior á da Restauración e un reforzamento inadmisíbel da institución estatal; que a presenza de Estado próprio nas unidads nun Estado non é certa, etc. etc...

En definitiva, a pretendida refutación de CABEZA, da distinción entre federalismo e rexionalismo, fracasa técnico-xuridicamente ao enfrentar-se coa coeréncia dos critérios empregados por BRAÑAS e ve-se na obriga de acudir a unha reformulación das nocións que se agachan tras de termos moi precisos na iuspublicística da época, tratando de construir a figura dun federalismo tradicionalista e non liberal-democrático[310]

Por unha banda atopamo-nos con que os supostos de CABEZA DE LEON son tradicionalistas no sentido amplo que asinalámos no seu momento para BRAÑAS. A sua intervención está chea de alusións ao «absolutismo parlamentario», «despotismo democrático», etc. e formula-se un rexionalismo que «descansa más en la tradición que en la razón y no quiere ir unido á Democracia y República» aceitando a definición que no seu dia pronunciara PI Y MARGALL[311]. Falase ali constantemente e de xeito apoloxético das «monarquías cristianas», «libertad cristiana» que se contrapón á liberdade moderna, e acaba considerando as monarquias da reconquista como *monarquias federais*[312]. Fica clarexado asi a clase de «federalismo» a que se refere CABEZA DE LEÓN, cal é natureza do que el entende por «federación rectamente entedida»[313].

Neste orde de cousas, o profesor compostelán deixa ben claro que resulta absolutamente preciso que non

«se confundan lastimosamente las doctrinas federales, con las profesadas por partidos que llevan tal calificativo, injustamente acaso, y desde luego con aditamentos que nada tienen que ver con la federación»[314].

En definitiva, achamo-nos outravolta perante unha *monarquia federativa* no sentido xa asinalado de VÁZQUEZ DE MELLA, baseada na tradición histórica das monarquías tradicionais castelás, fondamente antipactista e que se pode moi ben sintetizar-se na expresión *monarca tradicional con privilêxios forais*.

En definitiva, a postulación dunha recuperación das liberdades tradicionais e locais, un proxecto que —alén da extremosidade verbal— coincide plenamente co de BRAÑAS, situando-se as suas discrepáncias no puro nivel terminolóxico dun federalismo desvirtuado:

«Toda doctrina que reconozca en los diversos grupos humanos (nación, provincia, municipio, familia) el derecho que tienen a regirse con completa independencia en lo que es peculiar y propio, debe considerarse como doctrina federal»[315].

Pero tamén desde unha perspectiva estritamente federal foron criticados os plantexamentos de BRAÑAS. Non imos reiterar aqui as críticas que no seu momento fixeron rexionalistas como PEREIRA, ou federais como SANTIAGO DE LA IGLÉSIA, deslixitimando toda tentativa de asociación de rexionalismo e tradicionalismo autoritário carlista[316]. Pola contra, compre analizarmos as críticas que ARAMBURO Y MACHADO, nos artigos titulados «El regionalismo y la federación» publicados na *Revista Gallega*[317], dirixe aos plantexamentos de BRAÑAS tratando de demostrar a identidade de ambos os dous plantexamentos —rexionalistas e federal— desde a perspectiva do direito público.

Achamo-nos, pois, perante unha actitude antité-

308 SALVADOR CABEZA DE LEON, «*El Regionalismo y la Federación*», *La España Regional*, 1980, Tomo VIII, páxs. 385-386.

309 Neste sentido as catro primeiras diferenzas expostas por BRAÑAS serian maioritariamente recoñecidas pola iuspublicística europea como distintivas do federalismo. Cfr. MOUSKHELI, *Teoria Jurídica del Estado Federal*, Madrid, 1931, páxs. 149 e ss. e PRESTON KING *Federalism and Federation*, London, 81, p. 73.

310 CABEZA DE LEON, op. cit. páxs. 293-294.

311 Idem. páx. 292.

312 Idem. páx. 293.

313 Idem. páx. 289.

314 Idem. páx. 193.

315 Idem. páx. 194.

316 SANTIAGO DE LA IGLESIA, «El regionalismo y el carlismo», cit.

317 MARIANO ARAMBURO Y MACHADO, «El regionalismo y la federación», *Revista Gallega*, 17 e 24 de Xullo do 1898.

tica da de CABEZA DE LEÓN: non se trata de degradar o federalismo, até facé-lo coincidir co rexionalismo, senón de elevar o rexionalismo radicalizando-o nas suas propostas, de xeito moi semellante a PEREIRA. Nese sentido, as argumentacións de ARAMBURO poden-se sintetizar do xeito seguinte:

1.° O federalismo non rompe a unidade da pátria como o mostran as constitucións federais: a presenza de Estado próprio como membro da federación non anula a pátria comun nen a unidade federal.

2.° En segundo lugar, e polo que respeita á constitución, se ben é certo que os estados federados posuen unha norma fundamental de seu sometida aos critérios da constitución federal, ARAMBURO asinala que os preceitos relativos ao goberno rexional deberian determinar-se e concretar en leis especiais, que por seren de desenvolvimento dos mandatos constitucionais e versaren sobre un tema tan decisivo, posuirian o carácter de *constitucionais*. En definitiva, estas normas reguladoras do autogoberno rexional (os futuros Estatutos de Autonomia) terian carácter de *normas de relevância constitucional:*

«La autonomía recientemente otorgada a las Antillas españolas *es una verdadera Carta constitucional*, privativa de aquellas regiones, y en nada contradice ni estorba a la Constitución vigente en la monarquía, de cuyo espíritu liberal, dimanado de los principios del régimen representativo, es un laudable desarrollo»[318].

3.° A extensión dos podres do Estao a todos os ordes deixa ao poder rexional estruturado por BRAÑAS, sen competéncias nen contido real.

4.° Verbo da representación en segunda Cámara, ARAMBURO entende que esta representación territorial pode atopar-se fora dos Estados federais.

Para este autor, o federalismo —de xeito semellante do que acontecia con PEREIRA— non é senón o máis alto grau do rexionalismo:

«Dotando de absoluta soberanía a las regiones en cuanto a sus proprios intereses»

partindo do suposto, frente a BRAÑAS, de que a descentralización rexionalista deberia revestir unhas condicións que a proposta de *El Regionalismo* incumpre. Asi:

1.° Un texto normativo soporte do autogoberno: norma de relevância constitucional, Carta Outorgada ou Constitución.

2.° Presenza de próprio poder lexislativo autónomo rexional.

3.° Área delimitada de competéncias corespondentes ao devandito poder lexislativo.

Reunidas estas últimas condicións, as diferenzas entre rexionalismo e federalismo, sen desapareceren, disminuen considerabelmente; na sua auséncia a distáncia entre un e outro e a que vai desde a simple desconcentración administrativa a un auténtico autogoberno.

B. **Os proxectos de organización rexional en BRAÑAS.**

Atopamos no noso autor unha peculiar traxectória heteroxénea e dislmil en aspectos substanciais, polo que ao modelo ideal de autogoberno rexional se refere, da que é preciso darmos cumprida conta. O fio condutor da nosa análise será, outravolta, a consideración dos diferentes proxectos elaborados polo profesor compostelán á luz da materialidade institucional concreta e os niveis de autogoberno reais que subxacen tras a postulación dun modelo de recuperación das vellas liberdades locais.

a. **O proxecto de descentralización de «El Regionalismo».**

Achamo-nos aqui perante a primeira aproximación a un modelo de descentralización por parte de BRAÑAS, e nel contempla-se a organización do poder rexional con exclusión do âmbito estatal, mais, asi e todo, coa suficiente explicitación como para darmos conta da clase de «poder gallego» que pretende.

Os princípios xerais son os apontados no seu momento: polo que respeita á consideración de Galiza, compre lembrarmos de que tras deste termo achaba-se actuando, cun *limitado* grau de eficácia, o conceito murguiano de nacionalidade, como pon de relevo a delimitación do campo semántico-conceptual que fixemos no seu momento.

Por o que respeita á organización política, substitui-se a representación parlamentária por unha representación corporativo-gremial:

318 Idem. 24 de Xullo do 1898.

«Los ciudadanos de la región tendrían que constituirse en gremios o corporaciones de clases, que procederían por el método indirecto de designación de compromiso»[319].

Neste sentido, no proxecto de BRAÑAS, os grémios de cada Distrito elexirian os compromisários que á sua vez elexirian Alcalde e Concellais do Concello. Os compromisários de distrito elexirian o Subgobernador e o Consello de circunscrición. Os representantes dos grémios a nivel provincial elexirian o gobernador e máis os deputados provinciais. E, finalmente, os compromisários dos grémios da rexión elexirian os maxistrados da Dieta gobernante da rexión que elexirían entre eles o Presidente.

Os representantes das Cortes centrais, pola sua banda, serian elexidos polos gremios a nivel provincial e de circunscripción.

Polo que ás *competéncias* reais da Dieta, do poder rexional, respeita, estas serian[320]:

1. A proposición ao Rei e Cortes do Continxente de soldados que lle corresponde aportar á rexion.

2. Contribuir aos gastos da Nación fixados polas Cortes centrais.

3. Propoñer en terna aos funcionários superiores.

4. Nomear libremente todos os funcionários inferiores.

5. Formar os regulamentos e instrucións a todos os servizos administrativos e presentar ás Cortes proxectos de lei referentes a asuntos rexionais.

Asimesmo existiria un veto suspensivo da Dieta verbo dos proxectos de lei do monarca aou os seus ministros.

6. A xustiza até a derradeira instáncia en Galiza.

7. Existencia dun Código particular rexional compatíbel co Xeral que pasaria a ter un carácter supretório.

Tal é o modelo que BRAÑAS plantexa, designando-o como:

«doctrina intermedia entre el federalismo orgánico y la descentralización político-administrativa»[321].

Pero, alén das denominacións e declaracións programáticas, o problema que agroma tras a concreción dunha descentralización tal, reside, principalmente, en arredor da *auséncia de poder lexislativo* nas mans da Dieta. Con efeito, esta somente pode *propoñer* proxectos de lei perante as Cortes Xerais e vetar suspensivamente as decisións lexislativas do Monarca (tradicional). En concreto:

«Al poder central le correspondería la *formación, sanción* y *promulgación* de las leyes de observancia general. Las leyes relativas a los intereses privados del territorio regional serían *promulgadas* y *ejecutadas* por la Dieta del mismo territorio»[322].

En suma, somente *promulgación* e *execución* como competéncia da Dieta, xamais *aprobación* e formación, momento decisivo na xénese da vontade lexislativa. A rexión, deste xeito, somente poderia concorrer á formación da vontade lexislativa a nivel de propostas, e tras a sua discusión e aprobación nas Cortes centrais, ficaria a residual competéncia da sua promulgación e execución.


En definitiva, privado de próprio poder lexislativo, sen especificar as relacións co Estado central, sen fixación de competéncias concretas, a descentralización de BRAÑAS fica nunha mera *desconcentración administrativa,* allea a calquer plantexamento de autogoberno, que asi e todo, presenta alguns extremos de interés como a radicalidade en temas como a descentralización xudicial e financeira.

Polo demais, BRAÑAS estabelecia en El Regionalismo unha organización interior a niveis de Rexión, Província, Circunscrición e Distrito, mantendo ainda división que más tarde considera artificiais como a provincial e o seu órgao, a Deputación. Cargos eleitos polo sistema gremial, como xa se ten aludido, amosan un certo sentido de verticalidade, integrando-e en todo momento os órgaos colectivos como subordinados aos unipersoais.

Introduce-se por BRAÑAS unha instáncia intermédia entre a Provincial e a Municipal denominada *Circunscrición*[323], que se acharia integrada de xeito semellante aos outros niveis por tres elementos: *O prefeito ou subgobernador,* xefe político da Circunscrición e baixo a dependéncia directa dos gobernadores cunha certa marxe de autonomia no seu nivel. *O Consello* seria un corpo consultivo e contaria-se ademais, cunha *Comisión Permanente,* especie de órgao

319 ALFREDO BRAÑAS, *El Regionalismo*, páx. 87.
320 Idem. páx. 80.
321 Idem. páx. 92.
322 Idem. páx. 91.
323 Idem. páxs. 94 e ss.

ORGANIZACION INTERIOR DA GALIZA EN «EL REGIONALISMO»



executivo, integrado por tres membros, e o secretário baixo a dirección do Prefeito.

En definitiva, un detallado do proxecto de organización interna que deixaba irresoltas duas cuestións básicas: as relacións cos órgaos estatias e, sobretodo, a inexistencia de próprio poder lexislativo que eivaba decisivamente a proposta de BRAÑAS.

b. As «Bases para el regionalismo y su aplicación a Galicia».

Imos examinar baixo este epígrafe as liñas-mestras dos proxectos descentralizadores de BRAÑAS, contidos nun manuscrito nunca publicado), «Las Bases del regionalismo y su aplicación a Galicia», e —o que non é senón una síntese das mesmas—, os pontos programáticos de «Qué queremos los regionalistas» do coñecido Discurso «La Crisis de la época presente y la descentralización regional», lido en Santiago na inauguración do Curso 1892-1893[324].

Antes de adentrarmo-nos na análise detallada do «Qué queremos los regionalistas» —auxiliados polas «Bases», nalguns pontos máis explícitas— é preciso deixar sentado o feito da *inspiración case literal* do mentado programa do mentado programa nas «Bases por a Constitució Regional Catalá» elaboradas pola Unión Catalanista no mesmo ano[325]. Nas devanditas «Bases» acopou BRAÑAS muitos elementos do seu ideário persoal, en especial a reforma do Estado español através dunha descentralización de tipo tradicionalista, antiparlamentária e corporativista.

Mais pasemos á análise concreta da proposta de BRAÑAS no 1892.

1. *Princípios fundamentais.*

1.1. Basea-se o proxecto de BRAÑAS na diferenciación de dous poderes *autónomos:* o Central e o *Rexional* (p. 1.°) coa natural xerarquización de autonomías: a *autonomia rexional* e a *unidade política do Estado español* integran dous princípios harmónicos e complementários.

Vemos pois, como, significativamente, BRAÑAS non recolle o conceito de Galiza como *nacionalidade* que lle daria unha dirección, fundamento e alcance específicos ao seu proxecto moi diferentes, tal e como acontecia en *El Regionalismo.*

1.2. Polo que se refere ao problema da soberania, atopamo-nos con que no ponto 4.° estabelecese que «o poder rexional sexa o único soberano dentro de cada rexión para ditar leis...»

Encontramonos aqui unha definición realmente clarexadora da ideoloxia de BRAÑAS neste momento. En primeiro termo a *soberania* é entendida —e reducida— como mera *autonomia lexislativa.* Por outra banda, a soberania reside nas rexións, como *soberania rexional,* nas que é exercida polos indivíduos, mais non individualmente senón en tanto que corporativamente organizados através das clases e grémios. *Súbditos,* pois, que non *cidadáns,* os galegos son conceptuados desde categorias opostas, non somente á radical da «soberania popular» senón, e sobre todo, á tradicional burguesa da «soberania nacional».

2. *Carácter xurídico do Texto que se propón.*

No ponto 10 fala BRAÑAS da necesidade de que «cada rexión teña a sua *'Carta Constitucional»*. É preciso aqui destacar, non tanto o feito —polo demais evidente— de que se trate dunha mera Carta Outorgada polo poder central, negadas como están as bases mesmas dunha Asemblea constituinte, senón o carácter de verdadeira *anticonstitución liberal* que ten a mesma. Con efeito, nada máis alleo ao conceito de constitución liberal que esta *Constitución histórica tradicional* que, baixo unha coincidéncia terminolóxica, agocha unha disparidade conceptual profunda pola que se designa un modo de organización sociopolítico proveniente dunha leitura idealizada e arcaizante de estruturas tardofeudais e que non reveste nengunha das características das constitucións modernas.

3. *A estrutura do Poder Central.*

No seo da inflexíbel e coerente posición tradicionalista que permea de princípio a fin o proxecto descentralizador de BRAÑA, semella altamente disfuncional o *accidentalismo* polo que á forma de goberno

---

324 ALFREDO BRAÑAS, *Bases del Regionalismo y su aplicación a Galicia*, Manuscrito inédito, 1892, cedido por B. CORES TRASMONTE.

325 ISIDRO MOLAS, «Las Bases de Manresa y la Reforma del Estado español», *Revista Jurídica de Catalunya*, número extraordinario, 75 aniversario, Barcelona 1970, páx. 146.

se refere. Quizais unha análise máis de fondo clarifique as razóns dunha, en princípio, contradicción tan patente que leva ao noso autor a unha toleráncia tal, no seu caso, coa forma republicana de Goberno.

3.1. O Poder Lexislativo.

No ponto 3 BRAÑAS afirma que as Cortes se comporian de representantes das Rexións elexidos por elas e con *mandato imperativo* limitado. Resulta importante esta formulación porque presenta novidades verbo das Bases de Manresa ao vencellar-se coa atribución do poder lexislativo unicamente á *Asemblea lexislativa* e non ao organismo resultante da suma Cortes máis Xefe do Estado, segundo o clásico modelo da Restauración. É precisamente esta última solución a adoptada polas Bases que, contradictoriamente en princípio cos seus postulados tradicionalistas, aceitan o princípio doutrinário da soberania conxunta do Rei máis o Parlamento; en definitiva, o artigo 18 da Constitución de 1876 que é a base de todos os males que se pretende atallar.

Pola contra, a formulación de BRAÑAS é máis radical e coerente cos seus princípios tradicionalistas, pois:

—O mandato imperativo rompe co princípio representativo do sufráxio universal —«individual» na teoria de BRAÑAS— que é sustituído pola «representación» corporativa de grémios e clases.

—O poder lexislativo, ao residir unicamente nunha Cámara «representativa» das Rexións, atalla o problema central da estrutura política da Restauración: a relación Parlamento-Executivo, que configuraba ao primeiro como ente subordinado do Goberno ao ser, inclusive, elexido por este. A Cámara representante das Rexións, ao ser a única existente, rompia coa tradicional dependéncia e, asemade, *coa estrutura parlamentária mesma*, obxectivo sobranceiro de BRAÑAS.

3.2. O Executivo.

En consonancio co devandito, BRAÑAS encara restritivamente o Executivo. No ponto 3 (B. 19) afirma que estará formado polos secretários e ministérios estritamente necesários para as competéncias asinaladas na Base 1 (p. 1.°): Relacións exterioes, Mariña, Guerra, Facenda, Interior...

Pero, mais que esta redución numérica de nulo alcance político é necesário resaltar a *responsabilización* dos secretários diante do Tribunal Supremo en vez de o facer diante da Cámara lexislativa, tomado directamente das Bases manresianas. Como MOLAS ten clarexado[326], tráta-se aqui dun elemento máis de ataque frontal e ruptura co sistema parlamentário. En tanto que a responsabilización constitui un elemento base da relación Parlamento-Goberno, negada aquela o resto da estrutura ven-se abaixo, e tal é precisamente o fin perseguido por BRAÑAS e polas Bases de Manresa: a liquidación do parlamentarismo.

Precisamente esta perspectiva da *liquidación do parlamentarismo* aclara muito a estraña flexibilidade na forma de Goberno amosada por BRAÑAS. Con efeito, desde a perspectiva da eliminación de todo rasgo representativo «individual» ou «nacional» da Asamblea lexislativa, BRAÑAS é indiferente a unha Monarquia ou unha República... non parlamentária. Este é o elemento decisivo: a base do accidentalismo reside na liquidación da eséncia representativa da forma Republicana. Tan fundamental e constitutivo resulta o elemento parlamentário verbo da Forma de Goberno que a Monarquia parlamentária, na que o rei reina pero non goberna, foi chamada polos iuspublicistas «Monarquia Republicana»[327], precisamente en base a que o parlamento detentaba o protagonismo entre as institucións do Estado.

Por eso, precisamente, BRAÑAS na «Crisis...» fala, outravolta, de *poliarquia* e non de república, a auséncia de parlamento reduce as diferenzas á existéncia dun executivo unipersonal ou colectivo en calquer caso «Legibus solutus».

3.3. O Poder Xudicial.

O Tribunal Supremo Central, que BRAÑAS postula na Base 7.ª e no Ponto 6.°, non fallaria en última instancia os negócios senón que teria por misión resolver conflitos entre o Poder Central e o Poder Rexional e, asemade, responsabilizar aos ministros do Executivo.

Asi pois, a descentralización a nivel de poder xudicial que BRAÑAS propón é realmente extrema xa que implicaria que *a última instáncia procesal ficaria esgotada a nivel rexional.* A non fixación da composición do Tribunal Supremo central deixa aberta, por outra parte, o carácter que na sua concreción teña, tema absolutamente decisivo en vistas do seu carácter de mediador nos conflitos interpoderes.

3.4. As competéncias do Poder Central.

Son estas exactamente as mesmas que as Bases de Manresa: representación internacional, organización do exército, obras de interés xeral, conflitos interrexionais, etc. etc. En definitiva, deixa-se unha *ampla marxe* de competéncias susceptibeis de seren apropiadas polo poder rexional.

4. *O Poder Rexional*

As suas características son as seguintes no proxecto de BRAÑAS do 1892:

4.1. As Cortes Rexionais.

O máis interesante neste sentido resulta a modalidade de eleición que as integraria. Trata-se ante todo de evitar que fosen elexidas «en base a ese sufráxio individual hoxe en uso... senón dar a debida preponderáncia á representación corporativa de clases». Asi, é este último sistema o que fica no ponto 5.°: frente ao pseudoparlamentarismo da Restauración, BRAÑAS propón a eliminación mesma do parlamentarismo, unha volta aos tempos anteriores á Revolución Burguesa... previamente idealizados.

4.2. Poder lexislativo.

Elemento importante a reter é o da existéncia dun poder lexislativo autónomo galego, pois xa vimos que non era contemplado en *El Regionalismo*. No Ponto 4 estabelece-se a posibilidade de que as Rexións dispoñan as suas *próprias leis* e no Ponto 11 admite-se explicitamente tamén a existéncia dunhas leis xerais (do Estado) e outras propias, da Rexión.

4.3. O Poder Executivo.

Pouco que reseñar neste apartado agás do mantimento dos mesmos critérios restritivos que os que se aplican ao Estatal.

4.4. O Poder Xudicial.

O rasgo mais destacábel é o de constituir, como se dixo, última instáncia no ámbito rexional: ao Tribunal central somente son submetidos conflitos mais a via procesal remata no Tribunal Supremo da Rexión.

4.5. A organización interior.

Outro cambio notábel produce-se aqui fronte a *El Regionalismo*. A organización interior ten que ser axeitada aos círculos *naturais* da Rexión, e *substituirá* aos Gobernos civis, Deputacións, Províncias, etc. que serán suprimidos[328].

4.6. Exército.

Regula-se a posibilidade de teren as Rexións institutos armados de seu.

4.7. Funcionariado.

Segundo o Ponto 9.° darán-se os cargos aos fillos da Rexión ou aos arraigados nela, segundo critérios elaborados e fixados en lei orgánica.

4.8. Relacións Igrexa-Rexión.

Ponto este que non podia faltar na cosmovisión tradicionalista, tanto en BRAÑAS como nas Bases de Manresa: «O rexionalismo recoñece e aceita as actuais relacións Estado-Igrexa sen perxuizo de as mellorar caso de triunfar...» (B.6.ª).

[326] Idem. páx. 153.

[327] GEORG JELLINEK, *Teoría General del Estado*, cit., Tomo II, páx. 460.

[328] ALFREDO BRAÑAS, «Las Diputaciones», *El Ancora*, Pontevedra, 19 de Outubro do 1898, onde se vincula á organización territorial e antiparlamentária:

«Y como nosotros no admitimos ni el sufragio individual ni las leyes orgánicas vigentes, ni la legislación financiera actual... Hoy los canallas pelean detrás del parlamentarismo. Es necesario llevarlos a campo raso, es decir a otro sistema político...»

Cfr. Tamén o Manifesto «Al Pueblo Gallego», Santiago, 24 de Xullo do 1899

«... deseamos la supresión de los Gobiernos civiles, Diputaciones provinciales y demás funcionarios y centros que exige la actual organización administrativa, tan costosa como inútil; y pedimos para Galicia, de acuerdo con sus tradiciones y carácter, una Diputación Regional...»

5. *As garantias do Autogoberno.*

Polo que a este extremo respeita, compre asinalarmos que a auséncia de garantias é absoluta pois nen se fai problema da *revisión* da «Carta Constitucional» nen se especifica a composición do Tribunal Supremo.

Polo demais, a existéncia dun único lexislativo de representación rexional en modo nengun resolve o problema, pois *segue ficando nas mans do Xefe do Estado* a decisión última, por ningures impedida, sobre o destiño do autogoberno. Así, resulta claramente sintomático neste sentido, o non estabelecimento dun *Xefe político-representativo e personificante da Rexión*, garante da mesma; falla esta fundamental de toda a construción de BRAÑAS que hipoteca o poder rexional ás decisións do Executivo estatal, o Xefe do Estado en concreto, a figura do cal é silenciada na organización dos poderes centrais.

A analise dos proxectos posteriores de BRAÑAS, apesar de contar certas modificacións non pequenas, respeito do aqui examinado, aclaran moitos dos aspectos que ficaron escuros nestas primeiras propostas.

hoh

c. **A organización administrativa de Galiza.**

A progresiva aproximación de BRAÑAS ao carlismo, do que, polo demais, nunca estivo lonxano, levou-no a publicar no «Correo Español» de Madrid no ano 1898, uns artigos co título de «Laboremus» e «Organización Administrativa de Galiza»[329]. Neles expón BRAÑAS, desde a perspectiva de «simpatizante» de Don Carlos e a sua causa, un detallado proxecto da organización político-administrativa de Galiza, decisivamente afectado polo seu achemagamento ao carlismo. Vexamo-los na sua concrección.

1. *Principios xerais.*

Constata-se neste sentido un notábel descenso dos niveis de autogoberno verbo das anteriores propostas de BRAÑAS:

1.1 Desaparece, de feito, toda alusión á *Soberania* e *Autonomia.* Verbo da primeira, non cabe dúbida das razóns da sua auséncia: a perspectiva carlista explicíta leva ao recoñecimento da *soberania do monarca* como única posíbel no ámbito da *Monarquia tradicional.* En canto á auséncia do conceito *autonomia* a nivel de princípios, non é senón consecuéncia inmediata do anterior: o poder lexislativo na monarquia tradicional reside no rei, e as Cortes non teñen senón un cometido meramente *consultivo.*

1.2. *A Carta Constitucional —coas precisións que no seu momento fixemos— é substituida por unha Pragmática Real* que reflexa mui claramente o carácter de *concesión* do autogoberno e o seu control pola ilimitabel vontade do Monarca que se configura como discrecional garante da mesma. En definitiva, achamo-nos perante a concepción de que *o Monarca español é ao mesmo tempo o Xefe do Goberno Galego, o que elimina toda garantización* de autogoberno.

1.3 De acordo co devandito, *desaparece o poder lexislativo* autónomo como institución e como función: recoñece-se aos órgaos galegos unicamente *poder regulamentário* como mero executor de decisións alleas.

2. *Organización do Reino da Galiza.*

A própria orgaización que se estrutura a nivel de Rexión, Cidade, Munícipio e Parroquía fai insosteíbel a própria calificación de *Reino da Galiza:* somente hai un reino, o español, e os outros son meras delegacións do mesmo sen personalidade xurídica própria, sob o Monarca central

2.1. Organización rexional.

Integran a mesma dous órgaos centrais: o Gobernador e a Deputación.

2.1.1 *O Gobernador da Galiza.* Polo que respeita a este será *nomeado polo Rei* e exercerá a suprema autoridade política no seu nome en canto *delegado do monarca.* As suas atribucións serian: presidir da Deputación do Reino, executar as suas disposicións, xefe militar das forzas galegas, *xefe superior dos Correxidores e dos Alcaldes,* publicar e dar coñecimento das normas xerais.

2.1.2. *A Deputación do Reino da Galiza.*—Trátase aqui dun alto corpo integrado por dez membros —un por cada cidade histórica galega—. A sua eleición será regulada por unha lei —seguindo critérios presumibelmente corporativos— e no período transitório os seus membros serian nomeados polo Gobernador máis os Correxidores. As suas funcións son: administración xeral, aplicación das leis españolas, *ditar regulamentos e disposicións particulares*, facer propostas de lei ao soberano para que este presente nas Cortes, etc.

Como vemos, trata-se dun poder executivo —integrado por dez secretarias *sen poder lexislativo* nengun na liña de *El Regionalismo.* Ainda máis, as propostas de lei que se propoñen ás Cortes através do Soberano poden ser modificadas polo mesmo a petición de corporacións ou grémios, de tal xeito que o Monarca dispón dun amplo marco de actuación sobre as peticións de lei que lle cheguen das Rexións.

O réxime provisional de transición a esta organización disporia dun sistema de nomeamento tamén provisório: O Gobernador máis os dez Correxidores nomeados polo Rei elexirian aos dez membros da Deputación, aos Consellos das Cidades, aos Alcaldes e a os Rexidores.

2.2. Organización das Cidades.

Entendidas as dez cidades históricas da Galiza —Santiago, Ourense, Coruña, Lugo, Tui, Pontevedra, Betanzos, Ferrol, Vigo...— como circunscricións administrativas, disporian de dous órgaos: os Correxidores e os Concellos.

2.2.1. Os Correxidores.

Serian *nomeados directamente polo Rei* e representarian-no baixo da inmediata dependéncia do Gobernadore xeral. Entre as suas funcións compre salientar as de: gobernación e administración das Cidades, Forzas Armadas Locais, *Xefes dos Alcaldes dos Munićipios...*

2.2.2. O Consello.

Este organismo teria de oito a doce membros, segundo a importáncia da cidade, *elexidos* através dun procedimento regulado por lei. As suas funcións serían as representativas da Cidade e de xestión inmediata.

A organización de Galiza completaba-se a nivel de Munícipios coa existéncia dos Alcaldes —dependentes dos Correxidores das Cidades— e os *Pedáneos* nas Parróquias.

En definitiva, a prepoténcia do Monarca tradicional que nomea directamente ao Gobernador e aos Correxidores, e a ríxida xerarquización de dependencia dos diferentes órgaos e niveis, *introducen, frente a toda pretensión descentralizadora, o centralismo até o mesmo cerne do suposto autogoberno galego.* A dependéncia Monarca-Gobernador-Correxidores... e a auséncia de órgaos representativos a nengun nivel decisivo, dada a subordinación dos órgaos colectivos aos unipersonais nomeados directamente polo rei, valeira de feito toda posibilidade real de autogoberno. Aparece, pola contra, unha *sobrecentralización* —como no seu dia puxeran de relevo os rexionalistas liberais da Cruña— que se ergue sobre a base da eliminación do sistema parlamentário, non xa a nivel rexional senón estatal. A inexisténcia de poder lexislativo, tanto a nivel de función autodecisória como de órgao representativo máximo, e o abandono da garantización do autogoberno nas mans do Monarca deixan a pretendida descentralización ao albur das decisións persoais e incontrolábeis —«legibus solutus»— do Xefe do Estado Español.

Afirmaramos no seu momento que a posición antiliberal e carlista de BRAÑAS non se traducia somente no plano político-ideolóxico xenérico senón que incidia directamente sobre a caste de descentralización proposta. Temos agora que concluir que o antiliberalismo do profesor compostelán afecta ás suas propostas decentralizadoras *liquidando* todo posíbel autogoberno, que fica, en derradeira instáncia, en absoluta e total dependéncia da volición política do Monarca tradicional. Cumpria-se, pois, de xeito patente, a coñecida máxima da *Enciclopedie:*


«Il n'est point de patrie sous le joug du Despotisme».

[329] «Laboremus», «Organización administrativa de Galicia» cit.

398

ORGANIZACIÓN DA GALIZA

LABOREMUS



CAPÍTULO VIII

O REXIONALISMO FEDERAL: AURELIANO J. PEREIRA

«El regionalismo y el fuerismo, en tanto que con el se hermana, tienen que ser liberales; y en cuanto con la monarquia no encontrarán el reconocimiento de la soberanía natural del pueblo tienen que ser demócratas, y como demócratas españoles, republicanos».

Ao falarmos da movilización rexionalista ficou de manifesto a existéncia dunha corrente interna ao movimento que, xuntamente coas tendéncias liberais e católico-tradicionalistas, integraba o abano de plurais posicionamentos desde os que se propoñia a problemática rexional: «o federo-rexionalismo. Integrando unha das fraccións máis activas do movimento até o ano 1893 e constituído o seu proxecto por unha singular converxéncia de elementos ideolóxicos federais e rexionalistas, foi brillantemente exposto como síntese programática específica, da que compre agora darmos conta, por AURELIANO PEREIRA DE LA RIBA.

O federalismo, tanto como movimento organizativo como «corpus» ideolóxico, lonxe de se situar como unha mera etapa na evolución do galeguismo histórico, centrada no sexénio revolucionário, e alén dunha mera converxéncia de carácter pontual e esporádico, ia penetrar —por máis que sexa dun xeito parcial e limitado— na própria interioridade do galeguismo, incidindo nel cunha eficácia específica e aportando, sobretodo, un caudal e vigor ideolóxicos, unha alternativa político estratéxica que non polo feito de ser finalmente desbotada polos sectores hexemónicos do movimento, deixa de presentar aspectos de extraordinário interés.

Ao analizarmos no seu momento a movilización rexionalista, abordamos a especificidade, avances e limitacións da converxéncia federo-rexional desde o ponto de vista organizativo. Compre agora analizarmos substantivamente a peculiar síntese ideolóxica integrada por esta concorréncia de elementos rexionalistas e federais, nomeadamente explicitada por PEREIRA e MARISTANY.

Entre os diversos casos de converxéncia de membros do partido federal cara o rexionalismo —compre salientarmos os de FAUSTINO DE ORANTES Y MAGALLON, editor de *La Región Gallega*, dirixida por MURGUIA; o Grupo de Mondoñedo: LEIRAS PULPEIRO e NORIEGA VARELA, integrada por militantes simultáneos do partido federal galego e da Asociación rexionalista mindoniense MARTINEZ SALAZAR: membro do partido federal e dirixente que foi da Liga Galega na Cruña— somente dous deles fornecerian a sua actitude persoal dunha clarificación ideolóxica através de escritos de distinta entidade e natureza. Somente PEREIRA e MIRAMBELL MARISTANY, en efeito, teorizarian en certa medida tan singular converxéncia práctica e organizativa.

En especial AURELIANO PEREIRA, líder indiscutíbel do grupo federo-rexionalista lucense, integrado por homes de prestíxio tais como AMOR MEILAN e CASTRO Y LOPEZ, aglutinados arredor de El Regional, deixaria nas suas intervencións de distinto signo-xornalísticas, orais e literárias— explicitada unha radical maneira de formular o rexionalismo, diferenciada tanto das de MURGUIA ou BRAÑAS. Na peculiar síntese de Pereira, dará-se unha tramada e articulada fusión de elementos de diversa procedéncia, xeralmente rexeitados polos sectores hexemónicos do movimento rexional. O federalismo vai-se encher nas suas formulacións de verdadeiro *condito orgánico pre-nacionalista,* abandonando calquer carácter abstracto, de modelo formal de organización política, para encarnar-se directamente na realidade galega. O rexionalismo, á sua vez, receberá da corrente federal unha dose notábel de clarificación e radicalización en aspectos tan decisivos como o modelo xurídico-político de descentralización, o progresismo democrático irrenunciábel e, finalmente, na orientación estratéxica e de política de alianzas. Aspectos todos eles, estes últimos, que, se ben non foron incorporados ao rexionalismo oficial, supuxeron no seu momento unha alternativa aos vieiros dos sectores hexemónicos do movimento, e como tais teñen que ser considerados.

A diferenza do que acontecia con BRAÑAS ou

MURGUIA, en PEREIRA non nos imos achar perante unha construción teórica de grandes dimensións nen co revestimento académico ou erudito característicos das duas grandes personalidades do rexionalismo. PEREIRA[1] non foi nen un historiador nen tampouco profesor universitário, senón un destacado periodista o cal caracteriza a natureza do seu discurso e da sua ideoloxia, sempre expresados en intervencións pontoais, cunha grande dose de inmediatez, en ausência de apoiatura bibliográfica. Mais en nengun caso esta ausência da complexidade das grandes construcións nos situa perante unha obra confusa, superficial ou escasa de interés. A lucidez das análises de PEREIRA, unida á radicalidade dos seus plantexamentos, ficará amosada nas liñas que seguen de xeito máis que patente, através dunha peculiar conxunción de galeguismo e republicanismo que faria verdade as verbas do filósofo xinebrino:

«Tout vrai républicain suça avec la lait de sa mére, l'amour de la patrie, c'est-a dire, de la liberté»[2].

I. UN IDEARIO LAICO E PROGRESISTA.

Na obra escrita de PEREIRA agroma por todas partes unha visión do mundo e da vida que presenta substanciais deferenzas coa liberal de MURGUIA e se situa nas antípodas da católico-tradicionalista de BRAÑAS. Achamo-nos aqui en presenza dun ideário aberto, progresista, laico, nos roteiros da máis característica tradición do republicanismo español. Nel, radicalismo democrático e modernidade informan unha cosmovisión progresiva que avanza moi por diante da sociedade na que se formula.

O discurso de PEREIRA, como mostra a clarificación do campo semántico-conceptual de Galiza, acha-se ateigado de toda unha série de semas e sintagmas denotadores dunha ideoloxia secularizada, progresista, aberta, que se entrevera sistematicamente con outros elemento léxicos procedentes do sólito campo rexionalista, conferindo-lle unha apertura a problemáticas políticas, ideolóxicas e descentralizadoras que até entón lle estaban vedadas. A inclusión de verbas tais como «federación», «república», «democrácia», «sufráxio universal», completa-se coa diferenciada disposición enunciativa que revesten outras tais como «regionalismo», «socialismo», «huelgas», «clase obrera», configurando un discurso rexionalismo inusual polas suas connotacións claramente progresistas e laicas.

Analicemos primeiramente, e antes de pasarmos aos aspectos máis nidiamente políticos do noso autor, a faciana máis xenérica da sua ideoloxia verbo de cuestións reveladoras.

A. A cuestión social.

Elemento decisivo do ideário de PEREIRA é a sua preocupación social, que reveste un carácter manifestamente diferenciado daquel catolicismo social e antisocialista que temos ollado en BRAÑAS ou daquela forma de populismo que, en ocasións, agromaba nos escritos murguianos, como refugallo do seu progresismo da mocidade.

1 AURELIANO JOSE PEREIRA DE LA RIVA, naceu en Lugo o 22 de Xaneiro do ano 1855 no seo dunha família de escasos recursos económicos, que non lle permitiron cursar estudos superiores mália a intelixéncia e precocidade amosadas nas suas intervencións literárias e xornalísticas desde os dezaoito anos. Aos vinte anos colaboraba xa na prensa galega e madrileña no que constituíu sempre o seu médio de vida, pasando graves dificuldades económicas en diversas épocas da sua mocidade e mesmo madurez.

Encetou o seu labor xornalístico traballando en *El Diario de Lugo* aos 23 anos, chegando a ser o único redactor do mesmo durante certo tempo até que foi pechado por denúncias do Cardeal PAYA. Posteriormente pasou a dirixir no ano 1884 *El Regional* até o ano 1893. Afiliou-se cedo ao Partido Republicano federal, no que pronto ocupou cargos a nivel provincial de importáncia: no ano 1883 integrou con MOSQUERA LEQUERICA e MODESTO MIRON a Comisión encarregada, xunto con MORENO BARCIA, de redactar o Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego, que se discutiu e aprobou na Asamblea de Lugo do 1887 (2 a 7 de Xullo).

Desde as páxinas de *El Regional*, e conxuntamente con AMOR MEILAN e con CASTRO Y LOPEZ antes do traslado deste a Buenos Aires, postulou reiteradamente unha converxéncia entre federalismo e rexionalismo, entendendo ao primeiro como a conclusión lóxica da clarificación do segundo.

Líder destacado do partido federal será, asimesmo, membro dirixente da Asociación Rexionalista Lucense fundada o 14 de Decembro do 1890, presidida polo federal MOSQUERA LEQUERICA e sendo PEREIRA o Secretário. No ano 1887 foi elexido Concellal republicano federal na Cidade de Lugo até o ano 1892.

Neste ano, e por razóns diversas de crise do federalismo, moderación do seu ideário e quizaves cuestións persoais, sai do partido federal e ingresa na ala esquerda do partido liberal fusionista, trasladando-se acto seguido a Madrid cun modesto emprego de funcionário que compaxinou co cultivo do xornalismo, sendo crítico teatral do diário *El País*.

Aos 22 anos publicou o seu primeiro libro de poemas *Imposiciones y recuerdos*, Lugo 1877, ao que seguiron outros en língua castellana ou galega: *Otoñales*, Lugo 1889, *Cousas de aldea*, A Cruña 1891 —quizaves o seu libro máis coñecido—, *Terra miña!*, *A cova da serpe*, Lugo 1892.

Escrebeu tamén algunha obra dramática en verso de sabor republicano: *Los capitalistas;* asi como diversos ensaios literários e rexionalistas: 6Shakespeare y Calderón, Lugo 1881, *Cartas acerca del naturalismo contemporáneo*, Lugo 1882, *Memoria acerca de las industrias que pueden establecerse en Lugo*, Lugo 1891, *El regionalismo y la poesía gallega*, Lugo 1895, etc.; asi como innumerábeis artigos de matiz federo-rexionalista.

Morreu pobremente en Madrid o 31 de Outubro do 1906.

2 JEAN JACQUES ROUSSEAU «Considerations sur le goubernement de Pologne et sur sa réformation projetée» en Oeuvres complètes. París, 1971. Vol. III, páx. 532.

Moi ao contrário, os elementos decisivos do seu universo ideolóxico como o *agrarismo*, que decontado analizaremos, amosan-se como auténtica problemática pre-populista, como un achegamento real ás clases populares que trata de *incorporálas*, recollendo as suas reivindicacións básicas, ao movimento rexionalista con plena entidade.

Mais ao que compre referirmo-nos aqui e a outro elemento que agroma reiteradamente nos seus escritos e intervencións cunha substantividade própria. Trata-se das suas preocupacións perante a *cuestión obreira* e os partidos que a expresan, amosando-se patentemente neste extremo a sensibilidade proletária do federalismo histórico español —moito tempo misturado con arelas obreiristas das que constituíu a sua única canle de explicitación política— como os temores e ambigüidades da pequeno-burguesia intelectual perante un decantamento face ás posicions da clase traballadora.

Nos artigos adicados á cuestión por PEREIRA, agroma, conxuntamente cun certo paternalismo, unha innegábel lucidez en diversos pontos sobre a condición proletária naquelas datas, que levan ao noso autor moito mais alá do mero recoñecimento dun problema social e postulación de solucións a males tan patentes.

Así, por exemplo, en intervencións tais como «La instrucción a los artesanos y medios para promocionarla», o noso autor, conxuntamente coa predicada necesidade de instrución para as clases traballadoras e a perentória falta de desterrar a ignoráncia que a conduce á supeditación, a postulación de criación de Escolas de Artes e Ofícios ou sociedades do tipo «Fomento de las Artes» etc. como centros de información obreira, abertamente aborda outro tipo de problemática diferenciada.

Con efeito, PEREIRA chama directamente á sociedad obreira tanto a sua formación clasista como a presenza social, loubando neste sentido explicitamente á clase obreira coruñesa polo seu grau de instrución e peso na vida pública cidadá:

«La capital de Galicia, La Coruña, cuenta con una ilustrada clase obrera y a ella debe en gran parte la consideración de que goza aquel pueblo y la altura a que ha llegado.

En todas las sociedades, en cuantas ides útiles se proponen y realizan, en todo en fin, tiene no pequeña parte y respetable representación la clase obrera de La Coruña»[3]

Precisamente esta presenza pública, este nivel de madurez e de homoxeneidade que ten adquirido o proletariado coruñés integra o elemento decisivo que, aos ollos de PEREIRA, o configura como unha auténtica *clase social* e non un mero agregado informe de traballadores:

«En el sentido social, en el que nosotros empleamos esa frase, no puede decirse que en Galicia haya artesanos como clase; porque no constituyen ésta los individuos de una misma profesión o arte que aparecen agrupados únicamente en la matrícula de la contribución industrial... sólo puede decirse que existen clases obreras o artesanas —llamadas como se quiera— cuando hay lazos comunes que unen a sus individuos, cuando da muestras de vitalidad, cuando aportan a la vida pública y al movimiento social el resultado del esfuerzo colectivo»[4].

En definitiva, liñas como as anteriorores denotan unha certa aceitación por parte de PEREIRA da división clasista da sodiedade e da problamática da «conciéncia de clase», de clara procedéncia republicana, asi como o recoñecimento do protagonismo contemporáneo da clase obreira, mesmo en sociedades como a galega de escasos e cativos núcleos industriais e cun proletariado que encetaba por aquel tempo a construción de organizacións políticas próprias.

A distáncia frente a BRAÑAS e a sua postulación dunha harmonia supraclasista através dos grémios é notória, e ainda se acrecentará máis noutras intervencións do noso autor. Outro tanto se pode asinalar verbo do posicionamento mantido pola *Revista Gallega* da Cruña, voceiro, como é sabido, do rexionalismo liberal, frente ás folgas obreiras e os primeiros de maio que por aquel tempo comezan a tomar un pulo descoñecido.

Noutros artigos, tais como «Los del Arroyo»[5] ou «Los de la charca»[6], por escollermos dous temas relacionados, e nos que PEREIRA aborda temas tais como a prostitución e a mendicidade, lonxe de deter-

3 AURELIANO J. PEREIRA, «La instrucción a los artesanos y medios de proporcionarla». *El Regional*, 14, 19 e 22 de Febreiro do 1889.

4 Idem. día 14 de Febreiro do 1889.

5 AURELIANO PEREIRA, «Los del arroyo», *El Regional*, 23 de Agosto do 1893.

6 AURELIANO J. PEREIRA, «Los de la charca», 29 de Setembro do 1893. Outro tanto acontece na perspectiva do campesiñado no artigo «Los Siervos», *Gaceta de Galicia*, 3 de Agosto do 1893, centrado na vida dos segadores galegos, traballadores temporeiros en Castela.

se en plantexamentos de caridade cristiá frente a un mal inevitábel, o xornalista lucense critica as insuficiéncias da caridade oficial face a unha problemática tal, e remata afirmando de xeito estremadamente significativo:

«Porque ciertamente no se divisa, ni aún apelando a las grandes utopías de LOUIS BLANC, FOURIER y demás generosos pensadores, cómo podría evitarse lo que el escritor aludido (ZOLA) presenta como una grandísima enormidad»[7].

Resulta manifestamente insólito no panorama ideolóxico dos escritos rexionalistas até aquí analizados esta naturalidade coa que se califica aos socialistas utópicos de «generosos pensadores».

Non constitui iso, polo demais, un rasgo aillado que nos sexa lícito estrapolar, senón que esta apertura ao pensamento progresista europeu, mesmo nas suas máis radicais expresións, integra pola contra un rasgo sobranceiro en diversas intevecións do noso autor. Asi, por exemplo, acha-se presente cando PEREIRA amosa a súa conformidade con aspectos parciais das teorías de LOMBROSO ou PROUDHON[8], por máis que iso se faga dun xeito limitado e mantendo-se todo decote reservas face ao anarquismo e mesmo o socialismo[9].

Mais, alén do terreno puramente ideolóxico, que pola propria natureza dos escritos de PEREIRA non resulta doado perfiles coa necesaria claridade para que integren elementos substantivos á hora da fixación da sua ideloxia, compre darmos conta dun específico achegamento do noso autor ao movimento obreiro, dunha esplícita cercania ao mesmo que agroma en diversos lugares dos seus escritos.

Boa proba diso o constitui, sen dúbida, a aceitación por PEREIRA das *folgas* como mecanismo de defensa e presión a prol dos intereses dos traballadores e a denúncia da belixeráncia das clases dominantes e as institucións, incluido o próprio Estado, contra a irrupción do movimento obreiro organizado.

Neste orde de cousas, compre subliñarmos que a reflesión de PEREIRA parte en todo momento da consideración de que, se ben a liberdade formal constitui unha conquista irrenunciábel frente ao vello orde do priviléxio feudal, o problema que se ven plantexar no moderno Estado capitalista é o da *igualdade material*. Esta problemática de clara procedéncia socialista utópica agroma en liñas tais como:

«La libertad del trabajo y la igualdad ante la ley son dos nobles conquistas que FLAMMERONT celebra y CLEMENCEAU alaba. Pero, como éste dice muy bien, falta todavía por averiguar qué estado social han creado... y encuentra solamente la libertad del individuo proclamada en una sociedad en la que las agrupaciones tradicionales de los fuertes tienen sometidos a los debiles, con una ilusoria igualdad ante la ley»[10].

Republicanismo radical e socialismo utópico entrecuzan-se en intervencións como a precedente, fornecendo unha especial sensibilidade face ás contradicións das relacións de produción capitalista desde unha clara perspectiva do seu superamento.

Ao postular, posteriormente, a necesidade de materializar esa igualdade formal, PEREIRA desemboca perante o problema das posibilidades de acción da clase traballadora cara o melloramento da sua situación. En especial situa-se diante *folgas*, como medida utilizada pola clase obreira para vencer aquel referido sometimento global á clase capitalista tan sequer sexa parcialmente, recollendo laudatoriamente as primeiras folgas da história do movimento obreiro francés no século XVIII (carpinteiros e encuadernadores) salientando a belixeráncia desempeñada en todo momento polo Estado no desenvolver dos acontecimentos:

[7] AURELIANO PEREIRA, «Los del arroyo» cit.

[8] En Opiniones Regionalistas», *El Regional*, 15 de Febreiro do 1896, critica-se a descentralización de BARRES e apoia-se explicitamente en PROUDHON:

«Debemos desconfiar —añade BARRES— en nombre de los buenso métodos intelectuales, de quien pretenda ofrecernos un plan de porvenir, una verdad futura... Al contrario de eso, *es uno de los nuestros, PROUDHON, quien en su lealtad, en su honrada clarividencia de filósofo*, quien dice: «Yo puedo trazar los preliminares de esta organización social, cuyas últimas leyes no pueden ser conocidas sino sucesivamente y a medida que vayan produciéndose hechos nuevos... Los preliminares, los medios más próximos de que habla PROUDHON, mediante los cuales se producirá la revolución social, son la federación y el contrato...»

[9] Cfr. «Los socialistas», *El Regional*, 11 de Agosto do 1893. Polo demais, PEREIRA, como PI I MARGALL ou FERNANDO GARRIDO, será sensibel ás influéncias do socialismo como problemática e movimento, mais, nen por elaboración teórica nen por próprio posicionamento, se pode converter a sua proximidade en integración político-ideolóxica no seo do mesmo.

Sobre o tema, pode consultar-se ELISEO AJA, *Democracia y socialismo en el Siglo XIX español. El pensamiento político de Fernando Garrido*, Madrid 1976, páxs. 223 e ss.

[10] AURELIANO J. PEREIRA, «Las Huelgas», *El Regional*, 22 de Novembro do 1895.

«HARDY mismo no pudo por menos de compadecerlos a pesar del instintivo horror que, como buen burgués, sentía hacia todo perturbador del orden público... Añadamos a ésto, algo que también es evidente. Por la organización en que vivimos, el Estado, con todas sus representaciones es parcial contra la clase obrera, que ninguna intervención tiene en la confección de las leyes»[11].

O obreirismo republicano-federal acha en afirmacións como a anterior as suas máis nídias expresións na obra do rexionalista lucense, fornecendo-o dunha lucidez verbo da cuestión obreira verdadeiramente notable. A parcialidade do Estado, o domínio absoluto da burguesia levan ao noso autor a unha conclusión inequívoca:

«El obrero tiene como única defensa la huelga, lo que ha tenido siempre. Y admitiendo que ese medio es perjudicial... considérese si lo hacen rechazando otro mejor»[12].

Achamo-nos, —tras a postulación dunha instrución obreira destinada a dotar a esta como clase dunha madurez e intervención social cara a defensa dos seus intereses, do recoñecimento do domínio burgués e a non neutralidade do Estado, da aceitación da necesidade de organización e presión obreiros através das folgas— nun terreno cualitativamente diferenciado e en fonda ruptura cos tradicionais do paternalismo e caridade cristiá. O achegamento á causa do proletariado traduce-se en PEREIRA, conxuntamente con todo o anterior, nun abandono do eido da caridade para plantexar inequivocamente o problema da xustizia:

«Las gentes pías dirán a los de arriba: «dad» y a los de abajo: 'esperad'. Pero ¿es que *no hay más remedio que la caridad para aliviar el mal que producen los vicios de organización? ¿es que debemos perder toda esperanza en un porvenir de justicia?...* Cuando los caminos de la ley y la equidad se cierran, la paciencia cede su puesto a la desesperación y *hasta la caridad ofende*»[13].

Como se pode ver con claridade, algo máis que «preocupación pola cuestión social» subxace tras dun tal recoñecimento: semellante sensibilidade perante a problemática obreira ten por forza que poñer-se en contacto coas posicións dos sectores máis obreiristas do republicanismo galego, coas que PEREIRA, asi e todo, non estaba en relación[14].

Conxuntamente coa cercania devandita atopamos axiña outro elemento non menos inequívoco e que reveste un especial interés: a toleráncia frente ao *movimento socialista*.

En efeito, en diversas intervencións, encol do problema obreiro e a política europea, PEREIRA amosa-se en todo momento respetuoso coas organizacións e plantexamentos políticos socialistas, admitindo esplicitamente inclusive determinados elementos dos seus programas. Asi, por exemplo, nun artigo titulado «Los socialistas», publicado no ano 1893 en *El Regional*, PEREIRA valora positivamente —por máis que desde unha perspectiva diferenciada— a este movimento a nivel europeu:

«Parece que un estremecimento de terror sacude los nervios de algunos organismos, y muchos periódicos manifiestan sus recelos y temores por lo que será el día menos pensado de los más firmes fundamentos del orden... *Estamos bastante lejos de estas crispaduras de nervios y vemos con agrado que los socialistas se reunan, discutan y acuerden...* lo más grave sería que, privados del derecho de reunión y del de manifestar sus opiniones, apelasen, por necesidad, a constituir sociedades, a conspirar en la sombra, reemplazando los efectos de la dinamita de las ideas por los de la dinamita de cartucho... es halagueño para Europa que en Zurich triunfe el criterio de la lucha legal y parlamentaria: el mayor núcleo del socialismo quiere vivir dentro de las leyes, usando todos los derechos que éstas garantizan a los ciudadanos»[15].

Mais tal valoración non implica somente unha toleráncia dos socialistas en tanto que estes respetan a legalidade vixente, senón, indo máis lonxe, un certo recoñecimento do seu programa.

«Hay que reconocer que es el socialismo una fuerza, y una fuerza poderosa que crece de día en día, y que más o menos directamente va influyendo, y ha de influir más todavía, en la marcha y gobierno de las naciones, *imponiendo las rectificaciones que, en buena justicia, reclama el actual estado social*»[16] (Subliñado noso, R. M.).

Esta relativa atracción, que non chega, asi e todo, a romper xamais un distanciamento indiscutíbel

[11] Ibídem.

[12] Ibídem.

[13] Ibídem.

[14] Tais serian as posicións, que as recentes investigacións de XAN MORENO puxeron a descoberto, de ANDRE MURUAIS ou o próprio RICARDO MELLA e os sectores que se integrarian posteriormente na *Federación de Trabajadores de la Región Española* da Internacional.

[15] AURELIANO J. PEREIRA, «Los socialistas», El Regional, 11 de Agosto do 1893.

[16] Idem.

verbo do movimento socialista, volve-se pór de manifesto ao abordar, anos máis tarde, o problema da represión dos partidos socialistas polos gobernos europeos en artigos tais como «La guerra a los socialistas»[17] ou «La reacción en Alemania»[18]. Neles aborda PEREIRA as campañas antisocialistas que en Rúsia e Alemaña estaban por aquelas datas ao orde do dia.

Asi, despois de se referir ao irregular encarcelamento de LEIBNECHT no curso da «cruda campaña antisocialista» que tiña lugar en Alemaña, o noso autor afirmaba:

«La lucha toma un carácter no poco inquietante. Los demócratas y socialistas alemanes no pueden decir ni escribir la cosa más ligera respecto al soberano sin tropezar en un proceso cuyo término se conoce de antemano y a nadie sorprende, pues los tribunales son declaradamente imperialistas... *La reacción es ciega y torpe en todas partes.* Rusia forma pareja con Alemania. También en el imperio moscovita arrecian las persecuciones. Allí son detenidos todos los socialistas y los sospechosos de tales... Parece que el triunfo de los socialistas en Francia ha causado pánico en las potencias del norte»[19].

Factores tais como a admisión do partido socialista como representante dos intereses da clase obreira, a condena da persecución do socialismo e a defensa da sua legalidade... pasando polo próprio léxico que incluen verbas como «reaccionarios», «progresistas», «socialismo» nunha perspectiva descoñecida no seo do movimento rexionalista galego, mesmo dentro do seu sector federal amosan a situación de PEREIRA nas fronteiras do republicanismo español, cun posicionamento social cuxa radicalidade se mantén mesmo despois de abandonar o partido republicano-federal.

Compre salientarmos, asi e todo, que PEREIRA xamais incorporou a clase traballadora ao seu proxecto rexionalista, ao contrário do que acontecia co campesiñado. Quizaves unha das causas sexa o feito de que a sua decantación obreirista produciu-se maiormente despois de seu traslado a Madrid, cando, desvencellado organicamente do movimento rexionalista, cultivaba tan só un rexionalismo cultural e literário.

B. Laicismo e anticlericalismo.

En PEREIRA imo-nos atopar cunha posición frente á relixión notabelmente diferenciada tanto do catolicismo tradicionalista de BRAÑAS como do catolicismo liberal dos rexionalistas coruñeses, en especial da *Revista Gallega.*

No xornalista e escritor lucense imos atopar un peculiar distanciamento de toda consideración relixiosa, que integrará unha grande secularización dos seus escritos rexionalistas, políticos, etc. Se ben non achamos nel o anticlericarismo radical e clerófobo co que ás veces se ten manifestado o republicanismo español, si atopamos, pola contra, unha ausência significativa de toda alusión ao catolicismo que, ás veces, reveste forma dun anticlericalismo moderado, mais non por iso menos firme, condenando en reiteradas ocasións á *teocrácia* actuante na sociedade española e galega do seu tempo.

Boa mostra deste laicismo e secularización do seu pensamento o atopamos en numerosos artigos seus, configurado en especial como unha *ausência* significativa, ali onde era sólita a utilización de motivos máis ou menos vencellados co campo relixioso. Asi, por exemplo, nunha necroloxia escrita co gallo do pasamento dun amigo da mocidade nas lides xornalísticas, «Camilo Placer»[20], acha-se ausente toda consideración relixiosa das usuais nunha tal tesitura.

Máis esplícita ainda resulta a ausência de consideración relixiosa no conxunto da sua obra en temáticas tais como rexionalismo, política, economia, etc., que semella indicar unha vontade de autonomización dos ordes social e político de toda consideración cristiá. Xa temos visto, neste sentido, como PEREIRA se pronunciaba abertamente a prol da xustiza no referente á cuestión social, rexeitando os plantexamentos en base á caridade, nunha perspectiva antitética á de BRAÑAS. Tais plantexamentos son frecuentes nas suas intervencións. Asi, por exemplo, no seu artigo «La democracia cristiana» critica a pretendida alternativa do catolicismo social frente ao socialismo, afirmando con ironia:

«... allí habitan artesanos que ganan malamente para vivir y que, a poco que se les empujase, irían a engrosar el ejército socialista, y *a impedir ésto se dirigen los esfuerzos* del abate DAENS... les ha predicado las excelencias de la democracia católica... *sueño generoso, nada de revolución brutal, nada de golpes de fuerza, victorias sucesivas obtenidas sobre el egoísmo capitalista...* instituciones de prevesión, sociedades cooperativas por todas partes... *todo esto bajo la égida del Papa.* Vivir cual dichoso en este mundo asegurando la gloria en el otro»[21] (Subliñado noso, R. M.).

«Polo demais, esta actitude decididamente secularizante acha-se presente desde os comenzos da biografia de PEREIRA. Lembre-se que, por criticar no seu dia con dureza a *El Porvenir,* periódico católico de Santiago, o Cardal PAYA denunciara ao *Diario de Lugo,* dirixido e redactado case integramente polo noso autor[22], que foi posteriormente pechado.

Precisamente esta posición anticlerical moderada, na que a cuestión relixiosa non constitui en ningun momento problema nen positivo nen negativo do seu ideário, achamo-la tamén no outro escritor federo-rexionalista de certo relevo TOMAS MIRAMBELL Y MARISTANY:

«Nosotros combatimos el clericalismo, porque es otra forma de centralización. El anticlericalismo que infiltrándose en la gobernación del Estado le da un carácter clerical y ve en el maestro de escuela un enemigo...»[23].

C. O sufráxio feminino.

Resulta de interés, finalmente, outro elemento que se acha presente con certa relevância no ideário de PEREIRA e que mostra claramente os rumos progresistas da sua ideoloxia, o carácter de modernidade da mesma. Referimon-os á valoración por parte do noso autor da posición social da muller que, pola substantividade e carácter non meramente conxuntural que reveste na obra de PEREIRA, integra un indício, chamativo e mesmo insólito, do seu roteiro ideolóxico.

En efeito, xa nos tempos do *Diario de Lugo,* acada certa sona o xornalista lucense co gallo da publicación dun artigo titulado «La mujer y las carreras profesionales»[24], no que se criticaba duramente a decisión do Consello da Instrución Pública pola que se viña a negar o exercício de profesións civis por parte de mulleres con carreiras profesionais cursadas:

«Por mayoría de votos inclínase aquella corporación a la negativa, no fundándose en razones científicas ni de conveniencia pública, sino alegando argumentos de valor imaginario, sólo apreciables y disculpables en tiempos de atraso intelectual, pero no hoy que la cultura se extiende... Seria dar una pobrísima idea de nuestra cultura creer que la mujer debe sólo dedicarse a los oficios que lleva consigo el gobierno de la casa»[25].

Mais onde cobran toda a sua significación e relevância social e política os plantexamentos de PEREIRA é na redacción do *Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego.* En efeito, un dos temas máis debatidos nas sesións de xullo do 1887 en Lugo foi precisamente a constitucionalización ou non do voto femenino.

Como as Actas do debate amosan, tras afirmacións do estilo da de MOIRON: «La mujer es inferior al hombre», destacaron nos debates federais as declaracións verbo da peligrosidade política que entrañaba a concesión do voto á muller, dada a sua dominación pola Igrexa e o carácter reaccionário das suas opcións políticas.

Neste orde de cousas, reveste non pequeno interés a polémica protagonizada por dous representantes do federo-rexionalismo, AURELIANO PEREIRA e LEIRAS PULPEIRO. En efeito, este último na sua intervención, tras consumir o primeiro turno, declara ante os ataques de PEREIRA que a sua posición nada ten que ver coa de aqueles «graves teólogos que se dignaron por un solo voto conceder alma a la mujer, sino que consideraba superiores incluso las aptitudes intelectuales de algunas mujeres a las de los hombres; más, a pesar de ello, juzgaba peligroso ni-

---

17 AURELIANO PEREIRA, «La guerra a los socialistas», *El Regional,* 12 de Decembrodo 1895.

18 AURELIANO J. PEREIRA, «La reacción en Alemania», *El Regional,* 29 Decembro 1895, onde se afirma:

«El órgano oficioso por escelencia del descontento de Friedrischruhe, *Las Noticias de Hamburgo* (Diario probismarckián)... se entrega a la tarea de hacer una sombría apología de la represión a todo trance y de la guerra a muerte contra el socialismo... Echando mano de frases históricas que se había atrevido a emplear BISMARCK, y aplicándolas sin reparo a sus conciudadanos y compatriotas, el órgano de aquel hombre público no vaciló en decir que el mal de la revolución social no podrá curarse sino por el hierro y el fuego y derramando ríos de sangre».

19 AURELIANO PEREIRA, «La guerra a los socialistas» cit.

20 AURELIANO J. PEREIRA, «Camilo PLacer», *El REgional,* 9de Novembro do 1887.

21 AURELIANO J. PEREIRA, «La democracia cristiana», *El Regional,* 22 de Marzo do 1896, onde se engade espoñendo o pensamento de DAENS:

«¡La doctrina revolucionaria se propaga!. Y con tanta rapidez que el candidato socialista, vencido hasta el presente, triunfará en las próximas elecciones. El síntoma es significativo —exclamaba DAENS—. El día en que las poblaciones, será el fin de todo, el aniquilamiento de la sociedad, la guerra civil, lo desconocido».

22 AURELIANO J. PEREIRA, «Algo acerca del movimiento literario en Galicia», *Revista de España,* n.° 555. 555, 556, 1892, páx. 395.

23 TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «Galicia y el Regionalismo», *Revista Gallega,* 15 de Xullo do 1900.

24 AURELIANO J. PEREIRA, «La mujer y las carreras profesionales», *Diario de Lugo,* 6 de Maio do 1881.

25 Ibídem. onde se engade:

«Gran figura será para muchos la mujer de Ulises arrancando el hilo de la rueca... pero para quien la ilustración ame y la cultura general desee, siempre será la mujer más grande cuando ocupe el lugar que ocupa en los Estados Unidos, Inglaterra y Alemania, en alguna de cuyas naciones ejerce hasta cierto límite, derechos políticos».

velar al hombre y a la mujer en materias políticas, por ahora, fundado en que fácilmente es la mujer arrastrada por aquellos que están interesados en perderla y en perdernos... abrigando este temor por la mujer en general, pero más que la gallega, fanatizada como ninguna, por lo que es preciso caminar con circunspección y cautela»[26].

A argumentación de PEREIRA resulta, pola contra, notabelmente diferenciada, manifestando-se a prol da extensión do sufráxio feminino:

«Nadie ignora que la mujer en general es víctima de la teocracia ultramontana que la explota y maneja, y claro es que, en este concepto, será enemiga, no solamente de la República, sino también de la libertad en todas sus formas. Al señor MOYRON diré que no es digno de un partido expansivo y el más avanzado de la democracia negar un derecho debido a la Ilustración; que en la República americana existen estados regionales donde la mujer vota para constituir las asambleas municipales. Al Sr. TRONCOSO, que no tema porque la mujer vote, que en Inglaterra y Polonia la mujer sostiene la libertad y el sentimiento de la patria con una constancia y tesón admirables, que el pueblo judío conserva su tipo de raza, sus costumbres y sus creencias por la mujer, y hasta la Rusia despótica pugna por ilustrar y dignificar a la mujer, ¿cuánto más nosotros que legislamos para el porvenir y para un pueblo que habrá ya alcanzado a practicar todas las libertades y derechos?»[27].

O progresismo que destilan as verbas de PEREIRA constitui un testemuño claro do vieiro polo que se encaminaba a sua ideoloxia, na que se entrecruzan democratismo radical e patriotismo galeguista nunha síntese realmente avanzada para a sociedade galega da época.

Finalmente, a redacción do proxecto de Constitución plasmou unha posición intermédia que afirmaba:

«Art. 23. Son electores... 2.° La mujer mayor de veinte años cualquiera que sea su estado, que a la aptitud legal y al domicilio añade la circunstancia de ser instruída en las materias que abarca la segunda enseñanza o la técnica, o cuando menos presente certificado de haber cursado y aprobado un grupo de asignaturas comprendido en la sección de ciencias naturales o físico matemáticas»[28].

Málía a enorme restrición de voto que unha regulación tal introducia, a sua contextualización no ano 1887 en que tiña lugar, amosaba o carácter avanzado e progresista da mesma. Teñamos en conta que moitos anos despois, na Asamblea nacionalista de Lugo do 1918 estabelecia-se na Cuestion Xurídica cuarta:

«igualdade de direitos para a muller casada, polo menos no caso de emigración do marido»[29].

Os plantexamentos de PEREIRA resultan, pois, reveladores da modernidade do seu pensamento por canto o sufráxio feminino data en España da II República e até primeiros do século XX non se empezou a xeneralizar o mesmo en Europa[30].

II. O CONCEITO DE GALIZA EN PEREIRA.

O problema que plantexa a conceptualización de Galiza en PEREIRA é dobre. Dunha banda compre analizarmos se se produce algun desprazamento terminolóxico e/ou conceptual que signifique ou mostre unha certa organicidade galeguista do pensamento de PEREIRA: é dicer, unha superación do carácter abstracto que o federalismo reveste como concepción universalista e democrática, mesmo no próprio PI Y MARGALLL. Efectivamente, neste orde de cousas, o problema reside en saber se a conceptualización de Galiza traspasa o umbral da mera consideración como Estado federado para adentrar-se no feito diferencial mesmo e os seus elementos constitutivos. A converxéncia entre federalismo e rexionalismo que antes analizámos desde o ponto de vista organizativo compre abordá-lo agora nos seus efeitos político-ideolóxicos centrando-nos nas sua consideración de Galiza como rexión ou nacionalidade e na bagaxe semántico-conceptual que integra o discurso de PEREIRA.

En segundo lugar, a articulación terminolóxica e conceptual desta organicidade do pensamento do noso autor compre analizá-la para determinarmos o alcance e natureza, a profundidade, enfin, deste achegamento federo-rexionalista.

É necesario, ademais, completar a análise de PEREIRA coa consideración do discurso de MIRAMBELL MARISTANY e os seus artigos na *Revista Gallega* que deran ao federo-rexionalismo matices de interés.

---

[26] *Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego. Formulado por su Consejo Ejecutivo el 24 de mayo de 1883, definitivamente discutido, votado y sancionado por la Asamblea Federal del territorio, reunida en la ciudad de Lugo el 2 de Julio de 1887.* La Coruña, 1887, páx. 39.

[27] Idem. páx. 38.

[28] Idem. páxs. 5 e 6.

[29] Recollido en VICENTE RISCO, *El problema político de Galicia,* Madrid, 1930, páx. 238.

[30] Cfr. M. DUVERGER, *La participación des femmes â la vie politique,* Paris, 1955, páxs. 69 e ss.

A. Delimitación do campo semántico-conceptual de Galiza: rexión e nacionalidade en PEREIRA.

Aplicando o mesmo critério que xa fora utilizado nos Corpus de BRAÑAS e MURGUIA, podemos estabelecer os seguintes cadros de equivaléncias, oposicións e asociacións nos escritos fundamentais de AURELIANO PEREIRA. Analizaremos en concreto:

—«El regionalismo», discurso de Lugo, *La España Regional,* 1887.
—«Nuestro regionalismo», *El Regional,* 15 de Xaneiro do 1887.
—«Regionalismo y unitarismo», en *El Regional,* 19 de Xullo do 1887.
—«Algo sobre el regionalismo», *Galicia,* Abril 1888.
—Discurso no Banquete-Homenaxe a BRAÑAS, *Gaceta de Galicia,* 1890.

«El regionalismo», discurso de Lugo, contido en «La España regional», 1887

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
393-499	«abandono» «atraso» «tierra bendita» «dulce y melancólica» «sufrida, valerosa»	«Regionalismo» «unidad verdadera» «corporaciones provinciales y locales» «excentralización» «autonomía» «su lenguaje» «sus instituciones de derecho» «la autonomía es la solución» «España (...) se compone de varias nacionalidades» «self government, o sea el gobierno del país por el país» «la verdadera unidad que no ha de ser (...) que todos vivamos subordinados autoritariamente al Centro»	«la nación» «la centralización» «espíritu de uniformación que absorbe por completo la vida provincial» «voluntad o el capricho de cuatro cortesanos» «unidad administrativa»	«cultivar un idioma» «espíritu de asociación» «formar naciones fuertes como el imperio germánico» «cuidado de su lengua, de su literatura, de su arte, de sus costumbres y leyes especiales de derecho privado y de sus intereses administrativos»	(la nación) «su espíritu absorbente que nos aniquila» «sometidas a la postración» «imponer servicios y gravámenes a las Corporaciones locales»	«pueblo» «país» (2) «pequeña patria» «regiones» «este pueblo» «región» «país gallego»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
		«el idioma (...), la música (...), la tradición (...), los comprovincianos (...), aquella tierra (...) aquel paisano (...) los acentos de nuestros poetas» «raza leal, sufrida, valerosa, con grandes condiciones para el martirio»	«Castilla y León» «lo nacional» «Centro»	«tenga vida propia y pueda moverse y desarrollar su marcha progresiva»	«ir destruyendo todo lo que es característico, personal, (...) de las regiones»	«la patria» «tierra» «tierra natal» «nacionalidades que forman esta nación»
500-504	«noble tierra» «será libre y con la libertad será próspera y feliz»	«la unidad bien entendida» «regionalismo» «la regeneración de Galicia»	«unidad absorbente» «unitarismo» «absolutismo»	«unirse por medio de la federación para lo que es común a sus intereses» «en Galicia despierta» (el regionalismo)	«la política vigente es exclusivamente centralizadora» «los daños de la centralización»	«patria común» «país» «tierra»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
		«nacionalidades» «federalismo»		«el regionalismo (...) ataca cerebros conservadores» «cuyos hijos tantas veces regaron con sangre el árbol de la libertad» «la conciencia y la fe son las que han creado las nacionalidades»		«patria ideal-patria real» «patria»

«Nuestro regionalismo», *El Regional*, 15-1-1887

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
	«oprimidos»	«el regionalismo y el federalismo (no) son una misma cosa» «el matiz más acentuado del regionalismo español condena por igual a todos los partidos políticos» «partido cuya doctrina descansa en los principios que el regionalismo defiende: la vida regional, el derecho de que la región, como la provincia y el municipio, se gobiernen por sí» «autonomía de los organismos de la Nación» «el regionalismo (no es) hoy por hoy un partido político»	«centralización y de la uniformación conquistadora» «la monarquía y la llamada unidad española» «viejos y gastados organismos políticos que luchan por los intereses del momento, por la posesión del poder»	«protesta ya general que representa el regionalismo»		«región» «país» «nación»

«Regionalismo y unitarismo», *El Regional*, 19-7-1887

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
	«ruina y miseria»	«la federación» «El sistema federativo es igualmente aplicable a las naciones monárquicas como a las republicanas» «autonomía necesaria para establecer los poderes ejecutivo, legislativo y judicial» «este sistema de gobierno, el federal» «forma republicana»	«poder centralizador» «Estado (...) erigido en perpetuo curador y tutor de las provincias y los pueblos» «impuesto sobre ganados» «bárbaro espíritu de la Edad Media» «ley hipotecaria» «unitarismo» «absolutismo despótico»	«grito casi unánime de todas las provincias de España» «las provincias del noroeste clamaban y claman»	«gobiernos de las naciones que tienen subyugadas a las regiones o provincias que las forman» «curatela que el Estado ejerce sobre las provincias»	«nación» «pueblos» «provincias»

«Regionalismo y unitarismo», en El Regional, 18-8-1887

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
		«autonomía de los municipios» «sistema federal» «derecho del sufragio universal» «sistema regionalista» «que nuestra nación se organice federativamente»	«centralizadores» «los gobiernos unitarios» «el gobierno central» «sistema centralizador» «turba de hombres deshecho de las provincias, que no se sabe de lo que viven» «cacique protegido por una influencia centralizadora» «gobiernos centralizadores»	«suspiran por conquistarla» (la autonomía) «millares de víctimas se inmolaron por conseguir su restitución» «reconquista de la libertad económica y administrativa» «devolver a las regiones las funciones que le son propias» «se introduzca orden y economía en la producción de las rentas y recaudación de los tributos»	«limitar o coartar la libertad de los comicios» «el pueblo vive en la miseria, la agricultura se arruina y las industrias mecánicas se paralizan» «distribuir mercedes y destinos a los favorecidos por la influencia»	«provincias o regiones» «pueblos» «patria» «regiones» «provincia» «nación»

«Algo sobre regionalismo», *Galicia*, Abril 1888

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
145-149		«donde latente y profundo existe de antiguo lo que ahora se llama regionalismo» «lazo de unión entre el fuerismo y el regionalismo» «doctrina descentralizadora» «vida autonómica pero coordinada a un fin nacional común» «el regionalismo y el fuerismo (...) tienen, pues, que ser liberales» «soberanía natural del pueblo, tienen que ser demócratas, y como demócratas españoles, republicanos»	«Estado y del gobierno central» «concepto unitario del Estado moderno español» «monarquía» «absoluta centralización» «la impuesta unidad»	«acción reivindicatoria ejercitada por los componentes de la nacionalidad española» «se aviva la conciencia regional del pueblo» «soluciones autonómicas»	«abusos de la uniformidad administrativa»	«región» «regiones y nacionalidades diferenciadas históricamente» «región»

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
		«el regionalismo lo abarca todo» «liberal, demócrata y republicano» «régimen cuya base es la autonomía» «el régimen autonómico (...) es un sistema completo: político, administrativo, económico y social»				

«Discurso no Banquete-Homenaxe a BRAÑAS», *Gaceta de Galicia*, 1890

REFER.	CUALIFICACIÓN	ASOCIACIÓN	OPOSICIÓN	ACCIÓN DE	ACCIÓN SOBRE	EQUIVALENTE
	«santa madre»	«el regionalismo (...) que su base sea el campesino» «la vida por la patria» «es gallego antes que español» «encarne en el pueblo» «gran masa de nuestra población» «tierra y libertad»	«español» «partido de catedráticos y oradores»	«redención de nuestros campesinos» «desheredados a quienes hay que ilustrar» «luchemos sin descanso»	(campesino) «esclavo de la tierra»	«patria» (2) «madre» «pequeña patria»

REDE DE ASOCIACIÓNS DE GALIZA EN PEREIRA

GALIZA

Fundamento orgánico

«Región»
«Nacionalidad»
«Lenguaje»
«Historia»
«Raza»
«Instituciones de Derecho»

Modelo descentralización

«Regionalismo»
«Unidad verdadera»
«Excentralización»
«Autonomía»
«Federalismo»
«Regeneración»


Modelo estratéxico

«Progreso»
«Campesinado»
«Gallegos»
«Tierra y libertad»
«Redención foral»
«Industria»

Modelo político

«República»
«Democracia»
«Libertad»
«Sufraxio universal»
«Soberanía popular»

REDE DE OPOSICIÓNS DE GALIZA EN PEREIRA



B. Unha certa consideración da Galiza como nacionalidade.

A delimitación do campo semántico-conceptual da palabra Galiza no discurso de PEREIRA pon de relevo un arrequento de elementos de procedeéncia orgánico-galeguista actuantes e converxentes sobre outros de carácter republicano-federal. A profundidade do entrecruzamento semántico-conceptual entre as verbas dunha e outra procedéncia delimita un universo discursivo específico conformado pola intereacción das duas ideoloxias citadas: rexionalismo («patria», «lengua gallega», «galleguismo», «cultura propia»...) e federalismo («demócrata», «republicano», «estado federado», «sufragio universal») que amosan a presenza de diversos conceitos fondamente entrelazados desde o plano ideolóxico máis xenérico até o político estratéxico máis inmediato. Tal proceso de enchimento do córpus ideolóxico amósase realmente pre-nacionalista pola sua intensidade e solidez nas máis maduras formulacións de PEREIRA. Cunha particularidade que compre asinalar desde agora: o arrequento de elementos organíco galeguistas non implicaria, de nengun xeito, un paralelo debano dos elementos democráticos da sua ideoloxia, que, pola contra, permanecerán presentes en toda a sua intensidade.

Nunha perspectiva, non xa meramente discursiva, senón propriamente ideoloxica, os posicionamentos procedentes do campo federal: estrutura federativa, democratismo radical, sufráxio universal, politización e organización partidária, prepopulismo campesinista etc. etc., misturan-se intimamente con elementos propriamente rexionalistas, compartidos cos autores das outras tendéncias do movimento: preocupación da problemática económica de Galiza e o seu desenvolvimento, representación de Galiza en Cortes, calificación de Galicia como patria e nacionalidade en determinadas ocasións etc. etc.

Proceso de articulación, en suma, de federalismo e rexionalismo que dará nacimento a unha síntese político-ideolóxica que se situa con plena interioridade ao movimento galeguista-rexionalista, adquirindo un forte sentido patriótico:

«desde hace mucho tiempo soy antes gallego que español, atrevimiento del que aún no me he arrepentido»[31].

O devandito enchimento de organicidade do que no esquema fedeal abstracto non seria senón un *Estado federado*, simple estrutura política encobridora de moi diferentes realidades desde a perspectiva da teoria da nación, adquire en PEREIRA o seu ponto álxido cando, recollendo o conceito que se achaba disperso e en estado práctico nos seus artigos anteriores adicados ao rexionalismo galego, sanciona-o terminoloxicamente denominando a Galiza *nacionalidade*. Sob a éxida da fundamentación nacionalitária murguiana do feito diferencial galego na que se apoian os distintos autores rexionalistas, o noso autor postula o carácter nacional da Galiza na sua máis importante intervención pública. Trata-se do discurso pronunciado no «Círculo de las Artes» de Lugo no ano 1887, posteriormente publicado en *La España Regional* de Barcelona[32] e que o próprio PEREIRA considerou como a máis gramada exposición do seu pensamento rexionalista[33].

Con efeito, ao longo de «El Regionalismo», o escritor lucense recolle un tras doutro os principais elementos constituintes da entidade nacionalitaria da Galiza: história própria, território, tradicións específicas, língua de seu, institucións de direito e conceptua-os como *Pátria*, síntese dese abano de elementos:

«La Patria es el pueblo al que uno pertenece porque en él ha crecido y nada le es ajeno. Es la patria el idioma amoroso en que oyó las palabras amorosas de su madre, es la patria del canto popular, la música del país, el baile pintoresco, el acento quejumbroso o áspero con que sus coterráneos se expresan, la tradición piadosa o la leyenda caballeresca o la narración fantástica que oyó en el hogar doméstico; la patria es el cielo con su color plomizo, la niebla con su penetrante humedad, el compo su verdor, el coprovinciano con su miseria, con dus defectos, con sus desdichas que nos afectan como si fueran nuestros.[34].

Este contido galeguista que permea e se introduce de cheo no discurso de PEREIRA vencellando os seus posicionamentos políticos, ideolóxicos, económicos, etc. coa materialidade nacionalitária orgánica, historicista: terra, carácter, costumes, lendas, mitoloxia popular, etc., implica unha redefinición do federalismo e o seu achegamento á corrente galeguista, coonestando elementos de diversa procedéncia até uns extremos realmente insólitos no federalismo español.

Nen sequer ALMIRALL[35], portador doutro similar intento de achegamento entre federalismo e catalanismo, chegando mesmo a erosionar seriamente os aspectos mais radicais democráticos do ideário federal, atinguiu endexamais unha tal radicalidade fundamentadora do feito diferencial:

«El Reino Unido, como se llama al Reino Británico, se compone de cuatro nacionalidades diferentes: Inglaterra, Irlanda, Escocia y País de Gales. Y bien, *¿acaso España no se compone de varias nacionalidades? ¿son acaso las regiones idénticas por su origen, unas por su historia, por su lengua-je, por sus costumbres, por su constitución interna, digámoslo así, expresada en sus instituciones de derecho, en sus hábitos y en sus tendencias?* Pues si esto es así, necesariamente tienen que existir antagonismos. Por ley fatal tiene que haber resistencias a aceptar como nuestro lo que no nos es propio...»[36] (subliñado noso, R. M.).

Velaí unha teorización da Galiza como nacionalidade; terminoloxicamente equipara a Rexión noutras partes do mesmo discurso, conceptualmente organizada segundo os clásicos elementos conferidores do carisma de nacionalidade: orixe ou raza («esta raza gallega»), história («lo que ha sido de las regiones»), tradicións («hábitos y tendencias»), institucións («su constitución interna»), língua («idioma gallego»)... Mesmo o elemento de ***vontade política e conciéncia nacional*** situado por MURGUIA nun lugar sobranceiro da sua fundamentación da natureza nacional de Galiza:

«Antes de poseer una patria real hay que poseer una *patria ideal... que la conciencia y la fe son las que han creado las nacionalidades*. Pues bien, los regionalistas tienen idea clara de sus aspiraciones, tienen fe y conciencia; tienen una patria ideal».

Esta organicidade, historicidade e voluntarismo, é tomada directamente do labor murguiano de fundación nacionalitária e articulada por PEREIRA co ideário político federal, dando nacimento a un rexionalismo diferenciado das outras correntes:

«El regionalismo... no podrá ser en la realidad del Gobierno de la Nación, no encontrará fórmulas prácticas que encierren sus soluciones, sino dentro del sistema que ha servido para formar naciones fuertes como el Imperio germánico, naciones libres como la hermosa Suiza; naciones poderosas y prósperas como la Gran república norteamericana»[37].

En definitiva, o esquema do noso autor completa-se sen nengunha clase de traumatismo ou estraña viraxe conceptual: España, nación de nacionalidades, ten que se organizar como Estado federal nacional integrante dos Estados federados das nacionalidades ou rexións.

Paralelamente ao enchimento de contido orgánico das fórmulas federais deste achegamento ao galeguismo até penetrar na sua própria interioridade, compre indicar, os efeitos producidos no sentido contrário. É dicer, como afectou a perspectiva federal á proposta rexionalista de PEREIRA?.

Os efeitos da ideoloxia federal sobre o rexionalismo do noso autor ao nivel máis abstracto do seu ideário son diversos e de intensidade vária. Vexamos algun deles.

O primeiro, sen dúbida, centra-se na infravaloración do elemento étnico na fundamentación nacionalitária e un paralelo arrequento do voluntarismo político e perspectiva progresista do rexionalismo. O factor racial pasa, con efeito, a segundo plano na obra de PEREIRA, quen entre os elementos orgánicos alude reiteradamente, en troques, ao idioma, história, território. O mito celta, por exemplo, elemento central da fundamentación nacionalitária de MURGUIA na que todos os rexionalistas se inspiran é deixada de lado por PEREIRA, tal e como acontecia con MARTINEZ SALAZAR ou MIRAMBEL MARISTANY[38].

---

31 AURELIANO J. PEREIRA, «Discurso no banquete-homenaxe a Alfredo Brañas en Santiago», *Gaceta de Galicia*, 10 de Marzo do 1890.

32 AURELIANO J. PEREIRA, *El Regionalismo*. Discurso pronunciado por... Director de El Regional de Lugo, en una velada literaria celebrada en el Círculo de las Artes de dicha ciudad, *La España Regional*. Tomo III 1887, páxs. 393 e ss.

33 En carta a LEOPOLDO PEDREIRA, o xornalista lucense afirma claramente que o seu posicionamento federo-rexionalista achaba-se contido nos seus dous discursos sobre o rexionalismo. Cfr. LEOPOLDO PEDREIRA, *El Regionalismo en Galicia*, Madrid 1894, páx. 198.

34 Idem. páx. 498.

35 JORDI SOLE TURA, *Catalanismo y Revolución burguesa* cit. páx. 118 e «El Pensamiento político y la trayectoria de Valentín Almirall» en *Revista Jurídica de Cataluña* cit. páxs. 352-355.

36 AURELIANO J. PEREIRA, «El Regionalismo» cit. páx. 400

37 Idem. páx. 399.

38 Non se trata somente de que PEREIRA non recolla, máis que a nivel abstracto de formulacións teóricas, reiterando a argumentación murguiana, o elemento étnico, que non aparece logo nos niveis máis concretos senón que mesmo emprega en diversas ocasións o térmo raza cunha connotación conceptual patentemente allea a biolóxico-organicista de MURGUIA e das «teorías da raza». Así, por exemplo, en *El Regionalismo* que comentamos, atopamos frases como as seguintes:

«Y esto lo dice un poeta que en las inmensas desdichas de esta tierra, en los grandes dolores de la familia gallega, en las amarguras del gallego que se marcha, hallaría inacabable manantial de inspiración para sus elegías; como encontraría también en las virtudes de esta raza, leal, sufrida, valerosa...» Op. cit. páx. 499.

Semella que sob un tal emprego de «raza», máis que subxacer a redución do eido cultural-ideolóxico ao físico, achamo-nos perante unha expresión similar á de «pobo diferenciado» con moita menor carga naturalista e biolóxica.

En segundo lugar, o peso do ideário federal traduce-se tamén na permanencia do termo *rexión*, e mesmo do conceito tras del subxacente, frente ao de *nacionalidade* empregado nos momentos de maior vigor ideolóxico rexionalista. Compre subliñar este extremo frente a toda extensión á inteira obra de PEREIRA dunha conceptualización e unha terminoloxia somente presente nos seus discursos centrais sobre o rexionalismo.

Que conceito se ache actuando nos artigos anteriores a 1887 sob o termo rexión non se pode deducir, dado o carácter fragmentario xornalístico das súas intervencións, mais nada fai supor que se trata do conceito murguiano de nacionalidade sob o termo de rexión. O conceito de *nacionalidade*, compre insistirmos nisto, non constitui, de nengun xeito, un conceito próprio do ideário federal que na tradición española tende sistemáticamente a falar de rexións españolas e Estados rexionais[39]. De aí que a suposición a prol da presenza desta categoria de rexión nos escritos de PEREIRA sexa a máis plausíbel; e neste sentido apontan os cativos testemuños disponíbeis.

A *organicidade* que a introdución do galeguismo no seo da problemática federal ocasionou na ideoloxia de PEREIRA, con ser certa non debe ser hipostasiada até o ponto de provocar o equívoco dunha presenza do mesmo rango que a murguiana do conceito de nacionalidade. Pola contra, este último no rexionalista lucense non constituí senón o ponto álxido e, asemade, fugaz da presenza de elementos orgánicos no seu sistema.

Finalmente, compre situar como efeito do ideário federal a situación do factor voluntarista da *conciéncia nacional* e *democratismo* nun primeiro plano. A vontade, en definitiva, de atinguir unha organización política galega própria, uns deputados defensores dos intereses da Galiza, unha conciéncia nacionalitária e unha vontade de comun nun proxecto colectivo de construción dunha comunidade. Vontade política, conciéncia nacional e radicalismo democrático amosan-se como elementos centrais ines cindíbeis no ideário do rexionalismo lugués:

«... porque el espíritu francés, que vive en el corazón de los Alsacianos-Loreneses, no podrá destruirlo la presión de la tiranía autocrática modificando la ortografía y echando a la cárcel a los que no ocultan su *patriotismo. Este espíritu lo ha engendrado la civilización y lo ha arraigado la democracia*»[40].

O posicionamento de PEREIRA frente ás argumentacións naturalísticas xermánicas para a xustificación da anexión da Alsácia e Lorena situa con toda claridade esta articulación última, voluntarista e democrática, do conxunto dos elementos orgánicos nacionalitários que, na concepción do noso autor, se achan totalmente sometidos ás suas directrices e mesmo se situan cun carácter secundário.

Precisamente através desta articulación decisionista e federal, dara-se o único caso entre as tendéncias rexionalistas que, teorizando a Galiza como nacionalidade concluia diso as suas derradeiras consecuéncias: a presenza dun Estado galego como própria forma de autogoberno.

Polo demais, a centralidade estrutural e non meramente conxuntural desta articulación entre rexionalismo e federalismo, achamo-la reafirmada nas intervencións posteriores do federo-rexionalista vigués TOMÁS MIRAMBELL MARISTANY. Nos escritos deste industrial vigués achareremos actuando —unhas veces en estado práctico, outras explicitamente— o conceito de Galiza como nacionalidade, cunha radicalidade e precisión realmente notábeis. Ainda que, como no caso de PEREIRA ou BRAÑAS, a distáncia da radicalidade fundamentadora nacionalista murguiana.

Xa nun artigo do ano 1899 «Salvemos Galicia», e málía a utilización da terminoloxia rexionalista ao uso (Galiza: rexión, España: nación) atopamos rasgos diferenciais de natureza organicista fundamentando a especificidade do galego e solicitando asi mesmo a sua contraposición co *Estado español*:

«Galicia tiene un arte, una literatura y un derecho propios... Galicia es económica y el Estado español es despilfarrador. Los hombres de Galicia son pensadores circunspectos; los hombres del Estado español son ligeros y vanidosos. El pueblo gallego es trabajador y laborioso; los hombres que contra todo derecho tienen la hegemonía de España, vagos y desarreglados... Si los propósitos del gran político y hombre de Estado GELMIREZ hubieran sido coronados por el éxito, si la hegemonía de Galicia, León y las

[39] Cifr. neste orde de cousas, obras tan significativas ao efeito como a de PI I MARGALL *Las nacionalidades*, Madrid 1973, onde a proposta dunha descentralización de caste federal para España compatibiliza-se en todo momento co mantenimento da «unidade nacional» e a univocidade no emprego do termo-conceito nación para referir-se á Nación española, integrada por diversos Estados. O proxecto esencial de *Las nacionalidades* reside precisamente na deslexitimación dos critérios naturalístico-historicistas: língua, história, raza, etc., a prol dun critério político-voluntarista expresado na idea de *federación* en total alleidade por tanto a consideración dun estado plurinacional español.

[40] AURELIANO J. PEREIRA, «El espíritu francés en Alsacia-Lorena», *El Regional*, 25 de Febreiro do 1896.

Castillas hubiera estado encomendada a la primeira, otra sería hoy la suerte de España»[41].

Observe-se a contraposición entre Galiza e o Estado español e o emprego de elementos tais como o carácter nacional ou a história da Galiza ao servizo dunha vontade diferenciadora de grande radicalidade. Precisamente esta superioridade do elemento galego tomada, o mesmo que o protagonismo lexendário de Xelmírez, da obra murguiana, traeria a necesidade dunha reestruturación do Estado Español e unha nova configuración do mesmo através dunha «confederación ibérica»:

«Fundar sobre las ruinas de esta España caduca, holgazana, pobre, débil y africana, otra España trabajadora, fuerte, rica y europea»[42].

Os mitos étnicos históricos murguianos operan como sustrato da concepción de MARISTANY fornecendo ao seu discurso dunha rede de oposicións que se poden rastrear nos cadros de contraposicións analizados ao falarmos do historiador galego. A organicidade que semanticamente traslucen vocábulos tais como «africanos», «indolentes», «fértil», etc., asinala a centralidade que a fundamentacíñ nacionalitária de MURGUIA atingue nos plantexamentos de MIRAMBELL. Isto resulta especialmente patente cando afecta mesmo ao conceito de liberdade que o rexionalista vigués emprega nos seus escritos:

«La libertad de los pueblos no depende de constituciones exóticas importadas de otros pueblos y otras razas por el capricho de los hombres. La libertad es todo lo contrario: las leyes, el hábito, las costumbres y el modo de ser de los pueblos, no son productos del talento de un hombre... son labor de muchos siglos y de muchas generaciones, y atentar a ellas es atentar a su libertad, a la integridad de la patria... la verdadera libertad es respetar el peculiar modo de ser de cada región y cada raza, perfeccionarlas adaptándolas y encauzándolas al progreso regular de los tiempos»[43].

Unha tal aceitación, por parte dun federal, ainda que sexa ocasionalmente, do conceito tradicionalista de liberdade á hora de fundamentar o autogoberno galego asinala uns extremos aos que xamais chegou PEREIRA, a renúncia de elementos do próprio ideario federal a prol da recepción de factores máis nacionalitários e historicistas. Achamo-nos, sen dúbida, perante unha das maiores concesións que MIRAMBELL, ou federo-rexionalista galego nengun, fixo co gallo do fornecimento de organicidade á sua proposta de autogoberno.

Posteriormente, noutras intervencións, MIRAMBELL Y MARISTANY empregará o conceito de nacionalidade en base ao recoñecimento dos diferentes elementos cualificadores dunha tal natureza. Asi, frente aos centralistas argüirá explicitamente:

«Nada es para ellos el *núcleo etnográfico* en que se nace, se vive o que se adopta: nada es para ellos el pedazo de tierra que a través de los siglos y de la *historia* ha sufrido las mismas invasiones, *luchado* por los mismos ideales, vivido el mismo *clima* y hablado el mismo *lenguaje*»[44].

Eis, con toda a sua eficácia, os elementos murguianos integradores da nacionalidade sen excluir a vontade de nación: unha vez máis a recepción do córpus murguiano resulta patente á hora de fixar os factores integrantes do feito diferencial galego.

En artigos posteriores, como «Centralismo y Regionalismo», MIRAMBELL empregará indistintamente os termos nacionalidade e rexión para designar á comunidade galega, conceptualizada de xeito

[41] TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «Salvemos a Galicia», *Revista Gallega*, 16 de Xullo do 1899. Este autor constitui un preclaro exemplo do intento de aunar a tradición patriótica organicista co democratismo e voluntarismo; moitas das suas páxinas traslucen vividamente un tal obxectivo:

> «... me refiero a la fuerza moral, representada por los grandes ideales de un pueblo, por su patriotismo y amor sin límites a lo suyo, a su pasado, a su presente y a su porvenir; ideales y pasiones que bien encauzados se traducen en el orden social en justicia, progreso y derecho...» Loc. cit.

[42] Ibídem.

[43] TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «El regionalismo y los políticos gallegos», *Revista Gallega*, 21 de Xaneiro do 1900.

[44] TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «Centralismo y regionalismo: el progreso de Galicia». *Revista Gallega*, 8 de Abril do 1900, afirmando asemade:

> «Sabe que el regionalismo o el federalismo suprime el servicio obligatorio, creándose un cuerpo de ejército voluntario. Saben que deshace en una hora de todos los partidos actuales. Saben que corta en todas las regiones los tentáculos del pulpo madrileño que las aplasta y estruja... Nadie puede negar los límites antropométricos y sociales que distinguen a las diversas regiones españolas. Estos límites pueden se modificados por la hegemonía de una de ellas, pero en el fondo son inconmovibles, *porque no es perdurable en las nacionalidades lo que es exótico. En unirlas y sin confundirlas; en armonizar los intereses de todas sin menoscabarlos, está reducido el verdadero problema nacional. Pues esto puede hacerlo el regionalismo y la federación*».

O estrito vencellamento de factores naturalísticos e democráticos, permite agromar terminoloxicamente o próprio emprego de *nacionalidade* no seo dun proxecto federativo das nacionalidades ibéricas : as diferenzas face aos devanditos plantexamentos de PI I MARGALL, en especial fornecidos pola presenza dos elementos orgánicos pre-nacionalistas, fica nestes párrafos nidiamente contrastada.

patente como nacionalidade integrada no Estado español:

«Galicia es hoy, después de centenares de años, mucho menos de lo que fué. No es ya una *región* con vida y personalidad propias; no es un antiguo *Estado* o *nacionalidad* cuyo nombre suena, como en pasadas épocas, en las cancillerías de Europa; hoy es un astro sin luz, un cuerpo muerto y apagado; es más bien una colonia»[45] (subliñado nosos, R. M.).

«Sobre esta base o movimento rexionalista para MIRAMBELL adquire un carácter declaradamente nacionalista:

«Por lo mismo que *es nacionalista el movimento regional gallego*, necesita del concurso de todos los elementos sociales que lo componen: esta es su fuerza... así *la nacionalidad galaica* habría de robustecerse con todos los elementos que la componen sin exceptuar ni a uno solo»[46].

Confirmación final do proxecto de construción da «nacionalidad galaica» o elemento de unión de todos os galegos por riba das diferenzas internas situa no seu ponto álxido a *galeguización* do federorexionalismo de MIRAMBELL que atingue unha radicalidade notábel de formulación, anos despois de que se esfarelase o grupo de Lugo.

A síntese, en definitiva, pola que o rexionalismo presta ao ideário federal toda a sua organicidade, e o federalismo ao córpus rexional todo o seu radicalismo democrático e descentralizador conclui na formulación dunha ideoloxia complexa e articulada, dotada de própria e irredutíbel substantividade.

A radicalidade resultante deste proceso de converxéncia ideolóxica deriva-se de que, agás alguns efeitos parciais neste sentido de MIRAMBELL, a integración dos elementos orgánico-historicistas do pre-nacionalismo fortalece a proposta descentralizadora, mais sen rebaixar en nengun momento os plantexamentos progresistas e democráticos, como imos ver decontado. Esta radicalidade, produto dunha tal síntese, nun meio como o galego, cunhas difíceis condicións de posibilidade de recepción dun discurso tal, poñia as bases do seu fracaso, do seu desbotamento mesmo na interioridade do movimento rexionalista, tributário en todo momento da contradicción primária entre liberais e católico-tradicionalistas.

III. O POSICIONAMENTO POLITICO, REPUBLICANISMO E ACHEGAMENTO AO CAMPESINADO.

Compre agora, unha vez clarexada a interioridade da aceitación do rexionalismo por PEREIRA e desbotada calquer sospeita de marxinalidade do mesmo ao seu ideário, centrar-os nuns aspectos aportados polo ideário federal: o republicanismo, dunha banda, e por outra a política de alianzas.

A. Democrácia parlamentária e república vs. Monarquia e caciquismo.

Frente ás tentacións antiparlamentárias e antiliberais que a Restauración provocou nos rexionalismos, nacionalismo ou rexeneracionalismo vários peninsulares do século XIX —formulados todos eles nunha perspectiva de «rectificación do liberalismo»—, a tradición demócrata republicana veu plantexar unha moi diferente alternativa político-ideolóxica.

Con efeito, as críticas a un parlamentarismo degradado conduciron, sen ruptura nengunha, aos ataques de variábel intensidade ao parlamento, ao sufráxio universal, etc... A refutación do «liberalismo doutrinário» prolongou-se, da man dos devanditos movimentos, no ataque sistemático e non precisamente progresista aos valores do liberalismo democrático, ao pluralismo político, á existéncia dos partidos políticos, ao racionalismo etc. Nacionalismos, rexeneracionismos, organicismos e demais, chegaron, en suma, algun deles por moi diferente camiño, a unha palmária confluencia con teses sustentadas no panorama ideolóxico-político español desde habia moito tempo polas suas correntes reaccionárias, tradicionalismo, «moderantismos» diversos etc. etc.

Moi diferente foi, endebén, o posicionamento da tradición republicano-federal. Frente á tentación autoritária e antidemocrática que o sistema político da Restauración producia nas demais correntes, os republicanos federais postularon sistemática e reiteradamente unha democratización da vida política do país, a recuperación da autenticidade parlamentária através do sufráxio universal e a soberania popular, secularización do pensamento e a sociedade, anticaciquismo radical, etc. etc.

Desde FERNANDO GARRIDO até PI I MAR-

45 TOMAS MIRAMBELL, «El regionalismo y los políticos gallegos» cit.
46 TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «¿El regionalismo es retroceso?» *Revista Gallega*, 15 de Xullo do 1900.

GALL pasando polos federais mais próximos ao movimento obreiro achamo-nos perante unha tradición política que funciona baixo moi diferentes motivacións que aquel «medo á revolución», que acharemos en ideólogos polo demais tan alonxados como ARANA, GINER ou BRAÑAS[47]; case se pode afirmar que as contrárias. Unha corrente, en suma, que non confundira xamais a crítica ao sistema da Restauración coa crítica á democrácia parlamentária e que plantexaria, unha e outra vez, a necesidade de profundas transformacións sociais, políticas e ideolóxicas.

Unha tal radicalidade democrática é a que agroma por todas partes nas diferentes propostas de PEREIRA, informando até a mais ínfima capilaridae o seu tecido discursivo. O emprego de termos e sintagmas tais como «democrácia», «sufráxio universal», «soberania popular», «federación» etc., como se mostrou na análise do campo semántico-conceptual testemuña de xeito claro un feito ao que xa nos temos referido e que compre situarmos agora como ponto de partida de toda consideración sobre o posicionamento político de PEREIRA. Por ningures acharemos neste autor un debano ou esmorecimento dos elementos do legado político ideolóxico federal que se mantén en toda a sua radicalidade ideolóxico-discursiva.

Xa nas suas primeiras intervencións en *El Diario de Lugo* atopamos a insisténcia nos postulados demócratas e federais. Asi, por exemplo, en artigos tais como «Estado de la población rural en Galicia»[48] se manifiesta un profundo antifeudalismo e anticaciquismo, postulando a necesidade dun sufráxio auténtico en liberdade face ao da Restauración. En «Galicia en el Congreso» PEREIRA diferencia nidiamente a sua fe nas institucións parlamentarárias de práctica degradada do pseudoparlamentarismo da Restauración co turno pacífico dos partidos[49]. En «Más Política», como xa temos ollado, o noso autor esixia unha politización das actividades rexionalistas e a necesidade de provocar un cambio de réxime político conxuntamente coa descentralización[50]. En «Fórmula» afirma-se que a democrácia integra o único sistema de goberno que pode ir vencellado á descentralización rexionalista[51]. E, finalmente, en «Algo sobre regionalismo»[52] reitera o seu convencimento do carácter forzosamente democrático do movimento rexional.

Polo xeral, en todas as intervencións de PEREIRA subxace, explícita ou implícitamente, a defensa do abano de princípio democráticos: soberania popular, sufráxio universal, supremacia parlamentaria, etc. Sen dúbida, a máxima expresión de todo este democratismo de PEREIRA encontramo-lo nas suas intervencións no Congreso de Lugo, onde se discutira o *Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego*. Efectivamente, o noso autor era membro da Comisión redactora do proxecto e tivo unha sobranceira participación nos debates de Xullo do 1887. Tal e como revelan as actas das devanditas sesións, defendeu ali a publicidade das sesións e discusións do proxecto, a preeminéncia do lexislativo sobre do executivo frente á práctica contrária normalizada en España, a soberania popular, o voto da muller, a redención foral, a supresión da pena de morte, o mandato imperativo e control dos deputados, a obrigatoriedade do segundo ensino, etc. etc. En definitiva, un democratismo radical realmente inusual nos nacionalismos e rexionalismos periféricos españois do XIX:

«aceptamos la revolución, más no de carácter sistemático o al menos afectando la forma de motín o asonada»[53].

47 Polo que respeita a PI I MARGALL, pode ver-se ao respeito ANTO JUTGLAR, *Pi i Margall y el federalismo español*. Madrid 1975. Tomo I, páxs. 393 e ss.

Compre subliñarmos fundamentalmente as radicais diferenzas existentes entre o posicionamento federal e a rectificación do liberalismo próprio da escola krausista, onde o organicismo conduciu ao abandono dos postulados democráticos, salvo certas excepcións como GUMERSINDO DE AZCARATE, *El regimen parlamentario en la práctica*. e o deslizamento pola perigosa pendente da restrición do sufráxio universal, dun goberno «forte», etc. etc.

As coñecidas verbas da POSADA seguen sendo, ainda hoxe, grandemente válidas pola sua problematicidade perante unha actitude académica imperante de grande benevoléncia que tende, sen maiores problemas, a considerar os plantexamentos krausistas de reformistas pero inequívocamente progresistas:

> «¿Estaría yo —¡y tantos!— en materia de fascismo a la altura del célebre personaje de Molière? ¿Habremos hecho fascismo sin saberlo los llamados krausistas?»

Cit. en ELIAS DIAZ, *La filosofía social del krausismo español*, páx. 241.

48 AURELIANO J. PEREIRA, «Estado de la población rural en Galicia», *Diario de Lugo*, 8 de Outubro do 1879.
49 AURELIANO J. PEREIRA, «Galicia en el Congreso», *Diario de Lugo*, 6 de Xuño do 1879.
50 AURELIANO J. PEREIRA, «Más política» cit.
51 AURELIANO J. PEREIRA, «Fórmula» cit.
52 AURELIANO J. PEREIRA, «Algo sobre el regionalismo», *Galicia*, Abril do 1888, páxs. 145 e ss.
53 *Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego* cit. páx. 46.

A superior expresión deste radicalismo democrático, superador do marco estritamente liberal, atopamo-lo no rexeitamento sistemático da Monarquia e a postulación da República como única forma de goberno compatíbel coa descentralización federal que se propón: para PEREIRA rexionalismo e República ian de consun pois desde a sua perspectiva a Monarquía posuía, historicamente adquirido, unha significación profundamente centralista:

«La realidad les demostrará (aos rexionalistas) que sus aspiraciones no puede satisfacerlas ni en todo ni en parte ninguno de estos viejos y gastados organismos políticos que luchan por los intereses del momento, por la posesión del poder.

Es desconocer *lo que representa la obra de la monarquía y de la llamada unidad española, creer que son compatibles con nada de lo que el regionalismo representa;* sería negar la ley de la historia y querer que una y otra destruyesen su obra, de la que es fatal consecuencia el actual estado de la nación que ha engendrado la protesta ya general que representa el regionalismo, adversario de *la centralización y de la uniformación conquistadora, que son en su ausencia la monarquía y la mal llamada unidad*[54].

En definitiva, o labor histórico da monarquia española a prol da centralización remata por decantar, desde a perspectiva de reorganización territorial do poder político, a PEREIRA cara o seu desbotamento como forma de goberno por máis que se recoñeza a posibilidade en abstracto de monarquias federais, ao estilo europeo[55].

Será co gallo dunha enérxica resposta a CAMPION, e a sua postulación dun rexionalismo de carácter tradicionalista e monárquico de clara procedencia «fuerista»[56], onde PEREIRA explicite con maior clareza o seu posicionamento republicano:

«El regionalismo, y el fuerismo en tanto que con él se hermana, tienen pues que ser *liberales,* y en cuanto en la monarquía no encontrarán el reconocimiento de la *soberanía natural del pueblo,* tienen que ser *demócratas,* y como demócratas españoles, *republicanos*»[57].

Aos argumentos de índole descentralizadora que anteriormente PEREIRA postulara a prol do desbotamento da monarquia como forma de goberno, ven-se engadir agora unha argumentación de base democrática. A traxéctoria política da monarquia española amosa-se incompatíbel co aseguramento da democrácia parlamentaria, esencial tanto en si mesma como forma de goberno, como para a descentralización que se postula. Tal falta de garantias promoven que sexa rexeitada por PEREIRA en coeréncia co seu program político federo-rexionalista global. Condena da monarquia, non xa só da *monarquia tradicional* senón da própria *monarquia constitucional,* incapaz en España segundo o demostra para o noso autor o século dezanove, de dar luz a un *réxime de Monarquia parlaméntaria,* que se prolonga para MIRAMBELL aos próprios partidos monárquicos:

«En vano los partidos actuales llamados liberales, soplan aquí como en todas partes el rescoldo de una libertad muerta en sus manos; en vano reclaman la unión de todos los elementos democráticos, para hacer frente a los eternos

---

[54] AURELIANO J. PEREIRA, «Nuestro regionalismo», *El Regional,* 15 de Xaneiro do 1887.

[55] En efeito, PEREIRA considera a posibilidade de monarquias federais ao estilo centro-europeo:

«Por esta razón los estados que constituyen una nación monárquica y disfrutan de la autonomía necesaria para establecer los poderes ejecutivo, legislativo y judicial, viéndose por lo tanto libres de esa presión turbulenta que aniquila a las poblaciones...» «Regionalismo y unitarismo», *El Regional,* 19 de Xullo do 1887.

Onde se amosa nidiamente a *relatividade* da asunción por parte de PEREIRA da conceptualización nacionalitária de Galiza desenvolta no seu discurso de 1887: a pugna e prevalecimiento da teorización margalliana é patente nestas liñas.

[56] En efeito, na sua série de artigos «Fuerismo, regionalismo e federalismo» publicado en *La España Regional* ao longo dos anos 1877 e 1888, CAMPION trata de coonestar as tres tendéncias a costa de desprover ás duas últimas dos seus sinais de identidade: o rexionalismo seria formulado nunha perspectiva claramente tradicionalista e o federalismo de todo elemento democrático-republicano. Asi, verbo do primeiro afirma-se:

«El regionalismo en que ahora me ocupo, que para mí es el verdadero y eficaz regionalismo, no concibe que las regiones puedan ser creadas por *actos soberanos del poder legislativo,* por votaciones nominales y comisiones parlamentarias, ni por *coincidencias fortuitas de un número mayor o menor, de voluntades particulares,* cuyas obras se parecen a esas nubes de polvo, huérfanas de toda fuerza de coesión que no sea el momentáneo torbellino del aire que las arrastre. *Las regiones son de por sí por la Gracia de Dios, no por la gracia de la Constitución*». Op. cit. páx. 4.

Polo que respeita ao federalismo:

«El federalismo en cuanto doctrina, apareció en España cual modalidad de la República, pero ni teórica ni prácticamente existe solidaridad entre ambos. *El federalismo cabe dentro de la monarquía, y la nuestra tradicional y gloriosa,* la monarquía española en sus mejores tiempos fue federativa». Op. cit. páx. 293.

[57] AURELIANO J. PEREIRA, «Algo sobre el regionalismo» cit. páx. 148.

enemigos del orden y las instituciones; el país no les escucha porque ha perdido completamente la fe en las libertades de Real Orden»[58].

En definitiva, o republicanismo amosa un grau de totalidade e centralidade na obra de PEREIRA articulando diferentes niveis da sua ideoloxia: o plano xenérico do seu ideário, a temática da descentralización e a cuestión democrática. O republicanismo no se configura, poi, como unha soa forma de goberno senón que expresa conceptualmente unha síntese de diversos valores intimamente vencellados: elementos *ideolóxicos:* racionalismo, laicismo, progresismo, igualitarismo, etc., *descentralizadores;* na perspectiva de repüblica federal ou federación ibérica; e finalmente *políticos:* sufráxio universal, centralidade do parlamento nas institucións, antitradicionalismo, etc.[59]. Factores todos eles sólidamente articulados nun todo inescindíbel na proposta do noso autor.

A tradución concreta destes posicionamentos republicano-federais no ámbito do rexionalismo veremo-lo ao analizarmos o modelo de descentralización proposto para o futuro Estado Galego, ao que lle comunicará un carácter democrático avanzado que o fará destacar no panorama do direito público español conxuntamente cos demais proxectos do ano 1883 na órbita de PI I MARGALL.

B. O proxecto hexemónico: intelectualidade galeguista e campesinado.

Para rematarmos a análise do pensamento de PEREIRA compre sintetizar algunhas consideracións sobre os aspectos estratéxicos e da política de alianzas que xa temos ollado en acción ao falarmos da movilización rexionalista.

O primeiro dato a subliñar ven integrado, sen dúbida, pola presenza no noso autor dun *proxecto de hexemonia explícito* que se acha ausente nos restantes teóricos rexionalistas. Asi, BRAÑAS, na sua formulación xamais chegou a formular unha alternativa estratéxico-política e de alianzas; para el, o proxecto rexionalista seria a aglutinación dos galegos sob a éxida das clases tributárias do Antigo Réxime nunha espécie de converxéncia pre-moderna xamais clarexada. Outro tanto acontecia en MURGUIA, o feito da procura de apoios sociais entre a burguesia e pequeno burguesia nunca foi plantexado explícitamente como problema político. Somente nos derradeiros anos da *Revista Gallega* encontramos unha actitude de achegamento na procura de apoios ao movimento rexionalista, recollendo a problemática e apoiando as reivindicacións da burguesia galega.

En troques, en PEREIRA imos atopar desde o primeiro momento do seu ingreso no movimento rexionalista a posta nun primeiro plano do problema da política de alianzas, do arrequento de apoios, da incidéncia social do rexionalismo. Para o noso autor, con efeito, o rexionalismo tiña que se converter nun movimento *político,* tanto nos seus obxectivos como na propria movilización. Neste orde de cousas, a sua penetración no tecido social galego, a sua implantación, a procura dunha base de masas, o seu liderato e dirección integraba un factor esencial do seu rexionalismo.

Achamos nel, en definitiva, a necesidade do estabelecimento dunha hexemonia rexionalista sobre o conxunto da poboación galega, a consolidación dun bloque de clases arredor do programa rexional:

«Si el regionalismo ha de cumplir los fines que de él se espera, si a él, como anhelamos, ha de venir algo beneficioso para Galicia, es preciso que no se limite a ser un partido de catedráticos y oradores, de poetas y de periodistas: es necesario que encarne en el pueblo...»[60].

Este estilo de plantexamentos, de problematizar desde o início a necesidade de apoios sociais e o axeitamento dos meios organizativos esta finalidade, amosa unha modernidade de pensamento político, por completo ausente nos outros rexionalistas, herdeira da traxectória federal e a sua madurez como forza política na escena española. Se ao falarmos do rexionalismo temos asinalado a inaplicación das categorias de análise de partidos a unha realidade dispersa e inestábel, moi diferente era a realidade do partido federal cunha longa e sólida traxectória organizativa. Tal seria, sen dúbida, unha das máis grandes aportacións que o federalismo faria ao rexionalismo se a alternativa de PEREIRA non fora desbotada no seo do movimento[61].

En segundo lugar, unha vez clarexada a presenza da problemática, explícita no rexionalismo lucense dun proxecto de hexemonia, compre determo-nos na natureza dese proxecto. Neste orde de cousas, un feito impón-se con absoluta evidéncia: para PEREI-

---

[58] TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «La opinión en Galicia», *Revista Gallega,* 16 de Decembro do 1900.

[59] CARLOS DE CABO MARTIN, *La República y el Estado liberal,* Madrid, 1977, páxs. 235 e ss.

[60] PEREIRA, Discurso de 1890 na Homenaxe a BRAÑAS cit.

[61] En efeito, por ningures entre os restantes rexionalistas atoparemos a vontade de hexemonización e organización partidária presente en PEREIRA herdo da tradición federo-republicana. Asi:

RA a política de alianzas do rexionalistas tiña un destinatário privilexiado, o campesinado:

«... que su base sea el campesino, el esclavo de la tierra... porque el Regionalismo tiene una misión que cumplir: la redención de nuestros campesinos, la redención de cerca de dos millones de hermanos nuestros que viven sujetos a la tierra y que necesitan la liberación de la prosperidad. Y para esto es necesaria una activa propaganda a la que todos debemos contribuir...»[62].

Frente a un rexionalismo dirixido ao clero e á fidalguia, como acontecia no caso de BRAÑAS, ou á burguesia como era o caso dos rexionalistas liberais, PEREIRA representaba unha variante estratéxica e unha política de alianzas cara un rexionalismo agrarista populista:

«El regionalismo para ser algo tiene que contar como base con *las clases populares:* tiene que encerrar en su programa los problemas que afecten a la región»[63].

Neste último sentido, para PEREIRA os problemas da rexión serán en grande medida os problemas que afectaban ao campesinado, en quen a política rexionalista ten a sua base, o seu apoio esencial. De aí que a problemática de *redención foral,* seguindo as tradicións federais do sexénio, se situen polo noso autor nun primeiro plano. En artigos tais como: «Los foros y la República»[64], «La redención foral»[65] ou «Causas del atraso de Galicia»[66], ou «Los siervos»[67], PEREIRA insiste no grave atranco que a permanéncia das rendas forais supón para a economia galega e o acceso do campesinado á propriedade plena da terra como o seu problema sobranceiro. O aumento das sociedades agrárias a princípios do século XX amosarian a lucidez que, para a aglutinación de apoios ao rexionalismo, revestia a política de alianzas de PEREIRA.

Polo que respeita á dirección e orientación na perspectiva do noso autor, a dirección intelectal e moral sobre o campesinado corresponde a esta pequeno burguesia rexionalista. O rexionalismo para o escritor lugués supuña a articulación da problemática labrega (redención foral, anticaciquismo, impostos, aranceis...) cos valores galeguistas e culturais cuxos portadores eran minorias rexionalistas da intelectualidade urbana:

«Los que vivimos en las ciudades leemos, oímos y aprendemos; pero no lee ni oye esa gran masa que es el nervio de nuestra población, y a esos desheredados es a quienes hay que ilustrar, es a quienes debemos hacer partícipes de nuestras convicciones»[68].

En definitiva, dunha banda o rexionalismo tiña que recoller a problemática máis urxente do campesinado, por outra a «intelligentsia» suministraria a conciéncia nacional, a articulación ideolóxica nun proxecto supraclasista tendente á consolidación dun bloque nacional-popular galego que integrase a inmensa maioria da poboación, cuxo cerne se acharia integrado pola grande masa labrega dirixida pola pequena-burguesia intelectual galeguista.

Asi e todo, o protagonismo do campesinado, o lugar de dirección que se asignaba á pequeno burguesía, «conciencia de Galicia», non debe esquencer-se que existe outra clase social con posibilidade de ser interpelada polo discurso federo-rexionalista: trataria-se dos sectores adiantados dunha burguesia laica, modernizada, dinámica e progresista.

Con efeito, como xa temos ollado ao falar da movilización rexionalista, o programa dos rexionalistas

«El regionalismo... podría llegar a ser útil a los pueblos, al hacer algo más que celebrar certámenes literarios, si sus entusiastas comenzasen por formar un cuerpo de doctrina, y luego emprendiesen una activa propaganda para organizar fuerzas con su acción pudieran llevar a las corporaciones a quienes representan los principios contenidos en el programa... Para representar al pueblo ha de contar con éste y tener en él su principal elemento...»

«Regionalismos», en *El Regional*, 30 de Xullo do 1893.

62 PEREIRA diferéncia nidiamente o seu agrarismo populista e rexionalista das Ligas agraristas tipo GAMAZO en Castela:

«Y si el regionalismo llega a constituirse, si llega a ser un elemento de positiva influencia, debe cuidarse que no sea instrumento de ambiciosos, que no sirva para encumbrar a los que hablan mucho o se muevan más: que no se parezca a la Liga Agraria de Gamazo, sino, salvas diferencias inexcusables, a la Liga Irlandesa». Discurso do homenzaxe a BRAÑAS, *Gaceta de Galicia*, 10 de Marzo do 1890.

Xuízo que contrasta vividamente coa apreciación de BRAÑAS ao respeito:

«El espíritu regionalista o provincial ha salvado a Castilla en cierto modo, de la ruina que la amenazaba: gracias a la actitud resuelta de GAMAZO, de la Liga Agraria y de los proteccionistas castellanos, las tarifas se reformaron en diciembre de 1891...». *La crisis económica en la época presente* cit. páx. 67.

63 «Regionalismos» *El Regional,* 30 de Xullo do 1893.

64 AURELIANO J. PEREIRA, «Los foros y la república», *El Regional,* 14 de Agosto do 1887.

65 «La redención foral», *El Regional,* 21 de Marzo do 1887.

66 «Causas del atraso de Galicia», *Diario de Lugo,* 19 a 23 de Maio do 1881.

68 AURELIANO PEREIRA, Discurso de Santiago 1890 cit.

lucenses, explicitado no seu voceiro *El Regional*[69], incluía un chamamento á industrialización de Galiza, á eliminación dos atrancos que se interpoñían para o desenvolvimento económico, dun xeito moi parecido ao que postulaban os rexionalistas liberais da Cruña. Seria, asi e todo, MIRAMBELL MARISTANY quen sintetizaria mellor a finais do XIX, dada a sua própria posición de membro da burguesia máis dinámica viguesa, unha interpelación rexionalista tal. Son de salientar, neste sentido, as suas posicións antisocialistas e a defensa dos intereses íctios das costas galegas a prol da burguesia pesqueira das Rias Baixas[70].

A inexisténcia dunha burguesia dinámica, laica e progresiva fixo ficar no valeiro unha alternativa de modernización da Galiza, que non pola sua «inutilidade» histórica debe ficar no esquecimento.

IV. O MODELO XURÍDICO-POLÍTICO DE DESCENTRALIZACIÓN: GALIZA COMO ESTADO FEDERADO.

O federalismo aportou ao rexionalismo, desde a sua própria interioridade ideolóxica e orgánica, a máis radical proposta xurídico-política de descentralización e, asemade, a máis concreta e perfeita desde o ponto de vista técnico-xurídico.

MARIMBELL MARISTANY afirmaba programáticamente nunha das suas intervencións:

«Crearíamos el *poder legislativo,* esto es, las Cortes Gallegas.... crearíamos el *poder ejecutivo* con funcionarios nombrados por las Cortes para gobernar los distintos ramos de la administración regional; y finalmente crearíamos el *poder judicial* que habría de fallar en última instancia los pleitos y causas de la Región organizando la Audiencia de Galicia... Crearíamos también el *Ejército Regional* a semejanza de los que esisten en algunos estados alemanes... Quedaría a cargo de los poderes centrales: el pequeño ejército nacional y las relaciones de carácter general entre los ejércitos regionales; los asuntos económicos y políticos de España con los demás países, aduanas, ferrocarriles, canales y puertos de interés general; la resolución de los conflictos interregionales; la marina militar y por último la fijación de las cantidades con que habrían de contribuir las regiones al sostenimiento de las cargas del Estado»[71].

Mais, sen dúbida, onde máis se clarexarian os modelos políticos de descentralización federal seria nos proxectos de constitución apoiados ou elaborados polos federalistas galegos, principalmente no «Proyecto de constitución para el futuro Estado gallego de 1887». Compre, asi e todo, para dar conta da aportación que como modelo técnico-xurídico de descentralización aporta este último, asinalarmos previamente alguns extremos verbo do proxecto de constitución federal do 1873, frente ao que resaltaran con maior clarid as solucións do proxecto da Asemblea de Lugo.

A. O proxecto de constitución federal do 1873.

Compre salientar antes de pasar á análise concreta deste texto de descentralización que, como teñen posto de manifesto recentes investigacións ao respeito, somente dun xeito moi limitado foi asumido polos federais galegos o proxecto oficial de Constitución que na I República elaboraran as constituintes. É coñecida a posición alguns representantes galegos na constituinte manifestando-se a prol da «autonomia cantonal» tras das pegadas do proxecto de PÉREZ COSTALES de «Constitución» Cantonal para Galicia». Tampouco semella que os federais que MORENO denomina «galeguistas» se acharan moi de acordo co resultado final das constituintes do 1873[72].

Unha mínima análise do texto amosará-nos, neste sentido, diverss fendas na própria realidade do conceito federal que darian conta, por mais que parcial, dos devanditos descontentos.

1. *Princípios fundamentais.*

1.1 O primeiro que compre salientar son os efeitos que a estruturación dun Estado federal, inte-

69 «La industria en Galicia», EMILIO SACO Y BREY cit.

70 Cfr. TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «Galicia desamparada» Revista Gallega, 10 de Xaneiro do 1904.

En Centralismo y regionalismo: el progreso de Galicia», MIRAMBELL amosa un antisocialismo ausente por completo en PEREIRA e derivado sen dúbida do seu diferente posicionamento social:

«No les preocupan las embrionarias socialistas, sustentadas por los propios gobiernos para atraerse a masas cándidas y sencillas a las que se finge proteger y amparar...» *Revista Gallega*, 58 de Abril do 1900.

71 TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «Galicia y el regionalismo: ¿es el regionalismo retroceso?», *Revista Gallega.* 15 de Xullo do 1900.

72 XAN MORENO, *O federalismo galego no sexenio revolucionario cit.*, e *Federalismo* en *Gran Enciclopedia Gallega* cit.

grado por unha pluralidade de Estados federados, implementa sobre das unidades políticas preexistentes, en particular: «España».

A solución adoptada no texto de 1873 integra a consideración simultánea da *Nación española* e os *Estados rexionais,* que se corresponden co *Estado federal* e os diversos *Estados federados*. Achamo-nos, en definitiva, perante un *Estado composto* dos diferentes Estados rexionais, edificados sobre a base das rexións tradicionais históricas enumeradas no art. 1.°. O problema central, apartir de entón, será o da tradución concreta no articulado destes conceitos en aspectos tais como: institucións, competéncias e garantias, que despexe a incógnita que poden producir-nos as denominacións xenéricas.

1.2 O seguinte ponto a considerar non pode ser outro que o conceito de *Autonomia* que neste proxecto constitucional se recolle. Con efeito, o art. 92 estabelece que «Os Estados teñen completa autonomia económico-administrativa e toda a autonomia política compatíbel coa existéncia da Nación».

En que se traduce a devandita autonomia? Nun primeiro nivel de concreción podemos fixá-la através do conxunto do texto nun abano plural de manifestacións: «Autonomia constitucional» (art. 93), «Autonomia organizativa» (art. 94, 96, 99), «Autonomia política» (art. 95), «Autonomia lexislativa» (art. 101), Participación na volición político-lexislativa central (art. 52)... En definitiva, recollen-se os elementos claves de todo Estado federal recoñecidos na iuspublicística europea de finais de século e princípios do XX[73].

1.3 Finalmente, ponto decisivo a nivel de princípios, resulta a cuestión da soberania. A constitución do 1873, de acordo co programa republicano federal, recoñece a *soberania popular* no seu art. 42: «A soberania reside en todos os cidadáns», vencellando-a co sistema representativo: «exerce-se na sua representación polos organismos políticos da República constituída por meio do sufráxio universal». Dado decisivo por se tratar, como é coñecido, do primeiro recoñecimento da Soberania Popular na História do Constitucionalismo español.

Que consecuéncias introduce un tal princípio no texto?

En primeiro lugar, a eliminación da *soberania nacional* con toda a sua radicalidade, pero tamén con toda a sua carga de problematicidade para a fundamentación dun sistema de direito público constitucional. Con efeito, dunha banda remata-se coas prácticas que, con base na atribución da «soberania» ao conceito de nación abstracto e diferente do con-

[73] Asi, para JELLINEK os elementos xurídico-políticos configuradores dun Estado federal serian:

1.—Auténtico carácter «estatal» das unidades federadas que se acharian dotadas de poder constituinte, mais non de «soberania».
2.—Presenza inexcusábel de poder lexislativo próprio dos Estados federados, derivado do carácter de tais.
3.—Existéncia dunha Cámara estatal central (Senado territorial») representante dos diferentes Estados membros. Cfr. GEORG JELLINEK, *Teoría general del Estado,* cit. Tomo II, páxs. 505 e ss.

Para KELSEN o federalismo como estrutura xurídica implica a presenza da faculdade de autonomar-se con própria constitución para unha comunidade dada, pero asemade:

> «para que os membros sexan considerados como Estados é preciso que participen na lexislación central... na formació da vontade federal através dunha segunda Cámara dos Estados». HANS KELSEN, *Compendio de Teoria General del Estado,* Madrid, 1934, páx. 180.

Para MOUSKHELI e de xeito máis preciso:

> «Dous son os elementos esenciais que caracterizan ao Estado federal: 1.°A *Autonomia constitucional:* a autonomía lexislativa e executiva atinguen á constitución.
> 2°. A participación dos estados membros na criación da vontade federal: *indirectamente* coa participación nunha segunda cámara de representación dos Estados membros... e *directamente pola participación na revisión da Constitución federal».*

M. MOUSKHELI, La Théorie juridique de L'Etat fédéral, Paris, 1931, páxs. 271-272.
En definitiva, a centralidade da problemática federal ven residir:

> «na articulación das constitucións dos Estados membros coa constitución do Estado federal central... con caracter de *poder constituinte limitado* do que aqueles gozan... o que non supón unha merma do seu carácter estatal».

K. C. WHEARE, *Federal Government,* Oxford 1956, páx. 55. Nunha perspectiva máis contemporánea, relativizadora das fronteiras existentes entre as descentralizacións políticas autonómicas e o Estado federal nos seus aspectos devanditos. Cfr. o interesante estudo de PAOLO PETTA, *Il sistema federale austríaco*, Milano, 1980, páxs. 298 e ss., para quen:

> «Desde o ponto de vista da teoria xeral do direito, a disputa semella-nos pechada: somente o *Estado integral* «(Gesamstaat» Stato Complessivo») constitui os Estados membros son ordenamentos parciais derivados daquel, se ben non é posíbel tracexar unha liña de demarcación ríxida entre eles e outros entes autónomos que existen no interior dos Estados. A diferenza a este respeito non pode ser cualitativa, senón meramente clasificatória e en definitiva convencional: podemos distinguir entre Estado federal e Estado rexional, ou Estado unitário descentralizado, na medida en que estabelezamos previamente que nengun tipo de Estado se caracteriza pola presenza dun ou máis institutos esenciais, ou mellor dito, 'tipos». Op. cit. páx. 301.

xunto dos cidadáns, restrinxian a participación política e a representación: a doutrina do eleitorado como «órgao da Nación», do «eleitorado función» etc. que se traducian no sufráxio censitário e na limitación do direito ao voto a prol dos intereses da burguesia histórica. Frente a ela, a *Soberania Popular* introduce o «eleitorado direito», a fragmentación individual da soberania e, en definitiva, o *sufráxio universal.*

Pero, asemade, aparece unha nova problemática derivada do feito de que por unha banda se recoñece que o *poder constituinte* reside no pobo pero, por outra parte, estabelece-se unha limitación a nivel de *poder constituído:*

> «exerce-se na sua representación por organismos políticos da República...».

cando do princípio da soberania popular derivaria-se que o pobo ostenta non somente o poder constituinte, senón que pode exercer a título próprio calquer dos poderes constituídos. Resulta asi lóxicamente contradictório que o pobo soberano se atope sometido a límites dunha constitución que emana del mesmo...

Pero, en segundo lugar, isto é o que mais interesa ao noso obxecto, a Soberania Popular absorbe o conxunto da problemática própria da soberania nacional que se prolongaba en diferentes direccións e, fundamentalmente, naquela máis tradicional da soberania estatal única «que non recoñece outra superior», categorai que a existéncia mesma do Estado federal veu poñer en crise[74]. Agora ben, a devandita absorción e reemprazo da soberania nacional non implica para as constituintes do 1873 a eliminación da Nación, que se mantén ao longo do texto dun xeito explícito. Asi, no artigo 92 fala-se de «compatíbel coa existéncia da nación», no 99 de «nen contra da integridade e unidade da Pátria», e outro tanto acontece cos arts. 39, 40, etc. Trata-se, ao noso entender, do agromar da concepción da Autonomia Individual, portadora da soberania popular, que imos ollar en toda a sua dimensión no proxecto do 1887, e que integra un elemento central da ideoloxia federal[75].

2. *Poder constituinte.*

A Autonomia constitucional en canto capacidade dunha Comunidade para dotar-se libremente de constitución aprobada através dunha Asemblea constituinte integra a nota decisiva do Estado federado. Tal distintivo ergue-se, asemade, como garantia do nivel de autogoberno e do aseguramento xurídico no mantimento do mesmo[76].

Agora ben, a própria estrutura do Estado federal require un axeitamento das Constitucións dos Estados membros á constitución do Estado federal; trata-se, no caso daqueles, de *poder constituinte limitado.* Neste sentido, o proxecto do 1873 recolle efectivamente determinadas e lóxicas limitacións: en primeiro lugar a xenérica do art. 93 de non contravir á Constitución Federal; ademais, o control de constitucionalidade das normas supremas dos Estados federados através da necesária sanción das Cortes Federais.

Finalmente, inclui-se a obriga dos Estados federados de constituíren os seus poderes con analoxia ao sistema federal: lexislativo, xudicial e executivo.

3. *Organización.*

Entre as institucións que integran oi autogoberno federal distinguen-se as de ámbito puramente in-

[74] A aparición do federalismo americano deu lugar na dogmática xurídica iuspublicista á formulación da teoria da *dobre soberania* contida xa en *The federalist* e construída en base á experiéncia alemana por WEITZ: o Estado federal e os Estados membros serian auténticos estados e, polo tanto, *cosoberanos.* En troques, para AFFOLTER, ZORN e especialmente HERMANN HELLER —*La soberanía,* Madrid 1930, páx. 78— somente cabe unha auténtica soberania: a do Estado central, mália o recoñecimento do carácter estatal das unidades políticas federadas. No mesmo sentido ten-se pronunciao PAUL LABAND, *Droit Public de L'Empire Allemand* cit. Tomo I, páx. 102.

Para KELSEN, ao igual que para NAWIASKY, e sobre todo para GIERKE, non se trata de relacións de relacións de subordinación senón de coordinación: no orde xurídico da confederación e dos Estados membros son ambos os dous ordes parciais, pois as suas competéncias teñen un teito e limitación que asinala o feito de perténcia e inordinación de ambos a un mesmo orde xurídico conxunto («Gesamtrechtsornung») que resulta en definitiva o detentador da soberania. HANS KELSEN, *Teoría General del Estado* cit. páxs. 290 e ss.
Sobre unha polémica que implicou aos máis importantes iuspublicistas europeus segue conservando todo o seu extraordinário interés o resume de MANUEL GARCIA PELAYO en *Derecho Constitucional comparado,* Madrid, 1967, páxs. 220 e ss.

[75] GUMERSINDO TRUJILLO, *El federalismo español,* , Madrid, 1967, páxs. 120 e ss.

[76] Sobre a irrenunciábel presenza dunha auténtica *constitución* própria por parte dos Estados federados dá-se unha coincidéncia total por parte dos diferentes especialistas no tema. Cfr. entre outros: CHARLES DURAND, *Les Etats fédéraux: étude de Droit constitutionnel positif,* Paris, 1930, páxs. 90 e ss. MOUSKHELI, op. cit. páx. 272 e ss. WHEARE, K. C., *Federal Government* cit. páx. 59. Este último asinala o feito de que o princípio da «división de poderes» en canto «elemento fundamental e decisivo do Estado federal» integra unha limitación non somente a nivel de poderes constituídos senón de poder constituinte dos Estados federados face ao Estado central.

terior e as que implican unha participación externa na volición política central.

3.1. Os estados federados: a sua organización interna.

O art. 101 do proxecto fala, como temos asinalado, de necesaria analoxia ao tipo federal. Isto debe ser referido fundamentalmente á forma de goberno e neste sentido o art. 39 estabelece a forma *Republicana* que será de aplicación a todos e cada un dos estados membros.

Asemade, o devandito art. 101 estabelece a *separación de poderes* analóxica, por mais que no *Título XI* non se deseñen os diferentes poderes federais nen a sua relación entre eles.

Asi e todo, polo que respeita ao poder lexislativo, aparecen no texto unha série de limitacións de diferente índole das que compre dar conta. En concreto, no art. 94 estabelece-se o carácter electivo por sufráxio universal das Asembleas lexislativas, en consonáncia co princípio da soberania popular, através duns procesos —e isto resulta decisivo— nos que non poderá intervir de nengun xeito o poder federal (art. 95).

En canto a limitacións á actuación dos lexislativos federados dispuxeron-se unha série de medidas xenéricas destiñadas ao mantimento dos princípios federais fundamentais. Neste orde de cousas, o art. 99 impede aos Estados lexislar contra os direitos cidadáns, proibición reforzada, asemade, polo art. 103 que regula a igualdade de direitos entre os habitantes de todos os Estados, xa que a regulación do proxecto do 1873 contén unha amplísima e asegurada declaración de direitos e liberdades que se situan como a base de todo o proxecto.

3.2. O Senado Federal.

Como en toda constitución federal o proxecto do 1873 recolle unha estrutura bicameral integrada por un Congreso de Deputados e un Senado, entendido este último como Cámara de representación dos Estados federados, através do cal estes participan na formación da vontade político-lexislativa estatal global.

Mais para que a devandita participación teña a verdadeira efectividade resulta preciso que os estados particulares estén representados como tais, isto é, como colectividades individualizadas, sen ter en conta nen a sua importancia cualitativa, nen o número dos seus habitantes. E unha tal condición cumpre-se tamén no proxecto que comentamos, xa que o seu art. 54 regula que as Cortes de cada Estado nomearán catro Senadores para participar na segunda Cámara estatal.

Pero en canto ás funcións se refere, atopamo-nos cunha patente desigualdade entre o Congreso e o Senado do Estado Federal, claramente desfavorábel ao último, mália que no art. 58 se falase de ambas as duas como «colexisladoras». A regulación concreta amosa tal afirmación de princípio como abertamente insostenibel. Con efeito, o art. 60 e, sobretodo, o 70, privan ao Senado de toda *iniciativa lexislativa* e deixan-no reducido a un mero controlador da Constitucionalidade das leis elaboradas polo Congreso, sobre das que dispón unicamente dun *veto suspensivo* dun ano, que se pode repetir un máximo de tres veces, ao cabo das cais a lei aprobada polo Congreso, promulga-se como tal apesar da oposición do Senado que, en definitiva, fica politicamente irrelevante.

Isto implica, sen dúbida, unha clara marxinación da Cámara dos Estados federados no conxunto das institucións federais e, consecuentemente, un duro golpe ás pretensións descentralizadoras do proxecto do 1873, ao quebrar un princípio irrenunciábel da estrutura federal: a concorréncia das unidades federadas á xénese da vontade política central[77].

4. *As competéncias.*

A distribución de competéncias regula-se fundamentalmente no Título V do proxecto que recolle un listado pertencente á federación e o art. 96 onde se atopan as referentes aos estados federados.

Compre salientarmos ante todo, neste orde de cousas, a presunción que xoga a prol dos estados federados para o caso das competéncias que non sexan remetidas por esta constitución ao poder federal, das que o art. 96 contén unha enumeración taxativa. Agora ben, a regulación de competéncias presenta non poucos problemas pois, en primeiro lugar, a desproporción entre as que se referen ao Estado federal e aos estados federados resulta notória e favorábel, sen dúbida, ao poder central.

Pero é que, ademais, e isto ten notória importáncia, o xeito abstracto como se regulan algunhas das competéncias federais propícia unha *intervención extensiva e centralizadora* do Estado federal, proporcionando unha base xurídica obxectiva para a erosión —que resulta sempre tendencial no federalismo— e recorte de competéncias dos Estados federados. Tal acontece, por exemplo, cando se fala como competéncia estatal de algo tan indeterminado como «Goberno de territórios e colónias» (n.° 13) ou mesmo «Conservación da integridade e unidade nacional » (n.° 5).

5. *As garantias de autogoberno.*

O aseguramente xurídico-político da descentralización federal pasa por dous pontos fundamentais: o Tribunal Supremo federal e o proceso de reforma da Constitución.

5.1. En canto ao *Tribunal Supremo federal,* o tema clave é, sen dúbida, o da sua composición, que debera recoller a participación dos Estados federados para a garantización da sua obxectividade xurisdicional nas suas mediacións nos contenciosos entre Estados (art. 101) e entre o Estado federal e os Estados federados.

Pois ben, coerentemente coa estrutura federal que propugna o proxecto, regula-se a integración do Tribunal Supremo en base a tres maxistrados nomeados por cada estado da federación (art. 73).

5.2. Máis decisiva que a anterior resulta, sen dúbida, a cuestión da *Reforma constitucional.* E, a diferenza do que acontecia co anterior factor de garantización do autogoberno, achamo-nos aqui perante graves eivas que vulneran grandemente a estrutura federal.

Efectivamente, o proxecto do 1873, limita-se neste sentido a reproducir o sistema de reforma da Constitución progresista do 1869 co que se atopa ausente do proxecto toda *rixidez constitucional,* substituída por un procedimiento non dificultado de reforma, resultando asi eludido un importantísimo factor de aseguramento frente a posíbeis modificacións (Cfr. art. 115). Pero e que, asemade, en contra do preceptivo en toda estrutura federal[78], non se contempla de nengun xeito a participación dos Estados membros na revisión constitucional, incumprindo-se asi outro requisito indispensábel para a seguridade xurídico-política das institucións e competéncias federais de que se trata.

Conclusivamente, pois, o Proxecto de Constitución federal do 1873, nen pola sua *organización* (onde fallan pontos claves como o Senado de representación dos Estados federados), nen polas *competéncias federadas (insuficientes e defeituosamente reguladas) nen polas garantias* de autogoberno (precárias tanto no Tribunal Supremo como na reforma constitucional) reúne condicións suficientes para merecer a aplicación do conceito *federal.* Alén da expresividade da terminoloxia que impregna o texto, temos de concluir por forza en que non é federalismo o que aqui se regula senón unha especie de descentralización *política,* intermédia entre un Estado autenticamente federal e a «descentralización por países» á que antes nos temos referido.

B. O «Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego»

Xa nos temos referido, ao falarmos da movilización rexionalista da Asamblea de Lugo do ano 1887, onde se discutiu un Proxecto de constitución para Galiza, e na que militantes da fracción denominada

[77] Tal e como se puxo de manifesto na polémica dos anos trinta entre MOUSSHELI e DURAND con MIRKINE-GUETZEVITCH— autor este último que en base á experiéncia dunha segunda Cámara federal en igualdade de condicións coa primeira, e ainda o saudaba como un rasgo da contemporánea «racionalización» do federalismo: *Les Constitucións européennes,* Paris, 1930, páxs. 14 e ss. Neste orde de cousas MOUSKHELI ten afirmado conclusivamente:

> «A *realización* do federalismo parece-se moito á sua decadéncia, á desaparición do federalismo mesmo... cando non se ve na participación na formación da vontade federal un rasgo característico do Estado federal, resulta xa imposíbel distinguir entre o Estado federal dun Estado unitário descentralizado». Op. cit. páx. 312.

No sentido de MIRKINE-GUETZVITHC, na actualidade aceitado por momentos, ao socaire dun plantexamento non formalista do tema que teña presente a *constitución material,* a degradación do federalismo e a erosión de rasgos fundamentais do mesmo PAOLO PETTA, op. cit. páx. 300 e ss.

[78] CH. DURAN, L'Etat féderal en droit positif», en VV. AA. *Le Federalisme,* Paris 1956, páxs. 204 e ss.
Para WILLIAMS S. LIVINGSTON, a necesidade dun procedimiento especial de reforma constitucional integra un elemento central da estrutura xurídica do Estado federal:

> «Nos estados federais os cámbios constitucionais deben-se facer somente co consentimento dos componentes federados. Inclusive as federacións son distinguidas das confederacións no feito en que este consentimento de todas as unidades integradas resulta finalmente necesário: se todas ou somente unha porcentaxe desta unidade deben ser consultadas... A instrumentalización deste proceso de reforma realiza-se através de diversos recursos. O primeiro e máis óbvio resulta o necesário consentimento das unidades federadas antes de que a reforma pase a formar parte da constitución... unha segunda seria a representación dos Estados federados nunha segunda Cámara lexislativa... en terceiro lugar, a fixación de procedimentos de reforma polos que os estados poden *iniciar* reformas da Constitución... finalmente a utilización de límites cara a utilización de procedimentos de reforma constitucional por parte do Estado central». *Federalism and Constitutional change,* Wesport, páxs. 305 e ss, 1974.

«federo-rexionalista» desenvolveron un papel sobranceiro: LEIRAS PULPEIRO, AURELIANO PEREIRA, etc.

Antes de nos centrarmos na análise do texto de referéncia compre sublíñar o feito da sua heteroxeneidade verbo do anteriormente analizado por canto se trata aqui dun proxecto de constitución para un *Estado federado.* Endalí que nas liñas que seguen nos achemos na inevitábel obriga de relacionar o proxecto de Lugo de 1887 co proxecto de constitución federal no seo da cal programática, sistemática e ideoloxicamente se inserta o «Projecte de Costitució federal» de PI I MARGALL do 1883.

Somente deste xeito poderemos atopar o sentido último de moitas das suas regulamentacións e a presenza ou auséncia, no seu caso, doutras: as garantias de autogoberno, por poñermos un exemplo.

1. *Os princípios constitucionais básicos.*

1.1. O recoñecimento e designación das unidades políticas federadas reveste unha relevância inesquecíbel ao noso obxecto. Neste sentido, no proxecto de 1887 atopamo-nos, outravolta, coa clásica categoria de Estado *Composto* por Estados rexionais. No art. 1 do Proxecto Galego fala-se da *Rexión galega* como a entidade sócio-histórica sobre a que se ergue o *Estado Galego.*

Pola sua banda, no proxecto global de PI recolle-se efectivamente a categoria de Federación española (art. 1) integrada pola pluralidade de *Estados Rexionais* (arts. 52 e ss.) que se soerguen sobre as rexións históricas españolas tradicionais.

Polo demais, idêntica solución que a empregada no caso galego é a utilizada no proxecto paralelo catalán, de VALLES I RIBOT, onde o conceito básico articulador é o *Estado regional catalá* (Cfr. arts. 39 e 56).

1.2. En segundo lugar, un conceito que pasa a primeiro plano, percorrendo e articulando o texto dun extremo ao outro, é o de *Autonomia.* Autonomia que, seguindo as teorizacións federais de PI I MARGALL, desenvolve a sua eficacia específica a diversos niveis: , *utonomia individual* (art. 1); *Autonomia municipal* (Art. 89); *Autonomia do Estado galego* (Art. 2); e, finalmente, *Autonomia da Nación* (Art. 94).

Analicemos o contido do conceito nas duas acepcións que máis interesan ao noso obxecto; a saber: a autonomia individual e a autonomia colectiva.

1.2.1. A Autonomia individual.

Atopamos no proxecto MORENO BARCIA o máximo desenvolvimento dunha idea que, presente na teorización de PI desde os anos sesenta, xa saira á luz co recoñecimento da soberania popular no proxecto do 73.

Constitui esa noción da «autonomia individual» un elemento básico de toda a estruturación margalliana do federalismo: somente en base a *delegación* sucesiva da soberania apartir do indivíduo, que é o seu suxeito orixinario e fundador, configuran-se as restantes autonomias colectivas. En definitiva, como asinala o proxecto galego do 1887, as autonomias municipais e federais somente existen por «delegación do pobo», vale dicer: a colectividade dos cidadáns individual e irrenunciabelmente soberanos.

Atopamo-nos aqui, en toda a sua radicalidade, coa idea de que o poder soberano provén do pobo, concebido como único depositário orixinário de toda soberania[79]. Asi se recoñece no art. 22: «O poder público reside na totalidade do pobo galego» que se configura como «corpo político con carácter permanente». Postulado este fundamental que se situa na base democrática do proxecto nunha dobre vertente: a participación dos cidadáns na decisión política (sufráxio universal e representación política), control e limitación por posibilidade de revocación dos deputados, e finalmente o control e limitación dos direitos do cidadán. En suma «Todos os poderes actúan en *representación do pobo;* todos son electivos, *amovíbeis* e *responsábeis* e *todos recoñecen por límite das suas atribucións os direitos naturais, ilexislábeis e imprescriptíbeis do home e do cidadán»* (art. 30).

1.2.2. A Autonomia colectiva.

Idea central da teoria federal de PI é a complementación por delegación da Autonomia individual pola colectiva: a imbricación entre unha e outra constitui o alicerce da reconstrución da Unidade de España sobre de novas bases federativas[80]. Tracexa-se, deste xeito, unha fronteira insalvábel frente ao *republicanismo unitário* que non recoñece senón a Autonomia individual, negando a posibilidade mesma da federación dos pobos de España. Resultan neste sentido sumamente reveladores os programas de *Unión Republicana* de Pontevedra pola sua matización ideolóxica das diferentes autonomias e o rexionalismo global dun âmbito superior á meramente individual[81].

Asi mesmo, esta cadea de delegacións de autonomias ao chegar ao nivel dos Estados federados e o Estado federal central, incide directamente na cuestión da soberania. Con efeito, neste orde de cousas o feito da delegación da soberania permite o recoñecimento da existéncia dunha soberania nos Estados rexionais emanada do conxunto dos seus cidadáns «libremente delegada», nunha perspectiva notabelmente diferenciada da teoria clásica do federalismo que non recoñece a existéncia senón da soberania do Estado federal central. Trata-se aqui dunha perspectiva diferenciada: soberania popular no canto de soberania estatal, que recoñece a existéncia dos diversos niveis colectivos soberanos en base á sua redutibilidade ao conxunto dos cidadáns libres e iguias. Somente asi resulta explicábel que n art. 2 do proxecto galego se estabeleza:

«esta rexión ergue-se en *Estado autónomo ou soberano*».

recoñecendo-se-lle á Galiza unha «soberania equivalente á sua autonomía como Estado federado». A soberania popular, en definitiva, permite o mantimento dunha cadea de autonomias e soberanias que por delegación (individuo-rexión-Estado) desembocan na soberania central.

De xeito semellante, o proxecto catalán de VALLES I RIBOT asinala, en significativa coincidéncia, unha «determinació» dels facultats que l'Estata de Catalunya, *en us da sa soberanía,* delegaría a la Federació».

1.3. Federalismo e republicanismo.

Como conclusión de todo o dito, amosa-se claramente a necesária conexión, no texto federal galego do 1887, dos aspectos democráticos xerais da organización do Estado co autogoberno e a descentralización.

Frente ás pretensións carlistas de conxugar autoritarismo tradicionalista e descentralización através da «monarquia federativa» de MELLA que non resultaba ao final máis que a reinstauración dun *monarca tradicional con foros,* os federais postulaban como o cerne do seu modelo a indisolúbel unidade de descentralización e democrácia parlamentária.

Neste sentido, a experiéncia histórica do comportamento antiparlamentário da *monarquia constitucional,* teorizada polo moderantismo e o doutrinarismo, confirmaba no pensamento federal a exixéncia, desde a pespectiva da autonomia individual e colectiva, da forma de Goberno republicano. De aí que no art. 3 do proxecto MORENO BARCIA se formule:

«Esta rexión adopta a forma democrática-republicana federal para o seu goberno».

---

[79] Radicalidade da soberania popular que, nos seus plantexamentos rousseauniános, non se detén na concepción do Goberno como mero comisário executor da instáncia parlamentária. Pola contra, implica o cuestionamento mesmo do mandato representativo a prol do *mandato imperativo:* a certa contraditoriedade do art. 40 —no que os deputados, se afirma, representan a toda Galiza— co art. 41 onde se admite a revocación dos mesmos pola maioria do seu distrito eleitoral.
Sobre este problema Cfr. VEZIO CRISAFULLI, «La Sovranitá popolare nella Costituzione Italiana», en *Scritti Giuridici in Menoria de V. E. Orlando,* Padova 1960, Vol. I, páxs. 408-463.

[80] GUMERSINDO TRUJILLO, *El federalismo español,* cit. páxs. 167 e ss.:

«PI afirma que es autónomo no sólo el individuo, sino también toda agrupación humana que haya llegado a constituir un verdadero organismo... ambas autonomias, dice, son igualmente legítimas y necesarias; ambas han de estar recíprocamente conjugadas; imposibilitar sus mutuas invasiones es la definitiva constitución del orden». Op. cit. páx. 126.

[81] Asi, por exemplo, *La Unión Republicana,* Diário de Pontevedra expón o programa republicano unitário do seguinte xeito, nas antípodas de PI:

«El individuo es autónomo o lei de sí mismo... *no puede transferir lo intransferible,* no puede renunciar a sí mismo... suicidio moral que echaría por tierra la fundamentación del régimen democrático. La Autonomía es al individuo lo que a la Nación la democracia, y ni esta tiene valor alguna fuera de sus componentes...»
«*El individuo autónomo es el elemento permanentemente integrado de la nacionalidad española* y esta es un producto sin más valor que el que le prestan sus factores...» «*No existe la autonomía fuera de la personalidad individual*... de aquí la divagación y el crónico desacuerdo de los republicanos respecto al número y relaciones de esas autonomías que se empeñan en sobreponerse a las individuales como organismos necesarios de la nación».
«Si para descentralizar de Madrid centralizamos en todas partes estableciendo regiones y subregiones, ni habremos economizado, ni eliminado a los caciques...»
«*¿Qué es la España autónoma? 17 millones de seres humanos que por ser tales se declaran legisladores*»

La Unión Republicana, Pontevedra, 9 Decembro 1892.
E no ano seguinte, o mesmo xornal nun editorial adicado á «Autonomia» afirma-se drasticamente:

«Ya saben nuestros correligionarios que en el regimen de la democracia no reconocemos más que una autonomía mas federación que la individual...» «*Unión Republicana,* 10 de Xaneiro do 1893.

2. *O Poder Constituinte.*

Compre pór de manifesto que a existência dunha constitución democrática, basada na soberania popular e nos direitos inviolábeis dos cidadáns, elaborada por unha Asemblea constituinte representativa da Rexión galega era xa unha garantia importante do autogoberno nela regulado, tanto na sua profundidade como na sua eficácia.

Polo demais, e en tanto que *poder constituinte limitado,* a Asemblea constituinte galega estaria circunscrita no seu dia por certos elementos de control. Asi, no art. 56 do Proxecto de PI regula-se a clásica limitación de non vulneración da Constitución federal e, no art. 57, estabelece-se o procedimento a seguir no seu control: exame do Senado e, en caso de conflito, decisión do Tribunal Supremo da federación.

3. *Organización do autogoberno.*

Analicemos agora a estrutura de autogoberno federal estabelecida no proxecto de 1887 e na Constitución de PI:

3.1. O Estado rexional galego.

Estabelece-se no art. 31 a existéncia de tres poderes próprios do Estado galego: lexislativo, xudicial e executivo que o art. 32 precisa, deberán ser «separados».

3.1.1. O Poder lexislativo galego.

Somente consta dunha cámara por estimaren os federais galegos que careceria por completo de sentido unha segunda que non criaria senón unha duplicidade inútil e burocrática.

Pero o realmente interesante do proxecto federal galego, a este nivel, reside na sua consideración da Asemblea Lexislativa como institución central entre os órgaos do Estado. Asi, en concreto, no art. 51 fala-se de «Autoridade suprema do Estado» ao referir-se ao Parlamento galego, afirmación trascendental (e certamente insólita) cara a organización do poder político da Galiza.

A plasmación concreta da relevância práctico-política da devandita formulación atopamo-la tanto nunha série de disposicións específicas como pola salvaguarda explicita do sistema representativo. Con efeito, nos artigos 40 e 41 estabelece-se o princípio de representación do conxunto da Rexión polos Deputados galegos, o que matiza o princípio da soberania popular.

Neste mesmo orde de cousas, o art. 41 explicita unha proibición do *mandato imperativo* mais recolle, finalmente, esta figura ao permitir a *revocación* dos deputados, prévia petición da maioria do seu distrito; en definitiva, a representación rexional (mais coerente co princípio da soberania nacional) cede o seu lugar a unha representación dos cidadáns como corpo eleitoral en estrita coeréncia co princípio da soberania popular.

3.1.2. O Executivo.

O art. 56 estabelece o nomeamento do Executivo pola Asemblea lexislativa en estrita coeréncia cos princípios parlamentários do proxecto. Mais o verdadeiramente interesante do texto federal do 1887 reside no *nomeamento integral* do Executivo por parte da Asemblea lexislativa: o presidene e os ministros; pretende-se asi plantexar desde o princípio a máis estrita subordinación do goberno ao parlamento.

O nomeamento por un ano do Presidente e a posibilidade dunha única reeleción consecutiva do mesmo, aponta en idéntico sentido que os elementos anteriores: o cumprimento exacto do postulado «O parlamento é o órgao supremo do Estado galego».

Dun xeito sistemático e cunha radicalidade realmente insólita no Direito Constitucional histórico español, o proxecto MORENO BÁRCIA regula a supremacia política da Asemblea lexislativa até o ponto de estruturar un auténtico sistema de *parlamentarismo reforzado.*

Como elementos centrais da relación parlamento-executivo que o devandito texto estabelece, podemos citar os seguintes:

—Entende-se ao Poder lexislativo como órgao supremo do Estado (art. 51).

—Regula-se a eleición integral do Executivo polo Lexislativo con cautelas adicionais de reeleición (art. 58).

—Estabelece-se unha «Alta inspección» de vixiláncia do Parlamento sobre as actividades da Administración e que afecta a: todos os actos do Executivo, as contas anuais do Estado (que deberá aprobar o Lexislativo), competéncias e conflitos interños da Administración e co poder Xudicial, e tamén, finalmente, ao control de toda eleición realizada polos demais poderes (art. 53).

—Obrigatoriedade de que o Executivo presente anualmente unha Memória sobre do estado da Administración Pública (art. 61).

Institucionalizar a figura das *perguntas parlamentárias* ao Goberno por parte dos Deputados (art. 46).

E, finalmente, a concesión de Grácia e Indulto pertence á Asemblea e non ao Presidente (art. 54).

Trata-se, en definitiva, dun aseguramento constitucional insólito da preponderáncia política do Parlamento, nun vasto intento de reducir ao Goberno a un papel de mero Executivo, coa finalidade de democratizar fondamente a vida política do País. Frente á saída carlista e tradicionalista de, perante a crise do sistema Canovista, recorrer a fórmulas corporativistas medievalizantes antidemocráticas, os federais galegos propuñan a democratización real da política de Galiza e o Estado, desenvolvendo até as derradeiras consecuéncias os princípios da Soberania Popular, autonomia individual e colectiva etc. etc... En suma, frente ao caciquismo e o turno vergoñento dos partidos, os federais galegos articulan un proxecto, notábel e dabondo descoñecido, no que se extreman os elementos xurídico-públicos potenciadores dunha democrácia parlaméntaria e federativa radical.

3.2. O Senado Federal.

Xa ficou subliñada no seu momento a importáncia que para o autogoberno autenticamente federal posui a existéncia dun Senado entendido como Cámara dos Estados federados. Neste sentido o proxecto de PI estabelece no seu art. 20 que nengun proxecto poderá ser lei sen ter a aprobación dos corpos colexisladores: Congreso e Senado, entendido este último como Cámara representante dos Estados federados, en estrita consonáncia coa necesária paridade entre as duas cámaras que Pi tantas veces argumentara[82].

Endali que o Senado, integrado por catro Senadores representando a cada Estado rexional (art. 32), participaria na formación da vontade lexislativa central, en princípio, co mesmo peso que o Congreso.

Agora ben, na concreción práctica dunha tal postulación de Princípios, agroman problemas non pequenos que compre asinalar. Con efeito, o próprio art. 32 estabelece que, en caso de discrepáncia en matérias do art. 3 (é dicer: matérias referidas á autonomia de munícipios e Estados rexionais) *prevalecerá a resolución do Congreso.* E isto constitui un grave defeito en toda a arquitectura de autogoberno deseñada polo proxecto de PI, pois nen o democratismo radical derivado da Soberania popular propiciaria unha tal solución: serian precisamente as matérias do art. 3 as abondarian para outorgar-lle, pola contra, ao Senado un grande peso político en canto nel están representados os Estados rexionais en canto tais, coa posibilidade de recursos en ulterior instáncia, caso de conflitos ao Tribunal federal.

4. *As competéncias.*

Tamén no aspecto referido ao reparto de competéncias se presentan alguns problemas, esta vez no proxecto de MORENO BÁRCIA. Asi, no art. 35 recollen-se as competéncias do Estado central: relacións exteriores, declaración de guerra, vias públicas de interés xeral, lexislación mercantil, alfándegas, aranceis, Renda nacional, impostos centrais... etc. Mais por ningures aparece no texto un *listado de competéncias do Estado galego* que, privadas asi de constitucionalización, fican na inseguridade da sua indefinición xustamente ali, o proxecto de constitución federada, onde se atopa o lugar sistemático própio para a sua inclusión.

En troques, o paralelo proxecto catalán de VALLES I RIBOT recolle no seu art. 52 un amplio listado de competéncias do Estado catalán: organización territorial, exército, obras públicas, lexislación política, civil, procesal, Sanidade, Montes e Minas... coa conseguinte garantización das mesmas frente a posíbeis intromisións expansionistas do Estado central.

A auséncia de toda a referéncia explícita (e non meramente indirecta como as que se atopan no art. 52: Facenda, educación, etc.) ás competencias do Estado galego, resulta ainda máis notábel se a contextualizamos nun proxecto como o de PI, onde se deixaba unha ampla marxe de captación competencial aos Estados federados.

5. *As garantias do autogoberno federal.*

Moi diferente, pola contra, é o panorama polo que se refere ás garantias, tanto no proceso de reforma como ao Tribunal Supremo.

---

[82] «Para que estas dos Asambleas llenen su fin, entiendo que deben ser representación genuina la una de los pueblos confederados, la otra de la totalidad de los habitantes... No corresponderían tampoco a su objeto las dos Asambleas, si no fuesen iguales en atribuciones. En ambas debe estar la iniciativa de las leyes: bajo entrambas deben caer los negocios de la Confederación...»
Las Nacionalidades cit. páx. 246.

5.1. *Proceso de Reforma.*

Encontramos aqui a presenza de ambos os dous elementos que faltaban no proxecto do 1873. Por unha banda, a *rixidez constitucional* e por outra a *participación* dos estados rexionais federados no proceso de reforma constitucional na sua dobre vertente de iniciativa —un terzo das Cortes rexionais— e de *aprobación* (art. 63) co que se cumpren debidamente os fundamentais requisitos que neste orde de cousas caracterizan aos Estados federais.

5.2. *O Tribunal Supremo.*

O Tribunal Supremo, apesar de se atopar afectado dalgun xeito pola capacidade decisória do Congreso en materias federais, atende, segundo o art. 48, aos diferentes conflitos entre os Estados federados e do Estado central con aqueles, todas elas de importáncia polo que ás garantias de autogoberno se refere. Asemade, a sua composición —un maxistrado por Estado rexional, elexido directamente ao efeito polo pobo reúne os requisitos esenciais que aseguran a sua obxectividade nas decisións.

Finalmnte, a xeito de avaliación final do «Proyecto de Constitución para el futuro Estado gallego» do 1887, compre afirmarmos que nos achamos perante un texto que —agás as lagoas mencionadas que, se ben de importáncia, non hipotecan o conxunto estrutural do proxecto— se nos presenta como estritamente federal e progresista en todos os ordes. Tratase, sen dúbida, do intento mais avanzado, democrático e firme técnico-xuridicamente, de descentralización política de todo o século XIX e parte do XX na Galiza e que integra, sen dúbida, un documento de grande interés na história do direito público da descentralización en España.

Un proxecto, en suma, que aunaba na tradición do patriotismo progresista, descentralización profunda e radicalismo democrático no mellor sentido daqueles versos de VICTOR HUGO:

«La grande guerre des patries
la chute inmense des tyrans».

RELACIÓN DE BIBLIOTECAS CONSULTADAS

—Biblioteca da Universidade de Santiago.
—Biblioteca do Instituto Padre Sarmiento, Santiago.
—Biblioteca do Seminário Maior de Santiago.
—Arquivo Municipal de Santiago de Compostela.
—Biblioteca da Real Académia Galega, A Cruña.
—Biblioteca do Consulado do Mar da Cruña.
—Arquivo Municipal da Cruña.
—Hemeroteca de «La Voz de Galicia», A Cruña.
—Biblioteca e Hemeroteca do Museu de Pontevedra.
—Biblioteca da Fundación Penzol de Vigo.
—Biblioteca da Deputación de Lugo.
—Biblioteca Municipal de Ourense.
—Biblioteca de Catalunya, Barcelona.
—Biblioteca Nacional, Madrid.

RELACIÓN DE PRENSA CONSULTADA

Con indicación dos anos consultados integramente e os números soltos de colecións incompletas asinalados entre paréntese:

1. *Diario de Lugo,* 1879-1884.
2. *El Regional,* Lugo, 1885-1899.
3. *Revista Gallega,* A Cruña, 1895-1907.
4. *La Voz de Galicia,* A Cruña, 1890-1906.
5. *Gaceta de Galicia,* Santiago, 1890-1901.
6. *La España Regional,* Barcelona, 1886-1892.
7. *El Telegrama,* A Cruña, 1890, 1891, 1893.
8. *La Unión Republicana,* Pontevedra, 1892-1893.
9. *Galicia,* A Cruña, 1887-1889, 1892-1893.
10. *La Patria Gallega,* Santiago, 1891-1892.
11. *Galicia Humorística,* Santiago, 1888.
12. *La Pequeña Patria,* Santiago, 1890-1891.
13. *A Monteira,* Lugo, 1889-189O.
14. *La Región Gallega,* Santiago (1886).
15. *El Regionalista,* Santiago (1893).
16. *La Defensa de Galicia,* Ourense (1893).
17. *El País Gallego,* Santiago (1888).
18. *El Eco de Galicia,* La Habana (1882-1890).
19. *El Lucense* (1900).
20. *El Eco de Santiago* (1898-1900).
21. *El Pensamiento Galaico,* Santiago (1887-1897).
22. *El Pensamiento Gallego,* Santiago (1897-1900).
23. *El Pensamiento de Galicia,* Santiago (1900).
24. *El Libredón,* Santiago (1885-1887).
25. *El Ancora,* Pontevedra (1897-1898).
26. *La Tribuna,* Santiago, (1898).
27. *El Correo Español,* Madrid, 1897-1898.
28. *El Alcance,* Santiago (1897).
29. *La Veu de Catalunya,* Barcelona.
30. *La Renaixensa,* Barcelona, 1893-1895.
31. *Boletín de la Real Academia Gallega,* A Cruña.
32. *La Ilustración Gallega y Asturiana,* Madrid, 1879-1881.

FONTES

AMOR MEILAN, M.: «La Galicia francesa». Série de artículos no *El Regional*. 1 ao 20 de Agosto de 1894.
«El Pan y los ganados» No *El Regional, 29-1-1895.*
AREAL, J. E.: «Somos unos desgraciados» Revista Gallega, 21-12-1899. «Galicia despierta» *Revista Gallega*, 23-7-1899.
«La autonomía es la salvación de las regiones». *Revista Gallega*, 10-1899.
«A unirse» *Revista Gallega*, 7-1-1900.
«Por Galicia» *El Alcance*, 23-12-1897.
«Galicia sálvate» *Revista Gallega*, 17-9-1899.
Fragmentos de la historia de Galicia, Vigo, 1900.
BRAÑA, R. de la: *Galicia, León y Asturias*. La Coruña, 1894.
BRAÑAS, A.: «Antonio Toledo Quintela» *El Libredón*, 17-4-1885.
«Regionalismo» *El Libredón*, 19-8-1886.
«Carta a Don Hermenegildo Calvelo» *El Pensamiento Galaico*, 30-4-1887.
Fundamentos del Derecho de Propiedad. Oviedo, 1887.
El Principio fundamental del Derecho. Lecciones fundamentales de historia de la filosofía del Derecho. Santiago, 1887.
«Mis aspiraciones» *Galicia Humorística*, n.° 3, 1888. Paxs. 86 a 87.
«El muñidor de elecciones» *Galicia Humorística*, n.° 2, 1888, paxs. 38 a 40.
«Un comisionado en apremios», n.° 3, 1888, paxs. 72-75. En *Galicia Humorística*.
«En memoria de A. Casares y Ramón Pereiro» *Galicia Humorística*, n.° 8, paxs. 229-230.
«A Víspora de San Xoan» *Galicia Humorística*, n.° 4, 1888. «Capacidad civil de los religiosos en España» *País Gallego*, V. II, 1888.
El Regionalismo. Estudio sociolóico, histórico y literario.
Barcelona, 1889.
«Memoria acerca de las pequeñas industrias que conviene establecer en la provincia de Pontevedra que por el corto capital de sus productos,pueden desarrollarse con facilidad» *Galicia*, n.° 2-3, Febreiro-Marzal, 1889.
«El sistema métrico decimal» *Gaceta de Galicia*, 14-5-1890.
«Chorimas de García Ferreiro» *Gaceta de Galicia*, 16-8-1890.
«La Filosofía penal y el Derecho penal positivo» *Gaceta de Galicia*, -2-1890.
«El Cardenal Payá ha muerto» *Gaceta de Galicia*, 26-12-1891.
«El Ayuno» *Gaceta de Galicia*, 17-12-1891.
«El Regionalismo Gallego» *La Patria Gallega*, 0-3-1891.
«Discurso de gracias nos Xogos Frorais de Tuy» *La Patria Gallega*, 15-7-1891.
«El concepto de Patria» *La Patria Gallega*, 30-7-1891.
«El Dr. Miguel Eleizegui» *Gaceta de Galicia*, 11-2-1892.
La crisis económica en la época presente y la descentralización regional. Santiago, 1892.
«La venda dels bens comunals a Galicia» *La Renaixensa*, 2-3-1892.
«Las economías: las facultades de Derecho y los sueldos de los catedráticos» *Gaceta de Galicia*, 18-5-1892.
«Del ingreso en el profesorado» *Gaceta de Galicia*, 30-5-1892.
«Bases del regionalismo y su aplicación a Galicia. Manuscrito inédito. «Bibliografía Gallega» *La España Regional*, Tomo XIII, 1892, paxs. 255 e ss.
«Corte de cuentas» *Galicia*, Tomo I, n.° 4, paxs. 241 e ss.
«La Excma. Sra. Duquesa de Medina de las Torres» *Gaceta de Galicia*, Tomo VII, 1892.
«El Regionalismo y la unidad nacional» Conferencia no Ateneo de Madrid. *Unión Republicana*, 6-5-1893.
«El regionalismo en Galicia» Conferencia no Centro Gallego de Madrid *Gaceta de Galicia*, 2-5-1899.
«Discurso nos Xogos Frorais de Barcelona do 1893» *Jochs Florals*, Barcelona, 1893.
«Causas y remeys de la actual perturbació económica». *La Renaixensa*, 17-5-1893.
«Discurso de Sabadell o 16 de maio de 1893» *La Renaixensa*, 17-5-1893.
«Discurso no meeting de Pontevedra o 12 de Setembro de 1893» *Unión Republicana*, 13-9-1893.
«El Regionalismo en el norte de Europa» *La España Regional*, Tomo XIV, 1893, paxs. 551-554.
«El Regionalismo no es el carlismo» *La Defensa de Galicia*, 12-9-1893. *Historia Económica*, Santiago de Compostela, 1894.
«Carta abierta» *Gaceta de Galicia*, 2-5-1895.
«La Unión Gallega: carta abierta a Don Salvador Golpe» *El Regional*, 17-2-1895.
«Projecte de autonomía colonial» 30 de Janver de 1895.
«Lo Regionalisme y la questió económica» *La Veu de Catalunya*, 16, 17 e 18 de Xuño de 1895.
Curso de Hacienda Pública. (2 Vólumenes) Santiago, 1896.
«Los peregrinos irienses» *El Alcance*, 25-1-1896.
«Necesidad de la reorganización gremial» *Gaceta de Galicia*, 15-3-1896.
La voz de la sangre y la voz de la Patria. Santiago, 1896.
«Discurso no ateneo León XIII o 3 de marzal de 1897» *Gaceta de Galicia*, 4-3-1897.
«El Regionalismo, los catalanes y la cuestión de Creta» *Gaceta de Galicia*, 21, 23 e 25 de Marzal de 1897.

«Costumbres» *El Alcance*, 3-2-1897.
«A León XIII» *Gaceta de Galicia*, 28-4-1897.
«Sobre Patria y Región de Salvador Golpe» Gaceta de Galicia, 20-5-1897.
«Pequeñas industrias derivadas de la agricultura y ganaderia» *El Regional*, 18-20-21 e 22 de Agosto de 1897.
«De la actual condición de las clases trabajadoras y de los medios más conveniente para mejorarla» *Gaceta de Galicia*, 17-9-1897.
«Discurso na escola de artes y oficios de Lugo» *Gaceta de Galicia*, 16-9-1897.
«El sumario del Código Civil Español de Jacobo Gil Villanueva», *Gaceta de Galicia*, 8-4-1897.
«Las obras del Ferrocatril» *Gaceta de Galicia*, 25-4-1897.
«El Trabajo» *El Eco de Santiago*, 11-1-1898.
El Sueño de un loco. Santiago, 1898.
«Las Diputaciones» *El Ancora*, 19-10-1898.
«Carta ao Dr. da Revista Gallega» *Revista Gallega*, 4-12-1898.
«Laboremus» *El Correo Español*, 21-11-1898.
«Organización administrativa de Galicia» *El Correo Español*, 30-11-1898.
«La cuestión social» Gaceta de Galicia, 8-2-1899.
A la Sota! Santiago, 1899.
«*A la Guerra!*» El Regional, 15-5-1898.
«La Deuda de Cuba» *La Tribuna*, 30-11-1898.
«El Excmo. Sr. D. Joaquin Díaz de Rábago» *El Regional*, 4-8-1899. «El hijo de Murguía» *El Regional*, 8-3-1898.
Al Pueblo Gallego, Santiago, 1899.
«Peligros que amenazan a la sociedad en el Siglo XX si se aparta del Cristianismo» Congreso Católico de Burgos, 1899.
«Don Joaquin Díaz de Rábago y sus obras económicas» En DIAZ DE RABAGO, *Obras Completas*, Tomo I, Santiago, 1899. Paxs. I a LXXXI. «Erguete e anda» En CARRE ALDAO, *Literätura Gallega*, Barcelona, 1911, pax. 76 e ss.
«Las azucareras en Galicia» *El Eco de Santiago*, 19-2-1900.
«Las lenguas regionales» *El Lucense*, 3-3-1900.
BRU SANCLMENT, M.: «Hay más allá» *Revista Gallega*, 1-1-1899.
CABEZA DE LEON, S.: «Regionalismo y Separatismo» *Revista Gallega*, 27-1-1906.
«Discurso no Ateneo León XIII» Santiago, 12-11-1905, Santiago, 1906.
«El Regionalismo y la Federación» *La España Regional*, Tomo VIII, 1890.
«Una mirada atrás» *La Patria Gallega*, 15-10-1891.
CAMPION, A.: «Fuerismo, Regionalismo y Federalismo» *La España Regional*, 1887-1888.
CARRE ALDAO, E.: *La Literätura gallega en el siglo XIX*. A Cruña, 1903.
CASAS FERNANDEZ, M.: *Episodios Gallegos*. Buenos Aires, 1953.
Páginas de Galicia. Santiago, 1950.
«Plática Regionalista» *La Voz de Galicia*, 8-7-1893.
«A los Sres. Murguía y Valera» *La Voz de Galicia* 19 e 20 de Agosto de 1896.
«Sobre la crisis económica y la descentralización regional, de Alfredo Brañas» *La Voz de Galicia*, 16-10-1892.
CASAS FERNANDEZ, M.: *El Regionalismo en Galicia*. La Coruña, 1893.
CASTILLA, M.: *Historia de la Junta de Defensa de Galicia*. La Coruña, 1894.
CUESTA CRESPO, J.: «Pobre Galicia» *El Regional*, 17-1-1888.
DIAZ DE RABAGO,J.: *El crédito agrícola*. Santiago, 1883.
«Alfredo Brañas y su oración académica regionalista», Tomo XIII, 1892. En *La España Regional*.
ESPADA, J.M.: «Del regionalismo gallego en Cuba» *Galicia. Revista Regional*. n.° 8, año II, 1888.
FAGINAS, R.: «*Guía indicador de La Coruña*. La Coruña, 1890.
GARCIA FERREIRO, A.: «Galicia y la Coruña»: hermoso despertar» *La Voz de Galicia*. 11-4-1893.
«La defensa de Galicia» *La Unión Republicana*, 26-6-1893.
GAYOSO ARIAS, R.: *El Regionalismo y la unidad nacional*. Lugo, 1895.
GOLPE, S.: «Dos fechas memorables» *Revista Gallega*, 24-4-1898.
«¿Es regionalista Silvela? *Revista Gallega*, 3-4-1898.
«¿Es regionalista Silvela? *Revista Gallega*, 27-3-1898.
«Castelar Autonomista» *Revista Gallega*, 20-4-1898.
«El Regionalismo y Castelar» *Revista Gallega*, 6-3-1898.
De La Coruña a la carcel pasando por Galicia. La Coruña, 1894.
«A Don Manuel Amor Meilan» *El Regional*, 8-2-1895.
Patria y Región. La Coruña, 1897.
GOLPE, S.: «Una deuda de España» *Revista Gallega*, 23-4-1899.
Regionalismo y lenguaje, La Coruña, 1902.
GONZALEZ CORTON: «Patriotismo y Regionalismo» *Gaceta de Galicia*, 9-4-1896.
GONZALEZ ZUÑIGA, C.: *Historia de Pontevedra, o sea de la antigua Helenia fundada por Tevero*». Pontevedra, 1846.
IGLESIA, S. de la: «El Regionalismo y el Carlismo» *Revista Gallega*, 29-ª + -1901.
INSUA, W. A.: «Alfredo Vilas» *Gaceta de Galicia*, 25-8-1892.
«Algunas consideraciones sobre la pena de muerte?, Gaceta de Galicia, 12 e 13 setembro de 1892.
«*Chorimas* de Garcia Ferreiro», *La España Regional*, tomo X, 1891, paxs. 166 e ss.
«El Centro Gallego de La Habana» *La España Regional*, Tomo V, 1889, paxs. 158 e ss.
«Brindis no banquete homenaxe a Eduardo Vincenti en Santiago, Xullo de 1888» *La España Regional*, Tomo V, 1889.
«Dos palabras a los que emigran a America» *La España Regional*, Tomo III, 1887.
«Galicia tendrá su historia» *La España Regional*, Tomo IV, 1888.
Ecos de mi patria. A Cruña, 1891.

«Ahora o nunca!» *Revista Gallega*, 20-11-1898.
«La Región es de todos los tiempos» «*Revista Gallega*», 4-12-1898.
«Lo que nos mata» *Revista Gallega*», 11-12-1898.
INSUA, W.A.: «Lo que nos salvará» *Revista Gallega*, 18-12-1898.
«El Renacimiento Provincial» *Revista Gallega*, 25-12-1898
«Galicia es apta para gobernarse» *Revista Gallega*, 29-1-1899.
«Carta abierta al Señor Bru Sanclement» *Revista Gallega*, 8-1-1899.
«Regionalismo» *La España Regional*, Tomo III.
«Estado actual de Galicia» *Eco de Galicia*, 18-1-1885.
«Expresión de gratitud *Eco de Galicia*, 18-1-1883.
«Ferrocarriles Gallegos», *Eco de Galicia*, 31-12-1882.
«Seamos Gallegos» *Eco de Galicia*, 21-8-1887.
«El quietismo» *Ecode Galicia*, 29-11-1886.
LEIRAS PULPEIRO, M.: *Obras completas*, Vigo, 1975.
LOPEZ AYDILLO, E.: *Galicia ante la solidaridad*, Madrid, 1907.
LOPEZ FERREIRO, A.: *Fueros municipales de Santiago y sus tierras*. Santiago, 1895.
Historia de la S.A.M.I. de Santiago de Compostela. Santiago, 1898.
A Tecedeira de Bonaval. La Coruña, 1895.
LOPEZ MOSQUERA, V.: «El Regionalismo despierta» *El Regionalista*, n.° 1.
LUIS—ANDRE, E.: *Galleguismo*. Madrid, (s. d.)
MARTINEZ ESPARIS, C.: *La Resistencia Gallega*, La Coruña, 1893.
MARTINEZ MURGUIA, M.: *Diccionario de escritores gallegos*. Vigo, 1862. «De actualidad» Diario de Lugo, 18-3-1879.
Historia de Galicia (V volumens) V. I. Lugo, 1865. V. II. Lugo, 1866. V. III. A Cruña, 1888. V.IV. A Cruña, 1891. V.V. A Cruña, 1911.
«Nuevas injurias» La *Ilustración Gallega y Asturiana*, n.° 13, 1880.
«El hambre en Galicia» *La Ilustración*... n.° 16, 1880.
«Irlanda y Galicia» *Diario de Lugo*, 3, 30 de abril e 15 de Maio de 1881.
El Foro: estudios sobre la propiedad territorial en Galicia. Madrid, 1882.
«Galicia Regionalista» *La España Regional*, Tomo II, 1896. Paxs. 3 e ss
Los Precursores. A Cruña, 1886.
«Carta aberta a Waldo A. Insua» *El Regional*, 17-5-1886.
«¿Que es nación?» *La Región Gallega*, novembro, 1886.
«Nuestro regionalismo» *La Región Gallega*, 17-2-1886.
«Don Diego Gelmírez» *El País Gallego*, 25-7-1888.
Galicia. Libro da colección «España ante sus monumentos y artes, su naturaleza e historia» Barcelona, 1888.
El Regionalismo gallego. Ligeras observaciones al discurso leido por el Sr. Don Antonio Sánchez de Moguel en su recepción en la Real Academia de Historia Madrid el 8 de Diciembre de 1888. La Habana, 1889.
«Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia» *La España Regional*. Tomo VIII, 1890.
«Carta al Centro Gallego de la Habana» *La España Regional*, Tomo VIII, 1890.
«Discurso no banquete rexionalista de Tuy» *La Patria Gallega*, n.° 9, 1891.
«Discurso nos Xogos Frorais de Tuy» *La Patria Gallega*, n.° 15, Xullo, 1891.
«El Centro Gallego de La Habana» *La Patria Gallega*, 15-4-1891.
«Parnell» *La Patria Gallega*, n.° 10, 15-10-1891.
«Trata de Blancos» *Eco de Galicia*, Habana, 15-2-1890.
«Donde estábamos, estamos» *La Patria Gallega*, 1-1-1892.
«A Don Juan Varela» *La Voz de Galicia*, 15-8-1896.
Don Diego Gelmírez. A Cruña, 1898.
«El Regionalismo» *El Eco de Galicia*. Buenso Aires, 10 e 20 de abril de 1899.
«Carta ao Dr. da Revista Gallega» *Revista Gallega*, A Cruña, 22-7-1900.
«Discurso en el solemne acto de coronación del Poeta Gallego Curros Enríquez. *Revista Gallega*, 11-2-1905.
«Necesidad de la formación de un diccionario de la Lengua Gallega» *La Temporada*, 18-9-1904.
«Un cuadro de Bouzas» *El Regional*, 18-2-1896.
«Decraraciones a López Aydillo» *Galicia ante la solidaridad Gallega*. (Cit.)
«La Lengua del País» *Boletín da Real Academia Gallega*, n.° 16 e 17 de 1907.
«Discurso na Academia Gallega», 30 de Setembro de 1906.
MARTINEZ PADIN, L.: *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia*, Madrid, 1849.
MARTINEZ SALAZAR, A.: *Documentos gallegos de los Siglos XIII al XV*. A Cruña, 1911.
Crónica Troyana. A Cruña, 1980.
Algunos temas Gallegos. A Cruña, 1948.
El Cerco de La Coruña en 1859. A Cruña, 1889.
MARTINEZ SANTISO, M.: *Historia de la Ciudad de Betanzos*. Betanzos, 1892.
MIRAMBELL Y MARISTANY, T.: «Salvemos Galicia» *Revista Gallega*, 16-7-1899.
«El Regionalismo y los políticos gallegos» *Revista Gallega*, 21-1-1900.
«Centralismo y Regionalismo. El Progreso de Galicia» *Revista Gallega*, 8-4-1900.
«¿Es el Regionalismo retroceso?» *Revista Gallega*, 15-7-1900.
«La opinión en Galicia» *Revista Gallega*, 16-12-1900.
«Galicia desamparada» *Revista Gallega*, 10-1-1904.
MONTERO AROSTEGUI: *Historia y descripción de la ciudad y Departamento Naval de El Ferrol*. O Ferrol, 1859
MONTERO RIOS, E.: *Preámbulo a la Ley de Redención de Foros*. 1886.

MORIS FERNANDEZ-VALLIN, A.: «La lucha por las nacionalidades» Discurso de inaguración do curso académico 1887-1888. Madrid, 1888.
NOVO Y GARCIA, J.: *Por Galicia,* A Cruña, 1996.
OTERO PEDRAYO, R.: *Os camiños da vida.* Vigo, 1978.
PAZ NOVOA.: «Importancia de que fuere el regionalismo definido por modo preciso y claro» . *La Voz de Galicia,* 4-10-1891.
PEDREIRA TAIBO, L.: *El concepto de la Patria.* Madrid, 1892.
El Regionalismo en Galicia. Madrid, 1894.
PEREIRA, A.J.: «Galicia en el Congreso» *Diario de Lugo,* 6-6-1879.
«Estado de la población rural en Galicia», 8-10-1879.
En *Diario de Lugo.*
«La emigración» *Diario de Lugo,* 12-10-1879.
Shakespeare y Calderón. Lugo, 1881.
«La mujer y las carreras profesionales» *Diario de Lugo,* 6-5-1881.
«Causas principales del actual atraso de Galicia»
Diario de Lugo, 19, 20, 21, 22, e 23 Octubro e 9 de novembro de 1881.
Cartas acerca del naturalismo contemporáneo. Lugo, 1882.
«Nuestra opinión» *Diario de Lugo,* 20-2-1883.
«Patriotismo gallego» *Diario de Lugo,* 8-3-1833.
«La industria en Galicia» *Diario de Lugo,* 11-3-1883.
«Que sarcasmo» *Diario de Lugo,* 27-1-1884.
«La Ruina de Galicia» *El Regional,* 8-5-1884.
«Contra Galicia» El Regional, 10-7-1885.
«El impuesto de consumos y los diputados gallegos»
El Regional, 30-4-1887.
«Nuestros diputados» *El Regional,* 11-6-1885.
«Rosalia de Castro» *El Regional,* 7-7-1885.
«Academia Gallega» *El Regional,* 24-12-1886.
«El Regionalismo» *El Regional,* 21-7-1886.
«La Razón del regionalismo» *El Regional,* 22-6-1886.
«Más politica» *El Regional,* 14-10-1886.
«Movimiento regionalista» *El Regional,* 21-11-1886.
«Formula» *El Regional,* 23-12-1886.
«En plena Edad Media» *El Regional, 5-1-1887.*
«Nuestro regionalismo» El Regional, 15-1-1887.
«Caciquismo» *El Regional,* 15-5-1887.
«La redención de foros» *El Regional,* 21-5-1887.
«Los foros y la República» *El Regional,* 14-7-1887.
«Regionalismo y unitarismo» *El Regional,* 19-7-1887.
«La crisis pecuaria en Galicia» *El Regional,* 22-2-1887.
«La crisis agricola» *El Regional,* 30-8-1887.
«Camilo Placer» *El Regional,* 9-11-1887.
«El Regionalismo» *La España Regional,* Tomo III, 1887.
«A el Progreso» *El Regional,* 6-4-1887.
«A El Progreso» *El Regional,* 6-4-1887.
«Los frutos del caciquismo» *El Regional,* 21-1-1888.
«Gladstone, la cuestión de Irlanda» *El Regional,* 2-10-1888.
«El artículo-programa» *Galicia Humorística,* n.° 1, 1888, paxs. 15 a 16.
«Hacer versos» *Galicia Humorística,* n.° 3, 1888, paxs. 93-94.
«Ser periodista» *Galicia Humorística,* n.° 11, 1888, paxs. 331 a 332.
«Los distritos rurales» *El Regional,* 8-2-1888.
«Algo sobre regionalismo» *Galicia. Revista Regional.* Abril, 1888. paxs. 145 e ss.
Otoñales, Lugo, 1889.
«La instrucción a los artesanos y medios de proporcionarla» *El Regional,* 11-2-1889.
«Federalismo» *El Regional,* 25-4-1889.
«Asociación» *El Regional,* 24-11-1889.
«A los antirregionalistas» *El Regional,* 13-4-1890.
«Insistimos» *El Regional,* 20-4-1890.
«Los Cuneros» *El Regional,* 16-11-1890.
«Carta abierta a Galo Salinas» *La Pequeña Patria,* 30-12-1890.
«Discursos no banquete-homenaxe a Brañas en Santiago o 9 de Marzal de 1890». *Gaceta de Galicia,* 10-3-1890.
Terra a miña! Lugo, 1891.
Cousas da Aldea. A Cruña, 1891.
«Galicia contra nos» *El Regional,* 22-1-1891.
«Un artículo del programa regionalista» *El Regional,* 6-2-1891.
Memoria acerca de las industrias que pueden establecerse en Lugo. Lugo, 1891.
A Cova da Serpe. 1892.
«Algo acerca del movimiento literario en Galicia» *Revista de España,* n.° 554, 555, 556, Ano 1892.
«Los siervos» *Gaceta de Galicia,* 3-8-1893.

«Regionalismo» *El Regional,* 30-7-1893.
«Los siervos» *El Regional,* 2-8-1893.
«Los socialistas» *El Regional,* 11-8-1893.
«Los del arroyo» *El Regional,* 23-8-1893.
«Los de la Charca» *El Regional,* 29-10-1893.
«El regionalismo Ravacholista» *El Regional,* 29-10-1893.
El regionalismo y la poesía gallega. Lugo, 1895.
«Una rectificación al Sr. Menéndez y Pelayo» *El Regional,* 25-3-1895.
«Carta aberta á redacción de El Regional» *El Regional,* 24-7-1895.
«Opiniones regionalistas» *El Regional,* 30-8-1895.
«Una revista Gallega» *El Regional,* 4-10-1898.
«Las huelgas» *El Regional, 22-11-1895.*
«La guerra a los socialistas» El Regional, 12-11-1895.
Presente y porvenir de Galicia. Madrid, 1896.
«Más opiniones regionalistas» *El Regional,* 15-2-1896.
«La reacción en Alemania» *El Regional,* 29-13-1895.
«Los orígenes del gallego» *El Regional,* 18-2-1896.
«El espíritu francés en Alsacia-Lorena» *El Regional,* 25-2-1896.
«La democracia cristiana» *El Regional,* 22-3-1896.
«La Tribuna francesa y Gambetta» *El Regional,* 18-6-1896.
«Por Galicia» *El Regional,* 15-8-1896.
«Carta aberta ao Dr. de El Regional» *El Regional,* 30-3-1897.
PEREZ COSTALES, R.: *La verdad a las aldeas.* A Cruña, 1869.
PI I MARGALL,F.: «Discurso en la Coruña» *Gaceta de Galicia,* 3-10-1892.
«La Autonomía» *Gaceta de Galicia,* 27-9-1892.
PINTOS, X.M.: *A Gaita Gallega.* Pontevedra, 1853.
QUET, E.: *Conferencias populares.* Santiago, 1869.
RIBALTA, A.: «Regionalismo al revés» *La Voz de Galicia,* 7-1-1898.
SALINAS, G.: «Declinación Gallega» Gaceta de Galicia, 2-12-1892.
El Regionalismo Gallego, La Coruña, 1892.
«La situación en Galicia» *Revista Gallega,* 17-9-1899.
«La Academia Gallega» *Revista Gallega,* 25-2-1900.
«Sobre el mismo tema» *Revista Gallega,* 18-2-1900.
«las Ligas Gallegas» *Revista Gallega,* 22-4-1900.
«La Liga gallega de Santiago» *Revista Gallega,* 22-4-1900.
«Decadencia» *Revista Gallega,* 6-5-1900.
«Vuelta a empezar» *Revista Gallega,* 24-3-1901.
«El Regionalismo y los Carlistas» *Revista Gallega,* 15-12-1901.
«Nuestro idioma» *Revista Gallega,* 7-10-1905.
«Hagamos Patria: Regionalismo» *Revista Gallega,* 2-6-1907.
«Hagamos Patria: Regionalismo» *Revista Gallega,* 16-6-1907.
Memoria acerca de la dramática Gallega. A Cruña, 1896.
SANCHEZ DE MOGUEL: Razones históricas en que pretenden fundamentarse los regionalismos catalán y gallego. Discurso de Recepción en la Academia Gallega. 3-12-1888.
SANCLEMENT, B.: «Hay más allá» *Revista Gallega,* 1-1-1899.
SARALEGUI Y MEDINA, L.: «La legislación regional» *Revista Gallega,* 12-9-1897.
«La cuestión obrera en Galicia» *Galicia,* Tomo II, 1893, n.° 8, paxs. 450 e ss. «Lo que queremos los regionalistas» *La España Regional,* Tomo XIII, 1892, paxs. 3 e ss.
«Nuestro regionalismo» *Galicia,* 1889, n.° 3, paxs. 122 e ss.
Estudios sobre la época céltica en Galicia. O Ferrol, 1867.
«La Emigración» *Galicia,* n.° 1, Xaneiro 1888.
«El Regionalismo en Galicia» *Galicia,* n.° 7, Maio, 1888.
Estudios sobre Galicia, A Cruña, 1888.
TENREIRO, L.: *Contra el Regionalismo,* A Cruña, 1894.
VEDIA Y GOOSENS, E. de: *Historia y descripción de la ciudad de la Coruña,* A Cruña, 1845.
TETTAMANCY GASTON, F.: *Historia comercial de la ciudad de La Coruña.* La Coruña, 1900.
Britanos, Galos. La Coruña, 1911.
VALES FAILDE, J.: *La emigración Gallega,* Madrid, 1902.
VEREA AGUIAR, J.: *Historia de Galicia. Primera parte que comprende los orígenes y el Estado de los pueblos septentrionales y occidentales de la España antes de su conquista por los Romanos.* O Ferrol, 1838.
VICETTO, B.: *Historia de Galicia.* VIII volúmenes. O Ferrol, 1865 a 1873.
VILLAR Y MASSO: La Industria. *El Regional.* 21-3-1885.
VILLAR PONTE, A.: «A los regionalistas gallegos» *Revista Gallega,* 7-1-1905.
VILLAR PONTE, R.: *Dias, hechos y nombres de la Real Academia Gallega,* A Cruña, 1953.
VINCENTI, E.: *Discursos parlamentarios. Redenciones de censos y foros.* Madrid, 1907.
«La Liga Agraria de Galicia» *El Regional,* 23-4-1891.
La propriedad foral en Galicia, A Cruña, 1888.
V.V.A.A.: Crisis agrícola y pecuaria. Madrid, 1887.

TABOA

Páx.